I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos

Alcalá, Xavier, *Alén da desventura*, XVIIº Premio Blanco Amor, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 157, decembro 1998, 334 pp. (ISBN: 84-8288-188-4).

Longa novela de aventuras mariñas dividida en once capítulos nos que se narran as peripecias do capitán Aneiros, do vello comisario Gabriel Fernández de Alcaraz e do seu afillado Isaiah Morris, heterónimo de Isaac Moore. Estas son as principais figuras desta obra que gañou o Premio Blanco Amor de Novela 1998. A novela presenta tres tipos de letra: normal, negriña e cursiva, cada unha correspóndese a un personaxe diferente. Coa letra normal falan Don Gabriel, comisario do Arsenal de Ferrol, con xente do seu contorno ferrolano: o capitán Aneiros, Xoán da Cova, Álvaro Bouza, etc. O escrito en cursiva correspóndelle a Pedro Sineiro de Malpica, predicador misioneiro. E, por último, en letra negriña narra Isaiah Morris, que finxe ser outro que se refire a el en terceira persoa. En definitiva unha novela ambientada no século XVIII na que se contan tres historias paralelas e que van coincidindo segundo avanza a novela aínda que cada un ofrece o seu punto de vista.

Referencias varias:

Carla Vidal, “A los narradores nos interesa contar una buena historia”, *El Ideal Gallego*, 4 outubro 1998, 51.

O autor Xavier Alcalá fala do significado que ten o Premio Blanco Amor, co que foi galardoado este ano pola súa obra *Alén da desventura*, e da figura de Blanco Amor como escritor. Cita dúas novelas anteriores nas que tamén está presente a cidade de Ferrol, puntualizando que nesta obra premiada aparece "unha reflexión sobre la realidad del Ferrol de hoy vista con los ojos de hombres del S. XVIII". Manifesta que é a primeira vez que converte a personaxes públicos en personaxes literarios e refírese á temática de *La Habana Flash*, obra que acaba de revisar para mandar editar. Opina tamén, sobre a cuestión de se as editoriais galegas non deixan cabida ós noveles, porque as copan cunha ducia de nomes xa coñecidos, e de se a Administración debería ter algunha responsabilidade con respecto a ese tema.

-G. M., "Xavier Alcalá gana el 'Blanco Amor' con su obra 'Alén da desventura", *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 288, 5-11 outubro 1998, p. 10.

Comentario sobre o galardón obtido polo escritor Xavier Alcalá coa súa novela *Alén da desventura*. Trátase do Premio Blanco Amor de novela ó que se presentaron, nesta ocasión, trinta e tres orixinais. A continuación, ofrécese un pequeno argumento da obra que está "a mitad de camino entre la novela histórica y la de aventuras". A novela, segundo o seu autor, partiu dunha idea á que levaba dándolle voltas dende había catro anos. Na súa opinión, a obra ten unha dobre dificultade: por unha parte, o traballo que supuxo a investigación dos feitos históricos que se narran na novela e, por outra, a rigorosidade á hora de reproduci-la fala dos protagonistas, localizados no ano 1775. Por último, Xabier P. Docampo, un dos membros do xurado, afirma que *Alén da desventura* ten unha linguaxe rica e pulida, cun estilo sobrio e bastante directo.

-G. M., “Álvaro Otero (Vigo)”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 289, “Cartas aos amigos”, 12-18 outubro 1998, p. 2.

O escritor Xabier Alcalá relátalle nunha carta ó seu amigo Álvaro Otero, as horas posteriores á noticia da obtención do Premio Blanco-Amor, pola súa novela *Alén da desventura*. Comenta o despregue dos medios de comunicación ó coñece-la noticia, así como o elevado número de mensaxes que tiña acumuladas no seu teléfono móbil. Para rematar, agradece tódalas mostras de amizade que recibiu neses días.

-Luis Pousa, “La historia del siglo XVIII es de una vigencia absoluta”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 25 outubro 1998, pp. 4-5.

Coa chegada da próxima publicación da súa obra, *La Habana Flash*, Xavier Alcalá reflexiona sobre a realidade actual en Cuba e sobre o que foi a presencia galega na cidade da Habana. Ademais de incluír unhas breves notas biográficas do escritor, coméntase a concesión do premio Eduardo Blanco Amor á súa novela *Alén da desventura*, fálase da figura de Blanco Amor e da súa importancia aínda non totalmente recoñecida. Analízase tamén o argumento desta obra, para rematar cuns comentarios sobre a condición de Alcalá de “intruso” no mundo literario e sobre o papel das novas tecnoloxías no futuro do libro.

-Fina Roca, “Móvome de xeito errático ata o momento en que boto a andar as historias”, *El Mundo. Galicia*, 19 novembro 1998, p. 9.

O libro *Alén da desventura* centra a conversa de Fina Roca con Xavier Alcalá. Nela destácase a obsesión do autor ferrolán polos escenarios do sur de Arxentina en conexión con Ferrolterra. Faise referencia ademais á forte pegada autobiográfica que se percibe nas súas producciónsns e a escaseza de protagonismo feminino nas obras dos narradores galegos contemporáneos, algo que o autor asume e xustifica en certa maneira pola súa condición masculina.

-Luis Pousa, “Xavier Alcalá: “Tenemos una gran necesidad de novelas de aventuras”, *El Ideal Gallego*, 22 decembro 1998, p. 47.

Dá conta da presentación no Corte Inglés da Coruña de *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá. Resáltase que o escritor indicou que a novela presenta unha estructura por capas e que ten tres partes ou planos narrativos: o Ferrol do século XVIII, a historia dun fraile ortodoxo e de ideas colonialistas como misioneiro en América e a loita dun inglés por voltar ó seu país. Así mesmo, engadiu que identifica-los protagonistas coa realidade desvirtuaría a historia. Para rematar, cítanse outros galardóns acadados polas súas obras que se veñen sumar a este último.

Aleixandre, Marilar, *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, IVº Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 151, abril 1998, 215 pp. (ISBN 84-8288-191-4).

Ó longo de dez capítulos Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) vai tecendo unha historia de intriga na que o amor, xurdirá entre algún dos seus personaxes. A aparición dunha serie de carteis con slogans negativos sobre certas entidades bancarias e empresas de todo tipo, levará a dous xornalistas, Guti e Seoane, a indagar quén está detrás desa Kompañía Klandestina de Kontrapublicidade que firmaba os mencionados carteis. Iniciada a súa investigación, o Guti romperá unha perna a consecuencia dun atropelo, polo que será Seoane quen tome parte directa do asunto. Logo de realizar certas averiguacións e de seguirlle a pista a un mozo chamado Bruno, do que a moza xornalista se rematará namorando, descubrirán gracias á axuda prestada duns "sencasa" quen eran os artícifes de todas esas contracampañas que ultimamente asolagaban a cidade.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Vinganzas, marxinación e contrapublicidade”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 55, 9 maio 1998, p. 2.

Comeza salientando a importancia da publicidade na sociedade actual e remata glosando a traxectoria profesional e literaria de Marilar Aleixandre. No medio dá a coñece-lo tema da obra e adhírese ó dictame do xurado do IVº Premio Álvaro Cunqueiro. Cita tamén o lirismo co que autora adoza a narración.

-Xosé M. Eiré, “Fábula non tan inocente”, *A Nosa Terra*, nº 835, “Guieiro Cultural”, 18 xuño 1998, p. 28.

Aínda que os protagonistas non son animais, catalógase esta obra como fábula por ter intención didáctica. A lectura que aquí se fai salienta os aspectos sociais: o consumismo e a clara fragmentación social. Faise fincapé na presunta amabilidade do seu ton e sinálase a importancia da intertextualidade. Finalmente critícanse os frecuentes usos errados dos pronomes.

-F. Martínez Bouzas, “Un axuste de contas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 24, 27 agosto 1998, p. 6.

Comeza gabando a nova obra de Aleixandre e cre ver unha maduración na súa narrativa. Non xulga moi afortunado o título mais coida que chamará a atención. Cualifica a novela como urbana e sinala a súa ambientación nun Vigo do futuro. Refírese tamén á intersección de dous mundos, o dos moradores de casas e inmobles e os “sencasa”. Remata constatando o fluído do estilo narrativo.

-Xoán Carlos Lagares, “Premiados (ou non)”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, “Especial Libros de Texto”, “Crítica”, outubro 1998, pp. 5-6.

Comeza reflexionando sobre a proliferación de certames que se dá en Galicia e sinala que se debe relativiza-la súa importancia porque son “os lectores no tempo os que concederán os galardóns definitivos”. A seguir comenta *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, de Marilar Alxeixandre, gañadora do IVº Premio “Álvaro Cunqueiro” de Narrativa e critica o feito de que a intriga termine demasiado pronto e que a investigación que se presenta “avanza dun xeito máis “casual” que “causal”, aínda que recoñece que as historias de amor e vinganza, así como as referencias ó submundo dos sencasa que se fan no relato lle confiren un grande interese. Valora especialmente o deseño dos personaxes marxinais e a visión solidaria que se proxecta sobre os individuos diferentes, aspecto que une con *Tránsito dos gramáticos* (1993), da mesma autora. A continuación céntrase en *Xeografía do medo*, de Francisco Duarte Mangas, Iº Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa. Comeza declarando que tal vez se debería ter publicado en versión orixinal portuguesa para favorece-lo achegamento entre ambos países. Sinala que a novela presenta un coidado xogo de voces narradoras e que revela unha realidade social dura a través do mundo da caza. Conclúe que a mestura de voces, a inserción de relatos orais e a estructura do relato están perfectamente artellados. Finalmente comenta *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, obra na que descobre o estilo particular do autor, “con constantes e traballadas imaxes que conseguen crear momentos de intenso lirismo na aparente sinxeleza da prosa fluída”. Recoñece outros elementos como a ironía, o humor e a tenrura no tratamento dos personaxes e salienta a representación do valor da dignidade a través do personaxe protagonista, “unha dignidade que se alza mesmo ante a crueldade da guerra”.

Referencias varias:

-A. R. López, “Marilar Aleixandre: “Ti non elixes o teu idioma. O idioma elíxete a ti”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 18 febreiro 1998, p. 45/p. 18.

Encétase o artigo comentando cómo esta madrileña deu en escribir na nosa lingua. Comenta despois os difíciles comezos no mundo editorial ócando non conseguía un editor- — pasa a resumi-la súa traxectoria literaria. A segunda parte está dedicada a amosa-las opinións de Aleixandre sobre as aparencias no mundo, o pensamento único ou a involución social.

-Aníbal C. Malvar, “As novelas non están para falar de realidade social ningunha”, *El Mundo. Galicia*, 7 marzo 1998, p. 7.

Sinala que Marilar Aleixandre remata de recibi-lo Premio Álvaro Cunqueiro pola novela *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998), para a seguir, comenta-la entrevistada que xa gañara o Merlín e o Premio da Crítica por *Expedición ó pacífico* (1994) e o Manuel Murguía por un libro de relatos. Reflexiona sobre a chamada inflación de publicacións e relata parte do argumento da novela, ademais de puntualiza-lo que intenta lograr con ela e salienta-la importancia de que un libro vaia respaldado dun premio. Cualifica a súa obra de novela negra e recoñece a influencia nela da realidade galega. Discrepa, finalmente, da actual idea de que a narrativa das mulleres sexa diferente á dos homes e considera que a presencia da muller na poesía é maior ca na narrrativa.

-X. Calviño, “Marilar Aleixandre, ganadora del Premio Álvaro Cunqueiro, presenta la novela en Mondoñedo”, *Faro de Vigo*, 22 maio 1998, p. 61.

Tras cita-la presentación da obra comenta a contía económica e o financiamento do premio. Recolle algunhas frases da autora e do alcalde mindoniense durante o acto.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *Contos mamíferos*, Vigo: Edicións do Cumio, 1998, 94 pp. (ISBN: 84-8289-071-9).

Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) reúne sete contos independentes de breve extensión, agás o primeiro, “Canis fugit”, que mereceu o Premio de Narrativa Breve Manuel Murguía 1998, do Concello de Arteixo. Neles os mamíferos son sempre os protagonistas, aínda que o mamífero predominante é o home, case sempre tratado dende a perspectiva da infancia, como ocorre en “Os elefantes”, no que un soño dunha nena provoca unha trifulca cos seus pais e mais uns amigos; ou en “Homenaxe a Trois” na que, malia ser a nai a que lle conta ao psicólogo o ocorrido, é o fillo e máis outros colegas os protagonistas dun caso de delincuencia; ou da vellez, como en “O soño de Alexandre”, onde se conta como un vello pouco antes de morrer anceia darlle unha patada a un deses cans enfeitados mais co consentimento do seu amo. Tamén se configura como protagonista o can, non só en “O soño de Alexandre” como personaxe paciente, senón tamén de xeito activo e múltiple, xa que en “Canis Fugit”, o protagonista, Eu(loxio), vai contando o paso dos anos dende o seu nacemento ata ser xa un home polos cans que había na casa das tías políticas coas que vivía. Neste conto, ó igual que nalgún dos outros en que os cans teñen protagonismo, preséntase a temática do paso do tempo e a propia existencia do home como “vida de can”, así como hai cans que viven mellor ca outros tamén hai homes. Este é un elemento predominante en todo o libro aínda que se ve edulcorado con grandes doses de humor.

Recensións:

-Armando Requeixo, “O zoo narrativo de Alfonso Álvarez Cáccamo”, *Tempos Novos*, nº 17, “Voces e culturas. Crítica”, outubro 1998, p. 56.

Despois de dar conta da obra de Alfonso Álvarez Cáccamo e de menciona-los diversos galardóns que esta obtivo, detense na análise da súa última entrega, *Contos mamíferos*. Explica a causa pola que este libro recibe este nome e salienta de entre os relatos que o compoñen, o titulado “Canis fugit”. Sinala que este relato, que foi distinguido co Premio de Narrativa Breve Manuel Murguía do Concello de Arteixo, soérguese sobre os outros contos como o de mellor e máis traballado alento narrativo. Apunta ademais, algún que outro comentario, sobre o que nos podemos atopar nos restantes relatos.

-F. Martínez Bouzas, “Vida mamífera”, *O Correo Galego, “Revista das Letras*, *Artes e Ciencias”*, nº 42, 31 decembro 1998, p. 6.

Sitúa o elo temático de *Contos mamíferos* na presencia do “alagrame e o cheiro mamíferos” ó longo de tódolos relatos, mais sinala que o auténtico protagonista é o home, o “grande mamífero”. Ademais, afirma que destila un humor esperpéntico que percorre este mostrario do máis enigmático e animal da condición humana e, de seguido, achega algunhas claves sobre os sete relatos do volume. Considera que son relatos que pendulan entre a recuperación de xentes idas, a visión inxenua da infancia ou a crueldade e a esquizofrenia. Destaca o relato “Fleischlaben” de “tremenda tensión narrativa” e en canto ó conxunto de relatos, engade, que é un libro de humores e terrores, ben escrito e que actúa como verdadeiro detonador da imaxinación.

Arias Gómez, Manuel, *Morita. Unha vaca unha vocación*, prólogo de Alfredo Conde, ilust. Antonio Castro Ferreiro, Santiago de Compostela: Edición do autor,1998, 59 pp. (D. L.: C-645-1998).

Manuel Arias Gómez (Cenlle, 1954) escribiu este opúsculo para o concurso literario convocado pola Sociedade Galega de Neuroloxía co gallo da súa reunión anual de 1997, celebrada na cidade olívica. Vai precedida dun prólogo no cal Alfredo Conde opina que é unha obra escrita para aqueles que viviron a súpeta transición dunha sociedade rural a outra gobernada pola tecnoloxía e a informática. Así mesmo afirma que ese mundo aquí recreado marchou e xa non ha voltar endexamais. O relato, de carácter costumista, está vertebrado ó redor da vida de Morita, unha becerra. De feito, os títulos dos cinco capítulos fan referencia a diferentes etapas do discorrer vital do animal. Colateralmente Arias aproveita para ocuparse do ciclo anual da viña, elemento de máxima importancia na bisbarra do Ribeiro, lugar en que se empraza a acción. Trátanse ademais as relacións entre os aldeáns, a importancia da vaca como elemento central na familia, unidade económica básica; a misa como elemento de distinción de clases; a miseria dos labregos ou o difícil acceso que estes teñen ós diferentes servicios. Todo está narrado coa perspectiva poética e sentimental que se proxecta sobre o pasado.

Blanco, Carmen, Quico **Cadaval**, Carlos **Casanova**, Manuel **Darriba**, Daniel **Domínguez**, **Jaureguizar**, Aníbal **Malvar**, Paco **Martín**, Isidro **Novo** e Antón **Reixa**, *Na boca do lobo. Carapuchiña Vermella vista por Carmen Blanco, Quico Cadaval, Carlos Casanova, Manuel Darriba, Daniel Domínguez, Jaureguizar, Aníbal Malvar, Paco Martín, Isidro Novo, Antón Reixa, Mª José González*, limiar de Luis Alberto de Cuenca, Lugo: TrisTram, 1998, 134 pp. (ISBN: 84-8937719-7).

Volume de recreacións do conto de Carapuchiña Vermella, composto inicialmente por Charles Perrault e reelaborado polos irmáns Grimm, facendo fincapé no elemento erótico. O prologuista relaciona a dedicación de Perrault ós contos tradicionais co temperán pasamento do seu irmán xemelgo e defende unha interpretación metafórica da escena en que o lobo agarda na cama a chegada da nena. O libro péchase cunha pequena ficha na que se dá conta da actividade actual e do historial artístico dos dez autores que recrean os contos propostos, e de María José González,

responsable das fotografías que acompañan os textos. Estas fotografías preséntanse en branco e negro, combinadas ás veces con encarnado. As recreacións son as seguintes:

-Carmen Blanco, “Vermella con lobos”, pp. 13-22.

Carmen Blanco (Lugo, 1954) identifica as saídas de Carapuchiña para ir á casa da avoa coa pubertade. Sinala dous camiños básicos: o da razón, caracterizado por conductas reprimidas, e o da paixón, sen freos ós instintos sexuais. Analogamente, a avoa é vista coma gardiana da honra da nena ou como instructora e cómplice das súas actividades. Tralo lobo ocúltase a figura do pai.

-Quico Cadaval, “Unha carapucha”, pp. 23-37.

Quico Cadaval (Ribeira, 1960) constrúe unha historia en que o señor Carlos Perrolte contrata unha criada para coidar dos seus fillos. Esta nárralles unha serie de historias, as cales son escoitadas polo señor da casa. Un día conta un conto similar ó de Carapuchiña Vermella e acompáñao cun *strip-tease*, o cal provocará un clímax sexual ó agachado Don Carlos. A súa dona descóbreo e obrígao a dedicarse de alí en diante a escribir relatos edificantes.

-Carlos Casanova, “Carapuchiña, a da mercería”, pp. 39-47.

Para Carlos Casanova, Carapuchiña é unha rapaza fea e pobre que se ocupa dunha mercería. Un sancristán, trasunto do lobo feroz, faille as beiras, préñaa e foxe. O te-lo fillo daralle a felicidade á nai e provocará un aumento da clientela do seu negocio.

-Manuel Darriba, “Alma cándida”, pp. 49-67.

Manuel Darriba (Sarria, 1973) conta como unha menor de idade se vai da casa na que convive coa avoa porque esta non lle dá liberdade ningunha. Un camioneiro recolleraa nunha estación de servicio, levaraa a un hostal e desvirgaraa, cumprindo así a nena un dos obxectivos da fuxida.

-Daniel Domínguez, “Carapuchiña vermella”, pp. 69-73.

A contribución de Daniel Domínguez (Tui, 1955) consiste en tres pequenos diálogos en que se amosa unha Carapuchiña que lle leva a merenda á avoa porque a nai a obriga. Cando chega á cabana, a vella xa finara e a nena ten un encontro co lobo.

-Jaureguizar, “O lobo é un home para o home”, pp. 75-86.

Jaureguizar (Bilbo, 1965) conta como dous mozos tiveron relacións sexuais. Ela, menor de idade, di que foi contra a súa vontade e a súa familia organiza unha batida contra o rapaz. Este foxe campo a través e refúxiase nunha cabana que resulta ser da avoa da rapariga. Os perseguidores atópano alí e asasínano.

-Aníbal Malvar, “O lobo triste”, pp. 87-94.

Aníbal Malvar (A Coruña, 1964) narra as estrañas relacións entre unha puta vella e un home que era un lobo. Ela matara tódolos seus animais para que el os comese crus e remata por suicidarse para el.

-Paco Martín, “A rapaza á que todos lle querían ben aínda que non a visen senón unha vez”, pp. 95-110.

Paco Martín (Lugo, 1940) amósanos no seu relato un rapaz de familia rica e non moi espilido que devece por unha bela moza filla de solteira e moi culta. Un día decídese a falarlle a remata deitándose con ela por dez mil pesos. O autor insire ó longo da historia diversos fragmentos de contido metaliterario.

-Isidro Novo, “O lobo daquela Caparuchiña”, pp. 111-119.

Isidro Novo (Lugo, 1951) amósanos un lobo atacando a unha rapaza que recollía unhas herbas polo monte. No intre en que a ía matar, descobre que é a filla da familia que o coidara mentres era pequeno. Resulta non ser un lobo senón un can amontado. O animal deféndea dos outros cans salvaxes. A nena decátase de que os pais a enganaran cando lle dixeran que un coche matara o seu can.

-Antón Reixa, “Ela, o lobo e mailo mundo”, pp. 121-125. Antón Reixa (Vigo, 1957) preséntanos unha

rapaza que é atacada por un lobo debaixo dun carballo.

Borrazás, Xurxo, *Contos malvados*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1998, 141 pp. (ISBN: 84-8302-206-0).

Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) neste conxunto de trece relatos de extensión variable, presenta personaxes tan distintos como unha cleptómana asasina, un poeta caprichoso, un buscavidas, un gardacostas, un mendigo que percorre os pisos dun edificio na busca de algo que comer, un obseso sexual que observa os drogadictos ou unha parella de anciáns que viaxan ás Canarias para celebra-las súas vodas de ouro. O fío conductor que une á maioría destes relatos é a morte, que se manifesta, a máis das veces, na forma do asasinato.

Recensións:

-Diego Ameixeiras, “Un sinvergonza na corte das musas”, *El Mundo.Galicia*, 12 abril 1998, p. 7.

Detecta nesta obra continuidade respecto a *Eu é* (1996), do mesmo autor. Opina que estes novos contos “son realmente desacougantes, cínicos, estudiadamente perversos e divulgadores dunha particular teoría literaria”. Tamén destaca a presencia da ironía e as dificultades dunha adscrición xenérica. Sitúa a “Plusvalía”, “Un plan algo” e “Iniciais” como os contos máis interesantes, ofrecendo unhas breves razóns que xustifiquen esta escolla. Finaliza catalogando esta nova entrega de Borrazás como unha obra aberta.

-Xosé M. Eiré, “A traxédia no espello”, *A Nosa Terra*, nº 834, “Guieiro Cultural”, 11 xuño 1998, p. 27.

Recensión conxunta con *Saturno tamén é Deus* (1997), de Uxía Casal. Cualifícase a Borrazás de innovador e coméntase o xeito que ten de levarnos cara a finais fatais. Ademais de se referir á presencia de intertextualidades e reflexións literarias, cítanse como os contos máis interesantes “Vodas de ouro”, “O mendigo”, “O poeta el” e “Palabras outras”. No libro de Casal áchanse estructuras máis clásicas e fragmentarismo, indícase tamén a presencia da incomunicación como o elemento cohesionador entre as trece partes da obra. Sobrancéase “Ela sempre limpa ben” e “O soño de don Froilán” como os mellores relatos desta colección. Remata sinalando a gran variedade en tódolos aspectos que posúen ámbolos dous volumes.

-F. Martínez Bouzas, “Incendiando as nosas noites”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 19, 23 xullo 1998, p. 6.

Arremete contra os escritores galegos por teren medo de se adentrar nos longos vieiros da composición dunha novela e refuxiárense, xa que logo, no relato breve. Salva “da queima” a Xurxo Borrazás pois este anteriormente deu ó prelo unicamente novelas, en concreto tres. Despois disto fala dalgún dos personaxes da obra. Divide as narracións en dous tipos: contos e reflexións, mais xulga que o autor foi quen de conseguir tanto unhas canto outras.

-Ángel Basanta, “Contos malvados”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 351, 24 xullo 1998, p. 24.

Refírese primeiramente á obra narrativa de Xurxo Borrazás salientando que “en sus novelas hay una permanente indagación metaliteraria encaminada a explorar en las posibilidades y límites de la ficción y en su componente lúdico”. Céntrase na análise de *Contos malvados* poñendo de relevo que moitos ingredientes do seu particular universo narrativo son repetidos nesta obra. Refírese a algúns aspectos do modo narrativo, que a menudo combina primeira e terceira persoa, e alude á conxunción do real e o ficticio. Ademais apunta que “la tradición de estos cuentos es, por ello, la misma de las novelas de autor”. Incide, así mesmo na unidade temática ó redor da morte e alude ó marco formal que compoñen o primeiro e o último dos relatos. Considera a continuación que, en conxunto, estes contos non conseguen os méritos das novelas anteriores de Borrazás e di que, por riba de “desajustes ocasionales”, media ducia de relatos son de elevada calidade e que os mellores son “aquellos de más clara prosapia borgiana” como “Iniciais” e “O poeta el”.

Conde, Alfredo**,** *O fácil que é matar,* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 147, novembro 1998, 415 pp. (ISBN: 84-8302-327-X).

Novela de Alfredo Conde (Allariz, 1945) que constitúe un elo máis dunha triloxía que o autor alaricano iniciou, no ano 1995, con *Sempre me matan*. Nesta ocasión, céntrase noutra etapa da vida de Blas Carou, un ourensán que emigrou a Venezuela co obxectivo de facer fortuna. A acción sitúase en dous escenarios –Galicia e Caracas- que alternan de forma continuada ó longo dos dezaseis capítulos que compoñen as dúas partes nas que se divide a obra. No groso da novela relátanse, con sumo detalle, un cúmulo de situacións que rematan coa volta do protagonista a Caracas. Para isto, o autor válese da voz dun narrador omnisciente que reflexiona –ás veces en ton irónico e crítico- sobre a existencia humana. Así mesmo, ofrece continuas digresións sobre o amor, a felicidade, as estratexias que emprega a mente humana para nega-la evidencia dos seus fracasos, os sentimentos máis ocultos ou as esperanzas e desexos dos emigrantes (representados, sobre todo, polas vidas dos tres irmáns Carou). Trátase, polo tanto, dunha novela na que prima a interioridade do ser humano sobre a súa actividade externa, ó tempo que se ofrecen continuas alusións ó sexo, á corrupción da clase política, á loita pola acumulación de riquezas e ó crime organizado.

Referencias varias:

-D. R., “Alfredo Conde non esconde nada”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 decembro 1998, p. 53.

Dáse noticia da publicación da obra, da que o propio autor ofrece algunhas claves e pormenores do argumento sobre os que xira esta. Así mesmo Conde declárase un escritor apartado do “rebumbio literario” e dos medios, razón pola que segue a ser un escritor maldito a pesar da súa importante obra, tanto en cifras coma polo recoñecemento internacional que recibiu.

Antonio Rodríguez, “O difícil que son de curar as cicatrices”/“Alfredo Conde confesa que na memoria seguen abertas as feridas do seu pasado”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 22 decembro 1998,
39/p. 75.

Noticia da presentación en Santiago de *O fácil que é matar.* Coméntase que o autor fixo referencia á escasa repercusión que a súa obra ten en Galicia e a certas polémicas pasadas como a desatada pola concesión do Premio Nadal ou as suscitadas pola súa actividade política. Sobre a súa última creación, afirma que se moveu nos “terreos intuitivos da literatura” e agarda que non se faga unha lectura en clave realista da súa trama. Ademais Conde di coincidir co seu protagonista, Blas Carou, nas reflexións sobre a intelectualidade galega destacando a súa “covardía” á hora de se enfrontar á realidade. Remata adiantando a localización no Río de Xaneiro para a terceira e última entrega da triloxía que se propuxo facer hai xa case cinco anos.

-Paula Pérez, “Alfredo Conde se adentra en el mundo de la corrupción política en su última novela”, *Faro de Vigo*, 22 decembro 1998, p. 42.

Recolle as declaracións de Alfredo Conde a raíz da presentación en Santiago de *O fácil que é matar*. Apunta que a obra reflicte unha ollada irónica sobre a actual sociedade galega e móvese entre os límites da ficción e da realidade, aspecto que nega o propio Conde, que non pretende ser moralista. Finalmente, o novelista lamenta a pobre acollida da súa obra en Galicia e anuncia futuros proxectos.

-Rosa Prieto, “Alfredo Conde continúa con la emigración gallega en su novela “O fácil que é matar”, *Diario de Pontevedra*, 26 decembro 1998, p. 20.

Conversa con Alfredo Conde con motivo da presentación de *O fácil que é matar*. O escritor achega algunha das claves desta novela na que non quere transmitir valores, senón historias. Afirma, ademais, que desprende moita carga ideolóxica e que non se debe confundi-la realidade coa ficción como xa ocorreu coa súa anterior novela. Comparte co protagonista Blas Carou a súa valentía para dici-lo que pensa e, para rematar, sinala que “el lector para el que escribe soy yo” e que non pode queixarse da venda dos seus libros.

Darriba, Manuel, *Outonos espectaculares*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 1998, 182 pp. (ISBN: 84-7824-315-1).

Nesta segunda incursión de Manuel Darriba (Sarria, 1973) no xénero narrativo atopamos unha novela dividida en 32 capítulos con cadanseu protagonista e con espacios e vidas ben delimitadas. Nembargantes, esas pequenas historias que recolle no libro aparecen conectadas por distintos eixos no fío argumental do relato. Partindo de situacións vividas polos personaxes tinxidas de fatalidades, Darriba consegue aunalas na desolación que produce a incerteza do futuro e reproducir, ó mesmo tempo, unha narrativa de actualidade e tensión que afonda nalgúns dos aspectos máis escuros para os mozos: o paro, os contratos temporais, o desorde a tódolos niveis, a frustración e incluso o suicidio. Todo baixo un ceo gris, cheo de perdigóns de auga que reflicten a escuridade non só do outono senón tamén das vidas dos seus personaxes.

Eiré, Alfonso, *Amigos sempre*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 13, maio 1998, 221 pp. (ISBN: 84-89814-46-5).

Alfonso Eiré (Laxe, Chantada, 1955), nesta novela de iniciación, reflicte a vida dun rapaz no Seminario do Sagrado Corazón de Lugo a finais dos anos sesenta. O libro conta, en primeira persoa, os recordos de Xan Eiriz Méndez, "o Fungueiriño", neno da aldea de Castro Candal. O protagonista ten o seminario como única maneira de conseguir unha formación. A través dos ollos deste raparigo nárrase a Preparatoria, o Ingreso e os tres primeiros cursos no seminario, mesturados cos recordos da súa nenez e coas vacacións na súa aldea. Xan fala das trasnadas, dos estudios, dos exercicios espirituais, das relacións co profesorado e cos compañeiros e compañeiras. Ademais, as experiencias vividas serven para mostra-la postura do protagonista fronte ó sexo, á morte, á vocación relixiosa e á súa familia. O nome do libro é o mesmo que lle dan os curas ós equipos de alumnos de primeiro curso, que se forman para que se axuden e para que practiquen os diferentes deportes, sobre todo o fútbol.

Recensións:

-Armando Requeixo, "De amizades perigosas e outras herbas", *Tempos Novos*, nº 15, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", agosto 1998, p. 58.

Logo de realizar un resumo bastante amplo do argumento da primeira novela de Alfonso Eiré, *Amigos sempre*, sinala que, nela, ademais de ofrecerse un logrado retrato vivencial dun mozo seminarista galego, tamén se reflicte unha dura crítica ó pasado recente da Igrexa católica como institución, representada por uns Padres que non dubidan en impo-la violencia irracional sobre os seminaristas para facer vale-las súas ideas. Refírese á súa prosa e ó seu léxico, para rematar indicando que, a por veces pouco perfilada secuenciación argumental dos distintos flaxes nos que se sustenta cada un dos seus capítulos, non lle resta valor a esta novela, na que o seu autor demostra ser un escritor con oficio e resolve con acerto as dificultades do exercicio narrativo.

-X. G. G., “Amigos Sempre”, *Grial,* nº 139, Tomo XXXVI, xullo-agosto-setembro 1998, 1998, pp. 591-596.

Retoma conceptos empregados por Walter Benjamin nos anos trinta para explica-la importancia que ten o pasado no presente das persoas, sobre todo tendo en conta que está a analizar unha obra na que hai moito de autobiográfico. Isto lévao a reflexionar sobre a importancia do/s narrador/es nunha novela na que o o que relata viviu os feitos acontecidos, xa que afirma que corresponden a unha época determinada da vida do escritor polo que aínda que queira non se vai poder substraer dela. De seguido encadra esta novela na tradición da escrita galega de carácter popular, invocando o “simplismo” como o seu principal valor, xa que lle imprime maior riqueza expresiva. Finalmente, móstrase esperanzado polas próximas entregas deste escritor.

J. A. Xesteira, “Tempo de amigos e de seminarios”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 78, 24 outubro 1998,
6.

Comeza indicando as actividades actuais do autor da novela, na que recolle o seu paso polo seminario de Lugo nos anos sesenta, e di que nela se presenta “unha sociedade pechada sobre si mesma que contiña unha institución aínda máis pechada, o Seminario”. A seguir comenta os temas tratados na obra e os motivos que levaron o autor á súa escrita, destacando que o seu esquema é clásico, “e que prende do lector”.

-Xosé Manuel Enríquez,“Rapazadas de curiñas”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura. Narrativa”, novembro 1998, p. 21.

Comeza cunha referencia ó contexto no que se inscribe a obra e prosegue coa descrición do argumento. Considera que o libro vai destinado a un lectorado adolescente, que o seu título “é a anécdota sobre a que se asenta o núcleo da súa armazón narrativa” e destaca a presencia de dúas voces na narración. A seguir recolle varios exemplos para exemplificar algunhas das inconexións que atopa, como: a sensación de descompensación ó non dar “unha solución continuada a causa do emprego de dous presentes, o retrato inadecuado dun neno ou o escaso control do propio narrador”. Comenta que a novela mostra a conciencia lingüística e nacional presente nos seminaristas e ausente no resto da sociedade desa época. Ademais resalta que os continuos saltos no tempo e nos temas, tratados a través de oracións longas e “vagarosas”, provocan “un efecto de fastío e retardo”. Lamenta que o autor se deixase levar polo que provoca máis morbo e atención no lectorado e non aproveitase todo o material que posúe para facer unha “aproximación competente e analítica”. Considera, por último, que a novela “non é unha obra minimamente lograda” e afirma que quizais o novelista quixo facer unha aproximación sociolóxica ou un exercicio de memoria colectiva e non literatura.

Referencias varias:

-M. Veiga, “O retrato do seminário é o retrato dunha xeneración que hoxe ocupa postos dirixentes”, *A Nosa Terra*, nº 838, “Guieiro Cultural”, 9 xullo 1998, p. 32.

O xornalista e director de *A Nosa Terra*, Alfonso Eiré, publica a súa primeira novela, *Amigos sempre*, na que se retrata a vida e a maneira de educar nos seminarios, segundo informa Veiga, ó inicio da conversa. A. Eiré fala da importancia que tiñan os seminarios dende finais dos cincuenta ata a metade dos sesenta e do motivo polo que non foi tratado ata agora este tema na literatura, ademais de sinalar que titulou esta obra co mesmo nome que o da tarxeta do seminario no que contabilizaban as veces que falaban galego. Á parte diso, lembra o tipo de actitudes e ensinanza que recibían nestes centros e a discriminación da persoa pola clase social á que pertencía. Salienta o importante que é coñecer ben a realidade do que se narra, aínda que sexa para deformala, e menciona as diferentes formas de mostra-la realidade galega na literatura. Revela o que intenta retratar cos parágrafos case escatolóxicos da novela,
o que diferencian a unha novela dunha reportaxe e o fin que procura con este obra, a cal non considera autobiográfica.

-Jacobo M. Martínez, “Alfonso Eiré retrata la vida de un seminario en la década de los 60 en “Amigos sempre”, *Faro de Vigo*, 18 xullo 1998, p. 41.

Infórmase da presentación da novela nun acto que contou coa presencia de Carlos Díaz Martínez e Miguel Anxo Fernán-Vello. Valórase a novidade da temática escollida e cítase a Fernán-Vello ó sinalar

que a importancia dos seminarios a tódolos niveis da vida galega foi o que inclinou o autor a compor esta obra.

-F. P. Lourenzo, “Da memoria á raíz”/“Alfonso Eiré retrata en ‘Amigos sempre’ o influxo do Seminario na sociedade galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 19, 23 xullo 1998, p. 3/p. 12.

Faise fincapé na aculturización que o seminario producía nos seus estudiantes e recoñéceselle á memoria colectiva un papel básico na composición da obra. Lóuvase a riqueza do léxico de carácter marcadamente rural. Relaciónase o estilo co da Xeración Nós e saliéntase o emprego da primeira persoa.

-R. G., “Moitos quedaron traumatizados por pasar polo seminario”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 38, 11 agosto 1998, p. 7.

Cítase como o autor confesa a influencia que tivo un artigo de Xesús Alonso Montero na xénese da obra. Tamén se pon de relevo a importancia do seminario na formación de moitos homes públicos de hoxe, incluído o propio Alfonso Eiré. Recóllense as lembranzas deste sobre os seus primeiros pasos polas corredoiras da literatura. O artigo péchase co anuncio das próximas publicacións do autor: unha novela sobre a aldea e un ensaio sobre fútbol.

Feliú, Belén, *Da Guenizah*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 16, outubro 1998, 105 pp. (ISBN: 84-89814-60-0).

Publicada postumamente, a obra recolle seis relatos nos que Belén Feliú (A Coruña, 1961-Santiago de Compostela, 1997) amosa diversos rexistros narrativos e unha certa ousadía formal e estilística na meirande parte das pezas do volume. Dende a singular actividade dun buscador de ouro polos sumidoiros de Vigo que é desterrado á Alcarria —en "Do desterro"—, ata a toma de conciencia dunha muller ante a problemática laboral da fábrica na que traballa —"Negativo de raíña negra (Fotogrammas)"—, ou o emprego da ironía e o humor, obtidos mediante o uso dunha linguaxe moi intelectualizada para tratar un asunto mesmo cómico ó"Aire obstinato". Utiliza tamén os recursos narrativos da crónica, en "Crónica do asedio da vila de Muros", deixando lugar para unha estraña historia de amor, "Espiderwoman", e para o relato dunha viaxe de busca, que se torna viaxe iniciática por varios lugares de Galicia, en "Esta sementeira de icebergs derreados coma patrias".

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Contra a traxedia", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 41, 24 decembro 1998, p. 6.

Considera que a obra “engorda o noso acervo simbólico” e alude á narración “La espera”, publicada na *Revista de Occidente* en versión española de Chus Pato. Ademais de describi-lo contido de cada un dos relatos de *Da Guenizah* sublíñase como tema central a loita contra a traxedia. Salienta como logros deste libro o rigor e a densidade literarios, as explícitas intencións cómico-burlescas, as conceptualizacións filosóficas herdadas de Occidente, as pegadas feministas e a capacidade para transmitirnos sensacións fortes, como as da opresión e a violencia. Alude finalmente á existencia de máis material inédito da autora polo que agarda que non sexa o derradeiro libro.

Fraga, Xoán Alberte F., *Brea e os cristais de Atanasa*, ilust. Xosé A. Ocaña Martínez, Ourense: Imprenta Grafo Dos Editorial, 1998, 97 pp. (ISBN: 84 923232-3-X).

Tras dunha serie de agradecementos e dunha breve introducción, na que indica que todo o que vai contar é verdade, dálle Xoán Alberte F. Fraga paso ó seu relato. Nel narra como un día descubriu unha caveira, chamada Brea e de orixe celta, que lle contou a historia do seu pobo para que el a dese logo a coñecer. A pesar do susto inicial por terse atopado cunha caveira desas características, lévaa con el para a súa casa. Alí nárralle como chegaron os celtas ó actual Ourense e a historia de amor e tristura que deu lugar ó nome desta poboación, que nun inicio se chamaba Auria. Ó non quedar moi convencido pola historia, Brea pídelle que lle consiga uns ollos de Anatasa, para ver a través deles, todo o que lle relatou sobre as orixes de Ourense. Cando o consegue o protagonista queda totalmente marabillado, mais ó pouco tempo, todo se converte en amargura xa que Brea ten que ser depositada no manancial das Burgas, porque xa cumpriu a súa misión. Apenado e destrozado pola dor, o protagonista realiza o desexo de Brea e cumpre a súa promesa de dar a coñece-la historia que mostra hoxe neste volume.

Jaureguizar, *Comendo espaguetis diante da televisión*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Negra, nº 12, 1998, 228 pp. (ISBN: 84-8302-208-7).

Terceira entrega narrativa de Santiago Jaureguizar (Bilbo, 1965) tras publica-lo libro de relatos *Fridom Spik* e a novela *Todo a cen* en 1995. É unha novela negra na que a trama se desenvolve a partir da morte accidental dun home provocada por Ricardo, un chapeiro de luxo compostelán. Dende ese momento, Ricardo e a súa moza entran nunha voráxine de violencia que reúne a membros dunha estraña secta xusticieira, policía, inmigrantes ilegais, mafiosos e delincuentes comúns na procura da resolución dun caso que gravita ó redor de Compostela. A narración caracterízase por un estilo sinxelo no que prima o relato da historia.

Recensións:

-Manuel Darriba, “Jaureguizar ponse duro”, *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, 4 abril 1998, p. III.

Percorre a bibliografía de Jaureguizar e recoñece que a suavidade nunca foi a súa bandeira. Informa dos estraños fíos argumentais, nos que se unen realidades marxinais e seres sobrenaturais. Recoñece o reflexo do hiperconsumista mundo actual no caos que supón a obra.

-Diego Ameixeiras, “Bravú de raza negra”, *El Mundo. Galicia*, 6 abril 1998, p. 7.

Analiza a incardinación que se produce nesta obra entre xénero negro e literatura bravú. Catalógase a novela como “desconcertante” e coméntase o fío argumental e os personaxes principais.

-Xosé M. Eyré, “Estaban bons?”, *A Nosa Terra*, nº 829, “Guieiro Cultural”, 7 maio 1998, p. 23.

Principia reflexionando sobre o título da obra, continúa amosando as dificultades para a adscrición xenérica malia ser publicada nunha colección definida precisamente polo xénero negro. Cualifica o texto de ameno e recomenda unha lectura metafórica. Tende unha ponte entre a novela e o fenómeno bravú e sobrancea os diálogos e o modelado dos personaxes. No debe de Jaureguizar alude ó uniforme da lingua e ó incongruente da modalización.

-F. Martínez Bouzas, “Negro de batea”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 28, 3 setembro 1998, p. 6.

Comeza cun longo excurso sobre a ampla operación publicitaria que acompaña esta obra. Gaba a pluralidade de historias que se enlean para artella-la novela e relaciona os personaxes de Jaureguizar cos do cineasta granadino Pedro Almodóvar. Non esquece sinalar nin a rapidez do tempo narrativo nin a nula ornamentación lingüística.

Referencias varias:

-Iván Leis,"O bravú son ganas de facer cousas, aquí e en galego", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 51, 4 abril 1998, p. 6.

Iván Leis fai un resumo argumental das novelas de Santiago Jaureguízar, *Todo a cen* (1995) e *Comendo espaguetis diante da televisión*, e sinala que o escritor bilbaíno segue a manter, nesta última obra, a mesma traxectoria que comezara con *Fridom spik* (1995). Informa da publicación dun novo libro, *A rutina corsaria*, e recolle as declaracións do autor nas que este fala das influencias que recibe das artes visuais e musicais e da multiplicidade destas en *Comendo espaguetis diante da televisión*. Afirma non entendelos escritores que escriben prosa recargada e que a literatura estivo sempre moi vencellada ó nacionalismo. Resalta que é o máis importante á hora de escribir e o motivo polo que compra a xente os libros en galego, ademais de explica-lo significado do movemento Bravú. Para rematar, amosa o seu desacordo coa xente que se manifesta por determinadas cuestións sociais ou políticas nunha novela.

-Aníbal C. Malvar, "Por ritmo e por estilo, teño unha visión bastante xornalística", *El Mundo. Galicia*, 23 marzo 1998, p. 4.

Comenta Jaureguizar, ó rematar de publica-la súa última obra *Comendo espaguetis diante da televisión*, a necesidade de que na novela negra se produza un cambio para poder adaptarse ós tempos novos. Refírese á crispación de ambientes e personaxes que aparecen neste libro e sinala que está situado nos lindes do incrible. Comenta as diferencias e semellanzas que hai entre este e o seu primeiro libro, *Todo a cen* (1995), pois nesta obra ademais de da-la súa opinión sobre o labor dos críticos e acerca de Juan

Manuel de Prada e a “súa banda de epígonos do 98”, resalta a importancia do xornalismo para o escritor, a visión xornalística da literatura e de onde sacou o título da novela.

-Jesús Fraga, “A literatura galega debe innovar e estar coas vangardas”, *La Voz de Galicia*, 1 abril 1998, p. 74.

Lembra as dúas obras coas que o escritor bilbaíno se introduciu no xénero negro e destaca a publicación da súa última novela, *Comendo espaguetis diante da televisión*, coa que fai “unha contribución a un xénero novo na literatura galega: “o negro de batea”. De seguido, refírese o escritor á súa achega a este xénero, á incorporación na súa obra das referencias foráneas e á relación que hai entre o seu traballo como xornalista e autor de literatura.

-F. P. Lorenzo, “Jaureguizar: “Aquí a xente confunde nacionalismo con escrita. Temos que romper coa teima de contar historias en función dunha teoría política”/“Jaureguizar, coma o dj narrativo que construíra un ‘rap’ rural e convulso”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, 9 abril 1998, p. 45/ p. 12.

Comeza presentando un perfil de Santiago Jaureguizar e uns breves comentarios sobre *Comendo espaguetis diante da televisión*, que define como “a primeira incursión do *bravú* nos eidos da novela negra”. A continuación, céntrase na súa producción literaria anterior e ofrece datos biográficos do autor, quen reflexiona sobre os conceptos de bravú e novela negra. Incide na dicotomía existente entre o ruralismo e a vida urbana, na importancia que ten o xornalismo no seu labor creativo e na función do escritor, que segundo el, “é contar historias da maneira máis efectiva posible” e non facer “diccionarios no canto de novelas”.

Losada, Benito (coord.), *Sobre toupas, castañas e outras nimiedades e catro contos máis*, Premio Ourense de Contos para a Mocidade 1997, Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense/Casa da Xuventude de Ourense, 1998, 79 pp. (ISBN: 84-921613-2-9).

Recóllense neste volume os contos premiados no Premio Ourense de Contos no ano 1997, que son os seguintes:

-Marisé Suárez Leal, (Primeiro Premio), “Sobre toupas, castañas e outras nimiedades”, pp. 19-35.

Conto dividido en cinco capítulos no que un narrador en primeira persoa conta a lenda de Edmundo “Querubín” Santos Pinheiro, portugués de Trás-os-Montes, que tivo unha vida estraña, tanto pola súa descoñecida orixe como pola misterio que envolve a súa desaparición en forma de toupa.

-Marco V. Lama del Corral, “Labirinto” (Accésit), pp. 19-35.

Narra o encontro de varios amigos nunha casa onde se poñen a construír contos de forma laberíntica, ó xeito de bonecas rusas, co que ó final acaban reflexionando se eles mesmos non serán unha idea máis na cabeza dun escritor.

-Santoro de Membiela (Accésit), “A Convicción”, pp. 37-45.

Historia narrada en primeira persoa na que un home conta o que lle aconteceu ó longo da súa vida xunto coa convicción, que levaba a un extremo, de pensar que contando ata dezasete ou facendo algo dezasete veces, aquilo que el quixese solucionábase.

-Laura Camino Pais, “Colega” (Accésit para menores de 17 años), pp. 47-67.

Historia desacougante de amor e desamor entre dous seres, un dos cales é o narrador, dos que ata o final non sabemos que son dous cans.

-Javier Santana Panero, “A favor dun amigo” (Accésit para menores de 17 anos), pp. 69-75.

Divídese en dúas partes “A fuxida” e “O reencontro”, no que se conta o desacougo dun home para vivir tanto mentres medra como logo cando medra o seu fillo.

Malvar, Aníbal, *Á de mosca*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Negra, nº 13, 1998, 245 pp. (ISBN: 84-8302-209-5).

Cuarta achega de Aníbal C. Malvar (A Coruña, 1964) ó xénero negro. Ábrese a novela cunha nota do autor na que explica que por cuestións de verosimilitude se veu obrigado a usar "palabras da rúa, da faena, da cunda", e para facilita-la comprensión remite a un glosario ó final do libro. Carlos, narrador protagonista en primeira persoa, que dirixe unha axencia de fotoxornalismo e traballou no pasado para os servicios de intelixencia do estado, é contratado polo avogado compostelán Alberto Bastida para investiga-la desaparición da súa filla, polo que se traslada de Madrid a Santiago. A investigación vai progresando á par de tres asasinatos que revelan un asunto de narcotráfico no que está inmerso un traficante arousán. Da implicación no caso do pai de Carlos, destacado militar, deriva paralelamente a continua evocación da tensión política e militar vivida nos momentos previos ó golpe de estado do 23 de febreiro de 1981. Neste sentido son abondosas as referencias históricas reais xunto a unha atmosfera na que está presente a violencia, a intriga e a dureza e a frialdade dos tipos malia haber lugar para sentimentos como a tenrura, a amizade ou a melancolía.

Recensións:

-D. A., “Negro en estado moi puro”, *El Mundo. Galicia*, 26 marzo 1998, p. 13.

Empézase catalogando a novela dentro do xénero negro, admitindo a presencia da realidade galega, para o cal se amosan os seus elementos principais. Valóranse positivamente os diálogos e o humor e negativamente o edulcorado final.

-Jaureguizar, “A mosca voa alto”, *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, nº 71, 2 maio 1998, p. III.

Felicítase polo pulo que está a toma-la novela no sistema literario galego e garda un papel importante para Malvar neste impulso. Lembra a orixe castelá do autor e as tres obras de narrativa anteriores. Comenta o inicio da historia e a descrición que se fai dunha sociedade controlada. Non esquece louva-la documentación, o estilo e a creación de escenas.

-M. Blanco Rivas, “Intrigas e narcotráfico na nosa historia recente”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 54, 2 maio 1998, p. 2.

Comenta como se xoga coa época actual e co período despois do intento de golpe de estado de 1981, coordenadas en que se sitúan tres xeracións. Salienta a xiria badoca e gaba a acción trepidante, a configuración dos personaxes e a lectura apreixadora. Finalmente despois de se referir á traxectoria creativa de Malvar, infórmase da actividade profesional do escritor no diario *El Mundo*.

-Xosé M. Eiré, “Engánchate”, *A Nosa Terra*, nº 827, “Guieiro Cultural”, 23 abril 1998, p. 23.

Repasa a producción literaria de Aníbal Malvar para alzalo á categoría de “clásico do xénero negro”. Destaca a dureza tanto da linguaxe canto do tema e elabora unha sinopse do argumento. Tras gaba-la construcción dos personaxes, cualifíca o libro de bo e a súa lectura de agradable.

Referencias varias:

-Diego Ameixeiras, “Os ‘subnovelistas’ temos moito máis público que os novelistas”, *El Mundo. Galicia*, 26 marzo 1998, p. 13.

Responde o escritor e xornalista Aníbal C. Malvar, co gallo da publicación da súa novela *Á de mosca*, á pregunta de se a novela negra volve a estar de actualidade coa publicación da súa obra e da de Jaureguízar, *Comendo espaguetis diante da televisión*. O autor resalta que os “subnovelistas” coma el teñen máis público cós novelistas, o bo resultado das súas obras anteriores e a causa pola que unha delas, *A man dereita,* non acadou o resultado desexado. Explica a razón pola que en *Á de mosca* fala de todo o que rodeou o intento de golpe de estado do 23-F e salienta o emprego neste libro do argot policial e do mundo das drogas, ademais de comenta-lo seu argumento e o papel que representa o protagonista na sociedade narrada nesta historia. Destaca qué características identifican a un best-seller e nega a utilización delas nas súas obras, para logo comenta-la necesidade do humor cando se narra unha historia amarga e reflexionar sobre a cuestión de se o autor de novelas-negras está en contra da intelectualidade.

-M. R., “A novela negra segue estando mal vista”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 20, 7 abril 1998, p. 7.

Di que Aníbal Malvar coida que esta é a súa novela máis ambiciosa e tamén que está moi satisfeito por vela incluída na colección “Negra” de Xerais. Recorda a producción anterior do escritor. Tamén recolle as opinións de Malvar sobre os feitos políticos máis significativos da pasada década en España. Finalmente reflíctese como o autor constata que o xénero negro segue a estar minusvalorado.

> Francisco Castro, “A novela do narcotráfico galego”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 7 maio 1998, 10.

Toma nota da boa crítica unánime que está a colleitar esta obra. Sinala como temas principais a transición española e o tráfico ilícito de drogas. Recorda como Ramón Caride Ogando tamén se achegou hai pouco tempo a este segundo tema. Para rematar, insire esta novidade editorial dentro do magnífico ton que está a amosa-la literatura galega actual.

Martínez Abelleira, Xosé, *Bonecas de cristal*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, col. Delfín, 1998, 159 pp. (ISBN: 84-89129-55-X).

Neste volume Xosé Martínez Abelleira (Noia, 1931) recolle un conxunto de relatos curtos independentes. Estes relatos presentan unha estructura epistolar dirixidos a distintas mulleres que encabezan cos seus nomes cada un deles. Henrique, narrador-protagonista, ofrece ó longo destes unha serie de confidencias sobre a súa vida, dende o pasado da súa infancia ata o presente da súa madurez, destacando, sobre todo, as referentes ás relacións coas mulleres.

Miranda, Xosé, *Morning Star*, XVº Premio Xerais de Novela 1998, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 148, novembro 1998, 270 pp. (ISBN: 84 8302-330-X).

No apéndice que pecha *Morning Star*, Xosé Miranda (Lugo, 1955) confesa a súa intención de rescata-las aventuras dos bandoleiros galegos do século XIX, homenaxeando, ó mesmo tempo, ós mestres do xénero Faulkner e Stevenson. Confesa tamén os arranxos dos que botou man para adapta-los personaxes históricos ás necesidades da novela. A obra desenvólvese en trinta e un capítulos titulados, repartidos á súa vez en oito partes, tamén con título. Nela, o fillo de Lourenzo Tasende, propietario da Taberna da Disputa, ás aforas de Pontevedra, conta a súa vida dende a infancia. Na taberna pasa os días co grupo de bandoleiros de Lázaro Rivadulla. Entre atraco e atraco, andan á busca do gran tesouro desembarcado do *Morning Star*, o mesmo que pretende a cuadrilla de Tomás das Congostras. No asalto ó cura Rouco, o fillo de Lourenzo Tasende consegue fuxir da gavela de Rivadulla e salvarlle a vida á sobriña do sacerdote, de quen estaba namorado. Xuntos primeiro, e logo separados, vivirán algúns episodios e contratempos ata que a banda de malfeitores se enfronten e aniquilen sen alcanza-lo tesouro. El chegará a doutor, casarán e terán fillos.

Moreno, Xosé Antonio, *Matar a Kerenski*, Vigo: Galaxia: col. Literaria, nº 153, xuño 1998, 175 pp. (ISBN: 84-8288-212-0).

Xosé Antonio Moreno (Vigo, 1952), presenta neste libro sete relatos nos que se relatan, dende o presente, feitos acontecidos no pasado que interviron na aprendizaxe vital dos personaxes. O sexo, o amor, a desilusión ou o reencontro son algunhas das claves comúns a todos eles. A presencia do peso familiar déixase sentir en “Como un deus bo” onde Berto, herdeiro dos poderes esotéricos da tía Amalia, vai ser víctima dun engano que pon a proba a súa capacidade racional; ou en “O segredo da familia” no que o neto é o encargado de descubri-la orixe das desavenencias que afastaron o avó da casa ó remate da guerra civil. A lembranza dos anos universitarios en Santiago e a confusión dese tempo é o eixe argumental de “O estudiante Sbert”. “Loita armada” presenta tamén esa mesma confusión, desta vez centrada nas diverxencias internas dos grupos políticos revolucionarios antifranquistas. O autor mergúllase no trasfondo histórico nos relatos “As xeiras de Don Xoán”, cos perigos e intrigas que vive o doutor Xoán Quiroga enfrontado co conde de Ximonde; e “Matar a Kerenski”, que dá título ó volume, no que o prtoagonista relata o episodio extraordinario que o levou a fuxir de se converter nun asasino deixando así en segundo termo a obendiencia debida ás ordes do partido. O interese polo extraordinario é un elemento argumental destacable en “Costa da morte”, onde Xosé vese envolto na resolución do asasinato do seu vello amigo Xan, cando ambos se atopan nunha vila da costa da Morte.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Sete relatos sobre a desilusión e o reencontro”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 63, 11 xuño 1998, p. 2.

Salienta que nestes sete relatos se amosa a capacidade da xente para esquece-lo pasado e ficar só co mellor. O destino e o humor son vistos como os elementos de engarce entre os contos. Opina Blanco Rivas que os títulos son transparentes respecto do contido. Tamén lembra a primeira obra de X. A. Moreno e a súa actividade profesional.

-Xosé M. Eiré, “...E despois aprenderon”, *A Nosa Terra*, nº 851, “Guieiro Cultural”, 8 outubro 1998, p. 24.

Cuestiona, para comezar, se a obra é “de narracións de aprendizaxe”, para o cal vai analizando diversos elementos (personaxes, temas, recursos empregados). Seguidamente considera cada un dos contos e chega á conclusión de que en todos existe algún tipo de aprendizaxe, e ofrece unha hipótese para a escolla do título da obra. Opina que se trata dun “autor que non persegue máis que a efectividade de contar clara e sinxelamente”, sen virtuosismos nin alardes, e agarda “novas entregas” á espera dunha evolución na súa obra.

-Dolores Vilavedra, “(Re)incidindo no relato”, *Tempos Novos*, nº 17, “Voces e Culturas. Crítica”, outubro 1998, p. 58.

Refírese ó auxe cuantitativo experimentado polos volumes de relatos en detrimento da novela no eido da literatura galega, para a seguir, reforzar esta súa valoración, coa presentación de dous volumes de xénero breve. Un deles é, *Matar a Kerenski*, de Xosé Antonio Moreno, do que ofrece algúns comentarios dos relatos que o compoñen, e indica que todos eles teñen en común un vencellamento máis ou menos directo coa dimensión non empírica, sexa esta paranormal, ficcional literaria ou ficcional histórica. O outro volume é, *Arredor do lume*, de Daniel Pino Vicente, do que sinala que está artellado ó xeito tradicional, xa que nel, unha estructura marco constitúe o pretexto para que o narrador principal lle ceda a palabra a certos personaxes que actúan como narradores secundarios, enfiando cada un a súa historia de temática variada.

Murado, Miguel Anxo, *Mércores de Cinza*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 149, xaneiro 1998, 161 pp. (ISBN: 84-8288-169-8).

Tres anos despois de publica-lo libro de relatos *Ruído* (1995), nacido da experiencia como enviado especial á ex-Iugoslavia e gañador do Premio Arcebispo San Clemente, Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965) volve á narrativa cun libro de dezaseis relatos que seguen a pauta marcada pola súa anterior obra, mais agora a guerra trasládase á vida cotiá. A obra consta de dezasete relatos de diferente extensión. Cada un deles narra situacións límite que amosan as sombras do interior humano, espacio onde teñen lugar as inadvertidas e pequenas catástrofes diarias: naufraxios, dramas infantís que quedarán presentes de por vida, a reposición do orgullo pisoteado, a fin dunha amizade que non ha retornar, a superación do sufrimento en espera da morte, etc. Todo isto relatado dende unha voz narrativa conxugada cun estilo non artificioso e madurado na procura dunha radiografía da dor humana que, como algún personaxe, “seguramente, pensou, lle quedaría para toda a vida”.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Relatos sobra as zonas pantanosas da alma humana”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 44, 14 febreiro 1998, p. 4.

Comenta que con esta obra Murado segue encarándose coa dor secreta do corazón humano. Refírese a *Mércores de cinza* como un conxunto de "relatos que remexen nas zonas pantanosas da alma humana ou que indagan sobre o momento final coa lírica sobriedade que caracteriza a narrativa" do autor. Ponse de relevo o dominio do relato curto, a precisión, a documentación e o dominio do léxico como características salientables. Cítanse finalmente outros títulos da autoría de Miguel Anxo Murado.

-Armando Requeixo, "Radicalmente humano", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 15, 3 marzo 1998, p. 6.

Garda un dos lugares de honra da literatura galega actual para Miguel Anxo Murado. Percorre a súa producción narrativa, lírica, dramática e ensaística. Xa centrado en *Mércores de cinza*, gaba a sobriedade na expresión. Divide os relatos en dous grupos: un de ambiente galego en que os personaxes son novos e outro portagonizado por persoas adultas e emprazado en diversos lugares fóra do país. En ámbolos dous cre espreitar reflexos da propia biografía do autor lucense.

-Manuel Darriba, "A vida é cinza", *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", nº 68, 21 marzo 1998, p. III.

Cualifica *Ruído* (1995) como unha das mellores coleccións de relatos dos noventa e coida que á obra recén publicada lle falta o exotismo e a unidade da primeira. "A floración das cerdeiras" e "Mércores de cinza", no que ve o influxo de Ernst Hemingway, parécenlle os relatos máis destacados. En conxunto opina que Murado non atinxiu os obxectivos previstos.

-Xosé M. Eiré, "Ruidos do corazón", *A Nosa Terra*, nº 828, "Guieiro Cultural", 30 abril 1998, p. 23.

Detecta unha conxunción de elementos oníricos e reais na base da narrativa de Murado, aspecto que xa notara en *Ruído* (1995). Relaciona a sinxeleza estilística desta obra coas *Cousas*, de Castelao. Louva o xeito en que o autor sabe ausentarse do texto para que este asuma o protagonismo.

-F. Martínez Bouzas, “Mércores de cinza”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 7, 30 abril 1998, p. 6.

Gaba a sobriedade narrativa de Miguel Anxo Murado e fíxase na dor omnipresente na obra. Recolle do libro situacións en que os protagonistas se encontran con momentos desagradables. Destácase ademais a presencia de dous mundos: o infantil e o marítimo.

-Ángel Basanta, “Mércores de cinza”, *ABC*, “*ABC Literario*”, 22 maio 1998, p. 23.

Sitúa a Miguel Anxo Murado como un dos máis importantes continuadores da tradición narrativa curta na literatura galega. Alude ás súas obra anteriores e céntrase en *Mércores de cinza*. Considera que malia as diferencias, descóbrese unha relación de complementariedade entre esta obra e *Ruído* (1996) por anudaren ámbolos dous libros historias intensas, breves, de estilo sobrio e de ponderada eficacia narrativa. Refírese ó predominio de espacios galegos en *Mércores de cinza* e ve unha indagación sobre a dor humana. Ademais apunta que a orde dos contos parece reflectir na súa sucesión o transcurso vital da infancia á madurez. Alude ó argumento dalgúns dos relatos e cre que non tódolos contos están á mesma altura aínda que considera que cando menos media ducia deles atinxen unha indubidable calidade literaria.

Referencias varias:

-Zoé Noia, “Sufrimento desapercibido”/“Miguel A. Murado perfila ‘a esencia do cotián’ no seu libro ‘Mércores de Cinza”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 18 marzo 1998, p. 47/p. 12.

Noticia sobre a presentación da obra na Galería Sargadelos de Santiago. Saliéntase a sinxeleza expresiva desta obra e recóllense as manifestacións en que Murado confesa preferi-los relatos ó labor de guionista. Relacionado con isto último, lémbrase a polémica que o enfrontou a Aristarain, o director da película *La ley de la frontera*. Cítanse os próximos proxectos literarios do lugués e dáse a coñece-la súa posición, abertamente oposta, á montaxe en castelán que prepara o CDG sobre textos de Valle-Inclán.

-R. X. Manuel Ocaña, “Mércores de Cinza”, *Redacción Xove*, nº 12, “Revista”, marzo 1998, p. 11.

Refírese á nova publicación de Miguel Anxo Murado e dá unhas notas sobre o seu contido o cal xira arredor dos sentimentos humanos. Di que é de novo a editorial Galaxia quen publica o libro e fai un breve percorrido bibliográfico da obra do escritor.

Novo, Isidro, Antón **Riveiro Coello** e Marilar **Aleixandr**e, *Airadas de palabras*, Relatos galardoados no IVº, Vº, VIº Certame Manuel Murguía de Narracións Breves, limiar Henrique Rabunhal, ilust. Urbano Lugrís Vadillo, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, abril 1998, 93 pp. (ISBN: 84-89896-20-8).

Trala publicación de *Relatos* (1995), vólvense a recoller nun volume as obras gañadoras do Premio de Relato Curto Manuel Murguía que convoca o Concello de Arteixo, nesta ocasión as galardoadas nos anos 1995, 1996 e 1997. Da man do coordinador do certame dende a súa primeira edición en 1991, Henrique Rabuñal, ofrécesenos un limiar sobre distintos aspectos da historia e do presente deste premio, así como unha descrición dos relatos compilados, que son os seguintes.

-Isidro Novo, “Cabalos do demo”, pp. 17-41.

Isidro Novo (Lugo, 1951) relata a historia de Xaquín de Nanás, conductor do relato, adentra ós seus oíntes nun mundo fantástico no que se desenvolven as historias de Xan de Bravos, un ser maligno a causa do feitizo da bruxa María do Castelo, personaxes que viven arredados da comunidade e nos que se mesturan a animalidade e a feiticería. O relato artéllase estructuralmente a través dunha voz narrativa

escéptica que serve de marco ós relatos orais de Xaquín no espacio da taberna e cunha terceira que aparece ó final e que dá conta do sucedido cando o resto dos personaxes saen da taberna.

-Antón Riveiro Coello, “O nome do espello”, pp. 46-68.

Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964), narra as loucuras de Lucas Loureiro, un home de “soños imposibles” e “sombra insurrecta” atrapado nas fantasías imposibles da tolemia. Este feito lévao a emprender frenéticas actividades entre as que se contan a de toureiro, arqueólogo, a aventura de voar, o alpinismo ou o ciclismo, todas eles compartidas coa súa sombra, á que bautiza co nome de sacuL.

-Marilar Aleixandre, “Desaforados muños”, pp. 73-93.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) sitúa o relato no Santiago universitario de hai anos e pono na voz de Xosé, un rapaz dunha aldea de Fisterra, vencellado dende neno ós muíños e estudiante de Medicina. O relato xorde no marco espacial da lareira da pensión da rúa das Hortas na que vive cando, para combatelo frío dunha noite, Xosé relata, mesturando realidade e invención, ante Clotilde e Mercedes, traballadoras da pensión, e os seus compañeiros o crime ocorrido no muíño de Vedra. A casualidade fai que sexa precisamente Xosé o encargado de face-la autopsia ó cadaver da muller asasinada e de coñece-la nai do asasino, Mercedes.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Relatos premiados no certame Manuel Murguía”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 61, 20 xuño 1998, p. 2.

Sobrancéase o xogo triple de narradores efectuado por Isidro Novo e a coherencia interna que acada o relato. Canto ó segundo relato, destácase a construcción multifacial e poliédrica do protagonista. Tamén se refire ó argumento do texto de Marilar Aleixandre.

-X. M. Eiré, “Airadas de palabras”, *A Nosa Terra*, nº 836,”Guieiro Cultural”, 25 xuño 1998, p. 27.

Explícase que o volume recolle os textos galardoados nas edicións cuarta, quinta e sexta do Certame Manuel Murguía de Relato Curto. Insírese o conto de Isidro Novo no campo do terror e lóuvase o equilibrio de narradores. Nembargantes dise atopar algúns erros que afectan á verosimilitude. Emprázase o texto de Riveiro Coello nun contexto fantástico. A sabencia narrativa e a historia de amor son escolmadas por Eiré como o máis importante do conto de Aleixandre. Deféndese a vitalidade deste xénero en Galicia e reflexiónase sobre o papel dos premios.

-F. Martínez Bouzas, “Máxicos relatos da vida que foxe”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 17, 9 xullo 1998, p. 6.

Valora a contribución que este volume supón para o xa vizoso panorama do relato galego. Relaciona “Cabalos do demo” coa narrativa de Fole, fíxase na importancia da tríada de narradores neste texto e

cita a presencia dos elementos onírico e erótico. De Marilar Aleixandre destaca o tráxico e belo do argumento xunto co uso da oralidade. Do relato de Antón Riveiro Coello sobrancea sobre todo o recurso á fantasía e pono en relación co realismo máxico de Gabriel García Márquez.

Olavide, Maruxa, *As veladas con Xoaquín*, ilust. Manuel Rajal, prólogo de Carlos Veira, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 141 pp. (ISBN: 84-7492-887-7).

Carlos Veira dá conta da forte relación de Maruxa Olavide Verdía (A Coruña, 1932) co norte da provincia de Lugo e valora a continuación que esta obra supón respecto a *Contos con Xoaquín* (1995). Así mesmo gaba a riqueza de expresión popular e establece un paralelismo entre a súa narrativa e a de Boccaccio ou Cervantes. A obra conta como unha familia vai veranear á aldea. Alí atópanse cun ancián coñecido deles que lles relatará un total de vinte historias. Estas, reducidas por veces a simples anécdotas, son de carácter popular e humorístico. Dende o punto de vista temporal teñen diferentes emprazamentos, sempre dende límites que o vello é quen de gardar na memoria. Canto ó espacio hai variedade mais predominan os ambientes galegos. No primeiro capítulo vese a presencia da narradora pero o resto é un monólogo do vello aldeán.

Pascual Carballo, Alberto, *En broma e en serio. Cascallos cotiáns e líricas breves*, limiar de Maribel Outeiriño, ilustracións de José Carlos Vázquez, Xosé Lois, Zapata, Nachortas, Gogue, Kiko da Silva, Forxán, Pepe Carreiro, Omar Pérez, Garrido e Bertho, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1998, 216 pp. (ISBN: 84-87575-3). ◆

Volume que se abre cun limiar no que Maribel Outeiriño apunta algunhas das temáticas presentes na obra e sinala que se trata dun libro “para facer sorrir e pensar”. Alberto Pascual Carballo (Ourense) explica nas “Anotacións” a estructuración da obra que se divide en dous apartados. Sobre o primeiro, titulado “Cascallos cotiáns”, indica que se recollen “as anotacións, mantidas en recortes de papel ou servilletas de café, de diferentes episodios da vida real acompañadas de ilustracións ó estilo de Castelao”. Acolle este primeiro apartado cento dezasete narracións que oscilan na súa extensión entre unha liña e unha páxina e na súa estructuración entre o relato curto e a sentencia ou o chiste, acompañados estes últimos de ilustracións. Todas elas están caracterizadas polo ton humorístico e pola retranca, localizadas algunhas en ambientes rurais e protagonizadas por caciques. Outras sitúanse en ambientes urbanos e recollen estampas graciosas da vida real ou critican o comportamento dos políticos. O segundo apartado, titulado

“Líricas breves”, confórmano vintesete textos de marcado ton lírico e caracterizados maioritariamente pola narratividade, malia a presencia de dous textos nos que se rexistra enumeración de ideas en forma de frase curta. Predominan as composicións determinadas pola actitude contemplativa dun eu lírico que, coa paisaxe como testemuña, reflexiona sobre o amor, o paso do tempo e a fugacidade da xuventude, o sentido da vida ou a beleza feminina.

Referencias varias:

-R. F., “Anacos de vida”, *La Región*, 22 maio 1998, p. 16.

Fai unha descrición das partes do libro. De seguido enumera os colaboradores gráficos que participaron e recolle algunhas palabras que o autor pronunciou no acto de presentación.

Pereira, Víctor Campio, *Baixo o sol de Magreb*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1998, 211 pp. (ISBN: 84-8757-68-4). ◆

Obra de Víctor Campio Pereira (Garabás-O Carballiño, Ourense, 1928) escrita nos anos 50 e que agora se publica corrixida e aumentada. Divídese en tres partes a través das cales se trata o tema do militarismo no "tabor" de Regulares de Sidi Lanka (África) nos anos da posguerra española. Os seus personaxes, a maioría galegos, revelan a inutilidade da submisión militar, da violencia e do colonialismo español en África. Na terceira parte aclárase a orixe desta historia con outra que vén sendo o libro dun dos personaxes. Este encarna a visión da literatura como espello da realidade en toda a súa crueza en confronto coa visión idealista e clásica, lectura que encarna o protagonista, Maceira, e que se ve relegada por un final de morte e desesperanza, como adiantaban "os déngaros turdíos da noite" da nota do autor.

Referencias varias:

-Alvarado, "Victor Campio prepara su primera novela", *La Región*, 29 xullo 1998, p. 15.

Despois de facer referencia á dedicatoria feita por Luís G. Tosar a Víctor Campio no seu último libro *Madeira do meu canto*, na cal lle manifesta todo o seu ánimo para que siga escribindo, faise un

percorrido pola súa obra poética, da que salienta obras dos anos cincuenta como *O ar que nos leva* ou *Calada morte*. Seguidamente, anuncia con alegría a próxima publicación da súa primeira novela, *Baixo o sol de Magreb*, baseada na experiencia que viviu no ano 1952, cando cumpría o servicio militar en Tetuán.

-Raquel Feijóo, “Unha novela realista ‘Baixo o sol do Magreb”, *La Región*, 4 decembro 1998, p. 14.

Fai referencia á presentación da obra e recolle a intervención do propio autor, quen resumiu o argumento así como os obxectivos que o levaron a escribi-la novela.

Pereiro, Paulino, *Dende unha mesa de café*, ilust. Fernando Díaz, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 102, marzo 1998, 118 pp. (ISBN: 84-89896-19-4).

Neste volume Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) reúne un conxunto de vintetrés relatos de extensión irregular escritos “dende unha mesa de café”. Os relatos, de feitura orixinal e por veces anovadora, reproducen reflexións de homes e mulleres acerca das relacións interpersoais —“A carta”, “O ollo e a cámara”—, ensaios narrativos nos que se xoga coa relación entre ficción e realidade —“Como construír un conto deductivo”, “Cuestión de tempo”— e fantasías de base musical e compositiva —“Historia apaixonada dunha corchea e dun pentagrama”, “Unha excelente interpretación”.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Tertúlia comigo”, *A Nosa Terra*, nº 830, “Guieiro Cultural”, 14 maio 1998, p. 29.

Reflexiónase sobre a importancia do café, tanto como infusión canto como lugar de reunión, na literatura. Catalógase a obra coma un labirinto e vese na muller o tema capital, de tal xeito que a consecución do

seu amor posúe poder redentor. Así mesmo sinálase a presencia da música e do lirismo e afírmase que a Paulino Pereiro lle queda moito por aprender.

-F. Salinas Portugal, “Un ollar sobre a literatura: na distáncia dunha mesa de café”, *A Nosa Terra*, nº 834, “Guieiro Cultural”, 11 xuño 1998, pp. 28-29.

Salienta primeiramente a orixinalidade e variedade desta obra. Sinala como aspectos máis salientables da obra o autobiografismo e a reconstrucción da realidade e a seguir pasa a analizalos pormenorizadamente. Canto á temática, resalta maiormente a soidade e mailo amor. Tamén descobre que a técnica do crebacabezas é a que artella a sucesión de relatos.

Referencias varias:

-Cristina Patiño Eirín, “O meu é a música. O da literatura é algo accidental”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 23, 28 abril 1998, p. 7.

Despois de cita-la producción literaria anterior de Pereiro e de anuncia-los seus novos proxectos narrativos e poéticos, informa de que o conto “Posesión” resultou vencedor do Concurso Breogán de relatos, convocado na vila biscaíña de Barakaldo, na súa edición de 1996. Alén diso, recóllense as manifestacións do autor encol da importancia dos cafés como lugar de creación literaria.

Pino Vicente, Daniel, *Arredor do lume*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, agosto 1998, col. Narrativa, nº 107, 135 pp. (ISBN: 84-89896-28-3).

Daniel Pino Vicente (Forcadela-Tomiño, Pontevedra, 1943) amósano-la historia de Leixo, un emigrante que tras longos anos de ausencia e procurando atopa-lo "segredo da súa vida", decide volver á Casa Vella para poder rememora-los relatos que se contaban ó redor do pote de face-lo augardente cando non era máis ca un neno. Así que capítulo tras capítulo, ese narrador-evocador vai dándolle vida ós sucesos vividos por Marcos da Salgueira, Serafín dos Aloques ou Xurxo do Bacelo, personaxes que actuaron ou se viron afectados polo amor, o medo, a fortuna ou a morte, elementos que sempre son vistos dende unha óptica tradicional e ancestral dos propios valores de Galicia.

Recensións:

-Camilo Franco, "Contos para recuperar o meigallo", *La Voz de Galicia, "Culturas*", nº 42, 8 setembro 1998, p. 7.

Explica como Daniel Pino quixo crear un ambiente de lareira para os seus contos, restando importancia ó narrador. Tamén recolle declaracións en que o autor anuncia a súa intención de contribuír con *Arredor do*

lume á defensa da caña como licor tradicional e do galego. Neste senso, cita as súas queixas respecto ó empobrecemento do léxico dos rapaces. A seguir, fai un pequeno percorrido pola traxectoria profesional e bibliográfica do escritor.

-F. Martínez Bouzas, “O mester das palabras intensas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 29, 1 outubro 1998, p. 6.

Salienta primeiramente a volta do autor por “territorios feiticeiros” e confesa que a novela de Daniel Pino *Vixía os sables ó chegar febreiro* (1995) non o compracera. Entende que con *Arredor do lume* o autor cambiou de rexistro e estratexias aínda que considera que as intencións seguen a se-las mesmas. Refírese ó contido dalgúns dos relatos e á súa liñaxe popular e afirma que Daniel Pino tenta “non deixar volatilizar estes tesouros do acervo mítico das nosas tribos” e cre que o fai con dignidade, axilidade e exercitando fertilmente a lingua. Alude tamén á reproducción das mañas e mestría da oralidade popular e sen ningunha clase de adoutrinamento.

Piñeiro Cochón, Xoán X., *Coa lei de costas*, VIIº Premio de Narración Curta Certame Carvalho Calero 1996, ilust. Raimundo Patiño, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 104, abril 1998, 73 pp. (ISBN: 84-89896 21-6).

Xoán X. Piñeiro Cochón (Salcedo-Pontevedra, 1958) reúne neste libro sete relatos: “Todo se herda”, “Algunhas das razóns polas que decidín retirarme da contimonia literaria”, “Victoriano”, “Isolina e os branquexadores”, “A carta”, “Os billetes de Nemesio” e “A estratexia”. En todos eles hai un elemento común: un personaxe que narra a historia e fica ás veces perplexo, asombrado ante o que ve e o que lle contan os outros personaxes. “Todo se herda”, “Victoriano”, “Isolina e os branquexadores”, “A carta” e “Os billetes de Nemesio” son recordos que garda un avogado de casos sorprendentes: un científico que se volve asasino, un pobre que gaña preitos facéndose atropelar nos pasos de peóns, unha caixeira que xoga a ser multimillonaria, un turbio asunto de familia que reaparece tras moitos anos ou un falsificador de billetes con vocación de artista. “Algunhas das razóns polas que decidín retirarme da contimonia literaria” é a historia dun escritor novato que vai descubrindo as miserias e as trampas dos premios literarios. “A estratexia” conta, por medio dun profesor de instituto, como é o plano deseñado polo poder para acabar co galego.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Coa lei de Costas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 12, 4 xuño 1998, p. 6.

Ve ben que se escriba sobre as realidades coas que se está en contacto e lembra as relacións de Piñeiro Cochón co mundo xudicial. Aproxímase levemente a algún dos extravagantes personaxes que protagonizan os contos. En xeral, valora a obra positivamente aínda que a cualifica de intrascendente. Remata atacando a aqueles autores que se presentan continuamente ós premios literarios.

-Xosé M. Eiré, “Malícia e non maldade”, *A Nosa Terra,* nº 849, “Guieiro Cultural”, 24 setembro 1998, pp. 27-28.

Alude ó feito de que Piñeiro Cochón sexa un autor pouco coñecido malia ser moi premiado. Considera que nesta obra pode haber algo do mundo real do autor malia que na lapela se desmarca do autobiografismo. Salienta a presencia nos relatos de xentes que non viven segundo as pautas marcadas, que acaban caendo na delincuencia, pero que acaban sendo víctimas. Refírse ó contido dalgúns dos relatos como “A carta”, “Todo se herda” (que considera o mellor), e a “Estratéxia”. Incide no predominio do mundo da malicia, da pillería, “da picaresca do século XX”. Ademais alude ó realismo como elemento unificador do libro e resalta a homoxeneidade estilística deste escritor que escribe “con simplicidade expresiva ó servizo dunha lectura sen atrancos”.

Rabuñal, Henrique, *A fariña das horas*, A Coruña: Espiral Maior, co patrocinio do Concello de Arteixo, col. Narrativa, nº 15, xuño 1998, 101 pp. (ISBN: 84-89814 52-X).

Este libro de Henrique Rabuñal (Pastoriza-A Coruña, 1962) contén quince relatos de fasquía e espacios variados. Así, “O dedo de Abelardo Souto” e “A morte de Frank Hengist” tratan o tema da vinganza, mentres que en “Catro pais, un pato e un can” e “Ao pé de Tritón” o protagonista é un neno. Algúns sitúanse en paisaxes e tempos afastados como “As Weissleiver”, que se desenvolve a finais dos anos 40 nun hotel do Pacífico; outros, sen embargo, teñen como marco ambientes galegos: “Lenita”, “O feiticeiro de porcos” ou “Bu”. Tódolos relatos tratan temas universais como a marxinación, a vellez, o amor ou a morte.

Rei Ballesteros, Anxo A., *A sombra dos teus soños*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 154, xullo 1998, 130 pp. (ISBN: 84-8288-213-9).

Anxo Rei Ballesteros (Codeso, Boqueixón, 1952) reúne neste libro seis relatos que comparten un final inesperado, a abondosa presencia de xogos narrativos e unha linguaxe coloquial. Os personaxes son seres atrapados nun sentimento de derrota e obsesión e en soños que non atopan a realización que se agardaba. Así, en “O ardor”, Ramón da Teixoeira vive sumido na lembranza dun vello encargo de carpintería. Ó se ver fracasado verte o seu odio nunha figura de ébano en forma de muller, Carmiña, á que el atribúe a súa frustración por vieiros imposibles e coa que remata morrendo envolto en lume. Ou en “Harley Davidson”, relato no que Manolo busca escapar da súa vida e cumpri-los seus soños de grandeza material sen ningún tipo de escrúpulo e que se ve vencido ó final polo remorso, o que o leva a recuar a tempo. A obsesión, como xa sucedía en “O ardor”, chega mesmo á loucura. Así se mostra en “A morte busca a Tigre” que desenvolve a historia dun lexionario enfermo que non é quen de asumi-lo seu retiro forzoso do servicio e acaba morrendo, no medio dun delirio alcohólico, a mans duns rapaces que o acoitelan. A sorpresa por acontecementos insólitos que teñen que ver coa chegada da morte marca o final de relatos como “A noite do anxo”, onde Avelino se debate entre crer na superstición ou se distanciar dela, ou “Cara bonita”, a través de Antonio e a misteriosa desaparición de Paula, incapaz de supera-la decepción que intúe no home que ama, mentres que en “Cede Cedeira” se leva ó extremo o desexo sexual reprimido que agacha engano e, de novo, obsesión. En definitiva,

seis relatos tinxidos de ironía e humor, por veces sarcástico, nos que se dá cabida a temas fondamente humanos e nos que o sexo ten unha presencia destacada.

Recensións :

-Armando Requeixo, “Soñando sombras”, *Tempos Novos*, nº 16, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1998, p. 63.

Ocúpase do comentario do último libro de Rei Ballesteros e destaca que reúne media ducia de relatos de moi diversa fasquía, a pesar de que coinciden na tipoloxía de protagonistas que presentan: individuos marxinais, emocionalmente desequilibrados ou faltos de afecto e autoestima. Apunta ademais, que todos eles posúen un ritmo narrativo coidado e ben axustado ó desenvolvemento argumental, e personaxes individualizados e definidos con acerto, aínda que, por veces, o móbil narrativo semella pouco crible ou o peso do elemento “azar” é excesivo. Por último, felicita ó autor pola súa obra e recomenda a súa lectura.

-F. Martínez Bouzas, “Volve Rei Ballesteros”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, 17 setembro 1998, p. 6.

Festéxase a volta de Rei Ballesteros e dáselle a categoría de “autor fundamental da literatura galega contemporánea”. Gábase a forma dos seus relatos e a riqueza léxica, gramatical e estilística do seu idioma. Cítase como elementos máis recorrentes a violencia, a morte, o amor e o sexo.

-Xosé M. Eiré, “Desengánate”, *A Nosa Terra*, nº 848, “Guieiro Cultural”, 17 setembro 1998, p. 23.

Chámalle a Rei Ballesteros autor maldito e opina que escribe á marxe de presións editoriais. Centra o seu artigo na procura dos tres elementos que coida primordiais na obra: a morte, o amor e a muller. Eloxia a sabencia narrativa amosada e defínea como persoal. Tamén observa a importancia das coordenadas espacio-temporais.

-Olivia Tudela, “Una admirable aportación al cuento gallego”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 11 outubro 1998, p. 16.

Indica primeiramente a lentitude na producción de Rei Ballesteros e pasa a comenta-la obra comezando polos variados temas que trata, as características do estilo e as técnicas narrativas empregadas. A continuación, analiza o espacio e o tempo dos relatos, seguindo cos personaxes, nos que destaca a forte presencia de elementos esperpénticos, así como o papel importante da muller, que actúa como motor da anécdota en moitos deles. Valora tamén a linguaxe utilizada chegando, finalmente, á conclusión de que “estamos ante un libro de gran calidad literaria”.

-Carlos L. Bernárdez, “Palabras fortes e intensas”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura. Narrativa”, novembro 1998, p. 22.

Refírese á temática da obra e salienta deste escritor a súa vontade “de experimentar coa técnica, co tempo, cos planos e perspectivas narrativas ou coa linguaxe” e o emprego do fotograma cinemático á hora de narrar dous dos contos, aspecto que exemplifica con algunhas frases do texto. Aprecia tamén as

ganas de conquista-lo lectorado “pola vía da ironía, da proximidade de situacións e do modo de abordalas, pola sorpresidade dos finais”; e observa que estes propósitos sitúanse por riba do aspecto literario e os relatos pasan a ser “efectistas” e “non efectivos”. Fala tamén do sometemento da linguaxe a “un escorzo literario” que fan que o lectorado sinta unha “inmediata empatía e unha complicidade”. Comenta que os obxectivos non están ben deseñados, a “substancia narrativa” non se manipula axeitadamente e “o escrito especula sobre si mesmo e despénase nunha enxurrada compacta de vida, pensamentos, momentos, lembranzas... que se suceden uns ós outros con pouca afectividade”. Remata coa afirmación de que é o libro dun escritor “que sabe o que se fai” mais non o que el esperaba.

Referencias varias:

Beatriz Pallas, “Unha ollada irónica á vida”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 43, 15 setembro 1998, 7.

Vese na escasa producción de Anxo Rei unha posición redimida das esixencias editoriais. Coméntase o carácter rupturista respecto á súa obra anterior e a importancia crecente da ironía. Recóllense as declaracións en que o autor, por un lado, relaciona sociedade tradicional con conto e sociedade urbana con novela e, por outro, critica a trivialidade reinante na literatura galega actual. Destácase, para acabar,
o uso do estilo indirecto libre.

-Pablos, “Anxo Ballesteros presenta en Vigo su primer libro de relatos”, *Faro de Vigo*, “Verano del 98”, 10 xullo 1998, p. IV.

Dá conta do acto de presentación desta primeira obra de relatos de Rei Ballesteros, ó que asistiron Carlos Casares e Frank Meyer, que analizou a obra e salientou que “ahonda en la Galicia rural y misteriosa y que sus personajes no son descritos sino que van retratándose ellos mismo a medida que van avanzando los relatos”. Recolle consideracións do autor sobre a “Galicia profunda” e sobre o que quixo reflectir nos seus relatos.

-Pablos, “Narraciones vividas”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 11 xullo 1998, p. 6.

Despois de festexa-la volta de Rei Ballesteros e de darlle a categoría de “autor fundamental da literatura galega contemporánea”, gaba a forma dos seus relatos e a riqueza léxica, gramatical e estilística do seu idioma. Entre os elementos máis recorrentes da obra, salienta a violencia, a morte, o amor e o sexo.

-María José Álvarez, “El opio del pueblo”, *El Mundo. Galicia*, “El pulso de Vigo”, 12 xullo 1998, p. 12.

Comenta unhas declaracións de Anxo Rei Ballesteros, realizadas durante a presentación do libro, nas que o escritor afirmou que a metade do que se adoita chamar “cultura” ten unha función estupefaciente. Amosa estar de acordo co escritor e sinala que moitos dos libros que se publican, como os adscribibles á literatura rosa, ou os dedicados a personaxes famosos, vacinan os homes contra a reflexión e a crítica. Así mesmo, advirte do carácter de mero “encuentro social” que teñen moitos dos actos cualificados como “culturais”.

Risco, Antón, *Tánata*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1998, 141 pp. (ISBN: 84-8302-208-7).

Antón Risco (Allariz, 1926-Vigo, 1998), nesta contribución póstuma, achéganos a un inquedante ambiente de misterio marcado pola enigmática aparición do cadáver dunha muller no maleteiro do coche dun escultor, quen obrigado pola neglixencia dun comisario a piques de xubilarse e sen ganas de complicacións, opta por facer uso dos seus coñecementos de taxidermia convertendo o cadáver nunha atraente escultura cun rostro e cun sorriso que provocará calma e tormenta, paixón e ciumes, amor e odio. O autor apoiándose na cotidianeidade dos personaxes e na intriga desenvolvida ó redor da súa escultura mantén a curiosidade do lector ó longo de toda a narración.

Recensións:

- X. Mª de Castro Erroteta, “A paixón pola morte”, *A Nosa Terra*, nº 832, “Guieiro Cultural”, 28 maio 1998, p. 28.

Tras un exordio en que se comenta a posibilidade de ter Risco escrito *Tánata* antes ou despois de coñece-lo seu próximo pasamento, dáse conta do argumento e advírteselle un carácter moi innovador. Achéganse consideracións sobre as relacións entre a vida e a morte e sobre a dimensión erótica desta

última. Gaba o apreixador do texto e lembra o recoñecemento que o autor recibiu antes de morrer. Anúnciase a futura saída doutras obras póstumas.

-Armando Requeixo, “Carta de Antón Risco desde o Ceo”, *Tempos Novos*, nº 13, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1998, p. 60.

Fai referencia á primeira novela póstuma de Antón Risco, que “resulta dunha curiosa mestura entre algo semellante ó triler policial e un agromo de ensaio existencialista”. Ofrece un resumo do seu argumento e certos comentarios sobre a súa técnica, a súa linguaxe e os seus personaxes, salientando que o que importa sobre todo nesta novela é a reflexión que suscita ó redor do problema da morte. Para rematar, alude ó significado existente en *Tánata* e recorda algúns dos textos narrativos que Antón Risco legou á literatura galega.

-Xosé M. Eiré, “Dende o alén”, *A Nosa Terra*, nº 841, “Guieiro Cultural”, 30 xullo 1998, p. 27.

Recensión conxunta de *Tánata*, de Antón Risco e *Cando eu caia*, de Ramón Sampedro. Eiré relaciónaos pola presencia da morte como obxecto de reflexión. Comenta a estructura e os temas máis recorrentes da obra do tetrapléxico mais non deixa de apunta-la baixa calidade xeral. Valora moito máis positivamente as diferentes contribucións literarias de Risco, sen embargo dubida que sexa unha obra rematada. Malia segui-la técnica do fragmentarismo na redacción, o articulista acha pasaxes que tal vez estean só bosquexadas. Ocúpase tamén do argumento, os símbolos e a ironía presentes na novela.

-F. Martínez Bouzas, “A morte que ri”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 21, 6 agosto 1998, p. 6.

Ábrese o artigo comentando tanto as circunstancias da morte de Antón Risco coma as da composición da novela, a cal, conforme se anuncia, non será a derradeira. O corpo da recensión xira arredor de dous eixos: o argumento e as reflexións encol do tempo e a morte. No referente ó primeiro, dáse unha valoración positiva aínda que sinalando algúns puntos febles. Respecto ó segundo, cóidase que a interpretación máis acaída é a que parte do existencialismo.

Rivas, Manuel, *O lapis do carpinteiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 145, maio 1998, 148 pp. (ISBN: 84-8302-261-3).

Nova entrega narrativa de Manuel Rivas (A Coruña, 1957). Trátase dunha novela dividida en vinte capítulos máis unha nota final do autor coa que pretende desbotar toda sospeita dos lectores sobre a realidade do novelado, e na que afirma que estamos ante “unha obra de ficción, en absoluto biográfica”, pese a que haxa nomes de personaxes que pertencen a destacados galeguistas eliminados dun xeito ou doutro no ano 36. O protagonista, Herbal é un galego do común que co alzamento fascista se apunta ó bando nacional, por inercia, máis que por convicción, derivada da atracción vital por Daniel Da Barca, médico republicano, e a súa amada Marisa Mallo, filla dunha familia reaccionaria, ós que ten que vixiar, primeiro nos prolegómenos do 36 e logo xa no cárcere. No primeiro capítulo aparece o reporteiro Carlos Sousa disposto a facer unha entrevista rutineira a Daniel Da Barca, que retornado do exilio apura os últimos días da súa vida na Galicia actual na compaña da súa muller Marisa Mallo. Cando o lector se dispón a le-la historia do médico republicano contada por el mesmo, xorde con forza, imponente, a palabra de Herbal que ó longo de dezaoito capítulos retrospectivos nos que, baixo o pretexto de contarlle o ocorrido á prostituta Maria da Visitação, relata polo miúdo a historia de Da Barca, a súa historia de amor con Marisa Mallo, e maila historia da dignidade dun home, que loitaba pola liberdade dos homes e mulleres coa pócima máxica da “realidade intelixente" que o doutor Nóvoa Santos ideara.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Libro con lapis”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes* e *Ciencias*”, nº 15, 25 xuño 1998, p. 6.

Pensa que esta non é aínda a grande obra que espera a literatura galega malia o amplo aparello publicitario que a rodea. Albisca no texto unha conxunción de lirismo e epopea e salienta que supón unha recuperación da memoria colectiva. Tamén sinala que a novela é un reflexo das mellores e peores cualidades da especie humana e gaba a lingua e o estilo, aínda que acha pouco adecuada a excesiva idealización do protagonista.

-Aníbal C. Malvar, “Manuel Rivas, o cura progre”, *El Mundo. Galicia*, 28 xuño 1998, p. 9.

Valora positivamente a obra e sobrancea o seu lirismo. Non obstante, acúsaa de maniquea: os republicanos desempeñan o papel de bos e os fascistas, o de malos. Tan grande considera o grao de idealización que establece un paralelismo entre os sucesos narrados e as Sagradas Escrituras. Por todo isto, négalle o carácter de novela histórica.

-Dolores Vilavedra, “O lapis narrador”, *Tempos Novos*, nº 14, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 1998, p. 58.

Centra o seu artigo en desvela-los fíos que tecen a última novela de Manolo Rivas, para logo indicar que o amor é, sen dúbida, unha das claves desta historia, “mais é un amor expansivo, mutante, dotado en

certa forma de poderes curativos e salvíficos". Comenta ademais, que esta peza está narrada de xeito sumamente plástico, e que isto é consecuencia da mediación do lapis, que proxecta sobre toda a historia o punto de vista do pintor asasinado por un dos protagonistas.

-Xosé M. Eiré, "Intelixente realidade", *A Nosa Terra*, Nº 837, "Guieiro Cultural", 2 xullo 1998, pp. 27-28

Tras un exordio en que se fala sobre as expectativas que suscita a aparición da primeira obra de Rivas despois do Premio Nacional de Literatura, pasa a comenta-las mudanzas na colección "Narrativa" de Xerais. Infórmase da importancia de Nóvoa Santos na xénese da novela e elóxiase a construcción de personaxes, o estilo sobrio e a integración do contado no pasado do país. Respecto ó argumento, dáse fe da dupla confrontación, política e sentimental, entre o doutor e un garda civil. En conxunto, sitúase *O lapis do carpinteiro* entre o mellor do autor.

-M. Blanco Rivas, "Unha historia de amor e de salvación", *Faro de Vigo, "El Sábado*", nº 62, 4 xullo 1998, p. 2.

Gábase o modo en que Rivas integrou a crueldade da guerra co lirismo omnipresente na obra. Sobrancéase a faceta humorística en relación coa morte e dáse conta da liña argumental. Tamén se informa da presencia de personaxes reais entre os secundarios.

Armando Requeixo, "A realidade intelixente de Rivas", *La Voz de Galicia*, *Culturas*, nº 33, 7 xullo 1998,
7.

Refírese ó lapis como o fío conductor da acción. Cita os personaxes reais que se corresponden con Da Barca e co pintor. Centra o artigo no pouso histórico da obra, nas figuras daquela altura que reciben homenaxe agora e na espiral de acontecementos socio-políticos que sucederon ó 36. Remata establecendo paralelismos entre os protagonistas e personaxes de Antero de Quental.

X. M. de Castro Erroteta, “Literatura sensorial”, *A Nosa Terra*, nº 839, “Guieiro Cultural”, 16 xullo 1998,
27.

Acha dificultades para a adscrición xenérica do texto e pono en relación con Irvine Welsh. Resalta principalmente dous aspectos: a musicalidade e a plasticidade. Gaba o xeito co que se conxuga un contido denso cun estilo sobrio e sinxelo. Coida que a figura do doutor Da Barca non eclipsa a galería de personaxes que o acompañan. Confirma que ha ser complicado que apareza unha novela mellor sobre os acontecementos que seguiron o Alzamento e, subscribindo a Torrente Ballester, agarda que Rivas compoña a grande obra da literatura galega.

-Manuel Darriba, “Manolo si, pero non así”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, nº 81, 1 agosto 1998, p. III.

Pensa que Rivas en prosa pariu dous tipos de obras: unhas de grande calidade e outras de nulo interese. Entre as segundas empraza a que está a analizar e *En salvaxe compaña* (1994) e entre as primeiras sitúa as compostas conforme os dictados do realismo suxo. A narración parécelle desordenada e relaciona o seu ton folletinesco con Antonio Gala. En conxunto, defínea como aburrida. Non oculta o seu temor a que esteamos perante unha simple manobra comercial. Declara que a Manuel Rivas hai que pedirlle máis porque ten a capacidade necesaria para crear cousas mellores.

Olivia Tudela, “Unha novela sobre hombres libres*”, El Ideal Gallego*, “La Galería”, 6 setembro 1998, 8.

Ademais de se salientar que foi o libro máis vendido da feira do libro herculina, coméntase a estructura circular e o tema. Atópase unha mestura de elementos reais e oníricos e lóuvanse as metáforas e imaxes. Ademais ponse en relación con lendas miñotas das que tamén bebeu Xosé L. Méndez Ferrín. Por outra parte, analiza a localización espacial.

-Alex Alonso Nogueira, “Entre a sinxeleza e a inxenuidade”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubronovembro-decembro 1998, pp. 797-800.

Recensión de *O lapis do carpinteiro*, de Rivas na que Alex Alonso analiza os problemas que suscita o esquema narrativo desta historia. Considera que existen dúas estructuras marco no desenvolvemento do relato: unha anecdótica e outra fundamental para a configuración do narrador. Entende a historia de amor como outro dos problemas importantes da novela e defínea como “un relato sinxelo que agacha (...) unha clave non resolta”.

-Xoán Carlos Lagares, “Premiados (ou non)”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, “Especial Libros de Texto”, “Crítica”, outubro 1998, pp. 5-6.

Ver Aleixandre, Marilar, *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, nestas páxinas.

-Xosé Hermida, “La literatura aún tiene una capacidad subversiva”, *El País*, “*Babelia*”, nº 360, 10 outubro 1998, pp. 4-5.

Comenta a publicación de *El lápiz del carpintero*, a versión castelá da novela de Manuel Rivas, e comeza por indica-la xénese da súa escritura e o seu argumento. Toda a recensión vai apoiada en extensos comentarios do propio Rivas, nos que reflexiona sobre a historia, a vida e a literatura, así como sobre o poder da memoria e da imaxinación, tendo sempre de fondo o argumento da novela. Inclúense algunhas características da narrativa de Rivas -“el tono lírico o la exaltación de los personajes más humildes”- e un breve resumo da súa traxectoria e dos anteriores proxectos do autor.

-Miguel García-Posada, “De Republicanos, Artistas y Amantes”, *El País*, “*Babelia*”, nº 360, 10 outubro 1998, p. 5.

“Una tensa fábula de amor y de impiedad” é a definición da novela de Manuel Rivas, en versión castelá, que aquí se recensiona. Céntrase no argumento da obra, nos seus personaxes e no papel que nela ten o lapis, presente xa no título. Destácanse a imaxinación, o humor e o ton poético, que non lle afecta negativamente á “necesaria funcionalidad narrativa”. Afírmase que Rivas é “uno de los más sabios y brillantes narradores españoles de su generación”.

-Antón Castro, “El llanto de un mago que sueña”, *ABC*, “*ABC Cultural*”, nº 361, 29 outubro 98, p. 11.

Logo de se referir ó relato “A lingua das bolboretas” como “uno de los cuentos más hermosos y terribles que hemos leído jamás”, céntrase en *El lápiz del carpintero*. Explica o argumento e considera que o autor

ten algo de mago “como Cunqueiro y Berger, Tabucchi y Camus”. Refírese a continuación á presencia de dúas voces narrativas: a de Herbal e outra omnisciente que considera un dos grandes acertos do texto. Salienta a presencia de elementos e espacios “muy gallegos” e refírese a Compostela, á Torre de Hércules e á illa de San Simón. Resalta ademais a forza e coherencia desta novela e ve como “única caída” o episodio de Benito Mallo. Conclúe afirmando que a capacidade fabuladora de Rivas lle trae á memoria a Álvaro Cunqueiro e o Rafael Dieste de *Historias e invenciones de Félix Muriel*.

-Antonio Lozano, “Paseo por el amor y la muerte”, *Que leer día a día*, nº 27, novembro 1998, p. 18.

Tras facer un percorrido laudatorio polas obras do escritor Manuel Rivas, céntrase na súa última entrega narrativa, *O lapis do carpinteiro*. Desta ofrece igualmente unha crítica positiva, salvo cando fala dos personaxes, que considera isuficientemente trazados, ou cando di que o fío narrativo “xoga en ocasións ó despiste”. Ademais, nun lateral da recensión aparece unhas notas breves do argumento desta obra.

-Vicente Araguas, “Fábula Moderna”, *Revista de Libros*, nº 24, decembro 1998, p. 45.

Tras aludir ás anteriores experiencias novelísticas de Manuel Rivas, o recensionista refírese a *El lápiz del carpintero*, en traducción de Dolores Vilavedra, como se se tratase “de un fruto casi perfecto”. Atopa nesta historia un relato que conxuga dun xeito moi acertado a maxia e a realidade ambiental. Define a novela como un rompecabezas agridoce para concluír que se trata dunha traducción acertada.

-Carlos L. Bernárdez, “Liñas paralelas, vidas espelladas”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura. Narrativa”, decembro 1998, p. 22

Destaca a boa acollida da novela no mercado salientando que é unha das obras máis vendidas en Galicia. Explica as dúas acepcións do termo best-seller e a súa posible adxudicación a este libro. Refírese entre outros aspectos á "precisión na ensamblaxe dos feitos", á "decoración dos personaxes", ó estilo directo e ó uso de léxico usual e familiar. A continuación relata o argumento da historia, sitúaa temporalmente e di que é un exemplo de realismo-fantástico máxico máis interesante como "summa sentimental" que como novela amorosa. Desta lectura deduce, por último, que o autor é "un escritor co don de crear mundos máxicos e envolventes, pero tamén capaz de grandes doses de seducción e comunicabilidade co lector".

-Enrique Turpín, "Memoria del dolor", *Quimera*, nº175, decembro 1998, p. 67-69.

Primeiramente faise unha breve introducción da vixencia das novelas históricas para concluír que a obra *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas non se debe incluír entre estas porque aínda que toma feitos reais non deixa de ser unha ficción. A seguir exténdese na explicación desta obra como unha homenaxe ó sufrimento e á dor que padeceron tantas persoas co alzamento fascista do trinta e seis, ó tempo que louva como Rivas o soubo transformar nunha bonita novela de amor e solidariedade. Remata sinalando a impresión que deixa nos lectores esta obra do escritor coruñés, por ser un "grande alegato de humanidade".

-Santos Sanz Villanueva, "El amor en tiempos de barbarie", *El Mundo*, "*Esfera*", nº 10, 12 decembro 1998, p. 11.

Comenta que arrastrado polo relato “A lingua das bolboretas” e o volume *¿Que me queres, amor?*, segue con atención a traxectoria de Manuel Rivas e atopa na súa novelística certo desaxuste entre a fabulación e a intensidade de ton poemático, características tamén de *O lapis do carpinteiro*. Sinala dúas grandes virtudes para esta novela: o seu valor testemuñal e histórico, de carácter crítico e reconvertido literariamente, e o canto á esperanza, aposta propia do autor canalizada a través duns personaxes verdadeiros e ben deseñados. Pola contra, observa que o narrador e os personaxes presentan o mesmo estilo narrativo cando cabería diferencialos e considera que hai un excesivo lirismo e que necesita unha maior concisión para non caer no anecdótico. Para finalizar, cre que os desaxustes formais impiden un acerto completo e considera que se trata dun escritor metafórico e emocional que acada un resultado conmovedor.

Referencias varias:

-X. Ameixeiras, “Manuel Rivas está a punto de terminar su nueva novela ‘O lápiz do carpinteiro”, *La Voz de Galicia*, “Especial Las Voces del Año”, 3 abril 1998, p. 8.

Informa da publicación da novela *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, que escribiu durante o seu traballo nun libro de relatos titulado *Ela, maldita alma*. A continuación, sitúase a novela nos últimos momentos da República, a preguerra civil, a guerra e a posguerra. Para rematar, infórmase brevemente do argumento da obra na que, segundo o seu autor, “por unha vez sae vencedor o amor”.

-Isabel Bugallal, “Gutiérrez Aragón llevará al cine la última novela de Manuel Rivas”, *Diario 16*, 17 maio 1998, p. 8.

Infórmase da próxima publicación da última obra de Rivas nas versións galega e española. Declárase ademais que o director Gutiérrez Aragón xa dispón do manuscrito inédito para prepara-lo guión. Lémbrase parte da cinematografía anterior deste director e dáse conta da anécdota que o fixo pensar neste texto para o cine: unha accidentada viaxe a Romanía organizada por Fraga.

-Francisco J. Gil, “O primeiro “best-seller” galego”, *Faro de Vigo*, “Farodomingo”, 14 xuño 1998, pp. 4-5.

Constátase que xamais o lanzamento dunha obra galega tivo detrás semellante aparato de mercadotecnia, o cal fixo que se esgotase a primeira edición, bastante maior do que é habitual, antes da súa chegada á rúa. Apúntase como causa deste fenómeno o recoñecemento que Rivas acadou tanto entre o público galego coma entre o español, de tal xeito que algúns xa o nomearon herdeiro de Cunqueiro e Torrente. Infórmase de que Manuel Gutiérrez Aragón está xa a rodar unha longametraxe baseada na novela. Tamén se dá conta dos temperáns comezos de Rivas nos que compaxinou poesía e xornalismo, citando expresamente o seu traballo en *A Nosa Terra* e *Diario de Galicia*, para evolucionar despois cara a un predominio da actividade narrativa.

-Concha Pino, “A tenrura actúa como esconxuro”, *La Voz de Galicia*, 16 xuño 1998, p. 33.

Entrevista co escritor e xornalista Manuel Rivas, con motivo da presentación do libro *O lapis de carpinteiro*, en Santiago de Compostela. Ó inicio da mesma, o entrevistador, usando as palabras do autor, explica a función da presencia da tenrura e do amor na obra e salienta o papel e a función do lapis neste libro. A seguir, Rivas fai certos comentarios sobre o concepto de literatura, o argumento e a época na que se sitúa a historia da citada novela, ademais de explica-la razón e o fin polo que escribe. Indica de

ónde nace a tenrura dos seus relatos, se pesa máis o seu labor como xornalista ou como narrador cando fai unha historia, para logo rematar dicindo que a televisión é unha fonte de inspiración.

-A. C. M., “O lapis do carpinteiro’, de Manuel Rivas, recupera a memoria da Guerra Civil”, *El Mundo. Galicia*, 17 xuño 1998, p. 9.

Refírese ó acto de presentación da novela a cargo da Editorial Xerais. Comenta a intención “desveladora con respecto ó pasado do país” que levou ó autor a escribi-la novela e discrepa da intervención de Dolores Vilavedra, que afirmou que o pobo galego non ten heroes. Incide na lembranza que Rivas fai deses heroes e recolle as afirmacións do autor, quen defendeu o compromiso do creador “coa historia e
o entorno na procura da verdade lírica dos pobos”. Finalmente salienta o éxito de vendas da obra.

-AGN, “Rivas habla del amor en la guerra en su libro “O lápis do carpinteiro”, *Atlántico Diario*, 17 xuño 1998, p. 57.

Menciónase a importancia do lapis como fío conductor da narración. O resto da información é para comenta-lo acto de presentación. Dáse conta das intervencións de Manuel Rivas, que resaltou a cantidade de homenaxes que contén a obra, e do director de Xerais, o cal falou de cuestións editoriais. Cítase a actuación musical de Xurxo Souto.

-Francisco J. Gil, “Rivas recupera a los “heroes do pobo” con su novela “O lapis do carpinteiro”, *Faro de Vigo*, 17 xuño 1998, p. 48.

Comenta o papel do lapis na novela. Recolle a definición do libro como historia de amor, dada polo propio Rivas, e cita o seu valor para a recuperación dos heroes do pobo, aspecto en que tamén incidiu a crítica Dolores Vilavedra. Entre estas figuras sinálase a dous fusilados polos franquistas: Camilo Díaz Baliño e Ánxel Casal. En columna lateral, o articulista informa de que Manuel Bragado deu a coñecer, no acto de presentación, a segunda reestructuración da colección "Narrativa", as próximas novidades, o éxito desta obra e a nova actitude comercial de Xerais.

-Concha Pino, "Manuel Rivas libera ó ben na historia de amor que conta "O lapis do carpinteiro", *La Voz de Galicia*, 17 xuño 1998, p. 34.

Infórmase da participación na presentación da obra de Xurxo Souto, tocando o acordeón; do médico Ánxel Vázquez de la Cruz; e de Manuel Bragado, quen festexou o éxito editorial. Tamén se recollen as palabras en que Manuel Rivas nega o carácter biográfico do seu texto e as declaracións de Dolores Vilavedra agradecéndolle ó autor a actualización que fai da nosa historia. Por último lémbrase o máis destacado da producción literaria do coruñés.

-José Luis Losa, "Paco Comesaña, la novela de un hombre imprescindible", *El Correo Gallego*, "Secretos y mentiras", 20 xuño 1998, p. 9.

O articulista, sobriño da parella en que se basean os personaxes de Daniel da Barca e Marisa Mallo, comenta diversos aspectos da vida de Paco Comesaña e Chonchiña Concheiro. Constata a veracidade xeral do narrado, excepto no tocante ó carácter reaccionario da familia da moza. A causa destas desviacións da realidade, négalle ó texto o adxectivo de histórico.

-Luis Pousa, “O lapis do carpinteiro”, *El Ideal Gallego*, 28 xuño 1998, p. 48.

Comenta a lectura que está a facer desta novela de Manuel Rivas e salienta a súa forza á hora de escribila pois di que se hai textos “asépticos e rutinarios” hai outros como o de Rivas que “se consuman palabra a palabra”. Refírese tamén ó compoñente utópico que subxace no libro, escrito “cun vello lapis de carpinteiro a modo de variña máxica”.

-A. C., “Muchas han sido las actividades paralelas que han tenido lugar en la Feira do Libro”, *Atlántico Diario*, 9 xullo 1998, p. 11.

Dá conta das distintas actividades que tiveron lugar nos días que durou a Feira do Libro de Vigo, salientado os diferentes autores e autoras que asistiron para presenta-las súas obras e asinar exemplares. Así mesmo, fai referencia ós libros máis vendidos, entre os que se encontra, a última obra de Manuel Rivas, O *lapis do carpinteiro*. Finalmente, lembra a atención dos organizadores á hora de programar actividades para os máis cativos.

-Marita Vázquez de la Cruz, “Manolo Rivas e o seu lapis”, *Atlántico Diario*, 10 xullo 1998, p. 35.

Con motivo dunha feira do libro en que Rivas asinou as súas obras, Marita Vázquez lembra a presentación da novela na Coruña. Comenta as intervencións de Manuel Bragado, Quico Cadaval, Manuel Rivas, Xurxo Souto, César Morán e o clímax sentimental coa subida ó estrado de Chonchiña Concheiro/Marisa Mallo.

-Morón, “La palabra éxito es mejor vomitarla”, *Faro de Vigo*, “Verano del 98”, 10 xullo 1998, p. IV.

Co gallo da presencia de Manolo Rivas na Feira do Libro de Vigo para firmar exemplares da súa última novela, *O lapis do carpinteiro*, comenta este autor que cando terminou esta obra tiña a sensación de que ía ser ben recibida. Sinala que non lle gusta falar de éxito, aínda que si recoñece que é agradable que se coñeza o traballo feito, comentando, a seguir, que non vive como unha “esquizofrenia” a relación do periodista que escribe ou do escritor que fai periodismo. Comenta que un escritor tamén busca as súas noticias para construír un relato e que non busca un público estupendo, ademais de indicar que a literatura é para el unha especie de “exorcismo” que lle permite expulsar tódolos males que leva dentro. Apunta, por último, que lle parecen “repugnantes” as declaracións de Cela con respecto á homenaxe de Lorca e que Vigo é a ría máis fermosa do mundo.

-P. R. M., “La literatura ayuda a mirar”, *Atlántico Diario*, 10 xullo 1998, p. 38.

Conversa con Manuel Rivas con motivo da presentación en Vigo de *O lapis do carpinteiro*. Nela lembra o que para Castelao debía ser Galicia e o que en realidade é, segundo a súa opinión, para logo explica-la razón pola que os escritores actuais escriben máis relatos curtos ca novela. Destaca a existencia dun “prexuicio ó medi-la calidade das obras pola súa extensión” e fala da posibilidade que tería Galicia de ser unha factoría futurista se cambiasen as actitudes das “élites”. Comenta o significado que teñen os libros na súa vida e o que procura lograr cando escribe libros, ademais de citar dous dos proxectos que realizará este ano, como é comezar un novo libro de relatos e presta-la súa colaboración nun guión cinematográfico da súa última novela.

-C. F., “Manuel Rivas sigue la tradición de obras gallegas sobre la Guerra Civil”, *La Voz de Galicia*, 11 xullo 1998, p. 31.

Sublíñase que coa publicación de *O lapis do carpinteiro*, Manuel Rivas volve a poñer de actualidade o tema da Guerra Civil española nos narradores galegos. Cítanse, así, toda unha serie de títulos nos que se trata o tema da contenda bélica e sinálase que, na maior parte dos casos, están escritas sobre temas e personaxes do bando republicano e a represión en Galicia.

-Alfonso Álvarez Cáccamo, “O lapis de Rivas”, *Faro de Vigo*, 15 xullo 1998, p. 38.

Sitúa esta obra, xunto con *Un xogo de apócrifos* (1997), de Xosé Carlos Caneiro, entre o mellor que deu a literatura galega nos últimos tempos. Empraza a obra no contexto da guerra civil e cualifica o texto de pracenteiro ademais de fermoso.

-Xavier Manteiga, “Gala, Manuel Rivas y Reverte se disputan los lectores veraniegos” *La Voz de Galicia*, 15 xullo 1998, p. 32.

Fálase do protagonismo dos libros na época estival e sinálase o éxito de *O lapis do carpinteiro*, de Manolo Rivas, por estar entre as obras máis lidas este verán.

-D. P., “La Feria del Libro cerró sus puertas superando las cifras del año pasado”, *Diario de Pontevedra*, 24 agosto 1998, p. 3.

Infórmase do balance positivo co que rematou a Feira do Libro de Pontevedra e noméanse algúns dos títulos máis vendidos, entre os que se atopan *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas; *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro ou os libros da Editorial Kalandraka. Alúdese tamén a algunhas das actividades desenvolvidas de xeito paralelo e á presencia de escritores como Concha Blanco, Carlos Quintiá, Xesús Alonso Montero ou Bernardino Graña.

-Raquel Feijoo, “Manuel Rivas encabeza las ventas de libros en gallego con “O lapis do carpinteiro”, *La Región*, 24 agosto 1998, p. 7.

Informa das vendas obtidas por *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, tanto dentro coma fóra de Galicia. Ofrece, a seguir, o título dos libros máis vendidos en castelán, ademais de recolle-la opinión de certos libreiros ourensáns sobre o perfil do comprador. Con respecto ó comprador de literatura galega, indican estes que os turistas chegan “interesándose, sobre todo, pola literatura galega en xeral” e que os galegos, residentes no estranxeiro, levan “moito libro en galego para non esquencer a súa lingua”. Achega tamén as últimas estadísticas referentes a certos aspectos relacionados coa posesión e compra de libros.

Marcos Valcárcel, “Memoria e alento ético”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 11 setembro 1998, 4.

Céntrase na figura do intelectual Roberto Nóvoa Santos e comenta que a novela, vencellada á nosa memoria colectiva, salva “o alento ético” que marcou toda unha xeración que merece ser recuperada, como é a de Roberto Blanco Torres, Jacinto Santiago, Alexandre Bóveda e Xohán Carballeira.

-M. P., “O escritor Manuel Rivas asinou exemplares do seu novo libro en Sanxenxo”, *O Salnés,* 14 setembro 1998, p. 8.

Infórmase da presencia de Manuel Rivas nunha librería de Sanxenxo, onde asinou exemplares da súa última obra. Recóllense as impresións do propietario do establecemento e cítase a presencia de Germán Sánchez Ruipérez, fundador de Xerais; Francisco Gando, catedrático de lingua galega; e Jorge Eduardo da Cunha, notario.

-Manuel Rivas,“Historia íntima de una novela de amor y guerra”, *El País*, “*El País Semanal*”, nº 1148, 27 setembro 1998, pp. 52-59.

Manuel Rivas lembra o día en que entrevistou o xa defunto Paco Comesaña, base do protagonista da súa última novela, e a decisión de emprende-la redacción do libro. Conta como fixo do lapis o fío conductor do relato. Comenta a significación histórica do Campo da Rata, o que lle vale para declara-la necesidade de coñece-lo pasado, en concreto, os sucesos da guerra civil. Remata recordando a figura do doutor Roberto Nóvoa Santos e o seu concepto de realidade intelixente.

X. H., “Ser periférico te sitúa más en el centro del mundo”, *El País*, “*Babelia*”, nº 360, 10 outubro 1998,
5.
Afirma que o éxito de Manuel Rivas demostra que as “literaturas españolas escritas en linguas minoritarias” están a ser plenamente divulgadas, aínda que Rivas é máis escéptico neste sentido. Fala este do valor da periferia e dos obstáculos da literatura galega, a vasca e a catalana, que teñen como

orixe o “problema político de la concepción de España”. Incide tamén na importancia da pluralidade, o respecto á toponimia e a identidade, incluíndo unha anécdota relacionada co mundo da emigración.

-Tucho Calvo, “O fenómeno Rivas”, *La Voz de Galicia*, 14 outubro 1998, p. 17.

Fala da proxección de Rivas “fóra do país” e do feito de que non renunciase ó emprego do galego na súa obra, así como da necesidade de apoio promocional para conseguir “ese auténtico milagre”. Alude tamén ó encanto deste autor e á súa capacidade para comunicar, incluíndo ademais unha anécdota acontecida durante a presentación ós xornalistas de *O lapis do carpinteiro*.

-Isabel Laguna, “Manuel Rivas conjura en “El lápiz del carpintero” el sufrimiento de la posguerra”, *La Región*, 14 outubro 1998, p. 57.

Comentario sobre a aparición de *El lápiz del carpintero*, versión en castelán da obra de Manuel Rivas e na que, incluíndo palabras do propio autor, se fala das palabras, da historia narrada, dos elementos fundamentais da obra e dos motivos que o levaron a escribila en galego. Así mesmo, infórmase de que vai ser levada ó cine da man do director Manuel Gutiérrez Aragón.

-Manuel Llorente, “Uso harapos, retales...porque la vida es mi materia prima”, *El Mundo*, 14 outubro 1998, p. 61.

Comeza falando da guerra civil e da IIª república, e inclúe palabras de Manuel Rivas nas que opina disto. Ademais, coméntase o argumento de *El lápiz del carpintero* e explícase a relación que Rivas ten coa súa

lingua e os procedementos que emprega para a súa narrativa. Finalmente, inclúense uns comentarios sobre a importancia da fantasía e da tradición oral en Rivas.

-M. Vázquez de la Cruz, “Doutor da barca”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 30 outubro 1998, p. 2.

A raíz da publicación de *O lapis do carpinteiro*, preséntase unha semblanza de Francisco Comesaña, doutor en quen está inspirado o personaxe do Doutor da Barca na novela de Rivas. En ton eloxioso diríxelle unhas palabras nas que se inclúen anécdotas da súa vida, así como valoracións da obra, á que considera “un libro precioso”, e do seu autor, que “merece unha matrícula de honra”.

-Arturo Pérez Reverte, “Otoño de amigos e libros”, *El Semanal*, nº 575, 1 novembro 1998, p. 8.

Logo de comenta-la lectura de varias novelas que lle enviaron os seus amigos, céntrase en *El lápiz del carpintero*, de Manuel Rivas, que define como “una novela corta, bellísima, llena de humanidad y de ternura”. Comenta o seu argumento, afirma que se trata dunha “historia de amor que fue real” e remata indicando que as súas páxinas “nos hacen más dignos y más humanos”.

> Francisco Castro, “O lápis do éxito de Xerais”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 15 decembro 1998, 10.

Destaca a facturación de 700 millóns de pesetas por parte de Xerais no presente exercicio como mostra do bo momento e da maduración da literatura galega, atribuíndolle boa parte da “culpa” deste feito ás

magnificas vendas de *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, que acadou cifras “descoñecidas” para a literatura galega.

-Isabel Laguna, “As palabras son analxésicas”, *O Correo Galego*, 17 decembro 1998, p. 42.

Con palabras do seu propio autor faise referencia ó significado de *O lapis do carpinteiro*. Rivas alude ás palabras como “analxésico contra o silencio” e como reducto de humanidade cando todo se derruba”. Refírese ademais ó personaxe de Da Barca, inspirado no médico republicano Paco Comesaña e sinálase o “papel conductor do lapis e protector de almas, de memorias”.

Riveiro, Breogán, *O vendedor de mazás*, Iº Premio de Narrativa Fantástica Cidade da Coruña, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 14, xuño 1998, 62 pp. (ISBN: 84-89814-51-1).

Primeira obra narrativa de Breogán Riveiro (Montevideo-Uruguai, 1967). Comeza cando o protagonista, profesor de filosofía, e o seu amigo Paulino, investigador de programas de informática na Universidade, case atropelan a un home. Ó día seguinte, ese home encárgalle a Paulino unha investigación informática que ten poucas posibilidades de éxito: acada-lo mellor método de compresión de información a través de funcións matemáticas. A partir de aí, as reticencias do protagonista, os seus soños agoreiros e o comportamento de Paulino, fannos dubidar das boas intencións do "tipo interesante" que encargou o traballo. O éxito final da investigación vén demostra-lo acertado da desconfianza do protagonista. O libro é unha narración fantástica na que se mesturan a tensión e o suspense.

Recensións:

Xosé M. Eiré, "Empezando o camiño", *A Nosa Terra*, nº 856, "Guieiro Cultural", 12 novembro 1998, 23.

Recensión conxunta do relato infantil *O asasino invisible* (1998), de Xosé Durán e *O vendedor de mazás*, de Breogán Riveiro. Refírese a ámbolos dous como escritores que comezan e que o fan con discursos "de xénero". Polo que respecta a *O vendedor de mazás* considera que o seu autor precisa de consolidación dado o recurso á fragmentariedade e o abuso das prolepses. Aínda así considera que Breogán Riveiro sabe estructurar ben a acción, o que fai que a lectura gañe en atractivo e en ritmo. Prosegue aludindo á boa configuración dos personaxes e di que o autor amosa boas maneiras e fai ter esperanzas de discursos máis logrados. De *O asasino invisible* comenta que malia a variedade temática percíbense certas teimas como a da intelixencia artificial que vinculan os relatos entre si. Ademais refírese ó predominio da descrición sobre a narración, o que provoca o apego ós clixés descritivos e apaga o ritmo no desenvolvemento da acción. Así mesmo, considera que o autor é excesivamente dependente de estereotipos e referentes históricos máis propios da literatura castelá que da galega.

Referencias varias:

A. R., "Os límites do infinito", *Tempos Novos*, nº 16, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", setembro 1998, 63.

Informa da publicación do libro de Breogán Riveiro, *O vendedor de mazás,* co que obtivo o primeiro Premio de Narrativa Fantástica da Coruña. Refírese ademais ó xenero, temática, argumento e tipo de narración desta novela.

Toro, Suso de, *Círculo (Da materia dos soños)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 146, novembro 1998, 239 pp. (ISBN: 84-8302-317-2).

Nova entrega narrativa de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) que se insire na mesma liña temática das anteriores. Trátase dunha obra continua e fechada na que cada un dos relatos se enfía no seguinte e que se estructura en catro partes que revelan cada un dos elementos da vida que completan o círculo, a existencia: "Lume", "Aire", "Auga" e "Terra". O autor segue a trata-la vida a través da vixilia e do soño, como anticipa o subtítulo shakesperiano, e dos temas do transcorrer do tempo do home actual e a aceptación e presencia da morte fuxindo da visión de abatemento e desesperación. Como un elemento unificador máis aparece Nano, o personaxe de *Tic Tac*, comezando cada unha das partes e rematando a obra, para matinar dende a súa tola lucidez sobre as cuestións máis descarnadas da vida.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, "Cando escribo non penso no público, senón no lector individual", *Faro de Vigo*, 7 decembro 1998, p. 14.

Suso de Toro explica o concepto de “novela moderna”, co que define a súa última obra *Círculo*, e aclara as semellanzas que ten este libro con *Tic Tac* (1993). Sinala o que lle gustaría que sucedese cando o lectorado lea a novela e explica as diferencias que hai entre a escrita xornalística e a literaria, ademais de negar que a primeira delas lle axude no seu traballo literario. Xustifica o feito de non se considerar membro de ningunha xeración de escritores e afirma que cando escribe pensa “nun lector individual” e non nun colectivo, e que o “público, como tal, non existe, e por suposto, non exerce influencia” sobre o seu traballo. O entrevistador, ademais de da-la súa opinión sobre este autor, relata a anécdota que viviu con el o ano pasado en Madrid.

Trigo, Xosé Manuel G., *Extintos básicos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1998, 92 pp. (ISBN: 84-8302-207-9).

Trátase da primeira entrega narrativa de Xosé Manuel Trigo (Meira, Moaña, 1948) constituída por un conxunto de vinteseis relatos moi breves, todos eles reunidos baixo o nexo común do mundo da botánica, onde cada título leva o nome de determinadas plantas e árbores. É unha obra de botánica sentimental onde cada especie vexetal, flor ou aroma evoca un tempo pasado: os primeiros amores, vellas reunións familiares, a lembranza dun ser querido non presente, a vendima, etc., con abundancia de referencias ó tempo da infancia.

Recensións:

-M. O., "Fotosíntese e días", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 263-266.

Refírese a *Extintos básicos* como "libro elegante, tenro e humorístico, sobranceiramente sentimental e analítico". Detense a analizar algúns dos vinteseis textos do libro e xulga que o ambiente, e non outra cousa, é o personaxe principal. Ó seu xuízo, non hai saudosismo nesta obra e nas vinteseis partes citadas modúlase "a relación representativa que artella o sublime e maila natureza". Non faltan, ademais,

ambigüidade na linguaxe para favorece-lo xogo da interpretación e humor e simplicidade no tratamento dos textos para equilibra-la balanza. Conclúe dicindo que "*Extintos básicos* é un libro raiolante e alto, pero non parnasiano nin olímpico; é un libro cheo de elegancia natural".

-F. Martínez Bouzas, "Feiticeiros da lúa de agosto", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 11, 4 xuño 1998, p. 6.

Comenta que o libro aproveita a similitude co título da película *Instinto básico* e destaca a súa "sinxela arquitectura" e a brevidade dos relatos. Incide a seguir na presencia das cores, dos olores e das flores, así como no contido poético, explicando que se trata de relatos que se centran nas emocións internas dos protagonistas, dominados por sentimentos como a melancolía e por "unha atmosfera de sentimentalidade becqueriana". Conclúe que é "literatura lixeira, neutra, un aceptable e inocuo ben de consumo alicerzado nunha escrita formalmente perfecta".

-Xosé M. Eyré, "Rosas no outono", *A Nosa Terra*, nº 853, "Guieiro Cultural", 22 outubro 1998, p. 21.

Agradece a aparición eventual de voces que fan descubrir cousas nas que nunca se reparara anteriormente: "iso tan grande que se agacha no máis humilde". Continúa coa análise do libro, do que afirma que está caracterizado pola súa sensibilidade e "unha técnica narrativa sen chata". Sobre o autor, que tamén é colaborador na prensa, manifesta que se trata dun "narrador novo pero con oficio, eficaz" e que presenta "uns relatos ben traballados e sen fisuras".

Referencias varias:

-A. I. S., “Los ‘Instintos básicos’ de Xosé Manuel Trigo seducen a los lectores”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 5 maio 1998, p. 9.

Dáse conta da presentación da obra no instituto Rosalía de Castro aproveitando a celebración da Feira do Libro. Recóllense as declaracións de Manuel Bragado sobre as feiras e os eloxios de Freixanes ó texto de Trigo.

-J. P., “O literato Manuel García Trigo presenta en Moaña a súa obra ‘Extintos Básicos”, *Diario de Pontevedra*, 15 outubro 1998, p. 20.

Comeza aludindo ó argumento do libro e anuncia a súa presentación no Centro Sociocultural Daniel Castelao, de Quintela.

-J. P., “O escritor moañés García Trigo presenta o libro ‘Extintos básicos”, *A Comarca do Morrazo*, nº 53, 16 outubro 1998, p. 8.

Anuncio da presentación da obra en Moaña, acto que contará coa presencia do autor, de Manuel Bragado, de Víctor Freixanes, do alcalde Xabier Abalo e do concelleiro Cándido Pena. Exponse o tema do volume e remátase convidando a todos ó evento.

-J. P., “O Centro Daniel Castelao acolleu a presentación do libro de Manuel G. Torres”, *Diario de Pontevedra*, 18 outubro 1998, p. 19.

Inclúe comentarios dos participantes no acto sobre a obra presentada, que “evoca as sensacións vividas na infancia” do seu autor. Víctor Freixanes di que o libro presenta “unha maneira pequena, tenra, efectiva e emocional de ver as cousas”, en tanto que García Torres explica a orixe da creación da obra, “un trasunto da nosa personalidade colectiva” e a escolla do título. Remata cunhas declaracións de Manuel Bragado e de Xabier Abalo.

VV. AA., *Iº Certame de Narracións Curtas "Terra de Melide"*, Melide: Biblioteca Pública Municipal/Concello de Melide, 1998, 57 pp. (Sen ISBN nin D. L.). ◆

No breve limiar sen sinatura explícase que o Certame de Narracións Curtas Terra de Melide foi creado para celebra-lo 20 aniversario da Biblioteca Pública Municipal desta vila, aínda que esperan que a iniciativa teña continuidade no tempo e "que esta convocatoria non sexa unha idea illada". Ademais, animan "ós mozos e mozas da nosa comarca", menores de 18 anos, a empregala creación literaria "como medio de comunicación". O volume recolle os cinco relatos galardoados na seguinte orde:

-Noelia Pena Garea, "Amor e Odio", pp. 7-16.

Tras quedar orfa de pai, Paola comeza a traballar con Claudia, unha veciña que a maltrata. Namórase de Mark e cando remata a súa relación decide suicidarse debido ó seu sufrimento, pero antes mata a Claudia.

-Martín Vidal Quintela, "A Terra de Ninguén", pp. 17-29.

Por mor dun forte temporal, unha vila galega queda totalmente destruída. Noutro lugar, dominado pola natureza, coñécense Virxinia e Santiago e ocórrenlle varias aventuras. Comezan a vivir cun matrimonio, que lles explica o seu xeito de vida e cómo foron as orixes do lugar no que habitan.

-Carlos Arturo G. Taboada, “Traumatizado por unha muller”, pp. 31-39.

Un mozo lembra cómo o seu mellor amigo, ó que non vía dende tempo atrás, regresa e engánao coa súa noiva, feito que o leva a ingresar nun mosteiro, no que recorda a súa negativa experiencia.

-Sara García Mato, “Nunca ninguén”, pp. 41-49.

Unha rapaza contempla a lúa e soña con comezar unha longa viaxe, só evitable pola aparición de algo ou alguén que llo impida. Isto non ocorre e inicia a súa viaxe.

-Noelia Pena Garea, “E ó final fíxenme maior”, pp. 51-57.

Da felicidade da infancia, a protagonista pasa a vivi-las incertezas da adolescencia, expresando os poucos desexos que ten de comezar esta nova etapa da súa vida.

Referencias varias:

-J. M. Cabo, “Miguel Vázquez Freire animó a los jóvenes a continuar escribiendo”, *El Correo Gallego*, 15 maio 1998, p. 15.

Faise saber que na publicación do volume participaron a biblioteca de Melide, o equipo de normalización lingüística do Concello, os colexios locais e o instituto. Cítanse os nomes dos autores e os títulos das narracións que teñen cabida no volume. Coméntase que o tema dos relatos é a adolescencia e dáse conta dos ánimos que Miguel Vázquez Freire lles deu durante o acto de presentación ós rapaces melidenses para que sigan escribindo.

-M. G. S., “Vázquez Freire: “A inspiración sen traballo non serve de nada”, *La Voz de Galicia*, 15 maio 1998, p. 51.

Cítanse as palabras en que Miguel Vázquez Freire, durante o acto de presentación da obra, recomendou a lectura dos clásicos e relativizou a importancia da inspiración respecto ó traballo no quefacer literario. Termínase informando dos títulos e autores inseridos no volume.

VV. AA., *Premio 1998 de Relato e Poesía da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo, verán 1998, 151 pp. (ISBN: 848302-281-8).

Neste volume recóllense os premios de relato e poesía da Universidade de Vigo no 1998. Os correspondentes á modalidade de narrativa son os seguintes:

-Gonzalo José Iglesias Iglesias (1º premio de relato curto), “Copia e castigo”, pp. 11-18.

Relátase a investigación e dislocada resolución do asasinato dunha profesora na universidade no que se involucra a un alumno polo feito de ter poderes para copiar nos exames.

-Ana Carracedo Bolaño (1º accésit de relato curto), “Fecundino Verrroallo”, pp. 19-41.

Reflexión e soño dunha muller encontrada co mundo e consigo mesma que, tras lembra-la súa nenez, transfórmase nun porco. Así, presenta a modo de pequenas anécdotas a vida dos cochos.

-Marta Carrracedo Bolaño (2º accésit de relato curto), “O outro soño de Máximo”, pp. 45-60.

Ábrese o texto cunha breve explicación do personaxe na tradición mitolóxica e das lendas galesas para narra-la historia que o avó de Máximo lle conta ó seu neto, acontecida na familia Cingen. O neto adormece e isto dá lugar a unha nova historia producto dos seus soÒos.

-Martín Pena Vázquez (3º accésit de relato curto), “Diccionario de Sintónimos e Anónimos”, pp. 65-70.

Relátanse, cunha estructura a xeito de enumeración progresiva, uns feitos nos que o autor fai protagonista ó lector, xogando así con este ás coincidencias entre o lector protagonista e outros personaxes.

-Pilar Fernández Iglesias (4º accésit de relato curto), “O fillo do carniceiro”, pp. 73-79.

Relátase a historia dun asasino en serie que mata a súa moza. Cóntase o acontecido na súa estancia na cela e no seu posterior traslado ó psiquiátrico.

VV. AA., *Liñas paralelas*, 7 vols., A Coruña/Vigo: Grándola Nova Edicións/Producción Audiovisuais en colaboración con RENFE, setembro 1998, 51 pp., 52 pp., 53 pp., 53 pp., 51 pp., 53 pp., 59 pp., respectivamente. (D. L.: C-1493-98).

Conxunto de sete volumes de diferentes cores: violeta, azul escuro, azul claro, laranxa, amarelo, verde e vermello, que inclúen unha serie de relatos publicados co gallo do primeiro aniversario da existencia dos TRD (Tren Rexional Diesel).

O volume violeta contén os seguintes relatos:

-Marilar Aleixandre, “Os deuses vínganse en ocasións”, pp. 7-15.

Neste relato de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), nárrase a historia dun grupo de amigos, tres galegos, unha chinesa e dous belgas, que están de viaxe polo sudeste asiático. A voz narradora relata as visitas a Rangún e a impresión que lle produce a falta de comprensión por outras culturas que mostran os belgas. Así, na cea que dan uns amigos de Li, a amiga chinesa, manifesta a súa repulsa pola actitude arrogante e prepotente dos estranxeiros. Unha intoxicación na cea encárgase de vinga-lo seu estúpido comportamento.

-Isidro Novo, “A escapada do Grimpeur”, pp. 19-30.

Relato de Isidro Novo (Lugo, 1951) no que un narrador en terceira persoa conta a carreira dun ciclista que descobre, anguriado, a súa soidade. De súpeto xa non o segue nin o seu director deportivo e non parece haber trazas de que o percorrido remate nunca. Inicia así unha viaxe que se converte nun pesadelo, pois a pesar do frío e medo non é quen de deixar de pedalear. Finalmente esperta do inferno nun hospital. Todo fora un soño provocado polo shock sufrido por unha caída durante a carreira.

-Raúl Dans, “Esa palabra”, pp. 33-40.

Relato de Raúl Dans estructurado en tres breves partes nas que se conta a historia dun home corentón, avellentado e envilecido, que amanece ó lado dunha prostituta coa que se deita asiduamente. O home sae unha mañá despois de pasa-la noite con ela e ó chegar á súa casa a muller descobre que seu fillo tivo unha liorta por defender a seu pai das acusacións que se fan contra el. A palabra maldita da que o home quere fuxir é tránsfuga.

-Eva Veiga, “Mañá será outro día”, pp. 43-51.

Historia de Eva Veiga (Ombre-Pontedeume, 1961) narrada en primeira persoa na que o protagonista reflexiona melancólico sobre a súa existencia e os seus sentimentos mentres conduce polas vilas, como cada día, no seu traballo de vendedor. Esa xornada non vendeu nada, métese nun bar a tomar un café, merca unha cinta de Niccola Di Bari e decide chorar canción tras canción.

O libro azul claro contén os seguintes relatos:

-Xosé Antonio Neira Cruz, “Trens pola Toscana”, pp. 7-12.

O protagonista deste conto de Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1961) relátalle á súa compañeira a viaxe realizada pola Toscana e lembra a impresión que lle produciu a presencia dun vello matrimonio co que coincide no tren. A amabilidade dos vellos faino reflexionar e verse reflectido neles, polo que esa viaxe, “polos itinerarios de sentimentos”, se converte en decisiva.

-Pepe Sendón, “Expediente nº 15-010-110.538-9”, pp. 15-24.

Nesta historia de Pepe Sendón, un narrador protagonista describe a declaración que se ve obrigado a facer no seu favor despois de que un axente lle impuxese unha multa por un aparcamento indebido. O protagonista vai relatando todo o que fixo ó longo da mañá e os acontecementos que o levaron a te-lo auto estacionado alí, pero a denuncia resulta ser un acto vingativo, pois o axente fora compañeiro de escola e naqueles anos era obxecto das súas burlas por “burricán con faltas de ortografía”.

-Ramón Caride Ogando, “Viaxe de volta”, pp. 27-41.

Relato de Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) no que se narra a historia dun reencontro entre Roberto e Eva, despois de cinco anos sen verse. Logo dos saúdos e a alegría de atoparse deciden tomar un café que se converte en decisivo, pois el confésalle o seu amor en todos estes anos e ela faille unha confesión inesperada: é seropositiva. Xuntos deciden comezar unha vida en común.

-Inma López Silva, “Eu son...”, pp. 45-52.

Relato intimista de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1979) no que constrúe o texto a partir de diferentes eus que conflúen nun só que dá sentido a unha existencia vital chea de experiencias. Cada eu ten referencias de viaxes, ou de amores. Trátase dun eu totalitario que remata sendo “o viaxeiro eterno que garda dentro todos os adeuses”.

O volume azul escuro contén os seguintes relatos:

-Xosé Antón Dobao, “Tren de noite”, pp. 7-26.

Nesta historia de X. Antón Dobao (Lugo, 1963) cóntase con alternancia de dúas voces narradoras, a vida dos dous protagonistas: Airas e Caterina, un matrimonio que se separa cada semana por motivos de traballo. Caterina queda na casa con Anxo, o fillo de ambos, e Airas vai traballar no tren na construcción para mante-la familia. Asistimos a unha historia na que os dous maldín a miseria na que viven, e non ven posibilidade de mellora-la súa existencia. Airas queda durmido no tren e cando esperta dáse conta de que a súa é unha viaxe sen retorno.

-Carlos Blanco, “Voo Twa 1221 con destino Oslo”, pp. 29-36.

Relato de Carlos Blanco no que se narra en terceira persoa a historia de Hans, o Home-Baldosa que vive nun aeroporto. Este singular personaxe está moi deprimido pois séntese sucio debido á folga de limpeza.

O seu divertimento principal é ve-los paneis que avisan das viaxes pero é que nese día ademais ten un maletín xusto enfronte del que non lle deixa ver nada. Nesta situación comeza a establecer conversa co Home-Maletín e deciden intercambia-las súas vidas. Hans substitúe o maletín na viaxe e o Home-Maletín queda incrustado no chan. Finalmente o Home-Baldosa remata tristemente no colector de lixo nunha illa onde coñecerá a Bill, o Home Tetra-brick.

-Eduardo Galán, “Catro pequenas viaxes ó xardín da gorgona”, pp. 39-46.

Relato intimista de Eduardo Galán no que o protagonista adulto percorre os camiños polos que andou de cativo. Reflexiona sobre as diferentes perpectivas do espacio cando era neno e no momento actual, “trinta e cinco invernos despois”. Detense nos lugares nos que camiñaba da man de súa nai, o cine Callao, o verán, as viaxes dos seus avós e, nun ton melancólico, vai vertendo os sentimentos que producían nel.

-Anxo Quintela, “Un anuncio de colonia”, pp. 49-53.

Neste conto de Anxo Quintela (Vigo, 1960), a voz protagonista diríxese en segunda persoa a unha muller que o abandonou anos. Establece un discurso cheo de reproche e amargura contra ela mentres se atopa ante un sensual cartel de colonia para homes. A súa vida nese intre transcorre entre noites de alcohol e insomnio.

O volume laranxa contén os seguintes relatos:

-Manuel Lourenzo, “Residentes privilexiados”, pp. 7-17.

Historia de Manuel Lourenzo (Vilaboa, 1955) estructurada en tres partes, “Monólogo”, “Diálogo” e “Final de Acto”, na que o protagonista narra a súa historia a Soeur Marie no asilo onde vive con Dina despois de teren que exiliarse a París hai vinte anos. Dina era a muller de Román, o home encargado de presenta-la rendición en nome dun grupo de sete homes considerados bandidos, na casa de Regueira, o padriño de Román e a maior autoridade falanxista do lugar. Pero Román é un traidor e o narrador da historia salva a Dina de morrer a tiros da man dos falanxistas, polo que se ven obrigados a fuxir durante moitos días ata chegar a París. A súa relación dende entón é a de dous compañeiros inseparables.

-Rafa Villar, “Viaxe a ningures”, pp. 21-30.

Neste relato de Rafa Villar (Cee, 1968), descríbense os últimos días dun soldado, en tempos de guerra, que leva dúas semanas camiñando para cumprir unha misión encomendada e chegar ó seu destino. Pero o seu destino, como o de moitos compañeiros, remata coa súa morte.

-Nazaret López, “Adeus, bonita”, pp. 33-41.

Historia de Nazaret López na que Sara, neta dun ferroviario, no transcurso dunha viaxe a Castela, lembra a presencia de seu avó na súa vida ata o momento en que falece. Evoca con nostalxia algúns momentos xa idos cando o avó lle falaba de “Bonita”, o tren no que traballaba, e do amor que lle tiña á súa muller.

-Comba Campoy, “Tebras”, pp. 45-53.

Este relato de Comba Campoy constrúese a partir dun xogo de voces narradoras que conflúen nun só personaxe feminino o cal reflexiona sobre a súa situación actual, baleira e carente de sentido. Un viaxe en tren a ningures e a procura das tebras parecen se-lo seu único refuxio.

O volume amarelo contén os seguintes relatos:

-Quico Cadaval, “As vinganzas Mei-Lu”, pp. 7-18.

Relato de Quico Cadaval (Ribeira, 1960) dividido en cinco partes nas que se narran as aventuras de Mei-Lu, neta dun pescador de cormorán. Mei-Lu é a capitana dos Ladróns do Mar que casa con Li-Qing para vinga-la morte do seu avó. O amor vence á vinganza e non é quen de matalo. Pero as desgracias continúan nesta historia de amor e morte cando o seu home, o cal xa perdoara, tamén é asasinado.

-Xavier Lama, “Non son unha autostopista calquera”, pp. 21-31.

A historia de Xavier Lama (Santa Uxea-Lugo, 1962) comeza cando unha estraña autostopista é atendida por un camioneiro. Durante a cea el cóntalle a súa triste vida e despois pídelle que suba con el á habitación. Ela, indignada, rexéitao e el decide recorrer á prostitución. Ante o seu comportamento agresivo e despectivo cara ás prostitutas e a ela mesma, decide revelarlle a súa verdadeira identidade: ela non é unha autostopista calquera, é a morte.

-Rosa Castro, “A derradeira viaxe”, pp. 35-41.

O relato de Rosa Castro constrúese a base das lembranzas que veñen á memoria de Martiño a través do percorrido que realiza na súa vella moto. Pola súa mente pasan momentos imborrables da infancia, o cheiro a salitre, a guitarra, os paseos en moto co pai, as rifas da nai, e a morte de ambos. Martiño busca no percorrido “a avaria irreparable dos anos”.

-Xabier Picallo, “Non mo expliques, non o entendo”, pp. 45-51.

Neste relato de Xabier Picallo a narración corre a cargo dunha voz que alterna a primeira coa segunda persoa. Trátase dunha muller que espera a súa parella na estación de tren. Ela decidira ter un fillo dun amigo homosexual que lle cedeu o seu seme. Ela, tamén homosexual, reflexiona sobre como se levou a cabo o acordo e sobre a reacción que vai ter Mon, a súa parella cando lle dea a noticia.

O volume verde contén os seguintes relatos:

-Aníbal, C. Malvar, “Territorio conquistado”, pp. 7-14.

O protagonista deste relato de Aníbal Malvar (A Coruña, 1964), lembra unha viaxe en tren a París no ano 1980 co seu amigo Xabier. Nesta viaxe, sen cartos e medio borracho, recorda a Kessy, a súa antiga moza e a desacougo da súa vida, ó lado do seu amigo Xavier, cando ambos soñaban con seren músicos.

-Margarita Ledo Andión, “A maleta de Marsella”, pp. 17-24.

Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1945), mediante un narrador en terceira persoa, relata a estancia dunha parella de protestantes no Royal Mail, un hotel que inclúe diferentes roteiros turísticos. Ó chegaren á estación Aberystwyh, mándanos agardar e a parella descobre austada que a súa maleta desapareceu.

-Cándido Pazó, “Con outros ollos”, pp. 27-33.

Relato de Cándido Pazó (Vigo, 1960) no que un narrador omnisciente relata a historia de Abilio, un home cunha existencia anódina e rutineira. Unha mañá, cando tenta prende-la luz, descobre aterrorizado que non ten ollos.

-Marcial Gondar Portasany, “Cabaré”, pp. 39-53.

Neste relato de Marcial Gondar Portasany (Pontevedra, 1948), un narrador observador reproduce unha conversa que escoita no tren en dirección a Vigo. Un rapaz é o interlocutor dunha señora, algo maior, que lle conta a súa vida dende a infancia, na que foi criada por unha nai egoísta e un pai xogador, ata que chega a Vigo a traballar como camareira nun cabaré da cidade.

O volume vermello contén os seguintes relatos:

-Xurxo Souto, “A pesca do Mar-rau, o porco mariño”, pp. 7-25.

Xurxo Souto (Lugo, 1966) narra nesta historia en primeira persoa cómo se fai pinche na mercante e marcha rumbo a Antuerpe na procura do Mar-rau, unha especie de porco mariño do que o pintor Urbano Lugrís lle falara había tempo no bar “A Guinda” na Ribeira do Berbés, en Vigo.

-Jorge Coira, “Ti decides”, pp. 29-39.

Relato de Jorge Coira narrado en primeira persoa, no que o protagonista lembra un desagradable incidente ocorrido unha noite na que traballaba como viaxante, feito que lle fai lembra-las palabras de súa nai, cando o obrigou a decidir entre estudiar e traballar, e el decantouse pola segunda opción.

-Ignacio Chao, “Froita prohibida”, pp. 43-52.

Neste conto de Ignacio Chao, un narrador en primeira persoa reproduce a súa viaxe a Madrid co fin de se reencontrar cuns vellos amigos cos que debe asistir a unha reunión de negocios. Nesta, un dos amigos xúntase cun diplomático árabe na procura de mellora-la súa empresa froiteira.

-Paula Carballeira, “Elisardo”, pp. 57-59.

Relato breve de Paula Carballeira (Ferrol, 1972), estructurado en dúas partes con dúas voces narradoras: na primeira é a nai quen lle fala ó seu fillo morto, Elisardo. Na segunda é a voz do neno quen fala e describe cómo é o ceo e a lúa onde se atopa.

Referencias varias:

-Lois Fernández, “Trenes literarios”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 30 setembro1998, p. 50.

Informa da iniciativa levada a cabo pola Dirección de Comunicación de Renfe en colaboración coas editoriais galegas Galaxia e Grandola Nova, que consiste en regalarlle ós viaxeiros do TRD libros firmados por coñecidos autores galegos coma Rosa Castro, Quico Cadaval, Margarita Ledo e Xavier Lama. Sinala ademais, que se trata dunha colección de sete libros que inclúen en cada un deles, relatos de catro autores diferentes.

VV. AA., *Iº Certame USC de Contos de Ciencia Ficción. Premio Stanislaw Lem*, prólogo de Juan Luis Pintos, Santiago de Compostela: Asociación Galega de Ciencia Ficción (AGASF)-Asociación Cultural A Mirada do Revés, 1998, 138 pp. (Sen ISBN nin D. L.).

O volume recolle ademais do prólogo, no que se dá a benvida a este certame co que se rexeitan as vellas imaxes e os estereotipos para construír outros novos; dun limiar realizado polos organizadores, no que se fai unha crónica das primeiras xornadas USC de ciencia ficción, os cinco relatos premiados no Iº Certame USC de Contos de Ciencia Ficción nas categorías de "conto curto" e "conto longo". Esta obra, subvencionada polo Vicerrectorado de Extensión Cultural da USC, só recolle un relato en lingua galega, que foi merecente do primeiro premio na categoría de "conto longo".

-Anxo Botana García, "Unha civilización allea", pp. 44-80.

O protagonista deste relato, Sandra Carenov e Brais Regueira, tripulantes da nave Ulises, son escollidos para unha importante misión consistente en estudiar unhas anomalías magnético-gravitatorias que se producen nalgunhas zonas do universo.

Valcárcel, Xesús Manuel, *As grandes carballeiras*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 158, 1998, 475 pp. (ISBN: 84-8288-249-X).

Nova incursión narrativa de Xosé Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) que ofrece unha novela longa artellada en tres partes: “Todo mentira”, “Afiliados á neura” e “Desertos paralelos”. Cada unha delas está protagonizada por tres mulleres que gravitan ó redor de Carlos, verdadeiro eixe da trama e único personaxe presente de modo central ó longo da obra. Trátase dun conxunto de biografías e historias paralelas e entrecruzadas que reúne Carol, a protagonista da terceira parte, e que presentan como denominador común unha natureza dificilmente expresable. A través da fantasía e da parodia, conducen o lector cara ó absurdo da vida humana coas súas contradiccións e obstinacións de todo tipo. En consonancia con este tratamento alegórico da realidade, o autor recorre a unha narración en primeira persoa levada por diferentes personaxes, e a un ordenamento espacial e temporal difuso e inconcreto.

Veiga, Manuel, *As ruínas da cidade amada*, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 4, decembro 1998, 173 pp. (ISBN: 84-8288-246-5).

Novela de Manuel Veiga (Monforte de Lemos, 1960) que posúe dúas partes e un epílogo, que no seu conxunto se dividen en vinteoito capítulos. Ó longo das súas páxinas vaise narrando a historia dunha cidade, a historia de M., dende hai anos ata a actualidade. Nela viven personaxes xa desaparecidos e personaxes de hoxe en día, que ben poden actuar libremente dende a actualidade, ou ben son recuperados da memoria: Rafael Aira, o escritor local Xaime Abuime, Antón Fontenla, etc. Todos eles recrean a vida da cidade, a de arestora con feitos nos que eles mesmos participan como festas, traballos ou conversas cos veciños, e a de noutrora, a través do que eles mesmos contan. Así os lectores temos trazada unha panorámica de M., unha cidade sen futuro, non só polo que se nos di do peche de fábricas, dos incendios ou pola reducción da vitalidade da rede de camiños de ferro, senón porque se sente o esborrallamento dun mundo, que camiña irremediablemente cara á desaparición ó ficar sen xente que alí habite.

Velo, Carlos, *Memoria erótica*, ed. de Gustavo Luca de Tena, prólogo de Miguel Anxo Fernández, Vigo: A Nosa Terra, col. O fardel da memoria, nº 6, 1998, 99 pp. (ISBN: 84-89976-53-8).

Este volume ábrese cun limiar que leva por título “Fitas no papel, imaxes na memoria” a cargo de Miguel Anxo Fernández. Nel explica como se levou a cabo “a pequena aventura deste feixe de marabillosas follas” dende o seu nacemento ata que viu a luz. Conta que xa no libro *Carlos Velo. Cine e Exilio*, deu a coñecer unha “biografía erótica” que Velo lle relatara cando estivo de visita en Galicia co gallo das Xornadas de Cine e Vídeo de 1985 no Carballiño. Anos máis tarde coa axuda de Teresa Velo, filla do autor, e edición a cargo de Gustavo Luca de Tena recuperou este relatorio erótico. Pon de relevo tamén o carácter innovador e aberto de Carlos Velo (Cartelle, 1912) e salienta o seu labor pioneiro tanto no mundo do cine coma no da literatura cando decide escribir, e cita algunhas figuras que influíron na súa obra: Federico Fellini, Juan Rulfo, García Márquez ou Carlos Fuentes. Compoñen o libro oito relatos que teñen en común seren historias contadas en ton autobiográfico polo narrador protagonista en primeira persoa, Carlos, que lembra diferentes experiencias vividas no transcurso dos seus anos de estudiante de Bacharelato na capital ourensá e na súa aldea ó chega-lo verán. Descríbense con detalle os diferentes espacios nos que se relatan os feitos, así como os personaxes que van xurdindo nos relatos, fundamentalmente o espacio rural da aldea, onde a natureza e a paisaxe forman parte do

desenvolvemento de cada historia ó tempo que cargan a atmosfera de erotismo. O protagonista irá descubrindo a súa sexualidade a través de diferentes mulleres das que fala, pero tamén o fracaso, o desamor e mesmo a morte. O libro está ilustrado por fotografías pertencentes ó Fondo Carlos Velo, que evocan as mulleres amadas polo protagonista.

Referencias varias:

-Concha Pino, “Editan relatos do cineasta Carlos Velo nos que conta como descubriu o sexo”, *La Voz de Galicia*, 19 decembro 1998, p. 40.

Infórmase da presentación da obra na Galería Sargadelos de Santiago e dise que se trata dunha recompilación de relatos inéditos sobre o seu descubrimento do sexo na adolescencia. Recóllense as declaracións do cineasta e prologuista do volume, Miguel Anxo Fernández, que resalta a frescura e os “ecos felinianos” deste. Sinálase que tamén estiveron presentes no acto o editor Gustavo Luca de Tena, o crítico e historiador de cine Eduardo Galán, que definiu a obra como “imprescindible” para quen se interese polo cine e a literatura, e Enrique Acuña da editora, que significou a novidade deste relato autobiográfico na literatura galega. O artigo remata con algunhas notas biográficas de Carlos Velo.

I. Narrativa

I. 2. Reedicións comentadas e fascsímiles

Alonso, Fran, *Tráiler*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 2, 1998, 220 pp. (ISBN: 84-830-250-8).

Terceira edición da novela de Fran Alonso (Vigo, 1963) logo de gaña-lo Premio Blanco Amor en 1991 e ve-la luz na colección Narrativa de Xerais en 1991 e 1992. A obra artéllase en dezasete partes nas que se narra a vida cotiá de tres camioneiros. Deste xeito, ben sexa a través da perspectiva dun narrador omnisciente en terceira persoa ou con numerosos monólogos interiores, achégasenos á vida de tres persoas que teñen en común o feito de viviren nas estradas e cada un cunhas peripecias vitais extrapolables ó mundo que rodea a profesión dos camioneiros: afastamento das súas familias, líos amorosos, infidelidade conxugal, ansia por chegar ó destino da viaxe para voltaren á casa, explotación laboral, etc. Todo isto transcorre en tres días nos que se dá conta das vidas destes homes que, ó final, acaban illados entre a neve sen poderen avanzar, como se se tratase dunha metáfora da súa propia vida.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, “A andar”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 28.

Anuncia a aparición da “Colección Peto” de Xerais, unha iniciativa que considera na liña doutras pasadas como “Céltiga” e “O Moucho”, ou actuais como a “Colección Popular” de Edicións Positivas. Explica que se abre con dúas series: “De-liberacións”, destinada a traduccións de obras universais, e “Literaria”, que reedita obras inéditas ou actuais. Di que é positiva porque enche un oco e demostra que hai un colectivo consolidado de autores galegos. Así, faise eco dos primeiros números da colección: *Sabor a ti*, de Miguel Suárez Abel; *Land* Rover, de Suso de Toro; *Tráiler*, de Fran Alonso; e *A morte de Frank González*, de Xosé Fernández Ferreiro. A continuación, comenta brevemente algúns dos aspectos destas obras xa esgotadas e saúda novamente a iniciativa por “desmitificar o significado da palabra literatura”, entre outras razóns.

Amor Meilán, Manuel, *Manuel P. Amor Meilán. Baixo do alpendre e outros relatos*, ed. de Mª Teresa Araújo García, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, col. Narrativa Recuperada, 1998, 172 pp. (ISBN: 84-453-2085-8). ◆

Este volume recolle a reedición da producción narrativa en lingua galega de Manuel P. Amor Meilán (A Coruña, 1867-Lugo, 1933) publicada en diferentes xornais e revistas galegas no período 1886-1889. Trala introducción de M.ª Teresa Araújo, inclúense unha novela de costumes, un conxunto de vintecatro relatos agrupados co título dun deles, “Baixo o alpendre”, dezanove dos cales aparecen introducidos por unha dedicatoria a diferentes personaxes galeguistas da época, e un fragmento do relato “Os fillos d´a praya”, que aparece nun apéndice. Son relatos de corte costumista que recollen descricións de tipos populares e tarefas tradicionais galegas ambientados en terras de Bergondo e nas ribeiras da Ría da Coruña.

Recensións:

-Xosé Troitiño Fraiz, “Manuel P. Amor Meilán. *Baixo do Alpendre e outros relatos*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Libros”, 1º semestre 1998, pp. 147-148.

Comentario da edición dos contos de Manuel P. Amor Meilán titulada *Baixo do Alpendre e outros relatos*. Sinala que, á semellanza dos outros volumes da mesma colección, presenta dúas partes ben diferenciadas: unha primeira que ofrece, ademais dun “breve pero intenso” repaso da biografía deste coruñés, a nómina da súa producción en lingua castelá e galega, unha análise dos seus textos narrativos publicados nesta ocasión, e un estudio da súa lingua; e unha segunda parte que inclúe a obra en prosa narrativa de Amor Meilán. Loa, finalmente, este tipo de traballos que contribuén a recuperar unha pequena fracción da nosa “memoria literaria”.

Avilés de Taramancos, Antón, *Nova Crónica das Indias*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa, nº 25, 1998, 113 pp. (ISBN: 84-7680-247-1).

Nova edición da única obra en prosa de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1994) que fora publicada tamén pola editorial Ir Indo en 1989, daquela na colección de literatura infantil "Nabarquela". Sen variacións e do mesmo xeito que na edición anterior, atopámo-lo compendio de relatos que no ano 1989 iniciaron ó autor na narrativa.

Conde, Alfredo, *Xa vai o Griffon no vento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 7, 1998, 293 pp. (ISBN: 84-8302-337-7).

Nesta longa novela, Alfredo Conde (Allariz, 1945) narra de xeito dual e alternativo episodios vitais de dous personaxes en épocas e lugares diferentes. O primeiro deles, Martín de Abalos, é un Visitador da Santa Inquisición que recorre Galicia durante o reinado de Felipe II (século XVI). O segundo, Martín, é un escritor que exerce como profesor visitante nunha universidade da Provenza francesa impartindo cursos de literatura e cultura galegas. O elo de unión destes dous personaxes é Sieur Griffon, protagonista dunha novela que Martín non remata de perfilar e que se remontaría á época do Visitador. Con esta nova edición recupérase unha obra aparecida por primeira vez en 1984 e que resultou merecedora do Premio Nacional de Literatura dese mesmo ano.

Fernández Ferreiro, Xosé, *A morte de Frank González*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 5, 1998, 101 pp. (ISBN: 84-8302-309-1).

Ábrese esta nova edición da novela de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), cun apartado titulado “Frank González, un mito para a literatura galega”, no que ademais de falarse da obra e da importancia do papel desempeñado por este escritor na literatura galega, coméntase *A morte de Frank González* (1975). O autor sinala que os valores da obra son a espontaneidade e o feito de tratarse do texto fundacional das novela do Oeste en lingua galega. De seguido preséntase o texto, no que un grupo de persoas que se atopan debaixo dun alpendre esperando a dilixencia, relatan diferentes historias relacionadas con Frank González. Así, segundo as historias, este personaxe fora un rancheiro bo, un atracador temido, un cazador ou o protagonista dunha obra de teatro, mesmo hai no grupo quen asegura que el é o verdadeiro Frank González. Non se poñen de acordo sobre cal é a verdadeira historia e todo chega a parecer un mito co que soñan os rapaces ou do que se namoran as mozas novas como Sivila. Recóllese, finalmente, un esbozo de novela do Oeste do mesmo autor, titulada *O pistoleiro*, que publicada en *La Voz de Galicia*, do 17 de xuño de 1990 ó 15 de xaneiro de 1991. Trátase da historia de Látigo Negro, un pistoleiro de grande recoñecemento, que a pesar de levar unha vida decente nos últimos anos, será axusticiado polos crimes e roubos anteriormente cometidos.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, “A andar”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 28.

Ver Alonso, Fran, *Tráiler*, nestas páxinas.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Novela de peto do ‘Hemingway de Nogueira de Ramuín”, *La Región*, 22 decembro 1998, p. 28.

Fala da necesidade dunha literatura de quiosco para difundi-lo libro en galego e garanti-lo seu achegamento ó público de masas, tal e como se facía antes coas noveliñas de consumo rápido en castelán. Comenta que un precedente en galego foi *A morte de Frank González*, de Xosé Fernández Ferreiro (1975), o chamado “Hemingway de Nogueira de Ramuín” e co-fundador do grupo Brais Pinto. A continuación, cita algunhas obras do autor e destaca a “importancia da oralidade” na súa escrita, como se comproba nesta novela reeditada por Xerais, da que destaca o seu estilo áxil e di do autor que é un personaxe pluriforme que xa entrou na mitoloxía das letras galegas inaugurando o subxénero narrativo do Oeste.

Lois Vázquez, Manuel, *Alira de Elfe*, *A Reina Loba e outros relatos*, ed. de Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, col. Narrativa Recuperada, 1998, 160 pp. (ISBN: 84-453-2084-X). ◆

Neste volume recóllese a reedición de seis relatos de Manuel Lois Vázquez (Maside, 1868-1899): “Alira de Elfe”, “A Reina Loba”, “Recordos”, “¿Amarte?... ¡Sempre!”, “A Quinza” e “O Cruceiro de San Lorenzo”. Os dous primeiros, os máis extensos, son breves novelas históricas ambientadas na época dos reis suevos, e os outros catro son relatos que presentan o denominador común de narraren historias de amor imposibles. Os textos van precedidos dunha introducción de Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro, na que se ofrecen datos sobre a biografía e bibliografía de Manuel Lois Vázquez, ademais dunha análise das características lingüísticas da obra narrativa en galego do autor.

Pérez Placer, Heraclio, *Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer*, ed. de Mª Isabel Soto López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro Para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998, 552 pp. (ISBN: 84-453-2236-2). ◆

Edición da producción narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer (Ourense, 1966-Calatayud, 1926) que conta cun estudio introductorio de Mª Isabel Soto López, responsable ademais da edición e notas. Comeza co epígrafe “Apuntamentos para unha biobibliografía”, que se propon “poñer algo de luz na biobibliografía deste autor” en vista do “baleiro de datos” e as “confusións relativas á súa vida e obra” coa contribución da súa familia ovetense e dos seus veciños de Ames. Prosegue cunha “Aproximación ós textos” que comeza cun pormenorizado análise da novela *Prediución*, publicada por entregas dende o 7 de xullo ó 25 de agosto de 1889 en *O Tío Marcos da Portela*. Así mesmo, faise unha achega descritiva a *Contos leendas e tradiciós* (1891), *Beira do lar (Cuentos gallegos)* (1901) e “Outros relatos”, en referencia a catro composicións recollidas de *O Tío Marcos da Portela*. En “Algunhas claves de interpretación” achéganos a editora ós contidos máis significativos dos relatos e aproveita para diferenciar entre os contos procedentes da tradición oral, e aqueloutros de producción propia. Destes, unha parte presenta características semellantes ás dos contos populares e outros, “máis valiosos”, afondan

na compoñente lírico-sentimental, na psicoloxía dos personaxes e nas descricións plásticas. Apúntanse tamén outras constantes como a volta á infancia, a contemplación da paisaxe ou a temática social. A “Análise dos contos” realízase de xeito detallado con atención ó esquema estructural, ó deseño editorial, á modalización narrativa, ó tempo, ó espacio e á caracterización dos personaxes. Logo de atender á recepción da obra de Pérez Placer, dáselle paso á análise lingüística a través dos niveis ortográfico, fonético-fonolóxico, morfolóxico e sintáctico e léxico. Antes da edición dos textos móstranse a bibliografía e os criterios de edición, centrados na modificación dalgúns aspectos ortográficos .

Queizán, María Xosé, *O solpor da cupletista*, Vigo. Edicións Xerais de Galicia, ilust. Natalia Pérez García, decembro 1998, 70 pp. (ISBN: 84-8302-342-3).

Con ocasión da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) tributa a María Xosé Queizán (Vigo, 1939), sae á luz, en edición non venal, esta obra publicada inicialmente pola Editorial Nigra no ano 1995. Deste xeito, Edicións Xerais de Galicia pretende contribuír á devandita homenaxe. No relato, unha muller evoca o seu pasado ante a proximidade da morte. Estes recordos condúcena ás súas orixes, a unha infancia dominada polas miserias e a unha xuventude triunfante e exitosa nos cabarets e teatros, que ela lembra dende o seu ocaso vital, empobrecida polo xogo. Resultan fundamentais, no transcorrer da súa vida, a ausencia da figura paterna e o feito de sufrir unha violación, o que a leva a asumir unha actitude distante na expresión dos afectos.

Queizán, Mª Xosé, *Amor de tango*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 9, 1998, 174 pp. (ISBN: 84-8302-340-7).

María Xosé Queizán (Vigo, 1939) novela nesta obra a historia da cidade de Vigo a primeiros de século. Esta crónica da chegada da industria, da buliciosa vida social do Vigo das décadas dos vinte e trinta está entrelazada co relato da historia persoal de Margot, a protagonista principal. Á beira de Margot están as súas amigas Chelo e Alma. A través delas e da historia das súas familias, retrata Queizán a condición da muller da época e as novas ideas que intentan abrirse paso para mellorar esa condición. A reflexión sobre a feminidade ocupa en moitas ocasións o espacio narrativo da obra. Outra personaxe importante no mosaico de vida interior, da casa, e exterior, da urbe, que é esta novela é a avoa de Margot. O relato iníciase coa protagonista paseando ás portas dun cine nos anos da transición á democracia. Volve, posteriormente, cara atrás, e inicia un longo recordo de vivencias dos anos trinta para, nas páxinas finais, retoma-los momentos deses primeiros anos trala morte de Franco. Neste punto, Margot fai balance do que acabou sendo a súa vida, a das súas amigas e a dos personaxes máis próximos a elas.

Rivas, Manuel, *Un millón de vacas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 8, 1998, 119 pp. (ISBN: 84-8302-338-5).

Conxunto de dezasete relatos breves que xa contou con oito edicións entre 1989 e 1997. O motivo máis recorrente é a contraposición entre a cultura tradicional e a moderna. Con este fin, Rivas (A Coruña, 1957) preséntanos diversas situacións nas que se observan as dificultades de adaptación provocadas pola incomprensión mutua entre ambos mundos. A vaca aparece repetidamente como tótem dunha Galicia que se esvae pouco e pouco. Nembargantes, esta realidade en declive mantén unha continua presencia subxacente e silenciosa, unha especie de resistencia pasiva perante a enxurrada de mudanzas que os novos tempos carrexan. Outros temas relacionados co anterior son a visión da aldea con ollos urbanos, a desconfianza respecto ó alleo, a relixiosidade do pobo fronte á Igrexa, a urbanización salvaxe do rural, a ausencia de referencias para a xuventude ou a incomunicación entre os políticos e a xente. Esta obra foi distinguida co Premio da Crítica Española.

Roel, Manuel, *Contos e poemas de Manuel Roel un autor ignorado*, ed. e estudio crítico Concepción Delgado Corral, Mª Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Rodríguez, Betanzos: Excmo. Concello de Betanzos, 1998, 210 pp. (ISBN: 84-923797-0-7). ◆

Volume editado para commemora-lo centenario do nacemento de Manuel Roel Longueira (Guísamo, 1898-Betanzos, 1968). Ábrese cun estudio introductorio no que se ofrecen unhas notas biobibliográficas sobre o escritor nas que se destacan a súa integración nas Irmandades da Fala, as súas primeiras colaboracións na prensa galeguista —*A Nosa Terra*, *O Tío Marcos da Portela*, *Rexurdimento*, *El Pueblo Gallego*— no campo da poesía e da narrativa, a súa etapa en Arxentina a causa da represión franquista de 1936 e as relacións que mantivo con intelectuais como Maruxa Villanueva, Varela Buxán, Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Dieste, Castelao ou Laxeiro, entre outros, ata o seu regreso a Galicia en 1950, ano no que abandona case totalmente a súa actividade literaria. Brevemente, ofrécense tamén unhas pinceladas sobre o contexto histórico-cultural e literario do escritor, destacando o seu labor de exaltación da terra na Galicia exterior ó lado doutros moitos emigrantes. Na análise da súa producción contística destácase que a súa obra narrativa parte da tradición oral e que ten unha intención primordialmente humorística. Enuméranse as claves temáticas fundamentais dos relatos así como os trazos que identifican ós

narradores e ós personaxes, analízanse as coordenadas espaciais e temporais e a lingua e estilo. No apartado dedicado á súa producción poética sinálase tamén a relación coa literatura popular e infórmase de que o autor publicou as súas corenta composicións nas páxinas de *O Tío Marcos da Portela*, *A Nosa Terra* e na revista betanceira *Rexurdimento*. Finalmente fálase do seu labor no teatro como autor de "sketchs" e diálogos, escritos nos primeiros anos da emigración, e mesmo como actor ligado á Compañía Maruxa Villanueva e Boga-Tacholas; da súa actividade na radio onde, tamén na emigración, creou o personaxe de ficción Marolón e da súa obra en castelán asinada co pseudónimo de Pirinicio. A seguir recóllese a súa obra dividida en dous apartados, "Contos" e "Poemas", difundida na prensa periódica, en audicións radiofónicas ou pertencente ó arquivo persoal do autor que agora se recupera.

Souto, Xurxo, *Fumareu*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 12, 133 pp. (ISBN: 84-8302-137-4).

Un ano despois da aparición da obra *Fumareu* (1997), de Xurxo Souto (A Coruña, 1966), aparece esta segunda edición. A novidade radica en que o libro vén acompañado nesta ocasión cun disco compacto no que se inclúen cinco temas. Un deles, o cuarto, leva o mesmo nome que o libro, "Fumareu". As cancións están interpretadas polo propio Xurxo Souto e polo conxunto os Diplomáticos de Monte-Alto, do que o autor do libro é vocalista. Segundo se di na lapela do compacto, as pezas que o compoñen "son un adianto da ARROUTADA CATRO dos Diplomáticos de Monte-Alto" e "foron interpretadas especialmente para acompañar o libro FUMAREU".

Suárez Abel, Miguel, *Sabor a ti*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 6, 1998, 205 pp. (ISBN: 84-8302-310-5).

Nesta obra, publicada noutra colección desta editorial no ano 1991, pero noutra colección, Miguel Suárez Abel (San Estevo do Campo, Arzúa, 1952) presenta a frustrada historia de amor entre unha parella de profesores de instituto. Como pano de fondo desta relación retrátase tamén unha sociedade contradictoria, o desencanto de certos profesionais do ensino, a dureza da vida cotiá e as dificultades da convivencia dos matrimonios tralo paso dos anos. Constrúese a acción mediante continuos saltos no tempo. Destaca o emprego de monólogos interiores e duns diálogos caracterizados pola súa viveza e axilidade coloquiais.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, “A andar”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 28.

Ver Alonso, Fran, *Tráiler*, nestas páxinas.

Toro, Suso de, *Land Rover*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 1, 1998, 181 pp. (ISBN: 84-8302-249-4).

Esta obra de Suso Toro (Santiago, 1956) apareceu por vez primeira en 1988 e coñeceu, nos anos posteriores, catro reimpresións. Agora ve a luz nunha nova colección. Os personaxes principais son dous medios irmáns de caracteres completamente opostos, Gumersindo e Abelardo, marcados fatalmente pola sombra das tormentosas relacións da súa tola nai cos dous pais. As mulleres de Sindo e Abelardo vense arrastradas polos xeitos de actuar dos respectivos maridos. O ambiente de barrios baixos urbanos é o preponderante, con continuas referencias á aldea orixinaria da familia. Úsase o castelán para caracterizar algúns personaxes e algún castelanismo propio de ambientes prostibularios. En xeral, a linguaxe está en correspondencia coa diferente extracción social dos personaxes. Predominan os continuos saltos temporais, os cales abranguen dende a actualidade ata a posguerra, e espaciais.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, “A andar”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 28.

Ver Alonso, Fran, *Tráiler*, nestas páxinas.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Edicións Xerais inicia unha colección de peto”, *Faro de Vigo, “El Sábado*”, nº 80, 7 novembro 1998, p. 2.

Comenta a creación dunha nova colección de libros de peto “que recolle obras xa publicadas con anterioridade”, repartidas entre as series “Literaria” e “De-Liberacións”. Presenta unha nómina dos primeiros libros que forman parte da colección e dos que se publicarán no futuro, indicando que tamén serán incluídas “reedicións de escritores universais traducidos ao galego”. A continuación detense no comentario da novela *Land Rover*, de Suso de Toro, que abre a colección. Analiza o argumento, a estructura e a boa acollida que tivo no seu momento. Remata ofrecendo algunhas das características da obra deste autor, como o retrato distanciado, pero crítico, que fai de “comportamentos, situacións e mitos da actual sociedade galega, mestura de ruralismo e consumismo urbano”.

Toro, Suso de, *Ambulancia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 10, 1998, 113 pp. (ISBN: 84-8302-339-3).

Edición revisada desta novela negra, publicada por vez primeira en 1990, que Suso de Toro define como unha obra sen pretensións. Narra a historia dun rapaz, Petete, que tras saír do cárcere atraca, coa colaboración dun amigo excarcerado, unha céntrica gasolineira santiaguesa. A trama vaise ensarillando con secuestros, asasinatos, prostitutas, traficantes, drogas, policías corruptos e outros ingredientes típicos deste xénero. Maquieira, policía cruel e con relacións nos baixos fondos, é o obstáculo co que Petete tropeza nas súas ansias por normaliza-la vida tralo fatídico asalto á estación de servicio. A persecución de Petete por Maquieira arrastrará á desgracia a outros personaxes. O autor compostelán emprega diferentes modalizacións narrativas. Hai varias referencias intertextuais a *Land Rover*, obra de Suso de Toro coa que comparte o personaxe do amo da casa de citas.

I. Narrativa

I. 3. Narradores traducidos

Dostoievski, Fiódor M., *A lenda do gran inquisidor*, introducción de Claudio Rodríguez Fer, trad. Alexandra Koss, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, nº 4, 1998, 91 pp. (ISBN: 84-8302-308-3).

Parábola recollida no Libro Vº da Segunda parte de *Os irmáns Karamázov*, titulado “Pro e contra”, do escritor ruso Fiódor Dostoievski (Moscova, 1821-San Petersburgo, 1881). O volume comprende o capítulo IVº, “A Rebelión”, no que os irmáns Iván e Alexis debaten sobre Deus, e o Vº, “O Gran Inquisidor”, poema de Iván xa anunciado anteriormente que se pode ler como unha digresión autónoma. Este texto atópase na orixe dunha novela que non se escribiu, *O soñador*, e que supón a denuncia da omnipotencia da Igrexa e do Estado a través da Inquisición Española. Na introducción de Claudio Rodríguez Fer achégase brevemente ó fenómeno da literatura como fonte de coñecemento. A continuación ofrece un amplo estudio biográfico do escritor no que cita tódalas súas obras, así como o seu labor en diferentes revistas e xornais rusos. Para rematar analiza con detalle o contido da súa última novela *Os irmáns Karamázov* (1881), centrándose no Libro Vº e nas relacións que atopa entre este e o conxunto da obra do autor, así como na visión que nel se ofrece da Rusia decimonónica, do amor, do mal, de Deus, da humanidade, da Igrexa e do Estado.

Referencias varias:

-M. Fernández Rodríguez, “A parábola do formigueiro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 51, 10 novembro 1998, p. 6.

Comeza eloxiando a traducción de Alexandra Koss e a introducción de Claudio Rodríguez Fer, para logo comentar que a obra “é un alegato, realizado de xeito parabólico, contra a privación da liberdade que lle é connatural ó ser humano”. Continúa cunha análise do argumento, para a que se serve de palabras do autor da introducción, e chega á conclusión de que o relato “representa unha metonimia da historia do poder”, exemplificando isto coas actitudes dos personaxes.

Duarte Mangas, Francisco, *Xeografía do medo*, Iº Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galego Portuguesa, trad. Marisa Guerra,Vigo: Galaxia, 1998, 160 pp. (ISBN: 84-8288-190-6).

En *Xeografía do medo*, de Francisco Duarte Mangas (Rossas, Vieira do Minho, 1960), un vello cazador persegue dende o mencer un rastro e unha dúbida. En primeira persoa, relata as súas vivencias sempre relacionadas coa cinexética, a caza e os cans. A súa voz mestúrase con outras como a do fillo en terra estraña, a de Teotónio Coutinho ou a de don Joaquim, para percorre-la *xeografía do medo* por terras do Miño e Angola.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Atlántica venatória”, *A Nosa Terra*, nº 833, “Guieiro Cultural”, 4 xuño 1998, p. 23.

Elabora un exordio no que describe o descoñecemento entre as literaturas de aquén e alén Miño. Neste estado de cousas, parécelle adecuado calquera achegamento, mais estima que a traducción non é camiño: entende que o coñecemento entre ámbalas dúas literaturas debera levarse a cabo na súa forma orixinal. Continúa comentando o enganoso do título, xa que o tema principal é a caza. Extrae da obra a

necesidade de respecta-la natureza como base para unhas relacións humanas igualmente respectuosas. Non esquece sinala-lo emprazamento da novela: Angola e as terras arraianas entre Galicia e Portugal. Canto ó estilo, o comentarista opina que superou ó autor, achacándolle a este que, malia servirse de frases breves, non é quen de evitar un certo caos. Remata predicindo a victoria dun autor galego na próxima edición do Premio Eixo Atlántico de Narrativa.

-F. Martínez Bouzas, “Cando o medo reloce”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 14, 18 xuño 1998, p. 6.

Considera que a obra é unha mestura de realidade e irrealidade. Ve como se crea unha cosmovisión do medo en que teñen cabida perigos tan diferentes coma a cobra surucucú ou a PIDE e pon todo isto en relación coa caza do home. Acha moi atraente o título, mais cualifica a lectura da obra como difícil. Ademais constata que Duarte Mangas nos amosa un mundo, o do norte portugués, paradoxalmente descoñecido para nós.

-Xoán Carlos Lagares, “Premiados (ou non)”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, “Especial Libros de Texto”, “Crítica”, outubro 1998, pp. 5-6.

Ver Aleixandre, Marilar, *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, nestas páxinas.

Guibert, Hervé, *O meu criado e mais eu/Citomegalovirus* (*Mon valet et moi/ Cytomégalovirus*, 1991), trad. de Xavier Queipo e Santiago G. Lopo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 15, 1998, 87 pp. (ISBN: 84-8302 299-0).

Nestas dúas novelas curtas Hervé Guibert (1955-1991), servíndose da súa propia experiencia como enfermo da SIDA, aborda algúns aspectos desta enfermidade e dos derradeiros días da súa vida. *O meu criado e mais eu* é unha descrición en primeira persoa da relación dun enfermo terminal co seu servente Jim cando este entra na vida do doente. *Citomegalovirus*, coa estructura dun diario de hospital, amósano-las vivencias do autor-narrador no período terminal da súa vida, cando acudía con frecuencia ós hospitais. Finalmente, faise un percorrido pola vida e a obra do escritor francés, xunto cunha breve descrición das dúas novelas que conforman este volume.

Hemingway, Ernest, *O vello e o mar (The old Man and the Sea*, 1952), trad. Carlos Casares, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 155, setembro 1998, 113 pp. (ISBN: 84-8288-235-X).

Ernest Hemingway (Oak Park, Illinois, 1899-Ketchum, Idaho, 1961) cóntano-la historia dun vello pescador que despois dun período de oitenta e catro días sen pillar consegue capturar un enorme peixe. A agónica loita entre o vello e o peixe prolóngase durante varios días e varias noites, tempo durante o cal, o animal arrastra a embarcación do vello cara ó interior do océano. Cando o pescador consegue facerse con el, retoma o camiño de volta ó porto, a onde chega só co seu esqueleto, o resto deixado tralas envestidas das quenllas. Publícase agora por primeira vez en galego esta obra do premio Nobel de Literatura de 1954.

Recensións:

-Nacho Mojón, “Casares traduce a Hemingway al gallego”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 73, 19 setembro 1998, p. 1.

Tras enxalza-la figura de Hemingway, comenta o feito de que esta é a primeira vez que se traduce ó galego un libro do estadounidense e subliña a importancia desta obra na concesión do Nobel en 1954. Despois repasa as teorías de Carlos Casares, o traductor, sobre as posibles orixes viguesas da novela, da que ofrece o argumento e sinala o seu simbolismo. Tamén refire as circunstancias da morte do autor. Finaliza recollendo un fragmento do texto nas versións inglesa e galega.

-Estro Montaña, “Polos mares de Hemingway”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura. Narrativa”, decembro 1998, p. 21.

Narra a vida e o rexurdir deste escritor dende a publicación de *O vello e o mar.* Diferénciase, na súa opinión, esta novela de *Por quen tocan as campás* (1940) e *Adeus ás armas* (1929), do mesmo autor, polo ton sentimental, o estilo e o optimismo. Fai unha síntese do argumento do libro, publicado no 1952 en versión orixinal, e gañadora do Premio Pulitzer de ficción. Afirma que o novelista creou un “novo estilo seco”, de frase curta e precisa, deixando a súa pegada na literatura norteamericana do século. Recorda os comezos do escritor en *Kansas City* e observa que o realismo neste libro contamínase con descricións poéticas que lembran a Melville ou a Whitman e que na obra se ve “o oficio de quen sabe contar con detalles significativos a historia”. Para terminar, menciona que a obra acaba de ser traducida ó galego por Carlos Casares, e pensa que a traducción non se debe desvalorizar polo feito de que o traductor non aclare, a pé de páxina, que as palabras en cursiva se manteñen en español por apareceren do mesmo xeito no orixinal.

-X. G. G., “O vello e o mar en galego” *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 801-802.

Parte dun comentario acerca da irregular recepción que tiveron as obras de Hemingway. No tocante a *O vello e o mar*, fai un resumo do argumento e repara na temática da obra, atopando reminiscencias bíblicas a modo de lendas populares. Considéraa unha novela sinxela e próxima á escritura behaviorista. Finalmente, conclúe cunhas liñas nas que sinala que Casares, a modo de homenaxe ó autor, realizou un axeitado traballo de traducción.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “O vello e o mar”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 18 setembro 1998, p. 12.

Exalta o papel das editoriais na normalización da nosa cultura a diferencia doutras institucións. Sitúa esta obra entre as mellores paridas pola literatura universal e expresa a súa preferencia polo Hemingway comprometido e social fronte á imaxe prototípica, relacionada coas touradas.

-M. Blanco Rivas, “A derrota final como promesa dunha victoria”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 78, 24 outubro 1998, p. 6.

Comeza coa presentación duns datos biográficos de Ernest Hemingway, así como das obras máis destacadas da súa producción literaria. Ademais, inclúe opinións de Vintila Horia sobre *O vello e o mar* e afirma que a publicación desta obra foi decisiva para que “lle fose concedido ao seu autor o Premio Nobel de Literatura”. Remata ofrecendo as características básicas da obra de Hemingway.

Mara, Rachna, *Entre o costume e a ruptura* (*Of Customs and Excise*), trad. María Reimúndez Meilán, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 14, 1998, 151 pp. (ISBN: 84-8302-298-2).

Trátase de doce relatos nos que se presenta un mosaico de mulleres en conflicto, interrelacionadas en situacións e sentimentos. Aínda que independentes, pódese considerar que forman parte dun todo unitario que, se ben permite unha lectura cognitiva individual, presenta uns trazos comúns a todos eles. Desenvólvense en Canadá ou na India, ou ben a cabalo de ambos lugares. En todos eles, sobre todo nas súas personaxes, están vivas estas dúas realidades por sentilas propias ou alleas. Así, por exemplo, en “Follas de Siringa” temos unha situación conflictiva entre Bidget e a doutora Sahib, por apostaren unha pola medicina tradicional, como sempre fixo o pobo, e outra pola medicina comercial. Noutros como “O presente de Asha”, vémo-lo conflicto entre dúas mulleres con diferencias de clase: a doutora Sahib e a súa criada Asha que narra o problema en primeira persoa. Tamén hai relatos como “Análise de mercado” e “Muni”, que desenvolven as dificultadades ás que se ten que enfrontar unha muller de orixe hindú porque os seus pais procuran amañarlle o matrimonio, e as difíciles relacións sexuais entre un matrimonio de conveniencia arranxado polos pais dela, respectivamente.

Perucho, Joan, *Monstruario Fantástico. Gaiola para animaliños felices* (*Monstruari fantàstic. Gàbia per a petits animals feliços*, 1976), trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 1998, nº 150, 163 pp. (ISBN: 84-8288-175-2).

Presenta Joan Perucho (Barcelona, 1920) neste seu *Monstruario Fantástico* toda unha galería de monstros e seres anormais tales como son Jezabel, O Cuspidor, A Pesanta ou O Palmarium. Narra a orixe de cada un destes seres e descríbeos fisicamente, ademais de conta-la historia de cómo se deron a coñecer e cáles son as súas actitudes e comportamentos máis habituais. Á parte disto, tamén dá conta de certos autores, libros e tradicións que tratan de cuestións relacionadas con eles. En *Gaiola para animaliños* leva a cabo un exercicio semellante, aínda que agora refírese a certo tipo de animais fantásticos como é o caso da Irania, Peret ou Penélope. A información que ofrece nesta mostra é moito máis breve cá presentada anteriormente, e céntrase, sobre todo, na anécdota ou historia característica desta nova serie de animais.

Recensións:

M. Blanco Rivas, “Monstros e outros animaliños felices”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 51, 4 abril 1998, 2.

Comeza informando acerca do contido do volume e da obra que lle dá título, *Gaiola para animaliños felices*. Cítase algunha das criaturas fantásticas que transitan polo volume, entre as que destacan as situadas nos últimos cinco séculos da historia de Cataluña. Finaliza situando a Perucho entre a elite da literatura catalana contemporánea e lembrando a súa traxectoria no mundo das letras.

-Carlos L Bernárdez, “De monstros e outros animaliños felices”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura. Narrativa”, novembro 1998, p. 23.

Refírese a Joan Perucho como “un dos máis sobranceiros representantes da narrativa de liña fantástica comezada nos anos cincuenta” e lembra a súa traxectoria “caracterizada pola súa inmensa curiosidade, cultura e imaxinación”. Sinala que a predilección que sente este autor polo relato ou peza curta lle recorda ós narradores galegos contemporáneos e comenta que o predominio do fantástico, da maxia, do misterio, do onírico nas narracións cun tratamento culto remite a Italo Calvino ou a Álvaro Cunqueiro. Comenta brevemente algúns aspectos dalgunha das súas obras e, con respecto a este volume, sinala que contén “dúas obras mestras deste universo literario e desta exactitude e razoamento deductivo aplicado con espontaneidade ó servicio da imaxinación”. Segundo di *Monstruario* ofrece “un bestiario de erudición fantástica” pola súa calidade e pola súa libre inventiva, cunha extraordinaria precisión na estructura

formal” que se ve reflectida na traducción. Conclúe destacando, que Perucho crea un mundo que tende a “mistificación e o barroquismo no que destaca a perfección na descrición”.

II. Poesía

II. 1. Poetas galegos

Abal, Tareixa, Irene **Cacabelos**, Xesús **Gómez**, Carme G. **Rebollido**, Roi **Martínez**, Inés **Meaño** e Iria **Peiteado**, *Sete Naos*, Cambados: Asociación Cultural Santa Compaña, 1998, 60 pp. (D. L.: PO-341/98). ◆

Volume composto por unha introducción na que se explica quen son “Sete Naos” e a súa intención de mostrar “sete maneiras de ve-lo mundo, de analiza-los soños, de divagar nas letras e de plasma-la nosa visión particular da poesía”. Os sete poetas novos que forman “Sete Naos” son: Tareixa Abal, Irene Cacabelos, Xesús Gómez Charlín, Carme G. Rebollido, Roi Martínez, Inés Meaño e Iria Peiteado, nacidos a finais da década dos setenta ou nos primeiros anos oitenta. Eles e elas despois de dar unha mínima nota de quen son, presentan unha mostra da súa poética que percorre temáticas como o sexo, o erotismo, o feminismo, etc.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Sete Naos, sete poetas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 30, 8 outubro 1998, p. 6.

Refírese a este libro como “totum revolutum” no que cabe todo e considera que isto non é malo dada a xuventude dos autores. Alude á temática dos poemas e subliña o tratamento do sexo que fan as mulleres e o emprego do erotismo como arma de provocación. A continuación destaca algúns trazos de cada un dos sete autores. Ve moitas posibilidades en Tareixa Abal cando se deixe de “ecos e tremendismos”, aposta por Irene Cacabelos e aconséllalle a Xesús Gómez Charlín que pula e perfeccione o seu traballo. Sobre Carme G. Rebollido considera que é mellor nos poemas de pequeno formato e no tocante a Roi Martínez Abal comenta que lle gustaría velo por outros eidos diferentes ós da poesía popular. Prosegue o comentario coa referencia a Inés Meaño á que cualifica como “irregular” e sinala o coidado métrico de Iria Peiteado.

-Lupe Gómez, “Bons poetas novos”, *A Nosa Terra*, nº 851, “Guieiro Cultural”, 30 outubro 1998, p. 24.

Comeza indicando que o poemario colectivo *Sete Naos* vén “enriquecer o panorama poético galego” e que foi presentado en Cambados e Compostela con recitais. Afirma ademais que, a pesar de seren tan novos, teñen grande “vontade de estilo” e dominio da linguaxe. Destaca a presencia feminina na obra e o xeito de recitar que amosan, así como os temas fundamentais que se tratan e as referencias ó noso pasado poético. Remata dándolle-la benvida, “pois veñen a enriquecer a loita”.

Alonso Montero, Xesús, *Versos satíricos (para hoxe), ó xeito medieval*, prólogos de Xosé Filgueira Valverde e Elsa Gonçalves, Vigo: Nigra, col. Rara Avis, 1998, 77 pp. (ISBN: 84-87709-60-5).

Alonso Montero (Vigo, 1928) abre o volume cunha nota preliminar na que agradece, por unha banda, á editorial Nigra a publicación destes versos, e ós prologuistas a elaboración dos dous prefacios seguintes, especialmente ó finado Filgueira Valverde, quen redactou un “Limiar para Alonso Montero” (abril 1996). Ademais explica que compuxo os textos para a sección “Serie breve de cantigas de tipos e metros similares ós dos Cancioneiros galego-portugueses” do Certame Xacobeo de Poesía. Filgueira Valverde informa do serodio coñecemento da literatura medieval, repasa o movemento neotrobadoresco e gaba esta obra de Alonso Montero. Elsa Gonçalves, no prólogo (xaneiro 1996), descobre as fontes concretas en que o autor bebeu e sinala como segue moitos dos tópicos trobadorescos, tanto formais coma léxicos e remata cualificándoo de poeta social. O corpo da obra, dedicada a Anna Ferrari, está composto por dous grupos de poemas: “María das Falas di mal do noso tempo”, finalista da primeira edición do sobredito certame (1993), e “Airas Nunes volve ó camiño”, vencedor en 1994. O primeiro vai precedido dunha nota en que se dá conta da personalidade ficticia de María das Falas e sucedido por unhas notas explicativas. Consta de sete “razós” en que se adiviña a presencia de Mendiño ou Raimbaut de Vaqueiras. Ó xeito deste trobeiro en langue d´oc, Alonso Montero ofrécenos unha

cantiga hexalingüe en que conxuga provenzal, castelán, galego, catalán, latín e barallete. O segundo monllo de versos tamén vai antecedido doutra nota en que o autor valora positivamente a poesía social medieval. Trátase de cinco composicións nas cales as referencias máis presentes son Afonso X e Pero Meogo. O primeiro apéndice é un novo texto neotrobadoresco, neste caso unha louvanza do viño do Condado. Segue en parte a cantiga "A dona que eu amo e teño por señor", de Bernal de Bonaval, recollida en versión modernizada. O segundo apéndice ofrécenos unha cantiga de amigo, atribuída a un Martiño de Redondela e construída sobre a de Mendiño, comentada polo profesor Pietro Molteni, codirector da colección. O libro péchase cun apéndice bibliográfico redactado polo propio Molteni.

Recensións:

-Carmen Mejía, "Versos satíricos para hoxe", *Grial*, nº 139, Tomo XXXVI, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 596-599.

Alude primeiramente ó congreso organizado pola Consellería de Cultura na Illa de San Simón "O mar nas cantigas" onde anota ter chegado as súas mans os *Versos satíricos*, de Alonso Montero. Realiza unha análise do libro, aludindo ós prologuistas, Filgueira Valverde e Elsa Gonçalves. Confesa atopar poesía social neste poemario aínda que entende que Alonso Montero quere confundi-lo lector ó falar de poesía case lúdica e logo plasmar definidas mensaxes poéticas. Atopa na primeira parte, poesía trobadoresca e

na segunda fala da voz poética de Airas Nunes. Conclúe salientando a presencia dun clasicismo con tendencia neotrobadoresca.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “O poeta e os fazais”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 29 maio 1998, p. 18.

Comenta o feito de que ningún autor galego utilizase a palabra “fazai”, “substantivo común que designa ós amigos das carteiras alleas”. Di que aprendeu esta palabra durante a súa estancia en Lugo e sorpréndese de que escritores como Ánxel Fole ou Paco Martín non a teñan usado. Alude á publicación de *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval*, onde el usa a palabra, e sitúa a obra nas coordenadas dunha “sociopoética”.

-C. S., “Alonso Montero presentó ayer “Versos satíricos (para hoxe) ao estilo medieval”, *El Correo Gallego*, 20 agosto 1998, p. 13.

Refírese ó acto de presentación do libro no marco da Xª Feira do libro de Pontevedra. Recolle palabras do seu autor nas que fala deste seu primeiro libro de poemas logo de ter publicado numerosas obras de crítica, bibliográficas, etc. Comenta o valor que el lle dá á poesía “xa que estamos nun momento de desarme moral e non hai poetas coma Celso Emilio Ferreiro ou Rosalía de Castro que utilizaban os seus versos coma unha espada afiada”. Por este motivo afirma que ha seguir a escribir poesía, pola importancia que ten para el como instrumento de expresión. Polo demais ofrece a súa opinión sobre a literatura galega actual, reinvindicando a figura de Méndez Ferrín.

-Eugenia García Lorente, “Alonso Montero afirma que “en el mundo en que vivimos la literatura no importa nada”, *Diario de Pontevedra*, 20 agosto 1998, p. 8.

Noticia da presentación do libro na Feira do Libro de Pontevedra. Recolle as palabras do autor cualificando a obra de “sorprendente” posto que el é profesor e non creador. Ademais refírese á continuidade coa liña das creacións en prosa nas que continúa en controversia con case todo. Alúdese tamén á presentación na que se referiu á falta de poetas que consideran o verso unha espada contra os males do noso tempo, ademais de presentar dúas das obras das que é responsable: *Os poetas con Federico García Lorca*, e *Os poetas galegos con Franco* (1997).

Araguas, Vicente, Fermín **Bouza**, Xavier **Frías**, Claudio **Pato**, José Manuel **Outeiro** e Manuel **Pereira**, *Comercial*. *Poesía Galega en Madrid*, limiar de Carmen Mejía, Neda-A Coruña: Edicións Río Xuvia, col. O Roibén, outono 1998, 32 pp. (D. L: M-42039-1998).

Neste segundo volume da colección “Roibén” inclúense textos de seis poetas pertencentes a xeracións distintas, que comparten a súa residencia en Madrid, cinco deles galegos e un asturiano:

-Vicente Araguas (Xuvia, Narón, 1950)
-Fermín Bouza Álvarez (Santiago, 1946)
-Xavier Frías Conde (Navia, Eo, 1955)
-Claudio Pato (Ourense, 1960)
-Xosé Manuel Outeiro
-Manel Pereira

No limiar, Carmen Mejía dá noticia da creación, no ano 1996, do Grupo Bilbao, integrado por escritores galegos que se reúnen no café madrileño Comercial. Estes poetas coincidiron na

presentación do poemario *O gato branco*, de Vicente Araguas e dende entón traballan para “dar vida á cultura galega en Madrid”, organizando recitais de poesía e artellando outras iniciativas culturais, entre as que se conta a creación da colección “Roibén”.

Araúxo, Emilio, *As chairas da letra*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, 77 pp. (ISBN: 84-921096-6-1).

Nas cento dezaseis composicións deste poemario de Emilio Araúxo (Coles, 1962) pódese atopala evocación dun pasado de vida e a imaxe dun presente de morte. Este libro é a crónica da paulatina pero inexorable agonía das terras do val do Río Limia, víctimas da despoboación. Ó contraste entre o pasado e o presente hai que engadi-lo outro eixe do poemario: a presencia dos vellos. Os vellos son quen manteñen a memoria, neles vive aínda o pasado: a súa morte será a morte definitiva dun mundo, morte que se alude abertamente en poemas como “Nome”. En canto ós aspectos formais, cabe salienta-la frecuente utilización das figuras de repetición e de acumulación, así como a *sermocinatio*, que evita o monoloxismo. Escóitanse moitas voces líricas neste feixe de poemas, porque falan neles os derradeiros superviventes dunhas terras agoniantes, de xeito que se pode dicir que se trata dun poemario coral.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Voces da nosa identidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 4, 9 abril 1998, p. 6.

Destaca o enraizamento na terra, máis en concreto na Limia e na Baixa Limia, deste poemario de Emilio Araúxo. Por iso fai un percorrido por estas terras e polas súas xentes, polas vidas de personaxes xa desaparecidos que poboaron as aldeas galegas ata hai dúas décadas. De aí que diga que é un “libro da agonía, e á vez, da memoria”. Ó final resalta que non sexa un libro paisaxístico, senón enraizado.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “Mil voces clamorosas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 xuño 1998, p. 48/p. 4.

Primeiramente comenta a sorpresa que lle supuxo o descubrimento do libro de poema *As chairas da letra*, de Emilio Araúxo, e logo a satisfación de telo lido. A seguir lembra que este libro lle trae á cabeza tempos pasados que xa non existen e que moita xente non soubo valorar debidamente. Alén disto fai unha reinvindicación da poesía e dos poucos bos lectores de poesía, entre os que se encontra el mesmo, segundo di.

Araúxo, Emilio, *Pois*, foto e debuxos do autor, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, 86 pp. (ISBN: 84-921096-8-8).

Componse esta obra dunha serie de poemas, en xeral de curta extensión, que describen determinados aspectos dunha paisaxe rural poboada de figuras humanas. O libro tematiza, ademais, cuestións como a memoria, o paso do tempo, a loita pola vida e a orixe. Por outra banda, o poemario presenta uns personaxes en harmonía co seu medio e coñecedores deste, que adquiren, a miúdo, a condición de heroes. A voz lírica deixa constancia das transformacións ocasionadas polo paso do tempo na paisaxe e no xeito de vida. Dende o punto de vista formal, destaca a expresión núa e o ton por veces arcaizante.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Pois (a autenticidade)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 36, 19 novembro 1998, p. 6.

Destaca a singularidade do poemario comezando polo título, formado por unha palabra “flotante”. Pon de relevo a súa dimensión recuperadora do pasado e da memoria aínda que tamén de afirmación do futuro. Explica que Araúxo recolle en forma de beleza núa a memoria anterga dos galegos, cunha poesía non

forzada pero moi elaborada. Conclúe reiterando o carácter novidoso do libro que “transpira autenticidade en cada verso”.

Castaño, Yolanda, *Delicia*, limiar de Teresa Seara, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 66, xaneiro 1988, 68 pp. (ISBN: 84-89814-38-4).

Segunda entrega poética de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) que vén precedida dun limiar de Teresa Seara onde se destaca a madurez lírica da poetisa, o que a converte nunha "referencia indiscutible" na nosa poesía máis recente, para despois percorre-las diferentes partes do poemario que destilan a "sensualidade sensitiva do pracer". A obra consta de cinco partes que delatan todo o camiño dunha relación amorosa: "Sensitiva", o imperio das sensacións; "As historias", a loita dos misterios do interior do eu; "A felonía", onde se confirma a historia das historias; "Se penso nas cousas que fixemos", no cal a felonía se recobre de lembranzas nun diálogo co ti; e "O goberno das vontades" ou a vinganza do eu que vai permanecer castigando na memoria do outro. Remata a obra cunha "Poética das incertidumes", onde o eu se pregunta polos límites da consciencia e o recordo da ledicia.

Recensións:

-M. D., "Sensual Yolanda", *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", nº 65, 21 febreiro 1998, p. III.

Comenta salientando a “carreira fulgurante” da poeta, con tres libros producidos en vinte anos de vida, e refírese a súa obra inicial, *Elevar as pálpebras* (1995), que contén “poemas cotiáns, amorosos, irónicos e mesmo contestarios”. A seguir anticipa a publicación do seu próximo libro: *Vivimos no ciclo das erofanías*. Céntrase por fin en *Delicia*, do que salienta a súa temática relacionada co amor: “desexo, masoquismo ou ausencia” e opina que a mellor Yolanda Castaño aparece cando volca “o seu entusiasmo literario xuvenil na descripción de lances eróticos”.

-Vicente Araguas, “Sensacións e felonías”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 9, 14 maio 1998, p. 6.

Destaca o paso adiante que significa este novo libro de Yolanda Castaño con respecto ó anterior *Elevar as pálpebras*. Considera que rompe “co molde” pola frescura coloquial e o radicalismo do cotián”. Así mesmo intenta determina-las influencias da poesía erótica tanto de poetas e poetisas galegos e galegas coma universais.

-Manuel López Foxo, “Do gozo e da amargura”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 852, 15 outubro 1998, p. 30.

Afirma que *Delicia* ten moitos puntos en común coa anterior obra da súa autora, chegando á conclusión de que ela ten xa unha voz propia, “firme e caudalosa”. A seguir fai unha descrición do libro, explicando detalladamente os seus elementos constitutivos fundamentais e incluíndo fragmentos de poemas para exemplifica-la súa análise. Asegura que estes poemas teñen orixe “na vivéncia e no sentimento” e relaciónaos coa poesía de Miguel Anxo Fernán-Vello. Remata preguntándose cal será o rumbo futuro da

escritora e dicindo que se consolida “como unha das voces máis sobresaíntes da poesía galega dos noventa”.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “Sosego”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 19 febreiro 1998, p. 30.

Felicita a Isolda Santiago por *Berce das estampas* e reproduce uns versos pertencentes a este poemario e outros correspondentes a *Delicia*, de Yolanda Castaño.

Castaño, Yolanda, *Vivimos no ciclo das erofanías*, IIº Premio de Poesía Johán Carballeira, limiar de Olga Novo, A Coruña: Espiral Maior, outubro 1998, 58 pp. (ISBN: 84-89814-57-0).

Con este libro Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) fai un canto á voracidade sexual, ó pracer e ó desenfreo. A obra está composta por un corpus de textos agrupados baixo o título “Escotofilia ou canto de Aleister” e por unha “Poética do desencanto”. Ó longo do poemario asistimos a unha exaltación da sensualidade, da paixón e dos praceres do corpo, enunciados por unha falante lírica que comeza coa recreación da busca e o encontro do seu “príncipe das tebras”. Este discurso hedonista contrasta coa tematización do desencanto da poética final en “O discurso fracasado”.

Recensións:

-Verónica Rego López, “Poemario íntimo”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 2, “Especial Literatura Infantil”, “Crítica”, decembro 1998, pp. 12-14.

Recensión dos poemarios *Hipatía*, de Alfonso Pexegueiro, do que se di que recolle unha filosofía persoal que gravita "entre o romántico e o revolucionario"; *Arden*, de Ana Romaní, que se define como unha obra de cariz lorquiano e intimista; e *Vivimos no ciclo das erofanías*, de Yolanda Castaño, ó que se considera un novo exemplo dunha erótica, xa non suxerida, senón real.

Referencias varias:

-O. N., "Bailar cando todos van correndo", *Tempos Novos*, nº 11, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", abril 1998, p. 69.

Breve comentario sobre a obra de Yolanda Castaño, *Delicia*, con motivo da súa publicación en Espiral Maior. Sinala que esta obra é, antes ca nada, unha busca permanente da estética, "non só como concepción da arte senón tamén unha divisa da vida".

-Manuel Vidal Villaverde, "Magosto", *Atlántico Diario*, "De catro a catro", 17 novembro 1998, p. 22.

Ademais de aludir ó estudio *De Castelao a Mao* (1998), de Fermí Rubiralta Casas, menciona a publicación dos poemarios *Arden*, de Ana Romaní e *Vivimos no ciclo das erofanías*, de Yolanda Castaño, *Pronomes*, de Antón Lopo e *Cantos*, de Giacomo Leopardi, recollendo un verso de cada un deles.

-A. F., “Yolanda Castaño presentou a obra que gañou o ano pasado”, *A Comarca do Morrazo*, nº 57, 16 decembro 1998, p. 33.

O articulista dá conta da presentación da obra vencedora do Premio Johan Carballeira na edición de 1997. Coméntase que a autora recitou algúns poemas. Cítanse tódalas súas publicacións literarias, os premios recibidos, a súa actividade actual e as revistas e periódicos cos que colabora.

Castro López, Eduardo Víctor, *Latexos dun arousán II. "Micopoemario"*, limiar de Carlos Álvarez Puga, ilust. Julio Bértolo Ballesteros, Marín: Edición do autor, 1998, 113 pp. (D. L.: PO-4323/98).

O volume de Eduardo Víctor Castro López, asinado co pseudónimo EVCALO, está precedido polas seccións “Datos biográficos”, “Verbas do autor”, un “Testemuño do Grupo Micolóxico Pan de Lobo” e un poema titulado “Primicia Micopoética”. A seguir comeza *Latexos dun arousán*, precedido do limiar de Carlos Álvarez Puga que, como amigo do escritor, lembra a súa traxectoria e as vivencias compartidas xunto a el. A micoloxía é o tema central do libro, artellado en dúas partes. Na primeira delas, “Micopoemas didácticos”, “o autor aborda dende o punto de vista didáctico, a incomprensión e ignorancia da maioría dos galegos verbo do fascinante mundo dos cogomelos”. A segunda, “Poemas didácticos” presenta unha maior apertura temática. Os textos adoptan, en xeral, un ton prosaico e a miúdo aleccionador.

Referencias varias:

-José Ruíz Guirado, “Micopoemario, nuevo libro del escritor “E. V. Calo”, *Diario de Pontevedra*, 12 novembro 1998, p. 18.

Manifesta a súa sorpresa ante a publicación do libro e salienta o ton xocoso e sarcástico desta creación á que cualifica como “prosa poética más que verso al uso”. Fai tamén referencia ó nome poético do autor, E. V. Calo, e céntrase na temática da obra relacionada cos cogomelos. Alude finalmente á intención do autor de achega-lo lectorado “al conocimiento de los seres mágicos, elementales: por el sentido ecológico de la Naturaleza”.

Corporación Semiótica Galega, *Cesures-China. 7 poemas ácratas, incluso*, Pontecesures: Corporación Semiótica Galega, [s. d.], 7 pp. [sen ISBN nin D. L.]. ◆

Caderno que reúne sete textos combinados con imaxes (fotografías, colaxes). Os poemas, de temática social, están escritos cunha grafía que dá cabida á representación de trazos dialectais como a gheada ou o seseo.

Couceiro, Emma, *As entrañas horas*, Xº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 1998, 60 pp. (ISBN: 84-7492-894-X).

Emma Couceiro (Cospeito, 1977) estructura a obra en dúas partes: “As entrañas horas” e “Todos os camiños que a iniciada rende”, e unha “Carta-Epílogo” escrita en prosa. Ó longo do texto asistimos a unha fragmentación do eu lírico que leva parella unha destrucción da sintaxe, manifestada xa no propio título. Por veces, o verso adopta un ton próximo ó diálogo. A falante lírica leva a cabo unha indagación que comeza polo cuestionamento da súa propia existencia. Por outra banda, esta voz, víctima a miúdo da desposesión, recrea temas como a desolación, a orixe ou o regreso.

Recensións:

-Olga Novo, “*As entrañas horas*”, *Tempos Novos*, nº 19, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 1998, p. 65.

Presenta o libro de Emma Couceiro, *As entrañas horas*, que foi escrito "por absoluta dor e reflexión sobre a dor e a identidade, o metapoético". A seguir realiza unha análise deste volume, que ademais de contar cunha serie de dedicatorias que forman toda unha rede de mundos, amizades e odios, componse de tres partes: a primeira dálle nome ó libro, a segunda titúlase "Todos os camiños que a iniciada rende" e a terceira é unha "Carta-Epílogo", que considera como o mellor e o máis impresionante do poemario.

-Vicente Araguas, "Repetición da humidade", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 40, 17 decembro 1998, p. 6.

Considera *As entrañas horas* como un libro forte, de carácter existencial mediante varias vías: a do corpo e a da perspectiva feminina, como en *Humidosas*, e o das raíces e a historia. É o "vivir pois coa humidade e coa pedra dentro", mais cun ton máis comprometido ca antes. En canto á forma, denota unha renovación da linguaxe con naturalidade e con forza e sempre marcando a feminidade. Para demostralo, reproduce algúns versos e parte do texto que leu na entrega do galardón como síntese da súa poética.

Referencias varias:

Manuel Vidal Villaverde, "De algures a ningures", *Atlántico Diario*, "De catro a catro", 19 novembro 1998, 24.

Céntrase no poemario galardoado no Xº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, *As entrañas horas*, de Emma Couceiro, aludindo á súa aparición e reproducindo algúns versos, falando así mesmo da súa autora. Finalmente alude a Cunqueiro e a varias obras do mindoniense.

Chao, Ignacio, *Corazón de segundas partes*, XVIIº Premio Esquío de Poesía en Lingua Galega, limiar de Ramiro Fonte, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle Inclán, col. Esquío de Poesía, nº LXX, marzo 1998, 60 pp. (ISBN: 84-86046-88-2). ◆

Primeiro poemario de Ignacio Chao (Pontedeume, 1968). No limiar, Ramiro Fonte saúda a entrada deste autor no xénero. O libro está estructurado en dúas partes de extensión desigual: "A hora que non medra" e "As neves máis albas". A poesía, de tipo meditativa e experiencial, apóiase nun transfondo de narratividade que se percibe en cada unha das historias que se nos presentan nos poemas.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Corazón de segundas partes", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 21, 6 agosto 1998, p. 6.

Comenta o poemario salientando en primeiro lugar que este é un libro aberto e polo tanto cun final inconcluso. Salienta a confesionalidade que percorre todo o libro mais, segundo di, non é "un

confesionalismo exhibicionista e pedichón (...) que algúns adoitan". Finalmente repasa as influencias que nota no poemario e as estructuras métricas que emprega.

Conde, Adela, Crisanto **Veiguela**, Xavier **Frías**, *Carreiros. Mostra de poesia da Terra Eo-Navia en lingua galega*, Neda: Rio Xuvia Edicións, 1998, 32 pp. (D. L.: M-19001-1998).

Esta analecta pretende amosárno-lo momento que están a vivi-las nosas letras na faixa occidental do principado de Asturias. Tódolos poemas teñen en común a ausencia de rimas e o uso de versos non isosilábicos, á parte de estaren escritos conforme o subestándar do galego asturiano e seren anteriormente publicados en “O Espello”, suplemento literario da revista *A Freita*. Os tres autores están inseridos no colectivo “Cotarelo Valledor”, grupo literario composto por autores deste marco xeográfico. Adela Conde Valledor (Allande, 1925) ofrécenos unha poesía que incide no sentimentalisto e no canto á paisaxe. Crisanto Veiguela Martins (Veiga de Eo, 1959) ten como temas fundamentais o mar e a lingua e amósase consciente de que co seu labor está poñendo o seu gran a prol da causa da dignificación da lingua propia das terras situadas entre os ríos Navia e Eo. Os seus textos foron adaptados ortograficamente ó subestándar sobredito a partir da opción reintegracionista que este enxeñeiro profesa. O filólogo Xavier Frías Conde (Béjar, 1965) opta por centrarse no amor sen esquece-la paisaxe, segundo tema en importancia. Os tres grupos de poemas están precedidos de cadansúa introducción biográfica onde se informa dos aspectos máis sobranceiros da traxectoria vital da tríada de poetas.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Entrerriana”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 19, 23 xullo 1998, p. 6.

Comenta brevemente as principais características da poética de varios escritores. Primeiramente daqueles que xuntaron os seus versos no libro *Carreiros*, Adela Conde, Crisanto Veiguela e Xavier Frías, todos eles nados entre os ríos Eo e Navia. Logo refírese a Xoán García que, en edición de autor, publicou *Falo de Baco* onde se recolle a súa produción lírica, que por outra parte cualifica de “autodidácta”.

Dacosta, Marta, *Setembro*, VIIº Premio Martín Codax de Poesía, limiar de Teresa Seara, Vigo: Galaxia, col. Dombate, outubro 1998, 109 pp. (ISBN: 84-8288 240-6).

Marta Dacosta (Vigo, 1966) leva a cabo neste libro unha reflexión acerca da súa condición de muller, remontándose á evocación da infancia, á aprendizaxe, ós recordos e ós espacios familiares e ó propio nacemento: “nai pariume á humidade de setembro/cunha marca de sangue/e un instante de luz”. O suxeito lírico reflexiona, ademais, sobre os trazos de identidade inherentes á súa condición feminina, o papel da muller na sociedade e o paso do tempo. Ó longo de todo o libro tematízase setembro, motivo que funciona a xeito de “leit-motiv”, como mes do nacemento e da orixe. Dende o punto de vista formal obsérvase no libro un predominio do verso longo, as máis das veces hendecasílabos brancos, e unha tendencia á expresión sinxela e espida de artificios.

Recensións:

-Manuel López Foxo, “Ser muller e dunha terra”, *A Nosa Terra,* nº 859, “Guieiro Cultural”, 3 decembro 1998, p. 30.

Sobre *Setembro*, afirma que conxuga o amor á vida e á terra nunha volta á infancia, ó contrario que en *Pel de ameixa*, onde camiñaba cara á madurez. Apunta que a condición feminina se reinvindica a través da nai e de tódalas mulleres, e a reafirmación na terra vén da man de múltiples elementos da natureza. Pon en relación ademais esta poética coa de Olga Novo, Medos Romero ou Rafa Villar ó respecto da pegada da natureza e da vivencia persoal. Tamén propón esta obra como exemplo dunha poesía fortemente comunicativa e expresivamente asequible ó lector, mais "sen renunciar á esquisitez e á beleza".

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "Lectores de vello", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "Os outros días", 18 xuño 1998, p. 56/p. 4.

Refírese ó lector posible a quen nunca sabe como imaxinar pois afirma que escribe para si mesmo. Considérase un bo lector, amante da literatura e amigo do sosego á hora de entregarse á lectura. Remata o artigo aludindo ó poemario *Setembro*, de Marta Dacosta. Concorda cunhas declaracións da autora e considera que en Galicia hai non máis de novecentos lectores "que non queiran unha literatura popularizada, desvalorizada, vulgarizada e feita uns farrapos de gaita". Pregúntase, neste sentido, "¿Cara onde vai un novelista así?". Ademais salienta que o Premio Martin Codax "se está a converter nunha referencia precisa para eses centos de lectores convencidos e amantes de ler e beber a modo".

-Carme Vidal, “Buscaba na memória das mulleres e apareceu a figura da miña nai”, *A Nosa Terra*, nº 835, “Guieiro Cultural”, 18 xuño 1998, p. 33.

A poetisa Marta Dacosta refírese ó protagonismo das mulleres na súa obra *Setembro* e ás influencias que nel hai de Chus Pato. Comenta a necesidade ocasional “de marcar o que se escrebe en feminino” e de facer un discurso diferenciador, que as mulleres logran “introducindo determinados temas”. Opina tamén acerca da presencia do erotismo feminino dentro da poesía e non cre que a entrada da muller na poesía “marque esta xeración”, porque “a proporción segue sendo moi pequena en comparación cos homes”.

Díaz-Castroverde, Fernando, *Camiño de píntegas*, Iº Premio de Poesía Concello de Carral, limiar de Xulio L. Valcárcel, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 70, marzo 1998, 54 pp. (ISBN: 84-89814-43-0).

Este poemario de Fernando Díaz-Castroverde (Lugo, 1967) estructúrase en catro partes: “Canto primeiro ou de como o tempo non é liso”, “Canto segundo: se amor fose pócima”, “Outros cantos” e e “Marusía”. no que poetiza sobre as estacións do ano, sobre o mundo do mar. Vén precedido dun prólogo no que Xulio López Valcárcel cataloga os poemas como “breves, reflexivos e concentrados”. Estudia as partes nas que o dividiu o autor e comenta algúns fragmentos significativos. O primeiro canto constitúe unha reflexión sobre o tempo, no que o presente é un tempo hostil no que o home é un “iceberg de lembranzas/a derreterse/mentres as garda”, e o pasado é a memoria da infancia: “nenez, lingua de mel”. O segundo canto desenvolve unha visión positiva do amor, da unión coa amada ata vivir definitivamente en ti. A terceira parte presenta os estados do poeta en cada unha das estacións e na cuarta o poeta reclama en ton épico a ruptura do silencio que impera no tempo presente.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Entrar, saír da terra”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 16, 2 xullo 1998, p. 4.

Comenta conxuntamente os poemarios *Cando eu caia*, de Ramón Sampedro e *Camiño de píntegas*. Sobre o primeiro destaca que é un alegato a prol da eutanasia que amosa unha poesía directa e libre de formalismos. Ademais sinala que se debe observar dende o concepto, aínda que algúns poemas evidencien xogos formalistas e referencias poéticas. Na obra de Fernando Díaz-Castroverde considera que se revelan desaxustes entre uns poemas conceptuais e formais referentes ó telúrico e estacional, e outros máis complexos e de raíz “nerudiana”, cando entra no terreo erótico. Nesa dualidade aposta polo primeiro bloque por se-lo máis logrado e musical.

Referencias varias:

Manuel Vidal Villaverde, “Do tempo de Lugo e de Vigo”, *Atlántico Diario*, “Mar de Fóra”, 23 abril 1998, 30.

Dá noticia da publicación de *Camiño de píntegas*, de Fernando Díaz-Castroverde; *Animal sen fel*, de Fiz Vergara Vilariño e de *Labirintos de identidade*, mostra de poesía chicana.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Alberto Augusto **Miranda** (encargados da escolla), *Mulher a facer vento*, Lisboa: Edições Tema, maio 1998, 53 pp. (D. L.: 123-885-98).

Este libro, como declaran os editores nunha breve nota que precede ós textos, pretende ser unha antoloxía de textos inéditos da "poesía galega asinada no feminino". Os responsables da escolla decantáronse por autoras que se revelaron como poetisas nos anos noventa ou a finais dos oitenta, agás Luz Pozo, da que se recollen dous poemas: "Ondas do Mar de Vigo" e "Memoria de África". Así recóllense composicións de :

-Ana Romaní (Noia, 1962).
-Anxos Romeo (A Estrada, 1965).
-Emma Couceiro (Cospeito-Lugo, 1977).
-Luísa Villalta (A Coruña, 1957).
-Olga Novo (Villarmao-Pobra do Brollón, 1975).
-Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977).
-Luz Pozo (Ribadeo, 1922).

As composicións de cada unha das autoras van precedidas dalgúns datos biobibliográficos.

Recensións:

-Teresa Seara, “Do enigma e as súas rutas”, *A Nosa Terra*, nº 836, “Guieiro Cultural”, 25 xuño 1998, pp. 28-29.

Traza unha panorámica xeral pola obra *Mulher a facer vento* en que se recolle unha escolma de sete poetas galegas: dende a consagrada Luz Pozo Garza, outras de máis experiencia como Ana Romaní, Luísa Villalta ou Anxos Romeo, ata as máis novas voces xurdidas no sistema literario galego, Iolanda Castaño, Olga Novo e Emma Couceiro. De cada unha delas toma un poema para, partindo del, explicar algunhas claves da súa obra poética reflectidas nesta antoloxía.

-Vicente Araguas, “Poesía galega revolucionaria”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 27, 17 setembro 1998, p. 6.

Destaca a importancia dunha antoloxía de poesía feminina galega para dar a coñece-la producción lírica galega no exterior, especialmente en Portugal. Fai un repaso polos poemas que aparecen no libro e ponos en relación coa obra que ata o de agora levan escrito estas poetas, destacando o feito de que se trate de textos inéditos e de que a maioría sexan un “mangado de poemas de mulleres revolucionarias”.

-Vicente Araguas, “Mujeres: bajo la estela de Rosalía de Castro”, *Leer*, nº 96, “Letras Gallegas”, outubro 1998, p. 68.

Refírese á eclosión de voces poéticas femininas na década dos 90 e dá conta da publicación en Portugal dunha antoloxía de poetas galegas baixo o título *Mulher a facer vento*. Sinala que este volume recolle composicións de Ana Romaní, Anxos Romeo, Emma Couceiro, Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo e Yolanda Castaño.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “Esplendor na herba”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 16 xuño 1998, p. 34.

Saúda a publicación desta obra que ten como finalidade dar a coñece-la escrita de poetas galegas en Portugal, tomando versos de tódalas escritoras que forman parte da antoloxía, remarcando as súas carácterísticas principais. Alén disto bota en falta nesta escolma as poetas Chus Pato, Helena de Carlos e Cristal Méndez Queizán.

Estévez, Eduardo, *Só paxaros saíron desta boca*, Accésit do Premio de Poesía Miguel González Garcés 1997, ilust. Amando, A Coruña: Deputación Provincial, 1998, 56 pp. (ISBN: 84-89652-49-X). ◆

Poemario no que Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969) recorre a un verso espido de artificios para recrear temas universais como a nostalxia, o paso do tempo, a morte e o amor. O texto combina o ton descritivo e reflexivo coa presencia dalgún fío argumental mínimo. Amosa xogos intertextuais e desautomatizacións, que se manifestan dunha maneira clara nos títulos: "homenaxes", "beiramar", "fe de erratas", "muller con piano", "xénese", etc. Mediante este xogo, a voz lírica introduce no poemario unha reflexión nostálxica e, por veces, irónica. No libro pódense rastrexar, ademais, numerosas referencias culturais, de natureza fundamentalmente literaria, inseridas, as máis das veces, na lembranza dalgunhas cidades europeas.

Referencias varias:

-E. Álvarez, "Presentados os libros de Fonte e Estévez, galardoados co 'González Garcés' do ano 97", *El Correo Gallego*, 28 maio 1998, p. 17.

Noticia que achega información sobre a presentadción de *Só paxaros saíron desta boca*, de Eduardo Estévez, e *Mínima moralidade*, de Ramiro Fonte, accésit e primeiro premio respectivamente na edición de 1997 do Premio Miguel González Garcés. Sinálase que o acto tivo lugar na biblioteca da Deputación coruñesa contando coa presencia dos máximos responsables provinciais.

-Susana Cendán, “Poesía e minoría”, *O Correo Galego*, 11 xuño 1998, p. 48.

Refírese brevemente ó acto de presentación dos poemarios *Só paxaros saíron desta boca*, de Eduardo Estévez e de *Equinocio de primavera*, de Miro Villar no que os autores comentaron a súa concepción do “ser poeta” en Galicia e todo o que iso conleva.

-Alfredo Conde, “De poemas e momentos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 12 decembro 1998, p. 48/p. 4.

Admite que un dos riscos que conleva a escrita diaria é a falta de memoria, que o pode levar a non recoñece-lo obxecto dalgúns comentarios ou a reincidir noutras ocasións. Comenta que isto é o que lle aconteceu, por exemplo cos dous libros premiados co Premio Miguel González Garcés, *Mínima moralidade*, de Ramiro Fonte e *Só paxaros saíron desta boca*, de Eduardo Estévez. Conta que ás veces merca libros guiado polo nome do autor e non polo título, e agora, aínda que non se lembra se o fixo, propón a lectura deses dous libros porque considera que a súa calidade ha perdoa-la súa desmemoria.

Fernández López, Ramón, *Lembranzas dun poeta*, A Coruña: Edición do autor, 1998, 47 pp. (D. L.: C-975/98).

Ramón Fernández López (Noia, 1957) reúne un conxunto de textos caracterizados pola súa proximidade ás formas populares. Dende o punto de vista do contido, os poemas tratan unha temática diversa, da que cómpre destaca-la exaltación de Galicia.

Fonte Moura, Manoel, *Poemas resgatados 1983-1997*, fotografías de Pepe Calleja, Ourense: Asociación Cultural O Bión/Asociación Cultural Trisquel, abril 1998, 64 pp. (ISBN: 84-605-7465-2).

Manuel Fonte Moura, nome literario de Manuel Martínez Quintas (Fonte Moura, A Limia, 1969), neste poemario composto por cuarenta e dous poemas glosa en versos libres a súa terra, os seus recordos, os amores e desamores e lembra a personaxes que marcaron a súa vida.

Referencias varias:

-S. M., “Un libro de poemas ensalza la belleza de las tierras de A Limia”, *La Región*, 10 maio 1998, p. 17.

Dá conta da presentación do libro de poemas de Xosé Manuel Martínez na Casa de Cultura de Xinzo. Salienta o feito de que os beneficios do libro sexan destinados ó fomento do teatro en Xinzo.

-R. F., “A miña poesía é sentimento”, *La Región*, 27 xuño 1998, p. 16.

Repasa as principais liñas temáticas tratadas no libro, que resume en tres: a terra, os recordos e o amor. Tamén recolle palabras do autor, no acto de presentación do poemario, nas que destaca o sentimento

que transmite o libro que á vez pretende chama-la atención do lector para que se dea conta de que a natureza que tén arredor “é demasiado importante como para non tela en conta”. Informa tamén de que o libro leva fotografías de Pepe Calleja.

Fonte, Ramiro, *Mínima moralidade*, ilust. Xurxo Gómez Chao, Premio de Poesía Miguel González Garcés 1997, A Coruña: Deputación Provincial, marzo 1998, 81 pp. (ISBN: 84-89652-46-5). ◆

Poemario no que Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) reúne vinteseis composicións que constitúen, segundo el mesmo, un capítulo dun libro inédito titulado *Capitán Inverno*. Nun pequeno limiar titulado: “Dúas palabras do autor”, confesa non ser partidario dos prólogos, xa que tenden a prometer de máis, e presenta sucintamente estas composicións sinalando que o título das mesmas serve para lembra-lo filósofo Theodor Adorno. Fonte ofrécenos un libro moi reflexivo no que concibe a vida coma unha partida de naipes na que o azar xoga un importante papel. Conceptos como traizón, vinganza, decisión, arrepentimento, guerra, fracaso e soidade constitúen en moitos casos o tema principal dos poemas aínda que combinados cunha reflexión metapoética. Deste xeito, vemos que para Fonte é a vida quen escribe os mellores poemas quizais para palia-la nosa soidade, ou mesmo para que alguén pacte con nós. Escribir implica a un, lévanos incluso a denunciarnos a nós mesmos, as palabras son as probas. A escritura manifesta o seu desexo de ser lida, de ser escoitada e, metonimicamente, de ser libres e solidarios.

Recensións:

-Diego Ameixeiras, “Escura dignidade da poesía”, *El Mundo. Galicia*, 20 xullo 1998, p. 7.

Comenta o libro de poemas *Mínima moralidade* destacando en primeiro lugar que este poemario quere ser unha homenaxe ás reflexións filosóficas de Theodor Adorno, que á súa vez eran unha análise da culpabilidade da cultura alemana nos tempos do nazismo. Remata gabando a perfección formal da poesía de Ramiro Fonte.

-Vicente Araguas, “O crebacabezas de Fonte”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 32, 22 outubro 1998, p. 6.

Afirma que a poesía de Ramiro Fonte se sitúa “entre un ton cada vez máis abertamente confesional e a opción pola poesía narrativa”, presentando a seguir unha breve traxectoria do poeta e explicando a procedencia do título *Mínima moralidade*. Ademais glosa o prólogo da obra, elaborado polo propio autor, dicindo que a obra asenta sobre dous principios e analizando cómo se manifesta isto nos poemas. Comenta tamén as características do emprego da primeira persoa e indica os poemas que tratan o tema do azar, así como aqueles que el prefire do poemario. Remata dicindo que “a obra de Fonte semella cada vez máis un crebacabezas no que todo encaixa con exactitude matemática”.

Referencias varias:

-E. Álvarez, “Presentados os libros de Fonte e Estévez, galardoados co ‘González Garcés’ do ano 97”, *El Correo Gallego*, 28 maio 1998, p. 17.

Ver Estévez, Eduardo, *Só paxaros saíron desta boca*, nestas páxinas.

-Alfredo Conde, “De poemas e momentos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 12 decembro 1998, p. 48/p. 4.

Ver Estévez, Eduardo, *Só paxaros saíron desta boca*, nestas páxinas.

García, Xosé Lois, *Falo de Baco*, deseños de José Rodrigues, Braga: Frouseira, xullo 1998, 59 pp. (D. L.: 126099-98).

O canto e exaltación do viño é o fío conductor do poemario de Xosé Lois García (Lugo, 1945), situado nas coordenadas espaciais da comarca do Ribeiro. O libro está estructurado en dúas partes: “Luz e ledicia do viño do Ribeiro” e “Memorial de Ribadavia”. Ademais dun canto ó viño e unha loubanza da súa xeografía, a voz lírica leva a cabo unha mitificación do seu proceso de colleita e elaboración, para o que recorre á figura de Baco. Nalgunhas pasaxes, o libro adquire un ton épico.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Entrerriana”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 19, 23 xullo 1998, p. 6.

Ver Conde, Adela, Crisanto Veiguela, Xavier Frías, *Carreiros. Mostra de poesia da Terra Eo-Navia en lingua galega*, nestas páxinas.

-Vicente Araguas, “O ‘amoroso’ falo de Baco”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 37, 26 novembro 1998, p. 6.

Primeiramente gaba a traxectoria poética de Xosé Lois García, para centrarse na obra *Falo de Baco*. Describe o xogo que o poeta crea co dobre sentido da palabra “falo”, ó empregala como verbo e como substantivo. Tamén sinala a relevancia que o autor lle dá ó viño como motivo recorrente de toda a obra, e que, segundo di, o leva a percorrer comarcas vitivinicolas do país. Remata sinalando o discurso “lúdico, erótico, festeiro” que predomina en todo o poemario.

García López, Xoán, *Marianeda*, limiares de Vicente Araguas, María José López Pérez, Manuel Pérez Grueiro e Fernando Cendán Pazos, ilust. Xoán Xosé Braxe, Xaime Tenreiro, Xaquín Marín, Manuel Patinha, Pili Veloso, Gloria Tenreiro, Juani Prieto Luna, Chus Alonso, Leandro Balado Paz, María Dolores Fernández, Fran Pérez Porto, Juan J. Veiga e Carlos García, Perlío-Fene: S. Esteban, 1998, 167 pp. (ISBN: 84-605-7377-X).

Volume de Xoán García López (Barallobre, Fene, 1945) que trata unha temática fundamentalmente popular, centrada na descrición da paisaxe e na recreación dalgúns motivos antropolóxicos e foclóricos. O libro, que combina a poesía e a expresión plástica, contén textos limiares asinados por Vicente Araguas, María José López Pérez, Manuel Pérez Grueiro e Fernando Cendán Pazos. A parte final do libro recolle colaboracións poéticas en galego de Xoana Porto de Pérez Parallé e fillos, Xosemaría Pérez Parallé, Ramón Suárez Gómez, Adela de Romero, Aníbal Ánxel R. Requeijo e Xaquín Cerqueiras Puente.

Kruckenberg, María do Carme, *Tres poetas medievais da Ría de Vigo*, limiar de Xesús Alonso Montero, Vigo: Unión Comarcal de Comisións Obreiras, 1998, 46 pp. (D. L.: PO-227-98). ◆

Presentan o volume Manuel Pérez Álvarez, Alcalde de Vigo, quen felicita á autora, e Xosé Manuel Fernández Pérez, Secretario Xeral da Unión Comarcal de CC. OO de Vigo, sindicato do que parte a iniciativa desta publicación coa finalidade de exalta-lo Día das Letras Galegas e a nosa lingua. De seguido ofrécesenos un limiar asinado por Xesús Alonso Montero no que se reflicte a estructura deste libro no que se reproducen as once cantigas dos trobadores homenaxeados ó carón de cadansúa composición de inspiración neotrobadoresca escritas por Mª do Carme Kruckenberg. No limiar tamén se dá a noraboa a CC. OO. pola súa participación nas Letras Galegas. En primeiro lugar preséntanse as composicións de Martín Codax e inspiradas en Martín Codax que se dedican a “Xesús Alonso Montero, amigo”; a continuación a de Mendiño, “A Luz Pozo Garza, compañeira de soños” e as de Johán de Cangas, “Para Xoaquín Agulla”. Péchase o volume cun “Índice”.

Referencias varias:

-Pablos, “Carmen Kruckenberg glosa a los trovadores medievales vinculados a la ría viguesa”, *Faro de Vigo*, 3 de maio 1998, p. 14.

Anuncia a publicación do libro, explica o contido e alude a outros exemplos de “asedio próximo a la literatura trovadoresca” citando os exemplos de Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey ou José Díaz Jácome.

-Francisco Castro, “Cantigas medievais”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 5 maio 1998, p. 13.

Refírese á presentación do libro no Pazo Museo Quiñones de León de Vigo por Xesús Alonso Montero e María do Carmo Krukemberg. Gaba o feito de lembra-las cantigas medievais por medio de poetas modernos como María do Carmo Krukemberg ou como no seu día fixo Álvaro Cunqueiro con composicións musicadas por Amancio Prada.

-Pablos, “Evocar el encanto”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 6 maio 1998 , p. 8.

O feito de parafrasea-las cantigas dos tres trobadores da ría de Vigo por parte de María do Carmo Kruckenberg fai lembrar ó autor que este non é o único caso de recreación da poesía trobadoresca, xa que antes o fixeran outros como Álvaro Cunqueiro ou, segundo o autor o “pouco recordado pero excelente José Díaz Jácome”. Lóubase tamén o feito de escoller para a homenaxe a tres figuras de tanto interese.

-Marita Vázquez de la Cruz, “O chamado “marco incomparable”, *Atlántico Diario*, 8 maio 1998, p. 31.

Dá conta da presentación do libro en Vigo. Saliéntase como feito importante que por cada cantiga de amigo María do Carmo Krukemberg compuxo outra cambiando só a linguaxe e adaptándoa ó noso século, pero conservando a raíz, o acento e o ritmo das composicións orixinais.

Lopo, Antón, *Pronomes*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 78, outubro 1998, 60 pp. (ISBN: 82-89814-55-4).

Antón Lopo (Antonio Rodríguez López, Monforte de Lemos, 1961) mestura os poemas breves, de carácter reflexivo, con textos dunha maior extensión nos que predomina a descrición. A obra, que toma o seu título da tematización dos pronomes —"construccións, imaxes/desconcerto, alampo/preguntas, saias sen sexo/tranquimacín, labirintos/posibilidades, pronomes"—, céntrase nunha recreación múltiple do binomio amor-morte. Polas páxinas do libro desfilan personaxes estraños, furtivos, xunto con outros da vida cotiá, contemplados por veces dende unha perspectiva crítica. A voz dun eu lírico cambiante ofrece, ademais, unha visión desolada e crítica do presente e repara nalgúns xeitos de vida e mitos da modernidade, para rematar tematizando cunha ficción lírica a inmortalidade.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, "Magosto", *Atlántico Diario*, "De catro a catro", 17 novembro 1998, p. 22.

Ver Castaño, Yolanda, *Vivimos no ciclo das erofanías*, nestas páxinas.

Maiz Togores, José María, *Quixera verme noutra beira*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, col. Cuencos Literarios, nº 230, decembro 1998, 77 pp. (ISBN: 84 8190-134-2).

José María Maiz Togores (Santiago de Compostela, 1958), logo dun texto “A maneira de xustificación” presenta un canto a Galicia, á súa paisaxe, ás súas xentes, á fala e á saudade. A voz lírica asume unha actitude nostálxica e, por veces, reflexiva. O libro inclúe, ademais, unha selección de poemas do libro *Algunas tardes sentado al borde de mí*, traducidos ó galego.

María do Cebreiro, *O estadio do espello*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 12, inverno 1998, 98 pp. (ISBN: 84-8302-336-9).

María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) leva a cabo neste libro un exercicio de intertextualidade marcado pola vontade lúdica, o sincretismo e o humor. A voz lírica multiplícase e desprega un discurso artellado fundamentalmente ó redor do nome de María. Deste xeito, lévase a cabo unha recreación de personaxes femininas de diferentes épocas e tradicións que teñen en común o feito de levaren este nome: María de Xudea, María de Bretaña ou María Balteira. Este exercicio conleva unha escritura lúdica, por veces enredante, da historia e da lenda. No libro harmonízanse o pouso de culturas heteroxéneas coa propia cultura galega, nun dobre procedemento de integración e dasautomatización. Dende o punto de vista da estructura externa, a obra artéllase en catro partes: “alquimia”, “a idade do azucre”, “o libro de maría (xa non cantan os nenos)” e “curso de historia antiga”.

Marvoa Dalímia, Miguel, *Holocausto Limiao (memorial de reproches)*, limiar de Cesáreo Villar, Ourense: ALGA, Activadores da Lingua, 1998, 64 pp. (D. L.: OU-135-98).

Miguel Marvoa (A Limia) presenta un libro de corte social no que a voz lírica asume un ton de protesta e carraxe para denuncia-lo caciquismo, o abuso de poder, a falta de compromiso, o deterioro do contorno limiao, etc. Os textos aparecen tamén en versión portuguesa. Vén precedido dun limiar de Césareo Villar no que di que “a única defensa dun poeta indignado é poetizar con dignidade”, feito que di cumprirse neste poemario sen imaxes sofisticadas pero si con expresión propia e recursos mínimos.

Negro, Carlos, *As laranxas de Alí Babá,* Santiago de Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, abril 1998, 47 pp. (ISBN: 84-922620-5-2).

Primeiro poemario de Carlos Negro (Lalín, 1970) que se presenta dividido en catro partes. “O domador de tigres”, a primeira delas, está formada por un fragmento lírico-narrativo de folla e media de extensión sen comas nin puntos, no que presenta o reino de Alí Babá unicamente preocupado por observar tigres; a segunda titúlase “O señor cofre”, onde o tesouro de Alí Babá son as laranxas e descobre a “ela”, o amor. A terceira titúlase “O señor dos trasnos”, onde se produce a identificación laranxa-sol-luz. Por último “O lagar sagrado” canta a esa “ela” redentora do home e do medio no que vive. En definitiva, un poemario dominado por grandes doses de sensualidade e colorismo no que impera un medio natural tan fermosista coma imaxinario.

Recensións:

-Olga Novo, “Letras de cal: entre o fado e a maxia”, *Tempos Novos*, nº 16, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1998, p. 62.

Presenta as dúas novas entregas de Letras de Cal, *As laranzas de Alí Babá*, de Carlos Negro e *Fados*, de Francisco Souto. Do primeiro salienta a tenrura e o ilusionismo sorprendente e crítico, artellado

mediante a construcción dun “país imposible” ordeado pola maxia e coa “harmonía orixinaria dos contos infantís e da memoria mítica”. Repara tamén na linguaxe sinxela e nos personaxes, que enlazan cos seres fantásticos da tradición do conto popular e beben dun certo exotismo. Con respecto á obra de Francisco Souto apunta que o fado se presenta como “un canto á patria, unha memoria histórica do nacionalismo en clave lírica” e que domina un ton épico. Como claves de lectura menciona a reflexión metaliteraria, a paisaxe, o sexo e o desexo.

Referencias varias:

-Fran P. Lorenzo, “Letras de Cal” presentou os novos poemarios de Paco Souto e Carlos Negro”/ “A asemblea literaria de ‘Letras de Cal’ festexa o primeiro ano de vida da editora”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 29 abril 1998, p. 46/p. 15.

Saúda a publicación de dous novos libros da colección “Letras de Cal” que neste caso son da autoría de Paco Souto e Carlos Negro. Así mesmo fai referencia ó acto de presentación de ambos poemarios no que ademais dos poetas interveu Rafa Villar en nome da editorial. Péchase o artigo cunha breve sinopse crítica dos dous libros presentados.

-R. N., “O fado das laranxas”, *O Correo Galego*, *Revista das Letras, Artes e Ciencias*, nº 7, 30 abril 1998, p. 3.

Comentario común de *As laranxas de Alí Babá* e de *Fado*, de Paco Souto. Do primeiro deles dise que se trata dun poemario-conto dun neno que vive nun país de laranxas. Reprodúcese algún anaco dos poemas e palabras do autor nas que reflexiona sobre a intencionalidade do libro. Do segundo unicamente se reproduce un poema no que quere reflecti-lo que Paco Souto di no seu libro.

Neves, Kiko, *Un poema de amor*, Ponteareas: Egasur S. L., agosto 1998, 49 pp. (ISBN: 84-605-8000-8).

Segundo poemario de Kiko Neves (Ponteareas, 1969) concibido como un conxunto de páxinas dun diario. Valéndose deste artificio, a voz lírica asume un ton narrativo para recrear unha historia que ten a súa orixe na escritura dun poema de amor. O texto emprega unha linguaxe cotiá, por veces coloquial e constrúe un universo poético no que se reflicten formas de vida propias dunha xuventude urbana.

Referencias varias:

O. N., "Para saber, amar", *Tempos Novos*, nº 17, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", outubro 1998, 57.

Breve comentario sobre a publicación da segunda obra poética de Kiko Neves que "continúa a liña do cotián e da poética da experiencia desenvolvida en *Ruído de motos* (1997), anque desta volta cun marcado ton rivasiano". Refírese, ademais, ó contido e profire unha serie de comentarios sobre o que se pode extraer da súa lectura.

-E. Neira, “Kiko Neves “As Cidades atafégame”/“O ponteareán Kiko Neves presenta a súa última achega á poesía novelada”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 8 outubro 1998, p. 45/p. 75.

Información sobre a presentación deste poemario en Santiago de Compostela. Coméntase que o autor definiu o libro como un único poema “escrito de xeito novelado”, explicando que nel se esvaen as fronteiras entre poesía e novela. Ademais indicou a semellanza na temática de *Un poema de amor* con *Ruído de motos* (1997) coa incidencia no atafegamento da cidade. Dise tamén que o autor posúe unha páxina en Internet na que figuran tres poemarios inéditos.

Núñez Pastor, Alexandre e Mario **Silva**, *Gracias Galiza*/*VIP: Vertedeiro incontrolado de poemas*, Marín: Tres Traspes, maio 1998, 32 pp. (s.n.), (sen ISBN nin D. L.).

Presenta este pequeno volume dous breves poemarios: *Gracias Galiza*, da autoría de Alexandre Núñez Pastor e *VIP: Vertedeiro incontrolado de poema*s, de Mario Silva. Mostra o primeiro unha temática variada, xa que se reflicte nel tanto o amor a unha nai ou a "ledicia infinda" dun neno, coma a depresión ou a reflexión sobre o "¿Qué sentimos?". Déixase sentir pola contra na maior parte dos poemas do segundo poemario mencionado, unha voz triste e resignada que nos expresa as sensacións que provocan medios e circunstancias tan peculiares como poden ser un "camposanto" ou a "guerra".

Referencias varias:

-D. P., "Dos jóvenes editan un libro por las 'Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1998, p. 20.

Dá noticia da creación dun volume dividido en dúas partes que levan o título de *Gracias Galiza* e *Vertedeiro incontrolado de poemas* realizado por dous alumnos da Xunqueira co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e informa da posibilidade da súa adquisición gratuíta nas librerías de Pontevedra.

Olariaga, Xabier A., *O berro. Poemas e Pensamentos de Vida, Amor e Morte*, prólogo de Gregorio Azcona, gravados de Segundo Oviedo, Alfonso Costa, Genoveva V. Estalote, Luis Alberto Espinosa, Ana Cambeiro e Antonieta Castro, epílogo de Concha Vidal Allut, coda de Xabier Olariaga, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 1998, 162 pp. (ISBN: 84-89129-54-1).

A obra vai precedida dun “prefácio” no que Xabier A. Olariaga (Noia, 1942) dá as gracias a todos aqueles que colaboraron na confección da obra e dun “prólogo” no que Gregorio Azkona, fala da utilidade do libro, da opción ortográfica escollida (a da AGAL), da influencia da actividade literaria na credibilidade profesional e do carácter innovador da súa mensaxe. O volume está dividido en dúas partes: “Poemas” e “Pensamentos”. A primeira é un conxunto de once composicións nas cales vai devalando dende o intimismo —a vida, a infancia, a soidade, a verdade— cara a un compromiso civil manifesto —a guerra, a patria. Os poemas, habitualmente sen rima mais non sempre, van precedidos de cadansúa dedicatoria, alén dun certo número de citas, xeralmente tres, de literatos como Goethe, Shelley, Flaubert, Carvalho Calero, Xuvenal, Lord Byron, Homero, Hölderling ou Rilke. A segunda parte consta dun total de dezanove pequenos ensaios en que trata moi diversos temas: a muller-obxecto, a xuventude, a mediocridade, as ideas, a intelixencia, a

democracia, a liberdade, o pensamento único, o poder ou a poesía. A obra féchase cun “epílogo” laudatorio no que Concha Vidal Allut opta por se emprazar nun plano persoal e cunha “coda” na que Xabier Olariaga reflexiona sobre a súa propia posición como autor.

Referencias varias:

Xoel Gómez, “Los poemas de un economista”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 18 decembro 1998,
54.

Salienta como un dos libros máis singulares do ano *O berro. Poemas e Pensamentos de Vida, Amor e Morte*, do catedrático de economía Xavier A. Olariaga. Sinala para xustificalo varias razóns: atopar un economista dedicado á poesía, a bagaxe cultural que demostra con citas de grandes literatos e filósofos e o exercicio de coñecemento a partir da experiencia persoal.

Olariaga, Maxi, *Os días con Lara. Poemas*, Noia: Editorial Toxoutos, col. Cadernos: Cruceiro do Rego, nº 8, novembro 1998, 44 pp. (ISBN: 84-89129 50-9).

Volume de Maxi Olariaga (Noia, 1947) composto por unha serie de poemas nos que a voz poética se dirixe na súa maior parte a Lara, imaxe da amada ausente. Son textos de desamor, cheos de dor e amargura producidos pola ausencia dun amor co que foi feliz no pasado. A morte e o baleiro reflíctense verso a verso nas composicións construídas a partir da evocación do obxecto amado. Encóntranse ademais outras nas que o eu poético expresa o seu estado de ánimo actual —"que canso estóu de escribir"— ou encontra a esperanza a partir do futuro que lle traerá a morte ou o esquecemento —"Somentes quero desaparecer/misturarme co pó da terra". O libro inclúe a modo de epílogo un relato titulado "A crítica crise de Crisanta e Cristóbal", que vai precedido dunha breve introducción na que se introduce a sospeita de que Lara é a autora da "historia dos seus días disda que deixéi de vela". Narra a historia de amor dun home e unha muller destruídos pola Soidade e o Tempo.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “De xantares e poemas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 16 xuño 1998, p. 48/p. 4.

Aconsella ós lectores que preparen unha boa comida para comer nunha lareira ou ó pé dun carballo e acompañalos da lectura do libro de poemas de Maxi Olariaga.

Oliveira Gómez, Manuel, *Realidade, Soños e Saudades*, Corcubión: Concello de Corcubión, decembro 1998, 50 pp. (D. L.: C-2060-1998). ◆

Manuel Oliveira reúne un conxunto de composicións nas que trata unha serie de temas relativos á condición humana: o paso do tempo, a soidade, a nostalxia, a evocación da paisaxe, o amor, etc. e nos que a voz lírica asume un ton reflexivo. O libro estructúrase en tres partes: “Realidade”, “Soños” e “Saudades”.

Otero Cebral, Xosé Luis, *Poemas para a Ulloa*, limiar de Xoán Gómez González, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, 1998, 86 pp. (ISBN: 84-86614-85-6).

Libro no que Otero Cebral (Vilouriz-Toques, 1957) rende unha homenaxe poética ás terras da Ulloa. O volume ábrese con dous textos nos que o autor fai un achegamento histórico e cultural á devandita comarca. A seguir, preséntase un conxunto de poemas nos que tematiza aspectos diversos da Ulloa: a paisaxe, os monumentos, personaxes ilustres, os oficios, a gastronomía, os festexos, etc.

Pastor, Anxo, *O cavalo económico*, Lisboa: Edições Tema, xaneiro 1998, 35 pp. (D. L.: 119622-98).

Anxo Pastor (Vilardonas, Ribas de Sil, 1959) recorre á prosa poética nesta obra que consta dun conxunto de composicións breves nas que o autor harmoniza a narratividade, a descrición, o lirismo a sorpresa e o humor.

Recensións:

-Teresa Seara, “Dous pasos máis na caída das fronteiras”, *A Nosa Terra*, nº 827, “Guieiro Cultural”, 23 abril 1998, p. 24.

Destaca a importancia que ten a publicación de libros de escritores galegos en Portugal a través de Edições Tema, co que xa se levan publicado varios libros de poetas galegos. Céntrase no comentario do último libro tirado do prelo por esta editorial lisboeta *O cavalo económico*, de Anxo Pastor. Por outra parte fai mención ó importante labor de difusión da lírica galega que levou a cabo a revista *Anto* ó publicar unha escolma de poesía galega.

Penela, Carlos, *As linhages do frío*, VIº Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 73, xullo 1998, 49 pp. (ISBN: 84-89814 47-7).

Trátase dunha obra na que Carlos Penela (Vigo, 1977) elabora un discurso social no que ofrece unha visión dun tempo desolado, ermo e frío. A voz lírica desenvolve ó longo do libro unha simboloxía da devastación, formalizada en termos como "árido", "caliza", "cinza", etc. A obra artéllase en tres partes: "Descriçom dos signos", que é unha reflexión sobre un tempo vivido "con umha prosperidade de ingratos sustentos para a alma", e sobre o herdo dun pasado devastado e unha "história sem pertença"; "1978" trata unha temática de signo obreirista, intertextualizando a voz de Méndez Ferrín; "Um tempo sen dálias" centrado na desmemoria. O libro péchase cunha interrogación do falante lírico acerca dos "signos [que] esconde esta idade".

Recensións:

-Vicente Araguas, "Elipse", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 26, 10 setembro 1998, p. 6.

Comentario laudatorio do libro de poemas de Carlos Penela. Primeiramente comenta a frescura desta obra primeiriza que conseguiu o VIº Premio de Poesía Espiral Maior. A seguir refírese á “facilidade escritora” do poeta e pescuda nos temas máis importantes da obra para rematar cunha loanza da súa escrita.

Referencias varias:

-O. N., “Frío”, *Tempos Novos*, nº 17, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, outubro 1998, p. 57.

Breve nota sobre a primeira entrega de Carlos Penelas, *As linhages de frio*, coa que alcanzou o VIº Premio de Poesía Espiral Maior. Sinálase que nela, o seu autor abre ou continúa un vieiro literario de longa tradición nas nosas letras, o da crítica social.

Pereira Valcárcel, Manuel, *Todo morte*, Neda-A Coruña: Edicións Río Xuvia, col. O Roibén, 1998, 72 pp. (D. L.: M-43858-1998).

O tema da morte é o motivo central do libro de Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande, A Estrada, 1955), que inaugura a colección "O Roibén". A voz lírica aborda esta temática dende distintas ópticas que van da reflexión persoal á historia colectiva, pasando pola recreación de anécdotas do ámbito familiar. Na obra hai tamén unha constante reflexión sobre o paso do tempo.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Horizonte silandeiro", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 41, 24 decembro 1998, p. 6.

Con respecto a Manuel Pereira Valcárcel, autor de *Todo morte*, sinala que se ve mermado na súa poética por vivir fóra de Galicia e ausente dos seus "tics culturais" e por recorrer á autoedición ou a editoriais cativas, como neste caso Río Xuvia, para publicar. Indica que o poemario reflexiona sobre a morte dende a experiencia persoal e colectiva "dun xeito elegante e sincero". Explica que se trata de pezas breves e medias que combinan diferentes métricas para non cansa-lo lector nesta mensaxe sobre a morte. Reproduce, finalmente, algúns versos deste autor da Xeración do 75.

Pexegueiro, Alfonso, *Hipatía ou a idade das cousas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 11, verán 1998, 84 pp. (ISBN: 84-8302-302-4).

Nova entrega poética de Alfonso Pexegueiro (Angoares, Ponteareas, 1948) na que se harmonizan, dende o punto de vista formal, a disposición en verso, a prosa e o diálogo. O libro ten unha dimensión narrativa que se materializa no desenvolvemento dunha historia de amor posta en boca dunha muller, artificio que serve para dar unidade á obra. No poemario podemos ler unha reflexión sobre a historia da humanidade na que se recrean motivos como o medo, a dúbida, o tempo ou a linguaxe. Por outra banda, á beira da formalización de elementos eróticos, atopamos unha tematización de cuestións sociais e políticas, o poder, a economía, etc. A obra está estructurada en dúas partes, diferenciadas por unha coordenada temporal: “Memoria e recordo (inverno)” e “Muller fermosa e soa convive co lume (verán)”.

Recensións:

-Verónica Rego López, “Poemario íntimo”, *Eidos do Libro*. *Revista Galega do Libro*, nº 2, Especial Literatura Infantil”, “Crítica”, decembro 1998, pp. 12-14.

Ver Castaño, Yolanda, *Vivimos no ciclo das erofanías*, nestas páxinas.

Referencias varias:

-Iván Leis, “Alfonso Pexegueiro reivindica a poesía como un xeito de conseguir o imposible”, *Faro de Vigo*, 5 marzo 1998, p. 47.

Faise referencia primeiramente á presencia de Alfonso Pexegueiro no Club Faro onde falou da súa concepción da poesía. Reprodúcense palabras súas nas que explica a poesía como “algo terrible e fermoso que nos esixe todo para construír o imposible”. Ademais fálase da reedición de 1997 da obra *Searogna*, recollendo as opinións de Méndez Ferrín no acto, apuntando unha “inédita dimensión proletaria” que este poemario lle deu ó mundo do agro. Coméntase que Ferrín tamén enmarcou a poesía dos 70 nun ambiente de “insurrección cultural” que conseguiu deixar atrás a dictadura franquista.

-Pablos, “Inefabilidad lírica”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 10 novembro 1998, p. 6.

Comeza aludindo ó bo momento que atravesa a nosa literatura e en particular a poesía, aínda que esta goza de menor número de lectores e lectoras. Refírese á obra titulada *Hipatia*, de Alfonso Pexegueiro, e destaca primeiramente a súa brevidade para logo indicar algúns dos seus elementos: “participa del mito, la historia, la narración, la poesía propiamente dicha, la prosa poética, la lucubración intimista y aún el atisbo de la tragedia”. Inclúe uns breves datos biográficos do poeta, explica a tradición na que se insire e a orixe do título. Ademais, afirma que o libro presenta “un deliberado esoterismo, un mundo de ensueños, evocaciones, misterios, referencias”, e celebra a súa aparición.

-O. N., “Hipatia”, *Tempos Novos*, nº 19, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 1998, p. 65.

Refírese á aparición deste poemario de Alfonso Pexegueiro e sinala que o poeta segue a estela profeminista xa iniciada na súa obra *Illa das mulleres loucas* (1984). Dá conta das súas claves fundamentais e do contido que nel pode atopa-lo lector.

Pino, Maruxa, *Sombras do meu lecer (versos galegos)*, presentacións de Rafael Sánchez e José García Oro, Pontevedra: Edición da autora, 1998, 72 pp. (D. L.: PO-331-98).

O libro de Maruxa Pino (Ponteareas, 1920) está precedido de senllas presentacións de Rafael Sánchez e José García Oro, e unhas “Palabras previas”, en castelán, da autora. Trátase dun poemario de formas populares que recrea temas da nosa tradición literaria como a infancia, a paisaxe, Galicia, o folclore, etc.

Referencias varias:

A. B., “Maruja Pino presenta hoy en Ponteareas dos libros de poemas”, *Atlántico Diario*, 6 outubro 1998, 18.

Breve nota na que se informa do acto de presentación que tivo lugar no Centro Cultural Isidoro Bugallal de Ponteareas dos dous novos libros de poemas de Maruja Pino, *Un libro y una flor* e *Sombras do meu lecer*.

Rodríguez Ferrer, José, *No camiño*, Ponferrada: Edición do autor, 1998, 110 pp. (D. L.: LE-1298-98).

Poemario de José Rodríguez Ferrer (Vilamartín, Ourense, 1946) que ten como eixo temático fundamental o Camiño de Santiago. O libro, que combina diversas formas métricas, recrea temas como a paisaxe, a figura do peregrino e outros motivos da viaxe.

Referencias varias:

-José Cruz, “Tarde de poesía en A Rúa”, *La Región*, 22 xullo 1998, p. 13.

Nota de prensa na que se recollen palabras deste poeta do Barco de Valdeorras no acto de presentación do seu poemario *No Camiño*. Segundo di o poeta quixo compor esta obra sobre o Camiño de Santiago tendo como base a propia peregrinación que el fixo e tomando como referencia os “pequenos detalles”. Por este feito xa a considera diferente de tódalas obras publicadas arredor do Camiño de Santiago.

Romaní, Ana, *Arden*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 79, outubro 1998, 58 pp. (ISBN: 84-89814-56-2).

Ana Romaní (Noia, 1962) estructura este poemario en catro bloques de composicións, que seguen a un poema introductorio. Cada unha das unidades está introducida por un ou dous versos a xeito de lema: “O ámbar na barriga das mamíferas. Del nacerá o caos”; “Lambe finísimo aguillón no seu peito”; “E medre soberanísima sobre todo”; e “E todo é no escuro cazar un ghaçafello”. Un dos eixos do poemario vén dado pola temática mariña, coa presencia recorrente dos mamíferos como a balea e os cachalotes. No libro está tamén presente o motivo da infancia, que entronca co do paso do tempo e a procura da orixe, formalizado en textos como “A avoa”. Outros poemas recrean, dende diferentes ópticas, o motivo do desexo. Ó longo de todo o libro é notoria a presencia da ironía, que fructifica por veces na subversión de mitos ou na elaboración de textos nos que predomina o ton reflexivo.

Recensións:

-Verónica Rego López, “Poemario íntimo”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 2, “Especial Literatura Infantil”, “Crítica”, decembro 1998, pp. 12-14.

Ver Castaño, Yolanda, *Vivimos no ciclo das erofanías*, nestas páxinas.

-Manuel López Foxo, “A vida no labirinto da palabra”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 28.

Atopa en *Arden* “unha poética máis complexa e un poema máis longo” cá nas súas obras anteriores, *Palabras de mar* (1987) e *Das últimas mareas* (1994), a través da cal reflicte a experiencia íntima e o desafío da muller. Fai referencia a unha nova aparición do mar con toda a forza dos seus significantes, mar que revive na súa memoria a figura da avoa, destinataria da dedicación do poemario, novamente como un espello para a poeta e a muller. Engade que isto é así porque *Arden* profundiza “no rostro oculto da muller”, que se reafirma no mundo e loita contra as pautas establecidas removendo os mitos, “o tempo e a historia”. Así mesmo, salienta que agora a súa poesía reflicte unha maior complexidade formal e procura un “diálogo cómplice e solidario” co lector.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “Magosto”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 17 novembro 1998, p. 22.

Ver Castaño, Yolanda, *Vivimos no ciclo das erofanías*, nestas páxinas.

Romeo, Anxos, *Ollos de sal*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, 1998, 69 pp. (ISBN: 84-8302-343-1).

O libro de Anxos Romeo (A Estrada, 1965) presenta un conxunto de textos nos que unha voz lírica ficcionalizada se desprende do fío argumental para plasmar unha serie de imaxes de orixe, paixón e destrucción. O poemario, estructurado en “Ollos de sal” e “Carne de pedra”, recorre a unha simboloxía pechada (a casa, a serpe) e a unha sintaxe violenta. O discurso cobra a miúdo un ton reflexivo.

Romero, Medos, *Rendeome no tempo*, Pontedeume-A Coruña: Edición da autora, 1998, 72 pp. (D. L.: C-203-98).

Esta primeira obra publicada por Medos Romero (Somede-As Pontes, 1959) é un conxunto de sesenta e dous poemas sen título e de extensión variable, cun predominio dos versos curtos. Na introducción do libro, a autora alude á súa relación coa creación literaria, que comezou no ano 1996 co primeiro poemario, aínda inédito. Caracterízase a súa poesía pola autenticidade e polo sentimentalismo, ademais de salienta-la forte presencia das circunstancias vitais da poetisa. Boa parte das composicións do libro xiran ó redor do tempo, do desexo de recuperar un tempo e un mundo pasados. Os espacios nos que se move a autora evocan un mundo rural no que a natureza é unha vía para chegar a ese pasado desexado e perdido.

Recensións:

-Aurora Piñeiro, “A palabra de Medos Romero: emoción e verdade”, *A Nosa Terra*, nº 838, “Guieiro Cultural”, 9 xullo 1998, p. 28.

Primeiramente fala da condición persoal da escritora e do feito de estar desligada do mundo das letras dende o punto de vista laboral. De seguido, apoiándose en poemas tirados do libro, céntrase no eixo

temático da obra: o tempo. Mostra as diferentes maneiras en que a autora trata o paso do tempo, dende a infancia ata a actualidade. Finalmente, incide en que se trata dunha voz “singular e prometedora” da lírica galega.

Referencias varias:

-O. N., “Vivir na raíz”, *Tempos Novos*, nº 15, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, agosto 1998, p. 59.

Alude á aparición da primeira obra poética de Medos Romero, *Rendeome no tempo*, na que di que non hai nada de afectación vacua porque o seu mundo telúrico está á marxe dos círculos que xeran os sistemas literarios. Sinala, ademais, que con ecos lonxanos da poética agraria de Manuel María ou da atracción cósmica de Novoneyra, a poeta déixase guiar por “un impresionante caudal léxico que vai labrando ós poucos”.

Sampedro, Ramón, *Cando eu caia*, prólogo de Manuel Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, 127 pp. (ISBN: 84-8302-260-5).

Publicación póstuma de Ramón Sampedro (Porto do Son, 1943-1998) precedida do prólogo “A nana do neno libre”, no que Manuel Rivas inclúe esta poesía nese “raro tapiz tecido pola liberdade e a verdade”. O volume estructúrase en cinco partes: “Cando eu caia”, que xa apunta o valor da morte como forza liberadora da dor perpetuada polos poderes humanos e o de Deus; “Quero ir ó mar”, onde os soños transportan o poeta á saudade doutros tempos mediante os elementos da natureza; “Emerxe o teu recordo”, no que pervive o contraste entre a realidade e os soños coa presencia constante do amor; “Tratado da razón impura”, afirmación dos sentimentos como verdadeiros piares da razón humana; e “Amada liberdade”, no que a amalgama de sentimentos negativos verquidos ó longo do poemario só procuran un final na morte, neste caso, na liberdade.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Entrar, saír da terra”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 16, 2 xullo 1998, p. 4.

Ver Díaz Castroverde, Fernando, *Camiño de píntegas*, nestas páxinas.

-Xosé M. Eiré, “Desde o alén”, *A Nosa Terra*, nº 841, “Guieiro Cultural”, 30 xullo 1998, p. 27.

Ver Risco, Antón, *Tánata*, no apartado I. I. Narradores galegos, deste *Informe*.

Referencias varias:

-Alicia Pascual, “De cando Sampedro caía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 11, 30 maio 1998, p. 7.

Anuncia o acto de presentación do libro de poemas de Ramón Sampedro na vila de Porto do Son, coa presencia de Manuel Rivas, que escribiu o prólogo da obra. Tamén se destaca a descuberta dunha placa na praia das Furnas, onde Sampedro tivo o accidente que o deixou tetrapléxico. Por último, fala do bo nivel de vendas do seu outro libro *Cartas desde el infierno*.

-E. P., “Os poemas inéditos de Ramón Sampedro falarán por fin hoxe en Porto do Son”, *O Correo Galego*, 30 maio 1998, p. 48.

Anuncia o acto de presentación do libro de poemas *Cando eu caia* na vila de Porto do Son e a presencia no acto de Manuel Bragado, director da Editorial Xerais, e Manuel Rivas, autor do prólogo do libro.

-A. C. M., “Xerais presenta o poemario “Cando eu caia” do falecido Ramón Sampedro”, *El Mundo*. *Galicia*, 31 maio 1998, pp. 1 e 7.

Informa da presentación deste libro de poemas na localidade de Porto do Son no que interveu Manuel Bragado, en representación da editorial Xerais, quen comentou que o libro era unha escolma recibida por el ó pouco de morrer Ramón Sampedro. Tamén di que, no mesmo acto, estivo presente o escritor Manuel Rivas, que leu o prólogo do libro. O acto serviu de homenaxe a Ramón Sampedro e de reinvindicación en favor da eutanasia.

-Alfredo Conde, “Poemas dun home enteiro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 xuño 1998, p. 56/p. 4.

Destaca a viveza deste libro de poemas e a súa capacidade para expresar sentimentos tan directos nun momento no que este home estaba a reclama-lo dereito a morrer dignamente. Para iso, pon como exemplo varios poemas do libro. Por último reflexiona sobre os diferentes motivos que hai para compralo.

-Marcos Valcárcel, “Versos cheos de vida”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 19 xuño 1998, p. 3.

Comeza falando das forzas dos fados que levan os lectores a bater con libros sorprendentes para se centrar na vitalidade deste poemario. Resalta a súa forza comunicativa e o fascinado que ficou ó ler estes poemas cheos de vida, cunha grande variedade de rexistros cos que expresa os seus sentimentos máis íntimos, dende o seu desexo de pórlle fin á súa vida ata poemas de corte amoroso.

-Xosé Lois García, “Cando eu caia”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 23 xuño 1998, p. 3.

Repara na vitalidade do poemario de Ramón Sampedro, no que observa influencias de Rubén Darío coas súas evocacións á morte, de Rosalía por ese sentimento da dor e de Valle-Inclán para critica-lo caciquismo. Conclúe sinalando que en toda a obra está presente un poeta que "aposta pola vida en liberdade, non finxida nin manipuladora".

-Xavier Carro, "Versos da razón impura", *La Voz de Galicia*, 2 xullo 1998, p. 30.

Loa a publicación deste libro por ser escrito por un home "illado só fronte ó seu destino, sen ninguén". Afonda no problema que supuxo para el escribir este poemario nas súas circunstancias e relaciónao coa concepción da poesía que tiña Heidegger. Remata sinalando a condición do poeta como persoa que non "ten nada que perder" e que só goza coa vida na súa plenitude.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, *Evadne,* A Coruña: Espiral Maior, limiar de Luz Pozo Garza, col. Poesía, nº 74, xullo 1998, 82 pp. (ISBN: 84-89814-48-1).

Poemario de Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín-Irixo, Ourense, 1951) marcado pola unidade temática. Luz Pozo Garza, nas páxinas limiares, refírese a el como "unha longa misiva de setenta poemas, que son un só poema de amor no que se vai debullando en forma de luz e soños esta lentísima meditación que se sabe compartida coa amada en secreta memoria". No libro atopamos un eu lírico que se debate entre o diálogo coa amada e un monólogo no que ofrece unha visión totalizadora do amor, próxima por veces ó misticismo, que sitúa os seus protagonistas fóra das coordenadas espacio-temporais. O eu lírico debátese, deste xeito, entre unha exaltación do amor que xustifica a súa propia existencia e unha expresión do desacougo do amante.

Recensións:

-Manuel López Foxo, "A dor do amor", *A Nosa Terra*, nº 847, "Guieiro Cultural", 10 setembro 1998, p. 24.

Comentario sobre o libro de poemas *Evadne*, de Cesáreo Sánchez Iglesias no que, reproducindo algúns textos, se adentra na súa temática amorosa que, segundo di, se manifesta de diferentes maneiras, coa presencia ou coa ausencia física da amada. Destaca tamén como o poeta vive ese "desasosego

amoroso” con tranquilidade. Por último, di que todo o poemario rezuma sensualidade aínda que o poeta está “demasiado preso da forma. e iso réstalle forza expresiva a moitos poemas”.

-Vicente Araguas, “Escribir como se ama”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 34, 5 novembro 1998, p. 6.

Comeza indicando algunhas características xerais da poesía de Cesáreo Sánchez Iglesias e dicindo que o tempo está a situalo “no sitio que merece na poesía galega”. A seguir, afirma que *Evadne* é “un libro de poemas de amor” que non presenta o hermetismo de anteriores entregas do autor e que se destaca pola súa “autenticidade”. Analiza o contido da obra e relaciona a súa voz coa doutros poetas da mesma xeración, ó tempo que a enfronta con poetas novos que tratan o tema do erotismo “pero con maior procacidade”.

Referencias varias:

-Beatriz Pallas, “O poeta é un ser vulnerable á beleza e ao seu entorno”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1998, p. 39.

Tras presentar moi brevemente a traxectoria poética de Cesáreo Sánchez Iglesias, recóllese unha conversa co poeta na que este fala do amor, da poesía amorosa e das influencias que a pintura e a música teñen na súa obra. Refírese particularmente ó seu poemario *Evadne*, que define como “a súa obra máis complicada”.

Santiago, Isolda, *Berce das estampas*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 68, xaneiro 1998, 54 pp. (ISBN: 84-89814-40-6).

Poemario de Isolda Santiago (Mazaricos, 1960) que consta de trinta e tres composicións desiguais en canto á súa medida e no que tamén ten cabida a prosa poética. As imaxes desligadas e inconexas, xunto coa inexistencia dos puntos ortográficos, permiten unha lectura múltiple e polivalente na que dominan motivos como o da brétema ou o das vacas, inseridos en tres marcos esenciais: o Mar, o Monte e a Aldea. Formalmente destacan os xogos coas maiúsculas e coa disposición tipográfica dos versos.

Recensións:

-Olga Novo, “En cada pezón bate unha ala”, *Tempos Novos*, nº 11, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 1998, p. 69.

Analiza o contido presente na obra de Isolda Santiago, *Berce das estampas*. Salienta a súa riqueza léxica de extracción rural e indica que o título é dabondo indicativo do camiño interior que é o libro todo, “unha volta á infancia a través das estampas que se desencadean na memoria”.

-Vicente Araguas, “O pudor, residuo masculino”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 39, 10 decembro 1998, p. 6.

Fai un paralelismo entre as obras de Chus e Claudio Pato, Emilio Araúxo e Isolda Santiago polo que teñen de enraizamento coa terra, para debullar polo miúdo a última obra de Isolda Santiago, *Berce de estampas*. Dela destaca o seu prosaísmo que moitas veces ten unha linguaxe “paraxornalística” que a converte nunha obra “difícil, e xa que logo intelixente”. Alén disto, destaca tamén a súa mensaxe feminista.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “Sosego”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 19 febreiro 1998, p. 30.

Ver Castaño, Yolanda, *Delicia*, nestas páxinas.

Sende, Sechu, *Odiseas. Libro de aventuras*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, novembro 1998, 46 pp. (ISBN: 84 922620-6-0).

Libro no que Sechu Sende (Padrón, 1972) combina diferentes formas poemáticas con textos en prosa nos que desenvolve un pequeno fío argumental, as máis das veces caracterizado pola sorpresa. Na obra lévase a cabo unha tematización da fantasía, recorrendo por veces a unha simboloxía animal, a través do antílope, o tigre ou a balea, e ó motivo da viaxe, metáfora que está presente tanto no título coma na declaración autorial que aparece na lapela: “Facer dun paso unha odisea”. No poemario, onde conflúen referencias culturais ben heteroxéneas —o oráculo de Tebas, Penélope, Moby Dick, Leviatán, etc.—, atópase tamén unha voz social materializada nun verso combativo que responde a unha concepción social da poesía, reivindicada de xeito irónico no texto.

Referencias varias:

Tonhe Loop, “Sechu Sende emprende o camiño das odiseas”/“Letras de Cal publica un novo volume poético, ‘Odiseas’ de Sechu Sende”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 decembro 1998, 46/p. 75.

Faise referencia á intervención de Manuel Portas na presentación desta primeira publicación de Sechu Sende, que tivo lugar no café Rúa Nova. Saliéntanse algunhas das súas declaracións sobre o libro, ó que cualificou de “refrescante”. Coméntase finalmente a proposta que Portas lles fixo ós responsables de “Letras de Cal” a propósito de que a súa colección fose “en vez de colección de poesías fose unha colección de textos poéticos”.

Souto, Francisco, *Fado*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, abril 1998, 40 pp. (ISBN: 84-922620-4-4).

Aclara Francisco Souto (A Coruña, 1962) nunha autopresentación que, aínda que este sexa o seu segundo libro publicado, outros dous agardan dende hai tempo ve-la luz. Di tamén ser poeta de acción, de vida ou violencia, antes que de literatura ou inconsciencia, por poñer exemplos. Neste opúsculo non hai unha división en partes e case a totalidade das composicións levan unha dedicatoria, moitas delas título. Dedicatoria e título fan referencia a persoas, lugares, etc. que concretizan o que logo expresará o poema. A patria, mesmo como palabra, está moi presente en toda a obra. Tamén o erotismo e o desexo en forma de muller coa que compartir, tal vez, o recordo do pasado. A sensación de derrota, do que quedou atrás, é patente, pero tamén hai unha serenidade na tristura, unha ilusión non acabada na rexeneración do mundo circundante que se manifesta nalgúns poemas combativos ou exhortativos.

Recensións:

-Olga Novo, “Letras de cal: entre o fado e a maxia”, *Tempos Novos*, nº 16, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1998, p. 62.

Ver Negro, Carlos, *As laranxas de Alí Babá*, nestas páxinas.

-Vicente Araguas, “Fado patriótico”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 40, 17 decembro 1998, p. 6.

Define *Fado* como “libro melancólico” e salienta o seu artellamento ó redor de dous polos: a loita pola vida e a patria. A seguir, reproduce un poema que evoca un fado que denota “decadencia pero tamén esperanza”, a que nace da fuxida da desazón. Ademais, alude á emerxencia do erotismo, sempre unido á loita pola patria, na liña de Ferrín, Neruda, Miguel Hernández ou Olga Novo, citada polo autor no libro, ó igual cós seus compañeiros de xeración: Miro Villar, Chus Pato, Alain Badiou ou Chico César. Fala da obra como un “totum revolutum” de poemas neocostumistas, contrasinfónicos e pictóricos e percibe un certo desequilibrio debido, quizais, a que o autor prefire “a palavra consciente ao verbo constante. O mito ao rito”.

Referencias varias:

-Fran P. Lorenzo, “Letras de Cal” presentou os novos poemarios de Paco Souto e Carlos Negro”/ “A asemblea literaria de ‘Letras de Cal’ festexa o primeiro ano de vida da editora”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 29 abril 1998, p. 46/p. 15.

Ver Negro, Carlos, *As laranxas de Alí Babá*, nestas páxinas.

-Manuel López Foxo, “Do gozo e da amargura”, *A Nosa Terra*, nº 855, “Guieiro Cultural”, 5 novembro 1998, p. 30.

Comeza indicando que “non sempre ten un a marabilla de ler algo tan verdadeiro, tan fondo e tan fermoso como este libro de poemas” e pono en relación co primeiro poemario deste autor. Define a obra como “un canto sentimental e dramático” que se caracteriza, no plano formal, pola brevidade e a concisión. Explica, a seguir, as súas claves temáticas destacando a presencia da morte, o que sorprende “nun escritor tan mozo”. Remata sinalando que “a poesia de Souto, ademais de ter unha alta calidade literaria, transmite autenticidade e chega ao corazón”.

Tabuyo, Domingo, *Balsaín Blues*, XVIº Premio de Poesía Cidade de Ourense, limiar de Ramón Caride Ogando, A Coruña: Espiral Maior: col. Poesía, nº 72, marzo 1998, 57 pp. (ISBN: 84-89814-45-7).

Conxunto de poemas de Domingo Tabuyo (Pontevedra, 1959) concibido a xeito de *blues*. O volume contén un prólogo no que Ramón Caride sitúa a obra de Tabuyo dentro do que se coñece como "poesía da experiencia". Ó longo do texto, o eu lírico bota man dun verso longo e pausado para recrear unha serie de situacións da vida cotiá. O motivo do recordo, simbolizado polos *balsaíns* da infancia, confire unidade ó libro, estructurado en dúas partes. A primeira delas, "Por entre o fume azul", trata fundamentalmente o tema da morte, a partida e o adeus. A segunda, "Molinaseca ao lonxe", trata o tema da infancia e o amor. Na obra de Tabuyo atopamos un discurso próximo á linguaxe cotiá, caracterizada pola formación dalgúns termos novidosos.

Recensións:

-Olga Novo, "Que a terra che sexa leve e te amamante", *Tempos Novos*, nº 13, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", xuño 1998, p. 61.

Céntrase no significado que trasmiten moitos dos elementos presentes en *Balsaín Blues*, obra poética coa que Domingo Tabuyo, vén de gaña-la XVIª edición do Premio de Poesía "Cidade de Ourense". Apunta que nel o seu autor achéganos a un universo cotián que nos vai ferindo ós poucos, cunha grande sinxeleza poética, e que, dende a lectura do primeiro poema, xa sabemos que todo vai ser unha procura de mensaxes cifradas para os adeuses e que os versos van ser, ó mesmo tempo, o refuxio e a fuxida ante a dor.

-Vicente Araguas, "O blues de Tabuyo", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 18, 16 xullo 1998, p. 6.

Primeiramente, gaba o feito de ser Domingo Tabuyo un poeta que publica pouco e iso "é unha actitude pouco insólita". De seguido, adéntrase na temática de *Balsaín Blues* e cualifica a súa primeira parte como un libro "doloroso/dorido" por tratárense dúas mortes que afectaron ó escritor. Pola contra, segundo di, na segunda parte hai unha busca das "paisaxes amadas" que converten a Domingo Tabuyo nun "poeta de experiencias".

Referencias varias:

-R. F., "A poesía da experiencia", *La Región*, 16 maio 1998, p. 16.

Refírese ó acto de entrega do Premio Cidade de Ourense de Poesía ó escritor Domingo Tabuyo coa obra *Balsaín Blues*. Recóllense palabras do propio escritor sobre a súa poesía, que cualifica de

“experiencia”, por canto parte da súa propia vida para escribir. A seguir, dise que o libro leva un prólogo de Ramón Caride, e sinálanse as dúas partes de que está composto e as características métricas da obra.

-D. Janeiro, “Das estacións e os sentimentos”/“A publicación de premios literarios xa fallados activa o ritmo editorial de maio”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 30 abril 1998, p. 46/p. 15.

Faise un breve repaso das últimas novidades editoriais polo que a premios se refire. Así, inclúese, entre outros, *Balsaín Blues*, de Domingo Tabuyo, do que se tiran algunhas palabras do prólogo da autoría de Ramón Caride. Alén disto, sinálase que esta obra parte de feitos biográficos como fontes da súa escrita. De seguido, faise un pequena sinopse biográfica do autor.

Tosar, Luís, G., *Madeira do meu canto. Madera de mi canto (poesía 1986-1997),* Madrid: Visor, col. Visor de Poesía, nº 338, 1998, 254 pp. (ISBN: 84-7522-338-9).

Volume no que se compila, en edición bilingüe, a poesía publicada por Luis González Tosar (Buenos Aires, 1952) ata o ano 1997. Nel inclúense os libros *A caneiro cheo* (1986), *Remol das travesías* (1989) e os poemarios *Seis cantos labrados co recordo de seis cidades mouras* (1986, incluído en *Remol das travesías*), así coma os inéditos *Campás de recalada* (1992) e *Cantar da terra meoga* (1997).

Recensións:

-Vicente Araguas, “Madeira de Tosar (1)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 6, 23 abril 1998, p. 6.

Reinvindica a obra poética de Luís G. Tosar que, segundo di, “cómpre rescatar de certo esquecemento a que o teñen levado razóns extraliterarias”. Por iso, destaca a vizosidade da súa poesía, polo feito de que os seus poemas “cheiren a terra” dentro do seu mundo poético, no que predomina o “telúrico”.

-Vicente Araguas, “Madeira de Tosar (2)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 7, 30 abril 1998, p. 6.

Logo de continua-la gabanza á poetica de Tosar que iniciara no artigo anterior, repara nos novos poemas que aparecen nesta antoloxía. Así, presta atención a *Campás de recalada* (1992) e *Cantar da terra meoga* (1997), dos que cuestiona a valía dalgúns dos poemas seleccionados. Aínda así considera a Tosar un importante poeta, pese a que lle parecería adecuado un maior coidado á hora de escolmar algúns dos poemas do libro.

- Mª Xesús Nogueira, “A palabra senlleira de González Tosar”, *Grial*, nº 139, Tomo XXXVI, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 605-607.

Comeza aludindo ó autor como un home pouco prolífico dende o punto de vista editorial. Menciona algunhas das súas obras e repara no seu último libro. Explica que este é unha amalgama, unha selección e tódalas súas publicacións e considera que recompila unha década e incorpora textos inéditos. Tras salienta-la simboloxía das palabras do título desta edición bilingüe, entende o volume como unha “lectura global (e cronolóxica)” da obra de González Tosar.

Referencias varias:

-Chinny Gámir, “Tosar presenta su último poemario “Madeira de meu canto”, *Atlántico Diario*, 28 marzo 1998, p. 55.

Dá conta do acto de presentación deste poemario de Luís Tosar na Casa de Galicia de Madrid. No mesmo, segundo di, participou o profesor Alonso Montero que realzou a linguaxe poética do poeta porque está chea de expresións da aldea. Así mesmo, reproduce palabras de Tosar nas que manifesta o seu amor por Galicia, aínda non sendo este o seu país de nacemento, senón de adopción.

-Chinny Gámir, “Luís Tosar presentó en Madrid su último libro”, *La Región*, 29 marzo 1998, p. 20.

Breve noticia que informa da presentación do libro na Casa de Galicia en Madrid, acto ó que asistiron Alonso Montero e Diego Jesús Jiménez, que loaron a obra do escritor galego como unha das “máis firmes da lírica galega actual”. Tamén rexeitaron que fose marxinado en moitas antoloxías por motivos extraliterarios.

Nacho Mirás, “A palabra axuda a elevarse por riba da mediocridade”, *La Voz de Galicia*, 31 marzo 1998,
74.

O poeta Luís G. Tosar resalta que, dende o ano 90, se dedicou a reflexionar e corrixi-lo que fixera ata ese momento e a escribir de novo o libro, *Campás de recalada* (1997), que agora forma parte de *Madeira do meu canto*. Explica o motivo polo que aparece esta obra nunha edición bilingüe, ademais de mostra-la súa opinión sobre as traduccións dos libros de poesía e salienta-lo seu interese por querer seguir facendo sátira. Identifícase coa xeración dos oitenta, aínda que admite non coincidir biograficamente con eles.

-A. R. L., “Tosar: “Síntome como cando coroaron a Curros”/“Luis Tosar sentiuse coma Curros na presentación da súa antoloxía poética”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 1 abril 1998, p. 49/p. 14.

Recolle as palabras do poeta Luís Tosar na presentación de *Madeira do meu canto*. O autor afirmou sentirse como Curros cando o coroaron na Coruña. Infórmase que no mesmo acto tamén participaron Xesús Alonso Montero e Arcadio Casanova que enxalzaron a obra poética de Tosar.

-Xesús Alonso Montero, “Ese teu brazo acantazando a historia”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 3 abril 1998, p. 13.

Repara Alonso Montero nalgún dos poemas que máis lle gustaron do libro e reproduce algún ancaco destes para explica-la súa agumentación. Alén disto, pretende reinvindica-la figura e a obra de Luís González Tosar, xa que algunhas das súas obras foron acollidas con certa indiferencia.

-M. L. C., “Tosar presentó en la Casa de Galicia de Madrid ‘Madeira do meu canto’, su último poemario”, *Galicia en el Mundo*, nº 261, 31 marzo-6 abril 1998, p. 21.

Refírese á presentación do libro na Casa de Galicia en Madrid. Coméntase que estiveron presentes no acto o poeta Diego Jesús Jiménez e X. Alonso Montero e resúmese a intervención deste último, quen fixo unha análise da súa obra e resaltou, entre outras cousas, a súa condición de galego emigrante. Finalmente recolle palabras do poeta, quen afirmou que aposta polo xénero poético e manifestou o seu amor por Galicia que “me ha tocado el alma y que es lo que más quiero en el mundo”.

Agustín Sixto Seco, “Madeira do noso canto”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 12 abril 1998, 3.

Lamenta non ter podido ir á presentación do libro do seu “amigo” Luis González Tosar no CGAC. Finalmente sérvese dalgunha das opinións ditas no acto para resalta-la súa categoría como poeta.
-G. M., “Luis G. Tosar presenta en el CGAC de Santiago su antológica ‘Madeira do meu canto”, *Galicia en el Mundo*, nº 263, 14-20 abril 1998, p. 19.

Breve nota de prensa na que se dá conta da presentación no CGAC do libro de Luís Tosar e recóllense palabras de Nélida Piñón nas que o recoñece como un verdadeiro galego polo compromiso coa lingua.

-Antonio Piñeiro, “Un libro para ser lido unha e mil veces polos amantes da poesía”, *La Región*, 4 xuño 1998, p. 15.

Crónica do acto de presentación de *Madeira do meu canto*, de Luís González Tosar. Infórmase de que Damián Villalaín leu un escrito do profesor Xosé María Paz Gago ó non poder este estar presente e que Carlos Casares contou unha anécdota protagonizada polo escritor con motivo da celebración do congreso do Pen Club en Santiago de Compostela.

-Pura Vázquez, “O pulo da palabra (na poesía de Luis G. Tosar)”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, “Lecer”, 5 xullo 1998, p. XIX.

Narra o acontecido na presentación do libro *Madeira do meu canto*, de Luís González Tosar en Ourense; fala dos seus presentadores, Damián Villalaín e Carlos Casares, e da colección de poesía "Visor". Finalmente, repara na traxectoria poética de Luís Tosar e nas súas orixes ourensás, así como no feito de ser fillo de emigrantes, para explica-la súa obra lírica dende os seus comezos ata a actualidade.

-Alvarado, "Un poemario bilingüe con inspiraciones ourensanas", *La Región*, 23 xullo 1998, p. 13.

Primeiramente traza unha panorámica pola obra deste escritor dende os seus inicios ata a actualidade para de seguido centrarse na presente obra, especialmente naqueles versos que teñen como punto de referencia directa a cidade de Ourense.

-Xavier Carro, "A forza da palabra", *La Voz de Galicia*, "Entreverbas", 23 xullo 1998, p. 34.

Refírese a algunhas das obras máis importantes de Luís Tosar para facer unha louvanza da súa palabra poética. Isto sérvelle para configurar un cadro teórico no que enmarca-la publicación da antoloxía deste autor *Madeira do meu canto*, da que destaca que "revela unha escrita poderosísima".

VV. AA., *Iº Certame Francisco Añón de Poesía. Outes 1997*, limiar de Xosé Agrelo, Outes-A Coruña: Concello de Outes, maio 1998, 46 pp. (D. L.: C-784 98). ◆

Volume publicado con motivo da primeira edición do Premio Francisco Añón. Ábrese cun limiar no que Xosé Agrelo reflexiona sobre as palabras, a relación da literatura coas demais artes e a filiación do artista ó lugar de orixe. Neste sentido evoca os nomes de Francisco Añón e Domingo Sendón como poetas de Outes e engádelle a estes nomes os dos premiados nesta edición. Baixo o apartado “Poetas Nosos” reprodúcese o poema “A Galicia”, de Añón, “¿Por qué lle chamarán Serra?”, de Domingo Sendón Rodríguez e “Fuxida no solpor”, de Xoán Francisco García Suárez. Recóllense tamén as bases que rexeron o premio así como a composición do xurado e a resolución do mesmo. Os poetas e as composicións que se recollen son os seguintes:

-Rita Calo Outón, “Morriña” (Accésit na Categoría B. De 10 a 15 anos), pp. 23-24.

Con versos de desigual medida e rima irregular, a poeta expresa a súa morriña logo de marchar na busca de riqueza material que agora non lle parece abondar para ser feliz.

-Ramón Blanco Fernández, “Un metal ó que chaman soidade” (1º Clasificado na Categoría C. De 15 a 18 anos), pp. 25-42.

Recóllese este poema premiado e outros presentados por este autor ó certame. Son nove poemas construídos en verso libre e densos metaforicamente. Neles un “eu lírico” reflexiona con incertidume e desengano polo paso do tempo que leva consigo o amor.

-Daniel García Dosil, “Longa ausencia”, (Accésit na Categoría C. De 15 a 18 anos), pp. 43-44.

Composición de temática amorosa na que se expresa a tensión entre o namoramento e a ausencia do ser amado.

VV. AA., *Premio 1998 de Relato e Poesía da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo, verán 1998, 151 pp. (ISBN: 848302-281-8).

Neste volume recóllense os premios de relato e poesía da Universidade de Vigo no 1998. Os correspondentes á modalidade de poesía son os seguintes:

-José Luís Álvarez Pérez, “Evanxelina Mardefondo” (1º Premio de Poesía), pp. 83-100.

Conxunto de textos que evocan a infancia, a aprendizaxe do mundo e o descubrimento do amor e o erotismo. O falante lírico presenta imaxes pouco convencionais.

-Silvia García, “(…) En tránsito” (1º Accésit de Poesía), pp. 101-120.

A voz lírica xoga coa disposición gráfica do texto e leva a cabo unha reflexión existencial sobre cuestións como o coñecemento e a linguaxe. Trátase de textos breves, de expresión esencialista.

-Francisco Blanco, “Tres espacios morais” (2º Accésit de Poesía), pp. 121-144.

Particular vivencia da paisaxe galega na que hai unha boa dose de mitificación e de memoria do pasado, con presencia de elementos extratextuais.

-Lucía Novas Garrido, “Os salaios voaban no ar” (3 º Accésit de Poesía), pp. 145-151.

Conxunto de textos de temática amorosa e ton conversacional nos que o motivo do recordo ten unha importancia fundamental.

VV. AA., *Poesía contra o furacán*, prólogo de Isabel González Avión, Cambados: Concello de Cambados, 1998, 38 pp. (sen ISBN nin D. L.). ◆

Libro de poemas en solidariedade cos afectados polo furacán Mitch solidaria como se explica no prólogo de Isabel González Avión. Nel recóllense poemas de: Tareixa Abal Santorum, Xurxo Alonso, Irene Cacabelos, Ramón Caride Ogando, Augusto Chaves, Manolo Chazo, Corporación Semiótica Galega, Pío Dalonga, Camilo Franco, Xesús Gómez Charlín, Emílio Xosé Insua, Manuel Lage Touriño, Roi Martínez Abal, Inés Meaño Vieites, Iria Peiteado, Carme G. Rebollido, Óscar M. Rey, Manolo Ruibal, Ana Santorun Ardone, Manuel Seixas, Domingo Tabuyo e Xosé Vázquez Pintor. Todos eles mostran o seu sentimento de dor e rabia polo ocorrido en Centroamérica. Móstrano con técnicas propias da poesía realista e buscan a comunicación máis directa posible cos lectores. Alén disto é moi recorrente o tratamento telúrico e laudatorio da terra, como principal afectada polo furacán.

VV. AA., *Alguén agarda que volva aquí*, fotografías de Maribel Longueira, A Coruña: Venus, verán 1998, 42 pp. (ISBN: 84-605-8238-8).

O libro ofrece “unha visión persoal da vida da Habana” a través dunha escolma de fotografías pertencentes a unha exposición que viaxou por varias cidades e vilas galegas. As imaxes están acompañadas de textos dos seguintes escritores e escritoras galegos: Eva Veiga, Xulio L. Valcárcel, Ana Romaní, Pilar Pallarés, Ricardo Martínez Conde, Xavier Alcalá, Claudio Rodríguez Fer, Marilar Aleixandre, Xosé Luis Méndez Ferrín, Lino Braxe, Margarita L. Andión, Chus Pato, Camilo Franco, Francisco Fernández Naval, Olga Novo, Miro Villar, Miguel Anxo Fernán Vello e Yolanda Castaño.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Fálase de Cuba”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* 31 decembro 1998, p. 6.

Describe o contido do volume aludindo á calidade das fotos. Con respecto á estética dos poemas considera que varios deles “optaron pola media distancia, e algúns a breve por non dicir mínima (como

Méndez Ferrín, pesimista por certo diante dunha foto rosa, pero non)". A valoración que fai do conxunto do libro é que "resulta un sobranceiro compendio de urxencia. Como a Cuba de hoxe".

VV. AA., *IVº Festival de Poesía "Baixo Miño"*, As Eiras-O Rosal: Concello do Rosal, 1998, [s. p.] (D. L.: VG-479-98). ◆

Compilación dos textos que foron reiterados no IV Festival de Poesía "Baixo Miño", celebrado no Rosal que inclúe textos en galego e castelán. Os poemas textos escritos en galego están asinados por: Emilia Rosende, Xosé Carlos O'Framinor, Margarita González R., Mercedes de Puente, María Xosé Martins, Segundo Ventín Cerviño, Mari Cruz Martínez Vilar, Xesús Muruais, Antonio Martínez Verísimo, Alberto Romer, María Eva Rodríguez Ferreiros, Josefa Fernández Alonso, Santiago González Barreiro, María de los Ángeles Sánchez Armada, José Rodríguez Gómez, María Magdalena e Margarita Agulló Pérez.

Vázquez Fernández, Lois, *Nadal na nosa nada*, Madrid: Adral-Estudios Poemarios, febreiro 1998, 75 pp. (ISBN: 84-920005-9-7).

Lois Vázquez Fernández (Val de Lemos, 1938) presenta un libro concibido como un conxunto de poemiñas dedicados ó misterio do Nadal. Os motivos fundamentais da obra son unha reacción ante a falta de conciencia xeral sobre o Nadal e a razón de ser de tales festas. O autor busca mediante as súas panxoliñas paliar situacións cada vez máis comúns dos que viven o Nadal no desamor e na nada. Apela pola realidade cristiá destas festas e fai unha pequena chamada de conciencia a todos aqueles que, engaiolados pola súa luminosidade, esquecen o significado e conmemoración das mesmas.

Recensións:

-Xesús Portas Ferro, "Nadal de nosa nada", *Encrucillada*, nº 108, "Recensións", maio-xuño 1998, pp. 331/107-332/108.

Breve comentario sobre esta obra no que se analiza a temática de orixe relixiosa que domina todo o libro. A seguir faise unha pequena síntese da biografía do autor e dos estudios que levou a cabo. Finalmente

sinala a importancia que teñen libros como este por desenvolver unha temática relixiosa en lingua galega, onde está pouco cultivada.

Vázquez Vázquez, Paulino, *A experiencia inglesa*, Santiago de Compostela: Edición do autor, maio 1998, 47 pp. (ISBN: 84-605-7538-1).

Quinta obra de Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) constituída por cinco extensos poemas —"The Dark Ages", "Lives of the English Poets", "The English Experience", "The Remains of the Day", "House of Mourning"— que se caracterizan, formalmente, polo seu ton discursivo e pola tendencia á narratividade, e nos que leva a cabo unha recreación do mundo inglés, tanto en aspectos da vida cotiá coma en constantes referencias á súa literatura. Neste sentido, ó longo dos textos van aparecendo diversos escritores ós que lles rende homenaxe, como Samuel Johnson, Laurence Sterne ou os poetas románticos, entre moitos outros, que se enmarcan nas continuas reflexións sobre o transcorrer do tempo, sobre o pasado e a morte, significando estas dúas vertentes, a metaliteraria e a reflexiva, os eixes básicos da obra, aqueles que a percorren dende o comezo ata o final e que lle outorgan un sentido unitario.

Recensións:

-Olga Novo, "A Experiencia Inglesa", *Tempos Novos*, nº 14, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", xullo 1998, p. 56.

Sinala que coa chegada da obra de *A experiencia inglesa*, Paulino Vázquez regresa á meditación profunda sobre a morte, o tempo, a condición humana e que tamén, dando un xiro de extrema profundidade, volve ó poético ou á reflexión sobre o acto creativo, as raíces, a chuvia que non cesa e os campos ingleses dos poetas que velamos. A seguir, ademais de achegar unha serie de comentarios sobre esta obra no seu conxunto, analiza cada unha das cinco partes nas que está dividida —"The Dark Ages", "Lives of the English Poets", "The English Experience", "The Remains of the Day" e "House of Mourning"—, indicando o que se recrea en cada unha delas, o tipo de personaxes que se presentan e o contido que se transmite.

-Arturo Casas, "Paulino Vázquez Vázquez: *A experiencia inglesa*", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 36, Tomo IV, Ano IX, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 547-551.

Alegato de Casas contra as listas de espera das editoriais e a falta de dinámica das revistas poéticas. Vén isto a conto da publicación do libro de Paulino Vázquez como edición de autor, cinco anos despois da súa escrita. Explica que na obra se recrea a vida e a obra dalgúns poetas románticos en lingua inglesa por medio dunha expresión da que di Casas que non é confundible e medra co tempo "en diámetro tanto como en profundidade". Sinala que a obra poética de Paulino Vázquez pode explicarse en parte dende textos e personalidades que interpretan para nós o mundo.

- Mª do Cebreiro Rábade Villar, "A auga escribe os nomes dos poemas", *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 805-807.

A última obra de Paulino Vázquez convida, segundo Rábade, ó hedonismo. A recensionista alude ó feito de dedica-los seus versos a Chus Pato, Martín Veiga e Méndez Ferrín. Define o libro como unha invitación ó romanticismo e fala da importancia da palabra "tradición" nunha obra que "funda un pasado posible para a poesía galega".

Referencias varias:

-A. R., "¿Que ler?", *O Correo Galego*, 11 xuño 1998, p. 50.

Breve nota onde se dá conta da publicación deste último libro de poemas de Paulino Vázquez, que el mesmo autoeditou. Destaca a atmosfera decadente que planea por todo o libro e o seu xeito de se expresar "apelando ás palabras e á intelixencia".

-Antonio Rodríguez, "Estética é o mesmo que ideoloxía", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "AFA", 26 agosto 1998, p. 41/p. 12.

Refírese á obra de Paulino Vázquez *A experiencia inglesa* para comenta-las súas principais liñas temáticas. Tamén se recolllen palabras do autor nas que se amosa convencido de que na poesía inglesa está todo dito. Por outra parte considérase un exiliado porque di estar moi a disgusto coa realidade social galega e sinala que entende o compromiso literario en relación coa calidade da obra.

-Xavier Castro R., “A seducción polos poetas e espacios ingleses”, *El Correo Gallego, “Edición 7*”, 6 setembro 1998, p.VII.

Comenta a preocupación de Paulino Vázquez pola estética do poema, a morte e o paso do tempo. De seguido, di que estas coordenadas xa aparecen tamén en *A experiencia inglesa*, aínda que xa eran predominantes na súa obra poética anterior. Finalmente céntrase nesta última obra e sinala a influencia dos poetas ingleses e tamén a súa ubicación nese espacio poético-xeografico.

-Zoe Noia, “Paulino Vázquez: ‘A vida é literatura”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 novembro 1998, p. 47.

Fai referencia á presentación do quinto poemario de Paulino Vázquez, *A experiencia inglesa*. Recóllense algunhas declaracións do autor quen afirmou que “a vida só é tal cando é escrita, pensada ou meditada”. A continuación destácanse as intervencións de Arturo Casas e Antonio Rodríguez, responsables da presentación do libro.

Vergara Vilariño, Fiz, *Animal sen fel*, limiar de Xulio L. Valcárcel, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 69, marzo 1998, 49 pp. (ISBN: 84-89814-42-2).

Edición póstuma deste poemario de Fiz Vergara Vilariño (Santalla de Lóuzara-Samos, 19531977), que se caracteriza pola brevidade e pola coherencia dende o punto de vista métrico. Componse de vinte sonetos que aparecen divididos en dúas partes: a primeira comprende once composicións e a segunda nove. O poeta céntrase nas circunstancias que uniron ó poeta con Eili, unha cadela xa morta. No limiar, Xulio L. Varcárcel destaca o carácter intimista do libro e identifica como nexo de unión entre os poemas a pura expresión lírica da emoción. Comenta, ademais, os temas que aparecen: a cadela como animal redentor das coitas do poeta, a súa dor, a soidade e a morte.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Radicalidade", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras Artes e Ciencias*", nº 24, 27 agosto 1998, p. 6.

Primeiramente lamenta non ter coñecido a Fiz Vergara Vilariño porque lle gustaría ter botado unha boa "parolada" con el. De seguido, cita o libro de poemas que llo deu a coñecer, *Nos eidos de bremanza*, e

logo comenta as liñas argumentais do seu libro póstumo *Animal sen fel*, o que considera un testamento poético e do que destaca o sentimento telúrico que desprende.

Referencias varias:

Manuel Vidal Villaverde, “Do tempo de Lugo e de Vigo”, *Atlántico Diario*, “Mar de Fóra”, 23 abril 1998,
30.

Ver Díaz-Castroverde, Fernando, *Camiño de píntegas*, nestas páxinas.

-Alfredo Conde, “De aventuras inconfesables”, O Correo Galego/El Correo Gallego, “Os outros días”, 2 maio 1998, p. 48/p. 4.

Anima os lectores do artigo a que lean o poemario *Animal sen fel* para que comprendan as “aventuras inconfesables” deste escritor que foi “muiñeiro” e que expresa “as telúricas emanacións do noso patrio chan”.

Vidal Villaverde, Manuel, *A sombra do inimigo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 67, xaneiro 1998, 52 pp. (ISBN: 84-8981439-2).

Poemario de Manuel Vidal Villaverde (Vigo, 1946) estructurado en tres partes, introducidas cada unha delas por escritos de X. L. Méndez Ferrín, Cesário Verde e Fernando Pessoa. Á súa vez parte das composicións están encabezadas por secuencias creadas por figuras representativas da literatura universal, mentres que outras están dedicadas a personalidades literarias do mundo galego. Late en todas elas a voz persoal dun poeta, que non estando a gusto consigo mesmo e dende o recordo, mostra a súa mágoa por unha mocidade xa pasada, os seus desexos de "voltar á senda dos pasos perdidos" para así emprende-la "búsqueda de si mesmo" e o seu sentir pola patria "emputecida e cabrona". Fai ademais patente este poeta o seu fracaso, a súa infelicidade e os seus desexos, que posiblemente poidan en gran parte, identificarse con moitos do seu lectorado.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, "Literatura e vida", *A Nosa Terra*, nº 823,"Guieiro Cultural", 26 marzo 1998, p. 24.

Despois de menciona-lo labor de Manuel Vidal Villaverde como xornalista e poeta analiza *A sombra do*

inimigo. Alude ós temas desenvolvidos e ó carácter unitario de cada unha das partes. Así, sinálase que na primeira se fala da saudade, na segunda da memoria, da natureza e do xogo amoroso e na terceira o protagonista é o home e o mundo.

-Anxo Angueira, "Manuel Vidal Villaverde: *A sombra do inimigo*", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 271-272.

Considera que "poucos autorretratos poéticos poden resultar tan diáfanos, críbeis e ao mesmo tempo perturbadores" como este de Vidal Villaverde. Continúa afirmando que o autor "éspese de retórica ornamental e distanciadora para, moitas veces dun xeito confesional, abrazar a sombra do propio eu". Identifica como temas máis recorrentes a literatura e a poesía, traspasadas de amizades, o amor como única salvación e os amigos. Unha poesía a de Vidal Villaverde, segundo Angueira, fonda e elegante, escrita nun ton familiar, con algo de loucura e de esperanza.

-Vicente Araguas, "Outros poetas do mar", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 14, 18 xuño 1998, p. 6.

Comentario conxunto das obras *A sombra do inimigo*, de Manuel Vidal Villaverde e *Luz de novembro* (1997), de Bernardino Graña. Do primeiro deles destaca os "altos cumios" alcanzados polo poeta vigués, de quen, sen embargo, di que espera unha grande obra súa. Do segundo dos libros salienta o bon ton de todo o poemario e o "excelso" desta elexía.

Villar, Miro, *Equinoccio de primavera*, Accésit do XVIIº Premio Esquío de Poesía, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, 1998, 56 pp. (ISBN: 84-86046-91-2).

Cuarto poemario de Miro Villar (Cee, 1965) estructurado en catro partes compostas de dez sonetos que se caracterizan pola variedade formal e temática, pola recorrencia reiterada ó paralelismo e pola presencia de versos amorosos, metapoéticos, sociais ou sobre o paso do tempo. “Equinoccio de primavera”, composta en versos hendecasílabos como a terceira parte, caracterízase por incluí-lo termo primavera ou algún derivado en tódolos poemas. “Convocatorias”, en troques, está conformada, como a derradeira sección, por versos alexandrinos e presenta como trazo unificador o feito de remata-las composicións cun verso, vertido ó galego, de autores doutras literaturas. Aí podemos atopar, entre outros, a Joaquim du Bellay, Gioconda Belli, John Donne, António Ramos Rosa, Miguel Hernández ou Pere Gimferrer. “Revelacións” constitúe un apartado misceláneo en que son plurais as referencias a Paul Éluard. En “Navegacións” fálanos de diversos lugares (Viana do Castelo, Braga ou A Costa da Morte) botando, por veces, man de mitos clásicos.

Recensións:

-Vicente Araguas, “O poeta que telefona o amor”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 22, 13 agosto 1998, p. 6.

Comeza manifestando a súa satisfacción polo Iº Premio Tívoli-Europa concedido a Miro Villar por *Abecedario da desolación* (1997), despois de quedar finalista noutros premios como o Martín Códax ou o Esquío. Comenta a importancia de que se premie a autores novos, pois considera que hai unha tendencia a excesiva producción de libros por parte dos autores máis serodios que lle “pechan as portas editoras a poetas novos”. Céntrase despois en *Equinoccio de primavera*, do que resalta a súa “intención rompedora”, malia estar escrito en sonetos, e o erotismo que “é en puridade o que cobre este libro”. Analiza a continuación as partes do libro e comenta a intertextualidade existente sobre todo na parte titulada “Convocatorias”. Volve a incidir na importancia da erótica no libro para facer fincapé noutros poemas con diferente intención como “Poesía” ou “Costa da Morte”, que constitúe unha loubanza artística da terra do poeta.

Villar, Miro (coord.), *Mar por medio. Batallón Literario da Costa da Morte. Poetas Cubanos de Holguín*, limiar de Xose Neira Vilas, Corcubión-A Coruña: Concello de Corcubión/Batallón Literario da Costa da Morte, decembro 1998, 67 pp. (D. L.: C-1909-1998).

Xosé Neira Vilas prologa este volume lembrando a estreita relación histórica entre Galicia e Cuba. A seguir, presenta esta escolma de xoves poetas cubanos, nados no norleste da illa (Holguín, Cacoum) e de membros do Batallón Literario da Costa da Morte. Á beira dos textos figura unha versión, galega e castelá, respectivamente, ademais dunha nota bibliográfica. Os poetas galegos que participan no libro son: Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), Suso Bahamonde (A Coruña, 1978), David Creus (Cee, 1975), Estevo Creus (Cee, 1971), Modesto Fraga (Fisterra, 1974), Mónica Góñez (Fisterra, 1977), María Lado (Cee, 1979), Tomás B. Lijó Marcote (Noia, 1977), Abel Méndes Bujeiro (Berna, Suíza, 1975), Alexandre Nerium (Francisco Manuel López Martínez, Fisterra, 1960), Xavier Rodrigues Fidalgo (Basel, Suíza, 1974), Miro Villar (Cee, 1965) e Rafa Villar (Cee, 1968).

Corporación Semiótica Galega, *Poemas de amor ausente*, Pontecesures-Pontevedra: Corporación Semiótica Galega, verán 1998, 49 pp. (Sen ISBN nin D. L.).

Poemario dividido en tres partes: “Memoria do olvido”, con dezaseis poemas, “Poemas de amor ausente”, con once composicións e “Desaparicións”, con seis. Inclúe debuxos pero non se di quen é o autor, mesmo hai algún poema que combina texto e debuxo. O membro ou membros desta Corporación Semiótica Galega non se identifican en ningún momento. Na primeira parte moitos dos versos xiran sobre o sentido ou o sensentido da vida, o espacio da derrota, a reflexión sobre o literario e outros temas paralelos. Na segunda, o amor é practicamente o protagonista absoluto: o amor existe como sentimento de salvagarda, como refuxio no medio do baleiro e a desesperación. Na terceira hai poemas variados, entre eles un dedicado ó funcionariado e outro, crítico, á Academia da Lingua.

Novoneyra, Uxío, *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña: Hércules de Ediciones/ Xunta de Galicia (Xerencia de Promoción do camiño de Santiago), 1998, 149 pp. (ISBN: 84-453-2306-7). ¤

Derradeiro poemario de Uxío Novoneyra (Parada do Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999), composto por oitenta e dous poemas que, acompañados por fotografías de Francisco García Cabezón, se centran nun percorrido por lugares vinculados ó camiño de Santiago. Divídese en dous grandes apartados, o primeiro dos cales se distribúe en oito subdivisións. Os primeiros poemas presentan unha forte impronta paisaxística e teñen cabida nalgúns deles alusións lendarias e históricas coa referencia a figuras como Roldán ou Alfonso II. Caracterízanse estas composicións pola presencia marcada de recursos estilísticos do nivel fónico, así como pola acumulación de topónimos e a escasa presencia de formas verbais. A medida que se suceden os poemas aumenta a súa vivencialidade coa proxección da paisaxe e os lugares no sentir do eu lírico. Así, entre outros espacios, son obxecto de especial atención Santiago, Lugo ou o Cebreiro, nunha poesía na que predomina o octosílabo e os cuartetos malia a presencia doutras medidas e doutras combinacións estróficas que non exclúen mesmo os xogos coa disposición gráfica dos versos ou os poemas caligráficos. O segundo bloque de poemas titúlase “Trobador pelgrín imaxinario” que recolle poemas xa publicados xunto a outros inéditos, marcados polo apego formal ou temático á lírica medieval galego-portuguesa e nos que non faltan pinceladas humorísticas e irónicas. Os últimos poemas detéñense na chegada a Compostela que culmina co anceio expreso de fusión coa terra.

II. Poesía

II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Blanco Torres, Roberto, *Orballo da media noite*, ed. de Miro Villar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 44, 1998, 148 pp. (ISBN: 84-8302-3350).

Na introducción ó texto de Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1881-Entrimo, 1936) expóñense os datos biobibliográficos fundamentais do escritor, facendo fincapé na súa brillante carreira xornalística. Por outra banda, reconstrúese o contexto histórico e literario e dáse noticia da poética do autor. Polo que respecta a *Orballo de media noite*, o seu estudio atende á "xénese e historia editorial", recepción, estructura, liñas temáticas, intertextualidade, métrica e recursos estilísticos. A introducción complétase cunha análise lingüística. A edición foi elaborada a partir da primeira e única existente, datada no ano 1929, levándose a cabo unha mínima actualización gráfica. O volume inclúe, ademais, o anexo "Nueva generación literaria gallega", artigo no que o escritor expón as súas ideas acerca do panorama cultural galego, e un glosario de voces.

Blanco Torres, Roberto, *Orballo da media noite*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Cuntis-Pontevedra: Concello de Cuntis, 1998, 99 pp. (D. L.: PO 379-98).◆

Edición facsimilar do poemario *Orballo da media noite*, de Roberto Blanco Torres publicado en 1929 pola coruñesa editorial Nós. Conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero titulado "Primeiro achegamento á poesía de Roberto Blanco Torres", concibido como unha toma de contacto dos estudiosos cos textos do autor e no que ademais considera acertada a decisión da Real Academia de lle dedica-lo Día das Letras Galegas de 1999. Refírese tamén ó silencio que durante o tempo envolveu a obra de Blanco Torres e achega algúns datos biográficos. Así mesmo ofrece algúns apuntes relativos á recepción da obra antes e despois de 1936, reproducindo fragmentos dalgunhas recensións e a totalidade da publicada probablemente por Vicente Risco na revista *Nós*. Subliña, no tocante a *Orballo*, o peso da cultura latina e dá noticia dalgúns poemas anteriores publicados na prensa.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, "Fray Roblanto", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 18 setembro 1998, p. 16.

Logo de anuncia-lo comezo dunhas xornadas en Cuntis sobre a vida e a obra de Roberto Blanco Torres, achéganos algúns datos da vida deste escritor. Apunta a súa relixiosidade e cualifícao como “un dos grandes periodistas que ten dado o país e unha pluma intexérrima”. Ademais refirese á orixinalidade e interese da súa voz poética e cre que esta reedición por parte do Concello de Cuntis pode interpretarse como o primeiro gran xesto de desagravio ó poeta. Alude á necesidade de que se faga o mesmo con *De esto y de lo otro* (1930) e finalmente refírese á decisión da Real Academia Galega de lle dedica-lo Día das Letras Galegas de 1999.

Curros Enríquez, Manuel, *A Virxe do Cristal*, comentario preliminar de Xosé María Paz Gago, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1998, 94 pp. (D. L.: C-1.608-98). ◆

Edición facsímil non venal e numerada desta obra de Manuel Curros Enríquez que se presenta nun estoxo xuntamente con outra obra do mesmo autor, *El Maestre de Santiago*. A edición do texto vén precedida dunha presentación institucional do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e prosegue co comentario preliminar de Xosé María Paz Gago. Nesta introducción faise referencia á historia do texto e ás diversas edicións deste. Ponse de relevo a importancia deste libro, por se-lo primeiro poema narrativo longo da literatura galega e o primeiro texto en galego de Curros. Tamén apunta a débeda do celanovés con Zorrilla aínda que considera que superou en modernidade ó modelo vallisoletano. A continuación realízase un estudio métrico que parte do "indubidable valor literario que parte da perfecta integración que amosa *A Virxe d'o Cristal* entre as estructuras métricas e narrativas", préstaselles atención ás diferentes edicións e explícase que se reproduce a de 1880 malia que a canónica sexa a de 1886 e exista unha madrileña de 1881, a medio camiño entre ámbalas dúas. Complétase este comentario introductorio cunha análise das variantes entre a *editio princeps* (1880) e a edición testamentaria (1886) para

concluír cunha panorámica da fortuna artística (fotográfica, cinematográfica e musical) de *A Virxe do Cristal*.

García Lorca, Federico, *Diván del Tamarit. Seis Poemas Galegos. Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*, ed. de Andrew A. Anderson, Madrid: Espasa-Calpe, col. Clásicos Castellanos, nº 9, 1998, 317 pp. (ISBN: 84-239-3849-2).

Reedición da breve colección de poemas de García Lorca escritos en galego. Na “Introducción crítica”, Andrew A. Anderson ofrece tres razóns que explicarían a xestación destes versos: o coñecemento que Lorca tiña de Galicia, o contacto e amizade con personaxes da literatura galega, especialmente Ernesto Guerra Da Cal, e as informacións sobre a tradición literaria galega. No “Estudio textual e bibliográfico” admite que é imposible precisa-la data exacta de composición dos poemas, aínda que se poden establece-los termos *ad quem* e *post quem* entre os que se situaría: maio de 1932 e finais de 1934 ou principios de 1935. Finalmente, conclúese que esta colección de *Seis poemas galegos*, publicados en Santiago en 1935 na editorial Nós, é producto dunha colaboración “lingüístico-literaria” de tres mans: Lorca, Dacal e Blanco-Amor.

Manuel Antonio, *De catro a catro*, ed. de Helena González Fernández, Vigo: Galaxia, col. Dombate Poesía, setembro 1998, 112 pp. (ISBN: 84-8288-203-1).

Edición crítica do poemario de Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930), precedida dun prólogo que se ocupa de cuestións biobibliográficas e relativas ó estudio da obra. A responsable da edición rastrexa os datos máis salientables da vida do poeta, dando conta da súa fervente actividade literaria, ideolóxica e política e insistindo na súa condición vangardista. A seguir, céntrase no estudio de *De catro a catro*, e atende a cuestións relativas á súa xénese (na que colaborou o escritor Rafael Dieste), a estructura, a simboloxía e a anulación das coordenadas espacio-temporais. Logo duns apuntamentos sobre aspectos formais, ofrécense unhas notas sobre a recepción do libro. Finalmente, ademais dalgunhas consideracións ecdóticas, expóñense os criterios de edición, consistentes basicamente nunha estandarización do texto que afecta á acentuación, a regularización das grafías *y*, *b* e *v*, supresión de apóstrofos, guións e contraccións.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Revisitando a Manuel Antonio”, *Tempos Novos*, nº 18, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 1998, p. 63.

Refírese a unha nova edición de *De catro a catro*, dentro da renovada colección “Dombate” baixo a responsabilidade de Helena González. Comenta as partes que a compoñen: unha introducción “ampla e documentada”, que conclúe cun breve comentario sobre anteriores edicións do poemario e determina os criterios seguidos nesta; e unha reproducción dos poemas, que ofrece un “proveitoso” aparato de notas. Remata dando unhas cantas razóns de peso polas que recomenda este libro.

Manuel María, *Versos florecidos en louvanza de Foz*, limiar de Camilo Gómez Torres, Foz-Lugo: Librería Bahía, 1998, [s. p.]. (D. L.: LU-20-1998).

Con esta reedición a librería Bahía celebra a celebración do Primeiro Premio nos Xogos Florales de Foz de 1966. Compoñen o caderno nove poemas que son unha homenaxe de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) á terra e ó mar de Foz. A eles incorporouse na segunda edición, por desexo do autor, o poema final, "Nova chamada do mar", dedicado tamén a Foz. Abren o poemario unhas palabras de presentación de Camilo Gómez Torres, que encadran a composición dos *Versos florecidos* no contexto poético do autor, situándoos na liña dos denominados "poemas de andar e ver ou Poemas de cidades". Uns poemas que, para Camilo Gómez, se separan da convencional poesía de circunstancias propia duns xogos florais e que continúan unha temática que o autor desenvolvera xa nalgunhas colaboracións periodísticas anteriores.

Referencias varias:

-Paula Bergantiños, "Trinta e un anos despois dos *Versos florecidos en louvanza de Foz*", *A Nosa Terra*, nº 831, 21 maio 1998, p. 40.

Informa do acto de inauguración da Casa da Cultura “Poeta Manuel María” na vila de Foz, que viña reinvindicando a Asociación Cultural Pomba do Arco dende hai anos. Segundo se di, no acto, ó que asistiu o poeta, ademais presentouse a reedición do seu caderno *Versos Florecidos en louvanza de Foz* que recolle nove poemas do poeta chairego premiados nos primeiros Xogos Florais celebrados na vila en 1966. Alén disto recolle palabras do propio Manuel María nas que avoga pola normalización do idioma e pola normalización do país en tódolos aspectos.

-Juan Soto, “Montes”, *El Progreso,* 12 maio 1998, p. 72.

Alude á edición destes poemas que en 1966 lle deron unha flor natural en 1966 en Foz. Bota de menos nesta “hermosa iniciativa” unha mención ó mantedor Eugenio Montes. Dá algúns datos referentes á vida deste escritor como os eloxios que suscitou por parte de Juan Ramón Jiménez ou a súa viaxe á Roma enviado polo *ABC*. Ademais comenta que en 1940 foi nomeado académico e xunto con Sánchez Mazas, rexeitou le-lo discurso ó considerar que o nomeamento se debera a motivos políticos e non literarios.

Núñez González, Manuel, *Salayos e outros poemas*, ed. de Amelia Rodrigues Esteves e Luis Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Láncara, 1998, 199 pp. (ISBN: 84-453-2273-7). ◆

O volume está precedido dunha introducción na que os editores proporcionan datos sobre a vida e a obra de Manuel Núñez González (Vilardevós, 1865-1912), na que se destaca a súa participación na prensa do momento, fundamentalmente con textos poéticos. A seguir, preséntase un estudio de *Salayos (Versos gallegos)*, publicado por vez primeira en Madrid, no ano 1895. Os responsables da edición describen o poemario e salientan a súa temática patriótica, social e política, o tratamento da paisaxe e o amor e o cultivo da poesía didáctica. Consideran a Manuel Nuñéz un romántico serodio, continuísta da poesía de Rosalía e Curros e destacan a súa habilidade para a versificación. A introducción inclúe tamén un estudio lingüístico, que se ocupa das grafías, vocalismo, consonantismo, morfoloxía, sintaxe e léxico. Finalmente, os editores explican os seus criterios: a fidelidade ó texto da primeira edición, da que só se corrixiron algúns erros tipográficos.

Roel, Manuel, *Contos e poemas de Manuel Roel un autor ignorado*, ed. e estudio crítico Concepción Delgado Corral, Mª Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Rodríguez, Betanzos: Excmo. Concello de Betanzos, 1998, 210 pp. (ISBN: 84-923797-0-7).

Ver Apartado I. 2. Reedición comentadas e facsímiles, neste *Informe*.

Vidal Martínez, Xoán, *Poemas galegos*, ed. de Begoña Eguizábal Gándara, introd. de Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 2, maio 1998, 95 pp. (ISBN: 84-88527-66-7).

Recóllese neste volume a obra poética en galego de Xoán Vidal Martínez (Pontevedra, 1904-1994), precedida dunha introducción da autoría de Luís Alonso Girgado. Na introducción ofrécense os principais datos biográficos deste escritor pontevedrés da xeración de Amado Carballo e Manuel Antonio, analízase a súa obra poética en galego, salientando a influencia do poeta Juan Bautista Andrade, e o seu labor de promotor de actividades do partido galeguista e de diversas revistas nas que publicou a maioría dos seus poemas. Esta primeira parte péchase coa sinalización dos criterios de edición. A segunda ábrese co seu único libro de poemas escrito en galego, *Mágoas*, que conta con prólogo de Luís Amado Carballo; a continuación aparece "*Loaira*, de Voz y Memoria" e "*Cantigas do Adeus*, de Palabra Llana", este último conta cun prólogo de Filgueira Valverde de cando foron recollidos das revistas e publicados en conxunto. Ó final hai tamén uns poemas soltos e máis un anexo no que Xoán Vidal traza un "Perfil de Amado Carballo". En tódolos textos predomina a presencia de elementos da natureza —aves, árbores, ramas, partes do día, etc.— coas que o poeta mostra o seu desacougo polo paso do tempo, canta á terra galega, ós labregos, ós emigrates, ó solpor, e a escritores galegos como Lamas Carvajal, unha das máis fortes influencias.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Libros da Frouma’: editar dun xeito diferente”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 18 outubro 1998, p. VI.

Comenta a creación, por parte da librería Follas Novas de Santiago, da colección “Libros da Frouma” dirixida por Luis Alonso Girgado, a cal intenta “a recuperación de autores esquecidos ou silenciados pola memoria colectiva ou institucional”. Nomea os dous primeiros volumes en ve-la luz, *Era un son de buguina... (Antoloxía poética)*, de Agustín González López, e *Poemas Galegos*, de Xoán Vidal Martínez, “con senllos soportes introductorios de Xurxo Sierra Veloso e Luis Alonso”. Seguidamente recolle breves comentarios sobre estas obras apoiándose nos traballos introductorios e eloxia a iniciativa da creación desta nova colección.

-Vicente Araguas, “Colección nova”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 38, 3 decembro 1998, p. 6.

Saúda a publicación dunha nova colección de poesía que baixo a dirección de Luís Alonso Girgado tirou do prelo a librería Follas Novas de Santiago. Logo dos parabéns ós promotores da iniciativa, louva tamén o feito de que se teñan ocupado de escritores descoñecidos da literatura galega, como son Agustín González López e Xoán Vidal Martínez, e da súas obras das que comenta os aspectos máis salientables.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “De vellas e boas librerías”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 maio 1998, p. 56/p. 4.

Logo de falar da valía de moitas librerías fala da compostelá Follas Novas, que puxo a andar unha colección titulada “Libros da Frouma”. Sinala que lle parece afortunado comezar unha colección de poesía recuperando voces que foran esquecidas ou minimamente apreciadas no seu momento, como é o caso de Agustín González e Xoán Vidal Martínez.

-Antón Fraguas Fraguas, “Dous libros de poesía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 31 maio 1998, p. XXIV.

Dá conta da publicación de dous libros de poesía baixo o mecenádego da librería Follas Novas, dentro da colección “Libros da Frouma”. Faise unha ampla descrición da biografía dos dous autores: Agustín González López e Xoán Vidal Martínez. Alén disto comenta os prólogos de ambos poemarios que son da autoría de Xurxo Sierra Veloso e Luís Alonso Girgado.

-Alvarado, “O rescate de moitos poetas galegos agora esquecidos”, *La Región*, 2 xuño 1998, p. 15.

Informa da aparición de *Era un son de buguina*, de Agustín González López e *Poemas galegos*, de Xoán Vidal Martínez, da man da librería compostelá Follas Novas, na colección “Libros da Frouma”.

-D. P., “Presentación del libro ‘Poemas Galegos’ de Juan Vidal Martínez”, *Diario de Pontevedra*, 26 xuño 1998, p. 13.

Informa da presentación do libro *Poemas galegos*, de Xoán Vidal Martínez, acto no que interviron as súas fillas recitando poemas. Dise tamén que este libro forma parte da colección “Libros da Frouma” que a librería Follas Novas fai en edición non venal. Por último fai unha síntese biografico-profesional deste escritor pontevedrés.

VV. AA., *Viaxe pola nosa cultura. Poemas e fotografías dunha época*, limiar do Equipo de Normalización Lingüística do IESP de Curtis, Curtis: Equipo de Normalización Lingüística do IESP de Curtis, marzo 1998, [s.p.]. (D. L.: C-176-98). ◆

Volume que combina a fotografía e a poesía. Trátase dunha escolma de fotografías do pasado recuperadas polo profesorado e o alumnado do IESP de Curtis, ilustradas con textos de poetas galegos de diferentes épocas. No limiar dáse conta dos factores que contribuíron ó desenvolvemento da comarca e que dalgún xeito se ven reflectidos na selección fotográfica. O libro reproduce textos de Curros Enríquez, Lois Diéguez, Salvador García Bodaño, Manuel María, Luís Pimentel, Claudio Rodríguez Fer, Bernardino Graña, Miguel Anxo Fernán-Velho, Xabier Seoane, U. Montes, Manuel Rivas, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Valentín Lamas, A. Antelo Suárez, C. Cao Martínez, Ana Romaní, Xosé Mª Cabada, T. Barros, Rosalía de Castro, Ánxeles Penas, Mª Xosé Queizán, Ramón Cabanillas, Uxío Novoneyra, X. M. López Ardeiro, Eduardo Moreiras, Álvaro Cunqueiro e Lino Braxe.

Piñeiro González, Vicente, *Guía en verso do Camiño de Santiago (dende o Cebreiro ata Compostela*), limiar de Victor L. Villarabid, ilust. TA.TA.TA..., Lugo: Edicións da Chaira, 1998, 29 pp. (ISBN: 84-89961-05-0). •

Volume que se abre cun limiar no que Victor L. Villarabid repasa o concepto do Camiño de Santiago e apunta algunhas notas sobre esta guía en verso do Camiño Francés. Vicente Piñeiro (Lugo, 1954) describe en cento trinta e sete estrofas de catro versos –nomeadamente con rima consonante nos versos pares ficando libres os impares– o treito galego do Camiño Francés, que discorre dende O Cebreiro ata Compostela. A guía recolle os diversos lugares do camiño, con referencias ós monumentos, á gastronomía, ás lendas e mais ós fitos máis sobranceiros que inzan este Camiño.

II. Poesía

II. 3. Traduccións e versións

Bellsolà, Carles, *Ferros e ameixas* (*Ferros I prunes*, 1998), Vº Premio Aula de Poeía de Barcelona, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 10, 1998, 84 pp. (ISBN: 84-8302-222-2).

O libro de Carles Bellsolà (Barcelona, 1972), que se publica en edición bilingüe catalán-galego, está composto por un conxunto de poemas nos que o eu lírico describe accións da súa propia experiencia e da vida cotiá, ó tempo que narra unha historia de amor. Neste exercicio bota man dun discurso chan e coloquial, no que introduce termos da linguaxe erótica e da modernidade. Trátase, en definitiva, dunha poesía iconoclasta de espacios urbanos que contrastan coa "horta metafórica" onde se instala o eu lírico cando abandona o amor. O poemario está estructurado en catro seccións: "Intervalo", "O tempo das ameixas", "Ferros e ameixas" e "Intervalo".

Recensións:

-Manuel López Foxo, "Moita parrocha e pouca poesía", *A Nosa Terra*, nº 857, "Guieiro Cultural", 19 novembro 1998, p. 27.

Manifesta non entender como un libro de pouca calidade literaria como o de Carles Bellsollá logra un premio en Barcelona e consegue ser publicado na colección “Ablativo Absoluto”. Reproduce un poema do libro para defende-los seus argumentos e para criticar a editoriais galegas que publican obras coma esta e deixan fóra obras de escritores galegos de moita máis valía. Considera que *Ferros e ameixas* é a expresión dun mozo urbano no que se atopan claves como “vodka e sexo, cine e fritura, opresión e liberdade, gozo e amargura, ilusión e desencanto”. Di tamén que nel non se atopa poesía e que para “facer este tipo de literatura non fai falla ser escritor. Abonda con saber escreber”.

Referencias varias:

O. N., “As experiencias”, *Tempos Novos*, nº 19, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 1998, 65.

Alude á obra de Carles Bellsolà, *Ferro e ameixas*, que conseguiu o Vº Premio da Aula de Poesía de Barcelona. Sinala que se trata dun poemario que está na liña da chamada poética de experiencia, con “moito alcol, moito noxo pero moi pouco lirismo”, para logo servirse das palabras de Jorge Riechmann para criticalo.

Domin, Hilde, *Aquí* (*Hier*, 1964), trad. Sabela López Pato e Silvia Montero Küpper, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, 73 pp. (ISBN: 84-921096-7-X).

Hilde Domin (Colonia, 1912) constrúe o seu libro sobre o tema central do exilio. Arredor deste eixo trata unha serie de motivos como o poder, a violencia, a identidade, a estranxeiría, a morte e a propia lingua. A voz lírica adopta, a miúdo, un ton reflexivo. Os textos, en versión alemana e galega, van precedidos nunha “Presentación” das traductoras na que ofrecen un breve percorrido biobibliográfico pola obra da escritora.

Eliot, T. S., *A terra baldía* (*The Waste Land*, 1922), trad., introd. e ed. bilingüe de Mª Fe González Fernández e Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 3, decembro 1998, 88 pp. (ISBN: 84-605-8394-5).

A versión galega do libro de Thomas Stearns Eliot (Ste. Louis-Missouri, 1888-Londres, 1965), está precedida dunha introducción na que se achegan notas biográficas e un apartado dedicado a dar noticia da súa obra, “De *Prufrock* a *Four Quartets*: na incesante procura da perfección poética”. O volume complétase cun catálogo das primeiras edicións das obras de Eliot e un apéndice bibliográfico sobre a súa vida e a súa obra. *A terra baldía* tematiza a esterilidade e a decadencia do presente, para o que recorre á recreación dun pasado poboado de personaxes históricos, mitolóxicos e literarios. O poemario está composto por cinco seccións: “O enterro dos mortos”, “Unha partida de axedrez”, “O sermón do lume”, “Morte por auga” e “O que dixo”.

Hugo, Víctor, *O reiciño de Galicia* (*Le petit roi de Galice*, 1859), trad. introd. e notas de Henrique Harguindey Banet, ilust. Urbano Lugrís Vadillo, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1998, 135 pp. (ISBN: 84-89896-17-8).

Nesta obra do francés Víctor Hugo (Besançon, 1802-París, 1885) preséntase o drama do intento de usurpación do reino de Galicia a Nuno, un imaxinario fillo do rei García. A introducción do tamén responsable da traducción, Henrique Harguindey, comeza pola biografía de Hugo deténdose nos episodios vitais máis salientables da súa axitada existencia. Continúa referíndose á súa obra, en particular á relación que mantivo co Romanticismo, e leva a cabo un percorrido polos distintos xéneros cultivados polo escritor "resaltando unha obra representativa de cada un deles" e analizando tamén a vixencia actual do escritor. Céntrase a seguir na obra *La Légende des Siècles* (*A Lenda dos Séculos*), na que se integra *O reiciño de Galicia*, e comenta a súa elaboración, os seus contidos e o sentido que para o seu autor ten a épica e a Historia. Tralo texto poético inclúese un estudio poético que se ocupa da cronoloxía da composición, dos trazos estilísticos e a métrica, da importancia da obra e das fontes empregadas, dos paralelismos entre a Historia e a epopea e, finalmente, da paisaxe presente no poema. Ademais, considérase a presencia de Galicia noutras obras do romántico francés, ofrécense detalles sobre a traducción e unha breve conclusión. O texto, en edición bilingüe francés-galego, está constituído por once cadros en versos alexandrinos e constrúese sobre a dicotomía entre o Ben e o Mal,

representados, respectivamente, por Roldán, que ó final libera a Nuno, e polos dez infantes de Asturias, que pretenden, sen conseguila, a usurpación do reino de Galicia.

Recensións:

- X. Mª Castro Erroteta, “O que puido ter sido e non foi”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 821, 12 marzo 1998, p. 24.

Recomenda a lectura deste libro por ser unha obra que deixa “unha certa sensación de fachenda de ser galego”. Alén disto louva a calidade da traducción e ó seu traductor, Henrique Harguindey, polas obras que leva trasladado ao galego.

M. Blanco Rivas, “A epopea galega de Victor Hugo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 48, 14 marzo 1998,

2.

Destácase o feito de que o escritor francés Víctor Hugo se tivese centrado nun asunto central na historia de Galicia, como foi o reinado do rei Don García, para facer un relato no que aparece reflectido o intento de usurpación do reino independente de Galicia a Nuno, fillo imaxinario do último rei dos galegos. Resalta tamén que esta historia se inclúa na súa grande obra *La légende des siècles*, na que se “narra unha visión alucinada do percorrido histórico da Humanidade”.

-Ana Luna Alonso, “Víctor Hugo. Hélas!”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 255-262.

Cualifica o traballo de Harguindey Banet como “rigoroso e austero”, lóao en todo momento, por exemplo cando di que traduce “demostrando a súa honradez no tratamento meticuloso do texto”. Afirma que “*O reiciño de Galicia* é unha mostra de apropiación do alleo para lexitimar o corpus canónico”, en referencia ó papel que esta traducción cumpre no panorama literario galego. Pensa que a autoridade literaria de Víctor Hugo, a cuestión de estarmos diante dun texto medieval e outras consideracións anexas, teñen moito que ver coa necesidade de que este texto entre a formar parte do sistema literario de Galicia.

-M. Quintáns S., “Víctor Hugo en galego”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 7 xuño 1998, p. XIV.

Salienta a calidade da traducción desta obra ó galego. Reclama maior atención para os traductores por seren eles os que lle dan calidade e creto á obra traducida. Para rematar fala das principais características argumentais e da relevancia que ten que un escritor da altura de Víctor Hugo se teña centrado na historia de Galicia precisamente cando se estaba a produci-lo seu despertar histórico.

Referencias varias:

-A. R. López, “Cen números de liberdade”/“Laiovento’ cumpre cen libros ‘editados en liberdade”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 19 febreiro 1998, p. 43/p. 14.

Noticia sobre a presentación da versión galega de *O reiciño de Galicia*, de Víctor Hugo e *O parable ascenso de Arturo Ui*, de Bertold Brecht, ámbalas dúas publicadas en 1998 por Edicións Laiovento. Céntrase na intervención de Francisco Pillado Mayor, director da editorial, que se refire ós números 100 e 101, polo que se fai balance dos sete anos de existencia da editorial. Saliéntase, así, que libros como *O libro das devoración* (1996), de Pilar Pallarés ou *Veladas indecentes* (1996), de Manuel Lourenzo, non foron adquiridos pola Consellería de Cultura por motivos ortográficos logo de obteren, respectivamente, o Premio Nacional de Literatura e o Premio da Crítica Española. Tamén alude o director da editorial á consideración de "non prioritario" por parte da Xunta da traducción de *Faus*to, que fixo Lois Tobío. Saliéntase que as maiores críticas do director da editorial cara á Administración Autonómica foron determinadas polo "secuestro" dunha escolma de *Sempre en Galiza*. Por último, coméntase que Pillado Mayor anunciou a súa intención de lle enviar a Diz Guedes un exemplar de *O parable ascenso de Arturo Ui*, obra na que "Bertold Bretch desbota a idea de que o fascismo é un feito histórico illado".

-Rodri García, "El rey Nuño entra en Compostela", *La Voz de Galicia*, 19 febreiro 1998, p. 80.

Informa da presentación, en Santiago, da traducción ó galego que Henrique Harguindey Banet fixo dunha epopea escrita por Víctor Hugo e que forma parte do seu libro *La leyenda de los siglos*. Trátase dunha obra titulada *O reiciño de Galicia*, publicada por Laiovento, na que o protagonista é Nuño, fillo do rei García.

-Manuel Vidal Villaverde, "Marzo", *Atlántico Diario*, "De catro a catro", 3 marzo 1998, p. 28.

Informa da publicación na editorial Laiovento de *O reiciño de Galicia*, poema de Víctor Hugo traducido por Henrique Harguindey Banet e ilustrado por Urbano Lugrís Vadillo.

-Miguel Anxo Seixas, “O reiciño de Galicia”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 6 abril 1998, p. 3.

Fai un repaso polas obras que Henrique Harguindey ten traducido ó galego para destaca-la calidade que teñen as súas traduccións e en especial *O reiciño de Galicia*, de Víctor Hugo que saíu recentemente do prelo. A seguir fai unha pequena síntese do argumento de cada unha das partes deste texto.

-Manuel María, “Os reises de Galicia”, *El Correo Gallego*, 21 abril 1998, p. 3.

O feito de se publica-la epopea *O reiciño de Galicia*, de Víctor Hugo na editorial Laiovento dálle pé a Manuel María para se centrar na figura do rei de Galicia Don García. Asemade refírese ó importante feito que un escritor como Víctor Hugo se teña centrado nun acontecemento histórico galego, e finalmente fala da calidade da traducción de Henrique Harguindey.

-Alfredo Conde, “A sabedoría no labirinto da vida”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 1 maio 1998, p. 48/p. 4.

Logo de reflexionar sobre a lectura de *El laberinto y sus salidas* ou *Coa lei de costas*, de Xoán X. Piñeiro Cochón, comenta sinteticamente a historia narrada no libro *O reiciño de Galicia* que a editorial Laiovento publicou para conmemora-la saída do prelo do seu libro número cen.

Kruckenberg, Mª do Carme, *Vivir, aventura irrepetible*, trad. X. Agulla Pizcueta, Cangas-Pontevedra: Iniciativas Gutemberg, col. Á inmensa minoría, nº 2, verán 1998, 88 pp. (ISBN: 84-95126-00-1).

Conxunto de corenta e seis poemas en versión bilingüe, castelán e galego, con traducción literal ó galego e que corresponden á visión poética que Mª do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) realiza doutros tantos países e cidades europeas, americanas e asiáticas. O poemario ábrese e péchase coa mesma composición protagonizada por Montevideo. Baixo a fórmula da apóstrofe nuns casos e da descrición noutros, e construídos en verso libre con tendencia á narratividade, cada poema vaille dando paso ó seu respectivo lugar a base de referencias históricas e artísticas. Deste xeito predominan os espacios personificados, con forte presencia de imaxes e metonimias, que nuns casos son obxecto de contemplación e noutros chegan a incidir na memoria e proxectarse no eu lírico.

Referencias varias:

-G. M., “La poetisa María do Carme Krukenberg recita parte de su obra en la Casa de Galicia”, *Galicia en el Mundo*, nº 270, 1-7 xuño 1998, p. 24.

Faise referencia á presentación do libro na Casa de Galicia de Madrid. Coméntase que esta obra é producto das vivencias experimentadas pola autora nas súas viaxes, o que explica tamén o título de cada un dos poemas. Alúdese á participación no acto da Catedrática de Literatura Eva Llorens, que analizou o volume e resaltou o bo momento da poesía galega. Finalmente, cítanse outros títulos de Carme Krukemberg.

Leopardi, Giacomo, *Cantos. Edición bilingüe*, selección e traducción de Suso Pensado, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 77, outubro 1998, 148 pp. (ISBN: 84-89814-54-6).

Edición bilingüe, en galego e italiano, da obra de Giacomo Leopardi (Recanati, 1798-Nápoles, 1837) *Cantos*. O volume ábrese cunha "Nota do traductor", Suso Pensado, no que afronta o problema da fidelidade da traducción ó texto orixinal, decantándose el por mante-lo metro e contido. Así mesmo, expón os criterios de selección que seguiu na escolla dos poemas e ofrece algunhas notas biobibliográficas do poeta. O volume recolle vinte poemas paradigmáticos dunha actitude vital que marca o Romanticismo: as dúbidas sobre a existencia, o amor, o inexorable paso do tempo e a debilidade do home ante a natureza, todo tinxido da angustia e do pesimismo propios do espírito romántico.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, "O romántico canto dun paxaro solitario", *Guía dos libros novos*, nº 2, "Literatura. Poesía", decembro 1998, p. 27.

Reflexiona sobre os *Cantos*, de Giacomo Leopardi e considera a este autor como "prototipo do poeta romántico *malgré lui*" que fai unha obra "de forma austera, ordenada, clásica". Subliña que o escritor ve no racionalismo ilustrado e na súa continuación romántica un perigo para o ideal de equilibrio entre o home e a natureza. De seguido, define os *Cantos* como un conxunto poético perfecto, "de formalismo clasicista e sobriedade, inzados dun fondo e radical escepticismo"; neles observa unha "resignación estoica" fronte a un mundo sentido como "ilusorio e indigno". Cita algunhas das temáticas rexistradas na obra e centra a súa atención no amor, a vellez e a tristeza. Do primeiro di que aparece ás veces moi relacionado coa morte da amada e outras é "a chave da procura vital". Recolle algúns versos como exemplo da dor como símbolo da vida que lle recorda o "cravo cravado no corazón", de Rosalía de Castro. Da vellez e da tristeza, resalta que o poeta se serve delas para as súas cavilacións filosóficas nas que se pregunta polo significado da vida e o porqué da existencia.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, "Magosto", *Atlántico Diario*, "De catro a catro", 17 novembro 1998, p. 22.

Ver Castaño, Yolanda, *Vivimos no ciclo das erofanías*, nestas páxinas.

II. Poesía

II. 4. Antoloxías

Alonso Montero, Xesús e X. M. **Salgado**, *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte (1967-1973)*, limiar de Darío Villanueva, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1998, 109 pp. (ISBN: 84-8121-678-X). ◆

Inclúe dezaseis composicións galegas contra a morte do Che Guevara publicadas entre 1967 e 1973 e debuxos de artistas galegos expostos en Cuba en 1972. Tras un breve limiar de Darío Villanueva, X. Alonso Montero fai unha aproximación ós poemas e poetas que hai trinta anos ergueron a súa voz contra a morte do revolucionario. X. M. Salgado realiza unha síntese histórica do acontecido en 1967, ano no que morreu. A continuación van os poemas de Eliseo Alonso, Manuel Álvarez Torneiro, Carlos Casares, Alfredo Conde, Xavier Costa Clavell, Celso Emilio Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Manuel Lueiro Rey, Manuel María, X. L. Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Manuel Rodríguez, Farruco Sesto Novás e un poema anónimo. Engádense tres apéndices: o primeiro recolle un poema de Anisia Miranda; no segundo Manuel Álvarez Torneiro, Alfredo Conde, Manuel María, Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas falan das súas composicións; e o terceiro inclúe un poema do propio Ernesto Che Guevara, “Vieja María, vas a morir”.

Referencias varias:

-Olga V. Becerra, “Os medios de comunicación aínda lle teñen medo ó Che”, *O Correo Galego*, 26 maio 1998, p. 5.

Entrevista na que o profesor Xesús Alonso Montero aproveita para louva-la figura humana do Che no seu tempo e a vixencia do seu pensamento na actualidade, o que o leva a dicir que os medios de comunicación lle teñen medo ó Che polo seu significado revolucionario. Ó mesmo tempo di que o feito de que estes poemas fosen escritos ó pouco da súa morte por poetas galegos moi distintos, vai servir para observar nitidamente a evolución ideolóxica de moitos deles, principalmente cita Méndez Ferrín e Alfredo Conde.

-Xesús Alonso Montero, “Versos galegos para Ernesto Che Guevara”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 16 outubro 1998, p. 14.

Fala da publicación do volume *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara*, lembra a súa xénese, os problemas coa censura e outras dificultades que sufriu a publicación. Indica seguidamente que no acto de presentación está prevista a lectura dos poemas por parte dos seus autores, e remata aludindo á pouca familiaridade coa “dimensión literaria do revolucionario”, de quen se lerá tamén un poema no acto citado.

-Xosé Neira Vilas, “Homenaxe galega a Che Guevara”, *O Correo Galego*, “Crónicas galegas de América”, 8 novembro 1998, p. 3.

Fala da homenaxe rendida ó Che Guevara no paraninfo da Universidade compostelá e de cómo transcorreu o acto, para logo lembra-la figura do homenaxeado. Indica ademais outros actos anteriores que tiveron lugar na Habana pouco despois da morte do Che e tamén no ano 1972, detallando a participación dos autores e dos artistas plásticos que colaboraron. Remata co eloxio destas iniciativas levadas a cabo “primeiro na emigración e agora na Galicia territorial” e da persoa honrada, por ser “modelo de conducta para todos nós”.

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca. Coroa literaria para Federico García Lorca contra a súa morte*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago, 1998, 166 pp. (D. L.: C-1556-98). ◆

Escolma de cincuenta e dous poemas nos que se canta a Federico García Lorca ou se fai referencia a algúns dos *Seis poemas galegos*. No prólogo, Xesús Alonso Montero cita unha nómina de autores que escribiron sobre García Lorca e refírese ós primeiros poemas sobre o poeta granadino, publicados en 1937 por Lorenzo Varela nunha colectánea xunto a outros poetas como Machado, Alberti, Neruda, etc. A continuación fai referencia ó poema dedicado a Lorca por José María Castroviejo en 1938, así como a outros poetas galegos que publicaron versos contra a súa morte fóra de España, como Salvador de Madariaga ou León Rojo. Prosegue referíndose ós primeiros poemas a Lorca publicados na España de Franco e cita neste sentido os nomes de Nabor Vázquez Montero, Arcadio López Casanova ou Manuel Lueiro Rey ou Camilo José Cela. Ademais detense na presencia de seis poetas galegos nun número especial da revista *Papeles de Son Armadans* en 1958, no que figuran seis poemas galegos, catro deles referidos a Lorca: os de Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María e Díaz Jácome. Nos últimos apartados deste prólogo detense nas composicións que glosan ou se refiren ós *Seis Poemas Galegos*, así como á elexía en inglés e portugués de Ernesto Guerra Da Cal, que cualifica como

“unha das páxinas máis valiosas desta antoloxía” e que se recolle en edición facsímile como apéndice desta antoloxía. Os textos agrúpanse segundo a lingua galega ou castelá. Nos escritos en galego distínguese entre os que se refiren a Lorca e os que se sitúan “no ronsel dos Seis poemas galegos”. Estes textos escritos en galego pertencen a Aquilino Iglesia Alvariño, J. Díaz Jácome, Manuel María, Pepe Velo, Darío Xoán Cabana, Celso Emilio Ferreiro, María del Carmen Kruckenberg, Uxío Novoneyra, Luz Divina Martínez Rojo, Modesto Hermida, Antonio García Teijeiro, Xesús Rábade Paredes, Gregorio San Juan, Juan Pérez Creus, Matilde Lloria, Luz Pozo Garza, Luis Álvarez Pousa, Xoseme Mosquera, Bernardino Graña, Andrés Pociña, Antón Abalde Souto, Víctor Campio Pereira, Miro Villar e M. Blanco Mariño.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “García Lorca, de novo, en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 27 novembro 1998, p. 16.

Refírese á antoloxía *Os poetas galegos cantan a García Lorca. Coroa literaria para Federico contra a súa morte*, publicado polo Concello de Santiago con motivo do centenario do nacemento de Federico García Lorca. O articulista, encargado tamén da elaboración da antoloxía, di que se trata dunha coroa literaria para García Lorca contra a súa morte e cita os poetas que participaron nela: uns moi coñecidos, como Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Luz Pozo ou Arcadio López Casanova, e outros non tanto como Luz Divina Martínez Rojo ou Maximino Sanmartín Sobrino.

Cochón, Iris e Helena **González** (eds.), *Upalás. Escolma. Rompente*, prólogo de Xavier Cordal Fustes, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 7, inverno 1998, 100 pp. (ISBN: 84-8302-255-9).

Selección que inclúe textos dos libros do colectivo Rompente *Silabario de turbina* (1978) e *A dama que fala* (1983), así como dos poemarios individuais dos membros do grupo: *Facer pulgarcitos tres* (1979), de Alberto Avendaño, *As ladillas do travesti* (1979), de Antón R. Reixa e *Galletas kokoschka non* (1979), de Manuel M. Romón. Ademais, inclúe unha serie de textos "de resistencia e comunicación": "Nós poetas coidamos", "Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio", "O grupo Rompente entrevistado a si mesmo antes e despois", "Aluminio" (de autoría colectiva) e "Inanición", de Antón Reixa. O volume complétase cunha semblanza do grupo Rompente e a súa actividade.

García Devesa, Consuelo (ed.), *Labirintos de identidade. Mostra de Poesía Latina nos Estados Unidos. Edición bilingüe*, A Coruña: Espiral Maior: col. Poesía nº 71, marzo 1998, 106 pp. (ISBN: 84-89814-44-9).

Ábrese este volume cun escrito introductorio titulado “Mostra de poesía latina nos Estados Unidos ou oito poetas furan na identidade”. Ademais de tratarse nel temas referentes ó interculturalismo e ó multilingüismo nos escritores e de comentarse certos aspectos sobre os dous grandes grupos de escritores de tradición “latina” nos Estados Unidos, dáse conta tamén dos criterios de selección a seguir á hora de facer esta edición. Móstrase a continuación unha serie de poemas escritos totalmente, ou case totalmente en inglés, ó lado da súa correspondente traducción ó galego. Os autores destas composicións, dos que ó final do volume se ofrecen unhas notas biobibliográficas, son Alberto Ríos, Alma Luz Villanueva, Carlos Cumpián, Neftalí de León, Gloria Anzaldúa, Martín Espada, Pat Mora e Víctor Hernández Cruz. A temática das súas creacións aquí presentadas é común na súa meirande parte, xa que neles late a queixa polo trato que recibe a xente do campo, a muller, “os habitantes de bocas hispanas” ou os habitantes da fronteira, que a cotío son maltratados por aqueles seres que se consideran, por distintas razóns, superiores a eles.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Un xesto de identidades”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 35, 12 novembro 1998, p. 6.

Explica os traballos anteriores de Consuelo García Devesa, que é a traductora deste libro e fai ademais o traballo introductorio. Céntrase logo na orixe dos poetas antologados, dicindo que a súa calidade poética é regular porque “prefiren a letra á música” e iso “esteticamente é ás veces un chisco ruín”. Comenta tamén algúns detalles da traducción, que considera boa, e escolle os poetas que prefire. Remata agradecendo a iniciativa de introducir aquí “eses novos mundos poéticos”.

Referencias varias:

Manuel Vidal Villaverde, “Do tempo de Lugo e de Vigo”, *Atlántico Diario*, “Mar de Fóra”, 23 abril 1998, 30.

Ver Díaz-Castroverde, Fernando, *Camiño de píntegas*, nestas páxinas.

O. N., “Labirintos de identidade”, *Tempos Novos*, nº 13, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1998, 61.

Indica que baixo o título de *Labirintos de identidade*, recolle Consuelo García Devesa, unha mostra de poesía latina nos Estados Unidos en edición bilingüe inglés-galego. Sinala que os seus creadores son tres autoras e cinco autores chicanos e portorriqueños afincados en EE. UU., para a seguir, ofrecer un breve comentario sobre a súa escrita.

Gil Hernández, Antonio (ed.), *João Vicente Biqueira (1886-1924). Obra selecta (Poesia e ensaio*), limiar Jenaro Marinhas del Valhe, Pontevedra/Braga: Irmandades da Fala da Galiza e Portugal/Conselho Internacional da Lusofonia/ Associação de Amizade Galiza-Portugal, *Revista Internacional da Lusofonia*, n^{os} 43-45, 212 pp. (ISSN: 087-9939/D. L.: 17017/87).

O “Parlamento inicial”, en que Jenaro Marinhas del Valhe elabora unha estampa humana e lembra a súa relación con Viqueira, está precedido dun “Editorial” e dunha “Advertência”. No primeiro preséntase o autor homenaxeado e indícase a finalidade deste volume: debate-la lusofonía de Galicia. Na segunda explícase o feito de muda-lo nome de Johan Vicente Viqueira en João Vicente Biqueira, alén de indica-la procedencia dos textos publicados. A seguir, vén un capítulo dedicado a comenta-la súa biobibliografía, o cal adxunta as opinións de García-Sabell, Ramón Piñeiro, Emilio González e Carballo Calero sobre a súa figura e, asemade, dá conta das súas facetas de filósofo, pedagogo, psicólogo e pensador político. Os capítulos seguintes recollen textos literarios: o terceiro, poemas de Amado L. Caeiro, José A. Lozano e Álvaro Jaime Vidas Boução en loor de Viqueira; e o sexto, traduccións de poesías de Michelangelo Buonarroti, Goethe e Meisters. As composicións do propio Viqueira están inseridas nos capítulos cuarto,

musicadas por Morám Fraga, e quinto. Despois figuran xa os textos non poéticos: conferencias e colaboracións publicadas en *A Nosa Terra*. Os temas máis recorrentes son o nacionalismo e a reforma ortográfica aínda que non falta algunha alusión, bastante residual, á literatura, por exemplo: a Curros Enríquez. Tódolos textos foron manipulados ortograficamente para adecualos ó estándar lusitano.

Meyer, Frank (ed.), *Rolf Dieter Brinkmann. A máquina de facer zume de laranxa. Unha antoloxía*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, marzo 1998, 123 pp. (ISBN: 84-87783-49-X).

Antoloxía de poemas de Rolf Dieter Brinkmann (Alemaña, 1940-1975). Está formada por poemas tirados de nove poemarios —*Le chant du monde* (1963-1964); *&-Gedichte* (1966); *Was fraglich ist wofür* (1967); *Godzilla* (1968); *Die Piloten* (1968); *Standphotos* (1969); *Gras* (1970); *Eiswasser an der Guadelupe Str.* (1974-1985) e *Westwärts 1&2* (1972)—, que pretenden ofrecer unha panorámica xeral da súa obra. O libro está encabezado por un limiar titulado "Rolf Dieter Brinkmann: poesía e pracer" da autoría do traductor dos poemas Frank Meyer, que expón brevemente os seus criterios de escolla e as liñas básicas da obra poética do escritor. A seguir aparecen os poemas agrupados baixo o título de cada un dos poemarios en que foron publicados e seguindo unha orde cronolóxica que permite ó lectorado ver con claridade a evolución poética de Brinkmann. Trátase de poemas de composición libre —sen rima, poemas narrativos, heterosilábicos, etc.ó que reflicten instantes, imaxes fugaces que o autor quixo plasmar por escrito. Hai por iso un predominio do cotián, poetizado con palabras simples e comúns, que cunha explosiva mestura evocan unha rebeldía que domina todo o libro. Tamén se mostra irónico, acedo

e, por veces, irascible para reforza-la forte crítica social do poemario, que se ve adubada pola "sensualidade dunha literatura debedora dos sentidos", en palabras de Frank Meyer.

Recensións:

-A. C. M., "Poemas onde non habita ningún heroe", *El Mundo. Galicia*, 8 xuño 1998, p. 11.

Faise unha pequena introducción á obra do poeta alemán Rolf Dieter Brinkmann, para despois sinala-la aparición dunha antoloxía da obra deste autor en lingua galega: *A máquina de facer zume de laranxa* (1998), traducida por Frank Meyer en Edicións Positivas. Segundo se di no artigo, o poemario pode considerarse "un percorrido indicativo polas distintas etapas poéticas de Brinkmann". Asemade, coméntase que o libro representa a mestura do poeta "gamberro" co "poeta fondo de versos graves". Tamén se sinala que esta é a primeira traducción deste autor nunha das linguas estatais.

-Vicente Araguas, "Poesía pop", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 17, 9 xullo 1998, p. 6.

Logo de facer unha introducción á música e sobre todo á arte pop, céntrase no poemario *A máquina de facer lume de laranxa* e compárao con *Poemas a la hora de comer*, de F. O'Hara. Deste xeito comenta paralelamente a situación da época, a obra doutros escritores coñecidos e a do alemán Brinkmann. Remata felicitando a Edicións Positivas por se atrever a publicar obras deste tipo.

Referencias varias:

O. N., “O prezo das laranxas”, *Tempos Novos*, nº 15, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, agosto 1998, 59.

Anuncia a publicación de *A máquina de facer zume de laranxa*. Valora a aposta da colección “Di-versos” de Edicións Positivas por publicar obras que achegan “a frescura e sempre a crítica implícita que desde as aforas do canon”. Sinala ademais que se trata dunha poesía na liña da arte pop, que nos devolven “ó ruído, ó saibo da vida cotiá, ó escepticismo radical desde o que contemplar a sociedade, as pautas ríxidas que regulan a vida, o movemento das terras que modifica o prezo das laranxas”.

Rodríguez, Luciano (ed.), *Miguel González Garcés. Poesía*, A Coruña: Deputación Provincial, 1998, 525 pp. (ISBN: 84-89652-78-3). ◆

Compilación da obra poética galega e castelá de Miguel González Garcés (A Coruña, 19191989). Na introducción, o editor rastrexa a vida do poeta e fai un percorrido pola súa obra. Por outra banda, expón os criterios de edición empregados, destacando a exclusión, por desexo do autor, do seu primeiro libro *Vibraciones* (1947) e a fidelidade ás súas escollas. Ademais da obra en castelán, o volume inclúe os seguintes libros en galego: *Bailada dos anxos* (1961), *Nas faíscas do soño* (1972), *Paso soa de luz* (1975), *Claridade en que a tentas me persigo* (1977), *Sede de luz* (1986), *Un nome só na néboa* (1989).

Recensións:

> Román Raña, “Anxos e faíscas”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura. Poesía”, decembro 1998, 24.

Considera que con esta publicación rómpese o esquecemento e minusvaloración que rodeaba a este autor e a súa poesía, aínda que admite que é preciso un estudio pormenorizado “do seu proceder poético” e a súa ubicación temporal, para sitúalo “nas nosas letras de forma máis obxectiva”. Alude á

singularidade do mundo poético do autor, á coherencia sentimental, á beleza como fin estético e á evocación. Pon de relevo a presencia do surrealismo e o recurso á enumeración nominal. Ademais expresa que a brevidade e o "paisaxismo espiritual e telegráfico" dos textos lémbralle o haikú xaponés e o Cunqueiro de *Mar ao norde*, ademais de salienta-la pureza da súa poesía e a perfección compositiva.

Sierra Veloso, Xurxo (ed.), *Agustín González López. Era un son de buguina... (Antoloxía poética)*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 1, maio 1998, 161 pp. (ISBN: 84-88527-65-9).

Nesta antoloxía recóllense poemas inéditos de Agustín González López (Louro-Muros, 1923-A Coruña, 1989), precedidos dunha introducción a cargo do responsable da edición, que consta dos seguintes apartados: “Agustín González, unha biografía”, onde se indican os episodios vitais fundamentais do poeta e o xeito en que estes influíron na súa obra; “Achegamento á lírica de Agustín González López”, no que se expoñen as características esenciais da poesía do muradán e reivindícase a súa figura, caída no esquecemento; e “Agradecementos e criterios de edición”, apartado que explica a maneira de face-la selección dos textos e as intervencións feitas no plano lingüístico. A obra está constituída por dúas seccións, “Caderno de argolas”, que ocupa “a maior parte da presente antoloxía”, e “Outros poemas”, na que se presentan cinco poemas máis. Destaca na obra a presencia da natureza, na que o propio poeta se integra “ata formar parte, el mesmo, da natureza que describe”, como se afirma na introducción. A capacidade de observación e de reflexión son tamén elementos salientables, así como a recreación da paisaxe e unha relixiosidade que o poeta sente presente en tódalas cousas. Formalmente caracterízase a poesía polo seu afán de sinxeleza, contención expresiva e riqueza léxica, sendo ademais numerosos os poemas que amosan ritmos populares, “fonte de inspiración constante para un poeta que non

dubida en mestura-la musicalidade da muiñeira con solemnes citas en latín, o folclórico co clásico, o espontáneo co libresco", como indica Xurxo Sierra no traballo introductorio.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Libros da Frouma': editar dun xeito diferente", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 18 outubro 1998, p. VI.

Ver Vidal Martínez, Xoán, *Poemas galegos*, nestas páxinas.

-Vicente Araguas, "Colección nova", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 38, 3 decembro 1998, p. 6.

Ver Vidal Martínez, Xoán, *Poemas galegos*, nestas páxinas.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "De vellas e boas librerías", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "Os outros días", 30 maio 1998, p. 56/p. 4.

Ver Vidal Martínez, Xoán, *Poemas galegos*, nestas páxinas.

-Antón Fraguas Fraguas, “Dous libros de poesía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 31 maio 1998, p. XXIV.

Ver Vidal Martínez, Xoán*, Poemas galegos*, nestas páxinas.

-Alvarado, “O rescate de moios poetas galegos agora esquecidos”, *La Región*, 2 xuño 1998, p. 15.

Ver Vidal Martínez, Xoán, *Poemas galegos*, nestas páxinas.

Valcárcel, Xulio L. (ed.), *Miguel González Garcés*. *Poesía Galega*, A Coruña, Espiral Maior, col. Poesía, nº 76, xullo 1998, 118 pp. (ISBN: 84-8981450-3).

A escolma de poesía galega de Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989) está precedida dun limiar do editor no que se achegan datos biográficos do escritor e se analizan os libros compilados. No estudio saliéntanse cuestións como a importancia de *Bailada dos anxos* como alternativa á poesía social, a evolución e depuración estilística de *Nas faíscas do soño*, o erotismo de *Sede e luz* e a madurez poética reflectida en *Un nome só na néboa*. Os libros que integran o volume son: *Bailada dos anxos* (1961), *Nas faíscas do soño* (1972), *Sede e luz* (1986), *Un nome só na néboa* (1989) e *Entre as mans do vento* (seis poemas inéditos).

Recensións:

-Vicente Araguas, “Transmisión da beleza”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 29, 1 outubro 1998, p. 6.

Cualifica a Miguel González Garcés como poeta “culto” e “excéntrico” e salienta o seu papel de adiantado ós tempos na literatura galega pola utilización do surrealismo, o erotismo e o culturalismo. Gaba ademais o prólogo de Xulio L. Valcárcel e aplaude a sinxeleza coa que escribe. A continuación refírese

brevemente a cada un dos cinco poemarios de González Garcés e fai fincapé na súa coherencia, cualificando a súa obra como “aetefacta”. Ademais, alude ós poemas inéditos e confesa que o conmoveu pola súa autenticidade o que comeza cos versos “Ter que deixalo todo”.

-Olivia Tudela, “La “gloria escrita no vento” por González Garcés”, “La Galería”, *El Ideal Gallego*, 18 outubro 1998, p. 20.

Empeza dicindo as múltiples actividades que desenvolvía Miguel González Garcés, ademais da literaria, e indicando que se mantivo á marxe da “poesía social” preferindo “la vía intimista o existencial”. Continúa comentando que esta obra permite ve-la evolución do poeta e inclúe algunhas notas de análise para engadirlle ó estudio de Xulio L. Valcárcel. Destaca a importancia do simbolismo na obra de Garcés e a recorrencia da temática da infancia na súa obra. Remata aludindo ás pegadas doutros poetas na obra lírica do coruñés, como a de Machado, Lorca, Gerardo Diego ou Jorge Guillén.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Xulio L. Valcárcel. ‘A poesia ten que ser en carne viva”, *A Nosa Terra,* nº 845, “Guieiro Cultural”, 27 agosto 1998, p. 15.

Recóllense palabras de Xulio L. Valcárcel cando vén de tirar do prelo dúas obras: unha antoloxía da obra de Gonzaléz Garcés titulada *Poesía Galega de González Garcés* e unha antoloxía da súa propia obra que leva por título *En voz baixa* (1995). Da primeira comenta o seu intento por recuperar a este poeta

coruñés moitas veces descoñecido ou minusvalorado por estar fóra dos “circuítos culturais”. Con respecto á segunda expresa a súa satisfación porque xa vai pola segunda edición, o que leva a falar do bo momento que está a pasa-la poesía galega actual.

Valente, José Ángel, *El fulgor. Antología poética (1953-1996)*, selección e prólogo de Andrés Sánchez Robayna, Barcelona: Círculo de Lectores/Galaxia Gutemberg, 1998, 384 pp. (ISBN Círculo de Lectores 84-226-7054-2; ISBN Galaxia Gutemberg 84-8109-164-2).

Este volume, segundo aclara Andrés Sánchez Robayna no apartado “Sobre la antología” que segue ó “Prólogo”, pretende ser unha visión de conxunto da producción poética de José Ángel Valente (Ourense, 1929). No “Prólogo”, o responsable da escolma sinala cáles son as liñas definitorias e como vai evolucionando a poesía deste poeta, á que sitúa no panorama da poesía española contémporanea. Salienta a súa singularidade e personalidade, que se poñen de manifesto co seu progresivo afastamento dos moldes do realismo crítico dominante na literatura de posguerra. A escolma contén composicións dos dezanove libros que o poeta deu ó prelo. Do poemario galego de Valente, *Cántigas de alén*, que foi crecendo dende a súa primeira versión en 1980, seleccionáronse dez textos, que son presentados na súa versión orixinal e nunha traducción castelá realizada conxuntamente polo autor e por César Antonio Molina. As pezas escolleitas presentan unha notable heteroxeneidade temática: a carón de versos dedicados ó amor ou á saudade, atópanse composicións como “Rosalía”, homenaxe á poetisa compostelá, e “Paxaro de prata morta”, prosa de fasquía autobiográfica na que se evoca a violenta represión

dos tempos da Guerra Civil da posguerra, que deixou a súa pegada na angustiada poesía de Luís Pimentel, a quen se enaltece no remate do texto.

Referencias varias:

-D. Janeiro, “Valente, a palabra poética no horizonte”/“José Ángel Valente presenta hoxe en Madrid a súa antoloxía ‘El fulgor”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 3 marzo 1998, p. 21/p. 12.

A propósito da presentación de *El Fulgor* en Madrid reprodúcense as declaracións de Valente, que considera que esta é a mellor antoloxía que se fixo da súa obra. Asemade explica que nos seus poemas en galego reflíctense as preocupacións fondas da súa poética pero tratadas doutro xeito, pois recoñece que cando escribe en galego regresa á tradición. O autor ourensán considera a Rosalía de Castro como a autora máis importante do século XIX por enriba de Becker, refírese á súa pegada autores posteriores e recoñécese rosaliano. Ademais de Rosalía apunta como referente persoal a San Juan de la Cruz.

-M. Beceiro, “Valente, en gallego y en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 27 maio 1998, p. 31.

Anuncia a presentación dunha antoloxía da obra de José Ángel Valente na cidade de Ourense. Tamén reproduce comentarios do autor nos que manifesta ter deixado liberdade absoluta a Andrés Sánchez Robayna para escolma-la súa obra e tirar do prelo este volume. Así mesmo móstrase gratamente sorprendido porque na mesma aparezan libros enteiros xa que “rompelos sería rompe-la unidade”.

-Antón Lopo, “Temo que volva o caciquismo”/“Valente presenta ‘El Fulgor’ en Santiago e expresa o seu medo ante a volta ó caciquismo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 27 maio 1998, p. 44/p. 15.

Refírese ó acto de presentación da antoloxía da obra de José Ángel Valente. Informa que neste acto o propio poeta recitou algúns dos seus poemas, logo de que Claudio Rodríguez Fer trazase unha panorámica xeral pola súa obra. Recolle tamén palabras deste crítico e poeta nas que di que Valente é “unha das voces de maior calidade poética do século XX”.

-Aníbal C. Malvar, “José Angel Valente presentó ‘El Fulgor’, compilación de 40 años de poesía”, *El Mundo. Galicia*, 27 maio 1998, p. 7.

Fala da presentación dunha antoloxía de José Ángel Valente na cidade de Santiago. O libro, segundo di, foi presentado por Claudio Rodríguez Fer quen insistiu no “instinto poético” do escritor ourensán. Destaca tamén que se inclúa na escolma a súa obra poética en galego.

-J. B. Salgueiro, “José Angel Valente presenta en Compostela su antología poética reunida en “El Fulgor”, *Faro de Vigo*, 27 maio 1998, p. 44.

Breve nota de prensa na que se dá conta da presentación do libro *El Fulgor*, de José Ángel Valente, no que se recolle unha escolma de toda a súa producción poética. Sinala que o poeta recitou algúns dos seus poemas e que agradeceu a presencia dos seus amigos nese acto.

-Óscar Otero, “Un descenso a la raíz de la poesía”, *El Progreso, “Táboa Redonda*”, nº 74, “El Semblante”, 27 xuño 1998, p. VII.

Dá conta da presentación da antoloxía poética de José Ángel Valente. Recóllense as palabras do crítico Andrés Sánchez Robayna con respecto á obra do escritor galego, e tamén as do propio Valente que reflexiona sobre as súas composicións, sobre o feito literario e sobre os lectores. Finalmente, repásase a súa traxectoria vital paralelamente á escritura da súa obra.

III. Teatro

III. 1. Dramaturgos galegos

Gómez, Joel R., *Teatro à medida e pronto para si*, prólogo de Jenaro Marinhas del Valle, A Coruña: AGAL, 1998, 92 pp. (ISBN: 84-87305-13-X).

Obra dramática de Joel R. Gómez (Ourense, 1959) que inclúe o prólogo “Monólogo a pano baixo” no que Jenaro Marinhas del Valle expón algunhas ideas sobre a función do prólogo e o teatro, con referencia específica ó galego. O volume contén dúas pezas breves. A primeira, *Quanto vales tu, meu tentador?*, amosa a humillación que vai sufrir nas súas propias carnes Ele, un poderoso home de negocios que tenta asoballar a Ela, prostituta e estudiante de Medicina que lle dá volta á situación. *A invençom da alvorada* constitúe a segunda peza e supón un canto á esperanza de Galicia e das súas xentes para saíren do seu secular atraso e dominación a través da última e póstuma ensinanza dun emigrante na Arxentina ós seus fillos Ivo, Ana e Laura, simbolizada mediante a metáfora da alborada.

López Lajas, Isabel, *Seis sainetes valverdeiros*, limiar, edición e notas de Henrique Costas, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1998, 77 pp. (ISBN: 84-87783-48-1).

Henrique Costas reúne neste volume un conxunto de sainetes recuperados de Isabel López Lajas (Valverde, 1884-1967) escritos en valverdeiro, modalidade lingüística do noroeste estremeño de orixe galega. Os sainetes, de temática costumista e popular, recollen tópicos como os casorios de vellos, a perdición das fillas polo apuro das súas nais en casalas ou as ocorrencias dunha criada ignorante. A súa intención é moralizante e lúdica ó mesmo tempo. No "Limiar" ofrécese unha descrición das variedades lingüísticas propias do Val do Río Ellas, no noroeste de Cáceres, detallando as diferentes teorías acerca da súa orixe e centrándose no falar valverdeiro. Danse tamén noticias sobre a vida e a obra de Isabel López Lajas e completan a edición un pequeno "Glosario" e unha breve bibliografía de carácter lingüístico.

Recensións:

-Francisco Fernández Rei, “Sainetes valverdeiros: o “galego” dos colonos de Afonso IX, *rex Legionis et Gallecie*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 35, Tomo III, Ano IX, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 407-409.

Dá noticia da publicación dos *Seis sainetes valverdeiros* e comeza facendo un repaso ós intentos de caracterización lingüística das falas de Valverde do Fresno, S. Martín de Trebello e As Ellas, limítrofes con Portugal, no noroeste da provincia de Cáceres. Defende a galeguidade destas falas, apoiándose en Lindley Cintra e na orixe galega da repoboación feita por Afonso IX entre 1200 e 1230 nestas terras. Seguindo as opinións de Henrique Costas, valora o interese lingüístico destas mostras da fala valverdeira por encima do literario e detense a analiza-lo traballo do editor. Propón, para unha segunda edición, a realización dun glosario completo do léxico dos sainetes.

Referencias varias:

-Darío Janeiro, “A fala do Val do río Ellas”/“Edicións Positivas saca ó mercado un dos poucos textos redactados en ‘valverdeiro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 20 abril 1998, p. 20/p. 12.

A propósito da publicación dos seis sainetes recóllense as palabras de Henrique Costas sobre as dificultades de adscrición das variantes do Val do Río Ellas no noroeste de Cáceres. Alúdese ó labor de

alfabetización de Isabel Lajas, contexto no que naceron estas pezas coas que se pretende combater vicios morais da época pero tamén educar e diverti-lo pobo.

-Miguel Anxo Seixas, “Seis sonetos valverdeiros”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 27 xullo 1998, p. 3.

Destaca a saída do prelo deste libro escrito en galego de Estremadura. En primeiro lugar fala da distribución xeográfica destas falas do val de Ellas e de como por un movemento migratorio foron dar alá os galegos. De seguido céntrase na importancia que ten o feito de que se conservase oralmente e por escrito, como ben o demostra esta obra. Finaliza cunha breve descrición das partes da obra e reproduce algún anaco dela.

Roca Fortúnez, Belén, *De trobas e casorios*. *Comedia medievo-musical en tres actos*, Ferrol: Ateneo Ferrolán, 1998, 36 pp. (ISBN: 84-920260-3-0). •

Adaptación teatral na que se recrea o mundo da lírica galego-portuguesa medieval nunha reinterpretación dalgúns personaxes históricos como son os tres trobadores ós que se lle adicou o Día das Letras Galegas de 1998: Meendinho, Xohan de Cangas e Martín Codax, aparecendo tamén A Balteira ou Pai Gómez Charinho. Representada polo Obradoiro de Teatro do Instituto de Ensino Secundario de Caranza, galardoado no IXº Certame de Teatro “Xuventude 98”, da Xunta de Galicia, co 4º premio na categoría “C” e Mellor obra feita en galego. O volume ábrese cunha breve nota na que informa de que está pensado como material didáctico para alumnado de diferentes niveis. A seguir, contén un apartado no que inclúe a información sobre os decorados, os personaxes, a trama, ademais dunha escolma das cantigas utilizadas na obra así como as partituras de cada unha delas. A peza teatral desenvolve o enredo dos personaxes para acadalos obxectivos cos que viaxan a Santiago de Compostela, sendo María a Balteira o nexo entre todos os demais e artífice de que estes acaden os obxectivos polos que viaxan á cidade.

San Luís Romero, Xesús, *Rosiña*, edición de Alfonso Rey López e Antonio Rey Somoza, novembro 1998, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Teatro, 152 pp. (ISBN: 84-7492-902-4).

Volume no que se recolle a peza dramática inédita de Xesús San Luís Romero (Carballo, 1872), *Rosiña*. O texto vén apoiado por unha introducción que inclúe os seguintes apartados: unha "Biografía" ordenada cronoloxicamente que achega as referencias vitais do autor así como as súas publicacións literarias; "Obra completa", na que se ofrece un corpus da súa obra dramática, poética e prosística; o terceiro apartado, "Nacemento do drama *Rosiña*", explica moi brevemente que esta obra naceu para "acalar algunhas voces difamatorias que se oíran despois do éxito de "O fidalgo" pois fora acusado de roubarlle o orixinal a Pondal dunha maleta estraviada por este; o apartado cuarto, "Contido temático de *Rosiña*", é un resumo sucinto do tema principal da obra, "Os males do alcoholismo, os casamentos tratados por interese e entre consanguíneos e a Ley de jurados aplicada caciquilmente"; o quinto, "Sumario detallado e estructura formal de *Rosiña*", ofrece o argumento do prólogo e as tres xornadas das que consta a obra; o sexto, "A lingua de *Rosiña*", achega unha análise pormenorizada da lingua do texto; o sétimo, "Métrica" é unha breve análise da estructura métrica dos versos que conforman a obra e o oitavo, "Criterios de edición" xustifica as modificacións lingüísticas ás que se someteu a obra. Finalmente os encargados da

edición engaden un apéndice no que reproducen “os versos entregados ós asistentes á presentación do drama no Teatro Principal de Santiago” e a bibliografía fundamental consultada.

Vidal Bolaño, Roberto, *Rastros* (Desgracia en catro tempos e unha presada de recordos), Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Popular Teatro, nº 4, maio 1998, 95 pp. (ISBN: 84-87783-50-3).

Roberto Vidal Bolaño (Santiago, 1950) achegáno-la historia da vida de Esther, Moncho, Iago e Xan, tecidas ó redor da protagonista feminina e do seu intento de suicidio. Tres amigos e unha amiga que, nalgún momento das súas vidas, fai de esposa ou amante de cada un deles, entrecruzan recordos e recriminacións sobre o que soñaron e o que acabaron sendo nun ton soliviantado no que as críticas á realidade actual aparecen constantemente no diálogo. “Rastro” é, como nos recorda ó autor na definición que encabeza esta obra, o vestixio que deixa o animal ou home despois de ter pasado. A través destas páxinas seguímo-lo rastro dun escritor, un economista metido a vendedor de electrodomésticos e un preso independentista galego que ven como foron cambiando co tempo, os camiños que escolleron, ata reencontrarse diante do posible final da amiga.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “O sabor da froita que exorciza”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 20, 30 xullo 1998, p. 6.

Principia referíndose a que o subtítulo de *Rastros* é fiel reflexo do seu contido: a desgracia “cotiá, vulgar, humilde” de catro vidas. Comenta que nesta peza, estreada en marzo polo Teatro do Aquí, en Vilagarcía, desembocan esas tres vidas desgraciadas na sala de espera da UVI, onde Esther agoniza como resultado de corenta anos de ruínas nas que tiveron o seu sitio os tres homes que agardan na sala. Sen embargo, a lucidez e a dozura dela pon orde “fronte á mesquindade, á nugalla ou á irrealidade na que vive o seu trío de alaxes”. Mais por enriba de todo, está a liberdade de rexe-lo propio destino de cada ser como eixo esencial da obra, á que lle require “unha maior dose de dinamismo e velocidade”.

-Manuel F. Vieites, “Desgracias do pasar do tempo”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura. Teatro”, novembro 1998, p. 26.

Comeza referíndose á presencia de dúas formas de trata-la materia dramática na obra teatral de Roberto Vidal Bolaño consistentes por unha parte “na recuperación dos máis diversos elementos e motivos da dramaturxía popular” e por outra na “aposta por unha lectura crítica da realidade inmediata dun ser humano histórico e concreto”. Comenta tamén a presencia da desgracia como xénero e prosegue co comentario de *Rastros* no que observa como o autor “dirixe a súa mirada” ás persoas que fixeron a guerra, que participaron na “axitación antifranquista e tardofranquismo” e que agora son parlamentarios, alcaldes, médicos, etc. Ademais fala da non aceptación da derrota e as súas consecuencias. Na súa

opinión esta peza teatral é un dos textos máis notables deste autor, salienta a emoción e a tensión que emite e comenta ademais o argumento, a estructuración e os personaxes. Por último resalta a visión crítica dos seus personaxes e das súas circunstancias no texto.

Referencias varias:

-Carlos Crespo, “Agora escribo dende o desencanto xeneracional”, *Faro de Vigo*, 19 marzo 1998, p. 44.

Roberto Vidal Bolaño fai un resumo argumental da súa nova obra *Rastros* e defínea como traxedia contemporánea. A seguir, salienta que a compañía Teatro do Aquí “propón obras que inviten á reflexión sobre o presente”, e comenta os papeis dos catro personaxes da peza teatral e a introducción das súas experiencias persoais no texto. Conclúe coa afirmación de que non teme facer á súa idade este tipo de obras e mostra a satisfacción que logra ó facelas. Con respecto ó seu último espectáculo, opina que de seguro recibirá moitas críticas, pois mete “o dedo en demasiadas feridas”.

Vidal Bolaño, Roberto, *A ópera de a patacón* (Versión libre para charanga e comediantes pouco ou nada subsidiados, arredor de textos de John Gay e de Bertold Bretch), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os Libros do Centro Dramático Galego, nº 24, 1998, 100 pp. (ISBN: 84-8302-277-X/84-453-2205-2).

Partindo de textos de Jhon Gay e mais Bertold Brecht argalla Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950) esta comedia onde se mestura o espírito de comerciantes, policías, mafiosos e esmolantes. Primeiramente saen á escena O Alto, A Baixa, O Gordo e A Fraca que ó xeito de personaxes reais, que sairán e entrarán en escena para comenta-lo desenvolvemento da comedia, sitúan a historia en Londres nun tempo remoto e de seguido toman a roupa e as perrucas para situarse xa como eses personaxes de "ficción" que pouco a pouco van presentando. O personaxe principal é Mackie, O Navallas, que ó longo da obra utiliza as mulleres, que sempre se namoraban del, en beneficio propio; namoraba as fillas dos comerciantes para tirar proveito delas e tiña negocios a medias co xefe da policía de Londres. Son corenta e sete escenas nas que deambulan estes seres, nas que alén dos habituais diálogos teatrais hai tamén cancións postas en boca dos personaxes, que ó xeito de ópera lle informan ó lector do que está a suceder. Tal e como din ó final os personaxes, tamén Vidal Bolaño pretende criticar este tipo de sociedade corrupta que equipara coa da Galicia actual.

III. Teatro

III. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Otero Pedrayo, Ramón, *A lagarada. O desengano do Prioiro*, ilustr. Xohán Ledo, Vigo: Galaxia, edición de Henrique Monteagudo e Manuel F. Vieites, 1998, 202 pp. (ISBN: 84-8288-204-X).

Volume que recolle as pezas teatrais *A Lagarada* e *O Desengano do Prioiro,* de Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888–1976). Os textos acompáñanse dun estudio literario sobre a obra dramática de Ramón Otero Pedrayo realizado por Manuel F. Vieites, e dun estudio lingüístico e glosario elaborado por Henrique Monteagudo. Manuel Vieites expón que estes textos non só exemplifican o espírito dunha época senón que nos achegan a un Otero empirista incluso vangardista que só atopamos na súa creación dramática. Establece semellanzas entre os tres grandes intelectuais do grupo Nós no que se refire á descoberta da realidade galega, ademais da manifesta raizame europeista que destaca neles. O traballo de Monteagudo ofrécenos unha breve caracterización do galego literario de Otero Pedrayo mostrando os escasos castelanismos empregados polo autor, os dialectalismos e popularismos tan característicos, segundo este estudioso, das terras ourensás do Miño e do Avia. Tamén dedica unhas liñas ós hipergaleguismos, innovacións e vacilacións empregados polo seu autor nos textos. Finalmente engádese un pequeno glosario onde se recollen termos e palabras ausentes nos diccionarios que poden confundi-lo lector. Despois da inroducción aparecen as dúas obras teatrais: *A lagarada*,

publicada por primeira vez en 1922, e *O desengano do prioiro*, que viu a luz en 1952. A primeira delas é unha farsa tráxica que presenta a temática dos amores interesados dunha moza e dun vello rico. Con respecto á segunda, ofrece unha visión irónica e humorística do que pode supo-lo cambio da actividade vinícola da comarca do Ribeiro pola da construcción de cadaleitos.

Villar Ponte, Antón, *Entre dous abismos*/*Nouturnio de medo e morte*, introducción, edición, traducción e notas de Emilio Xosé Ínsua López, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 151 pp. (ISBN: 84-89694 77-X). ◆

Conta este libro cunha ampla introducción na que Emilio Xosé Insua presenta un achegamento á biografía do autor e á súa obra dramática á vez que traza unha panorámica xeral do Teatro Galego de comezos do século XX. De seguido céntrase nestas dúas obras, das que alén dunha breve análise, estudia a acollida que tiveron no momento da súa representación. Ó final aparecen as obras *Entre dous abismos* e *Nouturnio de medo e morte*. Son dúas breves pezas ambientadas no medio rural galego, tratan temas recorrentes e populares do país. As primeira delas discorre nun velatorio no que se produce un equívoco e a segunda é o caso dun roubo a un tratante levado a cabo polos fillos do dono dunha fonda e na confusión da escuridade acaban matando ó seu propio pai.

Recensións:

-Manuel F. Vieites, “Recuperar a memoria”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura. Teatro”, decembro 1998, p. 28.

Reflexiona sobre a figura de Antón Villar Ponte, ó tempo que fai referencia a creación do Arquivo Teatral na Universidade de A Coruña, a iniciativa de Francisco Pillado, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais para que se publiquen textos que recuperen a “nosa memoria literaria e teatral” e que favorezan o seu coñecemento. Fala da trascendencia de Villar Ponte e Xaime Quintanilla no Movemento Dramático Nacional, así como dos perseguidos por este movemento e da importancia do labor desenvolvido por estes para o desenvolvemento “dunha literatura dramatica de calidade”, do ideario galeguista e nacionalista e pensa que ámbolos dous escritores xunto con Porteiro Garea son merecedores dunha homenaxe para recupera-la súa memoria. Observa que as características da creación dramática aparecen xa en *Os evanxeos da risa absoluta* ou en *Nouturnio de medo e morte* e fai fincapé na orientación deste autor cara a unha dramática histórica recreada nos “heroes lendarios do noso pasado” como en *O Mariscal* e cita *Almas Mortas* como exemplo da orientación social que predomina na obra deste escritor dende os seus primeiros libros. Explica a temática das dúas obras recollidas no volume do que se falou ó comezo e afirma que posúen semellanzas coas propostas de Hyde, Synge ou Yeats e que teñen pegadas de Valle-Inclán ou da “tradición entremesista ibérica” na segunda.

-Noemí Pazó, “Dúas pezas de Antón Villar Ponte”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro, 1998, pp. 803-804.

Inicia a súa exposición falando do proxecto editorial da Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor” no que se inclúen *Entre dous abismos* e *Nouturnio de medo e morte*, de Villar Ponte acompañado dun estudio de Emilio Xosé Ínsua. Refírese ó prólogo da obra e céntrase nalgúns dos puntos que toca: a biografía do autor e as achegas do mesmo ó panorama político-cultural galego. Analiza as obras recollendo opinións desfavorables doutros críticos. Finalmente a recensionista defende a fidelidade ó orixinal da edición, sinalando incoherencias e variantes con respecto á primeira.

III. Teatro

III. 3. Traduccións ou versións

Brecht, Bertold, *O parable ascenso de Arturo Ui* (*Der aufhaltsame Aufstieg des Arturo Ui*, 1957), trad. Sonsoles Cerviño López, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, 1998, 153 pp. (ISBN: 84-89896-18-6).

O presente volume contén a traducción ó galego da obra *O parable ascenso de Arturo Ui*, de Bertold Brecht (Augsburg, 1898-Berlín, 1956). Nunha breve introducción a traductora, Sonsoles Cerviño López, ofrece algunhas claves para a interpretación da obra, redactada en 1941 e incluída pola crítica especializada dentro das "parábolas teatrais" do autor alemán, e ofrece datos acerca do proceso de xestación e propósito da mesma. A trama da obra céntrase na figura de Arturo Ui, un fillo do Bronx que conseguirá facerse co monopolio do comercio de verduras na cidade de Chicago e posteriormente na de Cicero, parábola do ascenso ó poder de Hitler en Alemaña e da súa marcha sobre Austria.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, "Ou como nace o nazismo", *A Nosa Terra*, nº 825, "Guieiro Cultural", 8 abril 1998, p. 23.

Refírese ó autoritarismo con motivo da celebración do Día Internacional do Teatro en Galicia “enlamados nunha hipócrita polémica”. Fala tamén da vixencia da obra a propósito deste tema e alude á correspondencia entre Ui e Hitler. A continuación céntrase na concepción que ten Brecht do teatro como catarse social e apunta concomitancias entre este autor e Valle-Inclán en canto á consideración do teatro como instrumento, á riqueza lingüística ou á estética do distanciamento. Sobre a representación de Valle-Inclán en castelán por parte do Centro Dramático Galego pregúntase se era preciso e se a cultura galega gaña algo con ela. Considera que tería sido mellor representala en portugués e que “vai sendo hora de esixir a dimisión de incompetentes e compadriñas”. Conclúe aconsellando a lectura de *O parable ascenso de Arturo Ui*, e afirma que o seu autor “sendo alemán xa é máis galego que o manco do esperpento”. Ademais felicita á traductora e editora por lembrar a esta figura transcendental na historia do teatro.

-Martínez Bouzas, “Aniquilade a Ui”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 22, 13 agosto 1998, p. 6.

Fai un pequeno salto atrás temporal para analiza-la obra *O parable ascenso de Aturo Ui*, de Bertold Brecht. Sitúaa, xa que logo, no seu contexto histórico, isto é, no momento de ascensión do nazismo ó poder. Considera que esta peza teatral é unha das mellores obras que ten escrito Brecht xa que nela se narra unha parábola na que se pode ler entre liñas o ascenso do forzas de Hitler na Alemaña e o perigo que iso conlevaba.

-Manuel F. Vieites, “Bertold Brecht entre nós”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura. Teatro”, decembro 1998, p. 29-30.

Salienta a influencia deste autor na literatura dramática galega e di que é moi interesante este libro debido ás poucas obras teatrais publicadas despois de *O señor Puntilla e o seu criado Matti*, do mesmo autor, que dirixiu Manuel Lourenzo no 1966. Informa que a "transversalidade" deste creador chega á creación dramática galega porque atende a "dimensión social e reinvindicativa da nosa creación artística" e que isto xustifica o peso significativo das correntes realistas na creación cultural de Galicia. Recolle as palabras ditas por Brecht en *El compromiso en literatura y arte* para resalta-la importancia da realidade como base na literatura. Afirma que a pegada deste autor nas obras galegas débese á necesidade doutros puntos de vista para escribir e recrear "unha realidade conflictiva e problemática" e que moitos deles asumiron o "doble compromiso do fundador *Berliner Ensemble*" entre a tradición e a modernidade no texto. Logo menciona a Luís Seoane (1910-1979) como un dos primeiros creadores que asume o modelo brechtiano e observa a influencia de Brecht en autores como Daniel Cortezón, Agustín Magán, Euloxio R. Ruibal, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño e no grupo da promoción dos oitenta (Manuel Guede, Xosé Manuel Pazos e Camilo Valdeorras). Cualifica o libro de parábola teatral e aclara, coas verbas do autor, que o seu obxectivo é "explicarlle ó mundo capitalista que o ascenso de Hitler foi posible polo feito de atoparse este transferido a un ambiente moi coñecido por aquel".

Referencias varias:

-A. R. López, "Cen números de liberdade"/"Laiovento' cumpre cen libros 'editados en liberdade", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 19 febreiro 1998, p. 43/p. 14.

Ver Hugo, Víctor, *O reiciño de Galicia*, no apartado II. 3. deste *Informe*.

Cadaval, Quico e Xavier **Lama**, *Memoria de Antígona*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 16, febreiro 1998, 189 pp. (ISBN: 84-453-2123-4). ◆

Ademais de dúas presentacións institucionais, inclúese outra de Manuel Guede Oliva, director do Centro Dramático Galego, que incide no bo traballo realizado por Guillermo Heras na dirección escénica da obra e destaca a coherencia como trazo distintivo da súa traxectoria profesional. Seguidamente ofrécense as fichas do equipo artístico, do equipo técnico e os nomes do elenco actoral. Nas páxinas que seguen Guillermo Heras, en “Memoria de memorias”, sinala que a súa intención foi traballa-lo texto clásico dende a dramaturxia galega actual para ofrecer ó espectador unha resposta moderna ó mito. Apunta que elixiu a dous escritores: Quico Cadaval (Ribeira, 1960) e Xavier Lama (Santa Euxea, Lugo, 1962) para a reelaboración dun texto a partir da traxedia clásica de Sófocles co fin de “sitúa-lo teatro como un auténtico discurso cultural contemporáneo, no que tradición e modernidade se mesturen”. Reflexiona tamén sobre o seu interese persoal na indagación dos clásicos, que entende como exercicio de memoria e de busca de valores tanto políticos coma culturais, para se achegar a personaxes da nosa cotidianeidade como pode ser Antígona, “unha muller de hoxe en día”. Pola súa parte, Xavier Lama alude ó desacougo que percibe no personaxe de Antígona e interpreta a súa morte como triunfo total fronte ó destino e como redención transcendente. Valora a experiencia da escrita a dúas mans

como xeradora de complicidade e respecto e declara que ámbolos dous escritores procuraron deixar á marxe outras adaptacións e textos teóricos para chegar á súa propia Antígona. Quico Cadaval elabora unha reflexión persoal sobre a súa concepción de Antígona e destaca especialmente os matices entre a transgresión e a fidelidade ó clásico, á vez que alude a interpretacións doutros autores. Tras destes textos inclúense fotos da escenografia, elaborada por Rodrigo Roel, os signos lumínicos creados por Francisco Veiga e os signos musicais de Bernardo Martínez. Segue un estudio introductorio realizado por Helena de Carlos Villamarín, titulado "Antígona na memoria", no que comenta a *Antígona* de Sófocles, ofrecendo un percorrido polas características da traxedia clásica, pola vida e obra do autor e os trazos que singularizan a trama, o coro e cada un dos personaxes. Refírese tamén a outras Antígonas creadas por autores de diferentes épocas, dende o mundo antigo ata o século XX, para se internar por último nos conflictos que operan na peza de Sófocles: homes fronte á mulleres, vivos e mortos, vellos e mozos, homes e deuses e individuo e Estado. Remata o volume co texto da obra, estreada o 13 de xaneiro de 1998 no Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, e con fotografías dos ensaios xerais.

Referencias varias:

-D. P., "O CDG publica o texto do espectáculo "Memoria de Antígona", *Diario de Pontevedra*, 20 febreiro 1999, p. 25.

Dá conta da publicación do libro á vez que salienta a reescrita da obra de Sófocles nun espacio fronteirizo entre o respecto ós clásicos e a súa transgresión, situando a obra no panorama teatral contemporáneo.

Heaney, Seamus, *A cura en Troia*, trad. Stéphanie Jennings e Manuel Outeiriño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os Libros do Centro Dramático Galego, 1998, 91 pp. (ISBN: 84-8302-278-8/84-453-2203-6).

O Premio Nobel de Literatura Seamus Heaney presenta unha nova versión do *Filoctetes*, de Sófocles (s. V a. C.) na que a integridade moral e a xustiza se contrapoñen ó pragmatismo e á renuncia á pureza espiritual. Estreada en Derry en 1990, *A cura en Troia* escenifica a chegada de Ulises á illa de Lemnos e as posteriores argucias deste para tratar de convencer a Filoctetes, único habitante do lugar, de que guíe os gregos na conquista de Troia. Filoctetes fora un destro arqueiro rexeitado polos gregos e abandonado á súa sorte tras ser mordido por unha cobra. Tiña no seu poder o arco de Hércules e este éralles indispensable ós helenos no combate contra os troianos. Ulises sérvese de Neptólemo, a quen Filoctetes descoñece, como intermediario, a fin de que gañe a confianza do arqueiro con enganos, roubándolle o arco e embarcándoo cara a Troia. Neptólemo accede, aínda que de non moi boa gana, a mentir ata o último momento. Neste punto, arrepíntese e confesa o plan que o levou ata Lemnos. Aparece Ulises e trata de reconduci-la situación impoñendo a súa autoridade. Promételle a Filoctetes axuda para a súa cura. Cando parece que Filoctetes non vai secunda-los propósitos dos gregos, a visión de Hércules faille reconsidera-las súas ideas, como se volvese á vida logo de vivir illado no esquecemento.

Recensións:

-Manuel F. Vieites, “O presente refaise no pasado”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura. Teatro”, novembro 1998, p. 27.

Considera que a recreación da materia grega faise para crear un texto totalmente novo ou para provocar sucesivas actualizacións que, “atendendo a diferentes criterios e con maior ou menor liberdade, se concretan nunha nova versión de modelo inicial”. Esta característica obsérvaa na obra *A cura en Troia*. Alúdese ó orixinal coas únicas incorporacións dalgunhas modificacións no estilo, nas funcións e no discurso do coro. Con estes cambios, ó seu entender, o escritor renuncia á carga retórica e establece “unha ponte, sempre necesaria, entre a fábula argumental e a realidade cotiá na que o texto se vai integrar”. A continuación recolle as últimas palabras do coro coas que se indica o final do conflicto, pon de relevo o carácter alegórico do texto. Explica que Heaney non parte da tradición gaélica para poder distanciarse da súa propia realidade e que a temática do libro xira ó redor dos conflictos éticos e morais que provocan “a escolla entre a propia identidade persoal e a convivencia política”. Fai un resumo do argumento e alude á lectura crítica que permite o texto e finalmente refírese á multipliciade de interpretacións que se poden facer desta actualización ó analiza-lo conflicto “á luz da situación política da nación” e recomenda a súa lectura.

Ionesco, Eugéne, *Macbett* (*Macbett*, 1972), trad. e introd. de Henrique Harguindey, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Os libros do Centro Dramático Galego, 1998, 124 pp. (ISBN: 84-8302-276-1/84-453-2204-4).

"Macbeth revisitado" é a introducción na que o traductor do *Macbett* (1972), de Ionesco (Slatina, Romanía, 1912-París, 1994) nos ofrece unha visión dos personaxes desta obra e unha comparación co personaxe de Shakespeare. Nela cualifica a creación do inglés como "a grandiosidade do drama puro, descarnado e atroz". En cambio, da do autor romeno-francés di que "vira ao absurdo", aínda que non por iso, apunta o prologuista, deixe de ser tráxica. Harguindey Banet destaca a presencia de personaxes con trazos máis duais en Ionesco: bos e malos fronte ó monolitismo, á simplicidade skakesperiana. Introduce Ionesco elementos máxicos (as meigas, como fonte de perdición para o home) e preséntanos, segundo Harguindey, a conclusión de que a opresión tiránica do poder se perpetúa constantemente. A continuación do prólogo aparece o cadro artístico e técnico que representou *Macbett* coa compañía Producción Teatrais do Sur en 1994, baixo a dirección de Júlio Cardoso. O argumento da obra desenvólvese a partir da traizón que Candor e Glamiss, señores feudais adeptos ó rei Duncan, planean contra este. Sáenlles ó paso Banco e Macbett, xenerais do monarca. A ambición, como sinala o prologuista, pode con tódolos personaxes que van aparecendo pouco a pouco. Así, tralo exterminio dos rebeldes, axiña

virá a rebelión dos baróns Banco e Macbett contra o seu soberano, a de Banco contra Macbett, a de lady Duncan, convertida en lady Macbett, que lle vira as costas ó seu protector, etc. A un gobernante sucédeo outro, e sempre nunha transición violenta na que é preciso mata-lo antecesor. Macol será o derradeiro, o asasino de Macbett, fillo de Duncan e herdeiro lexítimo do trono. No parlamento que cerra a obra anuncia aínda máis sufrimentos dos vividos cos outros tiranos.

Macchiavelli, Niccolo, *A Mandrágora*, (*La Mandragola*, 1520), trad. Francisco Pillado Mayor e Luísa Villalta, ilust. Pepe Carreiro, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 106, xuño 1998, 90 pp. (ISBN: 84-89896 24-0).

Comedia en cinco actos, precedidos de cancións alusivas á acción que neles se desenvolve, que comeza cun prólogo que pretende capta-la atención do espectador e explicar qué vai acontecer durante a representación. Niccolo Macchiavelli (Florencia, 1469-1527) ofrece unha comedia de enredo “no que fica ao descuberto a febleza dos principios morais ante os intereses e paixóns que aniñan na condición humana”, como se afirma na contraportada. Trátase dun home, Calímaco que, axudado polo seu criado, por Ligurio, Frei Timoteu e Sóstrata, desenvolven un engano para lograr que Calímaco obteña os amores de Lucrecia, esposa de Mícer Nicia. A obtención do seu obxectivo vese reforzada polo enorme desexo, aínda incumprido, que Nicia alberga de ter fillos. Os personaxes citados demostran non posuír ningún tipo de escrúpulos morais para consegui-los seus fins, prestándose ó engano, que é o que posibilita o ton de comicidade que presenta a peza.

Recensións:

X. G. G., “Niccoló Machiavelli en galego”, *A Nosa Terra*, nº 846, “Guieiro Cultural”, 3 setembro 1998, 23.

Saúda a traducción para o galego desta obra da man de Luísa Villalta e Francisco Pillado. Considera *A mandrágora* como un dos cumios teatrais do século XVI, de aí a importancia de que os lectores galegos podamos acceder a ela na nosa lingua. A seguir, partindo da influencia desta obra na creación doutras posteriores, destaca o seu carácter revolucionario, pola súa intriga, pola “virulencia do seu realismo crítico”, e polo uso da prosa nos diálogos, algo totalmente innovador.

-Carlos L Bernárdez, “Unha comedia maquiavélica”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura. Teatro”, novembro 1998, p. 24.

Comenta o escaso espacio que lle dedican as editoriais galegas ó xénero dramático a excepción de Laiovento que posúe un amplo fondo de creación e reflexión teatral. A continuación centra a súa atención na traxectoria literaria de Niccolò Macchiavelli e define a este escritor como “unha figura clave do pensamento renacentista italiano e europeo” pola súa obra *O Príncipe*. Céntrase na versión ó galego de *La Mandragola*, e refírese á proxección dunha “visión amarga e lúcida dos homes”, cun manifesto xuízo ético e que está escrita cun carácter cómico e satírico ó tempo. Alude á estructuración e á finalidade do autor é divertir e “dicir verdades, polemizar, moralizar e atacar”. Prosegue cun resumo do argumento e describe o estatus social de cada un dos personaxes, cos que o escritor representa a sociedade florentina do seu tempo e afirma que nela se “pon en escena unha burla, pero non para gabar a

intelixencia do seductor senón para enxergar con satírica compaixón e desexo amoroso dun e a mediocridade e a tristeza doutros, que confunden valores e criterios". Salienta o feito de que o escritor non se deixase levar polos seus sentimentos de repulsa e que permita "un diálogo cun contemporáneo que nos chisca o ollo cómplice desde a Florencia dos Medici".

Shakespeare, William, *Ricardo III*, versión e limiar de Xohán Ledo, Trasalba-Ourense: Fundación Otero Pedrayo / Xunta de Galicia, 183 pp. (ISBN: 84 920781-2-X). ◆

Ábrese este volume cun limiar de Xohán Ledo, no que resalta a situación laboral das persoas relacionadas co teatro na época de Shakespeare, o número de teatros existentes, o emprazamento destes fóra dos lindes londinenses e as épocas e lugares destinados ás representacións teatrais. Pondera que, segundo as consideracións estilísticas, temáticas e as observacións de producción, este dramaturgo inglés non elaborou máis de dúas obras por ano ata un total de trinta e sete pezas teatrais. Enumera as diferentes edicións de *Ricardo III* "in-quarto", non avaliadas polo escritor, e "in-folio", os seus alcumes e datas. Logo de facer un percorrido polas obras de Shakespeare, desvota os criterios que empregan os críticos románticos e victorianos dos séculos XVIII e XIX para nega-la autoría dunha obra a un autor cando esta ensombrece o seu labor literario. Exemplifica isto cos motivos polos que lle negan a paternidade de *Henrique VI* a Shakespeare —un estilo vulgar e prosaico— e polos que lle conceden a de *Macbeth* —as grafías dos nomes propios, que os antagonistas falen en verso ou a actitude do protagonista. Xohán Ledo opina que os editores lle adxudicaron a triloxía *Henrique VI* ó dramaturgo inglés despois da súa morte e salienta que algúns comentadores rexeitan a

posibilidade de que sexa deste autor ó carecer da poética, do estilo e da sensibilidade do xenio dramático naturais nel. De seguido, considera o tráxico final do rei Ricardo II como o inicio da historia relatada en *Ricardo III*, describe psiquicamente ó rei Ricardo III e recolle as palabras coas que se describía el mesmo. Remata salientando que a ignorancia dos galegos acerca da historia e literatura inglesa permítenos xulgala como unha das grandes obras deste autor. A continuación facilítase un listado dos personaxes que atopamos no texto onde se especifica a súa liñaxe ou oficio. A obra estructúrase en cinco actos con catro escenas cada un deles. Cóntanse as maquinacións do duque Gloucester, rei Ricardo III, contra o seu irmán, o duque de Clarence, para usurpa-la coroa real e os asasinatos dos lexítimos herdeiros da soberanía real e dos aliados que o axudaron a chegar ó poder. Ó final el mesmo propicia a súa morte coa súa avaricia, egoísmo, desconfianza e ambición despois de recibi-la visita dos espíritos dos asasinados.

Shakespeare, William*, Xulio César* (*The Life of Julius Caesar*), versión de Xohán Ledo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Teatro, 109 pp. (ISBN: 84 7492892-3).

Peza teatral de William Shakespeare (Stratford on Avon, 1564-1616) que presenta dividida en cinco actos ambientada en Roma e na que recolle toda a trama urdida por Bruto e outros conspiradores contra o emperador Xulio César que culmina co seu asasinato (acto III). Pero á morte deste, procurada en beneficio da cidadanía romana e presentida pola súa muller Calpurnia, o seu espírito permanecerá presente confundindo ó triunvirato que se encarga de sucedelo e ós conspiradores, levándoos a unhas loitas polo poder con final tráxico.

Shakespeare, William, *Rei Lear*, trad. de Eduardo Alonso e Cándido Pazó, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 27, 1998, 95 pp. (ISBN: 84-8302-318-0). ¤

Despois de Eduardo Alonso e Cándido Pazó ter traducido ó galego o texto *Rei Lear*, de William Shakespeare (Stratford on Avon, 1564-1616), o Centro Dramático Galego levouno a escena o 3 de maio de 1990 no Teatro Principal de Santiago de Compostela e foi premio á Mellor versión teatral nos Premios “Compostela” en 1991. En 1998, o CDG publica dentro da súa colección este volume, no que se recolle a citada peza teatral, inspirada nunha estraña e vella lenda céltica, que xa fora narrada nas antigas cancións do ciclo bretón. Así, en cinco actos, ten lugar a historia do rei Lear e das súas fillas Gorenill, Regan e Cordelia. Transcorrían tempos nos que o amor esmorecía e o rei Lear, para asegurarse de que as súas fillas non pelexaran pola herdanza á súamorte, decide reparti-lo seu reino entre elas en función do amor que por el tiñan. Ó tempo que Gorenill e Regan lle prodigaban un amor inconmesurable, Cordelia só lle ofrecía respecto, amor e honra, polo que esta última quedou desherdada e o reino foi repartido entre as dúas irmás máis vellas. Desposuído de todo poder, o rei Lear é maltratado polas súas herdeiras, mentres que Cordelia, coñecedora do que estaban facendo co seu pai, prepara unha guerra contra as súas irmás. Trala batalla e o aflorecemento dos celos e soberbia entre estas e o resto dos personaxes da corte, a antiga corte do rei Lear terá un drástico e amargo fin.

III. Teatro

III. 4. Antoloxías

VV. **AA**., *La nueva dramaturgia gallega*, presentación de Juan Antonio Homigón, estudio preliminar de Manuel F. Vieites, Madrid**:** Asociación de Directores de Escena de España (ADE), 1998, 491 pp. (ISBN: 84-87591-73-6).

Abren o volume unhas palabras de Juan Antonio Homigón, “Exploración y balance”, que presentan o traballo, froito “feliz” da colaboración entre a Asociación de Directores de Escena (ADE) e o Instituto das Artes Escénicas e Musicais da Xunta de Galicia (IGAEM). No estudio preliminar Manuel F. Vieites expón a súa visión do panorama teatral galego dende 1960 ata a actualidade. Ofrece unha análise da situación e o desenvolvemento do teatro galego moderno, que denomina “Nueva Dramaturgia”. Analiza as condicións sociais e culturais nas que nace esta nova dramaturxia galega, que dende finais dos sesenta ata mediados dos oitenta desenvolve unha estructura propia. A visión xeral complétase coa análise particular dos autores e das pezas máis características de cada momento. A seguir preséntase a escolma de textos de 24 autores traducidos ó castelán, na maioría dos casos, por eles mesmos. A escolma vai precedida dunha bibliografía das obras consultadas para a realización do estudio, que se cerra cun “Catálogo básico de textos dramáticos” no que se recollen as obras máis significativas das diferentes épocas e tendencias analizadas ó longo do traballo.

Recensións:

-Iolanda Ogando González, “A nova dramaturxia galega”, *Grial*, nº 139, xullo-agosto-setembro, 1998, Tomo XXXVI, 1998, pp. 613-615.

Fala inicialmente do público ó que vai orientado este libro xa que iso condiciona a presentación do traballo. Fala tamén da relevancia que o estudio estea acompañado dunha nómina de autores, dende os máis clásicos ós novos co que iso vale para obter unha panorámica xeral do teatro galego. De seguido, analiza cada unha das partes do estudio e salienta a capacidade de análise deste crítico.

Referencias varias:

-AGN**,** “Recuperación del Premio Alvaro Cunqueiro para textos teatrais*”, Diario de Pontevedra,* 29 maio 1998, p. 24.

Fai referencia á intención por parte da Consellería de Cultura de recupera-lo Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, pois segundo indicou Pérez Varela, “en teatro tenemos mucho que decir”. Seguidamente, dáse noticia do acto de presentación do libro titulado *La nueva dramaturgia gallega*, obra na que participan 25 autores, que tivo lugar en Santiago e está editado pola Asociación de Directores deEscena de España (ADE). Dá algunhas referencias sobre a obra, como o estudio teórico e contextual realizado por Manuel F. Vieites, e sobre a súa difusión, a cal se levará a cabo a través de España e

Iberoamérica. Finalmente cita outras coleccións que sairán á luz proximamente coa intención de “dar a conocer las obras dramáticas de los autores gallegos contemporáneos”.

-J. B. Salgueiro, “Una nueva antología de la dramaturgia gallega reúne a 25 autores contemporáneos”, *Faro de Vigo*, 29 maio 1998, p. 49.

Descríbese sucintamente o contido do volume e coméntase o feito de que as obras escollidas estean traducidas polos seus propios autores. Alúdese tamén ó catálogo do último capítulo.

-Manuel F, Vieites, “La nueva dramaturgia gallega”, *El Mundo, “La Esfera*”, nº 363, 27 xuño 1998, p. 17.

Nota breve na que se fala da importancia da publicación de libros deste tipo para o coñecemento do teatro galego contemporáneo.

III. Teatro

III. 5. Postas en escena

III. 5. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas

Ciclo de Inverno-Primavera de Teatro. (Cangas)

Comezou o 27 de febreiro con *Acto Imprevisto*, de Pífano Teatro.

-B. M., “Cangas abre esta noche un nuevo ciclo de teatro con la obra “Acto imprevisto”, *Diario de Pontevedra*, 27 febreiro 1998, p. 19.

Ademais doutras noticias sobre diversas actividades de ocio no Morrazo, coméntase nesta nova o comezo do Ciclo Inverno-Primavera de Teatro Profesional a cargo de Pífano Teatro coa peza *Acto imprevisto*.

-V. Pífano Teatro.

Ciclo de Teatro Profesional 1998 de Moaña

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Moaña e cofinanciado pola Dirección Xeral de Cultura. Comezou o día 9 de outubro e celebrouse con carácter semanal ata o día 14 de novembro. Participaron Sarabela Teatro (*Tics*) Teatro do Aquí (*Anxeliños*), Balea Branca (*Parella Aberta*), Teatro do Morcego (*O Lazariño de Tormes*), Mofa e Befa (*Finis Mundi Circus*) e Ollomoltranvía (*Qui pro quo*).

-J. P., “Sarabela inaugurará el ciclo de teatro profesional de Moaña”, *Diario de Pontevedra*, 8 outubro 1998, p. 22.

Anúnciase o acto de presentación do ciclo moañés dando conta dos grupos participantes. Recóllense tamén as palabras do coordinador cultural Manuel Rúa considerando as obras incluídas como unha escolma das mellores presentadas en Galicia este ano. Sinálase tamén que o concello dedica esta edición a Francisco Veiga, antigo propietario do local no que se celebra o ciclo.

V. Sarabela Teatro.
V. Teatro do Aquí.
V. Balea Branca.

V. Teatro do Morcego.
V. Mofa e Befa.
V. Ollomoltranvía.

Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro

Certame organizado polo Departamento de Cultura do Concello boirense coa colaboración da Deputación da Coruña. Celebrouse na casa de Cultura Ramón Martínez López de Boiro do día 13 ó 19 de xullo e contou coas seguintes compañías: A Serna, de Rois, con *O merlo branco*; Dequequén, de Camariñas, con *Non lle busques tres pernas ó alcalde*; Luzada, de Mugardos, con *Lembrando a Chejo*, A Bufarda da Coruña con *O xardín das pernas roubadas*; o grupo santiagués Berrobambán con *Os petos de Ludovico;* Bacharel con *O porqué das cousas*. Pechou este encontro o grupo local Teatro do Improvisto coa obra *Soños dun seductor*.

V. A Serna.
V. Teatro da Bufarda.
V. Luzada.
V. Bacharel.
V. Teatro do Improvisto.
V. Berrobambán, no apartado VII. 3.

2.

Encontro de Aulas de Teatro das Universidades. Vigo

Tivo lugar en Vigo dende o día 3 ó 7 de xuño no Centro Cultural de Beade e contou coa participación de seis grupos, dous de Vigo, un da Coruña, dous de Madrid e un de Ourense. No que respecta ás universidades galegas participaron a Aula de Teatro da Universidade da Coruña con *A Farsa de Inés Pereira*; Komando Impresentable con *Ke Koño importa*; Aula de Teatro da Universidade de Vigo Campus de Vigo con *O sangue do tempo*, este mesmo grupo xunto a Alumnos de la Real Escuela Superior de Arte de Madrid escenificaron *Reflexións sobre o Fausto*. Clausurou as Xornadas coa Aula de Teatro Universitaria de Ourense "Maricastaña", con *No tempo do Crepúsculo*, de Max Aub.

-F. Franco, "Seis grupos participan en el Encontro das Aulas de Teatro das Universidades, en Beade", *Faro de Vigo*, 3 de xuño 1998, p. 12

Informa do desenvolvemento do Encontro de Aulas de Teatro das Universidades que tivo lugar en Beade e cita os grupos participantes. Salienta entre outras actuacións a realizada polos grupos de alumnos de Vigo e Madrid baixo o título de "Reflexións sobre o *Fausto* de Goethe".

V. Aula de Teatro da Universidade da Coruña
V. Komando Impresentable.
V. Aula de Teatro Universitaria de Ourense “Maricastaña”.

VIª Feira do Teatro de Galicia

Organizada polo IGAEM, e cooordinada por Rubén García, celebrouse entre os días 27 e 31 de maio. Participaron 25 compañías galegas: os Monicreques de Kukas con *A Odisea*; Balea Branca con *Parella Aberta*, Teatro Bruto con *Detritus Corazón,* Máscara Producciónss con *Máis se perdeu en Cuba,* Mofa e Befa con *Finis Mundi Circus,* Nove Dous con *Crímenes anónimos*, Falcatrúa con *A fantástica transformación de Maurocaracol*, Traslús Teatro con *Flores de Papel*, Teatro da lúa con *As Troianas*. *Botín de Guerra,* Títeres Cachirulo con *A Guerra das Galiscias*, Espello Cóncavo con *As Troianas*, Ollomoltranvía con *Qui pro Quo*, Matarile Teatro con *12 Rounds*, Trompicallo Títeres con *Manoladas*, Áncora Producciónss con *Anatomía dun hipocondríaco*, Teatro do Aquí con *Rastros*, Sarabela Teatro con *Tics,* Encuadre Producciónss con *Ministros pola cara*, Teatro Galileo con *Trobador*, Producciónss Libresecena con *O Barbeiro de Sevilla*, Uvegá Teatro con *Zoco*s e Teatro do Morcego con *O Lazariño de Tormes*. Os distintos escenarios do certame repartiranse entre o Teatro Principal, A Aula de Cultura de Caixa Galicia, a Sala Galán, a Sala Nasa e o Teatro Yago. Neste último espacio presentáronse sesións matinais de títeres para o público infantil, o que supuxo unha novidade nesta edición. Ademais, participaron a compañía madrileña, Angel Ruíz e Mariano Martín, coa obra *Ciento y un años de cine* e a extremeña Teatro del Noctámbulo con *Pedro y el capitán*. O coordinador do certame, Rubén García, presentou o acto no Clube Internacional de Prensa.

-Iria Méndez, “A feira de teatro de Galicia”, *Revista Galega de Teatro*, nº 18, primavera-verán 1998, pp. 31-32.

Informa da celebración en Santiago de Compostela da celebración da feira de teatro de Galicia que deu a coñece-las últimas tendencias do teatro galego e das distintas compañías. Comenta ademais os problemas de organización e reproduce un escrito firmado por actores, directores e dramaturgos nos que puntualizan algunhas das súas opinións sobre distintas cuestións relativas á situación actual do teatro galego.

-Antón Lopo, “Pérez Varela nega as presións políticas no seo do Consello”, *El Correo Gallego*, 23 maio 1998, p. 14.

Ademais de informar das compañías que participan na Feira do Teatro de Galicia e dos escenarios nos que se representan as obras, recolle unha síntese das declaracións do Conselleiro de Cultura durante a presentación deste evento. Comenta Pérez Varela as acusacións de Pedro de Llano sobre supostas presións políticas no Consello da Cultura Galega, a polémica da montaxe do CDG sobre textos de Valle-Inclán en castelán. Finalmente, salienta que o teatro é “a máis consolidada das expresións artísticas galegas”.

-Carolina Martínez, “Pérez Varela destaca el carácter profesional de la Feira do Teatro”, *El Mundo. Galicia*, 23 maio 1998, p. 7

Informa da presentación desta sexta edición da Feira a cargo de Pérez Varela, na que o Conselleiro de Cultura declarou que este evento é “unha plataforma profesional para que las compañías teatrales gallegas amplíen mercados” debido á numerosa presencia de programadores. Comenta os principais datos da Feira; compañías convidadas, orzamento, datas e escenarios, ademais de lembra-lo balance da edición anterior.

-Fran P. Lorenzo, “Comeza a Feira do Teatro de Galicia”, *O Correo Galego*, 27 maio 1998, p. 47.

Despois de anuncia-lo comezo da VIª Feira do Teatro de Galicia na que participan 25 compañías, na súa maior parte galegas, céntrase na xornada do 27 de maio, data de inauguración da Feira e dá conta do programa teatral para ese día, que se abre no cine Yago de Santiago coa montaxe de monicreques de Falcatrúa, que representará *A fantástica transformación de Maurocaracol.* Ademais de cita-las compañías e obras previstas informa brevemente do contido das mesmas

-C. d. U., “A semana máis “drámatica”, *O Correo Galego*, 27 maio 1998, p. 8.

Dá conta do comezo da VIª Feira do Teatro de Galicia na que desfilarán diversas compañías representativas galegas, así como dous grupos invitados: Teatro del noctámbulo, de Estremadura, que representará *Pedro y el capitán*, e Ángel Ruíz e Mariano Martín, que levará a escena *Ciento y un años de cine.* Seguidamente cita os escenarios onde se escenificarán as diferentes obras e salienta como novidade nesta feira o espacio situado no cine Yago, no que se programarán sesións matinais de teatro infantil. A seguir dá conta dalgunhas das compañías incluídas no programa e céntrase no argumento dalgunhas das obras: Os monicreques de Kukas, con *A Odisea*, Teatro do Morcego, coa representación

de *O Lazariño de Tormes*, e Mofa e Befa coa estrea da obra *Finis Mundi Circus*. Finalmente cita outras das compañías que participan na feira: Teatro da Lúa, Traslús Teatro e Teatro Bruto.

- J. B. Salgueiro, "La VIª edición de la feria de Teatro de Galicia ofrece 35 espectáculos durante cinco días", *Faro de Vigo*, 27 maio 1998, p. 44.

Infórmase do inicio da VIª Feira de Teatro de Galicia cunha duración de cinco días e destaca a xornada inaugural que se abre coa compañía Falcatrúa coa obra *A fantástica transformación de Maurocaracol.* A continuación dáse conta das outras obras participantes nesta xornada, entre as que se encontran Traslus Teatro con *Flores de papel*, Os Monicreques de Kukas, con *A Odisea*, Teatro da Lúa con *As Troianas. Botín de guerra*, e Balea Branca Producciónss con *Parella Aberta*. Conclúese citando o resto das obras que completan o programa deste ano.

-Camilo Franco, "A escena galega inicia hoxe a súa cita anual co exterior", *La Voz de Galicia*, 27 maio 1998, p. 30.

Presenta a Feira do Teatro de Galicia dando conta das compañías asistentes, das funcións diarias, estreas e orzamento. Fai unhas mínimas referencias ás representacións previstas para a primeira xornada da Feira: *Odisea*, de Kukas, *As troianas. Botín de guerra*, de Teatro da Lúa e *Parella aberta*, de Balea Branca.

-F. P. L., "Testemuños de arte e liberdade expresiva"/"Testemuños de independencia", *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, "AFA", p. 47/p. 18.

Informa das representacións previstas para a segunda xornada da Feira de Teatro. De cada unha das montaxes ofrece unha síntese argumental e a lista de actores e directores. De *Detritus corazón* salienta a mestura de humor e surrealismo, a primeira destas características tamén lla atribúe a *Qui pro quo*. Comenta tamén os temas de *As troianas*, de *12 Rounds* e de *101 anos de cine*. Dá conta das principais conclusións ás que se chegou nun debate sobre as eivas da programación teatral en Galicia e no que participaron representantes das compañías galegas que interveñen nesta xornada. Entre elas, destacan a descoordinación das distintas entidades que patrocinan o teatro, "a abusiva preeminencia do teatro institucional" e a falta de formación e criterio entre o público.

-Susana L. Carbia, "Acenos de Compostela", *O Correo Galego*, "*Revista das letras"*, nº 11, 28 maio 1998, p. 3.

Comenta os datos fundamentais da VIª Feira do Teatro de Galicia: grupos participantes, obras a representar e escenarios nos que se desenvolve. Destaca como principal novidade para esta edición as sesións matinais destinadas ó público máis novo. Considera que este evento cumpre a función de difusión do noso teatro, sobre todo pola "presencia confirmada de setenta promotores culturais chegados desde diversos puntos do Estado".

-Camilo Franco, "A Feira do Teatro reinterpreta os argumentos clásicos", *La Voz de Galicia*, 28 maio 1998, p. 38.

Camilo Franco fai un percorrido por algunhas das representacións das dúas primeiras xornadas da Feira, caracterizándoas pola presencia de referencias clásicas: *Odisea*, de Kukas e as dúas versións de *As*

Troianas. Tamén comenta a importancia das parellas na obra *As flores de papel*, representada por Tralús Teatro.

-J. B. Salgueiro, “Seis compañías actúan en la jornada más extensa de la Feira do Teatro de Galicia”, *Faro de Vigo*, 28 maio 1998, p. 49.

Ofrece o programa completo da segunda xornada desta VIª edición da Feira do Teatro de Galicia, na que seis compañías representan durante máis de oito horas.

-AGN, “Seis compañías presentan sus espectáculos en la segunda jornada de la Feira do Teatro de Galicia”, *Atlántico Diario*, 28 maio 1998, p. 55.

Recolle a programación completa da segunda xornada da Feira do Teatro, con horarios, escenarios e obras a representar. Caracteriza esta xornada pola variedade de temas que tratan as pezas.

-D. Janeiro, “De arte e autoestradas”/“Un fugaz tránsito polo cotián entre o drama, a comedia e a verdade do clásico”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”, 29 maio 1998, p. 38/p. 15.

Percorrido polas representacións previstas para a terceira xornada da Feira, vencelladas, segundo Darío Janeiro, por tentar “achegar a realidade cotiá ó público” dende distintas formas: o drama, a comedia e a actualización dun clásico. Presenta *Anatomía dun hipocondríaco* como a terceira parte dunha triloxía e recolle as declaracións do seu director, Gustavo Pernas, sobre o contido e obxectivo da obra, así como sobre as eivas do teatro en Galicia. A seguir, refírese a *Manoladas*, “unha comedia sen texto, de

creación colectiva" de Trompicallo, e á obra *Pedro y el Capitán*, do estremeño Teatro del Noctámbulo. Con respecto a *A casa de América*, recolle uns comentarios de Cristina Martínez, directora de Factoría Teatro, e de César Martínez, un dos actores, nas que afirman que é a primeira peza dunha triloxía sobre o nacionalismo, na que se compara o noso país con Gales. Por último, refírese á recreación *O Lazariño de Tormes* coas palabras de Celso Parada sobre a vixencia deste personaxe na actualidade.

-C. Franco, "Volveu o humor da man de Ollomol Tranvía", *La Voz de Galicia*, 29 maio 1998, p. 38.

Comeza o artigo salientando a boa acollida de *Qui pro quo* coa que Ollomol "recupera os camiños que foron fundamentais para esta compañía nas súas orixes". Vencella esta peza a *Detritus corazón* pola presencia do humor, aínda que considera que a de Teatro Bruto é unha reciclaxe de varios xéneros con afán provocativo. De *12 Rounds* salienta a ironía e a utilización doutras linguaxes que contribúen a "ampliar os campos semánticos da escena". Deixa para o final o comentario das dúas versións de clásicos: *As troianas* e *O Lazariño de Tormes*.

-Livio Janeiro, "Música, mucho teatro y un poco de cine", *La Voz de Galicia*, 29 maio 1998, p. 49.

Ademais doutras ofertas de ocio para os santiagueses, nomea a Feira do Teatro pola variedade de obras e de público ó que van destinadas as representacións. Salienta a peza *Trobador*, de Teatro Galileo.

-D. Janeiro, "O derradeiro espectáculo"/"Báixase o pano e conclúe mañá domingo a mostra-índice da escena galega actual", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA", 30 maio 1998, p. 46/p. 14.

Co título deste artigo refírese Darío Janeiro a *Finis mundi circus* de Mofa e Befa, “a derradeira función do derradeiro dos días”. De seguido, fai un percorrido polo argumento das obras que se representan o sábado 30 de maio na Feira do Teatro de Galicia: *Máis se perdeu en Cuba*, de Máscara Producciónss, *Rastros* de Teatro do Aquí, *Tics* de Sarabela Teatro e *Ministros pola cara* de Encuadre Producciónss. Recolle as declaracións, entre outros, de Roberto Vidal Bolaño, que se amosa sorprendido pola pronta publicación dos seus *Rastros*

-C. F., “Grandes distancias”, *La Voz de Galicia*, 1 xuño 1998, p. 41.

Comeza cunha reflexión acerca do carácter compulsivo das feiras de teatro e das dificultades para ter unha perspectiva global delas. Considera Camilo Franco que foron poucas as novidades nesta sexta edición, que contribuíu a amosa-las cada vez maiores distancias entre as compañías galegas e que xerou “pouco debate de carácter artístico”.

-C. F., “Os profesionais galegos reclaman novos rumbos e máis participación”, *La Voz de Galicia*, 1 xuño 1998, p. 41.

Comenta os aspectos máis salientables dun comunicado asinado por un colectivo de compañías, autores, directores e programadores de teatro galegos. Considera que as peticións acerca de maior participación nas decisións da feira e nos criterios de edición das compañías son mostras da “situación inestable” que está a atravesa-lo teatro galego. No terreo escénico, salienta os traballos de Sarabela, Teatro do Aquí, Ollomoltranvía e Mofa e Befa. Afirma finalmente que “as compañías que conseguen

sobreporse ás dificultades (...) e afondan no que consideran propio acaban por ter un lugar para se encontrar co público".

-E. F., "Más de 3.500 espectadores en la VI Feira de Teatro", *El Correo Gallego*, 5 xuño 1998, p. 14.

Ofrece as cifras de asistencia e salienta o cumprimento das espectativas creadas polos promotores culturais foráneos. Como mostra destes contactos cita a participación da obra *Ministros pola cara* na Feira do Teatro de Donosti.

V. Monicreques de Kukas, no apartado VII. 3.
2.
V. Balea Branca.
V. Teatro Bruto.
- V. Máscara Producciöns.
V. Mofa e Befa.
V. Nove Dous.
V. Falcatrúa, no apartado VII. 3. 2.
V. Traslús Teatro.
V. Teatro da lúa.
V. Títeres Cachirulo, no apartado VII. 3.
2.
V. Espello Cóncavo.
V. Ollomoltranvía.
V. Matarile Teatro.

V. Trompicallo Títeres, no apartado VII. 3.

2.

V. Áncora Producciónes.
V. Teatro do Aquí.
V. Sarabela Teatro.
V. Encuadre Producciónes.
V. Teatro Galileo.
V. Libresecena.
V. Uvegá Teatro.

IIIº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico

Once grupos galegos participaron na terceira edición do Festival de Teatro do Eixo Atlántico (Festeixo) que se celebrou en Portugal do 19 de xuño ó 4 de xullo. Os once grupos galegos foron Teatro do Atlántico, Teatro do Morcego, Ollomoltranvía, Librescena, Teatro do Aquí, Mofa e Befa, Uvegá Teatro, Quinquilláns, Monicrekes de Kukas, Matarile Teatro e o Centro Dramático Galego. O grupo Teatro do Atlántico, da Coruña, abriu o Festival no teatro Sá de Miranda, coa peza *Don Perlimplín con Belisa en su jardín*. A clausura correu a cargo coproducción luso-galega de Teatro do Noroeste *Estación de Mahagonny*, con quince actores portugueses e galegos. A maior parte das compañías teatrais que presentan as súas montaxes na terceira edición do Festeixo mostraron os seus traballos na Vª edición da Feira de Teatro de Galicia.

V. Teatro do Atlántico.
V. Teatro do Morcego.
V. Ollomoltranvía.
V. Librescena.
V. Teatro do Aquí.
V. Mofa e Befa.
V. Uvegá Teatro.
V. Quinquilláns, no apartado VII. 3.

2.

-V.Monicrekes de Kukas, no apartado VII. 3. 2.
V. Matarile Matarile Teatro.
V. Centro Dramático
Galego

Festival de Teatro Galego do Carballiño

Celebrouse entre os días 7 e 14 de setembro coa participación de Teatro Bruto coa obra *Detritus corazón*; Sarabela Teatro coa obra *Tics*; Teatro do Aquí coa obra *Rastros* e Ollomoltranvía con *Qui pro quo*.

-I. R., “El pregón de César Varela, teatro y el Concurso da Canción abrieron los festejos”, *La Región*, 16 setembro 1998, p. 34.

Anúnciase a celebración do Festival no transcurso das festas do Carballiño.

V. Teatro Bruto.
V. Sarabela Teatro.
V. Teatro do Aquí.
V. Ollomoltranvía.

IVº Festival Internacional de Teatro Universitario. Campus de Compostela

Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, celebrouse entre os días 20 de abril e 14 de maio nas salas Nasa e Galán de Santiago de Compostela. Participaron grupos procedentes de Alemaña, Navarra, Alacante, Murcia, Venezuela, e contou con compañías galegas Comité Proautores Perseguidos da Universidade de Santiago de Compostela que representou *¿Que viu?*, o Grupo de Teatro de Filosofía que puxo en escena *Deus*, a Aula de Teatro de Lugo con *Ramo Cativo*, o Grupo de Teatro Nus con *Clerks*, *Contos da cabana*, dirixida por Manuel Lourenzo, Captatio Benevolentiae con *Teatro baixo a area*, a Aula de Teatro Universitario de Ourense con *Crimes exemplares*.

V. Comité Pro-autores Perseguidos.
V. Grupo de Teatro de Filosofía.
-Aula de Teatro Universitario, Campus de Lugo.
-Nus.
-Captatio Benevolentiae.
-Aula de Teatro Universitario de Ourense.

IVº Festival Internacional de Teatro Universitario. Campus de Lugo

Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, celebrouse en Lugo do 22 de abril ó 8 de maio e no Auditorio Gustavo Freire. Contou coa participación de universidades galegas e doutras procedentes de Escocia, Francia, Venezuela, Costa de Marfil, Navarra, Alacante, Murcia e Catellón. As compañías galegas que partiparon foron Aula de Teatro de Lugo con *Ramo Cativo*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago, *Comedia noxenta para mamá*; Captatio Benevolentiae, *Teatro baixo a area*; Aula de Teatro Universitario de Ourense, *Noite negra do crepúsculo*; Grupo Teatro Universitario de Ferrol, *O mozo que chegou de lonxe*. Paralelamente tiveron lugar uhna exposición sobre práctica escénica na USC, un concerto de Kepa Junquera e senllos coloquios de temática teatral.

V. Aula de Teatro Universitario, Campus de Lugo.

V. Aula de Teatro da Universidade de Santiago.

V. Captatio Benevolentiae.

-Aula de Teatro Universitario de Ourense
-Captatio Benevolentiae.
-Grupo Teatro Universitario de Ferrol

Vº Mes de Teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de Teo

Promovido pola Asociación Cultural A Mámoa no local social de Luou. Desenvolveuse os días 6, 13, 25 e 27 do mes de decembro. O grupo de teatro Amistade, de Ferrol, abriu o programa coa obra *Unha sogra perigosa*; Badius, de Baio-Zas coa obra *Xoo... ante o perigo* e A Mámoa con *Non lle busques tres pernas ó alcalde*.

-Álvaro Parajó, “A Mámoa promueve su Festival de Nadal y clausura el Mes do Teatro”, *La Voz de Galicia*, 24 decembro 1998, p. 50.

Anúnciase a clausura do Mes de Teatro coa representacións de *Non lle busques tres pernas ó alcalde* a cargo do grupo local A Mámoa. Segundo se indica na noticia esta obra xa foi representada en trece ocasións con grande éxito. Cítanse finalmente os nomes do autores.

-V. A Mámoa.

IIIª Mostra Ibérica do Teatro Universitario

Organizada pola Aula de Teatro Universitario de Ourense e o grupo Sarabela Teatro co patrocinio da Universidade Sur, o IGAEM e a Área de Cultura do Concello de Ourense. Tivo como escenario o Teatro Principal da capital ourensá entre os días 15 e 30 de abril. Un total de quince compañías participaron neste evento procedentes, ademais da propia Galicia, de Getxo, Madrid, Córdoba, Sevilla, Barcelona, Cáceres, Alacante e Covilhã (Portugal). Os grupos galegos participantes foron Aula de Teatro Universitario de Ourense (Maricastaña), coa obra *No tempo do crepúsculo*, Eis, con *Os peixes encarnados*, Teatro de Bufarda, con *O xardín das pernas roubadas*, Aula de Teatro da Universidade de Santiago, con *Comedia noxenta para mamá* e Aula de Teatro do Campus de Lugo con *Ramo Cativo*.

- Raquel Feijóo, “Trece grupos españois e un portugués participan na IIª Mostra de Teatro Universitario”, *La Región*, 15 abril 1998, p. 13.

Ofrece a noticia do inicio da IIIª edición desta feira cun reparto de octavillas informativas a cargo dos compoñentes da Aula de Teatro de Ourense. Informa das entidades organizadoras, patrocinadores, variedade xenérica das representacións e datas de comezo e remate. Recolle as palabras da coordinadora Elena Seijo, do director Fernando Dacosta e do Concelleiro de Cultura nas que salientan os

esforzo colectivo necesario para levar adiante o evento, así como a importancia que ten para promociona-la capital das Burgas.

-R. F., “Portadores de soños”, *La Región*, 16 abril 1998, p. 19.

Describe a “particular” promoción da Mostra Ibérica de Teatro Universitario levada a cabo polos membros da Aula de Teatro Universitario de Ourense. Informa das representacións previstas para o venres 17 e o sábado 18 de abril, ademais de nomear tódolos grupos participantes.

-R. F., “Comedia e humor sazonados de crítica social”, *La Región*, 18 abril 1998, p. 16.

Comeza o artigo cunha alusión á tensión dos momentos previos ó inicio desta edición da MITEU, a cargo de Maricastaña. Recolle as palabras de Fernando Dacosta, director deste grupo, sobre o obxectivo da mostra e sobre as característica de *No tempo do crepúsculo*, tanto temáticas coma estéticas.

-I. B., “Zapping” por o mundo desnuda da muller”, *La Región*, 19 abril 1998, p. 18.

Refírese ó carácter pouco convencional da representación levada a cabo por Rosaura e Cordelia, nos dous niveis da Aula de Teatro Universitario de Ourense. Trátase, segundo o autor do artigo dunha “escolma de pequenos momentos roubados a diferentes pezas, pero cheos de emoción e sentido”. A seguir, describe cada un dos traballos realizados sobre textos de Paz Grande, García Lorca, Sergio Zearreta, Dolores Whiskeyman e Jane Andreson. Considera que o máis salientable foi a posibilidade de

"se achegar a unha obra pura", algo moi próximo a un ensaio e que lle permitiu ó alumnos da Aula de Teatro practica-las diferentes técnicas aprendidas nos cursos.

> I. B., "Shakespeare adaptado al siglo XX por la compañía 96 Unicornios", *La Región*, 20 abril 1998, 10.

Ademais de se referir ó argumento de *Cuento de Invierno*, representado pola compañía 96 Unicornios de Euskadi, recolle as declaracións de Aintz Uriarte, Borja Sarmiento e Maika Vilches, tres dos seus integrantes, sobre o obxectivo que perseguían ó versionar a Shakespeare e o traballo que esta representación conleva, ademais das dificultades que supón a renovación constante do cadro de actores.

-Sandra Quintáns, "Algo se move en Ourense", *La Región*, 21 abril 1998, p. 64.

Refírese á MITEU como un "intercambio de experiencias culturais" que contribúe a enche-la zona monumental da Auria dunha "xuventude activa e provocadora que amosa sen vergoña a súa visión do mundo". Solicita a continuidade no apoio dos patrocinadores para futuras edicións ou eventos semellantes e fai un chamamento a aproveitar estes "quince días de talento e cultura".

-R. F., "Unha comedia 'en vermello", *La Región*, 21 abril 1998, p. 16.

Despois de sintetiza-lo argumento de *O xardín das pernas roubadas*, destaca a obra por se-la primeira de Xoán Carlos Mejuto como dramaturgo e comenta as influencias que se perciben. Recolle as

declaracións deste actor e director nas que explica o proceso polo que se constituíu o Teatro da Bufarda e a súa defensa da dramaturxia propia para facer “un teatro contemporáneo escrito hoxe e que fale desde o hoxe”. Finalmente, informa Raquel Feijóo da obra prevista para o martes 21 de abril.

-R. F., “Unha obra dramática para un certamen variopinto”, *La Región*, 25 abril 1998, p. 17.

Informa da posta en escena de *Túnel* a cargo da agrupación teatral “No es culpa nuestra” do ETSI de Telecomunicación de Madrid. Resume o argumento e recolle as opinións dunha das integrantes sobre a MITEU, sobre a traxectoria do seu grupo e sobre o máis rechamante de *Túnel*. Finalmente, dá conta Raquel Feijóo do programa previsto para o 25 e o 26 de abril.

-R. F., “La otra cara del mundo de la escena”, *La Región*, 26 abril 1998, p. 18.

Comenta a actuación da Aula de Teatro da Universidad de Córdoba coa obra *Teatro Canalla*, baseada en pezas breves de Jorge Díaz e Javier Tomeo. Ademais de se referir á traxectoria da compañía, a autora do artigo describe a representación e a escenografía.

-R. F., “Temas de hoy en una tragicomedia musical”, *La Región*, 28 abril 1998, p. 16.

Comeza o artigo cunha breve historia de Teatro Pánico, o grupo teatral da Facultad de Ciencias de la Información de Sevilla e da súa obra *Hasta que la muerte nos separe*. Con respecto a esta peza, recolle as opinións de Esther Vila e Mercedes Morillo, dúas das actrices. Para rematar, informa da presencia de

Sarabela na FETEN celebrada en Xixón entre o 20 e o 25 de abril, e dos premios que obtivo esta compañía ourensá.

-R. F., "La compañía catalana '13 Gats Negres' presentó su último montaje en el Principal", *La Región*, 29 abril 1998, p. 19.

Refírese á representación de *Trío en mi Bemol*, obra que comenta apoiándose nas opinións de Carmen Gutiérrez, directora de 13 Gats Negres, Grupo de Teatro da Universidad Ramón Llul.

-R. F., "El Aula de Teatro da la Universidad de Extremadura representó "El Relevo" en el Principal", *La Región*, 29 abril 1998, p. 19.

Considera que a representación desta única peza teatral de Gabriel Celaya é un "guiño al desenfado aparente de una crítica real y a su condición lírica".

-Raquel Feijóo, "La 'MITEU' se despide por la puerta grande", *La Región*, 1 maio 1998, p. 16.

Resume as actividades da última xornada da MITEU. Das dúas obras representadas polo grupo da Universidade da Beira Interior: *Antes de começar* e *Saltimbanquis medievais*, salienta e improvisación e o intento de "conseguir una interacción con el público". Despois de se referir a *El mercader de Venecia*, representada polo Teatro Universitario de Alacante, recolle a positiva valoración da coordinadora da mostra. Comenta Elena Seijo a asistencia media de 230 persoas por función, así como a boa acollida de espectáculos como o de Teatro Pánico ou os da Aula de Ourense.

-R. F., “Viaxe na noite esquecida”, *La Región*, 30 maio 1998, p. 14.

Describe esta “acción teatral” levada a cabo polos tres niveis da Aula de Teatro Universitario de Ourense (Maricastaña, Rosaura e Cordelia) no marco da MITEU. Sinala que o obxectivo central é “despertar a reflexión sobre a guerra e as súas consecuencias de morte, destrucción e desterro, contrapoñendo todo isto a unha forza que pretende dar impulso ó home e ó que representa”.

V. Aula de Teatro Universitario de Ourense.
V. Eis.
V. Teatro de Bufarda.
V. Aula de Teatro do Campus de Lugo.
V. Aula de Teatro da Universidade de Santiago

XVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Tivo lugar do 7 ó 13 de setembro e contou coa dirección de Mª Xosé Mariño. Roberto Vidal Bolaño pronunciou o pregón inaugural. Compaxina o teatro de rúa co de sala e tódalas pezas que se presentan teñen como trazo común o seu carácter cómico. No transcurso desta Mostra celebráronse tamén os III^{os} Encontros de Teatro Galicia-Portugal (Teatral) entre os día 10 e 13 de setembro. Nesta edición participaron as seguintes compañías galegas: Bruto&Pífano coa obra *Drag venda*, Lirilambo coa obra *Ghas*, Teatro do Mórcego con *O Lazariño de Tormes*, Ollomoltranvía con *Qui pro quo* e *Unha noite con... cocó.* Con ocasión da clausura da Mostra entregóuselle o Premio ó Labor en Favor da Actividade Teatral á Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia.

-Miguel Castelo, “Cangas acolle o debate anual dos teatros galego e portugués na Mostra Internacional”, *A Nosa Terra*, nº 846, “Guieiro Cultural”, 3 setembro 1998, p. 26.

Sucinta nota de prensa na que se informa do contido da XVª Mostra de Teatro que se celebra anualmente na capital do Morrazo. Céntrase no debate coñecido como Teatragal, organizado polo Instituto Galego de Estudios e Investigacións Teatrais, Ingat, e que se desenvolveu no marco da citada mostra.

-J. Luis Martínez, “La ‘Mostra Internacional de Teatro’ de Cangas comienza el próximo lunes”, *Atlántico Diario*, 4 setembro 1998, p. 64.

Breve nota informativa sobre as diferentes actuacións que tiveron lugar na XVª edición da Mostra de Teatro de Cangas. Entre outros cita ós seguintes grupos teatrais: Yllana, coa obra *Glub Glub*, Bruto&Pífano, que actuaron na rúa; Zanguano Teatro con *¿Y quién no?*; Higiénico Papel Teatro, con *¡Oh!Tel*; Lirilampo Teatro, con *Ghas*; Teatro do Morcego, cunha versión do *Lazarillo de Tormes*; T’Ombligo Teatro, coa obra *Caminando*; La Quimera de Plástico, con *La Hija del Capitán* ou Ollomoltranvía, que representou *Qui Pro Quo*.

-Salvador Rodríguez, “O Teatro se deMostra en Cangas”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 71, 5 setembro 1998, p. 1.

Amplo comentario sobre a celebración da XVª edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, que ten lugar anualmente na citada localidade pontevedresa. Así mesmo, dá o nome das trece compañías que participaron e o título das respectivas obras.

-J. Luis Martínez, “El cómico italiano Leo Bassi abrirá el lunes la Mostra de Teatro de Cangas”, *Atlántico Diario*, 5 setembro 1998, p. 53.

Informa, brevemente, sobre a única representación estranxeira no marco da XVª Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Trátase da obra *Instintos ocultos*, do cómico italiano Leo Bassi. A continuación, cítanse outros grupos que formaron parte da citada mostra; entre outros Bruto&Pífano,

Zanguango Teatro, Higiénico Papel Teatro, Lirilampo Teatro, Teatro do Morcego, T'Ombligo Teatro, La Quimera de Plástico e Ollomoltranvía.

-E. P., "Doce compañías acoden a Cangas na Semana do Teatro Cómico", *El Correo Gallego*, 7 setembro 1998, p. 14.

Anúnciase o programa da Mostra e as actividades paralelas que terán lugar: unha exposición fotográfica de Yolanda Lemat, un taller de contos e unha exposición de libros artesanais. Infórmase tamén de que o obxectivo é amosa-las diferentes tendencias do teatro actual e que conta cun presuposto de catro millóns de pesetas doados polo Concello de Cangas, a Xunta e a Deputación e que ademais no transcurso da Mostra terá lugar o IIIº Encontro Teatragal.

-Miguel Castelo, "Os teatros galegos e portugueses debaten os seus problemas en Cangas do Morrazo", *El Ideal Gallego*, 12 setembro 1998, p. 8.

Dá conta da celebración de Teatragal, Encontros de Teatro de Galicia e Portugal, que teñen lugar no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico de Cangas. Informa do contido das distintas comunicacións e dos participantes no citado encontro. Na primeira xornada, o profesor Paz Gago da Universidade da Coruña afirmou que o teatro galego naceu en París no ano 1921, da man de Castelao, "como consecuencia da súa relación con Antonin Artaud"; así mesmo, Jesús González Maestro da Universidade de Vigo, falou sobre o "proceso de existencialización" do personaxe teatral. Por último, Alexandra Moreira da Silva da Universidade do Porto dedicou a súa exposición a falar da influencia das

vangardas no teatro. Na segunda xornada, o dramaturgo Raúl Dans reivindicou a figura do autor teatral e expresou as súas dúbidas sobre o espacio de liberdade creativa de que dispón o escritor.

-Begoña Diz, “Hemos superado con creces las previsiones”, *Atlántico Diario*, 13 setembro 1998, p. 21.

Entrevista coa responsable do Teatro Cómico de Cangas, María José Mariño, quen fala sobre os preparativos da Mostra, a asistencia masiva de público na convocatoria deste ano e o carácter limitado da mesma. Ó tratarse dunha mostra tan específica limítase moito a selección de compañías e, na súa opinión, ó público gustaríalle que se ampliase o abano de xéneros.

-G. Luca, “Os III Encontros de Teatro de Galiza eludiron o debate sobre o cámbio de língua no CDG”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 17 setembro 1998.

Informa do contido do debate celebrado en Cangas sobre o teatro que se está a desenvolver en Galicia e Portugal. Alude ás declaracións de Celso Parada, quen solicita un compromiso “que afonde nas raíces populares, na paródia e na ironía para conmover coa risa e producir unha reflexión sobre a realidade”.

-Noemí Pazó e Iolanda Ogando, “Cangas. Ou xogamos todos ou non xogamos”, *Tempos Novos*, nº 17, “Crítica. Voces e Cultura. Teatro”, outubro 1998, p. 63.

Dan noticia da celebración do IIIº Teatragal en Cangas, que esta vez non terá unha segunda parte en Viana do Castelo e que, posiblemente, non volva a contar con próximas edicións. Sinala que a participación foi escasa a un lado e a outro da mesa de conferencias e que, a pesar de que o reclamo

deste ano era conversar sobre “tendencias e correntes estéticas”, foron moitos os temas das ponencias e dos debates. Así, a seguir, indica que ademais de falarse de subvencións, residencia ou política teatral, tamén se trataron temas menos materiais, como foron o cuestionamento do significado e da relevancia da orixinalidade, a comunicación co público e a problemática dos festivais en Galicia e Portugal.

V. Teatro do Morcego

V. Ollomoltranvía

XIª Mostra de Teatro de Cee

Organizada anualmente pola Asociación Cultural Domingo A. de Andrade, conta coa colaboración da Delegación de Cultura do consistorio de Cee, da Deputación Provincial da Coruña e o IGAEM. Dende o mércores 19 ata o domingo 23 de agosto celebrouse a XIª edición da mostra de Teatro de Cee no salón de actos da Fundación Fernando Blanco. Actuaron os grupos Serna coa obra *O merlo blanco*; Ollomoltranvía con *Qui pro quo*, Dequenquén con *Non lle busques tres pernas ao alcalde*; A Bufarda con *O xardín das pernas roubadas*; Teatro do Aquí coa obra *Rastros*, de Roberto Vidal Bolaño; Sarabela Teatro coa obra *Tics.* Tamén estiveron Paula Carballeira e Cándido Pazó como contacontos e Xurxo Souto presentou o seu espectáculo “Aldea Terremota”.

-Jesús Trillo, “La Mostra de Teatro dio comienzo con un gran éxito de público”, *El Correo Gallego*, 21 agosto 1998, p. 14.

Dáse conta da XIª edición da Mostra de Teatro de Cee, organizada pola Asociación Cultural Domingo A. de Andrade. Destácase a grande afluencia de público que asiste ás xornadas, celebradas no salón de actos da Fundación Fernando Blanco, e informa das compañías e das obras que serán postas en escena durante os días que dure a Mostra.

V. Serna.
V. Ollomoltranvía.
V. Teatro da Bufarda.
V. Teatro de Aquí.
V. Sarabela Teatro.

XIª Mostra de Teatro do Barco

Tivo lugar entre os días 4 e 7 de setembro na capital valdeorresa. Participaron as seguintes compañías: Teatro do Morcego con *O Lazariño de Tormes*, Druída Danza con *Drama de Mulleres*, Monicrekes de Kukas con *Odisea* e Factoría Teatro con *A Casa de América.*

-Ángeles Rodríguez, “Lazariño de Tormes” abrirá la XI Mostra de Teatro de O Barco”, *La Región*, 1 agosto 1998, p. 13.

Informa da XIª edición da Mostra de Teatro do Barco e cita as compañías que integran a programación que terá lugar entre os días 4 e 7 de setembro.

V. Teatro do Morcego.
V. Druída Danza.
V. Monicrekes de Kukas, no apartado VII. 3. 2.
V. A Factoría Teatro.

Mostra de Teatro “Manuel Mato”. Vilalba

Celebrouse entre os días 12 e 19 de novembro e foi organizada polo Centro Dramático Vilalbés e o Concello de Vilalba. O evento, que tivo lugar no auditorio municipal, contou coa participación da Aula de Teatro de Lugo con *Ramo Cativo*, Faro Miño con *A farsa do avogado*, Centro Dramático Vilalbés con *Por favor, agarde a súa quenda*, Monte Oribio con *O triciclo* e o Centro Dramático Galego con catro obras de Valle-Inclán.

V. Aula de Teatro, Campus de Lugo.

V. Centro Dramático Galego.

VIIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada

Celebrouse entre os días 17 e 21 de setembro na praza do Cantón de Chantada. Participaron Mofa e Befa, Monte Oribio con *O muíño vello*, Centro Dramático Vilalbés, Grupo da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla e Faro Miño con *A farsa do avogado*.

V. Mofa e Befa.
V. Monte Oribio.
V. Centro Dramático Vilalbés.
V. Grupo da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla.
V. Faro Miño.

Iª Mostra de Teatro Santa Mariña

Celebrouse nos salóns da terceira idade de Chantada. Participaron o grupo Amoeiro, de Pobra de Brollón que puxo en escena *De mulleres non me fales* e Faro-Miño que escenificou *Coidado coa Viagra.*

V. Amoeiro.
V. Faro
Miño.

XIVª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia

Tivo lugar entre os días 17 e 25 de xullo, tendo como marco as rúas do barrio xudeu e o Auditorio do Castelo dos Sarmientos. Participaron un total de trece compañías procedentes de Italia, Arxentina, Cuba, Andalucía, Madrid e País Vasco e entre as que se atopaban as galegas Sarabela Teatro que puxo en escena *Tics* e a coproducción galego-portuguesa de Teatro do Noroeste con *Estación Mahagonny*.

-X. C., “Ribadavia se pone de nuevo la máscara”, *La Región*, 2 xullo 1998, p. 16.

Informa do acto de presentación da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia que se celebrará nesa localidade ourensá durante o mes de xullo. Así mesmo tamén enumera os grupos teatrais que formarán parte da mesma e da polémica xurdida por se-lo Conselleiro de Cultura Pérez Varela o pregoneiro. Por outra parte o director da Mostra, Rubén García, segundo engade, falou do completa que era a programación e mais da homenaxe que recibirá García Lorca coa representación de dúas das súas obras.

-María Ornedo, “La Mostra Internacional de Teatro tendrá como pregonero al conselleiro de cultura”, *Faro de Vigo*, 2 xullo 1998, p. 18.

Fala da vindeira celebración da Mostra Internacional de Teatro que se levará a cabo en Ribadavia do 17 ó 25 de xullo. Informa tamén dos grupos que participarán na edición deste ano e tamén das homenaxes que recibirá García Lorca que contará con dúas representacións. Ó final tamén se refire ó prezo que teñen as entradas e a persoa que será o pregoneiro.

-Camilo Franco, “Teatro desde as vellas pedras”, *La Voz de Galicia*, 18 xullo 1998, p. 46.

Sucinta nota de prensa na que se comenta a posta en escena de dúas obras en homenaxe a Federico García Lorca. Trátase de *Mariana Pineda* e de *María Sarmiento*, esta última do director Ernesto Caballero. Así mesmo, informa da proxección de varias películas.

-J. Noguerol, “En el filo de la locura”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 18 xullo 1998, p. 17.

Dá a benvida a esta nova edición da Mostra que no seu primeiro día contou coa participacion de Marco Carolei cun espectáculo de rúa e Monti and Cia.

-M. Ornedo, “La Mostra Internacional convierte Ribadavia en capital del teatro”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 1998, p. 19.

Informa do programa previsto para o 19 e 20 de xullo: a representación de *A tu vera*, de Juan Carlos Sánchez e *Instintos ocultos*, de Leo Bassi, respectivamente.

-C. F., “Leo Bassi chega á Mostra de Ribadavia ofrecendo novos aspectos do pallaso”, *La Voz de Galicia*, 20 xullo 1998, p. 42.

Comentario sobre a presentación, en Ribadavia, da obra *Instintos ocultos*, de Leo Bassi. Así mesmo, alude á representación de *Dakota*, por parte de Tanttaka Teatro e lembra a actuación da compañía Monti&Cía.

-Camilo Franco, “Sen tempo”, *La Voz de Galicia*, 20 xullo 1998, p. 42.

Breve comentario crítico da posta en escena da obra *Mariana Pineda*, en homenaxe a Federico García Lorca. En opinión de C. Franco, “non convén confundir texto e representación”, motivo polo que, nesta ocasión, “a obra padece desa certa limpeza con que está tratada”.

-J. Noguerol, “Los instintos ocultos de Bassi”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 20 xullo 1998, p. 8.

Dá conta da posta en escena da obra *Mariana Pineda*, dirixida por Joaquín Vida e no marco da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Así mesmo, informa da representación de *Instintos ocultos*, a cargo do cómico italiano Leo Bassi. Trátase dunha viaxe iniciática na que o actor conduce ó público “ a un universo propio, insólito y desconocido”.

-J. Noguerol, “Ah, eso que llaman duende”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 20 xullo 1998, p. 8.

Breve nota informativa sobre a posta en escena da obra *Mariana Pineda*, na que participaron Emilio Gutiérrez Caba, Mari Paz Ballesteros e Carmen Conesa.

-Víctor Rodríguez, “Hay que abrir las fronteras al teatro de fuera”, *El Mundo. Galicia*, 20 xullo 1998, p. 8.

Rubén García, director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, conta que a idea deste ciclo partiu da Agrupación Abrente co obxectivo de abri-los ollos cara ós espectáculos de fóra de Galicia e que foi apoiada na súa primeira edición polo Director Xeral de Cultura, que era daquela Xosé Ramón Pousa, cun forte apoio económico que diminuíu a partir de entón, ocasionando moitas dificultades económicas ata conseguir certa estabilización. Sinala que para esta edición cóntase con 13 millóns, dos cales 5 e medio son da Consellería de Cultura e 3 de Caixavigo, mentres que o resto procede da recadación de taquilla e do Concello. Cualifica a Mostra como un referente a nivel nacional e confía na súa estabilización económica no futuro.

-J. Noguerol, “Rubén García: “Las compañías gallegas deben mirarse menos el ombligo”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 22 xullo 1998, p. 13.

Nesta conversa Rubén García, director da Mostra, refírese ás protestas manifestadas por Teatro do Aquí queixándose do verniz oficial da Mostra e do pregón encargado ó Conselleiro de Cultura, á vez que sinalan que se perdeu o espírito combativo co que foi creada. Declara que o importante é que o público acuda á Mostra e que o teatro galego está hoxe na súa maioría de idade, fóra da etapa combativa que rematou en 1978. Sobre as acusacións de falta de rigor e independencia na elección de grupos galegos manifesta que en moitas ocasións ten apoiado a Teatro do Aquí e o traballo de Vidal Bolaño, “el mejor de

Galicia, sin duda", que a estas alturas ten demostrada a súa independencia e que as compañías galegas "han de tener más humildad".

-A. Estévez, "Pérez Varela convidado de honra na Mostra de Ribadávia", *A Nosa Terra*, nº 840, "Guieiro Cultural", 23 xullo 1998, p. 29.

Informa da inauguración da Mostra na tarde do 17 de xullo, da presentación de *Fóra de si*, de Teatro do Vilar fóra do programa, e da visita e o pregón de Jesús Pérez Varela, "recebendo un papel que en anteriores ocasións destinouse a persoeiros da actuación". Ofrece a nómina de tódolos participantes e destaca a protesta pública de Teatro do Aquí ó considerar que a mostra ten unha importancia excepcional no panorama galego e que debe ser rigorosa na programación, feitos cuestionados nesta edición pola excesiva presencia institucional, pola escasa participación de grupos galegos e pola exclusión de Teatro do Aquí.

-J. Noguerol, "Pioneros y "Anís del Mono", *La Región*, "Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia", 24 xullo 1998, p. 13.

Refírese á gran tradición teatral entre o público ourensán e relata cómo da década dos cincuenta e sesenta se acollían os espectáculos dos cómicos que chegaban á provincia. Valora despois o labor dos pioneiros, que lograron que moitas xeracións amasen o teatro, como Segundo Alvarado, divulgador, fundador das primeiras agrupacións como Teatro Valle Inclán e iniciador do camiño para outros actores e directores entre os que menciona a Gil e Manolo Vidal, ata a consolidación en Ribadavia, nos setenta, de Abrente "una compañía profesional, con premios y mucha dignidad en sus obras".

-J. Noguerol, “Amar lo nuestro”, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, *La Región*, 24 xullo 1998, p. 13.

Valora a boa recepción entre o público da obra *Tics*, de Sarabela, nun auditorio abarrotado de xente. Salienta a soltura dos actores e cualifica de “delicia” a interpretación de Fernando Dacosta.

-J. Noguerol, “Ánxeles Cuña: “Qué poca frontera entre normalidad y anormalidad”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 24 xullo 1998, p. 13.

Ánxeles Cuña, directora de *Tics*, de Sarabela Teatro manifesta nesta breve conversa que vivimos malos tempos para a xente que non ten un pensamento estándar e que o protagonista na obra sofre tódalas afrentas sociais e os agobios afectivos. Declara sentirse satisfeita co traballo e co equipo e anuncia que xa está a preparar outro espectáculo.

-J. N., “Hora de echar el telón”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 25 xullo 1998, p. 17.

Dá conta dos laboriosos preparativos que rodean cada unha das montaxes teatrais dos grupos invitados a participar na Mostra, destacando a colaboración de Rubén García e José Prieto, organizadores atentos ós problemas que poidan xurdir. A seguir, anuncia os espectáculos previstos para esta xornada de clausura, *Estación Mahagonny*, de Teatro do Noroeste, unha obra homenaxe a Bertold Brecht que xira ó redor da creación da cidade encantada onde todo se pode facer, e *Homenaxe musical a Beny Moré*, da compañía cubana Mangolele.

-J. N., “Sólo faltó acción en la calle”, *La Región*, “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, 27 xullo 1998, p. 8.

Dá conta da clausura da Mostra, que rematou coa representación de Teatro do Noroeste con *Estación Mahagonny*. No seu balance sinala que se ofreceron espectáculos de todo tipo incluíndo o show de Leo Bassi, os vascos Tanttaka Teatroa con *Dakota*, as “divertidas chicas” de Valiente Plan con *A tu vera* e os ourensáns Sarabela, aínda que lamenta a ausencia do teatro e doutras actividades na rúa, herdanza do “Espíritu Abrente” que, na súa opinión, debe manterse. Refírese tamén ás protestas por parte dun colectivo galego que non foi invitado á Mostra e conclúe destacando a excelente organización e os prezos das entradas, en resumo “diez días interesantes de cultura viva, teatro”.

V. Sarabela Teatro.
V. Teatro do Noroeste.

IIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo

Celebrouse entre os días 24 de maio e o 21 de xuño baixo a organización da Asociación de Portonovo Avante para a prevención, loita contra a droga e axuda ós drogodependentes. Foi subvencionada pola Consellería de Educación e o Concello de Sanxenxo. Tivo lugar no Salón de Actos do edificio de usos múltiples de Portonovo e contou coa participación do grupo O Tarabelo, dirixido por José Manuel Hermida que representou *A nosa voda*, de Manuel María, *A Manta*, de autor anónimo e *Divorcio urxente*, de Jardiel Poncela; o Grupo de Transparencias do CEIP Cruceiro de Vilalonga con *A Celespiña*, de Laura González Rodríguez; Escola de Teatro do Colexio Público de Portonovo, coa obra *As Alegres comadres de Winsord*, de Shakespeare, adaptado por Agustín Magán. O Obradoiro de Teatro Abrente interpretou *A historia xamais contada de Branca neves e o rei Artur*, de Constantino Rábade Castiñeira, o grupo de Teatro C.E.I.P de Portonovo, interpretaron 3 *sketchs* ideados por eles mesmos e a historia de “Panchiño González”, de Osvaldo Dragún; Os Desnucabúfalos coa obra *Calquera Cousa*; o grupo de Teatro Muxicas da Asociación Cultural Lembranzas de Portonovo con *A Marquesiña encantada*, de Euloxio Ruibal e o grupo de Teatro da Asociación Avante coa obra *Mórde-me!!,* de Inma Antón Souto.

-José Manuel Moldes, “II Mostra de Teatro en Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1998, p. 25.

Informa da inauguración da segunda edición desta Mostra de Teatro Afeccionado Galego. Achega os datos fundamentais deste evento: organizadores, institucións colaboradoras e datas de celebración. Salienta a heteroxeneidade e diversidade dos espectáculos, así como a variedade de autores que fornecen os textos. Finalmente, inclúe o programa completo para o 24 de maio, primeira xornada.

-J. M. M, “Teatro Colegio Abrente”, *Diario de Pontevedra*, 6 xuño 1998, p. 23.

Informa sobre o desenvolvemento da IIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo, que ten lugar entre os días 24 de maio e 21 de xuño no salón de actos do edificio de Usos Múltiples. Dá conta das compañías que representaron o día 6 de xuño e as que representarán o día 21, día de clausura da mostra. Ademais de cita-las compañías e as obras ofrece unha breve síntese dos contidos das mesmas e salienta o labor da Asociación Avante, que é a organizadora da Mostra.

- José M. M., “Clausura de la “IIª Mostra” de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 21 xuño 1998, p. 24.

Despois de nomea-las entidades que subvencionan esta IIª Mostra, e de ofrecer os datos principais dela, refírese á representación de *Mórde-me*, “unha comedia sobre el mundo de los vampiros”, a cargo do grupo de teatro da Asociación Avante. Para rematar, recolle o desexo dos integrantes de Avante de congregar a un numeroso público.

-V. O Tarabelo.

IIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria

Organizada pola Asociación Cultural Monte Oribio entre os días 26 e 30 de decembro. Tivo como escenario o salón de actos do Instituto de Educación Secundario número 1 de Sarria. Os grupos participantes foron O Carballo (*A casa de Bernarda Alba*), Centro Dramático Vilalbés (*Por favor, agarde a súa quenda*), Faro Miño (*A farsa de Maitre Pathelín*), Monte Oribio (coa obra *O Triciclo*), Teatro de Pícaros, Telerín Teatro e Teatro de Dous (*Apaga a luz*).

-V. Teatro de Dous.

Iª Mostra de Teatro Libertario

Mostra organizada polo Ateneo Libertario de Compostela. Nesta primeira edición só temos noticia da actuación do grupo Minerva Teatro con *A parella aberta*.

-Raquel López, “O teatro achégase ás súas orixes na Casa Encantada de Compostela”, *O Correo Galego*, 13 marzo 1998, p. 35.

Comenta a obra *Parella aberta* coa que Minerva Teatro participa na primeira edición da Mostra de Teatro Libertario. Con respecto a esta peza, destaca o seu carácter crítico e a invitación á reflexión para o público a través das declaracións de dous dos actores: Héctor Checa e Susana Hidalgo. Refírese a continuación Raquel López ó Ateneo Libertario de Compostela, colectivo organizador da mostra. Recolle as palabras do seu tesoureiro, José Manuel Botana, coas que considera ó teatro “como unha das expresións culturais populares con máis tradición” que pode permitir “difundi-las ideas libertarias”, principal obxectivo desta entidade acabada de crear.

IIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario. Pontevedra

Tivo lugar entre os días 27 de abril e 3 de maio de 1998 en Pontevedra, alternando escenarios na Praza do Teucro e no Teatro Principal. Participaron compañías procedentes de Navarra, Portugal, Estremadura, Alacante e Venezuela. A organización correu a cargo do Vicerrectorado de Relacións Exteriores da Universidade de Vigo e a Aula de Teatro de Pontevedra, cos apoios do Concello de Pontevedra, Deputación Provincial, Consellería de Cultura a través do IGAEM e Kalakandra Editora.

- D. P., "El Aula de Teatro ultima su IIIª Mostra Internacional", *Diario de Pontevedra*, 15 abril 1998, p. 8.

Informa da organización por parte da Aula de Teatro Universitario de Pontevedra da terceira edición da MITEU. Dá conta das datas, escenarios, grupos participantes e variedade temática.

-D. P., "La Mostra Internacional de Teatro Universitario levanta el telón", *Diario de Pontevedra*, 27 abril 1998, p. 9.

Refírese á primeira xornada da MITEU na capital do Lérez, coa representación de *Saltimbanquis medievais* e *Antes de começar* a cargo de Teatruví. Informa tamén das entidades e institucións que organizan ou colaboran na mostra.

-D. P., “Los universitarios portugueses abrieron la Mostra de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 28 abril 1998, p. 12.

Informa do inicio das representacións da terceira MITEU na cidade de Pontevedra. Comenta a participación do grupo Teatruví da Universidade lusa da Beira Interior, coas obras *Saltimbanquis* e *Antes de começar*. Recolle o programa completo para as sete xornadas.

-D. P., “La Universidad de Extremadura pone en escena “El relevo”, *Diario de Pontevedra*, 30 abril 1998, p. 15.

Ademais de sintetiza-lo argumento de *El relevo*, comenta a súa representación a cargo do grupo de teatro universitario de Estremadura. Informa das entidades organizadoras, patrocinadoras e colaboradoras no evento.

-D. P., “La Mostra Internacional de Teatro Universitario finaliza esta tarde”, *Diario de Pontevedra*, 3 maio 1998, p. 10.

Informa da última xornada da mostra coa representación de *La rosa de papel*, de Valle-Inclán a cargo dun grupo venezolano e coa posta en escena dunha montaxe de Costa de Marfil sobre textos do *Cantar dos Cantares* e de *Feux*, de Margarita Yourcenar. Dá conta tamén das entidades colaboradoras con este certame.

Vª Mostra de Teatro Universitario Galego

Celebrouse entre os días 24 de maio e 31 de maio organizada e presentada pola Aula de Teatro Universitario de Pontevedra e a Universidade de Vigo. Tivo lugar nos escenarios do Teatro Principal os día 24, 30 e 31 de maio e no Auditorio de Caixa Pontevedra os días 25, 26, 27, 28 e 29. Contou coa participación de grupos das tres universidades galegas. Os grupos participantes foron os seguintes: Aula de Teatro de Ourense con *Crimes exemplares*, de Max Aub; Estragón, da Coruña con *Tres farsas clásicas e unha moderna;* Teatro da Bufarda con *O xardín das pernas roubadas*, de Xoán Carlos Mejuto; O Grupo da Universidade da Coruña, Hac Luce con *A farsa de Inés Pereira*, de Gil Vicente; Eis con *Os peixes encarnados* de Jean Anouilh e Captatio Benevolentiae, de Santiago, con *Teatro baixo a area*.

-D. P., “El Aula de Teatro de Ourense pone en marcha la Mostra Universitaria”, *Diario de Pontevedra*, 21 maio 1998, p. 12.

Anuncia o comezo da Vª Mostra de Teatro Universitario Galego e salienta a participación da Aula de Teatro de Ourense, que é a encargada de poñer en marcha a Mostra, cunha versión de *Crimes Exemplares*, de Max Aub, do que se destaca o seu valor para as letras españolas. Finalmente dáse un breve resumo do contido da obra.

-D. P., “El Domingo comienza la Mostra de Teatro Universitario Galego”, *Diario de Pontevedra*, 22 maio 1998, p. 12.

Informa do comezo da Vª Mostra de Teatro Universitario Galego organizada pola Aula de Teatro Universitaria de Pontevedra e a Universidade de Vigo. Dá conta tamén das datas de celebración da Mostra así como dos grupos participantes na mesma dos que se específica o día e o lugar de cada representación.

-D. P., “Actuación del Grupo de Teatro Universitario “Hac Luce”, *Diario de Pontevedra*, 27 maio 1998, p. 10.

Comeza coa noticia da continuación da Mostra de Teatro Galego Universitario coa participación do grupo da Universidade da Coruña na súa cuarta xornada, Hac Luce, coa obra *A farsa de Inés Pereira*, de Gil Vicente. Céntrase, a seguir, nos precedentes teatrais do citado grupo e lembra o comezo da súa traxectoria dramática, no ano 1990 como Hipócrifo Violento Club, dirixido por Chema Lago.

-D. P., “Teatro da Bufarda pone en escena la obra “O xardín das pernas roubadas”, *Diario de Pontevedra*, 26 maio 1998, p. 10.

Dá noticia da posta en escena da obra *O xardín das pernas roubadas*, da Compañía Teatro da Bufarda, dentro da Mostra de Teatro Universitario Galego. Cualifica á obra de “comedia ácida, con influencias tan dispares como el teatro absurdo, Kafka, cine de ciencia ficción, el humor de Allen o los Marx”, e dá uns

breves apuntes sobre o contido desta. A continuación, lembra a posta en escena da obra *Tres farsas clásicas e unha moderna* da Compañía Estragón que tivo lugar na terceira xornada da Mostra.

-D. P., "El grupo Eis pone en escena la obra "Os peixes encarnados", *Diario de Pontevedra*, 28 de maio 1998, p. 14.

Dá conta da quinta xornada da Vª Mostra de Teatro Universitario Galego e das proximas postas en escena das compañías Captatio e Eis.

-D. P., "Las aulas de Santiago y de Lugo rematan el ciclo de actuaciones", *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1998, p. 12.

Comenta as actuacións da Aula de Teatro de Santiago, da Aula de Teatro de Lugo e do grupo Captatio Benevolentiae nas dúas últimas xornadas da Mostra de Teatro Universitario Galego. Finalmente, enumera as entidades organizadoras e patrocinadoras do evento.

-Mario García Herradón, "Cántico para un crimen glorioso' y el III Festival Internacional de Teatro Universitario", *El Progreso*, 12 maio 1998, p. 67.

Despois de analizar con detemento a representación de *Cántico para un crimen glorioso* a cargo do grupo "Bin Kadi So" de Costa de Marfil, fai un percorrido por tódalas obras participantes salientando o que considera máis importante de cada unha; de *Comedia noxenta para mamá,* destaca a sobriedade e eficacia da escenografía; de *Tren baixo area,* o movemento dos actores; de *Sinopse da vida dunha*

muller, a intriga; o humor da representación da Aula de Filosofía; a variedade e dinamismos da posta en escena da Aula de Teatro ourensá, etc. En xeral, considera que tódolos grupos “demostraron una gran vitalidad, talento y ganas de trabajar”.

V. Aula de Teatro de Ourense.
V. Teatro da Bufarda.
V. Hac Luce.
V. Eis.
V. Captatio Benevolentiae.

Iª Mostra de Teatro en Galego. Lugo

Celebrouse os días 26 de febreiro e o 5, 12, 17 e 23 de marzo no Auditorio Gustavo Freire de Lugo organizada polo Patronato de Cultura do Concello. Participaron as seguintes compañías: Espello Cóncavo con *As troianas*, Áncora con *Ladraremos*, Librescena con *O Barbeiro de Sevilla*, Sarabela con *Tics* e Factoría Teatro con *A Casa de América*.

V. Espello Cóncavo.
V. Áncora.
V. Librescena.
V. Sarabela.
V. Factoría.

VIIIº Outono de Teatro de Carballo

Organizado pola Asociación Telón e Aparte e a Concellería de Cultura do Concello de Carballo. O programa desta edición desenvolveuse entre os días 26 e 31 de outubro e nel participaron as seguintes compañías: Yllana, coa obra *666*, Teatro do Morcego con *O Lazariño de Tormes*, Teatro Corsario con *La vida es sueño*, Zascandil con *Un celoso extremeño* e a compañía do catalán Toni Alba que levou a escena *Brams, o las komedias de los herrores*. Tódalas funcións tiveron como escenario o cine Rega.

X. R., "El 'Outono de Teatro'estará dedicado a las obras clásicas", *El Correo Gallego*, 21 outubro 1998,
45.

Infórmase da oitava edición do Festival de Outono de Teatro de Carballo. Salienta como novidade o feito de que nesta ocasión estea dedicada ó teatro clásico. Seguidamente informa das compañías e representacións que terán lugar durante os días que dure o festival. Cita os persoeiros que presidiron a presentación entre os que se encontraba o representante da Deputación da Coruña, Roberto González. Finalmente recolle brevemente algunhas declaracións dos participantes na presentación entre os que destaca as de o propio Roberto González e Alberto Sueiro, presidente da Asociación Telón e Aparte, quen afirmou entre outras cousas que o seu obxectivo era "crear un espacio de teatro en Galicia".

-X. R., “La compañía ‘Teatro Corsario’ encandiló al público carballés”, *El Correo Gallego*, 30 outubro 1998, p. 43.

Nota breve que sinala o éxito entre o público da peza *La vida es sueño*, de Teatro Corsario e anuncia a clausura do ciclo coa compañía do catalán Toni Alba.

-V. Teatro do Morcego.

IIº Outono Teatral nos Barrios

Organizado pola Concellería de Cultura de Vigo co propósito de achega-lo teatro ás parroquias e de potencia-las compañías da cidade. Tivo lugar dende o día 16 de outubro de 1998 ata o 23 de xaneiro de 1999. Participaron Máscara Producciónss con *Máis se perdeu en Cuba* e *Guillados*; Fulano, Mengano&Citano con *Cheiro de Estrela*s; Teatro alla Scala 1:5 con *Á do libro* e *Unha de amor* e Teatro Avento con *¿Quen matou a Mari Lauri?* e *Papá e mamá están ben*. As catro compañías pasaron durante este tempo polas asociacións de veciños de Castrelos, San Paio de Navia, Bembrive, Candeán, Matamá, Val do Fragoso e Beade, ademais do Instituto Santa Irene, o Centro Social de Teis e o Auditorio do Concello.

-Javier D. Campa, “Teatro para barrios y parroquias”, *Atlántico Diario*, 16 outubro 1998, p. 11.

Dá conta da celebración do IIº Outono de Teatro nos Barrios organizado pola Concellería de Cultura en Vigo e cita as catro compañías participantes e os títulos das obras que representou cada unha delas. Recolle as declaracións de Xerome Calero, integrante de Máscara Producciónss, quen manifestou a súa sorpresa pola gran acollida de público que tiveran o ano pasado. Informa tamén dos distintos lugares onde tiveron lugar as representacións.

-A. S., “Cuatro compañías acercan el teatro a las asociaciones de vecinos del municipio”, *Faro de Vigo*, 16 outubro 1998, p. 11.

Fai referencia ó inicio da segunda edición do programa Outono Teatral nos Barrios, patrocinado polo Concello de Vigo e cita as obras participantes e os diversos lugares que acolleron as representacións. Finalmente saliéntase a intervención de Maite Fernández, Concelleira de Cultura, no acto de presentación do programa quen explicou que os principais obxectivos da iniciativa son potencia-los grupos teatrais da cidade e achega-lo teatro ás parroquias.

V. Fulano, Mengano&Citano.

V. Teatro alla Scala 1:5.

Sala Galán

Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do circuíto de salas alternativas españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates e cursos sobre o teatro. Este ano celebrou o seu quinto aniversario. Ana Vallés, encargada da programación e directora do grupo Matarile Teatro, é quen sustenta a sala. O local tamén acolle danza, recitais, exposicións, vídeo, etc. En 1998 e no referente ó teatro galego representáronse *Nano*, de Teatro do Adro e *Zeppelin Nº7*, *12 Rounds*, *Negro é Negro* e *Teatro para Camaleóns*, de Teatro Galileo. Ademais a sala acolleu parte das representacións do IVº Festival de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela no mes de abril e da Feira do Teatro de Galicia no mes de maio. No mes de xuño celebrouse o Festival Internacional de Danza e Teatro "En pé de pedra" e en xullo tivo lugar a sexta edición dos Curtos de Teatro Galego.

-Raquel López, "Aniversario 'Fóra de serie' na Sala Galán", *O Correo Galego*, "AFA", 8 maio 1998, p. 39.

Presenta o espectaculo "Fóra de serie" co que a Sala Galán de Compostela celebra o seu quinto aniversario. Realiza un percorrido descritivo polos traballos: *O informe Mucha*, *Los días felices*, *Ay, Ana!*, *Vía de acceso* e *Irreverente quietud* a través das declaracións das respectivas protagonistas: Dorotea Bárcena, Elisa Gálvez, Ana Vallés. Rosa Barra e Carmen Werner.

-A. I. S., “La Sala Galán festeja su quinto aniversario con un espectáculo “Fóra de serie”, *El Correo Gallego*, 8 maio 1998, p. 10.

Ademais doutras informacións de temas alleos á literatura, dá conta do acto co que esta sala compostelá celebra os seus primeiros cinco anos de existencia. Salienta a presencia de cinco mulleres na representación e resume brevemente os espectáculos coas palabras de Dorotea Bárcena e Ana Vallés.

-A. Iglesias, “Pé de pedra saca dende hoxe a danza máis actual ás rúas de Compostela”/ “Siete compañías de danza contemporánea sacan a la calle sus últimos espectáculos”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, “AFA”, 26 xuño 1998, p. 40/p. 11.

Comeza o artigo cunha información acerca da reunión entre Homero Pérez Quintana, Ana Vallés e Manuel Oliveira para presenta-la terceira edición de “En pé de pedra”. Recóllense as declaracións da directora da Sala Galán nas que comenta que as principais novidades son o aumento de grupos e a presencia do Centro Galego de Arte Contemporánea. Afirma tamén Ana Vallés que o principal obxectivo deste proxecto é achega-la danza ó público, con representacións na rúa. Inclúense os datos fundamentais desta edición de “En pé de pedra”: orzamento, patrocinadores, grupos asistentes e horario das actuacións. Finalmente, acóllense as impresións dos representantes de Dah Teatar, Cuerpo Transitorio e Mariantonio Oliver, todos eles grupos estranxeiros.

-C. P., “El festival de danza y teatro “En Pé de Pedra” llena las plazas de Compostela”, *La Voz de Galicia*, 28 xuño 1998, p. 34.

Comeza o artigo cunha referencia á sorpresa que causan entre o público estas representacións na rúa. Sitúa as escenificacións a medio camiño entre a danza e o teatro e realiza un percorrido descritivo polos sete espectáculos, dando conta do estilo, do título da obra e do escenario compostelán escollido para representar.

-A. Diéguez, “El folk abre la temporada de conciertos nocturnos en las piscinas de Sar”, *El Correo Gallego*, 10 xullo 1998, p. 8.

No marco de tódalas actividades que se están a organizar nas instalacións deportivas do Sar en Santiago, infórmase da celebración duns “Curtos de teatro galego”, por parte dos membros da Sala Galán. Entre os obxectivos desta iniciativa destaca o de ensinar interpretacións “que no sean espectáculos cerrados, improvisaciones, bosquejos y proyectos individuales o en compañía rescatados de ideas que nunca se llevaron a la práctica”.

-Camilo Franco, “Apuntes do natural”, *La Voz de Galicia*, 13 xullo 1998, p. 32.

Sucinto comentario sobre a iniciativa da Sala Galán de celebrar uns “Curtos de teatro galego”, coa intención de achega-lo teatro ó público en xeral. En opinión do crítico, “faltou un pouco máis de improvisación, un algo máis de sorpresa. Faltou a improvisación e, de repetirse, haberá que investigar esa retirada dun elemento tan imprescindible na elaboración teatral”. Por último, cítanse algúns dos autores e autoras que interviron: Cristina Carro, Beatriz Fuentes, Gena Baamonde, Eugenia Iglesias, Manuel Lourenzo e Pablo Rodríguez, entre outros.

Sala Nasa

Creouse no 1994 co nome de Nave de Servicios Artísticos. É unha sala alternativa na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e debates. O ano 1998 comezou a súa programación coa posta en escena da obra *Ofelia sen a virtude do pudor* a cargo de Pilar Pereira. Outras das súas actividades foron as seguintes: IVª edición do Intersalas 98, a rede de teatros alternativos que puxo en movemento vinte compañías de teatro, ópera e danza de todo o Estado, que presentaron 22 espectáculos diferentes; Vº Festival de Teatro Universitario e a Feira do Teatro de Galicia. Tamén se seguiron celebrando as xa tradicionais ultranoites entre as que se puido asistir á Ultranoite Valle-Inclán.

Ana Iglesias, “Miguel de Lira e Xesús Ron anuncian unha nova etapa na Sala Nasa”/“La Nasa inicia una nueva etapa con conciertos, teatro y cabaret”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 8 xaneiro 1998, 43/p. 9.

Noticia do acto de presentación da programación da tempada na Sala Nasa. Coméntase que Miguel de Lira e Xesús Ron anunciaron música, montaxes teatrais do circuíto intersalas, a Ultranoite e o propósito de abri-la sala a outros colectivos.

-M. Beceiro, “Salas culturales”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 2 outubro 1998, p. 50.

Refírese ás salas alternativas como a Nasa e a Galán en Santiago. Considera que as distintas institucións deberían cambiar de actitude respecto a estes espacios culturais.

-R. Navia, “Programa de mareas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes, Ciencias*”, nº 30, 8 outubro 1998, p. 5.

Faise referencia a algunhas actividades que protagonizan a programación da Sala Nasa na tempada Outono-Inverno entre as que se citan as ultranoites, o desembarco bravú ou a representación de Chévere *A rutina é o deber de tódalas criaturas*.

-Paula Pérez, “De allá para acá y de acá para allá”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1998, p. 2.

Fai alusión ó circuíto InterSalas 98, celebrado nas salas Nasa e Galán de Santiago, e no que participaron vinte grupos de teatro, ópera e danza de nove comunidades autónomas. Cita a intervención do grupo Higiénico Papel coa obra *¡Oh!tel*, Chévere, Matarile Teatro, Teatro do Adro, Nove Dous Teatro de O Carballiño, entre outros.

-A. I., “La sala Nasa dedicará las tardes dominicales a teatro para niños”, *El Correo Gallego*, 7 novembro 1998, p. 32.

Dá conta da sinatura dun convenio entre o Concelleiro de Educación do Concello de Santiago e mailos responsables da Sala Nasa para que nese espacio haxa actividades teatrais dedicadas ós nenos, que

III. 5. Postas en escena

III. 5. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, etc.

poderán asistir acompañados por seus pais e irmáns. Tamén se di que o proxecto estará coordinado pola compañía teatral Berrobambán e o programa levará o nome de Asteroide B-612.

Semana de Teatro da Universidade da Coruña

Tivo lugar entre os días 3 e 13 de maio no Teatro Rosalía de Castro na Coruña. Esta quinta edición dos encontros de teatro universitario foi inaugurada coa representación *As bruxas de Salem*, da compañía Farsalia, dirixida por Juan P. Udaono Alegre. O programa de actuacións completárono as seguintes representacións: *O mozo que chegou de lonxe*, a cargo do grupo de teatro do Campus de Ferrol; *Tres farsas clásicas e unha moderna* a cargo do grupo de Teatro Estragón; *A farsa de Inés Pereira*, pola compañía Hac Luce; *Un banquete antropofáxico*, a cargo da compañía A Balteira*; Platón suspende a selectividade*, pola compañía A Esmorga e *O xardín das pernas roubadas*, a cargo da compañía Teatro da Bufarda. Dúas das sesións deste encontro tiveron lugar na Aula de Cultura do Concello de Narón, e foron os días 8 e 15 de maio.

V. Farsalia.
V. Grupo de Teatro Universitario do Campus de Ferrol.
V. Hac Luce.
V. Teatro da Bufarda.

Semana de Teatro Redondelán

A Gran Semana de Teatro Redondelán, enmarcada dentro da programación das “Noites Máxicas dos Viaductos”, contou coa estrea de dúas obras que están dirixidas polo director Suso Ben: *Foi unha vez a revolución*, interpretada polo grupo Disonada Teatro, formado por nenos e nenas entre sete e catorce anos, e *Os caciques*, intepretada polo grupo Os Viaductos, adaptación duha obra de Arniches. Por outra banda o grupo de guiñol Pequeñoles representou a obra *Cumba: Maxia da terra*.

-Susy Queimaliños, “En la ‘Gran Semana do Teatro’ se estrenarán dos obras de Suso Ben”, *Atlántico Diario*, 5 agosto 1998, p. 13.

Sucinto comentario sobre a celebración da Gran Semana do Teatro Redondelán, enmarcada dentro das denominadas “Noites Máxicas dos Viaductos”. Nomea tódolos grupos e obras que participan nesta Semana.

V. Disonada Teatro.
V. Os Caciques.
V. Grupo de Guiñol Pequeñoles.

Xoves Teatrais 98 de Ferrol

Organizado polo Concello de Ferrol coa colaboación do IGAEM e a Fundación Caixa Galicia e coordinada polo Ateneo Ferrolán. O Centro Cultural Municipal acolleu tódolos xoves dende o 12 de febreiro ó 15 de maio a actuación dos seguintes grupos: Librescena con *O Barbeiro de Sevilla*, Caroza con *Desjraciados*, Teatro do Adro con *Nano*, O Castelo con *Pedro Madruga*, Fabio Mangolini con *Commedia dell`Arte*, Teatro Bartoleta con *Farsa Infantil da cabeza de dragón*, Uvegá Teatro con *Zocos*, O que ti queiras con *Historias íntimas*, Máscara producciónS con *Máis se perdeu en Cuba*, Teatro Fámula con *Golgolori*, Teatro Galileo con *Trobador* e Ollomoltranvía con *Qui pro quo*.

V. Libresescena.
V. Teatro do Adro.
V. O Castelo.
V. Teatro Bartoleta.
V. Uvegá Teatro.
V. Máscara producciónS.
V. Teatro Fámula.
-V Teatro Galileo.
-V. Ollomoltranvía.

III. Teatro

III. 5. Postas en escena

III. 5. 2. Estreas

III. 5. 2. 1. Grupos estables ou profesionais

Obradoiro de Teatro **Abrente**: *A historia xamais contada de Branca neves e o rei Artur*, de Constantino Rábade Castiñeira

- V. IIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Achádego Teatro: *Maxia vermella*, de Michel Ghelderode.

Dirección: Tareixa Campo. Interpretación: Antón Sampaio, Marga Portomeñe, Marco Abeledo, Tareixa Campo, Xoán C. Laxe, Guillermo Díaz, Alberto Ferreiro e Esther Pedrouzo.

Alalá Teatro: *A viaxe de Lola*, baseado en textos de Nazaret López e representada na Sala Nasa.

Dramaturxía: Paris Daporta Dirección: Cristina Domínguez Actrices: Anabell Gago, María Llanderas, Mercedes Castro e Ursía Gago.

Lima la Horrible 1995

-V. Vº Mes de Teatro de A Mámoa.

Grupo de teatro **Amistade**: *Unha sogra perigosa*.

Amoeiro: *De mulleres non me fales*.

Áncora Produccións: *Anatomía dun hipocondríaco*, de Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Interpretación: Gustavo Pernas Cora e Ánxela G. Abalo. Deseño de Escenografía e cartel: Suso Montero. Deseño de Vestiario e Atrezzo: Ánxela G. Abalo. Deseño de Iluminación: Pablo D´Pink. Música orixinal: Julián Rodríguez. Músicos: saxo: Juan C. Otero; frauta: Efrén García; guitarra: Anxo Rei; contrabaixo: Nerea Casanova; piano e percusión: Julián Rodríguez; coro: Amalia Gómez, Luísa Merelas, Flor Maceiras, Nerea Casanova, Indalecio Regueira, Efrén García, Julián Rodríguez. Fotografía e Vídeo: Anxo Rei. Técnicos de Iluminación e Son: Kachet. S.L. Gravación Banda Sonora: Arturo Kress, Estudio X. Alberto Suárez e Arturo Kress.

-D. P., “Representación en el Principal de la comedia de Pernas “Ladraremos”, *Diario de Pontevedra*, 1 marzo de 1998, p. 10.

Informa da representación no Teatro Principal de Pontevedra. Anuncia o prezo, horario e lugar de reserva das localidades. Resume o argumento da peza e os comezos desta compañía en 1989.

-D. P., “Áncora Producciónss pone hoy en escena la obra ‘Ladraremos”, *Diario de Pontevedra*, 2 marzo 1998, p. 10.

Logo de anuncia-la representación desta peza no Teatro Principal de Pontevedra, fai unha síntese argumental. A seguir describe a traxectoria do autor, Gustavo Pernas Cora, e da compañía, Áncora Producciónss, salientando os premios acadados. Péchase o artigo con información acerca do prezo das localidades, reservas e horario.

-Albino Mallo, “Pernas completa con ‘Anatomía dun hipocondríaco’ a súa triloxía sobre a paranoia”/ “Gustavo Pernas completa con ‘Anatomía dun hipocondríaco’ a súa triloxía teatral sobre a paranoia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 30 abril 1998, p. 46/p. 16.

Dá conta da estrea desta peza no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Relaciónaa cos dous anteriores traballos da compañía pola temática: “unha sociedade que fagocita os seus individuos”. Recolle as declaracións do director e autor, Gustavo Pernas, nas que resume o contido da obra, explica a xénese da obra e desexa unha boa acollida por parte do público. Indica as próximas representacións da compañía.

-Silvana M. Rial, “Áncora Producciónss disecciona a un hipocondríaco con dosis de humor”, *El Ideal Gallego*, 30 abril 1998, p. 11.

Informa da representación de *Anatomía dun hipocondríaco* no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Recolle as opinións do director, Gustavo Pernas, e da actriz Ánxela Abalo nas que caracterizan a peza

pola súa crítica da sociedade actual. A seguir, resume o argumento da obra e relaciónaa con *Ladraremos* e *Fábula*, os dous títulos anteriores desta compañía que completan a triloxía sobre as "paranoias" do mundo actual. Baixo o título "Historia de una compañía" ofrece información sobre a creación e a traxectoria teatral de Áncora Producciónss.

-J. A. Martínez Sevilla, "Entre la ética o la estética", *El Ideal Gallego*, 2 maio 1998, p. 11.

Comentario valorativo de *Anatomía dun hipocondríaco* que comeza cunha comparación entre esta obra e as anteriores de Áncora Producciónss. Considera que estamos ante unha "comedia médica, mordaz, satírica, ruidosa y didáctica". Opina que "pierde fluidez y galanura. Son monólogos excesivamente largos y sabios". Valora o traballo do director, a presentación escénica, a iluminación, a música e os efectos especiais.

-Eva Veiga, "Anatomía dun hipocondríaco", *O Correo Galego*, 6 maio 1998, p. 2.

Comeza cunha loanza da obra de Gustavo Pernas polo seu efecto catártico cara ó público, función esta, a catarse, que considera "fundamental da representación dramática". Céntrase, a seguir, na descrición da influencia recibida do cadro "Adoración dos Reis Magos" de Pieter Bruegel. Considera que a obra reflicte un problema actual que ten as súas raiceiras na noite dos tempos, "a perplexidade do home de tódolos tempos fronte ó misterio da súa existencia". Remata a recensión analizando o significado e o simbolismo da espiral na peza.

-M. X. B., “Áncora Producciónss presenta hoy en Boiro la obra de teatro ‘Fábula”, *El Correo Gallego*, 8 maio 1998, p. 19.

Dá conta da representación desta obra na casa de cultura Ramón Martínez López de Boiro. Sintetiza o argumento e relaciónaa con outros títulos desta compañía que integran a triloxía. Finalmente, informa doutras representacións previstas dentro do ciclo de teatro que se celebra no mes de maio.

-R. F., “As paranoias do individuo, a escena”, *La Región*, 21 maio 1998, p. 16.

Anuncia a representación de *Anatomía dun hipocondríaco* no Teatro Principal de Ourense como terceira peza da triloxía iniciada con *Ladraremos* no 1996. Comenta brevemente a temática e recolle as declaracións de Gustavo Pernas sobre os obxectivos da obra. Finalmente, refírese á relación da obra coa pintura e fai un percorrido pola traxectoria da compañía.

- Manuel F. Vieites, “Pola concentración”, *Tempos Novos*, nº 15, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, agosto 1998, p. 64.

Mostra a súa preocupación pola falta de especialización no eido do teatro, xa que calquera dos seus profesionais pode estar desempeñando de forma indistinta diferentes funcións do proceso teatral. Refírese á representación de *Anatomía dun hipocondríaco* levada a escena por Áncora Producciónss, coa que pecha un ciclo iniciado con *Ladraremos* e que tivo continuidade en *Fábula*, dous espectáculos salientables que gozaron dunha favorable acollida de público e crítica. Volvendo ó asunto da especialización nas funcións da creación teatral, sinala que a compañía mencionada, baséase na triple

condición de actor, autor e director de Gustavo Pernas e na contribución necesaria de Ánxela Abalo, que ademais de actriz, pode exercer de productora, deseñadora ou axudante de dirección. Ante a existencia destes múltiples protagonismos, remata reclamando a necesidade de separar determinadas funcións no espectáculo teatral, polos perigos que isto poida suscitar.

> Francisco Castro, “Anatomía dun hipocondríaco”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 2 outubro 1998, 10.

Gaba a situación do teatro galego actual e para exemplificalo céntrase na posta en escena da obra *Anatomía dun hipocondríaco* de Áncora Producción, do que louva a súa capacidade para representar este tipo de obra. De seguido afirma que obras coma esta fan que os espectadores se acheguen ó teatro e lles sirvan para un mellor coñecemento de si mesmos e da realidade que os rodea.

-P. C., “Anatomía dun hipocondríaco” o el retrato de una sociedad paranoica”, *Faro de Vigo*, 2 outubro 1998, p. 10.

Breve comentario sobre a representación da obra *Anatomía dun hipocondríaco*, na que interviron Ánxela Abalo e Gustavo Pernas. Trátase da terceira entrega dunha triloxía que o escritor e actor Gustavo Pernas dedicou á esquizofrenia. En opinión do citado autor, a obra é unha “visión de una sociedad que sacrifica a los individuos, que los disecciona”.

-Javier D. Campa, “Áncora Producción cierra su trilogía de la locura con una “comedia médica”, *Atlántico Diario*, 2 outubro 1998, p. 9.

Recolle palabras dos dous actores que porán en escena a obra *Anatomía dun hipocondríaco*, Gustavo Pernas e Ánxela Abalo, que falan do intento de reflecti-la realidade nesta obra. A seguir abunda nas ideas da protagonista desta peza teatral para referirse á falta de sensibilidade e ética na vida, o que leva á xente a "disfrazar a falta de ética co adorno da estética".

-A. I. S., "Ancora Producciónss se presenta en el Principal como una 'comedia médica", *El Correo Gallego*, 10 decembro 1998, p. 32.

Informa brevemente da posta en escena da obra *Anatomía dun hipocondríaco* na cidade de Santiago de Compostela. Fala dos actores que a interpretan e maila temática da obra, alén de ofrecer un pequeno argumento da obra. Alén disto enumera as localidades polas que pasará este grupo para representa-la peza.

> Elva Otero, "Áncora Producciónss: o espello das paranoias", *O Correo Galego*, 10 decembro 1998, 46.

Dá conta da posta en escena da obra *Anatomía dun hipocondríaco* da man da compañía coruñesa Áncora Producciónss. Fala ademais dos actores que compoñen o grupo, do seu autor e actor protagonista Gustavo Pernas, e sobre todo da temática que se trata na obra. Di tamén que nesta obra se tratan os efectos da sociedade no home, que o conduce "á paranoia".

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia.

Apropósitos Nito: *Poltronas e meigallos*, de Antón de Santiago, versión bilingüe, galego-castelá.

Dirección: Antón de Santiago. Interpretación: Antón de Santiago, Roberto Gómez, Agustín Hervella, Rus González Moro, Mar de Santiago, J. I. Borrego, Luísa Fernández Miranda. Arreglos musicais: Enrique Rodríguez.

-J. A. Martínez Sevilla, “Espectáculo coruñés”, *El Ideal Gallego*, “Candilejas”, 28 febreiro 1998, p. 11.

Despois da ficha completa da obra *Poltronas e meigallos*, Martínez Sevilla ofrécenos un comentario valorativo desta peza. Considera que tivo unha boa acollida entre o público polo tratamento de asuntos cotiáns dende unha óptica humorística. Salienta a presencia de personaxes coruñeses do mundo da política e do deporte, históricos e actuais, compartindo un mesmo espacio escénico.

Arume: *A lenda de Xan bonome*, de Agustín Magán.

Dirección: Juan García Lorenzo

-Ramón Rivas, “Una obra de teatro inaguró el programa de la ‘IV Semana Cultural Samieira 98”, *Diario de Pontevedra*, 6 setembro 1998, p. 19.

Dá conta da representación da peza no marco dos actos programados na IV Semana Cultural Samieira 98, no concello de Poio, e informa de tódolas actividades previstas: cine, música folk, baile, etc.

-C. V., “Teatro Arume representará el martes ‘A lenda de Xoán Bonome”, *Diario de Pontevedra*, 26 setembro 1998, p. 10.

Noticia sobre a representación da obra no Teatro Principal de Pontevedra. A continuación, informan de que a obra foi levada ó teatro e actualizada por Agustín Magán, fundador do grupo Ditea e autor, entre outras obras, de *¿Mesmo semellan bruxas?, Alias Pedro Madruga*, *Farsa Plautina* e *Os reverter*, coa que gañou o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro no ano 1990. Para rematar, ofrécese unha pequena historia do grupo Arume, fundado en marzo de 1978.

-C. V., “El grupo de Teatro Arume estrena la obra ‘A lenda de Xoán Bonome”, *Diario de Pontevedra*, 29 setembro 1998, p. 10.

Informa brevemente da posta en escena da obra e fai alusión ó seu argumento. Salienta o labor do actor e director Agustín Magán, quen levou a obra a escena e se encargou de actualizala. Por último, sinala que o grupo foi creado en marzo de 1978 e que, dende hai vinte anos, dedica unha representación á Paixón durante a Semana Santa.

-D. P., “Arume puso en escena una leyenda medieval de los caminos a Santiago”, *Diario de Pontevedra*, 30 setembro 1998, p. 12.

Breve alusión á representación da obra Así mesmo, infórmase que a obra foi adaptada polo actor e director xa falecido Agustín Magán, fundador da compañía de teatro Ditea.

-D. P., “Teatro Arume actúa hoy en Santiago”, *Diario de Pontevedra*, 3 outubro 1998, p. 12.

Anuncia a representación da peza en Santiago de Compostela.

Avelaíña, *Tempos de sombras,* baseada en *Lembranzas dun home,* de X. M. del Caño.

Dirección: María del Carmen Docampo e María Teresa Vilar.

-R. F., “Pensamos que hai un vacío na liña do teatro popular”, *La Región*, 12 marzo 1998, p. 17.

Comeza o artigo coas palabras de Mª Teresa Álvarez e de Mª del Carmen Dopazo, nas que explican os obxectivos que perseguían cando crearon o grupo Avelaíña no Carballiño, en xuño de 1996. De seguido, Raquel Feijoo achéganos os datos máis salientables desta compañía de teatro popular e comenta brevemente *Tempo de sombras*, a súa última montaxe. Finalmente, recolle as xustificacións de Mª Teresa Álvarez para a elección da peza e tamén o seu agradecemento á cantante María do Ceo Fernández por participar nela.

Lima la Horrible 1995

-V. Vº Mes do Teatro da Mámoa.

Badius: *Xoo... ante o perigo.*

Balea Branca Produccións: *Parella Aberta*, de Daríio Fo e Franca Rame, trad. de Xosé Carlos Caneiro e Dami C. Orero.

Dirección, escenografía e iluminación: Rodrigo Roel. Axudante de dirección: Dami C. Orero. Interpretación: Dami C. Orero e Matilde Blanco. Selección musical: Pedro Díaz. Son: Raúl Llongueira e Manolo Pereira.

-Lucía Freire L., “En el teatro el actor debe darse todo y no hay vuelta atrás”, *El Ideal Gallego*, 7 febreiro 1998, p. 68.

A actriz Matilde Blanco lembra os seus comezos no teatro e refírese á súa faceta de dobradora. Expresa que “hacer algo en vivo cara a un público es muy fuerte”, chegando a cualificar isto de “doctorado de la profesión”. Comenta ademais o argumento de *Parella aberta*, obra na que traballa e que define como “una obra muy reinvindicativa del papel de la mujer”.

-R. F., “Balea Branca’ presenta “Parella Aberta”, *La Región*, 5 maio 1998, p. 15.

Informa da representación desta peza no Teatro Principal de Ourense. Despois de indica-la procedencia do texto, fai un resumo do argumento e unha loanza da dirección e da traducción. Péchase esta nota cunhas palabras do director, Dami C. Orero, nas que caracteriza a obra e cunha síntese dos traballos de Balea Branca.

-J. A. Martínez Sevilla, “Desencanto de ideales”, *El Ideal Gallego*, 13 outubro 1998, p. 25.

Salienta o gran labor creativo de Darío Fo e a súa compañeira Franca Rame, dos que di que son quen de divertir e denunciar ó mesmo tempo “pequeñas y grandes tragedias domésticas”. Despois refírese á adaptación ó galego da obra *Parella aberta*, dá un breve resumo do argumento e analiza brevemente o papel de cada un dos protagonistas.

- V. VIª Feira do Teatro en Galicia
-V. Ciclo de Teatro Profesional 1998. Moaña.

Barra Livre: *Concerto*, de Manuel Lourenzo.

-C. d. U, “A arte vive no Monte da Condesa”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 13 maio 1998, p. 8.

Nova na que se dá conta das actuacións que tiveron lugar no Monte da Condesa dentro da celebración da Vª Semana das Artes. Nos actos incluíuse a posta en escena da obra *Concerto* a cargo do grupo Barra Livre de Manuel Lourenzo e un recital do grupo poético Ollo.

Berenguela: *Ollo ó cornudo.*

Bruto&Pífano (1): *Interruptus II*.

Interpretación: Mela Casal, Teresa Horro, Gloria Rico, Pablo Rodríguez, Denie Galocha, Miguel Varela, Roberto Pérez e Xavier Picallo.

Bruto&Pífano (2): *Drag venda*.

- V. XVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Cambaleo Teatro: *Rastros*, escrita e dirixida por Carlos Sarriá.

Carballo, O: *A casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca.

- IIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.

Lima la Horrible 1995

-V. Xoves Teatrais 98 de Ferrol.

Caroza: *Desjraciados*.

Centro Dramático Galego: *Memoria de Antígona*, de Sófocles, adaptación de Xabier Lama e Quico Cadaval.

Dirección escénica e dramatúrxica: Guillermo Heras. Interpretación: Xan Casas, Rebeca Montero, Rosa Álvarez, Xosé M. Oliveira Pico, Andreu Pazó, María Barcala, Lino Braxe, Xosefa Barreiro, Susana Dans, Laura Ponte, Patricia Vázquez, Salvador del Río e Marcos Vieitez.

-A. D., “Heras dirixe a heterodoxa ‘Memoria de Antígona”, *O Correo Galego*, 19 xaneiro 1998, p. 19.

Preséntase a Guillermo Heras, responsable máximo da obra, como “un dos directores que nunca deixa indiferente a crítica”. Despois de lembra-la súa traxectoria dentro das Artes Escénicas recóllense declaracións nas que reflexiona sobre a mudanza sufrida polo teatro dende que se viu obrigado a competir coa radio, televisión e cine. Refírese a *Memoria de Antígona* como o enfrontamento entre a razón “persoal” e a razón do “Estado”, e salienta a vixencia que segue a ter na actualidade a peza de Sófocles. Cualifica de “sorprendente” a montaxe escénica e márcase como obxectivo dos grupos de teatro alternativos rematar co “divorcio entre o teatro e a sociedade”.

-S. C., “O CDG fará 44 funcións en nove cidades entre febreiro e maio do 98”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1998, p. 43.

Informa que o CDG ten previstas corenta e catro representacións das súas montaxes *Memoria de Antígona* e *O bufón de El Rei* ata o mes de maio. Refírese á primeira como "unha proposta escénica que indaga nas orixes da personaxe de Antígona".

-D. P., "El Centro Dramático Galego, ofrecerá la obra "Memoria de Antígona", *Diario de Pontevedra*, 8 febreiro 1998, p. 10.

Anuncia a estrea da obra no Auditorio do Lérez en Pontevedra, despois de dúas representacións previas. Sitúa *Memoria de Antígona* na órbita dos posmodernismo, sinalando os trazos que desta corrente estética atopa na obra. Considera que a finalidade da obra é actualiza-lo mito de Antígona e ofrecer unha lectura deste dende o presente. Péchase o artigo cun perfil académico do director, Guillermo Heras Toledo.

-M. Beceiro, "El CDG estrena una "Antígona" para jóvenes impregnada de artes visuales", *La Voz de Galicia*, 8 febreiro 1998, p. 53.

Comeza o artigo cunha lembranza da relación entre Guillermo Heras e o teatro galego, que se remonta á época na que este dirixía o grupo Tábano. A continuación recolle as declaracións deste director nas que valora positivamente *Memoria de Antígona* e sitúa esta producción do CDG nun nivel semellante ó de calquera centro nacional. Heras explica que pretende rachar con tratamentos frívolos da posmodernidade. Refírese finalmente ás referencias cinematográficas da peza.

-F. A., “Memoria de Antígona”, de Sófocles, en el Auditorio del Lérez”, *Diario de Pontevedra*, 9 febreiro 1998, p. 8.

Anuncio da representación os días 11 e 12 da obra *Memoria de Antígona*, con precios reducidos para consegui-la presencia dunha maior cantidade de pontevedreses, antes da súa estrea oficial o día 13 e a súa nova posta en escea o día 14. Trátase dunha obra escrita para a escena por Quico Cadaval e Xavier Lama, a partir da traxedia grega de Sófocles, e que está dirixida por Guillermo Heras. Salienta, ademais, que a través dela se pretende “situar al teatro como un auténtico discurso cultural contemporáneo, en el que la tradición y modernidad se mezclan para no dejar indiferente al espectador”.

-C. Malvar, “O Centro Dramático Galego estrea en Pontevedra “Memoria de Antígona”, *El Mundo. Galicia*, 9 febreiro 1998, p. 7.

Informa da estrea da peza en Pontevedra o trece de febreiro. Resume o argumento e dá a relación dos actores que participan nesta montaxe e o papel que representan. Ramata o artigo lembrando a traxectoria de Guillermo Heras e dos autores da adaptación, Quico Cadaval e Xavier Lama.

-Luis E. Ramos, “Tres nuevas producciones inauguran la temporada de teatro en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 11 febreiro 1998, p. 66.

Dá conta do comezo dunha nova tempada de teatro coa representación de *Zocos* a cargo de Uvegá no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e a posta en escena de *Tics* por parte de Sarabela na Casa da Cultura do Barco de Valdeorras e no Teatro Principal de Ourense. Baixo o epígrafe “Antígona, una mujer

de hoy en día" refírese á adaptación da traxedia de Sófocles a cargo de Xavier Lama e Quico Cadaval. Salienta a actualización e a profundización no personaxe feminino levada a cabo polo CDG, así como as súas débedas co posmodernismo.

-C. V., "Fraga y Rajoy asistirán al estreno de la obra "Memoria de Antígona", *Diario de Pontevedra*, 12 febreiro 1998, p. 14.

Informa dunha posta en escena previa á estrea da obra no Auditorio do Lérez. Dá conta das autoridades previstas para a primeira representación e informa do prezo das localidades, descontos, lugar de adquisición, etc.

-D. P., "Memoria de Antígona" se estrena oficialmente esta noche", *Diario de Pontevedra*, 13 febreiro 1998, p. 10.

Logo de informar da presencia de importantes autoridades na estrea da peza, refírese á presentación desta no Palacio de Congresos e Exposicións. Recolle as palabras de Manuel Guede nas que lembra a importancia que tiña Pontevedra como punto de referencia no mundo teatral galego anos atrás. Remata o artigo cunha alusión ó orzamento do CDG e ós datos da estrea.

-C. V., "Memoria de Antígona" se estrenó en el magnífico marco del Auditorio del Lérez", *Diario de Pontevedra*, 14 febreiro 1998, p. 8.

Dá conta da estrea da obra na capital pontevedresa, informa das autoridades asistentes e salienta a elección desta cidade para unha primeira representación do CDG despois de dez anos. Refírese ó argumento, á finalidade e á idea básica de *Memoria de Antígona*, caracterizándoa esteticamente pola súa proximidade ó posmodernismo.

-Camilo Franco, “Manual para unha retórica envellecida”, *La Voz de Galicia*, 16 febreiro 1998, p. 67.

Recensión desta montaxe do CDG na que Camilo Franco fai un repaso polo que el considera ausencias e presencias innecesarias. Entre as primeiras afirma que “falta conmoción, comunicación (...) falta violencia e falta demostración da proclamada rebeldía”. En canto ás segundas cre que hai demasiados “parlamentos e boas palabras amoreadas”. Opina que as escenas amorosas carecen de paixón e as bélicas de agresividade.

-Carlos G. Roy, “Antígona na Galiza”, *El Mundo. Galicia*, 18 febreiro 1998, p. 8.

Refírese á estrea de *Memoria de Antígona* en Pontevedra, dá conta das autoridades presentes no acto e salienta o clasicismo da peza de Sófocles. A seguir fai un detido resume do argumento e dá o nome de tódolos autores. Finalmente compara a situación do tirano Creonte coa de Ramón Sampedro, ó ter que buscar a alguén que o axude a morrer.

-Xavier Lama, “Antígona e o radicalismo do retórico”, *La Voz de Galicia*, 20 febreiro 1998, p. 80.

Comeza esta recensión referíndose á importancia que ten *Memoria de Antígona* como “acto exhumatorio”. Considera que hai unha explícita declaración de principios na obra coa que se tentan achegar a unha Antígona máis retórica. Afirma que a peza pretende “unha actualización profunda da súa poética verbal e escénica aínda que esta Antígona non sexa de ningunha parte nin de ningún tempo”. Logo de comentar diversos temas que son secundarios: a loita entre a ética individual e as perversións do poder, a morte como destino, etc., céntrase en diferencia-la traxedia clásica do drama moderno. Pecha o artigo salientando o atractivo que segue a se-lo personaxe de Antígona na actualidade e valorando positivamente a proposta escénica de Guillermo Heras.

-J. A. Martínez Sevilla, “Antígona Gallega”, *El Ideal Gallego*, “Candilejas”, 12 marzo 1998, p. 9.

Recensión de *Memoria de Antígona*, escrita por Quico Cadaval e Xavier Lama e publicada polo Igaem, na que J. A. Martínez Sevilla cualifica a peza como “aleccionante y concienzuda aportación al mundo cultural autonómico”. Despois de se referir ás loanzas que fai o Presidente da Xunta no prólogo, salienta a importancia que lle concede Guede Oliva ó teatro na sociedade grega. Considera que no apartado “Memoria de memorias” obsérvase “una autocrítica que abusa de citas foráneas y olvida las aportaciones mundiales del teatro español de los siglos XIX y XX”. Para rematar, refírese á contextualización que da obra fixo unha “inspirada” Helena de Carlos.

-L. Freire, “Me interesa siempre arriesgar, ponerme al borde del precipicio”, *El Ideal Gallego*, 13 marzo 1998, p. 68.

O director teatral Guillermo Heras comenta a conexión existente entre Antígona, a protagonista de *Memoria de Antígona*, e os tempos modernos. Fala do proceso de reescritura de Sófocles, "buscando antecedentes de Antígona en máis textos clásicos", e alude ós motivos da escolla deste autor clásico, á forma de formula-la representación e á temática tratada. Refírese tamén á experiencia de traballar cos actores do Centro Dramático Galego.

-J. A. Martínez Sevilla, "Discurso cultural", *El Ideal Gallego*, 14 marzo 1998, p. 9.

A ficha técnica da obra está seguida dunha reflexión acerca da pouca asistencia de público ós espectáculos teatrais. Comenta a vixencia que ten na actualidade a protagonista desta peza ó propoñe-lo dilema entre os intereses propios e os do Estado. Considera que estamos ante un "encuadre novedoso, original, antiacademicista, transgresor de normas rígidas y acotadas previamente". Salienta a espectacularidade do espacio teatral así como a importante contribución da música, luz, vestiario e son á hora da representación. Critica a lonxitude excesiva dalgún parlamento e a "grandilocuencia" dun dos actores.

-R. F., "A condición contemporánea dun mito", *La Región*, 19 marzo 1998, p. 16.

Recolle unhas declaracións de Quico Cadaval nas que defende a atemporalidade e a universalidade do personaxe de Antígona. De seguido, refírese á estrea en Pontevedra e á representación desta peza no Teatro Principal de Ourense. Informa do acto de presentación da montaxe do CDG na capital das Burgas e inclúe as palabras alí pronunciadas por Quico Cadaval. Pecha o artigo un resumo argumental de *Memoria de Antígona*.

-R. F., “Antígona’ gusta moito á xente nova”, *La Región*, 25 marzo 1998, p. 18.

Refírese á representación dasta montaxe do CDG. no Teatro Principal de Ourense entre o 19 e o 23 de marzo. Informa do percorrido que seguiu a peza polos escenarios do país dende que foi estreada en Pontevedra ata as representacións previstas. Recolle as palabras de Rebeca Montero nas que caracteriza o personaxe de Antígona que ela interpreta, comenta as diferencias que a versión galega presenta respecto ó texto de Sófocles e valora o traballar ás ordes de Guillermo Heras. Pecha o artigo recollendo tamén a ilusión desta actriz en canto á boa acollida da obra entre a xente nova.

-Alvarado, “Después de “Memoria da Antígona” con la influencia de Bertold Brecht”, *La Ragión*, 26 marzo 1998, p. 18.

Comenta a pouca presencia de público no paso desta obra polo Teatro Principal de Ourense, algo que ó seu entender contradí os bos augurios do prólogo do libro que a recolle. Declara a súa preferencia polo texto orixinal e opina que a distancia entre a obra dramaturxia e a obra escrita están notivadas pola influencia de Bertold Brecht. Considera que o luxo escenográfico deixa en segundo plano a expresión oral e corporal dos actores. Entre as eivas da montaxe, afirma Alvarado que os actores do CDG “hablan a gritos, pierden el sentido de la modulación y se olvidan de lo fundamental de su idioma: su eufonía”. Critica tamén o aspecto lingüístico.

-Suso Souto, “La concejalía de Cultura ha organizado una conferencia sobre los trovadores del Deza”, *El Correo Gallego*, 27 de marzo 1998, p. 22.

Informa dos actos previstos para o Día das Letras Galegas no Concello de Lalín. Entre eles cita as representacións teatrais de *Memoria de Antígona* e *Sempre Ubú*, unha conferencia sobre "Os trovadores do Deza", a cargo de José Antón Souto e a distribución de libros sobre os trobadores da Ría de Vigo en diversas entidades e colexios do concello.

-Manuel F. Vieites, "Residuos de traxedia clásica", *Tempos Novos*, nº 11, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", abril 1998, p. 72.

Comenta que xa se sabía que o camiño iniciado por Manuel Guede con *O bufón d´El Rei*, tería continuidade na *Memoria de Antígona*, que está presentando o Centro Dramático Galego. Sinala que ámbalas dúas propostas supoñen unha aposta decidida por abrir novas liñas de producción para a nosa compañía nacional de teatro, apuntando a continuación, que os problemas "estructurais" da nosa tradición teatral, só se poderían resolver cando se creen en Galicia as condicións necesarias para garanti-lo dereito á formación inicial e permanente dos traballadores da escena. Volve de novo sobre *Memoria de Antígona*, indicando que parte dun exercicio de recreación textual realizado por Quico Cadaval e Xavier Lama, a través do cal se quere mostra-la contemporaneidade de situacións ou temáticas, propoñendo unha visión crítica do poder e das razóns de Estado. Finalmente, refírese ó traballo efectuado polas distintas persoas que fan posible este espectáculo.

-Ana Iglesias, "Las propuestas teatrales 'made in Galicia' centran el programa mensual del Principal" *El Correo Gallego*, 7 abril 1998, p. 7.

Dá conta da presentación da programación do Teatro Principal de Compostela para o mes de abril a cargo de Xosé Luis Río Barro. O concelleiro de Cultura de Compostela, salienta, de entre tódolos espectáculos, os que seguen: *Memoria de Antígona*, *O bufón de El Rei* e *A incrible vida de Héctor Loureiro*.

-Francisco Castro, “Antígona”, *Atlántico Diario*, 26 de maio 1998, p. 12.

Aproveita a representación da obra en Vigo para referirse á vixencia que segue a ter Antígona nos nosos tempos. Loa o intento de converte-la protagonista nunha muller “de hoxe en día”. Salienta a actualidade do tema nun momento histórico “no que os individuos, se existen, son decote fagocitados por unha estructura de poder igualitaria e uniformizadora”.

-F. F., “Memoria de Antígona”: un diálogo contemporáneo sobre el mito de Sófocles”, *Faro de Vigo*, 26 maio 1998, p. 10.

Presenta esta montaxe do CDG como unha tentativa de diálogo entre o mito clásico e o contemporáneo. Logo dos datos básicos da peza, recolle as declaracións dos responsables nas que se refiren ós eixos estéticos nos que se asenta. Comenta que se tiveron en conta os traballos posteriores para poñer en escena a obra.

-Fernando Franco, “Antígona se vistió de Mad Max”, *Faro de Vigo*, 27 maio 1998, p. 11.

Comeza esta referencia á escenificación do CDG en Vigo cun comentario acerca da escaseza de público por cadra-la representación co comezo da semana. A seguir, valora a obra dende o punto de vista rítmico, escenográfico e musical.

-D. P., “La obra teatral “Memoria de Antígona” costó más de 1,2 millones”, *Diario de Pontevedra*, 28 maio 1998, p. 6.

Desglosa os gastos da representación desta obra no Auditorio de Pontevedra e salienta o éxito de público en tódalas sesións.

-Chema Paz Gago, “Unha Antígona sen memoria”, *Revista Galega de Teatro*, “Opinións desde a butaca”, nº 18, primavera-verán 1998, pp. 74-76.
Comenta a posta en escena de *Antígona* por parte do CDG dirixida por Guillermo Heras. Considera que o director acerta coa proposta escénica da obra pero erra na elección dos actores. Salienta o feito de que Heras non traballe sobre o texto de Sófocles senón sobre unha versión moi persoal de dous dramaturgos galegos, Xavier Lama e Quico Cadaval.

-Chema Paz Gago, “Guillermo Heras en el Centro Dramático”, *Primer Acto*, nº 273, “Autonomías”, 1998, pp. 116-117.

Cualifica a representación de *Antígona* de Sófocles polo CDG, con dirección de Guillermo Heras, como unha das montaxes máis importantes da década dos noventa en España. Sinala, a propósito disto, o

respecto que tiveron tanto os autores coma o director co texto clásico, facendo ó mesmo tempo unha revolución na escenografía, do que resultou un espectáculo próximo á ciencia ficción. Critica, por outro lado, a mala escolla de actores e actrices, dos que pensa que non se adaptan ó efectismo da posta en escena desta obra. Salva unicamente a Xosé Manuel Olveira.

Centro Dramático Vilalbés: *Por favor, agarde a súa quenda*, de Paulo Naseiro.

-V. Mostra de Teatro “Manuel Mato”. Vilalba.
- V. IIIª Mostra de Teatro afeccionado de Sarria.

Dequenquén: *Non lle busques tres pernas ao alcalde*, de Pedro Mario Herrero.

- V. XIª Mostra de Teatro de Cee.
-V. Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro.

Os **Desnucabúfalos**: *Calquera cousa*.

- V. IIª Mostra de Teatro Galego Afeccionado de Sanxenxo.

Elsinor Teatro: *Contos da terraza*.

Escoitade: *A comedia do emprego*, de Pierre-Ives Millot.

-Iván Leis, “Vintecinco anos de teatro galego dende a parroquia”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 85, 12 decembro 1998, p. 8.

Entrevista con Manolo Dasilva, actual director do grupo de teatro Escoitade, que cumpre agora os seus vintecinco anos de vida. Ó longo da conversa van saído cuestións referidas á orixe e evolución deste grupo da parroquia de Valadares, do seu funcionamento interno, dos lugares onde representaron e das obras que puxeron en escena. Alén disto fala tamén da problemática que teñen á hora de representar noutras localidades por falta de locais adecuados e da obra que van pór en escena proximamente *A comedia do emprego*.

Lima la Horrible 1995

-V. Xoves Teatrais 98 de Ferrol

Fabio Mangolini: *Commedia dell´Arte*.

Factoría Teatro: *A casa de América*, de Edward Thomas, traducción de Pepe Sendón.

Dirección: Cristina Domínguez Dapena. Interpretación: Alfredo Rodríguez, Dorotea Bárcena, Anabel Gago, e César Martínez Goldi. Escenografía: Carlos Alonso, Nestor Fontelo e Rodolfo. Iluminación: Antón Ferreiro. Son: Xavier Olite.

-Camilo Franco, “Pesadelo do soño americano”, *La Voz de Galicia*, 9 marzo 1998, p. 67.

Considera que a crudeza e a sinceridade son as características sobre as que asenta *A casa da América*. Opina que se trata dun teatro directo, “con moita tensión física e pouca retórica teatral”, algo que o sitúa a contracorrente nas tendencias actuais. Entre as “elipses” que atopa nesta representación, salienta a extensión excesiva do prólogo, e o exceso na “identificación entre a tensión e o volume da voz”.

-Manuel F. Vieites, “Galegos coma nós”, *Tempos Novos*, nº 15, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, agosto 1998, p. 65.

Logo de facer referencia ó tipo de materia dramática que imaxina Edward Thomas e de comenta-la súa aposta pola "estética da simulación", sinala que a representación da obra da súa autoría *A casa da América*, é unha fiel e cruel metáfora da existencia que adquire especial relevo en comunidades como a galesa e a galega, tan marcadas pola "ausencia" e a emigración. Sinala ademais que esta obra foi escenificada pola Factoría Teatro e comenta o traballo levado a cabo polos encargados de dirección e escenografía, apuntando finalmente que este espectáculo constitúe no seu conxunto unha nova e interesante achega dunha compañía que procura buscar e definir unha liña de traballo e unha poética propias.

-J. A. Martínez Sevilla, "La esponja", *El Ideal Gallego*, 11 outubro 1998, p. 48.

Logo de citar algúnhas notas argumentais refírese á obra como "tragedia funesta, sobre escenario gris, sencillo y con sabor a discoteca, tanto por la música evocada como por las luces que subliman la acción". Valora como boa esta adaptación que se remite a lugares comúns e personaxes actuais. Ademais refírese ás "grandes actrices en plena madurez expresiva" e ós "excelentes actores, opuestos y complementarios". Finalmente cualifica de correcta a dirección escénica e de excesivos os efectos musicais.

-A. I. S., "Factoría Teatro aborda el tema de los nacionalismos en 'A casa de América'", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 21 outubro 1998, p. 36.

Informa sobre a presentación da obra *A casa da América*, última actuación da compañía Factoría Teatro que terá lugar na Aula de Cultura de Caixa Galicia. Dá conta do contido da obra e lembra os integrantes

da compañía así como a responsable da dirección, Cristina Domíguez Pena, e o traballo de traducción da man de Pepe Sendón. Por outra banda informa da representación da obra *¡Oh telo!,* versión do clásico de Shakespeare, dentro do programa InterSalas 98.

-D. P., “A Factoría Teatro en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 30 outubro 1998, p. 12.

Anúnciase a estrea da obra no Teatro Principal de Pontevedra e adiántase o seu argumento. Ademais indícase que o grupo naceu en 1992 para “crear un espacio de difusión y potenciación de creación teatral dentro de un trabajo de investigación en el mundo artístico y pedagógico”.

V. VIª Feira do Teatro de Galicia
V. XIª Mostra de Teatro do Barco.

Faro-Miño (1): *A farsa do avogado*, anónimo francés. traducción de Henrique Harguindey.

-V. Mostra de Teatro “Manuel Mato”. Vilalba.

Faro-Miño (2): *A farsa de MaitrePathelín*, anónimo francés. traducción de Henrique Hanguirdey.

- V. IIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.

Faro-Miño (3): *Coidado coa viagra*.

Farsalía: *As bruxas de Salem*.

Dirección: Juan P. Udaono Alegre.

Komando impresentable: *Ke Koño pasa?*, de Nacho Otero.

Dirección e interpretación: Nacho Otero.

-V. Encontro de Aulas de Teatro das Universidades. Vigo

Lima la Horrible 1995

- V. XVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Lirilambo: *Ghas*.

Máscara Produccións: *Máis se perdeu en Cuba*, de Alfonso Sastre.

Dirección: Xerome Calero e Antonio Casal. Interpretación: Xerome Calero, Antonio Casal, Pablo Puga, Juan L. Goberna.

-F. Franco, “Máscara presenta la comedia de Sartre “Máis se perdeu en Cuba”, *Faro de Vigo*, 6 febreiro 1998, p. 10.

Informa da representación da peza no Centro Cultural Caixavigo. Recolle as opinións do autor do texto, Alfonso Sastre, e dos membros de Máscara Produccións sobre a obra, que estes consideran “un humilde homenaje a aquel teatro independiente de los 70”. Resume o argumento e comenta os cambios desta versión galega.

-Francisco Castro, “Máis se perdeu en Cuba”, *Atlántico Diario*, 6 febreiro 1998, p. 12.

Considera o autor do artigo que a través desta obra podemos botarlle “unha ollada máis lucida ó desastre do 98” e achegarnos a Cuba dende o humor. Considera que, coa conmemoración do centenario da perda da illa caribeña por parte do imperio español, tense incrementado o número de obras literarias e cinematográficas sobre o tema. Lembra F. Castro o vencello de Cuba con Galicia a través de Rosalía de Castro e de Curros Enríquez e chama a atención sobre a presencia de léxico popular cubano en *Máis se perdeu en Cuba*.

-G. Luca de Tena, “Escárnio para o centenário”, *A Nosa Terra*, nº 818, “Guieiro Cultural”, 19 febreiro 1998, p. 23.

Diferencia primeiramente entre a maneira de conta-la guerra antes de Valle e despois. Así comenta que primeiramente eran tratados a xeito de “glória deportiva dos domadores de povos ou como traxédia dos sacrifícios desmesurados, que rematados en derrota necesitan a sanación do ridículo” e que por fin apareceu o interese belicista e os seus actores principais considerados como entroido. Así, cre que *Máis se perdeu en Cuba* é unha continuación desta contra-retórica do desastre e da antimilitancia tráxica de Brecht e comenta que “a moral de retábulo enorme (glória, heroismo, uniforme) convértese ao tamaño humano da mentira”. Refírese a continuación ó bo facer dos actores e opina que “a dixestión rapidísima do texto malbarata estados de emoción en certos episódios como o do barco afundido”. Salienta a capacidade de espi-lo mito e pensa que esta é unha boa oportunidade para recomendar ós institutos a discusión sobre a guerra grande de Cuba vista dende a guerra persoal dun soldado galego e outro español por salva-la pel.

-Raquel Feijoo, “Máis se perdeu en Cuba”, *La Región*, 29 agosto 1998, p. 13.

Comentario sobre a representación da obra *Máis se perdeu en Cuba*. A peza, baseada nunha obra de Alfonso Sastre, conta a situación de Cuba durante o ano 1898. Así mesmo, infórmase que a representación está dirixida por Antón Casal e Xerome Calero. Para rematar, coméntase que o título orixinal, *Ahola no es de leil*, foi adaptado pola compañía viguesa; así como os protagonistas iniciais (dous soldados madrileños) se converteron, nesta nova versión, nun soldado galego e outro catalán.

-V. Xoves teatrais 98 de Ferrol.
- V. VIª Feira do Teatro de Galicia.
-V. IIº Outono Teatral nos Barrios.

Máscara Produccións (2): *Guillados*, de Alfonso Sastre.

-V. Outono Teatral nos Barrios.

Matarile Teatro (1): *Strangers in the night*, extraída do espectáculo *12 rounds.*

Matarile Teatro (2): *Teatro para camaleóns*, de Javier Martínez Alejandre e Antón R. López sobre textos de Cervantes e Calderón.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Carlos Sarrió e Juan Loriente. Espacio escénico, iluminación e montaxe musical: Baltasar Patiño.

-O. C., “La compañía Matarile Teatro estrena su nueva obra en el Auditorio de Narón”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1998, p. 48.

Dá conta da estrea da obra en Narón. Sinala que a representación, creada e dirixida por Ana Vallés, conta coa colaboración de Baltasar Patiño (distribución de espacio e luces) e dos actores Juan Loriente, de Santander, e o madrileño Carlos Sarrió.

-Lois Fernández, “Teatro para camaleones”, *La Voz de Galicia*, 27 setembro 1998, p. 54.

Noticia sobre a representación no Auditorio do Concello de Narón. Informase da colaboración dos actores Juan Loriente e Carlos Sarrió.

-Camilo Franco, “Nada é real”, *La Voz de Galicia*, 28 setembro 1998, p. 58.

Comentario sobre as características da obra *Teatro para camaleóns*, de Matarile Teatro. Segundo Camilo Franco, a obra "non é tanto unha demostración de camuflaxe como unha formulación sobre a observación: sobre as dúbidas do observador para discernir a circunstancia do observado"; trátase dunha "terra de ninguén" pola que "deambulan personaxes que padecen a un tempo confusión e clarividencia". Por último, informa de que a adaptación desta obra é puramente literaria porque está baseada na "capacidade de provocación e de evocación".

-Lois Fernández, "El periplo de Matarile", *La Voz de Galicia*, "El Espejo", 16 outubro 1998, p. 50.

Refírese á representación da obra no teatro El Canto de la Cabra, de Madrid e anuncia a súa representación en Galicia para os días 5, 6 e 7 de setembro. Dá conta tamén dos nomes dos colaboradores que conforman a compañía.

Ana Iglesias/A. I. S., "A compañía Matarile cambia de cor como un camaleón"/"Matarile aterriza en la Sala Galán con su sutil 'Teatro para camaleóns", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 5 novembro 1998, 46/p. 34.

Entre outros actos do día, anúnciase a presentación deste espectáculo de Matarile na Sala Galán. Recóllense as palabras de Ana Vallés, directora da obra, salientando que o proxecto é un auténtico reto e que decidiron propoñe-la interpretación a Juan Loriente e Carlos Sarrió polo interese persoal en traballar con eles. Sinala tamén que a peza fala da realidade co obxectivo de procura-la risa e da morte de xeito poético e sutil. Anúnciase por último que a compañía pensa facer representacións en varias cidades de España.

-A. R. López, “Camaleón pintado”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 35, 12 novembro 1998, p. 4.

Primeiramente xustifica o seu comentario porque ó participar na montaxe desta peza é parte implicada e a súa opinión perde obxectividade. De seguido fai un percorrido polo desenvolvemento da mesma o que o leva a louva-las actitudes tanto dos actores coma da directora e outras persoas que forman parte da compañía. A seguir reflexiona sobre dous aspectos que se tratan na obra: a inseguridade e o medo.

Maskarada: *O Carteiro de Neruda*.

Dirección: Carlos Panera.

Metátase: *Paixón*, de Edward Bond, adaptación de Alfonso García Penas.

Minerva: *Parella aberta*, de Darío Fo.

Mofa e Befa: *Finis Mundi Circus*, de Victor Mosqueira e Evaristo Calvo.

Dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Evaristo Calvo e Victor Mosqueira. Músicos: Piti Sanz e Alfredo Laforet. Iluminación: Alfredo Laforet. Son: Vicente Sanz. Música: Fran Pérez e Piti Sanz. Letristas: Pepe Sendón, Carlos Santiago e Manuel Manuel Cortés. Deseño Gráfico: Antonio Pereira. Producción: Carme Varela. Dramaturxia: Mofa e Befa.

-Camilo Franco, “Que sería da apocalipse sen parodia”, *La Voz de Galicia*, 8 xuño 1998, p. 42.

Comeza cunha reflexión ó redor da parodia como xénero pouco explotado en Galicia, aínda que presente como recurso nalgunhas montaxes como *Finis Mundi Circus*. Salienta da peza a presencia da música en directo, o que lle confire “máis sentido do espectáculo”. Considera que este dúo fai “un precioso xogo á contra” cunha parodia seria e intelixente.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia
-V. Ciclo de Teatro Profesional 1998 de Moaña.

Monte Oribio: *Triciclo*, de Fernando Arrabal.

-V. Mostra de Teatro “Manuel Mato”. Vilalba.
- V. VIIIª Mostra de Teatro afeccionado de Sarria.

O Moucho (1): *O Despertar*.

O Moucho (2): *Petición de man*.

Muxicas: *A marquesiña encantada*, de Euloxio Ruibal.

- V. IIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Nove/dous: *Crimes anónimos*, baseada no texto de Max Aub.

Dirección: Roberto Cerdá. Producción: Nove/Dous Traducción: Xosé Prada. interpretación: Josi Lage e Josue García. Escolma musical: Howard McCghee, Billy Holiday, Missisipi vingers, John Williams, The Kings. Luz e son: Luis Soaxe.

-Camilo Franco, “Ironías do tabú”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 12, 10 febreiro 1998, p. 6.

Considera Camilo Franco que Nove Dous recolle moito do ton irónico de Max Aub e realiza un “moi contemporáneo exercicio de recorte e pega”. Entre as eivas da representación sinala que hai un esforzo por “subliñar o evidente ou en reclamar a complicidade do público”, e tamén un excesivo sentimentalismo que “resulta ser unha opción moi de moda na escena galega”.

-Raquel Feijóo, “Nove-Dous’ en “Crimes anónimos”, *La Región*, 27 febreiro 1998, p. 20.

Refírese á representación da peza no Teatro Principal de Ourense. Opina que a obra xira ó redor do crime pero en ton de comedia, co que consegue “una gran vivacidad que mantenga al espectador en vilo

en la hora y media que dura el espectáculo". Salienta a vivacidade e o dinamismo do espectáculo, no que cada un dos dous actores interpreta vinte papeis. Despois de ter en conta a importancia da iluminación e da música na creación de ambiente, recolle as declaracións de José Lage e Josue García, os dous actores, nas que opinan que a peza ofrece unha reflexión sobre a morte e a irracionalidade da violencia.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia

Ollomoltranvía: *Qui pro quo*, de Evaristo Calvo.

Dirección: Evaristo Calvo. interpretación: Nuria Sanz, Santiago Prego, Marcos Orsi e Avelino González. Escenografía e vestiario: Suso Montero. iluminación: Alfredo Laforet. Música orixinal e Letras de cancións: Piti Sanz, Fran Pérez e Ollomoltravía. Realización de vestiario: Isaura e Soco Seoane. Técnico de iluminación e son: Sacha Atrezzo: T&G Atrezzos Producción executiva: Carme Varela Deseño gráfico: Fausto C. Isorna Fotografías: Simón Balvís, Fernando de Juan e Víctor Mosqueira.

-J. M. R., “Ollomoltranvía’ estrena obra en Cee”, *El Correo Gallego*, 13 febreiro 1998, p. 20.

Comenta a estrea de *Qui pro quo* no salón de actos da Fundación Fernando Blanco de Cee. Resume o argumento da obra e considera que con este traballo recupera Ollomoltranvía a súa concepción do espectáculo como “hecho integral y multidisciplinar”. Finalmente, dá conta dos organizadores do evento.

-J. A. Martínez Sevilla, “Un café teatro para la reflexión crítica”, *El Ideal Gallego*, “Candilejas”, 29 marzo 1998, p. 11.

Apela á necesidade de innovar no teatro, sobre todo a xuventude, diante dun público “adocenado” que renuncia a novos espectáculos e desexa unha escena esterotipada e convencional. Enxuíza dende esta panorámica o espectáculo de Ollomoltranvía e cre que se trata “más o menos de un café teatro donde eficaces preguntas nos ponen en reflexión crítica”. Alude á presencia de vellos enigmas edípicos e valora como “experta” a creación escénica “de un director que conoce el espacio teatral y su oficio”. Tamén valora positivamente a música e os “excelentes actores” sinalando, así mesmo, que a pasividade expresiva de Nuria Sanz “deja boquiabierto”.

-Susi Queimaliños, *Atlántico Diario*, 24 xullo 1998, p. 10.

Anuncia a representación do grupo dentro do programa Noites máxicas dos viaductos, organizado polo Concello de Redondela, no que tamén se prevé a participación de grupo folk Luar na Lubre.

Manuel F. Vieites, “Sub iudice”, *Tempos Novos*, nº 17, “Voces e Cultura. Crítica. Teatro”, outubro 1998,
62.

Falando da duración do espectáculo teatral, indica Manuel F. Vieites que esta non debería obedecer a outro criterio que non fose o de favorece-la súa recepción, polo que é aconsellable deixa-lo espectador cun pouco de fame escénica antes que empachalo ou aburrilo. A continuación, céntrandose no labor desempeñado por Ollomoltranvía, sinala que esta compañía destaca pola súa liña de creación teatral que

ten na acción, no xesto, na máscara e no xogo dramático, os seus trazos singulares. Refírese á súa última achega, *Qui pro quo*, da que ademais de loa-lo traballo realizado nela, critica o seu exceso de minutos, posto que non hai dúbida de que, eliminando algunha redundancia ou acurtando escenas que se estiran inxustificadamente, teriamos un espectáculo magnífico.

-D. Janeiro, “Ollomoltranvía no festival de teatro de Maia”, *O Correo Galego*, 3 outubro 1998, p. 38.

Breve nota de prensa en que se dá conta das representacións que se están a levar a cabo na cidade portuguesa de Maia, onde, segundo di, participan grupos de Portugal, Brasil, Francia, Cataluña, País Vasco e Galicia. Precisamente fala das obras que van representa-los grupos galegos: Ollomoltranvía, con *Qui pro quo* e Teatro do Noroeste con *Amor de Don Perlimplín com Belisa no seu xardín*.

-Camilo Franco, “Discurso da naturalidade”, *La Voz de Galicia*, 26 outubro 1998, p. 61.

Reflexiona sobre o discurso da naturalidade e afirma que se trata do discurso empregado por Ollomoltranvía na súa obra *Qui pro quo*. Na súa opinión, a obra é “en parte un xogo sobre as vellas habilidades dos pallasos, pero moito máis un xogo sobre o que os actores poden facer xogando con linguaxes xenéricas”. Para rematar, C. Franco afirma que é un espectáculo con máis ambicións do que parece, é “un traballo sinxelo, pero ten a virtude intelixente de rirse da intelixencia peor entendida”, “é, obviamente, un espectáculo de humor, pero deixa moito espacio para a sutileza e, sen dúbida, este é o mellor terreo para a risa, o mellor predio para a intelixencia e, por tanto, o mellor campo para o espectador”.

-Ana Iglesias, “Teatro con vocación de espectáculo”, *El Correo Gallego*, 29 outubro 1998, p. 33.

Sucinta nota de prensa na que se recolle a última posta en escena da compañía compostelá Ollomoltranvía, titulada *Qui pro quo*, despois da representación de *Raíñas de pedra* e *Escola de bufóns*. A continuación, coméntase que a obra xa foi representada no Festival de Portugal, en Cuenca e Cambados.

-Lupe Gómez, “Teatro limpo e clown”, *A Nosa Terra*, nº 856, “Guieiro Cultural”, 12 novembro 1998, p. 25.

Describe a representación do último espectáculo de Ollomoltranvía. Primeiramente sitúa ós lectores nun auditorio ateigado de nenos, para de seguido centrase nas “grandes preguntas” sobre a existencia que xorden ó longo da obra. Afonda na capacidade dos actores para expresar co seu rostro e cos seus movementos cuestións tan difíciles que, segundo di, os rapaces sabían gozar da mellor maneira, “co riso”.

-Natalia Sequeiro, “O mundo tras un nariz vermello”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 novembro 1998, pp. XII-XIII.

Da man das palabras dos actores Santi Prego e Néstor Muzo, traza unha panorámica da historia dos pallasos: da súa posíble orixe e evolución, da complexidade de representación, da ideoloxía que transmiten, do publico para o que actúan, etc. Todos estes temas van saíndo no trancurso do artigo que está focalizado na representación da obra *Quid pro quo*, de Ollomoltranvía. Fálase, xa que logo, das características desta obra e das dificultades que ocasionou a súa adaptación a uns personaxes-pallasos

que se confunden no escenario. Tamén se reflexiona sobre a terapia da risa, como un dos principios máis significativos que teñen os pallasos.

-V. Xoves Teatrais 98 en Ferrol
- V. VIª Feira de Teatro de Galicia.
V. Ciclo de Teatro Profesional 1998 de Moaña.
V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.
V. XI Mostra de Teatro de Cee.

Oquetiqueiras: *Historias íntimas no paraíso*, de Jaime Salom.

Dirección: Luis G. Ramos. Interpretación: Natalia Yáñez, José M. Delgado, Charo Bañobre, Silvia de Bieito e Susana Mauriz.

-V. Xoves Teatrais 98 de Ferrol.

III. 5. Postas en escena

III. 5. 2. Estreas

5. Postas en escena

Pampullos: *O tonto e o sabio.*

Porta Aberta: *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal.

Dirección: Froíña García.

Sarabela Teatro: *Tics*, de Begoña Muñoz, Carlos Couceiro, Fernando Dacosta e Ánxeles Cuña.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Elena Seijo, Fina Calleja, Antón R. Macías, Suso Díaz e Fernando Dacosta. Escenografía: Jesús Costa e Pablo Otero "Peixe". Maquillaxe e vestiario: Carmela Montero. Iluminación: Antón Rodríguez e Ánxeles Cuña. Son: Arturo González. Deseño de programas e carteis: I:Media. Tramoia: Lalo Gallego e Marcos. Cadros: Manolo Figueiras. Fotos: Eduardo. Auxiliar de Dirección: Matilde Vázquez. Producción: Sabela Gago. Distribución: Fina Calleja.

-Raquel Feijóo, "Sarabela presenta a súa segunda peza: "Tics", *La Región*, 12 febreiro 1998, p. 15.

Recolle os comentarios máis salientables da rolda de prensa na que se presentou *Tics*. Tanto a directora coma os actores coinciden en destaca-lo carácter orixinal e diferente desta peza, coa que, segundo Ánxeles Cuña, tentaron "explorar as dificultades que supón vivir sendo un bicho raro e atopar unha explicación ó feito de que persoas diferentes poidan construír a súa identidade nun mundo non sempre favorable". Refírese, a seguir, Raquel Feijóo ó elenco de actores e ás primeiras funcións previstas, no Barco de Valdeorras e no Teatro Principal de Ourense.

-Raquel Feijóo, "Maxia para encher o corazón de sorrisos", *La Región*, 17 febreiro 1998, p. 14.

Entrevista a Ánxeles Cuña Bóveda que comeza cun resumo do argumento de *Tics*. Esta directora e dramaturga de Sarabela explica o proceso de creación e os obxectivos da obra, caracterízaa por "unha harmonización de tódolos elementos visuais: escenografía, vestuario, maquillaxe, música e luz". Opina que o segredo desta posta en escena é a intensidade do traballo e que ningún personaxe é real, aínda que haxa moito de realidade na peza. Comenta a importancia de Luís Brandón, o personaxe central, e as transformacións por empregar só catro actores.

-Alvarado, "Un prodigio de imaginación y expresividad", *La Región*, 19 febreiro 1998, p. 16.

Comeza esta recensión con tres citas de Eugenio Ionesco nas que este teórico teatral avoga pola liberdade expresiva, a esaxeración dos sentimentos e a flexibilidade como características dunha boa peza dramática. A seguir, opina que "el ingenio, la agudeza, el absurdo, la imaginación, la fantasía y la realidad, la expresividad, el movimiento escénico, los ingredientes de ambientación, vestuario, luz, sonido

(...) sientan cátedra en esta obra de Sarabela". Salienta a versatilidade dos actores e o texto, escrito "al servicio de la teatralidad".

-Camilo Franco, "Acenos no espello convexo", *La Voz de Galicia*, 23 febreiro 1998, p. 67.

Comeza poñendo de relevo o empeño de Sarabela por coloca-lo espectador diante de espellos inesperados. Neste sentido entende *Tics* como un espello convexo que dá a entende-las dubidosas fronteiras entre o normal e o anormal. Salienta a liña de confusión de ironía e realidade así como a consciencia da dor do tempo. Fai fincapé tamén no extravío dos personaxes ante as obsesións e compáraos cos das comedias clásicas de cine mudo, que fan rir a pesar de que sabemos da súa condición triste. Comenta, ademais, que Sarabela estira e explica en exceso os xogos de matices. Apunta a capacidade do protagonista para percorre-la escada sentimental incorporando ó humor certos apuntes líricos. Neste último sentido entende que pon o teatro no cruce de camiños dos xéneros e dálle ó espectador a oportunidade de dicir cómo quere percorrer cada posibilidade.

-M. X. B., "El grupo Sarabela Teatro representa a las nueve de noche la obra 'Tics", *El Correo Gallego*, 27 marzo 1998, p. 17.

Informa da representación desta peza na casa da cultura Ramón Matínez López de Boiro, no marco do programa da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

-D. P., "Sarabela Teatro se despide con la obra "Tics", una comedia diferente", *Diario de Pontevedra*, 5 maio 1998, p. 10.

Dá conta da representación de *Tics* no Teatro Principal de Pontevedra. Refírese a esta peza como "divertida comedia" na que Sarabela fai "un ejercicio de ironía, humor y de lo absurdo". Salienta ademais a busca de materiais teatrais novidosos.

-J. M. R., "Música y teatro en el programa de las Letras Galegas ceenses", *El Correo Gallego*, 6 maio 1998, p. 21.

Presenta os actos culturais para a celebración do Día das Letras Galegas en Cee, entre os que inclúe a representación de *A Esmorga* a cargo de Sarabela e *Amor de Don Perlimpín con Belisa no xardín* da man de Teatro do Atlántico.

F. F., "O sangue do tempo": una crítica surrealista al poder establecido", *Faro de Vigo*, 5 xuño 1998,
12.
Ademais de comenta-la participación da Aula de Teatro da Universidade de Vigo no Encontro de Aulas de Teatro da Universidade coa obra *O sangue do tempo*, refírese á representación de *Tics* no Auditorio Caixavigo. Caracteriza a peza de Sarabela por ser unha "comedia diferente, llena de ironía y humor" e faise eco dos galardóns acadados na Feira Europea de Teatro.

-Alex Mene+Buxán Bran, "Os 'Tics' de Sarabela", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 14, 18 xuño 1998, p. 8.

Comezan cunha referencia á delongada traxectoria de Sarabela no mundo teatral galego. A seguir, aluden ó argumento e á temática, “a individualidade como algo único e rico que hai que preservar contra esa forza social que tende a unificar e normalizar”. Salientan a adecuación da escenografía móbil e o texto dramático, valorado como “unha mostra de lucidez” na que ven como supérfluo o monólogo final porque “o espectador non o necesita para tira-las conclusións”. Para rematar, comentan o ritmo dinámico de *Tics* e as boas interpretacións por parte dos actores.

-Manuel F. Vieites, “Tics”, *Tempos Novos*, nº 14, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xullo 1998, p. 62.

Céntrase no comentario da representación de *Tics*, da que destaca a súa intención previa: denuncia-la submisión recreando fragmentos da vida dun mozo que padece unha desas enfermidades crónicas que só se coñecen cando se sofren, e que para os traseúntes non pasa de ser unha extravagancia. Con respecto a esa intención previa, sinala que carece do desenvolvemento dramatúrxico necesario para supera-la simple anécdota. Ofrece, finalmente, unha serie de consideracións sobre a posta en escena, a interpretación e o vestiario deste espectáculo, ó que lle augura unha boa acollida.

R. F., “Sarabela presentará “Tics” no Festival de Autores de Alicante”, *La Región*, 27 outubro 1998, 12.

Dá conta da actuación do grupo ourensán Sarabela Teatro no marco do Festival de Autores Contemporáneos de Alacante. Nesta ocasión, levaron a escena a obra *Tics*. Así mesmo, informa que o grupo participou en diferentes festivais en Badaxoz e Zamora. Por último, afirma que a obra xa acadou

cinco premios no Festival de Xixón: á mellor escenografía, dirección, montaxe, texto orixinal e interpretación.

- V. Iª Mostra de Teatro en Galego. Lugo.
  V. Ciclo de Teatro Profesional 1998 de Moaña.
  V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.
  V. Vª Feira de Teatro de Galicia.
  V. XIª Mostra de Teatro de Cee.

Sísifo Teatro: *Lexionaria*, baseada no relato curto de Fernando Quiñones “Las mil noches de Hortensia Romero”.

Dirección e adaptación: Manuel Camba.

-Ana Rodríguez, “Lexionaria”, una tragicomedia sobre una prostituta interpretada por un actor”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 10 febreiro 1998, p. 6.

Comeza o artigo cunha referencia á fonte de inspiración do texto, o relato “Las mil noches de Hortensia Romero”, de Fernando de Quiñones. Recolle a opinión do director, Manuel Camba, sobre a peza, “una tragicomedia entrañable basada en la vida de un personaje noble, de vida fácil, pero de buen corazón”. Describe a posta en escena e o vestiario, salientando que o papel de prostituta sexa representado por un actor. Finalmente, refírese ós anteriores proxectos deste director, ás representacións previstas fóra de Galicia e á próxima montaxe de Sísifo Teatro.

-F. Franco, “Lexionaria”, un monólogo que merece un mayor respaldo y asistencia de público”, *Faro de Vigo*, 10 setembro 1998, p. 8.

Dá conta da posta en escena da obra de Fernando Quiñones, *Lexionaria*, adaptada por Manuel Camba e levada a escena por Alejandro Guillán da compañía Sísifo. A representación tivo lugar no Auditorio Caixavigo e, segundo F. Franco, contou coa presencia de pouco público.

Talía Teatro: *Retén*, de Ernesto Caballero.

Dirección: Fernando Dacosta. Interpretación: Toño Casais,
Roberto Blanco e Evaristo Calvo.

-Camilo Franco, “Dúas horas cun fusil”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 11, 3 febreiro 1998, p. 7.

Opina Camilo Franco que Talía Teatro tenta con *Retén* situa-los espectadores “fronte ó paradoxo da violencia”. Considera que aproveitan ironicamente “o choque entre dous soldados de distintas quintas (...) que actúan os dous como víctimas”. Comenta que se deixan levar moito polos tópicos e polos estereotipos.

-A. I., “Talía Teatro coa acidez da mili na Nasa”/“Talía Teatro trae a la Sala Nasa una divertida y ácida historia sobre la mili”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”, 25 marzo 1998, p. 49/p. 9.

Refírese inicialmente ó exito desta obra nos diversos escenarios galegos polos que leva pasado e á representación desta na sala Nasa. Resume o argumento da peza, caracterizado polo “ton de humor e non exenta de doses de ironía”. Recolle as declaracións de Fernando Dacosta nas que manifesta que a obra “pretende deixar constancia da loita entre a razón e a inxustiza que poden sentir os mozos cando están na mili”.

O Tarabelo (1): *A nosa voda*, de Manuel María.

-José Manuel Moldes, “Mañana representación del Grupo de Teatro “Tarabelo”, *Diario de Pontevedra*, 2 abril 1998, p. 22.

Informa da representación da farsa de bonecos *A nosa voda*, baseada nunha peza de Manuel María, e de *Divorcio urxente*, baseada en *Una noche de primavera sin sueño* de Jardiel Poncela. Refírese ó financiamento deste grupo e á súa vinculación a unha Asociación de Mulleres Rurais de Sanxenxo ata hai pouco tempo.

- V. IIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

O Tarabelo (2): *Divorcio urxente*, de Enrique Jardiel Poncela.

- V. IIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo

O Tarabelo (3): *A Manta*, de autor anónimo.

-R. R., “Tarabelo” actúa esta tarde na Casa Rosada”, *Diario de Pontevedra*, 6 xuño 1998, p. 22.

Fai referencia á actuación do grupo de teatro Tarabelo na casa Rosada en Poio con motivo do VIIº aniversario do centro social. Salienta, entre outras cousas, a boa acollida que ten o citado grupo, composto unicamente por mulleres, o cal garantirá o éxito da súa posta en escena, que consistirá en varios curtos teatrais.

- V. IIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Lima la Horrible 1995

-V. IIº Outono Teatral nos Barrios

Teatro Avento: *Papá e mamá están ben.*

Teatro Avresno: *O triciclo*, de Fernando Arrabal.

-B. M., “Teatro Avresno escenifica hoy en Moaña la obra de Fernando Arrabal ‘O Triciclo”, *Diario de Pontevedra*, 3 xaneiro 1998, p. 17.

Dá noticia da representación de *O Tricilo* no centro sociocultural Daniel Castelao de Moaña a cargo da compañía Teatro Avresno no marco do Iº Ciclo de Teatro non Profesional desta vila do Morrazo.

Teatro Bruto: *Detritus corazón*, de Xavier Picallo.

Dirección: Xavier Picallo. Interpretación: Mela Casal, Vicente de Souza, Gloria Rico e Pablo Rodríguez. Música: Piti Sanz. Deseño de vestiario: Cristina Souto. Deseño gráfico: Fuentes. Fotografía: Robert Bass. Asistencia técnica: Cachet. Loxística espectacular S.L.

-A. I. S., “Teatro Bruto trae al Principal un thriller kitch sobre la identidad sexual”, *El Correo Gallego*, 10 xuño 1998, p. 10.

Dá conta da representación de *Detritus corazón* no Teatro Principal de Santiago e do percorrido inmediato da peza polos distintos escenarios do país. Recolle as declaracións de Pablo Rodríguez, un dos actores, sobre a definición xenérica, a temática e a acollida da obra por parte do público.

-Camilo Franco, “Repertorio do pop cutre”, *La Voz de Galicia*, 15 xuño 1998, p. 27.

Opina Camilo Franco que a obra presenta unha proposta estética particular na que “o repertorio de pop cutre, de desplante máis ou menos castizos, queda lixeiramente aliviado polas cancións italianas”. Considera que algúns trazos irónicos de *Cachorros sen domesticar* non aparecen en *Detritus corazón*, e que entón se percibe que a peza “ten pouca forza argumental e deixa todo fiado a que o espectador se recoñeza na súa estética ou na intención provocadora”, e que acaba por ser “un pase de modelos escénicos”.

- V. VIª Feira do Teatro en Galicia
-Festival de Teatro Galego do Carballiño.

Teatro de Dous (1): *Era unha muller aparentemente normal*, de Marta Plumilla.

Música: Matías Moreno.
Coordinación: Eduardo Rey.

Teatro de Dous (2): *Apaga a luz*, de Marta Plumilla.

Interpretación: Marta Plumilla e Susana Fialho.

-V. L. Villarabid, “Os sarriaos poden asistir hoxe á representación do grupo “Teatro para dous”, *El Progreso*, 19 abril 1998, p. 14.

Informa da presentación deste grupo teatral de Sarria, integrado por dúas mulleres, coa posta en escena na casa da cultura desta vila. Resume o argumento da peza e dá conta das colaboracións que tivo o grupo.

- V. IIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.

Teatro Raia Seca/Theatre Pere Ubu: *Chason déxil-Cantiga do desterro*.

Teatro do Aquí (1): *Rastros*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Patricia de Lorenzo, Luis Iglesia, Rubén Ruibal e Xoán Carlos Mejuto Bolaño. Música: Berrogüeto. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Espacio escénico e vestiario: Xulia Brens. Producción: Belén Quintáns. Espacio escénico e vestiario: Julia Brens.

-Camilo Franco, “Instrumentos de presenta, instrumentos da memoria”, *La Voz de Galicia*, 23 marzo 1998, p. 74.

Comeza esta recensión referíndose á difícil relación entre o presente e a literatura, relación que Roberto Vidal Bolaño contradí ó permitir que o espectador “se decate do traicioneiro que resulta ese xogo de converter a memoria en materia lírica”. Opina que *Rastros* está asentado na “observación atenta dun entorno inmediato ó espectador e na “mala hostia coa que caracteriza o dramaturgo compostelán os personaxes”. Salienta a interpretación do personaxe feminino e a progresión no emprego de recursos irónicos. Destaca tamén Camilo Franco o tratamento da realidade e o ritmo escénico.

Manuel F.Vieites, “Rastros”, *Tempos Novos*, nº 12, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, maio 1998, 73.

Realizando un repaso a través da creación de Roberto Vidal Bolaño, comenta que a súa obra dramática ten adquirido, co paso do tempo, unha solidez e unha madureza incontestables, e que é o autor que mellor exemplifica o compromiso co momento histórico no que cada obra nace e a fidelidade cunha determinada maneira de enfronta-la escrita. Refírese ademais ó seu novo espectáculo, *Rastros*, estreado en Vilagarcía por Teatro do Aquí. Ofrece un resumo do argumento e salienta o espacio escénico, a iluminación e a interpretación, que contribúen a crear un producto escénico “sumamente interesante e unha visión despiadada, de todos nós”.

-G. Luca de Tena, “Rastros, para reflexionar sobre o presente”, *A Nosa Terra*, nº 830, “Guieiro Cultural”, 14 maio 1998, p. 27.

Comenta inicialmente as citas de Bertold Brecht e de García Lorca que Vidal Bolaño situou a carón do título. A seguir, resume o argumento e tenta situar xenericamente a peza, afirma que “a traxedia sería literal se non tivese escapes de comedia na ironía cínica do escritor”. Describe o tratamento de cada un dos personaxes, salientando a interpretación de Patricia de Lorenzo por dar vida a “un ser libertário, digno e sensíbel que prefire desaparecer a ter que decapitar a sua utopia”. Finalmente, considera que a obra segue a liña das anteriores creacións de Vidal Bolaño, *Saxo Tenor*, *Oé Oé* e *Anxeliños* “por entender o teatro como instrumento valioso para reflexionar o presente”.

Iolanda Ogando, “Rastros”, *Tempos Novos*, nº 16, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1998,
66.

Detense no comentario da última obra de Roberto Vidal Bolaño, *Rastros*, que leva por subtítulo “Unha desgracia en catro tempos e unha presada de recordos”. Ofrece un resumo do seu argumento e sinala que, por medio dunha sucesión de *flash-back*, o autor crea un mundo coñecido “que todos fomos ou somos”. Refírese ademais á linguaxe e comenta que se trata dunha obra complexa e de moitas lecturas.

-Francisco Castro, “Teatro do aquí”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 29 outubro 1998, p. 12.

Comenta a posta en escena da obra *Rastros* a cargo do grupo Teatro do Aquí e baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño. A continuación, céntrase no labor do citado director e afirma que se trata dun home moi coñecido no teatro galego pero, sobre todo, “un home que coida a palabra, o dicir, a expresión, consciente de que segundo como se digan as cousas, a impresión do espectador pode ser unha ou outra”. Por último, sinala que Rastros é unha obra de “fusión”, propia da arte de fins de século. Trátase, na súa opinión, dunha mestura de “dicires, cores, peles...”, é un espectáculo “feito a partires de relatos, pero tamén de poemas, pero tamén de imaxes tradicionais galegas”.

- V.VIª Feira de Teatro de Galicia.
-V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.
- V. XIª Mostra de Teatro de Cee.

Teatro do Aquí (2): *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Gonzalo Rei Chao, Pepe Soto, Xaquín García Marcos, Pilar Pereira, Mónica Caamaño, Vicente Mohedano, Jorge Salinera e Miguel Varela. Escenografía e atrezzo: Julia Brens. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Música: Bernardo Martínez. Vestiario: Gonzalo Vilas.

-C. F., "José Manuel Gómez, presidente de Anaya, mantendrá la línea continuista de Xerais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 47, 13 outubro 1998, pp. 4-5.

Achéganos polo miúdo a cada unha das catro montaxes que conforman o espectáculo con textos de Valle-Inclán que leva a cabo o Centro Dramático Galego en castelán. Logo de aludir tamén á posta en escena de Valle que prepara a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, céntrase en *Doentes*. Sinálase que é unha homenaxe explícita e declarada a Valle-Inclán. Recóllense as palabras de Vidal Bolaño, que admite ecos do autor de *Luces de Bohemia* en toda a súa obra e sinala os paralelismos de *Doentes* con esta peza valleinclanesca. Explícase ademais que logo dunha xira pola provincia da Coruña, a obra vai cambiar de formato.

-Manuel G. Da Silva, “A obra “Doentes” trae a Melide as miserias da Galicia dos anos cincuenta”, *La Voz de Galicia*, 18 outubro 1998, p. 52.

Anuncia a representación da obra na Casa da Cultura de Melide e alude ó episodio sucedido en Santiago en 1954 o cal lle serviu a Vidal Bolaño para crear esta peza de teatro. Cóntase o argumento da obra, “testemuñal e crítica ó mesmo tempo”, e detense nos dous personaxes principais, Don Valeriano e Cañete. Ademais pon de relevo o paralelismo existente entre esta obra e *Luces de Bohemia* de Valle-Inclán, feito que se explicita na estructura da obra e no inicio desta, que arranca coas palabras finais de *Luces*: “Cráneos privilexiados”.

-J. A. Martínez Sevilla, “Dramático Valle-Inclán”, *El Ideal Gallego*, 20 outubro 1998, p. 47.

Alude á representación da obra no teatro Colón e céntrase no argumento e en catro dos personaxes principais que “nos regalan un fresco que impacta nuestra sensibilidade”. A seguir repasa o mundo creado polo autor, “un mundo alucinante, misterioso, turbador, que se justifica por su esoterismo”. Valora positivamente tanto a interpretación como a dirección e, finalmente, critica a proxección de posturas políticas e “pseudopatrióticas” no escenario pois “son de otro lugar y el público no tiene por qué padecerlas”.

-Ana Iglesias, “Máis de cincocentos escolares verán en Santiago o alegato antifascista de Teatro do Aquí”, *O Correo Galego*, 10 novembro 1998, p. 41.

Refírese ó acto de presentación da última montaxe de Teatro de Aquí, a obra *Doentes*, que segundo di, foi gañadora do Premio Rafael Dieste que convoca a Deputación da Coruña e que vai estar en escena durante tres semanas na Sala Nasa de Santiago de Compostela. Informa que neste acto participaron o escritor e director da peza Vidal Bolaño, que falou da trama da obra, e o actor Miguel Varela, que dixo que *Doentes* era una peza moi útil para a xuventude porque daba a coñecer "os estados policiais do franquismo".

-A. I. S., "El espectáculo 'Doentes' arrancó con buen pie su andadura compostelana", *El Correo Gallego*, 11 novembro 1998, p. 34.

Informa da grande afluencia de xente que asistiu á estrea de *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño na cidade de Santiago. Logo de facer unha breve síntese do argumento desta peza teatral e de cita-los actores que forman o reparto, refírese á importancia que ten a presencia de escolares entre os espectadores, xa que este público descoñece a historia da cidade nos anos cincuenta.

Lois Fernández, "Doentes' amplía sus funciones", *La Voz de Galicia*, "El Espejo", 25 novembro 1998, 50.

Salienta o grande éxito de público alcanzado pola compañía Teatro do Aquí polo que tiveron que amplia-lo número de funcións. Dá conta tamén dos nomes dos actores que participan no espectáculo.

-Iolanda Ogando, "Case perfecto", *Tempos Novos*, nº 19, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", decembro 1988, p. 68.

Mostra a súa opinión sobre a representación de *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño, por parte da compañía que el mesmo dirixe, Teatro do Aquí. Ofrece un resumo do argumento da historia escenificada, chegando a dicir que se trata dunha "historia chea de forza a partir dun excelente texto, interesante e moi ben construído", ademais de comentar certos aspectos dos elementos que interveñen na súa representación. Por último, indica que poderiamos pensar que se trata dun espectáculo perfecto, mais sinala que isto non é así, posto que quedamos coa impresión de que o texto lles quedou grande ós actores, ou incluso, que o espectáculo se fixo con excesiva rapidez e urxencia.

-Lois Fernández, "Avivar la memoria histórica", *La Voz de Galicia*, "El Espejo", 1 decembro 1998, p. 54.

Refírese á presentación da obra de Roberto Vidal Bolaño, *Doentes*, para logo informar da recente aparición da edición de *A Estadea*, de Ramón Otero Pedrayo, realizada por Xesús Alonso Montero, que contribué a aviva-la memoria histórica. Saliéntase o labor de Isaac Díaz Pardo neste eido.

Teatro do Atlántico (1): *Amor de Don Perlimplín con Belisa no xardín*. *Escena poética para Federico*, traducción de X. Manuel Pazos.

Dirección: Xulio Lago Interpretación: Gonzalo Uriarte, Maxo Braxas, Mercedes Castro, Munda Villastre e Casilda García. Luminotecnia: Xulio Lago. Figurines: Carlos Alonso.

S. G., “Teatro do Atlántico devuelve la figura de Lorca al Principal”, *La Voz de Galicia*, 18 xaneiro 1998,
49.

Refírese á representación desta “obra compleja” no Teatro Principal de Santiago. Comenta a evolución da peza dende o grotesco ata converterse nunha reflexión sobre o amor e o carácter oposto dos dous personaxes centrais; Perlimpín e Belinda. Describe o conxunto do espectáculo e salienta a intensidade da posta en escena musical. Finalmente, recolle as opinións do director e do actor principal nas que comentan as dificultades para representar o texto e a necesidade dunha nova visita ós escenarios da capital de Galicia.

-Javier D. Campa, “La compañía Teatro do Atlántico rinde homenaje a Lorca en su último espectáculo”, *Atlántico Diario*, 21 xaneiro 1998, p. 10.

Informa da representación deste espectáculo no Teatro do Centro Cultural Caixavigo. Inclúe as opinións de Xulio Lago sobre a omisión desta montaxe nas informacións das homanaxes a Lorca no centenario do seu nacemento. Describe a estructura da posta en escena e salienta as composicións musicais creadas por Nani García.

-P. G., “El Teatro do Atlántico presenta en Vigo su homenaje a García Lorca”, *Faro de Vigo*, 21 xaneiro, 1998, p. 10.

Presenta a obra como unha homenaxe ó poeta e dramaturgo granadino. Describe a estructura deste espectáculo e defíneo como “una historia de amor en la que afloran los intereses, el egoísmo y las maldades de la condición humana”. Destaca a presencia de varios xéneros ó mesmo tempo, que van dende a farsa ata a traxedia lírica. Recolle as palabras de Xulio Lago nas que afirma que a peza cuestiona a “honra calderoniana”.

-Francisco Castro, “Lorca galego”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 23 xaneiro 1998, p. 12.

Destaca, entre tódalas actividades programadas no centenario do nacemento de Lorca, a representación en galego da man de Teatro do Atlántico de *Amor de Don Perlimpín con Belisa no xardín*, do autor andaluz, polo, porque é unha mostra de maduración do teatro galego.

-Camilo Franco, “Equilibros do pícaro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 10, 27 xaneiro 1998, p. 2.

Despois de apunta-lo que esta obra de Lorca e a peza teatral de Castelao teñen en común, a desmostración da imposibilidade do amor a certas idades, considera que a montaxe de Teatro do Atlántico está inserida nas homenaxes ó escritor granadino. Opina Camilo Franco que a representación ten un “excelente tratamento musical” e que a compañía “aparece máis relaxada mentres xoga a ser comedia”, pero que segundo o cómico se converte en tráxico vai decaendo a posta en escena porque “a medida que a obra pide máis tensión, hai menos”.

-Manuel F. Vieites, “Honestidade, coherencia, profesionalidade”, *Tempos Novos*, nº 9, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, febreiro 1998, p. 76.

Refírese ó espectáculo que está levando a cabo o Teatro do Atlántico en homenaxe a Lorca, cando se cumpre o centenario do seu nacemento. Sinala que dito espectáculo principia cunha “Escena poética para Federico García Lorca”, construída arredor dos seus poemas galegos, de diversos textos da súa autoría sobre a función socioeducativa do teatro e de tres composicións de Xosé Manuel Pazos —*Nana de verán*, *Poeta musical* e *Romance nocturno*—, que retratan os tres momentos cruciais na vida do poeta. A seguir indica que o espectáculo finaliza coa peza do poeta granadino, *Amor de Don Perlinplín con Belisa no xardín*, que está dirixida por Xulio Lago. Comenta tamén o labor desenvolvido polo elenco de actores, o traductor e os encargados da música, do espacio escénico e dos figurinos, destacando, por último, o traballo do director, que aposta decididamente por asenta-los alicerces daquela “utopía” que se deu en chamar teatro normalizado.

J. A. Martínez Sevilla, “Centenario de Lorca”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de la Coruña”, 3 febreiro 1998,
11.
Refírese ás dúas partes do espectáculo co que Teatro do Atlántico homenaxea a García Lorca, así como á exposición “García Lorca e Galicia”. Con respecto a “Escena poética para Federico García Lorca”, considera que é un “meritorio recital” cun “logrado especio teatral”. De *Amor de Don Perlimpín con Belisa no xardín* destaca a facilidade coa que representan o mundo atormentado de Lorca e a solvencia coa que os actores resolven os “difíciles papeles” da peza.

-D. P., “Teatro do Atlántico ponderá en escena una obra de García Lorca traducida al gallego”, *Diario de Pontevedra*, 18 febreiro 1998, p. 10.

Refírese á posta en escena da obra e, ademais de informar dos prezos da localidades e da distribución de bonos de desconto, comenta que a obra ten un carácter de dúo ó non haber máis de dous actores á vez sobre os escenario. Salienta tamén a presencia de diversos símbolos como os paxaros negros, o badalar das campás, a lúa, os cipreses e os laranxeiros.

-Raquel Feijóo, “Don Perlimpín”: Unha ‘xoia’ no Principal”, *La Región*, 18 febreiro 1998, p. 14.

Comenta a posta en escena desta obra no Teatro Principal de Ourense. Recolle as palabras de Xulio Lago nas que se refire a esta peza como “unha pequena xoia do teatro español contemporáneo” e xustifica a presencia maioritaria na traxectoria de Teatro do Atlántico de obras que aboradn o tema

amoroso nas súas distintas manifestacións. Raquel Feijóo refírese tamén ó tema central e ó reparto desta peza teatral.

-R. F., “No escenario a comunicación é dificil e sempre arriscada”, *La Región*, 20 febreiro 1998, p. 17.

Entrevista a Xulio Lago que comeza cunha presentación da escenificación da obra no Teatro Principal ourensán. O director de Teatro do Atlántico considera que se está a perde-lo emprego da linguaxe poética no teatro galego. Opina que o amor é máis importante para “comprender os mecanismos que moven ó ser humano”. Dubida da clasificación xenérica da obra e amósase sorprendido da boa acollida que está a ter entre a xente máis nova. Refírese á importancia de representar a Lorca para o teatro galego e describe a exposición “García Lorca e Galicia” que acompaña o espectáculo que el dirixe.

-Xulio Lago, “Convivir con Lorca: unha intensa experiencia”, *Revista Galega de Teatro*, nº 18, primavera-verán 1998, pp. 29-30.

O director de escena Xulio Lago, que vén de dirixir *Amor de Don Perlimplín con Belisa no xardín* por Teatro do Atlántico, reflexiona sobre a intensa viaxe que levou a cabo polo teatro de Lorca, a través do cal aprendeu o irrenunciable exercicio en liberdade que debe ser a arte.

-V. IIIº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico

Teatro do Atlántico (2): *Vellos tempos*, de Harold Pinter.

Dirección: Xulio Lago. Axudante de dirección: María Armesto.
Interpretación: Casilda García, Gonzalo M.Iriarte, María Barcala.

-D. P., “Teatro do Atlántico estrena mañana en el Principal “Vellos tempos”, *Diario de Pontevedra*, 17 novembro 1998, p. 12.
Anuncia a representación da obra *Vellos tempos* en Pontevedra.

-D. P., “Teatro do Atlántico representa por último día la obra “Vellos tempos”, *Diario de Pontevedra*, 19 novembro 1998, p. 12.

Dá conta da última posta en escena de *Vellos tempos* que a compañía Teatro do Atlántico representou en Pontevedra. Alén disto fai un breve percorrido pola historia do grupo e polas obras que representou.

R. F., “Teatro do Atlántico representa no Principal “Vellos Tempos”, *La Región*, 18 decembro 1998, 14.

Breve nota na se que se informa da actuación do grupo Teatro do Atlántico con *Vellos tempos*, do dramaturgo Harold Pinter. Indica tamén a que tipo de público está dirixida a obra e os actores que a protagonizan.

-Camilo Franco, “Ser e dicir”, *La Voz de Galicia*, 23 novembro 1998, p. 65.

Primeiramente fai un reflexión persoal sobre o paso do tempo e das consecuencias que ten para o home. De seguido, relacíonaa coa posta en escena da última obra de Teatro do Atlántico, *Vellos tempos*. Todo o artigo quere ser unha crítica da representación que da obra de Harold Pinter fixo esta compañía galega. Achácalle, en primeiro lugar, que se fai unha obra pouco crible, e, en segundo, que os actores estaban máis para dicir que “para ser”.

Teatro do Curro (1): *A levre das ánimas*, de Eduardo Blanco Amor.

Teatro do Curro (2): *Os pregos de Prata*, de N. Bella.

Teatro do Improvisto: *Soños dun seductor*, de Woody Allen.

Dirección: Artur Trillo.

-V. Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro

Teatro do Morcego: *O Lazariño de Tormes*.

Dirección: Celso Parada e Andrés Pazos.
Interpretación: Celso Parada.

-Salvador Rodríguez, “O teatro é a terapia dos tolos que nos adicamos a facelo”, *Faro de Vigo*, “Faro domingo”, 6 setembro 1998, p. 3.

Co gallo da representación da obra *Lazariño de Tormes*, o actor Celso Parada, que representa o papel de Lazariño, afirma que na nosa épica medieval tamén existía a figura do pícaro. Sinala que esta obra mostra a “traducción oral e xoglaresca que xa existía en toda Europa” e defínea como unha traxedia, aínda que teña humor. Fai unha serie de comentarios sobre os diversos elementos que a compoñen e reflexiona sobre a cuestión de se o teatro é para tolos ou os volve tolos. Refírese ás dificultades que ten á hora de interpretar diferentes personaxes e comenta a posibilidade de que o Lazariño sexa unha metáfora da sociedade actual, ademais de salienta-la súa debilidade polos antiheroes. Ó final, manifesta que Valle-Inclán se debería poder representar en galego e que é o que senten os actores ó acabar de representar unha obra.

-F. Franco, “O Lazariño de Tormes”: Morcego se enfrenta a un clásico universal”, *Faro de Vigo*, 15 outubro 1998, p. 10.

Anuncia a representación da obra que tivo lugar no Auditorio Caixavigo. Comenta a boa adaptación realizada por Celso Parada e Andrés Pazos e salienta a interpretación de Celso Parada “docto en difíciles soliloquios sobre las tablas”.

-Fernando Franco, “Celso Parada: “Esta obra demuestra que Valle también se puede oír en gallego”, *Faro de Vigo*, 17 outubro 1998, p. 46.

Fai referencia á representación do *Lazariño de Tormes* a cargo da compañía Teatro do Morcego no Auditorio Caixavigo. Céntrase na gran actuación do único actor que representa a obra, Celso Parada quen responde a cuestións relacionadas coa adaptación da obra ó galego, o que, segundo manifesta, demostra a posibilidade de traduci-los clásicos ó galego. De seguido conta cómo foi a súa estancia en Uruguay en contacto co grupo El Galpón, o que inspirou a adaptación da obra. Comenta tamén a dificultade que entraña o feito de ser un só actor o que interpreta varios personaxes e remata cun comentario acerca do carácter reflexivo da obra, malia ó seu aparente humorismo.

-Salvador Rodríguez, “Fame de teatro”, *Faro de Vigo*, “Última Fila”, 17 outubro 1998, p. 46.

Louva a calidade de interpretación na posta en escena do *Lazariño de Tormes* do actor Celso Parada e destaca a súa valentía á hora de escoller pezas para representar. Di que canto máis difícil sexa o reto “máis a gosto semella sentirse el”. Lembra os inicios coa obra *Misterio cómico* de Darío Fo que xa sorprendera coas súas facultades interpretativas e incide finalmente no gran éxito acadado coa última interpretación, que o converte nun “mestre da arte do monólogo”.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia.
  V. Ciclo de Teatro Profesional 1998 de Moaña.
  V. VIIIº Outono de Teatro de Carballo.
- V. XIª Mostra de Teatro do Barco.

Teatro do Noroeste: *Estación Mahagonny, baseada na ascensión e Caída da Cidade de Mahagonny,* de Bertold Bretch, recreada por Alexandra Moreira da Silva, traducción de Manuel Lourenzo.

Dirección Técnica: Jorge Castro Guedes. Organización técnica, producción e distribución: Eduardo Alonso. Interpretación: Marcos Orsi, Belén Constenla, Santi Prego, Avelino González, Luis Castro, Mónica García, Flor Maceiras, Xosé Vilarellé, Helena Atienza, Mara Sánchez, Henriqueta Maya,

-Curro Volta, “Teatro do Noroeste” de Viana y Santiago actuarán en el Auditorio del Lérez”, *Diario de Pontevedra*, “Curro”, 27 marzo 1998, p. 13.

Informa da estrea desta obra os días 25 e 26 de abril na cidade de Pontevedra. Ademais de aludir á presencia dunha compañia galega e doutra portuguesa, fai referencia ó carácter de homenaxe que ten a obra, sobre todo por recrear un texto de Bertold Brecht no ano do centenario do seu nacemento.

-A. Estévez, “O espíritu épico de Brecht a cen anos do seu nascemento”, *A Nosa Terra*, nº 826, “Guieiro Cultural”, 16 abril 1998, p. 27.

Con motivo do centenario do nacemento de Bertold Brecht fai un percorrido polas homenaxes que se lle brindan dende Galicia e caracteriza brevemente a obra deste autor alemán. Refírese Arantxa Estévez á representación de *Estación Mahagonny*, ás traduccións de textos de Brecht, a unha homenaxe na sala Nasa, a un curso organizado pola Asociación Española de Actores, Directores e Técnicos de Escena impartido por Ernesto Caballero e á publcación de *O parábel ascenso de Arturo Ui* en Laiovento.

-Xabier Couselo, “Eduardo Alonso. Propoñemos o teatro como unha oferta de placer e diversión”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 22 abril 1998, p. 72.

Entrevista a Eduardo Alonso que se abre cunha presentación de *Estación Mahagonny* como coprodución entre unha compañía galega e outra portuguesa. O director de Teatro do Noroeste compara
o xeito de entende-lo teatro nos dous países en función da proximidade co público. Xustifica a escolla desta obra por “trascender ás propias nacións”, ter vixencia na actualidade e ser pouco coñecida e representada. Considera, finalmente, que a peza de Brecht non é totalmente crítica, senón que tamén cumpre unha función humorística.

-D. P., “El sábado se estrena la obra “Estación Mahagonny”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 1998, p. 10.

Dá conta da representación desta peza no Auditorio do Lérez o sábado 25 de abril cun pase para as autoridades. Lembra o carácter de homenaxe da obra na conmemoración dos 100 anos do nacemento de Brecht. Salienta a cooperación entre as compañías galega e portuguesa para levar a cabo o proxecto, así como o importante esforzo económico da montaxe.

-María Conde, “Teatro do Noroeste cruza la “raia”, *La Voz de Galicia*, 25 abril 1998, p. 75.

Con motivo da representación da obra en Pontevedra, María Conde recolle as opinións de Jorge Castro Guedes, director do Teatro do Noreste portugués, sobre a situación das compañías teatrais no país e as diferencias con respecto ó que ocorre en Portugal, o contido da obra e a progresiva dexeneración das televisións.

-D. P., “Hoy última representación de “Estación Mahagonny en el Auditorio”, *Diario de Pontevedra*, 26 abril 1998, p. 10.

Informa da “gran” acollida que tivo a obra na capital do Lérez e dá conta das representacións máis inmediatas polos escenarios galegos e portugueses. Refírese, finalmente, ó prezo das localidades e ás subvencións recibidas pola montaxe.

-Camilo Franco, “Síndrome de Estocolmo”, *La Voz de Galicia*, 27 abril 1998, p. 74.

Considera Camilo Franco que este posta en escena de teatro do Noroeste padece o síndrome de Estocolmo, “está cativa do mesmo sistema que pon en entredio”. Opina que a obra se achega demasiado ó *modus operandi* televisivo e acaba usándoo ó “converter as mensaxes que critica en slogans” e ó caer na mesma monotonía que critica. Afirma que os personaxes están moi pouco caracterizados e que a obra remata por aburrir ó espectador.

-Manuel F. Vieites, “Iniciativas. A estación/estação Mahagony” *Tempos Novos,* nº 12, “Cataventos”, maio 1998, pp. 78-79.

Faise eco da presentación en Pontevedra de *Estación/Estação Mahagonny*, por parte dos dous Teatros do Noroeste, o de Compostela e o de Viana do Castelo. Sinala que se trata dun espectáculo que parte dun texto de Bertold Brecht, *Ascensión e caída da cidade de Mahagonny*, que foi traducido por Manuel Lourenzo, adaptado por Alexandra Moreira da Silva e dirixido por Jorge Castro Guedes. Fai referencia ás axudas que obtivo este espectáculo e ofrece unha nómina das actividades que o teatro galego realiza xunto co portugués, para rematar indicando, todas aquelas achegas de carácter positivo que ofrecen estas actuacións conxuntas.

-Ana Iglesias, “Actores gallegos y lusos se unen en un homenaje a Brecht con ‘Estación Mahagonny”, *El Correo Gallego*, 5 maio 1998, p. 8.

Fai referencia á representación da obra no Teatro Principal de Santiago e ó futuro percorrido polos distintos escenarios galegos. Presenta esta motaxe galego-lusa como “un paso cara adelante en los procedimientos organizativos de producción y distribución teatral”. Comenta a boa acollida do proxecto por parte dos equipos dos dous países e recolle as palabras de Henriqueta Maya e Belán Constenla, dúas das actrices, sobre a universalidade da linguaxe teatral á hora de supera-las diferencias lingüísticas entre os actores.

-Javier D. Campa, “José Martíns: ‘Estación Mahagonny’ es sobre todo una experincia de mestizaje”, *Atlántico Diario*, 8 maio 1998, p. 10.

Informa da representación deste peza no Centro Cultural Caixavigo. Recolle as palabras do actor portugués José Martins nas que manifesta que a obra supón unha homenaxe compartida a B. Brecht. Opina Martíns que nun contexto de relacións económicas trasfronteirizas o normal sería que se producise isto mesmo a nivel cultural, e que o teatro é un bo medio para conseguilo. Nega que haxa dificultades de comprensión derivadas das diferencias idiomáticas e considera que os maiores problemas para a montaxe foron debidas a cuestións de espacio ó non ter un escenario único para ensaios e postas en escena.

-Fernando Franco, “La obra quiere divertir a la gente sin renunciar al mensaje de fondo”, *Faro de Vigo*, 8 maio 1998, p. 12.

Faise eco da posta en escena no Centro Cultural Caixavigo e estrevista a Luma Gomez. Esta actriz e axudante de dirección fai un balance positivo da cooperación galaico-portuguesa para a realización da obra, así como do monolingüísmo presente nela. Opina que a situación do teatro en Portugal é máis estable, tanto no referente ós medios económicos coma ós escenarios. Finalmente, considera que se respectou a esencia da obra e que só se fixo unha adaptación ós novos tempos para conseguir que fose máis comprensible na actualidade.

-R. F., “Estación Mahagonny’ chega hoxe ó Principal”, *La Región*, 29 maio 1998, p. 19.

Informa da representación desta obra no Teatro Principal de Ourense. Valóraa como “un importante acordo de co-producción” entre Galicia e Portugal que ten a vontade de “consolidar unha dinámica de relacións estables entre Galicia e o Norte de Portugal nos eidos sociais, económicos e culturais”.

Despois de indicar a procedencia do texto, comenta Raquel Feixó a traxectoria seguida pola peza nos escenarios galegos e resume o argumento.

-Manuel F. Vieites, “Televisión e poder”, *Tempos Novos*, nº 13, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xuño 1998, p. 66. Logo de criticar aqueles programas que atentan contra calquera criterio artístico, cultural ou recreativo, manifesta que o teatro debería partir das súas posibilidades de provocación, da súa capacidade para emocionar ou irritar e da tecnoloxía teatral. Comenta, ademais, a representación realiazada polos dous Teatros do Noroeste de *Estación Mahagonny*, que resulta ser unha proposta a medio camiño entre a épica brechtiana e a reproducción mimética dos máis tópicos clixés televisivos, que padece dos mesmos defectos que presenta calquera mostra de “telelixo”. Sinala por último, que os resultados artísticos desta nova aventura teatral, non invalidan a liña de colaboración orientada a desenvolve-lo teatro, que defenden Manuel Guede, José Martins ou Eduardo Alonso no programa de man.

- V. XIVª Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia.

Teatro do Vilar: *Fóra de si,* de José Luis Alonso Santos.

-Alonso, “Teatro do Vilar” prepara ya su nueva obra”, *La Región*, 8 febreiro 1998, p. 34.

Comeza o artigo cunha referencia á “enchenta” que supón a dedicación dun Día das Letras Galegas a un determinado autor, “enchenta” na que o teatro, salvando excepcións como a de Galileo, non acostuma a participar. Opina Camilo Franco que a linguaxe escénica empregada non casa coa interpretación das cantigas, converténdoas en excesivamente expresionistas nun caso e en sumamente románticas noutro. Considera que se “identifica con demasiada facilidade o obsceno co vulgar” e que, por veces, “falta claridade na expresión da palabra” e “protagonismo do verso”.

Teatro Fámula: *Golgolori,* de Michael Ende.

Teatro Galileo: *Trobador*, baseada en textos de Martín Codax, MendiÒo e Xohán de Cangas.

Dirección: Pedro Rubín Garrido. Interpretación: Raúl Varo, Xosé Manuel Esperante e Mónica Caamaño.

-V. Xoves teatrais 98 de Ferrol.
- V. VIª feira de Teatro de Galicia.

Uvegá Teatro: *Zocos*, de Vicente Montoto e Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Mónica Caamaño, Fernando Pérez, Francisco Lestón e Vicente Montoto. Vestiario: Carlos Alonso. Realización escenográfica: Rodrigo Roel. Coreografía: Chedes Suárez. Iluminación: Octavio Más. Escenografía: Rodrigo Roel, Francisco García Maday.

-Susana Evangelista, “O teatro é un instrumento de axuda á calidade de vida intelectual”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 10 febreiro 1998, p. 68.

Con motivo da estrea da montaxe *Zocos*, Vicente Montoto, coautor da peza xunto a Manuel Lourenzo, explica que se trata de “varias obras que se entrecruzan de xeito imprevisto, o mesmo que a vida dos seus personaxes”, e como *Romeo e Xulieta* serve de “telón de fondo”. Fai certos comentarios acerca da importancia para Galicia do Premio Nacional de Literatura Dramática, outorgado a Manuel Lourenzo, e do labor que realizou ata agora este autor. Comenta a situación actual do teatro, resaltando que, máis que vivir do teatro, o que se fai é “intentar resistir”, ademais de xustifica-la razón pola que cre que este

xénero é “o último reducto da cultura comunicada”. Por último, céntrase na función das representacións en pequenos locais e o que se pode acadar con elas.

-J. A. Martínez Sevilla, “Estilo llano”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de La Coruña”, 11 febreiro 1998, p. 6.

A ficha completa está seguida dunha recensión na que aborda cada un dos aspectos relacionados coa representación de *Zocos*. Opina Martínez Sevilla que é unha “parodia basada en los infaustos amores de Romeo y Julieta”, na que “vibran muchos lugares comunes, escenas, tópicos” que contribúen a darlle un carácter máis localista. Considera que é unha proposta orixinal cun final inesperado. Loa a sinxeleza e suxestividade do decorado, así como a descreción do vestiario. Finalmente, analiza a actuación de cada un dos actores.

-Fernando Franco, “Uvegá Teatro: entre Romeo y Julieta y el “boom” de los zuecos de diseño”, *Faro de Vigo*, 1 abril 1998, p. 11.

Comeza o artigo cunha lembranza da traxectoria de Uvegá Teatro nos dez anos de existencia, asimilados por Fernando Franco a dez anos de loita, o mesmo que os demais grupos galegos que “mantienen contra viento y marea su independencia”. Refírese, a seguir, a Manuel Lourenzo, o director da compañía, e ós galardóns que recibiu nos últimos tempos. Finalmente, nomea os escenarios galegos polos que pasou e aqueles polos que vai pasar Uvegá con *Zocos*, e resume o argumento.

-Rafael López, “La Compañía Uvegá pone en escena “Zocos”, teatro dentro del teatro para una sátira de Galicia en clave de humor”, *Faro de Vigo*, 2 abril 1998, p. 48.

Ademais de describi-lo argumento de *Zocos*, opina Rafael R. López que é unha “obra de difícil clasificación”. Considera que con ela volve Uvegá a aproximarse ó teatro de risco, ademais de buscar “la complicidad de los asistentes con guiños a la más galaica actualidad”.

-V. Xoves Teatrais 98 de Ferrol.
- V. VIª Feira de Teatro de Galicia.

Verdegaio: *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso Rodríguez Castelao.

Dirección: Beatriz Gómez e Antonio Moledo Correa.

-R. R., “Obra de teatro en la “Casa Rosada”, *Diario de Pontevedra*, 27 decembro 1998, p. 15

Dá conta dunha nova representación na Casa Rosada de Poio na que o grupo Verdegaio leva a escena a obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Di tamén quen é o director do grupo e mais que a entrada para asistir á estrea desta obra será gratuíta.

III. Teatro

III. 5. Postas en escena

III. 5. 2. Estreas

III. 5. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Aneis: *Casting: A nosa poesía*.

Dirección: Xosé Manuel Martínez Quintas.

-M. P., “Aneis: La defensa de la cultura y el idioma de Galicia a través del teatro de aficionados”, *La Región*, 31 xaneiro 1998, p. 44.

Informa da obra que está a representar este grupo de teatro afeccionado da Limia, *Casting: A nosa poesía*, e dá conta do proxecto máis inmediato: *O mozo que chegou de lonxe*. Recolle as palabras do director, Xosé Manuel Martínez, nas que comenta a primeira das obras, salienta o esforzo voluntarioso dos artistas e expón a finalidade deste grupo. Péchase a noticia cunha descrición dos tres grupos de idade nos que está estructurado Aneis e cun percorrido pola súa traxectoria dentro do mundo das artes escénicas.

-Raquel Feijóo, “Facer da vida “un pouco de arte dramático”, *La Región*, 31 xaneiro 1998, p. 14.

Informa da representación de *Cásting: A nosa poesía*, na Agrupación Cultural Auriense e dá conta das características desta peza. A seguir, repasa a traxectoria do grupo Aneis dende a súa creación en agosto de 1996 e describe a súa composición e estructuración nos seguintes subgrupos: “Aneis picariños” (de 6 a 9 anos), “Aneis mozos” (de 11 a 14 anos) e “Aneis” (de 15 a 45 anos). Finalmente, recolle as palabras do director nas que explica os obxectivos e salienta a boa acollida por parte do público.

Apeirón, Universidade de Santiago de Compostela: *Os xemelgos,* de Plauto.

Montaxe colectiva: Silvia Cerneira, Fernando Cajaraville, Mari Betanzos, Silvia Taboada e Marisa Fernández.

Asociación **Avante**: *Mórde-me!!*, de Inma António Souto.

- V. IIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Aula de teatro, Campus de Lugo: *Ramo cativo*, de Jenaro Marinhas del Valle.

Dirección: Tareixa Campo. Interpretación: Erika Esmorís, María Quiroga, Jorge Álvarez, Eva Cabo, Raquel L. Cendán, Francisco Rei, Manuel Polo, Marta Ballón, Viky Pérez, Rocío Bello, Esmeralda Quiroga, Pablo G. Canda. Deseño de escenografía, cartel e programa: José Blázquez. Realización de escenografía: José Blázquez, Guillermo Díaz. Atrezzo e vestiario: Marga Portomeñe. Iluminación: Guillermo Díaz. Son: Sonia Gómez.

V. Mostra de Teatro “Manuel Mato”. Vilalba.
V. IVº Festival Internacional de Teatro Universitario de Santiago de Compostela.
- V. IIIª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.

Aula de Teatro Universitario de Ourense (1): *Crimes exemplares*, de Max Aub.

Dirección e dramaturxia: Fernando Dacosta. Interpretación: Ana Montero, Ruth Díaz, Toño Iglesias, Mónica González, Sergio Zearreta, Lidia Gómez, Venancio Rodríguez, Elisa Anta, Iñaki Lema, Juanjo G. Rodicio, Pablo Silva, Laura González, Paz Grande, Anxos Cabada, Anxo Blanco. Iluminación: Suso Díaz. Escenografía, vestiario e atrezzo: Pablo Otero. Realización de vestiario: Modesta Espinosa, Ruth Díaz e Mónica González. Son: Fernando Dacosta. Maquillaxe: Ruth Díaz. Cartel e programa: Pablo Otero. Fotografía: Javier Álvarez.

-R. F., “Maricastaña participou na ‘Bienal Internacional de Teatro”, *La Región*, 10 decembro 1998, p. 4.

Breve nota de prensa na que se informa da participación da Aula Universitaria de Ourense Maricastaña na Bienal Internacional de Teatro de Murcia. Informa tamén doutras postas en escena deste grupo en festivais internacionais de teatro.

V. IVº Festival Internacional de Teatro Universitario de Santiago.
V. Encontro de Aulas de Teatro das Universidades en Vigo.
V. Vª Mostra de Teatro Universitario Galego.
V. IIIª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.

Aula de Teatro Universitario de Ourense (2): *Noite negra do crepúsculo*, versión libre inspirada en textos de Max Aub.

Dirección: Fernando Dacosta. Interpretación: Ana Montero, Ruth Díaz, Toño Iglesias, Mónica González, Sergio Zearreta, Lidia Gómez, Txus Lence, Maite Gómez, Venancio Rodríguez, Elisa Anta, Iñaki Lema, Juanjo G. Rodicio, Pablo Silva, Laura González, Paz Grande, Anxos Cabada, Anxo Blanco. Escenografía, vestiario e atrezzo: Pablo Otero. Realización de vestiario: Modesta Espinosa, Ruth Díaz, Mónica González. Iluminación: Suso Díaz. Son: Fernando Dacosta. Maquillaxe: Ruth Díaz. Cartel e programa: Pablo Otero. Fotografía: Javier Álvarez.

Aula de Teatro, **Universidade de Santiago de Compostela**: *Comedia noxenta para mamá*, de S. Witkiewicz, versión de Roberto Salgueiro.

Dirección e dramaturxia: Roberto Salgueiro. Interpretación: Delfina Miguélez, Charo Varela, Xosé Manuel Esperante, Cristina Alsira Iglesias, Marcos Rodríguez, Miguel Anxo Oubiña, Mónica Caamaño, Xulio Abonjo, Manuel Alejandro Alvariño, Cristina García e Denís López. Deseño de vestiario: Belén Naverán. Realización de vestiario: Celsa Bouzón. Deseño de espacio escénico e iluminación: Roberto Salgueiro Realización espacio escénico: Rodrigo Roel. Asistencia técnica: Kachet S.L. Técnico de escena: Santiago Mañasco. Deseño de cartel e programa: Xerardo Fuentes. Asistencia de dirección: Cristina García e Cecilia Carballido.

-Darío Janeiro, “Que pase o vento”, *O Correo Galego*, “Lufada”, 1 abril 1998, p. 5.

Manifesta que ademais do teatro das denominadas compañías profesionais, existe outro “vivido igualmente como paixón”, o universitario. Refírese a seguir á xa semana tradicional que a Aula da USC está a argallar en Santiago e en Lugo e na que entre outras representacións estará a de *Comedia noxenta para mamá*, do grupo de Roberto Salgueiro, quen estima que a saúde do teatro universitario é óptima. Informa tamén da existencia na edición deste ano dunha exposición sobre o teatro universitario, para rematar reivindicando o papel do teatro desta índole e do alternativo.

- V. IIIª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.

Aula de Teatro, **Universidade de Vigo**, Campus de Vigo (1): *O Sangue do tempo*, de Ángel García Pintado.

-V. Encontro de Aulas de Teatro das Universidades. Vigo.

Aula de Teatro, Universidade de Vigo, Campus de Vigo/Alumnos de la Real Escuela Superior de Arte de Madrid (2): *Reflexións sobre o Fausto de Goethe.*

-V. Encontro de Aulas de Teatro das Universidades. Vigo.

III. 5. Postas en escena

-V. Semana de Teatro da Universidade da Coruña.

5. Postas en escena

Agrupación Cultural **Auriense**: *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte.

A Balteira: *Un banquete antropofáxico*, de Francisco Nodar Manso.

Captatio Benevolentiae: *Teatro baixo a area*, varios autores, traducción de Miguel Vázquez e Teresa Rodríguez.

Dirección: Captatio Benevolentiae. Interpretación: Carlos Caneda, Paula Carballeira, Anabel Gago, Raquel García, Rosa Iglesias, Fernando M.S., Xela Marx, Chiqui Pereira, Tareixa Rodríguez, Belén Ruíz, Ana Costas, Leticia Oliveira, María Quintáns, Mónica Vázquez, Cristina Valera. Escenografía: Captatio Benevolentiae. Deseño de vestiario: Maya Estarque. Realización de Vestiario: Mercedes Torres "Isi". Luz e son: Belén Ruíz e Chiqui Pereira.

-V IVº Festival Internacional Universitario de Santiago de Compostela.

Escola de Teatro do **Colexio Público de Portonovo**: *As Alegres comadres de Winsord*, de Shakespeare, adaptación de Agustín Magán.

- V. IIª Mostra de Teatro Galego Afeccionado de Sanxenxo.

Grupo de teatro **Comité Pro Autores-Perseguidos**: *Que vin?*, de Patricia Piñeiro.

Dirección: Patricia Piñeiro. Interpretación: María Leira, Patricia Piñeiro, María Roldán, Karen Duncan, José Méndez, Lara Sánchez, Patricia Gómez, Vanessa Ríos, María Castro, Juan Pazos, Gary Losada e Fefa Noia. Deseño de vestiario: Oscar Caíño. Música e luces: Le petit comittée. Axudante de dirección: María Roldán.

-V. IVº Festival de Teatro Universitario.

Grupo de transparencias do CEIP **Cruceiro de Vilalonga**: *A Celespiña*, de Laura González Rodríguez.

- V. IIª Mostra de Teatro Galego Afeccionado de Sanxenxo.

Eis: *Os peixes encarnados*, de Jean Anouilh; adaptación de Sante Cortegoso e Iolanda Ogando; traducción de Miguel Cid, Xabier Cid e Iolanda Ogando.

Dirección: Iolanda Ogando. Interpretación: Beatriz Iglesias, A. Barreiro, María Xosé Ogando, Sante Cortegoso, Santiago García, Diógenes Costa, Olivia Nóvoa, Nate Borrajo, Beatriz Iglesias, María Barreiro, Brais Fernández e Camila Bossa. Escenografía e iluminación: A. Barreiro Warren. Vestiario e maquillaxe: Beatriz Iglesias, Camila Bossa. Deseño gráfico: Miguel Cid. Música: Doro Rodríguez, Iolanda Ogando. Técnico de luz: Pablo Maseda. Técnico de son: Doro Rodríguez.

V. Vª Mostra de Teatro Universitario Galego.
V. IIIª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.

Grupo de Teatro da **Escola de Formación Permanente de Adultos "Artes e oficios"**: *O cego de Fornelos*, de Varela Buxán.

Lima la Horrible 1995

-V. Semana de Teatro da Universidade da Coruña.

A Esmorga: *Platón suspende a selectividade*, de Sergio Vences.

Estragón: *Tres farsas clásicas e unha moderna*.

- V. Vª Mostra de Teatro Universitario Galego.
-V. Semana de Teatro da Universidade da Coruña.

Compañía de Teatro da **Facultade de Filosofía**: *Deus*, de Woody Allen

Dirección: Xabier Turnes. Interpretación: Carlos Villaverde, Isabel de Santiago, Mª Carmen Sotelo, Marcos Casas, Diego Dopico, Javier Barcia, Martina Martínez, Berta Pérez, Sandra García, Xan Vieiro, Edi Velázquez, José Mendiola, Amalia Gómez, Ana Ponte, Montse Gómez, Idoya Jarabo, Carlos Areán, Laura Blanco Carracedo, Mª Teresa González, Eva Marrón, Roberto Cibeira, Paula Fernández e Lois Atanes. Escenografía, vestiario e música: Compañía de Teatro da Facultade de Filosofía. Deseño de luces: Xabier Turnes.

-V. IVº Festival Internacional de Teatro Univeritario.

Grupo de Teatro Universitario do Campus de Ferrol: *O mozo que chegou de lonxe*, de J. M. Synge, en versión de Alberto Avendaño.

Dirección: Jorge Castro Ruso. Axudante de dirección: Isabel Conde Interpretación: Elba Álvarez, Anxo Fernández, Jorge Maneiro, Víctor Blanco, Xosé Xavier Anido, Daniel Bañobre “Brico”, José Antonio Piñón, Edita Álvarez, María A. Blanco, Ana González, Elia Casal e Abilio Villena. Técnico de son: Fran Ramón. Efectos especiais de son: Santiago Meléndez.

Hac Luce: *A farsa de Inés Pereira*, de Gil Vicente.

Dirección: Cándido Pazó. Axudantes de dirección: Carlos Mejuto e Juan Udaondo. Interpretación: María Torres, Cristina Cachaldora, Victoria Teixeiro, Javier Castiñeira, Carlos Fernández, Iván Marcos Martínez, Jesús Vega, Estíbaliz Espinosa, Sara Fernández, Elisa Serra, Ramiro Neira, Ramón Posada. Escenografía: C. Alonso, C. Pazó, Equipo Creativo da Escola de Arquitectura. Vestiario: Carlos Alonso. Composición musical: Francisco M. Barreiro. Responsable de producción: Juan Udaondo.

- V. Vª Mostra de Teatro Universitario Galego
V. Semana de Teatro da Universidade da Coruña
V. Encontro de Aulas de Teatro das Universidades.

Instituto Municipal de Educación de Vigo: *Soño de verán*, de Willian Shakespeare.

Dirección: Chelo Pampillón.

-M. F., ”Jóvenes actores vigueses interpretarán una adaptación gallega de Shakespeare”, *Atlántico Diario*, 21 novembro 1998, p. 9.

Noticia sobre a posta en escena dunha adaptación de Shakespeare, *Soño de Verán*, realizada polo Instituto Municipal de Educación de Vigo. Alúdese ó proxecto da creación da escola municipal de teatro, para engadir, finalmente, unhas liñas que salientan o traballo de adaptación e traducción ó galego deste grupo, de *Bodas de Sangre*, de Lorca e *Deus no banquillo*, de Manuel Heredia.

Grupo de teatro **“A Mámoa”**: *Non lle busques tres pernas ó alcalde*, de Pedro Mario Herrero.

Interpretación: Carmen Pazos, Alfonso Lavandeira, Anxo Blanco, Amadeo Rey, Carlos Lueiro, Anabel Estévez, Alcira Angueira, Fernando Gallego e Lucía Mosquera.

-V. Vº Mes de Teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de Teo.

Asociación de **Mulleres Rurais de Lalín**: *De mulleres non me fales*, de Daniel Varela Buxán.

Grupo de Teatro da Asociación de **Mulleres de Moaña**: *A farsa das dez zocas*, de Ricardo Carballo Calero.

Grupo de Teatro **Nus**: *Clerks* de Kevin Smith.

Dirección: Raquel Cimadevila e Marta Pinzás. Interpretación: Vicente Barceló, Gutier Lusquiños, Iván López, Raquel Cimadevila, Montse Segade, Sabela Herrera, Eva López, Veronica X, Iria Crespo, Manuel Iglesias, Roberto Vieites, Raúl Lago e David Gómez. Decorados: Adrián López, Rubén e Iria Reigosa. Maquillaxe: Carmo González.

-V. IVº Festival Internacional de Teatro Universitario.

Pampullos e Saramajos: *O tonto e o sabio*.

-E. G., “El Centro San Miguel de O Rosal reanuda su actividad con teatro, magosto y baile”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1998, p. 18.

Sucinto comentario sobre as actividades da Sociedad Recreativa e Cultural Centro San Miguel de O Rosal, que iniciou a súa temporada coa posta en escena da obra *O tonto e o sabio*, a cargo da compañía Pampullos e Saramajos. Así mesmo, infórmase doutro tipo de actividades, tamén de carácter cultural, que tiveron lugar no marco da citada Sociedade.

Grupo de Teatro **Politeia**, Universidade de Santiago de Compostela: *Sinopse (da vida dunha muller)*, creación colectiva.

Dirección: Maribú. Interpretación: Coco, Cristina Fernández e Xoel Ben, Begoña Casas, Laura Iglesias, Amaia Fernández, Rocío Maceiras, David Fernández, Fernando García e Yago Cominges. Deseño do cartel: Politeia. Escenografía: Politeia. Fotografía: Ana del Buey. Vídeo: Luciano Velo.

Grupo de Teatro da **Picoña**: *Se o sei non volvo a casa*, de Manuel Varela Buxán.

Porta do Camiño (1): *A taberna sen dono*, de Varela Buxán.

Dirección escénica: Xosé Cabido. Interpretación: Remedios García, Manuel Caamaño, Benito Calvo, Gregorio Fernández, María Pérez López, Pura Cancelo, Dolores Riveiro, Carmen Montero, Clarisa Romero, Adelaida Adrey, Daría Gómez, Lourdes Cancela, Miguel Fernández. Decorador: Basilio Vidal.

-J. M., “Una obra de teatro pone fin al programa de navidad de Touro”, *El Correo Gallego*, 14 xaneiro 1998, p. 14.

Dá conta da representación de *A taberna sen dono* no salón parroquial de Touro, no marco da programación cultural de Nadal.

Grupo de Teatro **Trasnada**, do funcionariado do Concello de Vigo: *Teñámo-lo sexo en paz*, de Darío Fo.

Dirección: Froíña García Interpretación: Conchi Rodríguez, María José López, Yolanda Lago, Paula Díaz, Quicolo Rodríguez e Suso Otero.

-Javier D. Campa, “El grupo teatral Trasnada pone en escena la obra de Darío Fo “Teñamo-lo sexo en paz”, *Atlántico Diario*, 6 xuño 1998, p. 15.

Dá noticia da posta en escena da obra *Teñámo-lo sexo en paz*, de Darío Fo, que terá lugar en Vigo o día 9 de xuño no Auditorio Caixavigo. Cita algunhas das cuestións que conforman a obra como a virxinidade, o orgasmo e a impotencia. Comenta tamén os problemas que tivo a compañía para levar adiante a posta en escena pola negativa do permiso da representación por parte da compañía de Charo López, posuidora dos dereitos en exclusiva en España. Finalmente comenta a adaptación a cargo de Froíña García, directora da obra, quen converteu o monólogo orixinal nunha conversa de varias mulleres con alguhnas interpretacións de homes en “off”.

-P. G., “Trasnada” recrea en su nueva obra las relaciones de pareja desde Adán y Eva”, *Faro de Vigo*, 8 xuño 1998, p. 13.

Recolle as declaracións de Froíña García, a directora do grupo, a cal lembra o contido da obra*, Teñámolo sexo en paz*, de Darío Fo, que van representar no Auditorio Caixavigo, e comenta algunhas impresións que causou a representación de determinados fragmentos ante un grupo de persoas maiores do Concello. Finalmente fai referencia ós problemas que tiveron para representa-la obra, entre outras cousas porque os dereitos de Fo en España os ten a Compañía de Charo López.

-F. F., "Trasnada llenó e hizo estallar de aplausos el auditorio del Centro Cultural Caixavigo", *Faro de Vigo*, 10 xuño 1998, p. 12.

Refírese a *Teñámo-lo sexo en paz* como "un montaje sencillo, pero suficiente" ó que o público compensou cunha asistencia masiva. Ademais cita outras obras que nestas datas pasan polos escenarios vigueses: *La maldición del contrabandista audaz*, representada polo Centro Dramático Clandestino, e *Nano*, a cargo de Teatro do Adro.

Grupo de Teatro **O Trasno**, da Sociedade Recreativa Nautilius: *Unha muller, unha historia*.

Teatro da Bufarda: *O xardín das pernas roubadas*, de Xoán Carlos Mejuto.

Dirección artística: Xoán Carlos Mejuto.

-J. Nogareda, “Teatro da Bufarda’ actúa el lunes en Malpica”, *El Correo Gallego*, 21 febreiro 1998, p. 15.

Comenta a representación de *O xardín das pedras roubadas* no Local da Agra de Malpica e define a obra como unha “comedia ácida” na que teñen cabida o humor e a ironía. Describe a ampla temática da obra, que vai dende a incomunicación ata a corrupción dos poderosos. Finalmente, caracteriza ós integrantes do grupo pola súa concepción da arte escénica como unha “arte de corte social”.

- V. IIIª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.
V. Semana de Teatro da Universidade da Coruña.
- V. Vª Mostra de Teatro Universitario Galego.
V. Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro.
-V. Semana de Teatro da Universidade da Coruña.
- V. XIª Mostra de Teatro de Cee.

Xeito, Grupo Teatral do Centro Social da Terceira Idade de Xinzo de Limia:

A criada atoleirada, adaptación ó galego do Centro Dramático Salesiano.

Dirección: Alfonso Carlos Lois. Axudante dirección: Guillermo Gil. Interpretación: Josefa Fernández, María Carballo, María Mosquera, Cesáreo Portela, Gerardo Borge, Natalia Cid, Benjamín Vales, José Pérez, Constantino Cerradelo, Florentino Rodríguez, Alejandro Rivero, Rosa Rivero, José Corbillón e José Méndez.

-M. P., “Xeito”: Teatro de Mayores’ para todos los públicos”, *La Región*, 17 xullo 1998, p. 38.

Anuncia a estrea da obra na Casa da Cultura de Xinzo de Limia, destacando que se trata do primeiro espectáculo que ofrecen estes catorce actores xubilados despois de se constituí-lo grupo no mes de abril, coa finalidade de que os maiores participen en actividades culturais e desenvolvan as súas capacidades. Recóllense as palabras do director da peza, Alfonso Carlos Lois, que a define como sainete de costumes e relata as liñas argumentais: Petra, unha moza que serve na cidade na casa duns amos cheos de prexuízos e “cursis”, vese desconcertada pola presencia dun señorito arxentino. A visita dos familiares de Petra provoca situacións comprometidas e graciosas polo contraste entre os dous mundos, que finalizan co regreso da moza ó seu lugar de orixe.

Asociación Cultural **Valdeouro**: *Nosferatu*, de Manuel Cao.

Dirección: Manuel Cao. Interpretación: Marco Fernández, Alfredo Fernández, Ana Cao, Iria Cao, Carmen González, Gwendi Martínez, Diego Alonso, Carlos Guldris, Cuenca, Lara Rodríguez, Patricia Fernández, Ana Mourelle, Cristina Ares, Ramón Cao, Álvaro Fernández e Ana Crespo. Narración: Amalia Arroyo. Deseño de escenario: Ana Domínguez. Decoración e Pintura: Antonio Bello e Concepción Arias. Iluminación: José Manuel Martínez. Son: Isaac López e Francisco Seco. Efectos de son e sistema infórmatico: Felipe Rodríguez. Atrezzo: Santiago Álvarez. Perruquería: Jesús Arroyo. Deseño de xoias e accesorios: Alicia González.

-Manuela Pérez, “Valdeouro ofreció un pregón hecho teatro”, *La Región*, 7 agosto 1998, p. 40.

Dá conta do inicio das festas de A Rúa e do pregón ofrecido polo grupo de teatro da Asociación Valdeouro, así como da estrea da peza *Nosferatu*. Ofrece tamén a ficha técnica da peza.

-A. R., “Nosferatu’ vuelve a escena en el cine ‘Avenida’ de A Rúa”, *La Región*, 12 agosto 1998, p. 11.

Informa da representación da obra *Nosferatu* a cargo da Asociación Cultural Valdeouro no cine Avenida de A Rúa, actuación que se enmarca nunha serie de actos culturais que se dan cita en A Rúa.

III. Teatro

III. 5. Postas en escena

III. 5. 3. Reestreas

III. 5. 3. 1. Grupos estables ou profesionais

Áncora Produccións (1): *Ladraremos, comedia de amor e medo*, de Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas. Axudante de dirección: Mon Santiso. Interpretación: Ánxela Abalo, Gustavo Pernas. Escenografía, atrezzo e cartel: Suso Montero. Iluminación: Paco D' Pink. Producción: Áncora Produccións.

-D. P., "Áncora Produccións pone hoy en escena la obra 'Ladraremos", *Diario de Pontevedra*, 2 marzo 1998, p. 10.

Logo de anuncia-la representación desta peza no Teatro Principal de Pontevedra, fai unha síntese argumental. A seguir describe a traxectoria do autor, Gustavo Pernas Cora, e da compañía, Áncora Produccións, salientando os premios acadados. Péchase o artigo con información acerca do prezo das localidades, reservas e horario.

- V. Iª Mostra de Teatro en Galego. Lugo.

Áncora Produccións (2): *Fábula*, *comedia nun só acto... sexual*, de Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Interpretación: Gustavo Pernas Cora, Conchita Leira, Fermín Abril e Ánxela G. Abalo.

-M. X. B., "Áncora Produccións presenta hoy en Boiro la obra de teatro 'Fábula", *El Correo Gallego*, 8 maio 1998, p. 19.

Dá conta da representación desta obra na casa de cultura Ramón Martínez López de Boiro. Sintetiza o argumento e relaciónaa con outros títulos desta compañía que integran a triloxía. Finalmente, informa doutras representacións previstas dentro do ciclo de teatro que se celebra no mes de maio.

Bacharel Teatro: *O por qué das cousas*, de Quim Monzó.

Dirección e adaptación: Ánxo Lourido.
Producción: Irene Lourido e Manuel Albariño.

-V. Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro.

Castelo, O: *Pedro Madruga*, de Daniel Cortezón.

Dirección: Roberto Casteleiro
Interpretación: 60 actores afeccionados.

-V. Xoves Teatrais 98 de Ferrol.

Centro Dramático Galego: *O bufón d'El Rei*, de Vicente Risco.

Dirección: Manuel Guede. Interpretación: Rosa Álvarez, Xosé M. Olveira "Pico", Andrés Pazos, María Barcala e Marcos Viéitez. Escenografía: Iago Seara. Coreografía: Mónica Runde. Iluminación: Francisco Veiga. Estudio crítico: Damián Villalaín.

-Chema Paz Gago, "O bufón de "El Rei", *Revista Galega de Teatro*, "Opinións desde a butaca", nº 17, decembro 1997, pp. 82-84.

Salienta o empeño de Manuel Guede por rescatar pezas imperfectas pero de indudable valor histórico, e comenta a continuación certos aspectos da representación de *O bufón d'El Rei*: a posta en escena efectiva baseada en volumes xeométricos ou o coro que en opinión do articulista sobra.

-Chema Paz Gago, "O bufón de el Rei" de Vicente Risco", *Primer Acto*, nº 272, "Comunidades Autónomas", 1998, pp. 124-125.

Comeza Chema Paz facendo alusión ás influencias do teatro simbolista en Vicente Risco. Logo aplaude as innovacións de Manuel Guede como director de *O bufón d'El Rei*, representada polo CDG. Destaca, tamén, o traballo de Iago Seara na escenografía, ó tempo que critica a presencia do coro no elenco actoral. Di que na posta en escena do texto risquiano predomina a intelectualización.

-Manuel Guede Oliva, "Memoria dunha montaxe: a propósito de *O bufón de El Rei*", *Revista Galega do Ensino*, nº 18, "Colaboracións especiais", febreiro 1998, pp. 99-114.

Reflexión de Manuel Guede Oliva sobre a importancia da representación da obra *O bufón d'El Rei*, de Vicente Risco, na súa vida e na súa carreira profesional. Comeza cuns apuntamentos sobre a posible xénese da obra, que o articulista sitúa en maio do ano 1985, momento no que asistiu á representación de *El Rei Lear*, de Shakespeare, polo Dramaten de Estocolmo, baixo a dirección de Ingmar Bergman. A continuación, refírese á súa decisión de levar a escena a obra de Risco, cando asume o cargo de director e responsable artístico do Centro Dramático Galego; así como ó propio proceso da posta en escena que comeza, no seu caso, pola reescritura a man da peza. Remata cunha análise detallada dos diferentes elementos que conforman a montaxe: a elección do actor principal, a escenografía, a coreografía e a música, o vestiario, a iluminación e os ensaios que precederon á posta en escena final.

-AGN, "El Centro Dramático Galego representa "O bufón de El Rei" de Vicente Risco", *El Ideal Gallego*, 14 abril 1998, p. 22.

Dá conta da representación da única peza dramática de Risco no Teatro Principal de Santiago. Salienta que esta montaxe do CDG é a primeira posta en escena da obra.

-A. I., “El Centro Dramático Gallego se despide del Principal con ‘O bufón de El Rei”, *El Correo Gallego*, 19 abril 1998, p. 11.

Logo de informar da última representación desta obra no Teatro Principal de Santiago, recolle as declaracións de “Pico”, un dos actores protagonistas, nas que se refire á boa acollida que está a ter entre o público, ás dificultades do espectáculo e á intención que perseguía con esta montaxe a compañía. Gaba o traballo coreográfico e escenográfico.

-D. P., “El Auditorio de Lérez acoge la obra de Vicente Risco “O bufón de El Rei”, *Diario de Pontevedra*, 29 abril 1998, p. 14.

Dá noticia da presentación de *O bufón d’El Rei,* en Pontevedra. Informa das autoridades presentes no acto e os lugares polos que pasou antes de chegar á capital do Lérez. Sintetiza a temática como “la relación entre la deformidad física y la depravación moral”.

-D. P., “El Centro Dramático Galego termina hoy su gira por Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 1 maio 1998, p. 14.

Informa do peche en Pontevedra da xira do CDG con *O bufón d’El Rei* despois de máis de trinta representacións.

-D. P., “Mañana, última representación de la obra “O bufón de El Rei”, 30 abril 1998, p. 15.

Comeza salientando a boa acollida desta peza na capital pontevedresa. A seguir, informa do horario das representacións, do prezo das localidades, do reparto escénico e do tema. Comenta brevemente as débedas da obra con Víctor Hugo, Maeterlinck e Oscar Wilde.

Centro Dramático Vilalbés (1): *Tres na corda floxa*, de Luigi Lunari.

Dirección: Xosé María Lamas. Interpretación: Emilio Castro, Paulo Naseiro e Toni Orosa.

Ditea, Teatro de Cámara: *Terra baixa*, de Ángel Guimerá.

Interpretación: Alberte Álvarez, Xaquín Lorenzo, Francisco G. Grela.

-Emilio Forxán, “El grupo de teatro Ditea representa hoy en Brión la obra “Terra Baixa”, *La Voz de Galicia*, 24 outubro 1998, p. 43.

Anuncia a representación da obra dentro do programa cultural *Galicia nos sentidos* que acolleu o Concello de Brión. Comenta a importancia desta peza teatral considerada “una de las piezas más emblemáticas del teatro catalán”. A seguir ofrece unha análise do seu tema que constitúe un drama rural dos campos cataláns “con alcance y proyección mundial” e resume o argumento centrado no conflicto sentimental entre Marta, Sebastiá e Manelic. Finalmente informa dos horarios da representación a cargo da compañía Ditea e lembra a Agustín Magán, o seu director e fundador, “tristemente desparecido”.

Elsinor Teatro (1):*O regreso*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación:
Manuel Lourenzo e Pablo Rodríguez.
Escenografía: Rodrigo Roel. Iluminación: Manuel
Lourenzo. Producción: Montserrat Módia.

Encuadre Produccións: *Ministros pola cara*, de Ernesto Caballero, traducción de Lino Braxe e Flor Maceiras.

Dirección: Antonio Simón. Interpretación: Ernesto Chao e Antonio Durán “Morris”. Vestiario, cartel e programa: Encuadre.

-Pablo G. Quintas, “Ministros pola cara’, un teatro ‘de cine’ chega ó Principal de Santiago”/“Teatro de ‘pantalla grande”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 15 xaneiro 1998, p. 44/p. 12.

Informa da representación no Teatro Principal de Santiago. Recolle as declaracións de Antonio Simón, de Morris e de Ernesto Chao nas que salientan o tratamento de temas actuais como a corrupción política ou os fondos reservados dende unha posición irónica, así como as influencias que do mundo cinematográfico recibe esta montaxe. A este respecto, cuestionan a separación entre cine e teatro. Achega a nómina de colaboradores e salientan a única presencia dun cubo multiusos no escenario.

-Raquel Feijóo, “O espectador síntese identificado coa obra”, *La Región*, 24 xaneiro 1998, p. 15.

A información referida á representación de *Ministros pola cara,* así como un breve percorrido pola traxectoria dos protagonistas están seguidos dunha entrevista a Antonio Durán na que este actor fala da

recepción da peza, das características xenéricas, temáticas e escenográficas, ademais de se referir á combinación desta actividade coa de actor dunha serie televisiva.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia.

Espello Cóncavo: *As troianas*, de Eurípides, versión de Manuel Lourenzo.

Dirección: Arturo López. Interpretación: Teresa Horro, Xavier Pan, Ana Santos, Luisa Merelas, X. Lóez Brañas, “Tanas”, Susana Longueira e Xosé Antón Moure.

-S. M., “Espello Cóncavo pone en escena “Las Troianas” de Eurípides en versión actual”, *El Ideal Gallego*, 5 marzo 1998, p. 11.

Informa da representación de Espello Cóncavo no Teatro Rosalía da Coruña. Comeza salientando que aínda que está baseada nunha obra clásica, na versión actual Manuel Lourenzo respectou a idea central de Eurípides, o antibelicismo. Recolle as palabras do director nas que incide neste aspecto ademais de amosa-la dor dunha maneira moi directa. Finalmente, insire esta obra como un argumento máis para a polémica da representación dos clásicos no noso teatro.

-Camilo Franco, “A distancia das víctimas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 16, 10 marzo 1998, p. 3.

O autor valora positivamente esta montaxe por “facer teatro contemporáneo” sen “actualizar”. Destaca a importancia dos silencios á hora de xerar tensión na obra e o respecto pola historia, eliminando referencias difíciles. Considera que esta montaxe “procura máis a resignación que a rebeldía”. Finalmente, critica “algunha actitude excesivamente histriónica” e unha certa debilitación final.

-S. G., “Espello Cóncavo recrea el antibelicismo clásico de “As Troianas” en el Principal”, *La Voz de Galicia*, 25 marzo 1998, p. 49.

Informa da presentación da obra en Santiago e inclúe as declaracións do director e do adaptador do texto, nas que se refiren á ausencia de adobíos innecesarios e á claridade da mensaxe que a peza transmite. Valoran o traballo como unha experiencia positiva que conserva a esencia clásica e que segue a estar de actualidade pola temática antibelicista.

-A. Iglesias, “Espello Cóncavo presenta una versión de “As Troianas”, *El Correo Gallego*, 28 marzo 1998, p. 9.

Dá conta da representación da obra no Teatro Principal de Compostela. Recolle as declaracións do director Arturo López, da actriz Teresa Horro e do autor do texto, Manuel Lourenzo, nas que coinciden en salienta-la actualidade desta versión da obra de Eurípides.

- V. VIª Feira do Teatro de Galicia.

Factoría Teatro: *Cantos contos conta*s, de Xavier Picallo.

Dirección: Alfredo Rodríguez. Interpretación: Alfredo Rodríguez, Cristina Domínguez e César Martínez. Producción: Factoría Teatro. Escenografía, atrezzo e vestiario: Factoría Teatro.

-Raquel Feijóo, “Apostamos polo texto contemporáneo”, *La Región*, 3 abril 1998, p. 17.

Informa da representación no Teatro Principal de Ourense, inclúe o reparto e unha síntese do argumento. Reproduce unha entrevista a Alfredo Rodríguez na que declara a súa preferencia pola traxedia, a aposta persoal polo novo autor inglés Edward Thomas.

Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de estrelas*, de Manuel A. Botana e Xosé M. Conde.

Dirección: Xosé M. Conde e Manuel A. Botana.
Interpretación: Xosé M. Conde e Manuel A. Botana. Escenografía: Manuel A. Botana. Vestiario: Alberto Moldes. Música: Günter Breitenbach. Iluminación: Manoel López.

-V. IIº Outono Teatral nos Barrios

Librescena: *O Barbeiro de Sevilla*, de Beaumarchais, adaptación de Francisco Pillado Mayor.

Dirección: Xosé Manuel Pernas. Dirección escénica: X. M. Rabón. Interpretación: Tuto Vázquez, Amalia Gómez, Xosé Antonio Porto "Josito", Agustín Vega, Concha Parga e Miguel Pernas. Escenografía: Xosé Méndez. Música: Paulino Pereiro Vestiario: Isabel Vázquez

-Salvador Rodríguez, "Fígaro en Finisterre", *Faro de Vigo*, "Faro Domingo", 4 xaneiro 1998, p. 8.

Comeza o artigo cunha referencia á traxectoria da peza nas salas galegas dende a estrea en novembro de 1997, e tamén cunha alusión á importancia do director e actor principal. Despois de comenta-los criterios de elección seguidos por Librescena, refírese Salvador Rodríguez á adpatación do texto ó galego, á escenografía, á música e ó reparto. Finalmente, trata o proceso de creación da obra e diversos aspectos biográficos de Beaumarchais.

-I. C., “El barbero de Sevilla’, el 22 en el auditorio”, *El Correo Gallego*, 15 xaneiro 1998, p. 22.

Breve nota que informa da representación desta peza no auditorio da capital do Deza e dos motivos que levaron a Librescena a escollela para o seu repertorio.

-Beatriz Pallas, “Lo más destacado del teatro de este milenio es el amor”, *La Voz de Galicia*, 28 febreiro 1998, p. 74.

Despois de valorar *O Barbeiro de Sevilla* como unha revisión do pasado que forma parte dunha triloxía de Librescena sobre o amor, xunto con *Cyrano* e *Don Juan*, entrevista a Miguel Pernas. O protagonista da peza concédelle gran importancia ó amor na tradición dramática, fala da vixencia da figura do amante na actualidade, das espectativas teatrais para o novo milenio e da aparición dun público galego fiel ó teatro nos últimos anos.

-R. Carrera, “O barbeiro de Sevilla” se presenta como la seducción que entre por la puerta de servicio”, *Atlántico Diario*, 19 xuño 1998, p. 9.

Ademais de incluí-lo elenco de actores que participan na obra, fai Rosé Carrera unha historia da peza, dá conta da procedencia dos textos e apunta os premios recibidos dende a estrea en 1997.

-Rosé Carrera, “O Barbeiro de Sevilla’, de lo mejor del teatro gallego actual”, *Atlántico Diario*, 22 xuño 1998, p. 7.

Comeza este comentario da posta en escena no Auditorio do Centro Cultural Caixavigo cunha crítica á cidade olívida por terlle dado as costas ó teatro galego. Considera que esta versión de Francisco Pillado "resulta divertida y sorprendentemente natural", cuns actores que demostran ser "dos máis importantes de Galicia" e cunha boa dirección.

-Manuel F. Vieites, "Lembrando a Pepe Estruch", *Tempos Novos*, nº 16, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", setembro 1998, p. 68.

Deixa constancia da súa opinión sobre a representación realizada por Producciónss Librescena de *O barbeiro de Sevilla*, unha comedia de enredo de Pierre-Augustin Caron de Beaumarchais, que admite tantas lecturas coma postas en escena. Sinala que os problemas no tratamento da materia dramática xorden cando os obxectivos se mesturan ou non están o suficientemente claros, como é o que acontece no espectáculo citado, "que nin é comedia, nin farsa, nin ópera cómica". Comenta ademais a escenografía, o vestiario e a interpretación, salientado a Agustín Vega, que realiza un "sinxelo pero notable exercicio interpretativo". Lembra finalmente, a Pepe Estruch, o profesor de teatro que xunto a Manuel Lourenzo, creou na Coruña nos anos setenta, unha escola de interpretación chamada Teatro Circo, onde aprenderon case todos ós que se dedican ó teatro.

-Antón R. López, "Risas e Rossini no 'Barbeiro de Sevilla' de Librescena", *El Correo Gallego*, 29 outubro 1998, p. 75.

Cualifica de intelixente a traducción deste texto realizada por Francisco Pillado e considera que isto é pouco frecuente no teatro galego "onde os traductores se acirran co viño dos excesos recreativos ou

esquecen que as obras dramáticas non teñen máis obxectivo que seren faladas". Sinala que se trata dunha peza que ofrece dúas horas de entretemento, que ten sentido do ritmo e que en conxunto é "un espectáculo con pretensión de refinamento". Louva o traballo dos seis actores e menciona especialmente a Xosé A. Porto, Fígaro, e Tuto Vázquez, Don Bartolo. Finalmente indica como punto débil da obra que, tanto o vestiario coma a escenografía, comparten un "afán de mestura, de introducir o molde cibernético no molde tradicional da comedia que, a todas luces, non encaixa visualmente coa acción desenvolvida e, moito menos, co espíritu do texto e a súa dramaturxia".

-V. Xoves teatrais 98 de Ferrol.
V. VIª Feira de Teatro de Galicia.
V. Iª Mostra de Teatro en Galego.
Lugo.

Luzada: *Lembrando a Chejov*, baseados en *Petición de man* e *Sobre os males que provoca o tabaco*, de Anton Chejov, traducción de Francisco Pillado Mayor.

Interpretación: Xulio Cuns, Manuel Basoa e Olga Patiño.

-V. Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro.

Matarile Teatro (1): *Zeppelin nº 7* , de Ana Vallés.

Guión e dirección: Ana Vallés. Interpretación: Gena Baamonde, Leonardo F. Campos, Minke Lap e Pasky Marvel. Deseño de iluminación e espacio escénico: Baltasar Patiño. Vestiario: Matarile Teatro.

-C. F., “Matarile recapitula a temporada”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 18, 18 marzo 1998, p. 3.

Anúnciase a celebración dun maratón escénico a cargo de Materile coa representación de *Zeppelin nº 7*, *12 Rounds* e *Negro é negro*. Remítese ás explicacións de Ana Vallés, que indica que aínda que as tres obras son diferentes forman parte dunha linguaxe consolidada da compañía e explica como temas recorrentes a ironía, a relación co corpo e as miradas que permitan outra forma de ver. Apúntase a continuación que esta pode se-la derradeira representación de *Zeppelin nº 7* e finalmente alúdese ó duodécimo aniversario da compañía e ás dificultades para poñer en marcha e sacar adiante a Sala Galán.

-AGN, “Matarile Teatro celebra en Santiago su duodécimo aniversario con un maratón”, *El Ideal Gallego*, 20 marzo 1998, p. 46.

Informa da representación de *Zepellin nº 7*, *Negro é negro* e *12 Rounds* na sala Galán de Compostela entre os días 23 e 28 de marzo para celebra-los primeiros doce anos de vida de Matarile Teatro. Recolle os temas tratados e afirma que a proposta dramática deste grupo se encarreira máis pola liña escénica que pola literaria.

-Camilo Franco, “Paradoxa do aire”, *La Voz de Galicia*, 30 marzo 1998, p. 67.

Comeza cunha comparación entre esta obra de Matarile e os verdadeiros “zeppelins” á que segue unha valoración da peza como “suxestiva”, na que o argumento funciona como “unha disculpa sobre a que montar os discurso visual”. Opina que a representación require unhas doses de química por parte do público, co que se pretende “reconducir a ese lugar onde o imaxinario do grupo coincida co imaxinario do espectador”.

Matarile Teatro: (2): *Negro é negro*, de Javier Martínez Alejandre.

Dirección e Guión: Ana Vallés. Axudante de dirección: Baltasar Patiño. Interpretación: Gena Baamonde, Olalla Salgado, Pasky Marvel e Ana Vallés. Música: Juan Carlos Martínez Fontana. Fotografía: María Esteirán. Deseño gráfico: Ninfa e Riveiro. Deseño de producción: Eugenia Iglesias e Baltasar Patiño. Iluminación e espacio escénico: Baltasar Patiño. Técnicos de escena: Javier M. Oro e Baltasar Patiño. Vestiario: Matarile Teatro.

Matarile Teatro (3): *12 Rounds*, de Javier Martínez Alejandre, versión de Miguel Anxo Seixas Seoane. Outros textos: Matarile Teatro.

Dirección e guión: Baltasar Patiño e Ana Vallés. Interpretación: Eugenia Iglesias, Gena Baamonde e Ana Vallés. Producción Executiva: Gena Baamonde. Deseño Iluminación e Deseño espacio escénico: Baltasar Patiño. Realización montaxe musical: Baltasar Patiño. Técnico de luz e son: Baltasar Patiño. Fotografía: María Esteirán, Javier M. Oro, Blanca del Moral. Vídeo: Matarile & MalasArtes. Vestiario: Matarile Teatro. Realización vestiario: Cruz López Casal. Realización espacio e atrezzo: Matarile Teatro. Producción executiva: Eugenia Iglesias.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia

Mofa e Befa (1): *Para ser exactos*, de Doctor Koch.

Dirección: Doctor Koch. Interpretación: Víctor Mosqueira,
Evaristo Calvo e Quico Cadaval. Iluminación: Alfredo Laforet.
Son: Piti Sanz. Deseño cartel: Marcelino de Santiago “Kukas”.

-Raquel Feijóo, “Este espectáculo ten moita ‘mala leche”, *La Región*, 29 xaneiro 1998, p. 17.

Despois de recolle-las palabras de Mofa e Befa nas que se definen como un dúo cómico, humilde e fresco, refírese Raquel Feijóo á sinxeleza da escenografía e á comicidade de *Para ser exactos*. Comenta o contido de cada un dos catro “skecth” que compoñen a peza e valora o humorismo cargado de mensaxe desta obra.

-Francisco Castro, “Para ser exactos”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 9 outubro 1998, p. 11.

Logo de anunciar que a representación no Centro Cultural Caixavigo é a última de *Para ser exactos*, anima ó público ante esta derradeira oportunidade logo de cinco anos e sesenta mil espectadores e indica que se trata de “teatro de masas”. Cualifica o espectáculo como “divertidísimo” e alude á súa

estructuración a base de “sketches”. Alégrase de que un grupo de teatro independente de Galicia triunfe diante “de moito pesado que, para ser exactos, andan amargados diante da posiblidade de que a nosa música, a nosa literatura, o noso teatro, o noso o que sexa vaia para diante”.

-Fernando Franco, “Tanto Mofa, Befa tanto”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 9 outubro 1998, p. 3.

Ante a representación en Vigo salienta a presencia do humor e a ironía nesta obra, e coincide coa opinión que sitúa a Mofa e Befa como “el dúo cómico gallego por excelencia”. Cita o título de cada unha das catro pezas que conforman o espectáculo e indica que a man de Quico Cadaval implica a presencia de transformismo, técnicas de “clownn”, espírito do cómic, “reality show”, etc., formando “todo un cóctel que, dentro de un marco escénico sencillo, produce el retozao y flujo de la risa, centrípeta o centrífuga”. Salienta a verbalidade dun dos compoñentes e a xestualidade do outro e pon de relevo a creatividade de Quico Cadaval. Prosegue facendo referencia ó psicodrama no número “Todo por amor” e á temática dos valores militares en “Hazañas bélicas”. Finalmente refírese ó guión como “una creación magmática de los tres” e considera que “con tal triángulo amoroso, se rompen corsés en el teatro gallego en busca de algo más libre, más agresivo y menos correcto”.

Monte Oribio: *O muíño vello nunca morrerá*, de Fiz Vergara Vilariño.

Interpretación: Carmen García Conde, Oliva Armesto, Nati Suazo, Neri Díaz, Teresa López, Mónica Díaz e Esther González.

-Víctor L. Villarabid, "Este lunes se escenifica en Lóuzara una obra del poeta Fiz Vergara Vilariño", *El Progreso*, 22 agosto 1998, p. 18.

Anuncia a representación da obra do poeta de Lóuzara en Bustofrío nun acto que ten lugar anualmente e no que se recorda o labor artístico e poético de Fiz Vergara Vilariño.

-V. Vº Mes de Teatro da Mámoa.
- V. VIIIª Mostra Popular de Teatro de Chantada.

Nove/Dous: *Sobre o dano que fai o tabaco*, de Anton Chejov.

Dirección: Xesús Ron. Interpretación: Jouse García. Dramaturxia: Xesús Ron e Josué García. Escenografía e vestiario: Ángel Nimo.

Ollomoltranvía: *Escola de bufóns*, de Michel de Ghelderode, de Michael Ghelderode, traducción de Cándido Pazó.

Dirección: Fabio Mangolini. Interpretación: Avelino González, Víctor L. Mosqueira, César Martínez, Marcos Orsi, Cándido Pazó, Santiago Prego, Nuria Sanz e Luis Tosar. Escenografía e vestiario: Suso Montero. Maquillaxe: Carmela Montero. Música: Fernando Reyes e José Ángel Espejo Grimaldi.

Pífano Teatro: *Acto imprevisto*, de Miguel Gallego.

Dirección: X.M. Olveira “Pico”. Interpretación: Mela Casal, Gloria Ferreiro e Xavier Picallo. Música: Santi Pintos. Vestiario e maquillaxe: Carmela Montero. Escenografía e Iluminación: Kukas.

-Camilo Franco, “Reforzando os tópicos”, *La Voz de Galicia*, 6 xuño 1998, p. 27.

Breve comentario da obra *Acto Imprevisto* que a compañía Teatro Pífano levou a escena. A brevidade do artigo quere ser parella á importancia que o crítico lle dá á representación. Por iso incide sobre todo no tratamento e repetición dos tópicos e na súa insistencia mimética, por iso di que na obra non hai “humor intelixente”.

-Amaia Mauleón, “La vida en clave de sátira” *Faro de Vigo*, 3 xullo 1998, p. 4.

Informa da representación da obra *Acto Imprevisto* por Teatro Pífano no Centro Cultural de Caixavigo. Comenta que nesta obra cóntase a relación existente entre dúas mulleres da limpeza e un técnico de

luces dunha compañía teatral. A recensonista sinala a intencionalidade do autor, cara á satirización da realidade nunha comedia.

Pilar Pereira, *Ofelia ou a virtuddd do pudor*.

Dirección: Quico Cadaval.
Interpretación: Pilar Pereira.

-M. B., “Pilar Pereira: “Quero dar fe dunha época dende o punto de vista da muller galega”, *La Voz de Galicia*, 10 xaneiro 1998, p. 32.

Despois de considerar a Pilar Pereira como a actriz máis veterana da escena galega, fai un percorrido biográfico pola traxectoria desta compostelana. Resalta os seus primeiros contactos co mundo da escena ós dez anos no TEU, a súa participación no cadro de actores da SER, a aposta polo teatro independente, as residencias sucesivas en París, Bélxica e Colombia, o compromiso político e o regreso á terra que a vira nacer. A seguir refírese a *Ofelia sen a virtude do pudor* como “un espectáculo todo terreo” no que pretende reflectir a situación da muller galega durante unha época, pero sen revanchismos.

-Carme Vidal, “Pilar Pereira. O bon teatro é pura subversión”, *A Nosa Terra*, nº 856, “Guieiro Cultural”, 12 novembro 1998, p. 26.

Con motivo da representación de *Ofelia sen a virtude do pudor*, recóllense as declaracións de Pilar Pereira, que repasa os proxectos realizados dende o seu paso pola Universidade no TEU e no SEU, no que partipaban varios membros da súa familia; os problemas coa censura na representación de *Antígona*;

o seu exilio en Madrid, que a levou a contactar coa compañía de Teatro Independiente Los Goliardos e coa compañía La Carraca de Paco Ibañez. Lembra, a seguir, a súa estadía en diferentes cidades europeas e Sudamérica, onde pasou do “teatro da resistencia no Barrio Latino ás representacións labregas do teatro de liberación” e, finalmente, a súa volta a Compostela. Continúa destacando a súa última representación teatral no papel de Ofelia, que nace “da súa irrenunciábel rebeldía”, para concluír afirmando, que “o teatro é onde vives, de onde te alimentas”.

-V. Sala Nasa.

Produccións Teatrais do Sur: *Sempre Ubú*, de Alfred Jarry, traducción de Celso Parada.

Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Celso Parada, Eduardo R. Cunha, Mundo Villalustre, Miro Magariños, Casilda García e Sonia Rúa. Escenografía: Pablo Giráldez, e E. Vázquez. Música: Mike Cohen. Iluminación: Etelvino Vázquez.

J. A. Martínez Sevilla, “Retranca crítica”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de La Coruña”, 24 marzo 1998, 10.

Considera Martínez Sevilla que *Sempre Ubú* é un “espectáculo interesante” no que prima a ironía e a sátira do poder político. Salienta a interpretación dos actores e relaciona este feito co renacer que está a experimentar o teatro galego actual. Observa na obra unha mistura de “comedia, farsa, pantomima, astracanada burlesca, mimo e guiñol, que se combinan con finalidade humorística”.

-Raquel Feijóo, “Un guiño de comedia e farsa”, *La Región*, 27 marzo 1998, p. 18.

Con motivo da representación de *Sempre Ubú*, Raquel Feijóo entrevista a Eduardo Rodríguez, un dos actores protagonistas. Este integrante de Tanxarina afirma que aposta polo teatro de vangarda como principal factor para a elección da peza, considerada como "unha aposta bastante actualizada e un punto de comedia". Sinala que o principal obxectivo é polemizar e poñer en escena textos cun certo risco. Para rematar, valora positivamente a unión de Teatro do Morcego, Tanxarina e Teatro de Ningures para facer "espectáculos novos".

-D. P., "Teatro para los alumnos del Salvador Moreno y San Narciso", *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1998, p. 13.

Refírese á representación desta peza no salón de actos do colexio San Narciso dirixida ós escolares deste centro e ós do instituto Salvador Moreno. Menciona as entidades e institucións colaboradoras nesta posta en escena e recolle as queixas da APA do devandito centro educativo sobre a falta de espacios axeitados para as representacións teatrais.

Samoeiro: *O fotógrafo* e *A barbería*.

Sarabela Teatro: *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, adaptación de Begoña Muñoz e Carlos Couceiro.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Axudante de dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Suso Díaz, Serxio Pazos, Pilar Pereira, Fina Calleja, Sabela Gago. Escenografía e máscaras: Xesús Costa. Iluminación: Antón Rodríguez, Suso Díaz.

Teatro Avento: *Quen matou a Mari Lauri?*, de Xoán Abreu.

Dirección: Xoán Abreu. Interpretación: Benito A. Correa, Xoán Abreu, Carlos C. Roca, Juan Ferrón e Marcos Alonso. Dramaturxia: Xoán Abreu. Escenografía: Teatro Avento. Realización da escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento. Vestiario: Teatro Avento. Realización de vestiario: Teatro Avento. Música: Avento. Técnico de son: Gustavo Loira. Iluminación: Teatro Avento. Técnico de iluminación: Gustavo Loira.

-V. IIº Outono Teatral nos Barrios

Teatro da Lúa: *As troianas. Botín de guerra*, de Dorotea Bárcena, baseado en textos de Eurípides e Homero.

Dirección: Dorotea Bárcena e Gina Piccirilli. Axudantes de dirección: Urxía Gago e Mariola Membrives. Interpretación: Dorotea Bárcena, Alfredo Rodríguez, Cristina Domínguez, e Beatriz Graña. Producción: Teatro da Lúa, S.L. Deseño de escena e vestiario: Ovidio Lucio Blanco. Deseño de programa de de cartel: Delmi Álvarez. Deseño de luces: Ovidio Lucio Blanco. Deseño do espacio sonoro: Oscar Álvarez Seoane. Fotografía Cartel: Mulleres de Telanosa, de Delmi Álvarez. Realización de escena e atrezzo: Conde Gatón. Realización de vestiario: María Encina Varela e Celsa Bouzón. Maquillaxe e perruquería: Maika Rizos. Reportaxe fotográfica: María Esteirán. Estudio de gravación: Midimaster. Técnico de Luces: Antón Vázquez. Técnico de son: Oscar Álvarez. Unidade Didáctica: Beatriz Graña García.

Distribución: Teatro da Lúa, S.L.

V. VIª Feira de Teatro de Galicia.
V. Iª Mostra de Teatro en Galego.

Teatro da Salamántiga: *Hai que desfacer a casa*, de Sebastián Junyent.

Dirección: Manuel Areoso. Axudante de Dirección. Luisa Merelas. Deseño e iluminación: Antonio Simón. Interpretación: Amalia Gómez e Elina Luaces.

-Luis Pousa, “Dúas actrices afrontan o reto de “Hai que desfacer a casa”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de La Coruña”, 23 xaneiro 1998, p. 9.

Informa da posta en escena de *Hai que desfacer a casa* no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Luis Pousa resume o argumento da peza e recolle as valoracións das actrices Elina Luaces e Amalia Gómez sobre as dificultades da obra derivadas dos múltiples cambios de rexistro.

Teatro do Adro: *Nano*, adaptación de Carlos Blanco, X. A. Porto e Cándido Pazó sobre a obra *Tic-Tac*, de Suso de Toro.

Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Xosé A. Porto, "Josito".

-Ana Iglesias, "Nano' abre cun monólogo o mes de febreiro no Principal de Compostela"/"Un espectáculo cubano, 'plato fuerte' de febrero en el Teatro Principal", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1998, p. 45/p. 32.

Inserido na presentación da programación do Teatro Principal para o mes de febreiro, comenta a representación de *Nano* a cargo de Teatro do Adro. Desta obra comenta que se centra na vida cotiá cun monólogo "de pequeno formato".

-J. A. Martínez Sevilla, "Lenguaje humano", *El Ideal Gallego*, 22 febreiro 1998, p. 7.

Recensión laudatoria deste monólogo baseado en textos de Suso de Toro. Cualifícao de "paradóxico e extraño, osado e implacable, desesperado e sincero" e considera que o personaxe de Nano é atemporal e permanente, ademais de amosa-la súa "textura humana". Opina que boa parte do éxito radica na

sabedoría popular da peza e en amosar a vida cotiá e os seus problemas. Define, finalmente, o espacio escénico como “medido, esencial, e suxeridor” e felicita a interpretación de “Josito”.

-Manuel F. Vieites, “¿E iso, quen o mediu?”, *Tempos Novos*, nº 10, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, marzo 1998, p. 74.

Considera que entre os espectáculos que, nestes anos, teñen procurado establecer novos marcos para a comunicación cun espectador, a proposta do Teatro do Adro mediante a representación de *Nano*, é unha das máis “lúcidas e interesantes”. Sinala que o éxito deste espectáculo dirixido por Cándio Pazó e que parte da obra *Tic-Tac* de Suso de Toro, radica na acertada contextualización do monólogo que vai debullando o personaxe chamado Nano. Fai ademais unha serie de comentarios favorables ós diferentes participantes desta proposta, salientando o labor do único actor, X. A. Porto “Josito”, quen desposuído de todo adobío, ten que fiar coa súa oralidade, os seus silencios e a súa xestualidade, a crónica dun profundo desencanto e dun arrepiante desacougo.

-R. Carrera, “Teatro de Adro trae e Vigo o seu espectáculo “Nano” baseado en textos de Suso de Toro”, *Atlántico Diario*, 11 xuño 1998, p. 12.

Despois de presentar esta obra dando conta dos premios obtidos, do argumento e das representacións previstas despois deste en Vigo, inclúe os comentarios de X. A. Porto sobre o peculiar carácter de Nano, e as de Cándido Pazó sobre o apoio de Suso de Toro e sobre a boa acollida desta peza que define como “espectáculo de sentimentos, de risa franca e de tristeza franca”.

-Francisco Castro, “Nano”, *Atlántico Diario*, 11 xuño 1998, p. 11.

Informa e recomenda a posta en escena de Nano no teatro de Caixavigo da cidade olívica, por estar dirixida “por un dos homes máis valiosos e traballadores da nosa escena” e por estar baseada en textos “dun dos máis valentes dos nosos escritores”. Salienta o carácter polifacético e multixenérico da obra de Suso de Toro e refírese a *Tic-Tac* como “unha das obras máis extrañas” da literatura galega. Opina que o escritor compostelán está chamado a escribir brillantes páxinas para a historia da literatura galega no vindeiro século.

-F. F., “X. Antonio Porto: “Nano”, monólogo de un personaje típico de barra de bar”, *Faro de Vigo*, 11 xuño 1998, p. 10.

Dá conta da representación deste monólogo no Auditorio Caixavigo. Recolle as manifestacións de Cándido Pazó na rolda de prensa da presentación, onde comenta, entre outras cousas, o carácter popular do personaxe Nano e a boa acollida por parte do autor do texto orixinal, Suso de Toro.

-A. S., “Teatro do Adro vuelve con el monólogo ‘Nano’, que interpreta Josito Porto”, *Faro de Vigo*, 8 xullo 1998, p. 9.

Noticia sobre a representación do monólogo titulado *Nano*, a cargo do actor Josito Porto e baixo a dirección de Cándido Pazó. Trátase dunha adaptación da obra *Tic-Tac*, de Suso de Toro. Así mesmo, infórmase que a obra foi galardoada cos premios de Teatro María Casares 1998, outorgados pola

Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, á mellor dirección, á mellor adaptación e ó mellor actor protagonista.

Manuel F Vieites, “Nano”, Revista Galega de Teatro, “Opinións desde a butaca”, nº 17, decembro 1998, 80.

Breve reflexión crítica sobre a representación de “Nano”, monólogo baseado en textos de *Tic-Tac*, de Suso de Toro. Destaca a independencia do espectáculo teatral con respecto ós recursos literarios que lle serven de pretexto.

-Camilo Franco, “Natureza das cousas”, *La Voz de Galicia*, 14 decembro 1999, p. 56.

Artigo no que se louva a posta en escena da obra *Nano* que foi escrita por Suso de Toro e adaptada por J. Porto, Carlos Blanco e Cándido Pazó, que tamén a dirixiu. Di que o centro da obra está no personaxe de Nano, non só por se-lo protagonista da historia senón tamén por se-lo centro das “grandes preguntas sen resposta”, isto é o “centro da existencia”. Gaba a adaptación por saca-lo personaxe da novela e metelo na obra, facendo á vez que os espectadores se identifiquen con el.

-V. Xoves Teatrais 98 de Ferrol.

Teatro do Aquí: *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Intérpretes: Roberto Vidal Bolaño, Xoán Carlos Mejuto, Evaristo Calvo, Ursia Gago e Anabel Gago. Producción: Belén Quintana.

-S. C., “Bolaño presenta ‘Rastros’ mentres representa en xira ‘Anxeliños”, *O Correo Galego*, 12 febreiro 1998, p. 41.

Informa da xira de Teatro do Aquí por Castela-A Mancha e Estremadura coa obra *Anxeliños*, ademais lembra a participación desta peza no Festival de Autores Españois Contemporáneos. Comenta tamén o inicio dos ensaios de *Rastros* e nomea o elenco de actores que interveñen.

-V. Ciclo de Teatro Profesional 1998 de Moaña.

Teatro do Morcego (1): *Os patios da memória*, de Ever Martin Blanchet.

Dirección: Bernardo Galli.
Interpretación: Celso Parada.

Teatro do Morcego (2): *A incrible vida de Héctor Loureiro*, versión libre sobre textos de R. Bartis, Reixa e outros, breves referencias literarias de Rosalía, Curros, Camoes, etc.

Dirección e Adaptación: Celso Parada Axudante Dirección: Miro Magariños. Interpretación: Celso Parada, Casilda García e Miguel Lustres. Escenografía: O Pastor. Música Orixinal: Miguel Lustres Vestiario: Bernarda. Deseño e iluminación: Celso Parada. Técnico de Luz: Miro Magariños. Cartel e Programa: “O Pastor”. Fotografía: Pilar Pérez.

-J. Nogareda, “La compañía Teatro do Morcego representa hoy una nueva obra en el cine de Carballo”, *El Correo Gallego*, 12 marzo 1998, p. 20.

Dá conta da posta en escena da *A incrible vida de Héctor Loureiro* no Cine Rega de Carballo. Resume o argumento da obra e informa da procedencia dos textos, salientando a presencia de referencias literarias de clásicos galegos.

Teatro do Noroeste: *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro.

Director: Eduardo Alonso. Interpretación: Luma Gómez, Xosé A. “Josito”, Belén Constenla, Xosé Vilarelle, Diego Varela e Inma António. Música: Emilio Cao. Escenografía: Paco Conesa.

Teatro para Lis: *Tatechepo*.

Dirección: Leonel García Laborde. Interpretación: Lois Soaxe Piñeiro e Ricardo Soaxe Vidal.

R. F., “Tatechepo: Un espectáculo para “divertir, entretener e aprender”, *La Región*, 4 xaneiro 1998, 16.

Despois de presenta-la actuación de Teatro para Lis na Agrupación Cultural Auriense, recolle Raquel Feijóo as reflexións de Ricardo Soage, un dos actores, sobre a importancia dos contos na conservación da tradición cultural dun país e na educación dunha xeración. Achega tamén un resumo do argumento de cada un dos seis contos que conforman o espectáculo *Tatechepo*.

Teatro Xenio: *A parella*, de Jaime de Armiñán.

-A. A., “Cine y teatro, oferta cultural este fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, 13 marzo 1998, p. 20.

Ademais de informar das películas previstas no ciclo de cine da Casa da Cultura de Bueu, dá conta da representación de *A parella* na Casa do Pobo.

Álvaro Agulla, “Cine y teatro en la oferta cultural del fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, 10 abril 1998,
16.

Entre a oferta cultural para a fin de semana comenta a presencia de Teatro Xenio na Casa da Cultura de Bueu para representar *A Parella*. Lembra o prezo das entradas e a entidade organizadora.

- V. Iª Mostra de Teatro Xuvenil de Afeccionados.

Tempo, *A Madrugada*, de Antonio Buero Vallejo, adaptación deGuillerme Vendín.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Consuelo Lemos, Marina Tellado, Guillerme Sendín, Hortensia Bautista, Juan Martínez, Lorena Vilas, Ángel Domínguez, Esperanza Giráldez e Chelo Pampillón.

Tirinautas, Os: *Se o sei non volvo á casa*, de Daniel Varela Buxán.

Traslús Teatro: *Flores de papel*, de Egon Wolf, traducción de Amparo Cereixo e Artur Trillo.

Dirección: Artur Trillo. Axudante de dirección e maquillaxe: Marina Cambeiro. Interpretación: Ana Santos e César Cambeiro. Escenografía: Traslús Teatro. Vestiario e atrezzo: Carlos Alonso. Iluminación: Víctor Trillo. Deseño gráfico: Luis Teijeiro e Alejandro Piñeiro.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia

Trigo Limpo: *Cowboio*.

Dirección: John Eastham, Miguel de Lira. Reparto: Carla Torres, José Rosa, J. R. Martíns, R. Costa.

Uvegá Teatro: *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Xosé Pablo Rodríguez. Interpretación: Xesús Balboa e Paco Rodríguez Campos. Escenografía: Carlos Alonso. Iluminación: Octavio Más.

-Manuel F. Vieites, “¡Esto non é serio, señores!”, *Tempos Novos*, n º 8, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xaneiro 1998, p. 80.

Expón toda unha serie de razóns polas que considera, que a gratuidade da xira que acaba de realizar Uvegá Teatro, baixo o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña, parece ser inoportuna. Opina que a sinalada institución ten ó seu alcance outras maneiras de promove-la celebración de actos culturais e que a educación do espectador empeza por facerlle entender que o teatro é unha actividade artística que ten diversos custos, e que co pago da entrada, se contribúe ó seu progresivo financiamento. Sobre o espectáculo representado, *Magnetismo*, ofrece unha serie de comentarios, apuntando que nel a estética do novo realismo é unha lousa que impide explorar esas outras realidades que as palabras sempre ocultan.

III. Teatro

III. 5. Postas en escena

III. 5. 3. Reestreas

II. 5. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Fontevella: *Os vellos non deben namorarse... das mozas novas*, de Alfonso R. Castelao.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Carlos Rafael González, Jesús Álvarez, Marcelino Rodríguez, Lalo Leirós e Aníbal Alonso Pereiro.

-Carlos G. Machucha, "*Fontevella,* tres años entre candilejas", *Faro de Vigo*, 7 febreiro 1998, p. 16.

Noticia do nacemento dun grupo de teatro no Porriño, " Fontevella", que está formado por persoas maiores, que fixo dúas montaxes nos 3 últimos anos: *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao e *As árbores morren de pé*, versionado da obra de Alejandro Casona.

-Anxo Boente, "A Cañiza acoge el domingo una obra de teatro", *Atlántico Diario*, 16 xullo 1998, p. 13.

Informa da representación desta obra na Casa da Cultura da Cañiza. Recupera a historia do grupo indicando que naceu en febreiro de 1995 e que está formado por persoas do centro da Terceira Idade do Porriño que, ante o éxito acadado coa súa primeira montaxe e con moito esforzo persoal, decidiron continuar co seu traballo de actores.

IV. Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas

IV. 1. Monografías, edicións críticas e libros colectivos

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Homenaxe ós tres poetas medievais da ría de Vigo*, A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega, maio 1998, 172 pp. (ISBN: 84-87987-12-5). ◆

Ábrese o volume cun "Limiar" titulado "No Día das Letras Galegas: da Academia e da poesía medieval" e asinado polo editor, no que este fala da decisión da Real Academia Galega de homenaxea-los tres trobadores da ría de Vigo neste 17 de maio, da importancia da festividade no ámbito académico, da relación de Lorca con Galicia en 1932 e o interese que mostrara polas composicións de Martín Codax, e remata cunha lembranza da figura de Don Eladio Oviedo y Arce. A continuación, baixo o epígrafe "Sobre os textos e os traballos deste volume", recóllense tódalas referencias bibliográficas que se nomean na parte dedicada ós tres xograres. Para finalizar, e de xeito simétrico, preséntanse tres partes. Na primeira trátase a obra de Martín Codax, atendendo á reproducción dos textos segundo a edición de Monteagudo (1998) e a súa transmisión e localización no *Pergamiño Vindel*, no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e no *Cancioneiro da Vaticana*. Despois preséntase a traducción ó castelán, ó catalán, ó italiano e ó alemán das sete cantigas e insírense fragmentos dos estudios críticos de Vesteiro Torres, "Martín Codax" (1876); de Dorvenipe, "Las siete canciones de la enamorada" (1914); de Oviedo y Arce "Importante descubrimiento" (1914); de Said Armesto, do que se recolle o seu programa de literatura medieval (1914); de Oviedo y Arce, "El genuino Martín Codax" (1916-1917); de Iglesia

Alvariño, “Las canciones de Martín Codax” (1951); de Jakobson, “Carta a Haroldo de Campos sobre a textura poética de Martín Codax” (1970), e de Tavani, “Paralelismo e iteraçao. À margem do criterio jakobsoniano” (1973). Por último aparecen os seguintes textos: “Poemas en lembranza, en homenaxe ou no ronsel de Martín Codax” (1940), de Gerardo Diego; *Entrega* (1955), de Luz Pozo Garza; *Ondas do mar de Viveiro* (1983), de Rábade Paredes; *Homenaxe a Martín Codax* e, como apéndice, a cantiga provenzal *Altas undas que venez suz la mar*. Na segunda parte, dedicada á figura de Mendiño, a estructura é idéntica. En primeiro lugar preséntase a reproducción do texto da cantiga e a súa localización en *B* e *V*, despois a traducción ó catalán, ó éuscaro, ó francés, ó inglés, ó ruso, ó xaponés e ó latín e dentro do apartado dos estudios críticos recóllense os de Michaëlis, “Mendiño” (1904); de Vossler, “Mendiño” (1935); de Filgueira Valverde, “Mendiño” (1939); de Guerra da Cal, “Glosas superficiais ao tema do mar na nosa lírica primitiva” (1958); de Cunqueiro, “Pleito por una isla” (1975); de Filgueira Valverde, “Mendiño" (1982); e de Gimferrer, “Dos medievales sin rostro” (1985). Seguen os poemas conmemorativos *Homenaxe a Mendiño* (1955), de Cunqueiro; *Mendinho* (1973), de Guerra da Cal; *Illa do amor, illa da morte* (1976-1979), de Paz-Andrade; *Imitación de Mendiño* (1980), de Xavier Seoane e *Sedíame eu, irmana* (1983), de Martiño de Redondela. Para rematar, na terceira parte dedicada a Xoán de Cangas, reprodúcense tamén os textos e dáse a súa localización en *B* e *V*, tradúcense ó galego modermo e ó castelán e engádense unhas glosas poéticas da autoría de Mª do Carme Kruckenberg.

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Sedíame eu na ermida de San Simón. A cantiga de Mendiño en 28 linguas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1998, 108 pp. (ISBN: 84-453 2168-4). ◆

O propio editor asina o prólogo introductorio no que se ocupa da figura de Mendiño e da única composición que deste xograr nos chegou, facendo referencia á historia da Illa de San Simón e á homenaxe que alí el e outros colegas celebraron en maio de 1982. Engade ademais as gabanzas que os críticos Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Aubrey F. G. Bell, Ramón Menéndez Pidal, Karl Vossler, Álvaro Cunqueiro, Eugenio Asensio, Peter Dronke, Stephen Reckert e Helder Macedo, Xosé Filgueira Valverde, Elsa Gonçalves e Pere Gimferrer dedicaron ó longo do tempo a esta cantiga e presenta esta edición multilingüe como "unha homenaxe extragalega a Mendiño". Logo de dar unhas notas sobre as traduccións, nas que distingue as que xa foran recollidas nunha *Homenaxe a Mendiño* (1982), achega as reproduccións facsimilares da cantiga tiradas do *Cancioneiro da Vaticana* e do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, ademais das edicións de José Joaquim Nunes (1926) e Henrique Monteagudo (1998). Xa na parte dedicada ás traduccións, preséntase en primeiro lugar as das "Linguas de España e Portugal", capítulo no que se recolle a versión en galego moderno, portugués moderno, castelán, catalán, éuscaro e

mirandés; despois o capítulo dedicado ás “Linguas clásicas”, no que se recollen as versións ó latín e ó grego e finalízase co apartado “Linguas de Europa e de Asia”, no que aparece o texto en albanés, alemán, árabe, chinés, danés, francés, friulano, gaélico, grego moderno, inglés, islandés, italiano, neerlandés, romanés, ruso, sardo, sueco, xaponés e esperanto. Péchase o volume cun apéndice no que se recollen tres traduccións ó albanés.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Martín Codax, Cantor do Mar de Vigo*, edición de Xosé Ramón Pena, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, 79 pp. (ISBN: 84-8302230-3).

Xosé Ramón Pena fai en primeiro lugar unha presentación do volume na que se refire ó traballo de Álvarez Blázquez (1958) que agora reedita e aproveita para comenta-los criterios desta edición, baseada no respecto absoluto polo traballo de Blázquez, se ben permítese anotalo cos datos novos que a crítica foi achegando dende o 1958. O traballo aparece estructurado en catro partes. Comeza cun limiar do autor no que se fai un esbozo biográfico da figura de Martín Codax e unha defensa do carácter autóctono da cantiga de amigo. Continua co capítulo "Vigo no s. XIII", onde se dan unha serie de datos históricos e arqueolóxicos que axudan a imaxina-lo ambiente no que viviu e escribiu Martín Codax, chegando mesmo a identifica-la ermida da que fala o trobador. O seguinte capítulo céntrase na figura do trobador laiándose dos poucos datos biográficos dos que dispoñemos e ofrecendo as diferentes interpretacións que do apelido Codax fixo a crítica. Achéganse a modo de ilustracións reproduccións facsimilares dos textos de Martín Codax no *Cancioneiro da Bibioteca Vaticana* e no *Pergamiño Vindel*. Para rematar, Álvarez Blázquez ocúpase dos "Trobadores da Ría", establecendo as posibles relacións entre Mendiño, Xoán de Cangas, Martín Codax e Nuno Treez e mostrando reproduccións facsimilares do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Conclúe a obra cun capítulo realizado por Pena dedicado ós

textos, no que se tratan a vías de transmisión das composicións de Martín Codax e as relacións que hai entre elas e danse, así mesmo, os criterios seguidos na reproducción das cantigas neste volume que van acompañadas dun facsimilar do *Pergamiño Videl*. O libro tamén conta cunha bibliografía selecta.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Xoias do imperio cultural da lingua", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 13, 11 xuño 1998, p. 6.

Dáse conta de dúas publicacións que Xerais tira do prelo no ano dos trobadores: *Martín Codax, cantor del Mar de Vigo*, obra de Xosé Mª Álvarez Blázquez, publicada en 1962, que reaparece agora anotada por Xosé Ramón Pena, e *Johán de Cangas, Martín Códax, Meendinho, 1200-1350 Lírica Medieval,* volume misceláneo no que participan Víctor Freixanes, Ramón Nicolás, Carlos Barros, Xosé Ramón Pena, Manuel Pedro Ferreira e Mercedes Brea, do que se ofrece un resumo dos aspectos que nel se tratan.

Referencias varias:

Xosé Luís Méndez Ferrín, "Codax, Xosé María", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 15 maio 1998, 2.

A reedición do libro de Xosé María Álvarez Blázquez sérvelle para evocar tempos pasados e influencias literarias, salientando a obra de Xosé Mª Álvarez Blázquez, *Escolma de poesía galega*, como artífice fundamental para que el se dedicase á literatura. Lóuvao tamén por ser quen de colocar a Martín Codax no lugar que lle corresponde.

-C. M., "Xerais edita o libro que Álvarez Blázquez escribiu no ano 1958 sobre Martin Codax", *Atlántico Diario*, 16 maio 1998, p. 13.

Noticia do acto de presentación do libro en Vigo. Alúdese ó contido da obra e recóllense as palabras de Manuel Bragado, director de Xerais, que xustificou a reedición da obra no feito de que se trata dunha achega fundamental. Ademais faise referencia á participación no acto do alcalde de Vigo e infórmase de que a tirada da edición foi de mil cincocentos exemplares, dos cales o concello adquiriu setecentos.

-Miguel Anxo Seixas, "O Codax de Álvarez Blázquez", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 18 maio 1998, p. 3.

Exalta a figura de Xosé María Álvarez Blázquez como investigador e como erudito con motivo desta reedición. Explica que este autor non só tratou a figura de Martín Codax, senón que tamén falou de Mendiño, Xoán de Cangas e Nuno Treez. Afirma que se sabe da existencia dun grupo poético vigués de mediados do século XIII que tería como líder a Martín Codax.

Álvarez Cáccamo, Xosé María e Xosé María **Álvarez Blázquez** (eds.), *E miraremo-las ondas!. Once cantigas no mar de Vigo. Mendinho-Martín Codax-Joan de Cangas*, texto establecido por Carlos Paulo Martínez Pereiro, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, xaneiro 1998, 61 pp. (ISBN: 84-89814-41-4).

Esta obra tal e como se indica na nota do editor, quere "render homenaxe ao investigador, erudito e home de letras que foi Xosé María Álvarez Blázquez". O seu fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo, fai unha análise do simbolismo do mar nos tres poetas da Ría de Vigo, chegando á conclusión de que mentres para Martín Codax é "motivo de contemplación e gozo ou destinatario amábel das inquedanzas da rapaza", para Mendiño o mar representa a tensión. No mar de Xoán de Cangas repara menos o autor, xa que di que neste trobador "o tema marítimo fica case reducido ao significado denotativo". Publícase tamén neste exemplar o traballo do homenaxeado *Mendiño-Martin Codax-Xoan de Cangas Escolma da Poesía Medieval* (1975), no que se trata cada un destes tres poetas por separado, dando algúns datos sobre as súas cronoloxías, biografías e claves poéticas. Tras desenvolvelas achéganse os textos coas súas referencias en *B* e *V*. Para finalizar edítanse a cantiga de Mendiño, as sete de Martín Codax e as tres de Xoán de Cangas segundo o texto establecido por Carlos Paulo Martínez Pereiro.

Recensións:

-Xosé María Dobarro Paz, “O día/mes/ano das Letras Galegas e os cantores medievais do mar de Vigo”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 44-47.

Ofrece unha panorámica da producción editorial que aparece con motivo do Día Das Letras Galegas e describe o contido de cada unha destas obras. Comeza referíndose a *Xograres do mar de Vigo* (1998), de Xosé Ramón Pena, cualifica esta obra como “a máis interesante” e comenta que supera a súa intención divulgativa dada a pausada e profunda reflexión e o desbotamento de tópicos. No referente á *O son das ondas* (1998), de Henrique Monteagudo agradece que non caia “no infantilismo nin no didactismo estupidizante” e pon de relevo a conxunción de rigor e sinxeleza. Sobre a obra de Alexandre Ripoll *Johán de Cangas. Edición crítica das súas cantigas* (1998) salienta os coñecementos de métrica rítmica do autor. Prosegue este percorrido coa referencia á obra *E miraremo-las ondas!* (1998), de Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé María Álvarez Blázquez resaltando o seu carácter misceláneo e cre que a publicación do libro é oportunista “no peor sentido da palabra” xa que no caso das páxinas de Álvarez Blázquez se trata dun libro édito. Malia isto considera que o oportunismo queda atenuado polas oito páxinas de Álvarez Cáccamo que serven de pórtico ó libro. O último libro en comentar é *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), de Mercedes Queixas Zas, considérandoo “excesivamente básico e superficial”.

-A. B., “E mirarémo-las ondas”, *ABC*, *“ABC literario”*, nº 351, 24 xullo 1998, p. 24.

Describe o contido do libro e cualifícao de “cuidado volumen”. Ademais nomea outras publicacións, como a reedición da obra *Martin Codax, cantor do mar de Vigo*; *Xograres do mar de Vigo*, de Xosé Ramón Pena e *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), de Mercedes Queixas Zas.

Referencias varias:

-S. C., “Homenaxe de Cáccamo ó seu pai nunha antoloxía de trobadores”/“Cáccamo homenaxea ó seu pai nun libro sobre trobadores”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 13 febreiro 1998, p. 33/p. 15.

Anúnciase a publicación da obra e descríbense o seu contido e a súa estructura. Alúdese ó que o volume ten de complemento xunto a outros que saen do prelo nestes meses con motivo da homenaxe ós tres trobadores da Ría de Vigo.

Baleirón, Rosario, Darío **Janeiro**, Mónica **Martínez**, Enrique **Neira**, Carina **Regueiro**, Miguel **Seoane** e Andrés **Tarrío**, *E bañar-nos-emos nas ondas. Unha viaxe pola Galicia Medieval,* Santiago de Compostela: Editorial Compostela, 1998, 94 pp. (D. L: C-753-1998).

Tralo limiar subscrito polos autores do libro no que se plasman as intencións do volume e se contextualiza o territorio galego dentro da situación político-social da Península Ibérica na Idade Media, pásase a dar unha aproximación da Galicia medieval tratando diversos aspectos ó longo dos diferentes capítulos. Os temas que se abordan son as infraestructuras viarias, os Camiños de Santiago e a peregrinación, as cidades, as vilas, a sociedade e a cultura. Faise mención especial, dentro deste último capítulo, ós tres trobadores da ría de Vigo: Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax dos que ademais se reproducen os seus textos. O volume ilústrase con fotografías de paisaxes e monumentos medievais e con reproducción dalgunhas miniaturas. Péchase cunha bibliografía dividida en dous epígrafes: “Bibliografía xeral” por unha banda e pola outra “Bibliografía específica sobre as cantigas de Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas”.

Blanco Pardal, Carmen e Carmen **Robledo Muíña**, *As ermidas e o mar*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección de Política Lingüística, 1998, 111 pp. (ISBN: 84-453-1951-5). ◆

A presentación do volume por parte do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria dálle paso á xustificación feita polas autoras na que expoñen que o seu obxectivo é traballa-la etnografía, os aspectos xeográficos, a historia e a sociedade galega a partir dos santuarios protagonistas nas obras dalgúns xograres. Proseguen cunha introducción na que se apunta a situación histórico-política da Galicia Medieval e se ofrece unha aproximación ó mundo da lírica galego-portuguesa. A parte central do traballo está composta por seis capítulos dedicados a cadansúa ermida galega e estructúranse sempre de igual modo: “Informámonos”, “Traballámo-la información” e “Traballámo-lo texto”. Diferéncianse sen embargo nas actividades presentadas en cada caso, aínda que sempre intentan uni-la Idade Media galega coa Galicia actual. No volume achéganse numerosas ilustracións tiradas das máis diversas fontes e reproduccións de composicións medievais e actuais da literatura galega. Para rematar ofrécese unha bibliografía.

Recensións:

-X. M. Eiré, “De navegar”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Guieiro Cultural”, 21 maio 1998, pp. 27-28.

Comenta as obras *O son das ondas*, de Henrique Monteagudo, *Xograres do mar de Vigo*, de Xosé Ramón Pena e *As ermidas e o mar*, de Carmen Blanco Pardal e Carmen Robledo Muíña. Lóase de Monteagudo a súa claridade expositiva na que une ó traballo crítico o carácter divulgativo da obra, pero sinálase o esquecemento do *Cancioneiro de Branconfort* e do *Pergamiño Sharrer* á hora de trata-lo tema dos manuscritos. Sobre o traballo de X. R. Pena destácase o seu tratamento científico da lírica medieval, e do volume de C. Blanco Parda e C. Robledo Muíña critícanse algúns aspectos do contido e mesmo da súa estructura.

Referencias varias:

-D. P., “La Consellería de Educación editó dos libros y un vídeo en homenaje a la poesía medieval”, *Diario de Pontevedra*, 30 abril 1998, p. 8.

Dá noticia da presentación dos libros *As ermidas e o mar*, *Xograres do mar e do amor* e o vídeo *Xogrardiario* na Delegación Provincial de Educación de Pontevedra. Explícase que os tres exemplares mailo vídeo tratan de achega-la época medieval a un lectorado actual. Saliéntase que na presentación o Conselleiro Celso Currás lembrou as raíces das Letras Galegas e destacou o labor da Consellería de

Educación, caracterizada por promover áreas da literatura que ata o momento non foran ben tratadas como é o caso da poesía medieval.

-S. R., “Educación lleva a 2.000 centros los libros sobre las “Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, 30 abril 1998, p. 21.

Informa da adquisición por parte de 2.000 centros de Educación Primaria e Secundaria, das obras *Xograres do mar*, *As ermidas e o mar* e o vídeo *Xogrardiario* editados pola Consellería de Cultura. Sinálase que o acto de presentación destes libros correu a cargo do Conselleiro de Educación, Celso Currás, que louvou o labor dos tres poetas da Ría de Vigo e animou a tódolos galegos a levar a cabo accións para promove-lo uso da lingua, feito no que, segundo el xa se observan avances importantes.

Brea, Mercedes, *Martín Codax, Mendiño e Johán de Cangas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, col. A Nosa Memoria, nº 13, 1998, 78 pp. (ISBN: 84-453-1731-8). ◆

Logo da presentación do volume por parte de Manuel Fraga Iribarne, pásase á "Introducción" na que se tratan cuestións xerais da lírica galego-portuguesa como as causas que fixeron posible o seu nacemento, a súa tradición manuscrita ou a diferencia existente entre as figuras de trobador e de xograr. De seguido, en "As cantigas de amigo", establécense os tres grandes xéneros da nosa lírica facendo mención a algúns tipos de composicións que quedan á marxe desta gran clasificación como as pastorelas, os partimens ou as tensós, definindo máis polo miúdo a cantiga de amigo, caracterizándoa e inseríndoa na tradición panrománica da canción de muller. Lémbranse os cinco campos sémicos que Tavani establecera para a cantiga de amigo e dáse a cronoloxía na que se encadran. No capítulo dedicado a "Os tres trobadores da Ría de Vigo" ós tres homenaxeados engádeselle-la figura de Nuno Treez por ter cantado a unha ermida dunha illa próxima ó Morrazo. Como característica xeral dos catro sublíñase o feito de non ter case datos biográficos de ningún deles e da súa obra déstacase ó cultivo de mariñas e cantigas de romarías que veñen tamén aquí definidas e caracterizadas. Finalmente, reprodúcense os textos dos homenaxeados que se presentan acompañados de cadanseu comentario literario.

Cid Cabido, Xosé (coord.) *Johan de Cangas, Martín Codax, Meendinho. Lírica medieval 1200-1350*, fotografías Manuel G. Vicente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Consellería de Cultura e Comunicación Social. Dirección Xeral de Promoción Cultural, 1998, 113 pp. (ISBN: 84-8302-251-6).

Neste traballo danse cita un grupo de intelectuais galegos que a través de cadanseu capítulo nos achegan ó mundo medieval dos tres trobadores homenaxeados. O libro vén ilustrado con fotografías de paisaxes e dalgunhas obras artísticas medievais e acompañado dun CD. Ó final ofrécese unha bibliografía dividida en dous apartados: “Bibliografía selecta” e “Discografía sobre a obra de Martín Codax”. Completa o volume o epígrafe “As melodías de Martín Codax”, no que se ofrece a ficha técnica do grupo Vozes Alfonsinas e o repertorio que contén o disco. As achegas de cada un dos autores son as seguintes:

-Victor F Freixanes, “Territorios do misterio”, pp. 9-23.

Apunta o descoñecemento dos datos biográficos da maioría dos compositores da escola galegoportuguesa fronte ós numerosos tesmemuños da vida dos trobadores provenzais. Contrapón o contexto bélico do sur da Península Ibérica á situación tranquila da Romania occidental e atlántica, que favorece o nacemento da literatura en lingua vulgar. Percorre, ademais, o espacio xeográfico da ría de Vigo

plasmado polos trobadores, establece a continuidade da literatura galega a partir de Rosalía de Castro e conta como chegaron a Italia os cancioneiros galego-portugueses.

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Cronoloxía”, pp. 26-30.

Divídese este traballo en dúas partes: en primeiro lugar dáse unha visión xeral da historia na que se fai referencia a datos socio-históricos e literarios acontecidos entre finais do século XII e o XIV. De seguido, ofrécese un elenco de datas importantes que van dende 1200-1201 a 1345.

-Carlos Barros, “Donas e xograres na Galicia Medieval”, pp. 32-43.

Dá conta dunha serie de “Paradoxas Culturais” como son o apoxeo da literatura galega na corte de León e Castela, a contradicción entre forma escrita e contido oral, a imposibilidade de falar dunha cultura popular e unha cultura erudita e o interclasismo do movemento lírico medieval. No subapartado “Da corte señorial á corte real”, sinala o importante papel das cortes nobiliarias na implantación da lírica galegoportuguesa, glosando especialmente a figura de Rodrígo Gómez, Conde de Trastámara. Continúa tratando os “Amores e romarías no mar de Vigo”, achegando o lector á vila de Vigo cantada polos trobadores e ó século XIII en aspectos como o amor, a muller ou a relixiosidade popular. Para rematar analiza o papel das mulleres na literatura galego-portuguesa, baixo o epígrafe “A muller: ou santa ou soldadeira”, facendo especial fincapé na figura das soldadeiras.

-Xosé Ramón Pena, “O ciclo do mar de Vigo”, pp. 48-53.

Tras dun repaso polas diferentes opinións expresadas pola crítica ó longo do tempo sobre a posibilidade de considerar autónomos os textos de amigo ou a necesidade de inserilos nun ciclo determinado, Xosé Ramón Pena defende a tese da autonomía, considerando que estas composicións son "momentos líricos (...) que non precisan corresponderse con ningún esquema cronolóxico, narrativo, nin retórico previo". Para a demostración da súa hipótese exemplifica coas cantigas de Martín Codax.

-Manuel Pedro Ferreira, "A importancia do Pergamiño Vindel", pp. 56-68.

Tras unha aproximación ó *Pergamiño Vindel* e á súa historia e repercusións na crítica dende o 1914, pásase a establece-la xenealoxía dos textos codaxianos tomando para isto tanto as composicións recollidas nos cancioneiros como no propio *Pergamiño*; ademais, coméntanse as diferentes edicións feitas pola crítica destas cantigas. Tamén se fai referencia ó traballo dalgúns intelectuais que no seu estudio do *Pergamiño Vindel* se ocuparon da música. Para rematar, establécese unha relación entre certos elementos que aparecen nas cantigas galego-portuguesas e elementos retóricos das escolas medievais e faise unha aproximación á concepción unitaria das cantigas de Codax tomando como base a *dispositio retorica*.

-Mercedes Brea, "Os santuarios á beira do mar", pp. 70-76.

Despois de facer un percorrido pola recorrencia da aparición do mar nas cantigas de escarnio e maldicir e nalgunhas de amor de Pai Gomez Charinho, céntrase na conxugación que Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas e Nuno Treez fan de trazos definidores e diferenciadores entre mariñas e cantigas de romaría, o que leva a Mercedes Brea a suxeri-la posibilidade da formación dun subgrupo dentro do

cancioneiro con estes catro xograres. Analiza tamén a función e a presentación do mar en cada un deles, baseándose nos textos segundo a orde coa que aparecen nos cancioneiros. Distingue entre o mar de Nuno Treez e Xoán de Cangas por unha banda, que é "indicador da posición que ocupa o santuario", e o mar con papel activo de Mendiño e Martín Codax.

-Xosé Ramón Pena, "Textos e fontes", pp. 78-106.

Primeiramente ofrece os criterios de edición e anuncia que a que se presenta agora "corresponde en parte coa publicada en *Xograres do Mar de Vigo*, edicións Xerais, 1998". A continuación, reproduce os textos dos trobadores comezando polos de Xoán de Cangas, seguindo cos de Martín Codax e finalizando cos de Mendiño. Ós tres achégalles unha reproducción facsimilar do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e do *Cancioneiro da Biblioteca da Vaticana*. Para Martín Codax ademais recóllese a do *Pergamiño Vindel*. As composicións aparecen acompañadas da especificación do tipo de rima e do seu esquema métrico.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Xoias do imperio cultural da lingua", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 13, 11 xuño 1998, p. 6.

Ver Álvarez Blázquez, Xosé María, *Martín Codax, cantor del Mar de Vigo*, nestas páxinas.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Territorios de misterio na lírica medieval”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 60, 13 xuño 1998, p. 2.

Preséntase a homenaxe que Xerais fixo este ano ós tres trobadores festexados nas Letras Galegas coa publicación do volume misceláneo *Johán de Cangas, Martín Codax, Meendinho 1200-1350, Lírica Medieval*, no que se recollen traballos tanto de corte filolóxico coma histórico.

-Miguel Anxo Seixas, “Xograres sen biografía”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 25 maio 1998, p. 3.

Achega unha referencia descritiva de cada un dos oito traballos que conforman este volume colectivo. A continuación, alude á escaseza de datos biográficos relativos ós tres trobadores homenaxeados. Comenta tamén que, malia esta carencia, é posible facerse unha idea pola iconografía presente nos monumentos da cidade de Compostela ó redor de 1230, época na que viviron estes poetas. Remite tamén ás miniaturas das *Cantigas de Santa María*, xa que achegan información sobre a indumentaria e a arquitectura do momento.

Couceiro, Xosé Luis e Lydia **Fontoira**, *Martín Codax, Mendiño, Johan de Cangas*, presentación de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1998, 188 pp. (ISBN: 84-8121 685-2). ◆

No limiar que abre o volume, asinado polo Departamento de Filoloxía Galega da USC, insírese a presente publicación dentro da colección que esta Universidade vén dedicando ó Día das Letras Galegas dende o ano 1970. Sublíñase ademais o feito de ser este o primeiro ano que se homenaxea a máis dun autor, e danse algunhas das características unificadoras dos tres poetas. A "Presentación" de Xesús Alonso Montero, titulada "Da Academia, do 17 de maio e da poesía medieval", destaca a unanimidade da RAG á hora de elixi-los homenaxeados, a importancia desta festa para a obra de Xoán de Cangas, o menos estudiado dos tres, e a repercusión que esta festividade ten nas aulas, ademais de destaca-la relación entre a poesía medieval galego-portuguesa e as figuras de Lorca e de Jakobson. A continuación, achégase unha reproducción facsimilar do *Pergamiño Vindel*, os "Textos" dos tres trobadores e, baixo o título de "Manuscritos", ofrécense os facsimilares do *Cancioneiro da Vaticana* e do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. De seguido, aparece a parte dedicada ós "Artigos e notas" na que se recollen traballos de distintos estudiosos vencellados ó Departamento de Filoloxía Galega, da

Universidade de Santiago de Compostela e ó Instituto da Lingua Galega, nos que se expoñen temas relacionados coa lírica galego-portuguesa medieval.

-Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo, "*¿Sedía•m'eu?* A propósito do incipit da cantiga de Meendiño", pp. 45-64.

Analízase a lectura máis popularmente difundida do primeiro verso da cantiga de Mendiño —modificado por Carolina Michaëlis—, dende a perspectiva da gramática histórica galego-portuguesa, da paleografía e da historia e teoría da literatura medieval. Chegan á conclusión de que se debe rexeita-la lectura de "sedia.me" a prol da proposta neste traballo "seia.me".

-Mercedes Brea, "*E verrá i, mia madre, o meu amigo* (Martín Codax, 91,5)", pp. 65-76.

Refírese ós desacordos suscitados entre a crítica por mor da interpretación da cantiga de Martín Codax *E verrá i, mia madre, o meu amigo,* que se centran en dúas cuestións puntuais como a posibilidadade de que o amigo acoda á cita en compañía da nai da moza e que "irmana" e "nai" sexan ámbalas dúas interlocutoras do suxeito lírico.

-Xosé Luís Couceiro, "A edición da cantiga de Mendiño", pp. 77-95.

Percorrido polas distintas lecturas da crítica do refrán e do *incipit* da única cantiga de Mendiño conservada. Parte da edición publicada por Varnhagen no 1870 para a primeira reconstrucción do refrán, así como das modificacións feitas por Carolina Michaëlis para a historia referente ó verso inicial.

Menciona os estudios de T. Braga e de J. J. Nunes —seguidor das teorías de Michaëlis e modelo fundamental para a crítica máis recente—, ademais de referirse ó que fixera Lapa, e á edición feita por Paxeco e Machado. De todos estes achega as lecturas que cada un propón, ó mesmo tempo que se reproduce a edición diplomática feita por Monaci e as variantes que a partir desta presenta o apográfo *B*.

-Elvira Fidalgo, "*Corpo velido, corpo delgado*: A descrición física da amiga", pp. 97-112.

Tirando os exemplos do corpus de amigo, e deixando para o final de "maneira consciente" o texto *Eno sagrado, en Vigo*, Elvira Fidalgo tenta illar e analiza-las referencias recorrentes na descrición do aspecto físico da amiga, chegando á conclusión de que o seu retrato aparece moi difuminado tras "rasgos vagos e demasiado xenéricos". A seguir, afirma que son a aposición e o vocativo os mecanismos máis frecuentes para inserta-los epítetos referidos á moza. Finaliza subliñando a importante relación que se establece entre o adxectivo 'fremosa' referido á amiga e o estado de tristeza.

-Lydia Fontoira, "Mendiño e a lírica actual galega. Unha análise puntual", pp. 113-120.

A partir do coñecemento do movemento trobadoresco nacido en Galicia nos anos 30, que intentaba establecer unha ponte en prol do diálogo dende o século XX cos poetas medievais, establece a relación existente entre o texto de Mendiño e unha "cantiga" escrita por Antón Reixa, titulada *Contrabando de amigo*, que se reproduce neste artigo. Sinálanse tres elementos poéticos que conectan os dous textos e estúdiase a utilización poética que se fai deles en cada unha das cantigas, así como as diferencias existentes no uso dos tempos verbais, no tratamento do tema e na simboloxía paisaxística.

-Clemente López Leizán, “Apuntamento sobre a función de suxeito nas sete cantigas de amigo de Martín Codax”, pp. 121-131.

Unha vez caracterizada a función suxeito a partir dos estudios de C. Cabeza (1997) e Francisco Cidrás (1992), e establecido o campo sobre o que se fai o estudio —modalidade enunciativa, exclamativa e interrogativa das cantigas de Martín Codax—, localiza e clasifica os suxeitos en función de tres criterios: o da concordancia, o da marca de caso, do que non hai ningún exemplo no corpus a estudiar, e o da orde das palabras. Conclúe que existe unha gran “homoxeneidade” nos suxeitos localizados.

-Pilar Lorenzo Gradín, “Tres xograres, tres ermidas e un só mar”, pp. 133-142.

Coméntanse de forma conxunta as características fundamentais das figuras de Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas e das súas composicións, destacando o anonimato histórico destes xograres, a marca toponímica identificadora que é para os tres a ría de Vigo, o emprego do mar como lugar da “invitatio amoris”, a recorrencia no uso do motivo da romaría, ou a creación de macrotextos, no caso de Xoán de Cangas e Martín Codax, que manteñen unha liña argumental ó longo das súas cantigas. Así mesmo, trátanse as vías de transmisión destes once textos e a relación entre estes tres poetas e o *Cancioneiro de xograres*. Para rematar chámase a atención sobre o feito de que tódalas composicións pertenzan ó xénero de amigo e danse as posibles razóns que xustifican este feito.

-Ramón Mariño Paz, “Sobre o cambio morfolóxico menço>minto/mença>minta, senço>sinto/ sença>sinta”, pp. 143-150.

Tomando como pretexto o verso de Xoán de Cangas, analízanse os cambios analóxicos experimentados polas formas que se recollen no título do artigo. Explícanse os fenómenos que provocaron a desaparición da vocal temática da P1 do presente de indicativo e de todo o presente de subxuntivo, ó mesmo tempo que se van achegando formas documentadas de ámbalas dúas solucións que conviven na Idade Media en textos líricos e prosísticos, así como algúns exemplos recollidos na época dos Séculos Escuros, que mostran o triunfo das solucións 'mento' e 'sento'. Remátase lembrando a explicación que Antón Santamarina dá para os "lexemas innovadores mint- e sint-".

- Mª Liliana Martínez Calvo, "¿Fonosimbolismo en Mendinho?", pp. 151-160.

Logo da fixación do termo fonosimbolismo segundo a definición de Rodríguez Fer (1991), pásase á localización e explicación deste fenómeno na cantiga de Mendiño e nas tres cantigas mariñeiras de Martín Codax: *Mia irmana fremosa, treydes comigo*, *Ondas do mar de Vigo* e *Quantas sabedes amar amigo*. No tocante a un aspecto concreto da materialización do fonosimbolismo, como é a aliteración das sibilantes e a das vibrantes, recórdase a importancia que este fenómeno presenta tamén na obra de Novoneyra e Cunqueiro, respectivamente.

- Mª Esther Martínez Eiras, "Unha nota a Johan de Cangas: *aguisar*", pp. 161-174.

Móstrase un aspecto lingüístico da cantiga *Amigo, se mi gram ben queredes*: a evolución do significado do verbo 'guisar' e do sustantivo 'guiso' dende a Idade Media na que os seus valores primordiais eran 'preparar', 'dispoñer' e 'modo' 'maneira', respectivamente, ata a actualidade na que están especializados no léxico referente a cociña, como se documenta dende 1861. Supón a autora deste traballo que a

evolución tivo lugar en dúas fases e afirma que tanto ‘guisar’ como ‘guiso’ son resultados patrimoniais propiamente galegos.

-Xavier Varela, “*Verrá*: Os futuros irregulares con vibrante múltiple na *Lírica Profana*”, pp. 175-188.

Ofrécesenos un estudio exhaustivo dos futuros irregulares que presentan vibrante múltiple como última consoante despois do radical. Os exemplos que se achegan están tirados dos textos medievais da *Lírica Profana* e do *Proxecto Gramática Histórica da Lingua Galega*. Clasifícanse os futuros en analíticos e sintéticos e establécense catro grupos segundo a recorrencia e o éxito que presenten as formas irregulares de futuro que se documentaron por última vez no 1502.

Fernández Guiadanes, Antonio, Fernando **Magán Abelleira**, Ignacio **Rodiño Caramés**, María **Rodríguez Castaño**, Xosé Xabier **Ron Fernández** e María del Carmen **Vázquez Pacho** (eds.), *Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*, prólogo de Mercedes Brea, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 376 pp. (ISBN: 84-453-2237-0). ◆

Logo dunha presentación do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás Fernández, e do "Prólogo" de Mercedes Brea, no que se recollen algúns aspectos referentes á lírica trobadoresca en xeral e as xustificacións da elección conxunta dos poetas festexados, ademais da organización do traballo en equipo e das pretensións que os autores puxeron nesta obra, "unha edición crítica conxunta acompañada dun estudio pormenorizado", o volume introdúcese de cheo no estudio do mundo trobadoresco que se divide en dous grandes apartados. En primeiro lugar, a través dos capítulos titulados "Introducción", "Os autores" e "Tradición manuscrita" faise referencia a algúns aspectos destacados que atinxen á tradición lírica galego-portuguesa en xeral, destacando os tres xograres da Ría de Vigo homenaxeados e as súas

composicións. Trátanse temas como a diferencia entre xograr e trobador, a elección entre a denominación cantiga de santuario-cantiga de romaría e entre mariñas ou barcarolas, o estado da cuestión dos datos biográficos e xeográficos de cada un dos autores e a tradición manuscrita, reproducindo os *stemma*, de Tavani (1967) e de D'Heur (1974), Ferrari (1979) e Gonçalves (1976 e 1995) para o corpus lírico en xeral e os seus cancioneiros, e de Ferreira (1986) e Spaggiari (1980) para a tradición codaxiana, estudiando máis detalladamente o *Pergamiño Vindel*. Ademais repásase a colocación dos autores nos cancioneiros reflectindo a importancia que esta ten. Péchase esta primeira parte cuns cadros que recollen a "Táboa de correspondencias das referencias manuscritas", as "Diverxencias entre *N*, *B* e *V*" e o "Cancioneiro de xograres galegos". Na segunda parte preséntase a edición crítica e o comentario das once composicións festexadas. Despois de aclara-los "Criterios de edición", trátanse cada un dos xograres nun capítulo independente se ben a estructura para os tres é moi semellante: texto crítico, edicións paleográficas, edicións críticas, situación nos masnuscritos, notas ós versos e comentario, atendendo á estructura métrico-rítmica e ós aspectos de contido. Ó final achéganse as reproduccións facsimilares dos textos nos manuscritos nos que foron transmitidos. Pecha o libro un "Glosario", no que aparecen comentarios ós significados léxicos das palabras, un "Rimario" e a "Bibliografía".

Recensións:

-Xosé Ramón Pena, “Quantas sabedes amar amigo”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Estudios literarios”, decembro 1998, p. 20.

Comenta o volume e logo de cita-los nomes dos compoñentes do equipo, cualifica o traballo destes novos investigadores/as de rigoroso, áxil e cunha actitude “modélica á hora de tratar un capítulo tan excepcional na historia das nosas letras e da historia de Galicia como é o legado trobadoresco medieval”. Explica que na introducción se aclara “a posible especificidade arredor do xénero das chamadas barcarolas/mariñas” e refírese á posibilidade de falar de secuencias organizadas no cancioneiro de amigo. Na súa opinión, esta última cuestión aínda é hoxe un tema de controversia do que falou nun Congreso na Universidade de Birminghan ou no da Illa de San Simón. Recolle as palabras de Camilo Flores a este respecto, que provocaron nel a busca de “novas dimensións para a presencia dos macrotextos e o seu verdadeiro significado” no cancioneiro. Refírese ó labor de revisión destes investigadores e opina que a edición critica se realizou con precisión e xusteza, agás na elección dalgunhas palabras, e que a obra é de gran valor non só para entendidos da materia, senón tamén para o lectorado interesado nos xograres e trobadores do medievo. Por último, felicita a excelente edición e di que será unha boa ferramenta de traballo para coñecer mellor a lírica galego-portuguesa.

Flitter, Derek W. e Patricia **Odber de Baubeta** (coords.), *Ondas do mar de Vigo*. *Actas do Simposio internacional sobre a Lírica Medieval Galego-Portuguesa*, Gran Bretaña: Seminario de Estudios Galegos. Department of Hispanic Studies. The University of Birmingham, 1998, 173 pp. (ISBN: 0704419718). ◆

Logo do limiar de Derek W. Flitter no que se dá conta da celebración deste Simposio e se fai público o agradecemento á Xunta de Galicia, concretamente á Dirección Xeral de Política Lingüística e ó seu Director D. Manuel Regueiro Tenreiro, recóllense neste volume os traballos expostos no Barber Institute of Fine Arts da Universidade de Birmingham en maio de 1998 co gallo da homenaxe feita ós tres trobadores da Ría de Vigo galardoados na edición das Letras Galegas deste ano 1998. As contribucións a este congreso son as seguintes:

-X. L. Méndez Ferrín, “Meendinho connosco”, pp. 1- 11.

Presta atención á importante pegada do *Psalterio* na lírica trobadoresca medieval, tomando como exemplo principalmente a cantiga de Mendiño e tendo en conta a popularidade da que gozaban os textos relixiosos na Idade Media. Pon en relación esta tradición medieval coa literatura galega contemporánea achegando os exemplos de *La catedral y el niño*, de Blanco Amor e do poema *A emigración*, de Curros Enríquez, de xeito que establece unha ponte nas fontes do “interior do sistema literario de Galicia.”

-Henrique Monteagundo, “Cantores de santuario, cantares de romaría”, pp. 12-37.

Caracterización das cantigas de santuario, logo de ser definidas, fronte ás cantigas de romaría, como unha modalidade dentro da cantiga de amigo que presentan unha serie de trazos comúns como son a presencia dun haxiotopónimo, o feito de estaren compostas maioritariamente por xograres, de presentaren recorrencia de motivos e formas nas distintas series de cada autor ou de participaren dalgúns tópicos propios da cantiga de amigo. A través da análise dos textos transmitidos polos manuscritos, establece os límites cronolóxicos deste subxénero e os posibles destinatarios destas composicións. Tamén define as súas características formais e principios constructivos. Finalmente, achega unha táboa na que se recolle a nómina de autores e textos conservados.

- Mª del Carmen Rodríguez Castaño e Mª del Carmen Vázquez Pacho, “O proxecto Lírica galego-portuguesa (LGP), primeira fase do Arquivo Galicia Medieval (AGM)”, pp. 38-48.

Refírense á historia da crítica textual medieval dende os seus inicios na Italia do século XVI ata a actualidade, na que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades está a levar a cabo o proxecto “Arquivo Galicia Medieval”. Relatan a xénese do proxecto a partir da confluencia de dúas propostas feitas por Vicenç Beltrán e Mercedes Brea e dan conta do estado actual deste Arquivo (AGM) e de cada un dos apartados que o compoñen, deténdose no primeiro froito deste traballo: a publicación, no ano 1996, de dous volumes titulados *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, dos que se describe detalladamente a súa estructura. Explican, ademais, o proceso de informatización desta obra e lembran a presentación en Santiago de Compostela da Base de Datos MEDDB da Lírica Profana Galego

Portuguesa, achegando para rematar, dúas táboas que mostran os campos de busca na base de datos e a información que aparece en cada un deles.

-Juan Paredes Núñez, “As cantigas satíricas de Afonso X, O Sábio: Problemas de interpretação”, pp. 49-57.

A través dalgúns exemplos prácticos preséntanse as dificultades que presentan, á hora de facer unha boa lectura, os textos de “escarnho e maldizere”, de Afonso X O Sabio. Análizase o campo lexical do obsceno en *Joan Rodriguiz foi osmar a Balteira*, a perspectiva do texto en *Fui eu poer mao noutro dia* e a estructura métrica en *Mester avia Don Gil*, como elementos problemáticos para a correcta interpretacón destas cantigas. Lémbrase a importancia da análise feita por Tavani sobre campos semánticos do obsceno na lectura de textos de “escarnho” e propónse a decodificación do código extratextual ó que remiten as cantigas.

-Manuel Pedro Ferreira, “A música das cantigas galego-portuguesas: balanço de duas décadas de investigação (1977-1997)”, pp. 58-71

Sinálanse os avances que se deron no eido da crítica musical sobre lírica medieval a partir de 1977. Traballando sobre os testemuños recollidos no *Pergamiño Vindel*, no *Pergamiño Sharrer*, no *Cancioneiro de Ajuda* e nas *Cantigas de Santa María*, os estudiosos fóronse distanciando do traballo de H. Anglés (1943 e 1958) e dirixiron as súas pesquisas cara a unha nova análise melódica, unha reclasificación de esquemas métricos, a revisión da análise do aspecto rítmico ou, no caso concreto das *Cantigas de Santa María*, a posible utilización de materiais melódicos gregorianos.

-Stephen Parkinson, “Two for the price of one: on the Castroxeriz *Cantigas de Santa María*”, pp. 72-88.

Faise un estudio da cantiga 242 de *Santa Maria* do *Cancioneiro do Escorial* —que se reproduce neste artigo segundo a edición de Mettmann (1998)—, fixándose na evolución estructural e organizativa sufrida polo texto. Para esta análise compáranse as versións que deste texto se recollen no *Cancioneiro do Escorial* por unha banda e no *Cancioneiro de Florencia* pola outra, marcando as diferencias que presentan os epígrafes, os refráns e as estructuras métricas de cada versión manuscrita. Para explica-la xénese da composición e a expansión estructural do texto primitivo, o autor insire esta cantiga dentro dun ciclo, chamado de Castroxeriz, que está composto por outros tres textos máis e, dentro deste ciclo, analízase máis profundamente a estreita relación de contido existente entre a cantiga 242 e a 249 e a influencia estructural que exerceu unha sobre a outra ó longo da tradición manuscrita, demostrando así que os copistas tamén estiveron involucrados na elaboración e expansión de coleccións de milagres.

-Teresa López, “Meendinho e familia. Álvaro Cunqueiro e Luz Pozo Garza no mar de Vigo”, pp. 89-107.

Tománse dous autores contemporáneos, dos moitos que reflicten na súa obra a pegada lírica medieval, e analízanse, neste caso, as súas composicións neotrobadorescas. Os dous elixidos foron Álvaro Cunqueiro, do que se fai un estudio pormenorizado da súa composición “Homenaxe a Mendiño”, e Luz Pozo Garza, da que se trata os seus poemas “Ondas do mar de Viveiro”, “En Vigo, no sagrado” e “Cantiga para ler en tempo de penumbra”, a pesar de non seren estes dous últimos de inspiración neotrobadoresca. Péchase o artigo achegando un “Apéndice” no que se reproducen os catro textos analizados.

-Santiago Gutiérrez García, “A corte poética de Afonso III o Bolonhês e a materia de Bretaña”, pp. 108-123.

A partir das referencias e dos motivos artúricos recollidos no corpus da lírica medieval galegoportuguesa, estúdiase a cronoloxía, as posibles vías de penetración, a distribución xeográfica e o ambiente polo que circulou a materia de bretaña unha vez chegada ó occidente da Península Ibérica.

-Richard Zenith, “Translating the Cantigas-how to lose gracefully”, pp. 124-131.

Trátanse, a partir da experiencia do autor, os problemas de estructura, ritmo, contido, etc., que presenta a traducción das cantigas galego-portuguesas a unha lingua tan afastada da propia como é o inglés. Como exemplo, expón os criterios que seguiu á hora de traduci-la cantiga de Pero Meogo, da que se reproduce unha versión orixinal ó carón da súa traducción ó inglés. Fronte ós chamados “puristas”, pensa que se deben facer traduccións co fin de facilita-la comprensión a aqueles que non coñezan a lingua galego-portuguesa.

-Giulia Lanciani, “*Nojo tom’e quer prazer* é de Fernão Velho?”, pp. 132-138.

Os motivos temáticos, estilísticos, lexicais e métricos analizados por Giulia Lanciani levan a esta estudiosa á conclusión de que a cantiga *Nojo tom’e quer prazer*, atribuída pola crítica a Fernão Velho, débese deixar á marxe dos traballos sobre lírica galego-portuguesa medieval e ser clasificada como unha composición anónima do século XV. Achégase, ademais, unha lectura do texto feita pola propia Lanciani que pretende ser unha “proposta de restauro”.

-Graça Videira, “Os ciclos satíricos nos Cancioneiros Peninsulares”, pp. 139-146.

Logo de presenta-los ciclos satíricos recollidos nos cancioneiros, a autora opta por illar e facer un estudio máis profundo, por considera-los máis “significativos”, de tres destes. Ocúpase concretamente das doce cantigas que D. Lopo Lias dirixe ós infanzóns de Lemos, das oito composicións que Gil Peres Conde escribe sobre Afonso X e das nove cantigas nas que Afonso X se mostra indignado polo comportamento dos peóns en Andalucía.

-Xosé Ramón Pena, “*En Vigo, eno sagrado*. Ciclos e secuencias líricas no cancioneiro de amigo”, pp. 147-157.

Deféndese, contradicindo a Alfred Jeanroy, Giuseppe Tavani, Manuel Pedro Ferreira ou F. Nodar —dos que se reflicte en parte as súas propostas, que ademais son criticadas—, a inexistencia dun macrotexto lóxico e racional no cancioneiro de amigo en xeral e, concretamente, nas cantigas de Martín Codax. Proponse como finalidade destas cancións de muller a transmisión de “momentos líricos” independentes de esquemas cronolóxico-narrativos e retóricos previos.

-Giuseppe Tavani, “Ainda sobre Martin Codax e Mendinho”, pp. 158-173.

Recorda Tavani dous artigos que publicou hai tempo, un sobre Martín Codax e outro sobre Mendiño que, segundo indica, non tiveron moita repercusión, polo que quere agora reafirma-las súas teses. No tocante a Mendiño, reivindica a lectura que fixera do refrán nun só verso, baseada nun rigoroso estudio paleográfico, e láiase da pouca aceptación que o seu achádego tivera na crítica especializada. Tamén

toca o problema da lectura do *incipit* desta cantiga, da que Nunes, seguindo a C. Michaëlis, editara a forma "Sedia-m'eu", mentres que nos manuscritos se recolle a forma "seria meu." Por outra banda, volve expo-la súa teoría da serialidade que caracteriza ás cantigas de amigo e presenta e xustifica unha lectura unitaria das cantigas de Martín Codax. Achéganse os textos codaxianos segundo a edición de Celso Ferreira da Cunha.

García-Sabell, Domingo, Mercedes **Brea**, Carlos **Villanueva** e Luis **Costa**, *Cantigas do Mar. Homenaxe a Joan de Cangas Mendinho e Martín Codax*, prólogo de Domingo García-Sabell, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, maio 1998, 126 pp. (ISBN: 84-89748-19-5).

O volume conta cunha presentación da Condesa de Fenosa, Dona Carmela Arias y Díaz de Rábago, trala cal Domingo García-Sabell asina o "Prólogo para a festa dos tres poetas". Recóllense neste libro traballos de Carlos Villanueva, Luis Costa e Mercedes Brea, achegando ó final unha bibliografía referente ós temas tratados. No último capítulo, titulado "Concerto", preséntase un programa composto por cantigas de D. Dinis, Afonso X, Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax, ademais das persoas de Carlos Villanueva e Santiago Fernández e o grupo de cámara da Universidade de Santiago de Compostela "In Itinere". A primeira letra de cada un dos capítulos do volume reproduce unha capitular tirada do *Codex Calixtinus*. De seguido, descríbense cada un dos tres artigos que se recollen no libro:

-Carlos Villanueva, "As cantigas do mar de Martín Codax", pp. 13- 54.

Tras unha aproximación histórica ó *Pergamiño Vindel*, analízanse primeiro cada un dos textos de Martín Codax de forma individualizada para pasar despois a tratar temas máis xerais que teñen que ver coa lírica medieval e, en especial, co aspecto musical desta poesía. Trátanse o ritmo e a temporalidade nas cantigas, a unión entre música e texto, a oralidade, os instrumentos na interpretación das cantigas, facendo mención especial ó xograr Martín Codax, ó que se lle dedica unha parte do estudio baixo o epígrafe "O mundo xograresco de Martín Codax". Remátase ofrecendo unha discografía sobre este xograr. O traballo acompáñase dunha reproducción facsimilar do *Pergamiño Vindel* e ilústrase con algunhas miniaturas tiradas das *Cantigas de Santa María*, así como con fotografías de capiteis románicos do Pazo de Xelmírez.

-Luis Costa, "A orixe das cantigas: contexto historiográfico", pp. 55-76.

Analiza a corrente interpretativa seguida nos primeiros estudios sobre a música trobadoresca en Galicia, publicados a partir da aparición do *Pergamiño Vindel* por Santiago Tafall e Oviedo Arce primeiro e despois por Filgueira Valverde. Pon en relación o triunfo da teoría tradicionalista, tanto nos traballos referidos ás orixes da música coma os que tratan dos comezos da literatura, coa reconstrucción dun pasado histórico baseado no feito diferencial do país, proclamado xa polo autores do Rexurdimento.

-Mercedes Brea, "As cantigas da Ría de Vigo", pp. 77-104.

Tras unha presentación de conxunto dos tres xograres homenaxeados, trata algúns aspectos importantes relativos á lírica medieval galego-portuguesa como son a cronoloxía, o espacio xeográfico no que se desenvolveu a escola, a diferencia entre a figura do trobador e a figura do xograr, as vías de transmisión

manuscrita dos textos e os xéneros líricos, deténdose especialmente na cantiga de amigo, nos seus trazos definitorios, na súa xénese e no establecemento de subxéneros. Para rematar, Mercedes Brea reproduce os textos de Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax seguindo a edición feita polo equipo do Centro Ramón Piñeiro e coméntaos dende o punto de vista métrico e formal.

Referencias varias:

Eduardo Álvarez, "*Cantigas do mar* para o Día das Letras coa Barrié"/"A Fundación Barrié festexa o Día das Letras Galegas cun libro e 4 concertos", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 9 maio 1998, p. 39/ 14.

Noticia da presentación do libro na sede da Fundación Barrié de la Maza. Faise referencia ós traballos aquí recollidos e indícase que o libro vailles ser entregado como programa de man ós asistentes ós concertos do grupo "In Itinere".

-Isabel Fojo, "Editan un libro sobre la lírica de los trovadores de O Morrazo", *El Mundo*. *Galicia*, 9 maio 1998, p. 7.

Describe o contido do volume e refírese a outros actos de tipo musical ós que se suma a Fundación Barrié de la Maza con motivo do Día das Letras Galegas.

-J. B., Salgueiro, “In Itinere levará ó Auditorio de Galicia ós trovadores homenaxeados”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1998, p. 43.

Anúnciase o concerto do grupo de Cámara da Universidade de Santiago “In Itinere” no Auditorio de Galicia, interpretando cantigas dos tres trobadores da ría de Vigo. Aproveita tamén para informar da edición do libro *Cantigas do mar*.

Gay Parga, Tonina, *Ondas do mar de amigo*, Lugo: Citania Publicacións, 1998, 143 pp. (ISBN: 84-8231-975-2).

Obra na que se recollen vintetrés artigos sobre os tres poetas homenaxeados no Día das Letras Galegas, así como cuestións de lírica medieval galego-portuguesa en xeral. O volume presenta un limiar da editora e vén acompañado por dúas casetes nas que se recollen as gravacións dos traballos destes estudiosos relatadas por eles mesmos. Os traballos que se recollen son os seguintes:

-Antonio Fernández Guiadanes, “A letra e a voz ou Colocci e os xograres”, pp. 9-15.

Pon de relevo a importancia da figura do humanista Angelo Colocci na historia da literatura galego-portuguesa medieval, xa que sen o seu traballo hoxe non existirían nin o *Cancioneiro da Vaticana* nin o da *Biblioteca Nacional de Lisboa* ou *Colocci Brancuti*. Fai referencia á relación existente na Idade Media entre texto e música e ós indicios que disto temos no *Cancioneiro de Ajuda* e ás evidencias do *Pergamiño Vindel* e as *Cantigas de Santa María*. Fala tamén da posta en escena destas composicións e establece finalmente as diferencias existentes entre as figuras de trobador, segrel e xograr.

-Francisco Fernández del Riego, “Aproximación a Martin Codax, Johan de Cangas e Meendinho”, pp. 17-18.

Recóllese a transcrición libre dun fragmento do que aparece na casete. Xustifica e explica, nesta intervención, o Presidente da Real Academia Galega, as causas que levaron ós académicos a escoller este ano a Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas como homenaxeados no Día das Letras Galegas.

-Luís Alonso Girgado, “A cantiga de amigo”, pp. 19-24.

Comeza por recorda-las diferentes posturas sobre as orixes do lirismo das cantigas de amigo coas teorías contrapostas de diferentes estudiosos. A continuación, faise unha confrontación entre a cantiga de amor e a de amigo, segundo os elementos definitorios de cada unha delas, e finalízase coa caracterización propia da cantiga de amigo.

-Fernando Magán Abelleira, “A cantiga de amor: diferencias e semellanzas coa cansó provenzal”, pp. 25-28.

A partir da fragmentaria *Arte de trobar* do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, destácanse as particulariedades características da cantiga de amor fronte ós outros dous xéneros maiores da lírica galego-portuguesa, escarnio e amigo. Do mesmo xeito, establécese a base de comparación, tanto a nivel conceptual coma de contido ou estructural, que distingue a cantiga de amor galego-portuguesa da cansó provenzal da que provén.

-Ignacio Rodiño Caramés, “Xograres e cantiga de escarnio”, pp. 29-33.

A súa reflexión parte dunha cita de Tavani (1995) na que o profesor italiano se sorprende de que só se conserven cantigas de amigo de Martín Codax e Mendiño. Achega unha longa lista de compositores medievais dos que non temos producción escarnina e fai referencia ó estudio de Resende de Oliveira (1989), no que se diferencia entre os trobadores galegos, coa súa preferencia polo xénero de amor, maioritariamente xograres, e os portugueses, entre os que case non atopamos xograres. Remata dando dúas posibles explicacións á escasa presencia da cantiga de escarnio nos nosos cancioneiros.

-María del Carmen Vázquez Pacho, “A tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa”, pp. 35-40.

Describe de forma individualizada cada un dos manuscritos nos que se recolle algunha parte da lírica galego-portuguesa medieval e que teñen chegado ata nós. Fai tamén referencia ás súas historias, ás relacións que se establecen entre eles e ás peculiaridades que os fan únicos.

-Anselmo López Carreira, “Historia de Galicia no tempo da cantiga de amigo”, pp. 41-44.

Fai un repaso á historia de Galicia dende os inicios da Era Compostelá, ó redor do século XI, na que Galicia vive un momento de esplendor económico e demográfico, ata a época de transición, “na que viven os tres poetas da ría de Vigo”, entre o XIII e o XIV. Dá como data simbólica da “inflexión” o ano 1230, cando Fernando III de Castela recibe o trono de Galicia-León, e que levará a Galicia a situarse nunha “posición marxinal que se precipitará no s. XIV coa crise xeral”.

-María del Carmen Pallarés Méndez, “A aportación da lírica galego-portuguesa á creación dunha imaxe da muller”, pp. 45-47.

Comenta que a Idade Media ofrece dúas imaxes de muller: unha perfilada dende a Igrexa, onde se presenta a muller como un ser descoñecido e temible, e outra, propia da aristocracia laica, que intenta facer ver unha falsa posición central da *senhor*, exaltando o amor profano, o desexo masculino e o pracer que procuran as mulleres. María del Carmen Pallarés cre que as cantigas de amor medievais, feitas e gozadas por homes, transmiten xustamente a "imaxe idealizada que eles teñen das mulleres e neste ámbito, a muller, que ten como función realzar os valores da virilidade, segue instalada na dependencia".

-Xosé Xabier Ron Fernández, "O cantar dos trobadores no espacio e no tempo", pp. 49-61.

Critica a ausencia de principios propiamente teórico-literarios nas periodizacións canonizadas pola tradición, así como o esquecemento do importante papel das cortes señoriais. Formula a necesidade de relacionar cultura, sociedade, historia, cronoloxía e xeografia na elaboración dunha boa periodización do fenómeno trobadoresco. Feitas estas puntualizacións, establece as datas de orixe e morte da escola e o espacio xeográfico e as cortes nas que estivo presente. Finalmente, trata os "protagonistas", Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas, dos que ofrece os poucos datos que deles hai documentados, e chega á conclusión de que "a propia vila de Pontevedra se converteu nun inusitado fogar para a actividade poético-musical dos trobadores e xograres".

-María del Carmen Rodríguez Castaño, "Comentario ás once cantigas: Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax", pp. 63-72.

As distintas maneiras nas que se presenta a tipoloxía narrativa, a temática amorosa en relación á posibilidade de encontro entre o amigo e a rapaza, a ambientación, definidora de subxéneros como a cantiga de romaría ou as mariñas, os valores do mar e a estructura formal dos textos dos tres xograres, son os aspectos comentados neste artigo.

-Xosé María Álvarez Caccamo, “Xohana Torres, Bernardino Graña e Luz Pozo Garza, vértices do mar de Vigo”, pp. 73-75.

Reflexión na que toma a poetas como Luz Pozo Garza, Xohana Torres e Bernardino Graña como continuadores do lirismo do mar de Vigo que na Idade Media fora cultivado polos trobadores vencellados a esa Ría.

-Luz Pozo Garza, “O erotismo encuberto nas cantigas de amigo”, pp. 77-80.

Luz Pozo Garza descobre o simbolismo erótico que algunhas cantigas de amigo como as de Martín Codax e Mendiño, ou as de Pero Meogo, Denis de Portugal e Paio Gómez Chariño agachan baixo unha apariencia “inocua.”

-Carmen Blanco, “Amar no mar”, pp. 81-84.

Reflíctese a importancia do motivo e da relación entre o mar e o amor ó longo da historia da literatura lírica, xa presente nos textos dos tres trobadores homenaxeados.

-Xesús Alonso Montero, “Illa do amor, illa da morte”, pp. 85-89.

O autor quere lembra-la historia máis recente da Illa de San Simón que foi convertida en prisión durante a Guerra Civil e os primeiros anos da posguerra. Así mesmo, recorda os presos, entre os que se encontraban intelectuais vencellados á cultura galega e o seu pai, “un campesiño iletrado”. Por outra banda, fai referencia á homenaxe a Mendiño que el mesmo organizou no 1982 na illa de San Simón.

-Carlos Villanueva Abelairas, “As cantigas de amigo de Martin Codax”, pp. 91-94.

Destaca a importancia e as repercusións que o descubrimento do *Pergamiño Vindel* no 1914 tiveron no estudio e nas investigacións medievais, principalmente, no referente á música.

-Armando Requeixo Cuba, “Trobadores lucenses”, pp. 95-100.

Ofrece un breve “repaso autorial” dalgúns trobadores naturais da actual provincia de Lugo achegando os datos biográficos e cronolóxicos oportunos. Dá tamén unha nómina de autores dos que a orixe lucense parece incerta.

-Carlos Casares, “O *Pergamiño Vindel*”, pp. 101-102. Describe a folla voante dos

textos de Martín Codax e a súa historia e primeira edición.

-Clodio González Pérez, “Mar, amor e romaría”, pp. 103-108.

Logo da reproducción da cantiga *Amigo se mi gran ben queredes*, de Xoán de Cangas, trátanse temas comúns ós tres trobadores homenaxeados como a definición da cantiga de romaría, a vida errante dos xograres e as características definitorias da cantiga de amigo. De seguido, faise a análise dos motivos temáticos de cada unha das once composicións comezando pola de Mendiño, seguindo polas sete de Martín Codax e rematando coas tres de Xoán de Cangas.

-Xavier Rodríguez Barrio, “Trobar”, pp. 109-114.

Dáse unha visión comparativa dos tres trobadores e das súas composicións marcando tanto aspectos xeográficos e cronolóxicos comúns, coma aqueles que os separan e os individualizan.

-Darío Xohán Cabana, “...E Xosé María Álvarez Blázquez!”, pp. 115-117.

Gaba a figura de Xosé María Álvarez Blázquez, ó que recorda como o mestre que lle aprendeu a ama-la poesía medieval.

-Bernardino Graña,, “Namóranme os tres”, pp. 119-121.

Sentimentalmente, Bernardino Graña lembra como os textos dos xograres o axudaron a chegar a entender algunhas cousas que lle parecían incomprensibles na súa mocidade.

-Manuel María, “Presencia”, pp. 123-124.

Recóllese por escrito unha transcrición libre e fragmentaria da gravación da casete na que o autor defende a importancia da presencia dos trobadores medievais na lírica moderna. Nomea figuras representativas do neotrobadorismo galego e destaca o papel da natureza como fío conductor dende a poesía medieval á actual.

-Xoán Carlos Domínguez Alberte, “O Día das Letras Galegas. Notas para unha reflexión”, pp. 125-130.

Percorrido pola historia da conmemoración do Día das Letras Galegas dende 1963 ata hoxe. Dáse conta tamén dalgúns dos homenaxeados explicando a aposta que se facía por parte da RAG coa elección de cada un deles. Para rematar, sinálanse os momentos históricos importantes para as letras galegas antecesores da institucionalización da festividade, como as edicións dos Xogos Florais do século XIX ou o Banquete de Conxo.

González Rajo, Javier e Xosé Manuel **Sánchez Puga** (coord.), *Xograres do mar e do amor*, xustificación de Antón Rozas Caeiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1998, 101 pp. (ISBN: 84-453-1953-1).◆

Volume que vén precedido dunha presentación institucional e no que, logo dun pequeno texto titulado “Xustificación” a cargo de Antón Rozas Caeiro, entráse de cheo no estudio do mundo medieval tratando temas como o feudalismo, a igrexa, o culto a Santiago, as peregrinacións, a figura de Diego Xelmírez, o Císter en Galicia, a economía da época, a sociedade, a arte románica, a arte gótica e a literatura galega do s. XIII. Faise mención especial ós tres trobadores homenaxeados no Día das Letras Galegas, Xoán de Cangas, Martín Codax e Mendiño, dedicándolles un capítulo titulado “Xograres do Mar e do Amor”, no que se recollen os seus textos e algúns datos biográficos. Achégase neste volume unha escolma de textos medievais de moi distintos xéneros e unha unidade didáctica sobre a Idade Media. O libro está ilustrado con fotografías que fan referencia ós temas tratados en cada capítulo e con ilustracións tiradas da *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*.

Referencias varias:

-D. P., “La Consellería de Educación editó dos libros y un vídeo en homenaje a la poesía medieval”, *Diario de Pontevedra*, 30 abril 1998, p. 8.

Ver Blanco Pardal, Carmen e Carmen Robledo Muíña, *As ermidas e o mar*, nestas páxinas.

-S. R., “Educación lleva a 2.000 centros los libros sobre las “Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, 30 abril 1998, p. 21.

Ver Blanco Pardal, Carmen e Carmen Robledo Muíña, *As ermidas e o mar*, nestas páxinas.

-Xavier Costa Clavell, “Xograres do mar e do amor”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 19 xuño 1998, p. 3.

Refírese ó volume coordinado por González Rajo e Manuel Sánchez Puga como “unha verdadeira xoia bibliográfica”. Comenta a importancia da paisaxe marítima na lírica amorosa medieval e pregúntalle á Consellería de Cultura por qué un libro seu leva dous anos impreso sen que a Xunta lle dea saída.

Monteagudo, Henrique (ed.), *Martín Codax. Cantigas*, limiar de Francisco Fernández del Riego, Vigo: Galaxia, 1998, 43 pp. (D. L.: VG-198-1998).

Co gallo do Día das Letras Galegas do 1998, Galaxia publica este volume, en edición non venal, que se abre cun limiar asinado por Francisco Fernández del Riego que presenta o libro, o trobador Martín Codax e lembra a importancia da aparición do *Pergamiño Vindel*. A obra ofrece unha reproducción facsimilar dos textos codaxianos tirada do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, seguida da edición crítica que Henrique Monteagudo ten publicado baixo o título de *Martín Codax. Cantigas* e que está editada por Galaxia (1998). Finalmente, achégase un apartado de "Aclaracións" ós textos.

Monteagudo, Henrique (ed.), *Martin Codax. Cantigas*, Vigo: Galaxia, 1998, 64 pp. (ISBN 84-8288-189-2).

Recórdase neste volume a importancia que o *Pergamiño Vindel* tivo e ten para as letras galego-portuguesas dende que no 1914 fora descuberto polo libreiro Pedro Vindel. Faise mención ás primeiras repercusións no eido académico deste achádego cos artigos publicados polo propio Vindel, por Carolina Michäelis ou Eladio Oviedo y Arce, e percórrense as visicitudes polas que pasou o manuscrito ata chegar á Pierpont Morgan Library, de Nova York. Destácanse tamén os importantes traballos que sobre as composicións de Martín Codax fixeron Celso Ferreiro da Cunha (1956), Ismael Fernández Cuesta (1982) e Manuel Pedro Ferreira (1986), nomeándose outros tantos estudiosos. A continuación, inclúense as reproduccións facsimilares dos sete textos no *Pergamiño Vindel*, no *Cancioneiro da Vaticana* e no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa,* finalizando cunha edición de accesible lectura para o público non especializado en textos medievais. Monteagudo engade aínda un apartado de notas e aclaracións de cada unha das composicións. Ademais faise entrega co volume dun CD coas cantigas de amigo de Martín Codax interpretadas polo Grupo de Música Antiga de Compostela.

Referencias varias:

-J. B Salgueiro, “Galaxia reproduce en edición facsimilar as cantigas musicadas de Martín Codax”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1998, p. 43.

Refírese á presentación do libro e á participación no acto de Henrique Monteagudo, que se referiu ó carácter emblemático do *Pergamiño Vindel*. Lémbrase a descuberta do manuscrito da man do libreiro madrileño Pedro Vindel.

-Raquel López, “Óense as ondas do mar de Vigo”/“Galaxia conmemora o 17 de maio cunha coidada edición do Pergamiño Vindel”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 13 maio 1998, p. 47/p. 17.

Informa da presentación do volume en Santiago de Compostela. Ademais de aludir á intervención de Henrique Monteagudo e á estructura do libro, lembra o periplo percorrido polo pergamiño Vindel dende que o atopou Pedro Vindel ata a súa compra pola Pierpont Librey de Nova York.

-A. R., “Henrique Monteagudo presenta os libros *O son das ondas* e *Tres poetas medievais da Ría de Vigo*”, *O Norte*, nº 96, 23 maio 1998, p. 13.

Informa sobre a presentación na librería Máinomen de Bertamiráns dos libros *O son das ondas*, *Tres poetas medievais da Ría de Vigo* e do volume *Martin Codax. Cantigas*, os tres da autoría de Henrique Monteagudo e que teñen como tema en común os trobadores da lírica medieval do século XIII. Danse máis detalles sobre *Martin Codax. Cantigas*, libro que inclúe a reproducción facsimilar do *Pergamiño*

Vindel e dos sete poemas que se conservan de Martín Codax coa lectura moderna e notas aclaratorias, acompañados tamén cun CD coas composicións musicadas de Martín Codax, interpretadas polo grupo de Música Antiga de Compostela. Saliéntase que na presentación o autor dixo que "o mar é o feito diferencial entre a poesía dos trobadores galegos e o resto da literatura europea do s. XIII".

-M. Blanco Rivas, "Ondas do mar de Vigo, se vistes meu amigo", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 58, 30 maio 1998, p. 2.

Relata como Pedro Vindel atopou o pergamiño a finais de 1913 ou comezos de 1914 cando folleaba un códice do século XIV. Sinala que ó desencaderna-lo volume atopou que o forro contiña as cantigas musicadas de Martín Codax. A continuación, anuncia a publicación da edición crítica de Monteagudo e refírese á novidade que supón acompañala dun disco compacto coas cantigas de amigo.

Monteagudo, Henrique, *O son das ondas*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, 1998, 118 pp. (ISBN: 84-8288-172-8).

No limiar o autor expón a súa intención neste libro: ofrecer “uns elementos mínimos de abordaxe do complexo fenómeno cultural que supuxo a lírica galego-portuguesa” partindo dun nivel inicial. Ó longo dos sete capítulos que conforman o volume, dáse un repaso á lírica trobadoresca galego-portuguesa indo do máis xeral ó máis concreto. Contextualízase, en primeiro lugar, a poesía cortés dentro do universo histórico, social e cultural da Idade Media na Península Ibérica, tratando temas como a estructuración social, a distribución xeográfica, a lingua galego-portuguesa como lingua poética, etc. Seguidamente, céntrase no mundo da lírica trobadoresca galego-portuguesa deténdose nos seus ámbitos xeográficos, nos límites cronolóxicos, nos xéneros óespecialmente a cantiga de amigo—, nas técnicas de construcción, facendo especial fincapé no paralelismo, no leixa-prén, e na análise da tradición manuscrita. No terceiro capítulo, ocúpase da estratificación socio-literaria do lírismo cortés distinguindo entre as figuras e os traballos propios dos trobadores, segreres e xograres. Logo dun estudio máis polo miúdo da cantiga de romaría, no que se dan as súas características temáticas e formais, os autores que as cultivaron e os circuítos polos que foron difundidas, ofrécese unha lectura individualizada de cada un dos trobadores homenaxeados, precedida de cadansúa presentación e acompañada de notas aclaratorias. Péchase o volume cun “Apéndice para ler o galego medieval”, o “Índice de mapas e ilustracións” que se foron achegando ó longo do libro e o “Índice” dos contidos.

Recensións:

-Xosé María Dobarro Paz, “O día/mes/ano das Letras Galegas e os cantores medievais do mar de Vigo”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 44-47.

Ver Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé María Álvarez Blázquez, *E miraremo-las ondas!*, nestas páxinas.

-X. M. Eiré, “De navegar”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Guieiro Cultural”, 21 maio 1998, pp. 27-28.

Ver Blanco Pardal, Carmen e Carmen Robledo Muíña, *As ermidas e o mar*, nestas páxinas.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Tres xograres da beiramar de Vigo”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 45, 21 febreiro, 1998, p. 6.

Presenta os tres trobadores ós que se lle dedica o Día das Letras Galegas e sitúaos na escola trobadoresca galego-portuguesa da segunda metade do XIII. A continuación refírese á publicación da obra de Henrique Monteagudo, *O son das ondas*, e repara na súa introducción “básica, aínda que completa e sistemática” e na transcrición dos poemas. Sinala que o obxectivo da publicación é

familiariza-los lectores “con este rico mundo poético e que poidan disfrutar coa lectura destes famosos textos”. Remata ofrecendo unhas notas biográficas do autor.

-A. R., “Henrique Monteagudo presenta os libros *O son das ondas* e *Tres poetas medievais da Ría de Vigo*”, *O Norte*, nº 96, 23 maio 1998, p. 13.

Ver Monteagudo, Henrique (ed.), *Martin Codax. Cantigas*, nestas páxinas.

Monteagudo, Henrique, Luz **Pozo Garza** e Xesús **Alonso Montero**, *Tres Poetas Medievais da ría de Vigo. Martín Codax, Mendiño e Xohán de Cangas*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 3, maio 1998, 350 pp. (ISBN: 84-8288-199-X).

O volume ábrese cunha "Nota preliminar" na que, queréndose sumar á festividade das Letras Galegas, a editorial Galaxia presenta a publicación e adianta a súa estructura. O libro divídese en tres grandes apartados independentes, asinados cada un por un estudioso da lírica medieval, que ofrece unha visión xeral do mundo trobadoresco e unha análise dos tres xograres homenaxeados nesta festividade. Complétase o traballo cunha "Orientación bibliográfica" na que Henrique Monteagudo presenta unha "restrinxida escolma" de entradas que, nalgúns casos, van acompañadas de breves comentarios, e cun "Glosario" de léxico filolóxico. Os estudios que compoñen este volume son os seguintes:

-Henrique Monteagudo, "O marco histórico-literario. A lírica trobadoresca galego-portuguesa", pp. 13-158.

Ofrece unha contextualización histórica e literaria dos tres poetas obxeto de análise. No primeiro capítulo, aborda, a modo de introducción, temas como a distribución pólitica da Península Ibérica na Idade Media, a estructuración da sociedade feudal, os oficios dos nobres e as súas diversións, así como o cultivo da

lingua galego-portuguesa, os seus trazos característicos e os xéneros narrativos conservados nesta lingua. No segundo capítulo, trata cuestións referentes á lírica trobadoresca, como a súa delimitación cronolóxica e o seu ámbito xeográfico, os xéneros e modalidades cultivadas. Detense na exposición da cantiga de amigo e os seus recursos constructivos, facendo especial fincapé no paralelismo, e fala tamén da tradición manuscrita. No capítulo terceiro, refírese á estratificación socio-literaria da lírica galego-portuguesa, distinguindo as figuras do trobador, do segrel e do xograr. Continúa analizando a modalidade da cantiga de santuario, sinalando os seus trazos distintivos, as características que comparte coa cantiga de amigo e amosando os riscos que os textos de Codax presentan a favor e en contra da súa inserción dentro deste subxénero. Para rematar, reproduce os textos de cada un dos tres xograres en dúas lecturas anotadas e en catro apéndices recolle os textos de Martín Ginzo e Nuno Treez, algunhas indicacións para ler galego medieval, os criterios seguidos nas dúas lecturas ofrecidas, e unha análise das particularidades lingüísticas do *Pergamiño Vindel*.

-Luz Pozo Garza, “Os poetas do mar de Vigo”, pp. 163-243.

Refírese á vixencia da lírica medieval, ó interese que suscita e recolle o “Xuízo de Menéndez Pidal” sobre a cantiga de amigo e o de Filgueira Valverde sobre “Os poetas do mar de Vigo”. A seguir ofrece, ó longo de tres capítulos, unha análise pormenorizada e individualizada das once cantigas, comezando polas sete de Martín Codax, continuando pola de Mendiño e finalizando coa de Xoán de Cangas. O esquema que segue pasa por establece-la estructura de cada texto e a súa relación co contido ou contidos. Tamén destaca o tema e os elementos constructivos de cada cantiga, dos que analiza na maior parte dos casos, sobre todo en Martín Codax, o sistema actancial e os actores, e tira fóra a función ou funcións lingüísticas predominantes e o esquema fónico, subliñando os casos de fonosimbolismo existentes. Polo

que se refire ás cantigas de Xoán de Cangas, considéraas integradas nunha serie argumental. Finaliza propoñendo unha lectura simbólica para a correcta interpretación da cantiga de Martín Codax.

-Xesús Alonso Montero, “Fortuna literaria dos tres poetas da ría de Vigo”, pp. 247-332.

Como introducción trata cuestións xerais como o número de textos conservados, o número de autores e as vías de transmisión, así como o descoñecemento dos homes do rexurdimento da lírica medieval e o nacemento do neotrobadorismo no 1933. Dedica despois cadanseu capítulo a relata-la “presencia” que Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas teñen na crítica especializada, reflectindo cronolóxicamente os estudios, as edicións. as homenaxes, etc. de que foron obxecto dende o seu descubrimento ata hoxe, e diferenciando entre os estudios galegos e os foráneos. No caso de Martín Codax, detense no achádego do *Pergamiño Vindel* e a súa historia, baixo o epígrafe “Apéndice sobre Pedro Vindel e o éxodo e o exilio do pergamiño por el descuberto”. Sobre Mendiño comenta a universalidade da súa cantiga e cita as súas traduccións, así como a homenaxe celebrada no 1982 na illa de San Simón e os intentos de musica-lo texto. No que respecta a Xoán de Cangas, fai referencia ás antoloxías nas que foi incluído por non se coñecer ata o momento ningunha edición especial dedicada a el só. Nun segundo apartado de cada un destes tres capítulos recolle, por orde cronolóxica, poemas de autores galegos nos que aparecen referencias, notas ou versos tirados de cada un dos autores homenaxeados, do mesmo xeito que composicións neotrobadorescas inspiradas en cada un destes xograres. No caso de Mendiño, achégase ademais un poema en italiano, e no de Xoán de Cangas sinala que só atopou un exemplo da autoría de Bernardino Graña inserido nun *Descordo* entre poetas.

Referencias varias:

-A. R., “Henrique Monteagudo presenta os libros *O son das ondas* e *Tres poetas medievais da Ría de Vigo*”, *O Norte*, nº 96, 23 maio 1998, p. 13.

Ver Monteagudo, Henrique (ed.), *Martin Codax. Cantigas*, nestas páxinas.

Neira Cruz, Xosé Antonio, *Caramelos Martín Códax*, ilust. Francisco Bueno Capeáns, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), 1998, 15 pp. (D. L.: C-682/98). ◆

Relato de Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) dirixido ó lectorado infantil, protagonizado por un dos poetas medievais homenaxeados no Día das Letras Galegas. Preséntase, xunto a *Rumbo á illa de San Simón* e *Xograr Cangas asociados*, nun estoxo. Neste caso, o protagonista relata o ocorrido o 17 de maio cando petan na súa porta para lle entregar unha bolsiña de caramelos que o Concello reparte gratuitamente nestas datas. Segundo escoita na radio, estas lambetadas presentan a particularidade de que mentres se teñen na boca provocan o recitado da cantiga de Martín Codax que se anuncia no envoltorio. O personaxe sae á rúa incrédulo pero logo comproba a algarabía producida por esta novidade que fai que a xente se intercambie os distintos títulos das composicións poéticas e mesmo discutan sobre a orixe e condición social deste poeta.

Referencias varias:

-J. B. Salgueiro, “Educación edita tres cuentos sobre los juglares medievales del Día das Letras”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1998, p. 51.

Infórmase sobre a presentación dos contos *Rumbo á Illa de San Simón*, *Xograr Cangas e asociados* e *Caramelos Martin Codax*, en homenaxe ós tres trobadores da Ría de Vigo. Alúdese á tirada de 2.000 exemplares que foron distribuídos pola Consellería de Educación e editados coa colaboración de GÁLIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Dá conta tamén da excursión pola Ría de Vigo que conduciu a autoridades, académicos e escritores á Illa de San Simón.

- Alicia Pascual, “Contos de Trobadores”, “*Revista das letras, Artes e Ciencias*”, nº 8, 7 maio 1998, p. 7

Comenta o argumento de cada un dos tres libros preparados por Neira Cruz con motivo do Día das Letras Galegas. Refírese, ademais, ó acto de presentación e á participación no mesmo do Conselleiro de Educación e de Constantino García. Finalmente, alude á celebración dun congreso virtual sobre a lingua das cantigas.

Neira Cruz, Xosé Antonio, *Rumbo á illa de San Simón*, ilust. Sergio Casas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), 1998, 15 pp. (D. L.: C-680/98). ◆

Desenvolve a aventura do pirata Breixo que comeza o día que atopa no medio do mar unha botella que contén unha mensaxe en forma de cantiga que comeza cos versos “Seíam’eu na ermida de San Simón”, acompañada dunha post-data na que unha dona pide que a rescaten da illa na que leva seiscentos anos. Breixo dá a orde de poñer rumbo á illa de San Simón e no traxecto coñece a través da Enciclopedia do Loro as características do oficio de xograr e a diferencia entre cantigas de amigo, cantigas de amor e de escarnio e maldicir. Así mesmo, dáse conta de que o texto da botella coincide co escrito por un tal Mendiño. Finalmente, dende un bote logra rescata-la dona e comeza deste xeito un grande amor.

Referencias varias:

-J. B. Salgueiro, “Educación edita tres cuentos sobre los juglares medievales del Día das Letras”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1998, p. 51.

Ver Neira Cruz, Xosé Antonio, *Caramelos Martin Codax*, nestas paxinas.

- Alicia Pascual, “Contos de Trobadores”, “*Revista das letras, Artes e Ciencias*”, nº 8, 7 maio 1998, p. 7.

Ver Neira Cruz, Xosé Antonio, *Caramelos Martin Codax*, nestas paxinas.

Neira Cruz, Xosé Antonio, *Xograr Cangas e asociados*, ilust. Noemí López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), 1998, 15 pp. (D. L.: C-681/98). ◆

Desta volta o relato céntrase na figura de Xoán de Cangas. Un policía reclama a documentación a un tipo con aspecto estraño que dorme na herba dun xardín público. Ante o requirimento do axente, o individuo di ser xograr e demóstrao recitando a cantiga *En San Momed', u sabedes*. Sorprendidos con este comportamento, dende a comisaría de policía deciden trasladar a Xoán ó psiquiatra, ó que lle comenta que procede da Idade Media e lle explica a diferencia entre xograres, trobadores e segreis. Animado polo doutor, Xoán decídese a contactar cun grupo musical que a través dun anuncio da prensa busca cantante. Queda así constituído o conxunto Xograr Cangas e Asociados que conta no seu repertorio con textos musicados do poeta cangués.

Referencias varias:

-J. B. Salgueiro, “Educación edita tres cuentos sobre los juglares medievales del Día das Letras”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1998, p. 51.

Ver Neira Cruz, Xosé Antonio, *Caramelos Martin Codax*, nestas paxinas.

- Alicia Pascual, “Contos de Trobadores”, “*Revista das letras, Artes e Ciencias*”, nº 8, 7 maio 1998, p. 7.

Ver Neira Cruz, Xosé Antonio, *Caramelos Martin Codax*, nestas paxinas.

Pena, Xosé Ramón**,** *Xograres do mar de Vigo*. *Johán de Cangas, Martín Codax*, *Meendinho*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, 123 pp. (ISBN: 84-8302 229-X).

Ó longo dos catro primeiros capítulos, Xosé Ramón Pena lembra a particular historia de Galicia dentro do contexto da Península Ibérica, a importancia do centro cultural que era Compostela nos séculos XI e XII e a creación do reino de Portugal. Describe tamén a vila medieval de Vigo e as distraccións vencelladas ós nobres, entre as que se encontraban a posta en escena das cantigas. Recolle neste traballo un capítulo dedicado ó nacemento das linguas romances, deténdose na explicación da orixe e expansión do galego-portugués e os seus primeiros textos. Dentro do apartado titulado "O lirismo dos trobadores", trata a delimitación cronolóxica da escola trobadoresca, as vías de transmisión dos textos e os xéneros líricos cultivados, centrándose fundamentalmente na definición da cantiga de amigo, distinguindo os subxéneros de barcarolas e cantigas de romaría e prestando atención á música dos textos codaxianos transmitida polo *Pergamiño Vindel*. De seguido, engade unha bibliografía e unhas páxinas reservadas á reproducción dos textos de Xoán de Cangas, Martín Codax, Mendiño, Nuno Treez, Lopo Liáns e Airas Nunes, que veñen anotados polo editor e ilustrados cun facsimilar dos mesmos textos nun manuscrito. Pecha o volume un apéndice no que se recolle a cronoloxía dos reinados medievais e

unha serie de mapas que dan conta da situación da reconquista e dos dominios lingüísticos na Península Ibérica na Idade Media.

Recensións:

-Xosé María Dobarro Paz, "O día/mes/ano das Letras Galegas e os cantores medievais do mar de Vigo", *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, "Especial Letras Galegas", maio-xuño 1998, pp. 44-47.

Ver Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé María Álvarez Blázquez, *E miraremo-las ondas!*, nestas páxinas.

-X. M. Eiré, "De navegar", *A Nosa Terra*, nº 831, "Guieiro Cultural", 21 maio 1998, pp. 27-28.

Ver Blanco Pardal, Carmen e Carmen Robledo Muíña, *As ermidas e o mar*, nestas páxinas.

Referencias varias:
-M. Blanco Rivas, "Viaxe pola época máis luminosa da nosa historia", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 56, 16 maio 1998, p. 2.

Comeza valorando a extraordinaria tradición manuscrita medieval galego-portuguesa, procedente dun tempo “no que Galicia foi dona de seu, centro de cultura e creadora dun idioma capaz para as máis elevadas expresións”. A seguir, anuncia os contidos de *Xograres do mar de Vigo*, de Xosé Ramón Pena: un estudio histórico sobre o tempo dos trobadores, unha reflexión sobre a cuestión das linguas romances e o galego-portugués e un estudio do lirismo trobadoresco.

Ripoll Anta, Alexandre (ed.), *Johan de Cangas*, versión ó galego moderno de Bernardino Graña, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, 77 pp. (ISBN 84-8302 254-0).

Preséntase este traballo de Alexandre Ripoll dividido en catro partes. Na introducción ocúpase da figura de Xoán de Cangas e da súa producción literaria, repasando o concepto de Cantiga de Romaría descrito por Filgueira Valverde e logo completado por outros estudiosos como o profesor Tavani, Elsa Gonçalves ou Angela Correia. Ademais, fai notar que esta é a primeira edición crítica destes poemas de xeito illado. Despois de expoñe-los criterios de edición, reproduce os tres textos seguidos de cadanseu comentario e anotacións nun segundo apartado. Na terceira parte do libro, o autor comeza facendo referencia á métrica galega en xeral para deterse no estudio métrico e rítmico destas tres cantigas, comentando as licencias e os fenómenos máis salientables e ofrecendo un cadro cos módulos de ritmo nas estrofas de cada unha delas. Para rematar, Ripoll fai un glosario e un rimario dos textos editados. Achéganse tamén dous apéndices nos que se fai a reproducción facsimilar e a transcrición paleográfica do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e do *Cancioneiro da Vaticana*. Nas páxinas finais, aparece unha versión ó galego moderno realizada por Bernardino Graña.

Recensións:

-Xosé María Dobarro Paz, “O día/mes/ano das Letras Galegas e os cantores medievais do mar de Vigo”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 44-47.

Ver Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé María Álvarez Blázquez, *E miraremo-las ondas!*, nestas páxinas.

-Eva Castro Caridad, “Alexandre Ripoll Anta. *Johan de Cangas. Edición crítica das cantigas con introducción, notas e glosario*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Libros”, 1º semestre 1998, pp. 162-164.

Indica que ó térselles dedicado o Día das Letras Galegas de 1998 ós tres xograres da ría de Vigo, provocouse a aparición de numerosos escritos que expoñen “o magnetismo e forza” da nosa lírica medieval, como é o caso de *Joan de Cangas. Edición crítica das cantigas con introducción, notas e glosario*, de Alexandre Ripoll Anta. Ofrece un estudio desta edición, comentando cada unha das partes que a compoñen: unha introducción ó autor e á súa obra; unha edición crítica dos tres únicos poemas conservados do trobador citado —*En San Mamed´u sabedes*, *Fui eu, madr´a San Mamed´u me cuidei* e *Amigo, se mi gran ben queredes*; unha exposición da métrica rítmica destas cantigas; un glosario de termos empregados nas mesmas e dous apéndices. Apunta que esta publicación tamén recolle os poemas *En San Mamede, nai miña*, *En San Mamede coidei* e *Amigo, se inda me queres*, de Bernardino Graña, inspirados nas tres cantigas de romaría editadas nesta ocasión por Ripoll.

Rodríguez Barrio, Xavier, *Trobar*, deseño e montaxe Fonso R. Castro, Lugo: Edicións Runrún, maio 1998, XLI pp. (D. L.: LU-198-98).

Edición artesanal composta por douscentos exemplares, editada con motivo do Día das Letras Galegas. A obra iníciase cunha pequena reflexión de Rodríguez Barrio sobre a arte de trobar e céntrase, logo, nas características das cantigas de amigo. A continuación, informa da existencia de diferentes tipos de cantigas de amigo, atendendo exclusivamente a un criterio de tipo temático. Afirma, así mesmo, que Martín Codax e Mendiño, compuxeron, sobre todo, mariñas ou barcarolas. Pola súa banda, Xoán de Cangas deixounos tres "claros e logrados modelos do trobar de *romaría*". A seguir, comenta algúns puntos en común entre os tres xograres como o feito de ter nacido nos arredores da ría de Vigo na segunda metade do século XIII ou comezos do XIV e o feito de que os tres compuxesen cantigas de amor e de amigo ou que recorresen, con moita frecuencia, ó mar como escenario das súas composicións. Para rematar, reprodúcense algunhas cantigas dos tres trobadores homenaxeados.

Sánchez Iglesias, Cesáreo e X. E. Acuña, (coords.), *Polo reino de Galiza*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, nº 18, abril 1998, 70 pp. (ISSN: 0213-3105).

Despois da presentación do volume asinada por A Nosa Terra, ofrécense catro artigos sobre aspectos culturais e históricos da Idade Media galega. Nos tres primeiros traballos reflíctense pesquisas sobre a historia da lingua ou da producción literaria, mentres que no último artigo, Francisco Carballo se ocupa, dende un enfoque historiográfico, da Igrexa no Reino de Galiza no período 1100-1300. Toda a publicación está ilustrada con reproduccións de miniaturas medievais e fotografías de arte rómanica así como con numerosos anuncios publicitarios. Os artigos de temática filolóxica son os seguintes:

-Camilo Nogueira, “O tempo político dos trobadores”, pp. 6-19.

Percorre a historia política e dinástica do reino de Galicia dende os tempos da raíña Sancha no século XI ata a corte de Afonso X no XIII, apuntando incluso ós sucesores e a política posterior ó rei sabio, logo de pasar pola independencia de Portugal. Subliña a relación existente entre a hexemonía política da nosa zona e o triunfo do vulgar galego como lingua popular e lingua de cultura na producción literaria medieval.

-Xosé Ramón Freixeiro Mato, “A lingua do reino de Galiza”, pp. 21-37.

Logo de fixa-la forma ‘galego’ como a denominación “natural” propia da lingua da *Gallaecia* fronte á de galego-portugués ou portugués, trátase o tema da historia da lingua galega facendo especial fincapé na época medieval, na que se distingue entre unha primeira etapa de vulgar falado e unha segunda etapa na que xa atopamos lingua escrita. Analízase tamén, dende presupostos histórico-políticos, o feito de que o galego chegase a se-la lingua peninsular no seu máximo apoxeo, e a decadencia da escola trobadoresca primeiro e da lingua galega despois, subliñando a oficialidade do galego en Galicia aínda na Baixa Idade Media.

-Carlos Paulo Martínez Pereiro, “A deriva heterodoxa (Das cantigas de amor aos sirventeses contra Deus)”, pp. 39-62.

Unha vez presentados os textos que compoñen o “microcosmos” do corpus a estudiar fai unha reflexión ó longo de dous subapartados —“Da *inmoderata cogitatione* e da omnipotencia divina: a deriva heterodoxa” e “Do doesto, da negación e da descrenza de Deus”—, nos que demostra cómo a contestación a Deus dentro do xénero maior da cantiga de amor vai aparecendo progresivamente no tempo cada vez cunha maior relevancia nos textos. Seguindo esta liña toca tamén o tema da fronteira que hai entre estes textos e os da cantiga de escarnio e maldicir. O artigo péchase coas conclusións tiradas do exposto seguidas da reproducción dos textos, dun índice de poetas galego-portugueses e dun índice dos *incipit* das composicións trobadorescas que foron citadas no artigo.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Un tempo histórico esquencido na cova da desmemoria”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 61, 20 xuño 1998, p. 2.

Refírese á presentación do número 18 da colección “A Nosa Cultura”, editado por A Nosa Terra, titulado *Polo reino de Galicia*. Sinala que con este volume se pretende recuperar un período da nosa historia “sobre o que se exerceu a adulteración dun xeito persistente e o que se intentou encovar baixo unha pesada lousa”. Enumera os apartados nos que se divide o volume e os estudios que contén. Cualifica o libro como achega “de grande interese, non só polo seu contido, senón tamén pola súa presentación”.

VV. AA., *Actas do Congreso O mar das cantigas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1998, 364 pp. (ISBN 84-453-2310-5). ◆

Recóllense neste volume as distintas ponencias, conferencias e mesas redondas que foron expostas no mes de maio do 1998 na Illa de San Simón co gallo da homenaxe que no Día das Letras Galegas se lles fixo ós tres trobadores da ría de Vigo. Os traballos agora presentados tratan dende diversas perspectivas e diversos motivos a lírica galego-portuguesa en xeral, especialmente a cantiga de amigo e máis concretamente a producción de Xoán de Cangas, Martín Codax e Mendiño e póñena en relación, nalgúns casos, coa canción de muller do resto da Romania. Pasamos a recensionar cada un dos artigos individualmente:

-Xosé Bieito Arias Freixedo, "Sobre o refrán da cantiga de Meendinho. Análise das varias hipóteses de lectura", pp. 5-18.

A partir dun minucioso estudio dos trazos usados recorrentemente polos copistas no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e no *Cancioneiro da Vaticana* para as abreviaturas, proponse unha nova lectura do refrán de Mendiño na que o signo ~ se interpreta como un trazo de nasalidade, o que modifica o refrán do seguinte modo: "Eu atend'end'o meu amig [u', e un á" Faise notar nun segundo momento, que a nova interpretación cambia o sentido que tradicionalmente se lle vén dando á cantiga e acércanse ás

propostas de simbolismo erótico de Luz Pozo Garza. Finalízase establecendo unha ponte literaria entre a cantiga de Mendiño e as de Martín Codax baseándose no motivo da moza que é consciente de que está totalmente exposta á forza da paixón amorosa. Neste sentido achégase o exemplo da IVª cantiga codaxiana e sinálanse as converxencias e diferencias que presenta respecto á de Mendiño.

-Carlos Paulo Martínez Pereiro, "Por volta da "Interpretatio Nominis" (dunha voluntarista analoxía e dun pequeno mar de dúbidas)", pp. 19-41.

Divide o autor a súa intervención en dúas partes: a primeira titulada "Do principio de realidade da muller e das amigas mariñas" na que tende unha "ponte analóxica" entre as amigas de Martín Codax e Mendiño e a "muller mariña" da prosa medieval galega, fixando a atención nun texto do *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, do que se reproduce o fragmento comentado segundo a edición crítica de José Mattoso (1980). Na segunda parte, baixo o epígrafe de "Da "Interpretatio nominis": mascarar e desmascarar", faixe unha reflexión da aparición e das interpretacións que o procedemento retórico da "Interpretatio Nominis" presenta nas cantigas satíricas que se reproducen de Martin Soarez, *Pero non fui a Ultramar* e de Joan Airas, *Ai Justiça, mal fazedes que non*.

-Giuseppe Tavani, "Aínda sobre Martin Codax e Mendinho", pp. 43-58.

Reafirma Tavani as teses que el mesmo expuxera hai vintecinco anos sobre a serialidade do corpus codaxiano por unha banda, e pola outra a interpretación que hai unha década fixera sobre o refrán da cantiga de Mendiño. Fai mención tamén a necesidade de rechaza-la interpretación que Nunes, seguindo a

Carolina Michaëlis, editara do *incipit* da cantiga de San Simón. Achéganse os textos de Martín Codax a propósito dos argumentos defendidos sobre a obra deste autor, seguindo a edición de Ferreira da Cunha.

-Teresa García-Sabell Tormo, “As cantigas de amigo francesas”, pp. 59-66.

Faise unha caracterización dos seus motivos particulares, temáticas recorrentes, transmisión dos textos conservados, etc., que distinguen á *chanson d’ami* ou *chanson de jeune fille* doutras composicións en lingua d’oil nas que tamén aparece a voz de muller, por ser esta modalidade a que parece estar máis preto da cantiga de amigo galego-portuguesa.

-Luz Pozo Garza, “O mar de Mendinho (propostas de San Simón)”, pp. 67-75.

Dívidese o traballo en oito apartados ó longo dos que se tenta propór unha lectura simbólica da cantiga de Mendiño. Comézase coa “Vitalidade do simbolismo” onde se recolle a importancia do símbolo na transmisión do coñecemento alegórico na Idade Media e a súa vixencia noutras épocas a través do simbolismo. Lémbranse as teorías de Carlos Bousoño e ofrécense brevemente “Tres lecturas de Mendiño”: a feita por Stephen Reckert na que se fala de multiplicidade de niveis de comunicación, a de Álvarez Blázquez na que se lle dá á cantiga un sentido realista e a de Menéndez Pidal na que xa se introduce o sentido onírico. En terceiro lugar preséntase “ A miña propósta simbólica erótica”, xa exposta en traballos anteriores de 1987 e 1996, onde se insire a Martín Codax e Pero Meogo dentro dunha interpretación simbólica. Na cuarta parte, titulada “Á zaga de Mendiño”, tratanse os símbolos de Mendiño que aparecen noutros textos como *La Celestina*, o Arcipreste de Talavera ou no eido da lingua en Roi Fernandes de Santiago e que xa foran destacados nos traballos de 1987 e 1996. A continuación, co

epígrafe de “O mar maior como conflicto”, faise unha proposta psicanalítica de raíz freudiana basada na teoría do motivo do soño no poema. Na sexta parte introdúcese a figura de “Martín Codax: conciencia mítica” reflectindo o simbolismo das ondas e do mar neste autor. Finalmente baixo o título de “Revelación actancial” a autora manifesta a súa cordialidade con aqueles que non cren nunha unidade poemática do corpus martiniano posto que a “estructura actancial” varía e por medio dun diagrama expón a “Simetría e integración” das cantigas I, II e V de Martín Codax.

-Xosé Ramón Pena, “O ciclo do mar de Vigo: propostas de lectura para un novo milenio”, pp. 77-82.

Logo de trata-lo tema da función que adquire o filológo dentro da corrente crítica da estética da recepción segundo a opinión de Rita Schober (1983) e Karlheinz Stierle (1987), e de trata-la función social que pode ter unha obra literaria e, concretamente a función que ten a literatura galego-portuguesa medieval como “reafirmación dos sinais de identidade nacional”, faise a busca das cualidades que Calvino (1984) propuxera para a literatura en *Six Memos for the Next Milenium*, sen deixar de facer referencia —amosando a oposición do autor do artigo— á existencia que algúns estudiosos teñen sinalado para certos ciclos organizados dentro do Cancioneiro de amigo.

- Mª Camiño Noia Campos, “Marcas de autoría feminina nas cantigas de amigo”, pp. 85-96.

Téntase demostra-la autoría feminina da canción de muller baseándose no “Papel da muller nas líricas pre literarias”, é dicir, nas cancións populares e espontáneas, na “Elaboración dos cancioneiros”, tendo en conta a misoxinia daqueles que copiaron os textos anos despois da súa composición oral, e nas “Características poéticas das cantigas de amigo” como a sinceridade na relación amorosa. Baseándose

en todos estes argumentos e baixo o epígrafe “Tipos de cantigas de amigo e “Emissoris causa”, clasifica estes textos de autoría feminina en tres grupos segundo uns elementos que ela considerou “especialmente caracterizadores”.

-Henrique Monteagundo, “Cantores de santuario, cantares de romaría”, pp. 99-127. Defínense as cantigas de santuario contrapoñéndoas ás cantigas de romaría. Caracterízanse as primeiras no interior do corpus xeral da cantiga de amigo como unha modalidade que presenta uns trazos específicos e recorrentes. Partindo do estudio dos textos, establécense os límites cronolóxicos desta modalidade e defínense as súas características formais e constructivas. Para rematar achégase unha táboa na que se recolle a nómina dos autores de cantigas de santuario e os seus textos conservados.

-Carmen Mejía, “Reflexo da cantiga medieval nalgúns creadores modernos”, pp. 129- 140

Unha vez definido o neotrobadorismo e contextualizado na historia e no tempo, ofrécesenos un percorrido pola poesía do século XX, dende os textos fundadores da corrente como *Gandara*, de Brouza Brey, e *Cantiga nova que se chama Ribeira* (1933), de Cunqueiro ata os *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval* (1998), de Alonso Montero, pasando por Cunqueiro, *Dona do corpo delgado* (1950), Luz Pozo, *Cantiga para ler na penumbra* (1986), Darío Xohán Cabana, *Cantiga de amor vilao* (1987), Miro Villar, *Ausencias pretéritas* (1992) e Vicente Araguas *O dicivo azul nas noites de verán*, co fin de facernos entender cómo as cancións medievais serven de modelo ós poetas actuais. De cada un dos textos reflectidos achégase unha reproducción e sublíñanse os trazos característicos que unen o medieval e o actual, inseríndoos dentro da corrente neotrobadoresca.

-Fernando Magán Abelleira, “Sobre os sintagmas *mar levado*, *mar salido*, *alto mar* e *mar maior*”, pp. 141-153

Os catro sintagmas recollidos no título do artigo son analizados de xeito comparativo nun corpus de dez composicións que se achegan ó final nun “Apéndice”. O estudio feito, baseado no gusto dos trobadores por repetir sempre os mesmos sinónimos poéticos, na intertextualidade existente na literatura medieval e nunha perspectiva lexicográfica, leva á conclusión de que río, mar e alto son sinónimos poéticos.

-Pilar Lorenzo Gradín, “A transmisión das cantigas de romaría dos xograres galegos”, pp. 155-168.

Pilar Lorenzo analiza os textos vencellados ó *Cancioneiro de xograres* e sinala a posibilidade de que esta antoloxía fose composta en “fases cronolóxicas diversas”, que son detalladas neste traballo, e “con materiais procedentes de diversas vías” á vista da ordenación dos autores e dos textos nas distintas partes dos cancioneiros dedicadas á cantiga de amor, á de amigo e á de escarnio, respectivamente. Ademais, trátase o feito de que conservemos unicamente cantigas de santuario dalgúns dos autores, feito que responde, segundo a autora, a factores de carácter externo á composición e propios da tradición manuscrita, baseados fundamentalmente no criterio de selección do compilador e na suposta existencia dunha antoloxía de cantigas de romaría que circulaba xa de xeito independente “antes da súa inserción no chamado *Cancioneiro de xograres galegos*”.

-Michel García, “Poetas gallegos y castellanos ante el mar (siglo XIII)”, pp. 169-174.

Faise unha comparación entre o tratamento do mar nos poetas galegos e casteláns do século XIII, chegando á conclusión de que mentres nos textos casteláns o mar é unha realidade, as máis das veces temible, para os galegos adquire un papel protagonista e preséntase na maioría dos casos cargado de simbolismo. Para o estudio comparativo tiranse os exemplos de Berceo e do *Libro de Apolonio* no caso da literatura castelá e de Mendiño e Martín Codax para a lírica galego-portuguesa.

-Giulia Lanciani, “A cantiga de amigo, canción de retagarda”, pp. 175- 178.

Nunha reflexión sobre as orixes galegas e en lingua galega da cantiga de amigo, G. Lanciani propón que as orixes orais destas cancións estivesen no canto de retagarda, xa que nos séculos X e XI —período no que xa se iniciara a Reconquista— só Galicia presentaba características de retagarda. No tocante á tradición escrita, fala da importancia do Camiño de Santiago como conductor de materiais, culturas e algúns literatos, ademais de subliña-la importancia que neste aspecto ten a autoconciencia do poeta como creador.

-Isabel González, “A voz feminina na “cantiga de amigo” siciliana”, pp. 179- 187.

A comparación entre a lírica italiana e a galego-portuguesa en canto á forma externa das composicións con voz de muller, as súas técnicas de construcción, a caracterización da muller e dos seus interlocutores, así como a presencia/ausencia do motivo da romaría, do exordio primaveral e da ambientación marítima, ademais do estudio dos preámbulos en forma exclamativa e o apóstrofe ó amigo, fan que Isabel González conclúa que ámbalas dúas líricas non teñen unhas semellanzas internas específicas senón que simplemente pertencen a unha tradición panrománica da canción de muller. Para o

estudio tamén tivo en conta os catro campos sémicos que Tavani establecera para a lírica galego-portuguesa como eixo da comparación.

-Elvira Fidalgo, “A coita do amigo (para unha nova perspectiva da amiga)”, pp. 189- 212.

A partir da coita que sofre o amigo de Johan de Cangas nas cantigas *En San Mamede’u sabedes* e *Fui eu, madr’a San Mamed’u me cuidei*, identifícase un corpus de cincuenta textos nos que se pode atopar este mesmo motivo: a traslación dun dos elementos definitorios do rexistro de amor (a coita) dende a cantiga de amor á cantiga de amigo. A través da análise feita nalgúns fragmentos especialmente significativos do corpus, sinálase que as características de ámbalas dúas coitas son idénticas. Para rematar, e tendo en conta que tódolos trobadores que reflicten nas súas composicións este motivo da coita do amigo son de finais do século XIII ou de principios do XIV, Elvira Fidalgo apunta a idea da posibilidade dunha renovación da “tópica que se viña manexando” na canción de amigo.

-Manuel Ferreiro, “Eduardo Pondal “ao estilo” de Joan Zorro (aprimeira cantiga neotrobadoresca galega)”, pp. 213-234.

Considérase a E. Pondal o primeiro autor galego que recreou, seguindo a Johan Zorro, os motivos da lírica medieval, feito atribuído ata o momento a Carles Riba cos seus *Cantares d’Amigo* escritos no 1911. A aparición de *Cantiga trobadoresca al estilo de Johan Zorro*, datada no 1905, seguindo a composición deste trobador e *Pele Ribeira do Rio Salido*, fai ademais que haxa que desbota-la idea de que a primeira aproximación de Pondal a lírica galego-portuguesa tivera lugar con *Canto do vigia*, fragmento lírico dos *Eoas*, que ademais de conectarse con Camões no “motivo dos olhos”, pertence a

unha tradición lírica posterior, concretamente vincúlase coa composición *Provei de buscar mesura*, de Macias

-Manuel Pedro Ferreira, “A música das cantigas galego-portuguesas: Balanço de duas décadas de investigação (1977-1997)”, pp. 235-250.

Despois de sinala-las fontes coñecidas antes de 1977 nas que se transmitía a música medieval —o *Pergamiño Vindel* e os tres *Cancioneiros* coas composición de *Santa María*—, e de referirse ó monumental estudio crítico do que se dispoñía —Anglés (1943-1958)—, dáse conta da revolución que supuxo para a crítica musical a entrada na Pierpont Morgan Library de Nova Iorque de *N* e o descubrimento no 1990 do *Pergamiño Sharrer*. Trátanse de forma individualizada cada unha das vías de transmisión baixo os epígrafes “Estudios sobre o *Pergamiño Vindel*”, “Os ensinamentos do *Pergaminho Sharrer*”, “Redescobrindo o *Cancioneiro da Ajuda*” e “O mundo das *Cantigas de Santa María*”, facendo especial fincapé nas novidades propostas pola crítica a partir de 1977 para cada uns dos manuscritos.

-Xosé Luis Couceiro, “Cita na illa”, pp. 251-266.

A partir de elementos que aparecen noutras composicións da lírica profana como a forma ‘verrá’ no refrán, o tema do lamento da amiga pola ausencia do amado, e en relación con este tema, a aparición do termo ‘tardar’ ou de calquera dos seus derivados nun numeroso grupo de cantigas, sitúase nun contexto histórico-literario a cantiga de Mendiño, que se reproduce na forma proposta por Tavani.

- Ângela Correia, “Do refrão de Meendinho à escrita dos refrães nos cancioneiros”, pp. 276- 290.

Nesta intervención, na que se recolle parte dun estudio feito pola autora no 1992, lévase a cabo unha análise dos refráns "máis comúns" da lírica profana galego-portuguesa, tratándose polo miúdo os comportamentos e os usos da abreviación e a marcación do refrán empregada polos copistas do *Cancioneiro da Vaticana*, do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e do *Cancioneiro da Ajuda*. Conclúe defendendo a lectura proposta por Tavani para o refrán da cantiga de Mendiño. Achéganse dous apéndices ó final do traballo nos que se recollen a "Tábula dos refrães transcritos", especificando os cancioneiros e os copistas e o nome e o *incipit* da cada un dos textos aludidos.

-Valeria Bertolucci Pizzorusso, "Altri mari nelle *Cantigas de Santa María*: testi ed immagini", pp. 291-299.

Delimitando un corpus dunha trintena de composicións marianas nas que aparece o elemento marítimo, a autora fíxase en doce miniaturas que ilustran o *Códice rico* e o *Códice de Florencia,* e nas que aparece o motivo do mar a partir de cadansúa *Cantiga de Santa María*. As ilustracións que veñen impresas ó carón dos comentarios representan maioritariamente un mar tormentoso e inimigo no que nalgúns casos se produce a salvación gracias a intervención da Virxe.

-Mercedes Brea, "¿Mariñas ou barcarolas?", pp. 301-316.

Analízase o valor que adquire o mar na lírica profana e chégase a unha primeira conclusión que fai distingui-las cantigas de amigo, nas que o mar presenta un significado simbólico, das composicións dos outros xéneros nas que o mar carece deste valor. Profundando dentro do xénero de muller galego-portugués atopa trazos de tipo formal que lle permiten caracterizar particularmente estes textos, para os que remata propoñendo a denominación de "mariñas" fronte á de "barcarolas", que son entendidas, estas

últimas, como unha modalidade dentro das cantigas mariñas. Achégase ademais unha táboa dentro do estudio específico da cantiga de amigo na que se recollen os nomes dos trobadores, os números das cantigas que fan referencia ó mar e os *incipit* de cada unha delas.

-Luciana Stegagno Picchio, "Cantigas de amigo: os arquétipos e a tradição", pp. 301-327.

Tras ofrecer unha serie de digresións sobre conceptos como a tradición, a oralidade, o popular, etc., entra directamente da man do estudioso Paul Zumthor no estudio da tradición e do arquetipo, entendido como un "modelo primitivo e exemplar". A continuación pásase a estudiar este mesmo aspecto nas cantigas de amigo, partindo de S. M. Stern que no ano 1948 dá a coñece-las "kharxas mozárabes", e afírmase que "depois da descoberta das kharjas voltou-se a infagar antropologica e historicamente aquele universo matriarcal hispanico". Reflíctense a continuación novas aproximacións ós arquetipos de muller, indagando na *Biblia* (no *Cantar dos cantares)*, na tradición oriental, na tradición indoeuropea ou na clásica. Faise ademais, partindo da tradición da poesía de amor, unha pesquisa sobre a autoría da mesma tratando de dilucidar se pertence a homes ou a mulleres.

-Gema Vallín, "Variaciones sobre el alba: a propósito de algunas cantigas gallego-portuguesas", pp. 329-344.

Amósanse as distintas maneiras, afastadas da rectitude provenzal, na que se pode atopa-lo motivo temático da "alva". Tíranse exemplos alleos á tradición galego-portuguesa nos que a alba é un elemento negativo e, xa dentro da nosa lírica, analízanse os casos de Don Dinis en *Levantou-s'a velida* e Pero Meogo con *Levou s'a velida*, cantiga da que tamén se trata o tema da reconstrucción, discrepando da

que fixera Nunes e aceptando a lectura de Conhen (1986) A propósito da cantiga *Levad', amigo, que dormide-las manhanas frias*, reflíctense as distintas interpretación que dela se teñen feito tentando entendela. Para finalizar lémbranse dúas composicións nas que a mención á alba no refrán non é fácil de interpretar dentro do tema desenvolto nas estrofas, *De que morredes, filha, a do corpo velido?*, de Don Dinis e *Maria Genta, Maria Genta da saia cintada*, de Roi Paez de Ribela.

-Vicenç Beltrán, "Trovadores y testimonios históricos: Reflexiones metodológicas", pp. 345-362.

Incídese na necesidade de procurar apoios históricos para chegar a unha correcta identificación dalgúns trobadores. Para a datación parte Beltrán de tres elementos fundamentais: "La identificación con personajes históricos"; "La convivencia literaria manifestada a través de referencias mutuas o ciclos" e a "Vinculación de algún autor o ciclo con eventos históricos identificables y datables"; se ben recoñece unha manifesta dificultade debido fundamentalmente á existencia de homónimos no primeiro caso, á existencia existencia de ciclos poéticos moi amplos con presencia de varios trobadores para o segundo e á pobreza en referencias históricas datables para o terceiro. Recórrese a unha cuarta fonte: a identificación de topónimos e antropónimos nas cantigas, sobre todo de escarnio, aínda que sobre este aspecto mantéñense certas cautelas.

IV. Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas

IV. 2. Publicacións en revistas

Alonso Montero, Xesús, “Exigua fortuna de Johan de Cangas”, *Raigame*, nº 6, “Letras Galegas. Literatura”, maio 1998, pp. 7-11.

Reflexión sobre a obra de Xoán de Cangas na que se propón unha lectura conxunta das tres composicións deste trobador ó xeito de “noveliña de amor” e se destaca a “exigua e inxusta repercusión” que tivo e ten no mundo literario e cultural actual. Para rematar, lémbrase a paráfrase que Bernardino Graña fixo de Xoán de Cangas no “Descordo ós nosos poetas” e o artigo xornalístico que lle dedicou Armando Cotarelo Valledor en 1923. Ó longo do artigo reprodúcense os textos das tres cantigas.

Franco, Susana, “A cantiga de amigo na aula. Martín Códax, Mendiño e Xoan de Cangas”, *Eidos do libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 41-43.

Ofrécese unha unidade didáctica sobre o tema da literatura galego-portuguesa medieval e, concretamente, sobre os tres trobadores da Ría de Vigo. Comeza a autora por xustifica-la súa proposta inseríndoa dentro dun Obradoiro de Poesía que se leva a cabo na programación de 3º de BUP do I.E.S. O Pazo de Fene. Propón os obxectivos xerais e específicos desta unidade e as actividades, dentro das que distingue o traballo a nivel extratextual do traballo a nivel intratextual. Remata con dous exemplos de composicións feitas na clase.

Guisán Seixas, João, “Topónimos, antropónimos e outros tópicos antropomórficos”, *Agália*, “Estudos”, nº 54, verao 1998, pp. 151-199.

Recolle na súa integridade o discurso lido en Vigo polo autor o 12 de maio de 1998 con motivo do Día das Letras Galegas. Comeza este estudio dos tres trobadores homenaxeados cunha introducción titulada “Para uma filologia submarina” na que compara a situación do galego-portugués coa do Celacanto, un peixe que foi dado por extinguido antes da súa desaparición. En “Poetas com ‘denominación de origen” critica as institucións encargadas de escolle-los autores homenaxeados no Día das Letras Galegas por non se ter fixado en Don Dinís ou noutros trobadores cunha producción máis extensa. A seguir, dedica un apartado específico a cada un dos autores, no que cuestiona case todo o establecido tradicionalmente ó respecto, dende as orixes de Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas ata a interpretación das súas composicións, todo isto nun ton irónico e non exento de humor. Finalmente, en “Da necessidade poética de falar das cantigas”, ofrece a súa propia lectura interpretativa da cantiga de Mendiño.

Lagares, Xoan Carlos, “36 Dezasetes de Maio”, *Eidos do libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 12-13.

Percorrido pola historia e polo significado da festividade do Día das Letras Galegas dende o 20 de marzo de 1963, data na que se propón ante a RAG a celebración anual dun día que teña como obxectivo a exaltación da lingua e a literatura galegas, ata a presente edición de 1998. Sinálase a progresiva implicación de institucións públicas e privadas nesta festividade e a importancia que esta homenaxe ten á hora da difusión da obra de moitos autores que ó ser protagonistas deste día son editados e comentados de novo.

Méndez Ferrín, X. L., “Meendinho connosco”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 191-200.

Tras elevalo da categoría de xograr á de trobador, Ferrín tenta resitúa-las influencias da liturxia sobre a cantiga de Mendiño “Sedia-m·eu na ermida de San Simón”. O fragmento bíblico coñecido como “Psalmo 87” é para el “fonte principal” da cantiga. O seu autor entraría en contacto cos salmos asistindo á liturxia, xa que os modelos literarios cultos non serían moi abundantes. A continuación, exemplifica a pervivencia do Psalmo ou Psalterio en tempos modernos con textos de Curros Enríquez e Blanco-Amor. En todos eles ve como moi posible esta influencia do relixioso a través da tradición popular. Esta reflexión é a transcrición da conferencia que co mesmo título presentou Ferrín no Simposio “Ondas do Mar de Vigo”, celebrado en maio de 1998 na Universidade de Birmingham.

Portas Ferro, Xesús, “Tres xograres na igreja sobe-lo mar”, *Encrucillada*, nº 107, “Letras Galegas 1998”, marzo-abril 1998, pp. 104/4-138/38.

Artigo sobre os tres trobadores da ría de Vigo ós que se lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas. Comeza cun breve achegamento á vida de Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas. Ofrece unha breve introducción á lectura das súas obras, analiza o seu contido, o seu significado e reproduce algunhas das súas cantigas. A continuación, alude ás diferentes igrexas ou ermidas ás que fan referencia as cantigas dos tres xograres e estudia a presencia do mar nas citadas composicións. Para rematar, ofrece un glosario, unhas notas e unha bibliografía.

Pozo Garza, Luz, “O mar maior de Mendiño como conflicto”, *Clave Orión*, n^{os} IV-V, 1998, pp. 65-75.

En relación á cantiga de Mendiño comenta a plurivocidade dos signos do poema e entende este texto como simbólico. Refírese despois á relevancia do misterio no texto apuntada por algúns estudiosos que, sen embargo, non fan unha lectura simbólica. Logo de se referir ó estudio psicanalítico da literatura e de relaciona-lo simbolismo da cantiga como “simbolismo de realidade ou lóxico”, desenvolve a súa proposta de lectura dende unha ollada psicanalítica. Deste xeito fala de “labor de condensación” e dun conflicto psíquico entre o desexo e unha forza inhibidora, apoiándose para isto en termos freudianos que son aplicados a estes versos como “represión”, “formación reactiva”, “proxección”, “desprazamento”, “racionalización” e “sublimación”.

Quintela, Anxo, “San Simón. O destino de todos os naufraxios”, *Tempos Novos*, nº 12, “Voces e Culturas”, maio 1998, pp. 54-58.

Ademais de ofrecer unha historia detallada da illa de San Simón e de relata-lo que lle aconteceu nunha recente visita á illa, detense no comentario da cantiga de Mendiño, creada no segundo ou terceiro cuarto do século XIII. Alude á ausencia de noticias sobre a biografía deste xograr, o que propiciou unha certa controversia sobre a súa orixe, e presenta certas interpretacións que se deron da súa cantiga, como a realizada por Luz Pozo Garza, para a que “as ondas que cercan a moza son embates do amor e do desexo que a empuxan a sucumbir á paixón cando chegue o seu amigo”.

Ripoll, Alexandre, “Letras Galegas 98”, *Eidos do libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 14-22.

Aproximación ás figuras de cada un dos trobadores da Ría de Vigo, Martín Codax, Mendinho e Xoán de Cangas dende varias perspectivas como a procedencia, a época, o xénero que cultivaron, a versificación e os aspectos temáticos e formais, facendo unha análise práctica sobre unha das composicións de Codax. Reprodúcense ademais as composicións de cada un deles indicando o lugar que ocupan nos cancioneiros e no *Pergamiño Videl* no caso de Codax. Para rematar, ofrécese unha bibliografía seguindo dous criterios: “Edicións nas que figuran a totalidade dos poemas dos tres autores” e “Bibliografía sobre Johan de Cangas, Meendinho e Martin Codax”.

IV. Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas

IV. 3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Caño, X. M. del, “Tres cantores medievais do mar de Vigo”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 41, 24 xaneiro 1998, pp. 4-5.

Comenta a escolla múltiple que este ano se fixo para o Día das Letras Galegas e apunta causas políticas para relega-los trobeiros portugueses. A seguir, sinala cómo os tres autores artellan as obras arredor de santuarios e a importancia que se lle outorga ó mar. Cita a opinión de Xosé Ramón Pena, no sentido de que todos eles estaban relacionados coa clerecía e fai unha eséxese dos once poemas, para o cal acode ó maxisterio de críticos como Alonso Montero, Xosé Ramón Pena, Carmen Blanco ou Basilio Losada. Finalmente, informa da tradición manuscrita do corpus lírico profano medieval.

Castro, Xavier R., “Tres poetas medievais: M. Códax, Mendiño e X. de Cangas”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 24 maio 1998, p. XVI.

Comeza destacando que nesta edición do Día das Letras Galegas rompeuse a tradición de escoller un único nome para homenaxear a tres significativos trobadores. A seguir céntrase no comentario de *Os trobadores do Reino de Galicia. Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas* (1997), de Mercedes Queixas Zas, traballo do que salienta a súa claridade expositiva e a atractiva edición. Alude despois á introducción histórica que contén o volume, á revisión dos principais xéneros líricos, á presentación dos cancioneiros e dos textos dos tres trobadores.

Navia, R., “Rescatados do mar de Vigo”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 9, 14 maio 1998, pp. 4-5.

Ofrécense unhas notas histórico-culturais da Idade Media galega nas que se trata o uso e a repercusión da lingua galego-portuguesa nesa época, a figura do trobador, o carácter musical das cantigas e a documentación que se conserva para a música, o movemento neotrobadoresco e os seus cultivadores, e as primeiras edicións dos cancioneiros. Ademais achéganse referencias biográficas e apúntase a adscrición ó mar de Vigo de Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas. Ó carón deste artigo aparece unha reproduccción da cantiga *Eno sagrado en*, de Martín Codax.

VV. AA., “Martín Codax, Meendinho e Johán de Cangas, tres xograres medievais do Mar de Vigo”, *Atlántico Diario*, 17 maio 1998, pp. 51-62.

Suplemento especial con motivo do Día das Letras Galegas que se pecha con textos dos tres poetas da Ría de Vigo e no que se recollen as seguintes entrevistas, noticias e traballos asinados:
-Manuel Vidal Villaverde, “Romaría no Paradiso”, p. 52.

Lembra os tres poetas da Ría de Vigo relacionando trazos temáticos das súas cantigas con lugares que aparecen nas súas composicións. Tamén fai referencia a poetas que recrearon a temática medieval ou que mostran interese por este mundo como é o caso de Álvaro Cunqueiro, Fermín Brouza Brey, Uxío Novoneyra ou Bernardino Graña.

-José Manuel Fernández, “Homenaxe ós nosos músicos”, p. 52.

O Vicedirector do Conservatorio Superior de Música de Vigo, José Manuel Fernández, expón o programa de actuacións no Auditorio Martín Codax do Conservatorio co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Refírese así á “Homenaxe ós nosos músicos”, que se celebrou entre o 12 e o 17 de maio e que contou con diversas actuacións musicais. Informa tamén da celebración do concerto de música medieval interpretado polo grupo de cámara In Itinere, que serviu de homenaxe ós tres poetas da Ría de Vigo baixo o patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza.

-Xoan Acuña, “Trinta e cinco anos do Día das Letras”, p. 54.

Recóllese a relación de autores homenaxeados no Día das Letras Galegas dende Rosalía de Castro a Ánxel Fole. Acompáñase cada escritor dun breve apuntamento biográfico e dalgúns dos títulos das súas obras.

-R. Carrera, “A cantiga de amigo conecta Galicia co mundo”, p. 55.

Xosé Ramón Pena pronúnciase nesta entrevista sobre diversos aspectos relacionados coa lírica galego-portuguesa. Refírese á diferencia entre xograis e trobadores, á ignorancia que se ten sobre os tres trobadores homenaxeados, ou á universalidade que supón poñe-las cantigas en boca dunha muller. Fala dos motivos que levaron ó galego a ser unha lingua de prestixio e a que os seus trobadores estivesen recoñecidos nos círculos cortesáns. Fai referencia ademais á figura dos trobadores da Ría de Vigo, indicando os trazos máis salientables e resalta, como achega dos trobadores á literatura, a capacidade de expresar temas universais.

-Rosé Carrera, “A cantiga de Meendinho é das máis suxestivas”, p. 56.

Giuseppe Tavani expón nesta entrevista os seus pareceres sobre a lírica galego-portuguesa en xeral e sobre os tres trobadores homenaxeados en particular. Afirma que a importancia dos xograres galego-portugueses no contexto da literatura medieval vén dada pola súa conciencia individual como artistas. Pronúnciase ademais sobre a pouca influencia que os xograres e trobadores galegos tiveron da literatura provenzal non sendo no referente á conciencia da súa individualidade artística. En canto ós tres

trobadores homenaxeados, aborda certos aspectos como a orde na que deberían esta-las composicións de Martín Codax. No tocante á cantiga de Mendiño refírese á necesidade de ler 'sería' por 'sedía' e cre que esta composición é unha das máis fermosas e suxestivas da literatura medieval.

-Xoán Acuña, "Europa non tería ningún sentido cara ó futuro soamente como unión económica e monetaria", p. 58.

Entrevista a Basilio Losada na que este pon de relevo a modernidade e universalidade dos poetas galego-portugueses. Ó compara-la saudade amorosa de Martín Codax con Rosalía de Castro salienta que Rosalía engadiu unha compoñente feminista. Expresa tamén o enfeitizamento que lle produce Mendiño, considera aceptable o grao de coñecemento no mundo da nosa lírica medieval e refírese ó seu labor de profesor de galego en Cataluña e ó papel activo de Francisco Fernández del Riego en iniciativas culturais.

VV. AA., “Día das Letras Galegas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 maio 1998, 8 pp.

Especial do Día das Letras Galegas no que se recollen os seguintes traballos asinados:

-Ricardo Polín, “Trobadores do mar de Vigo”, p. 2.

Partindo da conxunción mar-amor como elemento máis auténtico da poesía galego-portuguesa, fai unha exposición da importancia do mar en diferentes tradicións literarias, dende a mitoloxía ou o libro da *Xénese* da Biblia, ata a pegada que tivo en escritores como Fermín Bouza Brey ou Boccaccio.

-Susana L. Carbia, “Galicia revive a súa época dourada da man dos poetas medievais”, p. 3.

Entrevista a Mercedes Queixas Zas, autora do libro *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), na se refire ó carácter divulgativo da obra e onde explica que non se trata unicamente a figura dos trobadores senón tamén de reivindica-lo noso período histórico como Reino de Galicia. Di que o principal motivo que a levou a adentrarse neste tema foi o de descubrir que era un tema moi descoñecido para os rapaces. Alude á boa acollida que está a te-la obra e entende que o feito de lle dedicar un día ás letras galegas quere dicir “que as cousas non van nada ben”.

-Raquel Monge, “Antes o Día das Letras era máis reivindicativo”, p. 6.

Entrevista con Pilar Pallarés na que se refire á elección dos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas. Entende que esta elección responde moitas veces a criterios ideolóxicos. Ademais considera que hai autores mellores que Xoán de Cangas e cre bo o feito de que se deixen pasar un mínimo de dez anos despois da morte de cada autor para podelo homenaxear neste día. Sinala que no perfil dos homenaxeados a Academia busca galeguistas que non sexan "radicais" e opina que se debería recorrer máis á época medieval. Alude tamén á perda do contido reivindicativo do Día das Letras Galegas e di que ós autores galegos actuais fáltalles consciencia da función ligada a unha actitude política. Refírese tamén á importante xeración de poetas mulleres e ós premios, dos que pensa que teñen moito que ver coa mercadotecnia. Alude ó éxito de Manuel Rivas fóra de Galicia e ó camiño que aínda lle queda por percorrer á literatura galega.

-C. Escrigas, "Laios de amor e escarnio atrapados nas "redes" do infinito", p. 7.

Céntrase no remate da elaboración da base de datos de lírica profana galego-portuguesa á que se pode acceder a través da rede Internet. Sinálase que o traballo foi elaborado por un equipo informático e polos bolseiros do Departamento de Literatura Medieval do Centro Ramón Piñeiro baixo a dirección de Mercedes Brea. Explícase que este novo soporte recolle o traballo xa publicado polo propio centro nos dous volumes de *Lírica Profana Galego-Portuguesa* (1996). Anúnciase tamén que o Centro Ramón Piñeiro traballa na creación dunha base de datos máis ampla que inclúe imaxes dixitalizadas dos propios cancioneiros xunto coa nova información tirada dos manuscritos. Infórmase da próxima publicación da edición crítica da obra dos tres poetas da Ría de Vigo homenaxeados no Día das Letras.

VV. AA., “Bos tempos para a lírica”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1998, 8 pp.

Suplemento especial publicado con motivo do Día das Letras Galegas. Xunto a textos de Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas recóllense os seguintes artigos asinados:

-Joana de Lira, “Mar de Vigo, terra de poetas”, pp. 2-3.

Ofrécese unha achega á lírica medieval centrada nos cancioneiros e na temática das cantigas. A continuación glósase a figura dos tres trobadores da Ría de Vigo homenaxeados, destacando en cada un deles o tipo de obra, os problemas que presentan os seus nomes e a datación. Noutros apartados refírese ó problema de ortografía que deben presentar cada un dos tres poetas e á distinción entre trobeiros, segreis e xograres.

-M. Blanco Rivas, “Nova luz sobre a vida e a obra dos tres poetas”, p. 6.

Percorrido polos principais títulos publicados con motivo do Día das Letras Galegas. Así, realiza algunhas referencias descritivas ás obras *Tres poetas medievais da ría de Vigo* (1998), de Henrique Monteagudo, Luz Pozo Garza e Xesús Alonso Montero; *O son das ondas* (1998), de Henrique Monteagudo; *Xograres do mar de Vigo* (1998), de Xosé Ramón Pena; *Johan de Cangas, Martín Codax, Meendinho* (1998), coordinado por Cid Cabido; *Martín Códax, cantor do mar de Vigo* (1998), edición especial do traballo de Álvarez Blázquez; *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), de Mercedes Queixas Zas e *Xograres e*

Trobadores (1995), de Pepe Carreiro. Conclúe poñendo de relevo a rigorosidade de *Cantigas do mar* (1998), editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza.

-Isaac Díaz Pardo, “Sobre os trobadores do mar de Vigo”, p. 7.

Fai un repaso da historia de Galicia e de Portugal, no tempo no que se compuxeron os cancioneiros, e das particularidades do devir histórico que acompañaron ós dous territorios. Fala tamén da figura de Luís Seoane como un autor que recibiu unha forte influencia do mundo medieval. Non esquece tampouco a outras figuras que tamén se interesaron polo medievo como Castelao ou Manuel Murguía.

-Darío Xohán Cabana, “Álvarez Blázquez e a poesía medieval”, p. 7.

O recordo dunha excursión de Darío Xohán Cabana xunto con Xosé María Álvarez Blázquez ó Morrazo hai 25 anos sérvelle para lembra-la figura deste escritor e estudioso da literatura. Denuncia o silenciamento que no Día das Letras Galegas sufriu a súa obra *Escolma da Poesía Medieval*, segundo o autor, fundamental para “o coñecemento vivo e o pracer da época auroral e gloriosa da lírica galega”.

-Iván Leis, “Estou sorprendido da dimensión que adquiriu o Día das Letras”, p. 8.

Entrevista a Francisco Fernández del Riego na que explica cómo se leva a cabo a escolla do autor homenaxeado pola Academia Galega no Día das Letras Galegas. A continuación fala de cómo chegou a nós a obra dos autores medievais, a posibilidade de que exista relación entre a cantiga de amigo e as

3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

manifestacións culturais anteriores ou a perda do carácter culto do galego. Por último mostra a súa admiración pola dimensión que chegou a alcanza-lo dezasete de maio.

VV. AA., “Trobadores”, *El Mundo. Galicia*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1998, VIII pp.

Especial do Día das Letras Galegas no que, ademais de se reproducir unha cantiga de cada un dos tres trobadores homenaxeados e unha “bibliografía básica”, inclúense os seguintes traballos asinados:

-Aníbal C. Malvar, “A pelegrinaxe dunha herexía”, p. II.

Aníbal Malvar compara a sociedade provenzal e a galega no tempo do cultivo das cantigas. Refírese tamén ás producciónes poéticas que se levaron a cabo en ámbalas dúas sociedades, chegando á conclusión de que se ben socialmente, polo elitismo intelectual, a consideración da muller, etc., os provenzais eran superiores, non ocorría o mesmo co seu obxecto poético, xa que a poesía atlántica, ó contrario da provenzal, era tan pura que “chegaba a renunciar (...) ó sentimento que os impulsara e nunca esquecía o sentimento baseado en referencias tradicionais e populares”. Intenta demostrar ademais a gradación dramática das tres cantigas de Xoán de Cangas facendo unha paráfrase destas.

-Jaureguizar, “Sentado fronte o mar”, p. IV.

Fai referencia ó mar de Vigo ó que cantaron Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax como “espacio (...) para a saudade”, non na súa dimensión xeográfica. Insiste na necesidade de chamar Mar de Vigo e

non Océano Atlántico ó mar que eles recrearon nas súas cantigas unha vez que se separaron Galicia e mais Portugal.

-Olga Novo, “E bañar-nos-emos nas ondas”, p. VI.

Achega algúns datos sobre a especificidade das cantigas galego-portuguesas con respecto á lírica provenzal. Comenta así que as damas non son altivas como na lírica provenzal, senón mulleres cheas de sentimentos que teñen actividades máis mundanas, a confidencia coa nai ou as amigas, a forma de expresa-los sentimentos, e sobre todo o marco do mar como escenario da súa atracción amorosa.

-Manuel Darriba, “Mulleres de Codax”, p. VI.

Pon de manifesto a actualidade que presentan as cantigas de Martín Codax, xa que delas se desprenden feitos e actividades que ben poderían ocorrer hoxe en día, como as protestas contra a orde establecida, a rapaza que pide consello ou complicidade á amiga, etc. Ademais alude, en ton humorístico, á posibilidade de que Martín Codax fose unha muller.

-Ignacio Chao, “As augas e os séculos”, p.VII .

Manifféstase especialmente atraído polas composicións de Xoán de Cangas, preferíndoas ás de Mendiño e Martín Codax por mor da adecuación á actualidade. Alude á ausencia do leixaprén e ó uso mínimo do paralelismo. Tamén considera como un feito importante a exposición da gradación do desengano amoroso que está máis preto da actualidade que en ningunha outra cantiga de amigo.

VV. AA., “Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, 17 maio 1998, pp. 37-44.

O xornal lugués sumouse á celebración con motivo do Día das Letras Galegas como fixeron outros xornais galegos, publicando un suplemento especial no que se recollen artigos sen sinatura referentes ós tres trobadores homenaxeados, á importancia da muller nas cantigas, á música no medievo e ó *Pergamiño Vindel*. Recóllese así mesmo unha entrevista a Amancio Prada na que o cantautor berciano fala da lírica medieval e da experiencia de musicar este tipo de literatura. O único traballo que se presenta asinado é o seguinte:

-Xabier Rodríguez Barrio, “O ano dos trobadores”, p. 40.

Tras facer referencia á suposta existencia dunha lírica autóctona anterior ós textos galego-portugueses, asocia a Mendiño e Martín Codax coas “mariñas” ou “barcarolas” e a Xoán de Cangas coas “cantigas de romería”. Apunta seguidamente á proximidade cronolóxica e xeográfica dos tres homenaxeados. Destaca a Martín Codax e céntrase no *Pergamiño Vindel*. No tocante a Mendiño insiste na falta de datos e en canto a Xoán de Cangas alude á presencia do santuario de San Mamede nas tres cantigas deste autor. Salienta a presencia do mar en Codax e Mendiño e comenta a súa intención metafórica. Considera que a cantiga deste último é “un texto logradísimo, de gran valor literario, ateigado dun exemplar e profundo simbolismo”. Describe tamén a temática das cantigas de Xoán de Cangas a propósito do subxénero das cantigas de “romaría” e pon de relevo a “modélica estructura narradora no máis alto momento lírico

emotivo: a tristeza da incerteza no tempo da espera". Na parte final do artigo refírese ó nexo común dos tres autores polo que o lugar da cantiga se converte en lugar de ausencia dende o que o autor tenta que sexa ese "e non outro" o lugar do encontro. Conclúe reproducindo un fragmento no que Tavani se refire á significación da auga.

VV. AA., “Especial Día das Letras Galegas”, *La Región*, 17 maio 1998, pp. 41-56.

Suplemento co que o xornal ourensán se suma ás celebracións do Día das Letras Galegas. Os traballos que aparecen asinados, así como entrevistas e novas, son os seguintes:

-L. R., “Pérez Varela: Galicia está a vivir un dos seus períodos de maior creatividade”, p. 43.

Xesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, opina sobre temas relacionados coa cultura galega. Cre que Galicia está a vivir un dos seus mellores momentos dende o punto de vista cultural tralo esforzo recuperador nos anos 50 da man de intelectuais como Ramón Piñeiro. Responde ademais a preguntas relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas, indicando cáles foron os proxectos e as actividades para recupera-la cultura e mailo patrimonio artístico. Comenta tamén a celebración do ano Xacobeo 1999 e o proxecto cultural que vai presenta-la Xunta nese ano.

-X. Acuña, “Trinta e cinco Días das Letras, dende o ano 1963”, p. 44.

Recóllese a nómina de homenaxeados no Día das Letras Galegas, dende o ano 1963, no que se lle dedicou a Rosalía de Castro, ata o ano 1997 no que o protagonista foi Ánxel Fole. Ofrécensenos unhas breves achegas biográficas de cada un deles indicando algunhas das súas obras máis importantes.

-L. R., “A formula das cantigas abraiou ás vangardas deste século”, p. 47.

Faise un breve repaso pola historia lírica galego-portuguesa ofrecendo datos referentes á primeira cantiga, ó momento de máximo esplendor do movemento, ós cancioneiros que recollen as cantigas, etc. Faise finalmente unha breve achega ós tres trobadores homenaxeados e remátase cunha referencia ó neotrobadorismo, movemento do que foi máximo artífice Álvaro Cunqueiro e que recupera formas da lírica medieval.

-L. R., “Fernández del Riego: “Algúns sectores da sociedade fan un uso ritual do galego”, p. 49.

Recóllense as opinións do Presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, que recoñece o progreso do galego cualificándoo de “extraordinario”, aínda que hai xente que coa súa actitude impide a correcta normalización lingüística do idioma. Lamenta o pouco uso que acadou en ámbitos como o xudicial ou o administrativo. Fai ademais unha mención á celebración do Día das Letras Galegas, definido pola Academia como “o máis vistoso de cantos se celebraron ata o momento”.

-L. R., “A cantiga de amigo conecta Galicia co mundo”, p. 50.

Xosé Ramón Pena considera positivo nesta entrevista que se homenaxee co Día das Letras Galegas a tres autores medievais. Establece as diferencias entre xograres e trobadores, referíndose ó “segrel” como a situación intermedia entre un e outro, e que sería aplicable a estes trobadores. Refírese tamén á conexión da literatura galega medieval con outras literaturas polo feito de poñer unha cantiga na boca dunha muller. Ademais no referente ó papel da muller na sociedade medieval, salienta a dificultade para asumir papeis diferentes dos asignados. Explica que o feito de que o galego chegase a ser unha lingua

de prestixio tivo que ver con que Galicia fose centro económico e cultural e refírese á capacidade de Mendiño e Martín Codax para transmitir contidos tan sinxelos dun xeito tan fermoso.

-José Fernández Fernández, “Tres xograres no cumio da poesía galega medieval”, p. 52.

Revisa varios aspectos relacionados coa lírica medieval como cál é a razón para que se dese este esplendor literario na Galicia medieval, a temática das composicións ou os tipos de cantigas que están incluídas nos cancioneiros. Fai a continuación unha aproximación á cantiga de amigo para pasar a referirse ós tres trobadores homenaxeados. Conclúe cunha referencia ó eco que despertou a lírica trobadoresca en movementos como o neotrobadorismo ou a influencia que tivo nos estudiosos posteriores como os integrantes da Xeración Nós.

-L. R., “Música, teatro e poesía hoxe en Ourense”, p. 53.

Recóllese o programa de actos elaborado pola Concellería de Cultura de Ourense co gallo da celebración, no que se inclúe fundamentalmente música e teatro.

VV. AA., “Especial Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 25, 12 maio 1998, 48 pp.

Nesta ocasión o suplemento cultural de *La Voz de Galicia* está dedicado integramente a Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax. Inclúe os seguintes artigos:

-Luciana Stegagno Picchio, “O mar das cantigas”, p. 1.

Alaba o tema e o título do congreso celebrado do 21 ó 23 de maio na illa de San Simón e pon de relevo a importancia que ten o mar no conxunto da producción lírica galego-portuguesa, o que salienta como un elemento que “investe moitas iniciativas culturais de fin de século”. De seguido refírese a toda unha serie de poetas medievais que cantaron a este mar que se estende “desde as Rías Baixas cantadas por poetas xograres” como Mendiño, Martín Codax, Joham Zorro ou Julião Bolseiro.

-Henrique Monteagudo, “O son das ondas”, pp. 2-3.

Realiza un percorrido pola historia da lírica galego-portuguesa ofrecendo datos como a periodización desta, o espacio xeográfico que ocupou, os cancioneiros que recolleron as composicións e a diversa procedencia dos poetas. Fai fincapé no feito de que os textos conservados son letras de cancións que chegaban ó público de entón acompañadas da melodía. Destaca a conservación das anotacións musicais das oito primeiras cantigas de Martín Codax na Pierpont Morgan Library de Nova York e incide

nun feito para el moi importante: o hibridismo entre unha tradición importada, a cantiga de amor, e unha tradición autóctona, a cantiga de amigo. Ofrece ademais trazos determinantes de cada tipo de cantigas, destacando certos elementos que diferencian a lírica autóctona da lírica europea medieval, como por exemplo o motivo do mar, a romaxe como ocasión idónea para levar a cabo a relación amorosa ou a ermida como marco para o encontro entre os amantes.

-Armando Requeixo, “A lingua dos devanceiros”, p. 3.

Aproximación ó mundo das cantigas galego-portuguesas dende unha perspectiva lingüística na que se achegan datos históricos da lingua dende a “desmembración do Imperio Romano”. Saliéntase o feito de que ó chegar a unha determinada altura a nova modalidade lingüística deu pé a unha etapa de grande esplendor literario na que se enmarcou a producción non só lírica, senón tamén a narrativa. Destácase que a partir desa koiné literaria xurdiu o galego moderno e o portugués actual.

-Claudio Rodríguez Fer, “De erótica medieval”, p. 4.

Céntrase no erotismo na literatura galego-portuguesa e salienta que non é patrimonio exclusivo das cantigas de escarnio. Explica que a cantiga de amigo e de amor, se ben dun xeito distinto á de escarnio, tamén se recreou en ocasións neste aspecto. Lamenta que esta dobre tradición, a obscena e maila figurada, se perdese nos Séculos Escuros e que só aparecese na literatura galega de forma illada durante moito tempo. Finalmente di que bota en falta no eido da lírica galego-portuguesa investigacións psicanalíticas que contribúan a iluminar outras literaturas.

-Olga Novo, “Morrer no mar maior”, p. 5.

Percorrido polas producción poéticas que rexistraron unha influencia da lírica trobadoresca. Partindo de *Nao senlleira* (1933), de Fermín Bouza Brey e *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933) e *Dona do corpo delgado* (1950), de Álvaro Cunqueiro, cita a seguir unha serie de escritores que recrearon nas súas composicións motivos ou temas medievais como Ricardo Carballo Calero, X. L. Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer, o grupo poético Ronseltz. Finalmente céntrase na poetisa Yolanda Castaño, salientando que introduce unha novidade con respecto ás anteriores na súa obra *Delicia* (1998) que atinxe tons feministas “facendo falar con forza a eterna receptora”.

-Xesús Alonso Montero, “A illa de San Simón: Da canción á represión”, p. 6.

Lembra nesta ocasión ós seus amigos que estiveron presos na illa de San Simón durante a guerra civil e unha vez rematada esta. Di lembra-los seus relatos de cando estaban alí presos, sobre todo os do seu pai, que tamén estivo alí detido por ocultar nunha habitación a un coñecido socialista vigués. Recorda Alonso Montero a primeira homenaxe que se lle fixo a Mendiño na illa de San Simón, no ano 1982 cando un grupo de profesores e alumnos de Vigo foron ata alí, comandados por Amancio Prada, facendo unha “invasión literaria”. Reflíctense, finalmente, a súa idea de homenaxear, máis que a Mendiño a tódolos que estiveron alí presos do ano 1936 ó 1943.

-Olga Vallín, “Unha pincelada travesa na parede da alta literatura”, p. 7.

Achéganos ás cantigas de escarnio e maldicir ofrecendo unha visión que vai máis alá do "divertimento de cofrades". Considera que ofrecen un testemuño histórico, xa que o insulto que se fai patente neste tipo de composicións quizais estea reflectindo outras preocupacións que non aparecen nos documentos notariais. A autora tamén lle concede a estas cantigas un gran valor poético e lingüístico, que se fundamenta en conflictos como a cantiga de refrán ou retrouso. Entende ademais que esta "arte do insulto" continúa "como poucas outras poesías europeas a gran tradición grega e latina de Arquícolo e Catulo".

-Carlos Villanueva, "*O Pergamiño Vindel*", pp. 8-9.

Aproximación á música das cantigas de Martín Codax na que se refire á grande variabilidade de propostas de achega que hai, debido fundamentalmente á ignorancia que provoca o paso do tempo. Afirma que a interpretación das cantigas é aínda máis libre no contexto do panorama discográfico. Recórdase ademais ós cóengos santiagueses Eladio Oviedo Arce e Santiago Tafall, que achegaron por primeira vez e por escrito o manuscrito Vindel á comunidade académica. A hipótese popularista das cantigas de Martín Codax, proposta por eles, foi seguida por estudiosos como Anglés, López-Calo, Isabel Pope, etc.

-Arcadio López-Casanova, "No amor do amigo", pp. 10-11

Exposición dos motivos que aparecen ó longo das composicións dos tres trobadores da Ría de Vigo e doutros aspectos como a localización das cantigas. Faise unha explicación da súa secuencialización cunha paráfrase dos versos dos tres trobadores.

-Luz Pozo Garza, “As escolas de mirar ó mar”, p. 11

Partindo do libro *Las mocedades de Ulises*, de Álvaro Cunqueiro, onde Ulises conta cómo o piloto Foción lle ensinara a mira-lo mar, Luz Pozo Garza fai unha visión dos tres trobadores da Ría de Vigo caracterizando a cada un deles polo seu particular xeito de ve-lo mar como marco para a recreación do amor.

-Carmen Blanco, “Amigas e amantes. As mulleres no mar indómito”, pp. 12-13.

Fai unha revisión do amor que subxace nas cantigas galego-portuguesas diferenciando as cantigas de amigo, nas que se “desenvolven os motivos do amor galaico no contexto dunha erótica con certa pegadas do cotián”, e as cantigas de amor, nas que se amplían os referentes do amor e ademais da amiga, que tamén sería o obxecto ideal do amor cortés, aparece a dona ou a senhor. Por último trata as cantigas de escarnio e maldicir como o oposto do modelo cortés, nas que certos aspectos como a homosexualidade son tratados dun xeito satírico. Carmen Blanco fai ademais unha referencia ós ecos que as diferentes visións do amor deixaron en tendencias poéticas posteriores.

-Carlos-Paulo Martínez-Pereiro, “Unha viaxe dos séculos recuados en nós”, pp. 14-15.

Diríxese ó conxunto da sociedade para que non se deixe perde-lo enorme legado que nos transmitiron os poetas medievais por moito que a distancia cronolóxica sexa un impedimento para o lector actual, tanto dende o punto de vista lingüístico coma dende o punto de vista da reconstrucción do código sociocultural no que está enmarcada esta producción. Anima a que se poña todo o empeño en recupera-la escola

trobadoresca xa que os galegos e mailos portugueses son os destinatarios deste inmenso conxunto poético. Fai tamén unha caracterización da lírica medieval en dous parámetros que na súa oposición acaban por construír unha unidade: por unha banda o sufrimento por amor da cantiga e a perspectiva do travestismo da cantiga de amigo e, por outra, a sátira burlesca e en ocasións moralizante da cantiga de escanio e maldicir.

Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas

4. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Alcalá, Xavier, “Non omnis moriar”, *El Mundo*. *Galicia*, “Pluma ao voo”, 13 maio 1998, p. 4.

Alude a unha charla impartida conxuntamente con Manuel María no campus de Pontevedra. Refírese á ausencia de datos sobre Mendiño e valora positivamente o feito de que a Academia dese a posibilidade de reflexionar sobre “a humildade persoal de quen atravesou séculos coa súa creación, nun momento en que as nosas Letras se senten tentadas pola posta en escena televisiva, pola bufonería que nada ten que ver coa capacidade de crear”.

Alonso Montero, Xesús, “En Vigo, versos na pedra”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 17 abril 1998, p. 17.

Xesús Alonso Montero critica, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, a pouca atención que no Concello de Vigo lle dan ó seu trobador, Martín Codax, en contraste cos Concellos de Redondela e Cangas, que teñen a intención de publicar un volume coa traducción da cantiga de Mendiño a máis de trinta linguas e unha edición das tres cantigas do seu xograr, Xoán de Cangas.

_____, “Martín Codax, poeta no exilio”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 15 maio 1998, p. 14.

Dá conta da existencia do *Pergamiño Vindel* e di que transmite as cancións cunha maior fidelidade cós tres manuscritos que hai sobre as cantigas de Martín Codax. Fai un breve percorrido pola historia deste manuscrito ata chegar á Biblioteca Morgan de Nova York, lugar onde se atopa hoxe. Conclúe co desexo de que a Xunta de Galicia faga un facsímile para facelo chegar á xente por un prezo módico.

_____, “Da vida exemplar de Pedro Vindel”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 22 maio 1998, p. 14.

Semblanza da figura de Pedro Vindel, descubridor do pergamiño que contén as sete cantigas de Martín Codax na versión máis fiable e que conta ademais coa anotación musical de todas agás da sexta. Eloxia o feito de que dende a súa humildade puidese chegar a ser un erudito.

Amenedo, Cristina, “Cantores do mar”, *El Correo Gallego*, “Firma invitada”, 17 maio 1998, p. 4.

Breve repaso das características dos tres trobadores da ría de Vigo ós que este ano se lles dedica o Día das Letras Galegas. Insiste a autora no carácter amoroso destas composicións medievais recollidas nos cancioneiros.

Borobó, “O primeiro codio das Letras Galegas”, *A Nosa Terra*, nº 819, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 26 febreiro 1998, p. 36.

Tomando como base a conclusión á que chegou don Armando Cotarelo Valledor con respecto ó apelido de Martín Codax, que viría a ser Codias ou Cortezas en castelán, fai unha exposición do termo ‘codio’ e do neoloxismo ‘codiocracia’, utilizado por el. Así, afirma que houbo un cambio nas connotacións semánticas dos dous termos e de ser tomado como algo despectivo chegou a ser considerado como expoñente dos estamentos máis altos do ambito político e cultural.

Brea, Mercedes, “As cantigas da ría de Vigo”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 17 maio 1998, p. 6.

Neste texto, tirado do libro *Cantigas do mar* (1998) profúndase no descoñecemento xeral que hai con respecto ás cantigas de Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas, así como da súa biografía e contexto vital. Ofrécese a posibilidade de amplia-la nómina de trobadores con Nuno Treez, baixo a condición de considerar tamén a zona do Morrazo. Exponse a hipótese de que compuxesen como moi tarde na segunda metade do século XIII, supoñendo que o *Pergamiño Vindel* fose confeccionado a finais deste século, tomando como base o feito de aparecer nos cancioneiros na sección que pertence ó xénero das cantigas de amigo que António Resende de Oliveira chamou cancioneiros de xograres galegos. Fálanos tamén da tipoloxía dentro da cal podemos enmarca-las once composicións. Establece finalmente unha dobre clasificación dentro das cantigas de amigo, caracteriza as once cantigas polo seu tipo, polo seu simbolismo e polo seu esquema.

Carro, Xavier, “Tres xograres”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1998, p. 64.

Conxectúrase sobre a condición social e o rango dos tres trobadores da ría de Vigo dos cales pouco máis sabemos que o nome. Dáse como principal característica deles a forza lírica das súas composicións e cóntasenos cál é a ambientación destas cantigas. Saliéntase o feito de que Mendiño, cunha única composición, fose quen de pasar á historia da literatura universal.

Castro, Francisco, “Libros de agasallo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 14 maio 1998, p. 12.

Dá conta dun feito promovido polas librerías galegas, con motivo da homenaxe ós poetas medievais, que consistiu en regalar un exemplar das cantigas de Martín Codax publicado pola editorial Galaxia (cun total de 32.000 volumes) a quen merque un libro en galego os días 16, 17 e 18 de maio. Aproveita tamén para salienta-lo feito de que a Xunta permitise que este ano, por primeira vez, as librerías abrisen o día 17 que cadrou en domingo.

_____, “O día das letras e as leis”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 15 maio 1998, p. 11.

Expresa o seu malestar pola fugacidade que teñen as reivindicacións do Día das Letras Galegas. Congratúlase, sen embargo, dun feito moi importante para a normalización da nosa lingua: a publicación en galego das leis do Estado gracias á solicitude que fixo a Consellería de Presidencia e Administracións Públicas da Xunta de Galicia ó Ministerio da Presidencia do Goberno de Madrid.

Fernández, Miguel Ángel, “Martin Codax y otros aniversarios olvidados”,

Atlántico Diario, 14 maio 1998, p. 31.

Refírese ó cento vinte aniversario da publicación do libro póstumo de Teodosio Vesteiro Torres, *Monografías de Vigo*. Comenta a continuación que foi precisamente neste libro onde Vesteiro Torres deu a coñecer por primeira vez ós seus contemporáneos a Martín Codax. Sobre o trobador vigués comenta a carencia de datos, considera xusto que sexa lembrado neste dezasete de maio e cre que tamén sería bo lembra-lo difusor da súa obra.

Freixanes, Víctor F., “Voces dende o misterio”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 16 maio 1998, p. 12.

Reivindícase a figura de Nuno Treez e considérase que debería figurar xunto con Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax, tanto pola localización dunha cantiga súa coma pola súa orixe humilde. Aproveita tamén para compara-la lírica trobadoresca galego-portuguesa coa occitana, que deixou memoria dos seus trobadores e poetas como Guillerme de Aquitania, Marcabrú ou Peire Vidal. Considera a literatura galega medieval como “un marabilloso pozo de misterios”, tanto como o Rexurdimento, que fai que despois de seiscentos anos apareza a figura de Rosalía de Castro, iniciando a “reconstrucción da memoria” da literatura galega.

Fuentes, Begoña, “David come home”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 17 maio 1998, pp.1-3.

Realiza unha análise sociolingüística da lingua galega ofrecendo datos estatísticos sobre o seu uso no aspecto social e xeracional. Fala tamén da celebración do Día das Letras Galegas, salientando que “é a primeira vez que (...) se adica a máis dun escritor” e dá unha serie de datos dos tres trobadores homenaxeados.

García, Xosé Lois, “Descafeinadas Letras Galegas”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 19 maio 1998, p. 3.

Sen intención de poñer nun segundo plano a obra dos tres trobadores da ría de Vigo, critica a idea da Real Academia Galega de celebra-lo Día das Letras Galegas do ano 1998 homenaxeando ós tres trobadores conxuntamente. Isto, segundo o autor ten consecuencias negativas, como poden se-la descompensación que hai entre a atención dedicada a Martín Codax e a Mendiño e Xoán de Cangas, debido ó maior “poder cultural de Vigo”. Este problema, afirma, solucionaríase dedicándolle o Día das Letras Galegas a Martín Codax en solitario, de xeito que non escurecese o protagonismo dos outros dous trobadores. Critica tamén a exclusión de Nuno Perez.

García-Bodaño, Salvador, “Ondas e cantigas”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 17 maio 1998, p. 3.

Comeza afirmando que a liña de traballos en materia dos cancioneiros galego-portugueses non está esgotada, debido á forte atención que espertan. Fala dos tres trobadores da ría de Vigo, afirmando que sobre a súa vida e a súa cronoloxía todo son conxecturas, para logo, partindo do descubrimento por parte do libreiro madrileño Pedro Vindel das cantigas de Martín Codax, falar do acompañamento musical que levaban as cantigas, que se ben era mínimo, segundo as palabras do propio autor, non pouco importante, xa que completaba a calidade lírica das composicións.

Gil, Francisco J., “A illa redimida”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1998, p. 12.

Opina que a illa de San Simón cambiou de plano por uns momentos coas voces de Del Riego, Casares, Luz Pozo, García Bodaño, xunto cos versos de Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax, no transcurso dos actos oficiais do Día das Letras Galegas. Faise un pequeno percorrido pola historia da illa recalcando o seu aspecto máis negativo: illa de enfermos contaxiosos, de xentes que agardaban que os fusilasen, etc.

Graña, Bernardino, “Namoranme os tres”, *A Nosa Terra*, nº 830, 14 maio 1998, p. 6.

Unha experiencia persoal fai que recorde ós tres poetas da ría de Vigo, Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax. Así mesmo, ó lelos di lembra-los suspiros do mar que seu tío lle ensinara a apreciar. Remata cunha exhortación ó lector convidándoo a le-los vellos poetas para chegar a recuperar algo del mesmo.

Isorna, Xosé, “O enfermo nas Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 17 maio 1998, p. 5.

Facendo un paralelismo entre o Día das Letras Galegas e a Xornada do Enfermo, celebradas ámbalas dúas o dezasete de maio, Xosé Isorna recorda os escritores que estando enfermos facían un esforzo e poñíanse a “escribir” sobre temas literarios e históricos da nosa terra, na lingua propia do noso pobo: Castelao, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, escritores que “acolleron a enfermidade con enteireza humana e resignación cristiá”. Afirma que este sentimento tamén o tiveron os trobadores da Ría de Vigo. Utiliza unha frase de Cabanillas referida á morte de Castelao, “morreu de amor á terra”, para se referir á morte das persoas que traballaron por Galicia.

Janeiro, Darío, “Os vínculos dos poetas”, *O Correo Galego*, “Lufada”, 12 maio 1998, p. 5.

Aludindo á conexión pasado-modernidade, Darío Janeiro aproveita para dar conta da celebración do primeiro congreso da lírica medieval galego-portuguesa na rede. Explica que este congreso leva por título “A lingua das cantigas” e consta de tres seminarios: lingua medieval galego-portuguesa, literatura de expresión galego-portuguesa nos séculos XII-XIV, e coordenadas históricas e sociais das cantigas. Dáse ademais unha nómina dos relatores que participan no devandito evento.

Lezcano, Arturo, “O prezo dos troveiros”, *La Voz de Galicia*, “O chisco”, 19 maio 1998, p. 13.

Critica ós compositores modernos por non utiliza-la lingua galega nas súas composicións e por extensión á xente que non respecta a toponimia, a falta de dobraxe de películas en galego, etc. Contrasta a figura dos trobadores ou “troveiros” cos seus descendentes.

Mallo, Albino, “Os trobadores”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”, 15 febreiro 1998, p. XXI.

Partindo dos coñecementos de Xosé María Álvarez Blázquez, glosa as figuras dos tres trobadores da ría de Vigo, ofrecendo datos sobre a súa vida, obra e características particulares de cada un, centrándose máis na figura de Martín Codax, xa que foi o que máis trascendeu, non só por ser dos tres trobadores dos que se conservan máis composicións, senón tamén pola importancia que lle deu á cidade de Vigo e porque os seus poemas foron repetidos e mesmo cantados. Aproveita tamén para dar noticia da investigación levada a cabo por Luz Pozo Garza que se materializa no libro *Ondas do mar de Vigo*, analizando a compoñente erótica que poden te-las cantigas de Martín Codax, especialmente a cantiga quinta.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Meendinho bíblico”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 23 febreiro 1998, p. 2.

A propósito da estrofa da cantiga de Mendiño “e cercáron-mi as ondas que grandes son” afirma que o modelo é o Psalmo 87 da *Vulgata*. Segundo isto, ve analoxías nas dúas composicións e lembra que xa Filgueira Valverde relacionara o motivo da fonte e o cervo de Pero Meogo cun Psalmo. Como conclusión pregúntase se Pero Meogo e Mendiño eran lectores da Biblia ou persoas relacionadas coa Igrexa.

_____, “Do Vigo de Codax”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 18 maio 1998, p. 2.

Profunda en certos aspectos da historia de Vigo para demostrar que é unha cidade que ten historia. Menciona no aspecto histórico-cultural a Martín Codax, trobador que aínda pode ser evocado nalgúns vestixios medievais e fundamentalmente nas súas cantigas coa anotación musical que lle corresponde. Lembra finalmente a Celso Ferreira da Cunha e a X. Mª Álvarez Blázquez como o filólogo que fixou definitivamente os textos do trobador vigués e o “erudito sensíbel que soubo interpelar os vestixios arqueolóxicos que inda falan do poeta”, respectivamente.

_____, “Congreso na Illa”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 22 maio 1998, p. 2.

Crítica ó congreso “O mar das cantigas”, celebrado na Illa de San Simón. Lamenta a ausencia neste evento de estudiosos de tanta valía como Ramón Lorenzo, o norteamericano Richard Zenith, Alexandre Ripoll, Michael Routledge, etc. Sinala ademais que, como ignora o nome dos organizadores de “semellante chafallada”, a responsabilidade recae na Xunta de Galicia.

_____, “Miscellanea”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 15 xuño 1998, p. 2.

Comenta a celebración dun congreso en Internet titulado “A lingua das cantigas”, evento que contrapón ó Congreso celebrado na Illa de San Simón, que é cualificado como “fraude”. Deste congreso en Internet pon de relevo un traballo de Carlos Pérez Varela no que identifica o topónimo Torona coa Torroña da Serra de Grova.

IV. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Ónega, Fernando, “Xente ó redor dun libro”, *La Región*, 19 maio 1998, p. 26.

Expresa a ledicia que lle supón comproba-lo especial tratamento que lle están a dar ó Día das Letras Galegas do ano 1998 fóra do territorio galego, concretamente en Madrid, con noticias en xornais, celebracións folclóricas en prazas públicas, etc .

Otero, David, “O mar das letras”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 10 marzo 1998, p. 3.

Aproveita o feito de que se lles dedique o Día das Letras Galegas do ano 1998 ós tres poetas medievais para facer unha reivindicación de Galicia como pobo en tódalas súas manifestacións. Fai un chamamento, ademais, para que rescatémo-la nosa memoria cultural para labra-lo futuro.

Pereira, Víctor Campio, “Aquela lírica labrada”, *La Región*, 17 maio 1998, p. 37.

Ofrécese unha breve panorámica da historia da literatura galega comezando pola poesía galaico-portuguesa ata o século XV, cando o Marqués de Santillana escribe a súa *Carta Proemio ó Condestable de Portugal*. O autor fai un especial fincapé na celebración do Día das Letras Galegas dedicada ós tres trobadores da ría de Vigo. Logo de explica-las diferencias substanciais entre os tres grandes tipos de cantigas, salienta a figura de Mendiño e a súa cantiga.

Reixa, Antón, “Lingua e futuro”, *La Voz de Galicia*, “Área de Servicio”, 13 maio 1998, p. 12.

Remítese á época medieval, “momento de maior esplendor e cosmopolitismo da nosa historia literaria” para trazar un paralelismo coa actualidade, “momento histórico no que nunca existiu tanta identificación coa lingua propia”. Exhorta finalmente ó poder institucional para que aplique dun xeito correcto a lei de Normalización Lingüística.

Rodríguez Ferreirós, María Eva, “O Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, “Con acento galego”, 17 maio 1998, p. 5.

Contextualiza o nacemento da lírica galego-portuguesa. Así, refírese a Galicia como reino florecente, á época do nacemento do galego-portugués, ó afianzamento dunha literatura propia, etc. Alude tamén á diferenciación entre trobador, xograr e segrel, para logo pasar a falar directamente de Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas, ofrecéndonos unha parte das cantigas máis coñecidas de cada un dos trobadores da ría de Vigo.

Vázquez, Dora, “¡Eu atendendo o meu amigo!”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 maio 1998, p. XIV.

Abórdase a figura de Mendiño dende o punto de vista do seu contexto social, do seu nome, da súa localización e coméntase brevemente a única cantiga escrita por el dende o punto de vista formal e do contido.

Vázquez, Pura, “De trobeiros e xograres”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 maio 1998, p. XIV.

Realiza un percorrido polo contexto histórico e cultural da poesía trobadoresca ata chegar ós tres autores da Ría de Vigo: Xoán de Cangas, Martín Codax e Mendiño. Faise unha aproximación a estes achegando posibles datos sobre os seus nomes e lugares de nacemento.

Vidal Villaverde, Manuel, “Os xograis outra volta”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 12 febreiro 1998, p. 30.

Fai unha valoración dos tres poetas das Ría de Vigo, aproveitando para establece-la distinción entre trobador, segrel ou xograr. Fala tamén de dous libros publicados de temática medieval: *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), de Mercedes Queixas Zas e *E miraremo-las ondas* (1998), de Xosé María Álvarez Cáccamo.

_____, “De Cesário Verde a Pero Meogo”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 9 xuño 1998, p. 34.

Entre outros temas alude ó congreso celebrado na Illa de San Simón mencionando a ausencia no mesmo de Ramón Lorenzo e cualificando este evento como “chambonada”.

Villar Janeiro, Helena, “Cos nosos trobadores”, *El Correo Gallego*, 16 abril 1998, p. 3.

Expón a posibilidade de escenifica-las cantigas trobadorescas e sinala que, sen contar con moitos medios, se podería tratar de poñer en escena a once “fermosas” para que cada unha recite a súa cantiga, e tres trobadores. Anuncia tamén que debía contarse con personaxes que acompañamento: “nais escoitadoras”, “amigos” etc. Cita tres libros que axudarían a levar a cabo esta representación: *Trobadores do reino de Galiza Martin Codax, Mendiño e Xoan de Cangas* (1997), de Mercedes Queixas Zas; *Mendiño, Martin Codax e Xoan e Cangas* (1997), de Clodio Rodríguez Pérez e *O son das ondas. Mendiño, Martin Códax e Johán de Cangas xograres da Beiramar* (1998), de Henrique Monteagudo.

IV. Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas

IV. 5. Publicacións en xornais: entrevistas

Gil, Francisco, J., “O castelán gañoulle o terreo ó galego coa chegada das escolas e das estradas”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1998, p. 49.

Conversa con Xosé Ramón Pena na que opina sobre o valor que representan as cantigas no conxunto da cultura galega, sobre a cuestión de non ter dedicado antes o Día das Letras Galegas ás primeiras figuras importantes da lírica galego-portuguesa e sobre o problema da progresiva hexemonía do castelán sobre o galego, debido fundamentalmente ó espallamento por Galicia das estradas e das escolas. Di que o desinterese polo tradicional e o excesivo apego á modernidade conducen a feitos como o de estaren fóra de España tódolos manuscritos galegos da literatura medieval.

J. C., “Ó coñecer San Simón síntome máis cerca de Mendiño”, *Faro de Vigo*, 22 maio 1998, p. 59.

Con motivo da celebración do congreso sobre os trobadores da Ría de Vigo na Illa de San Simón, Giuseppe Tavani comenta a proposta de restituí-la “dimensión efectiva” da cantiga de Mendiño. Di que a lectura moderna que se quere facer non ten cabida na idea dos medievalistas. No tocante á obra de Martín Codax, entende que as sete cantigas forman un macrotexto e que se deberan estudiar de maneira conxunta. Ademais de sinalar que hai dez anos que propuxo unha nova lectura da cantiga de Mendiño, di sentirse máis preto deste poeta logo de face-la travesía cara a San Simón en barco. Por último, non cre posible que se descubra ningún dato máis sobre este autor.

Leal, Jorge, “Galicia non é un país derrotado, iso dise para chama-la atención”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1998, pp. 4-5.

Carlos Casares opina sobre o sentido ou a necesidade reivindicativa do Día das Letras Galegas e o cambio que experimentou a celebración dende a súa primeira participación no evento. Refírese tamén a aspectos relacionados coa poesía trobadoresca, como a preponderancia da lírica galego-portuguesa no ámbito peninsular, ou o problema dos cancioneiros e do *Pergamiño Vindel*. Noutra orde de cousas, considera que Galicia non é un país derrotado, senón que “son cousas que se din para chama-la atención”. Anuncia os proxectos do Consello da Cultura Galega que el preside, e dá a súa opinión na cuestión da representación de Valle Inclán en español por parte do CDG: cre que non é tan “dramático” que unha obra se represente en castelán, e que outra cousa sería se esta compañía se convertese nun centro dedicado á promoción do teatro en castelán. Opina, finalmente, sobre o futuro do galego e sobre a posibilidade de normalizalo con decretos.

M. T., “Xosé Antón Pedreira: “Loitamos para que o 17 de maio sexa día lectivo”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1998, p. 6.

Xosé Antón Pedreira, Presidente da Asociación de Libreiros de Santiago de Compostela, fai unha valoración negativa da Feira do Libro en Santiago con respecto a outros anos. Refírese tamén á importante repercusión que o Día das Letras Galegas ten na cidadanía galega e calcula que un setenta por cento dos libros que se venden o 17 de maio pertencen ó autor homenaxeado. Considera ademais que o feito de que este ano o día estea dedicado a autores medievais non é motivo para espertar menor interese. Constata tamén que cada vez se venden máis libros en galego e cre que en parte se debe á aposta das editoriais polo libro infantil e xuvenil.

Vidal, Carme, “Os rapaces coñecen os mesteres da literatura española pero non a nosa lírica medieval”, *A Nosa Terra*, nº 815, “Guieiro cultural”, 29 xaneiro 1997, p. 21.

Mercedes Queixas, autora de *Os trobadores no reino de Galiza* (1997), refírese primeiramente a aspectos relacionados co seu libro, como o uso dun rexistro coloquial ou a razón do seu excesivo interese polo contexto histórico da lírica trobadoresca. A continuación, sinala cal lle parece a postura máis conveniente á hora de aborda-la literatura no ensino ou cal é a consideración que oculta unha determinada etapa literaria, tomando como base as dificultades léxicas. Manifesta así mesmo a súa preocupación polo descoñecemento da nosa lírica medieval por parte dos rapaces, o que constitúe para ela un “esquecemento intencionado”, e opina sobre a supresión da licenciatura de Filoloxía Galega na Universidade da Coruña, debido, na súa opinión, a “motivos políticos”.

IV. Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas

IV. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. D., “La isla de San Simón acogerá este año los actos centrales del Día das Letras Galegas”, *La Región*, 24 xaneiro 1998, p. 59.

Infórmase do “programa de actuacións” que se vai levar a cabo na Illa de San Simón unha vez que o Presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, e o Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela deran o visto bo ó seu emprazamento. Anúnciase un congreso en torno á lírica galego-portuguesa e unha comida medieval con recreación do ambiente do século XIII, levada a cabo polo Centro Dramático Galego, e a instalación dun monumento dedicado ós tres trobadores da Ría de Vigo.

A. E.,"A illa de San Simón podería acoller unha cea medieval o Día das Letras",

O Correo Galego, 24 xaneiro 1998, p. 33.

Infórmase da visita do Conselleiro de Cultura, xunto co titular de Pesca e o de Medio Ambiente, á Illa de San Simón. Alúdese a algúns dos proxectos anunciados para a illa, como a restauración de edificios ou a realización da escultura de homenaxe ós tres trobadores.

_____, “A lírica galego-portuguesa tamén estará presente en Internet”/“Internet acollerá un foro de debate sobre o corpus lírico galego-portugués desde este venres”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 13 maio 1998, p. 47/p. 17.

Anuncia a celebración do congreso de lírica medieval galego-portuguesa en Internet, que leva por título “A lingua das cantigas. Congreso da lírica medieval galego-portuguesa na rede”, entre os días 15 e 23 de maio de 1998, con seminarios dedicados á lingua, á literatura e ós condicionantes socio-históricos. Resáltase o feito de que se trata dunha das primeiras experiencias en congresos virtuais que se celebran en Galicia.

A. F., “La Agrupación Cultural Guardesa homenajea a Chuny Vázquez”, *Atlántico Diario*, 22 maio 1998, p. 20.

Dá noticia da fin dos actos celebrados o Día das Letras Galegas pola Agrupación Cultural Gardesa, que remataron cunha homenaxe ó poeta Chuny Vázquez e cunha conferencia sobre os trobadores Mendiño, Xohán de Cangas e Martín Codax. Cita finalmente a lista de personaxes homenaxeados por esta Agrupación dende o ano 1982.

AGN, “El Consello de la Xunta desarrolla la estructura de la Consellería de Cultura”/“La Xunta declara 1998 como año de Martin Codax, Johan de Cangas y Mendinho”, *Diario de Pontevedra*/*La Región*, 9 xaneiro 1998, p. 23/p. 64.

Infórmase da decisión do Executivo Autonómico de declara-lo Día das Letras Galegas do ano 1998 dedicado a Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas, dentro dun conxunto de decretos aprobados polo goberno galego.

_____, “El Consello da Cultura Galega y el Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 7 maio 1998, p. 27.

Dá conta dos actos que anuncia o Consello da Cultura no Día das Letras Galegas. Explícase que estes xiran sobre o aspecto literario, coa presencia de Henrique Monteagudo nun coloquio titulado “O son das ondas”, e sobre o musical, cun concerto do grupo vocal instrumental Resonet, que consiste nun percorrido pola lírica galego-portuguesa dende o seu esplendor ata a súa decadencia.

_____, “Pérez Varela inauguró el Congreso “O Mar das Cantigas” en la Illa de San Simón”, *Diario de Pontevedra*, 22 maio 1998, p. 30.

Noticia na que se fala da inauguración do Congreso “O Mar das Cantigas” por parte do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela. Sinálase que citou a Armando Cotarelo Valledor, Fermín Bouza Brey e a Xosé Filgueira Valverde, porque “indagaron y se esforzaron por descifrar los enigmas de nuestro mundo cultural durante la Edad Media”.

A. R., “Escolares de Coruxo celebraron o Día das Letras Galegas no Centro Cultural”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1998, p. 4.

Fálase das actuacións levadas a cabo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas no Centro Recreativo e Cultural de Coruxo, nas que participaron os colexios públicos Carrasqueira e Tintureira e o Instituto de Coruxo. Alude ás actividades centradas ó redor da figura dos tres trobadores da Ría de Vigo, como a realización de debuxos inspirados no mar, contos ambientados en illas, capelas, etc.

_____, “O Instituto de Ames celebra o Día das Letras Galegas con actividades culturais”, *O Norte*, nº 96, 23 maio 1998, p. 11.

Infórmase da celebración do Día das Letras Galegas no Instituto de Ensino Secundario de Ames, con diversas actividades que van dende o folclore ata o deporte.

Agulla, Álvaro, “Programa de las “Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 1998, p. 19.

Infórmase do programa de actuacións do Concello de Bueu co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, que abranguen dende seminarios sobre cantigas, cancioneiros e trobadores medievais ata representacións teatrais, a proxección do documental “A lírica medieval galega” e actuacións musicais. Infórmase tamén da dedicación dunha rúa en Bueu a Xoán de Cangas e da posibilidade de colocar un monumento a Xohán Carballeira. Alúdese, ademais, ós actos de entrega do IIº Premio de Poesía Xohán Carballeira á poetisa Iolanda Castaño.

_____, “O Progreso” no quiere el nombre de Johan de Cangas en Rúa Nova”, *Diario de Pontevedra*, 29 abril 1998, p. 21.

Recolle as declaracións emitidas pola xunta directiva da Asociación de Veciños “O Progreso” de Beluso, nos que desaconsella a decisión de pórlle o nome “Rúa do trovador de Cangas”, á que sobe dende o Cruce pola Rúa Nova.

_____, “Manchan con pintura verde el monolito de homenaje a Johán de Cangas”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1998, p. 22.

O acto “vandálico” ocorrido na parroquia de Sanamedio, no Concello de Bueu, é o tema central desta. Infórmase de que uns descoñecidos mancharon con pintura verde un monolito que ía ser descuberto ó día seguinte en homenaxe a Xoán de Cangas. Faise referencia ademais ós actos que tiveron lugar na devandita parroquia co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

_____, “Los actos de clausura del “Día das Letras Galegas” resultaron un gran éxito”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1998, p. 18.

Saliéntase o éxito que tivo a celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Bueu. Faise referencia ás actividades, que comezaron coa conferencia de Xosé Manuel Millán sobre Johan Carballeira e o movemento neotrobadoresco en Galicia. Alúdese ademais á entrega do XIº Premio de Poesía Johan Carballeira, organizado pola concellería de Cultura do Concello de Bueu e das “Mencións honoríficas das Letras Galegas”.

_____, “El casino celebró con éxito los actos conmemorativos del “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1998, p.15.

Dá conta brevemente dos actos levados a cabo no Liceo Casino de Marín para conmemora-lo Día das Letras Galegas. Segundo informa, na celebración houbo dúas vertentes: por unha parte, presentouse o libro *Testemuños*, de E. V. Calo, do que se recitaron algúns poemas e, por outra, a actuación do grupo folclórico “Beiramar”.

Alonso, Rodolfo, “Arredor do Día das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, “Día das Letras Galegas”, nº 268, 19-25 maio 1998, p. 18.

Tomando como base a estudiosos como José Mattoso, Esther de Lemos, Menéndez y Pelayo e escritores como o Marqués de Santillana, refírese a un pasado glorioso na lírica galego-portuguesa. Afirma que “si os galegos de hoxe quixesen superar (…) as aldraxes históricas do vello poder castelán non teñen máis que lembrarse de ter sido os primeiros en escrever gran poesía na península”. Considera as cantigas de Martín Codax como as de mellor calidade. Reproduce as tres composicións de Xoán de Cangas e unha lista de homenaxeados no Día das Letras Galegas, dende Rosalía de Castro no 1963 ata Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas no ano 1998.

Alonso Montero, Xesús,"Tres troveiros medievais de versos excelsos", *Galicia en el Mundo*, nº 268, 19-25 maio 1998, p. 16.

Faise referencia á dedicatoria do Día das Letras Galegas de 1980 a unha figura da poesía medieval, Afonso X O Sabio, autor das *Cantigas de Santa María*. Valora as composicións de Martín Codax e Xoán de Cangas, considerando as deste último de inferior calidade, aínda que espera que o feito de ser homenaxeado no Día das Letras Galegas faga que goce de maior consideración. Reproduce ademais as sete cantigas de Martín Codax.

Asociación Afonso Eanes, “Reivindicación da Cultura Galega”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 19 maio 1998, p. 15.

A Asociación Afonso Eanes, de Negreira, emite este texto no que poñen de relevo o feito de que a dedicatoria do Día das Letras Galegas ós tres trobadores da Ría de Vigo afaste case definitivamente a posibilidade de que outros trobadores poidan ser obxecto da mesma difusión que Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax. A continuación, fan unha reivindicación das letras e a cultura galega e o “modo de ser e facer en galego”, tomando como referente esplendoroso a Galicia medieval.

B. R. S., “A Xunta celebrará as Letras Galegas regalando as Cantigas de Martín Codax”, *La Voz de Galicia*, 12 maio 1998, p. 72.

Infórmase da presentación en Vigo da campaña do Día das Letras Galegas e das iniciativas dos libreiros de Galicia de regalar un exemplar das cantigas de Martín Codax a quen merque un libro en galego durante os días 16, 17 e 18 de maio. Saliéntase ademais a apertura das librerías durante o 17 de maio e o feito de que tódolos libros en galego teñan un desconto ese día do 10%. Lóuvanse tamén as accións do Concello de Vigo que, a través da súa Consellería de Cultura, fixo entrega de libros a preto de douscentos centros de ensino da cidade, así como a TVG e a Radio Galega, que celebran a Xornada na páxina web e no Teletexto.

Becerra, Marta, “Regalos letrados”, *El Progreso*, “El Despertador”, 15 maio 1998, p. 80.

Tratando de buscar unha “conexión lucense” co Día das Letras Galegas do ano 1998, fai referencia a Francisco Fernández del Riego, Celso Currás e Jesús Parga. Afirma tamén que, se a conmemoración do Día das Letras Galegas do ano 1998 incluíse ó chantadino Xoán Requeixo, a festa quedaría “casi lucense”.

_____, “Resaca de las letras”, *El Progreso*, “El Despertador”, 19 maio 1998, p. 72.

Mestura a experiencia persoal con referencias ós trobadores da Ría de Vigo, lamentándose por non ter alguén que lle cante os seus amores, como Martín Codax, Xoán de Cangas ou Mendiño.

Bernal, Diego, “Mar e amor nas Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1998, p. 28.

Considera que o mar e o amor son os motivos centrais das composicións dos tres trobadores da Ría de Vigo e fai, ademais, unha breve exposición dos antecedentes da lírica galego-portuguesa.

Blanco, Carmen, “Galicia homenajea a sus juglares”, *Diario 16*, 17 maio 1998, p. 8.

Primeiramente alude á institucionalización do Día das Letras Galegas en 1963. A continuación refírese brevemente a cada un dos tres autores homenaxeados e salienta a presencia nas súas cantigas do mundo medieval e a relixiosidade naturalista cristianizada. Alude á falta de datos sobre os tres trobadores da Ría de Vigo e resalta a unión do mar e o amor.

Blanco, Xosé Luis, “O Días das Letras Galegas é hoxe a Semana, o Mes e o Ano das Letras”, *El Correo Gallego*, 12 maio 1998, p. 60.

Refírese á celebración do Día das Letras Galegas na Galicia exterior e comenta que “resulta difícil, por non dicir imposible atopar un centro galego ou unha casa de Galicia que non conmemore” esta festividade. En canto ás entidades non culturais, refírese ó feito levado a cabo polo Centro Comercial Compostela. Critica o cambio que sufriu a celebración do Día das Letras Galegas, que en ocasións nada ten que ver co seu sentido orixinal. Lóase a figura de Henrique Monteagudo e o seu libro *O son das ondas, Mendiño, Martín Codax e Joham de Cangas, xograres de beiramar*, e anúnciase a próxima celebración do Congreso da Illa de San Simón “O mar das cantigas”.

_____, “Unha gran idea de Paco del Riego, Gómez Román e Xesús Ferro Couselo”, *El Correo Gallego*, “Fogar de Breogán”, 17 maio 1998, p. 60.

Apóiase nas palabras de Francisco Fernández del Riego para se referir á instauración do Día das Letras Galegas. Menciona o papel desempeÒado neste sentido polo propio Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo e alude á condición de *Cantares Gallegos* como “o primeiro libro universal contemporáneo en idioma galego”, sinalando a idoneidade de elixi-la súa data de publicación como Día das Letras Galegas.

C. d. U., “O ano dos trobadores”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 14 xaneiro 1998, p. 9.

A aprobación do decreto polo que se declara o 1998 como o ano de Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas dá pé para facer un percorrido polo contexto dos trobadores, pola súa producción poética, pola temática das cantigas, etc. Noméanse tamén outros feitos de interese, como a acuñación de trescentos exemplares dunha moeda conmemorativa en homenaxe a estes trobadores. Recórdase a “obriga” que teñen as institucións públicas, bibliotecas, centros de ensino etc., de contribuír ó “engrandecemento da literatura medieval”.

C. G., “El colegio público de Negreira organiza mañana un festival infantil”,

El Correo Gallego, 14 maio 1998, p. 18.

Infórmase do programa de actos co que o colexio público de Negreira contribuíu á celebración do Día das Letras Galegas. Alúdese a algunhas actividades, coordinadas polo equipo de normalización lingüística, e saliéntase a celebración dun festival infantil

Calvar, T., “A colleita das letras”, *La Voz de Galicia*, “Libros culturais”, nº 20, 19 maio 1998, p. 7.

Infórmasenos das novas publicacións sobre literatura medieval que saíron do prelo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas nas diferentes editoriais galegas. En primeiro lugar cita *Xograres do mar de Vigo* e *Martín Codax, cantor del mar de Vigo*, baixo a responsabilidade de Xosé Ramón Pena. Segue mencionando o traballo de Alexandre Ripoll, o volume *Cantigas do mar*, da Fundación Pedro Barrié de la Maza, a edición crítica das *Cantigas* e *O son das ondas*, ámbalas dúas de Henrique Monteagudo

Calvo, Manuel, “Os centros escolares de Ordes celebran durante esta semana o Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 1998, p. 55.

Infórmase do programa de actuacións de diferentes centros escolares para a celebración do Día das Letras Galegas, como no colexio Castelao, de Mesón do Bento, no colexio público de Ponte Carreira ou no colexio Pecala, de Pontepedra, no Concello de Tordoia.

Campa, Javier D., “Xesús Alonso Montero afirma que “o 17 de maio é a gran festa nacional galega”, *Atlántico Diario*, 15 maio 1998, p. 12.

Noticia que dá conta da inauguración na Galería Sargadelos de Vigo da exposición titulada “Ondas do mar de Vigo”. Refírese á presencia no acto de Francisco Fernández del Riego, Mercedes Brea e Xesús Alonso Montero.

_____, “Fernández del Riego calificou a celebración do Día das Letras como un tributo ás nosas raices”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1998, p. 4.

Nota informativa que dá conta da Sesión Extraordinaria da Real Academia Galega celebrada na Illa de San Simón. Faise referencia a algún dos persoeiros que interviron no acto, como Carlos Casares, quen se referiu ó carácter popular e humilde das cantigas de amigo, a poeta Luz Pozo, que evocou a obra de Mendiño, cun poema titulado “Mar de Mendiño, Mar de Amor”. Infórmase tamén da intervención de Salvador García Bodaño, quen falou do misterio que envolve ós tres trobadores da Ría de Vigo. Logo de facer alusión ó presidente da Real Academia, Francisco Fernández del Riego, saliéntase o recital do poeta Xavier Rodríguez Barrio, acompañado á zanfoña por Luciano Pérez.

Carrera, Rosé, “Tavani defende a súa interpretación da cantiga de Meendinho fronte á tradicional de Nunes”, *Atlántico Diario*, 22 maio 1998, p.12.

Infórmase da conferencia de Guiseppe Tavani, centrada na exposición da súa interpretación da cantiga de Mendiño seguindo a lectura dos cancioneiros de Lisboa e da Vaticana. Dáse conta tamén do traballo do catedrático Basilio Losada, quen tratou a figura de San Bernardo, o fundador do Císter. Faise ademais un percorrido polos distintos estudiosos que acudiron á Illa de San Simón e sobre os seus relatorios.

_____, “Camiño Noia esperta a polémica en San Simón ó dicir que Meendinho era unha muller”, *Atlántico Diario*, 23 maio 1999, p. 13.

Faise referencia ós argumentos de Camino Noia acerca do sexo de Mendiño, defendidos por algúns dos presentes no congreso “O Mar das Cantigas”. Indícase que, sen embargo, foron máis as reaccións contrarias que despertou, xa que participantes como Giulia Lanciani ou Giuseppe Tavani negaron que a súa hipótese fose válida, xa que non está documentada. Infórmase tamén da intervención no mesmo Congreso de Giulia Lanciani, quen presentou unha teoría sobre a “polixenética” das cantigas, así como doutros relatores como Isabel González, Teresa García-Sabell, Luciana Stegnano e Gemma Vallín, entre outros.

_____, “Angela Correia, cun estudio sobre o refrán, reforza a tese de Tavani sobre Meendinho”, *Atlántico Diario*, 24 maio 1998, p. 14.

Infórmase da ponencia de Angela Correia no congreso “O mar das cantigas”, centrada no estudio do refrán das cantigas segundo aparecen transcritas nos distintos Cancioneiros, mantendo a tese apoiada por Tavani. Faise un percorrido por algunhas das exposicións levadas a cabo no Congreso, como a de Carlos Paulo Martínez, Mercedes Brea ou o musicólogo Manuel Pedro Ferreira. Menciónase a hipótese, exposta por Camiño Noia, de que Mendiño fose unha muller e reflíctense as opinións de Giuseppe Tavani para quen “foi un congreso moi interesante dende o punto de vista da investigación científica e literaria das cantigas”.

_____, “Ferreira bota por terra algúns dos tópicos sobre a música trobadoresca”, *Atlántico Diario*, 24 maio 1998, p. 14.

Dáse conta das exposicións do musicólogo Manuel Pedro Ferreira, quen analizou as posibles interpretacións das cantigas de amigo de Martín Codax. Explícase que este estudioso contrapón as cantigas de amigo ás de amor dende o punto de vista da música, tendo as primeiras unha forte interferencia de música eclesiástica e as segundas da música cortesana, francesa e mesmo da música do Al-Andalus. Incídese finalmente na crítica que fixo Manuel Pedro Ferreira ó redor do monumento levantado en San Simón ós tres trobadores, xa que, segundo el non se axusta á realidade.

_____, “Luciana Stegagno: existe unha volta á oralidade na interpretación dos textos”, *Atlántico Diario*, 24 maio 1998, p. 14.

Infórmase da participación de Luciana Stegagno no Congreso “O Mar das Cantigas”. Indícase que, recoñecendo a existencia dunha tradición oral da poesía feminina, actualmente “hai unha volta á oralidade na interpretación dos textos”. Dise tamén que a estudiosa italiana se mostrou contraria á consideración da autoría feminina das cantigas, aínda sendo partidaria da súa discusión.

Castro, Xavier R., “A troba sae do circuíto”, *O Correo Galego*, 19 maio 1998, p. 39.

Nota informativa que dá conta da celebración do Día das Letras Galegas do 15 ó 16 de maio na Universidade de Birminghan, onde se organizou o Simposio Internacional “Ondas do mar de Vigo”, no que participaron estudiosos como Méndez Ferrín, Guiseppe Tavani, Teresa López, Henrique Monteagudo, Xosé Ramón Pena ou Graça Lideira Lopes. Aprovéitase tamén para facer unha aproximación ó nacemento e organización do “Seminar of Galician Studies”, desta universidade inglesa.

Castro, Manuel de, “Regalan libros de Martín Codax con motivo del Día das Letras Galegas”, *El Mundo. Galicia*, 12 maio 1998, p. 7.

Infórmase da iniciativa, levada a cabo polas librerías galegas, de regalar un exemplar das cantigas do trobador vigués Martín Codax ós clientes que compraron un libro en lingua galega durante os días 16, 17 e 18 de maio. Explícase que a obra foi editada por Galaxia e está prologada por Francisco Fernández del Riego, presidente da RAG e inclúe un facsímil do cancioneiro da Biblioteca da Vaticana. Infórmase tamén da celebración do acto institucional do día 17 na Illa de San Simón e do anuncio, por parte do presidente da Federación de Libreiros, José Manuel Alonso, do remate do terceiro catálogo de publicacións en galego, así como do proxecto dun cuarto que comprende as obras realizadas entre 1993 e 1997 que incluirá formato CD-Rom.

Conde, J., “Mendiño segue na rede”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1998, p. 18.

Nota que informa dun traballo sobre Mendiño realizado por dous colexios públicos de Redondela e resume o seu contido: a historia de Galicia ata as primeiras manifestacións en romance, os tipos de cantigas trobadorescas e un estudio sobre Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas. Infórmase, ademais, de que obras destes trobadores poderán ser consultadas en Internet, gracias á iniciativa da TVG.

Conde, Jaime, “La Xunta rehabilitará dos edificios de San Simón para el Día das Letras”, *Faro de Vigo*, 24 xaneiro 1998, p. 12.

Informa dos traballos de rehabilitación que se van levar a cabo na Illa de San Simón por parte da Consellería de Cultura e da Consellería de Pesca e anuncia os actos que a Consellería de Cultura celebrou con motivo das Letras Galegas: as xornadas sobre a figura dos tres trobadores da Ría de Vigo, unha cea medieval e unha escenificación da época. Tamén se anuncia o propósito de erguer unha escultura de cinco metros de altura representando os tres trobadores e o proxecto de crear na illa de San Simón unha casa europea cultural dos oficios do mar.

Conde, Jaime, “Tavani reclama unha nova lectura de Codax e Mendiño no Congreso sobre lírica medieval”, *Faro de Vigo*, 22 maio 1998, p. 59.

Dá conta dunha petición de Giusseppe Tavani, formulada logo de mostra-la súa teoría sobre os dous trobadores que se inspiraron na Ría de Vigo, consistente en facer unha nova lectura da cantiga de Mendiño, pois cre que existen erros de transcrición do manuscrito orixinal. Recóllese tamén a opinión de Basilio Losada, quen se mostra a favor das traduccións que chegaron ata nós das composicións de Mendiño e Martín Codax.

_____, “A teoría do travestismo de Mendiño axita o Congreso de San Simón”, *Faro de Vigo*, 23 maio 1998, p. 46.

Céntrase na hipótese exposta no congreso da Illa de San Simón por Camino Noia, na que formulou a posibilidade de que Mendiño fose unha muller. Coméntase o escaso apoio por parte de congresistas como Giusseppe Tavani ou Alonso Montero, quen afirmou que “non se pode dar a volta ó sistema planetario”. Alúdese á importancia que Giulia Lanciani lle atribuíu ó Camiño de Santiago na Idade Media, ás referencias de Teresa García Sabell á lírica francesa, ó comentario no que Luz Pozo sinala que as jarchas son femininas, ou á comparación feita por Isabel González entre a poesía galego-portuguesa e a siciliana. A alusión ós participantes complétase coa mención de Luciana Steagagno, que falou de arquetipos e tradicións, Henrique Monteagudo, que afondou no poema de Mendiño, e Gema Vallín, que falou das albas .

_____, “O Congreso de trobadorismo conclúe coa promesa de reler a Mendiño e Martin Codax”, *Faro de Vigo*, 24 maio 1998, p. 54.

Salienta as declaracións de G. Tavani e Manuel Pedro Ferreira sobre as propostas de revisa-los poemas de Mendiño e Martín Codax e profundar no estudio da música das cantigas, respectivamente. Tamén dá conta das opinións de Alonso Montero, para quen “recuperar a illa para a historia literaria foi o mellor”. Fálase, así mesmo, dunha importante ausencia, a da profesora italiana Anna Ferrari, que tiña previsto dar unha conferencia sobre as cantigas de amigo.

Cuerdo, Ada, “Día das Letras Galegas” en As Neves”, *Faro de Vigo*, 9 maio 1998, p. 38.

Expón o programa de actividades do Concello de As Neves na celebración do Día das Letras Galegas. Entre elas destaca unha representación teatral do grupo de Teatro da Picoña de Salceda de Caselas.

D. P., “O BNG de Cotobade e o Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 1 maio 1998, p. 24.

Reflicte a preocupación dos edís do BNG do Concello de Cotobade pola pouca atención que lle dedica o Concello á celebración do Día das Letras Galegas. Informa da presentación no pleno dunha serie de preguntas feitas polo grupo nacionalista, referentes á organización de actividades deste ano.

_____, “Día das Letras Galegas franquistas, según el BNG”, *Diario de Pontevedra*, 2 maio 1998, p. 3.

Poñense de manifesto as queixas do grupo municipal do BNG de Pontevedra ó PP, nas que expón que o programa de actos para a celebración do Día das Letras Galegas do ano 1998 “pon en evidencia a concepción marxinal da lingua e cultura galegas (…)”.

_____, “La Universidad celebra el Día das Letras Galegas en el Campus de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1998, p. 7.

Noticia que dá conta do acto de conmemoración do Día das Letras Galegas na Universidade de Vigo, inaugurado coa conferencia de Xesús Alonso Montero, “Mendiño e os grandes poetas pobres dos nosos cancioneiros”.

_____, “Actos de las “Letras Galegas” en el Colegio San Narciso”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1998, p. 18.

Infórmase das actividades que tiveron lugar co motivo da celebración do Día das Letras Galegas no Colexio San Narciso. Entre elas salienta as actuacións musicais e a proxección do audiovisual “O son das ondas”.

_____, “Los colegios celebraron actos de las “Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1998, p. 18.

A celebración do Día das Letras Galegas en diferentes colexios do concello de Marín ocupa a nota informativa, na que se fai referencia a centros como o Público Sequelo, o colexio Inmaculada Concepción, San Narciso, Carballal, Seixo, Ardán e A Laxa, que se sumaron á homenaxe á lingua e á literatura galegas neste día.

_____, “Poca participación en la celebración del Día das Letras Galegas en la Universidad”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1998, p. 7.

Noticia relativa á celebración do Día das Letras Galegas no campus pontevedrés da Universidade de Vigo. Destácase a ausencia de representantes do concello de Pontevedra e da Deputación. Saliéntase a conferencia de Xesús Alonso Montero sobre a figura de Mendiño e tamén a entrega de premios de relato curto, poesía, traducción e teatro convocados polo Vicerrectorado de Relacións Externas.

E. G., “Los centros escolares celebran el Día das Letras con teatro y música”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1998, p. 16.

Infórmase da programación dos actos do Colexio Foxo de Caldelas, que contou coa interpretación do himno galego con frauta e da representación de diversas obras de teatro: *O rei bandullán*, *O mono da caxata* e *Mórdeme*. Do mesmo xeito, infórmase de que o colexio número dous de Tui representou a obra *O segredo de Daniel*. Aprovéitase tamén para dar conta da exposición de pintura e escultura de Quessada e Acisclo e do mini concerto de Aloia e Ramiro na Galería de Arte do Baixo Trisquel e Medulio.

Estévez, Arantxa, “Martin Codax, Mendiño e Xoán de Cangas voltan ao mar de Vigo”, *A Nosa Terra*, nº 830, “Guieiro Cultural”, 14 maio 1998, p. 25.

Faise referencia á escaseza de datos biográficos dos poetas medievais ós que se lle dedica o Día das Letras Galegas e saliéntase a posibilidade de que fosen de procedencia humilde. Ponse de relevo o interese literario que espertan estes tres escritores, tal e como se desprende do elevado número de relatorios que se presentan ó congreso da Illa de San Simón. Ademais, cítanse algúns dos libros publicados este ano sobre as tres figuras medievais homenaxeadas.

Feijoo, Raquel, “O mar de Mendiño como conflicto”, *La Región*, 11 novembro 1998, p. 12.

Dá conta da conferencia pronunciada por Luz Pozo Garza no Liceo Recreo ouresán sobre “O mar de Mendiño como conflicto”, dentro das xornadas sobre “A lírica no medioevo”. Achéganse algúns detalles sobre a lectura psicanalítica feita sobre a cantiga de Mendiño.

Fernández, Miguel, “El escritor Neira Vilas viaja a Argentina para celebrar el “Día das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 267, 12-18 maio 1998, p. 20.

Infórmase da presencia do escritor galego Xosé Neira Vilas en Arxentina e no Uruguai, despois de 37 anos, para impartir unha serie de conferencias sobre a cultura galega, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Faise ademais un pequeno percorrido pola actividade de Neira Vilas na emigración.

Fernández del Riego, Francisco, “Orixe das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 268 19-25 maio 1998, p. 17.

Evoca o ano 1963 cando, xunto con Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, lle dirixiron un escrito á Real Academia Galega solicitándolle a consagración da data na que se publicara *Cantares Gallegos*, un dezasete de maio de 1863. A partir de aquí explica como foi aceptada a proposta e o entusiasmo co que foi acollida a primeira celebración, dedicada a Rosalía de Castro. Opina que a “festa literaria do idioma noso, xa institucionalizada, vén de representar un dos camiños de achegamento do nivel cultural e de compromiso das xentes do país coa lingua propia”.

Ferreira, Antón, “A Guarda rendirá homenaje a la poetisa María Vázquez el Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, 13 maio 1998, p. 19.

Noticia que dá conta da homenaxe á poetisa guardesa María Asunción Vázquez Vicente “Chuny”, por parte da Agrupación Cultural do Concello.

Franco, F., “Segue a palabra, segue o canto”, *Faro de Vigo*, 12 maio 1998, p. 45.

Infórmase do acto celebrado na Sala de Conferencias de Caixavigo, que contou, entre os seus invitados, con xente de tódalas xeracións e sectores da cidade e coa presencia Méndez Ferrín e Fernández del Riego. Saliéntase que a intervención de Ferrín xirou sobre a historia e “arqueoloxía” medieval da Ría de Vigo e que o presidente da Real Academia, pola súa banda, centrou fixo a súa exposición en aspectos literarios, académicos relativos ó ensino das cantigas.

G. M., “La Xunta declara 1998 Año de Mendinho, Martín Códax y Johan de Cangas”, *Galicia en el Mundo*, nº 250, 13-19 xaneiro 1998, p. 21.

Infórmase da resolución do goberno galego pola que se declara 1998 como o ano dos tres trobadores da Ría de Vigo.

_____, “La isla de San Simón será la sede de los actos centrales del Días das Letras galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 252, 27 xaneiro-2febreiro 1998, p. 19.

Infórmase da rehabilitación da Illa de San Simón dentro dun proxecto levado a cabo de forma conxunta polas Consellerías de Cultura, de Pesca e de Medio Ambiente.

_____, “Celebración del “Día das Letras Galegas” en La Habana”, *Galicia en el Mundo*, nº 269, 26 maio-1 xuño 1998, p. 26.

Nota informativa na que se dá conta dos actos levados a cabo no Centro Gallego de La Habana co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, e que consistiron fundamentalmente, na actuación de grupos folclóricos e na interpretación de coreografías de ballet e de concertos de piano.

_____, “El Centro Gallego de Palma de Mallorca festeja el “Día das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 269, 26 maio-1 xuño 1998, p. 26.

Infórmase dos actos levados a cabo, entre o 9 e o 17 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, no Centro Galego de Palma de Mallorca, no marco da súa XIIª Semana Cultural. Segundo se di consistiron en exposicións de pintura, actuacións de grupos folclóricos, promoción da gastronomía, etnografía e paisaxe galegas, proxeccións e charla-coloquio sobre o Camiño de Santiago, conferencias sobre os tres poetas da Ría de Vigo e un recital dos poemas galegos de Lorca.

_____, “Distintos actos de los colectivos gallegos en Madrid con motivo del “Día de las Letras Gallegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 270, 1-7 xuño 1998, p. 21.

Dá conta dos actos levados a cabo en diversos centros da capital do estado e en localidades próximas a esta, como Móstoles, Alcobendas ou Colmenar del Arroyo, en relación ó Día das Letras Galegas.

García Cheda, Pilar, “Alonso Montero defende a vixencia da cantiga medieval”, *El Progreso*, 8 maio 1998, p. 75.

Informa da presencia de Xesús Alonso Montero en Lugo, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, para impartir unha conferencia que xirou ó redor das figuras de Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas.

Gil, Francisco J., “A festa das Letras Galegas abre por primeira vez a Illa de San Simón á vida cívica”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1998, p. 12.

Dáse conta da apertura ó público da Illa de San Simón para a celebración do acto do Día das Letras Galegas. Faise un pequeno resumo da historia da Illa e dáse a relación dalgunhas autoridades e escritores que participaron no acto de inauguración, que rematou cun recital “poético-musical” do poeta Xabier Rodríguez Barrio, acompañado da zanfoña por Luciano Pérez.

_____, “Martin Codax e Johan de Cangas homenaxeados en Vigo e no Morrazo”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1998, p. 13.

Percorrido polos actos oficiais que, con motivo do Día das Letras Galegas, se celebraron en Vigo e no Morrazo. Sinálase que, dende a Illa de San Simón, os participantes desprazáronse ata o Pazo Quiñones de León de Castrelos e a Cangas, onde os recibiron o alcalde desta vila, Euloxio Lopez, o Concelleiro de Cultura e mailo escritor Bernardino Graña. Fálase, ademais, dos actos celebrados no Concello de Cangas, que incluíron a celebración dun recital coa interpretación de tres cantigas por un grupo de cámara.

González Martín, Gerardo, “Nieto Pena propuso hacer de San Simón un cementerio de poetas que cantaron al mar”, *Faro de Vigo*, 9 maio 1998, p. 10.

Glósase a figura de Xesús Nieto Pena, escritor nado en Vigo e morto en Carcassonne (Francia), no ano 1964, quen, en febreiro do ano 1936 propuxera no desaparecido diario *El Pueblo Gallego* a posibilidade de converte-la illa de San Simón nun cemiterio de poetas que nas súas composición cantaran ó noso mar.

J. C., “La Academia Galega se fija en San Simón para celebrar el 17 de mayo”, *Faro de Vigo*, 23 xaneiro 1998, p. 18.

Dáse conta da visita do Presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, á illa de San Simón para analiza-las posibilidades de realizar alí algún acto académico o 17 de maio, Día das Letras Galegas. Infórmase tamén da posibilidade de colaboración do Concello de Redondela con Xesús Alonso Montero para a publicación dun estudio sobre a cantiga de Mendiño e reflíctese o desexo do alcalde de Redondela de ve-la illa convertida nun centro de investigacións mariñas e de deportes náuticos como a vela.

_____, “Mendiño, en la torre de Babel”, *Faro de Vigo*, 17 abril 1998, p. 18.

Infórmase do proxecto proposto por Xesús Alonso Montero de traducir a trinta idiomas a única cantiga de Mendiño, contando coa colaboración do Concello de Redondela. Explícase que, ademais da traducción da cantiga, prevese que o libro conte cun prólogo de Alonso Montero no que se sitúan cronoloxicamente as cantigas e se explique como se desenvolveu a lírica medieval. Dá conta tamén da publicación, por parte do Concello de Redondela, de *Cantigas de Cego*, coa colaboración da ONCE e da Consellería de Cultura, iniciativa que xa tivera un precedente no ano 1987, cando un bando sobre as medidas hixiénico-sanitarias na matanza do porco foi convertido nun cartel de cego polos actores Morris e Manuel Pombal.

_____, “Charla sobre poesía galega y portuguesa en Baiona", Diario Atlántico, 15 maio 1998, p. 18.

Informa da charla pronunciada por Ignacio Rodiño Caramés e Antonio Fernández Guiadanes, investigadores do Centro Ramón Piñeiro, na Biblioteca de Baiona, que versou sobre poesía galego-portuguesa dos séculos XIII-XIV.

L. R. V., “Los escolares conmemoraron el Día das Letras Galegas”, *La Región*, 21 maio 1998, p. 29.

Referencia ós actos celebrados no instituto de ensino medio de A Rúa con motivo do Días das Letras Galegas: xogos, competicións deportivas e a escenificación de representacións teatrais. Infórmase da interpretación de composicións de Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax.

Leis, Iván, “Ferrín: “Os trobeiros do Mar de Vigo son un precedente da poesía galega do século XX”, *Faro de Vigo*, 12 maio 1998, p. 44.

Céntrase nas charlas de X. L. Méndez Ferrín e Francisco Fernández del Riego no Club Faro. Salienta na de Ferrín consideracións como o resultado da investigación histórica e literaria sobre a situación dos tres xograres da Ría de Vigo. No tocante á de Fernández del Riego, comenta que se centrou na lembranza do Día das Letras Galegas. Recolle tamén a opinión de Méndez Ferrín sobre a orixe de Martín Codax, a situación da ermida de San Simón na pequena illa no fondo da Ría de Vigo que leva o mesmo nome e sobre a orixe de Xoán de Cangas.

López, Uxía, “El instituto Macías promueve concursos para celebrar el Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 8 maio 1998, p. 53.

Infórmase dos actos que se van celebrar con motivo do Día das Letras Galegas no instituto Macías o Namorado de Padrón.

M. D., “Galeguidade en As Nogais”, *El Progreso*, 19 maio 1998, p. 15.

Relatorio das actividades realizadas entre os días 19 e 22 de maio no colexio de educación infantil e primaria de As Nogais para conmemora-lo Día das Letras Galegas: mostras de etnografía, música, poesía e teatro, nas que participaron activamente os alumnos e alumnas do centro.

M. G., “Fraga: “A lingua galega é o expoñente da nosa autoidentificación”,

O Correo Galego, 18 maio 1998, p. 20.

Recóllense as palabras do Presidente da Xunta, Manuel Fraga, no acto de inauguración do monumento dedicado ós tres trobadores da Ría de Vigo na illa de San Simón. Saliéntanse as palabras referentes á lingua galega como sinal de autoidentificación, así como a consolidación da celebración do Día das Letras Galegas ou aspectos relacionados coa normalización lingüística.

_____, “A cultura e a sociedade de Galicia homenaxean na illa de San Simón por todo o alto os tres trobeiros máis significativos da ría de Vigo”, *O Correo Galego*, 18 maio 1998, p. 20.

Dáse conta do acto oficial da Real Academia Galega celebrado na Illa de San Simón para homenaxea-los tres poetas da Ría de Vigo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Faise unha nómina das autoridades asistentes ó acto e recóllense algunhas das declaracións de Carlos Casares sobre a importancia da lírica medieval.

M. J. A., “Una feria del libro y un recital de poesía, centraron el Día das Letras en Ourense”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1998, p. 16.

Infórmase da celebración do Día das Letras Galegas en Ourense e dos diversos actos que tiveron lugar: a colocación de casetas na rúa do Paseo, un recital de poesía no que participaron Xosé Carlos Caneiro e Pura Vázquez, a iniciativa do concello de Ourense de regalar un diccionario a cada unha das seis asociacións veciñais que hai na cidade, e a iniciativa dos libreiros de regalar un libriño con algunhas das cantigas de Mendiño, Xoán de Cangas ou Martín Codax a cada comprador.

M. X. B., “Reparto de libros por el Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, 18 abril 1998, p. 18.

Dá conta dos actos levados a cabo no Concello de Boiro con motivo do Día das Letras Galegas: distribución de cen exemplares do libro *Os trobadores do Reino de Galiza* (1997) entre os centros de ensino e asociacións culturais, a organización de actos relacionados coa lectura no marco da celebración do Día do Libro e a colaboración dun contacontos que percorrerá os colexios de Boiro.

Mallo, Albino, “Os trobeiros medievais chegaron a Bos Aires a través de Neira Vilas”, *O Correo Galego*, “Reportaxe”, 14 xullo 1998, p. 48.

Informa da viaxe realizada a Arxentina por Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda. Coméntase que o escritor de Gres pronunciou, no Centro de Lalín en Buenos Aires, unha conferencia sobre a personalidade dos tres poetas homenaxeados con motivo do Día das Letras Galegas. Con palabras do propio autor ofrécense máis detalles da viaxe, que proseguiu por Montevideo.

Martínez, B., “Cangas lembra hoxe ós xograres da Ría con dous festivais folclóricos”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1998, p. 23.

Relatorio dos actos celebrados en Cangas polo Día das Letras Galegas e que remataron coa recepción no Concello dos membros da RAG que participaron no acto oficial celebrado na illa de San Simón. Enuméranse os actos, entre os que se contan a celebración de concertos, como o que interpretou a agrupación “Amigos da Música” recreando cantigas de Xoán de Cangas, a celebración de dous festivais folclóricos coa participación de diversos grupos e a exposición que sobre “Trobadores e xograres na Galiza medieval” realizou María Soliño, na Casa da Cultura. Aprovéitase tamén para sinalar que no Concello de Moaña tivo lugar un festival folclórico organizado pola agrupación local Charaviscas.

Moldes, José Manuel, “Día das Letras Galegas en O Grove”, *Diario de Pontevedra*, 7 maio 1998, p. 24.

Infórmase das actividades levadas a cabo no Concello do Grove con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, que consistiron en charlas literarias, música e actividades relacionadas co teatro, coa representación de *A taberna sen dono,* de M. P. Varela Buxán e *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela. Dáse conta tamén da celebración dunha Feira do Libro no Concello.

Nogareda, J., “Literatura, teatro y pintura, oferta de la A. C. Lumieira”, *El Correo Gallego*, 9 maio 1998, p. 17.

Dá conta da relación de actividades realizadas pola Agrupación Cultural Lumieira de Carballo con motivo do Día das Letras Galegas: a presentación do libro *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), de Mercedes Queixas Zas e un recital poético, a cargo da agrupación cultural Alexandre Bóveda da Coruña.

Nóvoa, Xosé Ramón, “Letras Galegas son bits galegos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 maio 1998, p. XII-XIII.

Refírese á importancia que Internet ten actualmente para o acceso á cultura galega dando unha serie de enderezos electrónicos para poder acceder ás diversas manifestacións culturais que teñen lugar na rede. Expón o valor que teñen estas novas tecnoloxías na celebración do Día das Letras Galegas.

P. G., “El Concello entregó a los colegios vigueses un lote de libros con motivo del Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1998, p. 9.

Informa da entrega dun lote de catro libros sobre os trobadores da Ría de Vigo a máis de douscentos centros públicos e privados de Vigo. Os libros entregados foron: *O son das ondas: Mendiño, Martín Codax, Johán de Cangas*, de Henrique Monteagudo; *Xograres do Mar de Vigo*, de Xosé Ramón Pena; *Os trobadores do reino de Galiza*, de Mercedes Queixas Zas e *Tres poetas medievais da Ría de Vigo*, de María do Carmo Kruckemberg.

Pablos, “Ondas do mar de Vigo”, muestra bibliográfica sobre los trovadores”,

Faro de Vigo, 15 maio 1998, p. 50.

Infórmase da inauguración da exposición bibliográfica titulada “Ondas do mar de Vigo”, na Galería Sargadelos de Vigo, na que se recollen edicións e estudios sobre os tres poetas da Ría. Sinala que esta mostra procede dunha biblioteca privada madrileña e que foi presentada por Mercedes Brea, Xesús Alonso Montero e Francisco Fernández del Riego. Alude tamén á publicación dun catálogo, cun estudio de Charo Portela Yáñez, no que figuran datos dos poetas glosados, o texto das once composicións e a referencia de todo o material exposto.

_____, “Tres jóvenes poetas gallegos recitan sus versos en honor a los trovadores del mar vigués”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1998, p. 50.

Dá conta do recital que realizaron Fran Alonso, Anxo Angueira e Ramiro Fonte dentro dos actos programados por El Corte Inglés e pola Editorial Xerais. Alúdese tamén ó acto de interpretación das cantigas de Martín Codax por parte do grupo portugués Vozes Alfonsinas.

Pousa, Luis, “As librerías abren hoxe para celebrar o Día das Letras con descontos do 10%”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1998, p. 7.

Infórmase da posibilidade de que os libreiros da Cidade da Coruña abran as súas librerías durante a xornada de celebración do Día das Letras Galegas tras obte-lo permiso da Dirección Xeral de Comercio. Coméntase que nese día, ademais, os libreiros rebaixan un dez por cento o prezo dos libros escritos en galego, regalando, nesta ocasión, un exemplar das cantigas de Martín Codax, editadas por Galaxia coa Colaboración da Consellería de Cultura, a quen merque un libro en galego.

R. F., “Homenaxe a Antón da Ponte nos “360 e cinco días de letras galegas”,

La Región, 19 maio, 1998, p. 16.

Anúncianse os actos literario-culturais que a Agrupación Cultural Auriense ten programados para despois do 17 de maio, entre os que se encontran unha homenaxe a Antón da Ponte e unha ofrenda poético floral. Ó final ofrécese unha breve historia da Agrupación.

R. R., “Alumnos de Lourido y Campelo inician los actos programados en la Semana Cultural”, *Diario de Pontevedra*, 11maio 1998, p. 14.

Fala das actividades que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas se realizaron no Colexio Público de Lourido: interpretacións de cancións populares e tradicionais, recitais de poemas dialogados entre os membros da escola, recital de música con frauta, un repertorio de chistes, a lectura dunha cantiga e a interpretación dun romance de cego.

Reimunde, Ramón, “O “meu” pergamiño de Martin Codax”, *El Progreso*, 17 maio 1998, pp. 74-75.

Relata o seu periplo na Pierpont Morgan Library de Nova Iorque, onde está custodiado o *Pergamiño Vindel* que contén as sete cantigas de Martín Codax. Alí tivo, segundo as súas palabras a “inmensa fortuna” de tocar cos seus dedos o manuscrito. Ofrece unha serie de datos sobre a historia *do Pergamiño Vindel* referentes á orde na que se deben le-las sete cantigas, “non (...) na orde orixinal” na que aparecen. Sobre a decisión de lle dedica-lo do Día das Letras Galegas ós tres trobadores considera que responde, no caso de Martín Codax, a un desexo de reafirmar, a partir do *Pergamiño Vindel*, a diferenciación entre galego e portugués e, no caso dos outros dous poetas, ó feito de se-la súa galeguidade innegable. Aínda así, sinala que “de pouco lles vale. Tempo perdido porque as diferenzas están exclusivamente na utilización de duas grafias nn e ll no *Pergamiño Vindel* fronte nh e lh nos outros Cancioneiros (...)”.

_____, “O congreso “O mar das cantigas”, *El Progreso*, *“Táboa Redonda”*, nº 75, 6 xuño 1998, pp. IV-V.

Repaso do congreso celebrado na illa de San Simón, no que se fai referencia ó espacio no que se levou a cabo e se leva a cabo un breve percorrido polos investigadores que asistiron: Basilio Losada, Luz Pozo, Isabel González. Menciona tamén outros aspectos, como a cea medieval que se fixo na illa ou a viaxe en barco pola Ría de Vigo.

Roy, C. G., “Los trovadores medievales, pilares de la cultura gallega”, *El Mundo. Galicia*, 18 maio 1998, p. 2.

Informa do acto de inauguración do congreso “O Mar das Cantigas”, celebrado na Illa de San Simón. Recolle as palabras dalgúns académicos como Luz Pozo ou García Bodaño e nomea as autoridades que interviron neste acto, como o Presidente da Xunta, o Presidente do Consello da Cultura Galega. Salienta tamén a edición, por parte de Xunta de Galicia, dun libro coa cantiga de Mendiño traducida a vinte idiomas.

Santos, J., “A Real Academia Galega honra ós poetas da Ría sobre as ondas do Mar de Vigo”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1998, p. 63.

Refírese ó congreso de literatura medieval celebrado na Illa de San Simón e salienta certos aspectos, como a presencia de Carlos Casares, Luz Pozo Garza ou Salvador García Bodaño ou a queixa de Carlos Casares por non poder contar en Galicia co *Pergamiño Vindel*, que recolle as cantigas de Martín Codax. Infórmase tamén da presencia do Presidente da Xunta de Galicia e, finalmente, enuméranse os actos que tiveron lugar en Cangas ó finaliza-los eventos na Illa de San Simón.

Silva, Carolina, “Fernández del Riego ve en San Simón o “escenario” do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 23 xaneiro 1998, p. 72.

Informa sobre a posibilidade de celebra-lo Día das Letras Galegas na Illa de San Simón, o día 17 de maio. Recóllese á opinión de estudiosos como Francisco Fernández del Riego ou Xesús Alonso Montero, que louvaron o emprazamento desta celebración.

_____, “A recuperación da illa de San Simón comezará o Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 24 xaneiro 1998, p. 73.

Saliéntase a recuperación histórico-cultural e medioambiental da Illa de San Simón, clave da súa reahabilitación. Ofrécese parte do “programa” de actuacións previsto na illa para o 17 de maio.

V. M. C., “Unos 250 especialistas asistieron al congreso “O mar das cantigas”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 30 maio 1998, p. XI.

Infórmase da celebración do congreso “O mar das cantigas” que tivo lugar na Illa de San Simón do 21 ó 23 de maio. Faise nesta nota informativa un percorrido polas comunicacións presentadas no congreso, que tivo como acto de clausura un concerto de música medieval o 21 de maio ó que lle seguiu un paseo en barco e unha cea medieval.

Vázquez Rivas, “Alumnos de ESO do Corgo despídense do colexio na revista das Letras Galegas”, *El Progreso*, 29 maio 1998, p. 15.

Alude á creación dun boletín por parte dos Alumnos de ESO do Corgo, con motivo da súa marcha do centro. Coméntase o contido do boletín titulado, *Cousas da escola*, que inclúe referencias ós tres xograres ós que se lles dedicou o Día das Letras Galegas.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Acuña, X. E. e Cesáreo **S. Iglesias** (coords.), *Volver a Murguía*, Vigo: Promocións Culturais Galegas, col. A Nosa Cultura, nº 19, decembro 1998, 79 pp. (ISSN: 0213-3105).

Caderno centrado no polígrafo Manuel Martínez Murguía (Froxel-Arteixo, 1833-A Coruña, 1923) que recolle os seguintes artigos relacionados directamente coa literatura galega.

-Ana Belén Fortes, “O proxecto de creación dunha literatura galega en Murguía”, pp. 24-30.

Aborda o proxecto de creación dunha literatura galega no ideario de Manuel Murguía partindo por encadra-lo polígrafo coruñés na Segunda Xeración Provincialista e por facer referencia ó Rexurdimento e á súa conexión co Romanticismo europeo. A continuación céntrase no interese da literatura dentro do proceso de construcción nacional formando parte dun ideario de rexeneración. Así mesmo, ocúpase da concepción da literatura como parte fundamental da historia dunha nación e incide na necesidade de autonomía institucional como camiño cara a unha literatura nacional posterior ó nacionalismo literario caracterizado pola falta de autonomía na producción literaria. Fai fincapé na tentativa de describir unhas características propias para a literatura galega e neste sentido explícase que a idea de literatura nacional en Murguía se concibe en etapas dende a caracterización a base de cualidades inherentes ata o tratamento de temas foráneos pasando pola lírica e a prosa escritas en galego. En cadanseu apartado ocúpase do parámetro constituído polas literaturas nórdicas así como o que estas ideas teñen de

contradiscurso respecto da literatura española. Tamén merece atención o celtismo como elemento diferenciador da literatura galega así como o interese pola literatura oral oral participando do Romanticismo e como base na que se asenta a literatura nacional. Resáltase o propósito de construí-la historia literaria de Galicia como parte importante do proxecto murguiano ademais de se deter na visión do poeta galego como orientador ou bardo que ha de ser guía do seu pobo, fiel ó seu espírito, comprometido coa súa patria, etc. A parte final do traballo atende á contradición de Murguía ó escribir maioritariamente en castelán, así como ás voces críticas que xa no seu tempo se oíron. A propósito desta cuestión apúntase que o galego era especialmente lingua poética.

-Ramiro Fonte, “O polígrafo destemido. Pensamento literario e crítica”, pp. 31-41.

Sinala o papel que no Rexurdimento desempeñou Manuel Murguía na configuración do pensamento galeguista. Sitúao no grupo da burguesía non galega que puxo ó servicio de Galicia as súas ideas e a súa tarefa intelectual. Defíneo como un “escritor total” e, tomando palabras de Vicente Risco, como “polígrafo destemido”, ademais de valora-las súas contribucións como o primeiro grande crítico da literatura galega. A seguir fala de *Los precursores* e destaca a concepción de Murguía a respecto da importancia da poesía e dos poetas e da necesidade do emprego do galego na literatura. Ó mesmo tempo recoñece nel a un experto en literatura estranxeira e a un home dotado dun grande espírito crítico que verque con obxectividade opinións sobre tres autores moi vencellados a el por razóns de amizade e contacto, como son Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro, a propósito dos cales se erixe no primeiro grande crítico da súa obra poética con opinións valorativas que acabaron por se converter en paradigma da crítica posterior.

-Xosé M. Fernández Costas-Henrique Rabuñal, “Manuel Murguía en “La Ilustración Gallega y Asturiana”, pp. 43-52.

Dedícase o artigo á Revista *IGA* (*Ilustración Gallega y Asturiana*), que tivo o seu antecedente en *La Ilustración de Galicia y Asturias*, na cal xa participaran o propio Murguía, Rosalía e Pondal. Comeza cunha descrición pormenorizada da revista da que se expecifican o formato, o número de páxinas que a conformaban, as seccións que incluía e cita tamén algúns dos cambios que sufriu ó longo da súa existencia. A seguir céntrase nas intencións coas que naceu a revista, a cal seguía unha liña rexionalista, así como os temas que se desenvolvían nela tanto de carácter artístico-literario coma de carácter económico e social. Dá conta tamén dalgúns dos seus máis importantes colaboradores como foron Curros, Pondal, Rosalía Lamas Carvajal, etc. Despois de mencionar brevemente os motivos que levaron ó peche da publicación céntrase na figura de Murguía, director literario da revista, e salienta a súa vasta cultura e os seus amplos coñecementos na maioría das materias tratadas, destacando a súa preocupación pola actualidade e polos problemas máis graves de Galicia no seu tempo como eran a fame, a usura e a peste, así como o retraso na construcción ferroviaria. Aclara, sen embargo, que a pesar da súa preocupación social non descoida os problemas da cultura que tamén reivindicou nos seus artigos, dando especial importancia ás artes plásticas como se pon de manifesto nalgúns artigos publicados e que se citan neste traballo. Cita tamén o tema lingüístico como outra das preocupacións de Murguía, así como o seu entusiasmo pola poesía medieval dende as Cantigas de Afonso X ata o Códice da Vaticana editado por Monaci. Outros artigos recollidos que foron publicados por Murguía nesta revista tratan do tema da emigración galega, a identidade do ser galego, o Fol-klore tanto español coma galego, do que se recollen e comentan outros dous artigos e finalmente conclúe salientando unha das maiores preocupacións do “Patriarca”: os vínculos históricos que unen os pobos de Irlanda e Galicia.

-Teresa López, “No curso do tempo”, pp. 53-59.

Artigo centrado na reflexión do feito literario galego no conxunto da obra de Manuel Murguía. Pártese da consideración de que a literatura galega é centro de atención permanente no seu pensamento e de que irá madurando a súa importancia na conceptualización da identidade galega, así como no proceso de lexitimación lingüística. Logo de se deter na transcendencia do coñecemento da historia, afonda Teresa López nas relacións existentes para Murguía entre lingua e literatura apoiándose para iso no artigo “A D. Juan Valera” no que debe responder cuestións sobre o porqué de querer converte-lo galego nunha lingua literaria. Explica, neste sentido, que Murguía debe defender que non se trata dunha conversión dada a existencia dunha tradición literaria, de aí a importancia dos cancioneiros así como a demostración de que existe unha conexión entre as distintas épocas da tradición literaria galega. Outro dos puntos que merece a atención da estudiosa é o da oposición entre literatura galega e a castelá establecendo a autenticidade como marca distintiva da literatura galega e coa lingua como elemento “secundarizábel”. Ademais ponse de manifesto a consideración de que o desenvolvemento da literatura galega está ligado á capacidade de dotarse dun carácter propio nunha época na que a súa definición “móvese entre a asunción do critério lingüístico como único elemento válido para a sua delimitación e a procura daquelas características que doten a producción literária de características diferenciais”. Afonda ademais na reflexión murguiana que marca a relación do florecemento dos pobos e o da súa arte e literatura, polo que atinxe especial significación o valor da antigüidade e con el o da poesía trobadoresca concibida non só como producto estético senón tamén como elemento auxiliar da investigación histórica.

-Elisardo López Varela, “Manuel Murguía, Curros e a Academia Galega”, pp. 61-69.

Analízase con detalle, a relación que existiu entre o primeiro presidente da Real Academia Galega, Manuel Murguía, e o poeta celanovés Manuel Curros Enríquez. Apúntase que a pesar da súa diferencia de idade, uns dezaoito anos aproximadamente, a ideoloxía rexionalista que compartían e a "dedicación común ao renacer da cultura e da lingua e literatura galegas" contribuíu ó establecemento dunha estricta relación entre os dous intelectuais galegos e á realización dun importante labor en prol da cultura e da lingua galegas. A continuación, López Varela céntrase na presencia de Murguía nos versos de Curros e cita algúns exemplos como o poema "O Ciprianillo", de *Aires da miña terra*, o verso 144 do Canto III, de *O Divino Sainete* ou o poema titulado "A espiña", escrito na Habana. Máis adiante, estudia a relación de Murguía e Curros na Habana, que se iniciou no ano 1894, cando Curros emigrou a Cuba. Ademais, pon de relevo que, o poeta celanovés loitou para crea-lo Centro Galego da Habana, pediu unha subvención para que Murguía continuase a súa *Historia de Galicia* e conseguiulle unha pensión de cincuenta pesos. A seguir, infórmase de que no ano 1904, cando Curros visitou Galicia para ser coroado na Coruña, Murguía escribiu o discurso, que se reproduciu, máis tarde, no número 517 da *Revista Gallega*, publicada o 11 de febreiro de 1905 na Coruña. Por último, alúdese á colaboración dos dous escritores na creación da Real Academia Galega, así como ás dificultades que tiveron para que o proxecto rematase con éxito.

-Francisco Antonio Vidal, "A volta de Murguía", pp. 73-77.

Panorámica biográfica de Manuel Martínez Murguía na que se resaltan algúns aspectos que tiveron especial incidencia na súa vida como os sucesos ocorridos en 1846, nas escaramuzas que rodearon á batalla de Cacheiras e que acabarían cos fusilamentos de Carral. Préstaselle atención tamén á relación con Benito Vicetto que xunto co nacemento da súa primeira filla supoñen un rotundo cambio na obra murguiana. Faise referencia tamén ós faladoiros de Madrid nas que coincide con Rosalía de Castro. O

artigo pon de relevo o recoñecemento que Murguía tivo dos seus coetáneos e fai referencia ó seu talante liberal e á súa dedicación ó galeguismo na última década do século XIX. A última parte apunta o apoio das súas teorías na historia e no carteo con intelectuais do momento ó tempo que alude ás polémicas con Emilia Pardo Bazán. Logo de situa-la súa *Historia de Galicia* como a máis grande das súas obras cita outros títulos da súa autoría para concluír cos innumerables problemas económicos sufridos na etapa final da súa vida.

-Marga Romero, “En prosa... con ela, Rosalía”, pp. 78-79.

Céntrase no libro de Murguía *En prosa* (1895) e apunta o papel innovador do coruñés partindo do prólogo no que o autor ofrece unha serie de reflexións referentes á posibilidade de levar á prosa a expresión do eu lírico. Neste sentido, Marga Romero apunta o diálogo que establece Murguía coa literatura que se está a facer na Europa dese tempo sitúandoo como escritor que está ó día coa ruptura dos xéneros clásicos. Ve no prólogo a un erudito que probablemente tivese noticia de Aloysius Bertand ou Baudelaire e que se sitúa como analista da evolución dos xéneros. Logo de insistir na idea de que Murguía non era alleo ós debates e experimentacións estráñase de que este prólogo pasase desapercibido e se excluíse ó autor do debate literario e da historia da literatura española, xa que “pagábase moi caro no século XIX andar a enredar en historias que explicasen o ser doutros pobos, pagábase, por moito que Madrid o acollese”. Aborda a continuación a estructura da obra, da que resalta a disposición tipográfica, expresa a súa esperanza de que a crítica se deteña neste libro para estudiar esta tentativa de dotación de narratividade á poesía, cuestión de actualidade na literatura galega de hoxe. Así mesmo fai fincapé na lembranza de Rosalía que se desprende da lectura deste libro.

Adrán Goás, Carlos, *Nicomedes Pastor Díaz*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural, col. A Nosa Memoria, nº 17, decembro 1998, 98 pp. (ISBN: 84-453-2230-3). ◆

Principia cun estudio biográfico de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle (Viveiro, 1811-Madrid, 1863) que ocupa a metade do volume. Nel dá conta da súa infancia en Viveiro, da súa época como estudiante en Mondoñedo, Santiago e Madrid e, finalmente, das súas actividades políticas, diplomáticas e literarias. Non esquece apunta-las convulsas circunstancias socio-políticas en que España se viu envolta durante os dous primeiros tercios do século XIX. A seguir vén unha cronoloxía na que se recollen os feitos máis sobranceiros xa comentados na sección anterior e un listado dos escritos legados polo vivariense, organizados nos seguintes apartados: “Obra poética”, “Álbum literario”, “Biografías”, “Escritos políticos”, “Discursos parlamentarios”, “Discursos académicos”, “Novelas”, “Caderno íntimo” e “Cartas”. Antes de rematar, ofrécesenos unha bibliografía onde se mestura a obra de e sobre Nicomedes Pastor Díaz.

Alcalá, Xavier, *La Habana Flash*, limiar de Francisco X. Fernández Naval, Vigo: Galaxia, col. Continental, outubro 1998, 224 pp. (ISBN: 84-8288-239-2).

Crónica dunha viaxe feita a La Habana que Xavier Alcalá abre cunha nota titulada “Explicatio non petita (a censores e servicios de información)” na que explica que “neste relato-quizais novela-úsase a figura do “personaxe estatístico” xa experimentada por intuición en *A nosa cinza* e conscientemente en *Fábula* (historia esta capaz de levar un autor indiscreto diante dos xuíces en país democrático)”, advertindo ó tempo que non “se tente fiar traza de ideas identificadoras, fóra das que expresan persoas con nomes e apelidos”, pide que “non se procure, logo, informante ao que perseguir, pois quen xurda como tal no texto, é producto se cadra, da conxunción de moitos”. No limiar X. Fernández Naval comenta que tamén el viaxou meses despois de que o fixesen Elena e Xavier e constata o acerto con que este describe o visto. Ademais subliña o achegamento ó expolio sufrido polos galegos e a conxunción nos cubanos do fastío pola situación política xunto co receo fronte ós norteamericanos. A crónica é conducida por un narrador en primeira persoa que viaxa xunto coa súa compañeira Inés coincidindo nesta viaxe co Mananxo e o Xavier, escritor que vai pronunciar unha conferencia no Centro Galego o día 25 de xullo. O texto, acompañado de fotografías, está dividido en sete capítulos que parten da evocación do avó Remixio, que fora emigrante na illa, e os sentimentos que inspira Lisboa, cidade na que fan escala. Na estancia na capital cubana conxúgase a visión, á vez descritiva e crítica, do cronista e da súa compañeira co

testemuño dos cubanos, fundamentalmente os de orixe galega e a memoria da empresa cultural e económica por eles protagonizada, agora reducida case absolutamente. Xunto a isto, a complexidade duns sentimentos que se revelan contradictorios entre a simpatía por un pobo en franca decadencia económica e a mirada crítica cara ó poder político férreo e pouco proclive ó cambio.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Crónica dunha viaxe á Cuba de hoxe", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 79, 31 outubro 1998, p. 2.

Define a obra como crónica dunha viaxe á Cuba de hoxe e apunta a convivencia de subxectivismo e desapaixonamento. Comenta o achegamento a unha realidade complexa e contradictoria que provoca no visitante unha sensación de dualidade. Ademais ponse de relevo o protagonismo dos emigrantes galegos na illa. Conclúe apuntando algúns datos biográficos do escritor ferrolán.

Olivia Tudela, "También La Habana es nuestra", *El Ideal Gallego*, "La Galería", nº 22, 8 novembro 1998,
20.

Comenta a presencia na obra dun mundo con personaxes reais e ficticios que contribúen a desface-la fría impresión de crónica que o autor tenta evitar. Saliéntase o obxectivo de visitar un país descoñecido pero tamén hai outros móbiles como a busca de pegadas dos galegos da emigración así como a procura

de novelas futuras. Alúdese á etiqueta de Alcalá como autor realista e coméntase que non lle falta imaxinación no desdobramento do viaxeiro en dous personaxes, así como a vertebración do libro a partir da narración do avó Remixio. Saliéntase a "limpia y sincera curiosidad" e tamén hai unha referencia especial para a "magnífica" descrición da baía de La Habana

-F. Martínez Bouzas, "¿Merda de revolucións?", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias",* nº 37, 26 novembro 1998, p. 6.

Primeiramente traza unha panorámica laudatoria da obra literaria de Xavier Alcalá para de seguido centrarse no seu libro *La Habana Flash*. Destaca a facilidade narrativa e a "paixón" coa que está esrito e, asemade, céntrase na polémica que pode levantar en certos sectores da sociedade galega. Finalmente comenta as excelencias desta obra de crónicas que X. Alcalá foi recollendo na súa viaxe pola illa caribeña, aínda desexando que moito do que nel se conta non fose real.

-Armando Requeixo, "O lóstrego habaneiro", *Tempos Novos*, nº 19, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", decembro 1998, p. 64.

Sinala que, no último cuarto de século, poucos autores da literatura galega teñen orbitado creativamente tan preto do territorio sudamericano como Xavier Alcalá. Nomea as súas obras nas que aparece este referente cultural e detense no comentario da súa última entrega, *La Habana Flash*, que tamén segue esta liña. Salienta que nela o lector atopará a "réplica adecuada á visión procastrista dos galegos de Cuba, que ancoraron un día naquel ecuador insular e que, non esqueceron nunca, o branco lóstrego da lembranza dunha Cuba próspera e gobernativamente predespótica".

-Xosé Mª Eiré, “Morriña de Cuba”, *A Nosa Terra*, nº 860, “Guieiro Cultural”, 10 decembro 1998, pp. 22-23.

A propósito de *La Habana Flash*, coméntase que xa na explicación que antecede ás dedicatorias e ó limiar, Xavier Alcalá deixa entreve-la posibilidade de que o relato sexa unha novela. Eiré non dubida de cualificar así o discurso e apoia a súa afirmación sinalando que os acontecementos aparecen novelados e que o autor se converte en personaxe do seu propio narrador. Asegura ademais que o relato conmoverá a quen non estea familiarizado coa paisaxe humana da illa caribeña e que inclúe as lembranzas e condicións dos personaxes que recolle. Finalmente valora positivamente a estratexia narrativa, os personaxes, os recursos realistas do relato, o estilo áxil, así como a ironía e o humorismo “que pigmentan cortas pasaxes”.

-Xoan Carlos Lagares, “Dualidades, contrastes e paradoxos”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 2, “Especial Literatura Infantil”, “Crítica”, decembro 1998, p. 11

Comentario de *La Habana Flash* no que se explica que consiste nun relato que narra unha visita dual á capital cubana emprendida por un profesor universitario de viaxe turística e por Xavier, un enxeñeiro e novelista que busca material para unha historia, e na que se van recollendo opinións de galegos e cubanos sobre a situación da illa.

Referencias varias:

-Paula Pérez, “Los gallegos de la Habana viven en absoluta miseria”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 82, 29 setembro 1998, p. 7.

Conversa con Xavier Alcalá, co gallo da publicación do seu novo libro *La Habana Flash*, na que confesa como naceu a idea de facer esta novela e a razón pola que decidiu narra-la situación dos galegos emigrados a Cuba e non sobre o Barrio de Peixiño, como tiña pensado nun principio. Refírese á maneira na que viven os galegos na Habana, ó motivo polo que a maioría deles non desexan voltar a Galicia e á imaxe que se dá de Galicia no Centro Galego desta cidade. Salienta tamén a decepción que senten hoxe co réxime os galegos que foran partidarios da revolución, informa das condicións nas que viven os galegos desa cidade e afirma que a súa obra non é un ataque contra o réxime político castrista, senón que é “la concepción de la gente de una generación”.

-Antonhe Loop, “Xavier Alcalá, autor de ‘La Habana flash’, di que o bloqueo é a ‘escusa’ de Fidel Castro”/ “Alcalá sostén que o bloqueo soamente é unha escusa de Fidel Castro”, *El Correo Gallego*/ *O Correo Galego*, “AFA”, 6 novembro 1998, p. 74/p. 38.

Noticia da presentación do libro na que se salienta que o autor se emocionou ó lembra-la situación dos galegos en Cuba e da fame que soporta o pobo cubano. Coméntase que o obxectivo da obra foi a recuperación da memoria dos galegos. Ademais de comentar que o autor vencellou a obra ó xornalismo fálase ademais das referencias críticas que fixo a Fidel Castro.

-José Martínez Couselo, “Alcalá y los libros gallegos de La Habana”, *El Correo Gallego*, “Con acento gallego”, 21 novembro 1998, p. 2.

Quéixase de que os intelectuais galegos calen ou se desentendan dunha triste historia que ocorreu en 1961 ou 1962 sobre o destino da Biblioteca do “Centro Gallego”, de La Habana. A propósito disto fai referencia ó libro de Alcalá e considera que “voló por encima de un asunto capital” e do que só se di que os libros se tiraron dende as fiestras a camións para a reciclaxe do papel.

-Alfredo Conde, “A evasión da literatura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 novembro 1998, p. 48/p. 4.

Fai referencia ó habitual que lle resulta ler varios libros a un tempo para evitar ter que sufrir con algúns que lle producen desacougo. De seguido, céntrase en *La Habana Flash* e destaca que se trata dun libro moi ben escrito e que se “estivese publicado en Madrid “outro galo lle cantara”. Isto enfíao coa materia central tratada no libro, a revolución cubana tratando o tema desde unha perspectiva crítica.

Almazán**, Vicente,** ***Galicia. Breviario para o galego ausente,*** **trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, novembro 1999, 313 pp. (ISBN: 84-8288-319-4).**

Este libro ábrese co poema “Adiós ríos, adiós fontes”, de Rosalía de Castro. No limiar explícase que a intención do autor deste breviario é a de amosar ós emigrantes que “Galicia é unha terra que pode figurar a moi xusto título como unha das entidades culturais máis ricas do vello continente europeo”, así como a de acompañar ó galego ausente no coñecemento de Galicia. O volume está dividido en dúas partes. A primeira presenta dez apartados: “A terra”; “Os habitantes”; “A historia”; “A lingua galega” –describe a historia da lingua propia de Galicia e enuméranse algunha das variantes dialectais; “A literatura ata o Rexurdimento” –repásase a literatura galega dende as súas primeiras manifestacións ata o século XVIII; “As grandes figuras” –faise un repaso biobibliográfico polas figuras do Rexurdimento literario galego: Rosalía, Pondal e Curros; “As letras modernas” –breve panorámica da literatura galega do século XX, centrándose na figura de Castelao; “A arte”; “A prensa” e “A emigración”. A segunda parte, que ten o subtítulo de “As tradicións populares”, consta de quince apartados: “A relixión”; “As romarías”; “Cruceiros e calvarios”; “O hórreo”; “O conto e a lenda” –reprodúcense contos, lendas e romances; “Os refráns” –recóllense refráns referidos á relixión, á comida e mais á morte; “As adiviñas” –relación de doce adiviñas coas súas solucións; “A música popular. As cancións”; “O baile”; “A gaita”; “Os traballos de artesanía”; “Os alcumes”; “A cociña galega”; “A rapa das bestas ou curro”; e, finalmente, “A medicina popular”.

Alonso, Fran, *Territorio ocupado*, fotografías de Manuel G. Vicente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1998, 277 pp. (ISBN:84-8302-280-X).

Volume de Fran Alonso estructurado en dez capítulos que, á súa vez, se dividen en fragmentos numerados a través dos que o narrador-cronista vai relatando a historia do pobo Saharahuí. Iníciase o libro cunha "declaración de intencións" no que se aclara ó lectorado que "*Territorio ocupado* non está escrito desde a imparcialidade (...) senón desde a miña razón subxectiva e desde a razón dun pobo que só queren que o deixen existir". Despois de explicar "¿que son os saharahís?", o narrador cronista recolle capítulo a capítulo a súa experiencia polas viaxes realizadas ó Sahara, pero ademais deixa paso ás voces testemuñais de diferentes personaxes reais que relatan a súa existencia nos campos de refuxiados. Así, asistimos á súa vida cotiá, a diversas experiencias marcadas pola separación de familiares, á organización dos campos, ó papel da muller, á loita pola supervivencia e, nos capítulos finais, faise un percorrido retrospectivo pola guerra e o exilio que os levou ata a súa situación actual. Finalmente, o capítulo "A esperanza", que pecha o volume, deixa, como o título anticipa, un vieiro de esperanza de ter un futuro máis xusto e poder voltar ás súas raíces.

Recensións:

Xosé M. Eiré, “Para ser algo máis libres”, *A Nosa Terra*, nº 843, “Guieiro Cultural”, 13 agosto 1998, 17.

Comeza referíndose ó frecuente erro que se comete á hora de pensar que “só a fórmula novelesca señorea as xeografías da emoción”. Ademais, salienta a necesidade de saber transmiti-la información dun xeito no que os lectores atopen emoción e forza non só no xénero novelesco. Refírese como exemplo de unión de ambos parámetros, información e emoción, ó libro de Fran Alonso, o cal define, segundo indica na portada do propio libro, como “unha intensa crónica humana, entre o periodismo e a literatura, do conflicto saharauí”. A seguir, céntrase na análise do libro do que salienta a súa humanidade, por construírse a partir dos testemuños dos propios saharahuís acompañado de frecuentes fotografías de Manuel G. Vicente. Comenta tamén a estructura da obra, detense no argumento dos primeiros capítulos e nomea algúns dos asuntos tratados no libro dende “unha perspectiva intelixente que obriga ao leitor a sentir elevadas doses de simpatía pola causa saharauí”.

-M. Blanco Rivas, “Unha crónica humana sobre o conflicto saharahuí”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 74, 26 setembro 1998, p. 4.

Fai referencia ó contido do libro e salienta a facilidade da súa lectura “que engancha dende as súas primeiras páxinas”. Céntrase no seu contido, que xira ó redor do pobo saharauí, e descríbeo como un libro xornalístico e á vez literario onde “son as xentes as que falan, as que berran”. Finalmente, fai un breve percorrido pola bibliografía do autor.

-Moisés Lozano Paz, “Os fillos do deserto loitan pola liberdade”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Crónicas”, novembro 1998, p. 8.

Comeza advertindo que *Territorio ocupado* foi concibido coa idea de achega-lo lectorado a “problemática que envolve o conflicto do Sáhara e se sensibilice cos problemas do pobo saharauí”. Este obxectivo lógrase, na súa opinión, cunha “crónica de ritmo áxil, na que o amor polos detalles da vida cotiá non exclúe unha sólida información de fondo”. Loa as boas fotografías de Manuel G. Vicente e enumera os diferentes tipos de personaxes reais que aparecen no libro, así como as coincidencias existentes entre os testemuños recollidos nel, como “a crítica ó colonialismo español, unha manifesta incomprensión da actitude de España”, o odio que senten por Marrocos, a fe cega na independencia, a esperanza de paz, etc. Chámalle a atención o papel relevante das mulleres nesta cultura islámica e que a educación dos nenos estea baseada no perdón e na amizade nuns momentos de conflicto. Observa que nesta obra as testemuñas se definen como pobo pacífico que só colle as armas para defende-los seus dereitos; explica a situación dos saharauís no pasado e na actualidade e di que nesta crónica se recolle como Marrocos ocupou este territorio. Considera que este volume contén información moi válida para coñece-los problemas desta xente e incide nos posibles resultados que pode te-lo citado referendo.

-Ramón Nicolás, “O territorio literario”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Crónicas”, novembro 1998, p. 9.

Cualifica *Territorio ocupado* como unha “crónica a cabalo do xornalismo e a literatura arredor do conflicto saharauí”. Salienta que a obra se ve beneficiada da experiencia narradora do escritor, presente no “áxil manexo das voces narradoras”, da especial sensibilidade de poeta e da ollada xornalística e informativa coa que logra un producto “de alto interese testemuñal e humano” para o lectorado. A seguir, pon de

manifesto que neste libro o autor, a diferencia do que fixo en *Trailer*, evita a "literaturización" ó reducir ó mínimo a intervención do narrador e que gracias a isto mostra "a idiosincrasia, a resistencia e a dignidade dun pobo como o saharauí". Afirma que a narración descobre a verdade deste pobo en tódalas súas dimensións (política, social, económica...), que o traballo fotográfico realizado por Manuel G. Vicente "ameniza e outorga verismo a este volume" e que este libro "é un punto de inflexión na traxectoria literaria de Fran Alonso" ó recupera-la prosa áxil, directa e concisa.

Referencias varias:

-F. F., "Música, poesía y fotografía en la presentación del libro de Fran Alonso 'Territorio ocupado", *Faro de Vigo*, 26 setembro 1998, p. 39.

Noticia da presentación do libro que tivo lugar no Pub Sete mares en Vigo. Salienta a presencia, ademais do director de Xerais, Manuel Bragado, de Mahayub Sindina, representante do Frente Polisario para Galicia. Ademais cualifica o libro como unha "intensa crónica humana, entre el periodismo y la literatura".

-Begoña Diz, "Fran Alonso retrata a loita do pobo saharahuí nun libro presentado onte", *Atlántico Diario*, 26 setembro 1998, p. 12.

Recóllese información sobre a presentación do volume de Fran Alonso en Vigo. Alúdese brevemente ó seu contido e resáltase a súa intensidade humana así como a súa natureza, xa que se trata dun libro situado entre a literatura e o xénero xornalístico.

-Paula Pérez, “Me impactó la capacidad de resistencia de los saharauis”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 78, 24 outubro 1998, p. 3.

Entrevista con Fran Alonso na que comeza explicando cómo xurdiu o seu interese polo pobo saharauí a partir dunha viaxe a Arxelia na que quedou impresionado polo contacto que tivo con eles na fronteira entre Marrocos e a República Árabe Saharauí. A seguir reflexiona sobre a situación actual do pobo e opina que a solución debe vir por vía política máis que humanitaria. Valora con esperanza o acordo de Houston firmado en setembro para chegar a unha solución do conflicto e salienta ademais o papel activo que ten a muller dentro desta comunidade. Remata denunciando a violencia dos dereitos humanos exercida contra eles por parte dos marroquís.

Alonso Girgado, Luis (coord.), *Actas das I^as Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 506 pp. (ISBN: 84-453-2272-9). ◆

Este volume que recolle as actas das I^as Xornadas das Letras Galegas en Lisboa promovidas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e celebradas durante os días 25 e 30 de maio, ábrese cunha nota introductoria na que Luis Alonso Girgado, coordinador das Xornadas, na que cita os nomes dos colaboradores do evento ademais de lembrar algunhas das actividades celebradas. Logo reprodúcense as intervencións dos conferenciantes e finaliza o volume coa transcrición da mesa redonda, titulada "Literatura e medios de comunicación en Galicia", na que se recollen as preguntas do público e as intervencións de Marcos Valcárcel, Ramón Nicolás e Armando Requeixo, quen coincidiron en salienta-las eivas do sistema literario galego pola escaseza de lectorado que, á súa vez, provoca a falta de rendemento da literatura galega como producto. Critican tamén os medios de comunicación públicos por non publicita-lo suficiente a literatura galega, cando neles non deben primar criterios comerciais. As intervencións dos conferenciantes referidas á literatura galega en xeral e non á medieval, que se describirán no apartado XI deste *Informe*, foron as seguintes:

-Anxo Tarrío Varela, "Periodización da literatura galega", pp. 15-24.

Establece os tramos fundamentais da periodización da literatura galega deixando fóra o período medieval. Así, delimita as etapas coñecidas como “Escola Galego Castelá”, “Séculos Escuros”, “Pre-rexurdimento” e “Rexurdimento”. Polo que respecta ó século XX, identifica algúns treitos: o período de decadencia que vai de 1900 a 1920, a “Época Nós” (1916-1936), na que converxen tres xeracións (a dos Novecentistas, a Xeración Nós e a do 36), os anos da guerra (1936-1939), e, finalmente, os períodos que van de 1939 a 1975 e de 1975 ata hoxe.

-Xosé Mª Álvarez Cáccamo, “Conexións entre a poesía medieval e a moderna: o Neotrobadorismo”, pp. 67-71.

Comeza cunha valoración positiva da importancia, para Galicia e Portugal, da poesía medieval, e cun comentario sobre as reaccións ante o descubrimento e difusión dos cancioneiros medievais no século XIX. Céntrase a seguir no xurdimento, nos anos 20 deste século, do Neotrobadorismo, e da “polémica entre a defensa da tradición e a necesidade de incorporar a literatura galega ao curso xeral das literaturas europeas de vangarda”, polémica que afectou fundamentalmente a catro escritores: Fermín Bouza Brey, “responsábel primeiro da aparición do Neotrobadorismo”, Amado Carballo, hilozoísta, Manuel Antonio, vangardista, e Álvaro Cunqueiro, “quen, na súa obra inicial, publicada nos anos 30, logra a síntese entre ambas actitudes”. Continúa cunha análise demorada do Neotrobadorismo de Bouza Brey, así como da evolución posterior ata a actualidade do movemento, incluíndo outras obras e autores a el adscribibles. Remata cun estudio da obra poética de Cunqueiro, dende *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) ata *Herba aquí ou acolá* (1980), cerciorando que a presencia neotrobadoresca é notable en toda ela, aínda que con variacións no seu “diálogo coas fontes da tradición medieval”.

-Xoán Carlos Domínguez Alberte, “A diversificación do xénero narrativo dende 1975”, pp. 87-111.

Ofrece, en sete apartados, unha aproximación á narrativa galega dende o ano 1975. No primeiro apartado, “Un novo contexto (non só cultural)”, achégase á situación da sociedade e da cultura galegas a partir do ano 1975. A continuación, analiza os condicionamentos da narrativa en Galicia, cunha referencia ó incremento de actos de carácter cultural, á aparición de novos xéneros literarios como a novela policial, a literatura infantil e xuvenil ou a novela erótica, ó aumento de revistas culturais e literarias que analizan a literatura que se está a producir no momento, ou á importancia dos premios para a “consolidación do sistema literario galego”. Nun terceiro apartado, fai referencia ó pasado máis inmediato ó período que está a estudiar. Alude ó cambio de década, ó auxe que experimentou a literatura infantil e xuvenil ou á creación da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) no ano 1989, entre outros acontecementos. A seguir, céntrase nas características das novas liñas narrativas no eido da literatura galega. Menciona a preocupación polo realismo nas súas diversas manifestacións; o auxe que experimentou a novela negra, a ciencia ficción, as antoloxías, as recompilacións, a literatura fantástica, o que se deu en chamar “literatura bravú” e o ensaio literario, entre outros. Segue o seu percorrido cunha división dos escritores e escritoras en tres grupos: aquelas que se “descobren co gallo do Premio de Narrativa Breve Modesto R. Figueiredo”, os da Xeración dos oitenta e, por último, os da década dos noventa. Remata cunha bibliografía de obras consultadas.

-Humberto Busto Abella, “Galicia e Teixeira de Pascoaes”, pp. 113-151.

Parte no primeiro apartado da orixe dos intercambios culturais entre Galicia e Portugal a través de José de Figueirido (1919) para logo salienta-la presencia de escritores portugueses nas publicacións galegas

ata a guerra civil e destaca-la figura de Teixeira de Pascoaes. Repara, no segundo punto, nas correspondencias de Pascoaes con Risco, Cebreiro, Noriega Varela e Castelao. A terceira sección da súa exposición versa sobre as colaboracións deste escritor en publicacións galegas como *Nós, Nosa Terra, Rexurdimento, Ronsel, Alfar, Resol, Galicia*, entre outras. No cuarto capítulo, "Na morte de Pascoaes", reflicte as homenaxes verbo do seu pasamento e alude a distintos artigos nos que Cunqueiro, González Alegre, Varela Jácome, Otero Pedrayo,Vicente Risco, Ramón González-Alegre e Fernández del Riego falan deste home. O derradeiro punto fala da relación Pascoaes-Galicia, dividindo a súa exposición nos seguintes apartados: "O proxecto das Irmandades da Fala", "O proxecto da Renascença portuguesa" e "A visión de Galicia en Teixeira de Pascoaes". Finalmente, amosa a bibliografía empregada, a dedicatoria do libro *Maranus* e reproduce uns poemas publicados en distintas revistas galegas, dúas fotografías e un retrato.

-Manuel Quintáns Suárez, "Percorrido polo teatro galego: contextos e problemas", pp. 153-170.

Tras unha serie de consideracións xerais acerca do feito teatral en contextos de sumisión cultural e informacións sobre o feito teatral en Galicia durante o século XVII recollidas de Antonio López Ferreiro e Pérez Constanti, ofrécese unha caracterización periódica do teatro galego do século XIX e principios do século XX. Para iso distínguense tres períodos: o primeiro deles, o dos precursores (1846-1882), caracterízase por unha reducida producción teatral na que abundaba a práctica bilingüe na asignación de linguas ós personaxes. Do segundo período (1882-1903), destaca a importante actividade cultural e as obras de Galo Salinas, *¡Filla!* e de Francisco María de la Iglesia, *A fonte do xuramento*. Durante estes anos o ámbito do teatro galego circunscribíase tamén ós centros receptores da emigración americana, sobre todo, Buenos Aires e La Habana. No terceiro e último período sinalado, o da "Nova Dramaturxia

Galega” (1903-1915), faise especial mención á figura de Manuel Lugrís Freire, primeiro autor moderno e anunciador do teatro das Irmandades da Fala.

-Carlos López Bernárdez, “As Irmandades da Fala, o soño dun teatro galego”, pp. 171-182. Logo de facer unha breve introducción histórica do teatro galego ata a época que focaliza, sitúa nos comezos de século o xurdimento dunha dramaturxia nacional que ten como fito inaugural *A man da Santiña* (1919), de Ramón Cabanillas. Destaca o papel das Irmandades da Fala no afianzamento deste xénero, instrumentalizándoo para o proxecto de emancipación cultural, lingüística e política de Galicia da man de autores como o propio Cabanillas, Armando Cotarelo, Antón Vilar Ponte, Leandro Carré, Xaime Quintanilla, os homes de Nós e diferentes agrupacións teatrais e grupos escénicos espallados polo País. Nesta liña, subliña a influencia do Abbey Theatre irlandés no referente ó folk-drama e á identificación dramatúrxica coa loita pola soberanía nacional. A creación do Conservatorio Nazonal de Arte Galego (1918), dirixido por Fernando Osorio do Campo, e da Escola Dramática Galega (1922-1926), dirixida por Leandro Carré, constitúe para el a primeira tentativa de profesionalización teatral galega, se ben diversos motivos como esa propia manipulación do xénero ou o peso do teatro rexional frearon esta iniciativa e outras como a do “teatro do arte” de Castelao. De tódolos xeitos, asegura que esta etapa significou o tránsito cara a unha dramaturxia nacional e, sobre todo, cara a unha literatura dramática que se afasta do realismo costumista de ámbitos rurais e mariñeiros para achega-lo teatro galego ó universalismo, ás tendencias que operaban en Europa e á calidade artística por riba da mensaxe.

-Roberto Vidal Bolaño, “Perspectivas do teatro galego actual”, pp. 183-194.

Afirma no encabezamento deste artigo carecer do distanciamento necesario para ter unha perspectiva sobre o teatro galego actual, xa que el mesmo forma parte deste teatro. Malia isto, considera que o momento presente é o mellor da súa historia e apunta algúns datos como que existen unhas trinta ou corenta compañías producindo a razón duns cincuenta espectáculos anuais. Subliña que destes espectáculos, uns dez ou quince alcanzan un nivel aceptable e algúns profesionais son reclamados pola industria estatal e conseguen ter éxito, mesmo algúns dos autores galegos son recoñecidos fóra de Galicia. Fronte a isto, pensa que nada funciona como debe e que hai un gran desencontro entre teatro e sociedade, entre outros motivos, polos que se derivan do problema lingüístico. Así, por exemplo, cre que non hai un recoñecemento interior para os autores galegos, non existe ningún tipo de ensino regrado das artes escénicas, nin hai un proxecto público coherente para o teatro e case non existen seccións periodísticas fixas de crítica e información.

-Manuel María Fernández Teijeiro, “Do Rexurdimento á renovación dos anos oitenta”, pp. 195-212.

Tomando como punto de partida o período comprendido entre os séculos XI e XV, no que galegos e portugueses compartían a mesma poesía recollida nos chamados *Cancioneiros da Poesía Galaico-Portuguesa*, segue a liña do tempo para ir dando conta ademais dos fenómenos políticos e sociais e dos escritores de poesía máis representativos de cada época. Así que despois de facer referencia á “castración e doma” realizada polos Reis Católicos, detense na explicación do Rexurdimento, no que destaca as figuras de Rosalía, Pondal, Curros e Lamas Carvajal. De principios de século nomea os escritores Noriega Varela e Ramón Cabanillas, deténdose logo no comentario dos autores e das novas correntes, coma o imaxinismo ou neotrobadorismo, que deron un anovamento á poesía dos anos trinta. A causa da guerra civil, apunta que o labor poético seguiu desenvolvéndose fóra de Galicia e que, polos

anos cincuenta, se foi dando a coñece-la chamada Promoción de Enlace, formada entre outros, polos irmáns Álvarez Blázquez, Valentín Paz Andrade ou Antón Tovar. Indica finalmente que un pouco máis tarde xurdiría a colección “Brais Pinto”, da que sairía Méndez Ferrín, iniciador dunha tentativa de renovamento da poesía galega, continuada polo Colectivo Rompente e serviría de revulsivo para que os novos poetas tentaran explorar novos camiños.

-Miro Villar, “A poesía galega na fin do segundo milenio (1976-1998)”, pp. 213-228.

Seguindo a taxonomía de María Xesús Nogueira, divide os poetas deste período en tres grupos correspondentes a cadansúa década: segunda metade dos anos setenta, oitenta e noventa. Caracteriza o primeiro grupo pola renovación que supón fronte á poesía social-realista anterior e, seguindo a Xosé Ramón Pena e Luciano Rodríguez, minimiza o influxo de Ferrín, Arcadio López Casanova ou Rompente mais non o de Pexegueiro. Empraza como causantes da renovación a “propia evolución lírica” e a “nova situación socio-cultural”. Na década dos oitenta, destaca o afianzamento de revistas poéticas e premios literarios. Tras critica-la clasificación conforme a criterios xeográficos proposta por Xosé Henrique Monteagudo, opina que as características principais deste grupo son: o culturalismo, o formalismo, o coidado na lingua, a integración de pasado e modernidade e unha serie de liñas temáticas como o amor, o erotismo, o tempo ou a morte entre outros. Nos anos noventa, sobrancea a aparición de Edicións Espiral Maior ou da xa extinta Edicións do Dragón. Sen embargo, ó que lle concede máis importancia é á aparición da colección “Letras da Cal”. Tamén cita outros colectivos como Ronseltz, Serán Vencello, Hedral, os exclusivamente femininos como Sete Naos ou Humilladoiro, o Batallón Literario da Costa da Morte ou Arre-Sentelha. Para Villar a reacción contra o formalismo extremo, imperante na década

anterior, é o elemento aglutinador dos poetas do presente decenio. Conclúe rexeitando o enfrontamento entre xeracións poéticas e avogando polo diálogo entre elas.

-Luis Alonso Gigardo, “García Lorca: “Poeta da alta herba no seu itinerario galego”, pp. 229-240.

Comeza sinalando a negativa opinión de Lorca verbo do xitanismo da súa obra, tópico do que intentaba liberarse, para logo destaca-los cinco aspectos que, ó seu parecer, se deben ter en conta ó falar da relación do poeta con Galicia: as viaxes a terras galegas, os amigos galegos que o animaron a escribir neste idioma, a bagaxe de lecturas de poesía galega e galego-portuguesa (confirmadas nas declaracións de Martínez Barbeito), o seu interese polo noso folclore e a publicación de *Seis poemas galegos*. Tras desenvolvelas brevemente, o artigo divídese en catro apartados: “A viaxe do estudiante”, “1932: tres viaxes e un poema galego”, “1933: viaxe á Galicia emigrante” e “1935: *Seis poemas galegos*”. Nos tres primeiros fálase das diferentes estadías do granadino en Galicia e Buenos Aires, comenta as súas impresións plasmadas en varios escritos, destaca a solidariedade polos marxinados nos versos sobre os emigrantes que non fixeron as Américas, as relacións con diferentes persoeiros galegos, a súa participación na creación da revista *Ronsel* e a intervención en *Cristal.* Baixo o epígrafe “1935: *Seis poemas galegos”*, comenta os problemas de xestación, divulgación e distribución ó redor do poemario: o asasinato do editor Ánxel Casal, o tráxico final da librería Niké e as palabras coas que Suárez Pillado anuncia a obra na revista *Ser*, lamentando a inexistencia do epílogo en lingua galega escrito por Lorca, e do que alí se falaba. Así mesmo, aínda que concede que sempre respectou a autoría de Lorca, resalta os catro trazos do prólogo de Blanco Amor que propiciaron o “confuso historial” do poemario e descualifica o labor do ourensán no volume, mentres acredita a Guerra da Cal como o impulsor do proxecto alófono e o maior apoio lingüístico e literario do granadino, ante a reducida competencia oral do autor na nosa lingua.

Por último documenta a circulación dos autógrafos e apógrafos e suxire unha cronoloxía singularizada para cada poema, amais de fornecer bibliografía selecta sobre a polémica Blanco Amor-Guerra da Cal. Apoia a plena adscrición lorquiana dos textos a partir das particulares imaxes e metáforas empregadas, sinalando que se trata de "unha singular aventura lírica (...) unha manifestación do amor por Galicia e do seu achegamento á súa lingua e á súa literatura".

-Ramón Nicolás, "Unha perspectiva sobre o ensaio galego", pp. 249-268.

Percorrido descritivo pola producción ensaística galega que comeza por destaca-la importancia do xénero para diagnostica-la "saúde" dun sistema literario. Sitúa as orixes do ensaio galego nas contribucións realizadas polos escritores do Rexurdimento, aínda que estean en castelán, para pasar despois ó seu estricto nacemento, feito serodio que se produce na "Época Nós". Distingue as liñas temáticas principais entre as que inclúe o ensaio de pensamento político, que nace en institucións culturais e políticas como as Irmandades da Fala ou o Seminario de Estudos Galegos e se estende dende as páxinas da prensa periódica. Neste eido cita o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1933), de Otero Pedrayo; *Teoría do nacionalismo galego* (1920), *El problema político de Galicia* (1930) ou *Mittleuropa* (1934), de Vicente Risco; *Doctrina nazonalista* (1921) e *Breviario de Autonomía* (1933), de Ramón Villar Ponte; *El nacionalismo gallego: nuestra afirmación regional* (1916) ou *La mancomunidad gallega* (1921), de Peña Novo. Cita tamén as contribucións de Antón Losada Diéguez, X. V. Viqueira, Rafael Dieste, Castelao e máis recentemente Camilo Nogueira ou Xosé Manuel Beiras. Na etiqueta de ensaio filosófico salienta as achegas de Viqueira e Dieste e posteriormente Ramón Piñeiro, García Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Rof Carballo, Xavier Seoane, Antón Patiño, María Xosé Queizán ou Carmen Blanco, entre outros moitos. No ensaio histórico destaca, nos anos 50, a creación

de coleccións como “Grial”, “Revista de Economía de Galicia” ou “Presencia de Galicia” e traballos de Meijide Pardo, García de Cortázar e Eiras Roel nos sesenta, e xa a partir de 1975 as transcendentais contribucións de Ramón Villares, Pegerto Saavedra, Ramón Máiz, Xusto G. Beramendi, Xavier Castro, López Carreira, etc. En canto ó ensaio de orientación socio-lingüística fai fincapé no discurso de ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega, “A lingoaxe i as língoas”, “que inaugura o camiño das monografías e ensaios sobre o tema”; a colectánea *O porvir da lingua galega* (1968); e os volumes de Xesús Alonso Montero *O que cómpre saber da lingua galega* e *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*; e *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*, de Francisco Rodríguez. Ó lado destes cita os traballos de Ricardo Carvalho Calero ou as achegas que se poden atopar en revistas como *Cadernos de lingua* ou *Agália*. No ensaio económico salienta o grupo de traballo artellado ó redor da *Revista de Economía de Galicia* (1958-1967), integrado por Paz Andrade, Odón Luís Abad, Domingo Quiroga e Manuel Beiras, quen tamén publica *O atraso económico de Galicia* (1973), e traballos máis recentes da autoría de González Laxe, Xulio Pardellas, Xavier Vence, Camilo Nogueira, etc. En canto ó ensaio literario, no que tamén engloba a actividade crítica, deixa constancia dos traballos de Carvalho Calero, Francisco Rodríguez, Anxo Tarrío, Fernández del Riego, Pilar Vázquez Cuesta, Alonso Montero ou Filgueira Valverde. Refírese ó aumento da producción anual ó redor das distintas figuras ás que se lle dedica dende 1963 o Día das Letras Galegas, ás coleccións das distintas editoriais galegas centradas en actualiza-las obras en edicións anotadas, e á crítica que se exerce en revistas literarias ou culturais especializadas, en xornais e en suplementos literarios.

-Marcos Valcárcel, “Prensa literaria en Galicia: desalienación cultural e afirmación dunha identidade”, pp. 269-312.

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Tenta poñer de relevo algunhas das publicacións literarias máis importantes de Galicia, especialmente no século XX e salienta-la relevancia, non só na evolución das letras, senón tamén das concepcións culturais, ideolóxicas e políticas da Galicia contemporánea. Emprende así un percorrido que parte dos inicios da prensa cultural con *O Tío Marcos d'a Portela* en 1876, salientando esta época polo desenvolvemento da prensa cultural e literaria. Cita toda unha serie de iniciativas entre as que tamén comenta as colaboracións dos escritores galegos nos grandes diarios de Galicia, sen deixar de aludir á prensa pedagóxica, humorística, de mulleres e local. Tamén lle dedica un apartado á prensa da emigración partindo da *Gaita Gallega* fundada en 1872 en La Habana e poñendo de manifesto a pluralidade da prensa en Cuba e Arxentina. A continuación, céntrase no cambio de mentalidades e sensibilidades que chega co século XX, coa revista *La Centuria* e máis tarde con *A Nosa Terra.* A revista *Nós* é obxecto de especial atención polo salto cualitativo que supuxo e polo seu carácter de plataforma intelectual. Prosegue coas revistas de vangarda tratando de apuntar unha serie de características comúns a elas e agrupándoas en publicacións literarias como *Alfar*, *Ronsel* ou *Cristal* e aquelas nas que o contido ideolóxico é tan importante coma o literario: *Galiza*, *Yunque* ou *Univeristarios*. Detense máis adiante no corte da guerra civil e na prensa literaria de posguerra con *Misión*, *Posío*, *Xistral*, *Aturuxo*, *Gelmírez*, etc., e comenta, de xeito especial, *La Noche* para retomar unha vez máis a prensa da emigración. Conclúe coa descrición do panorama máis recente facendo distinción entre publicacións que actúan ó redor dunha editorial (*Grial*, *A Trabe de Ouro*), especificamente poéticas (*Nordés*, *Dorna*), xeracionais (*Luzes de Galiza*), teatrais (*Cadernos da Escola Dramática Galega*), de asociacións culturais (*Escrita*) e suplementos de xornais.

-Armando Requeixo, "Literatura galega e medios de comunicación: o estado da cuestión ás portas do século XXI", pp. 313-332.

Antes de analiza-la presencia e promoción da Literatura Galega nos distintos medios de comunicación: televisión, radio, prensa escrita e internet, apunta que o tratamento deste tema supón "beirear as perigosas areas movedizas nas que se debaten as problemáticas sociolingüística e sociocultural deste país e os poderes fácticos e políticos establecidos". Salienta tamén a necesidade de atender a cuestións como a normalización lingüística, os baixos índices de lectura en Galicia e os intereses mercantilistas da prensa. De cada un dos medios antes citados fai unha descrición sincrónica do estado da cuestión no momento presente, con breves notas referidas á data de implantación de cada un. Nas "reflexións finais", coas que pecha a obra, amósase moderadamente optimista debido, especialmente, ós datos (tirados do *Mapa Sociolingüístico de Galicia)* de comprensión lectora dos menores de vintecinco anos. Sen embargo, recoñece que o sistema literario galego aínda se amosa feble e dependente, en moitos casos, das subvencións institucionais.

-Ana Paula Alcobia, "Sátiras alimenticias: Camilo Castelo Branco e Vicente Risco", pp. 371-73.

A autora compara as novelas *Coração, cabeça e estômago*, do portugués Camilo Castelo Branco e *O porco de pé* (1928), de Vicente Risco, destacando unha serie de semellanzas como o exercicio da sátira, o humor, as referencias gastronómicas, o casamento como forma de ascensión social, a descrición física das mulleres e, especialmente, a referencia ás ideas platónicas sobre a existencia de tres almas no home.

-Maria Inês Barão S. Neves, "*Retrincos*. O elemento popular na narrativa de Castelao", pp. 375-377.

Indica que na obra *Retrincos* (1934), Castelao inclúe cinco "contos unidos pola súa condición autobiográfica, pois trátase do propio autor como narrador e como personaxe", e que nela o elemento popular radica no contido, nos temas e nos personaxes. Analiza, a seguir, os contos do volume, que transcorren na Arxentina e en Galicia, centrándose especialmente nos personaxes. Continúa aludindo ó seu estilo narrativo, ó seu léxico, e indica que "a narrativa é curta, a prosa é simple, sen artificialismos, mais transmítenos algo rico de sentimento, de emotividade, de amor polas persoas e pola terra". Inclúe opinións de Carballo Calero sobre a obra de Castelao, para rematar falando da importancia da emotividade en *Retrincos* e dicindo que, como os seus compañeiros de xeración, "pretende retratar a alma da xente humilde galega, nunha prosa da forma contemporánea da vida popular", pero que el se atopa nunha situación de maior proximidade co pobo.

-Fernando Martinho Guimarães, "Luísa Villalta e os descaminhos da poesia", pp. 387-395.

Comeza cunha biografía de Luísa Villalta seguida dunha análise detallada de dúas das súas obras. Cita a súa colaboración en revistas como *Agália* ou *Luzes de Galiza*; menciona, ademais, dúas obras de teatro publicadas nos *Cadernos da Escola Dramática Galega*: *Concerto para un home só* (1989) e *Paseo das esfinxes* (1991) e, para rematar esta parte do seu artigo, cita os poemarios *Música Reservada* (1991), *Ruído* (1995) e *Rota ao interior do ollo* (1995). A continuación, analiza o libro de relatos *Siléncio. Ensaiamos* (1992), composto por once relatos breves conectados, na súa opinión, por un tempo que envolve os personaxes e que condiciona as súas vidas. A seguir, analiza, brevemente, o poemario *Ruído* (1995), valora nel o papel da muller no mesmo e reproduce algúns fragmentos dalgúns poemas.

-Beatriz Fernández Barbosa, "*O livro das devoracións*: a dor de ser e a dor de non-ser", pp. 397-400.

Comentarios ós poemas que compoñen a obra de Pilar Pallarés *O livro das devoracións* (1996). Destes textos, que translocen distintos momentos dunha loita inacabable, destácase a súa coidada elaboración e riqueza expresiva. Apúntase tamén a posibilidade de realizar unha lectura circular da obra, propiciada pola propia disposición dos poemas.

-Teresa Seara, “Crear o mundo en feminino. A poesía galega escrita por mulleres nos anos oitenta e noventa”, pp. 401-408.

Constata o aumento do numero de escritoras, sobre todo na poesía, que parten da referencia de Rosalía de Castro. De seguido, traza diferentes xeracións comezando polas primeiras poetisas do século: Luz Pozo Garza, María Mariño, Pura e Dora Vázquez, María do Carme Kruckenberg ou Xohana Torres, que retoman o intimismo e a poética metaliteraria rosaliana. A plena adscrición da muller á escrita vén nos 80 da man de Mª Xosé Queizán, Xela Arias, Luísa Castro, Chus Pato, Pilar Pallarés, Ana Romaní e Luísa Villalta. No tocante ás poetisas dos 90 nomea a Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Olga Novo, Lupe Gómez, Marta Dacosta, Anxos Romeo, María Lado, Cristina Cabada e Mónica Góñez. Sinala que rachan co canon patriarcal para crear un mundo poético propio con novas estructuras. É o “contradiscurso das mulleres” que se manifesta nunha anarquía de modelos: a subversión, a liberación de tabús, a deconstrucción dos mitos, a reinvindicación de arquetipos femininos denigrados e o erotismo no que a muller é suxeito e goza dunha sexualidade liberada que se manifesta nunha linguaxe provocativa que se aproxima á pornografía. Para rematar, denota nestas escritoras unha vía pannaturalista ou telúrica e unha temática suicida.

-Xoán Carlos Rodríguez Pérez, “A influencia lusa en Señardá”, pp. 409-426.

Inicia o seu artigo cun breve achegamento á vida e obra de Aquilino Iglesia Alvariño, para logo adentrarse nunha breve aproximación ó seu primeiro libro, *Señardá* (1930), co propósito de sinala-la súa pegada luso-saudosista que xa amosaron moitos críticos. Ofrece distintas visións sobre os influxos literarios do poemario e reflicte opinións de Méndez Ferrín, Luciano Rodríguez ou Carballo Calero de quen salienta as referencias ó influxo modernista, ou a pegada luso-saudosista pola que se decanta o autor deste traballo. Non nega a posible presencia do modernismo hispano e, nembargantes, incide no influxo saudosista que atopa en dous aspectos: externos (visuais, a través da lectura, onde atopa o sentimento da saudade, a idea da raza) e internos (onde se refire ó influxo interno das lecturas de Aquilino) do que fala exemplificándoo cos seus versos.

-Carlos Saraiva Pinto, “A finisterra necessária”, pp. 427-430.

Sobre un verso de Díaz Castro e a obra de Carlos de Oliveira, Nuno Guimarães, Guerra Junqueiro, Pimentel e outros, Carlos Saraiva Pinto elabora unha hipótese ó redor da poesía do real no ámbito galego-portugués. Nestes poetas ve temas comúns, como a ligazón á terra, o exilio ou o mar. Máis que contactos culturais aprecia “encontros de uma comum identidade com a terra e o Atlântico” nos escritores das dúas ribeiras do Miño. Galicia e o Noroeste portugués son os territorios que máis comparten esta visión do mundo. En poesía identifica isto coa “poesia de paisagem humana”, a mesma de Díaz Castro, por exemplo. Cre que hai unha “finisterra necessária” no achegamento entre galegos e portugueses nesta poética cultural, humanista, fronte a outras poéticas modernas, da civilización.

-Luísa Villalta, “Nós, Aqueles”, pp. 431-434.

Comeza denunciando que entre a poboación galega e a portuguesa, dende que bifurcaron a súa existencia, só coñecen unha da outra o que España “permete e provoca”. Sinala, a seguir, que a realidade ten un peso específico que ninguén será capaz de obviar mentres Galicia e Portugal teñan unha lingua que as una, polo que reivindica que a práctica intelectual, en especial no campo da literatura, se responsabilice de actualizar un constante e mutuo recoñecemento. E considera isto así, porque se Portugal non asume a Galicia, renuncia gratuitamente a non pouca bagaxe da súa mesma Historia, e porque Galicia apunta cara a Portugal para encontar revalidado o uso libre e indiscutido da lingua ou para ver un reflexo de si mesma con vida propia. Ofrece, por último, unha nómina de persoeiros portugueses sensibles ó reencontro cos galegos, que segundo a articulista, debería guiar “a conducta do conxunto da sociedade, para non sermos máis uns e outros *aqueles*, senón nós mesmos”.

Alonso Montero, Xesús (ed.), *A Estadea ou Pranto polo Seminario de Estudos Galegos (poema inédito, setembro 1936)*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, serie Alicerces, nº 10, 1998, 47 pp. (ISBN: 84-88508-18-2). ◆

Logo dun limiar que presenta a obra no marco desta colección, abre o volume un estudio no que Xesús Alonso Montero dá noticia da existencia de dúas versións do poema de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976). Segue un comentario do texto onde se achegan datos sobre o contexto sociopolítico no que xorde o poema (o levantamento militar do 36), a relación do autor co Seminario, a métrica, o contido e a presencia do latín no texto. Finalmente, o editor ocúpase da lingua e o estilo. *A Estadea ou Pranto polo Seminario de Estudos Galegos* (o subtítulo pertence ó responsable da edición) é un poema longo no que a voz lírica describe unha estadea na que circulan dez ilustres personaxes, ex-membros do Seminario, lamentando con ironía a súa fin.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Pranto polo seminario de Estudos Galegos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 23 outubro 1998, p. 14.

Refírese á publicación por parte do Museo do Pobo Galego do poema inédito de Ramón Otero Pedrayo titulado “A Estadea”. Explica que se trata dunha longa composición na que aparece unha singular Santa Compaña constituída por dez persoas comprometidas co espírito e co labor do Seminario.

-Borobó, “A presidencia do Seminario”, *A Nosa Terra*, nº 859, “Guieiro cultural”, “Anacos”, 3 decembro 1998, p. 36.

Describe o poema e refírese ó retrato de dez investigadores do Seminario de Estudos Galegos. Céntrase en Luís Iglesias, que antecedera a Otero Pedrayo na presidencia do Seminario e que foi xunto con este destituído e depurado tralo alzamento nacional de 1936.

Alonso Montero, Xesús e Miro **Villar** (eds.), *Textos e documentos para o congreso sobre García Lorca en Galicia. García Lorca, poeta en lingua galega. 13, 14 e 15 de xullo. Facultade de Filoloxía. Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, xullo 1998, 118 pp. (ISBN: 84-8121-693-3). ◆

Ábrese cun limiar dos editores no que cualifican este volume como “máis ca un programa, un libro de texto”. Asinada por M. V. recóllese unha cronoloxía da relación do granadino con Galicia. Segue unha colectánea de fragmentos con opinións sobre o poeta feitos por distintos escritores entre os que se atopan Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Luciano del Río ou Carlos Martínez Barbeito. Outro apartado confórmao un texto de Lorca coas impresións sobre a súa primeira viaxe a Galicia. Logo de reproduci-la primeira edición do primeiro poema galego de Lorca, recóllese unha carta de Ernesto Guerra da Cal a Eduardo Blanco Amor con opinións sobre os *Seis poemas galegos*. Baixo o título “Fortuna dos Seis Poemas Galegos”, achégasenos información relativa á recepción e ás traduccións dos poemas lorquianos e baixo o epígrafe “Lorca e Rosalía de Castro”, recóllese a “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro”. En “Homenaxe dos escritores galegos a Lorca” vémo-los poemas de Lois Álvarez Pousa, Celso

Emilio Ferreiro, Antón Abalde Souto, Víctor Campio Pereira, Lorenzo Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, María del Carmen Kruckenberg, Darío Xohán Cabana, Xoseme Mosquera e Ernesto Guerra da Cal, Xesús Rábade Paredes e Luz Pozo Garza ademais dunha prosa de Blanco Amor sobre a morte de García Lorca. O penúltimo apartado configúrano a portada e o programa da homenaxe que se lle rendeu ó poeta en Buenos Aires en 1937. En "Varia", ademais de se reproducir un soneto, alúdese a unha conferencia pronunciada polo poeta en Madrid na que se refería a unha cántiga de berce en galego e recóllense senllos facsímiles dun soneto en castelán así como dunha dedicatoria da revista *Cristal* ó poeta de Granada. Pecha o volume o facsímile da edición princeps dos *Seis poemas galegos* (1935).

Recensións:

-Xosé Ramón Pena, "Madrigais para Federico", *Guía dos libros novos*, nº 2, "Literatura. Poesía", decembro 1998, p. 26.

Lembra as viaxes de Federico García Lorca a Galicia e os textos que escribiu delas como o artigo "Impresiones del viaje. Santiago" publicado na revista *Letras* e *Seis poemas galegos*, escritos en galego, no volume LXXXIII da editorial Nós. Logo recensiona *García Lorca en Galicia* ademais de *Os poetas con García Lorca e coa España republicana*, do que tamén é responsable o profesor Alonso Montero. Da primeira obra describe o contido e considera este libro merecedor de "todo aplauso e interese". Sinala que no segundo libro se recolle a primeira reedición da homenaxe realizada ó escritor en Buenos Aires no

1937. Refírese ó redescubrimento do labor de certas persoas significativas como Mª del Carmen Hermelo (1904-1995), que son descoñecidas aquí, e contextualiza os textos da homenaxe que escritores e artistas lle fan a García Lorca. Ofrece un apéndice constituído por materiais onde se corroboran as palabras do autor. Informa, para terminar, que o texto se completa con debuxos e fotografías onde se inclúe a "cantata en la tumba de F. García Lorca", de Alfonso Reyes, ilustrado por Luís Seoane.

-Xulia Marqués, "Xesús Alonso Montero e Miro Villar (eds.). *Textos e documentos para o Congreso sobre García Lorca en Galicia. García Lorca, poeta en lingua galega*", *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, "Libros", 2º semestre 1998, pp. 110-112.

Logo de aludir á celebración dun Congreso durante os días 13 e 15 de xullo na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, con motivo do festexo do primeiro centenario do nacemento de García Lorca, salienta que este é un volume de enorme interese, tanto por servir de apoio textual inmediato para os congresistas, coma por ser unha guía necesaria para aqueles que non puideron asistir ó congreso, pero que si están interesados por Lorca en Galicia. A continuación, ademais de referirse ás palabras de presentación dos autores no limiar deste volume, desmiúza cada un dos nove capítulos que o conforman, a través dos que, se dá conta do tempo e das experiencias vividas por Lorca e con Lorca en Galicia.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “García Lorca en Galicia”, *La Región*, 29 setembro 1998, p. 12.

Comentario descritivo no que se resume o contido do volume editado por Xesús Alonso Montero e Miro Villar e no que se explica ademais a súa estructuración.

Álvarez de la Granja, María, *Teodosio Vesteiro Torres. Aproximación á súa vida e á súa obra*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 1998, 121 pp. (ISBN: 84-89599-06-8). ◆

No prólogo de Xesús Alonso Montero saliéntase o labor literario e erudito de Teodosio Vesteiro Torres (Vigo, 1848-Madrid, 1876), do que a penas se teñen noticias hoxe, e elóxiase o estudio erudito e apaixoado de María Álvarez de la Granja. A monografía iníciase cuns "Apuntes biográficos" para continuar cunha análise de Vesteiro como figura do Rexurdimento e cun comentario das súas composicións. Fálase ademais da súa tendencia á depresión, do seu suicidio e das homenaxes póstumas. O estudio remata coa análise da obra, e inclúe ademais unhas breves conclusións, unhas referencias bibliográficas, un índice das publicacións periódicas consultadas e un apéndice que reproduce cartas publicadas en distintos diarios trala morte de Teodosio Vesteiro.

Recensións:

-Xurxo Sierra Veloso, "María Álvarez de la Granja. *Teodosio Vesteiro Torres. Aproximación á súa vida e á súa obra*", *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, "Libros", 1º semestre 1998, pp. 145-147.

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Congrátulase Xurxo Sierra de que o Instituto de Estudios Vigueses recuperase do esquecemento, gracias a unha publicación de tres volumes, a un vigués que desempeñou un labor fundamental no renacer cultural galego do século XIX, Teodosio Vesteiro Torres. Analiza o primeiro deses volumes, *Teodosio Vesteiro Torres. Aproximación á súa vida e á súa obra*, da autoría de María Álvarez de la Granja, no que se amosa unha rigorosa biografía deste escritor, facéndose especial fincapé na súa actividade na capital española coa intelectualidade galega e na súa morte suicida, sobre a que perviven certas dúbidas e interrogantes. Detense no comentario dos outros dous volumes, que reproducen dúas obras de Vesteiro en edición facsimilar, *Monografías de Vigo* (1878) e *Recuerdos de Galicia* (1896). Trátase dunha sucesión de cadros histórico-biográficos, do primeiro dos cales destaca o texto titulado "Martín Codax", que a pesar de ser reflexo da inxenuidade e falta de criterio filolóxico polo que se caracterizan algunhas das apreciacións de Vesteiro, é un documento de singular importancia histórica por formar parte do camiño dos estudios medievais.

Referencias varias:

Lalo Vázquez Gil, "Lembrando a Teodosio Vesteiro", *Atlántico Diario*, "Tiempo de Vigo", 30 xaneiro 1998, 28.

Anuncia as novas publicacións do Instituto de Estudios Vigueses e, entre elas, sinala a da biografía de Teodosio Vesteiro con facsímiles das súas obras.

-Xesús Alonso Montero, “Un libro sobre Vesteiro Torres”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 10 abril 1998, p. 11.

Comentario sobre a obra de María Álvarez de la Granja. Alonso Montero informa de que Vesteiro Torres non escribiu nada en galego, aínda que cómpre ter en conta que morreu ós vinteoito anos e que, nese momento, só existían os primeiros poemas galegos de Rosalía de Castro, Lamas Carvajal e algúns máis.

-Lalo Vázquez Gil, “Teodosio Vesteiro”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 10 abril 1998, p. 22.

Comenta a publicación do libro *Teodosio Vesteiro Torres. Aproximación á súa vida e á súa obra*, de María Álvarez de la Granja, cun prólogo de Xesús Alonso Montero. Presenta seguidamente uns datos biográficos de Vesteiro Torres afirmando que “era un artista, un inspirado músico e poeta, un grande escritor e investigador e deso deixou mostras”. Alude tamén ó seu galeguismo e á posibilidade de que o seu suicidio sexa a razón do esquecemento en que caeu a súa figura. Remata dicindo que o libro “pode se-la semente para que florezan moitos outros en torno a esa nobre figura galega”.

Araúxo, Emilio, *Dos soños teimosos*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1998, 104 pp. (ISBN: 84-921096-5-3).

Libro de conversas no que o poeta Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel, 1930) responde as preguntas realizadas por Emilio Araúxo. Utilízase como esquema estructural a obra poética do escritor do Courel. Así, primeiramente, baixo os epígrafes “Situación” e “Guerra”, encádrase a orixe e vivencia do home Uxío Novoneyra. A seguir veñen catro partes que teñen como fío conductor os seus poemarios: “Fusión: *Os Eidos*”, “Distancia: *Tempo de elexía*”, “Drama: *Do Courel a Compostela”*, e “Promesa: *Poemas da doada certeza”*. Na parte final comenta a situación da lírica galega actual e o futuro que se albisca para ela e para o propio poeta nos apartados “Outro”, que con “Álbum” (breve escolla de fotos de Uxío Novoneyra, a súa familia e amigos) pechan a obra. Ademais das obras xa referidas, a situación social e política de Galicia e do mundo cando as escribiu e a súa propia experiencia vital (no Courel, en Madrid, en Compostela, etc.), comenta as obras que máis o influíron, a súa concepción e sentimento da terra como “motor de poesía”, ou dito doutro xeito “Galiza como obsesión”. Isto entronca tamén coa idea, repetida no libro, da lingua como símbolo. Tamén se insiste na función do poeta na sociedade e o seu papel para, ó final, considerar que se produciu “a perda da capacidade de cambiar o mundo” coa poesía.

Recensións:

-Rosa Navia, “Esa vaga certeza”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 11, 28 maio 1998, pp. 4-5.

Faise un percorrido pola vida e obra de Uxío Novoneyra apoiándose nalgunhas das declaracións feitas a Emilio Araúxo no libro. Así, alúdese á experiencia da Guerra Civil, ó simbolismo da lingua galega, ou á fidelidade ó poeta co que escribiu. Repara en cada un dos seus libros anunciando a publicación de *Libro de Rotas*, ademais de falar da significación negativa que se lle deu á memoria labrega. Neste sentido Novoneyra considera que esta consideración cara ó mundo rural foi reducinte para a literatura galega, porque entende que a experiencia máis profunda e distinta que teñen os galegos puidera se-la do seu pasado rural, e “agora era o momento de memoralo.”

-F. Martínez Bouzas, “Deitelas’ de Novoneyra”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 16, 2 xullo 1998, p. 4.

Saúda a publicación deste libro, que cre obra de dous “poetas da terra”, Emilio Araúxo, o entrevistador, e Uxío Novoneyra, o verdadeiro protagonista do libro. Segundo di, a través das súas páxinas vense reflectidas as vivencias do poeta do Courel, a súa infancia naquel lugar, o posterior traslado a Madrid para estudiar, a volta ó Courel e finalmente Compostela. E en paralelo, como nos anuncia, a súa creación poética. Tamén destaca o apéndice fotográfico que vai ó final do libro.

-Herminio Barreiro, “Os soños de Novoneyra”, *A Nosa Terra*, nº 849, “Guieiro Cultural”, 24 setembro 1998, p. 30.

Comeza facendo alusión ó título do libro, ó que cualifica de “evocador, incitante, irrenunciabel” e salienta tamén o labor de Emilio Araúxo como conductor das conversas, un labor “calado e incesante de creación, indagación e edición”. A seguir fai referencia ós libros que se publicaron nos últimos anos sobre o poeta como son o de Carmen Blanco, *Uxío Novoneyra: poesía, tema e compromiso* (1997), o máis recente de Xulio Calviño titulado *Uxío Novoneyra ou os motivos de Circe* (1998) e o publicado no 1993 por Antonia López García, titulado *Os camiños do soño*. Céntrase por fin no contido do libro e realiza unha profunda análise das claves que se establecen na conversa, principios que sustentan a poética de Novoneyra como son: a “multiplicidade” social, política, ideolóxica”, o “innomeado utópico”, a preocupación esencial do poeta, “a desacougante situación mundial e os problemas do planeta” e a liberdade, concepto fundamental da súa obra. Remata referíndose a algunhas das vivencias que se evocan no libro como a guerra civil na montaña luguesa, O Caurel, Madrid ou Compostela.

-Manuel López Foxo, “Novoneyra: reflexións e vivéncias”, *A Nosa Terra,* nº 849, “Guieiro Cultural”, 24 setembro 1998, p. 30.

Comeza referíndose á decepción que supuxo a primeira lectura da obra e critica algúns aspectos como a metodoloxía de Emilio Araúxo, a repetición dalgúns temas e a omisión doutros que non se tocan, a mestura da parte persoal coa reflexiva, ou a falta de rigor cronolóxico. De seguido céntrase na análise da obra e detense nalgúns dos eixes da reflexión do poeta como a reivindicación da lingua oral “con toda a carga de existéncia e memoria do vivido”. Salienta “a experiencia e a emoción na criación poética” como

un dos temas centrais do libro e recolle algúns fragmentos exemplificadores. Para rematar reflexiona sobre un dos temas que máis inquietaron o poeta, “a agonía e a perda do mundo rural”.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Nunca facer nada que puidese sorprender a un labrego”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Guieiro Cultural”, 21 maio 1998, p. 33.

Dá conta da publicación da obra explicando a súa estructuración. Faise referencia a algunhas etapas da vida de Novoneyra tratadas na obra, destacando o alegato a prol do ruralismo en resposta ós que participaron dun andazo antiruralista. Alúdese tamén ó deber do poeta con Galicia e ó que para el ten de conciencia e voz a poesía.

-A. R., “Soños de futuro”, *Tempos Novos*, nº 14, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 1998, p. 57.

Noticia sobre a aparición do volume *Dos soños teimosos*, no que Emilio Araúxo recolle unha serie de entrevistas realizadas a Uxío Novoneyra. Indícase a temática que se reflicte nas páxinas deste libro, onde o autor courelao traza un bosquexo radiográfico do acontecer literario deste século.

-Miguel Anxo Fernán Vello, “Dos soños teimosos”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 13 agosto 1998, p. 3.

Primeiramente, sinala a importancia da publicación de libros deste tipo polo que nos serven para achegarnos á obra dun escritor. Logo de louva-lo quefacer da editorial Noitarenga, onde está publicado o libro, fai un percorrido por este, o que lle serve para emprender un repaso pola poética de Uxío Novoneyra e polas diversas peripecias vitais que tivo que afrontar dende os seus comezos como poeta ata a actualidade.

-Xosé Lois García, “A nación recorrente en Novoneyra”, *O Correo Galego,* 17 novembro 1998, p. 4.

Fala do esmorecemento das publicacións de libros e entrevistas en Galicia e das posibles causas deste feito. Cita *Dos soños teimosos* e sinala que se trata de “toda unha afirmación da nosa cultura”.

Arca Caldas, Olimpio, *Emigrantes sobranceiros*, prólogo de Jesús Mallo Brenlla, Mourente: Edición do autor, 1998, 125 pp. (D. L.: PO-148-98).

Olimpio Arca Caldas presenta neste volume un estudio biográfico de dous "estradenses sobranceiros": Ramón Silvestre Verea García (1833-1899) e Bernardo Rodríguez Ribeira (1853-1924). O libro está encabezado por un prólogo de Jesús Mallo Brenlla, no que se define a obra como "un estudio da historia local, en canto que os personaxes sobre dos que trata teñen unha vinculación persoal e vital co seu lugar de orixe". No limiar do propio autor indícase que ademais de comparti-la mesma localidade natal e a experiencia da emigración, como xa se apunta no título, os dous estradenses tamén teñen en común unha formación humanística ampla, e un grande interese pola terra galega. Tamén se sinala que non comparten, sen embargo, a mesma actitude crítica fronte ós acontecementos sociais e históricos do seu tempo: Ramón Verea adopta unha posición máis radical que a de Bernardo Rodríguez. Tras repasa-la vida destes dous persoeiros, o autor da conta das súas traxectorias como escritores e xornalistas. Tamén fai referencia á faceta de inventor de Ramón Verea. Engade, finalmente, unha escolma de artigos publicados por Ramón Verea na revista mensual de Nova York *El Progreso*, da que Verea foi fundador e director. No tocante a Bernardo Rodríguez reprodúcense dous poemas e cinco relatos datados en Buenos Aires entre 1889 e 1914. Estes relatos, titulados "O roubado non loce", "Sin agarimo", "A sombra

dos carballos", "No muiño" e "Escorreita", desenvólvense en ambientes costumistas coa emigración como pano de fondo ou cunha forte presencia humorística.

Ares Botana, Óscar, *Antolín Faraldo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo-Dirección Xeral de Promoción Cultural, col. A Nosa Memoria, nº 18, decembro 1998, 66 pp. (ISBN: 84-453-2232-X). ◆

Biografía de Antolín Faraldo (Betanzos, 1822-Granada, 1853), un dos máis destacados intelectuais do século XIX e iniciador do movemento provincialista. Na evolución do seu perfil ideolóxico destácase o seu paso pola Academia Literaria de Santiago, na que se pretendía unha aproximación ó mundo da ciencia e da cultura e unha análise dos problemas de Galicia así como o seu labor xornalístico en *El Recreo Compostelano*, *El Porvenir* ou *El Idólatra de Galicia*, onde se perfilou o seu pensamento político: a busca do carácter diferencial de Galicia e a análise dos seus problemas partindo dunha reflexión histórica. Todo este pouso ideolóxico concretarase no que se deu en chamar a “Grande Obra” de Antolín Faraldo, isto é, un intento de reconstrucción da patria galega.

Areses, Dosinda, *Prosas completas (O pensamento crítico dunha galeguista nos tempos da Reforma Política. Obra publicada en El Pueblo Gallego, Hoja del Lunes e A Nosa Terra, entre 1979 e 1983)*, recompilación e prólogo de Antón Capelán, apéndices de Alberte Piñeiro, Olaia Fernández Davila, Turula Areses, X. L. Méndez Ferrín e Dorita Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1998, 183 pp. (ISBN: 84-8302-259-1).

Este volume que recolle a obra de Dosinda Areses (Leres, Pontevedra, 1914-Iugoslavia, 1984) conta con dous prólogos de Antón Capelán. No primeiro deles chamado “Dosinda Areses ou o compromiso desde a raíz”, destácase o seu labor como crítica literaria, e tamén se fai referencia a algúns trazos biográficos da autora. No segundo prólogo, “Dosinda Areses, columnista”, dáse conta da procedencia dos diferentes artigos deste libro e cualifícase a prosa desta escritora como “exemplos canónicos de *neocolumnismo*”. A continuación aparecen os artigos ordenados cronoloxicamente. Neles trátanse temas políticos, sociais e literarios. Algúns están centrados nunha persoa: Luís Seoane, Floro Cuevillas, Castelao, Luis Soto. Ó final do libro áchanse cinco apéndices e un índice onomástico. Os apéndices están asinados por Alberte Piñeiro, Olaia

Fernández Davila, Turula Areses, X. L. Méndez Ferrín e Dorita Rodríguez, nos que se glosa a figura de Dosinda Areses e tamén a súa morte.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Pensamento crítico nos tempos da reforma política", *Faro de Vigo, "El Sábado"*, nº 70, 29 agosto 1998, p. 4.

Comenta que o volume permite aprecia-las calidades artísticas e o alto compromiso político de Dosinda Areses coa sociedade. Salienta da súa prosa xornalística a grande erudición e o momento político. Remite ás palabras de Capelán poñendo de relevo a calidade artística da escritora. Achéganse finalmente algúns datos da vida de Dosinda Areses.

-Francisco M. Bouzas, "Coa ideoloxía dentro", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 34, 5 novembro 1998, p. 6.

Análise da obra *Prosas Completas*, de Dosinda Areses, que comeza cunha reflexión sobre a ideoloxía na que indica que a obra é imprescindible "para coñecer o noso pasado inmediato, mais non coa ideoloxía á parte, senón coa ideoloxía dentro", pois esta é fundamental nos escritos recensionados. Afirma a seguir que o verdadeiro autor da obra é Xosé Luís Méndez Ferrín, sendo Dosinda Areses un heterónimo do escritor ourensán. Eloxia a coherencia ideolóxica de Ferrín, glosa a introducción levada a cabo por Antón Capelán e manifesta que "moitas destas prosas son literatura panfletaria, artigos de propaganda

ideolóxica", pero que son "prosas inesquecibles, apaixonadas, fogosas e combativas e asemade ateigadas de calidade literaria".

Referencias varias

Miguel Anxo Seixas, "O espectro de Dosinda Areses", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 17 agosto 1998, 3.

Anuncia a saída do libro e describe o contido da obra. Entre as virtudes que lle atribúe a esta obra completa de Dosinda Areses indica a de darnos "visión branca" dun período que vai de 1979 a 1983 así como o resultado estilístico.

-E. O. R., "Retorno de Dosinda Areses", *O Correo Galego*, "AFA", 28 outubro 1998, p. 36.

Descríbese o contido do libro e faise referencia á súa presentación en Santiago da man de Miguel Anxo Seixas, que subliñou que o tempo de formación de Dosinda Areses é o da toma de conciencia de Galicia. Tamén se comenta a intervención de Méndez Ferrín, que salientou a renovación que supuxo para o columnismo galego a pluma de Dosinda Areses.

X. L. Méndez Ferrín, "Dosinda como pretexto", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 27 novembro 1998, 2.

Fai un percorrido pola biografía de Dosinda Areses con motivo da presentación deste libro na cidade de Santiago na que interviron Miguel Anxo Seixas e Xosé Luís Méndez Ferrín. No mesmo artigo recóllense palabras deste escritor sobre Dosinda Areses, e tamén algún anaco deses artigos para exemplifica-las súa organización.

Axeitos X. L e Uxío **Bobillo** (eds.), *Enrique Fernández Sendón (L. Fersén). Memoria e antoloxía dun republicano galego*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, nº 136, 1998, 270 pp. (ISBN: 84-7492-868-0).

Antoloxía de textos de Fersen escollidos por Axeitos e Bobillo, responsables tamén da introducción, o estudio, a edición e as notas. Entre os devanditos textos, case todos de carácter político, atópanse tres cartas enviadas por Fernández Sendón a Manuel Antonio. Estes son os únicos escritos en galego da escolma. Nelas permítese aconsella-la publicación de certos poemas e gaba a obra do rianxeiro. Tamén opina sobre as colaboracións xornalísticas e enxalza a revista *Nós*, alén de intentar convencelo para que colabore nela. Inclúese ademais un pequeno artigo, "Manuel Antonio, poeta y navegante", no que Fersen fala da necesidade dunha homenaxe ó autor de *De catro a catro* coincidindo co seu quinto cabodano. Por outra parte, négase a adscribilo ó creacionismo e comenta a súa relación co mar, para o cal cita bo número dos seus versos. Non esquece lembrar algunhas anécdotas ilustrativas do carácter do arousán.

Recensións:

Manuel Fdez. Rodríguez, “O exilio do exilio”, *A Nosa Terra*, nº 844, “Guieiro Cultural”, 20 agosto 1998, 20.

Cualifica de “exemplar” a tarefa de recuperación feita por Ediciós do Castro. A continuación realiza un percorrido descritivo polo volume. Considera que por riba dos valores ideolóxicos fundaméntase nun intento de remonta-la corrente do esquecemento imposto e de facer salvagarda dunha memoria colectiva “constantemente agredida”. Conclúe sinalando que con este volume Fernández Sendón pode volver á luz e remedia-lo seu esquecemento.

Blanco Valdés, Juan L., *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e a obra de Roberto Blanco Torres*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, nº 140, 1998, 398 pp. (ISBN: 84-7492-905-9).

Traballo de índole biobibliográfica sobre a figura de Roberto Blanco Torres (Santa María dos Baños de Cuntis, 1891-San Fiz de Galez, Entrimo, 1936). Ábrese cunha introducción na que J. Luis Blanco Valdés, sobriño-neto do autor de *Orballo da media noite*, quen se pregunta polas causas que levaron ó esquecemento do seu tío, concibe esta obra como "obriga ética" e indica que se trata dunha "edición de urxencia" coa finalidade de divulga-la figura e a obra de Blanco Torres. No apartado I, titulado "A vida", emprende o percorrido vital do escritor dende a súa infancia ó seu fusilamento na Guerra Civil pasando pola súa estancia en Cuba, a súa participación nas Irmandades da Fala e o seu labor á fronte de numerosos xornais entre os que sobresaen as súas etapas en *A Nosa Terra*, *La Zarpa*, *Galicia* ou *El Pueblo Gallego*. Destácanse do seu pensamento os seus desexos de rexeneración do espírito social e a súa fe no progreso e na República. No que se refire á obra poética *Orballo da media noite* (1929) e a xornalística *De esto y de lo otro* (1930), faise un seguimento da recepción. O apartado II titúlase "A obra. Escolma" e recóllese nel a edición facsimilar de *Orballo da media noite* xunto a dez composicións poéticas publicadas en prensa. No tocante á obra xornalística, inclúense mostras

deste labor agrupadas por temáticas (política, filosofía, lingua, crítica social e actualidade cultural e escritos de crítica literaria). O apartado III, "Documentos", acolle un repertorio documental que abrangue as partidas de nacemento, matrimonio, un artigo en latín co que pretendeu burlar a censura de Primo de Rivera, o texto de dúas sentencias xudiciais, a reproducción das páxinas de *La Zarpa* con motivo da homenaxe que se lle rendeu a Blanco Torres o día 4 de xaneiro de 1930, unha carta manuscrita a Eduardo Blanco Amor, a reportaxe feita pola revista *Norte* con motivo do seu cargo de gobernador civil de Palencia, a reproducción dalgunhas notas manuscritas en libros a Blanco Torres e o manuscrito dun bosquexo autobiográfico. Complétase o libro cunha detallada bibliografía primaria e secundaria así como un índice onomástico.

Referencias varias:

-Carme Vidal, "Lembro ouvir falar na família de Roberto Blanco Torres cunha mestura de dor, melancolia e medo", *A Nosa Terra*, nº 839, 16 xullo 1998, p. 9.

A piques de publicarse a biografía de Roberto Blanco Torres, titulada *Hipertensión cívica*, entrevístase ó seu autor, Xan Blanco Valdés. O biógrafo comenta a satisfacción que tivo a familia ó dedicarlle o Día das Letras Galegas ó seu tío Roberto Blanco Torres e declara que se conmemora o escritor e non o feito de ser un inmolado do 36, aspecto polo que seguramente non se lle dedicou con anterioridade esta data. Fala do seu labor xornalístico, das características da súa escrita e do motivo da disputa que tivo con Portela Valladares, pola que este último deixou o seu posto de redactor en *El Pueblo Gallego*.

Reconstrúe os últimos meses de vida do escritor de Cuntis e nomea algunhas das represalias que sufriu o resto da familia.

Calviño, Xulio*, Uxío Novoneira e os motivos de Circe*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, nº 14, xullo 1998, 97 pp. (ISBN: 84-89814-53-8).

A partir da análise de *Tempo de elexía*, Xulio Calviño define a poesía de Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel, 1930) como un discurso mítico, alleo ás continxencias do tempo linear, arraigado nun telurismo panteísta e optimista, animismo xubilar que emparenta, en boa medida, co pensamento da Grecia presocrática. Con todo, Calviño define o escritor como un falso elexíaco, á marxe da sentimentalidade que adoita caracterizar este xénero como lastre de dor que domina a poesía doutros cultivadores deste xénero como Juan Ramón Jiménez. A inadecuación entre o ser e a expresión que dá a realidade a este ser, explica segundo o autor por qué Novoneyra atopa refuxio na metáfora, verdadeira esencia da súa linguaxe poética, imaxe definidora da propia elexía e que serve para marca-lo hiato entre o ser e o mundo. As liñas xerais da producción elexíaca de Novoneyra estableéceas no capítulo primeiro do ensaio, destinado a analiza-lo enunciado poético do escritor. O segundo apartado aborda a evolución histórica do xénero elexíaco, dos latinos a Juan Ramón e Carles Riba, como marco onde sitúa-la obra do poeta galego, en tanto que o terceiro establece os paralelismos que xorden entre a cosmovisión deste e a dos filósofos presocráticos. O último capítulo desentraña a relación entre o discurso poético e a palabra, así como as implicacións que esta relación ten sobre o expresado. Pechan o libro os textos de *Tempos de elexía*.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “O ‘Grego’ Novoneyra”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 28, 24 setembro 1998, p. 6.

Refírese primeiramente á colección “Ensaio” de Espiral Maior poñendo de relevo que os libros que nela se publican arriscan co pensamento e propoñen respostas singulares para o noso tempo. Describe a continuación o contido do libro de Calviño e cualifica este volume como espectacular pola escrita grandilocuente e impresionante. Considera así que este ensaio sobre Novoneyra acaba converténdose nun texto creativo, con autonomía estética e empuxe de seu e capaz de atrae-la atención por si mesmo.

Referencias varias:

-Xabier Couselo, “Os poetas estiveron sempre moi abertos á realidade”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 8 xaneiro 1998, p. 71.

Con motivo da publicación de *Uxío Novoneyra e os motivos de Circe*, U. Novoneyra resalta a existencia dunha “grande cantidade de xeracións que practican a escrita poética, como nunca houbo, e iso é indicativo dunha gran vitalidade espiritual do país e tamén da nosa lingua”. Fala tamén de que a “sociedade galega máis desenvolvida” comeza a asumi-lo galego como lingua propia e pregúntase se se pode mirar cara a adiante sen “un coñecemento profundo do teu pobo e do teu ser”. Sinala que segue

facendo recitais porque parte da súa poesía “está orientada a ser comunicada” e afirma que “a poesía nunca debeu deixar de ser oral, porque ó especializarse perdeu ese intimismo de ser contada”.

Calvo, Tucho, *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, nº 142, decembro 1998, 471 pp. (ISBN: 84-7492-904-0).

Obra do xornalista Tucho Calvo que achega unha biografia de Valentín Paz-Andrade (Pontevedra, 1898-1987) a través dunha "autobiografía conversada" de vinteseis capítulos producto de moitas horas de diálogo. Reflicte así o periplo vital dunha das figuras máis destacadas do século XX galego dende as súas orixes na cidade do Lérez para abranguer tódalas facetas da súa intensa vida. Faise referencia a que no ámbito da cultura galega deu ó prelo varios ensaios e poemarios, dirixiu os xornais *Galicia* e *Industrias Pesqueras*, como empresario impulsou a creación de Pescanova e foi técnico da FAO e desenvolveu unha actividade política que o levou ó Senado na nova democracia española para recuperar así a súa participación na fervenza galeguista de comezos de século. O volume péchase coa "Cronoloxía" da súa vida e cun "Índice Onomástico".

Referencias varias:

-C. V., "Presentada la obra "Valentín Paz-Andrade. A memoria do século", *Diario de Pontevedra*, 28 novembro 1998, p. 16.

Fala do acto de presentación deste libro na cidade de Pontevedra a onde acudiron o escritor do libro, Tucho Calvo e Isaac Díaz Pardo. Segundo di, entre ambos lembraron a personalidade e os feitos de Valentín Paz Andrade. Finalmente, comenta as obras que leva escrito Tucho Calvo ata ese momento.

-María Conde, "Tucho Calvo recupera la memoria del siglo a través de los ojos de Paz Andrade", *La Voz de Galicia*, 28 novembro 1998, p. 33.

Nota de prensa na que se informa do acto de presentación do libro de Tucho Calvo, froito da colaboración co propio homenaxeado. A seguir comenta as propostas máis salientables que ofreceu en vida Paz Andrade e que aparecen recollidas no libro tal como el as dixo. Finalmente informa dos persoeiros que participaron na presentación.

-J. F., "Galicia aínda necesitaría hoxe xente coa capacidade de Paz-Andrade", *La Voz de Galica*, 13 decembro 1998, p. 41.

Sinala que o xerme do libro, *A memoria do século*, está nas longas conversas que Tucho Calvo mantivo con Paz Andrade coa idea de convertelas nunha biografía. A seguir, mantén unha conversa con Tucho Calvo na que este comenta que Galicia precisaba xente como Paz Andrade, do que dá conta dalgúns dos feitos que viviu e dos logros que conseguiu, ademais de referirse ós derradeiros anos da súa vida, nos que tivo momentos de desalento. Apunta o entrevistador, que esta biografía nun principio ía ser un proxecto menos ambicioso e que nel hai unha identificación con boa parte do pensamento deste vigués. Conclué indicando que dous anos antes de finar Paz Andrade, o proxecto desta biografía detívose porque este home polifacético quixo dar prioridade ó seu libro, *Castelao na luz e na sombra* (1982).

-G. V. G., “Tucho Calvo lamenta en Madrid el olvido en el que ha caído Valentín Paz-Andrade”, *La Voz de Galicia*, 16 decembro 1998, p. 35.

Nota sobre a presentación do libro no Círculo de Bellas Artes de Madrid. Infórmase de que a obra está baseada nas conversas que o autor mantivo con Paz-Andrade antes do seu pasamento. Explícase que tamén recolle fragmentos das intervencións dos participantes no acto: Tucho Calvo, que antepuxo a valía de Paz-Andrade respecto da doutros ós que xa se lles dedicou o Día das Letras Galegas; Isaac Díaz Pardo, propietario de Ediciós do Castro, e José Luis Gómez, director de *La Voz de Galicia*, os cales valoraron a recuperación desta figura senlleira e gabaron o volume de Calvo; e Alfonso Paz-Andrade, quen agradeceu a saída á luz deste homenaxe á memoria de seu pai.

Casares, Carlos, *Un país de palabras*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 156, decembro 1998, p. 204. (ISBN: 84-8288-247-3).

Reúne Carlos Casares neste volume quince escritos que xiran, na súa maioría, ó redor de temas literarios. A medio camiño entre o ensaio e a narración, o autor ourensán relata a súa relación con persoeiros como Miguel Torga, Gonzalo Torrente Ballester, Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ramón Piñeiro, os contactos iniciais con eles, a participación conxunta en faladoiros, e a súa particular visión, nalgúns casos desmitificadora, acerca destes intelectuais. Mentres que dos catro primeiros fai unha valoración literaria, no caso de Risco e Piñeiro céntrase no comentario do seu posicionamento político diverxente nos difíciles anos do franquismo, o que lle serve para ofrecer unha panorámica do mundo cultural galego na época da creación de Galaxia. Ademais destas semblanzas, inclúe tamén unha historia da cidade de Santiago e das lendas que a rodean, unha lembranza dos seus avós e da posible conversión das vidas destes devanceiros en textos literarios. Realiza, en dous dos capítulos, unha autopoética, dende a actualidade, na que explica as orixes do bispo protagonista de *Ilustrísima* (1980) e a creación de espacios e personaxes nas súas obras, comparándose, nalgún caso, con Otero, a quen considera o gran mestre neste aspecto. Os últimos catro escritos están centrados nas afeccións gastronómicas do pobo galego e na relixiosidade, este tema final a través do comentario de *Recupera-la creación*, de Andrés Torres Queiruga.

Referencias varias:

-Antón Lopo, “Aprendín máis nos faladoiros que nos libros”/“Casares recrea as súas vivencias literarias en ‘Un país de palabras”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 11 decembro 1998, p. 39/p. 73.

Recóllense as louvanzas de Damián Villalaín a Casares no acto presentación. Explícase que o autor tratou de profundar tanto na vida coma no feito literario e que con este fin van aparecendo pola obra sucesivamente Otero Pedrayo, Vicente Risco, Miguel Torga, V. S. Naipaul e Simone de Beauvoir, entre outros.

-Concha Pino, “Casares narra en “Un país de palabras” sus vivencias con amigos y escritores”, *La Voz de Galicia*, 11 decembro 1998, p. 37.

Dise que esta obra comprende un conxunto de quince narracións, todas inéditas bardante dúas, ás que tentou de lle dar un enfoque fundamentalmente literario, fuxindo de caer en conceptualismos filosóficos. Recóllense as declaracións en que Carlos Casares recoñece a sorte que tivo por coñecer a persoeiros do relevo de Otero, Piñeiro, Torrente, Cunqueiro ou Torga, polo que recoñece a débeda que ten coa cultura do país.

-Luis Pousa, “Casares: “El ensayo tradicional era máis literario que filosófico”, *El Ideal Gallego*, 17 decembro 1998, p. 48.

Infórmase da presentación desta obra celebrada en El Corte Inglés da Coruña, acto que contou coa participación de Andrés Torres Queiruga. A amizade e os amigos son emprazados como temas principais do libro. Recóllense as declaracións en que o director de Galaxia recoñece ser debedor do xeito de contar do seu avó e expresa a súa preferencia polo ensaio de tipo literario. Remátase sinalando a Torga como mestre de Casares no aspecto da claridade estilística.

Cruz, San Juan de la, *Noite Escura*, versión galega e limiar de Juan Miguel Domínguez Prieto, Madrid: Nossa y Jara Editores, 1998, 166 pp. (ISBN: 84 87169-99-6).

Versión galega do libro de San Juan de la Cruz (Fontiveros, Ávila, 1542-Úbeda, 1591), que inclúe un limiar do traductor, no que dá unhas breves notas informativas acerca de cómo se levou a cabo este traballo. Sinala que tivo o seu xermolo en Granada, no ano 1985, á beira dos "Mártires", "lugar onde San Xoán da Cruz deu á súa Noite forma definitiva". A seguir comenta a súa sorpresa ante a inexistencia de ningún San Xoán traducido ó galego. Indica tamén as fontes e os criterios lingüísticos seguidos para edita-lo libro, e aclara algúns cambios feitos no texto na procura da súa modernización "sen que isto supoña un estar deceado de fidelidade". A continuación reprodúcese o libro en prosa de San Juan de la Cruz que, como xa indica no "Prólogo ao lector", é unha "declaración das cancións verbo do xeito que ten a alma polo vieiro espiritual para atinxi-la verdadeira ataxenta de amor con Deus, tanto canto se pode nesta vida. Dinse tamén as propiedades que en por si ten aquel que atinxiu a devandita perfección, consonte nas cancións que atopa".

Durán, José Antonio (ed.), *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*, A Coruña: Real Academia Galega/ Fundación Caixa Galicia, 1998, 312 pp. (ISBN: 84-87987-15-X). ◆

Antoloxía de artigos xornalísticos de Manuel Martínez Murguía (Froxel-Arteixo, 1833-A Coruña, 1923) que aparece precedida por un estudio introductorio do propio José Antonio Durán. Así baixo o título de "O primeiro Murguía", e ó longo de dez apartados, aborda o editor algúns aspectos referentes á traxectoria biográfica, política e cultural de Murguía. Os tres primeiros apartados céntranse na súa infancia e no ambiente familiar de ideoloxía liberal que viviu fundamentalmente en Santiago de Compostela. Prosegue co periplo madrileño e coas colaboracións como cronista de sociedade en xornais como *Album de señoritas* ou *Correo de la moda* e na importancia que no seu devir vital tivo esta cidade onde coincide con Joaquín, Teodomiro, Serafín e Elina Avendaño, ó redor dos cales funciona "o que hoxe se podería chamar un Taller de Literatura e Arte, empapado de galeguismo, no que nin sequera o ensaio literario e cotián da lingua galega se debe descartar". Así mesmo pon de relevo a importancia de Alejandro Chao que sería director dos xornais *La Oliva* e *El Miño*. Do mesmo xeito sitúa algunhas claves para entender moitos aspectos de Murguía no ideario de Ventura Ruíz Aguilera e a súa defensa das literaturas das distintas linguas peninsulares. Os últimos apartados céntranse na etapa dos

xornais *La Oliva* e *Semanario Pintoresco*, así como na importancia do contacto co editor Juan Compañel. A escolma constitúena cincuenta e oito artigos de diversa temática que van dende o político, o xeográfico e historiográfico ata o biográfico. Xunto a eles inclúense algúns de índole literario como “Ensayo de una historia literaria de Galicia”, “Poesía gallega contemporánea”, “Camoens y sus rimas”, “La raza céltica y su poesía popular” e “La literatura de los pueblos eslavos”, entre outros.

Referencias varias:

-E. P., “Fraga presenta hoxe en A Coruña un libro sobre o traballo xornalístico de Manuel Murguía”, *El Correo Gallego*, 28 decembro 1998, p. 65.

Anuncia a presencia de Manuel Fraga no acto de presentación, previsto para hoxe. Circunscríbese esta novidade bibliográfica dentro dos actos de conmemoración do 75º cabodano do pasamento de Murguía.

-Luis Pousa, “La Real Academia Galega recupera los artículos de su primer presidente”, *El Ideal Gallego*, 29 decembro 1998, p. 56.

Información sobre a presentación do volume na Coruña. Faise nota-la escasa atención que merecera ata o de agora a faceta xornalística do home de Rosalía. Recóllense as declaracións no acto do presidente

da RAG, emprazando a Murguía xunto a Sarmiento e Risco como cabezas dos seus respectivos séculos; tamén as de Manuel Fraga, indicando a necesidade de divulga-la obra deste galeguista, e as de José Ramón Docal, quen prometeu unha maior atención da Fundación Caixa Galicia á Academia. Pousa insiste na renovación que supuxeron os artigos de Murguía, nomeadamente os retratos literarios, alén de dar conta da estructura da obra.

-C. Fernández, “Desconocido”, *La Voz de Galicia*, 29 decembro 1998, p. 31.

Fernández gaba a obra de Durán, facendo fincapé no seu coñecemento do período decimonónico en Galicia, e salienta a riqueza de perspectivas que proporciona para o coñecemento do primeiro presidente da RAG.

-E. Álvarez, “Redescobren o Murguía, xornalista”/“A RAG retoma a Murguía e publica a escolma do seu labor xornalísitico”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 29 decembro 1998, p. 40/p. 74.

Coméntanse as intervencións pronunciadas no acto de presentación por Francisco Fernández del Riego, Manuel Fraga, José Ramón Docal e José Antonio Durán. Infórmase de que o primeiro situou a Murguía como o personaxe máis sobranceiro da cultura galega do XIX e sinalou a necesidade de profundar no estudio da súa obra, aspecto este que centrou tamén as palabras do máximo mandatario da Xunta. No tocante a Docal, presidente da Fundación Caixa Galicia, explícase que expresou o compromiso do organismo que dirixe coa cultura e o autor anunciou para 1999 un novo libro sobre o tema, sobre o cal leva vintecinco anos traballando. Alúdese por último á boa parte dos persoeiros asistentes.

Equipo Glifo (Grupo Compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias, formado por Anxo **Tarrío**, Fernando **Cabo**, Blanca-Ana **Roig**, Arturo **Casas**, Anxo **Abuín** e Darío **Villanueva**), *Diccionario de termos literarios a-d*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 585 pp. (ISBN: 84-453-2213-3). ◆

Primeiro volume do *Diccionario de termos literarios* dos tres previstos, que forma parte do proxecto “Diccionarios de Literatura” que dirixe, no Centro Ramón Piñeiro, Anxo Tarrío Varela. Ábrese cunha “Introducción”, asinada polo equipo responsable da publicación, que principia por manifesta-lo seu interese en facilitar un instrumento de reflexión e análise do sistema literario xeral e do galego en particular. Apunta tamén a intención de conecta-la tradición retórica e poética coa Teoría da Literatura actual. A seguir recóllese a definición de termos do ámbito da retórica, da historia, da crítica, da narratoloxía, da semiótica, da hermenéutica, etc., acompañada de exemplos pertencentes ó corpus literario galego dende a Idade Media ata a actualidade. Cada unha das voces inclúe, cando é pertinente, voces relacionadas co obxectivo de guia-lo lector por redes terminolóxicas coherentes que faciliten tanto a aclaración puntual sobre un termo coma a información sobre vocábulos vencellados. Péchase o volume cunha bibliografía.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “Unha ufana tranquilidade”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 decembro 1998, p. 48/p. 4.

Comenta con ledicia a saída do prelo do *Diccionario de termos literarios*. Considera que esta é unha proba máis de que “o país vai avante e modernízase”. Isto lévao a lembra-la situación da cultura galega hai vinte ou trinta anos nos que os da súa xeración non podían albiscar que obras da embergadura e modernidade desta fosen feitas en Galicia. Finalmente resalta que fose no Centro Ramón Piñeiro onde se levara a cabo esta obra.

-Salvador García- Bodaño, “Colleitas literarias”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 27 decembro 1998, p. 3.

Comentario conxunto sobre o *Informe de literatura 1997* e o primeiro tomo do *Diccionario de termos literarios* publicados polo Centro Ramón Piñeiro. Cualifícanse ámbalas dúas obras de rigorosas e recoméndase para a segunda a edición electrónica da que xa goza a primeira. Por outra parte, lémbranse as pouco sistemáticas publicacións ás que había que recorrer antes da existencia do *Informe*. Finalmente, non se esquece felicitar tanto os directores dos dous proxectos canto os equipos de bolseiros e colaboradores en que se apoian.

Fernán-Vello, Miguel Anxo e Carlos **Pereira Martínez** (eds.), *Homenaxe a Eduardo Blanco Amor 1998*, Culleredo-A Coruña: Espiral Maior, novembro 1998, 138 pp. (ISBN: 84-89814-61-9).

Obra de homenaxe a Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) que se encadra dentro dos actos que o Concello de Culleredo promoveu co gallo da organización da XVIIª edición do Premio Blanco Amor, tal e como afirma o Concelleiro de Cultura no "Limiar". O volume estructúrase en tres bloques: o primeiro componse de recensións e semblanzas do autor e da súa obra; o segundo ofrece ilustracións dos artistas plásticos Perfecto A. Estévez, Alfredo Erias, Xaquín Marín, Manuel Romero e Siro; e o terceiro recolle composicións poéticas e narrativas dedicadas a Blanco-Amor por Xosé María Álvarez Cáccamo, Bernardino Graña, Henrique Rabuñal, Román Raña, Antón Riveiro Coello, Xavier Rodríguez Baixeras, Xavier Seoane e Xulio L. Valcárcel. As recensións e se,blanzas corresponden a:

-Francisco Fernández del Riego, "Ourense na vida do escritor", pp. 15-22.

Artigo no que se lembran episodios da vida de Blanco Amor: a súa nenez e adolescencia en Ourense, o seu labor xornalístico e a emigración a América. Do Blanco Amor literato destacarase a presencia de Auria (Ourense) como escenario das súas narracións, nas que adquire papel protagonista así como a

recorrencia á personaxe do neno-protagonista en varias das súas obras (*Os biosbardos* e *La catedral y el niño*) e no que o articulista di percibir certos reflexos da biografía do autor.

-Carlos Laíño Lorenzo, “Unha débeda”, pp. 23-30.

Reflexiona acerca da figura do homenaxeado destacando a poesía, a música e a oratoria como aspectos fundamentais da súa obra. Segundo Laíño Lorenzo a música e o ritmo están relacionados co carácter poético da súa producción e polo que respecta á oratoria lémbrase que Blanco Amor, “autor que viviu da palabra”, foi autor duns *Apuntes, anotacións e bibliografía para clases de oratoria* conservados no Arquivo Blanco Amor da Deputación Provincial de Ourense.

-Manuel María, “Lembranza de Eduardo Blanco Amor”, pp. 33-35.

Recorda que coñeceu a Blanco Amor cando este chegou a Ourense despois da emigración. Lembra as conversas no Café Miño, dá notas físicas e humanas de Blanco Amor. Refírese á valoración que o autor ourensán fai da súa propia obra e relata anácdotas das viaxes co escritor e finaliza referíndose ó enterro en Ourense de Blanco Amor.

-Xosé Neira Vilas, “Lembranza de Eduardo”, pp. 41-42.

Dinos que coñeceu a Blanco Amor con motivo dunha conferencia celebrada no Centro Ourensán de Buenos Aires no 1953 e salienta o engaiolados que quedaron os oíntes da súa exposición sobre a letra do “pondalián do noso Himno”. Recorda outras charlas do autor sobre o *Catecismo*, de Lamas Carvajal,

sobre Castelao e sobre outros temas relacionados coa literatura galega. Finalmente fai un percorrido por distintos lugares e actos nos que gozou da compañía do escritor homenaxeado.

-Luís Pérez Rodríguez, “E. Blanco Amor e F. García Lorca”, pp. 43-59.

Preocupado por esclarece-lo enigma literario dos *Seis poemas galegos*, e despois de referirse á unha ampla bibliografía sobre o tema, decántase por García Lorca á hora de atribuírlle a autoría da obra citada e afirma que as composicións responden ó interese pola literatura galega e ó coñecemento de Galicia que manifesta o poeta andaluz. De seguido, enmarca no período 1932-34 a composición dos poemas e traza unha lectura da estructura da obra. Finalmente, tras se referir á súa publicación na editorial Nós, expón a tese de Blanco Amor sobre a autoría dos poemas.

-María Xosé Queizán, “O que nunca lle dixen a Eduardo Blanco Amor”, pp. 65-68.

Fai un percorrido polos seus sentimentos dende que lle anunciaron a morte de Eduardo Blanco Amor e o seu enterro en Ourense. Lamenta non ter aproveitado máis a amizade do escritor. Refírese á homosexualidade de Blanco Amor, oculta no mundo literario ata a súa morte e reflexiona sobre esta cuestión.
-Claudio Rodríguez Fer, “Sobre os anxos de Eduardo Blanco-Amor”, pp. 71-79.

Faise un seguimento do mito do anxo no poemario blancoamoriano composto por “El angel que no sabía de sí” e polo conxunto titulado “Poemas del Ángel” e datados entre o 15 de xaneiro e o 7 de marzo de

1968. Analiza as motivacións, a simboloxía do mito e o tratamento que fixeron autores como Rilke, Alberti, Lorca, Luís Pimentel, José Ángel Valente e Luís Cernuda, sempre exemplificando.

Fernández, Ángeles, Benito **Losada** e Marcos **Valcárcel** (coords.), *O fillo da florista. 34 retratos de Eduardo Blanco Amor*, Ourense: Editorial Linteo, decembro 1998, 81 pp. (ISBN:84-930058-1-9).

Trátase dun volume homenaxe que se inicia cunha breve nota da editorial e dúas introduccións dedicadas a Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979): "Viña a Barcelona moi seguido" e "Algunha vez dixo Blanco Amor", de Basilio Losada e Alfonso V. Monxardín Fernández, respectivamente. A seguir recóllense trinta e catro retratos, acompañados de comentarios manuscritos e con letra de imprenta de: Carlos Casares, Manuel María, Maribel Outeiriño, María do Carmo Henríquez, Díaz Pardo, Luis Álvarez Pousa, Neira Vilas, Alonso Montero, Arturo Baltar, Basilio Losada, Campio Pereira, López Morais, Méndez Ferrín, Pilar Jeremías, Antonio Pérez Prado, entre outros.

Referencias varias:

R. F., "Lineo edita "O fillo da florista" con 34 relatos de Blanco Amor", *La Región*, 2 decembro 1998, 14.

Fai referencia á primeira publicación da man da Editorial Linteo, que leva por título *O fillo da florista*. Informa do contido do libro e destaca as palabras do director das publicacións de Linteo quen afirmou que "este é o libro que a Blanco Amor lle gustaría que fora editado na súa memoria". Por outra banda cita os nomes dos colaboradores deste volume.

Fernández del Riego, Francisco, *Antolín Faraldo. O gran soñador*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1998, 137 pp. (ISBN: 84-8302-211-7).

Volume que nos achega á figura histórica de Antolín Faraldo (Betanzos, 1822-Granada, 1853). Fernández del Riego divide a obra en quince apartados diferentes, no último deles ofrece unha escolma de textos faraldianos aparecidos en *El Recreo Compostelano*. Como se sinala no libro, a intención do autor é a de "amosar unha panorámica do que Antolín Faraldo realizou durante a súa breve existencia, non só como home, como escritor, senón ao se vencellar á historia galega coa que se identificou". Así, nalgúns dos apartados describe o clima cultural e político da Galicia daquel momento. Ademais de repasa-la formación intelectual e a actividade como autor de artigos e de breves ensaios do escritor betanceiro, tamén se fai referencia ó contacto que este mantivo con algunhas das personalidades máis importantes do seu tempo. O libro inclúe tamén unha lista coa bibliografía consultada polo autor, e un índice onomástico.

Referencias varias:

-X. C., "Antolin Faraldo, biografia da primeira hora nacionalista", *A Nosa Terra*, nº 841, "Guieiro Cultural", 30 xullo 1998, p. 33.

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Sucinto comentario sobre a obra *Antolín Faraldo, o gran soñador*, de Francisco Fernández del Riego, no que ademais se ofrece un breve perfil biográfico de Faraldo.

-A. R., “Os soños de Faraldo”, *Tempos Novos*, nº 18, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 1998, p. 63.

Dá conta da aparición do último ensaio de Francisco Fernández del Riego, *Antolín Faraldo. O gran soñador*, a través do cal se recupera a figura do “ideólogo principal” do Provincialismo galego. Sinala de qué partes se compón este volume, que considera “indispensable” para ter coñecemento da cultura e da historia deste país, na primeira metade do século anterior.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.), *Cos pés na Terra. Personalidade e obra inédita ou esquecida de Manuel García Barros*, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fouce/Asociación Cultural “A Estrada”, 1998, 199 pp. (ISBN: 84-922840-1-3).

Obra dividida en sete partes ben diferenciadas baixo epígrafes diferentes, aínda que teñen como principal foco de atención a Manuel García Barros (Berres, A Estrada, 1876-Pousada, Callobre, 1972). Na primeira delas faise un breve resumo da vida e dos principais postulamentos ideolóxicos deste autor estradense. De seguido aparecen vintenove cartas inéditas de García Barros a amigos seus, entre outros Anisia Miranda, Sebastián Martínez Risco, Raimundo García Rodríguez, etc. Na terceira e cuarta parte recóllense textos en prosa e poesía en galego, respectivamente. Son estes textos que manifestan a inconformidade do autor coa situación dos labregos e coas penurias que se vivían no medio rural galego. A seguir, recóllense artigos xornalísticos e o ensaio inédito titulado “Divagaciones sobre lo discutible y lo indiscutible”, escritos en castelán moitos deles na prensa da época, e que inciden na temática antes apuntada. De seguido, nun apéndice recóllense escritos seus de carácter lingüístico, de semblanzas de personaxes populares, e outros escritos diversos. Por último, aparecen unha bibliografía seleccionada sobre a obra e outros estudios sobre Manuel García Barros.

García Negro, Maria Pilar (ed.)*, Valentín Lamas Carvajal*, *Poesía galega*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/ Filoloxía, 1998, 538 pp. (ISBN: 84 7492-869-9).

A tese de licenciatura defendida por García Negro na universidade compostelá en 1983 constitúe a orixe do presente volume, que pretende recadar toda a poesía en galego de Valentín Lamas (Ourense, 1849-1906). Na introducción, a editora repasa a biobibliografía do autor ourensán incidindo na perda da vista e na súa faceta de xornalista reivindicativo, principalmente desde a tribuna de *O Tío Marcos d'a Portela*. Coida que hai que avalia-la súa obra sen preconceptos e sen aplicarlle varas de medir propias de literaturas alleas e recolle xuízos críticos, non sempre positivos, achegados por Manuel Murguía, Leopoldo Pedreira, Pardo Bazán, Phileas Lebesgue, Cuevillas e Blanco Amor, entre outros. Os títulos que inclúe esta edición son: *Cartas ós gallegos*, onde se salienta o carácter propagandístico; *Espiñas, follas e frores*, do que se destacan as liñas temáticas máis importantes; *Saudades gallegas*, considerado poemario de madurez e sensiblemente máis pesimista cós anteriores; e *A musa das aldeas*, situado como legado poético do autor ourensán. A seguir, recóllense cinco poemas soltos. A presente edición, que tomou como modelo, sempre que puido, as derradeiras en vida do escritor, somete os textos a unha modernización ortográfica e dótaos dun abondoso aparato crítico que nos informa dos periódicos

en que foron aparecendo os poemas e das edicións anteriores das obras aquí inseridas, alén de fornecernos das variantes textuais e comentarios varios. García Negro remata coa bibliografía e con vinteseis apéndices misceláneos que recollen desde a partida de bautismo de Lamas ata traduccións dos seus textos ó italiano, portugués, castelán ou sueco.

Referencias varias:

-Xosé Lois García, “A poesía de Lamas Carvajal”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 21 abril 1998, p. 3.

Saúda a publicación do libro *Poesía Galega* que recolle toda a producción poética de Valentín Lamas Carvajal. Aproveita a saída deste libro ó mercado para reflexionar acerca da importancia de Lamas Carvajal como unha das grandes figuras literarias esquecidas no Rexurdimento Galego e considera ó autor ourensán como un dos escritores galegos marxinados polo forte crítica social das súas obras.

-R. F., “Pilar García Negro reúne nun volume a poesía de Valentín Lamas Carvajal”, *La Región*, 22 abril 1998, p. 16.

Noticia da presentación do libro na librería Torga de Ourense. Sinálase que no acto Marcos Valcárcel puxo de relevo o feito de que a aparición de Rosalía, Curros e Pondal fixo quedar relegada a poesía de Lamas. Indícase ademais a presencia de Xosé Lois que recoñeceu a débeda do seu humor con *O catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal e dos debuxos de Castelao.

-Marcos Valcárcel, “Resucitar a voz poética de Valentín Lamas Carvajal”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 24 abril 1998, p. 3.

Reflexiona primeiramente sobre o esquecemento que poden sufrir escritores que no seu tempo foron os de máis sona. Fai este comentario a propósito da poesía de Lamas Carvajal e cualifica o traballo de Pilar García Negro como “esforzado e rigoroso”. Alude á temática da poesía de Lamas e refírese á visita que lle fixo Miguel de Unamuno en 1903. Ademais concorda con Pilar García Negro ó considerar que pesan os prexuízos literarios á hora de enfocar poéticas como a de Lamas. Pide finalmente a recuperación deste autor.

-Raquel López, “A voz que loitou contra a afasia cultural do país”, *O Correo Galego*, 30 abril 1998, p. 47.

Céntrase na intervención de Pilar García Negro durante a presentación do libro en Santiago na que cualificou a Lamas como “valedor do pobo” e fixo referencia ó cualificativo de “escritor panfletario” que se lle ten atribuído. Ademais subliña a dimensión oral da súa obra así como a súa magnitude. Tamén alude ás palabras de Xosé Chao Rego nas que cualifica ó autor de “apoloxeta e demagogo” aclarando que non no sentido pexorativo.

-Ángeles Pazos, “Reclamo o trato de clásico da literatura para Lamas Carvajal”, *El Ideal Gallego*, 18 maio 1998, p. 72.

Entrevista con Pilar García Negro na que fala dos obxectivos que buscaba ó estudia-la obra poética do escritor ourensán e das principais características que o definen segundo o seu criterio. Remata

sinalando a Lamas Carvajal como o pioneiro na reinvindicación do idioma galego e a súa importancia á beira dos clásicos do Rexurdimento xa recoñecidos amplamente.

González Beramendi, Justo, *Manuel Murguía*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo-Dirección Xeral de Promoción Cultural, col. A Nosa Memoria, nº 14, maio 1998, 73 pp. (ISBN: 84-453-2163-3). ◆

Ó longo de oito apartados, Justo González Beramendi achéganos abondosa información sobre a vida, a obra e a ideoloxía de Manuel Murguía (Froxel-Arteixo, 1833-A Coruña, 1923). Comeza comentando certos aspectos relacionados co ambiente familiar, a efémera experiencia universitaria e o matrimonio con Rosalía de Castro, para logo referirse de forma minuciosa ó seu labor como escritor, xornalista e historiador. Céntrase a continuación na súa actividade e ideoloxía política, relatando cómo se converteu no dirixente do Rexionalismo e cómo sentou as bases do que sería a visión imperante no nacionalismo galego do primeiro tercio do século XX. Dá conta, finalmente, da súa decisión de retirarse ó papel de mentor en segundo plano e dedicarse á erudición e ó labor cultural, decisión que se vería fanada trala creación da Real Academia Galega, mediante a cal voltaría a recuperar transitoriamente o protagonismo perdido. Pecha este volume cunha bibliografía onde se rexistran tanto algunha das obras da autoría deste persoeiro galego coma unha serie de traballos que versan sobre el.

González Pérez, Clodio, *Roberto Blanco Torres. Vida e obra*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Fasquía, nº 3, outubro 1998, 140 pp. (ISBN: 84-89129-22-3).

Aproximación á vida e obra de Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936) antes da cal Clodio González Pérez indica a súa calidade como xornalista así como a pulcritude e riqueza da súa obra. A partir de aquí faise un seguimento dos momentos máis significativos do autor de *Orballo da media noite*, dende o nacemento en Cuntis ata o asasinato nos inicios da Guerra Civil. Para esto divide o seu periplo vital en tres grandes bloques: "De Galicia a Cuba", "De novo en Galicia" e "En Galicia para sempre". No epílogo faise un percorrido por aquelas voces que ó longo do tempo se lembraron de Blanco Torres e que viñeron a crebar "o silencio imposto polo fascismo". O volume inclúe ademais unha escolma de seis textos poéticos, cinco deles procedentes de *Orballo da Media noite* (1929) e o outro do xornal *A Nosa Terra*. Complétase esta escolla con oito artigos xornalísticos: "Terapéutica urxente: ou servilismo ou rebeldía", "Xornadas: divagacións literarias", "Crespón de loito: Curros Enríquez", "Día de Galicia", "O camiño", "La unificación ortográfica del idioma gallego", "Galicia fuera de turno" e "La emigración y sus traficantes".

González Pérez, Clodio, *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo, Galego de ben*, Vigo: Ir Indo Edicións, novembro 1998, 62 pp. (ISBN: 84-7680-274-9).

Traza unha panorámica xeral da vida de Antonio Fraguas (Loureiro-Cotobade, 1905) desde a súa infancia ata a actualidade, facendo ó tempo un percorrido pola súas actividades profesionais e do seu labor desenvolvido como coñecedor da cultura galega galega en xeral, e da cultura popular en particular. Así ó lado de fotagrafías onde aparece o propio Fraguas coa súa familia ou con destacados membros do galeguismo de preguerra, tamén se reproducen portadas dos seus principais libros publicados, todos eles arredor de temáticas relacionadas coa cultura popular e co mundo rural galego. Así mesmo destácase a súa valía como director do Museo do Pobo Galego no que estivo traballando nos últimos anos. Finalmente o libro conta cunha cronoloxía de Antonio Fraguas na que se sinalan de forma sintética os principais acontecementos da súa biografía.

Referencias varias:

-Lois Fernández, “Agasallo para Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “El espejo”, 26 decembro 1998, p. 40.

Anúnciase para o día 28, coincidindo co noventa e tres aniversario de Antón Fraguas, a presentación da primeira biografía do presidente do Museo do Pobo Galego na Galería Sargadelos de Compostela, na que intervirán Bieito Ledo, Antonio Fraguas, Isaac Díaz Pardo e Clodio González, autor do volume.

-Paula Pérez, "La editorial Ir Indo publica la primera biografía del historiador Antonio Fraguas", *Faro de Vigo*, 29 decembro 1998, p. 51.

Cítanse as palabras de Clodio González e Isaac Díaz Pardo, pronunciadas na presentación da biografía, exaltando a dimensión persoal de Fraguas, aspecto co que o propio polígrafo estudiado se amosou de acordo.

-D. J., "Na homenaxe a un 'galego de ben", *O Correo Galego*, 29 decembro 1998, p. 39.

Informa sobre a presentación da obra e cita algúns dos máis insignes asistentes, entre os que se atopaban políticos locais, literatos, dirixentes de institucións culturais, xornalistas, etc. Tras facer unha pequena descrición do libro, recolle as louvanzas que Isaac Díaz Pardo e Clodio González, nas súas respectivas intervencións, lle dedicaron a Fraguas, quen narrou algunhas anécdotas que lle sucederon ó longo da súa vida.

Kremer, Dieter, (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, 2 vols., Vigo: Galaxia, 1998, 1138 pp. (ISBN Tomo I: 84-8288-231-7) (ISBN Tomo II: 84-8288-232-5) (ISBN Obra Completa: 84-8288-233-3).

Volume dobre de homenaxe ó profesor, filólogo e escritor Ramón Lorenzo (Eirapedriña-Ames, 1935). Conta cun limiar do editor, no que lembra a súa etapa como alumno do homenaxeado cando era lector en Colonia. Sitúa ademais a Lorenzo como pioneiro "desta emancipación internacional da lingua e cultura galegas". Primeiramente ten unha bibliografía de Ramón Lorenzo. O primeiro tomo divídese en catro apartados: "Ramón Lorenzo", "Filoloxía e Literatura Medieval", "Crítica e Creación Literaria" e "Cultura e Historia". O segundo tomo está dedicado a traballos de índole lingüística. A continuación describímo-los artigos que lle atinxen á literatura galega, encadrados todos eles no primeiro dos dous volumes. No apartado XI deste *Informe* dedicado á literatura medieval descríbense os traballos que tratan esa temática.

-X. L. Méndez Ferrín, "Anos de formación de Ramón Lorenzo", pp. 3-6.

Realiza un percorrido pola traxectoria vital, académica e literaria de Ramón Lorenzo dende o seu nacemento no Concello de Ames en 1935 ata que nos anos sesenta exerce como lector de español na Universidade de Coloña onde entra en contacto co profesor Joseph M. Piel. Comenta a importancia da

infancia no medio rural de Amaía, a posible contribución do profesor Benito Varela Jácome na súa vocación literaria. Prosegue coa etapa universitaria en Santiago e co maxisterio de Ramón Otero Pedrayo, así como ambiente xuvenil creado ó abeiro da Universidade marcado polo existencialismo e as lecturas de Camus, Sartre, Heidegger, etc. Tamén se refire á relación de Lorenzo co círculo de Galaxia e ó labor literario premiado en varias Festas Minervais así como no Premio Castelao do Centro Galego de Buenos Aires. Sitúa a estética do poeta "dentro dunha estilística próxima á imaxinería surrealista e cun sentimento radical de orixe existencialista". A continuación aborda Méndez Ferrín o traslado a Madrid e desta etapa pon de relevo a admiración de Ramón Lorenzo polos profesores Dámaso Alonso e Rafael Lapesa así como a relevancia do Grupo Brais Pinto no que participou. Refírese ademais ó poemario *O que se foi perdendo* (1959) como paradigma da Escola da Tebra e alude ó entusiasmo co que o libro foi recibido no momento.

-Alfredo Conde, "Don Ramón, Don Gaiferos, o gando do país, os postres e o poeta", pp. 7-14.

Breve artigo no que se fala de varias anécdotas que lle aconteceron a Alfredo Conde co profesor Ramón Lorenzo. Todas estas pequenas historias sérvenlle para falar da personalidade do poeta e escritor homenaxeado, de quen di que é un "home bo".

-Carlos Casares, "Unha historia, unha lembranza", pp. 15-17.

Lembra Carlos Casares cómo coñeceu a Ramón Lorenzo a través de Ramón Piñeiro. Comenta que a primeira imaxe que tivo do profesor homenaxeado é a dun "home reservado, pero de paixóns íntimas ocultas, que se dedicaba á filoloxía, aínda que antes que nada quería ser poeta". A seguir, relata as

dificultades que se tiveron que superar para publicar a tese de Lorenzo, feito que se conseguiu a través dos contactos de Sebastián Martínez-Risco, daquela presidente da RAG, con David Ferrer, presidente da Deputación na época.

-Marga Romero, “Ramón Lorenzo, o poeta oculto da noite”, pp. 19-23.

Primeiramente fala do Ramón Lorenzo profesor, do que a propia autora do artigo foi alumna. A seguir céntrase no estudio da súa poesía, da que di sentirse satisfeita e moi contenta por terse achegado a unha obra na que salienta sobre todo a configuración das imaxes.

-Ana Mª Cano González e Antonio Fernández Insuela, “Dos muestras de literatura oral gallega”, pp. 241-249.

Coméntanse dúas mostras da tradición oral galega: unha versión dun conto denominado *El marido burlado se venga en la sobrina del cura* e outra do romance *El conde Alarcos*. A propósito da primeira ofrécese unha transcrición do conto recollida en Penedo, San Cibrao das Viñas, en Ourense. Saliéntase en canto a lingua a utilización de expresións neutras ou xenéricas que funcionan como eufemismos e, en canto á estructura, as similitudes que presenta coa terceira narración contida na recompilación medieval *Les cents nouvelles nouvelles*, de Monseigneur de la Roche, e as diferencias en canto á condición social dos personaxes con respecto a outras versións do mesmo relato atopadas noutros territorios. A propósito do romance de *El conde Alarcos*, recollido en Taboadela, Allariz, tamén en Ourense, sinálase que gozou dunha ampla difusión que chegou a Galicia, onde existen 32 versións completas e 24

incompletas ás que se suma a recollida neste artigo, que presenta, en xeral, as mesmas características do resto e unha diferencia en canto á actitude da esposa do conde Alarcos.

-Aurora López, “Soya cos meus pensamentos”. A adxectivación das mulleres nos *Cantares gallegos* de Rosalía”, pp. 255-281.

Estudia a adxectivación que aparece en *Cantares gallegos* referida ás mulleres, dende unha perspectiva lingüística, coa intención de descubrir cómo se comporta a escritora cando enxuíza a outras mulleres ou a si mesma. A autora aplica ós textos a “hermenéutica da sospeita”, un procedemento xa adoptado noutros textos masculinos. Distingue na obra seis apartados. No primeiro, “Dedicatoria” e “Prólogo”, o suxeito é unha primeira persoa, en concreto Rosalía, e neles percibe ademais dun “bo comenzo dun modo de facer feminista” a través da referencia cómplice a Fernán Caballero, o emprego dunha adxectivación que expresa a carencia na autora de cualidades positivas para o acto da escrita. No segundo agrupa o primeiro poema —*exordium*—, que presenta a ficción poética da *cantora* para distancia-la autora da súa obra, descargando así a obriga de dignifica-lo seu pobo e a súa lingua e deixando ó mesmo tempo diluída a propia personalidade para encubri-la “ousadía” de facer algo novo e importante”; e o derradeiro poema —*conclusio*— que leva de novo á adxectivación negativa do prólogo. No terceiro apartado detense nos cantares que presentan un eu lírico: 2, 9, 13, 16, 19 e 30, dominados polo sentimento do amor cara ó home, e 11, 17, 28 e 32, dominados pola defensa da patria nai, pola natureza e pola saudade. No apartado cuarto, poemas 10, 12, 14, 15, 23 e 24, aparece un eu que se representa baixo a máscara dun home. No quinto recolle os cantares que presentan estructura dialogada entre mulleres e entre muller e home e, por último, no sexto epígrafe analiza os poemas que presentan unha terceira persoa que narra ou describe unha situación poética. Tras ir analizando detalladamente os

adxectivos destas partes achega, entre outras, as seguintes conclusións: a falta de representación de oficios femininos fóra do ámbito da casa; a xuventude e a soltería como idade e estado máis correntes; o interese polo namoramento das mulleres; o léxico feminino reducido os termos nai e filla e a reiteración do símbolo terra-nai. Finalmente destaca que Rosalía presenta "prototipos que son exemplares, e anti-prototipos que son mirados con indubidable comprensión" e pensa que "non é doado atopar quén fale de nós, das mulleres galegas, das mulleres a fin de contas, con tanto coñecemento de causa e con tanta tenrura como o fixo Rosalía nos *Cantares gallegos*".

-X. L. Couceiro Pérez, "Atribución indebida", pp. 283-298.

Este estudio fai referencia ó soneto *A Araucana*, da poetisa Isabel de Castro Andrade e recolle as teorías sobre a biografía e á autoría do soneto dedicado a Alonso de Ercilla. Comeza comentando os primeiros estudios sobre esta poetisa renacentista feitos por Carré Aldao. Este nun artigo do que se reproducen algúns fragmentos discrepa nalgúns puntos como a biografía da autora ou a data de composición do soneto do publicado anteriormente por Juan Pérez de Guzmán que dera conta no achado no seu *Cancionero de la rosa*. Cuestiona a ortografía do texto, a cal suscitou dúbidas sobre se é lusa ou galega. Cita a seguir as diferentes publicacións onde se inclúe o soneto da autora como a de Xosé Mª Álvarez Blázquez na súa *Escolma* de Galaxia ó que seguiron o *Diccionario*, de Couceiro, Fernández del Riego ou Anxo Tarrío quen presenta "sen erratas o texto galeguizado por Álvarez Blázquez". Finalmente céntrase máis en profundidade no estudio de M. Serrano y Sanz, quen se ocupou tamén da Condesa de Altamira *en Apuntes para unha biblioteca de escritoras españolas desde el año 1401 al 1833.* Recolle o contido relacionado con Isabel de Castro neste volume e comenta que dá novos datos sobre a súa biografía. Reproduce na súa integridade un fragmento de grande extensión cos datos que proporcionou

Serrano y Sanz na súa obra e remata comentando que hoxe en día nin as historias e enciclopedias portuguesas máis informadas, como a de Inocencio Francisco da Silva, mencionan o nome de Isabel Castro e Andrade "sobradamente coñecida na súa época e de tal personalidade literaria que se lle podía atribuír sen desdouro un soneto que, no sentir dos seus máis significados comentaristas, podía firmalo o propio Camões".

-Pilar Vázquez Cuesta, "Curros Enríquez traductor de Guerra Junqueiro", pp. 299-308.

Logo de dar conta das traduccións do portugués ó castelán que se atopan nas *Obras completas*, de Curros Enríquez, que foron publicadas polo seu fillo Adelardo, indica que o autor celanovés fixera moitas máis traduccións. Sinala así, que foi no semanario *Las Dominicales del Libre Pensamiento*, onde atopou catro traduccións de poemas extraídos de *A velhice do Padre Eterno*, de Guerra Junqueiro. Tratábase de "El agua de Lourdes", "El dinero de San Pedro" e "Letanía moderna", ata o momento descoñecidos, e de "Circular", que xa aparecera no volume III da publicación antes mencionada, e que máis tarde, darían a coñecer C. Casares e Alonso Montero. Comenta, que cando Curros traduciu estes tres poemas tan anticlericais, non podía estar mellor preparado psicoloxicamente para iso, e que quizais foi Leopoldo Alas, quen o animou a traducir a ese autor portugués. Remata ofrecendo unha breve historia do semanario no que as apareceron as citadas composicións e reproducindo estas, tanto na súa versión orixinal coma na traducción feita por Curros.

-Antón Risco, "Unha lectura de *O purgatorio de don Ramiro* de Otero Pedrayo", pp. 309-319.

Tras dunha reflexión inicial sobre o significado da morte e do Alén na cultura galega matiza que o galego "consciente de vivir nese confín ou fisterra, fronte a tódalas ameazas da outra banda (o Alén) (...), foxe, imaxinaria, emocionalmente, a acougar no colo materno (...): fusión coa Natureza, útero, unidade primixenia, etc.", e que a manifestación máis coñecida da visita do ultramundo ó noso mundo é a aparición colectiva da Santa Compaña. A seguir cita tres obras que teñen como tema o alén da morte: *Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros* (1919), de Vicente Risco; *Un ollo de vidro: Memorias dun esquelete* (1922), de Castelao e *O purgatorio de don Ramiro* (1926), de Otero Pedrayo. Percibe nas tres unha intención de "brincar e festexar cos mortos nun simbólico folión dionisíaco tan do gusto do galego" e como motivacións básicas a de dialogar coa cultura popular sen caer no folclorismo e sen renunciar a ofrecer literatura de interese universal; a de satirizar aspectos da sociedade a través da inversión grotesca do mundo dos esqueletos e a de exorciza-los medos e miserias da condición humana. Sobre *O purgatorio de don Ramiro* comenta aspectos referidos ó personaxe e o particular contrato estético que o autor presenta ante o lector dende o comezo para asegura-la verosimilitude do relato. Sinala tamén que a obra de Otero parte do prestixio acadado pola novela de Enrique Larreta *La gloria de Don Ramiro* (1908), considerada unha das máis importantes manifestacións da prosa modernista á que Otero lle opón "dende a fin do mundo, esta réplica burleira e macabra". Finalmente apunta que na novela danse os seguintes discursos: o social, o xeneolóxico, o necrolóxico, o anatómico, o arquitectónico, o arqueolóxico, o histórico, o relixioso e o metaliterario.

-Xosé Ramón Barreiro Fernández, "Ficción e realidade histórica na novela *O señorito da Reboraina* de Otero Pedrayo", pp. 321-332.

Artigo dividido en cinco apartados nos que se vai debullando o argumento da novela de Otero Pedrayo *O señorito da Reboraina* co obxectivo de dilucidar qué aspectos son reais e cales non. Este estudio sérvelle para concluír que esta obra é unha crónica novelada da vida e milagres de don Xoán Manuel Pereira, o seu protagonista.

-Carmen Blanco, “Parodia e destrucción xenérica en A esmorga de Blanco Amor”, pp. 333-343.

Despois de facer referencia ás múltiples interpretacións que se teñen feito sobre a temática de *A Esmorga*, realiza un estudio da novela dende unha interpretación xenérica. Iníciao cunha reflexión sobre a novela como unha crónica dunha realidade establecida con certo destanciamento “a través do relativismo dos narradores”. Así analiza as técnicas das que se valeu Blanco-Amor para presentar unha visión “dende as marxes”, que se enfronta a verdade universal e “pretenciosamente obxectiva” do poder dominante e salienta como esta análise se fai evidente nas diferentes versións que se dan do “caso” que a novela recrea. Compara tamén este xogo na estructura da novela co espacio límite no que vaga Cibrán, entre a marxinación e a relativa integración no mundo popular. Continúa cunha análise do tratamento dos personaxes a través do seu comportamento sexual, e cualifícaos en tres prototipos xénericos: “O do seguro varón heterosexual, o do homosexual insolente e amullerado e o do macho bisexual inseguro”. A esta identidade “macha” engade a conciencia que os personaxes teñen: popular, galega, xove e cristiá e recolle exemplos para apoia-la súa análise. Outro dos aspectos nos que incide, do que tamén recolle diversos exemplos no texto, é no concepto da amizade e compañeirismo, como rasgos propios da identidade xenérica masculina, a que se alude na obra. Finalmente refírese ó tratamento da muller na novela e as relacións que se establecen cos protagonistas homes, case sempre de desencontro e fai fincapé no concepto de esmorga que supón, según di, unha ruptura coas normas

sociai. Así céntrase en cada un dos personaxes que teñen tendencia ó exceso e a deixarse ir polo insinto, feito que os conduce, "na dirección exacta da súa morte".

-Andrés Pociña, "Federico García Lorca, tema dos poetas galegos", pp. 347-363.

Comeza referíndose ó feito de que sexan os propios poetas os motivos inspiradores doutros poemas, e sinala que en Galicia xa aconteceu con Rosalía de Castro, quen ten sido tema recorrente, como o recolle o libro de Alonso Montero, *Coroa poética para Rosalía de Castro*. A continuación céntrase no poeta Federico García Lorca como inspirador de gran cantidade de poetas e reproduce as pequenas homenaxes que diferentes autores realizaron na memoria de Lorca. Estes poemas van acompañados dalgunhas notas introductorias que explican as circunstancias diversas que levaron os autores ás diferentes creacións. Así comeza reproducindo un poema de Lorenzo Varela, no ano 1937, incluído nun libro titulado *Homenaje al poeta Federico García Lorca contra su muerte.* Outros autores dos que reproduce os seus poemas son: Eduardo Blanco Amor, Aquilino Iglesia Alvariño, Lois Álvarez Pousa, Xoseme Mosquera, Díaz Jácome, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra e remata cun poema escrito por el mesmo, do que di que é un poema "dun non poeta, pero escrito con moito amor".

-Dolores Vilavedra, "*Maxina ou a filla espúrea*. ¿Un caso de dialoxía lingüística e monoloxía ideolóxica?", pp. 365-376.

Análise de *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valladares, na que Dolores Vilavedra pretende demostrar que o discurso dialóxico da novela, dende o punto de vista lingüístico, resólvese nun discurso monolóxico dende a perspectiva ideolóxica. Comeza considerando a visión conservadora e clasista da

sociedade e da cultura que defende Valladares en canto ó uso do galego. Detense na nota dirixida ós lectores que aparece no manuscrito da novela e sinala que apunta cara a dous obxectivos fundamentais: a exaltación da lingua galega, que Valladares considera "dialecto", e a loanza do labrego galego. A seguir analiza a personalidade do autor empírico, comenta as súas frecuentes apelacións ó lector, co que mantén unha relación estreita, e sinala que comparte as súas ideas co autor implícito e co narrador e confrontadas coas dos personaxes, que permanecen nun nivel inferior "sen que exista a posibilidade dun diálogo real entre eles". Identifica as estratexias do autor implícito para controla-la información que o narrador transmite ó lector, que é tratado con "paternalismo ou benevolencia", e apunta que todos estes trazos propician unha lectura monolóxica do texto. Continúa referíndose ás peculiaridades sociolingüísticas da novela e ó comportamento discursivo do narrador e conclúe que *Maxina* é "un exemplo perfecto de interacción homolóxica entre estratexias discursivas e principios ideolóxicos pois (...) a enunciación inmanente establece un réxime dialoxicamente orientado dende a perspectiva lingüística, moi marcado aínda por unha situación diglósica que o texto é incapaz de negar, pero resolto monoloxicamente como discurso".

-Anxo Tarrío Varela, "Tempo e novela: da melancolía á vertixe (Ensaio)", pp. 377-390.

Comeza cunha aproximación de carácter xeral á novela na que trata tanxencialmente a necesidade das categorías de tempo e espacio, a relación deste xénero coas "vidas humanas" e a clasificación de Roland Barthes ó respecto. Recoñece que neste século xurdiu un "magnífico arsenal terminolóxico" para a análise da narrativa, pero bota en falta a existencia dunha crítica cunha "tensión emocional" equivalente á que conleva o proceso de escritura ou o de lectura. A seguir, céntrase na análise de "dúas vivencias ou sentimentos nos que o factor temporal semella ser determinante: a *melancolía* e a *vertixe*" en dous

autores que lle concederon, ó seu ver, grande importancia ó tratamento do tempo: Benito Pérez Galdós e Eduardo Blanco-Amor. Opina que o tratamento do tempo no autor canario provoca a sensación de melancolía. No que respecta á obra *A Esmorga* (1959), do autor ourensán, considera Anxo Tarrío que a vertixe está producida pola reducción temporal e polos cambios psicolóxicos dos protagonistas, ademais de polo accidentado final.

-Xoán González-Millán, “Notas para unha poética da desintegración na narrativa de Álvaro Cunqueiro”, pp. 391-403.

Estudio detallado sobre as claves da escrita de Álvaro Cunqueiro co apoio dalgunhas declaracións do propio autor sobre a súa obra e con continuas alusións á súa maneira de entende-la narrativa. Para o autor, mindoniense o mellor modo de narrar “é contar claro e seguido como conta o pobo”. Entre as súas tendencias narrativas, o articulista identifica unha influencia de algúns autores surrealistas ou pre-surrealistas como Apollinaire, Breton ou Aragón; unha “tendencia á expansión diexética” e unha “sistemática vontade desintegradora”, entre outras. A continuación, o articulista declara a súa intención de centrarse na obra *El año del cometa* (1974) porque “pode ser interpretado como un testamento literario”, na obra “están sintetizados tódolos elementos discursivos e temáticos que Cunqueiro utilizou sistematicamente desde *Merlín e familia*” e porque esta obra constitúe “a reflexión máis coherente e lograda que o seu autor teña elaborado sobre a experiencia da creación literaria”. Por último e como conclusión, afirma que, a pesar de empregar unha e outra vez o mesmo modelo narrativo, cada unha das súas obras teñen unha “particular identidade que resulta da posta en marcha dunha poética do detallismo, na que Cunqueiro logra os seus mellores momentos”. Para rematar, ofrece unha breve bibliografía sobre diversos aspectos da obra do escritor mindoniense.

-Bernardino Graña, “Arredor de *Percival e outras historias* de X. L. Méndez Ferrín”, pp. 405-408.

Presenta unha análise dunha das primeiras obras narrativas en galego dos anos cincuenta, *Percival e outras historias*, publicada en febreiro de 1958 por Galaxia na colección “Illa Nova”, cun prólogo de Francisco Fernández del Riego. A publicación da obra foi, segundo Bernardino Graña, todo un acontecemento e coincidiu coa fundación do grupo Brais Pinto no Centro Galego de Madrid. A continuación, estudia con detalle as características da obra, baseándose na reedición levada a cabo por Edicións Xerais de Galicia no ano 1993. Nela mestúranse “elementos aproveitados da nosa tradición literaria popular como é o tema do ‘león-lobisco’ (...) con elementos de vangarda”; “mitos artúricos con outros de extracción grega, como é o de Philoctetes, ou de filiación xermánica como Lorelai (...)”; “notas de realidade crúa, violenta, arrepiante, con certos simbolismos, alegorías e fantasías”, etc. Así mesmo, atópase un dos temas ferriniáns máis cultivados: “a preocupación fraternal, sincera, polos traballadores, pola clase explotada, e tamén polas persoas vulgares e correntes da rúa, condenadas a non poder soñar”, así como o tema da ficción-realidade. Conclúe dicindo que estamos ante unha obra “onde os galegos conscientes comezaron a aprender a ler con mente literaria e política a un tempo”.

-Kathleen March, “A novela *Anaiansi* de Úrsula Heinze”, pp. 409-417.

Ofrécese unha análise detallada da novela de Úrsula Heinze, *Anaiansi* (1989) centrada, sobre todo, na importancia do nome do protagonista e nas súas relacións sociais. Para K. March, Anaiansi “é un nome que non encaixa no contorno vilego, e a dona dese nome tampouco se ve integrada nel”. Por outra banda, a súa incapacidade para comunicarse cos homes e manter unha relación estable é algo que influirá decisivamente na súa personalidade e o eixe fundamental sobre o que xira toda a obra. En

palabras da articulista, “a soidade sentimental de Anaiansi, profesora de BUP de arte e lingua galega, é motivo de burla por parte dos alumnos e de compaixón paternalista por parte do director do colexio”, motivos que afectan “seriamente á súa capacidade de exercer unha profesión”. Para rematar, K. March afirma que a postura da novela e da súa autora ante a situación da muller na sociedade actual depende unicamente da lectura que cada lector ou lectora faga da obra. Por último, cítase unha breve bibliografía relacionada, fundamentalmente, co feminismo en xeral, coa literatura feminista e coa propia novela.

-Xesús Alonso Montero, “¿As musas do medo?” Un importante escritor galeguista, Julio Sigüenza (1900-1965), canta o imperio e gaba a Franco”, pp. 419-422.

Refírese a Julio Sigüenza mencionando a súa condición de redactor xefe do xornal *El Pueblo Gallego* e a súa militancia galeguista ó redor do centrismo de Portela Valladares. Saliéntase o feito de que, a pesar do seu galeguismo, as autoridades non o removesen do seu posto ata que en 1937 chega á dirección do xornal Jesús Suevos. Alonso Montero pregúntase se Sigüenza tería problemas en 1937 coas autoridades franquistas e indica que se trataba dun home definido polo medo e esta foi a razón que o levou a escribir un libro titulado *Poemas del Imperio*, curiosamente dedicado a Jesús Suevos, que lle fixera perde-lo posto de traballo. Neste sentido considera que Suevos “era capaz de impedir que perdese algo máis importante que o posto de traballo”. Logo de se referir brevemente ás características do poemario céntrase en Ángel Sevillano tamén colaborador de *Pueblo Gallego* a partir do 36 e que anos antes escribira o poemario *Muíño albeiro* (1935) e unha elexía a Antón Vilar Ponte. A propósito deste escritor entende que debeu ter algún problema despois do 18 de xullo a xulgar por unha carta ó falanxista Fernández Gallego. Conclúe aludindo por unha parte á obra de Sevillano *O amor, o mar, o vento e outros gozos* (1937) e pola outra a un poema de saúdo ó Portugal salazarista.

-Francisco Fernández del Riego, “Aspectos socio-culturais da literatura galega”, pp. 423-428.

Comeza anunciando que pretende “sinalar os aspetos socio-culturais da nosa literatura como linguaxe de comunicación nunha órbita actual e de proxección futura”. Céntrase así na importancia da lingua partindo da restauración idiomática promovida polos poetas do século XIX e consolidada polos homes da “Xeración Nós”. Tamén pon de relevo a dualidade campo-cidade e á necesidade de que prosiga a transmutación que leva á vitalidade idiomática a se desprazar cara á cidade. Tamén reflexiona sobre “a procura da identidade do país noso, dentro dunha sociedade deshumanizada polo progreso moderno” e afirma que nese mundo nin os mesmos mitos compensadores serven para salva-la personalidade individual. Prosegue afondando na relación entre Literatura e realidade partindo da idea de que a creación literaria galega tenta ofrece-la voz o tempo actual. Incide ademais no enraizamento da singularidade diferenciada dos autores galegos da segunda e terceira década do século XX. Conclúe facendo mención á conquista de funcións do idioma galego.

-Xosé Fernández Ferreiro, “Asalto á rectoral de Fontefría”, pp. 431-436.

Relato que Xosé Fernández Ferreiro dedica a Ramón Lorenzo “en recordo daqueles anos en que Madrid era unha festa: os da nosa mocidade”. Está datado na Coruña en 1994. Conta como don Poncio, colaborador dos falanxistas, foi asaltado unha noite na rectoral de Fontefría por uns fuxidos que viñan a cobrarlle unha elevada suma de diñeiro, en razón duns impostos que el debía pagar. Ameazado para que non lle contase nada do sucedido a ninguén, intenta reuni-la cantidade solicitada, mais vendo que non o conseguía, solicita un novo prazo. Cumprido este, recibe de novo a visita dos fuxidos, que logo de comprobar que non xuntara os cartos que lle pediran, interrógano por todo o mal que fixera propiciando

certos “Paseos” e asasinatos, ademais de non querer enterrar a moitos dos fusilados. Don Poncio tartamudea e di que todo fora moi raro, sendo logo levado polos fuxidos. Á mañá seguinte, aprarece cosido a balazos, onde os falanxista tiñan por costume darlle-lo “paseo” ós veciños de Fontefría.

-Henrique Monteagudo, “Castelao no desterro, na guerra, no exilio, *Sempre en Galiza*”, pp. 481-499.

Comeza este artigo cun achegamento á figura de Castelao nos derradeiros quince anos de vida. Considera que foi un tempo dunha intensa actividade na que a faceta creadora, tanto no terreo literario coma no artístico, viuse minguada en favor da política. A seguir, centra o estudio na análise dos tres niveis de articulación textual de *Sempre en Galiza* (1944): o macrotexto, o mesotexto e o microtexto. Describe o proceso de construcción da obra a través da correspondencia privada do rianxeiro, dos seus cadernos de notas, de manuscritos inéditos e da prensa da época. Salienta a mudanza de obxectivos que experimentou o ensaio de Castelao dende o “Adro”, escrito en Badaxoz entre 1934 e 1935, e o incompleto “Libro IV”, escrito no traxecto en barco dende Marsella ata a capital arxentina en 1947 con vistas a un segundo tomo de *Sempre en Galiza*. Finalmente, xustifica a “confusa” estructura da obra pola diversidade de receptores e pola variedade de situacións en que xurdiu cada unha das partes. Considera que a unidade e coherencia vén dada por estar centrada en Galicia e nos seus problemas e por adoptar unha óptica nacionalista.

-José Antonio Baujín Pérez, “Trayectoria de gallego, según Alejo Carpentier... y yo”, pp. 525-532.

Refírese á emigración galega a terras cubanas, sinalando o papel que os galegos desempeñaron alí e as relacións que se estableceron entre Cuba e Galicia. Con respecto á literatura galega, destaca a

colaboración de importantes figuras galegas na prensa cubana e a aparición de numerosas publicacións periódicas de selo galego, que entre outros aspectos, se converteron na plataforma das ideas máis avanzadas da galeguidade, como o demostra a presencia de personalidades capitais da súa intelectualidade: Manuel Murguía, Eduardo Pondal ou Waldo Álvarez Insúa. Apunta ademais que non só Manuel Curros Enríquez desenvolveu en Cuba, gran parte da súa obra, senón que dende alí tamén se custeou a edición de *Follas Novas* de Rosalía de Castro en 1880. Sinala por último, as necesidades máis perentorias que hai que solventar para indagar e reconstruí-la memoria histórica común, entre as que salienta, a busca dunha solución ó deterioro do fondo galego que atesoran certos centros como o Instituto de Literatura e Lingüística, que posúe dende 1969, a documentación da Biblioteca do Centro Galego da Habana.

-María Xesús Lama, "*Vieiros*: a voz dunha Galicia unida dende México", pp. 511-524.

Céntrase na orixe, liña editorial, colaboracións, obxectivos e funcións dos catro números da revista *Vieiros*, publicada en México entre os anos 1962 e 1965. Comeza trazando o contexto histórico no que aparece a publicación, posta en marcha por un grupo de exiliados galegos cunha directiva formada primeiramente por Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán, substituído posteriormente por Xosé Caridad Mateos. Indícase como punto de partida a necesidade dunha canle de expresión logo das presións do goberno español para pecha-las emisións radiofónicas que viñera emitindo o Padroado da Cultura Galega, segundo se desprende das memorias de Luís Soto. Saliéntase así mesmo o afán de unidade de tódolos galegos para loitaren por rexenerar Galicia e anótanse a insistencia nunha vontade organizativa cara á acción precisa para construír un futuro nacional coa recorrencia nos editoriais da reivindicación da lingua galega e do tema da emigración. Sublíñase de seguido a importancia que se lle

dá á unidade entre a Galicia interior e exterior e apúntase a presencia da oposición política no número catro, así como unha radicalización nos dous últimos coa referencia ó dereito de autodeterminación cando nun principio se arelaba a unidade de tódalas tendencias galeguistas e antifascistas. No tocante ós colaboradores, abórdase a evolución xeracional dende nomes procedentes das Mocidades Galeguistas ata membros do Grupo Brais Pinto. Tamén se pon de relevo a ambición crítica, renovadora e universalista coa convivencia de textos sen pretensións científicas e outros de crítica esixente e con miras de obxectividade ademais da importancia da defensa dunha literatura "comprometida". A articulista detense tamén na diversidade de tendencias literarias que concorren na revista dende o realismo social ata á densidade simbolista. O último apartado fai fincapé nos obxectivos de dignificación e difusión da cultura galega así como a comunicación entre as distintas comunidades de galegos. Finalmente comenta a dificultade de reconstrucción da recepción da revista dende a perspectiva actual.

-Manuel González González, "A Real Academia Galega nos últimos quince anos", pp. 537-544.

Percorrido polas actividades da RAG nos últimos quince anos que comeza cunha reflexión previa sobre a escasa repercusión social destes e sobre a progresiva importancia que a institución está a cobrar na actualidade. Refírese á publicación das *Normas ortográficas e morfolóxica do idioma galego* no 1982, ós diferentes diccionarios e vocabularios elaborados polo Seminario de Lexicografía, ó *Mapa sociolingüístico de Galicia* a cargo do Seminario de Sociolingüística, á revista *Cadernos de Lingua*, á catalogación e informatización dos fondos bibliográficos da biblioteca e á organización da celebracións institucional do Día das Letras Galegas.

Referencias varias:

-X. L. Méndez Ferrín, “No Paraninfo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 18 setembro 1998, p. 2.

Enumera algunhas das vivencias que lle trae á memoria o Paraninfo da Universidade de Santiago para se centrar a continuación na presentación dos dous volumes en homenaxe a Ramón Lorenzo. Considera que ás gabanzas ó homenaxeado hai que lle engadi-lo seu labor de animador poético á fronte da revista *Dorna*.

-M. Anxo Seixas, “Ramón Lorenzo”, *O Correo Galego*, “O sal da terra”, 21 setembro 1998, p. 3.

Artigo de opinión que se refire ó volume en homenaxe a Ramón Lorenzo. Faise referencia á presentación en Santiago e a colaboración de noventa e tres persoas. Finalmente ofrécese un breve perfil biográfico do homenaxeado.

-M. Blanco Rivas, “O primeiro coñecedor científico da lingua galega”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 83, 28 novembro 1998, p. 2.

Fala da publicación dos dous volumes titulados *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Primeiramente ofrece algúns datos biográficos do profesor Ramón Lorenzo e dos seus estudios lingüísticos sobre a lingua galega na época medieval, e as edicións que realizou nesa época. De seguido céntrase nos diferentes estudios que presenta a obra.

López Varela, Elisardo (ed.), *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, 2. vols., A Coruña: Deputación da Coruña, 1998, 1.027 pp. (ISBN Obra completa: 84-89652-51-1) (ISBN Tomo I: 84-89652-53-8) (ISBN Tomo II: 84-89652-54-6). ◆

A poesía galega de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908) é unha edición monumental, a máis completa ata o momento da obra do poeta. O responsable da edición, Elisardo López Varela, inclúe nestes dous tomos non só a producción lírica galega de Curros, senón tamén a prosa, a obra en lingua castelá e unha serie de apéndices con outros textos. O primeiro tomo ábreo unha longa introducción dividida en tres apartados, dous deles moi amplos: a biografía e o estudio lingüístico. A seguir, vén a edición dos poemas galegos e dos escritos en prosa. O segundo tomo reúne a obra castelá e un capítulo de apéndices onde aparecen textos moi diversos: escritos de defensa en xuízos, actas e certificacións, correspondencia, recepción da obra, poemas dedicados a Curros, fotos, manuscritos e un glosario de léxico. Pechan este volume uns índices para facilita-la consulta da obra. A bibliografía consígnase no primeiro tomo, a continuación do índice xeral. Respecto dos criterios de edición para a poesía galega, López Varela di que pretendeu “reflecti-la intención do autor, gardando a necesaria fidelidade ós textos e actualizándoos alí onde for posible”. Os poemas van todos acompañados dun estudio da métrica, de edicións anteriores, de variantes e contan con comentarios de índole diversa.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Novas aportacións sobre a obra de Curros Enríquez”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 57, 23 maio 1998, p. 2.

Salienta a magnitude e prolixidade da obra e considera que case se podería cualificar de definitiva. Ademais de explica-la estructuración dá unhas breves notas biobibliográficas de López Varela.

-Belén Regueira, “Aínda están por recuperar moitos escritos de Curros Enríquez en libros e revistas”, *A Nosa Terra*, nº 841, “Guieiro Cultural”, 30 xullo 1998, p. 34.

Con motivo da publicación da obra, Elisardo López Varela contesta a cuestións que xiran ó redor do seu traballo como recompilador da obra de Curros. Comeza explicando os motivos que o levaron a face-la tese doutoral sobre Curros como o interese que espertou nel a maneira de entende-la vida en Curros pois considera que era “un home moi identificado coa súa terra”. Salienta a importancia do poeta dende o punto de vista literario e defíneo como o “Poeta cívico por antonomasia”. Á pregunta de se hai algo novo por descubrir na obra do autor cita algunhas das achegas novidosas na súa edición como son o manuscrito orixinal de *O divino sainete*, unha carta en galego ou a primeira edición de *A Virxe de cristal*. A seguir, reflexiona sobre a faceta xornalística do poeta e comenta algúns dos problemas existentes para seguir esa liña de investigación como son o feito de que non publicase en galego e que non asinaba moitos dos seus artigos. Lembra algunhas das súas colaboracións en *El País* ou *La Tierra Gallega* de La Habana. Remata explicando a evolución ideolóxica de Curros ata chegar á ideoloxía rexionalista e conta cál foi a súa postura perante o problema colonial do 1898.

Martínez-Conde, Ricardo, *Debullar*, Vigo: Galaxia, febreiro 1998, 91 pp. (ISBN: 84-8288-173-6).

Volume co que Ricardo Martínez-Conde nos achega un repertorio de aforismos distribuídos ó longo de oito apartados. Cunha extensión variable que vai dende unha frase a unhas poucas oracións asistimos a unha persistente ansia cognoscitiva que nos sitúa diante das preguntas sobre o sentido da vida e a identidade dun mesmo, o que conleva á presencia constante da dúbida, o destino, o amor e o paso do tempo. Alternando a sentencia, a estructura interrogativa e a exclamativa nos dous últimos apartados agroman as cuestións relativas á natureza da palabra, a poesía e o feito creativo así como a conexión entre vida e arte. Tampouco faltan casos nos que todo este mostrario filosófico e poético estea tinguido de humor e ironía.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Escola de silencios” *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 12, 4 xuño 1998, p. 6.

Recensión das obras *Casa ou sombra* (1997), de Rafa Villar e *Debullar*, de Ricardo Martínez-Conde. Coméntase que o primeiro dos libros citados se sitúa na “estética do silencio” e no “fragmentarismo”.

Tamén se sinala que Rafa Villar evolucionou na súa traxectoria literaria ata ser “un poeta intelixente e lúcido” e que os poemas de *Casa ou sombra* serven de reflexión sobre a existencia. De *Debullar* saliéntase que está “cheo de aforismos, epigramas e pensamentos” nos que o autor utiliza o *haiku*. Asemade, vencéllase este poemario á “escola do silencio” e relaciónase o xénero deste libro con outros de diferentes escritores como Rafael Dieste, Álvaro Paradela, Ramón Gómez de la Serna, Bergamín e George B. Shaw. Ó final da cada recensión, inclúese un fragmento de cada libro.

Mato Fondo, Miguel A., *A escrita da terra*, Iº Premio Espiral Maior de Ensaio, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, nº 16, outubro 1998, 102 pp. (ISBN: 84-89814-59-7).

Obra que leva o subtítulo de “Configuración do espacio natural na literatura galega” e na que Miguel A. Mato Fondo fai un percorrido, ordenado cronoloxicamente, por varios autores da nosa literatura, e analiza o tratamento da paisaxe e da natureza que levan a cabo nas súas obras. Comeza na Idade Media, centrándose no mar, na illa e na ermida da cantiga de Mendinho, e seguidamente, xa do século XIX, estudia a Rosalía, á que denomina “realista” e da que afirma que presenta unha “paisaxe cultural” na súa obra, fronte a Pondal, que sería “idealista”, ofrecendo unha “paisaxe natural”. Logo de falar máis detalladamente da obra de Pondal, detense na lírica de entre dous séculos, poesía “herdeira do XIX, enriquecida con novos elementos”, así como na obra *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, e na obra narrativa de Cunqueiro, da que destaca o tratamento do universo fantástico. Considera tamén a obra de Fole salientando a súa dimensión etnográfica e antropolóxica, se ben indica que se trata dunha “obra literaria, creativa, autónoma” na que se plasma un mundo crepuscular dominado pola violencia. Ademais, inclúe traballos sobre Manuel María, do que sistematiza a súa poesía, dende a visión do mundo labrego da súa primeira etapa ata o final, en que o define como un “poeta en harmonía con canto existe”, e sobre Fiz Vergara, centrándose no tratamento que fai da súa “Lóuzara xabreira” natal na súa poesía. Finalmente,

alude á poesía moderna e manifesta que existen diversas liñas na configuración dos espacios naturais, entre as que figuran o intimismo e erotismo, unha visión cósmica e panteísta do mundo, unha revitalización do mito atlantista, a aparición da conciencia ecolóxica ou a presencia da paisaxe urbana, entre varias outras.

Referencias varias:

E. Álvarez, “Editan os ensaios gañadores do Premio Espiral”, *O Correo Galego*, 4 decembro 1998, 37.

Comentario conxunto da presentación de *A escrita da terra*, de Mato Fondo e *Alén da libido*, de Xosé Manuel Domínguez Prieto. Infórmase de que no acto interviñeron Plácido Lizancos, Henrique Rabuñal e Miguel Anxo Fernán-Vello. Este último cifrou en trece as obras presentadas ó Premio Espiral Maior de Ensaio e gabou a súa gran calidade, a cal obrigou a concede-lo galardón *ex-aequo*.

-Manolo Rodríguez, “Fole vía un mundo que desaparece”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 58, 29 decembro 1998, p. 7.

Fai referencia ó volume de Miguel A. Mato Fondo, gañador do Iº Premio de Ensaio de Espiral Maior. Céntrase no contido do libro, que inclúe unha análise do espacio como elemento literario e dos diferentes autores en lingua galega dende Mendiño ata Manuel María. En primeiro lugar, nomea a Fole, un dos autores analizados, e salienta a súa afección ó cine, algo que influíu moito na súa obra. Outros autores

que cita son Pondal e Cunqueiro, dos que di que buscaban espacios “idealizados e realistas”, mentres que autores dos cincuenta crean “espacios pechados”. Cita outras obras do autor e remata recollendo as palabras de Mato Fondo sobre o concepto da terra na poesía actual, que se “transformou en exercicio literario con frecuencia desde un fondo compromiso póetico”.

Méndez Romeu, José Luis, *A Real Academia Galega, institución frustrada do rexionalismo*, [s. l.], 1998, 129 pp. (D. L.: C-890-1998).

Expón Xosé Luis Méndez Romeu no “Limiar” que o principal obxectivo desta obra é descubi-la actividade da RAG despois de noventa anos de existencia. Estructura o volume nos seguintes apartados: o estudio dos antecedentes desta institución, a descrición das actividades da RAG dende a súa constitución ata a presidencia de García-Sabell, a enumeración da producción xerada pola Academia, a comparación con outras institucións semellantes de Cataluña e Euscadi, a bibliografía sobre o tema e un grupo de anexos entre os que inclúe a acta fundacional, o catálogo con tódolos académicos e a lista de membros directivos, ademais do índice do *Boletín da Real Academia Galega*. Como conclusións sinala o autor que esta institución non conseguiu os obxectivos para os que fora creada.

Naya Pérez, Juan, *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*, introducción de Elisardo López Varela, ilust. Ovidio Murguía, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1998, 189 pp. (ISBN: 84-89652-79-1). ◆

Volume misceláneo co que a institución provincial coruñesa pretende homenaxea-lo matrimonio Murguía-Castro á vez que recupera a memoria de Juan Naya. No “Estudio Introductorio” co que comeza a obra, Elisardo López Varela fai unha semblanza de Naya salientando a súa faceta de cronista da cidade da Coruña, a relación de case cincuenta anos coa Real Academia Galega como arquiveiro-bibliotecario e o vencellamento ó mundo do xornalismo. Dá relación detallada das obras publicadas e das conferencias pronunciadas por Juan Naya, ademais de sintetizar e explicar a procedencia de cada un dos traballos que se reproducen no libro. A seguir, reprodúcense os seguintes libros e artigos: “Murguía y su obra poética”, publicado por primeira vez nos números 289-293 do *Boletín de la Real Academia Gallega* baixo o título “Murguía interpretado por Juan Naya”; *Inéditos de Rosalía*, publicado inicialmente polo Patronato Rosalía de Castro en 1953 e prologado polo Marqués de Figueroa; *Testimonios de una orientación artística. Cartas cruzadas entre Ovidio Murguía y su padre*, editado en 1968 pola “Obra Cultural de la Caja de Ahorros-Monte Piedad de La Coruña y Lugo” e que contén o discurso de ingreso do cronista coruñés na RAG e a contestación a cargo de José Luís Bugallal Marchesí; “El final de

una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía" publicado como separata do número 356 do *Boletín de la Real Academia Gallega* en decembro de 1974. No apéndice final dáse a coñece-lo testamento de Gala Murguía e numerosas fotografías da familia.

Neira Vilas, Xosé, *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Documentos, nº 138, 1998, 241 pp. (ISBN: 84-7492-882-6).

Ábrese o volume cunhas palabras do autor nas que di que este libro pecha “un longo ciclo de traballos referidos á nosa emigración en América” e fala tamén do seu labor na diáspora durante cuarenta e tres anos. Pasa logo a reseña-las loitas protagonizadas polo pobo cubano para liberarse do dominio español e dá unha relación de galegos mambises baseada nos datos existentes no Arquivo Nacional de Cuba. A seguir fala de “Outros nomes” ós que lle dedica unha maior atención, pois comenta non só a súa participación no Movemento de Liberación do Pobo Cubano, senón tamén o seu compromiso nos distintos ámbitos da cultura e a súa vida cotiá dende 1890 a 1898. Remata a obra cuns apéndices nos que hai referencias a autores e obras literarias galegas, como é o caso do cubano José Martí e dos seus comentarios sobre a obra de Rosalía de Castro, do Padre Feixoo e de Montero Ríos. Refírese tamén á traducción ó galego das obras de Martí e ós seus traductores. Relata a participación galega nas loitas populares do século XX, dá unha relación destas persoas para finalizar co apartado “Presencia da muller galega”, no que comenta a participación destas mulleres nas loitas populares do pobo cubano, dá unha relación delas e algunha nota sobre as súas ocupacións.

Referencias varias:

-Cristina Manteiga, “Xa din todo o que tiña que dar”, *La Voz de Galicia*, 5 agosto 1998, p. 30.

O escritor Xosé Neira Vilas resposta a preguntas relacionadas co seu último libro, *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*. Resalta que para a elaboración desta obra foron necesarios “anos de preparación e de consulta ós arquivos” e xustifica a presencia da muller galega, ó final do libro, ó non querer “prescindir daquelas mulleres” que emigraron a Cuba “e mantiveron unha actitude solidaria coa guerrilla”. A continuación, recoñece a importancia e significado do desastre do 98 “para a nosa historia” e alude ó centenario de Federico García Lorca. Conclúe falando do labor como escritora da súa muller Anisia Miranda e a influencia que esta exerceu sobre el na literatura para nenos.

-Carlota Montes, “Aventureros gallegos en la Feria del Libro de A Coruña”, *El Ideal Gallego*, “La sección de Carlota”, 5 agosto 1998, p. 68.

Alusión á Feira do Libro da Coruña na que Neira Vilas, con *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*, e Carlos Quintia, con *El vuelo de la gaviota*, protagonizaron a xornada coa súa comparecencia. Fálase destas obras e da presencia de Soledad Puértolas, que presentou o seu libro, *Gente que vino a mi boda.*

Otero Pedrayo, Ramón, *A paixón e o discurso de Otero Pedrayo: Galicia*, limiar de Francisco Fernández del Riego, A Coruña: Deputación Provinvial da Coruña, 1998, 215 pp. (ISBN: 84-89652-65-1). ◆

Edición facsimilar de *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, o discurso de ingreso de Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) na Real Academia Galega, que inclúe tamén a contestación ó discurso por parte de Vicente Risco. Publícase por mor dos actos organizados arredor da entrega do Premio Otero Pedrayo e presenta un limiar de Francisco Fernández del Riego titulado “Memoria do mestre e amigo”, no que explica cómo coñeceu a Otero Pedrayo e conta múltiples anécdotas persoais, a maior parte centradas no “eco de tantas horas vividas en Trasalba”, para finalmente comenta-lo texto de Otero valorando o seu interese e importancia. Céntrase o discurso no nacemento do movemento romántico en Europa e na súa aplicación en Galicia, para o que se serve das figuras de Nicomedes Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, a obra dos cales analiza con demora. Na resposta ó discurso, Risco ofrece un estudio breve das diferentes facetas literarias cultivadas por Otero e do significado da súa obra, louvando así mesmo a súa visión do presente e do futuro de Galicia.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Otero Pedrayo, a saudade e o romantismo”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 25 setembro 1998, p. 4.

Informa da publicación do libro *A paixón e o discurso de Otero Pedrayo: Galicia*, reedición facsimilar de *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, título do discurso de ingreso de Don Ramón na Real Academia Galega o 9 de decembro de 1929. Refírese tamén á anterior publicación desta obra, feita no 1983 por Carlos Baliñas. Considera que o discurso de Otero Pedrayo é o máis denso estudio sobre o movemento romántico en Galicia.

Parga Valiña, Miruca, *Recital antolóxico da poesía galega dos séculos XII ao XX. Centro Galego de Bos Aires, 24 de xullo de 1956. Dirección e glosas Eduardo Blanco Amor. Transcrición*, limiar de Carlos Laíño Lorenzo, transcrición e notas de Miruca Parga Valiña, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. As nosas voces, nº 15, 1998, 95 pp. (ISBN: 84-87172-31-8). ◆

Volume no que se transcribe o recital antolóxico da poesía galega celebrado no Centro Galego en Buenos Aires o vintecatro de xullo de 1954 organizado e glosado por Blanco Amor coa colaboración da Asociación Galega de Universitarios Escritores e Artistas. Este libro acompaña nun estoxo a dúas cassetes co contido deste acto no que recitaron Fernando Iglesias “Tacholas”, Pilar Lebrón, Lita Soriano, Anita Fontao e Lito López. A gravación fora realizada por Segundo Pampillón e foi localizada entre os fondos do Centro Galego de Buenos Aires. Ademais dunha presentación de Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega, a obra conta cun limiar no que Carlos Laíño Lorenzo resalta a importancia da faceta poética de Eduardo Blanco Amor e refírese ó descoñecemento que se ten desta, ó tempo que alude ós inéditos *Baixo o pórtico*, *Poemas adolescentes* e *Poemas del Ángel*. Na nota introductoria á transcrición Miruca Parga Valiña explica que se incluíron tódolos textos que figuraban inicialmente no programa malia

que ó final non fosen recitados, así mesmo mantense na transcrición a versión “non adaptada”, íntegra aínda que non aparezan no documento sonoro. O recital consta dunha introducción de Eduardo Blanco Amor centrada fundamentalmente na explicación da lírica medieval e a seguir inclúense os poemas glosados por Blanco Amor. A escolma abrangue textos dende o século XII ata Ramón Cabanillas e inclúe os seguintes autores: do período medieval Sancho o Vello, Bernal de Bonaval, Pero de Veer, Joán García de Guilhade, Pedro Eanes Solaz, Xohan Airas, Martín Soarez, Airas Núñez, Martín Codax, Mendiño, Alfonso X, Pero Meogo, Don Dinís, Xohán Zorro, Marqués de Santillana, Arcediano de Toro; do século XIX Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Lamas Carvajal; do século XX Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Manuel Antonio, Amado Carballo, Federico García Lorca. Completan o repertorio escollido vintedúas coplas populares.

Patiño, A. e X. **Seoane**, *Hai suficiente infinito*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 18, 1998, 68 pp. (ISBN: 84-8302-300-8).

Neste volume recóllese unha serie de expresións a modo de acrósticos difíciles de catalogar por estar a camiño do ensaio e do manifesto. Neles os seus autores xogan a soñar creando. Combinan realidade e fantasía, tradición e innovación, travesías, culturas, lugares e tempos xa que entenden que " hai suficiente infinito por diante".

Pociña, Andrés, *Galicia e Granada: dous cabos dun eixo espiritual*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 1998, 289 pp. (ISBN: 84 7492-876-1).

Libro misceláneo, precedido por un prólogo do propio autor, composto de vintedúas partes entre as que se amorean conferencias, entrevistas, artigos de revistas e xornalísticos, etc., moitos xa publicados anteriormente. O que se pretende é informar de galegos que desenvolveron toda ou parte da súa vida profesional ou artística en Granada e, en xeral, dar conta de calquera outra relación entre Galicia e a cidade andaluza. Recoñece o autor que enceta este labor sen ánimo de exhaustividade. Trátanse, entre outras, as figuras de Rosalía de Castro, Federico García Lorca, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Ricardo Carballo Calero, Álvarez de Nóvoa, Rodríguez Fer. Entre as figuras que non teñen relación directa coa literatura galega achamos a Francisco Puy, Elena Zernova, Miguel D'Ors, etc. Ademais recóllense artigos dedicados a temas como a cidade de Lugo, a biblioteca do propio Pociña, o médico e político Alejandro Otero, etc. Acompáñanse estes artigos de fotografías, portadas e ilustracións de libros, poemas, etc.

Referencias varias:

-R. Q., “El lecho de muerte de Valle-Inclán fue cercado para impedir que se confesara”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 19 abril 1998, p. 16/p. 54.

Describe o contido da obra e alude ás palabras do autor do volume ó sinalar que se trata de “algo máis de vinte relatos que amosan, a maior parte, a sorprendente relación entre as xentes de Galicia e as de Andalucía”. A continuación, cita algúns escritores galegos que publicaron e publican en editoriais e coleccións andaluzas como Ramiro Fonte, Xabier Rodríguez Baixeras, Pilar Pallarés, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio López Valcárcel e Miguel Anxo Fernán-Vello.

-Reyes Recio, “A paixón de Federico García Lorca e de Luís Seoane pola galeguidade”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 xuño 1998, p. XIX.

Refírese descritivamente ós traballos que no libro de Pociña se centran en Federico García Lorca e Luís Seoane. Cita tamén os nomes dalgúns galegos ó redor dos cales xiran os numerosos capítulos da obra e fai referencia á biblioteca deste catedrático afincado en Granada.

-Ramón Baltar, “Un intelectual galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 xuño 1998, p. XIX.

Pon de relevo o galeguismo de Pociña e alude á súa extensa obra no eido de investigación. Destaca que a vivencia sentimental de Galicia non se traduce en prantos nin bágoas senón en conciencia sentida de pertenza a unha Terra e máis a unha cultura orixinal.

-R. G., “Galicia en Granada”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 28, 2 xuño 1998, p. 3

Breve achegamento ó libro bilingüe galego-castelán de Andrés Pociña no que se recollen declaracións do autor do libro que ve a obra como “algo máis de vinte relatos que amosan, a maior parte, a sorprendente relación entre as xentes de Galicia e as de Andalucía”. A continuación, cita algúns escritores galegos que publican na actualidade en editoriais andaluzas.

> Antonio Fraguas Fraguas, “O libro de Andrés Pociña”, *O Correo Galego,* “Lecer”, 9 agosto 1998, XXIV.

Comentario sobre o libro de Andrés Pociña no que, segundo Fraguas, figuran artigos publicados en xornais, conferencias e moito material sobre galegos que viviron fóra da terra: Luís Seoane, Francisco e Juan Trillo Figueroa, Gonzalo Gallas Novás, Xosé Mª Fórneas Besteiro, etc. A continuación, reproduce algúns versos que poetas granadinos lle dedicaron a Rosalía de Castro.

-Andrés Pociña, “Benquerida gardesa da Casa-Museo de Rosalía”, *El Correo Gallego,* 26 novembro 1998, p. 39.

Homenaxe e despedida de Andrés Pociña a Maruxa Villanueva no día da presentación do seu libro *Galicia e Granada* e do falecemento da gardesa da Casa-Museo de Rosalía. Alude ó desexo da actriz por ser cremada e esparexida polo Monte Santiaguiño e cita finalmente uns versos compostos por esta cando embarcou por primeira vez cara a Buenos Aires.

Queizán, María Xosé, *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 108, setembro 1998, 81 pp. (ISBN: 84-89896-29-1).

Estudio no que Mª Xosé Queizán comeza indicando que a obra de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917) establece un modelo de dicotomía que lle atribúe ó masculino elementos positivos e ó feminino trazos negativos, o que exemplifica con poemas, e explica os motivos disto dicindo que os poemas non estaban “enfrontados a un contradiscurso”, o que “facilitou a misoxinia, unha constante na historia”. Baseándose neste modelo dicotómico, afirma que a poesía pondaliana ten unha ética castrense na que a muller é vista como inimiga, sendo a figura positiva a do bardo, coa que o poeta se identifica, e considerando tamén favorablemente a amazona, pois adopta os valores masculinos. A seguir, indica que os sentimentos de nostalxia e saudade “están na boca das mulleres”, así como as descricións paisaxísticas delicadas, mentres o poeta “fala da terra agreste e agresiva, das esquivas gandras, da fea terra de Xallas”. Apóiase na concepción aristotélica da natureza, presente na obra de Pondal, que ademais exemplifica as teorías naturalistas, aspecto no que se detén con detalle. Analiza logo “as características racistas dos poemas pondalianos”, que “non se poden separar da misoxinia”, e reflexiona sobre os aspectos míticos da súa obra, para centrarse seguidamente no que denomina “apoloxía da violación”, que atopa nos versos de Pondal como consecuencia de considera-la sexualidade “como unha

relación de dominio". Afirma que se trata de "poesía pornográfica" comentando o concepto de pornografía e as súas implicacións sociais. Alude, finalmente, á pedofilia presente nos textos e expón as consecuencias políticas da ideoloxía de Pondal, así como o que pode supoñer que os poemas analizados figuren nos libros de texto.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Ideoloxía sexista e racismo en Pondal", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 77, 17 outubro 1998, p. 6.

Comenta a obra de Mª Xosé Queizán incidindo nas claves da análise que a autora leva a cabo. Inclúe tamén opinións da autora sobre a súa obra, que estudia a poesía "dunha das tres grandes figuras do Rexurdimento como un paradigma de misoxinia, chegando á conclusión de que máis alá·da perfección e o formalismo da súa obra, da creación mitolóxica e da exaltación da terra galega, os textos pondalianos transmiten unha forte ideoloxía sexista e racista".

-Manuel Forcadela, "A través da cara oculta de Pondal", *Guía dos libros novos*, nº 2, "Estudios literarios", decembro 1998, p. 3.

Comenta algúns dos temas tratados na obra e algunhas características da escrita de Eduardo Pondal. Salienta que este libro se converte "en modelo ou contramodelo duns determinados valores" dependendo do paradigma crítico empregado, ademais da "habilidade teórica do ensaísta". Di que na obra se usa con

soltura o paradigma crítico-feminista e que con el se constata en que medida a literatura foi unha canle pola que se trasladaron ó lectorado valores dominantes como a misoxinia ou o androcentrismo, fomentando a desigualdade da muller. Considera que o imaxinario prehistórico creado por Pondal é "unha forma metafórica de protestar contra a crecente castelanización de Galicia e, sobre todo contra as carencias do país en materia política e lexislativa para levar adiante o que hoxe chamamos autogoberno". Comenta tamén a dicotomía entre o forte (masculino) e o débil (feminino) a causa do progreso da citada metáfora. Defende ademais que para criticar a un autor deben contextualizarse os seus textos literarios no tempo e no lugar e di ver "neste opúsculo de Queizán un ataque ós seus mesmos alicerces" e que os intelectuais "ollan os conceptos perfectamente organizados e racionalizados da autora como un ataque proveniente de territorios alleos á cultura galeguista".

Referencias varias:

-I. C., "Pondal, racista e misóxino", *O Correo Galego*, 29 setembro 1998, p. 37.

Sinálase que, segundo a autora do libro, os "legados raciais" que defende a poesía de Eduardo Pondal son moi perigosos e, na súa opinión, Pondal exalta o home galego e fai ve-las mulleres "como algo por debaixo do humano, viles, sen valor".

-Manoli Sío, "A misoxinia dende a noite dos tempos", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 45, 29 setembro 1998, p. 7.

Ofrécese un breve resumo argumental da obra, que se acompaña dunha bibliografía de María Xosé Queizán.

-B. P. L., “Eduardo Pondal era un misóxino “de manual”, di María Xosé Queizán”, *La Voz de Galicia*, 1 outubro 1998, p. 34.

Breve comentario sobre o libro de María Xosé Queizán, no que se fai referencia ás afirmacións da autora ó poñer de relevo o racismo de Eduardo Pondal debido ó seu “desprezo polo débil, polo que non é poderoso e aguerrido e pola xente vulgar”.

-I. C., “O papanatismo non leva a nada”/“María Xosé Queizán lamenta as terxiversacións do seu traballo sobre Pondal”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 1 outubro 1998, p. 44/p. 76.

Recolle unha sucinta reflexión de María Xosé Queizán sobre o seu libro *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*, na que a autora afirma que non lle interesa o “Pondal humano, senón os seus poemas”. Na súa opinión, non inventa nada senón que se limita a reproduci-los poemas e neles as mulleres aparecen como “seres inferiores”.

-I. C., “Forcadela faise partícipe das críticas de Queizán a Pondal”, *O Correo Galego*, 2 outubro 1998, p. 36.

Noticia na que se informa da concordancia mostrada por Manuel Forcadela coas teses defendidas por María Xosé Queizán e comenta que entre a obra de ámbolos dous existe un diálogo. Apunta que a obra de Pondal se instala no decadentismo finisecular.

-Juan Soto, “Costumbres”, *El Progreso*, “De re varia”, 3 outubro 1998, p. 72.

Réstalle importancia á polémica creada ó redor dalgunhas das conclusións que tira María Xosé Queizán. Considera que o verdadeiramente imperdonable nun poeta é un mal verso e non “una mala costumbre”.

-M. Dourado Deira, “E agora, ¿por que unha guerra contra Pondal?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 10 outubro 1998, p. 3.

Comeza afirmando que non é “especialista” na obra de Pondal senón un “apaixonado lector do gran poeta que se esforzou por crear un mito para a redención do pobo galego”. Explica que lle parece excesivo que lle sexa declarada “esa guerrilla” “desde un ángulo tan singularmente parcial” como o feminismo de María Xosé Queizán, pois este utilízase para a deformación da vida e a obra de Pondal, “descontextualizándoas”. Seguidamente, rexeita as acusacións de misoxinia e de racismo e matiza a de “aristócrata”. Remata dicindo que “sepultar a Pondal en tanta loucura, ¿non será unha estratexia para asegura-lo propio e excluínte protagonismo?”.

-Fernando Franco, “La poesía de Pondal es racista, sexista y pedófila”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 76, 10 outubro 1998, p. 8.

Conversa na que María Xosé Queizán comenta a orixe do libro *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*, así como o feito de que a misoxinia chega ós nosos días dentro da "literatura masculina". Valora as cousas positivas que tivo a figura de Pondal e di que as negativas non se poden calar. Ademais, afirma que a transmisión dunha ideoloxía como a deste autor fomenta os abusos contra as mulleres e explica a análise que levou a cabo no libro. Continúa ofrecendo a visión que Pondal tiña da muller e o papel desta no nacionalismo, do que explica algún elemento co que non concorda. Remata aludindo á polémica xerada trala publicación da obra e á necesidade de revisa-los contidos dos libros de texto, pois o que sae neles é "un paradigma".

Regueiro, Natalia, *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1998, 161 pp. (ISBN: 84-7492-880-X).

Natalia Regueiro revela no prólogo o modelo metodolóxico e expositivo que segue na elaboración deste traballo, xa ensaiado no volume *O mundo lucense da Ánxel Fole* (1997), así como unha breve relación de estudios sobre o autor que tomou como base. Partindo da cronoloxía, ofrece un percorrido pola obra e vida de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) atendendo a diferentes campos como as pautas biográficas universais, actividade creadora, ámbitos de investigación, liñas ideolóxicas, actividade profesional en diversas universidades europeas e americanas ou iniciativas culturais como *Moenia*, *Unión Libre* ou a colección "Clásicos Galegos". Ademais, propón unha relación de espacios fundamentais, de personaxes caracterizadores da súa experiencia intelectual e de colaboradores e estudiosos da súa obra. Remata o volume incluíndo unha bibliografía que completa a abordaxe á traxectoria deste autor.

Referencias varias:

-D. Janeiro, "Os mundos de Fer", *O Correo Galego*, "AFA", 11 xuño 1998, p. 47.

Noticia sobre a publicación da obra de Natalia Regueiro. Explica que na obra se estudia a influencia que exerceu Ánxel Fole sobre Claudio Rodríguez Fer e a súa producción literaria. Alude á revista universitaria *Unión Libre* e cita outras obras sobre o autor lugués como *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (1997), e anuncia a publicación de *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer*, ámbalas dúas da autoría de Olga Novo.

Reigosa, Carlos G., *O Doutor Livingstone, supoño*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1998, 254 pp. (ISBN: 84-8302-212-5).

Carlos G. Reigosa ofrece unha miscelánea de textos que tiveron diferentes orixes, pois, como se declara no “Limiar”, recóllense na obra traballos escritos entre 1972 e 1993, divulgados anteriormente en xornais, revistas ou libros, ou lidos en actos de diversa índole. O corpo do libro artéllase en tres partes. Na primeira, “De literatura”, inclúense textos de investigación, que tratan asuntos pouco estudiados ou relativamente esquecidos, como “Valle-Inclán: morrer en Compostela” e “Hemingway e Galicia: memorial dun encontro”. A carón destes, áchanse reflexións do autor: algunhas, dedicadas á súa propia obra literaria, como “Os outros disparos de Billy”, a propósito da novela do mesmo título, e “A Corda, Merlín e máis eu”, sobre o seu conto “Amor de Merlín”, contido no libro *Irmán Rei Artur* (1987); outras, dedicadas á obra doutros autores, como “Arredor do humorismo galego” e “O teatro de Valle-Inclán: memoria dunha desilusión”, ou á situación xeral da literatura galega: “Letras galegas: horizonte de relevo”. Finalmente inclúe breves ensaios biobibliográficos sobre escritores galegos, como os dedicados a Noriega Varela e Gonzalo Torrente Ballester, e textos de circunstancias, escritos con motivo de homenaxes e conmemoracións: “Ánxel Fole ou a paixón por contar”, “Para unha presentación de Gonzalo Torrente Ballester” e “O século de Cunqueiro”. A segunda parte, “De pintura”, céntrase nas figuras de Colmeiro e Laxeiro, mentres que a terceira, “De antropoloxía, xeografía e historia”,

recolle textos tematicamente moi distintos: dende historias sobre bandoleiros e fuxidos —"Pepa A Loba: lenda e realidade da máis famosa bandoleira galega", "Fuxidos na raia galego-portuguesaîó, ata reflexións sobre o fenómeno xacobeo —"O camiño de Santiago ¿cara a unha nova identidade?".

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Hemingway, Torrente, Laxeiro e unha viaxe pola Serra da Corda", *Faro de Vig*o, *"El Sábado"*, nº 50, 28 marzo 1998, p. 2.

Faise referencia á traxectoria como xornalista e escritor de Carlos G. Reigosa e á influencia desta en *O Doutor Livingstone, supoño*. Explícase que a obra está composta por unha serie de crónicas e de artigos sobre a vida de personaxes que estiveron vencelladas dalgún xeito á terra galega: Valle-Inclán, Hemingway, Noriega Varela ou Torrente Ballester. Tamén se comenta que noutros casos o protagonista do artigo ou estudio é unha paisaxe que o autor sente próxima a el por algún motivo.

-Armando Requeixo, "Reflexións a campo aberto", *Tempos Novos*, nº 12, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", maio 1998, p. 71.

Logo de aludir ó labor de Carlos G. Reigosa como autor narrativo e articulista, sinala que vén de publicar *O Doutor Livingstone, supoño*. Comenta que se trata dun conxunto de vintedous artigos aparecidos con anterioridade en diversos medios periodísticos e libros colectivos, que se mostran agora nun volume que

está introducido por un breve limiar do propio autor e que consta de tres grandes bloques temáticos, rotulados xenericamente “De Literatura”, “De Pintura” e “De Antropoloxía, Xeografía e Historia”. Dá conta de forma detallada dos ensaios reunidos baixo o epígrafe “De Literatura” e indica que neles emprega Reigosa as súas mellores armas narrrativas, nun estilo fluído e de doada lectura. Apunta ademais que, despois de moitos destes traballos, aparece un pequeno apéndice fotográfico, que ilustra e complementa o artigo e que serve para recrear un referente visual.

Referencias varias:

-Xosé Luis Méndez Ferrín, “Pepa a Loba”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 13 marzo 1998, p. 2.

Fala do pouco clara que está a figura da capitana de ladróns Pepa a Loba, que trata Carlos R. Reigosa na súa obra *O Doutor Livingstone, supoño*. Inclúe varios episodios sobre a gavela de Pepa a Loba que lle contaron ó longo da súa vida e afirma que “é a figura simbólica da violencia rural na Galicia do XIX”.

-Aníbal C. Malvar, “A caixa de Pandora da memoria”, *El Mundo. Galicia*, 15 marzo 1998, p. 7.

Refírese á obra de Carlos G. Reigosa e cita a algúns dos escritores e pintores estudiados polo autor, como Hemingway, Torrente, Noriega Varela, Valle-Inclán, Colmeiro ou Laxeiro, así como outro tipo de personaxes históricos e míticos como Pepa a Loba. En palabras do autor do libro, trátase dunha “obra híbrida de escritor e xornalista”.

-R. Q., “Valle, cercado no seu leito de morte”/“El lecho de muerte de Valle-Inclán fue cercado para impedir que se confesara”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 19 abril 1998, p. 54/p. 16.

Anúnciase a publicación do libro de Reigosa e recóllense senllos resumos dos episodios dedicados a Valle-Inclán e e Hemingway.

-J. B. Salgueiro, “Hay miles de novelas que no cuentan nada”, *Faro de Vigo*, “Faro domingo”, 26 abril 1998, p. 9.

Carlos Reigosa fala da importancia de introduci-la vida do mundo rural na literatura, da necesidade dunha épica da emigración e dalgúns dos personaxes presentes na súa obra *O Doutor Livigston, supoño*, que define como un conxunto de reportaxes que ninguén lle mandou facer. Comenta a existencia en *Crime en Compostela* (1984) de parámetros dunha novela negra pero tamén dunha de aventuras, ademais de falar dos dous tipos de novelas que existen actualmente e sinalar por cal deles se decanta. Finaliza a conversa dicindo cómo compaxina o seu traballo na Axencia EFE co literario e cál deles espera que permaneza ó final.

Reimunde, Ramón, *Ben pode Mondoñedo desde agora. A eséncia popular na obra e na língua de Manuel Leiras Pulpeiro*, XIIº Premio Literario Ánxel Fole, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 1998, 220 pp. (ISBN: 84-89231-73-7). ◆

Ábrese este volume cunha introducción que está dedicada a traza-lo perfil biográfico de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912), intentando inserilo nos contextos histórico e literario. Sobrancéase o seu anticlericalismo e discútese se é ou non crente. Inclúense apéndices fotográficos, documentais e unha compilación que recolle as opinións sobre Leiras de Aurelio Ribalta, Iglesia Albariño, Franco Grande e Alonso Montero. A seguir inclúense cinco apartados. Na segunda sección, titulada “A obra”, analízase a calidade literaria da súa lingua, defínese como un poeta culto que soubo facer literatura popular, identifícanse as liñas temáticas principais (costumista e social) sen obvia-las menores e infórmase da fortuna editorial da súa obra. Coméntanse algúns textos, relaciónase a Leiras con Noriega Varela e Aurelio Ribalta e exhúmanse poemas inéditos. Ramón Reimunde tamén recolle textos en prosa de dubidosa atribución e defende o carácter apócrifo de parte deles e ocúpase do seu labor recolector de versos populares, refráns e sentencias. A seguir, critica as edicións anteriores da obra do mindoniense. O apartado dedicado á lingua, estructurado conforme ós planos ortográfico, fonético, morfosintáctico e semántico, céntrase maiormente nos aspectos léxicos. No “Apéndice final” inclúe como apéndice cento cincuenta refráns, noventa ditos e vintecinco cantares

populares recollidos por Leiras e outros enviados á RAG por Noriega Varela e un vocabulario mindoniense. Finalmente recóllese a bibliografía.

Referencias varias:

-Rubén Leivas, “Ramón Reimunde destaca a Leiras Pulpeiro como “o escritor do pobo”, *El Progreso*, 16 decembro 1998, p. 69.

Infórmase da presentación da obra no Seminario de Mondoñedo. Cítanse as palabras en que o autor cualifica de popular a obra de Leiras e reclama máis atención para toda a cultura do pobo. Menciónanse as partes de que consta o estudio de Reimunde, o cal ve na accesibilidade unha das súas características máis importantes. Remátase cunha lista das diversas personalidades que asistiron ó acto.

Requeixo, Armando, *Escritores mindonienses*, prólogo de Francisco Fernández del Riego, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Ensaio, maio 1998, 163 pp. (ISBN: 8486046-92-0).

Abre este volume un prólogo de Francisco Fernández del Riego no que describe o contido do libro e cualifícao de “comprido”. Salienta o seu interese porque supón un acto de afirmación cultural dende Mondoñedo, e indica tamén a súa utilidade para o coñecemento das carreiras literarias dos autores mindonienses. A continuación Armando Requeixo ofrece unha visión dos autores que desenvolveron a súa obra no ámbito mindoniense. Define inicialmente o concepto de escritor mindoniense, ó que responden aqueles que naceron ou viviron gran parte da súa vida na cidade de Mondoñedo ou os que, non nacendo nesta cidade, foi nela onde viviron ou se formaron. Partindo desta premisa estudia o labor dos creadores literarios mindonienses dende as “Fiestas Minervales” e os “Cantores de Nadal” do XIX, ata o noso século, centrándose en autores como Noriega Varela, Xosé Díaz Xácome, Álvaro Cunqueiro ou Marina Mayoral. Tamén lle dedica un apartado a glosa-lo labor de ensaístas e estudiosos da literatura, tanto de temática laica coma relixiosa. Completan o volume unha breve bibliografía e dous apéndices, o primeiro de prensa mindoniense e o segundo unha antoloxía de textos de escritores mindonienses.

Referencias varias:

-Belén Rodríguez, “Mondoñedo é un paraíso onde o tempo parou como nun relanzo”, *El Progreso*, “Especial As San Lucas. Mondoñedo”, 16 outubro 1998, p. 43.

Entrevista con Armando Requeixo, pola publicación do seu libro *Escritores mindonienses*, na que fala da influencia que tivo Mondoñedo para a súa dedicación ás letras. Sinala os autores que prefire, os seus proxectos literarios e a facilidade existente no momento actual, para publicar “todo texto que ten un mínimo de dignidade”. Ademais, preséntase unha breve semblanza biográfica e a súa traxectoria investigadora.

Risco, Vicente, *Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. Edición facsímile*, presentación de Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, estudio crítico de Joaquim Ventura, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 112 pp. (ISBN: 84-453-2174-9). ◆

Edición facsimilar da *Doutrina* e *Ritual da moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal* que se abre coa presentación de Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, na que describe o estado actual do manuscrito e explica que lle foi entregado ó seu avó por parte do propio Vicente Risco (Ourense, 1884-1963). Alude ademais ás tres edicións anteriores dos manuscritos que se fixeron sen anotación ningunha. A seguir Joaquim Ventura ofrece o seu estudio "Risco e o Graal", no que sitúa a orixe destas lendas creadas por Risco na obra *Galicia*, de Murguía, procedentes á súa vez de crónicas irlandesas. Logo de apuntar algúns episodios lendarios que falaban dos contactos entre Galicia e Irlanda, analiza a visión de Risco respecto das lendas celtas e do seu proceso de cristianización. Tras esta contribución inclúese a transcrición e notas da *Doutrina e Ritual*, que se divide en dúas partes: na *Doutrina*, que abrangue seis capítulos, Vicente Risco desenvolve unha serie de símbolos de orixe celta, enraizados, á súa vez, na tradición artúrica,

que son adaptados á realidade galega; no *Ritual*, composto por nove títulos, ó longo dos cales se establecen as diferentes cerimonias que rexerían o acontecer da citada orde. O universo recreado na *Doutrina e Ritual* enlaza coa revivificación e galeguización dos mitos artúricos levada a cabo por Ramón Cabanillas en *Na Noite Estrelecida* e, de feito, ambas obras terían xurdido dun mesmo propósito cívico de construcción dun pasado nacional galego prestixioso e vagaroso, á maneira do que se atopaba nos relatos mitolóxicos irlandeses, sen que isto desbote o emprego doutros textos de inspiración máis esotérica, como a reelaboración da lenda do Graal que levou a cabo o alemán Wolfram von Eschembach no *Parzival*. Trala transcrición ofrécese o facsímile do texto e a modo de apéndice, un artigo de Risco titulado “A Estrela do Apóstolo”, publicado en *Nós* en xullo de 1923.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord), *Informe de Literatura 1997. A literatura galega no 1997 e a súa recepción*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 765 pp. (ISBN: 84-453-2275-3). ◆

Entrega correspondente ó ano 1997 do *Informe de Literatura* elaborado por redactores, tanto do propio Centro Ramón Piñeiro coma externos. Conta coa coordinación de Blanca Ana Roig Rechou, axudada por Mª Isabel Soto López e polo bolseiro do proxecto Mario Romero Triñanes. Nesta edición preséntase, ademais do libro, o formato en soporte CD-ROM, que recolle os *Informes de Literatura 1995*, *1996* e *1997*. Ábrese o volume cunha presentación institucional e coa "Nota previa" das coordinadoras na que se explica que os obxectivos da publicación seguen a mesma liña de continuidade que deu lugar ó nacemento do proxecto en 1995: facilitar unha bibliografía comentada da producción literaria anual e un material de consulta e documentación á comunidade investigadora e ó publico que desexe achegarse á literatura galega. Anúnciase tamén a estructura do volume. Nas páxinas iniciais ofrécense uns gráficos estatísticos da producción nos distintos apartados, que pretenden constata-lo número de publicacións en cada xénero, así como a atención prestada polos xornais e revistas ó feito literario galego. Nesta ocasión incorporáronse novas estatísticas que consignan a porcentaxe de obras que se beneficiaron

dunha subvención pública para a súa edición e daquelas directamente editadas por institucións oficiais. A seguir van os apartados do volume: “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas: Ánxel Fole”, “Ensaio. Teoría Xeral e Crítica”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval”, “Folletos de novidades editoriais” e “Apéndice de libros 1995 e 1996”. Pechan o libro un “Índice Onomástico” e un “Índice temático”.

Referencias varias:

-Alex Mene e Buxán Bran, “Informe da nosa paisaxe literaria”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 197, 19 febreiro 1998, p. 12.

Blanca-Ana Roig Rechou lembra nesta conversa como naceu a idea de elabora-lo *Informe de literatura*, con que medios contaba para a súa elaboración ó principio e con cales conta agora. Salienta a boa acollida que tivo o *Informe* de 1995, por parte do lectorado e dos investigadores, ademais de comenta-las novidades que presenta o volume do 96, que acaba de saír á venda. Afirma tamén, que intentan facer “unha publicación con coherencia e rigor” e que aceptan tódalas críticas e suxestións que reciben.

-Alfredo Conde, “O acontecer cultural”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 decembro 1998, p. 56/p. 4.

Destaca a exactitude do reflexo que este informe ofrece respecto á atención que as diferentes publicacións lle prestan á literatura galega ademais de peneira-los críticos audaces e rigorosos para separalos dos máis rutineiros. Tamén lle ve valor para medi-lo latexar cultural do país e remata loando o valor instrumental que ten para os investigadores do feito literario.

-Salvador García- Bodaño, “Colleitas literarias”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 27 decembro 1998, p. 3.

Ver Equipo Glifo, *Diccionario de termos literarios*, nestas páxinas.

Sánchez Puga, Xosé (coord.), *Galego lingua propia de Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1998, 47 pp. (ISBN: 84-453 2192-7). ◆

Volume realizado para conmemora-lo decimoquinto aniversario da Lei de Normalización Lingüística. Nel, á parte de facer un percorrido por cuestións lingüísticas, lexislación sobre lingua, a lingua na actualidade en distintos sectores, relacións “Galicia, o galego e o camiño de Santiago”, faise unha breve “Historia da lingua e literatura galegas” na que se salientan os feitos, autores e obras máis importantes de cada época.

Santorum Ardone, Ana e Marcela **Santorum Ardone**, *Luis Seoane o alquimista*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Arte, 1998, 117 pp. (ISBN: 84-7492-893-1).

Abórdase o estudio do traballo artístico de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979) neste traballo dividido en dúas partes que se centran nas dúas facetas máis importantes da súa obra artística: a escritura —titulada “Seoane, o poeta emigrante”— e a pintura —baixo o título de “Estética para a totalidade”. Así mesmo, estúdiase a interrelación que teñen neste escritor galego a pintura e a escritura, reivindicando a plasticidade que se observa na súa obra escrita. Na primeira parte do libro, a máis estrictamente literaria, analízase a vida de Seoane dende as súas orixes como creador ata a creación das súas obras máis relevantes, tanto no eido da poesía coma no do teatro. Remátase destacando o compromiso de Luís Seoane co seu tempo e coa humanidade, o que se pode ver con claridade no seu posicionamento de esquerdas, de claro carácter marxista.

Recensións:

-Ánxeles Penas, “La sonrisa en el arte; y Seoane, el alquimista”, *El Ideal Gallego*, “Crítica de arte”, 8 decembro 1998, p. 48.

Fai referencia ó acto de presentación do libro, no que participaron as autoras do mesmo, facendo comentarios arredor de cada unha das partes tratadas: unha de literatura e outra de arte. Tamén recolle as palabras de Díaz Pardo quen resalta que sexan dúas persoas de alén mar as que se preocupen do legado deixado por Luís Seoane.

Seixo Pastor, Marcos, *Roberto Blanco Torres*, Vigo: A Nosa Terra, 1998, 62 pp. (ISBN: 84-89976-50-3).

Preséntase a biografía de Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936) en formato de pastas duras con fotografías e recortes de xornais nos que se dá noticia dalgún suceso que lle ocorreu ó biografado ou algún dos artigos que publicou en diferentes xornais. O libro estructúrase en dez apartados breves: os oito primeiros dedícanse á obra, principalmente xornalística, e á vida deste xornalista e escritor —a súa infancia, a educación que recibiu do seu pai, a emigración a Cuba, o deambular polas diferentes cidades galegas a causa do seu traballo como redactor e director de xornais e as causas do seu encarceramento e posterior asasinato. Tamén se destaca a relación deste coas Irmandades da Fala e con varios intelectuais galegos daquela época como Villar Ponte, Losada Díeguez, Otero Pedrayo, Risco ou Cabanillas, da súa presencia na Asamblea Nacionalista de 1918, da defensa que facía do agrarismo, da simultaneidade do seu labor político e xornalístico, da súa época como xornalista na dictadura de Primo de Rivera, dos seus intentos de evadi-la censura e da homenaxe que lle brindaron en Ourense. Ó longo destes apartados, recóllense as verbas dalgúns dos persoeiros, citados con anterioridade, nas que falan e loan o traballo que realizou Roberto Blanco e reprodúcense palabras do biografado coas que se corroboran algunhas das afirmacións de Marcos Seixo. No penúltimo apartado, fai un estudio sobre as dúas obras que publicou Blanco Torres: o poemario *Orballo de media noite* (1929) e *De*

esto y de lo otro (1930). Da primeira comenta a súa estructura, temática, estilo, métrica e os recursos plásticos que se empregan nela. Exemplifica case tódalas características que menciona da temática con estrofas dalgúns poemas, sinala qué diferencias e semellanzas ten a escrita deste autor cos vangardistas e o impacto que causou na sociedade esta obra ó descoñece-las dotes líricas do escritor e por ser publicada en galego no período da dictadura. Do segundo libro fai fincapé na súa estructura, temática, contido e estilo ademais de recolle-las palabras coas que foi anunciado no diario *El Sol*. Péchase esta biobibliografía co apartado "Textos" onde se reproducen dous textos en prosa escritos polo biografiado: "Amor é terra" e "O derradeiro viaxe".

Recensións:

-Olivia Tudela, "Blanco Torres: Un periodista apasionado y racional", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 6 decembro 1998, p. 20.

Comenta a saída do prelo do primeiro libro sobre o escritor homenaxeado en 1999 o Día das Letras Galegas, Roberto Blanco Torres, escrito por Marcos Seixo Pastor. Fai un pequeno resumo fixándose naqueles aspectos máis salientables tanto profesional coma biograficamente do escritor homenaxeado. Finalmente, céntrase no seu labor xornalístico, que o converteu nun punto de referencia na época.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Blanco Torres era un galeguista de corpo enteiro”, *A Nosa Terra*, nº 855, 5 novembro 1998, p. 9.

Marcos Seixo, autor da primeira biografía de Roberto Blanco Torres, escritor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 1999, fala sobre a figura homenaxeada, comezando por comenta-los inicios da súa investigación ó redor de Blanco Torres, os problemas que atopou e as actividades que desenvolveu para dalo a coñecer. Seguidamente, alude á súa traxectoria política, ás súas relacións co agrarismo e co nacionalismo e ó seu estilo xornalístico. Afirma que a súa vida foi “de compromiso na que incluso entregou a estabilidade económica e persoal aos seus ideais”, e considera que a homenaxe é só un punto de partida para favorecer que sexan lembrados outros moitos “asasinados polo fascismo”.

-C. Barral, “Primeira obra sobre la vida de Blanco Torres, a quien se le dedicará el Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 6 novembro 1998, p. 37.

Informa da publicación da biografía que Marcos Seixo escribiu sobre Roberto Blanco Torres, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas en 1999. Descríbese a obra, que presenta fotografías, fragmentos de obras, caricaturas, etc., do xornalista e escritor de Cuntis. Ademais, anúnciase a convocatoria, por parte da Asociación Cultural O Meigallo, do IIº Certame de Relato Curto Roberto Blanco Torres, e inclúense as súas bases.

-M. Blanco Rivas, “Blanco Torres, vida e obra dun xornalista comprometido”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 82, 21 novembro 1998, p. 2.

Anuncia a aparición do libro e ofrece algúns datos da vida e obra de Roberto Blanco Torres, salientando o seu labor xornalístico en *La Alborada* e *La Tierra Gallega*, o seu paso como director por *La Zarpa* e *El Progreso* e a utilización do pseudónimo Fray Roblanto.

Valcárcel, Marcos, *Pé das Burgas. Estudios de Historia, Literatura e Xornalismo*, limiar de Bieito Iglesias, Ourense: Caixa Galicia. Obra Social, 1998, 402 pp. (ISBN: 84-605-7339-7). ◆

Volume que recompila un conxunto de vintecinco estudios que foron na súa orixe conferencias, relatorios en congresos ou xornadas, ou artigos publicados en xornais e revistas. Todos eles teñen como nexo de unión temática a cidade de Ourense, os seus escritores e os seus xornais. Ábrese cunha presentación do propio Marcos Valcárcel na que agradece a publicación da obra á Aula de Cultura de Caixa Galicia e explica a estructura do volume. A seguir Bieito Iglesias alude ó interese de Marcos Valcárcel pola historia e o estudio do pasado, a literatura e o Ourense literario, e tamén polo xornalismo, á vez que recomenda a lectura destas achegas. O corpo do volume intégrano tres grandes bloques. En “A Historia” recóllense catro traballos que xiran ó redor da Galicia de preguerra, a cidade de Ourense e o seu desenvolvemento urbanístico a partir de 1920 e as ideas políticas que xurdiron neses anos entre os intelectuais máis destacados. “A Literatura” componse de dez estudios que teñen por obxecto a historia social da cidade vista polos seus escritores, Ourense como universo literario, o reflexo da sociedade en *Xente ao lonxe*, e autores como Otero Pedrayo, Marcial Suárez, Carlos Casares, Manuel Rivas e Xosé Lois Rúa. En “O Xornalismo”, Marcos Valcárcel pasa revista a publicacións como *La Zarpa*, *Nós*

ou *La Noche*, ademais de analiza-la presencia na prensa de autores como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Xesús Ferro Couselo, Blanco Amor ou Ánxel Fole. Pecha o libro un apartado no que se explica a procedencia dos textos.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Burgas a abrollar verba”, *Tempos Novos*, nº 14, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo 1998, p. 57.

Refírese á obra de Marcos Valcárcel e sinala que se compón dun limiar de Bieito Iglesias e de tres bloques ben diferenciados de artigos, dedicados, cada un deles, ós temas hitóricos ou histórico-políticos, ó universo literario ourensán e ó labor xornalítico desenvolvido na cidade das Burgas no pasado e presente século. Resalta o interese de certos traballos, coma os concernentes ó quefacer xornalístico e literario de autores como Otero Pedrayo, Risco, Blanco Amor ou Carlos Casares, nos que o autor presenta un amplo inventario de datos que vinculan a estes autores con Ourense. Alude ademais á procedencia, densidade e nivel de especialización dos textos recompilados e sinala, por último, que resulta indispensable a consulta dos traballos de Marcos Valcárcel para a mellor comprensión desa terra fértil de escritores que é a cidade das Burgas e a súa provincia.

Referencias varias:

-A. L., “Marcos Valcárcel observa nun libro o mundo desde a perspectiva de Ourense”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 26 maio 1998, p. 39/p. 15.

Sucinto comentario sobre *Pé das Burgas*. Explícase que o volume recolle algúns dos traballos de investigación do ourensán, dende principios dos anos noventa ata a actualidade. Ademais sinálase que o libro, subtitulado *Estudios de Historia, Literatura e Xornalismo*, trata sobre as personalidades máis célebres que pasaron pola cidade de Ourense neste século: Otero Pedrayo, Ferro Couselo, Vicente Risco, Carlos Casares, Florentino López Cuevillas, Marcial Valladares, Blanco Amor, Xosé Luís Rúa ou Alexandre Bóveda, entre outros.

Varela Varela, Manuel (ed.), *María Baña*. *Falaba de ser poeta*, Cabana de Bergantiños: Concello de Cabana de Bergantiños, 1998, 92 pp. (D. L.: VG-313 1998). ◆

O editor recolle neste volume a obra poética da escritora bergantiñá María Baña Varela (1906-1995). Na introducción ofrece, ademais do perfil biográfico da poetisa, un comentario lingüístico dos poemas desta autora. Expón tamén os criterios seguidos para a edición da obra. Asemade, ofrece unha cronobiografía e unha bibliografía. Os cincuenta e nove poemas que compoñen este volume caracterízanse polo seu carácter popular: os versos son curtos, a rima dominante é a asonante, e os temas tratados defínense polo seu carácter costumista ou autobiográfico. A extensión dos poemas é bastante variable, aínda que predominan os poemas curtos, algúns deles están compostos dunha estrofa de só catro versos. O libro remata cunha serie de apéndices onde se recollen algúns artigos que comentan a obra da poetisa bergantiñá.

Vidal, Francisco A., *Manuel Murguía*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Fasquía, nº 2, 1998, 37 pp. (ISBN: 84-89129-43-6).

Ó comezo deste libro o autor define a Manuel Martínez Murguía (Froxel-Arteixo, 1833-A Coruña, 1923) como figura fundamental do Rexurdimento da cultura galega e afirma que a súa obra alcanzou "os máis altos cumes do saber de seu tempo"; que se dedicou a dignificar todo o relacionado con Galicia e o galego; que foi considerado polos seus coetáneos como Patriarca das Letras Galegas e que sempre foi escollido para representar a Galicia como Cronista Xeral do Reino ou como Presidente da Real Academia Galega. De seguido fai un percorrido biobibliográfico do devandito escritor. Nel fala da infancia do biografado, da súa mocidade, dos estudios que realizou, das súas inquedanzas, da súa situación económica ó longo dos anos e da súa vida como pai, fillo e esposo. Dá conta de tódalas obras e artigos que escribiu na súa vida e das diversas actividades culturais nas que participou activamente: o seu posto como Presidente da Academia Galega ou o seu traballo no corpo de arquiveiros na biblioteca da Universidade de Compostela. Aclara por qué rexeitou ocupar un lugar importante na Real Academia Galega e nas Irmandades da Fala. Remata este volume cunha cronoloxía biobibliográfica sobre o biografado que serve para "dar unha idea xeral sobre os temas que tratou e os anos e que se fixo" e ademais ofrécese unha bibliografía acerca de Manuel Murguía.

Vieites, Manuel F. (ed.), *Do Novo Teatro á Nova Dramaturxia (1965-1995)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1998, 257 pp. (ISBN: 84-8302 344-X).

Manuel F. Vieites recolle unha serie de traballos de distintos especialistas sobre o decorrer da escrita e do espéctaculo teatral en Galicia nos últimos 30 anos.

-Xoán González-Millán, “A reconfiguración do espacio literario galego actual: transformacións e desafíos”, pp. 15-32.

Reflexiónase acerca das transformacións que tiveron lugar na literatura galega a partir de 1975. Estas transformacións conduciron á articulación dunha identidade cultural a través dun discurso literario que se pretende lexitimar como autónomo. A normalización cultural presentou cuestións como a necesidade de novos proxectos literarios, as características do discurso literario (compromiso, crítica social) ou a profesionalización da escrita.

-Manuel F. Vieites, “Creación dramática e realización teatral. Algunhas consideracións arredor da xénese do Novo Teatro Galego (NTG) e da Nova Dramaturxia Galega (NDG)”, pp. 33-84.

Retómase 1959, data da publicación de *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, como data fundacional da nova historia teatral en Galicia. Do Novo Teatro Galego, xurdido a partir do 1965, remárcanse as súas fases e a importancia que para o seu desenvolvemento tiveron mostras como a de Ribadavia ou a creación da Agrupación do Teatro Galego de Vigo. O que se buscaba nesta época era o desenvolvemento do labor teatral e a súa difusión social. A Nova Dramaturxia Galega enténdea o autor como unha das fases da creación dramática contemporánea (1969 en diante), e nela insírese o labor dos autores do grupo de Ribadavia (1969-1977), Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal e Roberto Vidal Bolaño, a promoción dos oitenta (1977-1985) e a dos noventa (1986-1999).

-Damián Villalaín, “O grupo de Ribadavia: Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal”, pp. 85-108.

Establece como punto de arranque do teatro galego actual as mostras de teatro de Ribadavia iniciadas en 1973 e destaca a importancia do teatro independente en Galicia aparecido na década dos 70. Desta xeración traza o decorrer literario de tres dos seus autores máis destacados: Roberto Vidal bolaño, Euloxio Ruibal e Manuel Lourenzo.

-Dolores Vilavedra, “As novas promocións”, pp. 109-143.

Dá conta dos problemas de periodización que provoca o desfase temporal que se produce entre a producción e a edición dalgúns textos. Reflexiónase tamén acerca das canles de distribución das obras e dos mecanismos de canonización destas e ofrece unha visión da xeración dos 80 e dos 90. Finalmente faise eco do fenómeno da creación teatral colectiva agromada en Galicia entre finais dos 80 e principios

dos 90. Froito deste peculiar modo de facer teatro foron obras como *Batea* (1990), da compañía Artello ou *Río bravo* (1990), do grupo Chévere.

-Cándido Pazó, “O oficio de actor”, pp. 145-158.

Reflexións acerca do oficio teatral desenvolvido por actores. Ofrécense tamén distintos modelos de actor: de vontade, de vocación, de oficio, de talento, de formación e un modelo ideal de actor histórico. Teorízase acerca do modelo de actor que se prima na actualidade.

-Francisco J. Sanjiao Otero, “¿Resulta viable o teatro en Galicia?: Unha análise sobre a demanda teatral”, pp. 159-174.
Entendendo o teatro como unha actividade económica reflexiónase sobre cál é a oferta teatral en Galicia e o consumo que dela se fai. Finaliza o autor augurando un difícil futuro para o teatro en Galicia, debido sobre todo á insuficiente demanda e ás importantes cargas que deben afronta-las compañías.

-Francisco J. Sanjiao Otero, “O teatro público en Galicia: o Centro Dramático Galego”, pp. 175-191.

Reflexión acerca do teatro público en Galicia, aquel realizado por compañías institucionais con orzamentos públicos. Lémbrase a constitución do Centro Dramático Galego pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en 1984 como exemplo do chamado teatro público. Desta Institución estúdianse as súas pautas de actuación e as consecuencias que a súa aparición provocou no panorama teatral galego.

-Manuel F. Vieites, “Literatura dramática e teatro para a infancia e a mocidade. Breve introducción para o seu estudio”, pp. 193-234.

Recóllense propostas para o desenvolvemento dun programa de educación teatral no ámbito escolar e extraescolar e faise un percorrido por iniciativas teatrais que nese ámbito se teñen desenvolvido nalgúns centros educativos de Galicia xunto con aqueles autores e textos máis representativos do xénero teatral infantil.

Villar, Miro, *O soño sulagado de Celso Emilio Ferreiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Unha lectura de..., 1998, 82 pp. (ISBN: 84-8302-226-5).

Análise do poemario *O soño sulagado* (1955), de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979). Na primeira parte do estudio céntrase no contexto político, cultural e literario no que nace o libro, fai unha aproximación ó panorama poético da poesía galega da posguerra, dende 1939 ata 1955, con referencias tamén á literatura galega no exilio. Traza a continuación a traxectoria vital do autor dende os anos da infancia, e perfila a súa evolución literaria. Na terceira parte entra na análise específica dos trinta e un poemas que compoñen o libro, comezando por referir polo miúdo a súa xénese, historia editorial e recepción. Completa o traballo unha análise da estructura, os temas, a intertextualidade, o tempo e o espacio, a voz poética, a lingua, a métrica e a rima. Os epígrafes finais recollen textos críticos sobre o autor e unha bibliografía básica.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Celso Emilio revisitado”, *O Correo Galego*, “Pé das burgas”, 1 maio 1998, p. 3.

Narra cómo Celso Emilio Ferreiro preparaba a volta para Europa a principios dos anos setenta recoñecendo con pena que ó marchar el de Caracas esmorecerían nesa capital as ideas nacionalistas.

Comenta tamén a importancia dos seus versos entre o movemento democrático galeguista a finais do franquismo. A continuación gaba a guía de *O soño sulagado*, título que Miro Villar vén de publicar sobre a obra homónima do de Celanova. Salienta deste estudio os apartados referentes á intertextualidade e as estructuras simbólicas da súa poesía.

Villar, Miro, *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e Estudio*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/ Filoloxía, 1998, 599 pp. (ISBN: 84-7492-906-7).

Edición da obra poética en galego e castelán de Xervasio Paz Lestón (San Xulián de Moraime-Muxía, 1898-Buenos Aires, 1977) que se acompaña dun estudio introductorio. O volume vén precedido por un prólogo no que Xesús Alonso Montero gaba o labor realizado por Miro Villar e refírese á faceta de poeta civil de Paz Lestón. A introducción comeza coas contextualizacións do devir histórico, social, cultural e estético dos anos de vida do autor. Prosegue coa achega á súa vida e personalidade acompañándoa de versos de corte autobiográfico. Así mesmo aborda a súa actividade social e cultural e o seu labor á fronte da revista *Alborada* da Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión ou a "breve vinculación" coa Irmandade Galega de Buenos Aires. Para o tratamento do perfil humano apóiase o editor nos testemuños de Juan Gervasio Paz, fillo do escritor, Xosé Neira Vilas, Andrés Beade, así como nos textos dedicados por outros escritores e pola súa obra poética. A propia producción literaria volve estar presente á hora da achega á súa caracterización ideolóxica marcada polo agnosticismo e o anticlericalismo, así como polo antifranquismo, antimperialismo e antibelicismo e polo seu materialismo histórico oposto ó efémero das cousas materiais. Esta análise da ideoloxía complétase con outros textos do autor e con referencias á súa actividade social, á relación con Castelao e outros líderes

galeguistas e co testemuño do seu fillo. A referencia á actitude cara ó idioma galego, marcada pola apaixoada exaltación da lingua, dálle paso á análise da obra poética, caracterizada polo autobiografismo. Primeiramente descríbese o corpus poético e apúntanse os nove pseudónimos utilizados polo autor. A continuación abórdanse as temáticas fundamentais e transversais da nostalxia da terra e do antifranquismo, así como a presencia de tópicos e lugares comúns como o *tempus fugit* ou o *locus amoenus*. Logo do estudio lingüístico retómase a análise literaria coa descrición dos esquemas métricos, rítmicos e estróficos e a enumeración dos recursos estilísticos. Remata o estudio coas conclusións nas que ademais se propón encadra-lo autor na chamada por Méndez Ferrín “Xeración de 1936”. Na edición da obra recóllense primeiramente os publicados e a continuación os manuscritos inéditos e os poemas sen datar. A mesma orde é a escollida para a producción poética en castelán recollida como anexo.

González Pérez, Clodio, *Un poema de M. Murguía dedicado as Torres de Altamira (1855)*, Urdilde: Papeis do Valeirón, nº 5, decembro 1999, 14 pp. (D. L.: C-813-1997).

Clodio González Pérez recolle neste opúsculo o poema “A las ruinas del Castillo de Altamira” que Manuel Murguía deu a coñecer no número 35 de *La Oliva*, correspondente ó 31 de maio de 1856, malia estar datado o 10 de xaneiro do ano anterior. Nunha nota previa, o editor xustifica esta publicación polo feito de que no ano 2000 o Día das Letras Galegas estea dedicado a Murguía e porque as terras do val do Valeirón gardasen relación, durante moito tempo, cocondado de Altamira. Na introducción ó poema, dá a coñecer Clodio González os datos biobibliográficos máis destacados do autor de *La primera luz*, así como unhas notas referidas á publicación deste poema.

Portela Yáñez, Charo, *Valentín Paz-Andrade. Escritor, xornalista e poeta. Avogado, político e empresario*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na historia, nº 12, 1998, 63 pp. (ISBN: 84-7680-273-0). •

Breve biografía de Valentín Paz-Andrade (Pontevedra, 1899-Vigo, 1987), coa que Charo Portela Yáñez reconstrúe a traxectoria polifacética dunha das figuras máis destacadas do panorama galego do século XX, fundamentalmente, a través do seu epistolario. Entre as diversas facetas desempeñadas por Paz-Andrade, xa anunciadas no título da obra, sobresaen no campo literario os poemarios *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968), *Cen chaves de sombra* (1979) e a novela inédita e inacabada *Soldado da morte*, ademais da primeira abordaxe global de Castelao no volume *Castelao na luz e na sombra* (1982). A obra complétase coa bibliografía activa, que inclúe tamén conferencias, prólogos e outras colaboracións, e pasiva de Paz-Andrade, e féchase cunha cronoloxía pormenorizada da súa vida.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 2. Reedicións comentadas

Pérez Rodríguez, Luís, *O pórtico poético dos Seis Poemas Galegos de F. García Lorca*, prólogo de Carlos Martínez-Barbeito, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Ponencia de Música e Artes Escénicas), 1999, 417 pp. (ISBN: 84-87172-34-2). ◆

Segunda edición deste volume centrado nos *Seis Poemas Galegos*, de Federico García Lorca e na relación do poeta granadino con Galicia. Acompáñase dunha cassete cos seis poemas musicados por I. B. Maiztegui. O libro vira a luz por primeira vez en 1995 e tivo unha primeira reimpresión en 1996. Nesta segunda edición o primeiro aspecto novidoso é o prólogo de Carlos Martínez-Barbeito, con data de 1996, no que pon de relevo o rigor desta obra así como a experiencia de Pérez Rodríguez nos estudios lorquianos. Tal e como explica o propio autor, os cambios nesta segunda edición consisten na modificación de erros tipográficos e novos textos de Blanco-Amor sobre a obra e a vida de Federico García Lorca e diverso material documental e fotográfico. Ademais, na primeira edición o título era *O pórtico poético dos Seis Poemas Galegos*, engadíndoselle agora o nome de Federcio García Lorca. A estructuración do estudio non sofre modificacións substanciais. Iníciase cun seguimento das cinco viaxes a Galicia de Lorca para pasar a afondar na relación con Eduardo Blanco-Amor e Ernesto Guerra da Cal. O apartado central ocúpase dos *Seis Poemas Galegos* e da súa xénese e autoría así como da súa

repercusión. Ademais de se reproduci-lo facsímile dos textos da editorial Nós con anotacións manuscritas de Blanco Amor e dos orixinais autógrafos e apógrafos dos poemas, aténdese á música dos seis poemas.

Rivas, Manuel, *Toxos e flores*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1998, 225 pp. (ISBN: 84-8302-349-O).

Esta segunda edición de *Toxos e flores*, publicada por vez primeira en 1992, está precedida dunha nota na que Manuel Rivas explica a procedencia de varios dos textos e define a creación como “unha aposta existencial sen apaños e insubornable”. Con respecto á entrega de 1992 engade os seguintes: “Vós, morte e beleza”, no que se achega ós pintores da Xeración Doente; “Versos escritos cos dentes”, unha evocadora lembranza de Ramón Sampedro; “O samurai e a lúa”, unha aproximación ó perfil artístico e humano de Reimundo Patiño; e “Poesía última de amor e enfermidade”, un percorrido pola actividade creadora e polo tráxico final da vida de Lois Pereiro. Non reproduce “A saudade de futuro”, que incluíra na primeira edición. Péchase a obra coa letra de “O pregón de Monte Alto”, recitado e cantado polo autor na compaña de Os Diplomáticos de Monte Alto o 4 de setembro de 1998 e reproducido nun CD-Rom que se distribúe con este volume.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras

Tros de Llarduya, Sofía, *O Volter*, Barcelona: Editorial Ronsel, 1998, 247 pp. (ISBN: 84-88413-82-3).

Estudio centrado no grupo artístico ourensán “Volter”, formado polos pintores Xaime Quessada e José Luís de Dios e o escultor Acisclo Manzano. O volume consta de cinco capítulos que abordan a traxectoria do grupo dende as súas orixes en 1963 ó redor da Taberna Tucho ou “O Volter”, de Ourense, así bautizada por Vicente Risco. A obra estructúrase en tres partes: o marco de actuación, que inclúe as súas relacións cos membros de *Nós*, sobre todo con Risco, as súas actuacións conxuntas e individuais, a súa ideoloxía, etc.; o “Autorretrato de los fundadores”, onde se transcriben as conversas que a autora mantivo cos artistas; e unha terceira parte na que diferentes intelectuais ourensáns como Arturo Lezcano, Carlos Casares, Méndez Ferrín e moitos máis reflexionan sobre a súa relación co grupo e o significado que este tivo para a arte galega contemporánea e para o ambiente cultural e político da Cidade das Burgas naquela altura.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 4. Publicacións en revistas

A. R., “Ludopatía literaria”, *Tempos Novos*, nº 8, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xaneiro 1998, p. 75.

Refírese á segunda incursión de Luísa Villalta na narrativa, *Teoría dos xogos* (1997), a través da cal se nos achega á grande alegoría da vida como xogo. Ofrece, ademais, unha breve síntese do seu contido.

_____, “Difícil arte de voar”, *Tempos Novos*, nº 8, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xaneiro 1998, p. 75.

Anuncia a distribución da “vibrante novela” de Concha Blanco, *Berta non sabe voar* (1995), logo de estar dous anos parada na editorial. Sinala que se trata dun libro, que constitúe unha dura análise dos roles femininos na sociedade actual, a través da confrontación de dúas das súas protagonistas.

_____, “Na solaina da vida”, *Tempos Novos*, nº 10, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, marzo 1998, p. 71.

Alude ó último título saído ó mercado de Lois Diéguez, *Henriqueta na galería* (1997), que reúne nas súas páxinas un conxunto de trece relatos. Salienta que neles sorprende a “necesaria inclemencia” coa que o autor vai abordando a súa particular crónica da mediocridade provinciana, a través doutras tantas historias vehiculadas pola súa protagonista, dona Henriqueta, que contempla o fluír vital da cidade do Miño dende a súa galería.

_____, “O río que nos leva”, *Tempos Novos*, nº 10, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, marzo 1998, p. 71.

Nota sobre a última novela de Xosé Ramón Pena, *A era de Acuario* (1997). Comenta que nela nos amosa a reflexiva lembranza do seu protagonista, Paco, quen trinta anos despois dos feitos relatados na novela, recorda o seu pasado adolescente.

_____, “Tratado de filosofía sentimentalista”, *Tempos Novos*, nº 12, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1998, p. 71.

Informa da aparición de *Práctica sentimental* (1997), volume complementario de *Animal Sentimental* (1997) e *Dialéctica Sentimental* (1997), cos que Xesús Manuel Valcárcel “foi dando forma a todo un constructo filosófico e cultural que encarnou poeticamente na súa antoloxía *Aurum* (1996).

_____, “Historiando o libro galego”, *Tempos Novos*, nº 12, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1998, p. 71.

Refírese á obra de Xosé Vicenzo Freire Lestón, *A actividade editorial en Galicia (1850-1936)* (1997), a través da cal se pretende, en palabras do seu propio autor, “acometer o estudio do labor das editoriais galegas” no período que se especifica no seu título. Sinala ademais o articulista, que neste volume se aborda a análise do traballo levado a cabo en imprentas e editoriais tan importantes para a literatura galega como Compañel, Céltiga, Lar ou Nós.

Abuín González, Anxo, “De *poioumenos* e outros usos postmodernos: unha tendencia no teatro galego actual”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Notas”, 1º semestre 1998, pp. 83-90.

Sinala que debido á situación de dúbida que está vivindo o teatro galego, xorden novos xéneros contemporáneos que teñen como eixo a idea de metaficción ou metateatro. Con respecto ás formas metateatrais, comenta que no caso galego afectan en primeiro lugar ó uso de modalidades periféricas óprólogo-epílogo, o discurso ós espectadores ou a aparición dun personaxe focalizador—, aínda que tamén se bota man da forma completa do “teatro no teatro”. Indica ademais que non resulta extraño que estas formas estean acompañadas por outros xéneros, que, segundo o articulista, se adaptan moi ben ás condicións de precariedade de medios que caracteriza o noso teatro. Trátase do “duólogo”, das obras “epicíclicas ou elaborativas” e do “*poioumenon*”, que resulta se-lo xénero máis interesante e que é unha forma equivalente a unha especie de “*work-in-progress*”. Ofrece unha información explicativa sobre estes xéneros e comenta unha serie de obras teatrais galegas, que os teñen empregado.

Acuña Trabazo, A., “Os *Juegos Florales* da A. C. A. Santa Cecilia (Marín): poemario premiado de Celso Emilio Ferreiro e variantes voluntarias posteriores”, *Madrygal*, “Artigos”, nº 1, 1998, pp. 13-25.

Presenta os “Juegos Florales” creados pola Asociación Cultural e Artística Santa Cecilia, para logo dar conta da constitución desta asociación, o 22 de novembro de 1952, e das numerosas actividades que organizou. Refírese ás dúas edicións celebradas dos “Juegos” xa mencionados, indicando as súas bases, os nomes dos compoñentes do xurado e dos participantes gañadores. Salienta que entre os gañadores da segunda edición estaban Celso Emilio Ferreiro, que alcanzara tanto o primeiro premio de poesía en castelán, con “Siete canciones de mar y dos poemas de amor marinero”, coma o primeiro en lingua galega, con “Busco as illas”. Expón as razóns polas que estes “Juegos” desapareceron no ano 1962 e reproduce os poemas galardoados do escritor ourensán, indicando as modificacións que experimentaron e a súa inclusión en libros seus posteriores. Por último, comenta a simboloxía da palabra “illa” para Celso E. Ferreiro, manifestando que a “illa” procurada nos seus versos galegos e lembrada nos casteláns, comparte un mesmo referente real: “a infancia, espacio e tempo da matria”.

Alberte, Xoán Carlos D., “A historia na novela”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 33, Tomo I, Ano IX, xaneiro-febreiro-marzo 1998, pp. 125-128.

Comentario sobre *Magog* (1997), novela histórica da que se subliña a recuperación que fai da memoria colectiva dende unha visión non alienada. Sitúase esta obra na liña de *O cervo na torre* (1994) e *Morte de rei* (1996), de Darío Xohán Cabana. Sublíñase, ademais, a mestría narrativa de María Gándara, o carácter realista da novela e o rigor na documentación e ambientación histórica. A lingua da novela é catalogada como “dunha riqueza especial”. Dos personaxes, destácase ó principal, o narrador, do que se di que “sofre un proceso de formación ó longo das páxinas”. Están, tamén, entre outros, Xelmírez e algunhas figuras femininas como dona Urraca.

Alonso, Fran, “A poesía na industria editorial galega”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Verbas cruzadas”, 1998, pp. 67-80.

Comeza comentando a situación das artes na fin de século, na que a poesía é minoritaria fronte á creación audiovisual en xeral, aínda que conta cun público fiel que “permite a existencia dunha industria editorial tan específica como arriscada”. Ademais, cre que a poesía se debe adaptar ós novos soportes tecnolóxicos, e propón algunhas iniciativas impulsadas noutros ámbitos. Seguidamente afirma que a predominancia do xénero lírico “non deixa de ser un síntoma de anormalidade cultural” e pon exemplos doutras culturas minorizadas. Considera máis necesario, para a edición de poesía, prima-la calidade sobre a cantidade, universalizando a poesía galega con traduccións de obras de poetas contemporáneos, o cal presenta os seus riscos. Alude tamén á creación de editoriais e de coleccións específicas de poesía, o que anima o panorama editorial. Fala, finalmente, dos baixos índices de lectura en galego, da desaparición dos libreiros que apoien o libro galego, da escaseza de atención que a escola lle presta á poesía e das subvencións, que considera necesarias para “practicar unha discriminación positiva coa traducción de poesía universal ó galego”. Remata centrándose na viabilidade económica da edición de libros de poesía actualmente en Galicia, e manifestando a súa crenza de que o papel impreso non desaparecerá ante novos soportes como Internet.

Alonso Girgado, Luís, “García Lorca e Galicia: impresións e poemas”, *Revista Galega do Ensino*, nº 19, “Estudios”, maio 1998, pp. 151-160.

Con motivo da celebración, no ano 1998, do primeiro centenario do nacemento de García Lorca, reflexiona sobre a relación entre o poeta granadino e Galicia. Afirma que as primeiras impresións de Lorca sobre Galicia se manifestan nunha serie de textos e están motivadas pola súa primeira viaxe ás terras galegas, cando tiña dezaoito anos. A continuación cita algúns textos de Lorca con Galicia ó fondo: “Impresiones del viaje. Santiago”, publicado na revista *Letras* de Granada o 10 de decembro de 1917. Máis tarde publicará “De Santiago a Coruña”, “Calles de la ciudad antigua” ou “Un hospicio de Galicia”, entre outros. Cita, así mesmo, a publicación dalgúns dos seus poemas nas revistas galegas *Resol*, *Yunque* e *Cristal*. Por último, fai alusión ós *Seis poemas galegos*, escritos por Lorca entre 1932 e 1935 e que o editor Ánxel Casal reuniu nun volume de 34 páxinas e publicou na editorial Nós.

Alonso Montero, Xesús, “Presencia dos *Seis poemas* de García Lorca na poesía galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 115-129

Comeza o seu estudio poñendo de relevo o influxo exercido pola poética de Federico García Lorca nalgúns autores da poesía galega, tales como Amado Carballo, Cunqueiro ou Aquilino Iglesia Alvariño. A seguir céntrase na análise de composicións de diversos autores que dalgún ou outro xeito foron influídos polos *Seis poemas galegos* (1935) de Lorca: Darío Xohán Cabana na súa “Elexía por Federico García Lorca”, Víctor Campio Pereira, en “O pelota baila coa lúa”, Xesús Rábade Paredes, en “A Federico, amor, que se nos foi de branco”, etc. Detense tamén no motivo de Paio, en o “Branco galán”, do que parece ser que Filgueira Valverde, nun artigo de 1993, encontra certas reminiscencias entre o poema de Lorca “Danza da lúa en Santiago” e un de Bouza-Brey pertencente ó libro *Seitura*. Seguidamente refírese ó personaxe Ramón de Sismundi que aparece tanto en Lorca coma en Celso Emilio Ferreiro. Despois dedica un apartado no que recolle diferentes achegas de autores que dedicaron a súa obra poética a Lorca. Finalmente refírese ós poetas alófonos que escribiron en lingua galega, nos que atopa influxo do poeta como son: Godofredo Filho, Eduardo Jorge Blanco ou Luciano Maia. Remata facendo referencia á presencia da figura de Lorca na poesía galega o que constitúe outro tema de análise

e lembra o seu traballo *Os poetas galegos cantan a García Lorca: Coroa literaria para Federico contra a súa morte* (1998) como exemplo desta análise.

_____, “Castelao: obra dicha completa”, *Saber Leer*, nº 113, marzo 1998, pp. 4-5.

Análise que se centra no libro *Conferencias e discursos*, publicado pola Fundación Castelao en 1996 en edición de Henrique Monteagudo. Comeza facendo referencia a tódalas alocucións públicas pronunciadas por Castelao que Monteagudo recolle nesta colectánea e cita tres títulos inéditos que, segundo Alonso Montero, xa xustificarían a publicación do volume. Comenta o criterio filolóxico seguido polo editor do libro polo que algúns textos como “Defensa del idioma gallego”, pronunciado en 1931 como deputado galeguista, a pesar de non ser inéditos, aparecen acompañados de textos que axudan a unha maior comprensión do lector actual. Alude tamén ós diferentes lugares nos que viviu Castelao na etapa franquista e comenta que Montegudo lamenta que non se conserven ou non se teñan encontrado textos daquela etapa na que tanto interviu en tribuna, radio e mitins en defensa da España republicana. Lembra, a seguir, as páxinas silenciadas polos biógrafos de Castelao publicadas no xornal *Nueva Galicia* e lamenta que Monteagudo tampouco as cite no estudio preliminar. Finalmente fai algúns “reparos menores” como son a falta dun índice onomástico mesmo dos nomes citados no estudio preliminar, ou a falta dalgunhas notas a pé de páxina para aclarar certos nomes e referencias que se citan nos discursos.

_____, “Rubia Barcia e Anne M. Morris, poetisa dos EE.UU”, *Ferrol Análisis*, nº 12, abril 1998, pp. 152-155.

Expón o papel de Rubia Barcia na creación e configuración de *A voz fuxitiva*, de Anne M. Morris, publicado na colección “Salnés” de Galaxia (1964). Refírese ós primeiros contactos da poeta en galego xurdidos a partir da lectura de cantigas populares que finalizan dez dos poemas de *Aromas de leyenda* (1967), de Valle-Inclán. Explica que tanto Soledad Fox Maura coma Ernesto Guerra da Cal, autor da “Apresentazón da obra”, precisan a importancia de Rubia Barcia na orientación lingüística do poeta. Prosegue indicando que ó igual ca Rosalía en *Cantares Gallegos* e có propio Rubia Barcia en “A aza enraizada”, Anne M. Morris tamén glosa cantigas populares. Transcribe o poema “Teño soidades da lúa”, dedicado ó profesor ferrolán, e conclúe dicindo que no Iº Congreso de Poetas en Lingua Galega, ó que asistiron Rubia Barcia e Anne Marie Morris, ficou claro o papel do galego na poesía da poetisa estadounidense.

_____, “O camarada Blanco Torres”, *Ferrol Análisis*, nº 13, decembro 1998, pp. 110-111.

Aproveita a sección monográfica que a revista lle dedica a Camilo Díaz Baliño para lembra-la figura de Roberto Blanco Torres, autor homenaxeado no Día das Letras 1999. En primeiro lugar, céntrase na súa biografía e lamenta as lagoas que presenta, sobre todo, no referente ó lugar do seu asasinato. En concreto, segue as informacións que Otero Pedrayo verte sobre Blanco Torres en *O libro dos amigos* (1953), do que transcribe algúns fragmentos. Tamén achega unha carta do propio homenaxeado ó escritor de Trasalba. Finalmente recolle as palabras polas cales Otero Pedrayo o define como un home de natureza bondadosa e optimista, inclusive, perto da morte.

Alonso Montero, Xesús e Gemma **Avenoza i Vera**, “Dous poemas en catalán de Álvaro Cunqueiro”, *Madrygal*, nº 1, “Artigos”, 1998, pp. 27-37.

Componse este artigo de dúas partes: unha primeira, titulada “Cunqueiro, os poetas cataláns e dous poemas seus nesta lingua”, e unha segunda, “Sobre el catalán de Cunqueiro”. Na primeira das partes sinaladas, reprodúcense os dous poemas de Cunqueiro en catalán, que a seguir, presenta Alonso Montero. Trátase de “Cántiga catalana”, reeditada varias veces dende 1935 e “La nit es bruna”, inédito ata 1991. Sinala en que medios apareceron, o nome das persoas a quen foron dedicados e as relacións que Cunqueiro mantivo coa literatura catalana. Apunta que, á hora de escribir en catalán, debeu contar coa axuda de Tomás Garcés, autor de *Deu poemes gallecs* (1954). Cita ademais a outros escritores que versificaron en catalán, como é o caso de José Luis López Cid, en 1956, coa súa “Cançó de guerra” e Emilio Álvarez Giménez. Na segunda parte, Gemma Avenoza ofrece unha valoración sobre a corrección lingüística e unhas observacións sobre o catalán literario empregado nos poemas de Cunqueiro, anteriormente citados, e que traduce nun apéndice que pecha o artigo.

Alonso Núñez, Aquilino Santiago, “Análise formal e significativa do conto de Gonzalo Navaza ‘Castelos na area”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Notas”, 2º semestre 1998, pp. 53-61.

Por medio deste traballo, no que se analiza o relato “Castelos na area”, de Gonzalo Navaza, pretende Aquilino Santiago Alonso ilumina-la técnica narrativa deste escritor nado en Lalín. Céntrase, polo tanto, no comentario dos diferentes aspectos deste relato, pertencente á súa obra *Erros e Tánatos* (1996): a dosificación da intriga, a óptica da narración, os personaxes, as coordenadas espacio-temporais, o humor, o estilo e o significado. Conclúe apuntando, que Gonzalo Navaza se nos revela coma un escritor “experimental” que non aburre, xa que consegue diverti-lo lector cunha boa trama de final sorprendente e porque, ó establecer unha gran distancia paródica coa historia heroica prototípica, experimenta en forma de xogo irónico coa tradición precedente.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, “Poesía para bailar”, *Festa da palabra silenciada*, nº 14, “Crítica”, 1998, pp. 97-98.

Comeza indicando os trazos fundamentais do poemario de Cristal Méndez Queizán *Amizade con Mowgli* (1997), como a súa musicalidade e unha síntese “de naturalidade coloquial, un pouco recoñecíbel de experiencia culta e un fondo de conciencia grave e irónica, garimosamente desencantada”. Alude tamén ó limiar de Forcadela e analiza os contidos do libro, en especial a dialéctica entre Galicia, o mundo e Vigo, así como a dicotomía entre o rural e o urbano, elementos que presenta a obra. Defínea como unha viaxe ás orixes de “contaxioso ritmo cordial e danzante”.

Angueira, Anxo, “Olga Novo: *Nós nus*”, *A Trabe de Ouro*, nº 33, “Publicacións”, Tomo I, Ano IX, xaneiro-febreiro-marzo 1998, pp. 121-123.

Nós nus (1997), de Olga Novo é celebrado por Angueira como libro de poemas “ben empreñado de verbas e de todos eses nomes que dan luz no noso idioma”. Angueira cre nesta obra porque “facer poesía de sachos e de alpendres, de úteros e líquidos íntimos (...) non é labor nada doado”. Cre que fronte á solemnidade de certa poesía galega, á falsa simplicidade doutra, aquí hai grandes sutilezas e milagres. Párase na lectura dos motivos máis recorrentes do libro, no erotismo, na presencia de todo tipo de fluídos, na viaxe á infancia, na visión das mulleres, etc., e destaca o uso da lingua, construída “sen reservas pero con talento”, unha lingua da que di que aínda non aparece nos diccionarios. Despídese aplaudindo a Olga Novo, a “quen non cre no que non toca”.

Araguas, Vicente, “Salamandra alada”, *Revista de libros*, nº 15, marzo 1998, p. 51.

Fai un percorrido polo labor novelístico de Xavier Alcalá dende os seus inicios coa publicación de *Voltar* (1972) ata *Código morse* (1996) e salienta algunhas reedicións a partir de obras que refai, o que conleva “engrandecer la fama y la polémica que alrededor de este autor ferrolano se viene perfilando dede aquel lejano *Voltar*”. A seguir céntrase na análise específica de *Código Morse* e destaca a dose de aventura como elemento recorrente na súa obra, situándoa na liña de Stevenson. A continuación fai unha breve análise espacio-temporal da obra e remata coa súa visión sobre o argumento e o desenlace, o cal resulta “un tanto precipitado”.

_____, “Galicia: poesía última”, *Citania*, nº 1, primavera-verán 1998, pp. 47-45.

Realiza un sucinto repaso pola poesía máis recente que se ten publicado en Galicia. Así céntrase nas obras, publicadas en 1997: *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev*, de Claudio Pato; *Nós Nús*, de Olga Novo; *Areados*, de Estevo Creus; *Elevar as pálpebras*, de Iolanda Castaño; *Humidosas*, de Enma Couceiro; *Abecedario da desolación*, de Miro Villar; *Casa ou sombra*, de Rafa Villar; e *Nínive*, de Chus Pato. Parellamente analiza a evolución da poesía galega da última tempada.

_____, “Buena salud en las letras del noroeste”, *Leer*, nº 93, “Literatura Gallega”, xuño 1998, p. 57.

Recóllense informacións referidas á presentación na Universidade Complutense da revista *Madrygal*, editada pola cátedra de galego así como a celebración en Ourense das Xornadas Blanco-Amor, autor de quen se destacan as súas novelas *A esmorga* e *La catedral y el niño,* reeditada por Xerais. Finalmente, coméntase a obra de Suso de Toro *Calzados Lola*, móstrase a satisfacción pola presentación na editorial Visor da antoloxía bilingüe *Madeira do meu canto/Madera de mi canto* de Luís G. Tosar e destácanse algúns dos títulos aparecidos con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 1998.

_____, “Premio europeo, morbo informativo”, *Leer*, nº 94, “Literatura Gallega”, xullo-agosto 1998, p. 73.

Recóllese a noticia da concesión do premio Tívoli-Europa ó poemario de Miro Villar *Abecedario da desolación* (1997). Ofrécense tamén algúns comentarios á obra de Carlos G. Reigosa *O doutor Livingstone, supoño* (1998), na que recollen artigos e conferencias, e *Cando eu caia* (1998), obra póstuma de Ramón Sampedro. Dáse conta, así mesmo, da traducción ó castelán dunha obra de Xulio L. Valcárcel *El volumen de la ausencia*.

_____, “El Noroeste del irlandés”, *Leer*, nº 95, setembro 1998, “Letras Gallegas”, p. 51.

Faise referencia á publicación da obra *Galicia e Granada: dous cabos dun eixo espiritua l*, do catedrático da Universidade de Granada Andrés Pociña. Saúdase a aparición da obra de Nacho Taibo *A ponliña irlandesa* (1997), definida como o froito dunha mestizaxe cultural, e augúrase un novo éxito editorial para *O lapis do carpinteiro*, novela de Manuel Rivas publicada por Edicións Xerais.

_____, “Catro poemas traducidos para o galego de Seamus Heaney”, *Madrygal*, “Traducción”, 1998, pp. 145-146.

Móstranse catro poemas de Seamus Heaney, pertencentes á súa obra *The Spirit Level* (1996), dos que se recolle, ademais, a súa traducción ó galego, realizada por Vicente Araguas. A seguir, ofrécense algúns comentarios sobre estes poetas, nos que se encontran algúns dos motivos recorrentes deste autor nobel: “telurismo, ironía, visión máxica do cotián e a estricta seguridade de que en poesía tampouco se dixo aínda todo”.

Araújo García, María Teresa, “Ánxel Fole. Aproximación á súa obra en galego”, *Revista Galega do Ensino*, nº 18, febreiro 1998, pp. 297-298.

Breve descrición do contido do libro de Armando Requeixo, *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra en galego* (1996), que inclúe unha análise dos catro libros de relatos do autor lugués: *Á lus do candil* (1953), *Terra brava* (1955), *Contos da aldea* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). A continuación reproduce algunhas das clasificacións que aparecen no libro.

_____, “Santiago Gutiérrez. *Merlín e a súa historia*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Libros”, 1º semestre 1998, pp. 155-156.

Mª Teresa Araújo explica o que se entende por “Materia de Bretaña” e afirma que trala aparición do volume de Santiago Gutiérrez, *Merlín e a súa historia* (1997), a crítica galega ofrece por vez primeira un estudio de conxunto desta temática tan cultivada na nosa literatura. Comenta a liña de análise seguida neste traballo, apuntando que nel o seu autor tracexa a evolución da figura de Merlín dende a súa primeira mención nas obras de Geoffrey de Monmouth na primeira metado do século XII, ata as versións castelás da súa figura, creadas a finais do século XV e inicios do XVI. Sinala, ademais, que se detén en cada unha das reelaboracións experimentadas polo personaxe, que son tratadas polo miúdo e que están acompañadas de notas sobre as evolucións dos outros protagonistas e elementos da Materia de Bretaña máis próximos a el, o que lle permiteamosar unha ampla visión panorámica de todo o universo artúrico.

Ares, María, “Xohán Ledo: Unha editorial non pode vivir de esmolas”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, “Especial Libros de Texto”, “Entrevista”, outubro 1998, pp. 7-10.

Conversa con Xohán Ledo, gañador do último Premio Trasalba, na que se lembra a fundación e avatares da editorial Galaxia. Repásase tamén o estado da ilustración e do deseño en Galicia e o labor do entrevistado como traductor de obras de Shakespeare ó galego.

Ares, Mª Teresa e Pablo **Patín**, “Isaac Díaz Pardo “Non sei se o galego se seguirá sostendo”, *Eidos do Libro. Revista galega do libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, “Perfil”, maio-xuño 1998, pp. 6-9.

Dá a súa opinión sobre a realidade editorial en Galicia neste momento, logo de recorda-lo Iº Seminario do Libro Galego celebrado no 1972, e mostra o seu desencanto ante a política autonómica que Galicia vive e que “non ten nada que ver co espíritu de autonomía” da súa mocidade. Por outra banda, reflíctese nas súas respostas a desilusión que lle produce a comercialización sufrida por toda a sociedade a través do triunfo do capitalismo e do estado de benestar que, ó seu entender, incluso ten comercializada á intelectualidade galega e ós sindicatos. Por último alude á falta de conciencia patriótica galega.

Axeitos, Xosé Luís, “O simbolismo literario”, *Ferrol Análisis*, nº 13, decembro 1998, pp. 106-109.

Principia destacando a mestura entre arte e artesanía que se daba no “atelier” do artista Camilo Díaz Baliño. Isto responde, segundo el, a unha contestación contra a crise da artesanía que provoca a industria e á propia reinvindicación nacionalista. Encontra no seu traballo como cartelista e ilustrador unha poética xerada pola recuperación da identidade perdida que, se ben se vehiculou especiamente a través da literatura nacional, tamén tivo lugar na “composición poética”. No seo do debate artístico que se dá en Galicia nos anos 20, a súa obra insírese na alianza plástica-literatura que descobre o vangardismo e o nacionalismo na tentativa común de construí-la arte nacional. Así, engade, a súa poética baséase no sentimentalismo lírico, a loita agrarista, o celtismo, e o medievalismo, outra constante da arte galega que o autor relaciona coa “palenxenexia”, isto é, a procura do pasado tan presente nesa altura. Finalmente e tras concretizar con obras súas esta simboloxía, encádraa no proxecto nacionalista que lle conferiu unha pervivencia que non acadan outras correntes.

_____, “Dos arquivos de Rafael Dieste: O “desgarro” do exilio nas cartas de Gil-Albert a Rafael Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Documentos”, 1º semestre 1998, pp. 133-137.

Dá noticia da amizade entablada por Rafael Dieste e Juan Gil-Albert a raíz da súa pertenza á nómina fundacional da revista *Hora de España*, iniciada a finais de 1936 en Valencia, e que se seguirían mantendo a pesar da dispersión ocasionada pola guerra civil española. Reflicte esta “sólida” amizade a través da reproducción dunhas cartas enviadas por Gil-Albert a Dieste dende o exilio mexicano en decembro de 1944, e xa dende Valencia, en agosto de 1963 e outubro de 1966. Trátase dunha serie de misivas nas que ademais de tocar asuntos de carácter persoal, mostra as repercusións que tivo sobre eles o desgraciado suceso bélico e algún que outro aspecto da súa producción de carácter literario.

_____, “Dos arquivos de Rafael Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Documentos”, 2º semestre 1998, pp. 81-82.

Con motivo da conmemoración do centenario do nacemento de Rafael Dieste, Xosé Luís Axeitos recolle nesta sección epistolar da revista, que leva homenaxeando a Dieste dende maio de 1991, un texto atopado entre os papeis de Roxelio Pérez González. Salienta que nel, o autor de *A fiestra valdeira* (1927), parece ilustra-la súa “poética especulativa e dual”, na que coincidindo con Manuel Antonio, a vida “parece someterse ás necesidades da arte”.

Barreiro Tosar, Xosé Ramón, Xesús **Díaz Cadenas**, Silvia **Durán García**, Xermán **Labrador Méndez** e Mª do Carmo **Reboredo Olmedo** (1º Premio Ánxel Fole), “Galicia baixo o candil de Ánxel Fole”, *Pontenorga*, nº 0, 1998, pp. 69-111.

Ábrese este artigo cunha breve introducción na que os autores identifican a Ánxel Fole cun pintor paisaxístico co que pintou “a súa terra brava e salvaxe co pincel da súa palabra, serena e certeira”. Agradécense o tino da súa linguaxe co que retratou a Galicia da súa época e consideran que dende entón Galicia “resplandece doutro xeito”. De seguido estructuran o traballo en varios apartados nos que fan un percorrido biográfico do autor e un estudio pormenorizado da súa obra. Comezan coa análise de diversos eixes temáticos como a paisaxe, como “sentimento ontolóxico da alma galega”. A seguir, desmiúzan os diferentes elementos populares que se recollen no xénero contístico: Bruxas, remedios populares, maleficios, propiedades máxicas dos animais, etc. Nun seguinte apartado detéñense na lingua, técnicas literarias e máis extensamente nas referencias literarias que influíron na súa literatura como o romanticismo de Bécquer, Espronceda ou Zorrilla, e outros autores galegos como Rosalía de Castro ou Castelao. Finalmente fan un corpus bibliográfico polos distintos xéneros literarios nos que, a partir dunha estructura esquemática, analizan as diferentes obras do autor: argumento, temática, personaxes, así como o espacio e o tempo son analizados en obras como *Á lus do candil* (1952), *Terra brava* (1955) ou *Contos na néboa* (1973). Remata o artigo cunha serie de breves epígrafes nos que se

comenta brevemente o Lugo de Ánxel Fole, o seu labor xornalístico e danse os resultados dunha enquisa feita a un grupo de alumnos de 1º de BUP a COU sobre os seus coñecementos da figura de Fole.

Barro, David, “Carlos Casares”, *InteresArte*, nº 4, “Literatura”, inverno 1998, pp. 6-9.

Ampla entrevista co escritor ourensán Carlos Casares na que reflexiona sobre a súa vida, sobre as influencias de Ramón Piñeiro na súa ideoloxía, a función da literatura, a importancia dos premios ou o labor do Consello da Cultura Galega, entre outras cuestións. En primeiro lugar, afirma que a súa infancia en Xinzo de Limia e en Sabucedo foi bastante feliz; foi a época na que aprendeu a falar galego, aínda que sempre se dirixiu á súa nai en castelán. A continuación, recorda a súa etapa no Seminario onde fundou o xornal clandestino *El Averno* e onde leu por vez primeira un libro de Rosalía de Castro en galego. Nesta mesma liña, reflexiona sobre a situación do galego actual e sobre o seu proceso de normalización. A seguir, afirma que a súa obra narrativa se divide en dúas etapas: unha que vai dende *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), caracterizada pola abundancia de monólogos e continuas alusións á infancia, e outra que se inicia con *Os escuros soños de Clío* (1979) e que se centra en temas relacionados coa condición humana. De seguido, afirma que lle dá unha importancia relativa ós premios e, por último, opina que lle gustaría que o Consello da Cultura Galega fose “un centro de reflexión”.

Bermúdez Montes, María Teresa, “Suso de Toro. Calzados Lola. Vigo: Edicións Xerais”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 251-253.

Cita toda a narrativa de Suso de Toro: *Caixón desastre* (1983), *Polaroid* (1986), *Land Rover* (1982), *Ambulancia* (1990), *Tic-Tac* (1993), *A sombra cazadora* (1994) e *Conta saldada* (1996) e, a seguir, céntrase nunha análise detallada da súa última novela *Calzados Lola* (1997). A obra, galardoada co Premio Blanco-Amor 1997 é, segundo a recensionista, “unha novela de acción e suspense” cun “marcado carácter cinematográfico”. A continuación, ofrece un breve resumo de tipo argumental e presenta as claves que aparecen na obra: “a preocupación pola propia identidade, pola orixe e o pecado orixinal, a violencia, a culpa e a redención”. Para rematar, fai unha comparación entre *Calzados Lola* e os guións cinematográficos e sinala unha serie de paralelismos a distintos niveis: no desenvolvemento do discurso, na distribución do contido, no tratamento do tempo, na utilización do diálogo e na descrición.

_____, “Saudade e concepto da poesía no *Cancioneiro* de Blanco Amor”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Caderno da Crítica”, 1998, pp. 135-141.

Comeza ofrecendo o corpus poético de Eduardo Blanco Amor e falando do bilingüismo que presidiu a súa producción lírica, se ben nunca abandonou o uso do galego. Incide, a seguir, na importancia que a vivencia da saudade tivo na poesía deste autor, xa “que se constituirá na motivación clave do poetizar do escritor ourensán”, e define a obra deste como unha combinación entre a tradición popular e cancioneril e a innovación poética contemporánea, especialmente do modernismo. A seguir inclúe fragmentos de consideracións de Blanco Amor sobre a poesía, e destaca a presencia do compromiso, a musicalidade e o tema do amor na súa obra poética, da que opina que presenta unha “profunda autenticidade vivencial e acertada expresión estilística, elaborada cunha voz propia, definida e singular”.

Bernárdez, Carlos L., “Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.). *Para saír do século. Nova proposta poética*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 267-268.

Breve análise da antoloxía *Para saír do século. Nova proposta poética* (1997), editada por Luciano Rodríguez e Teresa Seara. Trátase dunha obra que, segundo Carlos L. Bernárdez, pretende ofrecer unha mostra representativa da poesía dos noventa. Nela os dous investigadores presentan mostras da multiplicidade de estéticas persoais, así como do cambio xeracional que se observa no labor deste grupo de poetas. Os autores e autoras escollidos son oito: Ana Romaní, Antón L. Dobao, Manuel Xosé Neira, Xosé M. Millán Otero, Miro Villar, Marta Dacosta, Martín Veiga e Yolanda Castaño. En opinión do articulista, os oito autores son totalmente diferentes pero as mostras do seu labor poético son moi puntuais, feito que contribúe a que o lectorado non se faga unha idea clara das tendencias estéticas de cada un dos poetas escolmados. Finalmente, alúdese, brevemente, á temática que predomina en cada un dos autores e autoras que aparecen na citada antoloxía.

Blanco, Carmen, “A subversión múltiple. *Extranxeira na súa patria* de Rosalía de Castro”, *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 3, 1998, pp. 37-48.

Comentario sobre o poema rosaliano “Extranxeiras na súa patria” que reproduce nestas páxinas. Tras presenta-lo poema e salientar que dende o punto de vista ecdótico non presenta problemas, repara estructurando a súa exposición en apartados, en distintos aspectos do mesmo. Finalmente define esta composición como unha composición: “ambigua e plurisignificativa”.

_____, “A utopía comunal de *Nós Nus* de Olga Novo”, *Clave Orión*, n[os] IV-V, 1998, pp. 99-110.

Comeza opinando que *Nós Nus* (1997) confirma definitivamente a Olga Novo como “voz auténtica e persoal dunha poetisa que sabe o que fai e o mundo novo que entrega no seu exultante vitalismo materialista e sensual”. A continuación refírese á suma dunha poética erótica do material e unha poética “dos traballos e os días” e céntrase no vitalismo exaltado que ocupa o poemario. A última parte do traballo dedícaa á descrición e interpretación de cada unha das tres partes en que se estructura a obra e que culminan na “utopía comunal” que dá título ó artigo.

Blanco-Amor, Eduardo, "*Amor e crimes de 'Juan el Pantera'*. Farsa pra títeres de cachiporra", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 7-13.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve de Eduardo Blanco-Amor, *Amor e crimes de "Juan el Pantera"*, en versión galega e castelá (pp. 93-98), esta última realizada polo propio autor.

Blanco Llano, Pedro Xosé, “Cara a Manuel F. Vieites”, *Tempos Novos*, nº 10, “Opinión”, marzo 1998, p. 13.

Facendo mención daquelas deficiencias e erros que atopa no artigo de Manuel F. Vieites, titulado “Xaime Quintanilla (1898-1936) ¿Un centenario para o esquecemento?” e publicado no número anterior desta revista, salienta que nel non se dá conta do inxente labor de Quintanilla na dirección teatral do Cadro de Declamación, entón denominado, Coro Feijoo Toxos e Flores. Resalta o traballo desempeñado por agrupacións deste tipo e sinala, que a mencionada agrupación ferrolá foi a primeira que incorporou o teatro como actividade principal canda o canto e o baile, e que conformaban o seu cadro de declamación, Uxío Charlón e Manuel Sánchez Hermida. Sinala que estas dúas figuras, xunto con Quintanilla, serán os tres eixos que conformen o teatro galego, dándolle continuidade nas representación escénicas.

Boland, Roy C., “Alfredo Conde, novelista”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 143-151.

Sinala que Alfredo Conde é un escritor no sentido máis amplo e xeneroso da palabra, aínda que hai dúas facetas nas que o seu labor destaca: as de periodista e novelista. A continuación, dá conta da súa actividade periodística e ofrece unha visión panorámica da súa novelística, tomando como punto de referencia aquelas novelas traducidas ó español ou escritas, orixinal e paralelamente, por el en español: *Memoria de Noa* (1983), *El Griffón* (1985), *Breixo* (1987), *Los otros días* (1991) e *Siempre me matan* (1995). Por medio desa análise da novelística de Conde, identifica e destaca as súas principais características, os seus temas máis salientables, os seus modelos estilísticos, as súas peculiaridades linguïsticas e os seus motivos máis recorrentes.

Braxe, Lino, “Maria Estuardo”, *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 15-17.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve *María Estuardo*, de Lino Braxe, en versión galega e castelá (pp. 99-100) realizada por Dolores Vilavedra.

_____, “El teatro breve en las radios gallegas”, *Art Teatral. Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 72-73.

Comeza referíndose á falta de interese que esperta o teatro radiofónico e reivindícao como unha posibilidade de creación que contén gran cantidade de recursos para a súa inspiración. Cita algunhas iniciativas levadas a cabo, como a do CDG e a da Radio Autonómica Galega, que fixo unha adaptación radiofónica de pequenas pezas de Dieste, ou a Radio Nacional de España en Galicia, que puxo en antena obras de Cunqueiro e Blanco-Amor. Considera que o carácter experimental do teatro radiofónico permite achegar a novos autores ó mundo dramático. Conclúe lamentando a escaseza de fondos, tanto públicos coma privados, para levar adiante este tipo de iniciativas.

C. M., "*Vis à Vis*. Trinta e seis poemas e unha idea", *Ar!*, nº 11, "Cultura", marzo 1998, p. 19.

Informa da publicación do poemario *Vis à Vis* (1997), co que se vén de homenaxea-los dous insubmisos galegos "prisioneiros" en Alcalá de Henares. Sinala que este poemario, que amosa a consolidada relación entre o antimilitarismo e a poesía, está formado polas colaboracións de trinta e seis poetas, entre os que están Chus Pato, Igor Lugrís ou Manuel María. Salienta, por último, que esta edición supera con creces as dúas iniciativas anteriores, *Dous anos, catro meses e un dia* (1995) e *As armas da solidariedade* (1996).

Cabello Hernandorena, Isidro, “La muerte, la celada en que caemos”, *Quimera*, nº 169, maio 1998, p. 70-72.

A xeito de preámbulo fala dos gustos dos lectores actuais que prefiren o relato curto á novela, con tódalas dificultades de creación que iso conleva. Esta divagación inicial sérvelle para se introducir no comentario do libro de relatos *Ruído*, de Miguel Anxo Murado, do que fai unha sucinta análise de cada un dos contos. Destaca deles o seu carácter cinematográfico, debido á axilidade narrativa e, sobre todo ó “alcance filosófico” que transcende a cada un destes relatos. Conclúe louvando a orixinalidade deste libro por saber conxugar brevidade e complexidade con “modernidade expresiva”.

Caneiro, Xosé Carlos, “Submisos, mansos, resignados... e vendidos”, *Tempos Novos*, nº 13, “Opinión”, xuño 1998, pp. 8-10.

Xosé Carlos Caneiro comenta con moita sorna, que Xesús Pérez Varela está designado pola Providencia, para desempeñar labores máis altos e sonoros, “os da Presidencia Cultural Absoluta”. Apunta ademais, que conta para iso coa aquiescencia e mansedume de “Nós”, os intelectuais, artistas, escritores. Describe os “espécimes” que existen nese “Nós” e apunta que os “Nosos Escritores”, pululan conscientes de seren os únicos chamados ás campañas institucionais e incapaces de mostrarse solidarios coas deceas de autores e autoras que non son reclamados en eventos de tal magnanimidade. Sinala por último, que ten fe nese “Nós” e presenta a súa visión utópica sobre o futuro deste panorama.

Carracedo Bolaño, Marta, “O teatro descoñecido de Cunqueiro”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp 213-228.

O propósito deste artigo é, segundo a autora, achegarse ós inicios teatrais de Álvaro Cunqueiro, pouco coñecidos ó seu xuízo. Para isto, edita e comenta a obra *Era unha vez*, estreada en Vigo en 1938. Os verdadeiros inicios teatrais de Cunqueiro estarían nunha novela do oeste na que os indios falaban galego e os brancos castelán. En 1930 hai noticias de que Cunqueiro intentou levala a escena, pero os ensaios acabaron por suspenderse. *Era unha vez* viría sendo unha adaptación do conto dos irmáns Grimm *Los músicos de Bremen*, no que catro animais emprenden a aventura de marchar xuntos como músicos ambulantes. Explícase que na peza de Cunqueiro, escrita en castelán, aparecen moitos outros personaxes das fábulas e dos contos clásicos e que formaba parte dun festival de Falanxe Española. Prosegue coa explicación de que fora moi publicitada e anunciada por todo Vigo e, dende o principio, Falanxe alardeaba da proposta como o teatro novo do nacional-sindicalismo. Os comentarios posteriores á representación na prensa local foran totalmente eloxiosos. Marta Carracedo dá conta deste éxito no artigo. Comenta que o texto completo da obra lle foi proporcionado por María do Carmo Kruckemberg, que en 1938 participara nun dos papeis principais de *Era unha vez.*

Carracedo Doval, Juan José, “Poesía galega en presente (En torno a Miro Villar)”, *Madrygal*, nº 1, “Artigos”, nº 1, 1998, pp. 39-44.

Comeza mostrando a súa intención de “alza-la” voz de Miro Villar, por ser esta unha valiosa proba de claridade de ideas para a poesía. Sinala que este escritor foi finalista do Premio Esquío de Poesía no ano 1990, coa obra *Ausencias pretéritas* (1992), e que é o actual presidente en funcións do Batallón Literario da Costa da Morte. Ofrece a súa lectura da obra mencionada, sinalando que está composta por seis cadernos de dez sonetos cada un e que un dos seus trazos máis importantes, é o seu carácter “antitético”, presente na tensión entre a tradición e a modernidade, ou entre campo e cidade. Tamén recolle a historia da creación e os obxectivos pretenditos polo Batallón presido por M. Villar, ademais da nómina das súas publicacións: o caderno poético *As armas da solidariedade*; a folla poética, *Feros Corvos* e a antoloxía, *Nós* (1997). Reproduce finalmente algúns dos versos desta mostra antolóxica, dos que ofrece certos comentarios.

Casas, Arturo “Lírica difusa, ou xéneros en tempo indecoroso”, *Grial*, nº 140,

Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 667-689.

O artigo estructúrase en nove apartados denominados “variacións” polo seu autor. Así, dun xeito ordenado, fala da importancia do xénero segundo o lector e do grao de compromiso dos poetas cos modelos. O autor repara tamén no concepto de arquixénero e na razón de ser das hibridacións. Do mesmo xeito incide na problemática da catalogación da lírica en distintas artes o que fai xurdi-la confusión entre a poesía e a lírica.

Cerviño López, Sonsoles, “A traducción da rima nunha obra de Bertolt Brecht”, *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 4, “Traduccións xustificadas”, 1998, pp. 157-162.

Tras reflexionar sobre a fidelidade na traducción e dar conta do tema da obra, Sonsoles Cerviño explica o concepto de teatro épico, co cal Brecht pretendía exercer sobre a sociedade un influxo transformador. A seguir, comenta a importancia da rima, xa que contribúe a crear un efecto de distanciamento que suscite a reflexión do público, e pasa a dar conta dos problemas concretos que tivo para traducila. Remata confesando a súa incapacidade para conserva-los iambos do orixinal alemán.

Chao, Ignacio, “Ramiro Fonte. *O cazador de libros*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 269-271.

Comentario sobre o poemario de Ramiro Fonte *O cazador de libros. Poemas complementarios* (1997), que, segundo Ignacio Chao “continúa a senda da vella poesía moderna”. Céntrase nunha breve análise dos personaxes que aparecen nos diferentes poemas: “narcos, mulleres fatais, xogadores solitarios, conspiradores, exiliados, voyeurs”, así como nos ambientes nos que se sitúan as accións: “cabarets, casinos, librerías de vello, pazos, cafés”. A continuación afírma que Ramiro Fonte concibe a poesía como “conducto para recuperar o que extraviamos”. Asemade, comenta que Fonte non oculta a súa devoción por algúns poetas de finais do século XIX, entre outros, Rosalía de Castro, Baudelaire, Cesário Verde, Rubén Darío, Nerval ou César Vallejo. Por último, declara que hai “dous valores que acenden os poemas” de R. Fonte: resistencia e ironía. Para conseguir estes valores, engade o autor, utiliza diferentes unidades métricas, xoga co significado dos adxectivos e emprega, con rigor, os signos de puntuación.

Chicote, Dores, “A reforma do Hino Galego: um passo atrás?”, *Agália*, nº 53, “Estudos”, primavera 1998, pp. 49-63.

Recensión da obra *De Breogán aos Pinos* (1997) estructurada en tres partes e unhas conclusións finais. Na primeira, “Os pinheiros’, emblema do povo galego” fai unha crítica dos obxectivos cos que Manuel Ferreiro e María do Pilar García Negro presentan a obra, e comenta ademais o valor simbólico e polisémico do poema de Pondal. De seguido, en “Algumas críticas às propostas de revisão”, expón os seu desacordo con varias das modificacións do editor e propón as solucións léxicas, sintácticas o ortográficas que considera máis convenientes. Na terceira parte, “Hino completo e integrado na língua portuguesa” opina que o prioritario debería se-la reivindicación do himno na súa integridade, para así poder integralo na lingua portuguesa. Para xustificar esta afirmación, inclúe fragmentos de poemas do bardo de Ponteceso nos que se alude á relación de Galicia con Portugal.

Chicho el Cojo, “Devolver o expoliado”, *Tempos Novos*, nº 9, “A Contratempo. Informe”, febreiro 1998, pp. 35-39.

Cando se remata de formaliza-lo proxecto lei de devolución dos bens expoliados durante a guerra civil española, faise eco de todo aquilo que se lle incautara a Castelao, Santiago Casares Quiroga e Portela Valladares. Sinala tamén, que fora na prensa que resultaba sospeitosa, onde os novos censores aguzaran as súas vinganzas, habendo así xornais que foran arrasados, mentres que outros como *El Pueblo Gallego*, pasaran a ligarse ó réxime da dictadura. Refírese ó acontecido co Seminario de Estudos Galegos e ó proceso da súa recuperación, ademais de recolle-las declaracións do seu único fundador vivo, Isaac Díaz Pardo, a través das cales mostra o seu interese por recupera-lo Seminario e todo o seu patrimonio.

Cochón, Iris, “Dicción, contradicción e nación: a incorporación do mundo no discurso poético último”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro decembro 1998, pp. 717-730.

Fala da comunicación literaria entendendo que os textos proporcionan en moitos casos modelos de realidade. Por iso incide en que a recepción literaria provoca certas repercusións sociais. O nacionalismo literario busca a identificación e a delimitación do noso. Nesta liña repara e sinala os anos 80 como a década na que cambia o signo da poesía no seu rol de “expresión política diferencial”. Conclúe opinando que na representación galega existen agora dúas pólas marcadamente distintas dentro dunha órbita no sistema poético galego que tende, segundo este á “opera aperta”

_____, “Teresa López. *O neotrobadorismo*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 229-255.

A reflexión inicial acerca da necesidade de estudios con esquemas diferentes ós dos manuais tradicionais está seguida dunha revisión desta obra de Teresa López titulada *O Neotrobadorismo* (1997). Valora positivamente Iris Cochón a estructuración da historia literaria en movementos, tal e como se propón en *O neotrobadorismo*, e suxire como posible alternativa a organización ó redor de “correntes”, polas “connotacións vitais que envolve” este termo. Ademais de describi-lo contido de cada un dos capítulos que integran a obra, felicita á autora pola interdisciplinariedade do seu traballo e por ter supeditado o neotrobadorismo ó universo literario medieval, e ó seu progresivo achado e coñecemento por parte dos autores contemporáneos. Finalmente, amósase contraria á “decisión da nosa investigadora de non establecer unha tipoloxía inmanente”.

Constenla Bergueiro, Gonzalo, “Traduccións ó galego no ano 1997: un medre de cifras esguivias”, *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 4, “Informacións”, 1998, pp. 219-227.

Constátase unha tendencia á alza no número de traduccións respecto ós anos anteriores mais sen acadar aínda as cifras de 1993. Cítase a boa saúde da literatura infantil e xuvenil, o relato breve, a poesía e os clásicos do teatro e detéctase unha especialización por xéneros das editoriais agás no caso de Xerais. O tema da identidade nacional sinálase como o máis recorrente nos ensaios. Remátase cun listado de tódalas traduccións publicadas en 1997 organizadas en seis grupos: narrativa, poesía, dramática, ensaio, infantil e xuvenil e traducción non literaria.

_____, “Traducción literaria no ano 1997: unha necesaria e dubidosa consolidación”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 217-226.

Visión panorámica da situación da traducción literaria ó galego durante o ano 1997 que se abre cunha valoración desta actividade en cada un dos tres xéneros clásicos, ademais do ensaio e a narrativa infantil e xuvenil. No eido da narrativa para adultos salienta o pulo que recibiu a traducción de contos coa creación da Editorial Tris Tram; con respecto á poesía opina que se iniciou o “camiño dunha incerta recuperación”. No terreo do teatro sinala a reducción de títulos verquidos ó galego, mentres que no ensaio destaca a actividade de Laiovento. Opina que a literatura infantil e xuvenil é a máis consolidada, tanto polo número de títulos coma pola variedade das obras que se traducen. En cada un dos apartados antes comentados fai un percorrido descritivo polas obras máis relevantes.

Cordal Fustes, Xabier, “Outra lectura da poesía de Cunqueiro”, *Monfadal.*

Revista Mindoniense de Cultura, nº 1, decembro 1998, pp. 111-117.

Estudio da obra de Álvaro Cunqueiro, que o articulista divide en tres apartados: “Cunqueiro, poeta antes do 36”, “A dona do corpo delgado” e “Herba aquí ou acolá”. No apartado dedicado ás súas primeiras incursións na poesía galega, cualifícase ó escritor mindoniense como “superrealista” e condicionador, xunto con Manuel Antonio, de “toda a poesía galega deste século”. Establécese un paralelismo entre *Mar ao norde* (1932) e *De catro a catro* (1923) e afírmase que ámbolos dous autores “buscan novas formas de dicir e están insatisfeitos coa realidade”. A continuación, en “A dona do corpo delgado”, analízase con detalle este poemario e defínese como “dous libros de poemas”: o primeiro “elexíaco, de retorno á terra, e polo tanto á salvación, e entón á morte”; no segundo “o trobador tanxe a cítara e recomeza o cómputo dos versos. Ao fondo están a terra silenciosa, a noite, o crime”. Para rematar, no terceiro apartado, afírmase que *Herba aquí ou acolá* (1928) é “a súa mellor obra”: “contén dentro de si tres cuartos da producción poética dos anos oitenta, engorda pracidamente coas novas versións e cos novos textos que lle engade o esforzo especialista”.

Cotarelo, Armando, "*Mourenza*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 19-25.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve de Armando Cotarelo, *Mourenza* (1932) en versión galega e castelá (pp. 101-107) realizada por Noemí Pazó.

Cunha, Eduardo R., “Tanxarina. América, América”, *Revista Galega de Teatro*, nº 17, decembro 1997, pp. 29-31.

Comenta a experiencia do grupo Tanxarina Títeres en Centroamérica en diferentes certames: a IIª Xornada Iberoamericana de Teatro Infantil de San Salvador, XXº Festival Internacional de Teatro de Oriente en Venezuela. Saliéntase que o grupo levou os seus espectáculos a Nicaragua, Venezuela e Costa Rica e participou ademais no 2º Taller Internacional de Teatro de Títeres. Refírese á situación social deses países e á situación do teatro, pois durante a estancia en Centroamérica tiveron a oportunidade de contactar con profesionais e con grupos independentes.

Cunqueiro, Álvaro, "*Xan, o bó conspirador*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 27-28.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve de Álvaro Cunqueiro, *Xan o bó conspirador*, en versión galega e castelá (pp. 108-109). A traducción do texto foi realizada por Xavier Cid Fernández. Trátase do primeiro texto teatral que se conserva do autor, un fragmento redactado en 1933 e exhumado por Francisco Fernández del Riego que o publicou en *Grial* en 1978.

Delgado Corral, Concepción, “Un breve percorrido pola literatura pragmática e cinexética suxerido por escenas de caza de Galicia e Portugal”, *Anuario Brigantino*, nº 20, 1998, pp. 307-310.

Tras xustifica-la vinculación de Galicia e Portugal na historia e na cultura, refírese á literatura pragmática dominante na Idade Media, que contiña un evidente afán pedagóxico como se demostra en diferentes obras da época. Coincidindo co “interese crecente” pola cultura que a paz vivida no século XV posibilita, afirma que se dá unha abundante literatura cinexética en Portugal da man dos prosadores de Avis, pois era a caza un dos eixos ideolóxicos da nobreza. Partindo dos precedentes de Don Dinis e dos primeiros “Livros de Montaria” detense no *Livro de Montaria*, de D. Joao I, réplica do homónimo de Alfonso XI de Castela. Apunta os principios que motivaron esta obra e para a prosa galega destaca a conservación do *Livro dos cambeadores* e o *Tratado de Albeitería* (século XV), este último de Jordán Rubia de Calabria, de maior valor social ca literario. A continuación, enumera outras obras pragmáticas como o *Livro de Virtuosa Benfeitoria*, de D. Pedro, Duque de Coímbra, e sinala que os libros de caza tamén aparecen en Italia, Inglaterra e Alemaña. Ademais, relaciona esta literatura cos gravados que se atopan en Galicia e Portugal. Así, céntrase na simboloxía do cervo en estreita ligazón cunha cantiga de Pero Meogo e, xa na actualidade, coa “Cantiga do cervo solitario”, da obra *Poemas de amor sen morte*, de

Claudio Rodríguez Fer que tamén reproduce. Finalmente, láiase do descoñecemento entre os pobos galego e portugués, situación que se haberá de solucionar con achegas como esta.

Dendle, Brian J., “Galicia y la cultura francesa en *El Griffón*”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 169-178.

Céntrase nalgúns aspectos estructurais da novela *Xa vai o Griffón no vento* (1984), de Alfredo Conde, citando pola versión española titulada *El Griffón*. Pon de relevo, así, a existencia dalgúns paralelismos como os derivados da presencia de dous personaxes, Visitante e Visitador, de gustos parecidos. Neste sentido tamén fai fincapé na importancia da auga na novela e resalta os paralelismos que se establecen entre Galicia, Córsega e Irlanda. Do mesmo xeito, apúntanse algúns contrastes como a tolerancia dos galegos do século XVI fronte ó fanatismo relixioso de Castela ou a oposición entre o espírito pacífico dos galegos e o espírito imperial de Felipe II. Comenta ademais ambigüidades detectadas nos personaxes do Visitador, Visitante e Griffon. A continuación pon de relevo o xogo de espellos que mixtifica o lector establecéndose mesmo dende as citas “contradictorias” de Flaubert e Torrente Ballester. Pon de relevo, así mesmo, o contraste entre a Europa occidental de 1980 co réxime de Felipe II e trata tamén a complexidade da actitude do Profesor Visitante cara a Francia. Na última parte do artigo Brian J. Dendle reproduce unhas impresións do propio Alfredo Conde sobre a súa relación con Francia, ó tempo que lembra o carácter autobiográfico dalgunhas partes da novela. Así pois, baixo o epígrafe “Mi relación con Francia”, explica Conde dende as súas lecturas francesas de neno ata a súa estancia en terras de Córsega e Provenza.

Díaz, Alfonso, “Algunhas calas na poesía de Xosé Mª de la Fuente”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 93-104.

Breve perfil biográfico de Xosé María de la Fuente (Mondoñedo, 1902-1990), notario en diversas cidades da xeografía galega. Coméntase a súa estadía na cidade de Compostela onde se relacionará con outros intelectuais como Bouza-Brey, Noriega Varela, Álvaro Cunqueiro, Aguiar, Santeiro, Díaz Jácome ou Lence-Santar, entre outros, ós que lle dedica algúns dos seus poemas, publicados no xornal *Vallibria*, en agosto de 1930. Así mesmo, publica diversos artigos sobre o nacionalismo, a lingua galega, o agrarismo, o desenvolvemento económico de Mondoñedo, etc. en xornais como *Acción Social*, *Galiza*, *Justicia*, *La Voz de Mondoñedo* ou *Renovación*. A seguir, analiza con detalle a súa poesía publicada case toda en galego a excepción dun poema composto por dezanove alexandrinos, un soneto e unha glosa de catro versos, que escribiu en castelán. Nos poemas escritos en galego predomina, segundo o articulista, a estrofa curta, o soneto, os versos octosílabos e a rima asonante e grave. En canto ós temas empregados, destacan dende “o amor ou o eloxio ata a descrición dun mundo rural ou artificial e imaxinario”. A seguir, analiza estes e outros elementos en catro das primeiras poesías do autor mindoniense: “Poema adicado a Bouza Brey”, “Mariñeira”, “Sol de primavera” e “Noite de San Lázaro”. Para rematar, ofrece unha pequena antoloxía da poesía de X. Mª de la Fuente.

Díaz Pardo, Isaac, “Un experimento parateatral: os carteis de cego”, *Raigame*, nº 7, novembro 1998, pp. 6-19.

Lembranza das feiras dos xoves na carballeira de Santa Susana e de Carlos Maside, quen se inspirou, segundo Díaz Pardo, nestas festas en numerosas ocasións. Alude tamén á presencia do cego nos gravados e reproduce un de Maside e outro de Luís Seoane, recordando a semántica de cada un destes. Reflexiona sobre a importancia da arte de comunicar sexa cartel, cartaces, literatura de cordel ou calquera outra cousa. Sinala as “Cantigas de Santa María” como antecedente nesta arte de contar historias e fala do seu “Paco Pixiñas” feito a partir dun texto de Celso Emilio. Finalmente fai un sucinto percorrido histórico sobre o cartel de cego.

_____, “Confesións dun conservador/libertario inconformista e descrido”, *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 3, 1998, pp. 121-124.

Reflexiona sobre a liberdade e a autocensura. Lembra os acontecementos do 36 como punto de inflexión na súa vida, as ganas de fuxir e a obriga de ficar, producto do sentimento de non abandona-los compañeiros do Castro. Fala das continuas viaxes a América, de Blanco- Amor cando o fixo portador do orixinal de *A Esmorga*, e dos problemas desta obra, entre outras, coa censura. Finalmente analiza os cambios en Galicia trala morte do Xeneral Franco e clarifica a súa concepción do sistema na sociedade actual, declarándose un “conservador / libertario inconformista” en contra do sistema.

Díaz Rey, Felipe, “Entrevista con Olga Novo”, *Evohé*, n[os] 3-4, 1998, pp. 7-12.

Iníciase ofrecendo brevemente uns datos biográficos de Olga Novo, acompañados dunhas opinións, sobre a súa poesía, de Carmen Blanco. Na entrevista refírese ós motivos polos que escribe indicando que a poesía “é unha forma de vivir”. Ademais, incide nas claves fundamentais da súa poética, como o mundo rural, o erotismo, o telurismo e o feminismo, e comenta os seus poemarios afirmando que os tres pertencen a un mesmo “ciclo vital que aínda non se pechou”. Finalmente alude ó relevo xeracional na poesía galega, ó reparo que senten algúns poetas para amosa-lo seu traballo e á importancia das revistas literarias nas facultades.

Dobarro, X. M., “De lembranzas e literatura galega”, *Ferrol Análisis*, nº 12, abril 1998, pp. 148-151.

Lembra as primeiras noticias que tivo sobre Xosé Rubia Barcia sendo estudiante e sinala que o contacto persoal chegaría anos despois con motivo do Iº Congreso de Poetas Alófonos en lingua galega, a onde acudía o ferrolán como “promotor” da obra *A luz fuxitiva*, de Anne M. Morris, e dunha conferencia de Eugenio F. Granell na Coruña. A continuación, percorre a súa creación literaria en galego, que comezou cunhas “Cántigas” que se recollerían anos máis tarde no poemario *A aza enraizada. Cántigas de bendizer* (1981). Afirma que é unha poesía apreciada pero esquecida, como sostén Guillermo Araya, e só Méndez Ferrín a recolle no capítulo “Os poetas da xeración do 1936” do seu ensaio *De Pondal a Novoneyra* (1984). Comenta que tal e como recoñece Eugenio Granell, este é o primeiro compromiso de Barcia coa terra e a introducción de glosas populares ó xeito de Rosalía, fai afirmar a Machado Rosas a súa similitude con Lorca. A seguir apunta que Ferrín e G. Ayala engaden, ademais, o “gilocentrismo” e as mesmas liñas poéticas cós autores do 27 español. Para rematar, reclama a súa inclusión na literatura galega en honestidade co seu compromiso con Galicia.

_____, “Confesións a Xulio Sigüenza”, *Ferrol Análisis*, nº 13, decembro 1998, pp. 112-113.

Anuncia a próxima publicación dun estudio e dunha recompilación da obra literaria, xornalística e política de Xulio Sigüenza (1898-1965), “un creador de valía hoxe case descoñecido e (...) inxustamente esquecido”. A seguir ofrece un percorrido pola súa biografía e menciona que, a partir de 1918 colaborou en *Galicia. Revista Regional Ilustrada. Órgano de la Colonia Gallega y Sociedades Regionales de Cuba* e noutras publicacións como *El Eco de Galicia. Revista Gráfica y de Información de la colonia gallega en Cuba* e tivo unha destacada participación nas Irmandades da Fala. Finalmente reproduce o texto “Como soy pintor, como me hice y los mil trabajos que pasé y paso”, de Camilo Díaz Baliño, publicado en tres entregas na revista *Galicia*, de La Habana en 1920, no que Díaz Baliño reflexiona sobre o seu labor artístico dirixíndose a Xulio Sigüenza.

Domínguez, Ramón, “Concello de Culleredo, un punto de apoio á literatura”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 2, “Especial Infantil e Xuvenil”, bdecembro 1998, pp. 38-39.

Glósanse as actividades realizadas polo concello de Culleredo como a organización da XVIIª edición do Premio Blanco-Amor de novela longa concedido á obra de Xavier Alcalá, *Alén da desventura* (1998). Lémbrase tamén a reedición da novela deste autor *Los miedos* e a celebración dun seminario sobre “Panorámica Histórica da Narrativa Galega”, no que se tratou a figura do autor ourensán e o xénero da literatura infantil e xuvenil.

Dourado Deira, Manuel, “En memoria de Maruxa Villanueva”, *Encrucillada*, nº 110, “In memoriam”, novembro-decembro 1998, pp. 510/70-512/72.

Ofrece un perfil biográfico de Maruxa Villanueva, falecida o 24 de novembro en Santiago. Sinala que Maruxa Villanueva foi a “gardesa”, da Casa-Museo de Rosalía de Castro de Padrón, durante trinta anos. Afirma que probablemente ninguén coñece mellor a obra de Rosalía, “ninguén amou a Rosalía coma Maruxa Villanueva. Ninguén interpretou e divulgou a personalidade e a obra de Rosalía en tódolos momentos das 24 horas do día, como Maruxa”. Para rematar, informa de que a homenaxeada foi Medalla Castelao, recibiu varios premios de moitas institucións e recibirá o premio María Casares de Teatro, outorgado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena.

Eiros Bouza, José M., “A medicina popular na obra de Álvaro Cunqueiro”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 119-124.

Breve achegamento á presencia e á influencia da medicina popular na obra de Álvaro Cunqueiro, que o autor do traballo divide en seis apartados. En primeiro lugar, sitúa a medicina popular na obra do escritor mindoniense e analiza a tipoloxía de menciñeiros que aparecen en tres obras: *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes*. A continuación, refírese ás fontes das que bebeu Cunqueiro á hora de escribir estas obras. Cita a influencia do seu pai, farmacéutico, nos seus coñecementos de farmacoloxía e botánica, a súa colaboración como axudante na botica paterna, etc. Nun terceiro apartado reflexiona sobre a “tipoloxía do menciñeiro cunqueirián”; no cuarto alude á “capacidade do menciñeiro para comprende-lo feito da enfermidade e a súa especialización”; no quinto refírese “ós métodos de tratamento e poderes de trasmundo” dos menciñeiros. Xa para rematar, fai referencia a outras habelencias dos menciñeiros que forman parte das obras de Cunqueiro, entre outras, os coñecementos sobre latín e música. Ademais, infórmase que o escritor inclúe nas súas obras “casos clínicos e testemuños de doentes curados polos menciñeiros”.

Estévez, Xosé, “Castelao no Galeuzca”, *Cadernos Castelao*, nº 9, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1998.

Disertación centrada no labor desenvolvido por Castealo na organización Galeuzca, constituída un 25 de xullo nos locais do Seminario de Estudos Galegos. As pretensións de Castelao tiñan como finalidade última a consecución dun sistema federal que puxese fin á estructura centralista do Estado. Xosé Estévez distingue no autor rianxeiro tres fases no Galeuzca: unha primeira de esperanza, unha segunda de optimismo e unha terceira de pesimismo, na que se produce o esmorecemento do Galeuzca.

Fernández Castro, Xosé, “Manuel F. Vieites (coord.). *Teoría e técnica teatral*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 237-243.

Comeza esta recensión da obra, coordinada por Manuel F. Vieites en 1997, cunha loanza á editorial Laiovento pola súa disposición a publicar obras relacionadas co teatro, tanto dende o punto de vista teórico como dende o creativo. Xosé Fernández Castro describe o contido do volume e valora a variedade dos colaboradores, que agrupa pola súa relación con “dúas organizacións do noso mundo teatral”: o Centro Dramático Galego e o Teatro de Ningures. Finalmente, opina que o libros cumpren as espectativas coas que fora concibido ó conseguir “chamar a atención sobre a complexa rede de coñecementos precisos para achegármonos como é debido ó poliédrico feito teatral”.

Fernández del Riego, Francisco, “Así xurdíu o “Día das Letras Galegas”, *Proyecto Galicia*, nº 5, decembro 1998, p. 13.

Explica como na década dos setenta el mesmo, xunto con Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, animados pola celebración do día do Libro coa que se comemoraba a morte de Cervantes, procurar un día semellante para a lingua e cultura propias de Galicia. Deste xeito, segundo di, foi como xurdiu a idea do 17 de maio para que Galicia celebrase a publicación da primeira obra contemporánea escrita en galego. A seguir expón os trámites que tiveron que seguir (proposta da Academia, comunicación ó Ministerio...) e os feitos que esta celebración achega ás obras e autores que se lle dedica.

Fernández Naval, Francisco X., “O relato breve: as nosas preferencias”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 201-206.

Con motivo do IIIº Encontro de Escritores Ourensáns, en novembro de 1995, Fernández Naval participou nunha mesa redonda na que se falaba sobre o relato breve. Este artigo responde ó exposto polo escritor naquela xuntanza. Nel asegura facer unha viaxe sentimental, e non crítica, pola súa historia persoal de relatos breves, polas súas preferencias. Aparecen Seixadelo e as *Parolas do Sábado* na posguerra de RNE, toda a estirpe de narradores orais do autor, comezando pola súa nai, Oscar Wilde no *Príncipe feliz*, Antonio di Benedetto no *Xuízo de deus*, Cortázar nas *Historias de cronopios e famas*, Calvino no *Libro dos amores difíciles*, Borges na *Historia universal da infamia*, Aldecoa en *Balada do Manzanares*. Tamén, un ceramista uruguaio que fora escritor e amigo de Fernández Naval, Méndez Ferrín, Gonzalo R. Mourullo, Juan Rulfo, Marguerite Yourcenar, Carmen Martín Gaite, Henry James, Juan Benet, e, cunha mención especial, José Ángel Valente.

Fernández Ocampo, Anxo, “Ponthus, cabaleiro das bágoas brancas”, *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 4, “Traduccións xustificadas”, 1998, pp. 193-200.

Infórmase de que Ferrín lle pedira ó finado Camilo Flores unha edición crítica e traducción do *Roman de Ponthus* completo. Despois repásanse algúns problemas textuais específicos das obras medievais que non fan senón engadir un plus de dificultade ó labor do traductor. Tras dar conta do argumento do capítulo que nos ocupa, pasa a tratar máis polo miúdo cómo resolveu a traducción dos topónimos, algunha unidade fraseolóxica, alcumes, antropónimos…

Fernández Paz, Agustín, “Na encrucillada dun novo século”, *Elipse*, nº 1, “Teorica Res”, outubro 1998, pp. 39-46.

Comeza reflexionando sobre a necesidade de establecer canles industriais que espallen polo mundo as creacións galegas e que tamén contribuiron á consolidación do cómic en galego que naceu hai trinta anos con pioneiros como Reimundo Patiño e Xaquín Marín. A seguir adéntrase nas características que particularizan esta forma de expresión que nace vencellada o cine e que quedou relegada a círculos minoritarios e catalogada como “subproducto” de entretemento pouco serio. Cualifica a situación do cómic en España como “desalentadora”, pola publicidade de fenómenos como o *manga* ou os *cómic-books*, a desaparición de revistas especializadas e o predominio do cómic comercial centrado en salienta-la “abundante epiderme feminina e os superheroes empeñados nunha violencia gratuíta e sen sentido”. Define o cómic como medio narrativo cuns códigos e unha linguaxe específicos, artellado sobre os elementos verboicónicos e unha secuenciación baseada na elipse narrativa. Sinala que o medio ten futuro aínda neste mundo dominado pola imaxe en movemento porque satisfai esa necesidade de historias dende un “reducto de creatividade e liberdade (..) non condicionado pola censura do mercado”. Por último sinala que a construcción dunha banda deseñada galega pasa polos artistas pero tamén pola creación por parte das editoriais de canles de publicación que fagan chegar ós lectores “un medio coma o cómic, con tantas posibilidades creativas e de futuro”.

Fernández Santos, Ana María, “Maximino Cacheiro Varela, traducción ó ruso de *Memorial de exilio*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio- xuño 1998, pp. 243-245.

Faise referencia a *Memorial de exilio* (1994), de Maximino Cacheiro Varela, traducida ó ruso en 1997. Sinálase que o libro é unha historia persoal e colectiva da emigración galega e explícase que a traducción e introducción é de Andrei Radosski. Excepto no caso de dous títulos de poemas, o resto da traducción, segundo Ana María Fernández Santos, adáptase perfectamente ó ritmo e ó léxico do galego. Destaca, ademais, a novidade sinalada polo traductor no limiar sobre o escaso uso na poesía rusa do verso libre que si utiliza Maximino Cacheiro.

Fonte, Ramiro, “O ensaio”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 175-178.

Comeza destacando unha serie de obras que poden servir como punto de referencia dos ensaístas actuais: *Estudios sobre Hölderlin*, de Peter Saondi; *A morte da literatura*, de Alvin Kernan; *Paixón intacta*, de George Steiner; *Unha introducción á crítica literaria*, de Terry Eagleton; *Todo o sólido se esvaece no aire*, de Marshall Bergman e *Dous ensaios sobre Goethe*, de Walter Benjamin. Todas elas comparten, segundo Fonte, a mesma paixón polo pensar. A seguir, da producción ensaística publicada en 1997 céntrase en *Animal sentimental*, *Dialéctica sentimental* e *Práctica sentimental*, de Xesús Valcárcel e *A rosa sen por qué* (1997), de Antón Baamonde. Con respecto ás obras de Valcárcel destaca a súa vocación filosófica con intención de enche-lo baleiro do pensamento occidental en canto á filosofía dos sentimentos. Sobre a obra de Antón Baamonde sinala que o autor, un dos poucos que en Galicia emprega estratexias ensaísticas, vai dende o territorio da filosofía ó da literatura parapetándose no que Fonte denomina un “minimalismo filosófico” e un “minimalismo discursivo” que a nivel formal se reflicten nunha suma de reflexións fragmentarias construídas en aforismos. Menciona finalmente o libro *O texto nas margens em lingua portuguesa*, de Francisco Sampedro e *Merlín e a súa historia* (1997), de Santiago Gutiérrez.

Forcadela, Manuel, “Nove poemas novos e unha (auto)poética”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20,“Creación”, 2º semestre 1998, pp. 137-143.

Achéganse certas notas sobre a vida e a creación de Manuel Forcadela, quen nos comenta, nesta ocasión por medio dunha composición poética, o que por veces é escribir. A seguir, ofrécenos un total de nove poemas, nos que se constata un estado de decepción ante certas situacións, as diferentes situacións que pode provoca-lo paso do tempo ou a presencia do amor e da morte. As composicións referidas son “Ah, maldito país”, “Debaixo desta sombra de amenas ameixeiras”, “De todo canto poida gardar deste traxecto”, “Dos gregos aprendín que ríos e regatos”, “As chaves ferruxentas dalgunha casa vella”, “Agora que xa somos anacos dunha historia”, “Últimas palabras”, “Mal poden os poetas finxirse posuidores” e “Monumentalia”.

Flores, Ricardo, “O Teatro como meio proselitista”, *Agália*, “Notas”, nº 51, outono 1997, pp. 337-344.

Reproduce unha conferencia pronunciada por Ricardo Flores o día 4 de novembro de 1989 no Instituto de Investigaciones de la Inmigración Gallega da “Federación de Sociedades Gallegas”. Comeza cun percorrido pola evolución do xénero teatral dende a Grecia Clásica ata os nosos días. No que respecta á dramaturxia galega, salienta o pulo que recibiu no tempo das Irmandades da Fala con figuras como Lugrís Freire, Carré Alvarellos, Vilar Ponte, Cotarelo Valledor e Prado Lameiro, entre outros. Comenta o autor que, despois da decadencia nos anos seguintes, volveu a revivecer coa chegada da IIª República e ficou silenciado nos primeiros anos da Dictadura, só mantido na diáspora. A seguir, refírese á capacidade do texto para xerar opinión e para servir de medio de expresión e difusión dunha ideoloxía, potencial que, ó seu ver, non está o suficientemente desenvolvido na arte escénica de Galicia.

Fortes, Ana Belén, “Xesús Manuel Valcárcel”. *Os ollos da sentinela*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 254-259.

Inicia o artigo cunha breve alusión á traxectoria literaria de Xesús Manuel Valcárcel, á súa estética particular, así como ós trazos que a definen: “a capacidade de atraer ó lector cara ó seu mundo, a posesión dun estilo persoal, o dominio da linguaxe e unha visión lúcida, hiperrealista”. A continuación, detense nos comezos da súa andaina poética e céntrase logo no eido da narrativa. Cita dous libros de relatos: *Contos nocturnos* (1985) e *O capitán Lobo Negro* (1995) e, a continuación, analiza con detalle o libro *Os ollos da sentinela* (1997). Trátase, segundo a autora, dun conxunto de catorce relatos, “metade rurais e metade urbanos, que reflicten un mundo de agora ou nos remiten a un pasado próximo e, polo tanto, aínda vivo”. A seguir, alude ós diferentes temas que aparecen nos relatos: a maldade e a violencia, a renuncia ó compromiso, a perda dos valores, o amor, o sentido do humor, os novos discursos sociais. Xa para rematar, detense no relato que dá nome ó libro e analiza con detalle a súa estructura.

Franco, Camilo, “A vida como dirección prohibida: *Sombras no labirinto*, de Francisco X. Fernández Naval”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 33, Tomo I, Ano IX, xaneiro-febreiro-marzo 1998, pp. 129-130.

Empeza catalogando *Sombras no labirinto* (1997), de Fernández Naval, como “unha novela sobre a violencia escrita dende a calma”. Situada na Ribeira Sacra, a paisaxe, conforme se apunta nesta crítica, non é un telón de fondo para que actúen os personaxes, senón algo vivo no que ata se poden percibir voces. Sublíñase que na novela confróntanse dous mundos distintos e dúas opcións excluíntes: a realidade e os desexos. Seguindo a formulación do artigo, a novela presenta o conflicto “do individuo e os seus intereses enfrontado ó colectivo coas súas esixencias”. Apúntase que o individuo é o protagonista e actúa como un conductor no medio dunha rúa de dirección prohibida, sen poder volver porque a fila llo impide nin seguir adiante sen infrinxi-las normas. Coméntase que a orixe da violencia está sempre na negación que fai a realidade dos desexos.

Freyre, Xe, “Vida dunhas barbas (Mira de axuste a unha bio-bibliografía de Lence-Santar)”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 81-92.

Ofrece primeiramente un perfil biográfico de Eduardo Lence-Santar y Guitián (Mondoñedo, 1876-1960), cronista da súa cidade natal. Recóllese unha nómina comentada dos seus traballos. A parte final do artigo céntrase na súa faceta literaria, pequena cuantitativamente ó comparala coa faceta histórica. Salienta ó tratamento poético da montaña como berce e cerna da lingua. Comenta que a pesar disto os seus textos líricos cantan as terras de beiramar e o Cantábrico e alude brevemente á variedade poética que tamén ofrece a obra de Lence-Santar.

Frías Conde, Xavier, “Nos confíns da literatura galega: escritores asturianos en galego”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, nº 5, 1998, pp. 223-239.

Neste artigo, Xavier Frías ensaia unha periodización da literatura feita na Terra Eo-Navia, tras dunha breve introducción sociolingüística sobre a problemática do galego en Asturias. Quéixase da pouca atención que mereceu esta literatura na tradición literaria galega, agás o caso de Cotarelo Valledor. Cre que o dialecto Eo-Navia é o máis diferenciado dentro do corpus galego-portugués, do galego común e sinala que, se a isto lle engadimos que aínda hoxe moitos dos habitantes desta bisbarra non teñen conciencia de estaren a falar unha variante do galego, é comprensible que neste territorio se dea unha literatura con signos de illamento. Dentro do primeiro tercio do século XX, fai referencia, entre outros, á obra de Bernardo Acevedo, Antolín Santos Ferraría, Ramón García González e Conrado Villar Loza. Do período da dictadura franquista, Benjamín López e Daniel Vargas Vidal son os autores ós que lles presta atención. Xa na época actual, aumenta a nómina de escritores, ós que Frías reparte en tres xeracións: os nados ata o ano corenta, os nados entre o corenta e o sesenta e os do sesenta en diante. Na primeira xeración están Manuel García, Adela Conde Valledor, Xosentoño do Pallarín, Cándido Sanjurjo e Alejandro Antúnez. Na segunda, Teresa López, César Cimadevilla e Xosé Máximo

Fernández. Na terceira e última, Crisanto Veiguela, Xosé Miguel Suárez, Xavier Vilareyo, Fredo de Carbexe e Xosé Carlos Álvarez Blanco.

Costas, Concha, “Comedia Bárbara *versus* Valle-Inclán 98”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, “Opinións desde a butaca”, decembro 1998, pp. 55-59.

Balance dos acontecementos máis significativos do teatro galego en 1998. Céntrase “lamentablemente” na polémica xurdida ó redor da decisión do CDG de acometer unha montaxe en castelán. Fálase das respostas en contra desta decisión, das xustificacións, do retroceso na normalización social do galego e solicítase “reflexión, tirar conclusións e actuar en consecuencia”.

Das Airas, Xerardo, “Apuntes sobre a actividade teatral nos primeiros tempos modernos (Vigo e o Morrazo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, decembro 1998, pp. 51-55.

Percorrido pola actividade teatral do século XIX na cidade de Vigo e no Morrazo. Lémbranse as salas coas que contaban e as representacións que se realizaban. Tamén se fala dos inimigos cos que contou esta manifestación artística. En relación ó teatro galego fálase da súa ausencia pero saliéntanse feitos e actuacións que prepararon a creación da Escola Rexional de Declamación e a utilización das salas dos cinematógrafos e dos cafés para a presentación das novidades teatrais. O núcleo central do traballo constitúeo a análise dos proxectos e realizacións que fomentan e levan a cabo os grupos que se arremuíñan ó redor da Irmandade da Fala e do Seminario de Estudos Galegos e tamén das actitudes da dictadura de Primo de Rivera e da República en relación a esta manifestación artística.

Fraga Moure, Modesto, “A cultura xa non é unha utopía”, *Terra Bárdica*, nº 0, 1997,”Poesía”, p. 18.

Alude ós comezos da andaina do colectivo poético, Batallón Literario da Costa da Morte, do que informa que xurdiu co obxectivo de dinamiza-la escrita que se estaba a producir e manifesta a súa sorpresa e satisfacción polos froitos recollidos ata o momento. Dedícalle palabras de ánimo a este proxecto, pois considera que a tódolos seus membros, do que el forma parte, os une un inmenso amor pola palabra e pola cultura.

García Cendán, Bernardo, “Para lembranza. Xosé Crecente Vega, poeta, no seu retorno”, *Encrucillada*, nº 110, “Aportacións”, novembro-decembro 1998, pp. 499/59-501/61.

Lembranza do poeta Xosé Crecente Vega, nado no ano 1896 en Santa María de Outeiro, Concello de Castro de Rei. Ofrece algunhas notas biográficas sobre o escritor, formado no Seminario de Mondoñedo e na Universidade de Santiago de Compostela. A continuación, reproduce algúns dos seus versos.

García López, Xosé Anxo, “García Lorca e Lorenzo Varela: dous cabodanos e un poema esquecido”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 35, Tomo III, Ano IX, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 365-369.

Rescata para o lector o poema “Copla sencilla”, de Lorenzo Varela, composición publicada en 1937 como parte do *Homenaje al poeta Federico García Lorca contra su muerte* e que non volvera a ve-la luz. Aproveita para repasa-las influencias do granadino en Varela, deducindo que a figura de Lorca, a quen o poeta galego aseguraba ter coñecido en vida, deixou nel unha clara marca. En “Copla sencilla” temos, para García López, “un poema sinxelo e elegante”, no que Lorenzo Varela, entre outros acertos, “soubo conservar un pouso de espontaneidade e sentimento”.

García Turnes, Beatriz, “A actividade editorial en Galicia”, *Grial*, nº 139, Tomo XXXVI, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 603-605.

A propósito de *A actividade editorial en Galicia (1850-1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego* (1997), de Xosé Vicenzo Freire Lestón, refírese ós escasos traballos sobre o papel dos editores na producción bibliográfica en Galicia. Describe a estructura da obra e sinala o contido de cada unha das dúas partes nas que se divide. Considera que se trata dun libro interesante pola escolla dos editores, polos datos salientados e por reparar na relación destes co galeguismo. Opina tamén que se trata dunha obra amena pero entende que isto conségueo nalgúns casos por mor da falta de exhaustividade no referente, por exemplo, ó labor dos escritores e no feito de non detalla-la lingua das obras e o xénero das mesmas.

Gaspar, Silvia, “Xavier Manteiga. *Manancial*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 260-262.

Con respecto á novela *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, identifica as reminiscencias de Faulkner comentadas polo propio novelista e por algúns críticos, aínda que tamén recoñece o seu distanciamento respecto da obra do americano. Menciona algúns puntos en común desta obra coas anteriores de Manteiga e pasa a subliñar algúns aspectos que confirman o influxo de Faulkner. Así, cita entre outros a restricción da trama a un ambiente pechado e infrahumano, o esmagante peso do clima, a desolada paisaxe, etc. Logo de apuntar outras características como a presencia de transgresións sociais, considera que a sensación de descoido aféctalle á verosimilitude e, no tocante ó estilo, advirte un compoñente de premura que desmerece a ambición da peza. Prosegue aludindo ó carácter iconoclasta da producción narrativa de Manteiga e finalmente reflexiona sobre a existencia de difusos lindeiros entre o rendemento intertextual, a caricatura e o plaxio.

Gómez Montero, Javier, “O vaso quebrado. Imaxes da identidade na poesía de Rosalía de Castro”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 11-46.

No apartado primeiro deste artigo, “Modernidade, crise da representación e diseminación do discurso poético”, recórdase que a historiografía literaria convencional adoita cifrar, para as literaturas hispánicas, a xénese da lírica moderna no ‘intimismo’ de G. A. Becquer e de Rosalía de Castro, punto de partida para establecer logo grupos, xeracións, escolas, movementos, etc. A seguir fala dos novos presupostos da crítica moderna, das novas formas de estudia-la poesía e exemplifícaas coa obra de Rosalía. Proponse e faise unha lectura hermenéutica da obra da autora galega centrándose en tres aspectos que “acoutan os límites de toda mitoloxía persoal, que escenifica o conflicto en que se debate un suxeito que, en canto conciencia, constitúese mediante a síntese ou integración simultánea de forzas contrarias nunha especie de oposicións e tensións contradictorias que quedan sen resolver”. O primeiro dos aspectos estúdiase no segundo apartado do artigo: “Espacios da identidade e lecturas da orixe” mentres que os outros dous aspectos trátanse en “O ‘Ben perdido’ e a ‘negra sombra’ como figuras da constitución agonal do suxeito” no que se interpreta a mitoloxía das sombras, fantasmas e espectros.

Gonçález Blasco, Luís, “Um aspecto puco conhecido de Otero Pedrayo: solobio/solovio, heterónimo de combate”, *Agália*, nº 51, “Notas”, outono 1997, pp. 345-355.

Percorrido descritivo polos textos publicados no semanario *A Nosa Terra* nos números 308, 310 e 355, entre os anos 1933 e 1935, asinados por Solobio, e un ano máis tarde baixo o título de *Estetóscopo* e asinados por Solovio. Gonçález Blasco opina que estas sinaturas poden considerarse como un heterónimo de Otero Pedrayo porque ten un estilo máis combativo e directo que o ortónimo. Salienta, ademais, a importancia destes artigos para coñece-la actividade política do autor ourensán nos últimos anos da República.

_____, “A ediçom de *Os camiños da vida* feita por Ramón Mariño Paz: como se destroça umha obra literária”, *Agália*, nº 52“Estudos”, Inverno 1997, pp. 387-413.

Gonçález Blasco fai unha revisión crítica da edición de *Os camiños da vida* preparada polo profesor noiés Ramón Mariño Paz . Considera que Mariño “re-escreve, na prática, com os seus próprios critérios lingüísticos e estéticos”. Atende inicialmente ás notas a pé de páxina e denuncia a ausencia dalgunhas que el considera relevantes. Fai un percorrido enumerativo polas “gralhas” e polas modificacións gráficas do texto, que van dende a eliminación dos apóstrofos ó emprego das maiúsculas, pasando polas adicións e supresións de fragmentos. No eido da lingua, revisa o tratamento dos lusismos, arcaísmos, castelanismos, popularismos, dialectalismos e hiperenxebrismos.

González Fernández, Begoña, “Pérez Rodríguez, Luis; *O Pórtico poético dos seis poemas galegos de F. García Lorca*”, *Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, nº 17, vol. VIII, 1998, pp. 396-397.

Comentario sobre *O pórtico poético dos seis poemas galegos de Federico García Lorca*, de Luís Pérez Rodríguez na que se alude ó 98 por ser o ano do centenario do nacemento de Lorca e se indica que o libro recensionado é unha segunda edición da orixinal do 95. Describe o volume e a súa estructura, alude ó prólogo de Carlos Martínez-Barbeito e ós 10 apartados nos que se estructura. Considera que se trata dun libro que amosa unha fonda análise da relación de Lorca con Galicia.

González Fernández, Helena, “Poesía gallega desde 1975 hasta hoy: entre la palabra y la realidad”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, nº 5, 1998, pp. 264-275.

Realiza un repaso dos derradeiros vintecino anos da poesía galega a través da antítese inicial poesía estética/poesía ideolóxica. Dá como referentes literarios internos para estes anos a Méndez Ferrín e Álvaro Cunqueiro. Di que nos 80 a poesía galega iniciou o camiño para normalizar dentro do sistema literario do país unha lírica universal, atemporal, semellante á poesía española dos 70, por exemplo. Nesta liña aparecen unha poesía do coñecemento ou unha de tipo decadentista. Destaca nesta franxa a Xavier Baixeras, Álvarez Cáccamo, Xulio Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte e Fernán-Vello. Para os anos 90, Helena González propón catro direccións básicas: unha poesía de construcción dun discurso feminino, outra de ficcionalización do cotián, unha poesía experimental e unha do coñecemento. En resumo, dende o 75 ata hoxe resalta tres épocas distintas: a vangarda ou cambio de rumbo de 1975 e os anos posteriores, o clasicismo decadente dos anos 80 e a poesía comunicativa de reencontro coa sociedade dos anos 90.

_____, “Regresar ó inferno por unha ponte de poldras”, *Festa da palabra silenciada*, nº 14, “Crítica”, 1998, pp. 106-107.

Comeza indicando que non é posible falar dun libro de Chus Pato sen ter en conta os outros, polo que, aínda que se centra en *A ponte das poldras* (1996), alude constantemente a anteriores poemarios. Afirma que a poeta “constrúe unha visión épica do mundo como caos significativo” que vai deconstruíndo os signos culturais impostos ata chegar “ó cerne do que é a muller”, e manifesta os medios que segue para levar isto a cabo. Analiza tamén o papel que na “reconstrucción da estirpe propia” asumen as alusións ó pobo xudeu presentes na obra, e céntrase a seguir no ton empregado pola autora, que define como visionario e narrativo, aínda que tendente ó poema dramático. Finalmente di que a obra é “un descenso ó inferno das palabras e da historia para desde alí recuperar o paraíso”.

_____, “Ocupa-la palabra”, *Madrygal*, nº 1,“Artigos”, 1998, pp. 57-59.

Manifesta que a pesar de que poucas foron as escritoras galegas que ata 1976 tiveron acceso ó recoñecemento xeral, hoxe en día a poesía de muller está a ter un grande pulo. Sinala, que a maior presencia da muller nos ámbitos da literatura infantil ou da crítica literaria, fan constata-lo efecto espello que se produce ante a súa situación social e os xéneros ós que parece ter un acceso máis doado. Expón os motivos da predilección da muller pola poesía e sinala que, nun momento no que as fronteiras entre xéneros literarios son cada vez máis difusas, as poetas galegas irrompen con grande orixinalidade e forza nos camiños do verso. Determina que no contrato apriorístico que se establece entre lector e literatura, a poesía ofrece unha dobre posibilidade: a de se-lo vehículo do verdadeiro coñecemento e a de se-la expresión do sentimento individual e subxectivo. Indica ademais disto, que esta poesía de muller está empeñada en reivindicar unha linguaxe nova e específica, na que esta poida expresa-la súa nova escala de valores. Todas estas súas consideracións son exemplificadas con versos de certas poetisas, para rematar dando o nome das creadoreas máis novas, que se están apoderando da poesía e obrigando a reparar na súa heteroxeneidade de propostas.

_____, “Rompente, “poderosa pomada”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 47-84.

Este estudio global do colectivo poético Rompente, cualificado como “unha experiencia única na literatura galega, polo que significaba de vontade comunicativa e de experimentalismo”, ábrese cunha descrición da situación da poesía galega nos anos da transición política cara á democracia. Clasifica a literatura galega da época en tres grupos: escrita arredista, escrita da normalidade e escrita filolusista, e sinala que os títulos que sentaron as bases da renovación poética dos anos oitenta foron *Con pólvora e magnolias* (1976), de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Seraogna* (1976), de Alfonso Pexegueiro e *Mesteres* (1976), de Arcadio López-Casanova. A seguir, céntrase no grupo poético vigués, do que describe a formación e a traxectoria, as distintas etapas polas que atravesou e as influencias que recibiu. Comenta cada un dos traballos que se xeraron neste proxecto colectivo e a recepción crítica que tiveron. Nos dous últimos epígrafes, ocúpase das achegas de Rompente á “construcción dun novo discurso nacional” e dunha análise do “antidiscuso como cerne do experimentalismo” e enuméranse as principais estratexias experimentais: a eliminación das fronteiras entre a materia literaria e a non literaria, a ruptura das regras gramaticais, as transgresións xenéricas, as referencias metalingüísticas e a ruptura do paratexto habitual.

_____, “De poesía e de poetas no cincuenta aniversario de *Cómaros verdes*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 203-210.

Alude ó ano 1977, no que se celebrou o cincuentenario de *Cómaros Verdes* así como a desaparición da colección “Leliadoura”, de Sotelo Blanco. A continuación, céntrase no 1998, ano no que, segundo o articulista, xorden toda unha serie de polémicas por mor das diverxencias estéticas e xeneracionais. Máis adiante, repara na resolución dos certames de poesía, na producción poética do ano, na adopción da temática da casa como espacio interior ou nas alusións á paisaxe. Alude, así mesmo, ás recentes publicacións dos autores e autoras máis novos e ó protagonismo das mulleres, hoxe á vangarda da poesía actual galega. Lembra o Premio de Poesía da Universidade de Vigo do ano 1997, outorgado a Ángela Eva Rei e recorda tamén as reedicións e antoloxías que se publicaron nese ano. Como conclusión, afirma que se trata dun ano de recuperación de voces como Pexegueiro, Romón ou Lourenzo Baleirón, entre os denominados poetas maiores. Por último, fai referencia ás tendencias dos poetas máis novos.

_____, “Repensar, fatigándose, desde a desorde actual”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 651-665.

Artigo estructurado en distintos apartados verbo da poesía e de todo o que a rodea. Pártese da defensa da desdramatización da expresión poética frontre a outros xéneros. Fálase da utilidade das etiquetas e da importancia de non crer nelas. Alúdese a distintos poetas como referentes dunha poesía. Finalmente refírese á poesía nos 90 como un cóctel literario no que cómpre salienta-la revolución das mulleres que renuncian a garda-la lingua, argumentando ser tarefa de filólogos. Distingue entre poesía con conciencia ou poesía de normalidade, con base estética ou circunstancial, con tendencia á estranxerización ou ó particularismo entre outras. Conclúe que esta liña de romper moldes a modo de asalto das poetas coincide, no seu parecer, co avogar pola resistencia a sermos poetas ou críticos.

González Gómez, Xesús, “A memoria dun galego contra a suspensión das conciencias”, *Luzes de Galiza*, nº 29, “O país castrado”, 1998, pp. 15-17.

Comentario da obra de carácter biográfico *As décadas de T. L.* (1994), de Lois Tobío, no que comeza presentando unha traxectoria vital do autor e eloxiando a súa “modernidade”, aspecto que é analizado con detalle. Seguidamente detense en varios episodios da obra de Tobío, que define como “un libro no que a fe na identidade entre palabra e poesía é tan intensa que non necesita ningún complicado enxeño estilístico (...) e conceptual e se permite unha simplicidade na que toda auténtica profundidade torna a confluír”.

Guisán Seixas, João, “A minha Língua e a miha Literatura”, *Tempos Novos*, nº 12, “Opinión”, maio 1998, p. 10.

Realiza toda unha serie de aclaracións persoais a Manuel F. Vieites, a través das cales expón as razóns polas que a súa obra gañadora do Iº Premio Eixo Atlántico de Textos Dramáticos, *Actas do XXIV Congreso internacional da Tábua ocre de Núbia*, foi escrita en portugués. Salienta, de entre elas, o feito de que era a primeira ocasión, en 16 anos, que podía concorrer a un certame literario en igualdade de condicións con outros autores galegos, sen estar baixo a condición de ter que emprega-lo “galego da Xunta”. Sinala que este seu triunfo cuestiona todo o sistema de premios existente en Galicia e remata facendo varias consideracións sobre este suceso, co que pretendeu desperta-la nosa “vergonha”.

Harguindey Banet, Henrique, “Por xustiza”, *Escaramuza*, “Polémica Valle”, decembro 1998, p. 9.

Expóñense algunhas das razóns polas que o articulista pensa que se debe traducir a Valle-Inclán ó galego. Destácase como unha das razóns o feito de que este autor se serviu na súa escrita dos recursos lingüísticos que lle ofrecía o galego.

Henríquez Salido, Maria do Carmo, “Umha leitura de “Castelao na luz e na sombra”, *Agália*, nº 51, “Estudos”, outono 1997, pp. 275-286.

Refírese á obra de Valentín Paz-Andrade deste mesmo título e tenta encadrala xenericamente nas biografías, aínda que detecta trazos que a achegan a unhas “memorias” ou a unhas “vidas”. Considera Henríquez Salido que as principais dificultades para a elaboracións desta obra foron a amizade do autor con Castelao, a grandeza do rianxeiro e a distancia con respecto ás fontes documentais dos últimos anos do autor de *Sempre en Galiza*. Baixo o epígrafe “Disposiçom”, analiza a estructura de *Castelao na luz e na sombra* (1982) e salienta a presencia do “autor implícito” para comenta-lo ambiente infantil e xuvenil do rianxeiro. No “Colofom”, fai a un comentario da proposta lingüística de Castelao co que o aproxima ás teses reintegracionistas.

Hernández Henández, Pedro, "*Deus sentado nun sillón azul*. Una mirada moral sobre la condición humana", *Madrygal*, nº 1, "Artigos", 1998, pp. 61-64.

Presenta a novela de Carlos Casares, *Deus sentado nun sillón azul* (1996), coa que conseguiu ademais dunha grande aceptación entre o público e a crítica, o Premio Nacional de Crítica en lingua galega do ano 1996 e chegar a ser finalista do Premio Nacional de Narrativa. Realiza unha síntese do contido desta obra, para a continuación facer unha minuciosa análise da súa "compleja y original" configuración do punto de vista e da voz narrativa, da súa estructura espacio-temporal, da súa prosa e estilo e das ideas que acobilla. Finaliza declarando que esta novela, dende a perspectiva estrictamente literaria, constitué un "ejemplo espléndido del personal proceso de creación de este escritor, su peculiar forma de componer los personajes y la historia, anclada siempre en la realidad".

Horrillo Muñoz, Lucía, “G. Allegue. *Eduardo Blanco-Amor, Diante dun Xuíz ausente*”, *Madrygal*, nº 1, “Reseñas”, 1998, pp. 159-160.

Detense no comentario do libro de Gonzalo Allegue, *Eduardo Blanco Amor, diante dun xuíz ausente* (1993), que supón un interesante e orixinal achegamento para o estudio da vida e a obra de Blanco Amor. Sinala que se trata dun libro “magnífico y útil, muy bien documentado y elaborado”, a través do cal se nos presenta unha biografía escrita con estilo novelesco, que mostra un percorrido pormenorizado por toda a vida do escritor, dende a sua nenez ourensá ata a súa morte en Vigo. Realiza a seguir, un repaso ó longo dos dezaseis capítulos e a introducción que conforman este volme, indicando os aspectos biográficos que se tratan en cada un deles. Menciona unha errata que detectou nesta publicación, que remata loando.

Iglesias, Bieito, “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Creación”, 1º semestre 1988, pp. 169-177.

Elabórase un breve comentario sobre a obra de Bieito Iglesias, da que se sinala que trata tanto os grandes temas coma os pequenos enigmas, achegándose ademais unha serie de datos sobre a súa biobibliografía. Reprodúcese o seu relato, “Fantasía galaica”, no que se relata a historia de Severino, un home casado e pai de dous fillos, que sentíndose frustrado e infeliz coa súa vida familiar, decide deixa-la súa casa. A raíz desta decisión, a súa muller intentará suicidarse tirándose dunha ponte abaixo. Confundido e sen ter un rumbo fixo, Severino subirá a un tren, onde lle contará ó seu compañeiro de vagón o relato fictico de como matara a súa cónxuxe, deixándolle así un segredo que lle pesaría na conciencia de por vida.

Iglesias Feijoo, Luis, "*Siempre me matan*: El recuerdo y la memoria", *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 179-186.

Recoñece a ausencia de tradición novelística en galego dende o século XIX ata 1970, data na que sitúa a aparición de Alfredo Conde como narrador. Considérao un dos protagonistas máis destacados no cambio que se produce en favor da normalización da narrativa galega. Ocúpase de seguido da novela *Sempre me matan* (1995). Indica que o título procede do libro de Nicolás Guillén, *West Indies Ltd.* (1934) e que todo o relato está configurado segundo o principio da bimembración de dúas partes sucesivas —"O recordo" e "A memoria"— que constrúen a harmonía final. Sinala que a primeira parte, marcada pola impronta da novela de aprendizaxe, se dedica á lembranza da experiencia vital do protagonista, Blas Carou, un emigrante ourensán que volve a súa terra nun avión, alternando o presente do recordo e o pasado do recordado. A segunda parte configura, en opinión de Luis Iglesias, a gran novela da colectividade pois retrata a situación da Galicia autonómica dominada pola corrupción, o engano e a fraude, de xeito que queda claro que o país que Blas Carou atopa ó seu regreso é distinto do que coñeceu de mozo. Sobre a modalización narrativa apunta que o discurso opta por unha terceira persoa que alterna coa segunda, que pode interpretarse como a filtración do pensamento do personaxe á vez que evita a monotonía do relato. Con respecto ó personaxe salienta que está configurado sen ningunha vocación de símbolo ou prototipo e que tan só aparece como símbolo múltiple da novela

a figura do regreso de Ulíses a Ítaca, evocado máis dunha vez. Conclúe que Alfredo Conde soubo captar na segunda parte da obra “la más atroz denuncia de una situación” e que “ha querido elevar su voz para decir su verdad, valiente, osada y poco complaciente” nun dos empeños narrativos “más ambiciosos de toda la novelística gallega” e “punto de referencia obligado a la hora de hacer un balance de la novela gallega actual”.

Kabatek, Johannes, “Friedrich Hölderlin en galego (con especial referencia ás traduccións de Álvaro Cunqueiro)”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Estudios”, 2º semestre 1988, pp. 5-22.

Alude á recepción de Hölderlin en España a principios do século XX e nos anos trinta, tomando como base referencial a Carles Riba e a Luís Cernuda, respectivamente. Polo que concerne ó descubrimento deste autor alemán en Galicia, apunta que foi Álvaro Cunqueiro quen o deu a coñecer a través da publicación de traduccións dos seus poemas e de notas da súa biografía, e que logo, autores como Antonio Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro, tamén farían traduccións das súas composicións. A seguir, para indica-los problemas fundamentais nas versións ó galego de textos hölderlinianos, reproduce varias versións dun mesmo texto, sinalando aqueles erros de maior importancia. Mostra ademais as catro versións cunqueiranas feitas sobre un mesmo poema de Hölderlin, “Idades da vida”, e refírese ás dificultades que podería presentar, hoxe en día, un proxecto de traducción exhaustivo do autor alemán. Recolle por último, unha serie de poemas de Hölderlin verquidos ó galego por Cunqueiro na revista *Nós*, xunto coa versión orixinal e a versión francesa intermediaria, que foi tida en conta polo autor mindoniense.

Krmpotic, Milo J., “Gallego, demasiado gallego”, *Que leer día a día*, nº 23, xuño 1998, p. 18.

Breve comentario sobre a novela *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro da que se resalta o feito de ser unha obra que alenta a “melancolía, a morriña”. Fala da lentitude con que se desenvolve a acción do comezo aínda que destaca a capacidade de conexión co lector sobre todo contra o final. Alén disto hai tamén, nun lateral, un pequeno resumo do agumento da obra.

Lago, Xulio, “Sobre la razón de existir un Centro Dramático Galego”, *Primer Acto*, nº 274, “Valle Inclán”, 1998, pp. 53-55.

Xulio Lago trata neste artigo de clarifica-la polémica sobre Valle dicindo que, en ningún momento, esta polémica vai contra a figura e a obra do escritor. O problema estaría na falla de competencias do CDG para levar a cabo proxectos deste tipo e, amais, na negativa dos herdeiros de Valle a facer traduccións para linguas do estado que non son o castelán.

Lama López, María Xesús, “Entrevista con Don Francisco Fernández del Riego”, *Galicien Magazin*, nº 5, maio 1998, pp. 9-15.

Comeza esta conversa con Francisco Fernández del Riego con referencias ós seus inicios no Galeguismo e á posterior experiencia da Guerra Civil e a progresiva desintegración do Partido Galeguista. Pon de relevo tamén a importante función histórica que tivo Galaxia na concienciación das novas xeracións e no restablecemento da memoria do pasado. A propósito da súa faceta como creador literario di está convencido de non estar dotado para a creación e refírese ós diversos eidos por el tratados toda vez que as circunstancias o requerían. Parte da entrevista céntrase na explicación da organización da Real Academia Galega e dalgunhas ideas sobre o que debe se-la función e o funcionamento da institución unha vez asumida a presidencia por el. Neste sentido é partidario de centra-la actividade da RAG nalgunha actividade característica de tipo representativo. Finalmente achega algunhas opinións sobre o proceso de normalización e normativización da lingua galega.

Latas Espiño, Ramón, “¿Novos tempos para a Real Academia Galega?”, *Encrucillada*, nº 106, “Rolda de cultura”, xaneiro-febreiro 1998, pp. 73-81.

Analiza o papel da Real Academia Galega durante a época do paso da dictadura ó réxime democrático, período no que o entón presidente da Institución, Domingo García Sabell, suspendeu case tódalas actividades da Academia. En opinión do articulista, a Real Academia Galega non elaborou unha normativa ortográfica, o que provocou que a maioría dos escritores e lingüistas do país “lle desen as costas á institución académica”. Céntrase, logo, na nova etapa da Real Academia Galega, con Fernández del Riego á fronte, e enumera as cuestións que ten pendentes a citada institución: retoma-la procura da “*pax normativa*”; elaborar un diccionario académico “que sexa realmente digno da máxima institución lingüística do país” ou a elaboración dunha lei do galego. A continuación, analiza o tratamento do galego na televisión de Galicia, en xornais como *La Voz de Galicia* ou a política lingüística que se está a levar a cabo dende a Xunta de Galicia. Por último, cita novos nomes para a literatura galega como Carlos Penelas Martín, gañador do Premio Espiral Maior coa obra *As linhagens do frio*; Francisco Castro Veloso, gañador do Certame Literario Riveiro, galardoado co Premio Literario para narracións curtas Modesto Figueiredo, pola súa obra *Setetraxes*, ou Enma Couceiro, gañadora do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, coa obra *As entrañas horas*. Por último cita o Premio Otero Pedrayo outorgado, nesta ocasión, ós monxes do mosteiro cisterciense de Oseira.

_____, “Destitución de Gloria Moure...¡e punto!”, *Encrucillada*, nº 107, “Rolda de cultura”, marzo-abril 1998, pp. 187/87-199/99.

Reflexiona sobre diversos feitos culturais e entre eles ve con bos ollos que a Xunta de Galicia financie o labor da Real Academia Galega, “garantindo en calquera caso a súa independencia”. Fai referencia ó traballo do Consello da Cultura Galega, presidido por Carlos Casares; informa da concesión de sesenta e un millóns de pesetas á Fundación Camilo José Cela; cita algúns premios como o Álvaro Cunqueiro, obtido por Marilar Aleixandre con *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* e o Premio Barco de Vapor, para Xosé Antonio Neira Cruz, pola súa obra *Valdemuller*. Cita ademais dúas novelas históricas reeditadas polo Centro Ramón Piñeiro *a*, de Manuel Lois Vázquez. Por último, remata a rolda de cultura coa nova da morte de Antón Martínez-Risco, o 7 de febreiro de 1998, en Vigo, ós setenta e un anos..

_____, “Habitual noutros tempos”, *Encrucillada*, nº 109, “Rolda de cultura”, setembro-outubro 1998, pp. 413/77-424/88.

Dá conta dalgunhas novidades que se produciron no ámbito da cultura galega e informa da dedicatoria do Día das Letras Galegas de 1999 a Roberto Blanco Torres. A continuación refírese a diversas actividades culturais entre as que cita a Mostra de Teatro de Rivadavia e os galardoados coas Medallas Castelao no 1998.

Ledo, Agar e Antonio G. **Borrazás**, “Suso de Toro”, *InteresArte*, nº 1, primavera 1998, pp. 38-39.

Entrevista con Suso de Toro na que abordan, por esta orde, os seguintes temas: a elección do idioma no que escribe, a cuestión do seu posible encadre xeracional, a sensibilidade como lazo de unión das artes, a súa relación co teatro e co cine e o éxito na recepción dunha novela. Di o escritor compostelán que o escribir en galego é consecuencia de vivi-lo seu destino. Conta que forxou a súa carreira á marxe dos escritores, pero recoñecece que comparte cousas e coincide nas preocupacións con algúns. Fala de Manuel Rivas como o autor co que normalmente o relacionan. Cre que o artista debe coñece-las artes externas á súa propia para interpretar mellor a súa realidade. Sobre o teatro pensa que é a literatura en esencia e móstrase entusiasmado trala montaxe de dous espectáculos sobre a súa novela *Tic-Tac* (1993). Sobre o cine comenta que é para el o máis emocionante porque consegue que se vivan os soños. Cre que os seus libros poden ser levados ó cine en calquera sitio, xa que poden transcende-lo contexto cultural no que foron creados. Defende a súa idea da arte como medio de comunicación social en resposta á pregunta sobre a comercialidade como guía creativa do autor.

Lema, Carlos, “A poesía galega e o mundo editorial”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Verbas cruzadas”, 1998, pp. 81-84.

Céntrase na relación entre a poesía como xénero literario e as editoriais como axentes da comunicación literaria, relación que posibilitou “a multiplicación de rexistros poéticos como consecuencia da progresiva autonomía do sistema literario galego”, aparellado isto á aparición de novas editoras de poesía, que é considerado o “xénero fundacional da literatura galega”. Afirma, seguir, ue “nos anos oitenta a novela comeza a competir pola posición hexemónica que ata daquela a poesía mantiña no sistema literario galego”, apuntando algúns motivos para o devandito. Considera fundamental o feito de que se comezasen a ter en conta os valores económicos e comerciais dunha obra por parte das editoriais, o que trouxo “pluralidade de opcións, máis mobilidade e unha certa tendencia ó funcionamento autónomo do sistema”, realidade ante a que o mundo editorial ofreceu unha resposta, aumentando o seu protagonismo “á hora de promover unha determinada concepción do papel que o xénero poético debe representar”.

Liñares Giraut, X. Amancio, “Teoloxía e poesía de Álvaro Barreiro”, *Encrucillada*, nº 110, “Aportacións”, novembro-decembro 1998, pp. 502-62/509/69.

Ofrece algunhs notas biográficas sobre Álvaro Barreiro “Varocho”, misioneiro no Brasil. Informa que naceu en Logrosa-Negreira, no ano 1936, licenciándose en Filosofía na Facultade de Nova Friburgo (Brasil) e doctorándose en Teoloxía pola Universidade Pontificia Gregoriana de Roma no ano 1973. Cita as súas publicacións e reproduce algúns dos seus poemas, de temática relixiosa.

López, Aurora, “Dúas verbas sobre a canción “Cecais mañá”, *Clave Orión*, n[os] IV-V, 1998, pp. 233-235.

Precedendo á edición da partitura da canción “Cecais mañá”, poema de Luz Pozo Garza, recóllese un comentario de Aurora López, ompositora da música. Explica Aurora López que esta canción se inscribe dentro dun conxunto que prepara co título de *Quince poetas da Terra Nai* con poemas musicados doutros tantos autores, dende Rosalía de Castro a Claudio Rodríguez Fer. A continuación manifesta o fácil que resulta facer unha canción con versos de Luz Pozo Garza e recoñece a habelencia pictórica e os coñecementos musicais desta poetisa. Finalmente lembra a primeira ocasión en que foi cantada esta canción así como o valor sentimental que para ela posúe.

López Casanova, Arcadio, “Rosalía de Castro y la lírica de la modernidad (Claves de una precursora)”, *Madrygal*, nº 1,“Artigos”, 1998, pp. 65-66.

Fronte ó tópico asentado pola crítica de que Rosalía é un dos epígonos do movemento romántico, manifesta que a poetisa padronesa apunta de maneira coherente e definitiva cara ós trazos da modernidade. Respalda esta súa opinión, afirmando que tanto *Follas Novas* (1880) coma *En las orillas del Sar* (1884), responden ós fundamentos que Bousoño establece para a crítica moderna, isto é, “el *individualismo* y el *irracionalismo*”. Do mesmo xeito, refírese ós puntos esenciais nos que a estructura de modernidade rosaliana podería quedar esquematizada. Comenta, por último, o signo “precursor” de Rosalía na lírica moderna galega.

López-Keller Álvarez, Carlos, “Curros en 1876. Apuntes dunha metamorfose”, *Madrygal*, nº 1, “Artigos”, 1998, pp. 67-72.

Informa con detalle do que lle aconteceu a Curros Enríquez en 1876, un fundamental ano de transición, no que racha os liames da súa mocidade “cunha fonda mudanza ideolóxica onde vai evoluíndo cara a unha literatura galega, tanto na lingua coma na temática”. Sinala que comezou o ano relatando para *El Imparcial*, dende o País Vasco, as novas da Terceira Guerra Carlista. Dá conta do que alí escribiu e de como despois dun incidente se desprazou a Madrid, onde compuxo un dos seus poemas “familiares” dedicado a súa irmá Teresa Curros e onde publicou a súa primeira obra en prosa, *Paniagua y compañía. Agencia de sangre*. Refírese, ademais, á súa relación coa Sociedade Galicia Literaria, á súa participación na creación dunha Coroa poética en honra de Teodosio Vesteiro Torres, á publicación da súa poesía “Muiñeira monorrítmica” e á consecución do premio convocado por Modesto Fernández González, cos tres poemas xa clásicos dentro da súa producción: “O Gueiteiro”, “Unha boda en Einibó” e “A Virxe d’o Cristal”. Comenta finalmente, que ó remate do ano, decidira volver para Ourense coa súa familia.

López López, Yolanda e Agar **Ledo**, “Manolo Rivas. Un cadro e unha película son un punto de partida para que aflore unha nova vida”, *InteresArte*, nº 3, “Literatura”, outono 1998, pp. 8-9.

Informan da traxectoria literaria do xornalista e escritor Manuel Rivas e citan algunhas das súas incursións na narrativa galega: *Libro do entroido* (1981), *Baladas na praia do oeste* (1985), *Mohicana* (1987), *Un millón de vacas* (1989), *Os comedores de patacas* (1991), *¿Que me queres, amor?* (1996) e *O lapis do carpinteiro* (1998); así como algúns dos premios que obtivo polo seu labor neste eido. A continuación, Rivas fala sobre a adaptación cinematográfica de tres dos relatos que aparecen na súa obra *¿Que me queres, amor?* Afirma que lle sorprendeu que José Luis Cuerda escollese unha das súas obras para levala ó cine e declara que, a pesar do éxito que están a acada-las versións cinematográficas dalgúns dos seus títulos, non ten pensado escribir ningún guión cinematográfico. A seguir, dá a súa opinión sobre a influencia dos premios na producción literaria. Afirma que os escritores e escritoras dependen dos galardóns pero que sempre se lle dá máis valor a aqueles que carecen de dotación económica. Por último, reflexiona sobre a presencia da arte, a música ou a poesía nas súas obras e engade que se trata dun fenómeno inevitable porque todas estas manifestacións culturais forman parte da propia vida.

López Silva, Inma, “A beleza da fantasía”, *Moita Léria*, nº 3, 1998, pp. 12-14.

Considera a novela como un conxunto integrado por relatos breves e acode a Otero Pedrayo e Cortázar para ilustrar esta opinión. O anterior lévaa a afirmar que “a narrativa por excelencia é o conto”, xénero que considera o máis adecuado para os narradores principiantes. Defende que o autor debe escolle-lo xénero, en cada intre, conforme ás súas necesidades expresivas. Para ela, o toleísmo, o feito de ve-lo mundo da perspectiva dun tolo, é o cerne da literatura. Nembargantes, sitúa o traballo continuo do escritor nun primeiro plano.

_____, “Terra Brava: xogo de bonecas rusas”, *Citania*, nº 1, primavera-verán, 1998, pp. 17-26.

Estudia as técnicas narrativas empregadas por Ánxel Fole na súa obra *Terra Brava* (1955). Parte da exposición do fío argumental para ir sinalando a estructura compositiva desta novela, que considera como un “xogo de bonecas rusas” porque unhas historias se van enmarcando dentro doutras e así o demostra nun cadro que chama “Historia Marco” e que deixa ver ás claras a construcción.

López Valero, Mª del Mar, “B.-A. Roig Rechou/Mª I. Soto López (coord.). *Informe de Literatura Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. A literatura galega no 1996 e a súa recepción*”, *Madrygal*, nº 1, “Reseñas”, 1998, pp. 163-165.

Coméntase o *Informe de Literatura*, que está coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Isabel Soto López e que é froito do traballo realizado por un equipo de investigación vinculado ó Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Refírese primeiro ó *Informe de Literatura 1995*, comentando o sistema de traballo e a composición deste volume, que cualifica como elaborada ferramenta informativa sobre toda a producción que tivo lugar, nese ano, sobr a literatura galega. Detense logo, no *Informe de Literatura 1996*, do que sinala o aumento da información cualitativa e cuantitativamente, gracias a unha mellor aposta metodolóxica e a un incremento das fontes consultadas. Analiza cada unha das partes que conforman esta edición e indica algunhas modificacións ou innovacións presentes, con respecto á edición anterior. Apunta por último, que se trata duha iniciativa que non só se debe estimular, senón que tamén debería verse “copiada” ou canto menos impulsada ou estimulada noutros sectores destas “delicadas” Humanidades.

_____, “Rafa Villar. *No mesmo espacio*”, *Madrygal*, nº 1, “Reseñas”, 1998, pp. 166-167.

Dá conta da actividade literaria realizada por Rafa Villar, referíndose ás súas obras poéticas e de ensaio, á súa participación na homenaxe a Rafael Dieste e en certos premios literarios, e á súa pertenza ó Batallón Literario da Costa da Morte. A continuación, detense no estudio de *No mesmo espacio* (1995). Sinala a orixinalidade de exposición deste volume e comenta o breve prólogo de Francisco Alonso que o introduce e a carta para Isabel, que “a xeito de epílogo”, o pecha. Analiza ademais, a súa temática e a composición dos seus versos, para rematar anotando que “la natural exposición de su ideario más initimista, hacen de la poesía de Rafa Villar un sencillo ejercicio de asimilación sensorial, y una evidente prueba de la existencia de unha búsqueda interna que se mantiene arraigada a la más pura tradición nostálgica del poeta frente a sus miedos y esperanzas, sus finalidades y sus remembranzas”.

López Varcárcel, Xulio, "*Vida e morte das baleas*", *Eidos do libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, "Especial Letras Galegas", maio 1998, p. 51.

Recensión de *Vida e morte das baleas* (1997), de Antón Castro na que se comeza por aludir á súa estructuración en once partes que funcionan a xeito de relatos independentes. Céntrase a continuación no primeiro dos relatos, "Destino de Lumia", e explica o seu funcionamento como marco referencial do resto dos contos e como integrador dun discurso mítico que se vai facendo dominante. Na valoración global da obra fai fincapé na linguaxe coidada e no léxico axeitado, así como na variedade de escollas no tocante á modalización narrativa. Na última parte do traballo expresa a súa preferencia polo relato titulado "O xardín despois da chuvia", no que aprecia un desenvolvemento máis coidado do tema e da ambientación esotérica, ademais da dimensión universal que atinxe. Para Xulio López Valcárcel, con esta achega narrativa Antón Castro amosa "o enraizamento na literatura galega, máis aló de desinteresados olvidos e distancias".

_____, “*Calzados Lola*”, *Eidos do libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio 1998, p. 51.

A propósito de *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, alude á súa xénese como guión cinematográfico, así como á definición do propio autor, que cualificou a obra como “novela iniciática” e “baixada ós infernos”. Comenta, ademais, que algunhas voces ven neste “descenso ós hades” unha busca semellante á protagonizada por Adrián Solovio en *Arredor de si* (1930). Finalmente, apunta o parentesco desta novela co xénero policíaco ó introducir dous malvados personaxes que causan a admiración do lector: un pola súa extrema maldade e outro pola súa rebelión contra o destino.

López Vázquez, Monserrat, “Varios, *Ti durmes coma un anxo na auga*”,

Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación, nº 17, vol. VIII, 1998, pp. 401.

Recensión sobre o volume dos poetas e narradores premiados no XXV Certame Literario Minerva, do colexio compostelán M. Peleteiro, titulado *Tí durmes coma un anxo na auga* (1997). Fai referencia á presencia no libro dun limiar no que Darío Xoán Cabana evoca a Cunqueiro. Explícase ademais que o volume conta cunha mostra das obras galardonadas e cunhas fotografías tomadas no desenvolvemento do certame. Ademais de describi-la publicación nomea a tódolos premiados desta edición.

Lourenzo, Manuel, "*Fragmentos*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 31-34.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve *Fragmentos*, de Manuel Lourenzo, en versión galega e castelá (pp. 110-113).

Lourido, Irene, “Teatro de peto”, *Revista Galega de Teatro*, nº 18, primavera verán 1998, pp. 48-51.

Reflexiona sobre os espacios alternativos onde teñen cabida todo tipo de representacións. Destaca tamén o oco que os cafés-teatro se están a facer no panorama teatral galego, trala súa desaparición nos anos 70.

Luca de Tena, Gustavo, “Castelao na prensa da república”, *Cadernos Castelao*, nº 11, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1998.

Reflexiónase acerca do labor xornalístico de Castelao na prensa galega da República (*Faro de Vigo*, *El Pueblo Gallego* e *A Nosa Terra*). Á parte desta faceta tamén se destaca o seu importante labor gráfico ilustrando coas súas caricaturas episodios da vida política da altura.

Lustres, Miguel, “O mundo narrativo de Marina Mayoral en Recóndita Armonía”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 125-129.

Breve achegamento biográfico á vida e obra de Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942). Alúdese á súa etapa na cidade da muralla, onde publica o seu primeiro artigo en *El Progreso*. Máis tarde, en Compostela, comeza a publicar en galego no xornal *La Noche*. A continuación, cita algunhas das súas obras en castelán e galego: *La poesía de Rosalía de Castro* (1947), que foi a súa tese de doutoramento; *Cándida otra vez* (1974), novela coa que gañou o segundo premio da Primeira Bienal de Ámbito Literario de Barcelona; *Al otro lado* (1980), premio de Novelas y Cuentos; *Plantar un árbol* (1981), Premio Gabriel Sijé de novela curta; *La única libertad* (1982), *Contra morte e amor* (1987); *Unha árbore, un adeus* (1988); *O Reloxio da Torre* (1988); *Tristes Armas* (1994) ou *Querida Amiga* (1995), entre outros. A seguir, céntrase na novela *Recóndita Armonía* (1994), escrita en castelán e na que, segundo o articulista— se recollen “a maioría das claves que caracterizan a fasquía do seu universo literario”. Descríbese o argumento da obra e fanse continuas referencias ós estudios da profesora Camino Noia, quen afirma que a unidade temática de *Recóndita Armonía* “está centrada na análise da existencia humana individual e dos problemas que supón a relación coas persoas do seu medio”.

M. F. V., “A residencia como alternativa”, *Tempos Novos*, nº 13, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xuño 1998, p. 67.

Fronte a outras alternativas para normalizar, vertebrar e estructurar teatralmente o país e desenvolve-lo estatuto e a dignidade da xente que traballa na escena, afirma que a defensa das compañías residentes é a máis conveniente. Sinala o camiño a seguir por toda tentativa de compañía residente e os sectores que deberían apoiala. Finaliza declarando que xa é hora de mostrar que en Galicia este modelo non só é necesario, senón tamén posible.

MacDiarmid, Hugh, “Funeral da illa” e outros poemas”, trad. Manuel Outeiriño”, *A Trabe de Ouro*, “Textos”, nº 33, Tomo I, Ano IX, xaneiro-febreiro-marzo 1998, pp. 81-102.

Manuel Outeiriño traduce e introduce unha pequena selección de poemas do escocés Hugh MacDiarmid, pseudónimo de Cristopher Murray Grieve (1892-1978). Oito poemas —“Ben colgados”, “Concepción”, “¡Calai! Vén de nacer un neno”, “Perfecto”, “Funeral da illa”, “Poesía e ciencia”, “Escocia” e “Á miña amiga a derradeira Beatrice Hastings”— escollidos da antoloxía *Hugh MacDiarmid. Selected Poetry*, publicada en Machester no ano 1992. Outeiriño advirte acerca da súa selección dicindo que, pese ós poemas traducidos, a obra de MacDiarmid non se queda na “condición panfletaria”.

Makárova, Nina, “A poesía galega en versión rusa”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 239-242.

Recóllese aquí o labor do Centro de Estudios Galegos da Universidade Estatal de San Petersburgo no que respecta ó proxecto *Antoloxía da literatura galega*. Sinálase que dende 1995, e con periodicidade anual, publicou tres volumes que escolman, respectivamente, a época medieval, o Rexurdimento e os primeiros anos do século XX, así como a poesía dende a época Nós ata a posguerra. *Poesía dos trobadores*, *Entre dous silencios* e *Voces novas* son os títulos dos volume. Coméntase que contan con cadanseu prólogo bilingüe, a cargo de Alonso Montero, Basilio Losada e Anxo Tarrío, e cunha antoloxía de textos, tamen bilingüe. Un resumo, información sobre autores e comentarios textuais compoñen os finais, en ruso e a cargo de Elena Gólubeva, profesora da Universidade de San Petersburgo. Saliéntase finalmente o labor dos traductores e traductoras, ós que eloxia especialmente.

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel “A prensa galega na emigración” *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 820-822.

Alúdese a este arquivo como continuación dun proxecto anterior datado no ano 1992. Salienta que a obra recensionada recompila 550 referencias hemerográficas. Abrangue dende *A Gaita Galega,* (1872) hasta *Caballeros de Santiago* (1996). Salienta considerar que esta obra constitúe un gran valor para os historiadores da educación galegos.

Mariñas del Valle, Xenaro, "*A chave na porta*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 37-39.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve *A chave na porta*, de Xenaro Mariñas del Valle, en versión galega e castelá (pp. 114-116), en traducción de Noemí Pazó.

Marqués, Xulia, “Luís Pérez Rodríguez. *O Pórtico poético dos seis poemas galegos de F. García Lorca*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Libros”, 2º semestre 1998, pp. 122-124.

Anuncia a chegada do estudio de Luís Pérez, *O pórtico poético dos seis poemas galegos de F. García Lorca*, que é unha segunda edición, revisada e aumentada, que moi atinadamente vén de sacar á luz o Consello da Cultura Galega. Sinala que se trata dun traballo sostido por rexos piares e que está constituído por dez capítulos, que nos aproximan á obra de Lorca na nosa lingua. Analiza os capítulos un a un, indicando os aspectos que se tratan en cada un deles: as viaxes de Lorca a Galicia e as amizades que nela establece, as súas composicións en galego ou certos feitos xurdidos en relación coa súa obra en lingua galega.

Martínez, Gabi, “Arónica Santiago”, *Que leer día a día*, nº 24, verán 1998, pp. 88-91.

Percorrido paisaxístico literario por Santiago de Compostela no que fala cos escritores Alfredo Conde, Manuel Rivas, Suso de Toro, Tucho Calvo e co editor Manuel Bragado que ofrecen a súa opinión sobre o estado da literatura galega actual. Ademais tamén se comentan cun ton irónico, as relacións conflictivas entre algúns escritores. Outros temas tratados nesta “viaxe ás letras” son o estado emerxente da lírica e o feito de que a maioría das persoas que se dedican á escribir en Galicia o fagan en galego.

Martínez Expósito, Alfredo, “La narración ideológica de Alfredo Conde en *Siempre me matan*”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 187-194.

Logo de relata-lo argumento de *Sempre me matan* (1995), de Alfredo Conde, e citando pola versión castelá titulada *Siempre me matan*, Martínez Expósito pon de relevo o afán de denuncia desta liña argumental. Así, incide no afán de interpretación de realidade que esta obra representa e comeza por apunta-la desigualdade entre personaxe e narrador, atribuíndolle a este último unha función “netamente prosopopéyica”. Tamén fai fincapé no lugar central que ocupa a diferencia entre os recordos, inidviduais, e a memoria, colectiva, a raíz do sistema de valores sostidos polo narrador. Martínez Expósito ilustra a ideoloxía narrativa analizando os personaxes secundarios Francisco, “O Bolas” e Carlos Antonio, para se referir ó sistema de valores sexuais que rexen a novela. Considera ademais que esta novela ó igual que a maior parte da producción narrativa de Conde “podría figurar sin mayores problemas como obra aforística o incluso filosófica” e mesmo afirma que “hay más razones para considerarala un ensayo que una novela”. Salienta o logro de mante-lo fío narrativo sen chegar a caer no discurso ensaístico e cualifica de “inusual proeza” o feito de que recoñezámo-lo narrador como verdadeiro protagonista da novela. Entende, xa que logo, que baixo toda a retórica literaria da obra existe un coidado programa político sustentado no piar da identidade nacional galega, aínda que matiza que non se trata dunha novela alegórica ou simbólica.

Martínez Peinado, Pedro Antonio, “O símbolo da auga en *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro”, *Madrygal*, nº 1, “Artigos”, pp. 73-77.

Por medio da ánalise de varios versos da obra *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro, realiza un estudio breve do uso poético de certas “palabras-clave” que aparecen nesa obra e que están relacionadas coa temática da auga: a chuvia, o río e o mar. Fai tamén, un breve comentario gramatical sobre o xeito en aparecen engarzadas estas “palabras-claves” e unha conclusión final, na que expón que o máis caracterizador do elemento auga, ademais da súa esencia intanxible, é que se oe e que ese son ou ruído transmite sensación en sentimentos ou desexos.

Martínez Sánchez, Rafael, “Lóstregos e moxeñas”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 131-133.

Céntrase nunha detallada análise da obra de Xosé Trapero Pardo *Lóstregos e moxeñas*, publicada no ano 1926 polo Centro de Acción Social de Mondoñedo. Trátase dun libro de xuventude dividido en dúas partes: “Las Moxeñas” e “Lóstregos”. A continuación, estúdianse as teorías que o autor espallou pola súa obra sobre os medios de comunicación social, a amizade, a importancia da experiencia, a responsabilidade das cousas ben feitas ou o amor. Cada un destes aspectos aparece exemplificado con diferentes fragmentos da súa obra.

Mayán Fernández, Francisco, “Orixes da biblioteca pública de Mondoñedo”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 11-12.

Relata, brevemente, as orixes da Biblioteca Pública de Mondoñedo e a súa contribución, como alcalde da cidade e amante da mesma, á creación da citada institución. Salienta a importante colaboración de Xosé Pena Trapero na restauración do Consistorio vello de Mondoñedo e informa da inauguración da Biblioteca o seis de febreiro de 1981. A continuación, resume as características e a nobreza do edificio que acolle a Biblioteca Pública da cidade e, para rematar, destaca o labor da actual directora da institución, Alicia Tella-Villamarín Ferreiro, e refírese á biblioteca como “un gran foco de cultura non soamente no aspecto bibliográfico senón tamén polo que se refire a exposicións, concursos e actos de toda clase”.

Mayo Redondo, Susana, “Escrito por mulleres. 1997”, *Festa da palabra silenciada*, nº 14, “Crítica”, 1998, pp. 80-82.

Bibliografía anual que presenta tódolos libros de creación, ensaios e monografías publicados no ano 1997 e escritos por mulleres.

_____, “Traduccións”, *Festa da palabra silenciada*, nº 14, “Crítica”, 1998, p. 83.

Recóllense nesta bibliografía as traduccións feitas por mulleres e publicadas ó longo de 1997, independentemente do xénero das obras.

Meilán García, Antón X., “M. Leiras Pulpeiro: un poeta de onte e de hoxe, ‘maldito’ e ‘maldicido”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 55-68.

Amplo estudio sobre a vida e a obra do poeta mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro. Na “Introducción”, afírmase que Leiras Pulpeiro foi considerado un poeta decimonónico e menor por unha boa parte da crítica, a pesar de que outros opinen o contrario. A continuación, céntrase na análise da obra do autor, considerado por moitos como “maldito”—, porque “a través da súa poesía denunciou cruamente un dos males seculares que dominaron a sociedade galega ata mediados do século XX”. En opinión do articulista, a crítica infravalorou a súa poética debido, entre outras razóns, ó seu anticlericalismo. A seguir, dedica outro apartado a citar algúns dos estudiosos que dedicaron parte da súa investigación á obra de Leiras Pulpeiro como X. L. Franco Grandel, Xesús Alonso Montero e R. Reimunde Noreña. No seguinte apartado, insiste no tratamento inxusto de que foi obxecto o poeta e fai un detallado percorrido polo seu labor como poeta nacionalista, poeta dos pobres, poeta do anticaciquismo, poeta republicano e antigubernamental, poeta anti-militarista, poeta dos nenos desamparados e poeta do sufrimento, da paz e amizade. Para rematar, afirma que nos textos de Leiras Pulpeiro hai vida, “a vida está chea de amor, sufrimento, alegrías, frustracións, victorias, derrotas..., de aí a fondura da súa poesía”.

Mejía Ruiz, Carmen, “Una aproximación a *Asedio de sombra* de Arcadio López-Casanova”, *Madrygal*, nº 1, pp. 79-82.

Comenta que dende que se aproximou á literatura galega, a poesía de López-Casanova foi un descubrimento para ela, resultándolle ademais difícil o exercicio da súa lectura. Salienta entre as peculiaridades deste escritor lucense, o seu bilingüismo e a súa presentación como un poeta renovador. Refírese á súa bibliografía “extensa”, citando as obras da súa creación máis coñecidas, para logo, realizar unha aproximación do seu último libro, *Asedio de sombra* (1997).

Mejía Ruiz, Carmen e Mª Del Mar **López Valero**, “Recreación medieval en *Percival e outras historias* (1958) de X. L. Méndez Ferrín y en *Irmán Rei Artur* (1987) de C. González Reigosa”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, nº 5, 1998, pp. 277-296.

Carmen Mejía e Mar López analizan a recreación de motivos medievais e da *Materia de Bretaña* en Méndez Ferrín e Carlos Reigosa. De Ferrín escollen *Percival e outras historias* (1958), e no tocante ó relato protagonizado por Percival consideran que “el gran tema del relato es la formación de la leyenda como instrumento de salvación, es decir el continuo transcurrir de la ficción narrativa a través del tiempo y del espacio”. A isto engádenlle, como elementos importantes no discurso desta obra, a fantasía, a violencia e unha singular formulación do tema amoroso. Estudian tamén os tres relatos que compoñen *Irmán Rei Artur* (1987), de Carlos González Reigosa, libro no que, ó seu xuízo, destacan as técnicas literarias máis novas e o recurso psicolóxico do monólogo interior dos personaxes. Respecto ós temas, falan, entre outras cousas, da combinación de elementos galegos e non galegos para reflectir un pasado que serve de reivindicación para o presente.

Méndez, Iria, “Agustín Magán era “Ditea”, *Revista Galega de Teatro*, nº 18, primavera-verán 1998, pp. 21-25.

Breve percorrido pola historia do Grupo de Teatro Afeccionado Ditea de Santiago de Compostela, que enfatiza fundamentalmente a figura do seu creador, director e inspirador, Agustín Magán. Recolle ademais as opinións de Alberto Álvarez, membro do grupo, acerca da situación de Ditea, da súa historia e do seu futuro.

Méndez Sufuentes, Mª dos Anxos, “O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca”, *Evohé*, nos 3-4, “Artículos filológicos”, 1998, pp. 19-20.

Fala da riqueza dun personaxe como Hamlet para se referir ó feito de que mesmo Álvaro Cunqueiro o tratase na súa obra *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), texto que define como unha “das obras dramáticas mellor construídas, e tematicamente máis intensas e orixinais, da literatura galega”. Seguidamente glosa o prólogo da obra, do propio Cunqueiro, e afirma que o mindoniense “non crea un novo personaxe, só introduce importantes variacións circunstanciais que dan resposta a algúns dos enigmas que na obra inglesa se evidencian como tales”. Comenta tamén o papel do incesto nas sagas nórdicas, coñecidas por Cunqueiro, e indica detalladamente os cambios na obra galega respecto á de William Shakespeare.

Míguez, José Antonio, “Un recuerdo para el boletín Albor”, *Anuario Brigantino*, nº 20, 1998, pp. 315-322.

Achega información sobre o *Boletín Informativo Albor* do Instituto Laboral Francisco Aguiar de Betanzos, do que se publicaron oito números entre maio de 1953 e febreiro de 1956. Explica que, aínda que se proxectou como publicación trimestral, diversas dificultades mudaron a súa saída en varias ocasións ata que finalmente desapareceu. Subliña que tiña como obxectivos dar a coñecela actividade académica do centro e da comarca converténdose así no seu motor cultural. A continuación, ofrece datos sobre a súa calidade, impresión e tirada. Tamén describe algunhas actividades académicas e comarcais que recolleu e lembra colaboracións externas de escritores como Concheiro Caamaño e Álvaro Cunqueiro co artigo “Imagen y elogio de Betanzos”.

Millán Varela, Carmen, “Nacionalismo *versus* universalismo nos anacos galegos de *Ulysses*”, *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 4, “Teoría e historia da traducción”, 1998, pp. 59-76.

Comézase valorando as implicacións socioculturais da traducción para despois constatar que na Galicia de preguerra, entre a xente ligada á revista *Nós*, existía un programa de traduccións que tiña como obxectivo a descolonización e a modernización do país. Destácase o duplo atractivo que a figura de James Joyce exercía sobre este grupo pola innovación literaria e polo nacionalismo político. A seguir, coméntanse as escollas léxicas que realizou Otero Pedrayo ó traducir ó galego os fragmentos do *Ulysses*. Millán Varela cualifica estas escollas de ideoloxizadas e enxebristas e coida que supuxeron un empobrecemento estilístico e un cambio de rexistro. Antes da bibliografía, inclúe un apéndice no que emparella palabras dos textos orixinais coa correspondente traducción de Otero e con outra posibilidade que o articulista considera máis apropiada.

Monterroso Devesa, José Mª, “Do avoengo intelectual de Manuel M. Murguía”, *Agália*, nº 52, “Notas”, inverno 1997, pp. 467-470.

Tomando como referencia unha nota de prensa publicada en *La Patria Gallega* na que se alude a unha obra musical dun avó de Murguía, interpretada no traslado dos restos de Rosalía a San Domingos de Bonaval, Monterroso dá a coñece-los devanceiros de Manuel Martínez Murguía e, especialmente, os relacionados coas Belas Artes e os primeiros en chegar a Galicia.

Montero Santalha, José-Martinho, “Paz-Andrade e a língua nº 51 portuguesa na Galiza”, *Agália*, “Estudos” , outono 1997, pp. 287-296.

O autor trata de demostrar que Paz-Andrade avogaba nos seus escritos pola unidade lingüística galego-portuguesa. Relata o seu primeiro contacto a través do volume colectivo *O porvir da lingua galega* e dos traballos teóricos do vigués nos que, directa ou indirectamente, aborda cuestións referidas á lingua: *Galicia como tarea* (1959), *La marginación de Galicia* (1970), ademais doutros artigos. Clasifica as características da lingua de Paz Andrade que o achegan á normativa reintegracionista e conclúe coa afirmación de que este autor cre na orixe lusófona do galego e na necesidade de confluír co portugués para asegura-la pervivencia no futuro.

Morán Cabanas, Isabel, “Cando esquece o toxal florido (A figura da *mai* na obra de A. Noriega Varela)”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 69-80.

Refírese, en primeiro lugar, ás etiquetas que definen a personalidade de Noriega Varela e cita entre outras, “poeta da montaña” ou “cantor do ermo”, debido ás súas continuas referencias á paisaxe rural. Así mesmo, saliéntanse as sucesivas alusións ó costumismo, á maneira decimonónica, que se aprecian na súa obra, así como o seu labor como poeta cívico. A continuación, e despois de ofrecer un breve perfil biográfico do escritor mindoniense, céntrase no poema “Cando esquece o toxal florido” e analiza as diferentes alusións á figura da nai que aparecen tanto nesta composición coma no resto da obra do escritor. Segundo Isabel Morán, hai tres “modos de presenza” da nai na obra do autor: a nai en contextos de ton elexíaco, a Virxe no papel de nai e a nai en contextos de certo latexo social, modos analizados e exemplificados con detalle no desenvolvemento do artigo.

Muñoz Saá, Begoña, “O almorzo de Calis”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 267-269.

Examina a obra de Claudio Pato *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev* (1997) dende a posición da docente que intenta achega-lo tipo de poesía que hai neste libro a un alumnado pouco afeito a ela. Parte das dúas obras anteriores deste poeta, aínda inéditas, e conclúe que a poesía de Pato é en verdade difícil e hermética, máis aínda neste último poemario. Entende que se trata de poesía “dura e crúa”, mais “creada para incitar os sentidos”, para “desencadear reaccións físicas palpables”. Non hai, segundo ela, nesta obra poemas incompletos, palabras superficiais nin sobrantes: “a pesar do ensarillamento formal, o poeta é testemuña do seu tempo”. Asegura aínda que este libro ten que ver coa maneira de “enfrontar a realidade dende a arte, dende a literatura”.

Murado, Miguel-Anxo, “A adaptación de libros no cine”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, “Especial Libros de Texto”, “O libro nos medios”, outubro 1998, pp. 48-49.

Reflexión acerca da adaptación de obras literarias ó cinema e dos problemas que isto representa. No caso galego recórdase a adaptación de relatos breves en curtos durante a década dos 70, como “O pai de Migueliño”, “Fendetestas”, a translación ó cinema de obras de autores galegos en castelán, (*Divinas palabras*, *El bosque animado*), e as recentes adaptacións de obras de Manuel Rivas e Suso de Toro, “A lingua das bolboretas” e *A sombra cazadora*, respectivamente.

Negreira, Francisco X., “Manuel Lourenzo. O teatro galego hoxe”, *InteresArte*, nº 3, “Teatro”, outono 1998, pp. 40-41.

Manuel Lourenzo ofrece nesta conversa a súa opinión sobre algunhas cuestións relacionadas co teatro galego actual e co seu traballo neste eido. Afirma que probablemente foron as ensinanzas e a experiencia de Pepe Struch, a principios dos anos 70, as que máis influíron na súa decisión de dedicarse ó teatro. A continuación, informa da influencia dos alemáns Bertolt Brecht e Heiner Müller na súa obra e admite que ámbolos dous dramaturgos deixaron unha importante pegada no seu labor teatral. Por último, afirma que o teatro “ten que ir sempre por diante da sociedade” e que non debería depender de cuestións políticas como está a ocorrer, neste momento, co labor levado a cabo polo Centro Dramático Galego.

Neira Cruz, Xosé A., “Edicións Xerais. Un futuro que pasa por París”, *Tempos Novos*, nº 17, “Voces e Culturas. Reportaxe”, outubro 1998, pp. 42-46.

Faise eco de todos aqueles medos e dúbidas xurdidas con respecto ó futuro de Edicións Xerais de Galicia, cando o grupo editorial Anaya ó que pertence, foi adquirido por parte do francés Havas. Expón as causas polas que se realizou esta operación e dá conta das relacións que mantivo Xerais con Anaya, dende o ano da súa fundación, 1979, e a través das diversas direccións que a guiaron. Comenta todo o labor realizado pola editorial, o elevado número de títulos que publicou e de vendas que conseguiu, e o papel tan importante que desenvolveu na cultura galega, chegando a converterse, na máis importante editorial privada de Galicia. A pesar dos escepticismos existentes, tamén indica que hai xente que ten argumentos positivos sobre esta nova situación, xa que consideran que a relación con Havas, podería axudar á internacionalización da literatura galega por medio da traducción ó francés de libros editados por Xerais. Por último e nun espacio á parte, realiza un precorrido ó longo dos dezanove anos de historia desta editorial galega.

Nicolás, Ramón, “Libros de peto para todos”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura. Narrativa”, decembro 1998, p. 23.

Despois de recorda-los diferentes intentos das editoriais por lanza-los denominados libros de peto céntrase en *Mar de fondo* (1997), de Manuel Núñez Singala e a reedición de *Trailer*, de Fran Alonso. A continuación comenta que o obxectivo da colección “Descuberta”, de Galaxia é potencia--los autores novos a través do pequeno formato e refírese á obra de Singala como un traballo “pousado, alleo ás presas e modas de arestora”. Considera esta obra “un dos intentos máis salientables dos publicados nos últimos meses” resaltando a polifonía de voces narrativas, o argumento policial-detectivesco e a axilidade narrativa. A seguir comenta *Trailer*, sinalando que este libro se pode converter nun referente da narrativa galega de fin de século ó retratar con lirismo actitudes e comportamentos da nosa sociedade, ademais de narrar con verosimilitude a “epopeia dos camioneiros galegos” e que está configurado a través de motivos como a soidade do ser humano e a incomunicación. Por último pensa que estes dous proxectos son dúas promesas esperanzadoras e deséxalles unha boa andanza os autores e as novas series.

_____, “Dous contos de Nadal de Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Documentos”, 2º semestre 1998, pp. 83-86.

Dáse noticia, por vez primeira, da existencia de dous pequenos contos agrupados baixo o encabezamento “Dous relatos de Nadal” e titulados “Olaf Gunnarson estivo en Belén” e “O leigo de Viccino”, que publicou Álvaro Cunqueiro o 24 de decembro de 1962, no *Faro de Vigo*. Sinálase que se trata de dous textos, precedidos dun pequeno limiar explicativo, que foron un requirimento xornalístico con temática propia desas datas de Nadal. Recóllese o argumento deste dous contos e os trazos cunqueirianos máis salientables que presentan. Finalmente reprodúcense os textos.

Nogueira, Mª Xesús, “Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.). *Para saír do século. Nova proposta poética*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Libros”, 1º semestre 1998, pp. 164-166.

Recensiona a antoloxía presentada por Luciano Rodríguez e Teresa Seara, *Para saír do século. Nova proposta poética* (1997), a través da cal se mostra unha panorámica das dúas últimas décadas da poesía galega. Comenta así certos aspectos deste volume referentes ó seu título “ambicioso e ó tempo arriscado”, á súa extensión e ó modo en que trata e amosa os oito autores seleccionados. Apunta con respecto á súa composición, que esta deixa senti-las pegadas dunha obra anterior de Luciano Rodríguez, *Dende a palabra doce voces. Nova poesía galega* (1986). Critícalle, por último, que a súa selección non parece ser “coherente” coa caracterización que realiza nas páxinas precedentes e que non ten en conta nomes coma os de Fran Alonso, Olga Novo ou Rafa Villar.

Novo, Olga, "*A escrita do silencio*", *Tempos Novos*, nº 8, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", xaneiro 1998, p. 74.

Análise da obra, *A escrita do silencio (antoloxía persoal)* (1997), de Cesáreo Sánchez Iglesias. Alude á estructuración en tres apartados e comenta que se trata dun "proceso de busca constante a través da memoria, das augas da vida e da paisaxe, da iluminación nas fendas do poema ata chegar ó inefable". A continuación, explica cada unha dos apartados indicando ademais do título dos libros que as forman, a estructura, a temática, o sentido e a postura do poeta en cada unha delas.

_____, “Paixón e ludidez. *Momentum*”, *Tempos Novos*, nº 9, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 1998, p. 71.

Esmiúza Olga Novo o contido do libro de Arturo Casas, *Momentum* (1997), do que indica que todo el é “un tránsito polos bordos da escrita, unha reflexión metaliteraria”. Sinala ademais que nesta obra o tempo se inmobiliza e que o espacio se crea tan só con invocalo, xa que se abre á medida dos corpos que o habitan, establecendo unha íntima dialéctica entre o autor e a obra. Refírese tamén ó evidente gusto que se detecta polo baleiro, manifestando, finalmente, que tal vez, a solución sexa “vivir nese espacio de escritura e de pel que arde sen chegar endexamais a consumirse”.

_____, “O idioma asombrado polos ollos dun neno”, *Tempos Novos*, nº 10, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, marzo 1998, p. 70.

Fai referencia á última entrega poética de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, *Calendario perpetuo* (1997), e resalta que a pesar de ser formalmente debedora da producción anterior, revélase tematicamente anovadora na traxectoria do suxeito que se busca e se interroga nos versos. Comenta certos aspectos concernientes ás composicións que forman este libro, destacando que o seu grande acerto foi suprimi-las coordenadas espacio-temporais do poeta adulto para deixarse escribir dende os ollos absortos do neno que foi. Indica, ademais, que este feito se transluce nunha reorganización total da visión do mundo exterior, á que se adapta a expresión. Remata apuntando que o libro alcanza un nivel de abstracción que lle permite ó lector identificarse co texto.

_____, “Ainda que o corazón baixe á atmosfera”, *Tempos Novos*, nº 12, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1998, p. 70.

Realiza unha análise do libro de Lomarti, *Coroas de mercurio* (1997), a través do cal nos achega de novo “a aquel visionario entristecido, ás visión apocalípticas da sociedade na que conviven os predicadores e os verdugos, o asasino e o mártir, o gladiador e o salaio”. Sinala que a crítica á sociedade capitalista que presenta vai parrella á denuncia da hipocrisía, da inxustiza e da pasividade con que nos entregamos ás “máquinas no intre da devoración”, e que o libro ten como tema fundamental, a morte. Tamén indica que fronte á esta desolación, o poeta emprende un camiño de “busca graálica, de camiño ó paraíso”, que fai estructura-lo poemario en dous espacios contrapostos e sustentados na oposición platónica ceo-terra, onde o plano superior adquire connotacións positivas e a terra é o espacio “calcinado do maquinismo destructor do ámbito natural”.

_____, “A luz da rosa negra. Eróticas de Claudio Rodríguez Fer”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 131-143.

Despois de reflexionar brevemente sobre a liña de pensamento oculto que xirou arredor do sexo como material literario ó longo de moitos anos, salienta como exemplo de literatura rupturista a obra de Claudio Rodríguez Fer como a titulada *Poemas de amor sen morte* (1979), publicada nun tempo en que o panorama literario galego “arrastraba unha tristura e un recatamento de raigame xudeo-cristiá”. Así comenta o volume do que resalta un optimismo existencial que se opón a “toda estética mortuoria”. Continúa salientando a concepción libertaria do amor presente na poética de Rodríguez Fer e presenta algúns exemplos nos que o compara con outros autores como Juan Ramón Jiménez ou Pedro Salinas. Trata, de seguido, e dentro da mesma liña de análise, a busca continua do erotismo como referente fundamental no que “converxen o coñecemento, o amor, a experimentación e a sensualización da linguaxe”, e recolle unha cita de Xosé Luís Axeitos para explica-la extralimitación da linguaxe que invade a poética de Fer e que queda explicitada no seu poema Q de *Cebra,* no que, segundo di, “a coincidencia entre a letra e a cousa é unha identificación entre o pracer físico e o intelectual*”.* Finalmente fai un percorrido por diferentes poemas onde se analizan a boca e a vulva como motivos literarios constantes no autor. Así, di

Olga Novo, o motivo da boca está presente en *A boca violeta* (1987) ten continuidade e algúns poemas de *Extrema Europa* (1996). Por outro lado o motivo da vulva é unha constante no poeta e constitúe a “metáfora múltiple” e que a autora recolle en diferentes composicións do autor.

Núñez Seixas, Xosé Manoel, “Castelao dentro do galeguismo do exilio”,

Cadernos Castelao, nº 12, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1998.

Recórdase o labor político desenvolvido por Castelao no exilio e, máis concretamente, na cidade de Buenos Aires, a onde chegou en 1940. Na capital arxentina Castelao desempeñou un importante papel na unificación do galeguismo, algo que non conseguiu de todo xa que tiña en mente o seu regreso a Galicia. Con todo, fixo valer o seu liderato na fundación da *Irmandade Galega* en 1941 e do *Consello de Galiza* que funcionou en Buenos Aires tralo alzamento franquista.

O. N., “Artefacto Lugrís”, *Tempos Novos*, nº 9, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 1998, p. 71.

Notifica a presentación do libro de Igor Lugrís, *Quen nos defende a nós dos idiotas?* (1997), que recolle unha serie de poemas recitados polo seu autor dende había tempo. Sinala, ademais, que se trata dunha escrita comprometida e memso militante “na loita e militante no amor pero sobre todo na autenticidade”.

_____, “Barullo”, *Tempos Novos*, nº 9, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 1998, p. 71.

Pequena nota onde se informa da publicación da obra de Kiko Neves, *Ruído de motos* (1997), coa que fai a súa primeira incursión no panorama literario galego. Realiza tamén unha serie de comentarios sobre este poemario, que retrata a paisaxe dos fondos, da cidade submersa no alcol e no son das máquinas.

_____, “Casa ou sombra”, *Tempos Novos*, nº 11, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 1998, p. 69.

Refírese á última obra poética de Rafa Villar, *Casa ou sombra* (1997), publicada en Edicións Xerais de Galicia. Menciona os elementos que a enlazan coa súa producción anterior e indica que a expresión se reconcentra ata o límite, facendo do libro a “verdadeira e definitiva contracción do corazón nun xiro inesperado”.

_____, “Nas follas de Zenobia”, *Tempos Novos*, nº 13, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1998, p. 61.

Alude á aparición do número catorce das onubenses, *Hojas de Zenobia* (Deputación de Huelva, 1998), que recolle nas súas páxinas unha selección de sete voces da lírica galega, ó coidado de Luís Alonso Girgado. Sinala que se trata dun breve percorrido a través da creación literaria dos poetas máis representativos da “Xeración dos oitenta”, que reflicte a diversidade de liñas que fan do panorama poético galego dos últimos anos, un terreo vizoso de éticas e estéticas diversas.

Ogando, Iolanda, “De absolucións e ruídos”, *Tempos Novos*, nº 18,“Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, novembro 1998, p. 66.

Despois de comentar que a estrea de *Valle-Inclán 98* se veu marcada polo ruído, sinala os ruídos existentes en tal espectáculo, como o que houbo na polémica que xurdiu dende o seu anuncio, na escolla das pezas e na montaxe. Apunta de forma máis puntual os ruídos aparecidos en cada unha das obras representadas, para concluír indicando que tamén houbo silencios e que, cando se remata de ve-lo espectáculo, queda fundamentalmente a sensación dun “aquel de fraude” por esperar cousas que nin se contaron nin se transmitiron. Refírese, ademais, á lectura ralizada dos textos traducidos ó galego, que “non foi traición senón homenaxe e dignidade sen chataxes nin intereses”.

Oliveira Aragão, Cleudene de, “Os narradores artífices Xosé Neira Vilas e Rachel de Queiroz: guardiaes da memória da Galiza, do Ceará, e de outras terras”, *A Trabe de Ouro*, “Cuestións”, nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 173-181.

Por medio do concepto de narrador artífice de Walter Benjamin e da análise de relacións intertextuais da Literatura Comparada, estudia as semellanzas que gardan *Lar* (1973) e *Contos de tres mundos* (1995), de Neira Vilas coas *100 crônicas escolhidas*, de Rachel de Queiroz. Segundo conclúe, ambos novelistas representan perfectamente o modelo do artífice benjaminiano a través do coñecemento que posúen do propio, da súa comunidade, e do alleo. Benjamin postula a existencia deste tipo de narradores, continuadores dos grandes contadores orais, sabios e experimentados, capaces de revelar “o sentido dunha vida”. Considera, así, que Neira Vilas e Rachel de Queiroz se adaptan a este modelo e son quen de exercer de representantes do seu pobo, “mensageiros que transportam a realidade vivida de um contexto para o outro”.

Otero Pedrayo, Ramón, "*O café dos espellos*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 41-43.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve *O café dos espellos*, de Ramón Otero Pedrayo, en versión galega e castelá (pp. 117-119), traducida por Xavier Cid Fernández.

Palacios González, Manuela, “Debates actuais na teoría literaria feminista”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Notas”, 1º semestre 1998, pp. 111-115.

Comenta que a súa pretensión neste artigo, é establecer un diálogo co texto da autoría de Carmen Blanco, *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), retomando as ideas presentadas pola autora e continuando o debate por ela comenzado á luz das diferentes teorías femininas dos últimos tempos. Logo de referirse á denuncia da estética patriarcal nos textos escritos por homes e á defensa dos textos escritos por mulleres pola súa representación veraz da experiencia feminina, determina que ámbalas dúas aproximacións poden ter consecuencias políticas non desexables polo determinismo biolóxico no que se basean.

Panero, Carmen, “Lectura e presentación de *Alta Casa* de Helena de Carlos no club de lectoras de Alecrín”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Caderno da Crítica”, 1998, pp. 129-130.

Fala, en ton lírico, do poemario *Alta Casa* (1996), de Helena de Carlos, comezando por indicar certos aspectos biográficos compartidos. Seguidamente céntrase na importancia da paisaxe na poesía, e indica algúns exemplos neste sentido, afirmando que na obra comentada “a paisaxe natural cobra natureza de paisaxe vital”. Remata aludindo ós temas principais e a algunhas influencias e recorrencias presentes en *Alta Casa*.

Parada, Celso, “Entrevista a Maruxa Villanueva”, *Escaramuza*, “Entrevista”, decembro 1998, pp. 4-8.

Maruxa Villanueva lembra nesta conversación o ambiente cultural da América da emigración e o seu paso polo mundo da canción e do teatro, interpretando obras de Daniel Varela Buxán e os papeis de Lela e Micaela na peza de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*.

Patterson, Craig, “Paisaxe, filosofía e identidade. Resposta galega ó legado do 98”, *A Trabe de Ouro*, “Cuestións”, nº 35, Tomo III, Ano IX, xullo-agosto setembro 1998, pp. 331-334

Ofrécese neste artigo un adianto das súas investigacións sobre a obra de Otero Pedrayo e, máis concretamente, verbo das preocupacións de Otero sobre a definición da identidade cultural de Galicia. Parte da análise do concepto de “paisaxe” como calidade esencial e faino a través do estudio de *Arredor de si* comparándoa con *La voluntad*, de Azorín e *Camino de perfección*, de Baroja e con toda a filosofía do 98. Baixo o seu punto de vista, *Arredor de si* coincide co 98 español na valoración de paisaxe, carácter e cultura como conceptos indivisibles e na pervivencia dun idealismo de vella estirpe. Enfróntase, en cambio, á idea da paisaxe de Castela como identidade primeira e defende a pluralidade cultural de Europa, espacio no que Galicia se afirma como identidade propia, aínda que na visión de Otero sexa un territorio varado nun século XIX anti-industrial.

Paz Gago, Chema, "*Xan, o bó conquistador*. Un texto revolucionario", *Art Teatral. Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 74-78.

Céntrase no texto dramático de Álvaro Cunqueiro, *Xan, o bó conspirador*, redactado en 1933 como prólogo a unha suposta traxedia, no que aprecia o espírito de revolución teatral levado a cabo nas vangardas. Sitúa, deste xeito, o contexto deste "paratexto dramático", publicado en *Grial* en 1978, nos camiños de ruptura e innovación no que irrompe Castelao coa idea dun Teatro de Arte para Galicia e, neste sentido, o texto cunqueirano sería o primeiro en superar tanto o realismo e o costumismo rural coma o nacionalismo patriótico. Apunta a continuación as concomitancias deste "fragmento surrealista" con esbozos de Lorca tales como *Rosa mudable*. Na análise da peza de Cunqueiro subliña a innovación escénica conseguida mediante a estratexia do espello, coa que se consuma "una espectacular transgresión de los niveles ficcionales" e describe o efecto pictórico conseguido. Tamén pon de manifesto a autonomía dos personaxes respecto da representación, conectando a obra co teatro do absurdo, e engade a desconexión existente entre os diálogos e a acción. Por último menciona a insistencia da crítica ó apunta-la natureza lúdica deste texto no que se dan cita, entre outros elementos, o humor, o erotismo e os seres despersonalizados.

_____, “Novos dramaturgos/Novas dramaturxias”, *Citania*, nº 1, primavera-verán 1998, pp. 89-90.

Primeiramente fixa a situación do teatro galego actual e cáles son os dramaturgos de referencia. De seguido céntrase nas obras de tres novos dramaturgos galegos que están a levar ós escenarios as súas obras. Estes son Gustavo Pernas con *Anatomía dun Hipocondríaco*, *Collage*, de Celso Parada e *O xardín das pernas roubadas*, de Xoán Carlos Mejuto.

_____, “Valle Inclán en Galicia”, *Primer Acto*, nº 274, “Valle Inclán”, 1998, pp. 48.53.

Informa da polémica sobre a traducción de Valle-Inclán ó galego. Defende, a título persoal, a galeguidade de Valle e da súa obra, e lembra os escritos de Castelao a favor do arousán. Aposta, tamén, pola representabilidade do teatro de Valle, pois cre que as afirmacións contrarias a isto non son máis que tópicos reaccionarios de primeiros de século. Cre que Valle foi un adiantado ó seu tempo, e de aí que fose nos anos noventa cando seu teatro triunfou a nivel estatal. A este respecto, repasa, unha por unha, as montaxes máis relevantes sobre textos de Valle por toda a xeografía española. Tamén cre na modernidade do autor galego ó afirmar que o esperpento da sociedade de fin de século cadra moi ben co do escritor arousán, que consegue a fascinación do espectador de hoxe.

_____, “Valle-Inclán 98”, *Primer Acto*, nº 276, “El teatro en las comunidades autónomas”, 1998, pp. 154-155.

Nesta comentario sobre a montaxe *Valle Inclán 98* alúdese ó conflicto creado, segundo se di, polo entorno cultural do Bloque Nacionalista Galego para que non se levase adiante a representación. Lóase, por outra parte, o traballo dos actores e a dirección de Manuel Guede, aínda que se critican, por exemplo, a falla de ritmo ou o tratamento do erotismo. Valórase tamén o traballo escenográfico de Antonio Simón e, moi especialmente, o do actor Antonio Durán.

Pena, Xosé Ramón, “Algunhas reflexións arredor da conformación dunha literatura periférica”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 145-161.

Dende os conceptos de “sistema” e “serie”, Xosé Ramón Pena, escribe sobre os problemas de definición da literatura galega contemporánea. Tras repasa-las opinións dalgúns utores que trataron o tema con anterioridade, conclúe que “tomada no seu conxunto, a literatura galega parece demostrar, en efecto, unha vontade de desalienación cultural colectiva”. Cre no concepto de “literatura nacional galega” e, a este respecto, sistematiza en tres fases o proceso que levaría a este ideal: a “literatura pre-nacional” ou “contraliteratura”, a “literatura de transición” e a “literatura nacional”. Non exclúe en ningún momento ós autores que na etapa inicial, escribían en castelán —Murguía ou Vicetto, por exemplo—, xa que está convencido de que “sexa como sexa, interpretar a historiografía da literatura galega como un proceso dialéctico —un proceso que contempla no seu percorrido inicial, textos en galego e textos en castelán, idioma este último exclusivo para algúns xéneros durante certo tempo—, é a única fórmula que cremos eficaz para nos enfrontar a unha manifestación literaria periférica con acentos de contraliteratura”.

Percival, Anthony, “Alfredo Conde, cuentista: Reflexiones sobre *Música Sacra*”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 195-200.

Céntrase en comenta-la versión castelá do libro de contos, *Música sacra* (1990), da autoría de Alfredo Conde. Indica que se trata dun volume que reúne nove contos datados entre 1986 e 1989 en varias cidades e que contén un título, que nos ofrece unha das claves do libro, “a importancia decisiva da música”. Analiza os mencionados contos, facendo referencia ó seu argumento, a súa temática, ó tipo de personaxes, ou ás súas técnicas narrativas e de estilo, para rematar manifestando que “ostentan un gran esfuerzo por “comprender lo inteligible” y una excepcional capacidad por captar la belleza natural”.

Pérez, Janet, “Visto y no visto: Lectura ambigüa de *El Griffón*”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 153-161.

Despois de incidir na desaparición da “centralización cultural”, feito que se puxo de relevo con dous galardóns dados a dúas obras non escritas orixinariamente en lingua castelá: *El Griffón*, de Alfredo Conde, que recibiu o Premio Nacional de Literatura no ano 1986 e *Dins el darrer blau* (1994, *En el último azul,* 1995), de Carme Riera, que foi Premio Nacional de Narrativa no ano 1996, analiza moi brevemente as similitudes que se atopan entre elas, como o feito de que ambas tratan a Inquisición, ou as dúas presenten o drama da opresión exercida polo goberno central. Céntrase despois no tema da relación con Galicia e o resto de España e incia unha análise pormenorizada por diferentes aspectos da obra como o estilo ou a insinuación dos acontecementos, como a vida e morte do visitador, o que tamén dá certa ambigüidade á narración. Estas teorizacións da autora sobre o estilo da novela corrobóraas coa lectura do libro *La inspiración y el estilo*, de Juan Benet, de quen di que concorda moito co proceso creador de Conde ó considera-la polivalencia e a ambigüidade como esenciais no proceso creador. Continúa recollendo a teoría de Benet para un maior achegamento ó texto e apóiase tamén nel para facer unha exhaustiva análise dos personaxes principais das dúas historias paralelas. Tamén sinala as características unificadoras como o feito de que ambos se chamen Martín, o ter corenta anos ou vivir no mesmo barrio aínda que os separen catro séculos. Remata cunha reflexión sobre a

relación entre o Visitador —defensor da liberdade de conciencia— con aspectos do simbolismo relixioso por todo o desenvolvemento dos personaxes en ambientes de conventos, igrexias ou outros lugares sacros co que se alcanza unha maior compresión á hora de comprende-lo griffón, “pues subraya el carácter griffonesco de Galicia, que como la bestia mitólogica es guardián de un tesoro cultural, y defensor del patrimonio de la humanidad”.

Pérez Pereiro, Marta, "*O conto ruso do século XIX. De Puxquin a Tolstoi*", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", n º 35, Tomo III, Ano IX, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 393-395.

Sinala que seis escritores rusos —Puxquin, Lérmontov, Turguiénev, Gógol, Dostoievski e Tolstoi— forman esta antoloxía de seis relatos curtos escollidos por Alexandra Koss e publicados por Ir Indo en 1997. Destácase o carácter de descuberta que poden ter estes contos para o lector coñecedor das grandes obras, por tamaño e calidade, dalgúns destes autores. Saliéntase tamén o afán de todos por construí-la realidade na narración, ben integrándose nela, ben por medio dun axente colateral que conta a súa experiencia. Desa realidade, afirma Pérez Pereiro, ten moita importancia a descrición que fan da vida: natureza, sociedade, relacións humanas,etc., coa capacidade de saber retratar costumes en poucas páxinas. Comenta, así mesmo, a mestura do cotián e do transcendente e a presencia do humor como sinais dunha forma de ser colectiva. Tolstoi e Dostoievski reflicten a vida da alta sociedade en San Petersburgo, capital do imperio e os outros, a rural e aldeá.

Pérez Varela, Carlos, “Xavier Cordal Fustes. *Afásia*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 272-278.

Despois de afirmar que o grupo Ronseltz é “un grupo literario de coherencia indiscutible” dentro do panorama poético recente, dado que se disolveu antes de que se iniciase unha polémica xeracional, dise que este grupo, constituído por poetas como Cortés Tallón, Miguel Montes, Xabier Cordal, Xesús Ron, entre outros, era un grupo que se caracterizaba pola crítica virulenta contra o esteticismo e por unha manchea de obsesións como se pode comprobar no libreto dos seus recitais *Unicornio de cenorias que cabalgan os sábados*. Na segunda parte da recensión, despois de dar unhas breves notas sobre o poemario de Manuel Cortés, analízase o libro *Afasia* (1997), de Xabier Cordal e dise que é provocador poeticamente. Recórdase que este poeta sempre tivo problemas de comunicación coa crítica e co lectorado, que o recensionista considera froito de lecturas superficiais. Salienta do poemario as imaxes que recordan os inicios do poeta e di que agora non busca a complicidade co lector pois pensa que está “comunicando” e rodeado de interferencias, fálalle ós etnógrafos e presenta vontade dunha intertextualidade que “remita ó mundo exterior, e nunca ó literario”. Carlos Pérez considera o poeta “surrealista” e pensa que foi quen de “levar a lingua ata os límites da linguaxe —isto é, da propia ‘capacidade de comunicar’— para logo servila fría, como cortada en rodas”.

Pisón, Xesús, "*Tatuaxes*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 45-51.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve *Tatuaxes*, de Xesús Pisón en versión galega e castelá, esta última co título de *Tatuaje* (pp. 120-124), en traducción de Rosario Egea.

Platas Tasende, Ana María, “Informe de literatura 1996”, *Revista Galega do Ensino*, nº 18, “Reseñas”, febreiro 1998, pp. 283-285.

Descrición detallada do contido do *Informe de literatura 1996*, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Isabel Soto López. Comeza cun comentario sobre os gráficos que aparecen nas primeiras páxinas do *Informe* e, a continuación, céntrase no contido de cada unha das seccións que conforman o volume. Prosegue cunha breve alusión ós índices, onomástico e temático, que facilitan a consulta da obra. Por último, sinala a importancia do proxecto e a súa utilidade como material de consulta e apoio á investigación.

_____, “Lingua e literatura”, *Revista Galega do Ensino*, nº 19, “Algunhas novidades editoriais”, maio 1998, pp. 295-305.

Reproduce as fichas dos últimos libros publicados en España. Organiza o traballo en varios apartados: lingua, narrativa, poesía, teatro e varios, nos que tamén introduce as novidades no eido da literatura galega.

_____, “Conversación con Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, nº 21, “Colaboracións especiais”, novembro 1998, pp. 15-26.

Comeza cunha breve biografía de Carlos Casares (Ourense, 1941) e, a continuación, reproduce unha entrevista na que a articulista lle pregunta polos seus anos en Xinzo de Limia e os recordos da súa nenez. A seguir, céntrase na influencia que tivo Vicente Risco na vida do escritor, nos seus anos como universitario en Compostela e na súa amizade con Ramón Piñeiro. Máis adiante, a articulista alude ás diferentes obras do autor e interésase polo seu labor como xornalista. Para rematar, pídelle unha reflexión sobre o futuro da lingua galega e sobre a súa función como presidente do Consello da Cultura Galega.

_____, “Lingua e literatura”, *Revista Galega do Ensino*, nº 21, “Algunhas novidades editoriais”, novembro 1998, pp. 311-324.

Reproduce un listado das novidades editoriais publicadas en España. Organiza as obras nos seguintes apartados: lingua, narrativa, poesía, teatro e varios. En cada un destes bloques inclúe unha serie de obras de literatura galega.

_____, “Reflexiones sobre *A Casa de Adara*”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 201-214.

Comeza facendo referencia á consolidación do cultivo do conto literario entre finais do XIX e principios do XX, feito que se reflectiu en autores como Clarín ou autores galegos que escribiron en castelán como Valle-Inclán ou Pardo Bazán. Recolle, ademais, a definición que esta última ofrece do conto fronte á novela na obra *La literatura francesa moderna*. *El naturalismo*. Despois alude ó grande interese das editoriais por publicar “muestras antológicas de un sólo autor o de autores varios, en especial de los del siglo XX”. Céntrase, de seguido, na actitude tomada por Alfredo Conde ante o conto, que “parece tomar el cuento como una manifestación menor dentro de la narrativa”. Cita despois os seus inicios neste terreo con *Mementos de vivos* e *Música sacra* para centrarse a continuación na colección de contos: *A casa de Adara* (1996) e fai unha breve análise literaria dos contos que a conforman ata chegar a narración que dá título á colección: “A casa de Adara”, e considera que se trata da historia máis orixinal e ambiciosa do volume. Salienta o argumento da obra así como a súa construcción. A seguir analiza os trazos que a compoñen así como as técnicas que se aprecian como constantes dentro da súa obra. Finalmente fai fincapé no tratamento dos personaxes que aparecen nas narracións ós que destaca polas súas cualidades psicolóxicas e conclúe afirmando que nos atopamos coa obra estilisticamente máis coidada de Alfredo Conde a quen considera un autor individualista e autodidacta que se encontra entre os autores de “más amplios registros y entre los que dominan con mayor riqueza el vocabulario del idioma gallego”.

Pociña, Andrés, “Algunhas claves para le-los versos galegos de Eduardo Moreiras”, *Clave Orión*, n^{os} IV-V, 1998, pp. 76-98.

Nomea os títulos que configuran a obra en galego de Eduardo Moreiras, refírese ó esquecemento deste escritor e considera que as causas desta “relegación ó silencio” son de natureza política e tamén literaria, dada a dificultade e o hermetismo desta poesía. Logo de recoller valoracións sobre este poeta dalgúns críticos galegos aborda un percorrido pola obra poética comezando por *A realidade esencial* (1995) ó que define como “libro de amor e esperanza” e detense na temática desta obra aludindo ó lirismo e ó manexo do adxectivo e substantivo. No referente a *Paisaxe en rocha viva* (1958), reproduce as opinións de Álvaro Cunqueiro e do propio Moreiras. Ademais, sitúa o cume da poesía de Moreiras en *Os nobres carreiros* e considera este poemario “un dos mellores da poesía galega do século XX”, obra da que tamén nos achega as impresións do autor. Detense a continuación en *O libro dos mortos* (1970), para rematar sostendo que “o amor por Luz Pozo Garza é a clave absoluta de toda a poesía galega de Eduardo Moreiras” e lembrando que “Galicia terá unha débeda pendente para con este home, unha das súas plumas máis delicadas e admirabeis, mentres non sexa posible (vergonza dá dicilo) nin sequera achar a súa obra en edicións asequibeis”.

_____, “Pura Vázquez. *Desmemoriado río*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 275-278.

Informa que Pura Vázquez, xunto coa súa irmá Dora Vázquez e Xoaquina Trillo forman a “tríade decanal” das poetisas de Galicia, seguidas de preto por Luz Pozo, Cristina Amenedo e Mª do Carme Kruckenberg, seguidas das promocións máis novas. Salienta que Pura Vázquez se diferencia das súas compañeiras pola cantidade de volumes publicados non de poesía senón tamén de narrativa, sen contar cos dirixidos ó público infantil. Despois de dar un listado desta obra analiza *Desmemoriado río* (1997). Fala da calidade da edición, do prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, da estructura do libro, da dedicatoria, das épocas en que foron compostos os versos, do poema considerado “autopoética” e por fin dos contidos temáticos.

Polo Losada, Delia, “Primeiros pasos literarios de Xosé Díaz Jácome”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 105-110.

Análise detallado das primeiras incursións de Xosé Díaz Jácome na literatura galega. Iníciase o artigo cun breve achegamento á vida do escritor mindoniense, que comezou a súa carreira poética ó redor dos catorce anos, nalgunhas publicacións locais como *Vallibria*, *La Voz de Mondoñedo* ou noutros de Ribadeo, Lugo e Viveiro. Así mesmo, infórmase da publicación do seu primeiro libro, *Primeiras cantigas de amor* (1936), na Editorial Un, creada por Cunqueiro. A continuación, analiza con detalle as súas colaboracións no xornal *Vallibria*, fundado no ano 1930 por Xosé Trapero Pardo; na revista *Galiza*, creada por Álvaro Cunqueiro e na que participaron Pondal, Cabanillas, Noriega Varela, Amado Carballo, Manuel Antonio, Carballo Calero, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, etc. O último apartado dedícao a achegarse, brevemente, ó primeiro poemario do autor, anteriormente citado.

Gil Vigueret, Ricardo, “Badius: herdeiros dunha tradición teatral”, *Terra Bárdica*, nº 0, 1997, “Teatro”, pp. 25-26.

Ofrece un percorrido polos doce anos de vida da compañía Badius, que segundo di, naceu como escisión da Asociación Cultural Adro. Presenta unha visión retrospectiva da asociación, herdada dunha tradición teatral que arrinca dos anos cincuenta. Continúa, seguindo unha orde cronolóxica, nos anos sesenta e setenta, dos que destaca os festivais teatrais organizados co fin de recadar fondos para as festas patronais, así como o nacemento por estas datas dos espectáculos para a infancia. Dos anos oitenta fai fincapé na andaina da compañía Badius, que se inicia no ano oitenta e catro, e recorda como primeira actividade a organización do Festival Teatral de Nadal. Enumera, a seguir, algunhas das obras escenificadas pola compañía no transcurso de diferentes certames de teatro como o Iº Certame de Teatro Xuvenil Ataroa da Coruña ata consolidarse como grupo de teatro afeccionado no ano 1986. Finalmente, presenta unha panorámica na que especifica, ano a ano, a vida profesional do grupo dende 1990 ata 1996.

Lama, Xavier, “Entrevista con Guillermo Heras”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, decembro 1998, pp. 59-67.

Despois dunha breve introducción biográfica do labor de Guillermo Heras, o entrevistador tira do entrevistado, responsable da montaxe de *Memoria de Antígona* do CDG, reflexións sobre as novas tendencias escénicas en xeral e no teatro español en particular, sobre o seu apoio ós dramaturgos máis novos, sobre a súa iniciativa de creación en Alacante dun Centro de Dramaturxia Contemporánea, sobre o teatro catalán, o teatro alternativo, a relación entre a sociedade civil e o teatro, teatro público-privado, sobre a súa defensa da rexeneración ética do teatro e sobre todo sobre o seu sentimento e a súa impresión como director de *Memoria de Antígona*.

Ogando González, Iolanda, “Roberto Vidal Bolaño: *Rastros*”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, “Libros”, decembro 1998, pp. 78-79.

Salienta de *Rastros* (1998) o seu pequeno título e a súa pequena extensión aínda que di que “é*Rastros* sen embargo, un xigante poderoso que nos embarca nunha lectura suxerente e intensa desde a primeira á última páxina”. Comenta reflexións realizadas polo crítico teatral Manuel Vieites e salienta despois de resumi-lo argumento os trazos que considera máis importantes na obra: *flas-backs*, linguaxe viva, rápida e coloquial a pesar de presentar bastantes erros lingüísticos. Remata recordando a importancia e significación deste autor na dramaturxia galega.

Pazó, Noemí, “Macbett de Ionesco, unha parodia ‘real”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, “Libros”, decembro 1998, pp. 76-77.

Comeza queixándose do que se tarda en ver traducidos os clásicos ó galego e insistindo na necesidade que ten a cultura galega destas traduccións. Pasa a seguir a da-la benvida á obra de Eugène Ionesco, *Macbett*, traducida ó galego en 1998. Loa a traducción de Henrique Harguindey e recorda a obra *Ubú Rey*, de Jarry por ser este autor “precursor ou mesmo iniciador do teatro do absurdo”. Salienta os trazos que comparten as dúas obras e remítenos á introducción realizada polo traductor.

Pose Porto, Héctor M., “Deusa Talía en Malpica”, *Terra Bárdica*, nº 0, 1997, “Teatro”, pp. 23-24.

Fai referencia á perdurabilidade das tradicións orais que se manteñen de xeración en xeración, para a continuación, centrarse na importancia que sempre tiveron en Malpica as artes escénicas, que arrincaron tamén da raigame popular. Ofrece unha panorámica a través das diferentes actuacións de artistas ou compañías teatrais dende o ano 39 ata chegar á actualidade na que dá conta do proceso evolutivo sufrido na vila que foi aumentando a súa actividade neste ámbito gracias á presencia de xente como Andrés Mouronte. Sitúa como data clave o ano 1993 para o aumento de actividade e obradoiros. Finalmente, salienta como formación máis emblemática, ó grupo de teatro Emeigual!!! e dá conta dalgunhas das obras xa representadas pola compañía da que lembra a dirección de Vicente Mohedano, substituído anos máis tarde por Artur Trillo.

Quintela, Anxo, “Sobre poesía”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Arte poética”, 1998, pp. 57-63.

Consideracións sobre a visión que o poeta Anxo Quintela ten da poesía e que estructura en catro “obviedades” a partir das cales vai revelando a súa concepción da lírica. Comeza indicando que “a poesía está feita de palabras” e comenta a relación dos poetas con elas, en tódolos sentidos, e a relación que mantén a linguaxe co poder, coa “dominación”. Continúa reflexionando sobre os obxectivos que alberga o poeta cando escribe e sobre a participación dos lectores na propia creación poética, para centrarse logo na tradición, da que afirma que “houbo outros que escribiron antes ca nós (e, case sempre, moito mellor)”, referíndose, con este termo de tradición, a “aqueles autores que me precederon na escrita de libros de poesía” en galego, se ben tamén alude á posibilidade de que, ademais desta, cada poeta elixa a súa. Finalmente manifesta unha serie de opinións sobre a poesía e a vida, e aclara que todo o devandito “só ten algún sentido no marco estricto do territorio dos que se seguen chamando poetas e que aínda escriben o que se denomina convencionalmente como poesía”.

Quintela, Beatriz e Paulino **Vázquez**, “Castelao, Nós”, *Cadernos Castelao*, nº 10, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1998.

Artigo no que se destaca o labor de escritor, debuxante e político de Castelao. Declárase ademais que o seu destino está intimamente ligado ó do seu pobo e que, na súa obra, a estética e a ética son indisolubles. Do seu labor político lémbrase que está contido na súa obra *Sempre en Galiza*.

R. G. T., “R. G. T.”, *Primer Acto*, nº 272, “Revistas”, 1998, p. 162.

Nesta mirada á *Revista Galega de Teatro*, concretamente ó número 16 (novembro do 97), destácanse, entre os seus contidos, o debate sobre a creación dunha programación estable, as impresións de Manuel Vieites sobre o Festival Internacional de Teatro de Estambul, así como a entrevista a Eduardo Rivero, do *Teatro de la danza del Caribe*.

Rábade Villar, María do Cebreiro, “E o silencio na lira de Outeiriño”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Caderno da Crítica”, 1998, pp. 115-128.

Leva a cabo unha análise de *Depósito de espantos* (1994), de Manuel Outeiriño, en clave mitolóxica e musical. Céntrase particularmente neste segundo aspecto e vai considerando a obra, dende o título e as ilustracións ata os poemas que a conforman, en virtude da devandita perspectiva musical. Afirma que, no poemario comentado, “as alusións musicais funcionan como índices de medición cronolóxica” e destaca o emprego que o autor fai da parodia, o sarcasmo e a ironía. As continuas referencias ó mundo da música inclúen o estudio dos planos métrico e temático, así como o das figuras de dicción máis usadas no libro. Presenta numerosos exemplos dos argumentos que propón e remata opinando que podemos senti-las palabras da obra “como a máis pura e dura das músicas populares”.

Ramil Díaz, Aurita, “Aproximación á obra narrativa de Xan da Masma”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 39-54.

Amplo estudio sobre a obra narrativa de Patricio Valentín Sixto Delgado Luaces (Mondoñedo, 1850-Cuba, 1900). Inicia o traballo cun breve achegamento biográfico e, a continuación, céntrase nunha análise detallada da obra *¡A besta!*, publicada polo autor mindoniense na Habana, co pseudónimo de Xan da Masma. A seguir, divide a análise en cinco apartados: análise narratolóxica, análise antropolóxica e etnográfica, análise histórico-social, análise ideolóxico-biográfica e características lingüísticas. No apartado da análise narratolóxica ocúpase do deseño editorial da obra, da modalización, da temporalización e do espacio. No segundo apartado ocúpase da cultura material, da organización social e da cultura espiritual. No seguinte apartado estudia a historia social no texto e o texto na historia social. Para rematar, fai unha breve alusión ós aspectos ideolóxico-biográficos e unha análise lingüística da novela.

Requeixo, Armando, “Oceánico fragor”, *Tempos Novos*, nº 8, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xaneiro 1998, p. 75.

Céntrase no comentario da última novela de Suso de Toro, *Calzados Lola*, coa que obtivo o Premio Blanco Amor de Novela 1997. Refírese tanto á súa extensión coma ó tipo de prosa, temas ou personaxes que presenta. Sinala ademais que nesta novela todo é “en desmesura” e que o é, coa forza plástica e visual do cinematográfico, polo que descobre na base deste texto, o proxecto truncado dun guión cinematográfico logo intelixentemente reconvertido en novela.

_____, “Escura espada de memoria”, *Tempos Novos*, nº 9, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, febreiro 1998, p. 70.

Realiza unha análise da última producción narrativa de Francisco X. Fernández, *Sombras no labirinto* (1997), onde salienta que a sombra do pasado, o proceso de lembranza e a memoria xogan un papel determinante na construcción do presente dos personaxes. Comenta ademais, algunha das claves de lectura que aproximan esta novela ás anteriores do autor: o papel do elemento telúrico, as liñas argumentais ou os diferentes puntos de vista narrativos que nela se rexistran. Ofrece, finalmente, unha serie de cualificativos sobre esta novela, que tilda de “novela intensa, envolvente, de sabor acedo e visión vencida, debeladora metáfora do falso imán da preadolescencia e do tolamente correr sen destino”.

_____, “No lado escuro”, *Tempos Novos*, nº 10, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, marzo 1998, p. 71.

Apunta que coa obra de Uxía Casal, *Saturno tamén é deus* (1997), inicia a súa andaina a nova colección narrativa de Galaxia, “Descuberta”. Comenta que se trata dun libro de estructura circular e sinala as relacións que presentan as trece historias que o compoñen, con outro tipo de relatos. Chega así a subliñar que estas composicións que nos reflicten a crúa realidade da caducidade vital, incorporan e reversionan o mellor da tradición contística de suspense de tódolos tempos.

_____, “Editanto a Crecente Vega”, *Tempos Novos*, nº 11, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 1998, p. 68.

Realiza unha análise do traballo de Ricardo Polín e Luz María Durán, *José Crecente Vega. A poesía de “Codeseira” (Edición crítica e estudio)* (1997). Na súa opinión ofrecen unha investigación seria e consistente sobre unha obra e un autor claves no contexto literario galego da preguerra. Salienta a detallada información coa que son iluminados e explicados os versos de *Codeseira*, e a presencia dos diversos apéndices, nos que se describen os principais xiros populares da poesía crecentina e se ofrece unha cumprida relación da toponimia e onomástica neles contida, ademais de inventariarse a fauna e flora. Apunta que esta edición conta con dous capítulos introductorios, nos que se informa da historia editorial do libro e se traza unha biografía de Crecente Vega, e cun catálogo bibliográfico. Magóase de que excesivas erratas e certa incuria lingüístico-normativa afeen este estudio, para rematar felicitando ós seus editores e ás entidades convocadoras do Premio Literario Ánxel Fole.

_____, “As voces de Díaz Castro”, *Grial*, nº 139, xullo-agosto-setembro, 1998, Tomo XXXVI, 1998, pp. 608-609.

Congratúlase de que un texto literario galego triunfe e se traduza a outras linguas. Fala a este respecto da publicación trilingüe en 1997 (galego/catalán/castelán) de *Nimbos*, poemario publicado por Díaz Castro en 1961. *Nimbes*, segundo o recensionista, constitúe a lectura catalana que fixo Vicent Berenguer destes versos. Considera satisfactorio o traballo realizado polo traductor. Repara nos acertos e mostra algunhas discrepancias coa traducción no tocante á puntuación, o troco de artigo e incluso no tratamento dalgunhas formas verbais.

_____, “Mondoñedo e os seus escritores”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 13-28.

Estudio sobre as influencias do contorno, neste caso a cidade de Mondoñedo, e os escritores que habitan nela. Ante a imposibilidade de ofrecer unha análise xeralizada, ocúpase das relacións entre a cidade de Mondoñedo e algúns dos seus escritores. Despois de especifica-lo que entende por “escritor mindoniense”, divide o traballo en dous apartados: autores e críticos literarios e ensaístas e estudiosos non literarios. No primeiro grupo, analiza brevemente algúns aspectos da vida e obra de José Castillo Trigo e Lucas de Miranda Méndez, que participaron nas Festas Minervais de Santiago no ano 1697. A continuación, céntrase na denominada “Escola dos cantores mindonienses do Nadal” (século XVIII), composta por Antonio María de Castro y Neira, os irmáns Luís e José María Corral Rodríguez e Jacinto Romualdo López y López Bolaño. Fóra da citada Escola, analiza a obra doutros escritores mindonienses do XIX achegando unha ampla lista encabezada por Guillermo Alonso, Francisco de Paula Buón y Goya, Felipe Lence Pérez, Patricio Valentín Sixto Delgado Luaces, Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Emilio Tapia Rivas, Eduardo Lence-Santar y Guitián e María de los Ángeles Vázquez, entre outros. Xa no século XX cita, entre outros, a Xosé Trapero Pardo, Xosé María de la Fuente Bermúdez, Carlos Polo López-Berdeal, José Ramón Santeiro Faraldo, Xosé Díaz Jácome e Álvaro Cunqueiro. Por último, alude a algúns ensaístas e estudiosos non literarios, de temática laica e relixiosa. Remata o artigo cunha breve bibliografía.

Ribera Llopis, Juan M. e Olivia **Rodríguez González**, “Aproximación ás relacións literarias galego-catalanas. Noticias históricas e bibliográficas”, *Madrygal*, nº 1, “Artigos”, pp. 97-100.

Realiza un percorrido polas relacións histórico-literairas entre Galicia e Cataluña. Situándose na segunda metade do século XIX, período no que comezan con crecente constancia tales relacións, vai dando conta delas ata a actualidade, a través de certos datos históricos e entradas bibliográficas. Centrándose na literatura, indica que este achegamento conta con numerosos estudios, tanto os existentes pola parte galega (o “Limiar” de Xosé Filgueira Valverde para *Gallegos en Cataluña (2)*, de Manuel Rodríguez López ou *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa*, de Carme Hemida Gulías), como os que se fixeron pola parte catalana (*Castelao dende Catalunya*, de Xosé Lois García, *Carles Riba e Galicia*, coordinado por Xesús Alonso Montero ou *La obra narrativa de Vicente Risco*, de Olivia Rodríguez).

Río Conde, Elisa, “Textos metaliterarios nas letras galegas no período 1920 1955”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 161-172.

Ofrece un extracto da súa tese de doutoramento, titulada *Textos metaliterarios nas letras galegas no período 1920-1955*, dirixida polo profesor Xesús Alonso Montero. Anuncia que o seu propósito é analiza-los textos metaliterarios para confirma-la subdivisión cronolóxica e estilística do fenómeno literario en Galicia. Remóntase ós comezos do século XX, un momento que cualifica como “etapa de transición” e na que identifica unha tendencia tradicionalista fronte a outra que propugna a modernización. Na segunda década do XX comenta dous feitos importantes para a cultura galega: o nacemento da revista *Nós* e a aparición do manifesto *¡Máis alá!,* que provoca adhesións e rexeitamentos. Nos anos trinta identifica posturas enraizadas no tradicionalismo, fronte á posición iconoclasta e rupturista de Manuel Antonio. Entre 1930-1936 sinala os intentos de uni-la tradición coa modernidade, mentres que de 1936 a 1939 dáse unha diferencia entre as posicións do interior, defensoras dunha liña tradicional, e as do exterior, partidarias dunha chamada ó compromiso co pobo e coa sociedade. Nos primeiros anos dos cincuenta confirma a existencia de tres tendencias: a literatura próxima á tradición, que conxuga os moldes formais

clásicos co tratamento da paisaxe; a aparición do imaxinismo e do neotrobadorismo e a poesía que tende ó compromiso.

Riobó, Pedro P. e Antón **Lamapereira López**, “Entrevista cos titiriteiros galegos”, *Revista Galega de Teatro*, nº 17, decembro 1997, pp. 7-28.

Eduardo R. Cunha, Miguel Borines (de “Tanxarina”), Anxo García (de “Viravolta”), Suso Piñeiro (de “Teatro Kaos”), Xurxo Rei de (“Cachirulo”), Marcelino de Santiago “Kukas” e Isabel Rey Pousada, ofrecen nesta longa entrevista as sías opinións sobre distintos aspectos relativos ó teatro de títeres. Así, refíresne a aspectos como a técnica das representacións, a necesidade de formación para o seu manexo, a política da producción e distribución, o asociacionismo titiriteiro, a existencia de festivais e a proxección cara ó exterior.

Ríos Panisse, Mª do Carme, “Ramón Otero Pedrayo. *O libro dos amigos*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 263-266.

Dá a benvida á segunda edición de *O libro dos amigos* (publicada en 1997), pois a primeira era xa unha rareza bibliográfica. Considera que esta obra pode achegar novos lectores á literatura de Otero por presentar semblanzas curtas de “personaxes moitas veces coñecidos e amados por o mundo intelectual galega”. Comenta que nesta obra se atopa palabra moi querida por Otero, “a amizade”, e por medio deste libro podemos ve-las pegadas que trinta e nove amigos mortos deixaron no crear, no pensar e no actuar de Otero Pedrayo. Fálase da espontaneidade da obra pero tamén do plan elaborado e sistemático profundizando un pouco. Remata falando da edición normativizada e do valor pedagóxico da mesma.

Rodríguez, Luciano, “No cincuentenario de *Cómaros verdes*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 85-111.

Fai referencia primeiramente á consideración de *Cómaros verdes* (1947) por estudiosos da literatura galega e o que supón na poética de Aquilino Iglesia Alvariño. Tamén fala do binomio recuperación cultural de Galicia e *Cómaros verdes*. Trata así os aspectos externos desta obra, recepción, repercusión, importancia e valoración da obra no momento da súa publicación. Céntrase despois na valoración literaria desta obra e di que se trata dun libro misceláneo e que obedece a distintas direccións poéticas, feitos que o levan a desigualdades, voz persoal, clasicismo formal “de amplos rexistros e de difícil mímese”. Explica cada apartado comezando pola disposición textual, a mostra das temáticas que van constituí-la producción poética do autor: amor, morte, natureza, paisaxe, tempo, etc., procedementos formais e intertextualidades.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “Presentación de *Calendario perpetuo*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 35, Tomo III, Ano IX, xullo-agosto-setembro 1998, pp. 397-401.

Analiza, os referentes que marcan toda a obra poética de Álvarez Cáccamo, aqueles que están presentes en *Calendario perpetuo* (1997), e a que parece progresiva decantación do poeta cara a unha forma —a prosa poética— definitiva na súa lírica. Ó seu xuízo, o amor e a infancia son as dúas grandes metáforas, posuidoras de múltiples significados e en *Calendario perpetuo* estariamos no tempo da infancia, recuperada non como saudade, senón como discurso, confirmación dun tempo que foi vivido. Fai fincapé no personaxe do neno, que aparece en moitas composicións, e fala, entre outras cousas, dos paradoxos que crean o tempo e o espacio evocados. A fascinación que lle produce este libro como lector parte da imposibilidade de concibila memoria máis que como unha realidade soñada.

_____, “Alta mostra de infancia”, *Festa da palabra silenciada*, nº 14, “Crítica”, 1998, pp. 104-105.

Comenta a obra de Xosé María Álvarez Cáccamo *Calendario perpetuo* (1997) indicando que consiste “nunha secuencia de imaxes que remiten á nenez do poeta” e que se desenvolven en dous escenarios, a cidade e a praia da zona de Vigo. Afirma, a seguir, que neste libro a imaxe do neno en convivencia coa natureza brilla “de maneira que xa parece definitiva”. Céntrase no argumento, que presenta “contrastes”, salientando a importancia do soño, e alude tamén ós recursos estilísticos e á estructura da obra, destacando o feito de que estea conformada por poemas en prosa, o que pode “abrir novos camiños na nosa lírica, que a miúdo se mostra un algo repetitiva, cando menos entre os poetas desta xeración dos 80”. Remata dicindo que o poemario leva un prólogo de Arturo Casas e debuxos de Anxos Romeo.

Rodríguez Fer, Claudio, “José Ángel Valente. No principio era Galicia”, *Tempos Novos*, nº 15, “A contratempo. Entrevista”, agosto 1998, pp. 32-37.

Conversa con José Ángel Valente na que, ademais de falar do poder, da súa familia, dos seus estudios e da súa vivencia na Galicia rural, tamén lembra os recordos da súa educación e da súa relación con Basilio Álvarez. Con respeto á literatura, sinala que Vicente Risco foi para el un exemplo e que, dende logo, segue crendo que é o escritor máis importante da modernidade galega, tanto en galego coma en castelán. Explica ademais, que Lucila Valente foi a figura materna da súa infancia e que aparece en tantos dos seus poemas, porque lle debe moito á educación que recibiu dela e porque foi para el unha persoa decisiva. Tamén alude a un poema que lle dedicou a Manuel Antonio, polo que se sentía fortemente atraído, e que se publicou en *La Noche,* así como ó feito que o levou a escribir en galego.

Rodríguez Pérez, Xoán Carlos, “Resol”, *Revista Galega do Ensino*, nº 18, “Reseñas”, febreiro 1998, pp. 291-295.

Recensión da revista *Resol*, da cal o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades presentou en 1997 a edición facsímile. Analiza, con detalle, o contido das cinco partes que compoñen a obra: “Introducción”, “Facsímile”, “Apéndices”, “Bibliografía” e “Índices”, todos eles compostos por varios subapartados. Para rematar, alude á necesidade deste tipo de publicacións que “permiten recupera-la memoria histórica do noso país” e comenta algúns aspectos lingüísticos da presente edición.

Roglan, Joaquim, “Las generaciones del 98”, *Magazine*, 1 novembro 1998, pp. 40-58.

Percorrido polas distintas literaturas do estado a través de corenta escritores e escritoras de distintas xeracións e de diversos xéneros. A fotografía de cada creador está acompañada dunha ficha bibliográfica cunha clasificación xenérica e dun breve comentario xeral da obra. A Literatura Galega está representada por Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e Suso de Toro. Do autor ourensán salientan a dificultade da súa poesía, con raiceiras na mitoloxía céltica e artúrica, e o seu carácter polémico e comprometido cos problemas do país. De Rivas destaca a sinxelexa e humanidade dos seus personaxes ademais da naturalidade na poesía. A Suso de Toro caracterízao pola pluralidade de rexistros, polo achegamento ás vangardas e pola obsesión estética. Considera as súas obras como rompedoras e como “un referente de la juventud gallega moderna”.

Romero, Marga, “Poetizar o mundo como muller. Movemento poético da *Festa da Palabra Silenciada*: trece anos de poesía galega de mulleres”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 691-715.

Define o significado da secuencia “poetizar o mundo como muller”, alude á tendencia desta década de poesía de mulleres e á revolución que esto supón. Fala no tocante á literatura feminista da instauración en Galicia da crítica feminista, da súa entrada nos textos de bacharelato. Lembra o *Grial* de ano 1985 no que aparecían as voces de Helena de Carlos e Ana Romaní e das obras coas que anos mais tarde, nos agasallaron. Fala do antes e o despois deste ano, de mulleres como Pura Vázquez, Luz Pozo, Xohana Torres que falan cos seus libros xa antes do ano 1985, de Margarita Ledo Andión incluída na antoloxía *Os novísimos* (1973), de María Victoria Moreno. Analiza a evolución destas mulleres que xa tiñan publicado e a incorporación compromisaria á poetización en feminino doutras moitas. Pon de relevo a importancia da reivsta *Festa da Palabra Silenciada* e entende que agora podemos falar de trece anos nos que moitas nos ofreceron libros. Clasifícaas do seguinte xeito: poetas que publican na posguerra, poetas que escriben nos 80 e poetas dos 90. Fala tamén do panorama editorial e da importante colaboración de moitas editoriais e asociacións culturais no tocante a concursos e publicacións. Finalmente engade unhas páxinas verbo da presencia de Rosalía nas nosas poetas e dos homenaxes na súa

memoria. Noutro punto trata a dificultade e problemática da lingua de cara á elaboración dun novo código e das distintas aplicacións, segundo as compositoras. Incorpora finalmente tres seccións tituladas : “O corpo”, “A viaxe, a nena, a avoa, a nai” e “A cada” onde ten unhas palabras de agradecemento para tódalas persoas “que nos foron achegando nestes trece anos, a esta poesía”.

_____, “A *Historia da Literatura Galega*”, *Galicien Magazin*, nº 6, marzo 1998, p. 35.

Define o proxecto de edición da *Historia da Literatura Galega*, emprendido en 1995 pola Asociación Pedagóxica Galega, co apoio económico da Comisión das Comunidades europeas e A Nosa Terra, como “ambicioso”, xa que esta iniciativa emprendeu a tarefa de sacar á luz a primeira historia da literatura galega por fascículos, cada un deles acompañado dunha obra literaria. Sinala que a particularidade desta obra é que logra transmiti-la literatura ó país que a creou e que está “feita dende dentro de Galicia e para o Universal”. A seguir enumera ós responsables de cada parte da historia e recomenda a obra a tódolos interesados na literatura galega.

_____, “Galicien-Zentrum da Universidade de Trier. Actividades do Semestre de Verán de 1998”, *Galicien Magazin*, nº 6, marzo 1998, pp. 49-50.

Dase conta nestas liñas das diversas actividades organizadas polo Galicien-Zentrum de Trier entre as que se destacan varios recitais de poesía galega e portuguesa dende a Idade Media ata hoxe en diferentes puntos de Alemaña; o seminario “Literatura erótica de autoras e autores da Península Ibérica e Latinoamérica”; unha conferencia en Trier a cargo de Miguel Anxo Fernán-Vello sobre poesía galega contemporánea e mais un faladoiro literario na que participou o novelista portugués José Riço Direitinho.

Ruibal, Euloxio R., “A arte escenográfica”, *Ferrol Análisis*, nº 13, decembro 1998, pp. 88-91.

Aborda a faceta escenográfica de Camilo Díaz Baliño (1884-1936), centrándose especialmente na súa actividade posterior a 1916 e no seu traballo para a Empresa Fraga nas cidades da Coruña e Santiago. A esta fase da súa obra pertencen os decorados para diversas obras teatrais como *Rosiña* (1921), de San Luís Romero, *Trebón* (1922) e *Lubicán* (1922), de Armando Cotarelo Valledor e *O Mariscal* (1929), de Cabanillas e Antón Vilar Ponte. Para a descrición destes decorados recorre ás publicacións da época que xa consideraban a este artista como o primeiro e único escenógrafo de Galicia, ou a autores como Luís Seoane para certifica-la súa modernidade. A continuación, destaca a súa colaboración coa Coral Ruada de Ourense e coa Agrupación Cantigas e Agarimos de Compostela e o decorado das obras *O fidalgo*, de San Luís Romero, a obra máis exitosa do momento, *A man da Santiña*, de Cabanillas, *San Antón o Casamenteiro*, de Rodríguez Elías e *Bodas de Ouro*, de Galo Salinas. Ademais, dá conta da estrea en Madrid das versións en castelán de *O Mariscal* e *Ultreya*, esta última de Cotarelo Valledor, revelando nas súas creacións unha imaxe lendaria, heróica e medieval de Galicia. Para rematar, lamenta a súa morte temperá pois freou o anovamento da escenografía galega que Díaz Baliño situou á altura das correntes artísticas e teatrais europeas.

_____, “*A visita*”, *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 53-55.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve *A visita*, de Euloxio R. Ruibal en versión galega e castelán (pp. 125-127).

Salgado, Xosé M., “Otero Pedrayo y el teatro”, *Art Teatral. Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 79-86.

Achegamento á faceta teatral de Ramón Otero Pedrayo que, segundo Xosé M. Salgado, é unha das máis desatendidas da obra do autor. Tenta explicar ata qué punto os seus textos pretendían incidir na renovación da escena dramática galega. A seguir analiza os materiais formais dos que se serviu Otero para construí-lo seu teatro: as traxedias clásicas, a *commedia dell’arte* e as novas propostas escénicas europeas que coñecía, ben pola súa curiosidade intelectual, ben polas informacións que lle chegaron da man de Castelao. Continúa o estudio deténdose na peza *O café dos espellos*, na que valora o diálogo dos personaxes, o vencellamento entre a realidade e a aparencia e a linguaxe coidada. No que respecta ás acoutacións sinala que unhas están dominadas “por la impronta lírica”, polo que resulta difícil traducilas escenicamente, mentres que outras aparecen concibidas “con mirada de pintor”, de xeito que se introducen no texto literario. Conclúe destacando que as propostas teatrais de Otero Pedrayo constitúen unha contribución importante para a historia literaria galega e que aínda hoxe manteñen a súa vixencia e frescura”.

Salgueiro, Roberto, "*Opereta da morte ridícula*", *Art Teatral*. *Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 7-13.

Reprodúcese neste número de *Art Teatral*, dedicado ó teatro galego, a peza breve de Roberto Salgueiro *Opereta da morte ridícula* e a súa versión ó castelán, titulada *Opereta del panadero* (pp. 128-132).

_____, “Breves referencias ideológicas para una lectura del teatro de Manuel Lourenzo”, *Art Teatral. Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 87-88.

Fai referencia á obra dramática de Manuel Lourenzo e céntrase na súa ideoloxía como creador, ó que o sitúa nunha visión cercana á Hegel que o leva a construír un universo antinaturalista afastado do mundo empírico. Sobre o anti-naturalismo de Lourenzo aclara que se trata dunha postura que reacciona ante unha realidade “obsoleta e inútil”. Isto, segundo o autor, lévao a dirixi-la súa dramaturxia cara á metafísica e ó simbolismo, onde o tempo e o espacio deixan de ser determinantes na acción dos personaxes. A seguir, cita algunhas das constantes das súas obras: a figura e o coro como elementos distanciadores e o heroe, no que conviven tres conceptos básicos: o clásico, o colectivo e o antiheroe bretchiano.

Sanfiz Fernández, Concepción, “Manuel F. Vieites (coord.). *Teoría e técnica teatral*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Libros”, 1º semestre 1998, pp. 166-168.

Esmiúza o contido do libro coordinado por Manuel F. Vieites, *Teoría e técnica teatral* (1997), por medio do cal se pretende “favorecer a práctica e o estudio do teatro”. Sinala que está estructurado en tres apartados dedicados á teoría, á formación e á realización e que, á súa vez, están conformados por unha serie de traballos da autoría de xente vinculada co teatro como é o caso de Manuel Guede, Manuel Lourenzo ou Xosé Manuel Pazos. Indica ademais, que este volume se ve complementado por dous anexos: un que suxire dúas propostas de desenvolvemento curricular relacionadas co ensino do teatro, e un segundo, que é un índice de colaboradores.

Santoro de Membiela, Jaime, “Bertolt Brecht no seu centésimo cumpreanos: literatura e compromiso social”, *A Trabe de Ouro*, nº 36, “Acoutacións”, Tomo IV, Ano IX, outubro-novembro-decembro 1998, pp. 491-506.

En cinco capítulos curtos, Jaime Santoro aborda a figura de Brecht na súa dimensión de escritor social. Analiza tamén a teoría literaria do dramaturgo alemán e o seu eco en Galicia. Del di Santoro que permanece vixente, a pesar das contradiccións nas que cae, salvado pola súa xenialidade. Brecht vai transformando, segundo Santoro, o seu ideario estético da literatura, radicalizando co paso do tempo a concepción do labor social do escritor. A súa teoría literaria parte do materialismo dialéctico e culmina cun teatro que mestura utilidade e distracción. Na análise que fai Jaime Santoro da obra de Brecht, o teatro é o que ocupa máis liñas. Non deixa de lado, sen embargo, a producción poética, para a que reclama unha maior atención dos estudiosos. Sobre a recepción desta obra na literatura galega afirma que “a literatura alemana encontrou unha situación privilexiada no territorio cultural galego”.

Seara, Teresa, “O triunfo de Lilith: textos para unha muller perversa (lectura de *Nós nus* de Olga Novo)”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 24, “Caderno da Crítica”, 1998, pp. 131-134.

Analiza o poemario de Olga Novo, *Nós nus* (1997) e afirma que a autora presenta “unha peculiar e individualísima maneira de entender o erotismo onde a condición feminina do eu poético é reivindicada sempre”. A partir deste presuposto fala do papel que as mulleres ocupan na sociedade dende a época medieval, e constata a negación á que estiveron sometidas ata o presente, en que “romperon co código do silencio”. Neste contexto sitúa a obra, destacando o seu sentido liberador, o tratamento do erotismo, a transgresión e o vitalismo. Inclúe numerosas citas de fragmentos de poemas que van ilustrando a súa argumentación e remata indicando que no libro “o eu poético exponse núa, rotunda na súa entrega, aberta como unha Lilith capaz de gobernar o seu propio mundo de sensacións cósmicas”.

_____, “Historia da nena que si quixo medrar”, *Festa da palabra silenciada*, nº 14, “Crítica”, 1998, pp. 99-103.

Análise da obra de Emma Couceiro *Humidosas* (1997) na que se desvelan as claves simbólicas do poemario, que presenta “un mundo claustrofóbico e opresivo onde o eu poético sente ameazada a súa supervivencia pola acción de forzas malignas”. Indícase que esta función negativa é desempeñada polas “encerradoras”, que xeran “líquidos escuros” que posibilitan a presencia de “humidosas”. Enfróntanse as encerradoras á figura dos “agardadores”, amosando así dous mundos, o feminino e o masculino, “antagónicos que reflecten as vivencias tan diferentes de maternidade e paternidade”. A seguir apunta outra liña de análise da obra, entendéndoa como unha “viaxe iniciática cara á vida adulta”, e ofrece as súas conclusións. Ó longo de toda a recensión exemplifica os argumentos con fragmentos de versos extraídos do libro.

_____, “Enma Couceiro: *Humidosas*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 279-281.

Recorda que *Humidosas* (1997) foi o título galardoado na quinta convocatoria do Premio Espiral Maior para autores sen libro publicado. Di que se trata dun poemario cunha grande unidade temática e tonal no que Enma Couceiro recrea un “mundo opresivo e caótico simbolizado nesa *casa de mentiras* que agarrota ó eu poético”. Vai describindo como cada unha das humidosas, “unha flora estraña e negativa”, frean a liberdade do ser e queren manter inmóbil o eu no estadio infantil.

_____, “A diversificación da poética intimista no período 1985-1997”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro-novembro-decembro 1998, pp 731-744.

Parte da delimitación e xustificación do seu campo de estudio salientando a diversificación existente no tocante á poética intimista o cal dificulta a súa sistematización. Estructura o seu artigo en: “As temáticas do íntimo”, “Multiplicidade de formas” e “Bifrontismo lingüístico”. No primeiro apartado fala de tres aspectos fundamentais na literatura: o amor, a dor existencial, a paisaxe, a dimensión social e a reflexión metapoética dende distintos puntos de vista. A multiplicidade de formas responde segundo a autora, á diversidade temática e de enfoque dos poetas. Salienta o predominio do versolibrismo sen nega-la existencia de metros clásicos. Finalmente alude ós novos autores con ensino en galego dos que deriva, segundo Seara, un claro bifrontismo lingüístico.

Solla, Amparo, “O relato “O gafo”, primeira colaboración de Otero Pedrayo en *El Pueblo Gallego* de Vigo”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Notas”, 1º semestre 1998, pp. 117-122.

Comentando o gratificante que lle resultaba a Otero Pedrayo colaborar nas páxinas máis diversas da prensa diaria ou periódica da época, destaca a especial vinculación que mantivo co xornal vigués, *El Pueblo Gallego*, do que chegou a ser un dos seus colaboradores máis fieis e estimados. Sinala que a súa primeira colaboración no xornal, aparecida o 25 de xullo de 1926, foi o relato “O gafo”, onde narraba a historia do duro castigo padecido por un fidalgo, logo de traizoa-la castidade da que se xactaba. Realiza unha análise deste relato que tamén chega a transcribir, mostrando os elementos comúns e diferenciais que presenta con respecto a unha peza súa posterior do mesmo título e incluída no seu *Teatro de máscaras*, na que a pesar de debuxarse o mesmo personaxe, xa se detectan matices que evidencian a propia evolución do pensamento do autor.

Soto López, Mª Isabel, “Os relatos galegos de Pérez Placer”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Estudios”, 1º semestre 1998, pp. 21-63.

Presenta os tres libros de relatos en galego de Heraclio Pérez Placer *Contos, leendas e tradicións* (1891), *Contos da terriña* (1895) e *Beira do lar* (1901) e os catro relatos que publicou ó inicio da súa carreira literaria, entre 1886 e 1887, en *O Tío Marcos da Portela*. Achega certos comentarios sobre as partes que integran cada un destes volumes, ademais de clasificar tematicamente os relatos que conteñen. A seguir mostra unha análise sobre este conxunto de textos na que examina algunhas das súas claves de interpretación, como pode se-la influencia da literatura popular; a importante dimensión psicolóxica que adquire o espacio e o tempo pasado, a relevancia do estado en actitude de contemplación, o erotismo dos corpos de moitos dos seus protagonistas, a aparición dos temas sociais como telón de fondo; os trazos compositivos que se repiten con asiduidade e a modalización, temporalización, espacialización e personaxes que mostran.

Soto Soto, Alberto, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 18, xaneiro 1998, p. 33.

Alén das novidades aparecidas en catalán coméntanse nesta sección as obras máis relevantes que se publicaron en lingua galega. Trátase das seguintes obras publicadas en 1997: *Podesvir* , de Fina Casalderrey; *Ladrándolle á lúa*, de Antonio García Teijeiro; *Un xogo de apócrifos*, de Xosé Carlos Caneiro; *A tábua ocre de Núbia*, de João Guisam Seixas; *A escrita do silencio*, de Cesáreo Sánchez Iglesias e *Vivir para o teatro*, de Pablo Rodríguez.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 19, febreiro 1998, p. 33.

Sección na que se recollen as últimas publicacións en ligua galega de novela, poesía e ensaio e das que se fan sucintos comentarios, todas elas publicadas en 1997. Son as seguintes: *Calzados Lola*, de Suso de Toro; *A historia de Chicho Antela*, de Antón Riveiro Coello; *O cazador de libros*, de Ramiro Fonte; *Momentum*, de Arturo Casas; e *Sombras no labirinto*, de Francisco X. Fernández Naval.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 20, marzo 1998, p. 35

Faise un breve percorrido pola últimas obras saídas do prelo en catalán e tamén en galego, facendo un pequeno comentario sobre o argumento de cada unha delas. Nesta ocasión fala de *Baixo as rodas*, de Hermann Hesse; *A apocalipse dos conde galegos*, de X. Ignacio Sánchez Andrade; *Antela: a memoria solagada*, de Xosé Luís Martínez Caneiro; *Ningún camiño* (1997), de Román Raña e *Calendario perpétuo* (1997), de X. M. Álvarez Caccamo.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 23, xuÒo 1998, p. 44.

Temos neste pequeno artigo unha mínima referencia ás obras publicadas en lingua galega, tanto en narrativa, coma en poesía e ensaio. Son as seguintes: *Tánata* (1998), de Antón Risco; *Henriqueta sentada na galería* (1997), de Lois Diéguez; *Contos Malvados* (1998), de Xurxo Borrazás; *O pazo baleiro* (1997), de Xabier P. Docampo; *Manuel Murguía* (1998), de Francisco A. Vidal; e *O cine en Galicia*, de Xosé Nogueira.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 24, verán 1998, p. 46.

Brevísimo comentario sobre as obras que máis recentemente se teñen publicado en lingua catalana e en lingua galega. Con respecto á lingua galega dáse noticia das seguintes obras publicadas en 1998: *Flores negras*, de Rafael Lema; *Coa lei de costas*, de Xoán X. Piñeiro Cochón; e *Xeografía do medo*, de Francisco Duarte.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 25, setembro 1998, p. 30.

Nesta sección coméntase de maneira presentativa as principais novidades editoriais do último mes nas linguas catalana e galega. Con respecto á lingua galega ocúpase desta volta dun libro de ensaio e de novelas con data de publicación correspondentes a 1998. Son os seguintes: *O que fixeron en Galicia, 1936*, de Carlos Martínez Pereiro; *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas; *Linguas longas*, de Xavier Rodríguez; *Amigos sempre*, de Alfonso Eiré; e *Historia dun crime*, de Fernando Méndez.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 26, outubro 1998, p. 38.

Á beira da presentación dos libros escritos en catalán e vasco aparecen tamén as últimas novidades en lingua galega, que este mes son estas: *Territorio ocupado*, de Fran Alonso; *Arredor do lume*, de Daniel Pino; *O asasino invisible*, de Xosé Durán; e *A rutina corsaria*, de Santiago Jaureguizar, todas elas publicadas en 1998.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 27, novembro 1998, p. 38.

Informa dun xeito moi breve dalgunhas novidades editoriais en lingua galega. As obras das que fala son nesta ocasión unicamente novelas publicadas en 1998: *A sombra dos teus ollos*, de Anxo Rei Ballesteros; *Luz de Abrente*, de Tucho Calvo; *Dos soños teimosos*, de Emilio Araúxo; e *Matar a Kerenski*, de Xosé Antonio Moreno.

_____, “Gallego”, *Que leer día a día*, nº 28, decembro 1998, p. 40.

Nesta sección ofrécense unhas breves notas sobre os últimos libros publicados en catalán galego e vasco. Polo que respecta ó galego neste número inclúense libros de crónicas de viaxes como *La Habana flash*, de Xavier Alcalá; de ensaio como *Roberto Blanco Torres*, de Marcos Seixo; e de poesía como *Catálogo de velenos*, de Marilar Aleixandre e *Delicia*, de Yolanda Castaño, todos eles publicados en 1998.

Spitzmesser, Ana María, “Códigos de silencio: Xa vai o Griffón no vento de Alfredo Conde”, *Antípodas*, nº X, 1998, pp. 163-167.

Comeza salientando a vixencia das “literaturas heteroxéneas en España” a partir da desaparición da dictadura de Franco en 1975 e considera que, ata ese momento, a chamada literatura separatista aparece timidamente en autores como Ánxel Fole ou Cunqueiro entre outros. Apunta que dende ese momento esta narrativa non homoxénea nunca se interrompeu e céntrase na novela *Xa vai o Griffón no vento* (1984) como un exemplo claro da chamada “nova narrativa galega” que se desliga da literatura hexemónica. Cre que a novela de Conde xira arredor dun “silencio abrumador” que envolveu a Galicia ata datas moi recentes e explica en palabras de Bajtin a proxección deste silencio no texto, establecido nun mundo narrativo “alternante de oposiciones binarias: castellano y gallego, represión y opresión, donde individuos y situaciones pasan y sólo el silencio permanece”. De seguido debulla a novela en diferentes partes para analizar máis polo miúdo a busca da identidade galega nas diferentes épocas e espacios que Conde reflicte no seu libro: a Galicia do século XVI e a actual. Recorre a Dominik LaCapra para analiza-lo transmitido por Conde a través dos seus personaxes protagonistas en ambas épocas e reflexiona sobre o efecto que produce nos individuos a presión hexemónica. Continúa aludindo a outros códigos desmontados polo autor vixentes no XVI como son o absolutismo e a represión sexual e detense no personaxe do Griffón/Visitador como elemento codificador e descodificador da represión tanto

lingüística coma relixiosa e sexual. Defíneo como un individuo que “discurre por los intrincados vericuetos de un juego sadomasoquista inestable de poder y deseo de subyugar al Otro característico a la vez (...) de la cultura imperialista y de la resistencia a ella”.

Suárez Rodríguez, Ester, “Pintor de trasnos e meigas”, *Ferrol Análisis*, nº 13, decembro 1998, pp. 92-99.

Afirma que tódalas facetas artísticas desenvolvidas por Camilo Díaz Baliño deben entenderse como un todo que se basea na “reelaboración estética e temática de Galicia que desexa recoñecerse na súa identidade cultural”. Así mesmo, declara que na súa arte se conxugan a tradición e o modernismo, “o símbolo e a realidade”, piares nos que asenta a súa concepción nacionalista e nova de Galicia. Seguidamente, percorre a súa traxectoria destacando a dirección do “Taller de escenografía e propaganda” da Empresa de Espectáculos Fraga, “un foco cultural de primeira orde” frecuentado por Castelao, Seoane, Ánxel Casal, Otero Pedrayo, Cabanillas ou Suárez Picallo. Nesta época, Díaz Baliño renova a decoración de diferentes espacios, sobre todo, teatrais. Ademais, sinala e describe a súa achega na recuperación e mitificación da figura de Pardo de Cela da man da obra *O Mariscal* (1926), de Cabanillas, que responde a un pensamento tradicional, místico-relixioso e romántico do que dá boa proba o seu *Conto de guerra* (1925) e certas obras gráficas. Na súa opinión, o mundo tradicionalista católico do artista vaise esvaendo proporcionalmente ó crecemento do ideario nacionalista. Di que participa activamente na acción cultural das Irmandades da Fala e de *Nós* baixo o obxectivo común da recuperación da lingua, dun pasado heroico e na “idealización da vida rural e a tradición popular” como demostra nos gravados das obras de Cotarelo, Uxío Carré ou Cabanillas, e sempre baixo o maxisterio de

Vicente Risco. De aí, continúa, a potenciación do mito celta, do Santo Grial ou do Apóstolo Santiago nas coleccións “Lar”, “Céltiga” e “Nós” ou nas publicacións *Vida Gallega*, *A Nosa Terra*, *Galicia*, *Nós*, *Ser*, etc., así como nun poema da súa autoría publicado en 1930 en *A Nosa Terra* e nos gravados de *Lubicán* (1924), de Cotarelo e *O Fidalgo* (1925), de San Luís.

Tarrío Varela, Anxo, “Do enxebre ó bravú”, *Revista Galega do Ensino*, nº 21, “Colaboracións especiais”, novembro 1998, pp. 59-88.

Reflexión sobre o concepto de “enxebrismo” que xerou, segundo o autor, algúns dos debates “da nosa Historia”. Estudia con detalle os significados que se agochan detrás do termo, así como as relacións que mantén co chamado movemento “bravú”. Na súa opinión, o “enxebre” deixou paso, dende principios da derradeira década do século XX, ó “bravú”. Anxo Tarrío pretende achegarse ó concepto de “enxebre” a través da análise dalgúns textos literarios e ensaísticos. Comeza cunha explicación dos posibles significados que ten o termo en diferentes fontes como os diccionarios galegos modernos ou as definicións persoais do Padre Sarmiento, Dámaso Alonso e Xosé Luís Pensado, entre outros. Para o estudio do termo a nivel da súa utilización no discurso literario, recorre ó proceso de formación do nacionalismo galego e a continuación analiza as pegadas do termo nalgúns xornais como *O Tío Marcos d’a Portela*. A seguir, estudia o labor das Irmandades da Fala e dos homes do Rexurdimento; analiza os contidos da revista *Nós* e o labor dalgúns homes da cultura galega na súa loita por separa-lo galeguismo do “enxebrismo” e do “ruralismo”. Como conclusión, afirma que actualmente, “e dende hai xa algúns anos, practicamente ninguén bota man do termo *enxebre* para se referir a un comportamento, actitude ou pensamento que se supoñen netamente galegos”.

Tavares Maleval, Maria do Amparo, “Manuel Bandeira e os trovadores”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Estudios”, 2º semestre 1998, pp. 39-51.

Achéganos unha serie de datos biobibliográficos sobre Manuel Bandeira, un dos máis coñecidos poetas do Modernismo Brasileiro, ensaísta e historiador da literatura universal e nacional. A seguir, refírese ás súas obras, ás características destas e ós principais temas por el explorados. Comenta cómo este poeta brasileiro coñeceu os cancioneiros galego-portugueses e cómo, conxugando os medios e procesos expresivos tradicionais e as “conquistas” da poesía modernista, realizou certas incursións neotrobadorescas, que a pesar de non ser moi numerosas, tiveron unha gran repercusión entre os críticos. Reproduce e analiza algunhas destas súas composicións, sinalando aqueles aspectos nos que se achega e afasta do paradigma medieval.

Toro, Suso de, “A ver si ahora”, *Ajoblanco*, nº 107, “Especial Literatura. Galicia”, maio 1998, pp. 62-64.

Comenta que Galicia, en proporción ó seu tamaño e á súa poboación, produce moitos talentos literarios e expón varias razóns para explicar tal circunstancia. Realiza unha radiografía da situación actual da literatura galega, sinalando que aínda que esta gañou moito prestixio nos últimos anos, segue sen te-la confianza plena desta sociedade acomplexada. Refírese ós problemas existentes na nosa literatura, como son o feito de que esta se continúe ligando á ideoloxía política ou que se identifique coa disciplina docente do mesmo nome, a disputa existente polo territorio e a autoridade e a creación de asociacións de escritores mozos que se enfrontan a outra literatura anterior dominada por xente maior. Por último, dá o nome dalgúns escritores galegos, facendo algunha indicación da súa obra, denuncia a falta de ensaio e indica que o trazo máis relevante na nosa literatura é a aparición decidida de mulleres novas.

_____, “Seis libros que merece la pena leer”, *Ajoblanco*, nº 107, “Especial Literatura. Galicia”, maio 1998, p. 64.

Ofrece unha serie de notas sobre o contido e o tipo de lectura que pode encontra-lo lectorado, en seis libros pertencentes á literatura galega, dos que recomenda a súa lectura. Trátase de *Cousas* (), de Castelao; *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor; *Con pólvora e magnolias* (1976), de Xosé Luís Méndez Ferrín; *Vento Ferido* (1967), de Carlos Casares; *Un millón de vacas* (1990), de Manuel Rivas e *Ruido*, de Miguel Anxo Murado (1998).

Torres Feijó, Elías J., “Cultura, cultura galega e mundo lusófono em Valentim Paz Andrade. Alguns contributos”, *Agália*, “Estudos”, nº 51, outono 1997, pp. 297-336.

Comeza Elías Torres cunha alusión á autoridade moral de certos persoeiros do noso pasado cultural que impiden calquera réplica ás súas ideas. Presenta o artigo como unha tentativa de entende-las “evidências reintegracionistas” de Paz Andrade e estructúrao en tres apartados cronolóxicos: “Produçóm e concepçom cultural de Valentin Paz-Andrade no pré-guerra”, “O após-guerra civil: elaboraçom do córpus conceptual” e “O após-franquismo: práticas, convites e caminhos por percorrer”. No terreo da creación literaria fai mínimas alusións ó poemario *Sementeira de vento*, ó *Pranto matricial* e a *A Galeguidade na obra de Guimarães Rosa*. Finalmente, dedica cadanseu apartado específico do estudio ó poemario *Cen chaves de sombras* e a *Galiza lavra a súa imagen*.

Torres Queiruga, Andrés, “Hamlet e a realidade cunqueiriana”, *Encrucillada*, nº 108, “Recensións”, maio-xuño 1998, pp. 325/101-327/103.

Recensión sobre a obra de Anxo González Fernández, *Hamlet e a realidade cunqueiriana* (1995). Considera que Cunqueiro recibe na obra un tratamento á súa altura, ó lado de escritores como Shakespeare. Salienta que no libro non se estudia só a figura de Hamlet senón que aparecen tódolos personaxes cunqueirianos, así como as coincidencias e discrepancias co teatro grego, con Shakespeare, con Cervantes, etc.

Trigo, Xosé Manuel G., “Calzados Lola”, *Revista Galega do Ensino*, nº 19, “Recensións”, maio 1998, pp. 239-240.

Comentario sobre *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro. Describe a presencia na obra de dúas historias: unha que narra as circunstancias familiares e unha trama que roza a novela negra. Afirma que, estructuralmente, a novela se achega á modalidade cinematográfica e que, tanto os diálogos coma a presencia dun narrador cámara achegan a obra a un guión cinematográfico.

Tristán, Manuel, “Luces de Polémica. A lingua do CDG”, *Tempos Novos*, nº 11, “Voces e Culturas. Debates”, abril 1998, pp. 57-65.

Dá conta do debate organizado por *Tempos Novos*, para clarificar certas ideas da polémica xurdida por mor da representación de Valle-Inclán en castelán, por parte do CDG. Recolle así as intervencións dos seus participantes, a través das cales mostran a súa postura en contra ou a favor da mencionada representación en castelán, sobre o feito de que o faga unha compañía pública ou de cómo esta pode influír na normalización lingüística do país. Enumera os participantes no debate: os directores Eduardo Alonso, Manuel Guede, Xulio Lago e Cándido Pazó; os críticos Manuel F. Vieites -como moderador-, Camilo Franco e Chema Paz Gago; o profesor de Sociolingüística Henrique Monteagudo; a presidenta da Mesa Pola Normalización Lingüística, Concha Costas, e o neto do autor centro da polémica, Xaquín del Valle-Inclán.

Tristán, Pancho R., “De autores e periferias”, *Tempos Novos*, nº 12, “Voces e Culturas. Debate”, maio 1998, pp. 48-52.

Dá conta do debate organizado por *Tempos Novos* en Vilagarcía de Arousa, para o que se reuniron o escritor e editor Xosé Cid Cabido, o poeta Emilio Ínsua, os prosistas Aníbal C. Malvar e Camilo Franco e o autor dramático, director e actor Roberto Vidal Bolaño. Sinala que o título escollido para o debate “Centro e periferia na literatura galega”, e recolle a opinión dos escritores galegos mencionados sobre este tema e outras cuestións que alí se debateron, como foron a imposibilidade de que se normalice a literatura propia nun país non normalizado, o forte poder do ensino e a política das editoriais.

_____, “Encontro de escritores na Finis Terrae. Do que din os que escriben”, *Tempos Novos*, nº 14, “Voces e Culturas. Crónica”, xullo 1998, pp. 50-55.

Faise eco do Iº Encontro de Escritores na Finis Terra, que estivo dirixido por Suso de Toro e que reuniu a autores en lingua galega, portuguesa e española. Comenta que cada unha das sesións que tiveron lugar constaba dunha primeira parte na que un grupo de autores explicaban algunhas das súas ideas, e unha segunda, na que a discusión se abría a tódolos participantes do encontro. Dá conta das cuestións tratadas e das reflexións xurdidas durante as sesións de traballo realizadas, ademais de recolle-las declaracións dos participantes sobre as mesmas. Indica así, o que alí se falou da influencia das novas tecnoloxías no libro, do futuro do autor, dos motivos que levan ás persoas a escribir, das tarefas da literatura ou da importancia das literaturas periféricas nos tempos que se aproximan.

Tudela, Olivia, “Habería que convencer á xente de que Galicia existe como país”, *Eco*, nº 81, “Cultura”, febreiro 1998, pp. 70-71.

Conversa con Francisco Fernández del Riego na que o actual presidente da Real Academia Galega comeza por recoñece-los avances da cultura galega con respecto ó seu tempo e ofrece a súa opinión sobre o panorama político actual, no que recoñece varias tendencias galeguistas moi diferentes ás da fundación do antigo Partido Galeguista. Reflexiona tamén sobre a necesidade de “convencer á xente de que existe un país, que ese país ten unhas características propias” e de que a lingua siga viva no contexto rural. Como presidente da Real Academia Galega manifesta a súa preocupación polo tema do financiamento e expón a conveniencia de ter “unha base económica fixa” para que a Academia a aplique ás distintas áreas. Salienta o labor lexicográfico e lingüístico que desenvolve a institución e por último sinala que a súa pretensión é que “a Academia Galega estea, como institución cultural de Galicia, por riba de tódolos sectores partidarios e con total independencia para representar oficialmente a cultura do país”.

_____, “A cultura europea pasa por unha época de crise”, *Eco*, nº 83, “Cultura”, abril 1998, pp. 70-71.

Domingo García Sabell defínese nesta entrevista como “cultivador da antropoloxía cultural” e “lector ávido e constante, un pouco anárquico” e recoñece a importancia de varios dos seus amigos, como Ernst Jünger, Pierre Emmanuel ou Pedro Laín, que desempeñaron o papel de orientadores. Refírese tamén a súa función como presidente de Galaxia onde asumiu como obxectivo amplia-lo ámbito cultural de Galicia e declara que cómpre actualizar e subliña-la enorme dimensión europea de Galicia “fuxindo dunha mentalidade de corredoira folclórica”. Sobre o peso do Cristianismo no seu pensamento recoñece que despois de se formar na relixión católica, cando empezou a estudiar Medicina e sobre todo despois da súa estadía en Alemaña, as súas convicción sufriron unha crise que se reproduciu despois para se instalar nunha profunda crenza. Finalmente achega algunhas das súas conclusións sobre o home galego enfermo, tiradas do exercicio da Medicina e recoñece que “a diferencia entre o enfermo castelán e o galego consiste en que o primeiro é sempre testemuñal —indica os síntomas—; e o segundo é interpretativo —interpreta o que lle pasa— (...) Todo isto indica unha enorme riqueza psicolóxica nosa”.

_____, “Son un poeta que reivindica un mundo mellor”, *Eco*, nº 84, “Cultura”, maio 1998, pp. 70-71.

Como “poeta da ética e da reivindicación dun mundo mellor có que temos” e partidario dunha concepción que afonda no social, no amor e nos mitos antigos, é como se define Lino Braxe nesta entrevista. Sinala que se interesa por múltiples posibilidades de expresión como o cine, o teatro ou a radio e que os seus últimos achegamentos como actor son a peza *Memoria de Antígona* do CDG e unha obra da compañía Libreescena sobre “un grande mito da literatura de amor” que non quere desvelar. Sobre a súa etapa na radio declara que a abandonou porque non atopou proxectos que intentasen recupera-lo que a radio tiña de entretemento no pasado, que lle interesaban sobre todo os espacios creativos e lamenta que as emisoras en Galicia non están en mans de galegos. Non renega da consideración de “axitador cultural” e manifesta que se compromete co que lle dicta a súa conciencia. Por último fala dos seus proxectos entre os que se atopan os poemarios *O longo día acaba* e *Desolación*, ademais dunha exposición de poesía visual e poemas obxecto, un mundo que considera novo por ser “un intento de sintetizar nunha imaxe ou a través da reinterpretación dun obxecto, un concepto poético” e que relaciona cos haiku xaponeses.

_____, “Galicia será respectada en Europa”, *Eco*, nº 86, “Cultura”, xullo 1998, pp. 70-71.

Basilio Losada fala das orixes da licenciatura de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Barcelona e do éxito actual en canto a número de alumnos, profesores e actividades desta sección. Na súa evolución persoal e na súa dedicación a Galicia, recoñece a influencia de Ramón Piñeiro que exerceu sobre el o seu “maxisterio socrático” e tamén de Luís Seoane. Relata a súa experiencia como emigrante e fala do orgullo de toda a comunidade de galegos que residía en Barcelona ante a perspectiva de que el se convertese en universitario. Sobre a cultura galega actual considera que está “descompensada porque o que vai recuperando en expresión culta vaino perdendo en creación cultural de raíz galega” e valora a desaparición do tradicional complexo de inferioridade que servirá para integrar a Galicia como país na futura Europa. Por último comenta a escasa iniciativa de Portugal nas súas relacións co mundo cultural galego e sinala que “Portugal necesita tanto a Galicia como Galicia necesita a Portugal”.

_____, “En Galicia a memoria histórica non existe”, *Eco*, nº 87, “Cultura”, agosto 1998, pp. 70-71.

Daniel Cortezón relata que comezou a escribir moi novo ensaios en castelán e que posteriormente aprendeu o galego e publicou a súa primeira obra, *As covas do rei Cintolo*, á que lle seguiu *Nicolas Flamer*. Sinala que foi a crítica a que se empeñou en clasificalo como dramaturgo, aínda que el se considera máis novelista, e que ten tan só unha novela editada, *A vila sulagada*, que recibiu o Iº Premio Blanco Amor, e moitos relatos inéditos. Sobre a súa concepción do teatro histórico indica que “ese teatro debe estar vencellado á evolución política, e polo tanto económica, da sociedade”, e que intenta mostrar na súa obra os momentos cruciais nos que a historia de Galicia se revela como fracaso absoluto e de aí parten as súas obras *Prisciliano*, *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, *Crónica de Enrique IV*, a triloxía *Pedro Madruga*, *Os Irmandiños*, a inacabada *Os vilaos de Allariz* e a tetraloxía *Castelao ou a paixón de Galicia*. Considera que en Galicia non existe a memoria histórica e que, como home de esquerdas, lle importa a xustiza social. Finalmente sobre a polémica aberta pola representación en castelán de obras de Valle Inclán polo CDG opina que “se o Centro Dramático Galego se creou para facer montaxes en galego, hai que representar as obras en galego (...) ata *Divinas palabras*, o teatro de Valle Inclán apóiase intensamente no galego. A partir de *Luces de Bohemia* (...) Valle Inclán era

xa demasiado grande para cinxirse unicamente ós temas galegos. Pero ninguén pode negar (...) a galeguidade intrínseca, íntima, profunda, salvo o problema idiomático, en Valle Inclán".

_____, “Inflúese menos nas linguas do que se pensa”, *Eco*, nº 89, “Cultura”, outubro 1998, pp. 70-71.

Xosé Luís Pensado comeza falando nesta entrevista sobre a situación dos estudios galego-portugueses na Universidade de Salamanca e aclara que existe unha cátedra de Filoloxía Portuguesa que ten un lectorado de galego. Fala de discípulos seus como Alonso Montero, ó que considera cunha personalidade tan grande que cre que “ninguén influíu nel, a non ser el mesmo”, do seu mestre Dámaso Alonso e dos traballos que compartiu con el. Na actualidade confesa que está a revisar diccionarios galegos e tras escribir un estudio sobre o de Francisco Javier Rodríguez está a face-lo propio co de Juan Cuveiro, no que percibe unha forte tendencia castelanizadora. Manifesta a súa admiración pola obra do Padre Sarmiento, de quen editou as súas obras, e sinala que nel descubriu “o galego case virxe”. Sobre o futuro do galego considera que non se pode predici-la súa evolución porque “os idiomas dependen dos falantes, e os falantes fan o que lles dá a gana, dependendo do interese que teñan en falar”.

VV. AA., “Poesía”, *Madrygal*, nº 1, “Creación”, 1998, pp. 123-137.

Baixo o epígrafe de “Poesía”, recóllese neste apartado de “Creación” unha serie de composicións poéticas de diferentes autores en galego e castelán, aínda que hai algunhas que aparecen nas dúas linguas. Entre as composicións que se rexistran en lingua galega, están tres poemas de Vicente Araguas, que os presenta baixo o título “Despois de ler *La Ondina del Manzanares* de Lola Velasco”; varios poemas de Xavier Frías Conde, baixo o encabezamento de “Xeitos de outono”; dúas pezas poéticas de Luís González Tosar¸ que aparecen en galego e castelán e que pertencen á obra, *Campanas de recalada* (1992); unha composición de Arcadio López-Casanova; “Dous poemas”, de Julio Reija; o poema “Reflexión”, de Florencio Santos Ximena, que está en galego e castelán; e “Tres poemas con mar”, de Daniel Moisés Sáez, que tamén se reproducen nas dúas linguas mencionadas. Trátase, en xeral, de composicións que conteñen unha métrica e unha estructura moi diversa e que, á súa vez, tamén son dispares en canto á súa temática, aínda que aparecen moitos dos elementos temáticos máis recorridos na poesía, como son o amor, a figura da muller, os anos perdidos ou a devoción á figura materna.

VV. AA., “Narrativa”, *Madrygal*, nº 1, “Creación”, 1998, pp. 139-142.

Dentro deste apartado de “Narrativa”, preséntanse os relatos “A postal de Marta”, de Marcos Alcaine Soto e “O día anterior”, de Víctor Izquierdo Mora, que aparecen tanto en castelán coma en galego, sendo a versión nesta última lingua, revisada por Ana Acuña. Nárrase no primeiro dos relatos indicados a historia dun mozo que, sendo consciente de que a súa moza non o quere, espera a súa chegada pensando qué facer cunha postal da Illa da Toxa e dubidando se lla debe enviar á súa moza, a quen deixa marchar sen chegar a falar con ela. Mentres que, no segundo, relátase a incerteza dun rapaz ante a ledicia que mostra moita xente e o seu pai, que estando moi ocupado nun traballo que ten que realizar, lle manda facer uns encargos para a execución do mesmo. Non saberá o motivo polo que andaban as cousas tan raras ata o día seguinte, no que descobre que se ían executar a tres homes. Tratábase dun día que sería para sempre sinalado por unhas cantas persoas que lle chaman “cristiáns”.

VV. AA., “Gallego”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, nº 3, 1998, pp. 115-127.

Ábrese o apartado destinado ás colaboracións galegas nesta *Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, cunha ilustración de Diego Fabeiro Rey, titulada “Lendo a Platón”. A seguir recóllense as composicións de Fermín Bouza “Un só punto de luz que cruzase no escuro” e “Imos perdendo o humor, amor”; de Vicente Araguas “A chuvia en Nantes” e “M-516”; de Miro Villar “Tempus fugit (II)” e “Ecos (Y)”; de Luísa Villalta “Estudo das sombras” e de Roberto Abuín “Profundidade Primeira (parello do círculo de pedra)” e “Profundidade segunda (parella coa incógnita onírica da morte)”.

VV. AA., "*Trasatlántico*. I Encontro de Escritores na *Finis Terrae*. Santiago-Muros, 26-27 de xuño de 1998", *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, "Encontros", 2º semestre 1998, pp. 87-108.

Con motivo da celebración do Iº Encontro de Escritores Trasatlántico, que tivo lugar en Louro (Muros) o 26 e 27 de xullo de 1998 e no que participaron certos escritores das literaturas peninsulares, móstrase a seguir unha serie de artigos que recollen o contido da súa intervención.

-Anxo Abuín González, "Presentación. Escribir (n)o futuro: Tarefas da literatura ante o novo milenio", pp. 87-89.

Ocúpase Anxo Abuín de presenta-lo Iº Encontro de Escritores Transatlántico, que se celebrou en Muros e que tivo como temas de reflexión: o futuro do libro, a morte do autor, o papel do lector e a función e sentido da escritura na fin de milenio. Indica, ademais, que os artículos que se reproducen a continuación, son mostra desa reflexión, xa que neles se dá conta da irrupción dun concepto de literatura interactiva, da globalización e do optimismo dos escritores ante a posible fin da literatura.

-Yara Frateschi Vieira, "Reflexões sobre a literatura na fronteira do novo milênio", pp. 89-91.

Cando se está chegando a un novo milenio, e se tende cara a un “eventual” sistema literario globalizante e se circula no chamado “espaço cibernético”, analiza a cuestión do lugar reservado para as literaturas minoritarias e para as literaturas en linguas minoritarias. A pesar de mencionar certos elementos negativos que lles afectarán a esas literaturas, tamén expón que non ten unha visión apocalíptica do futuro do que hoxe se chama literatura. Indica por último que manterse abertos ó contacto heterodoxo das diversas vías de acceso á literatura é recomendable para o porvir da especie literaria, xa que constitúe “um potencial de experiência literária mais íntegra e vital”.

-Francisco Alvim, “Tarefas da literatura na fin de milenio”, pp. 91-92.

Sinala que a tarefa da literatura de aquí para diante é, en primeiro lugar, non perde-lo sentido e a grandeza que lle viñeron do pasado, e en segundo lugar, ensinar, mais un ensinar moi especial: “que fosse essencialmente um desaprender”. Coa finalidade de intentar demostrar esta súa tese, da que se considera o primeiro en recoñecela como “insubsistente”, reproduce unha serie de composicións de seis poetas e un prosista, de diferentes épocas do seu país.

-João de Melo, “A Literatura no fim do milénio”, pp. 92-94.

Comenta João de Melo o que é escribir para el e que non é bo sabe-la finalidade da “Literatura”, nestes días derradeiros de fin de milenio. Sinala que o que si sabe con seguridade é que o libro debe regresar ó sentimento e ó imaxinario do mundo e dos tempos de hoxe. Indica ademais, que o século XX ficará na historia non por se-lo século do pesimismo e da crise, e que o carácter libertador da palabra posúeo a “Literatura”. Reproduce a seguir unha composición poética da súa autoría, titulada “Poema galego”.

-Lídia Jorge, “Complexo de Pompeia”, pp. 94-96.

Expón que actualmente se está dando unha situación “cruzada e irónica” xa que, mentres semella que a “cidade literária” está sendo ameazada, por outra parte, os escritores máis “criativos e irrequietos” son os que máis se refiren ó sentimento do cambio do paradigma civilizacional, dentro do cal a Literatura constituía un centro privilexiado de irradiación de “Cultura”. Comenta tamén que o rumor que está escondendo á “Literatura”, é a penas un grao notable da mesma contradicción que sempre a afectou, manifestando, polo tanto, que os rumores do futuro non deberían amedrentar máis do razoable e que este presente, en que tódolos bens son cuestionados incluíndo a “Literatura”, é profundamente ficcionable.

-Manuel Hermínio Monteiro, “Abrir Muros”, pp. 96-97.

Enumera os aspectos positivos do Iº Encontro de Escritores Trasatlántico, salientando de entre eles, as conversas particulares, o intercambio de informacións ou o posterior envío mutuo de libros e de noticias. Refírese ós debates establecidos, sinalando que non lle parece grave que non fose posible extraer unha conclusión de fondo, nin que sequera unha idea magnamente identificadora teña predominado en tódolos debates. Tamén apunta que non cre que as novas tecnoloxías constitúan para os escritores a “besta do Apocalipse” do próximo milenio e espera o novo encontro, se se chega a realizar.

-Elsa Osorio, “Tarefas da literatura na fronteira do novo milenio”, pp. 97-98.

Céntrase en demostrar que a verdade da práctica literaria está no escribir, xa que aínda que o mundo, os soportes materiais, os modos de producción ou os gustos dos lectores muden, o que nunca cambiará

será o desexo de escribir. Considera polo tanto, que na linguaxe e no desexo de escribir radica “a nosa tarefa fundamental na literatura, na fronteira do novo milenio... e dende sempre”.

-Suso de Toro, “Máis que nunca”, pp. 98-100.

Manifesta que a literatura é precisamente memoria e que para falar dela, fai falla silencio, xustamente o que os “media” eliminaron, xa que a súa esencia é o ruído. Seguindo coa comparación destes dous termos, sinala que mentres que a literatura escrita resulta ser hoxe claramente ancilar, no mundo mediático estase dando toda a vida social. A pesar disto, apunta que canto máis se consolidan os “media”, máis se precisa da función da literatura.

-Xosé María Álvarez Cáccamo, “Tarefas da literatura na fronteira do milenio”, p. 100.

Ofrece unha serie de comentarios sobre a “Literatura”, que define como “ese río indivisíbel”, que atravesará a fronteira do milenio sen balbordo catastrofista nin barafunda de falsa exaltación. En relación coas “Literaturas periféricas”, considera que a súa función estética e ideolóxica pode ser decisiva para o éxito deste “incruento combate sen programa”.

-Miguel Anxo Murado, “A cultura do libro”, p. 101.

Opina Miguel Anxo Murado que moi lonxe de esta-lo libro ou a lectura nun estado de perigo, vivimos no mundo dos textos escritos. Sinala que o que chamamos “novas tecnoloxías” certifican isto, posto que tanto un ordenador coma un libro son uns soportes de texto que non se contradín, senón que se

complementan. Apunta ademais, que aprender a ler é o maior esforzo intelectual que debemos facer na nosa vida, e que non comparte as teses milenarias sobre o futuro do libro, xa que incluso cre máis no contrario, no "cárcere de papel que pode chegar a ser o libro para os que o amamos".

-Raúl Dans, "Suxestións e sutilezas", pp. 102-103.

Comenta o que para el supuxeron estes "Encontros na Finis Terra" e o "inaprensibeis" que lle pareceron cada unha das palabras que conformaban o epígrafe sobre o que debería reflexionar para dito evento, "Tarefas da Literatura na fronteira do novo milenio". A seguir, caracterízase a el mesmo, chegando a definirse coma un "xerme dun autor teatral", e relata algunhas das súas non moi agradables experiencias por dedicarse ó teatro, un xénero que se sitúa por detrás da narración e da poesía. Conclúe meditando sobre o teatro e afirmando que nel, o "verdadeiro creador é o autor, o poeta".

-Miquel de Palol, "*Trasatlántico*, encontro de escritores", pp. 104-105.

Encomeza declarando que, ó mellor, a literatura non é máis que a arte de dici-lo que xa dixeron os demais, para logo indicar que se limitámo-la mirada ó terreo literario, existirán elementos narrativos ademais de na novela e no conto, na poesía, no teatro ou no ensaio, se así o desexa o autor. Relacionado con isto, mais xa por riba do feito literario, sinala que o pensamento do individuo pode traducirse nunha sentencia que xenericamente se pode cualificar de narrativa. Comprobando polo tanto que o narrativo non se circunscribe especificamente á literatura, manifesta que o exclusivo desta é o humor e a mentira, e probablemente máis cousas, que son consubstanciais coa súa natureza pensante e discursiva.

-Chus Pato, “Preocupacións cara ao milenio”, pp. 105-106.

Fai unha serie de consideracións sobre o termo “milenio” e a perduración da lingua que escolleu como literaria, para de seguido mostra-lo seu desexo de escribir sen ignora-lo seu xénero. Ofrece tamén unha serie de apuntamentos sobre a “Lírica”, centrándose no suxeito da súa enunciación, ó que lle confire a capacidade de ficcionalidade e de construcción, xa que se isto non fora así, negaríaselle á lingua o proceso de verdade que “desfetichiza” as palabras.

-Gustavo Martín Garzo, “Querido forzudo”, pp. 106-108.

Reflexiona sobre a historia dos forzudos, que por terlle fallado ós demais agora estaban purgando a súa falta mostrando a súa forza en espectáculos, como lles pasara a Sansón cando destruíra o templo sobre a cabeza dos filisteos ou a Hércules nos seus célebres traballos. Sinala que calquera neno do seu tempo sabía quén era Sansón ou Hércules, xa que vivían inmersos na cultura do relato, que considera que actualmente está ameazada. Por esta última razón, afirma que é importante a literatura, posto que se ten unha tarefa que cumprir nesta fin de milenio, esta non poder ser outra, que renovar ese “humus” que é o verdadeiro alimento da nosa imaxinación.

VV. AA., “Antoloxía da poesía nova”, *Grial*, nº 140, Tomo XXXVI, outubro novembro-decembro 1998, pp. 763-795.

Recolle poemas de Chus Pato, Arturo Casas, Manuel Outeiriño, Fran Alonso, Helena de Carlos, Xavier Cordal Fustes, Anxos Romeo, Rafa Villar, Lupe Gómez, Estevo Creus, Olga Novo, Yolanda Castaño e Emma Couceiro.

Valcárcel, Marcos, "*Sombras no Labirinto* de Francisco X. Fernández Naval", *Raigame,* nº 7, novembro 1998, pp. 38-43.

Reproducción do texto lido na presentación de *Sombras no labirinto* (1997), de Francisco X. Fernández Naval. Reflexiona Marcos Valcárcel sobre a responsabilidade do lector ante os libros para xustificar unha lectura persoal da novela. Así, destaca o tratamento da paisaxe e o protagonismo da mesma na obra. Salienta a memoria como segundo fío conductor da novela e cita obras de Otero Pedrayo, de Fernández Ferreiro e de Julio Llamazares porque entende que conectan co mesmo mundo espiritual de *Sombras no labirinto.*

Valcárcel, Xulio L., “Notas para unha autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Creación”, 2º semestre 1998, pp. 145-161.

Ademais de ofrecer certos datos sobre a biobibliografía de Xulio L. Valcárcel, recóllense baixo o encabezamento de “Notas para unha autopoética”, algunhas das súas reflexións sobre o fenómeno poético e sobre as composicións que a seguir se reproducen e que se agrupan baixo o título de “Prisma con frecuencia”. Trátase dunhas serie de composicións, nas que deixa latexa-los sentimentos provocados polo paso inexorable do tempo, a soidade, o amor, a destrucción ou a morte.

Varela Cabezas, Rodrigo, “O diálogo en *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Estudios”, 1º sementre 1998, pp. 65-82.

Logo de ter afirmado que o diálogo é a forma discursiva fundamental do xénero dramático, establece unha breve aproximación ó concepto máis amplo de diálogo lingüístico e presenta os trazos fundamentais do diálogo dramático. A continuación, adéntrase no estudio do diálogo na obra de Rafael Dieste, *A fiestra valdeira*, chegando a afirmar que o predominio da situación interlocutiva básica, o xogo entre dous bloques diferenciados, a importancia da función conativa e a abundancia dos deícticos con valor performativo, fan dela unha obra na que o “diálogo equilibrado e coidadosamente construído acada unha importancia decisiva”. Finalmente, referíndose á unidade semiótica do diálogo dramático, apunta que na mencionada peza se percibe unha mensaxe única coherente coa mentalidade do seu autor: “entender a vida e a arte coma un todo”.

Vázquez Vázquez, Mª Mercedes, “Teatro galego no Círculo de Bellas Artes”, *Madrygal*, nº 1, “Crónica”, 1998, pp. 117-118.

Refírese á celebración do IIº Festival de Teatro, que tivo lugar entre o 21 de outubro e o 13 de decembro de 1997, e que foi organizado pola Fundación Argentaria en colaboración coas Comunicades Autónomas de Andalucía, Galicia e o Goberno de Canarias, xunto coa Sociedade Canaria das Artes Escénicas e da Música. A seguir comenta algunha das reflexións que lle suxeriron os dous espectáculos galegos representados: a merma producida pola traducción realizada en *La Parranda (A Esmorga)*, que foi escenificada por Sarabela Teatro; e o “folclorismo” ó que se refire o Centro Dramático Galego, que participou como colaborador especial, no breve programa de man de *O peregrino errante que cansou ó demo*. Finalmente, descúlpase por só tocar estes aspectos aparentemente negativos destes espectáculos, e felicita a celebración deste tipo de eventos.

Vega, Rexina R., “A *Disparition* de Georges Perec: os efectos lingüísticos e estilísticos do lipograma en “e” na súa traducción ó castelán e galego”, *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 4, “Traduccións xustificadas”, 1998, pp. 163-186.

Coméntase a xénese do grupo OULIPO (Obradoiro de Literatura Potencial), xa que Georges Perec compuxo *Disparition* seguindo os dictados deste grupo, polo que a obra carece da letra “e”. De seguido, Vega comenta as implicacións estructurais, argumentais e lingüísticas que ten esta escolla e as graves dificultades que se presentan ó traduci-la novela ó castelán (labor en que ela participou) e ó galego. Conclúe que a traducción ó galego é menos problemática, polo que anima a que se emprenda.

_____, “Laura Tato Fontaíña. *Teatro galego 1915-1931*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 239-243.

Principia manifestando o seu recoñecemento ós estudiosos do teatro que lle prestaron atención a este xénero en Galicia despois de anos á marxe desta manifestación. Neste sentido cita a Manuel Lourenzo, Francisco Pillado Mayor, Laura Tato, Henrique Rabunhal, Manuel Vieites ou Camilo Fernández. Emprende a continuación o comentario do estudio *Teatro galego 1915-1931* (1997), de Laura Tato e pon de relevo a súa importancia. Repasa o contido e a estructura, salienta a súa dimensión sociolóxica e louva a problematización dos límites cronolóxicos do Conservatorio Nacional de Arte Galega e a Escola Dramática Galega. Considera que en conxunto se trata dun estudio necesario e rigoroso pero detecta certa simplificación no tocante á avaliación da producción teatral propiamente dita, xa que Laura Tato presenta a producción dramatúrxica galega dividida en teatro culto e teatro popular. A este respecto Rexina R. Vega cre que a distinción é excesivamente nidia, xa que obvia a apreciación de camiños intermedios que “desde o teatro de orientación popular contribuíron tamén á creación dun teatro nacional”.

Ventura, Joaquim, “Manuel Rosales.*A narrativa de Castelao*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 244-246.

Recensión de *A narrativa de Castelao* (1997), de Manuel Rosales, que se inicia coa alusión a algunhas das teses de doutoramento sobre membros da “Xeración Nós”, entre elas a de Manuel Rosales. A continuación describe a estructura e indica que o libro está destinado a un público erudito, coñecedor previo da obra de Castelao. Cualifica a análise de Rosales como “disección de cirurxán” e pregúntase se a narrativa de Castelao “dá para unha tese de doutoramento sen ter que recorrer a unha análise tan polo miúdo”. Tamén se amosa discrepante co feito de elevar á categorización a presencia de determinadas figuras estilísticas e considera que a estructura do libro é apriorística e non lle queda claro se para Rosales Castelao era tradicionalista por ser nacionalista ou se era nacionalista por ser tradicionalista. Cre que tampouco innova na presencia do elemento autobiográfico na obra de Castelao, opinando neste sentido que o rianxeiro “nunca pensou en facer dos seus textos un espello do seu percurso vital senón máis ben un depósito das súas experiencias”. Por último refírese ó ben abordado tratamento do humorismo de Castelao e, no tocante á análise teórica e formal dos contos, bota en falta unha referencia mínima á poética do conto de Rafael Dieste. Cualifica finalmente a obra de Rosales como “unha boa ferramenta de traballo”.

Vidal, Engracia, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada*, nº 106 (xaneiro febreiro), nº 107 (marzo-abril), nº 108 (maio-xuño), nº 109 (setembro-outubro), nº 110 (novembro-decembro), 1998, pp. 96-100, pp. 216/116-218/118, pp. 334/110-336/112, pp. 439/103-440/104 e pp. 534/94-536/96, respectivamente.

Ofrece breves comentarios das novidades editoriais que chegan á redacción da revista. No nº 106 recensiónanse moi sucintamente o *Diccionario da Literatura Galega II: Publicacións periódicas* (1997), coordinado por Dolores Vilavedra; *La catedral y el niño*, de Eduardo Blanco-Amor; *Ningún camiño* (1997), de Román Raña; *Ferroláns en Cuba*, de Guillermo Llorca Freire; *Vinte anos trobando coa cultura*, de Amancio Liñares Girault; *Medicina popular e antropolóxica da saúde (Actas do Simposio internacional en homenaxe a Don Antonio Fraguas)*, de VV. AA. e *Luís Seoane: Textos sobre arte*, de Lino Braxe e Xavier Seoane.

Vieites, Manuel F., “De la brevedad como maldición a la brevedad como elección. Apuntes sobre la dramática breve gallega”, *Art Teatral. Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 65-71.

Emprende un percorrido pola historia do teatro galego partindo da consideración da creación dramática e da realización teatral como dous ámbitos que mostran con claridade a proxección social da lingua galega. Engade ademais a idea da conexión entre a historia de Galicia e a historia do seu teatro e comeza anotando a existencia en Galicia dunha dramaturxia popular que se baseou na representación de pezas breves e de carácter cómico ó abeiro do Antroido, do ciclo de Maio ou do Nadal. A continuación fixa a existencia de dúas liñas predominantes na dramática breve galega: a tradicional e a contemporánea, que supoñen tamén dous tipos de brevidade: unha imposta e outra voluntaria. Logo de cita-la etapa rexionalista apunta o pulo universalizador da man de Antón Villar Ponte, Ramón Otero Pedrayo e Álvaro de las Casas. Prosegue co período da dictadura franquista no que cita, entre outros nomes, a Álvaro Cunqueiro, Xenaro Mariñas del Valle, Eduardo Blanco-Amor, Bernardino Graña, Manuel Lourenzo e Euloxio Rodríguez Ruibal. Na parte final do artigo resalta a transcendencia que tivo a colección “Cadernos da Escola Dramática Galega” e remata comentando a ausencia de estructura teatral propia na Galicia actual.

_____, “¡Esto non é serio, señores!”, *Tempos Novos*, nº 8, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xaneiro 1998, p. 80.

Expón toda unha serie de razóns polas que considera que a gratuidade da xira que acaba de realizar Uvegá Teatro, baixo o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña, parece ser inoportuna. Opina que a sinalada institución ten ó seu alcance outras maneiras de promove-la celebración de actos culturais e que a educación do espectador empeza por facerlle entender que o teatro é unha actividade artística que ten diversos custos e que, co pago da entrada, se contribúe ó seu progresivo financiamento. Sobre o espectáculo representado, *Magnetismo*, ofrece unha serie de comentarios, apuntando que nel a estética do novo realismo é unha lousa que impide explorar esas outras realidades que as palabras sempre ocultan.

_____, “Xaime Quintanilla (1898-1936). ¿Un centenario para o esquecemento?”, *Tempos Novos*, nº 9, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, febreiro 1998, p. 77.

Sinala que a pesar de que nas obras de Laura Tato Fontaíña, *Teatro e nacionalismo* e *Teatro galego. 1915-1931* (1997), se contribuíu a rescata-la figura de Xaime Quintanilla, aínda non recibiu esta, os merecementos requiridos para ser recuperada e valorada na súa xusta medida. Analiza as razóns do esquecemento deste escritor fusilado no 36 e apunta que, fora como for, o silencio da Real Academia Galega pode interpretarse como un “inxustificado desprezo” cara á traxectoria dun home que tanto axudou, dende *Céltiga* ou *El Correo Gallego*, ó desenvolvemento das nosas letras. Indica ademais que foi un dos verdadeiros promotores daquela primavera teatral que Galicia viviu entre 1916 e 1936 e que, xunto con Villar Ponte, acariñaba a idea de crear un teatro nacional asentado nunha profunda transformación da escrita e das realizacións escénicas. Reclama finalmente que neste ano, cando se vai cumpri-lo centenario do nacemento deste dramaturgo autor das pezas *Alén* e *Donosiña*, se recupere a súa memoria

_____, “¿En que país vivimos?”, *Tempos Novos*, nº 10, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, marzo 1998, p. 75.

Manuel F. Vieites indica que a pesar de que a situación do teatro en Cataluña é diferente á existente en Galicia, o teatro galego está alcanzando niveis de calidade sorprendentes, polo que é agora cando precisa do público galego e do apoio decidido de institucións, organismos e entidades que se autodenominan “galegas”. Refírese ó malestar que lle provocou o feito de que a Televisión de Galicia non fixera alusión á estrea da representación que o Teatro do Atlántico realizaba en homenaxe a Lorca, cando pola contra lle dedicaba, o mesmo día, unha ampla reportaxe á estadía en Vigo da “compañía de variedades” La Cubana. Reclama, polo tanto, as mesmas medidas promocionais para tódalas compañías de teatro e declara que, apostar polo noso teatro, é apoia-la nosa economía e defende-lo crecente número de postos de traballo que está xerando.

_____, “Agustín Magán é todos nós”, *Tempos Novos*, nº 11, “Opinión”, abril 1998, p. 12.

Sinala que a traxectoria teatral de Agustín Magán, nado e recentemente falecido en Compostela, quedará unida para sempre ó camiño andado polo grupo Ditea, xa que o dirixiu dende a súa creación en Compostela no 1960. Dá conta do repertorio deste grupo ó longo dos anos e salienta a súa adopción do galego como lingua vehicular no ano 1969, trala representación da peza de Plauto, *A comedia da oliña*, que versionara Aquilino Iglesia Alvariño. Remata facendo unha semblanza de A. Magán, centrándose no seu labor realizado no teatro afeccionado, que o fixo merecente do Premio Marisa Soto, e na súa elaboración de textos dramáticos, pois ademais das múltiples versións e adaptacións que realizou, tamén deixou textos da súa autoría, como a obra *Os revertes* (1993), coa que obtivo no ano 1990 o Premio Álvaro Cunqueiro.

_____, “Apocalipse no Principal”, *Tempos Novos*, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, nº 18, novembro 1998, p. 67.

Realiza Manuel F. Vieites unha reivindicación do “sentidiño”, motivada polo malestar que lles provocou a algunhas persoas a súa asistencia á estrea do espectáculo *Valle 98*. Fronte a toda polémica e á división xurdida por mor de tal espectáculo, sinala que mañá todo se olvidará, e que o bo sería que as xentes de teatro de Galicia entendesen que aínda é posible retomar vellas propostas, iniciar proxectos intuídos hai ben pouco, que son necesarios e transcendentais “para a estabilidade, para ser, para medrar”. Sinala ademais que houbo espectáculos en galego que, pola súa ínfima calidade ou falta de profesionalidade, lle causaron ó noso teatro tanto ou máis dano do que lle pode orixinar este representado polo CDG.

_____, “Sen présa... sen pausa... camiño de ningures”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 211-216.

En catro apartados, Manuel Vieites repasa a producción de 1997 sobre teatro galego, lamentando, nunha pequena introducción, o crecente desamparo no que están quedando os dramaturgos galegos fronte ó sistema editorial e ás compañías de espectáculos. No primeiro analiza as novidades, centrándose en *Teatro para se comer*, de João Guisan, *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo e *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro. No segundo, dedicado ás reedicións, nomea *A festa da malla*, de Antón Villar Ponte, *Donosiña*, de Xaime Quintanilla, estreada en 1920, e *O bufón d'el-Rei*, de Vicente Risco. No terceiro apartado salienta as páxinas de creación da *Revista Galega de Teatro* e dúas versións de clásicos traducidos: *As alegres casadas* e *Fausto*. Repasa, finalmente, no cuarto e derradeiro apartado, a producción ensaística, destacando estes títulos: *Teatro galego 1915-1931*, *Manuel Lourenzo. Vivir para o teatro* e *Teoría e técnica teatral. Unha introducción*.

Vilaboi Freire, Pilar, "*Camiño de sirga*", *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 4, "Críticas e recensións", 1998, pp. 211-215.

Comeza Pilar Vilaboi dando conta da traxectoria narrativa de Jesús Moncada, con motivo da traducción ó galego da súa novela *Camiño de sirga*, realizada por Xabier Rodríguez Baixeras en 1997. Tras gaba-lo seu equilibrio estructural, resume o argumento de cada unha das catro partes e do epílogo en que se divide a obra. A seguir, destaca a importancia que teñen neste texto a linguaxe e o ritmo. Critica algunhas escollas léxicas, morfosintácticas e fraseolóxicas, alén doutros erros que quizais sexan obra dos revisores lingüísticos da editorial ou simples erratas. En conxunto, a traducción parécelle demasiado apegada ó catalán do orixinal.

Vilavedra, Dolores, “A narrativa galega, na procura de novos camiños”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 195-201.

Comeza por se referir, nesta panorámica da narrativa publicada en 1997, ás obras que resultaron gañadoras dos principais premios entre as que recoñece a súa variedade e calidade. Comenta en primeiro lugar *Magog* (Premio García Barros), de María Gándara á que considera unha digna continuadora da estirpe de novelas históricas. Valora, ademais do tratamento de episodios do pasado, o afondamento na calidade humana dos personaxes. En *Manancial* (Premio Xerais), de Xavier Manteiga, salienta a práctica das leis do absurdo por parte do autor e a multiplicidade de referencias cinematográficas. Recoñece a solidez da proposta metaliteraria de Xosé C. Caneiro, *Un xogo de apócrifos* (Premio Torrente Ballester 1996), e refírese á evolución de Suso de Toro coa publicación de *Calzados Lola*, onde segue amosando o seu dominio de diferentes puntos de vista e voces narrativas. Fala tamén dos textos merecentes do Premio Café Dublín en 1995, 1996 e 1997 que son, respectivamente, *Noites de papel*, de M. Lourenzo González, relatos de fasquía realista; *Bágoas de facer illas*, de Anxo Angueira, unha novela que constrúe “un caleidoscopio tridimensional” e a novela *Sarou*, de Ramón Caride na que recoñece un excelente ritmo narrativo malia “o manido do tema”. Para rematar este apartado de premios menciona *Terra queimada*

(Premio Carvalho Calero, de Ferrol), de Xesús M. Marcos e salienta o atraente espacio literario, Esperante, e o deseño dos personaxes. A seguir comenta as contribucións de narradores xa coñecidos, como Xesús M. Valcárcel con *Os ollos da sentinela*; Xosé Fernández Ferreiro con *Co medo nas mans*, obra na que destaca a importancia da tradición oral; Xosé Cid Cabido coa súa proposta evidencialista *Oralmente pola boca*; Xoán Ignacio Taibo con *A ponliña irlandesa*, na que percibe un distanciamento irónico; Xosé Ramón Pena coa crónica xeracional *A era do Acuario*; Francisco Fernández Naval con *Sombras no labirinto*, onde destaca a desolación que produce a soidade e a técnica de suma de cadros de Lois Diéguez en *Henriqueta na galería*. Entre as propostas de autores pouco habituais na narrativa menciona a *A pedra bezoar*, de Emilio Valadé, que ficcionaliza criticamente a realidade; *As armas delicadas*, de Estro Montaña, un conxunto de relatos "de fortuna desigual" e *Teoría de xogos*, de Luisa Villalta, un título que permite a lectura en moi diversos planos. No espacio dedicado ós novos narradores apunta a aparición de *Morgado*, de Ramón Loureiro; *Carne de can*, de Isidro Novo; *Vida e morte das baleas*, de Antón Castro e *Ollos de anxo da morte*, de Francisco Antonio Vidal. Finalmente valora a aparición da colección "Descuberta" de Galaxia, que deu a luz tres títulos da autoría de Manuel Núñez Singala, *Mar de fondo*; Uxía Casal, *Saturno tamén é Deus* e Xerardo Quintiá, *Finísimo pó nas ás*, que "certifican a pluralidade estética" desta colección. Menciona tamén os volumes colectivos *Novo do trinque* e *Premio 1997 de relato e poesía Universidade de Vigo*.

_____, “El teatro gallego después de 1975: una incipiente madurez”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, nº 5, 1998, pp. 297-311.

En catro apartados —“Las inevitables cuestiones previas”, “Criterios para una periodización: la herencia de Abrente”, “La generación de 1980” e “La generación de los 90”—, Dolores Vilavedra estudia a traxectoria do teatro galego no derradeiro cuarto deste século. Sinala algúns factores que perturban o estudio desta época: a publicación demasiado tardía dalgúns textos, a non publicación dalgúns outros levados a escena. Analiza as iniciativas editoriais destes anos, así como os distintos premios teatrais que foron aparecendo. Fala tamén da pouca crítica teatral que hai a nivel periodístico. Detense tamén no estudio da obra de Euloxio R. Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño. No correspondente á decada dos 80, céntrase na producción de Miguel Anxo Fernán-Vello, Inma Souto, Luísa Villalta, Henrique Rabunhal, Xesús Pisón e Antón Reixa, entre outros. Na xeración dos 90 préstalle atención, sobre todo, ó teatro de Cándido Pazó, Miguel Anxo Murado, Xavier Lama e Raúl Dans.

_____, “¿Saramago galego?”, *Tempos Novos*, nº 18, “Horizontes. Cultura”, novembro 1998, pp. 50-51.

Logo de facer unha serie de consideracións relacionadas coa consecución do Premio Nobel por parte de José Saramago, sinala que este feito ofrécelle a algunhas persoas, víctimas dun “auto-odio vergonzante”, atopar fóra do espacio cultural galego, símbolos referenciais cos que soluciona-lo conflicto dunha “escisión identitaria que irresponsablemente teiman en contaxiarlle ó conxunto da sociedade galega”. Apunta, ademais, que este recoñecemento abre unha fenda de esperanzas para os autores de sistemas literarios periféricos como o galego, aínda que, en realidade, son as novas tecnoloxías as que poden vir en defensa dos sistemas literarios cuantitativamente precarios. Indica, por último, que é necesario rescata-la literatura da tiranía das cifras e que as institucións se comprometan niso, se queren unha cultura galega “autónoma e autóctona”.

Villalaín, Damian, “Eduardo Blanco-Amor: cien años de un dramaturgo vivo”, *Art Teatral. Cuadernos de Minipiezas Ilustradas*, nº 10, 1998, pp. 89-90.

Recoñece en Eduardo Blanco-Amor cinco condicións que o converten de antemán nun perdedor e nun solitario: “autodidacta, periférico, bilingüe, homosexual y transterrado”. Sinala que o Blanco-Amor novelista eclipsou ó dramaturgo, aínda que o seu teatro figura entre o mellor da súa obra literaria. Cita o seu libro *Farsas para títeres*, no que recolleu pezas escritas entre 1939 e 1942 e unha de 1948, compostas en castelán e traducidas despois ó galego polo propio autor, e di que resulta difícil atopar “en el teatro español de esos amargos años algo comparable en cuanto a libertad, originalidad y gracia creadora”. Salienta que estas pezas se moven entre a recreación paródica de temas da tradición dramática castelá —*Un refajo para Celestina*—, o xogo con temas e motivos do teatro de marionetas —*Romance de Micomicón y Adelala*—, o humor de “Juan El Pantera” e a comicidade de *Angélica en el umbral del cielo*. Menciona tamén o resto da producción dramática do autor, composta por *Teatro prá xente* e *Proceso en Jacobusland*. Conclúe que o teatro de Blanco-Amor constitúe un descubrimento decisivo para o renacido teatro galego dos anos 70 e que as súas influencias impregnan o quefacer dos nomes do teatro galego actual.

_____, “De desidias e ansiedades”, *Tempos Novos*, nº 8, “Voces e Culturas. Crónica”, xaneiro 1998, p. 73.

Informa que as novelas, *La catedral y el niño* e *Calzados Lola* (1997), publicáronse e presentáronse case xuntas por mor do seu vencellamento coa entrega do último Premio Blanco Amor. Sinala que a primeira desas obras é unha nova edición dun texto “maior” do escritor ourensán que lle deu nome ó mencionado galardón, e que de non ser polas circunstancias políticas nas que viviu España, probablemente figuraría hoxe entre as obras indiscutibles da literatura en castelán posterior á Guerra Civil. Da segunda das novelas indicadas, apunta que gracias a ela, Suso de Toro gaña por fin un premio de narrativa prestixioso, tempo despois de que a Universidade de Santiago o distinguise co Premio Galicia polo hoxe “célebre” *Polaroid*.

_____, “Valle Inclán sen medos”, *Tempos Novos*, nº 11, “Voces e Culturas. Debate”, abril 1998, pp. 62-63.

Considera que os argumentos das dúas partes litigantes, os que están a favor da representación en castelán de Valle-Inclán ou os que están en contra, esgrimen argumentos igualmente válidos e razoables. Sinala que, dende un punto de vista estrictamente cultural, o ideal sería poder acceder ás obras literarias e dramáticas na súa versión orixinal, polo que estima que se a programación de *Valle 98* en castelán constitúe motivo de polémica no mundo da cultura, é porque existen medos de diversa índole, todos eles mediatizados pola política de normalización lingüística. Con respecto a isto, opina que o teatro galego está tan normalizado no tocante á lingua, que a representación de Valle en castelán se converte mesmo nunha proba desa normalidade.

Villar, Miro, "*La Flama en el espejo. Muestra de la joven poesía gallega*", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 34, Tomo II, Ano IX, abril-maio-xuño 1998, pp. 247-250.

Céntrase na *Muestra de la joven poesía gallega* publicada en 1997 pola revista mexicana *La flama en el espejo*. Para Miro Villar, que isto acontecese tan lonxe de Galicia é outro síntoma da anormalidade da literatura galega. Eloxia a resolta decisión de Yolanda Castaño, compiladora do volume, no prólogo desta antoloxía ó describi-la realidade literaria e sociolingüística de Galicia, xa que non aforra as críticas. Oponse, pola contra, á confusión que crea cando intenta dar unha explicación do momento poético, confrontándoo cos oitenta e intentando etiquetalo. Cre, así mesmo, necesaria unha nova antoloxía da poesía dos noventa, xa que, mesmo considerándoa interesante, a de Yolanda Castaño podería verse, dentro do discutible que pode ser calquera antoloxía, como excesivamente ampla e ata partidista.

_____, “Arturo Casas. *Momentum (Circungrafía)*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 282-285.

Comeza esta recensión cunha alusión ó anuncio feito por Arturo Casas no pórtico da obra, segundo o cal *Momentum* pode pecha-lo seu ciclo creativo. A seguir, Miro Villar describe as “incomodidades” que provoca este poemario para a crítica, para o lector e para o propio autor. Con respecto á crítica, considera que é un poeta difícil de clasificar e de adscribir a algunha das xeracións presentes no panorama literario galego dos últimos vinte anos. Para o lector, cre que a dificultade radica na “complexa elaboración” de tódolos poemarios de Casas e considera que a obra de Casas precisa “unha lectura demorada, mesmo reiterada, sen a penas consesións”. Pasa logo a analiza-lo poemario, describindo a súa estructura e a organización interna, ofrecendo unha visión panorámica da temática e un comentario da forma. Caracteriza a obra polos “continuos deslocamentos do suxeito lírico”, pola reflexión metapoética e pola obsesión polo instante. Remata co desexo de que Arturo Casas non cumpra a “prominición do pórtico e que non opte por clausurar o exercicio persoal da escrita”, pero tamén di que se fose así o poeta deixouno no punto de máximo esplendor xa que esta obra é o libro máis brillante dos aparecidos no ano 1997.

Wormuth, Joachim, “In guter Gesellschaft: Manuel Rivas in Köln”, *Galicien Magazin*, nº 6, marzo 1998, p. 36.

Breve artigo no que se fai unha breve descrición do acto de presentación da traducción ó alemán do libro *En salvaxe compaña*, de Manuel Rivas que tivo lugar en Colonia. Destácase a presentación do autor realizada Roman Suhrkamp, o responsable da traducción e ofrécense uns apuntamentos biográficos de Rivas.

Riobó, Pedro P., “Presencia de Brecht no teatro galego”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, decembro 1998, pp. 49-51.

Despois de recorda-la teoría de Brecht que “propugnaba unha representación épica” fronte ó “teatro dramático” e de salientar preocupacións como a política, a narratividade, a estimulación crítica do espectador, a construcción de personaxes mutables, a montaxe en escenas, por exemplo, e as consecuencias de todo isto sobre o texto, reflexiónase sobre a súa incidencia no teatro galego. Exemplifica a influencia brechtiana nas pezas de Jenaro Marinhas del Valle, Ricardo Carvalho Calero, Luís Seoane, Manuel Lourenzo e Euloxio Ruibal.

Seara Domínguez, Teresa, “Na pel da area”, *Terra Bárdica*, nº 0, 1997, “Poesía”, pp. 19-20.

Comenta o libro *De mar e vento (cinco poetas de Fisterra)* (1997), volume colectivo no que participaron Alexandre Nerium, Modesto Fraga Moure, Mónica Góñez Silva, Xoán Alberte MoureÍnsua e Roberto X. Traba Velay. Salienta como fío común o feito de compartiren o mesmo espacio natal, Fisterra, así como o feito de formaren parte do Batallón Literario da Costa da Morte. Reproduce o prólogo realizado por Miro Villar e, a seguir, expón as claves poéticas que se desprenden dos diversos poetas para o que se apoia en exemplos de diversos fragmentos das creacións de cada un deles.

Varela Varela, Xosé M., “Novos pasos do novelista carballés Xurxo Borrazás”, *Terra Bárdica*, nº 0, 1997, “Narrativa”, p. 27.

Céntrase na producción narrativa de Xurxo Borrazás, con motivo da publicación da súa terceira entrega neste xénero, *Eu é* (1996). Primeiro, fai unha sucinta análise das novelas anteriores,*Cabeza de chorlito* (1991) e *Criminal* (1994). Lembra os premios acadados polo autor como mostra da súa calidade literaria e, finalmente, céntrase en *Eu é*, da que se salienta o nivel de dificultade de lectura que entraña respecto ás dúas anteriores. Remata manifestando a súa opinión favorable sobre este escritor, do que di espera impaciente novas publicacións.

Vieites, Manuel F., “Traballar desde a intelixencia”, *Revista Galega de Teatro*, nº 19, “Opinións desde a butaca”, decembro 1998, p. 75.

Reflexión sobre o último espectáculo de Mofa e Befa, *Para ser exactos*, encadrándoo na nova etapa do teatro galego que xa vai deixando a orientación de denuncia e costumista para se inscribir en proxectos de futuro.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

A. B., “Beira Norte”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 342, 27 marzo 1998, p. 23.

Cita os títulos dos poemarios escritos por Xabier Rodríguez Baixeras e apunta a construcción neles dun espacio e un tempo íntimos, configurados por medio do recordo da nenez e a viaxe iniciática de introspección na memoria persoal e familiar. Con respecto a *Beira Norte* (1997), e logo de aludir ó “breve y lúcido” prólogo de Pilar Pallarés, apunta a tensión entre o retorno ás orixes e a tendencia á dispersión e define a obra como “itinerario sentimental que abre nuevas vías y ratifica a su autor en la primera fila de la poesía gallega actual”.

_____, “El volumen de la ausencia”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 342, 27 marzo 1998, p. 23.

Menciona os libros que conforman a obra poética de Xulio L. Valcárcel e refírese a el como figura de relevancia entre os poetas dos oitenta que xa ocupan lugares importantes na lírica galega actual. A continuación, alude á publicación da antoloxía bilingüe *El volumen de la ausencia* (1997) da que di que ofrece corpus de abondo para segui-lo proceso de esencialización temática e formal “de una poesía que va afirmando su naturaleza existencial, amorosa, intimista, en un tono de voz baja, hasta su salida al exterior en un canto de exaltación de la vida, y del poder y la fragilidad de la palabra bajo la medida del tiempo”.

_____, “Para saír do século”, *ABC*, “*ABC Literario*”, nº 334, 22 maio 1998, p. 23.

Dá a coñece-la antoloxía *Para saír do século. Nova proposta poética* (1997) que, da man de Luciano Rodríguez e Teresa Seara, selecciona textos de oito poetas “dos noventa”. Recolle algúns fragmentos da “esclarecedora introducción” e refírese ás características apuntadas polos antólogos: trazos diferenciadores sen se acomodaren a propostas de grupo, relectura propia de mitos, achegamento máis directo á vida cotiá, maior contención verbal, etc. Dá os nomes dos poetas seleccionados e explica que preceden os textos unha poética e a resposta a unhas preguntas. Conclúe dicindo que non hai obxeccións que lle poñer a esta selección ben realizada.

A. C. M., “A arte de non decatarse de nada”, *El Mundo*. *Galicia*, “Biblioteca”, 4 xaneiro 1998, p. 7.

Comenta *O cazador de libros* (1997), de Ramiro Fonte, salientando a frecuencia dos xogos de palabras “facilóns”, as “meditacións case infantís”, e mesmo, unha “pedantería bobalicona e cursi”. Valora, sen embargo, o humor autocrítico que aparece ás veces na obra. Finalmente, busca posibles semellanzas entre este poemario e outras obras narrativas de Ramiro Fonte.

_____, “Arthur Conan Doyle esquece a Sherlock Holmes”, *El Mundo Galicia*, “Biblioteca”, 12 xaneiro 1998, p. 7.

Comeza facendo referencia á “neura asasina” que sentiu Arthur Conan Doyle cara ó seu personaxe Sherlock Holmes, que o escravizou a causa do éxito que tiña entre os lectores, os cales demandaban cada vez máis aventuras do detective. Indica que, a pesar da sona e da fortuna que lle proporcionou, Doyle desexaba ofrecer unha “literatura máis seria”, fóra do xénero policíaco. Deste propósito naceu, entre outras, *O mundo perdido*, traducida ó galego en 1997 por Iglesias Rábade para Edicións Positivas. Segundo apunta o recensionista, a novela pertence á ficción fantástica e presenta un argumento de aventuras tipicamente decimonónico que hoxe pode resultar tópico, froito do desexo do escritor de se liberar da rixidez xenérica da novela policíaca.

_____, “Os epígonos de Sherlock Holmes”, *El Mundo. Galicia*, “Biblioteca”, 9 febreiro 1998, p. 7.

Comentario de *Contos de detectives*, antoloxía de textos do xénero policíaco publicada en 1997 pola editorial Tris-Tam, no que se refire ó autor do prólogo, Santiago Jaureguízar, e á súa condición de escritor do xénero negro. Tamén marca o contraste entre as obras do creador do xénero, Sir Arthur Conan Doyle, e os seus continuadores, Dashiell Hammett, Raymond Chandler, ou o mesmo Santiago Jaureguízar. Considérase, finalmente, que *Contos de detectives* nos leva a outros tempos nos que “o crime era só patrimonio da literatura, e non da rúa”.

_____, “Novas linguaxes para a literatura de residencia”, *El Mundo Galicia*, “Biblioteca”, 15 marzo 1998, p. 5.

Comézase facendo referencia á confrontación entre a poesía “social” e a “esteticista”. Sinálase que o actual dominio desta última, se viu sorprendido pola aparición da obra *Coroas de mercurio* (1997), de Lomarti. Este poemario, segundo se di no artigo, “relembra todas aquelas estratexias da poesía de resistencia para actualizalas e dotalas de humanidade”. Valórase a sinceridade dos versos de Lomarti, pero aínda así cualifícase o libro como “irregular”, xa que sofre os excesos propios dun poeta novel.

Alonso Montero, Xesús, “Un Lorca politicamente incorrecto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 34, 14 xullo 1998, pp. 1-2.

Faise referencia á influencia da morte tráxica de García Lorca na valoración que a crítica fixo da súa obra. Tamén se comenta que o poeta granadino “foi magnificado” e “a súa poesía un pouco mitificada”. Ademais, aparecen citadas as descricións que fixeron de Lorca algúns escritores que o coñeceron como, por exemplo, Neruda, Blanco Amor e Guillén. Menciónase, despois, a importancia das ideas políticas na vida e na obra deste autor, así como a influencia que exerceron esas ideas á hora de reflecti-la realidade do noso país nos seus versos en galego.

Ameixeiras, Diego, “O pasado está por vir”, *El Mundo*. *Galicia*, 18 xaneiro 1998, p. 7.

Tras un pequeno resumo da trama de *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, cualifícase o relato de “unha continua volta ás orixes” e tamén se destaca a ambición que demostra o autor ó describi-los escenarios e ó caracteriza-los personaxes. Asemade, contrapón *Calzados Lola*, pola súa “postura vital”, con *Tic tac* (1993) e o seu nihilismo.

_____, “Camiño de imperfección”, *El Mundo. Galicia*, “Biblioteca”, 26 xaneiro 1998, p. 4.

Ponse de relevo a relación entre os elementos ficcionais e históricos que aparecen no libro de María Gándara, *Magog* (1997). Así, coméntase que a acción se desenvolve nun contexto histórico determinado: o Antigo Reino de Galicia nos séculos XI e XII, onde ten lugar o espertar á vida dun rapaz, Xofré de Salvamont. Ademais, opínase que o espacio que a escritora emprega para conta-la “intrahistoria” dos protagonistas é “irregular”, xa que non rompe coa “xélida distancia” que impoñen os manuais de historia.

_____, “A locuacidade do silencio”, *El Mundo. Galicia*, “Biblioteca”, 1 febreiro 1998, p. 7.

Saliéntase de *Sombras no labirinto* (1997), de Francisco X. Fernández Naval, o papel importante que xoga a paisaxe da Ribeira Sacra ourensá. Así, sinálase que nunha Galicia “desnortada e tráxica”, aparecen personaxes dominados polos seus medos e pola desesperación. Ademais, cre que o escritor ourensán sabe leva-lo lectorado, dun xeito áxil e directo, ó mundo que representa o fracaso e a desolación.

_____, “Un ianqui na cidade da insolencia”, *El Mundo. Galicia*, “Biblioteca”, 16 febreiro 1998, p. 7.

Coméntase a traducción ó galego dos *Contos de Nova York* (1997), de O´ Henry. Menciónanse algúns trazos dos once contos que forman parte deste libro. Así, por exemplo, o ton irónico e a importancia do desenlace, características que definen a creación literaria deste autor. Ademais da alusión a temas como o do amor, a sátira, o humor, etc., sinálase a importancia do espacio onde se desenvolve a acción.

_____, “A identidade coma única certeza”, *El Mundo*. *Galicia*, “Biblioteca”, 23 marzo 1998, p. 4.

Comeza situando a obra *Casa ou sombra* (1997), de Rafa Villar, dentro da traxectoria literaria do autor ceense e comenta que a obra reflicte un certo grao de madurez poética. Fíxase sobre todo na linguaxe empregada e nos temas elixidos: “a soidade, o extravío existencial, o discorrer do tempo...”. Por outra banda, define a linguaxe pola súa sinxeleza e concisión.

_____, “Porque en todas as pandillas hai un poeta”, *El Mundo. Galicia*, “Biblioteca”, 25 maio 1998, p. 7.

Despois dunha pequena reflexión sobre a poesía, céntrase no poemario *Calor* (1997), de Manuel Darriba. Explica que este libro é un conxunto de poemas que tratan da amizade e do amor e que percorren “as nostalxias dun verán”. Así, Ameixeiras di que “máis que dun eu colectivo podemos falar dun nós corporativo evocador dos últimos días dese verán-paisaxe poética”.

Araguas, Vicente, “Aquilino, desde sempre”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras*”, nº 191, 8 xaneiro 1998, p. 10.

Coméntase a reedición facsimilar de *Cómaros verdes* (1997), de Aquilino Iglesia Alvariño. Lémbrase a influencia deste poeta nos autores posteriores. Tamén se salienta a calidade ética, estética e léxica que contén o poemario, sinalando que fai “moito máis polo porvir dunha literatura un libro destas características que cen mil panfletos revolucionarios”. Asemade, coméntanse os diversos tipos de poemas do libro e o esquecemento ó que foi sometido este autor.

_____, “Posturas do silencio”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras*”, nº 192, 15 xaneiro 1998, p. 10.

Faise un percorrido pola vida e obra de Cesáreo Sánchez Iglesias e fálase da primeira obra deste poeta, *Silencios e conversas de inverno* (1978), e da súa mala acollida, xa que “estaba a crear un mundo propio” que rompía coa poesía que se facía naquel intre. Tamén menciona o seu último poemario, *O rostro da terra* (1996), e, entre estes dous, sitúa os outros oito libros de poemas deste autor que manteñen a mesma liña, agás *A árvore das sete palavras* (1989), que ten influencia de Víctor Vaqueiro. Remata anunciando unha próxima análise da obra titulada *A escrita do silencio (Antoloxía persoal)* (1997).

_____, “Posturas do silencio (II)”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras*”, nº 193, 22 xaneiro 1998, p. 10.

Coméntase *A escrita do silencio (Antoloxía persoal)* (1997), de Sánchez Iglesias. Despois de recordar que a obra se estructura en tres partes -"A escrita do olvido", "A árvore das sete Palavras" e "A escrita da água"-, cualifícaa de “acendida, alumeada, que adoita procurar a beleza nos contidos mínimos”. Menciona a relación deste autor coa escola do silencio e con outros autores como José Ángel Valente e Uxío Novoneyra. Relaciona esta poesía coa oriental pola “economía expresiva”. Tamén recomenda a lectura de *Pintando el Presente* (1996), de Paloma Fadón Salazar, onde se fan reflexións válidas para a poesía de Sánchez Iglesias. Por último, salienta a necesidade de reivindica-la obra deste poeta semiesquecido.

_____, “As pernas das mulleres”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”,* nº 195, 5 febreiro 1998, p. 10.

Abórdase a publicación de *Para saír do século* (1997), antoloxía poética de autores nados entre 1962 e 1977, proposta por Luciano Rodríguez e Teresa Seara. Sinálanse as diferencias existentes entre os oito poetas desta antoloxía, que cualifica de “*totum revolutum*”. Ademais, valórase negativamente o pouco coidado que puxo Xerais nesta edición e amósase o desacordo co prólogo e co cuestionario ó que se somete ós poetas seleccionados. Logo de seren salientados os nomes de Ana Romaní, Miro Villar e, sobre todo, Yolanda Castaño, nomea a outros poetas que poderían incluírse na antoloxía.

_____, “Aquarius, Aquarius*”, O Correo Galego, “Revista das Letras*”, nº 196, 12 febreiro 1998, p. 10.

Tras un pequeno percorrido pola obra de Xosé Ramón Pena, coméntase o seu libro *A era de Acuario* (1997). Resáltanse trazos comúns desta obra coas restantes do autor, como son o tema da adolescencia e o remate ó que chegan algúns personaxes. Tamén destaca a riqueza de certos protagonistas da obra: o mozo protagonista perplexo, o pai que volve da emigración, e, sobre todo, “o personaxe do traidor cos seus amplos, e delicados, matices”. Asemade, sinala o emprego de cancións para contextualiza-la época da novela.

_____, “O verán: os nomes”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras*”, nº 197, 19 febreiro 1998, p. 10.

Aborda a publicación do primeiro poemario de Manuel Darriba titulado *Calor* (1997). Despois dunha pequena introducción con datos da vida do autor, o articulista sitúa como tema principal as diferentes historias do verán vividas polo autor adolescente onde “a anécdota ten moito de transcendente”. Cualifica a obra como “poética fresca, lizgaira, nova” e, finalmente, salienta a relación do tema tratado con algunhas cancións: *El final del verano,* do Dúo Dinámico e *Let’s twist again*, de Chubby Checker.

_____, “Vinte anos despois”, *O Correo Galego, “Revista das Letras*”, nº 198, 26 febreiro 1998, p. 10.

Comézase analizando o panorama literario de 1976, ano no que se publicou por primeira vez *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro. A reedición da obra en 1997 permítelle ó crítico establece-lo contraste entre eses dous momentos históricos. Segundo se sinala, no 76, a obra de Pexegueiro supuxo unha ruptura coa estética dominante: o seu espírito identificábase coa transgresión e a radicalidade. Póñense de manifesto tamén as semellanzas entre esta obra e outra do mesmo ano, *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín. Por outra banda, tamén se comenta que nos anos se 90 pode facer unha nova lectura, ademais da “lectura radical” xa existente. Así, o lector descobre que ó lado da ‘ética’ está a ‘estética’. Menciónanse tamén algunhas das influencias deste autor que lle axudaron a crear esa ‘estética’: Whitman, Esenin, Maiakovski, Evtushenko, Neruda...

_____, “Outro cantar”, *O Correo Galego, “Revista das Letras*”, nº 199, 5 marzo 1998, p. 10.

Dá noticia da nova edición da obra *Poemas de lenta nudez* (1997), de Miguel Anxo Fernán-Vello, e fai referencia ás correccións ortográficas que achegan a lingua empregada á normativa oficial, afastándoa, polo tanto, da intención reintegracionista anterior. Asemade, fala das diferentes liñas temáticas seguidas na obra. Menciona temas como o “esplendor erótico, as estancias da luz, e a individualización da paisaxe” e di que as imaxes do verán, habituais na poesía de Fernán-Vello, se mesturan neste poemario con outras invernais. Por último, opina que o poema “Restaurante” é un dos mellores de toda a traxectoria deste autor.

_____, “Cristal en Neverland”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 201, 19 marzo 1998, p. 10.

Tras facer un percorrido polos comezos da poetisa Cristal Méndez Queizán na revista *Dorna*, comenta o poemario *Amizade con Mowgly* (1997). Chama a atención sobre o léxico atrevido empregado, como xa fixera Manuel Forcadela no prólogo do libro. A continuación, sinala algunhas das liñas temáticas seguidas pola autora: morte, soidade, solidariedade; destaca cun exemplo concreto a poesía amorosa e erótica. Tamén menciona a total liberdade creadora da autora que vai, “por onde lle peta, mesmo por vieiros prosaicos”.

_____, ”Smik-Smak”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 202, 26 marzo 1998, p. 6.

Fai referencia primeiramente á indeterminación xeracional do poeta Claudio Pato, situándoa entremedias de dúas xeracións distintas. Considera que o seu libro, *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev* (1997), amosa esa mestura de xeracións. Ademais, define ó escritor como un autor culto e complexo, cunha linguaxe misteriosa, e con algúns trazos conceptistas. Recoñece aínda así, que a economía de medios tamén é unha das características da poesía de Claudio Pato. Por último, sinala que o poeta ourensán acada “brillantez” porque esta “vai implícita na opacidade” dos seus versos.

_____, “Versos sobranceiros”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 203, 2 abril 1998, p. 6.

Dá noticia da reedición en 1997 de dous libros (nun único volume), de Pura Vázquez: *A Saudade e outros poemas*, de 1963 *e O desaocugo*, de 1971. Do primeiro deses libros, salienta o compromiso social, ademais da unidade que conseguen manter de principio a fin tódolos poemas. Apunta que as composicións do segundo dos libros mencionados non presentan esa unidade. Araguas considérao un libro “inferior” ó primeiro, pero aínda así recoñece o valor dalgunhas das súas composicións. Por último, refírese á versificación rigorosa e ó léxico coidado da poetisa ourensá.

_____, “A Fonte préstalle a rima”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 4, 9 abril 1998, p. 6.

Analízase *O cazador de libros* (1997), de Ramiro Fonte. En primeiro lugar, saliéntase o emprego da rima como trazo formal que favorece a poesía de Fonte. Define o poemario como “o longo percorrido dun cidadán da derradeira parte do século”. Segundo se di no artigo, no libro pódese ver, ademais da paixón que o poeta sente pola literatura, a influencia que outros autores exerceron na súa obra. Asemade, coméntase que o ton dominante é o da ironía, aínda que tamén aparecen poemas íntimos ou provocadores. Pon como exemplo un deles, no que se ataca á crítica literaria galega.

_____, “Luísa Villalta en elipse”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 5, 16 abril 1998, p. 6.

Despois dunha pequena mención ás obras poéticas da autora comenta *Teoría de xogos* (1997), de Luísa Villalta. Destaca a presencia de personaxes anónimos e dun ambiente urbano e menciona a influencia de Franz Kafka e de Thomas Bernhard. Ademais louva o emprego da elipse e da linguaxe, á que define como “unha excelente prosa miniada, ata case a perfección que acadan certos encaixes”.

_____, “Rúas en branco e negro”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 8, 7 maio 1998, p. 6.

Comeza reflexionando sobre a obra poética de Xosé María Álvarez Cáccamo, para logo comentalo seu poemario *Calendario perpetuo* (1997). Cualifica o libro de “poemas en prosa ou de prosa en poemas” e sinala que as poesías reflicten unha volta á nenez do autor a través dunha “linguaxe menos hermética”. Tamén relaciona este poemario cun libro de relatos do propio Álvarez Cáccamo: *Microtopofanías* (1992). Por último, recomenda a lectura do prólogo de *Calendario perpetuo* escrito por Arturo Casas.

_____, “Borobó e os poetas novos”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 10, 21 maio 1998, p. 6.

Comenta primeiramente a antoloxía de poetas nados entre 1962 e 1977, publicada en México co título *Muestra de la joven poesía gallega* (1997). Apunta que contén poemas en versión bilingüe de Enma Couceiro, Estevo Creus, Marta Dacosta, Eduardo Estévez, Celso Fernández, Lupe Gómez, Mónica Góñez, Olga Novo, Sechu Sende, Francisco Souto, Martín Veiga, Rafa Villar e Yolanda Castaño, que é ademais a encargada do prólogo. Valora o feito de se dar a coñecer fóra de Galicia estes poetas e cualifica o prólogo como pedagóxico e aséptico, en canto non hai referencias a polémicas nin a liortas literarias no panorama poético actual. A seguir, ocúpase de *Anaco de amor de Rosalía* (1998), de Borobó, destacando a longa e fecunda traxectoria do autor, ó que cualifica de “idealista” e “ousado”. Sinala que agacha unha variante erótica na súa poesía “que ha dar moito xogo” e considera o libro como mostra moi digna dunha poética “chea de substancia”, ademais de subliñar que está composto por poemas nos que existe a métrica e a temática populares xunto a outros máis vangardistas. Finalmente, saúda a contribución de Borobó, un personaxe que lle parece fuxido dunha novela de Baroja.

_____, “Vida e morte de Leliadoura”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 10, 28 maio 1998, p. 6.

Tras facer unha reflexión sobre a poesía de Arturo Casas, Araguas céntrase na última obra deste autor, *Momentum* (1997), que é “unha historia de amor ollada a través da escrita de dúas persoas”. Tamén reflexiona sobre as tres partes nas que está dividido o poemario destacando que na primeira delas, "Mirada escrita", aparece un “relato erótico”; que na segunda, "Paralipómenos", é moi importante o papel da propia escritura; e que a última parte é un epílogo en prosa. Ademais, cualifica o libro de “mesto e poderoso”e sinala que este poemario é o derradeiro da colección Leliadoura “que tanto fixo pola poesía galega moderna”.

_____, “O sabor da froita que exorciza”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 20, 30 xullo 1998, p. 6.

Logo de se referir á traxectoria poética de Román Raña que “sae case a galardón por libro”, Araguas comenta que no pasado puxo en dúbida determinados aspectos da poética de Raña. A seguir, céntrase en *Ningún camiño* (1997) e del di que o verso libre non impide unha certa tendencia ó alexandrino ou ó hendecasílabo. Ademais de se referir á temática do paso do tempo e ó que isto implica, pon de relevo a utilización que o poeta fai da recorrencia metafísica nos poemas “O corazón en tempo de intemperie”, “A soidade de Deus” e “Un diálogo”. Ademais nota que Raña vai perdendo en toques culturalistas e non gaña en emoción. Alude finalmente ó dominio do verso e da súa música.

Arca Caldas, Olimpio, “Cartafol do Museo: Unha caixa de sorpresas...”, *Tabeirós Terra*, nº IV, xuño 1998, pp. 16-17.

Explica cómo chegou ás súas mans unha libreta con anotacións e poemas en castelán e en galego de Manuel Muíños Graña. Sinala que este home, natural da Estrada, tivo anceios literarios que deixou espallados nesta libreta e tamén noutras follas soltas que aparecen incompletas. Reproduce algúns destes textos como os poemas “A sorte do conexo” e “A sorte do paxariño” e o artigo “El homo sapiens”, publicado no xornal *El Estradense* en 1907. A seguir, ofrece algúns datos biográficos, destacando que residiu na Estrada máis de setenta anos aínda que nacera en Cotovade, que estudiou no Seminario de Santiago ata profesa-las ordes menores para abandonar posteriormente o sacerdocio e casar con Mª Lourdes Porto coa que tivo seis fillos. Salienta tamén a súa forte amizade con Manuel García Barros e indica que morreu no mes de setembro de 1965 ós oitenta e oito anos.

Barreiro, Herminio, “Bernardiño Graña e a Luz de novembro”, *A Nosa Terra*, nº 821, “Guieiro Cultural”, 12 marzo 1998, p. 23.

Coméntase que a *Luz de novembro* (1997), de Bernardino Graña, está moi influenciado polo poeta Pablo Neruda. Fálase tamén dos distintos eixes temáticos que compoñen as dúas partes do libro. Por exemplo, o tema da sátira política, que xa aparece na primeira das composicións, o seu compromiso político e a súa carraxe, algo que se considera inusual neste poeta. Saliéntase a presencia de carácter erótico en composicións que se relacionan coa “tradición amatoria da lírica galega”. Por último, fálase do forte carácter e da madurez que amosan as composicións.

Basanta, Ángel, “Código Morse. Xavier Alcalá”, *ABC*, “*ABC literario*”, 2 xaneiro 1998, p. 12.

Despois de facer un percorrido pola biobibliografía de Xavier Alcalá e de se referir a que se cumpren vintecinco anos da aparición do seu primeiro libro, que “parece haberse celebrado con la traducción de su última novela al castellano ‘Código Morse’, publicada en gallego en 1996”, salienta un bo número de obras do autor coas que foi construíndo un mundo literario propio. A seguir, céntrase na análise de *Código Morse* que cualifica de novela de intriga e pazo, pero tamén de relato de aprendizaxe, de aventura e de maxia. Reflicte o argumento que se desenvolve na Galicia “vista desde dentro y desde fuera” dos anos 50 e 60. Di que nela hai a síntese entre tradición e modernidade e tamén que estamos diante dunha novela complexa que desenvolve un “hermoso relato del aprendizaje con fuerte presencia autorial”.

_____, “Obra galega completa de Ánxel Fole”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 331, 6 marzo 1998, p. 26.

Recorda primeiramente toda unha serie de actividades culturais que se realizaron durante 1997 ó redor da figura de Ánxel Fole con motivo da homenaxe deste autor no día das Letras Galegas. Fala do congreso que se celebrou en Lugo sobre o escritor e cita varias monografías sobre a vida e obra do autor para logo centrarse na súa *Obra galega completa*, de Ánxel Fole, que considera “lo más salientable del año”. Describe os dous volumes, nos que se recollen os títulos publicados e a obra dispersa. Despois fala dos contos foleanos, segundo di, a obra máis relevante do escritor. Anima ó lectorado a que se achegue a esta obra mesmo a través de seleccións en castelán, citando algunha delas. Finalmente analiza máis polo miúdo *Á lus do candil* (1953) e *Terra Brava* (1955), obras coas que “Fole acometió la labor de reanudar en gallego una tradición narrativa que habría quedado rota por la Guerra Civil”.

_____, “Un xogo de apócrifos”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 342, 27 marzo 1998, p. 27.

Comenta a “encarnizada novela” *Un xogo de apócrifos* (1997), de Xosé Carlos Caneiro, que na súa opinión desplega “una formidable potencia creadora y una fiesta literaria”. Antes de describila “complexa organización constructiva” apunta a vida, a morte e o amor como tríptico temático. Sinala tamén que a unidade da obra se fai extensiva a outras obras de Caneiro e di que “todos los elementos de la comunicación literaria están en este fecundo taller narrativo cuya modernidad se manifiesta en tantas relaciones intertextuales con autores de todas las épocas y varias literaturas” e indica, neste sentido, a atribución a autores galegos de citas antepostas antes dos fragmentos. Conclúe demandando a inmediata traducción ó castelán deste “descomunal juego de apócrifos”.

_____, “Calzados Lola”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 338, 24 abril 1998, p. 13.

Comeza dicindo que os personaxes de Suso de Toro “son criaturas que buscan sus raíces y su identidad desorientados en una existencia sin arraigo” e que isto é debido ó paso das familias do mundo rural ó urbano. Cita as obras deste autor bañadas nese espírito que considera que se rompe con *A sombra cazadora* (1994) e analiza *Calzados Lola* (1997), que aparece en versión castelán en 1998. Comenta a súa trama pouco distante das obras anteriores, aínda que agora as solucións son diferentes. Salienta que estamos diante dunha viaxe iniciática e a consecución da propia identidade á que se achega con moita dor a través das tres partes das que consta o relato, precedidas polo “monólogo interior fragmentado de la madre en el momento de poner fin a su vida”. Sinala tamén que este monólogo “al principio funciona como prolepsis anticipadora de sucesos, después como analepsis en la recuperación del pasado”. Cita, finalmente, algúns desaxustes sobre todo en referencias temporais.

Blanco Castro, Manuel, “Cristina y su ‘Ledicia”, *El Progreso*, *“Táboa Redonda*”, nº 66, 28 febreiro 1998, p. III.

Valórase positivamente *Ledicia* (1997), de Cristina Amenedo. Faise, en primeiro lugar, unha breve descrición da obra mencionando o "Limiar" de José Manuel Domínguez e a "Introducción" da propia autora, para despois describir con brevidade as diferentes partes en que se divide a obra. Segundo se pon de manifesto, a proximidade entre a ledicia e a dor na vida real explica o paradoxo do título do poemario. Destaca tamén a calidade dos versos e considera que o libro coloca a autora “en el más alto pedestal de la poesía lírica”.

_____, “As publicacións periódicas en Galicia”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 40, 17 xaneiro 1998, p. 5.

Infórmase da aparición do segundo volume do *Diccionario da literatura galega* (1997), coordinado por Dolores Vilavedra e que se centra nas publicacións xornalísticas. Destácase que o libro pon de manifesto a importancia do traballo periodístico para a nosa literatura. Tamén se salienta o criterio que se seguiu, a información que achega a obra e os problemas cos que se atoparon os autores deste volume. Ó final, menciónanse os distintos colaboradores do libro.

_____, “A satisfacción dos instintos primarios”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 41, 24 xaneiro 1998, p. 3.

Da obra *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, destácase que é unha novela na que se trata a “historia dunha fuxida cara a ningures”, centrada na vida da familia Obrador. Tamén se sinala que a trama da novela fai que a súa lectura sexa “apasionada e desacougante”. Finalmente, preséntase unha pequena biografía do autor da novela.

_____, “Un libro que conta historias tan vellas como a xente”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 43, 7 febreiro 1998, p. 4.

Analízase a novela *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, gañadora do Premio Eduardo Blanco Amor. Saliéntase a variedade de investigacións que aparecen no libro. Así, dise que se trata de “dúas novelas” e que na primeira delas se desenvolve unha trama de acción, mentres que na segunda a liña argumental se relaciona coa “identidade persoal”. Tamén se sinala que a linguaxe serve para mostra-la sociedade actual, e destácase que nesta amosa a “madurez narrativa” do autor.

Blanco Rivas, M., “Unha colección para descubrir as novas literaturas”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 42, 31 xaneiro 1998, p. 2.

Dá conta da aparición da colección “Descuberta” de Galaxia coordinada por Franck Meyer e Dolores Vilavedra. Sinala que este proxecto pretende dar a coñecer ós novos escritores que “apostan por unha literatura de vangarda e utilizan novas formas de expresión” e que non terían cabida noutras coleccións “máis clásicas” desta editorial. Indica tamén que a colección vai dirixida a un público heteroxéneo de tódalas idades, pois aínda que se trata de escritores novos ou noveis, os textos son de calidade. Cita as tres primeiras obras publicadas -*Saturno tamén é Deus* (1997), *Mar de fondo* (1997) e *Finísimo po nas ás* (1997)-, ademais de ofrecer unhas breves notas biográficas dos seus autores: Uxía Casal, Manuel Núñez Singala e Xerardo Quintiá, respectivamente.

_____, “Retrato do artista cando era novo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 64, 18 xullo 1998, p. 2.

A propósito da traducción ó galego de *Retrato do artista cando novo*, publicada en Laiovento en 1994, opina que o exilio de Joyce e a súa orixe irlandesa o sitúan nunha posición marxinal no que respecta á crise europea do XIX. Comenta o tema desta obra e as vicisitudes que antecederon á súa publicación. Tamén ofrece unha pequena biografía do británico.

C. M., “Arthur Conan Doyle esquece a Sherlock Holmes”, *El Mundo. Galicia*, 12 xaneiro 1998, p. 7.

Infórmase da traducción ó galego por Iglesias Rábade, en Edicións Positivas, dunha obra do escritor inglés Conan Doyle, *O mundo perdido* (1997). Sinálase que, ademais de se-lo creador do detective Sherlock Holmes, Conan Doyle tamén fixo outro tipo de novelas, entre as que se atopa *O mundo perdido*. Esta aparece definida como unha obra de ficción e de fantasía, unha “novela de aventuras decimonónica en senso estricto”.

Caño, X. M. del, “Clásicos universais en lingua galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 45, 21 febreiro 1998, pp. 2-3.

Recollendo a opinión de Xulián Maure, presidente da Asociación de Traductores Galegos, analiza a situación do ámbito editorial galego, no que o libro recomendado de apoio á docencia é o que máis se traduce porque ten un mercado asegurado. Apunta a mala dotación de clásicos traducidos e a desantención á traducción da literatura en castelán e portugués, sinalando que son a literatura inglesa e a francesa as máis traducidas ó galego. Indica cales son as coleccións nas que editoriais como Galaxia, Sotelo Blanco, Edicións Xerais e Ir Indo Edicións, publican traduccións, ademais de indica-los títulos, autores ou número de exemplares vendidos das obras traducidas. Indica finalmente que a literatura galega, a causa das carencias existentes, tamén atopa dificultades para ser verquida a outros idiomas, a pesar de que na actualidade están chegando con forza autores novos, como Manolo Rivas, Suso de Toro e Miguel Anxo Murado.

_____, “Mitoloxía clásica nas letras galegas”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 47, 7 marzo 1998, pp. 4-5.

Comenta o tratamento que recibiu a mitoloxía na obra de moitos autores galegos como é o caso de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Olga Novo. Logo, seguindo o parámetro cronolóxico e apoiándose nos comentarios de certos coñecedores da literatura galega, apunta que Eduardo Pondal foi o principal introductor da mitoloxía grecorromana e celta na cultura galega e que na Xeración Nós non hai unha gran presencia dos mitos clásicos grecolatinos, polo seu rexeitamento do carácter mediterráneo de Galicia. Con respecto ó estado da mitoloxía nos anos 50, sinala que esta experimenta un grande auxe a partires da Segunda Guerra Mundial co existencialismo, ó mesmo tempo, que destaca o uso desta na obra de Isaac Díaz Pardo e Ricardo Carballo Calero. Apunta ademais que na literatura galega se rexistra a presencia de mitoloxías exóticas, especialmente nos escritores que se deron ó redor do Seminario de Estudios Galegos, e que tamén en Galicia existen mitos como os de Santiago, Breogán, A Revolución Irmandiña ou Pardo de Cela.

_____, “Os últimos eruditos das ciencias e das letras”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 61, 20 xuño 1998, pp. 4-5.

Tomando como punto de partida ó Pai Benito Jerónimo Feijoo, ó que cualifica de primeiro erudito de Galicia, segue a liña do tempo para ir nomeando a outros eruditos do século XVIII, como é o caso do Pai Sarmiento, o Pai Sobreira e Xosé Cornide. Apunta, a seguir, a Manuel Murguía, como a gran figura da erudición no século XIX, e a Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Cuevillas como eruditos da Xeración Nós. Tamén lle outorga este cualificativo a Ben Cho Shey, a Ricardo Carballo Calero e a dous dos representantes da erudición galeguista que se forxa no Seminario de Estudios Galegos, Ricardo Carballo Calero e Xosé Filgueira Valverde. Despois da irrupción provocada pola Guerra Civil, sinala que Antón Fraguas é unha das últimas mostras vivas da erudición enraizada no galeguismo de preguerra e que, na actualidade, hai persoas como Fernández del Riego ou Xesús Alonso Montero, que cultivan a erudición en determinados campos, aínda que non responden á figura do erudito clásico. Con respecto a esta situación presente, apunta ademais que cubren importantes parcelas da erudición personaxes como R. Villares, X. R. Barreiro, A. Tarrío, Rodríguez Fer e Carmen Blanco, esta última, no eido da erudición feminina. Todo este percorrido estará acompañado, á súa vez, por unha serie de comentarios de certas figuras do mundo cultural galego.

_____, “O ensaio en galego: da Xeneración Nós ata hoxe”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 62, 4 xullo 1998, pp. 4-5.

Contando coas declaracións de Méndez Ferrín, Alonso Montero, Ramón Villares e Rodríguez Fer traza a historia do ensaio, un xénero serodio en Galicia, que naceu no século XX coa Xeración Nós. Así que logo de arrincar da consolidación efectuada por Risco e Otero Pedrayo, nos eidos antropolóxico, histórico e xeográfico, e Castelao, no político coa publicación de *Sempre en Galicia* (1944), indica que o ensaio tamén foi cultivado por xente vinculada co Seminario de Estudios Galegos como é o caso de Filgueira Valverde e Carballo Calero. Sinala o parón de tal xénero pola Guerra Civil Española e a súa conseguinte reaparición coa creación de Galaxia, destacando a Ramón Piñeiro, García Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Fernández del Riego e Xoán Rof Carballo. Seguindo as palabras de Rodríguez Fer, apunta que entre os anos sesenta e sobre todo nos setenta, o ensaísmo en Galicia tende a especializarse e a confundirse co estudio centrado en distintas áreas, como o reflicte o ensaio económico de Beiras, o ensaísmo literario de Alonso Montero, Méndez Ferrín e Anxo Tarrío, o filosófico de Felipe Martínez Marzoa ou o de tipo histórico de Xosé Ramón Barreiro e de Ramón Villares. Apunta finalmente, ademais do nome de revistas nas que o ensaio ocupa espacios de importancia, que a principal novidade deste xénero hoxe en día é o ensaísmo sobre a muller, que iniciou María Xosé Queizán e que na actualidade, cultiva Carmen Blanco e María Xosé Agra.

Castro, Xavier R., “Nove universos ó redor da oralidade”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”,* 4 xaneiro 1998, p. VIII.

Despois de aludir á anterior producción narrativa de Xosé Cid Cabido, destacando o seu intenso labor en varios eidos da cultura galega, e de mencionar algúns dos premios que ten no seu haber ata o momento, achégase a *Oralmente pola boca* (1997). Di que o libro está composto por un conxunto de nove prosas desiguais e heteroxéneas que presentan trazos da oralidade. Salienta ademais que se ofrece ó lector un percorrido polas paixóns violentas, as relacións estrañas, as coincidencias extraordinarias e tamén polas homenaxes á literatura universal. Remata aludindo ó experimentalismo técnico e opina que este aspecto, xunto cos temas dos relatos, resultarán atractivos para o lectorado.

_____, “Poemas para iniciar un milenio”, *El Correo Gallego, “Edición 7*”, 11 xaneiro 1998, p. VIII.

Análise da antoloxía *Para saír do século* (1997) realizada por Luciano Rodríguez e Teresa Seara e publicada na colección "Antoloxías" de Edicións Xerais. Destácanse os apartados nos que se divide a obra cualificándoos de “moi útiles”: "Traxectoria", "Cuestionario" e "Autopoética". Dise que os oito novos autores escollidos reflicten a “dirección que está a tomar a expresión lírica”. Finalmente, cítanse os nomes dos poetas que se inclúen na selección: Ana Romaní, Antón Dobao, Manuel Xosé Neira, Xosé Millán, Miro Villar, Marta Dacosta, Martín Veiga e Yolanda Castaño.

_____, “Unha voz desde a soidade dos espacios”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 26 xullo 1998, p. VI.

Comeza reflexionando sobre a boa traxectoria da lírica galega nos últimos anos, na que recoñece dúas liñas diferentes: a presencia dos poetas maiores e a dos máis novos. Sitúa a Rafa Villar no segundo grupo e nomea algún dos premios acadados polo autor. Con respecto a *Casa ou sombra* (1997), sinala que se trata dun poemario intenso e valora a adecuación do verso breve co gran poder expresivo. Salienta que nesta obra “todo semella ser experiencia, acto vivido entre o pasado e o presente que envolve o eu máis íntimo e profundo”. Refírese tamén á omnipresencia de espacios recoñecibles e da natureza convertida en materia poética, trazos que fan do poeta un observador.

_____, “O amencer dunha nova xeira”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 26 xullo 1998, p. VII.

Refírese ó importante labor desenvolvido por Xosé Ramón Pena, tanto no eido da creación coma no da animación de empresas relacionadas coa cultura. Seguidamente comenta a novela *A era de Acuario* (1997), na que sinala que, a través da ollada do protagonista, un adolescente, se van desvelando verdades e segredos do seu pasado e do seu presente. Menciona tamén algúns dos conflictos que afectan ó personaxe como a ausencia do pai, a súa descuberta inesperada e progresiva e as relacións que mantén cos compañeiros e compañeiras cos que comparte as clases na academia. Finalmente, apunta a importancia da música na novela e sinala que unha das cancións que aparece, titulada *Aquarius*, “agacha no seo tanto a esencia do título como algunhas das claves que agroman silandeiramente diante de Paco”.

_____, “O poeta na procura da palabra íntima”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 30 agosto 1998, p. VIII.

Considera a Ramiro Fonte un nome esencial no panorama poético galego dos últimos anos, pola súa faceta de creador prolífico e pola súa preocupación pola palabra, o culturalismo literario e os espacios, aspectos que identifica como esenciais na súa producción. Con respecto ó poemario *O cazador de libros* (1997), salienta que é complementario de *As bandeiras do corsario* (1996), no que Fonte ofrecía un percorrido pola poesía e os poetas incidindo na liberdade, na rebeldía e na independencia que el tamén practica. Explica a división da obra en dous bloques homoxéneos e alude á presencia dalgúns temas recorrentes no poeta: a cidade e as súas estructuras e habitantes, o lector, o poeta, a poesía, a paisaxe e a homenaxe ó libro.

_____, “Ehrengard”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 11 outubro 1998, p. VIII.

Comeza comentando que algúns autores inician a súa producción literaria en idade xa madura, o que acontece con Karen Blixen, autora de *Ehrengard*, obra traducida ó galego en 1997. Seguidamente, analiza o argumento da obra e a súa estructura, chegando á conclusión de que é “unha entretida historia e unha interesante recreación a que se vai tecendo” entre os principais personaxes.

Castro Erroteta, X. Mª, “O destino coma lei”, *A Nosa Terra*, nº 812, “Guieiro Cultural”, 8 xaneiro 1998, p. 18.

Coméntase a novela *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, e relaciónase esta obra coa súa producción narrativa anterior. Tamén se fala do tema da obra e da estructura en que se desenvolve. Ademais, saliéntase que este libro “ofértanos unha nova aposta pola renovación e pescuda narrativa deste autor”. Por último, resáltase que a obra vai ser traducida ó castelán, o que axudará a que a literatura galega sexa máis coñecida.

_____, “Para antes de facer teatro”, *A Nosa Terra*, nº 813, “Guieiro Cultural”, 15 xaneiro 1998, p. 25.

Tras louvar calquera achega á nosa literatura que axude á súa normalización, o crítico comenta a aparición do libro *Teoría e técnica teatral* (1997), coordinado por Manuel F. Vieites. Menciona a estructura da obra e o fin didáctico que presenta, para o que emprega varios exemplos sacados do libro. Tamén sinala tres carencias do libro: a de “sinaturas chaves”, a de autores teatrais e a dalgúns profesores universitarios. Destaca, así mesmo, a importancia da obra, xa que é o primeiro libro en galego que trata da teoría teatral.

_____, “Líricas lembranzas”, *A Nosa Terra*, nº 815, “Guieiro Cultural”, 29 xaneiro 1998, pp. 23-24.

Achégase a *Calendario Perpetuo* (1997), de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, facendo unha descrición formal da obra. Ofrécese unha valoración do contido do libro e saliéntase, sobre todo, o emprego de distintas voces poéticas e tempos narrativos. Tamén se eloxia a amplitude de temas tratados, así como o papel que xoga o lector da obra. Por último, defínese o poemario como un “rexo candidato ao premio nacional ‘español’ de poesía”.

_____, “Encontros na Ribeira Sacra”, *A Nosa Terra*, nº 818, “Guieiro Cultural”, 19 febreiro 1998, p. 24-25.

En primeiro lugar, fai unha breve descrición dos personaxes de *Sombras no labirinto* (1997), de Francisco X. Fernández Naval. Así, salienta toda a diversidade que caracteriza a estes personaxes e explica que o espacio que comparten funciona como eixe común que lle dá sentido á obra, ó mesmo tempo, que crea unha trama moi ben entrelazada. Comenta, por último, algunhas das achegas orixinais que tamén se poden atopar nesta novela.

_____, “Estado permanente de fracaso”, *A Nosa Terra*, nº 819, *“*Guieiro Cultural”, 26 febreiro 1998, p. 28.

Comentario sobre a novela *Un xogo de apócrifos* (1997), de Xosé Carlos Caneiro. Considera que é un exercicio experimental e centra a súa atención no “espírito anovador a nivel estilístico” da obra de Caneiro. Destaca, asemade, que non hai nada “tan rupturista na prosa galega desde *Tic-Tac* (1993), de Suso de Toro”. Fai un breve repaso da liña argumental e valora positivamente o ritmo narrativo e os xogos verbais e formais que se atopan con insistencia ó longo de toda a novela.

D. A.,"Unha teoría da seducción", *El Mundo*. *Galicia*, 18 xaneiro 1998, p. 7.

Infórmase da traducción ó galego da novela *Ehrengard* (1997), da escritora danesa Karen Blixen (1885-1962). Ofrécese un breve resumo do argumento e destácase tamén o dominio que amosa a escritora sobre as voces narrativas que aparecen na obra, así como a ambigüidade coa que están representados algúns dos personaxes. Valórase, sobre todo, a creación dun mundo imaxinario e "ateigado de sentimentos", onde aparece todo o encanto das princesiñas prometidas.

_____, “O instante que precede ao verso”, *El Mundo*. *Galicia*, “Biblioteca”, 8 marzo 1998, p. 7.

Analiza o poemario *Momentum* (1997), de Arturo Casas. Comenta que o autor reflexiona sobre a creación literaria e pregúntase “polo instante que precede ao verso”, facendo unha investigación da que obtén como únicas respostas as súas propias interrogantes retóricas. Tamén se sinalan as similitudes desta obra con outras do poeta José Ángel Valente, mencionando a este respecto, as similitudes entre os dous escritores ó trata-lo tema da preocupación metaliteraria.

Darriba, Manuel, “A inocencia de narrar”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, nº 59, 10 xaneiro 1998, p. III.

Faise un comentario da traducción en 1997 de *Ehrengard*, obra póstuma de Karen Blixen. Lémbrase a figura da autora a través da película *Memorias de África*, baseada en dúas novelas autobiográficas da escritora. Tamén se destaca a “inocencia de narrar” nesta historia de princesas e cabaleiros. Asemade, saliéntase a caracterización da personaxe protagonista, Ehrengard. Por último, cualifícase a obra de “alimento puro e fresco para unha imaxinación non mediatizada”.

_____, “Suso desaliñado”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, nº 66, 28 febreiro 1998, p. III.

Considera que *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, “podía ter sido unha obra mestra”, aínda que o estilo empregado polo escritor santiagués non lle permite esa identificación. Valora positivamente a estructura sobre a que se artella a novela e considera que na trama se cruzan con grande mestría “unha historia de intriga e un dramón familiar”. Tamén fai referencia ó ensombrecemento que sofre a novela por un estilo que non é propio dun escritor maduro como Suso de Toro: “diálogos que renxen, frases, párrafos, páxinas enteiras... desaliñadas”.

_____, “Todos queremos a Mowgli”, El Progreso, “*Táboa Redonda”*, nº 62, 31 xaneiro 1998, p. III.

En relación con *Amizade con Mowgli* (1997), de Cristal Méndez Queizán, Darriba mostra a súa sorpresa pola utilización dun mito célebre como é Mowgli. Tamén sinala que os temas que aparecen no poemario son “o aroma da adolescencia, dos morreos “con ou sen toques de tetas” e da primeira menstruación”. Ademais, critica algúns poemas por estar “faltos de ritmo e de gracia” e destaca dúas poesías como as mellores do libro: "Común amizade con Mowgli" e "Urzáiz é un río". Asemade, recoñece a inxustiza de comparar este poemario co *Nínive* (1996), de Chus Pato, a pesar das semellanzas que presentan os dous libros.

Dobarro Paz, Xosé María, “O “noso” Colón en “Os Eoas” de Pondal”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 44, 22 setembro 1998, pp. 4-5.

Recolle unha carta inédita de Pondal, datada o 13 de marzo de 1913 e dirixida a Constantino Horta y Pardo, na que o poeta fala da procedencia de Cristóbal Colón. Ademais Pondal indícalle ó destinatario que no seu poema “Os Eoas” presenta a Colón “como hijo de nuestra amada Galicia”. A relación epistolar con Constantino Horta, autor de *La verdadera cuna de Cristóbal Colón* (1912) e ardente defensor da orixe galega do almirante, quizais mostra, segundo Dobarro, a intención de Pondal de “facer galego” a Colón no seu poema. Reproduce tamén unhas declaracións do poeta de Ponteceso, publicadas nunha entrevista concedida a *La Voz de Galicia* en 1912, nas que manifestaba a súa intención de se separar da visión de Colón ofrecida por Campoamor e outros poetas en canto á xesta do individuo, para construír “un canto á raza”. Dobarro conclúe que non se pode asegura-la orixe certa que Pondal lle atribuiría finalmente ó descubridor, xa que “Os Eoas” non viu a luz, aínda que sinala que Cabanillas, “o máis significado seguidor do celtismo pondaliano”, concibe a Colón en varios textos como “ilustre navegante descendente dos celtas”.

Dobarro Paz, X. Mª e E. **Vázquez Sousa**, “Blanco Torres e Teixeira de Pascoaes”, *A Nosa Terra*, nº 852, “Guieiro Cultural”, 15 outubro 1998, p. 26.

Os autores do artigo consideran de interese divulgar unhas cartas con ocasión da designación de Blanco Torres como escritor homenaxeado no Día das Letras 1999. Coméntase a boa acollida que tivo a teoría do saudosismo de Teixeira entre escritores e artistas galeguistas como Risco, Villar Ponte, Cebreiro, Cabanillas ou Blanco Torres. Así, ponse de relevo que a “veneración” que os nacionalistas sentían por Pascoães era tal que mesmo parecían admitir afirmacións do portugués “que hoxe nos soan a imperialismo colonialista do mais rancio estilo”. Logo de se centrar nas reaccións e na admiración de Risco co poeta e pensador portugués, así como o tratamento recibido en *Nós*, reprodúcense catro cartas de Roberto Blanco Torres a Teixeira de Pascoães. Na primeira, con data de 21 de xullo de 1921, o escritor e xornalista galego exprésalle a súa admiración e a dos galegos; na segunda, do 17 de agosto de 1924, expresa o seu agradecemento polo regalo dun retrato; na terceira, do 17 de xullo de 1925, pídelle unha colaboración para o aniversario do *Galicia* e na cuarta, do 18 de febreiro de 1928, loa a obra *Jesús Cristo em Lisboa*, de Pascoães e Raul Brandão. Finalmente indícase que xa na revista *Nós* Risco alude ós influxos de Teixeira de Pascoães na obra *Orballo de media noite* (1929), de Blanco Torres. Reprodúcese tamén unha misiva que Pascoães enviou a Blanco Torres, o 18 de xullo de 1925, na que o felicita polo aniversario do xornal *Galicia* e lle declara a súa amizade.

Finalmente, faise nota-lo feito de que na *Historia de la literatura Gallega*, de Benito Varela Jácome se inclúa a Blanco Torres entre os poetas de tendencia vangardista e non nos saudosistas.

Eiré, Xosé M., ”E digo máis...”, A Nosa Terra, nº 812, “Guieiro Cultural”, 8 xaneiro 1998, p. 17.

Compárase a obra *Un xogo de apócrifos* (1997), de Xosé Carlos Caneiro con outras novelas da literatura universal. Así, por exemplo, o tratamento do tempo ponse en relación con obras como *Na procura do tempo perdido*, de Proust, *Ulyses*, de Joyce ou *A morte de Virxilio*, de Hermann Broch. Ó longo do comentario, menciónanse tamén nomes como os de Borges e Cortázar e, dentro da narrativa galega, aparecen como antecedentes Cunqueiro, Fole e Otero Pedrayo. A itinerancia que impón a acción e a demencia á que chega o protagonista da obra de Caneiro fan que se sinalen certas semellanzas entre esta novela e *O Quixote*, chegando a afirmar que “a obra de Caneiro é superior á cervantina”.

_____,”Instinto primário”, *A Nosa Terra*, nº 815, “Guieiro Cultural”, 29 xaneiro 1998, p. 24.

Despois de salienta-la creación de “espacios narrativos novos” na literatura galega actual, refírese a *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga. Sinálase a vacilación da obra entre “o xénero negro e a novela itinerante”. Así, cualifícase o libro como “desconcertante”, gracias, en parte, ós nomes dos personaxes que nos remiten á “literatura sudista”. A continuación, céntrase en dous aspectos importantes da novela: a abafante presencia do sol e os espacios onde se desenvolve a acción. Tamén se destaca o inicio da obra, a presencia de varios narradores e os personaxes “moi ben logradas e individualizadas”, dentro dos que se resalta a figura do doutor Malcolm. Finalmente, afírmase que *Manancial* é “un interesante exercício narrativo, que quere superar os tópicos partindo deles mesmos”.

_____, ”Histórias culpábeis”, *A Nosa Terra*, nº 817, “Guieiro Cultural”, 12 febreiro 1998, p. 23-24.

Comentario sobre a obra *Magog* (1997), da escritora María Gándara, na que se sostén que non é unha novela histórica habitual, a pesar de que a acción se sitúa na Idade Media, onde transcorren as aventuras de Xofré de Salvamont e de dona Urraca. Sinala tamén certas peculiaridades no estilo lingüístico, marcado pola “floritura e riqueza lingüística” e na estructura compositiva, artellada nun “xogo de alternáncias”. Cre que todo isto afasta a obra desta autora das novelas históricas habituais. Refírese tamén ó remate da obra, caracterizado por unha grande carga lírica. Considera este lirismo como a maior virtude da novela e chama a atención sobre os frecuentes descoidos editorais.

_____, “As propostas literárias do ano que foi”, *A Nosa Terra*, nº 819, “Guieiro Cultural”, 26 febreiro 1998, p. 27-28.

Resumo do panorama literario galego ó longo do ano 1997. Eiré cre que a ausencia das consideradas “primeiras espadas narrativas” como Ferrín, Casares, X. Cabana ou Manuel Rivas, non significa que a narrativa galega estea atravesando un mal momento. Tamén confía nas alternativas renovadoras que irrompen na literatura con forza, e analiza as relacións deses novos autores co sistema xenérico dominante. Así, sinala a aparición na narrativa de nomes como os de Xurxo Borrazás, Manuel Seixas, Xurxo Souto, Anxo Angueira, Manuel Lourenzo, Xesús M. Valcárcel, Cid Cabido e Xosé Carlos Caneiro con *Un xogo de apócrifos* (1997), entre outros; no ensaio destaca a Antón Baamonde; e na poesía menciona a Olga Novo e Estevo Creus. Comenta tamén o eloxioso labor levado a cabo pola editorial Galaxia a través de diferentes coleccións, guías, monografías de arte, etc.

_____, “Lavar a vida no mar”, *A Nosa Terra*, nº 821, *“Guieiro Cultural*”, 12 marzo 1998, p. 24.

Tras unha breve referencia á colección “Descuberta” da editorial Galaxia, empréndese unha análise de *Mar de fondo* (1997), de Manuel Núñez Singala. Apúntanse algúns aspectos da novela como, por exemplo, a estructura tan “ben trazada” sobre a que se traballa e fálase tamén dos personaxes principais, dos que destaca a súa configuración minuciosa. Asemade, refírese ó espacio, relacionando a concreción de escenarios co teatro. Menciona ademais o tempo, destacando a súa perfecta estructuración, e, por último, valora de xeito positivo o estilo do autor. Afirma a este respecto que “o domínio da língua é admirábel” polo que considera a obra un “precioso exercício narrativo”.

_____, “Transición da nada”, *A Nosa Terra*, nº 822, “Guieiro Cultural”, 19 marzo 1998, pp. 23-24.

Recensión de dúas novelas: *Finisimo pó nas ás* (1997), de Xerardo Quintiá e *A era de Acuario* (1997), de Xosé Ramón Pena. Eiré mostra cómo se complementan e os trazos que teñen en común as dúas obras. Despois céntrase en *Finisimo pó nas ás*, da que salienta a aparición dun “vangardismo pletórico” dentro do costumismo que domina o libro. Tamén se pregunta se non lle conviría máis ó autor a “estratéxia do relato independente”. Pola súa banda, de *A era de Acuario* destaca o emprego de referencias musicais para caracteriza-la época da novela e a “análise social” presente no libro. Ademais, comenta as diferencias entre as dúas novelas e os seus narradores. Por último, sinala os motivos polos que os dous libros non pertencen a unha colección infantil.

Fernández Cuesta, Mª V., “Ruido. Relatos de guerra”, *ABC*, “*ABC Literario*”, nº 333, 20 marzo 1998, p. 30.

A propósito da traducción ó español, no ano 1997, da obra de Miguel Anxo Murado, *Ruido* (1996), sitúa a este autor entre as voces que se alzaron poñendo de manifesto o horror vivido por millóns de cidadáns. Comenta que Murado “describe un espectáculo dantesco de un zoológico atrapado en la línea de combate, donde las bestias están muriendo de hambre y miedo aterrorizadas por el ruido de las balas y los obuses (...)”. Logo de se referir á trama dalgúns dos contos cualifica estes relatos como “sombríos” e considera que se trata dunha prosa rápida e brillante. Lamenta sen embargo que a edición non estea ben coidada e que mesmo se repite un erro e se detectan algunhas erratas.

Fernández del Riego, Francisco, “Otero Pedrayo e Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 36, 28 xullo 1998, p. 7.

Breve perfil biográfico de Ramón del Valle-Inclán e Ramón Otero Pedrayo. Fai alusión á etapa de estudiante en Santiago de Compostela de cada un deles e á súa afección compartida polas viaxes. Alude ó carácter lírico e barroco que caracterizou as obras de ámbolos dous escritores, así como á riqueza imaxinativa e a “frondosidade verbal” propias de Otero Pedrayo fronte ós limitados recursos expresivos que empregou Valle. Finalmente, remata cunha mención do influxo de Compostela na vida e na obra dos dous autores.

García, Rodri, “Que din os poetas”, *La Voz de Galicia, “Culturas”*, nº 13, 17 febreiro 1998, p. 1-2.

Reflexiónase sobre a situación da poesía galega actual, tomando como punto de partida a antoloxía *Para saír do século. Nova proposta poética*, editada en Xerais no 1997 por Luciano Rodríguez e Teresa Seara. Cítanse algunhas das opinións que aparecen reflectidas na obra sobre o estado da poesía galega actual. Así, menciónanse as ansias rupturistas dos novos escritores, pero sen nega-la influencia que sobre estes exercen os poetas xa consagrados. Tamén se fai referencia ó labor da editorial Espiral Maior dedicada á poesía, así como ó esforzo doutras empresas editoriais como Galaxia, Xerais ou Edicións do Castro. Saliéntase, por último, o papel dos lectores neste ámbito literario

García de la Concha, Víctor, “Asedio de sombra. Arcadio López-Casanova”, *ABC*, “*ABC literario*”, 9 xaneiro 1998, p. 12.

Describimos esta recensión polos datos que García de la Concha nos salienta da biografía dun escritor galego como Arcadio López Casanova aínda que se dedique este traballo a analiza-lo poemario castelán *Asedio de Sombra*.

Guede, Isidoro, “Con Pura Vázquez en el ‘Desmemoriado río’”, La Región, 18 xaneiro 1998, p. 19.

Antes de se referir a *Desmemoriado río* (1997), de Pura Vázquez, comeza situando a súa obra nun contexto literario no que aparecen nomes como os de Carmen Blanco, Luz Pozo, Xohana Torres e Dora Vázquez. Sinala tamén as variacións de ritmo e de ton que se poden atopar no libro. Finalmente, chama a atención sobre a madurez poética que aparece reflectida na obra.

Liñares Giraut, X. Amancio, “O intenso compromiso”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 36, 28 xullo 1998, p. 7.

Percorrido pola vida e polo labor de Roberto Blanco Torres, citando algúns dos estudiosos que achegaron informacións sobre o “xornalista, escritor, político, agrarista e galeguista”, que será homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1999. Cita as revistas que fundou en Cuba: *La Alborada* (1911) e *La Tierra Gallega* (1915); así como o seu labor como director de *La Zarpa*, *El Progreso*, *El País* e *El Correo Ferrolano*.

López Foxo, Manuel, “A contribución de Manuel María á renovación da palabra poética dos setenta”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 842, 6 agosto 1998, p. 26.

Reflexión sobre as características da poesía social-realista e a función concienciadora que desempeñou no seu momento. Inclúe un cadro sinóptico cos autores e as obras que, na súa opinión, contribuíron á renovación da poesía. A continuación, céntrase na obra de Manuel María, especialmente naqueles poemarios que marcaron a renovación poética dos anos setenta. Analiza algunhas das causas polas que a obra do escritor da Terra Cha foi inxustamente xulgada e, para rematar, cita algúns dos seus inéditos.

_____, “Regreso a Seraogna”, *A Nosa Terra*, nº 848, “Guieiro Cultural”, 17 setembro 1998, p. 24.

Céntrase no poemario de Alfonso Pexegueiro, *Seraogna*, reeditado no 1997 cunha introducción e notas de Luciano Fernández Martínez e con tres apéndices do propio autor. Considera que é este un poemario “dunha calidade literária extraordinária” que “marca un antes e un despois na poesia dos setenta”. Reproduce ademais algúns versos do poeta ponteareán, analiza o significado do título do poemario e, finalmente, recomenda a súa lectura.

Lorenzo, Fran P., “Palabras con Elías e Ramiro”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 193, p. 8.

Analise da antoloxía *Vis à vis*(1997), publicación editada polo Grupo de Apoio a Elías e Ramiro. Saliéntase que o poemario defende a liberdade de dous mozos insubmisos a través dos poemas de diferentes poetas galegos. Menciónase tamén outro poemario que defendía idénticos ideais: *Dous anos, catro meses e un día* (1995). Empréganse os versos que conten *Vis à vis* para destaca-las súas ideas máis importantes. Ademais, sinálase que con este motivo xuntáronse poetas de moi diversas idades: Novoneyra, Mónica Góñez, Xosé María Álvarez Cáccamo e Modesto Fraga.

Lorenzo, Francisco P. e Susana I. **Carbia**, “Pedrayo: o cosmos da araucaria barroca”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 199, 5 marzo 1998, pp. 6-7.

Breve lembranza de Otero Pedrayo cando se cumpren cento dez anos do seu nacemento en terras de Trasalba. Recorda o seu labor como dramaturgo, político, xeógrafo, filósofo, orador, ensaísta, poeta e xornalista, así como os seus esforzos por “conectar a Galicia co mundo e con si mesma, coma un demiúrgo barroco e xeneroso que dota de alma todo o que toca”. Alude, por último, ó contido da súa novela *Os camiños da vida*, un retrato do século XIX e da “fidalguía que camiña cara ó solpor de riqueza e poder”.

M. D., “Formigas na Mazá”, *El Progreso*, *“Táboa Redonda”*, nº 60, 17 xaneiro 1998, p. III.

Refírese a *Contos de Nova York* (1997), de O´ Henry. Infórmase de que esta traducción do escritor de relatos norteamericano conta cun prólogo de Antón Reixa. Sinálase que O´ Henry non é o “cronista de Nova York” e resáltase que a forza dos seus escritos residía en que descubriu “a caótica condición do home urbano nun momento de expansión do xeito de vida que marca o século vinte”. Tamén se menciona que o libro está composto por once relatos e que neles destacan as “gloriosas doses de sorpresa”, como unha das características sobranceiras deste escritor.

Martínez Bouzas, F.,"Diccionarios despistados", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras"*, nº 192, 15 xaneiro 1998, p. 9.

Tras facer referencia ó primeiro volume do *Diccionario da literatura galega* (1996) e ás diversas críticas que recibira, dáse conta da aparición do segundo volume desta obra dedicada ás "relacións entre xornalismo e literatura". Asemade, lóase o traballoso labor de recompilación do libro e amósase a disconformidade cos "erros e as inexactitudes" que presenta, e dos que se fai unha relación. Por todo isto, o libro aparece definido como "despistado", aínda que se recoñece que é un "instrumento útil e importante".

_____**,**"Cando a seca do Miño", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 193, 22 xaneiro 1998, p. 9.

Coméntase a novela *A pedra de bezoar* (1997), de Emilio Valadé, que presenta unha trama centrada na desaparición das augas do río Miño e nas reaccións que ese feito provoca. Menciónase outra novela galega, que ten como protagonista o río Miño, *Vixía os sables ao chegar febreiro* (1995), de Daniel Pino, marcándose algunhas afinidades entre as dúas obras. Tamén se di que *A pedra de bezoar* utiliza o humor baseado "nunha dose de tenrura e nunha forte carga intelectual". Destácase ademais a Castelao como antecedente desta utilización do humor. Por último, critícanse certos capítulos do libro que se definen como "insufribles", xa que non están á altura do que pretendía a obra: "decirnos quen somos os galegos en clave satírica".

_____, ”Informe obxectivo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 194, 29 xaneiro 1998, p. 9.

Recensión do libro *Informe de Literatura 1996*, editado polo Ramón Piñeiro, baixo a coordinación de Blanca Ana Roig Rechou. Coméntase que o libro “escanea” tódalas obras relacionadas coa literatura galega publicadas en 1996. Despois de falar do contido do libro e da súa axeitada presentación, lóuvase a obxectividade presente no volume, o que fai que non aparezan reflectidos “esquecementos ou subxectividades ruíns”. Por último, sinálase a disconformidade polo criterio restrinxido que se segue ó selecciona-los ensaios, xa que se centran só nos “estudios que ensaian temática literaria”.

_____, ”Narración sólida”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 195, 5 febreiro 1998, p. 9.

Dáse conta da aparición da novela *A era de Acuario* (1997), de Xosé Ramón Pena. Despois dun breve resumo da trama do libro, destácanse algúns aspectos da novela. Así, lóuvase a plasmación dun pasado cercano ó lector: o final da dictadura. Tamén se salienta a trama sinxela da novela que, sen embargo, “cativa e deleita”. Asemade, coméntanse a linguaxe “clara, natural”, o ritmo narrativo e os personaxes. Ademais, cualifícase a novela de “debuxo dunha aprendizaxe sentimental e vital”, e resáltase que Xosé Ramón Pena escapa de dous defectos presentes na literatura galega actual: o desexo de publicar cada ano e de abarcar tódolos xéneros.

_____, ”Novelar o caos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 196, 12 febreiro 1998, p. 9.

Ponse en relación *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, coa concepción da historia ata o século XIX, baseada no desorde, no caos. Así, dise que en *Manancial* relátase a “neurose dunha familia formada por seres primarios”. Tamén se mencionan algúns dos comportamentos brutais e irracionais presentes ó longo da novela. Por último, fálase da intertextualidade do libro, destacando a relación con Faulkner en algúns trazos temáticos e tamén no tipo de narrador da obra: “un simple espectador narrador que apenas sabe ou entende o que aconteceu”.

_____, “¿Unha novela galega?”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 197, 19 febreiro 1998, p. 9.

Comeza xustificando a inclusión da obra *El viaje de la vida*, de Olegario Sotelo Blanco, nun espacio dedicado á literatura galega, a pesar de estar escrita en castelán. Informa da existencia dunha versión desta obra na nosa lingua e sinala que a galega é, ademais da mellor versión, a “orixinal”. Considera que a elección por parte do autor da lingua castelá para publica-la súa obra débese a motivos extraliterarios. Sinala que a historia é a dunha rapaza emigrante galega que se move nun ambiente prostibular na cidade de Barcelona e destaca que a axilidade estilística consegue que o lector esqueza as “carencias e excesos da obra”. Cualifica a novela como “aceptable”.

_____, ”Demasiado labirinto”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 198, 26 febreiro 1998, p. 9.

Comentario sobre a obra *Sombras no labirinto* (1997), de Francisco X. Fernández Naval, no que se sinala que o espacio empregado polo autor para desenvolve-la acción é o Canón do Sil, na Ribeira Sacra. Tamén se menciona o tempo no que se sitúa a historia -os anos 80- e resúmese o argumento, dicindo que é a “historia dun soño de liberdade que remata en traxedia”. Finalmente, considérase que a obra está “moi ben escrita”, pero que a liña argumental vese perxudicada por un excesivo número de recordos e de historias que se entrecruzan.

_____, “Vexamos, un novo autor”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 201, 19 marzo 1998, p. 9.

Empézase falando da edición da obra *Finísimo po nas ás* (1997), de Xerardo Quintiá na colección “Descuberta” da Editorial Galaxia. Sinálase que esta colección pretende abrírlle-las portas ós novos escritores e menciónanse ademais algunhas características dos temas e do estilo que empregou o autor. Faise referencia a que a visión que se ofrece na obra é a dun neno, Susiño. Tamén se destaca o desenvolvemento da acción nunha época concreta, a infancia do protagonista, e nun lugar determinado, a Galicia rural. Finalmente, defínese a obra como “excepcional, ganduxada con puntadas de finísima textura”.

_____, “Un xogo sen nome”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes, e Ciencias”,* nº 202, 26 marzo 1998, p. 6.

Repásanse algúns dos elementos que aparecen en *Teoría de xogos* (1997), de Luísa Villalta: a teoría do xogo, os xogadores, o escenario empregado e o xogo propiamente dito. Sinálase que a novela pode ter dúas lecturas distintas, unha intimista e outra social. Así, a primeira afecta ás cinco persoas protagonistas que están xogando, mentres que a segunda reflicte o “xogo” da sociedade actual. Saliéntase tamén a grande habilidade de Luísa Villalta para achega-lo lectorado, por exemplo, á personalidade dos xogadores.

_____, “Unha certa novela negra”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 203, 2 abril 1998, p. 6.

Comenta algúns dos aspectos que chamaron a súa atención no libro *A Historia de Chicho Antela* (1997), de Antón Riveiro Coello. Fai fincapé na acomodación da obra ó subxénero da novela negra e cre que a pesar de que o tema e de que certos trazos estilísticos son os propios deste tipo de novelas, non se pode defini-la obra como un bo relato da serie negra. Considera que a novela é “confusa, enleada”, e que está “recargada de historias secundarias (...) que non teñen gracia ningunha”. Tamén valora negativamente a case total ausencia da paisaxe onde se desenvolve a acción: Limia.

_____, “Henriqueta na galería”, *O Correo Galego, “Revista das Letras*, *Artes e Ciencias*”, nº 5, 16 abril 1998, p. 6.

Achéganos en primeiro lugar unha presentación dos personaxes e dos temas máis importantes que aparecen en *Henriqueta na galería* (1997), de Lois Diéguez. Sinálase que o denominador común de tódolos contos que forman esta obra é, ademais da personaxe principal de Henriqueta, a crítica social que agroma de forma explícita en todos eles. Tamén se fai referencia a que a maioría dos relatos poden considerarse “bos contos”. Finalmente, afírmase que “é reconfortante (...) atopar de cando en vez, literatura que foxe de eufemismos”.

_____,“A actividade editorial galega”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 6, 23 abril 1998, p. 6.

Saliéntase a aparición do libro *A actividade editorial en Galicia (1850-1936)* (1997), de X. V. Freire Lestón. Lóuvase a figura de Carlos Blanco, editor do libro, “alentador” de Edicións do Cumio e finado recentemente. Despois faise unha breve mención á historia das editoriais en Galicia antes da época que abarca o libro. Coméntase logo a actividade editorial nas datas sinaladas, mencionando a Uxío Carré coa Librería Gallega, a editorial Terra a Nosa, a Editorial Céltiga e outras pequenas editoriais ata chegar á grande casa editora de Galicia nesta época, a Editoral Nós de Ánxel Casal. Finalmente, destácase o labor de Freire Lestón porque combina “o rigor investigador e analítico”.

_____, “Raíña Inés”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 8, 7 maio 1998, p. 6.

Coméntase a traducción ó galego da obra *Ines de Castro* (1997), de Madame de Genlis. Cóntase, brevemente, a historia da mítica protagonista do libro e menciónase a outros autores que se inspiraron neste mito. Tamén se fai referencia á biografía de Madame de Genlis. Eloxíase a brevidade da obra e os “coñecementos das interioridades cortesanas” da autora. Asemade, defínese o libro como “moi pretérito para os nosos gustos”. Finalmente, menciónanse os criterios que se seguen á hora de escolle-los libros que se van traducir ó galego.

Mene, Alex e **Buxán Bran**, “O magnetismo de Manuel Lourenzo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 199, “Latexos”, 5 marzo 1998, p. 12.

Menciónanse algunhas características das tres pezas teatrais de Manuel Lourenzo recollidas no volume *Veladas indecentes* (1996). Así, sinálase que as pezas teñen en común o ambiente invernal e os escenarios góticos. *A velada de Londres*, segundo se di no artigo, fai unha revisión da historia de Drácula empregando elementos que engaden tenrura á historia. Da peza *Cando chega decembro*, coméntase o seu “humor tan ledo como corrosivo”. Pola súa banda, *A velada espectral de Mister Peabody* considérase unha metáfora da sociedade galega. Ademais, o teatro de Manuel Lourenzo aparece definido como unha “arma terrible e demoledora sendo á vez delicada e insinuante” gracias, sobre todo, á intelixencia creadora do autor.

Navia, Rosa, “Loitas sen tempo”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 203, 2 abril 1998, pp. 2-3.

Sublíñase o papel de Roberto Blanco Torres como partícipe no grupo que significou o tránsito entre o gusto da fin do século XIX e as novas tendencias que chegan máis tarde da man de Manuel Antonio, Amado Carballo ou Pimentel. Faise referencia a *Orballo de media noite* (1929), apuntando que se aprecian influxos clásicos xunto a unha linguaxe de vangarda. Prosegue esta panorámica coa sensación de que non se lle fixo xustiza ó labor deste escritor e xornalista e alúdese, neste sentido, ó esforzo da Asociación Meigallo de Cuntis por restablece-la “loita do home que, coa súa pluma, conseguiu ir facendo Galicia”. Alúdese ó seu labor como xornalista e abórdanse algúns temas por el tratados como a loita agraria, a lingua galega e o ensino e a emigración. Conclúe coa referencia á súa execución logo dun xuízo do que fora absolto previamente.

Núñez Sobrino, Ángel, “Unha voz desde a soidade dos espacios”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 30 agosto 1998, p. VIII.

Análise de *Codeseira* (1933), de Xosé Crecente Vega, e de *Centileos nas ondas* (1958), de Gonzalo López Abente, centrándose nos seus aspectos paisaxísticos, que son considerados fundamentais na literatura galega. Do primeiro interésalle o tratamento da terra e do segundo a súa visión do mar. Desenvolve as súas teses en ton lírico e exemplificando con versos das obras devanditas. Inclúe tamén valoracións de críticos sobre estes dous poemarios e ofrece a súa opinión sobre o valor que estes libros teñen para a nosa literatura.

Otero Cebral, Xosé Luís, “Apuntes sobre ‘Calor”, *El Progreso*, *“Táboa redonda”*, nº 61, 24 xaneiro 1998, p. 3.

Celébranse os acertos do poemario *Calor* (1997), de Manuel Darriba. Así, saliéntase o bo uso que o autor do libro fai das metáforas, símbolos, personificacións e adxectivos. Tamén se destaca o emprego de personaxes femininas que crean “amenidade constante”. Ademais, sinálase a relación entre os cambios de acción, de estacións ou do tempo atmosférico, e o espacio. Todo o dito fai que se defina a obra como “unha das mellores inspiracións líricas de fin de século”.

Paz Gago, Chema, “Lorca e o teatro galego” *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 34, 14 xullo 1998, p. 2.

Resáltase a necesidade de estudia-las influencias mutuas do teatro de García Lorca e dos dramaturgos galegos. Tras nomear varios autores galegos que mostran “a pegada lorquiana”, sinálase que o teatro apartouse do burgués gracias a Valle Inclán e despois a Lorca. Cítase a dous autores galegos que influíron na obra teatral de Lorca: Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro. Do primeiro menciónase a súa amizade, a colaboración nas obras lorquianas e a intención de se-lo protagonista de *Así que pasen cinco años*. Con respecto a Cunqueiro, coméntanse as “asombrosas... e sospeitosas” coincidencias dalgúns prólogos de Lorca e outros anteriores de Cunqueiro.

Pérez, Luis, “Blanco-Amor e os “Seis poemas galegos” de García Lorca”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 34, 14 xullo 1998, p. 3.

Comentario sobre os *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca. O crítico salienta a influencia de Galicia en Lorca a través da lírica galaico-portuguesa, de diversos escritores e artistas galegos e de obras poéticas galegas. Tamén destaca o papel de Blanco Amor ó conservar e publica-los poemas galegos de Lorca xa que demostrou ter unha “grande intuición de futuro”.

Polín, Ricardo, “No cabodano de Crecente”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 202, 26 marzo 1998, p. 2.

Co gallo do cincuenta aniversario da morte de Crecente Vega e a próxima publicación da súa obra inédita, reprodúcese un artigo de Ricardo Polín, gañador do último Premio Literario "Ánxel Fole". Nel fálase da morte de Crecente, da súa amizade con Aquilino Iglesias Alvariño e das características da súa poesía. Ademais, destácase a liberdade creativa que mantivo Crecente fronte ós movementos vangardistas, o que o converte “no máis claro antecedente da poética rural” posterior.

Quintáns, M., “O relato curto de Isidro Novo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 25 xaneiro 1998, p. VII.

Recensión do libro *Carne de can* (1997), de Isidro Novo. Sinálase que os distintos relatos non presentan unha unidade temática, mentres que o título do libro serve para abrangue-los diversos contos. Ademais, defínese a obra como “historias fantásticas, no limite sempre do absurdo”. Por último, destácase a importancia do final dos relatos, “inesperado e sorprendente”.

_____, “Informe de Literatura 1996”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 15 febreiro 1998, p. VIII.

Coméntase a aparición do *Informe de Literatura 1996*. Despois de referirse ás distintas colaboracións que tivo o citado volume, coméntase o contido do libro, que ofrece “unha panorámica moi completa da realidade da literatura galega”. Tamén se sinalan as novidades deste *Informe* con respecto ó de 1995: gráficos estatísticos sobre as editoriais e o Día das Letras Galegas e un índice temático. Destácase a estructura da obra en doce capítulos que fai “máis doada a súa consulta” e suxírese a incorporación de novos apartados que poñan de manifesto as “limitacións do noso mundo editorial”.

_____, ”Joseph Conrad en Edicións Positivas e en galego”, *El Correo Gallego, “Edición 7”,* 1 marzo 1998, p. IX:

Infórmase da traducción ó galego en Edicións Positivas da obra *Corazón da escuridade* (1997), de Joseph Conrad. Coméntase que foi publicada orixinalmente na revista *Blackwood Magazine* en 1899. Tamén se fai referencia a que presenta tódalas características propias dunha obra finisecular. Asemade, afírmase que a elección da obra por parte de Edicións Positivas está motivada polo interese desta editorial en “familiarizarnos con aqueles aspectos da arte literaria menos familiares”. Tamén se menciona a indeterminación da obra de Conrad entre a “prosa artística” e a “literatura popular”. Finalmente, saliéntase ó coidado posto na súa presentación.

_____, “Manancial’, un guión literario premio Xerais de Novela, *El Correo Gallego,” Edición 7”*, 24 maio 1998, p. VII.

Relaciónase co cine a obra de Xavier Queipo, *Manancial* (1997), ó apuntar que é como un “guión literario cinematográfico”. Ademais, sinálase que entre os trazos comúns ó cine e á literatura destacan o comezo da novela, a “fuxida-persecución” e o emprego do suspense. Tamén se comenta “a habelencia do autor na creación e caracterización de personaxes e ambientes”. Por último, resáltase a liberdade que esta novela lle dá ó lector.

_____, “Magog’, un relato histórico”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 30 agosto 1998, p. VII.

Tras destaca-la tendencia de renacemento que está a vivi-la novela histórica na literatura galega e universal, ofrece a nómina dos premios obtidos por María Gándara (Lola González), dende o Merlín en 1992 por *Os Mornias* ata o García Barros en 1997 por *Magog*. A seguir céntrase nesta novela, a súa primeira obra para adultos, á que considera “unha fermosa novela histórica”. Destaca as boas cualidades da escritora aínda que “insuficientes para se superar a si mesma en relación (...) con outras obras anteriores”. Valora especialmente a construcción dun universo cheo de personaxes históricos mesturados cos de ficción e a presencia dunha lingua familiar na que “as palabras abrollan coa naturalidade da fala cotiá”.

Rodríguez Fer, Claudio, “Dámaso e Aleixandre, corresponsais de Pimentel”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 22, 21 abril 1998, p. 4.

Explícase a relación que mantiveron Dámaso e Aleixandre co poeta lucense Luís Pimentel. Sinálase que Dámaso Alonso escribiu o prólogo do libro *Barco sin luces*, de Pimentel, así como *Domingos con Pimentel* e seis cartas ó poeta lucense. Tamén se fai referencia a que este autor da xeración do 27 chegou a identificar a Pimentel con Cernuda. Ademais, coméntase que Aleixandre ten tres cartas dirixidas ó escritor lucense, nas que se dá conta da relación dos dous poetas. Asemade, sinálase que as cartas de Dámaso, Aleixandre e Guillén, foron entregadas e publicadas no *Boletín Galego de Literatura*. Por último, destácase a necesidade de recupera-las cartas dos poetas do xeración do 27 dirixidas a outros escritores galegos.

_____, “Blanco Torres na Santa Compaña de 1936”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 34, 14 xullo 1998, p. 7.

Logo de aludir á próxima dedicatoria do Día das Letras Galegas de 1999 ó poeta e xornalista Roberto Blanco Torres, “asasinado en Entrimo en 1936”, menciónanse os “indescriptibles horrores padecidos por galegos durante a guerra civil”: asasinatos, encarcelacións, depuracións de cargos, exilios, etc., todo o cal repercutiu negativamente na cultura galega. Cita nomes como os de Ánxel Casal, Alexandre Bóveda, Víctor Casas, Xohán Xesús González, Xaime Quintanilla, Camilo Díaz Baliño, Arturo Noguerol, Manuel Lustres Rivas, entre outros moitos, todos eles víctimas da represión. Tamén se citan algunhas das obras que teñen como tema principal os desastres producidos pola Guerra Civil: libros de memorias como *Fuxidos* (1976), de Juan Noya; *O siñor Afranio ou como me rispéi das gadoupas da morte* (1979), de Antón Alonso Ríos e *Memoria dun fuxido* (1979), de Manuel González Fresco; novelas de base autobiográfica como *Non agardéi por ninguén* (1957), de Ramón de Valenzuela; *O silencio redimido. Historia dun home que pode ser outro* (1976), de Silvio Santiago e *Scórpio* (1987), de Carballo Calero; crónicas periodísticas como as “Historias de fuxidos”, de Darío Álvarez Blázquez e a colección “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”, promovida por Ediciós do Castro.

Sanz Villanueva, Santos, “Del conocimiento a la rendición”, *El Mundo*, *“La Esfera”*, nº 359, 23 maio 1998, p. 13.

En relación a *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, o crítico destaca que a novela utiliza o suspense para achegarnos ós problemas da condición humana. Logo dun pequeno resumo da trama da obra, fala do narrador en primeira persoa que aproxima o relato ás novelas picarescas. Tamén louva o trato de certos temas e a creación dalgúns personaxes. Ademais, quéixase dos longos diálogos, das descricións e dalgunhas situacións. Conclúe dicindo que a novela lle parece “en exceso tradicional”.

Seara, Teresa, “Tempos de reflexión e novidade”, *A Nosa Terra*, nº 820, “Guieiro Cultural”, 5 marzo 1998, p. 24.

Menciónanse algunhas das propostas feitas ó longo do 97 na lírica da nosa literatura. Así, sinálase o labor do selo “Letras de Cal” e dá conta das publicacións que xa presentou no ano mentado: *A primeira visión*, de María Lado; *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín; *Ruído de motos*, de Kiko Neves e *Quen nos defende a nós dos idiotas?*, de Igor Lugrís. Tamén se fai referencia ós poemarios aparecidos na colección “Illa Verde”: *Abecedario da desolación*, de Miro Villar; *Calor*, de Manuel Darriba e *Do amor salgado*, de Modesto Fraga. Ofrécese de todos eles unha descrición das súas principais liñas temáticas e dalgúns dos seus trazos estilísticos.

VV. AA., “El año de Faro”. 145 aniversario”, *Faro de Vigo*, 3 novembro 1998, pp. 1-128.

Con motivo do seu 145º aniversario, o xornal vigués editou este suplemento especial no que se abordan cuestións relativas á súa historia, evolución e ó contexto socio-político do seu nacemento, ademais de facerse un repaso das súas características actuais. Conta con numerosas colaboracións de intelectuais e políticos e, no referente á literatura galega, acolle os traballos asinados que a seguir se describen.

-X. M. del Caño, “Escritores galegos para o século XXI, ante a internacionalización das letras”, pp. 80-85.

Realiza unha panorámica da literatura galega actual partindo da consideración do bo momento que vive e opinando que está a piques de consolida-la internacionalización. Refírese así a unha presencia reforzada por autores como Manuel Rivas, que virían a reafianza-lo camiño de autores anteriores como Xosé Neira Vilas, Carlos Casares ou Xosé Luís Méndez Ferrín, á traxectoria dos cales se refire brevemente. Aproveita a alusión a estes escritores para significa-la traxectoria exitosa do relato. Prosegue o seu percorrido coa novela, apuntando os nomes de Alfredo Conde e Xavier Alcalá e, dentro do xénero novelesco, menciona a novela negra, “nucleada ó redor de Santiago e Vigo”. Tamén cita algúns autores á hora de se referir á recreación literaria e artística do mito celta. A referencia á literatura infantil e xuvenil

e ós seus inicios dálle paso á traducción, manifestando que a administración debera asumir un papel máis decidido na traducción de autores galegos a outras linguas. Fala tamén da significación da figura de Rosalía de Castro e céntrase na lírica feminina, citando unha nómina encabezada por Pura e Dora Vázquez, ás que denomina “fillas de Rosalía”. Cita tamén as “netas de Rosalía” cunha nómina que comeza por María Xosé Queizán. No referente á lírica masculina, salienta entre outros a Antón Tovar, Manuel María, Uxío Novoneyra, García Bodaño e Méndez Ferrín. A continuación, detense na literatura erótica agoirando que “promete despertar paixóns no século XXI” e subliña a Olga Novo, logo de citar outros escritores que ó longo da historia abordaron a temática. Manuel Lourenzo, Manuel María, Vidal Bolaño e Agustín Magán son os autores referidos para exemplificar un teatro galego que “sobrevive a contracorrente, no medio da anguriante indiferencia do público e das editoriais, coa xenerosa e fecunda entrega dos autores como único valedor (...)”. Finalmente, refírese á crítica literaria onde subliña a Francisco Fernández del Riego, Carballo Calero, Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío, Méndez Ferrín e Carmen Blanco.

-Francisco Fernández del Riego, “Xornalismo e cultura”, p. 114.

Reflexiona sobre as funcións da prensa, salientando que o xornal galego debe facerse eco dos temas vivos da nosa cultura. Considera alentador que a vida artístico-literaria do país vaia tendo acollida nos medios de comunicación, xa que o que importa esencialmente dun labor literario é a súa repercusión social. Reivindica ademais un xornalismo que non se encarreire en lle render culto á anécdota e lle dea cabida a aquilo que pola súa calidade intrínseca puidese pasar inadvertido para o gran público. Así, cre que o xornalismo non consiste só na reportaxe do momento, senón que nel debe de ter cabida a

información. Glosa a actualidade intelectual e literaria e lembra que en Galicia existe hoxe un nutrido grupo de escritores que podería actuar moito máis activamente no mundo periodístico.

-Xosé Luís Méndez Ferrín, “Escolio histórico”, p. 115.

Alude primeiramente ós procesos revolucionarios de 1846 e 1854, datas entre as cales naceu *Faro de Vigo*. A continuación, comenta que a actividade intelectual da esquerda en Vigo polarizábase na imprenta de Juan Compañel, na cal viron a luz o xornal *La Oliva* e, entre outras obras, o *Diccionario de escritores gallegos* (1862), de Manuel Murguía e *A mi madre* (1863) e *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro. Retoma a referencia a *Faro de Vigo*, indicando que naqueles anos o xornal vigués amosaba un carácter localista e apegado ós intereses da burguesía máis dinámica da cidade, aínda que recoñece certos ecos retóricos do manifesto revolucionario de 1846 nas palabras fundacionais do xornal, lembrando que entre os seus iniciadores se atopaba Xosé María Posada e Pereira, poeta costumista en lingua galega. Conclúe apuntando que a competencia entre un xornal vigués conservador e outro máis de ámbito galego e progresista se volve dar nos anos vinte e trinta, entre *Faro de Vigo*, por unha parte, e *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, pola outra.

Varela Jácome, Benito, “La Galicia literaria del Modernismo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 52, 17 novembro 1998, pp. 1-2.

Faise eco da polémica que ten xerado a introducción da corrente estética do modernismo na literatura galega e considera que require un detido estudio. Logo de falar da herdanza de Rubén Darío en Emilia Pardo Bazán, refírese a Ramón Cabanillas comentando que a súa presencia na Habana puido se-lo punto de contacto coa estética modernista, da que atopa algúns ecos en *Vento mareiro* (1905). Con respecto a esta obra, apunta o anisosilabismo e o uso de alexandrinos asonantados con esquemas acentuais de imitación rubeniana. Alude ó papel de revulsivo innovador do ensaio de Vicente Risco, *Preludio de toda estética futura* (1918), e comenta que non é difícil atopar no universo máxico de Álvaro Cunqueiro canons herdados do movemento modernista. Cita, finalmente, outros autores galegos en castelán, entre os que está Eduardo Blanco Amor por *La Catedral y el niño*.

Vidal, Carme, X. Enrique **Acuña** e Arantxa **Estévez** (Coor.),“Roxerius, pedagogo galeguista”, *A Nosa Terra*, nº 816, 5 febreiro 1998, pp. 1-8.

Suplemento especial publicado por *A Nosa Terra* coa intención de homenaxea-la figura de Roxelio Pérez (1897-1963), Roxerius, de quen salientan o seu labor galeguista comprometido, truncado polo silencio ó que foi sometido en vida como tantos outros intelectuais, víctimas da opresión franquista. Recóllense os seguintes artigos.

-Antón Costa Rico, “Retrato dun educador popular”, p. 1.

Infórmase, detalladamente, do labor de Roxerius a prol da escola rural e da incorporación do galego ó ensino. Cítanse algúns dos artigos que publicou en *El Pueblo Gallego*, así como a súa colaboración na creación de numerosas bibliotecas espalladas pola provincia de Pontevedra. A continuación, reprodúcese un artigo sobre a persoa e o labor social de Roxerius, publicado por Johan Carballeira en *El Pueblo Gallego*, en xaneiro do ano 1933.

-Antón Capelán, “A produción poética dun ensinante exemplar”, pp. 2-3.

Percorrido pola vida e o labor cultural de Roxerius, que se inicia cunhas palabras de Rafael Dieste sobre a intelectualidade rianxeira. Ademais da súa traxectoria biográfica, cita tamén a correspondencia que

Roxerius mantivo con Manuel Antonio durante dez anos, a súa amizade con Castelao, a súa participación no labor das Irmandades da Fala, e o seu ingreso no Partido Galeguista como membro da súa xunta directiva. Reproduce, así mesmo, fragmentos de traballos dalgúns dos estudiosos da súa vida e obra como X. Camoxo, M. Dourado Deira e X. Santos Suárez. Por último, achégase brevemente á súa faceta de poeta -en galego e castelán- e salienta, sobre todo, a influencia da obra de Manuel Antonio na súa práctica.

-Isabel Rivas Barrós, “Da escola aos xornais, a renovación no ensino”, p. 4

Perfil biográfico de Roxelio Pérez González, nado en Rianxo o 18 de xuño de 1897. Cítase a súa admiración pola obra do seu curmán Manuel Antonio; a súa contribución -como mestre e pedagogo- á renovación e galeguización do ensino; a súa participación no labor das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista ou a súa colaboración en *El Pueblo Gallego* con artigos sobre a situación socio-económica e cultural de Galicia, a pedagoxía, o ensino, a situación económica do maxisterio, o bilingüismo, o estado das escolas técnicas ou a crítica á escola tradicional.

- Roxélio Pérez Poza, “A transformación da escola, un soño tronzado", p. 5.

Lembra os anos que pasou en Rianxo ó lado do seu amigo Roxerius. Ó mesmo tempo, fai un percorrido pola súa vida e salienta, sobre todo, o seu labor a prol do ensino en lingua galega. Lembra, por último, a actividade que Roxerius levou a cabo dende as Irmandades da Fala e dende o Partido Galeguista, así como o seu esforzo pola renovación do ensino en Galicia.

- Xesús Santos, “Prego de descargos. Da militancia na República á represión no franquismo”, p. 6-7.

Inicia o artigo cun breve recordo da vida de Manuel Antonio, Rafael Dieste e Roxerius. Informa de que “os tres cultivan a poesía”, aínda que cada un deles “manifféstase de distinta maneira a medida que van forxando a súa propia personalidade” e que, ó final, os tres “acabarán sendo gañados pola causa do galeguismo”. A continuación, reproduce fragmentos dalgunhas das cartas que intercambiaron os tres rianxeiros.

- Borobó, “O inxel curmán de Manoel Antonio”, p. 8.

Recorda algúns episodios da vida de Roxelio Pérez González, Roxerius, nos anos que viviu no seu Rianxo natal e en Pontevedra, como inspector de Ensino Primario. Lembra a amizade entre Roxerius e o seu curmán, Manuel Antonio, así como a correspondencia mantida entre ámbolos dous durante varios anos. Cita, finalmente, a publicación do *Epistolario* de Rafael Dieste no que se recollen dezaoito cartas escritas por este a Manuel Antonio e a Roxerius.

Vidal Villaverde, M., “Cabe de Mowgli: o devalo da palabra no tempo”, *A Nosa Terra*, nº 816, “Guieiro cultural”, 5 febreiro 1998, p. 24.

Gábase *Amizade con Mowgli* (1997), primeiro poemario de Cristal Méndez Queizán, e sinálase a volta deste poemario “ó íntimo e mesmo entrañable da poesía”. Tamén se destaca a importancia da palabra, “prima materia”, nos poemas de Méndez Queizán. Asemade, saliéntase a relación entre a poesía desta nova autora e a de Baudelaire. Tódalas ideas que se presentan van acompañadas de versos de Méndez Queizán.

X. G. G., “Lois Tobio traductor de Goethe”, *A Nosa Terra*, nº 859, “Guieiro Cultural”, 3 decembro 1998, pp. 27-28.

Logo dun preámbulo no que se refire a algúns estudios sobre Goethe, céntrase na traducción de *Fausto* feita en 1997, por Lois Tobío. Alude á nota introductoria que abre perspectivas para diversas lecturas. Comenta que, aínda que se poida estar en desacordo con algunha escolla léxica ou coa colocación dalgún obxectivo, a traducción feita por Tobío mantén a fidelidade ó dicir de Goethe e ó ritmo que o alemán demandaba para a poesía. Salienta, ademais, a lingua empregada por Tobío, que “é un cordón umbilical que nos une coa língua dos homes de *Nós* e do Seminário”. Considera que “Se non tivese escrito *As décadas de T. L*., haberia outro motivo para que Lois Tobio entrase con letras de ouro na história da literatura galega de todos os tempos”.

_____, “Palabras esmagadas pola ideoloxía”, *A Nosa Terra*, nº 860, “Guieiro Cultural”, 10 decembro 1998, p. 21.

Para reflexionar sobre o libro *Tempo de lecer* (1998), de Domingo García-Sabell, fai primeiramente consideracións sobre “un xénero, subxénero, subespécie ou o que queira o lector” dos chamados “libro de artigos de prensa, ou de opinión”. Fala das fallas que agochan estes libros, do que adoitan se-los artigos de prensa, de que ás veces se conseguen libros interesantes deste tipo dos que cita algún exemplo e considera un problema o feito de que un “autor a cada tanto nos entrega en volume os seus artigos periodísticos, cunha puntualidade que comeza a ser sospeitosa”. Neste último caso *sitúa Tempo de lecer*. Di que os artigos que compoñen o libro se axustan sempre ó seguinte esquema: “Citas ad hoc, nos diversos idiomas que sexa necesário, os mesmos nomes” e nomea a Ortega e Gasset como o máis citado. Tamén comenta que as ideas que se transmiten son sempre as mesmas “as masas, o mal que está a sociedade actual, a perda de autenticidade...” e remata dicindo que García Sabell castiga ó lector con “arquicoñecidas racións de doutrina orteguiana”, que estamos diante dunha “série de artigos que marcan o desgaste do seu autor”, que “o tempo de traballo serve para algo-ou lle serve a alguén-, e que tamén pode servir para algunha cousa o tempo de lecer, ora ben, sobre *O tempo de lecer* a cuestión é saber para que”.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Un museo para Castelao”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 4 xaneiro 1998, p. 2.

Abuín de Tembra expresa a súa satisfacción tralo seu paso pola vila de Celanova ó comproba-lo orgullo co que esta vila recorda ós seus fillos máis ilustres, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Apunta, tamén, a necesidade de crear en Rianxo un museo dedicado a recorda-la figura de Castelao e dos outros fillos ilustres da vila, Manuel Antonio e Rafael Dieste, un esforzo que, segundo di, debería ser asumido polas institucións públicas coa axuda dos rianxeiros e dalgún mecenas particular. Finalmente, pregúntase pola localización dos documentos do Partido Galeguista e pola pertinencia de que estean depositados nese Museo Castelao en Rianxo.

_____, “¿Inventar un novo galeguismo?”, *O Correo Galego*, 12 xaneiro 1998, p. 2.

Centrándose no tema do galeguismo comenta definicións que modernamente se ofrecen para este termo e para o de galeguidade. Critica, ademais, as erróneas interpretacións e as manipulacións que se fan da obra de Risco e de Castelao, conducentes a fundamenta-la existencia dun novo galeguismo.

_____, “Os bens incautados do SEG”, *O Correo Galego*, 18 xaneiro 1998, p. 2.

Lémbrase a data e o lugar de fundación do Seminario de Estudos Galegos, o 12 de outubro de 1923 na casa de Rosalía de Castro de San Xoán de Ortoño, e o nome dos que asinaron a acta fundacional. Anótanse os nomes dalgúns dos que ocuparon a presidencia (Cotarelo Valledor, Cabeza de León, Otero Pedrayo) e ofrécese unha descrición dos traballos do Seminario e dos bens que posuía, que foron incautados e pasaron á Universidade de Santiago, ó Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento e a outras entidades.

_____, “Semana de fillos ilustres”, *O Correo Galego*, 25 xaneiro 1998, p. 2.

Céntrase na importancia da vila de Rianxo, á que se refire como o “altar da Patria Galega” ou “ara de Galicia”, na que se celebra a finais do mes de xaneiro a Semana dos Fillos Ilustres. Esta celebración débese a que é no primeiro mes do ano cando nacen ou morren Castelao, Xosé María Brea Segade, Manuel Antonio e Rafael Dieste. Finalmente, o autor fai unha enumeración de importantes figuras que teñen relación con Rianxo: Paio Gómez Chariño, Martín Torrado, Roxelio Pérez González ou Faustino Rey Romero.

_____, “Un ano máis de Rosalía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 23 febreiro 1998, p. 2.

Artigo dedicado á figura do profesor Xesús Alonso Montero, autor destacado polo seu labor filolóxico centrado na figura de Rosalía de Castro. Indica que, precisamente, a celebración do cento sesenta e un aniversario do nacemento da poetisa coincide coa presentación dun volume coordinado por Alonso Montero titulado *Vintesete escritores de fóra falan de Rosalía* (1997).

_____, “Breogán en Irlanda”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 8 marzo 1998, p. 2.

Despois de se referir á negación da mitoloxía popular por parte dunha “modernidade rupturista”, enumera os tratadistas galegos que se encargaron deste tema. A seguir, cuestiónase a existencia real de Breogán a través do comentario da tese *Os fillos de Mil, un rei galego que era neto de Breogán, foron os colonizadores de Irlanda*, defendida por Ramón Sainero, e do libro *Lenguas y literaturas celtas. Origen y evolución*, deste mesmo autor. Fai unha síntese da historia dos descendentes de Breogán e lembra os principais celtistas da literatura galega, citando entre eles poemas de Eduardo Pondal e textos de Ramón Cabanillas e Alfredo Brañas.

_____, “Apócrifos Mártires de Carral (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 26 abril 1998, p. 2.

Reflexiona sobre a necesidade de institucionalizar en Galicia unha celebración patriótica que teña connotacións exclusivamente civís. Propón varias datas posibles, entre elas o 26 de abril, data dos fusilamentos de Carral en 1846. Lembrando este episodio glosa algunhas das figuras claves daquela “revolta militar” como Miguel Solís y Cuetos, comandante da Capitanía Xeral da Coruña, ou Pío Rodríguez Terrazo, presidente da Xunta Superior Provincial de Santiago e instigador da revolución.

_____, “Apócrifos Mártires de Carral (II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 27 abril 1998, p. 2.

Destácanse as figuras de Antonio Romero Ortiz, Antolín Faraldo, Xosé Rúa Figueroa, Antonio Neira de Mosquera, Francisco Añón Paz e Vicente Manuel Cociña Vizosa, participantes na Revolución de 1846 e recórdase o proceso que rematou cos fusilamentos de Carral.

_____, “Os sucesores de B. Barreiro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 3 maio 1998, p. 2.

Reclama a solidariedade de Galicia para o Centro Galego de Buenos Aires cando atravesa por horas baixas. Fai ademais un breve percorrido pola historia do Centro, destacando a figura de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, un home que comezou como poeta e acabou sendo un grande historiador e arqueólogo.

_____, “Vicente Risco: o silencio cómplice”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 4 maio 1998, p. 2.

Critica o silencio cómplice que considera que existe contra Vicente Risco cando se cumpre o aniversario do seu pasamento, producido o 30 de abril de 1963. Afirma que hai quen postula unha reformulación do seu galeguismo cando o que habería que facer é recuperalo coas máximas honras.

_____, “Gratitude a Fontenla Leal”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 maio 1998, p. 2.

Lembra a Xosé Fontenla Leal, experto linotipista nacido en Ferrol en 1865 e emigrado cos seus pais a Cuba sendo un neno, polo papel que xogou no desenvolvemento da Real Academia Galega. Considera que esta institución debería establecer un premio anual que restableza a memoria de Xosé Fontenla como elemental deber de gratitude.

_____, “O regreso de dous mártires”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 xuño 1998, p. 2.

Evoca o feito sucedido no porto de Vigo o 23 de abril de 1937 cando nove homes e unha muller foron executados ó intentar fuxir para Francia. Comenta que nese infortunio, revelado por Rafael Dieste nun artigo publicado en *Nova Galiza* no mesmo ano, figuraban dous curmáns de Castelao: Xosé Xesús Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, mártires que regresaron ó lar nativo de Rianxo no sárcofago dos Castelaos.

_____, “Unha figura silenciada”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 12 xullo 1998, p. 2.

Abuín de Tembra salienta o feito de que no mesmo día se producise a recepción de Xosé Luís Franco Grande como académico, proba, ó seu modo de ver, do traballoso *aggiornamento* da Institución, e a elección de Roberto Blanco Torres como protagonista do Día das Letras Galegas de 1999, que, segundo pensa, é a recuperación dun persoeiro inxustamente esquecido. Fai unha breve presentación da figura de Blanco Torres, prestando especial atención á súa morte de “mártir”, acaecida nos albores da Guerra Civil, e ás fontes dos versos recollidos no único poemario que deu ó prelo: *Orballo de media noite* (1929). Finalmente, expresa o seu desexo de que a Real Academia, nos anos vindeiros, rescate do esquecemento a outros galegos entregados á loita pola súa terra.

_____, “O centenario de Xaime Quintanilla”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 13 xullo 1998, p. 2.

Laméntase da falta dunha homenaxe a Xaime Quintanilla no centenario do seu nacemento, homenaxe que cre ben merecida, dada a importancia do seu labor en prol de Galicia e que lle valeu a estima de Castelao. Para demostralo recorre a citas de distintas obras do rianxeiro. Destaca a participación de Quintanilla, alcalde socialista de Ferrol en tempos da Segunda República, na Asemblea de Concellos que sancionou o anteproxecto do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia en 1932. Así mesmo, alude ó labor xornalístico que desenvolveu como redactor-xefe de *El Correo Gallego*, e á súa ocasional actividade literaria, sen esquece-lo seu tráxico final, xa que foi “paseado” nos primeiros días da Guerra Civil. Conclúe preguntándose quén promoverá a homenaxe a este galeguista se o PSdeG ou o concello de Ferrol non asumen esa tarefa.

_____, “O ansiado museo de Padrón”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 3 agosto 1998, p. 3.

Faise eco da solicitude de varios intelectuais padroneses sobre a necesidade de crear un museo arqueolóxico en Padrón. De seguido, comenta a relación dos museos existentes en Padrón con literatos como Rosalía de Castro, Camilo José Cela, Macías ou Xoán Rodríguez de Padrón.

_____, “Faladoiro na Aurosa”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 13 setembro 1998, p. 3.

Fai referencia á constitución da “Tertulia Rianxeira”, unha “iniciativa feliz e grata” que conta coa presencia, entre outros, de Xesús Rábade Paredes, Helena Villar, Manuel Dourado, Borobó e o articulista. Comenta tamén que no seo deste faladoiro naceu a Asociación de Escritores de Arousa e a necesidade de estar presentes nas efemérides de 1999, centenario de Rafael Dieste, e do 2000, centenario de Manuel Antonio e cincuentenario da morte de Castelao. Alude ademais a algúns temas que se tratan nese faladoiro, como as Medallas Castelao ou as actividades do Centro Dramático Galego.

_____, “Carta a Méndez Ferrín”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 25 outubro 1998, p. 4.

Felicita a Xosé Luis Méndez Ferrín polo seu nomeamento como doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Vigo e cre que ten un mérito engadido porque “moi poucos en Galicia se concederon a batalladores, forxadores e recreadores da nosa lingua”. Paralelamente a esta felicitación expresa o seu pesimismo ante a situación da lingua galega e pregúntase se valeu a pena tanto esforzo a prol da lingua.

_____, “O retorno de Crecente Vega”, *O Correo Galego,* “A lúa nos beizos”, 26 outubro 1998, p. 4.

Logo de mencionar algunhas efemérides relativas a autores galegos que teñen lugar no ano 1998, céntrase no cincuentenario da morte de Xosé Crecente Vega. Realiza un breve percorrido biobibliográfico por este autor e refírese ó próximo traslado da súas cinzas dende Segovia a Galicia.

_____, “Defensa de Manuel Barros”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 16 novembro 1998, p. 3.

Apúntase a necesidade de recolle-la obra e o perfil humano dos fillos ilustres de Padrón. Entre eles, cita a Macías O Namorado, Xoán Rodríguez de Cámara, autor prerrenacentista, e a dous autores do século XIX, Nicasio Pajares, heterónimo de Agapito Francisco Pajares Oreros e Manuel Barros, pseudónimo de Manuel Vázquez Castro. Respecto a estes últimos explica que foron autores en castelán e desenvolveron un importante labor xornalístico na prensa americana da época.

_____, “Honra a Leiras Pulpeiro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 23 novembro 1998, p. 3.

Con motivo da celebración en Mondoñedo do congreso “Manuel Leiras Pulpeiro e o seu tempo” lémbrase a figura deste autor mindoniense do que se destaca a súa obra poética “enchoupada de pobo e de paisaxe”, a fidelidade ó seu pensamento político e o seu encomiable exercicio da medicina.

_____, “Medio milenio do Mariscal”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 20 decembro 1998, p. 4.

Lémbrase a efeméride do “holocausto” do Mariscal Pardo de Cela e do seu fillo Pedro, ocorrido o 17 de decembro de 1483. Destácase a importancia que tivo a figura do Mariscal na literatura galega en determinados autores como Cabanillas ou Villar Ponte e recolle un documento do IVº Congreso da Federación de Sociedades Galegas en Buenos Aires no que se apuntaba a data da súa morte, 17 de decembro, para conmemora-lo Día de Galicia.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Acuña Castroviejo, Fernando, “Diante dun esquecemento”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 11 decembro 1998, p. 33.

Gaba a iniciativa do concello compostelán de lle dedica-lo nome dalgunhas rúas a determinados persoeiros que de forma directa ou indirecta tiveron que ver con Santiago. Nota sen embargo que a cidade non tivo en conta a José María Castroviejo, segundo sinala, a pesar de ter contribuído ó coñecemento de Compostela no estranxeiro.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Agís, Marcelino, “Faraldo, xornalista político”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 7 xaneiro 1998, p. 3.

Destácase a actividade xornalística de Antolín Faraldo. Fai referencia ós seus artigos de temática filosófica, moral, historiográfica e política que apareceron en distintos xornais como *El Recreo Compostelano*, fundado no 1842 e dirixido por Neira de Mosquera, *La situación de Galicia* e *El Porvenir-Revista de la juventud gallega*, fundado por el mesmo no 1845 e que levaba como lema “todo para Galicia”.

_____, “Terra, patria e liberdade”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 14 xaneiro 1998, p. 3.

Artigo dedicado a Antolín Faraldo, galeguista do século XIX, no que detecta un sentimento de exaltación da terra de orixe romántica e un manifesto interese pola historia de Galicia, polo seu pasado e polas figuras máis importantes.

_____, “Murguía: pequeno gran home”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 28 xaneiro 1998, p. 3.

Comenta a descrición física que fixo Vicente Risco de Manuel Murguía, na que o cualifica de “homiño pequeno”, e tamén a noticia publicada en *El Noroeste* o día 4 de febreiro de 1923 na que se fala da morte do “inesquecente velliño”. Ofrece uns datos biográficos deste rexionalista coruñés e opina que foi “un dos grandes homes de Galicia”.

_____, “Manuel Murguía, dende o ceo”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 4 febreiro 1998, p. 3.

Comeza cunha reflexión acerca da presencia de Manuel Murguía como protagonista ou como testemuña dos máis sobranceiros episodios da nosa historia contemporánea. Fai un percorrido pola traxectoria vital do escritor dende os primeiros anos na Coruña ata o seu regreso de Madrid, incidindo na influencia que exerceu no movemento provincialista e no contacto cos románticos que integraban o Banquete de Conxo. Con respecto á etapa madrileña, salienta as colaboracións en prensa e a novela *Desde el cielo*.

_____, “A Galicia de Murguía”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 11 febreiro 1998, p. 3.

Refírese ó labor historiográfico de Manuel Murguía para defende-lo carácter nacional de Galicia. Recolle a opinión de Vicente Risco con respecto á *Historia de Galicia*, que Murguía comezara a publicar no 1865, para que esta obra é o resultado dunha “defensa do carácter nacional de Galicia”, apoiada en estudios etnográficos, idiomáticos, históricos e xeográficos. Salienta que o espírito mitolóxico e romántico que guiou o seu labor historiográfico xunto co fondo amor por Galicia, levaron a Murguía á teima, criticable, de demostra-la existencia dunha raza galega superior ó resto.

_____, “A filosofía política de Murguía”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 18 febreiro 1998, p. 3.

Céntrase nesta ocasión na ideoloxía política de Murguía, apuntando que se trata dun autor que, xunto cos demais rexionalistas do XIX, defendía o carácter nacional de Galicia fundamentado en trazos como a lingua, a raza, o territorio ou a historia e aspiracións propias. Destaca que a contradicción que se percibe en Murguía, quen redactou practicamente toda a súa obra en castelán, débese, na súa opinión, a que na época na que el escribe o galego non acadara un *estatus* de lingua culta e científica, algo que comezará a albiscarse a partir do ano 1916 coa creación das Irmandades da Fala.

_____, “O pensamento rexionalista”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 25 febreiro 1998, p. 3.

Resáltase a importancia da figura de Manuel Murguía como ponte entre o provincialismo e o rexionalismo de Alfredo Brañas. Dise que, mentres Murguía emprega os termos de nación e nacionalidade, Brañas prefire os de rexión e rexionalismo. Finalmente, precísase que o movemento rexionalista non foi totalmente compacto, xa que nel atopamos distintas tendencias como a federalista, a tradicionalista ou a liberal.

_____, “Alfredo Brañas (I)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 4 marzo 1998, p. 3.

Nunha primeira parte constátase a dificultade de acceso á obra impresa de Alfredo Brañas, dificultade que palia nalgunha medida a obra de Ramón Maiz publicada en Galaxia. A segunda parte céntrase nalgúns aspectos da vida de Alfredo Brañas, como a súa infancia viaxeira co seu paso por Carballo, Cambados, “onde el construíu o seu mundo”, e finalmente Santiago, así como a morte do pai cando aínda non rematara os estudios ou a volta ó Cambados da súa nenez cando obtén a licenciatura en Dereito.

_____, “Alfredo Brañas (II)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 11 marzo 1998, p. 3.

Alude á etapa vital de Alfredo Brañas en Cambados cando, tras remata-los seus estudios, comeza a traballar nunha notaría. Explica como da tranquilidade da vila pasou a Santiago para traballar no xornal *El Libredón*, que dirixía Antonio Toledo Quintela. Conclúe sinalando que, ademais de xornalista, Alfredo Brañas exerceu en Santiago a avogacía e desenvolveu o labor docente na Universidade, da que foi secretario xeral.

_____, “Alfredo Brañas (e III)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 18 marzo 1998, p. 3.

Destaca as influencias do krausismo e do neotomismo na formación intelectual de Alfredo Brañas e comenta cómo estas dúas liñas de pensamento aparecen reflectidas nas súas publicacións e nos seus proxectos asociativos e académicos.

_____, “Rosalía: conciencia de Galicia”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 22 abril 1998, p. 3.

Define a poesía de Rosalía de Castro como “universal, aberta ó mundo e eterna”. Destaca a vixencia e orixinalidade da autora na busca “do sentido e do sentimento das cousas no recollemento íntimo do seu ser” e no achegamento a temas como a soidade, a saudade ou a emigración.

_____, “Rosalía, o ser e a palabra”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 6 maio 1998, p. 3.

Refírense ás razóns polas que Rosalía de Castro se converteu nun símbolo de Galicia e aqueles elementos da súa lírica que manteñen vixente a súa obra e a fan asimilable. Destácase a decidida defensa da cultura e da idiosincrasia galega, a simpatía de cara ás desgracias da xente e o amor polos elementos da paisaxe.

_____, “Eternamente Rosalía”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 13 maio 1998, p. 3.

Marcelino Agís lembra a entrevista que lle fixera sendo mozo a Ramón Piñeiro sobre a figura e a obra de Rosalía de Castro, na que lle falou do pensamento da autora e destacou que non era só popular ou folclórico senón tamén metafísico. Considera así que a súa obra é un camiño para a comprensión do noso ser e da nosa existencia.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Rosalía de Castro: a razón poética”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 15 maio 1998, p. 3.

Destaca de Rosalía de Castro que foi capaz de crear coa súa obra poética un “pensamento orixinal” e reflexiona sobre como este feito conseguiu que se crease arredor da súa figura un mito que o pobo galego fixo seu e integrou dentro da súa identidade colectiva.

_____, “Viqueira e o seu tempo”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 30 setembro 1998, p. 4.

Parte do traballo de Carlos Baliñas, *Pensamento galego I*, no que se analiza a vida e o labor dalgúns dos membros da Xeración Nós. Céntrase na figura de Xoán Vicente Viqueira, coetáneo dos membros deste grupo e morto prematuramente, polo que o seu labor é moito máis limitado. A continuación, fai un repaso polos diferentes acontecementos históricos que viviu este grupo de intelectuais galegos, entre outros, o agromar dos nacionalismos en Europa, a fundación das Irmandades da Fala en 1916 e a publicación da revista *Nós*.

_____, “Alma galega”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 7 outubro 1998, p. 4.

Logo de se referir á xénese do concepto “espírito do pobo”, sinala que en Galicia recolleron esta idea os pensadores rexionalistas e, un pouco despois, os simpatizantes das Irmandades da Fala. Salienta de entre todos eles a Xoán Vicente Viqueira, que pensaba que para ser unha nación, non abondaba que os galegos tivesen unha alma colectiva senón que debía xurdir neles a conciencia de pertencer a unha gran nación. Apunta ademais que esa “alma galega” da que falaba se expresaba a través da lingua, dos costumes, da arte e sobre todo do lirismo, que daría lugar a un sentimento do que xurdiría unha filosofía compartida con Portugal, a saudade. Conclúe indicando que, anos máis tarde, Ramón Piñeiro se encargaría de perfila-los trazos desa filosofía.

_____, “Losada Diéguez e Nós”(I), *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 21 outubro 1998, p. 4.

Lembra a importancia de Antón Losada Diéguez como protagonista e animador de moitas das actividades que axudaron a vencella-los membros do grupo Nós e fai un breve percorrido pola súa traxectoria vital e literaria.

_____, “Antón Losada e Nós (e II)”,*O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 28 outubro 1998, p. 4.

Comenta o papel de Losada Diéguez como dirixente do galeguismo e orientador de moitos dos homes da xeración Nós e fala sobre as bases filosóficas do seu galeguismo.

_____, “A Xeración Nós (I)”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 4 novembro 1998, p. 4.

Tomando como referencia o concepto de xeración de Ortega y Gasset, comproba que no grupo Nós se cumpren as tres condicións necesarias para falar de xeración: ser coetáneos, recibir da xeración precedente e do horizonte histórico un feixe de influencias comúns: a fervenza do nacionalismo; e compartir un sistema de ideas, valores e sentimentos: un mesmo amor por Galicia, a súa cultura e a súa lingua.

_____, “A Xeración Nós (II)”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 11 novembro 1998, p. 4.

Formula catro preguntas para sitúa-lo pensamento da Xeración Nós: por qué xorde o discurso nacionalista, ónde, cándo e cómo. Fala das orixes e dos valores morais deste grupo de intelectuais e da conciencia que tiñan do que representaban na Galicia do seu tempo.

_____, “A Xeración Nós (e III)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 18 novembro 1998, p. 4.

Lembra a súa asistencia a unha conferencia de Carlos Baliñas na que trazou as liñas ideolóxicas da Xeración Nós, concretándoas na modernización da lingua galega, na delimitación dun territorio, na creación dunha Nación e na recuperación da Historia e da tradición.

_____, “Vicente Risco, antes de Nós”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 25 novembro 1998, p. 4.

Ofrece algúns retazos da vida de Vicente Risco antes de formar parte da Xeración Nós. Recóllense tamén anécdotas da infancia e mocidade do escritor ourensán que se interesou por todo tipo de filosofía oriental ou polas vangardas artísticas europeas do seu tempo. Faise mención da revista *La Centuria*, fundada por Vicente Risco e Arturo Noguerol, e destácanse as figuras do propio Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas como excepcionais escritores do ambiente da época.

_____, “Risco de Tarso”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 2 decembro 1998, p. 4.

Faise eco dun feito para o que se teñen ofrecido multitude de hipóteses: a conversión de Vicente Risco ó galeguismo. Entre elas apúntase o desencanto da filosofía de Nietzsche, a amizade que trabou con Antón Losada Diéguez, membro das Irmandades da Fala, ou a presencia en Galicia de Francesc Cambó, líder da Lliga catalana, durante a campaña para as eleccións de 1918. Finalmente, menciónase a versión ofrecida por Justo González Beramendi en 1981 que se pode considerar a primeira vista como surrealista.

_____, “Risco, filósofo”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 16 decembro 1998, p. 4.

Céntrase no labor filosófico de Vicente Risco, autor moi fecundo nese campo e que destacou como teórico do nacionalismo, ocupándose de temas moi diversos e pasando revista ás correntes filosóficas do seu tempo. Destácase, ademais, que a orixe da súa filosofía hai que buscala no espírito do romantismo.

_____, “Risco, teórico nacionalista”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 23 decembro 1998, p. 4.

Retómanse algúns dos principios expostos por Risco na súa *Teoría do nacionalismo galego* (1920), tales como a tradición, a cultura e a lingua, instrumento co que se crea un pensamento propio e a idiosincrasia dun pobo. Tamén se dá conta da virada ideolóxica que se produce en Risco despois da Guerra Civil, renegando do seu pasado e do discurso nacionalista.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Alcalá, Xavier, “Literario ABC”, *El Mundo. Galicia*, “Pluma ao voo”, 4 febreiro 1998, p. 5.

Recorda o anuncio que Anxo Basanta lle fixo sobre a publicación nas páxinas do *ABC Literario* de recensións dos libros publicados en Galicia en galego, algo que se presenta interesante para lectores e editores. Comenta, ademais, a rechamante sección de libros máis vendidos en Galicia, Cataluña e País Vasco, que aparece no mesmo suplemento literario, e lamenta que non se lle dea cabida ó libro portugués.

_____. “Curros 98”, *El Mundo. Galicia*, “Pluma ao voo”, 11 marzo 1998, p. 7.

Unha homenaxe tributada a Curros Enríquez ante a estatua que se lle dedicou na Coruña válelle a Xavier Alcalá para facer unha reflexión sobre o 98. Tras se referir ós emotivos actos desenvolvidos, contrasta diferentes opinións ó respecto do 98 e as nocións do universal, Cuba, Galicia e España. Así, lembra como Curros e outros como Fontenla Leal reclamaban un destino mellor para Galicia, sen nega-lo concepto de España lonxe da súa terra. Remata afirmando que Curros morreu cunha auréola de radicalidade, mais a única foi a do compromiso co que sentía como verdadeiro.

_____, “A Rodolfo Alonso”, *Galicia en el Mundo*, nº 273, “Cartas aos amigos”, 22-28 xuño 1998, p. 2.

Resposta epistolar a Rodolfo Alonso polo seu artigo “Deixade xa de ouvear a Valle-Inclán” publicado en *Galicia en el Mundo* (8-14 xuño). Critica o emprego do verbo “ouvear” e apela polo respecto á vez que lamenta que Valle renunciase —como Pardo Bazán— a utiliza-lo galego cando este, segundo Alcalá, lle valeu para entende-lo portugués e ler a Eça de Queiroz que tanto marcou a súa obra. Recoméndalle a lectura de *Linguagem e estilo de Eça de Queiroz*, de Guerra da Cal, quen dixo que “Valle era tan xenial que inventou un trampitán co que facía sentir aos casteláns que estaban oíndo e entendendo o galego”.

_____, “Carta a Fina Roca”, *El Mundo. Galicia*, “Pluma ao voo”, 15 xullo 1998, p. 7.

Diríxese á escritora Fina Roca como amigo e lector dos seus traballos. Cita, entre outros, un artigo sobre Rosalía de Castro e recoméndalle a lectura do último número da revista *Qué leer*. Nel Gabi Martínez reflexiona sobre o labor dalgúns escritores composteláns e na sección “Libros al sol” recoméndase a traducción ó castelán dunha “novela de pazo” á que, segundo Alcalá, Fina Roca como muller escritora debería dar continuación “cos detalles, os miúdos femininos e os fondísimos que podería relatar a filla da costureira daquela casa fidalga e misteriosa”. Remata incitando ás mulleres a escribir por considerar que, “se a clave da fabulación está en ter historia que contar e saber contala”, as mulleres, “tendo tanto saber de observación e vivencia (por non falarmos de sufrimento)”, deberían da-lo salto adiante rapidamente.

_____, “Gracias, Eduardo”, *El Mundo. Galicia*, “Pluma ao voo”, 7 outubro 1999, p. 2.

Tras obte-lo Premio Blanco Amor na edición de 1998, Xavier Alcalá agradece a Eduardo Blanco Amor o seu maxisterio, as súas recomendacións, os seus consellos e as súas correccións. Lembra o seu último encontro co escritor ourensán na Coruña, onde precisamente se “suprimiu o premio maior da Literatura Galega”, e unha frase que lle quedou “gravada en bronce” na memoria: “un autor non se mide polo número de páxinas que publicou senón polo número delas que foi tirando á papeleira”. Atribúe o seu éxito neste premio ó maxisterio que recibiu de Blanco-Amor.

_____, “A Xosé Manuel Castelao (Buenos Aires), *Galicia en el Mundo*, nº 294, “Carta aos amigos”, 16-22 outubro 1998, p. 2.

Carta do escritor X. Alcalá a Xosé Manuel Castelao, con motivo dunha homenaxe que lle ofreceron en Valga o 22 de novembro. O escritor felicítao pola homenaxe que lle rendeu o seu concello e pídelle disculpas por non poder asistir ó citado acontecemento.

_____, “A Alfredo Conde (Brión)”, *Galicia en el Mundo*, nº 297, “Carta aos amigos”, 7-13 decembro 1998, p. 2.

Carta na que X. Alcalá se dirixe a Alfredo Conde que, na súa sección habitual de *O Correo Galego/El Correo Gallego*, titulada “Os outros días”, fai alusión ó libro de Alcalá *La Habana flash*. Segundo A. Conde, se o libro de Alcalá estivese publicado en Madrid, “estaría no candeeiro. Como foi publicado aquí, que está no lume é el”. A continuación, X. Alcalá reflexiona sobre o significado da lingua galega e sobre a importancia de que os escritores e escritoras galegos empreguen a súa lingua á hora de publica-los seus libros.

Aleixandre, Marilar, “Distintas voces”, *La Voz de Galicia*, 12 novembro 1998, p. 35.

Fala sobre escritoras e premios. Considera que no caso da poesía as proporcións homes-mulleres están a se igualar aínda que na narrativa falta tempo. Non cre que exista unha poesía de mulleres como non existe unha de varóns. Afirma, ademais, que as escritoras non son tantas pero esperan ser máis e que son distintas e diversas.

Alonso, Rodolfo, “Los seis poemas galegos: otro milagro de García Lorca”, *Galicia en el Mundo*, nº 262, “Aquí o allá”, 7-13 abril 1998, p. 2.

Céntrase na estancia de Federico García Lorca en Arxentina e entende que foi alí onde tomou contacto co galego. Comenta, a continuación, a publicación en 1935 da man de Ánxel Casal dos *Seis poemas galegos*, “una de las cumbres de la poesía en ese idioma”, e salienta deles o don da linguaxe e a capacidade de síntese para aprehender case o esencial da realidade galega. Pregúntase cómo puido chega-lo granadino a facer callar tan alto nivel nunha lingua que non era a súa, feito que lle atribúe á capacidade de captación demostrada polo poeta.

_____, “Deixade xa de ouvear a Valle-Inclán”, *Galicia en el Mundo*, nº 271, “Aquí o alla”, 8-14 xuño 1998, p. 3.

Comenta que lle chegan noticias dende Galicia que lle falan de que seguen “os prantos, cruxir de dentes e queixumes en contra do inmenso Valle-Inclán”. A este respecto entende que o feito de que moitos galegos, “grandes e humildes”, non falasen a súa lingua propia é a resulta dunha inxustiza histórica. Lembra, ademais, que Rosalía escribiu parte da súa obra en castelán e Murguía redactou a súa *Historia de Galicia* tamén nesta lingua. Conclúe referíndose a unha conferencia impartida por Castelao en La Habana, na que o rianxeiro sostiña que Valle-Inclán “era entrañablemente gallego” e que “era gallego por la lengua, el estilo y el ritmo de su voz musical”.

_____, “Literatura gallega, ¿sin gallego?”, *Galicia en el Mundo*, nº 280, “Aquí o allá”, 10-16 agosto 1998, p. 3.

Partindo dunha proposta da editorial EMESA no 82, na que prometía engadir nunha colección un espacio á Literatura Galega, critica as publicacións aparecidas nese apartado, non pola selección das mesmas —dos trobadores ata Rosalía e incluso Méndez Ferrín—, senón polo feito de seren traducidas ó castelán, sen ofertar, como mínimo, unha versión orixinal galega ó seu carón. Argumenta a favor da lingua orixinaria dos textos e avoga, cando menos, polas edicións bilingües sinalando como exemplo *Ocho siglos de poesía gallega*, publicada pola editorial Alianza das mans de Carmen Martín Gaite e Andrés Ruíz Tarazona.

Alonso Montero, Xesús, “O Seminario de Estudos Galegos, ¿no BOE?”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 xaneiro 1998, p. 11.

A decisión do Consello de Ministros de devolver ós partidos e asociacións os bens incautados polos vencedores da guerra civil suscita a pregunta de se esta afecta ó Seminario de Estudos Galegos, despoxado do seu fondo bibliográfico en xullo de 1936 e do que, parte, se conserva no Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, creado no 1943. Así mesmo, reprodúcese unha carta de don Xesús Carro a Ben-Cho-Shey na que se dá conta do traslado, por orde do Rector da Universidade, da biblioteca do Seminario para a Universidade.

_____, “O BOE e unha carta de don Xesús Carro”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 9 xaneiro 1998, p. 13.

Dáse conta dunha carta enviada polo arqueólogo Xesús Carro a Ben-Cho-Shey, na que se queixa do que considera un “acto salvaje”: o traslado da biblioteca do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936) á Universidade de Santiago a finais de 1941. Tamén se dá noticia da protesta estudiantil que se produciu ó ano seguinte, 1942. O profesor Alonso Montero dubida das dimensións descritas na misiva e do feito anteriormente aludido como desencadeante da mesma.

_____, “Balbino, doutor honoris causa”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 16 xaneiro 1998, p. 15.

Dáse noticia da concesión do doutorado *honoris causa* ó escritor Xosé Neira Vilas. Coméntase que este autor, aínda que non goza da relevancia dos que o antecederon na ostentación do título académico —García Sabell ou Lázaro Carreter—, foi capaz de elaborar dende a precariedade económica e espiritual unha das obras máis lidas da literatura galega, *Memorias dun neno labrego*.

_____, “Baquílides en galego”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 23 xaneiro 1998, p. 15.

Despois de dar noticia de Baquílides, un poeta grego do século V a. C., refírese á traducción galega do seu ditirambo *Teseo*, publicado, ó lado das correspondentes versións ó castelán, catalán e eúscaro, en 1910, na “Biblioteca de Autores Griegos y Latinos”. Sinala que a versión galega do texto, con algunhas eivas, foi obra de José Gigirey Rodríguez, de quen pouco ou nada se sabe. Contrasta a pouca pericia deste traductor coa de Ramón Cabanillas, responsable da traducción, en 1955, dun pequeno fragmento de Baquílides. Tamén en 1910 e na mesma Biblioteca apareceu a traducción ás catro linguas do estado de catro épodos de Horacio, labor que, para o galego, realizaron Olegaria e Eduardo Dieste.

_____, “Castelao: Silencios”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 30 xaneiro 1998, p. 76.

Con motivo da conmemoración do cento doce aniversario do nacemento de Castelao, o 30 de xaneiro de 1886, o profesor Alonso Montero chama a atención acerca dalgúns episodios da vida do escritor rianxeiro que están pouco investigados ou esclarecidos. Apúntase entre eles a relación que mantivo con Luís Seoane e Rafael Dieste no exilio bonaerense, quén lle fixo chega-lo material a partir do cal elaborou o seu estudio *As cruces de pedra na Galiza*, a relación epistolar que mantivo coa súa nai ou o episodio do afundimento dun bou no porto de Vigo, suceso no que perdeu dous curmáns e do que non hai constancia de referencia pública por parte de Castelao en ningún momento.

_____, “Miles de libros para Ribadavia”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 febreiro 1998, p. 17.

Coméntase que Xesús Sánchez Orriols legou a dous amigos, Alonso Montero e Manuel Peña-Rei, a súa biblioteca composta por uns 8849 volumes para que lles desen o destino que considerasen máis axeitado. Cumprindo co disposto, Xesús Alonso Montero dá noticia da cesión desta biblioteca ó Museo Etnolóxico de Ribadavia. Faise, ademais, unha descrición dese legado bibliográfico no que se atopan obras de tódolos xéneros e de autores moi diversos.

_____, “Perfidia yanqui”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 13 febreiro 1998, p. 13.

Alude co título deste artigo ó editorial que publicou Curros Enríquez no semanario *La Tierra Gallega* de La Habana, no que criticaba a axuda americana a Cuba na súa loita pola independencia de España. Alonso Montero comenta a actitude do poeta de Celanova durante a guerra de Cuba, recalcando que este se mostraba a favor da autonomía para a illa e que vía con malos ollos ós independentistas cubanos, á parte de critica-lo que el chamaba “perfidia yankee”.

_____, “O mozo Mosquera, quinto do 98”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 20 febreiro 1998, p. 15.

Con motivo da publicación dos *Recordos do mozo Mosquera* na Editorial Nigra, faise unha semblanza de don Cesáreo Mosquera, nacido no Ribeiro de Avia no 1876 no seo dunha familia humilde. Reprodúcense, ademais, fragmentos dalgunhas cartas do autor, que recorda a súa mobilización en 1896 para combater na guerra de Filipinas e critica a situación na que os españois teñen ós cidadáns filipinos e a desidia do clero alí instalado.

_____, “Federico, Dámaso, Vicente e Cela”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 marzo 1998, p. 13.

Recórdase a celebración do centenario do nacemento de tres poetas da xeración do 27, Federico García Lorca, Vicente Aleixandre e Dámaso Alonso. O autor faise eco, tamén, da homenaxe que Camilo José Cela lle dedicou ós tres escritores en 1958 cun número especial da revista *Papeles de Son Armadáns*, no que se recollen composicións en galego en honra de García Lorca, Aquilino Iglesia Alvariño, Díaz Jácome, Mª do Carme Kruckenberg, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro e Uxío Novoneyra.

_____, “Curros Enríquez, ninguneado”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 13 marzo 1998, p. 15.

Láiase do esquecemento da figura de Curros Enríquez por parte da dereita xa dende o ano 1951, cando se cumpría o primeiro centenario do seu nacemento e o da Condesa de Pardo Bazán. Menciona que se daquela só se homenaxeou á Condesa, cincuenta anos despois a Xunta de Galicia homenaxea ó autor de Celanova e fai referencia á súa actitude ante a Guerra de Cuba. Para o autor, a mellor homenaxe que se lle pode facer é exhuma-la súa faceta xornalística, sobre todo, os artigos publicados en *La Tierra Gallega*, onde queda ben claro o seu posicionamento sobre a ocupación da illa por parte dos ianquis.

_____, “Dámaso Alonso: Cen anos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 20 marzo 1998, p. 13.

Con motivo da conmemoración do centenario do nacemento de Dámaso Alonso, lémbrase a relación deste autor coa cultura galega. O articulista sinala algúns dos traballos sobre o idioma galego que aparecen recollidos no volume I das súas *Obras completas* (1972), así como o prólogo que escribiu para o poemario en castelán de Luís Pimentel *Barco sin luces*, publicado en 1960.

_____, “¿Traducir a Valle-Inclán?, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 27 marzo 1998, p. 15.

O autor cre que Valle optou polo castelán na súa obra e non polo galego, escolla que non impediu que fose apadriñado por Murguía e admirado por Luís Seoane ou Castelao. Parécelle normal traducir ó galego a Sófocles ou a Goethe, debido á intercomprensión lingüística, xa non *Yerma*, de Lorca, pois na traducción sempre se perde algo do autor. No caso de *Divinas Palabras* e *El embrujado (Tragedia de tierras del Salnés)*, é partidario de que non se traduzan porque afirma que non están “literalmente” en castelán, senón “nun dialecto artístico” no que o galego ten un peso específico. Se o Centro Dramático Galego non pode representar en castelán, suxire que tiña que ser representado por outra empresa na “súa lingua literaria” , pois os galegos seriamo-los máis avantaxados na súa comprensión.

_____, “Bicentenario de Leopardi”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 24 abril 1998, p. 15.

Refírese á páxina dedicada por *El Pueblo Gallego* o 24 de decembro de 1937 a Giacomo Leopardi (1798-1837), con motivo da conmemoración do centenario da súa morte, para destacalo esquecemento que sufría a figura de Rosalía de Castro na prensa falanxista. Tras repasa-la obra do autor italiano, verifica que a súa poesía non foi traducida ó galego, nin tan sequera se ten estudiado a pegada que tivo en Rosalía. Por iso, destaca que Álvaro Cunqueiro non teña citado á poetisa na súa “Elegía menor a Leopardi”, incluída nesa páxina, na que glosa a figura de Leopardi seguindo “tópicos da retórica falanxista”.

_____, “Un poeta de nove anos chora a Lorca”, *La Voz de Galicia,* ”Beatus qui legit”, 5 xuño 1998, p. 14.

No día no que se cumpre o centenario do nacemento de Federico García Lorca, refírese á presentación do facsímile do volume *Homenaje de escritores y artistas a García Lorca*, publicado en Buenos Aires en xuño de 1937. Destaca que neste volume colabora Ricardo Madoc Frontini Hermelo, un rapaz de nove anos, fillo de dúas personalidades da vida cultural de Arxentina que escribiu un “Poema a Federico”.

_____, “Mony Hermelo volve a Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 19 xuño 1998, p. 14.

Co gallo da publicación por parte da Universidade de Santiago do volume deseñado por Luís Seoane *Homenaje de escritores y artistas a García Lorca*, rememora a Mony Hermelo, a gran recitadora arxentina. Salienta que en 1932 os seus recitais en Compostela foron un acontecemento deslumbrante.

_____, “As cinzas de dous mártires de Rianxo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 3 xullo 1998, p. 12.

Refírese Alonso Montero á homenaxe da que foron obxecto Manuel Rodríguez Castelao e Xosé Losada Castelao, curmáns do autor de *Sempre en Galiza*, con motivo do traslado das súas cinzas dende o cemiterio de Baión, no Concello de Vilanova de Arousa, ó camposanto do seu Rianxo natal. Relata tamén a morte dos familiares de Castelao, acaecida en 1937, que se suicidaron, xunto con sete compañeiros, para non ser capturados polos falanxistas. Sinala que a “inmolación” destes galeguistas foi vivamente eloxiada por Rafael Dieste.

_____, “Xestos reparadores”, *La Voz de Galicia*, 9 xullo 1998, p. 30.

Con motivo da elección de Roberto Blanco Torres como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1999, Alonso Montero sinala que é o mérito literario de Blanco Torres e non o feito de que morrese asasinado, o factor determinante da súa elección. Salienta o seu labor xornalístico, os seus numerosos artigos en galego e castelán e a súa actividade como poeta, da que son resultado non só os versos de *Orballo da media noite* (1929), senón tamén as poesías publicadas na prensa nos anos anteriores e posteriores á aparición do poemario que, cando sexan recuperadas, provocarán, na súa opinión, a rehabilitación do Blanco Torres poeta.

_____, “García Lorca e Serafín Ferro”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 17 xullo 1998, p. 16.

A propósito do congreso “Lorca e Galicia; Lorca, poeta en lingua galega”, Alonso Montero indica que ningún dos conferenciantes proporcionou informacións relevantes sobre un dos amigos galegos de Lorca: Serafín Fernández Ferro. Ademais de escribir unha concisa biografía de Fernández Ferro, de quen sospeita que foi colaborador lingüístico na escrita dun dos *Seis poemas galegos*, o “Madrigal á cibdá de Santiago”, destaca a súa relación amorosa con Luís Cernuda e a súa amizade con Ernesto Guerra da Cal, quen louvou os poucos versos escritos por Fernández Ferro.

_____, “García Lorca e García-Sabell”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 24 xullo 1998, p. 12.

Refírese á intervención de Domingo García-Sabell no transcurso do congreso celebrado en Santiago ó redor da relación de Federico García Lorca con Galicia. Relata o primeiro contacto de García-Sabell co *Romancero gitano* e a súa posterior relación co poeta andaluz, que lle pediu información sobre a pronuncia de “cinza” e o significado de “congostra”. Neste sentido alude tamén á man de Eduardo Blanco Amor, “pouco respectuosa cos textos orixinais”. Finalmente insiste na necesidade de atopar testemuños relacionados con este interese de Lorca polo vocabulario galego, especialmente no ano 1932 en Vigo, Santiago e Lugo.

_____, “García Lorca e Roberto Pastoriza”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 31 xullo 1998, p. 16.

Lembra que este ano se cumpre o centenario do nacemento de Roberto González Pastoriza e achega algúns datos da súa vida. Comenta a relación deste persoeiro con Federico García Lorca e refírese a unhas declaracións feitas por carta a José Landeira Yrago, nas que afirmaba que un grupo de intelectuais vigueses, entre os que se encontraba el, lle serviron a Lorca no Café Derby como consultores en materia de léxico galego.

_____, “No bicentenario do pai de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 4 setembro 1998, p. 12.

Alude á efeméride do douscentos aniversario do pai de Rosalía de Castro, José Marínez Viojo e á importancia que tería unha biografía súa para alumear algúns aspectos da vida e obra de súa filla. A continuación comenta que en 1881, catro anos antes da morte de Rosalía, os romanistas italianos Francesco D’Ovidio e Ernesto Monaci incluíron nun manual de portugués o poema “Adios ríos; adios fontes” en versión tirada da gramática de Juan Antonio Saco y Arce.

_____, “Camilo de Cela, mecenas”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 setembro 1998, p. 16.

Con motivo da publicación do libro de Antonio Meijide Pardo titulado *Modesto Fernández y González* (1838-1897), céntrase na figura de Camilo de Cela, pseudónimo de Modesto Fernández y González, da que salienta o seu labor como mecenas. Así, comenta que foi el quen convocou o premio que Curros gañou estreándose como poeta en lingua galega con *A virxe de cristal*. Neste sentido recóllense as palabras de agradecemento que Curros deixou escritas nalgún artigo.

_____, “Chile no corazón”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 outubro 1998, p. 14.

Lembra a publicación en Barcelona, en 1975, dun volume de homenaxe a Pablo Neruda que contiña poemas nas catro linguas do estado español. Cita os nomes dos dez autores que participaron en *Con Chile no corazón* e di que lle estraña que entre eles non figuren poetas como Antón Tovar e Alfredo Conde, “daquela militantes (clandestinos) do Partido Comunista”, e cre que quizais participasen noutros recitais dos que o articulista non ten noticia. A última parte do artigo dedícaa a explica-los problemas que tivo coa censura o texto achegado por Manuel Lueiro Rey.

_____, “Antón Santamarina”, *El Progreso*, 24 outubro 1998, p. 15.

Con motivo do ingreso de Antón Santamarina na Real Academia Galega, Alonso Montero, que foi o encargado de contesta-lo seu discurso, recorda que o coñeceu no curso académico 1960-61 no Instituto de Lugo, onde impartía clases o profesor Alonso Montero.

_____, “Lorenzo Varela en italiano”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 20 novembro 1998, p. 14.

Lembra a publicación en Buenos Aires en 1944 da obra *Catro poemas pra catro grabados*, da autoría de Luís Seoane e Lorenzo Varela. Comenta que esta mesma obra foi reeditada, tamén en Buenos Aires en 1951, acrecentada coa versión inglesa dos textos, e que neste ano, 1998, serán expostos en Milán, como acompañamento á obra pictórica de artistas italianos, en versión italiana xunto co orixinal galego, nun catálogo editado por Ediciós do Castro. Finalmente lamenta a pouca difusión e valoración que ten Lorenzo Varela dentro da literatura galega.

_____, “Crecente Vega, cantor do vagalume”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 18 decembro 1998, p. 16.

Céntrase na figura de Xosé Crecente Vega, morto en 1948 en Segovia, cidade na que exercía como catedrático de latín do seu instituto. Comenta que este autor, nacido en Castro de Rei, deixou unha serie de poemas inéditos entre os que se conta unha extensa composición titulada “A estreliña nova”, na que canta a creación do vagalume pola man de Deus.

Alvarado, Segundo, “Un siglo risquiano se nos acaba de ir”, *La Región*, 8 febreiro 1998, p. 12.

Artigo dedicado á memoria de Antón Risco, falecido en Vigo o 7 de febreiro de 1998. En ton elexíaco subliña a humanidade e o humanismo “tan sincero vehemente y vocacional” do escritor e profesor. Alude ó seu papel de embaixador ourensán en Francia, Madrid, Canadá e Estados Unidos e comenta que, malia o baixas que son as estatísticas de popularidade, permanecerá a súa obra.

_____, “De la escuela al teatro”, *La Región*, “Buenos días”, 20 outubro 1998, p. 2.

Mostra a súa ilusión pola proposta feita polo Consello da Cultura Galega de crear unha Escola de Arte Dramática. Mostra a súa esperanza de que, ó redor deste proxecto, se creen intereses económicos, persoais e políticos. Salienta a necesidade desta escola como base dunha promoción ampla e prometedora para a xuventude.

_____, “Valle Inclán en el centenario del 98*”, La Región*, 18 novembro 1998, p. 24.

Dáse conta da representación de catro pezas de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego e infórmase da publicación, por parte do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, do caderno de dirección das pezas baixo o título *Valle-Inclán 98*. Explica que nel se ofrecen datos do equipo técnico e artístico e traballos sobre os textos redactados polos directores e distintos especialistas. Polo que respecta á polémica xerada pola representación destas pezas en castelán, desexa que sexa silenciada e que o público acuda ás representacións.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, “Tareixa Navaza e Ana Romaní”, *Faro de Vigo*, 11 novembro 1998, p. 31.

Critica o feito de que Tareixa Navaza, profesional da televisión, fose relegada a “facer pasillos” pola súa ideoloxía nacionalista, e que a periodista e poetisa Ana Romaní vise reducido o horario do seu Diario Cultural da Radio Galega polo mesmo motivo.

Amenedo, Cristina, “Valle-Inclán*”, El Correo Gallego*, 27 marzo 1998, p. 4.

A polémica sobre se o Centro Dramático Galego debe ou non representar a Valle-Inclán en castelán, permítelle reflexionar a Cristina Amenedo sobre a figura do creador do esperpento. A articulista apunta que Ramón del Valle-Inclán reflectiu na súa obra a alma e o ser de Galicia e que a súa galeguidade é razón suficiente para permiti-la súa representación “na lingua que o fixo universal”.

_____, “Platero traducido”, *El Correo Gallego*, 10 maio 1998. p. 4.

Refírese á traducción ó galego de *Platero* (1990), de Juan Ramón Jiménez realizada por Eubensei. Pon de relevo a cantidade de erros, feito que a leva a dicir que “si se levanta Juan Ramón sería tremendo, ya que el poeta lo dejó bien claro, “maldito aquel que me cambie tan sólo una coma”. Exemplifica os erros coa traducción de “chamariz” como “mazarico” e opina que para traducir a Juan Ramón hai que ser poeta e, ademais, afín en alma e poesía, xa que só así se será merecente da felicitación que un catedrático lle fai ó traductor e que se reproduce na edición da traducción.

Baliñas, Carlos, “A sensibilidade feminina, a forza”, *O Correo Galego*, 25 setembro 1998, p. 37.

Lamenta o falecemento de Maruxa Villanueva e pon de relevo o seu galeguismo que a levara a non representar pezas que non fosen galegas. Salienta tamén a súa sensibilidade, “o seu exemplo de persoa de conducta limpa e tamén insubornable” e o seu papel na posta en marcha da Casa-Museo de Rosalía de Castro.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Blanco, Carme, “Mulleres en torno a 1898”, *El Progreso*, “Especial: 1898-1998. Memoria Galega do Desastre”, 25 xullo 1998, p. XXVII.

Refírese ós cambios efectuados no tema do feminismo ó redor de 1898 e destaca o papel en Galicia de mulleres como Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro e Concepción Arenal; sen olvidar a mulleres actuais como Corona González, Maruja Mallo, Margarita Nelken, Victoria Kent, Clara Campoamor, Rosa Chacel ou María Zambrano, fillas dos avances xestados no 1898.

Blanco Valdés, Roberto L., "¿Qué hubiera dicho Valle-Inclán? 'No se pongan estupendos", *La Voz de Galicia*, 31 marzo 1998, p. 13.

Artigo referido á polémica suscitada pola intención do Centro Dramático Galego de representa-lo teatro de Valle-Inclán en castelán. O articulista móstrase a favor desta actuación argumentando que se fai nunha das dúas linguas declaradas polo Estatuto de Autonomía como oficiais en Galicia.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Blanco Vila, Luís, “Os plaxios universais de Valle-Inclán”, *O Correo Galego*, 13 novembro 1998, p. 3.

Lembra o descubrimento que fixera en 1971, xunto con Julio Andrade Malde, dun plaxio realizado por Valle-Inclán dunha obra de Dostoievski cando publicou *La cara de Dios*. Ademais deste, tamén se detectan relacións de intertextualidade entre a obra de Valle-Inclán e outras de D’Annunzio ou Merimée.

Borobó, “O neto do Mariscal”, *A Nosa Terra*, nº 814, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 22 xaneiro 1998, p. 28.

Repasa a biografía de Eduardo Pardo de Guevara dende os seus primeiros pasos na etnografía ata o seu actual posto como director do Instituto Padre Sarmiento, resaltando ademais a súa descendencia do Mariscal Pardo de Cela e Eduardo Pondal.

_____, “Cando Risco foi a Pamplona”, *A Nosa Terra*, nº 817, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 12 febreiro 1998, p. 28.

Describe a traxectoria seguida pola revista ourensá *La Misión*, que, tras ser fundada en 1937 por Ricardo Outeiriño en Ourense, se traslada a Pamplona aínda non rematada a Guerra Civil, a onde chega Vicente Risco para axudar na nova andaina da revista. Alí coincide con intelectuais como Eugenio D'Ors, que colaboraba con dúas seccións, antes de que *La Misión* se lance en Madrid baixo a dirección de José Goñi, fundador de *La Noche* en 1946, onde Otero Pedrayo escribirá en galego os seus “Parladoiros”.

_____, “O sublime castrapo de Valle-Inclán”, *A Nosa Terra*, nº 823, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 26 marzo 1998, p. 28.

Artigo redactado a modo de diálogo e no que se trata o tema da lingua literaria de Valle-Inclán. Borobó conclúe que as obras de ambiente galego de don Ramón del Valle-Inclán están redactadas nun “castrapo sublimado”.

_____, “Aos corazóns enchentos de preguntas”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Anacos”, 21 maio 1998, p. 36.

Con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Roberto Blanco Torres en 1999 lembra a todas aquelas víctimas da Guerra Civil en Galicia. Hai tamén un recordo para a publicación *Nova Galiza* que dirixiron en Barcelona Castelao e logo Rafael Dieste e na que colaboraron, entre outros, Ramón Piñeiro ou Ánxel Fole.

_____, “O misterioso escritor Luís Manteiga”, *A Nosa Terra*, nº 837, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 2 xullo 1998, p. 36.

Reproduce parte dunha carta que lle enviou unha licenciada que investiga sobre a prosa literaria na revista *Nós*, preguntando polo escritor Luís Manteiga. Alude a algunhas publicacións súas nas que dun ou doutro xeito se facía referencia a este escritor.

_____, “Lembranza de Cuadrado e do seu mensaxeiro”, *A Nosa Terra*, nº 845, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 24 xullo 1998, p. 36.

Con motivo do falecemento de Arturo Cuadrado rememóranse algúns dos episodios da vida do que fora editor, xunto con Xoán Xesús González, da revista *Resol* de Santiago de Compostela.

_____, “Noticia de Daniel Cortezón”, *A Nosa Terra*, nº 844, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 20 agosto 1998, p. 24.

Fai un repaso pola obra teatral de Daniel Cortezón, ó enterarse de que lle están a prepara-la montaxe da súa obra *Os Irmandiños*. Precisamente, relacionándoo con esta obra, mantén unha louvanza deste autor de Ribadeo por se ter dedicado con profundidade ó estudio de figuras senlleiras da cultura galega e por telas posto ó alcance do público en forma de pezas teatrais.

_____, “O esquecemento da Noite”, *A Nosa Terra*, nº 852, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 15 outubro 1998, p. 28.

Expresa a súa sorpresa polo feito de que no *Diccionario da Literatura Galega II*, non apareza *La Noche* como xornal, pois só comenta o suplemento semanal deste xornal vespertino. Considera “inconcebible esta ausencia” dado que en 1996 o Centro Ramón Piñeiro publicou unha edición facsimilar no volume *Plumas y letras en La Noche*.

_____, “Capítulo de averiguacións”, *A Nosa Terra*, nº 853, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 22 outubro 1998, p. 28.

A propósito dun artigo publicado en *A Nosa Terra* (1 outubro 1999) por Xesús Torres Regueiro sobre os poemas galegos de Lorca, lembra algúns números da revista *Finisterre*, publicada a partir de mediados dos 40, e cre que non debe ser esta a revista á que se refería Torres Regueiro cando dicía que, ó lado dos poemas lorquianos, figuraba un retrato que lle fixo Cebreiro.

_____, “¡Soberanía para os nosos mortos!”, *A Nosa Terra*, nº 857, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 19 novembro 1998, p. 28.

Pretende “romper unha lanza (...) pola memoria de D. Luís Iglesias Braga”, catedrático de Bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela e terceiro presidente do Seminario de Estudos Galegos. Comenta que, cando este ascendeu a ocupa-lo cargo de rector da Universidade, foi substituído na presidencia do Seminario por Otero Pedrayo, pero ámbolos dous foron depurados dos seus cargos tralo triunfo do Movemento Nacional.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Bragado Rodríguez, Manuel, “O encanto da discreción dun editor”, *La Voz de Galicia*, 14 abril 1998, p. 82.

O pasamento do presidente da Asociación Galega de Editores Carlos Blanco Yáñez, motiva un percorrido pola súa traxectoria profesional. Destaca o seu talante discreto e aberto con tódolos sectores implicados na edición do libro e lembra o seu papel na fundación de Edicións Xerais e, máis tarde, do seu proxecto persoal Edicións do Cumio. Sinala que as achegas á edición en galego foron moitas e láiase de que non puidese presencia-lo agardado *Diccionario Enciclopédico Galego*.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Calvo , Tucho, “U-los libros”, *La Voz de Galicia*, 20 maio 1998, p. 15.

Ironiza sobre o insuficiente número de libros que hai nas bibliotecas públicas de Galicia malia publicarse en cantidade considerable e a administración comprar exemplares.

_____, “Abre a Academia”, *La Voz de Galicia*, 5 xullo 1998, p. 17.

Lóuvase a Fernández del Riego, presidente da Real Academia, por conseguir que Xosé Luís Franco Grande se decidise a le-lo seu discurso de ingreso na Institución, e mais ó mesmo Franco Grande por non refugar esa responsabilidade. Finalmente, exprésase o desexo de que ó ingreso de Franco Grande se engadan os doutros autores que aínda están excluídos da Real Academia.

_____, “Blanco Torres, un voto de máis”, *La Voz de Galicia*, 10 xullo 1998, p. 17.

Cuestiónase a oportunidade e conveniencia de dedicar a Roberto Blanco Torres o Día das Letras Galegas tendo en conta que nin sequera os académicos amosaron verdadeiro fervor por ese autor, pois a moción que propuña o nome de Blanco Torres impúxose soamente por un voto —nove votos a favor, oito en contra. Sublíñase que hai escritores moi superiores a Blanco Torres aínda carentes dunha homenaxe oficial, como Valentín Paz Andrade e o mesmo Manuel Murguía, primeiro presidente da Academia.

_____, “Valle superstar”, *La Voz de Galicia*, 17 outubro 1998, p. 17.

Respecto á polémica producida pola representación en castelán dunha obra de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego considera que non lle correspondía precisamente ó CDG, aínda que valora o feito de que por primeira vez “se poida falar da existencia dunha polémica cultural en Galicia”. Comenta tamén que as actividades alternativas da Mesa Pola Normalización Lingüística e a Sala Nasa, coa representación de *Doentes*, “elevan a Valle á categoría de superfigura da temporada”. Finalmente alude á necesidade de fomentar unha crítica constructiva e de dar viveza ó noso teatro.

Caneiro, Xosé Carlos, “A Suso de Toro, sobre un artigo de Ajoblanco”, *A Nosa Terra*, nº 833, “A Aldea Global”, 4 xuño 1998, p. 18.

Carta coa que Xosé Carlos Caneiro pretende aclarar e desmenti-lo que considera declaracións “crueis, insultantes e calumniosas” de Suso de Toro na revista *Ajoblanco*. Así, desmente que sexa amigo de X. M. Eiré que en *A Nosa Terra* sostiña que *Un xogo de apócrifos* (1997), de Caneiro, era unha obra tan boa ou superior ó *Quixote*. Caneiro di que el unicamente se dedica a escribir sen se preocupar polos “avatares comerciais” e sinala que acepta os veredictos bos ou malos da crítica. Opina que as declaracións de Suso de Toro pouco favor lle fan á nosa literatura e repróchalle que “xogar ao cosmolitismo sempre resulta beneficioso”.

Carro, Xavier, “Volvendo a Franco”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 24 febreiro 1998, p. 74.

Considera que a poesía galega de posguerra despegou na década dos 60 da man de “obras definitivas da lírica galega”, entre as que destaca *Entre o si e o non* (1967), de Xosé Luís Franco Grande. Cre que é un libro que, a pesar de pasar desapercibido no seu tempo, “segue a ser actual”, e que a súa lírica supón a plasmación das “íntimas modulacións do desacougo existencial do home”.

_____, “Pequeniños”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 7 abril 1998, p. 72.

Refírese a unha nova colección de libriños incorporada ó catálogo da Editorial Galaxia denominada “Os minilibros”. Comenta que desta colección, deseñada por Manuel Janeiro, saíron xa cinco títulos.

Casares, Carlos, “Antón”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 8 febreiro 1998, p. 96.

Con motivo do falecemento de Antón Risco, Casares debuxa a semblanza humana deste “escritor importante e eminente investigador” que sempre foi presentado como fillo de Vicente Risco. Alude ó seu particular sentido do humor “intelixente, de corte intelectual” e di que non o perdeu nunca e que así cómpre recordalo.

_____, “Reunión de amigos”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 9 febreiro 1998, p. 11.

Deste xeito denomina o velatorio de Antón Risco, onde o autor se reuniu con vellos amigos e no que fixeron memoria de anécdotas vividas polo defunto, mesmo non faltou o humor, pois para Antón “morrer non era un drama, senón un feito normal”.

_____, “Viaxe a Lisboa”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 3 marzo 1998, p. 13.

Relata a súa chegada a Lisboa para participar nunhas xornadas sobre o mar nas que tivo que ler un conto de tema marítimo escrito para tal ocasión.

_____, “Final dun congreso”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 6 marzo 1998, p. 13.

Unha vez rematado o encontro *Os narradores e o mar*, organizado pola Sociedade Estatal Española en Lisboa 98, Casares recoñece que os escritores constrúen mundos con palabras ó darlle as costas á realidade tal e como sucedeu nesta ocasión.

_____, “Conferencia”, *La Voz de Galicia*, “Á Marxe”, 30 maio 1998, p. 80.

Conta que actuou de presentador nunha conferencia de José Ángel Valente sobre a súa poesía que tivo lugar no Teatro Principal de Ourense. Sinala que nesta charla o poeta aludiu á súa infancia e recordou especialmente a Basilio Álvarez. Así mesmo, relata a anécdota que tivo lugar na sala cando un dos asistentes se puxo a roncar.

_____, “Calcorra”, *La Voz de Galicia*, “Á Marxe”, 31 maio 1998, p. 96.

Aproveita a visita que fixo a Celanova para ver como restaura-la casa de Curros Enríquez, para falar do pai do poeta, coñecido polo alcume de Calcorra.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Castro, Francisco, “Bibliotecas de Galicia”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 15 xaneiro 1998, p. 49.

Amosa a súa preocupación pola falla de “cultura de biblioteca” que se dá en Galicia, sobre todo, entre as novas xeracións, a pesar de teren ó seu servicio un bo número de bibliotecas e textos.

_____, “O diccionario da Literatura Galega”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 30 xaneiro 1998, p. 10.

A presentación do segundo volume do *Diccionario de Literatura Galega* (1997) en Vigo válelle ó autor para considerala unha obra importante e imprescindible para a literatura galega, a pesar das voces críticas que xurdiron co primeiro volume, e que supón outra proba da normalidade na que vai entrando a nosa cultura.

_____, “Un libro sobre Vigo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 19 febreiro 1998, p. 11.

Recomenda o libro de poemas *Vigo en tres paisajes*, de Manuel Lueiro Rey, que recrea as diversas caras que presenta a cidade olívica.

_____, “Castelao, Seoane e o Estatuto”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 26 febreiro 1998, p. 11.

Fala sobre a exposición “O movemento autonomista galego encol do plebiscito do 1936” que se pode ver na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, e na que se expoñen os carteis que elaboraron Castelao, Luís Seoane e outros artistas galeguistas para pedi-lo voto afirmativo no citado referendo.

_____, “Ver os libros”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 27 marzo 1998, p. 12.

Salienta a exposición bibliográfica organizada pola Asociación Galega de Editores que ten lugar na Biblioteca Central de Vigo por dous motivos: pola escolla do espacio expositor, debido á potenciación do mesmo fóra dos seus usos habituais, e pola ocasión de comproba-lo traballo feito na producción do libro galego, xa que é unha tarefa difícil na que debemos valorar e apoia-lo labor dos editores.

_____, “O galego polo mundo”, *Atlántico Diario*, “Culuramanía”, 8 abril 1998, p. 10.

Aplaude a inauguración da Cátedra Libre de Estudios Galegos Alfonso R. Castelao, que vén de se constituír na Arxentina tralo convenio asinado pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires e a Xunta de Galicia. Cre positivo e serio o estudio de diferentes temas da historia da lingua e da historia política para ir máis alá dos meros tópicos que padece Galicia.

_____, “Libros para o mundo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 10 abril 1998, p. 10.

Debido á precariedade que vive o sector editorial galego, iniciativas como a de introduci-lo libro galego en universidades foráneas e bibliotecas especializadas promovidas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo veñen a axudar neste campo. Cre oportuno este programa, máxime cando a Xunta debe promover e defende-la cultura galega no camiño da súa normalización.

_____, “Versos de Lorca”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 14 abril 1998, p. 10.

Anuncia a semana de homenaxe a Federico García Lorca en Vigo. Fala da exposición a realizar na Casa Galega da Cultura e do acto convocado pola Asociación Amigos da República na Galería Sargadelos, que consistiu nun recital de poemas lorquianos por parte de Mª Xosé Queizán, Bernardino Graña e Xosé Mª Álvarez Cáccamo. Considera positivo aborda-la figura de Lorca non só na súa vertente literaria, senón tamén na súa cualidade de artista comprometido coa República.

_____, “No pasamento de Carlos Blanco”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 16 abril 1998, p. 12.

Lembranza persoal de Carlos Blanco, director de Edicións do Cumio, de quen o autor se amosa agradecido por deposita-la súa confianza para a publicación dunha obra e por compartir máis dunha conversa das que testemuña o seu compromiso co País.

_____, “Lorca”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 17 abril 1998, p. 12.

Refírese á mostra “Federico García Lorca. Imágenes y palabras”, que tivo lugar na Casa Galega da Cultura e que achega as diversas facetas do artista granadino. Lembra, ademais, a súa relación con Galicia e a súa amizade con Blanco Amor e Guerra da Cal. Felicita tamén a edición dos *Seis poemas gallegos* polo Concello de Vigo, poemas que deberían considerar aqueles galegos que desprezan o seu idioma.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “O día do libro”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 23 abril 1998, p. 12.

Insiste na necesidade de mercar libros, sobre todo, no seu día, e aínda que todo libro sexa transmisor de cultura, aconsella o libro galego nun momento pouco propicio para potenciar e normaliza-la lingua galega.

_____, “A feira do libro”, *Atlántico Diario*, Culturamanía, 1 xullo 1998, p. 11.

Con motivo da inauguración da XXIVª edición da Feira do Libro de Vigo, faise unha louvanza dos libros e da lectura, invitando os pais a asistir, en compaña dos seus fillos, para que vaian descubrindo o pracer de ler.

_____, “De libros”, *Atlántico Diario*, Culturamanía, 11 setembro 1998, p. 14.

Refírese á situación actual do sector editorial galego destacando non só a importancia da súa existencia senón tamén a súa evolución. Fala da relevancia da exposición de libros organizada pola Asociación Galega de Editores na biblioteca central, dedicada a tódalas novidades. Destaca o aumento das cifras ó redor das publicacións en galego e pide a máxima participación neste tipo de eventos e semellantes, coa fin de asenta-la pervivencia da nosa cultura.

_____, “Que mágoa, Saramago”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 16 outubro 1998, p. 10.

Considera que o Premio Nobel de Literatura concedido a José Saramago é tamén algo dos galegos. Logo dunha serie de referencias históricas, opina que o premio “é herdeiro dunha fala e dunha literatura, a galego-portuguesa”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Castro Erroteta, X. Mª de, “O pensamento de Antón Risco”, *A Nosa Terra*, nº 832, “Guieiro Cultural”, 28 maio 1998, p. 25.

Con motivo da morte de Antón Risco, comenta algúns aspectos do seu pensamento, intercalando anécdotas que ilustran o seu ateísmo e anticlericalismo así como o rexeitamento a calquera tipo de dogmatismo. Saliéntase así unha apertura de pensamento detrás da cal había unha fonda sensibilidade que o levaba ós eidos do socialismo democrático, “sen deixar de ser por veces acedamente crítico coa praxis desa mesma esquerda”. Conclúe referíndose á súa situación cada vez máis próxima ó nacionalismo galego.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Conde, Alfredo, “Homenaxe ós Roxelios Pérez, pai e fillo”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xaneiro 1998, p. 48/p. 4.

O autor homenaxea a Roxelio Pérez González, que vén sendo lembrado dende o xornal, e ó seu fillo, amigo do autor. Conde reproduce un soneto que este último lle dedicou en novembro do 68, pero, sobre todo, quere dar testemuño de Roxerius, o pai. Para iso, conta a terrible tortura que padeceu durante a guerra cando era sometido a falsos fusilamentos, simulacros “que superou con enteira dignidade”, sen chegar ós límites do personaxe dun conto seu titulado *Cagadiño*.

_____, “Xa anda por aí o “Informe de Literatura”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 xaneiro 1998, p. 64/p. 4.

A publicación do *Informe de Literatura 1996*, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (CILLRP), sérvelle para facer unha reflexión sobre o sistema literario galego. Cualifica o traballo de “exhaustivo e rigoroso”, cualidades que comezan a ser habituais nun país que vai entrando na normalidade, e de “impagable”, pois constitúe unha guía para coñece-la dedicación que os medios, creadores, editoriais, etc. lle dan ó país. É no ámbito dos medios onde Conde constata que son *O Correo Galego* e *El Correo Gallego* quen dedican “máis espacio á nosa realidade”, feito polos que os define como o “esforzo editorial máis galego, responsable e serio desta fin de século”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Os Correos”, espectrógrafos do noso contorno”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 xaneiro 1998, p. 56/p. 4.

O feito de cumpriren “os Correos” o papel de espectógrafo da realidade galega válelle ó autor para pedi-lo restablecemento de Vicente Risco como unha das figuras que lle dedicou gran parte do seu tempo a Galicia, pois foi obxecto das máis severas condenas da meirande parte da intelectualidade galega das últimas décadas. Pregúntase se hai alguén que igualase o seu labor e afirma que debe ser tratado máis alá de idearios e sectarismos, dende a ecuanimidade e no momento no que “este país sexa de todos nós”. Para cubrir este obxectivo propón a lectura fonda e seria do autor, carencia que levou a moitos a posicionarse de tal xeito, lectura que debe ser estendida incluso ó ensino.

_____, “Exemplos notables da nosa terra”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 xaneiro 1998, p. 48/p. 4.

Sinala que fronte a xornais que son incapaces de dedicarlle un espacio serio á verdadeira cultura do país, hai “exemplos notables” que nacen da “imaxinación e vontade” como, entre outros, a revista *Guieiros* da Asociación Xermolos de Guitiriz. Precisamente, Conde recomenda o último número da mesma dende o cal numerosas sinaturas do noso panorama literario colaboran para lembra-lo poeta recén falecido Fiz Vergara Vilariño.

_____, “De Castelao a Otero Pedrayo e mais Risco”/“Otero Pedrayo no día de Castelao”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 xaneiro 1998/ 8 xaneiro 1998, p. 40/p. 4; p. 56/p. 4.

Manifesta o seu respecto e admiración pola obra de Vicente Risco e Otero Pedrayo, aínda que considera que “a prosa de Risco non serve pra face-la cata espectográfica da ánima colectiva que a todos nós, os galegos, nos determina”, mentres que Otero Pedrayo describiu a paisaxe galega e unha clase social que esmorecía e á que deu vida literaria, mais non pensou a terra e paisaxe como Risco, “sóuboas, sentiunas, pero non as pensou, non as soñou tan fondamente como as soñou don Vicente”.

_____, “Poida que Risco teña razón”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 xaneiro 1998, p. 64/p. 4.

Seguindo con Vicente Risco e a partir da súa teoría pola cal só se pode transforma-lo futuro se recuperámo-lo noso pasado colectivo, que é o único que temos, e dos seus coñecementos de filosofía oriental, Conde cre que aínda non deu chegado ese momento de transforma-lo presente “pra que no futuro poidamos senti-lo orgullo de ser nós mesmos”.

_____, “Preguntas e respostas, Deus e a literatura”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 xaneiro 1998, p. 64/p. 4.

Describe a literatura como “unha superposición de estados de ánimo que un procura enfriar” suxeita a unhas determinadas regras e a un coidadoso proceso de elaboración. O escritor viría ser unha disposición dun estado de ánimo orientado á aventura. Ademais, tras reflexionar sobre Deus, chega á conclusión de que todo o que temos son preguntas, que son a única certeza.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “O regreso á profunda promiscuidade literaria”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 xaneiro 1998, p. 50/p. 4.

O autor pensa que a crítica literaria galega a penas existe e que, na maioría dos casos, se reduce a un intento pobre ou, aínda máis, a “engatusar a algúns dos novos giggolos literarios”, facéndolle un fraco favor a estes e á literatura. Apunta como exemplo disto a carencia de espacios onde se exercita a crítica “con arte”, capaz de atrae-la xente ós libros.

_____, “Escritores mediáticos e literatura da vida”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 xaneiro 1998, p. 48/p. 4.

Partindo de Goethe, quen afirma que a literatura só se corrompe na medida na que os homes se volven máis corruptos, o autor cre que para uns tempos mediáticos como os actuais hai autores mediáticos, aqueles que tentan chegar ó parnaso por causas extraliterarias sen que atendamos á súa obra. Deles só quedará a literatura incorruptible, se a fan. Prefire, entón, a literatura da vida, como a de Olegario Sotelo Blanco en *Viaje de la vida*.

_____, “A creación poética, da inspiración ó xenio”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 febreiro 1998, p. 48/p. 4.

A propósito do libro de poemas *Searogna*, de Alfonso Pexegueiro, coincide con Goethe ó afirmar que a poesía nace da inspiración, da xenialidade, e non da mecanicidade e da consciencia coas que xorden a ciencia e as artes. Por iso, a obra citada comparte esas primeiras premisas, as mesmas que nos conducen dende o socialrealismo ó realismo visionario, etiqueta da que, de tódolos xeitos, non gusta Conde.

_____, “Falando de percepción todo é posible”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 febreiro 1998, p. 50/p. 4.

Seguindo co tema da inspiración poética, pregúntase polo “resorte” que move os grandes poetas, aqueles que non “convocan á poesía” por medio da técnica, da precisión e “alleos ó xenio”, a partir dunha anécdota que atopou no libro *O home que confundiu a súa muller cun sombreiro*, do neurólogo Oliver Sacks. Os prosistas son, segundo Conde, máis prosaicos e bota en falta ese “ferranchiño” que activase “o camiño da imaxinación”.

_____, “Trinta e seis homes xustos para Galicia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 febreiro 1998, p. 48/p. 4.

Relata unha fábula pola cal a humanidade “inclúe trinta e seis homes xustos que non se coñecen entre eles, pero que secretamente sosteñen o universo”, á que tivo acceso mediante un artigo de 1946, de J. L. Borges incluído logo en *Otras inquisiciones*, de 1952. A Galicia ocórrelle o mesmo se aplicámo-la crenza de V. Risco de constituír este país “todo un universo-mundo”. Conde atopou en Ramón Piñeiro un deses homes xustos pero non moitos máis. Cre que a etapa que está a vivir Galicia é esperanzadora en tódolos eidos. Por iso, cada galego deberá buscar eses trinta e seis homes xustos para o país.

_____, “Só un galeguista independente”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 16 febreiro 1998, p. 56/p. 4.

Fai un percorrido polo seu *curriculum vitae* para demostrar que tódolos cargos públicos que ocupou ó longo destes últimos anos responderon ó seu carácter de galeguista independente, ó seu desexo de facer país, e non a unha “biografía camaleónica”.

_____, “Ser nós mesmos sen deixar de ser nada do que somos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 marzo 1998, p. 56/p. 4.

Partindo do artigo de Thomas S. Harrington que aparece no número 134 de *Grial* baixo o título “Literatura e Nación”, afirma que este é un tema que os autores novos non semellan ter e teme que non exista a unha sen a outra. A continuación, pregúntase se o pobo se recoñecería nunha literatura escrita noutra lingua e, de ser así, habería que considerar como galega a de Torrente ou a de Cela, pero xa non está seguro de cal é a “causa á que sirven” as súas obras. Así, ante a pregunta de se sobrevivirá a nosa literatura “acaroada á española”, cre que iso dependerá da forza da nosa literatura e da nosa nación para presentarse con natureza propia, pero non en confrontación con España e o español. Finalmente, amosa a súa esperanza de que unha Galicia que comeza a reclama-los seus dereitos sería na que os galegos poderiamos “ser nós mesmos sen deixar de ser nada do que somos”.

_____, “Polémicas que mostran que seguimos vivos”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego,* “Os outros días”, 23 marzo 1998, p. 56/p. 4.

Recorda a época de creación do Centro Dramático Galego e a súa situación legal ata que se creou o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, e polo que respecta á polémica da escenificación en castelán da obra de Valle-Inclán, lembra que o CDG foi creado para ampara-la realidade cultural galega.

_____, “Valle-Inclán, a non traducción da polémica”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 marzo 1998, p. 48/p. 4.

Comenta o feito das traduccións. Considera algunhas necesarias, pero discrepa do feito de traduci-la obra de Valle-Inclán ó galego. Pensa que a súa obra presenta toda unha serie de elementos lingüísticos intencionais que perderían esa intencionalidade na versión galega. Finalmente, non entende por que o CDG representou a este autor en castelán e lembra que este centro foi creado para apoiar e afianza-lo feito teatral galego.

_____, “A paternidade política do Centro Dramático Galego”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 marzo 1998, p. 48/p. 4.

Lembra a creación do Centro Dramático Galego e da Xove Orquestra de Galicia, que non tiveron unha axeitada cobertura legal e logo pasaron a integra-lo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Polo que respecta á polémica creada arredor da intención do CDG de representar a Valle-Inclán en castelán, admite que esta é necesaria e permite arrequenta-lo debate cultural.

_____, “Buscadores de medio minuto de gloria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 abril 1998, p. 48/p. 4.

Ataca os estudiosos que, partindo dun momento concreto da vida dun escritor, fan unha análise erudita, baseándose no traballo “Picaresca, fantasía y libertad en la biografía de Álvaro Cunqueiro”, de Diego Martínez Torrón, publicado na revista *Alfinge* ou *Alfange* —non está certo da cabeceira—, da Universidade de Córdoba. Segundo Conde, Martínez Torrón, tras dunha conversa co fillo de Cunqueiro, afronta a simbiose vital e literaria do mindoniense e comenta certos asuntos picarescos da súa vida para concluír afirmando que “a imaxinación de Cunqueiro non só foi utilizada para crear prodixios narrativos, senón tamén pra se desenvolver nas circunstancias da vida”. Conde interésase pola motivación que levou ó investigador a incidir neses asuntos.

_____, “Mergullarse nos argazos dos sentimentos encontrados”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 abril 1998, p. 48/p. 4.

Sinala que co gallo da presentación do último poemario de L. Tosar no CGAC, Arcadio López Casanova incluíu a primeira obra deste poeta entre os dez ou doce títulos imprescindibles da poesía galega deixando aberta a lista para que cadaquén a completase. Nesa dirección tamén se manifesta o autor na procura dese corpus básico, afrontando as especifidades do círculo poético e considerando negativo o exceso de obras nese posible corpus.

_____, “Exercita-la capacidade de recoñece-los nosos”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 maio 1998, p. 56/p. 4.

Refírese á lectura dun artigo de García Sabell quen afirma que bota en falla a curiosidade intelectual na máis da xente. Comenta, ademais, outro artigo de Abuín de Tembra sobre o silencio cómplice que hai sobre a figura de Vicente Risco. Remata o artigo louvando a figura de García Sabell, a quen se lle debería rende-lo tributo de “admiración e recoñecemento que a súa figura humana e intelectual reclama”.

_____, “Escribir dende a lucidez xeneracional*”, O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 maio 1998, p. 48/p. 4.

Trala lectura dun artigo de Fernanda Tabarés no que recorda “os anos setentaeoitistas”, afirma que bota en falla o feito de que agora non se escriban artigos en galego dende a lucidez xeracional, aínda que si se escriban dende a lucidez galeguista ou nacionalista. Considera que a responsabilidade diso é dos intelectuais que carecen da coherencia xeracional dos que os precederon. Pon como exemplo a Piñeiro, García Sabell ou Figueira Valverde, responsables de que os rapaces de hai trinta anos escribisen en galego.

_____, “Desanimadas palabras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 maio 1998, p. 48/p. 4.

Con motivo da lectura dunha entrevista “mol” e “amolecedora” entre dous escritores españois nun suplemento cultural, critica o oportunismo político-literario que fai que os semanarios madrileños louven a un escritor galego ou catalán só cando “poñen en solfa a súa realidade cultural ou a realidade política do adversario electoral”.

_____, “Mindundis literarios”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días, 29 maio 1998, p. 48/p. 4.

Considera que o escritor debe ser un libre pensador, unha persoa sen ataduras. A continuación, critica por medio do termo “mindundis literarios” ós escritores só preocupados por establecerse “xeográficamente” a esquerdas ou dereitas, por luci-lo seu palmiño e inxuria-los demais.

_____, “O debate cultural do país”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xuño 1998, p. 56/p. 4.

Fala dunha conversa que mantivo con Gabriel Martínez, da revista *Qué leer*, na que este lle preguntou se existía debate cultural en Galicia. Conde respondeulle que debate non hai “pero que en cambio, e pra compensar algo, sequera un pouco a manifesta ausencia de debate, levabámonos a matar (...) entre todos nós”. A seguir, lembra os problemas que xurdiron recentemente en institucións como o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Dramático Galego e o Consello da Cultura Galega e, finalmente, conclúe que “debate non teremos, pero pasar, pasámolo de moito sandiola entreténdonos na descualificación persoal, no insulto gratuíto, na defensa do inmediato e o condicionamento do futuro someténdoo a intereses que nin sequera son de grupo”.

_____, “Linguaxe de ventrílocuos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 xuño 1998, p. 64/p. 4.

Logo de se referir ó feito de que o mundo é unha construcción da prensa cando debería se-lo resultado do esforzo plural, da colectividade, evoca unha afirmación de Walter Benjamin, escrita nun ensaio de 1930, na que definía o escritor satírico como “a figura en quen a civilización recibiu ó caníbal”. Á luz destas palabras considera a Celso Emilio Ferreiro como un caníbal que nos alimentou “cos restos da sociedade da que todos nós proviñamos e que empezou a esvaerse a penas asomados os setenta”. Finalmente cuestiónase ónde está o caníbal actual, o necesario autor satírico.

_____, “Distanciamento enseñoritado”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 xullo 1998, p. 48/p. 4.

Conde lamenta que os asistentes ó encontro de escritores novos convocado pola Fundación Cela non amosasen, na visita á rosaliana Casa da Matanza, o interese, admiración e respecto que amosaron na Casa dos Cóengos, sede da Fundación. A actitude irónica, mesmo sarcástica, dos escritores foráneos ante o legado de Rosalía permítelle constatar que fóra de Galicia é frecuente que se descoñeza e ignore a nosa cultura; a consecuencia desta constatación, Conde pregúntase se a “intelixente”e “xenerosa” actitude dos galegos, que están dispostos a valorar e recoñecer como propios ós grandes escritores da literatura castelá, non será verdadeiramente suicida.

_____, “Exame de conciencia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 xullo 1998, p. 48/p. 4.

Conde considera deplorable a visión que do mundo literario galego se dá nunha reportaxe da serie “Un periplo pola España literaria”, publicada na revista *Qué leer* e afirma que se a presentación dos escritores galegos como un fato de envexosos, resentidos e vaidosos é resultado das informacións que o reporteiro recibiu dos mesmos escritores galegos, é mester un exame de conciencia da intelectualidade galega.

_____, “Blanco Torres e García Lorca”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 xullo 1998, p. 48/p. 4.

Comenta dúas noticias de interese cultural. Cuestiona, a partir dun artigo publicado por Alonso Montero en *La Voz de Galicia*, a conveniencia de dedicar a Blanco Torres o Día das Letras Galegas de 1999. Así mesmo, non se amosa moi convencido de que sexa conveniente celebra-lo congreso “García Lorca en Galicia, García Lorca poeta en lingua galega”, dirixido por Alonso Montero. Considera que a obra galega de Blanco Torres e de García Lorca non é importante abondo para xustifica-la atención que se presta a estes escritores na súa condición de escritores galegos.

_____, “Tres edicións de “Sempre en Galiza”/“Sempre en Galiza”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 xullo 1998, p. 56/p. 4.

Con motivo da entrega dunha das Medallas Castelao a Juan Manuel Pérez, ex-presidente do Centro Galego de Buenos Aires, Conde, amais de louva-lo homenaxeado, evoca como chegaron a Galicia os exemplares da segunda edición de *Sempre en Galicia* (1961), traídos en dous barcos por mariñeiros galegos ós que lles foran entregados en Buenos Aires, segundo o escritor, por vontade de Juan Manuel Pérez. Sen embargo, Conde confesa que, das tres edicións de *Sempre en Galicia* que posúe, non é a de 1961 a que máis aprecia, e tampouco o é o facsímile da segunda edición editado pola Libraría Couceiro en 1986, senón un exemplar da primeira edición (1944) que lle regalaron na Casa de Galicia de Montevideo.

_____, “Misa negra literaria”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 14 xullo 1998, p. 48/p. 4.

De novo se refire Conde á visión que do mundo literario galego se dá na revista *Qué leer*, lamentando o dano que supón para Galicia esa imaxe da súa intelectualidade como “unha grea de lobos (...) que andan a tarascadas entre eles”. Considera o escritor que dificilmente pode se-lo xornalista o único responsable de que se transmita tan penosa impresión: existe unha responsabilidade colectiva dos literatos galegos. Conclúe chamando a unha reflexión necesaria para que o conxunto dos escritores purgue as súas culpas de tal xeito que non se volte a dar a outros reporteiros axuda na celebración de “misas negras literarias”.

_____, “Exerce-lo dereito a pensar”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 21 xullo 1998, p. 48/p. 4.

En resposta a un artigo de Miguel Anxo Fernán-Vello, Conde defende o seu dereito de poñer en cuestión a necesidade de dedicar un congreso a Lorca como poeta galego, tendo en conta que só escribiu seis poemas na nosa lingua. O escritor, que se proclama lector e admirador de Lorca, cre que debe ser protexido o dereito de discrepar: o gustar da obra de Lorca non debe ser “norma de obrigado cumprimento”, e non hai por que supor faltas éticas e estéticas en quen non admira os versos do poeta andaluz. Por outra banda, defende a lexitimidade dunha lectura meramente literaria de Lorca, pois cre que a personalidade e ideoloxía dun autor non fan boa nin mala, dende o punto de vista estético, a súa obra.

_____, “Faltar a unha cita literaria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 agosto 1998, p. 56/p. 4.

Refírese a Forges e Gila, lamentando a mala educación destes dous, xa que pasaron “de largo” pola feira do libro en Pontevedra. Partindo disto, reflexiona sobre chistosos e literatos, sen obvia-los saltos de nivel que se dan nalgúns casos. Pregúntase se culpa-los libreiros ou os chistosos. Entende que moita culpa téñena os tempos. Remata eloxiando ós libreiros de Pontevedra e destacando dun xeito moi persoal a Kaki Viñas.

_____, “Os espíritos do xardín interior”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 agosto 1998, p. 48/p. 4.

Emotivo recordo de José Antonio Silva, un tempo despois da súa morte, nunha tarde de verán no xardín da casa de Blanca Roig e Anxo Tarrío en Portosín. Conde lembra outras tardes de verán nas que ten disfrutado da presencia de José Antonio Silva no mesmo escenario e, para rematar, comenta o feito de que Blanca Roig e Anxo Tarrío decidisen deitar “unha porción das cinzas do amigo ausente ó pé da buganvílea” do seu xardín.

_____, “Oficio de escritor”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 setembro 1998, p. 48/p. 4.

Compara a actitude dos fontaneiros, ou mesmo dos políticos cando acadan o éxito coa do escritor, xa que entende que o escritor fronte a outros profesionais teima no seu ata o final dos seus días. Así mesmo, opina que o verdadeiro escritor só entende unha riqueza: escribir. Exemplifica isto con nomes como os de Delibes, Cela ou Torrente xa que seguen constantes no seu oficio de escribir, lendo, relendo e corrixindo nunha sociedade que, segundo Conde, edita moito libro e moi pouca literatura.

_____, “Moito pico, pouca pruma”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 setembro 1998, p. 48/p. 4.

Comeza coa lembranza do seu pai, quen o advertía sobre aqueles que crían saber todo sobre mediciña e dereito e lamenta que non o teña advertido dos “cagatintas”. Manifesta o seu desprezo por aqueles que escriben sen crer na escrita e admira o que el chama “escritor de raza”, é dicir, aquel que porfía na escrita ata o final dos seus días.

_____, “Vivir moitas máis vidas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 outubro 1998, p. 48/p. 4.

Comentario do autor sobre a súa próxima novela *Sempre me matan*, que segundo Conde, se corresponde coa segunda entrega dunha triloxía que se ía chamar “de América” e que se a completa, quizais a titule “da Morte”. Anota que se a primeira levou, sen motivo ningún, a establecer certas relacións personaxes-persoas, nesta quizais suceda o mesmo en grao superlativo, por iso comenta a modo de explicación que a súa próxima novela versará sobre a guerra, cando el nin tan sequera sabe cargar unha arma. Como conclusión define a literatura como un xogo que permite vivir moitas vidas ademais da túa.

_____, “De sabios e necios”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 outubro 1998, p. 56/p. 4.

A propósito da polémica creada pola representación de textos en castelán de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego, manifesta que é partidario de que as institucións creadas polo Parlamento Galego cumpran os seus fins e “se o Premio Cervantes non vai ser nunca para un escritor galego, non está mal que o CDG se dedique ó que se ten que dedicar e se deixe de caridades que ninguén vai a ter fóra de si mesmo”. Ademais pregúntase qué evento tivo máis público, se a montaxe do CDG ou a lectura dos textos valle-inclanescos en galego.

_____, “Empresarios e poetas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 novembro 1998, p. 58/p. 4.

Opina que o destino dun país faino o propio país, e que tamén deben axuda-los ensinantes, os empresarios e os políticos creando infraestructuras e xerando riqueza, e os escritores, xornalistas e actores. Censura a endogamia e a abulia de moitos dos nosos poetas “e non os mellores (...) amigos da estéril masturbación mental, ermos coma película en branco”.

_____, “Críticas literarias”, *O Correo Galego/El Correo Galego*, “Os outros días”, 4 decembro 1998, p. 48/p. 4.

Reflexión acerca do oficio da crítica literaria que segundo Alfredo Conde ten que facerse “dende a literatura e baseada en valores literarios”. Estas reflexións veñen a raíz da lectura dun traballo crítico sobre a súa novela *Sempre me matan* (1995) realizado na universidade australiana de Queensland e que versa sobre a “narración ideolóxica” que subxace na mesma.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Costa Clavell, Xavier, “Dona Inés de Castro”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 2 xaneiro 1998, p. 2.

Reconstrúe a vida de Dona Inés de Castro, figura que se move entre a historia e a lenda e que foi recreada por moitos autores, entre os que cita a Camoes e a Otero Pedrayo.

_____, “A crítica literaria e a das artes plásticas”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 16 xaneiro 1998, p. 2.

Opina que a crítica literaria galega a penas existe e que se reduce normalmente a recensións de libros baseadas na lectura das lapelas e que soen ser apoloxías de amigos ou escritores con prestixio. Pensa que son erros dos que tamén adoece a crítica artística galega que non soe afondar na mensaxe da obra.

_____, “Arturo Cuadrado”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 14 agosto 1998, p. 3.

Semblanza de Arturo Cuadrado con motivo do seu pasamento. Conta cando o coñeceu e as lembranzas que ten deste home, salientando sobre todo a súa grande galeguidade pese a non ser galego.

_____, “Xosé Díaz Jácome”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 19 setembro 1998, p. 3.

Semblanza de Xosé Díaz Jácome con motivo do seu pasamento, a quen o articulista coñeceu na redacción do *Faro de Vigo*. Menciona algúns dos títulos da súa obra literaria, os pseudónimos cos que publicaba nos xornais e salienta, fundamentalmente a súa traxectoria xornalística, herdada, segundo Costa Clavell, polo seu fillo Ramón Díaz.

_____, “Carmen Blanco”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 11 novembro 1998, p. 13.

Refírese a Carmen Blanco e cualifica como moi interesante e ben escrito o seu libro *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995). Alude a algúns escritores tratados neste traballo e cita outros títulos da obra da profesora lucense. Cualifícaa finalmente como “una de las figuras más importantes del feminismo en Galicia” e di que “sus trabajos en esta faceta de su quehacer literario nunca son demagógicos y representan una visión del feminismo siempre centrada en el meollo de los problemas culturales y sociales”.

Costas, Concha, “A dignidade da lingua, tamén de todos”, *La Voz de Galicia*, 22 decembro 1998, p. 34.

Respóndese a un artigo do rector da Universidade de Santiago de Compostela, Darío Villanueva, no que xustificaba a necesidade de homenaxear a Valle-Inclán coa representación da obra *La cabeza del dragón* en castelán. A presidenta da Mesa Pola Normalización Lingüística cuestiona esta decisión xa que é contraria á promoción da lingua galega.

Couselo, “La biblioteca del Centro Gallego de La Habana”, *El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1998, p. 2.

Pregúntase ónde estarán os 50.000 volumes que contiña a Biblioteca do Centro Gallego de La Habana. Considera que o esforzo de Fontenla Leal, Curros, etc., que engrandeceron a cultura galega en Cuba, “merecen el despejar la incógnita.”

_____, “La industria para editar la obra castellana de gallegos”, *El Correo Gallego*, 7 marzo 1998, p. 2.

Critica primeiramente a ausencia nas librerías de determinados autores galegos que publicaron maioritariamente en castelán, dado que as súas obras se esgotaron e ninguén emprende a iniciativa de reeditalas. Cita entre outros a Julio Camba, Sofía Casanova, Waldo Álvarez Ínsua, etc. Compara esta situación co feito de que ó lado de excelentes obras “en gallego se publican hoy cosas que el lector dificilmente pasa de la primera página”. Opina, así, que o panorama editorial de Galicia é “minifundista y présbita” e entende que a calidade en galego melloraría sen subvencións, aínda que se queixe de que “en castellano ni surge una iniciativa para reeditar consagrados”.

_____, “Waldo Álvarez Ínsua, un estradense para no olvidar”, *El Correo Gallego*, 13 marzo 1998, p. 2.

Coincidindo coa presentación do libro de Olimpio Arca auspiciado pola Asociación Fillos e Amigos da Estrada sobre a figura de W. Álvarez Ínsua (1856-1936), o autor lembra o seu labor xornalístico a prol da Estrada e de Galicia, que manifestaba xa hai 65 anos en *El Emigrado Estradense* ou en *El Eco de Galicia* de La Habana, xornal que fundou e dirixiu. Así, este novo recoñecemento súmase a outro que lle tributara A Estrada en 1926.

Díaz Pardo, “Francisco Fernández del Riego e a Real Academia Galega”, *La Voz de Galicia,* “Crónicas inconformistas de fin de século”, 8 xaneiro 1998, p. 68.

Entende que Francisco Fernández del Riego é o presidente ideal para a RAG pois é o vello galeguista que “millor representa o espírito dos que fomentaron a súa creación”, isto é, a reinvindicación da cultura galega con especial atención á lingua. Tras facer un breve percorrido pola historia da Institución, cre que con este novo presidente entra nunha etapa esperanzadoramente positiva e fructífera.

Diéguez, Lois, “A reedición dun clásico”, *A Nosa Terra*, nº 814, “Guieiro Cultural”, 22 xaneiro 1998, p. 21.

Saúdase a reedición da obra de Eduardo Blanco Amor, *La Catedral y el Niño*, labor levado a cabo conxuntamente pola Editorial Galaxia e o Concello da Pobra do Caramiñal. Recórdanse, ademais, as edicións anteriores desta obra, a última das cales, a de 1976 en “Ediciones del Centro”, foi moi traballada por Blanco Amor.

_____, “Escusas”, *A Nosa Terra,* nº 822, “Guieiro Cultural”, 19 marzo 1998, p. 21.

Móstrase contrario á intención do Centro Dramático Galego de representar en castelán obras de Valle-Inclán. Considera que este feito supón desvirtúa-la finalidade para a que foi creado o Centro, a representación e consolidación do teatro galego, e, finalmente, considera que este feito é unha mostra de minusvaloración da cultura galega.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Os xéneros da teima e outras historias”, *A Nosa Terra*, nº 850, “Guieiro Cultural”, 1 outubro 1998, p. 27.

Toma como desculpa a publicación do derradeiro fascículo da *Historia da Literatura Galega*, editada pola AS-PG e A Nosa Terra e dedicado á narrativa actual, para falar da teima perigosa de xéneros e desas etapas tan imprescindibles para os críticos na historia da literatura. Apela á galeguidade nas creacións literarias, avoga pola liberdade e, dende logo, comenta a gran decepción que lle causou o fascículo citado, no que aparece o tópico denominado “da teima exclusivista e pobre” onde subxace un certo complexo en cuestións de modernidade.

Dourado Deira, M., “Recuperación do patrimonio do PG”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 3 xaneiro 1998, p. 2.

Afronta as dificultades existentes na recuperación do patrimonio expoliado ó Partido Galeguista polo réxime de Franco. Exactamente, pregúntase polo paradoiro do arquivo atopado na Comisaria de Policía de Pontevedra en 1984 e pídelle a García Sabell, daquela delegado gobernativo, que revele o seu destino para así preserva-la memoria de Galicia. Cre conveniente tamén que se devolvesen as pertenzas da casa pontevedresa onde residía Castelao no 36, como informa Alonso Montero.

_____, “Rianxo ¿terá algo que ver con Castelao?”, *O Correo Galego*, 10 xaneiro 1998, p. 2.

Recórdase o feito da devolución do patrimonio incautado ó Partido Galeguista e apúntase a idoneidade de que sexa en Rianxo onde se depositen os cadros ou documentos de Castelao relacionados co partido, creando para tal fin un arquivo, biblioteca ou museo.

_____, “A vila de Rianxo: unha carta de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 13 xaneiro 1998, p. 18.

Denuncia a utilización interesada que algúns membros da clase política fan da figura de Castelao, xa que “cadaquén toma do pensamento de Castelao aquelo que máis se lle acomoda, e silencia, sesga ou amaña aqueloutro que o pode prexudicar, deslucir ou desairar”. Recorda a lectura dunha carta deste na casa de dona Teresa R. Castelao, carta datada cando tomou posesión como deputado durante a IIª República, na que demostra o seu interese en mellora-la vila de Rianxo. Finalmente, avoga pola necesidade de incorpora-la casa de Castelao en Rianxo, xunto á de Dieste e á de Manuel Antonio, ó patrimonio histórico da vila.

_____, “A Fundación Castelao: ¿ante un bloqueo editorial?”, *O Correo Galego*, 17 xaneiro 1998, p. 2.

Enumera os obxectivos da Fundación Castelao e recoñece que están expostos a condicionamentos de tipo económico. Con todo, lembra a publicación ou preparación dalgúns traballos relacionados coa actividade discursiva ou gráfica de Castelao da man de Henrique Monteagudo e Clodio González Pérez. Finalmente, fai un chamamento á editorial Galaxia, posuidora dos dereitos de edición da obra de Castelao, para que contribúa, xunto coa Fundación, á divulgación da obra do escritor rianxeiro.

_____, “O mes de Castelao: deica o ano que ven”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 3 febreiro 1998, p. 18.

Remata con este unha serie de artigos publicados no “mes de Castelao” nos que tentou abordalos principais problemas que rodean a figura do rianxeiro. Coincide co alcalde de Rianxo, quen afirma que a apropiación do seu pensamento por parte de diversas ideoloxías pode provoca-la súa banalización. Tamén comparte con Alonso Montero a defensa da súa autenticidade que expón no artigo “Os curmáns de Castelao e a traxedia do bou Eva (23/04/1937)”, e recoñece que é nos actos conmemorativos onde se destapan as verdadeiras consciencias dos políticos.

_____, “O gran Ramón, ‘¿Chibo de barbas harmónicas?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 14 abril 1998, p. 2.

Retoma a polémica xerada a raíz da intención do CDG de representar a Valle-Inclán en castelán. O articulista considera desafortunada esta idea e lembra que o CDG foi concibido para promociona-lo teatro galego e en galego.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Rosalía no patio de honor da Universidade de Arizona”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 25 abril 1998, p. 2.

Dáse noticia da publicación dunha antoloxía en inglés titulada *Poems* na que Anne Marie Aldaz, profesora da Universidade de Arizona, recolle poemas de *Cantares gallegos* e *Follas novas*, de Rosalía de Castro.

_____, “Dous milagres do ‘Cura de Fruíme”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 16 xuño 1998, p. 17.

Con motivo da homenaxe conmemorativa que renderon no Municipio de Lousame a D. Diego Antonio Zernadas de Castro, “Cura de Friume”, fala de que pese ó paso do tempo, ós esforzos do alcalde, ás estradas e demais, Fruime continúa a ter case a mesma fama de lugar remoto que cando chegou D. Diego en 1732. Así, recorrendo a un dos biógrafos do Cura, concretamente a José Manuel Rivas Troitiño, reproduce un dos fragmentos onde Zernadas de Castro expresa a impresión que tivo ó chegar alí, tras 5 ou 6 horas a cabalo dende Santiago.

_____, “Centro de Estudios Rosaliano, ¿no 99?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 18 xullo 1998, p. 3.

Laméntase da pobre impresión que produciron os actos celebrados con motivo do 113º cabodano de Rosalía, motivada especialmente polo desamparo da Fundación Rosalía, esquecida polos poderes públicos. Na súa opinión, as subvencións concedidas pola Xunta son claramente insuficientes para a rehabilitación da Casa da Matanza e a creación do Centro de Estudios Rosalianos, máxime tendo en conta que boa parte do diñeiro hase dedicar a “actividades culturais”. Afirma, así mesmo, que a cativeza das axudas á Fundación Rosalía contrasta coa xenerosidade das administracións central e autonómica para coa Fundación Cela. Ó agravio comparativo hai que engadi-la aldraxe que supón a despectiva actitude cara a Rosalía que amosaron, como denunciara Conde, algúns dos escritores invitados por esa Fundación.

_____, “Cantinflas e Valle como pretexto”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 24 outubro 1998, p. 3.

Expresa a súa disconformidade ante a decisión do Centro Dramático Galego de escenificar a Valle-Inclán en castelán, xa que supón unha escusa para introduci-lo castelán nesta Institución e afirma que esta cuestión lle afecta á normalización lingüística do galego.

_____, “A Deus te confío, Maruxiña”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 26 novembro 1998, p. 40.

Artigo dedicado a honra-la memoria de Maruxa Villanueva, recentemente falecida. Destácase dela a súa “esforzada e xenerosa traxectoria” ó servicio de Galicia.

_____, “Rosalía, Maruxa: homenaxes debidas”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 1 decembro 1998, p. 39.

Con motivo do pasamento de Maruxa Villanueva, gardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro, avoga pola necesidade de demostrar algún signo que recorde tan incondicional entrega desta muller por Galicia e por Rosalía.

Eubensei, filla, “Platero’ “traducido”, *El Correo Galego*, “Firma invitada”, 12 maio 1998, p. 4.

Responde a un artigo publicado por Cristina Amenedo (*El Correo Gallego*, 12 maio 1998) no que se criticaban os numerosos erros que contén a traducción ó galego de *Platero* feita por Eubensei. A filla do traductor refírese ó respecto e admiración que o seu pai profesaba por Juan Ramón Jiménez, feitos que o levaron a traducilo. Matiza, ademais, que “traducir non é calcar” e considera que seu pai foi poeta afín a Juan Ramón Jiménez. Sobre a felicitación que Varela Jácome lle fixera ó traductor, sinala que este catedrático “ten a suficiente categoría como para poder afirmar que o que el escribe é verdade”.

Fernández Areal, Manuel, “Asociación Internacional de Estudos Galegos”, *Atlántico Diario*, “De aquí y de allá”, 17 xuño 1998, p. 27.

Refírese á publicación das *Actas do IVº Congreso de Estudios Galegos* , congreso que fora celebrado en Oxford en 1994, e concorda con Benigno Fernández Salgado, secretario de relacións públicas da Asociación Internacional de Estudios Galegos, en que o éxito da convocatoria se debera en parte, ó prestixio da Universidade anfitriona. Dá os datos de participación naquel evento e loa o papel de Fernández Salgado e o seu empeño por publicar estas actas.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Fernández Fernández, Miguel Ángel, “Castelao es de todos”, *Atlántico Diario*, 15 xaneiro 1998, p. 27.

Fai unha lembranza dos intres senlleiros da vida de Castelao. Da análise da biografía do rianxeiro extrae que a súa figura pertence hoxe a todo o pobo galego e critica a apropiación que algúns grupos sociais, nomeadamente os nacionalistas, pretenden executar para aproveitarse do cariño unánime que o seu país lle profesa.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Fernández del Riego, “Aquel cenáculo ourensán”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 8, 13 xaneiro 1998, p. 6.

Refírese ó cosmopolitismo e universalismo que caracterizou a formación e a continua procura espiritual dos homes da Xeración Nós. Comenta que esta busca de si mesmos foi o que os levou, tralo seu deambular intelectual, á identificación con Galicia.

_____, “Da tradición e do contemporáneo”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 16, 10 marzo 1998, p. 5.

O presidente da Academia anima os escritores de hoxe a imitaren ós clásicos, mais non copiándoos senón interiorizando a modernidade que eles supuxeron no seu tempo para seren quen de abrir novos vieiros para o futuro. Neste sentido, invoca o modelo da Xeración Nós, artífices da incardinación entre o propio e o europeo fuxindo do “localismo folklórico”. Así mesmo, fai un chamamento á unión dos autores galegos para evitar que ese pretendido avance se vexa “pexado por loitas intestinas”.

_____, “Manuel Murguía, o gran precursor”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 18, 24 marzo 1998, p. 2.

Con motivo do septuaxésimo quinto cabodano de Manuel Murguía, trázase a súa traxectoria vital e lémbrase a súa obra. Sobrancéase a influencia galeguizadora que supuxo para Eduardo Pondal e para súa dona, Rosalía de Castro.

_____, “Galicia, unidade de cultura”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 33, 7 xullo 1998, p. 7.

Expón, mediante a evocación dunha conferencia pronunciada tempo atrás, os puntos esenciais da doctrina dos galeguistas da Epoca Nós sobre a singularidade de Galicia. Sostíñase que Galicia mantivera a súa orixinalidade cultural durante séculos, resistindo a tódolos intentos asimilistas. O período prerromano, marcado pola presencia dos celtas, o século XII dominado pola grande figura de Xelmírez, e o século XVIII, século do Padre Feijóo, o Padre Sarmiento e Josep Cornide, eran considerados como períodos de esplendor da cultura galega: segundo a opinión común entre os galeguistas da época, en todos eles se revelaban os riscos definitorios do espírito galego. Conclúe o ensaísta recoñecendo que aquelas ideas sobre a historia e cultura de Galicia están hoxe superadas. Sen embargo, as novas ideas, ó seu modo de ver, coinciden coas antigas na defensa da singularidade de Galicia.

_____, “O galego na BBC de Londres”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 47, 13 outubro 1998, p. 6.

Lémbranse as emisións en galego na BBC de Londres entre os anos 1947 e 1956 nas que se trataban temas divulgativos de historia, literatura, arte ou etnografías galegas. Indica que Xavier Fernández, pseudónimo de Alexandre Reimóndez, era o encargado das locucións preparadas en Londres e logo en Galicia baixo a coordinación de Francisco Fernández del Riego. Recórdase tamén a emisión do último programa no que se recollían as composicións poéticas dos irmáns Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Iglesia Alvariño e outros.

_____, “Lembranza de Carballo Calero”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 50, 3 novembro 1998, p. 7.

Rememora a figura de Carballo Calero, “o escritor amigo”, e refírese ó seu labor cultural e literario en prol da literatura e da fala galega.

_____, “Penurias na vida de Murguía”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 56, 15 decembro 1998, p. 7.

Alude á edición de textos de Murguía que prepara a RAG Fala da existencia dun volume verbo do seu labor político-cultural e doutro que contén un epistolario. Pensa que estas edicións dan significado ó traballo de Murguía. Sinala que este home consagrou a súa vida ó Rexurdimento de Galicia. Enxalza finalmente o seu tesón e o seu fervoroso traballo a prol das nosas letras e do destino do noso país.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Dereito a patear”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 15 xaneiro 1998, p. 3.

Ataca o poeta lugués Manuel Xosé Neira, que “verqueu un río de acusacións” contra a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Explica cómo a causa do problema foi a carraxe do citado autor por non ser invitado a un recital poético que esta asociación organizou na cidade das murallas para homenaxea-la figura de Ánxel Fole.

_____, “Pexegueiro”, *A Nosa Terra*, nº 813, “Guieiro Cultural”, 15 xaneiro 1998, p. 2.

Celebra a iniciativa de Xerais de reeditar *Seraogna* (1996) e lembra os tempos do colectivo Rompente, grupo no que xermolou esta obra. Considera indispensable a súa recuperación e áchaa moi adecuada para estes tempos de superficialidade. Opina que Alfonso Pexegueiro é un dos puntos de referencia na evolución da poesía galega e profetiza a súa elevación ós altares líricos para cando a nosa literatura sexa estudiada con obxectividade.

_____, “Doutor Neira Vilas”, *O Correo Galego*, 29 xaneiro 1998, p. 3.

Festéxase a decisión da Universidade da Coruña de nomear Doutor *Honoris Causa* a Xosé Neira Vilas. Entre gabanzas, lembra a súa traxectoria vital e fai fincapé no verdadeiro fenómeno socio-literario que significou a súa obra *Memorias dun neno labrego*.

_____, “A poesía de Xavier Baixeras”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 12 febreiro 1998, p. 3.

Eloxia a poesía baixeriana pola súa estupenda incardinación entre fondo e forma. Empraza a última das súas achegas líricas, *Beira norte* (1997), entre a crema da poesía contemporánea. Sobrancea especialmente a integración acadada entre a música, a poesía e a súa paisaxe natal da Mariña luguesa.

_____, “Eros, Gnosis e Poíesis”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 19 febreiro 1998, p. 3.

Con motivo da publicación de *La llamada exótica. El pensamiento de Emmanuel Lévinas (Eros, Gnosis, Poíesis)*, Fernán Vello recorda o resto da producción ensaística de Antonio Domínguez Rey e lembra tamén que foi autor de tres poemarios en galego. Considera esta obra que agora ve a luz “unha indagación persoal do autor encol da relación dialéctica existente entre a realidade erótica e a realidade poética”; todo isto alimentado dende diferentes planos.

_____, “Monólogo do CDG”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 26 marzo 1998, p. 3.

Constrúe un texto no que o Centro Dramático Galego fala en primeira persoa. Expresa as súas dúbidas existenciais ó pretenderse que sirva como vehículo dunha obra de Valle-Inclán en español. Lembra a súa xénese, o errado dos obxectivos iniciais e denuncia a carencia dunha base profesional para botalo a andar. Sinala tamén as dificultades en que a súa andaina se viu inmersa.

_____, “Máis sobre a Academia”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 2 abril 1998, p. 3.

Con motivo dun debate celebrado en Compostela entre Francisco Fernández del Riego, Salvador García Bodaño, Manuel María e Miguel Anxo Fernán-Vello, este gaba a figura do novo presidente da Real Academia Galega. A seguir, lembra a ocupación da Institución que varios dos primeiros espadas das nosas letras realizaron en 1987 para reivindica-la dimisión do anterior rexedor. Critícase o regulamento aprobado baixo a dirección de García-Sabell por promocionar un excesivo carácter lingüístico da Academia, deixando fóra literatos da valía e traxectoria de Neira Vilas, Manuel Lourenzo ou Ferrín.

_____, “Sobre a traducción”, *A Nosa Terra*, nº 825, “Guieiro Cultural”, 8 abril 1998, p. 21.

Defínese a traducción como “un acto de creación verbal”. Critícase o tópico do traductor traidor. Ataca tamén outros lugares comúns como a suposta intraducibilidade dalgúns autores. Coida que para un bo traductor non hai nada imposible. Tras este exordio, aserta que os que impiden versionar a Valle-Inclán están atacando o galego. Reivindica o dereito a representar a este autor en galego do mesmo xeito que se faría con Strindberg ou Alfonso Sastre. Finalmente, pídelle ó Centro Dramático Galego que varíe o seu rumbo se non quere rematar de afundirse.

_____, “Manuel María na Coruña”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 9 abril 1998, p. 3.

Eloxia a figura de Manuel María. Destácase a inseparable conxunción entre este autor e a Terra Cha. Ofrécese algún dato da súa vida e infórmase de que vén de traslada-la residencia á cidade da Coruña, tras xubilarse do seu traballo de procurador de tribunais en Monforte de Lemos. Con tal motivo, ínstase tanto á universidade herculina coma á Academia para que aproveiten a presencia de tan sinalado literato entre eles.

_____, “Oficio de editor”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 16 abril 1998, p. 3.

Con motivo do pasamento de Carlos Blanco Yáñez, presidente da Asociación Galega de Editores, sinálase o carácter embrionario da industria editorial galega e sobrancéase o papel nela de Carlos Blanco, fundador de Edicións do Cumio, tras traballar en empresas de maiores dimensións como Anaya. Cualifícase o finado de editor comprometido e personaxe senlleiro, por ser singular todo aquel que se aventura a publicar en Galicia.

_____, “Historia dunha biblioteca”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 21 maio 1998, p. 3.

Faise un percorrido polos dez anos de vida da Biblioteca Pública Municipal da Narón e sinálase, con abundancia de datos estatísticos, a penetración social acadada, a cal singulariza positivamente o labor desta Institución dentro do ámbito galego. Personalízase todo este traballo desenvolvido en Carme Bar Cendón e atácase ó Concello por desestabiliza-la biblioteca. Fernán Vello amosa o apoio responsable e di que esta empregada recibiu xa a adhesión de case un cento de literatos.

_____, “Xosé Carlos Caneiro e a novela”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 23 maio 1998, p. 3.

Coméntase *Un xogo de apócrifos* (1997) baseándose na definición de novela de Julio Cortázar. Sitúase tanto o autor coma a obra entre o mellor da actualidade literaria galega. Evítase conscientemente calquera referencia ó argumento ou ós personaxes mais faise nota-la importancia do protagonista, Silesio Braun, no fluír da narración.

_____, “A casa de María Casares”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 28 maio 1998, p. 3.

Saúda a iniciativa de María Esther Varela, neta do político Santiago Casares Quiroga e filla da actriz María Casares, de solicitarlle á administración a devolución da casa familiar da cidade herculina, incautada polas autoridades dictatoriais trala guerra. Cita entre os excesos daquela altura o roubo dos volumes da rica biblioteca, moitos dos cales ornan hoxe varias coleccións privadas coruñesas.

_____, “Poesía en Coimbra”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 11 xuño 1998, p. 3.

Dáse noticia da celebración en Coimbra do IIIº Encontro Internacional de Poetas, con presencia de vates dos cinco continentes. Infórmase de que as tres mesas redondas versaron sobre o ensino, a traducción e as novas tendencias da poesía. Cítase a presencia galega presente e pretérita neste encontro que xa chega á terceira xeira. Non se esquece gaba-la exquisita organización.

_____, “García Lorca en Galicia”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 16 xuño 1998, p. 3.

Salienta Fernán-Vello a calidade do congreso “García Lorca en Galicia, García Lorca poeta en lingua galega”, sen esquece-lo seu éxito no que respecta ó número de asistentes. Era, segundo o articulista, un congreso “imprescindíbel”: non en van ten a Lorca, que chegou a pronuncia-la frase, citada por Fernán-Vello, “Me sentí poeta gallego”, por verdadeiro poeta galego. Finalmente, deplora a actitude dalgúns galegos, ós que considera “mediocres”, “resentidos” e “reaccionarios”, que, segundo el cre, aborrecen a Lorca porque, amais de ser un xenio, foi progresista e homosexual.

_____, “Máis sobre a traducción”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 23 xullo 1998, p. 3.

Parte do congreso “Relacións de Lorca con Galicia” e dun apartado do mesmo dedicado ó tema das traduccións para defende-la posibilidade de traducción das obras de Valle. Propón claramente as pautas definitorias da arte de traducir e lembra as traduccións de *Divinas Palabras* a *Divinas Verbas*, por Darío Álvarez González no 1978 e *Los cuernos de don Friolera* a *Os cornos de don Friolera*, de Ánxeles Cuña Bóveda no 1984. Finalmente maniféstase a prol da traducción e ve nas representacións das obras de Valle en castelán polo Centro Dramático Galego, un gran retroceso.

_____, “Manuel María na Feira da Coruña”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 6 agosto 1998, p. 3.

Refírese á XXVIIª edición da feira do libro na Coruña como unha das máis importantes de Galicia. Comenta a intervención do seu pregoeiro, Manuel María, quen falou de homes como Salvador Espriu, Cunqueiro, Curros e Pondal, entre outros. Lembra que na Coruña tiveron lugar os Xogos Florais de 1861, que nesta cidade se fundou a Real Academia e se puxeron en marcha as Irmandades da Fala (1916). Por tanto, defínea como unha cidade fundamental no desenvolvemento da cultura galega contemporánea. Engade tamén que esta feira dedicou unha xornada a Miguel González Garcés agradecéndolle o seu labor promotor da nosa cultura.

_____, “O Galeuzca literario”, *O Correo Galego,* “A Fenda”, 22 outubro 1998, p. 4.

Con motivo da celebración en Santiago do XVº Encontro de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns (Galeuzca 1998), faise memoria desta iniciativa nacida en 1984 da man das Asociacións de Escritores de Galicia, Euskadi e Catalunya. Explica que esta asociación se concreta nunha serie de reunións de carácter anual nas que se dá un diálogo e intercambio entre os distintos escritores. Refírese ó debate sobre a relación entre Literatura e Artes Plásticas que ten lugar nesta edición.

_____, “Doutor Méndez Ferrín”, *O Correo Galego,* “A Fenda”, 5 novembro 1998, p. 4.

Fernán Vello felicítase pola decisión da Universidade de Vigo de nomear doutor *honoris causa* a Xosé Luís Méndez Ferrín. Aproveita tamén para trazar unha semblanza do autor ourensán ó que cualifica de poeta “fulcral no ancho campo onde domina a expresión lírica contemporánea”, de forte influencia na poesía galega contemporánea; como narrador destaca a creación do seu propio cosmos alentado polo seu xenio persoal, o que o converte nun dos máis altos expoñentes da narrativa galega actual.

_____, “Un premio Nobel galego”, *O Correo Galego,* “A Fenda”, 19 novembro 1998, p. 4.

Con motivo da primeira oportunidade para a letras galegas de presentar unha candidatura ó Premio Nobel de Literatura 1999, lembra a proposta de Ánxel Fole hai anos e sinala este feito como o recoñecemento á nosa realidade literaria e ó respecto pola mesma.

_____, “Don Jenaro Marinhas del Valle”, *O Correo Galego,* “A Fenda”, 26 novembro 1998, p. 4.

Fala das xornadas homenaxe a Jenaro Marinhas del Valle organizadas na Coruña, e da representación da obra *Ramo Cativo*, polo grupo teatral da Universidade de Lugo. Fai unha nota biográfica do homenaxeado e salienta a súa participación na reunión clandestina, con homes como Ánxel Fole, Ramón Piñeiro e Ferro Couselo na casa de Fernández del Riego, para constituí-lo Partido Galeguista.

Fonte, Ramiro, “Poesía, a montes e moreas”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 13, 17 febreiro 1998, p. 2.

Considera que unha literatura moderna non pode asentarse na lírica, senón que esta debe se-lo minoritario cumio daquela. Tras auto-interrogarse sobre os conceptos de poeta e poesía, confésase admirador do labor dos novos e declárase partidario deles. Isto non é obstáculo para que valore as achegas máis senlleiras dos homes dos oitenta, entre os que se inclúe; sempre dentro do mosaico xeracional do que está composto o panorama da producción lírica galega actual.

_____, “Lorca, sempre en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 6 xuño 1998, p. 34.

Sinálase a importancia dos *Seis poemas galegas*, de Federico García Lorca tanto na súa producción canto na historia da literatura galega. Lémbrase a relación do granadino con Galicia e destácanse os tres eixes que a sostiveron: a súa admiración por Rosalía, a cidade de Santiago e a amizade con varios galegos.

Fraguas Fraguas, Antón, “Un libro de Dora Vázquez”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 18 xaneiro 1998, p. XXIV.

Dá conta da publicación do libro *Galicia*. *Cousas e xentes* (1997), de Dora Vázquez, que recolle máis de cincuenta artigos de xornal. Logo de apuntar algúns datos biográficos da autora, detense na descrición dun artigo referente ó San Xoán e outro ás festas do Apóstolo. Tamén se refire á portada de María Teresa Villalvás e cualifica a obra de “marabillosa”.

_____, “Algo do teatro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 8 marzo 1998, p. XX.

Céntrase no comentario descritivo dos contidos e a estructuración do libro *O galego polo teatro* (1996), de Germán Torres Aboal. Así, comenta o estudio sobre o teatro nos Séculos Escuros, as orientacións sobre o teatro dedicadas ós mestres ou a selección de obras do teatro galego.

_____, “Libros novos da poetisa de Mos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 marzo 1998, p. XVI.

Dá conta da aparición dun poemario en galego e doutro en castelán da autoría de Magdalena Domínguez. Define a esta poetisa de Mos como “poeta costumista, por situala nun remanso de camiños que foxen do pasado e agardan o porvir entrando en viaxe de inquedanzas con Julio Verne (...)”. Logo de recoller algúns versos deste libro en galego, pasa a referirse a *No doblaron las campanas*, poñendo de relevo a tristeza pola morte de Eliseo Alonso.

_____, “Xaquina Trillo, poetisa da Ría da Arousa”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 abril 1998, p. XXIV.

Logo de poñer de relevo a vinculación da poetisa Xaquina Trillo coa Ría de Arousa, céntrase no seu libro *Compostela i-as camelias* (1992). Mediante a intercalación de poemas describe, a continuación, a visita que a poetisa realiza a Santiago de Compostela.

_____, “O remate do ano 1898”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 xuño 1998, p. XXIV.

Refírese ó artigo publicado no número 137 en *Grial* baixo o título de “O desastre de 1898 e os escritores galegos”. Logo de facer algunhas referencias históricas ó “desastre” do 98 e á Xeración do 98 comenta o malestar de Castelao pola derrota dos españois. Ademais alude ás voces de Curros Enríquez, Lugrís Freire, Florencio Vaamonde Lores, Cabanillas ou Noriega Varela.

_____, “Lembranzas de don Ramón Otero Pedrayo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 xullo 1998, p. XXIV.

Fraguas evoca a súa amizade con Ramón Otero Pedrayo: como o coñeceu cando ingresou nas Irmandades da Fala, as viaxes de don Ramón e a súa nai, dona Eladia, a Santiago de Compostela, as súas viaxes con Teresa, a súa esposa, a Trasalba, onde eran amistosamente recibidos por don Ramón. Despois dá noticia dos actos que se celebraron con motivo da XVIª edición do Premio Trasalba, que lle foi entregado a Xoán Ledo.

_____, “Discurso de don Ramón Otero Pedrayo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 agosto 1998, p. XXIV.

Refírese á publicación pola Deputación da Coruña do discurso de ingreso na Real Academia da Galega de Otero Pedrayo e a resposta de Vicente Risco. Comenta que, na entrega de premios que leva o seu nome e que caeu este ano no Museo do Pobo Galego, viuse na obriga de facer un discurso. Refírese tamén á intervención de Fernández del Riego que fixo unha historia da súas vivencias con Otero Pedrayo, ademais dun pequeno percorrido cronolóxico dende o que podemos chamar comezo do cambio, incluíndo notas sobre Pastor Díaz, Rosalía e Pondal.

Franco, Camilo, “O Centro Dramático perverte seus obxectivos fundacionais”, *La Voz de Galicia*, 23 marzo 1998, p. 73.

Rexeita a representación de Valle-Inclán en castelán polo CDG. Considera que tal feito contradí as razóns que levaron á creación do centro. En calquera caso, quere deixar ben claro que non hai ningún tipo de ataque ó vilanovés nesta postura.

_____, “A escena fendida”, *La Voz de Galicia “Culturas”*, nº 29, 9 xuño 1998, pp. 1-2.

Con motivo da decisión do CDG de representar a Valle en español, Camilo Franco pasa revista ós principais problemas e contradiccións do teatro galego actual. Pensa que a problemática do teatro actual xira, sobre todo, arredor do difícil equilibrio que o colectivo mantén coas institucións, que oscila entre a independencia artística e a dependencia económica da administración. Denuncia tamén a falta de definición por parte das compañías dunha liña clara que marque o seu devalar artístico e fala do problema do tamaño ideal do sector en Galicia para manter vivo o teatro e da renuncia dos grupos a loitar pola creación dun público.

_____, “Compromiso co capital”, *La Voz de Galicia*, 10 xullo 1998, p. 35.

Reflexiona sobre o compromiso do escritor. Considera que o seu compromiso primeiro debe se-lo que ten consigo mesmo, coa súa condición de literato, coa súa obra, co ambiente e coa sociedade en que esta agroma.

Franco Grande, “Crónica dun día”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 45, 29 setembro 1998, p. 7.

Critica un acto que prometía ser representativo da intelectualidade galega, organizado oficialmente polo goberno galego. Comenta a súa decepción ó escoita-las ideas das autoridades da intelectualidade da cultura galega, xa que moitos fixeron acto de presencia por unha mera decisión gubernativa. Expresa a súa sorpresa pola ausencia neste evento dos “verdadeiros creadores”, aqueles que trala guerra civil “arrincaron do ruralismo á cultura galega”, modernizándoa e dándolle vida e orixinalidade.

_____, “Antón Santamarina”, *La Voz de Galicia*, 24 outubro 1998, p. 34.

Refírese á entrada na Real Academia Galega de Antón Santamarina, un home que na súa opinión é como un referente cultural en Galicia. Considera que este home responde ó lema da Institución que agora o acolle: *colligit, expurgat, innovat*.

Freixanes, Victor F., “A Biblioteca de Valente”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 28 marzo 1998, p. 15.

Sinala que, hai pouco tempo, José Ángel Valente falou en Madrid dos seus primeiros libros, moi especialmente da biblioteca á que tivo acceso cando era un adolescente en Ourense. Realiza unha breve semblanza do poeta ourensán e cita algúns dos libros desa colección, que o pai de Valente agachaba por petición do seu dono, Basilio Álvarez.

_____, “O futuro da academia”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 2 abril 1998, p. 15.

Compárase o estado de postración e a escasa proxección social da RAG nos tempos de Juan Naya co pulo que o equipo de Del Riego parece querer darlle. Valórase a creación doutras institucións culturais como o Consello da Cultura Galega ou o Centro Ramón Piñeiro e sinálase o paradoxo de que esta case centenaria Institución non posúa aínda adecuados medios de financiamento. Propón que este non se reduza á axuda pública senón que a sociedade no seu conxunto se comprometa no seu mantemento.

_____, “Letras Galegas en Madrid”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 6 xuño 1998, p. 14.

Cita a moitos asistentes coñecidos que fixeron acto de presencia nun acto celebrado na Sala Sargadelos de Madrid. Despois defende a importancia das capitais española e catalana na evolución da cultura galega nos últimos anos e remata comentando o paso por Madrid dunha chea de persoeiros das nosas artes dende Francisco Añón ata hoxe.

_____, “Buscadores de palabras”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 24 outubro 1998, p. 12.

Expresa a satisfacción pola entrada de Antón Santamarina na Real Academia Galega, que “pertence á·estirpe dos buscadores de palabras”.

García, Rodri, “Cada día, un trozo de pan”, *La Voz de Galicia*, 15 xullo 1998, p. 32.

Con motivo da chegada das feiras do libro ás principais cidades galegas, fai unhas consideracións sobre a lectura, chamando á sociedade española —pouco afeccionada á lectura, conforme o que constata o articulista— a gozar dos libros, a facer do acto de ler un acto cotián, como o acto de comer pan, consonte ó que, segundo refire o columnista, propuxo Manuel Rivas cando foi pregoeiro da feira da Coruña.

García, Rubén, “Un día triste para o teatro galego”, *O Correo Galego*, 4 abril 1998, p. 40.

Sobre a posta en escena de Valle-Inclán polo CDG, lamenta a actitude mostrada por algunhas persoas do mundo do teatro en Galicia na entrega dos premios María Casares e Marisa Soto ás que se tacha de integristas. Lémbrase o camiño andado dende o ano 1973, con innumerables atrancos, para chegar a unha situación na que se impón, segundo se di aquí, unha presión dictatorial contra o equipo que trata de representar a Valle. Afírmase que o teatro galego non alcanzará a maioría de idade ata que non represente a Valle sen traducir.

García, Xosé Lois, “A revista Anto”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 17 marzo 1998, p. 3.

Alude á presentación en Vila Nova de Cerveira (Portugal) do nº 2 da revista *Anto*, fundada por Antonio José Queirós. Explica que se trata dun monográfico que rende homenaxe á lingua común e no que uns corenta escritores galegos e portugueses subliñan as súas benquerencias con Galicia. Comenta tamén que presenciaron o acto autoridades civís e alcaldes das terras situadas entre Douro e Miño e que foi Xulio L. Valcárcel quen falou en representación de tódolos poetas asistentes.

_____, “O cura de Fruime”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 17 marzo 1998, p. 3.

Lembranza da figura do Cura de Fruime con motivo do terceiro centenario do seu nacemento. Transcríbense algúns versos en castelán nos que este crego poeta reacciona contra certas aldraxes sobre os galegos. Valórase a súa actitude antiasimilista nun século difícil, o XVIII, a vontade de abrir camiño para a lingua galega coa súa obra poética e o vínculo que tiña co pobo, que non o esqueceu como poeta nacional mesmo despois de morto. Por último laméntase a “muralla de silencio” que, segundo se afirma, se lle pon a este autor cando ningúen intenta recupera-la súa memoria.

_____, “López Cuevillas”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 15 decembro 1998, p. 4.

Semblanza de López Cuevillas, na que alude ó seu labor dentro da Xeración Nós. Fala da incidencia política de Cuevillas en determinados momentos, nos que se estaba a consolida-lo nacionalismo das “Irmandades da Fala” e da “Teoría do nacionalismo Galego” de Risco. Pon de relevo, a través dunha carta, a visión de futuro de Cuevillas.

García-Bodaño, Salvador, “O pulsar da cultura”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 12 abril 1998, p. 3.

Repasa a actualidade máis inminente sobre cultura galega. Con respecto a publicacións e premios, recolle a saída de senllos libros de Manuel Núñez e Santiago Jaureguizar e o fallo do Premio de Narrativa Fantástica Cidade da Coruña. En canto á música, dá conta dun concerto sacro de Milladoiro no Ferrol e da extraordinaria revitalización da música celta con gravacións de grandes vendas nas que participan grupos galegos. Celebra, asemade, no terreo teatral, a coproducción galego-portuguesa *Estación Mahagonny*, sobre un texto de Brecht e loa a colaboración do CDG, contrapoñéndoa a outras actuacións cuestionables deste organismo. Finalmente, detalla polo miúdo a entrega dos Premios Pedrón de Ouro 1998 e enaltece o seu labor e prestixio constantes dende o ano 1964.

_____, “Acuse de recibo”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 21 xuño 1998, p. 3.

Aproveita a recepción dalgúns libros de poemas que lle envían escritores amigos para facer un repaso pola actualidade política. Xerardo Estévez, Gómez de Liaño, os GAL, o concellal do PP de La Carolina, Álvarez Cascos e o lío asturiano preceden ós agradecementos a Martínez-Conde, Xulio Valcárcel, Cristina Amenedo, Alonso Montero, Ánxeles Penas, González Tosar, Sánchez Iglesias e Ramiro Fonte.

_____, “Dende Arentei a Rianxo”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 5 xullo 1998, p. 3.

Louva ó pintor Xavier Pousa Carrera e ó “veterano galeguista” Avelino Pousa Antelo, que participaron en senllos actos públicos. Sinala que Pousa Carrera foi homenaxeado na localidade de Arentei pola “Cofradía de Ofrecidos a San Pedro”. De Pousa Antelo nomea a súa participación, como presidente da Fundación Castelao, no acto celebrado co gallo do retorno ó cemiterio de Rianxo das cinzas dos curmáns de Castelao, Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, víctimas da violencia fascista durante a Guerra Civil. Destaca a importancia de actos deste tipo para “a conformación da feble memoria histórica (...) do pobo deste país” e anuncia que Pousa Antelo vai ser homenaxeado polos antigos cooperativistas da Granxa-Escola de Barreiros (Lugo), na que o ilustre galeguista desenvolveu o seu labor docente.

Gato Soengas, Antonio, “O cura Moreiras”, *El Progreso*, “Foro Aberto”, 7 decembro 1998, p. 67.

Refírese á homenaxe a Lorenzo Varela na Galería Sargadelos de Lugo e salienta que este home impulsou o sindicalismo agrario en tempos de prohibición. Sinala a importancia do seu traballo e da producción dun home, como o Cura Moreiras, que veu na cultura “a mellor receta para o progreso”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Gómez, Joel, “Murguía”, *La Voz de Galicia*, “De Sol a Sol”, 1 febreiro 1998, p. 56.

Reivindícase a figura de Manuel Murguía a propósito dunhas palabras de Ramón Villares sobre os Mártires de Carral, episodio do que, ó parecer, foi testemuña o intelectual galego. Opina que, a setenta e cinco anos da súa morte, Murguía permanece pouco menos que olvidado como consecuencia do escaso coñecemento da historia máis próxima a nós. Entende que a figura de Murguía é interesante non só polos seus traballos como escritor e intelectual e que moitas das súas propostas, sobre todo as referidas á restauración cultural de Galicia, permanecen como un reto.

Gómez, Pedro, “Valente y Lorca”, *La Región*, 7 xuño 1998, p. 35.

Co gallo do centenario de Lorca, José Ángel Valente fala do *Llanto* e dos *Seis poemas*, catalogando a estes como “lira mínima” de amor, ausencia e morte. Recóllense valoracións sobre Lorca como a máis grande voz de onte e de Valente como a maior voz poética de hoxe, recoñecida co Premio Reina Sofía.

González, Paula, “CDG”, *La Voz de Galicia*, “Con estos pelos”, 7 abril 1998, p. 80.

Fálase sobre a polémica da representación de Valle-Inclán polo CDG. Malia comentarse que tal polémica aburre, pásase a dicir, a seguir, que Valle é o mellor autor teatral galego ata hoxe e que o CDG ten a obriga e o dereito a representalo. Fundaméntase isto no pensamento de que, quen non fale galego en Galicia nos nosos días, non deixa de ser galego. Critícase, finalmente, o que se considera como un modo pouco acertado de facer patria e cultura: representar a autores irlandeses, pero non a Valle.

González González, José Francisco, “Curros Enríquez”, *La Región*, “Y por tanto Ourense”, 10 febreiro 1998, p. 16.

Reclámase unha cronoloxía para a literatura do XIX, xa que se advirte que nas edicións da obra de Curros Enríquez se insiren moitos erros relativos ás primeiras datas de publicación de poemas. Así, tras eloxia-lo esforzo de Carlos Casares, entre outros, escolle dous exemplos entre o editado por este para exemplifica-los fallos. O primeiro, “Á sociedade lírica da Habana Aires da Miña Terra”, sería algo anterior ó 3 de abril de 1887 e aparecería na revista coruñesa *Galicia*. Os poemas que gañaron o concurso convocado en 1887 en Ourense por Modesto Fernández y González estarían impresos por primeira vez nun exemplar especial de *El Heraldo Gallego* que non se atopou aínda.

González Martínez, Xosé, “Bieito Ledo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”, 1 xaneiro 1998, p. 63/p. 64.

Traza o perfil humano e intelectual de Bieito Ledo, valorando a súa paixón por Galicia en cada cousa, o traballo e a imaxinación que pon ó servicio da normalización cultural de Galicia en tódolos terreos. Descríbeo como un personaxe de aspecto helénico, semellante a un filósofo socrático. Dende esa posición, Bieito Ledo aparece como un guía en potencia, disposto a potencia-la soberanía política e o desenvolvemento cultural. Como persoa, destaca a súa solidariedade e o seu talante pacificador, demostrado na dinamización do mundo editorial e empresarial galegos. Así mesmo, a xenerosidade e o alto valor que lle concede á amizade caracterizan a súa personalidade.

Guisam Seixas, João, “Malditas palabras”, *A Nosa Terra*, nº 823, “Guieiro Cultural”, 26 marzo 1998, p. 26.

Crítica ó CDG pola posible representación dun espectáculo con textos de Valle en castelán na que se di que o galego empregado por Valle nos seus textos agocha unha intención literaria que prevalece sobre o seu valor lingüístico. Apunta que a linguaxe de Valle sería unha lingua inventada, máis próxima dun castelán con sabor a vello que dun galego. Comenta que a dificultade de traducir a Valle medraría ó termos que atopar vocábulos de referencia equivalentes no galego común. Aproveita, seguidamente, para critica-las autoridades políticas e lingüísticas de Galicia e non ve ningún inconveniente en que se respecte a opinión de Valle e non se traduza para o galego a súa obra. Finalmente non cre acertado que se represente con cartos públicos, en calquera caso como iniciativa privada, unicamente.

Guede, Isidoro, “La plenitud de Pura Vázquez”, *La Región*, 9 decembro 1998, p. 20.

Refírese a Pura Vázquez, de quen di que tras posuír unha grande obra en castelán, chega a converterse na máis fecunda poetisa galega para retornar novamente ó idioma castelán. Dálle a benvida e defínea como unha muller bilingüe que escribe na lingua que lle reclama a súa sensibilidade.

_____, “Basilio Álvarez en el recuerdo (I)”, *La Región*, 13 decembro 1998, p. 37.

Louva a iniciativa da cidade de Ourense por conserva-la memoria daqueles homes dignos de lembrar. Cita o “Club Alexandre Bóveda” organizador dun ciclo de conferencias ó redor da figura de Basilio Álvarez. Resalta a complexidade deste personaxe. Di referirse a este persoeiro con coñecemento de causa por te-lo coñecido como un “home complexo e ben dibuxado”.

_____,“Basilio Álvarez en el recuerdo (II)”, *La Región*, 14 decembro 1998, p. 17.

Fai referencia a un poema de Rey Soto (1910) dedicado a Basilio Álvarez. Pon de relevo grandes virtudes deste home e establece unha relación entre a sotana, o traxe e a toga para amosa-los distintos campos de traballo do homenaxeado.

_____, “Basilio Álvarez en el recuerdo (III)”, *La Región*, 15 decembro 1998, p. 25.

Ilustra por medio dunha anécdota a virtude oratoria de Basilio Álvarez. Refírese tamén a unha cea na que se falou, tras citar a Basilio Álvarez, das dificultades que debería ter un sacerdote separado da Igrexa.

_____, “Basilio Álvarez en el recuerdo (y IV)”, *La Región*, 16 decembro 1998, p. 22.

Fala da antítese entre a condición sacerdotal de Basilio Álvarez e a de deputado. Alude á probabilidade de que a delicadeza de certas situacións puidesen ensombrece-la súa imaxe, cando, segundo Guede, era un home con moita fe e que morreu no seo da Igrexa.

Gwede, “A vueltas con Valle Inclán”, *La Región*, 2 decembro 1998, p. 22.

Fai referencia á polémica xerada ó redor da montaxe na que o CDG representou a Valle en castelán no Teatro Principal. Entende a actitude da oposición ó espectáculo como equivocada e inxusta por considerar que levanta unha “guerra idiomática” na que a xente, os que realmente fan lingua, a penas participan. Considera que a gran triunfadora do teatro é a palabra; polo tanto defende o respecto ó autor e á palabra que utilice.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Harguindey Banet, “Valle en galego”, *Faro de Vigo*, 12 outubro 1998, p. 2.

Céntrase na figura de Valle-Inclán, autor que segue a ser motivo de polémica acerca do seu galeguismo ou antigaleguismo. Considera que as contrarias opinións vertidas sobre o asunto fan necesario un estudio demorado e calmo. Mostra a necesidade de devolver a Valle-Inclán ó galego, unha lingua que fecundou a súa obra e deu como froito “obras mestras nas que se recoñece nidiamente o rostro de Galicia”.

Hortas, Daniel, “Os contos de Maricastaña”, *O Correo Galego*, “Sinxelamente”, 18 xaneiro 1998, p. 4.

Logo de facer referencia á actuación do grupo folclórico María Castaña polas rúas de Lugo nas festas de Nadal e de ofrecer algúns datos do personaxe real do século XIV, Maricastaña, critica certos aspectos da cidade de Lugo e o feito de que desaparecese o Premio Literario Cidade de Lugo, preguntándose, finalmente, se non sería máis acertado darlle a tal premio o nome de Maricastaña e cos orixinais premiados que presentase, crear unha importante colección de contos e relatos.

_____, “La voz del bardo”, *Galicia en el Mundo*, nº 258, “Mirada de volta”, 10-16 marzo 1998, p. 3.

Logo de mostra-la sorpresa que lle causou o recital poético de Arcadio López Casanova celebrado na Casa de Galicia en Madrid, dá conta dalgunha das cuestións que lle foron formuladas polos alí presentes. Comenta así a resposta que proferiu este autor lucense, cando lle preguntaron se a súa condición de “exiliado, al menos cultural”, influía dalgunha maneira na súa producción poética.

_____, “A voz do bardo”, *O Correo Galego*, “Sinxelamente”, 12 setembro 1998, p. 4.

Cre que os versos acadan unha nova dimensión se son recitados pola propia voz do autor, como comprobou con Arcadio López Casanova ou con Xavier Rodríguez Barrio, que acompañan a súa poesía cun soporte de audio. En relación coa afirmación feita por López Casanova, segundo a cal a súa poesía se ve matizada pola distancia física de Galicia, considera que non sempre se entende mellor a realidade dende o exterior.

Isorna, J., “Franciscanismo de R. Cabanillas”, *O Correo Galego*, 4 outubro 1998, p. 3.

Lembra a Cabanillas no día de San Francisco de Asís, destacando que o cambadés pertenceu á orde franciscana e que mesmo quixo ser amortallado co seu hábito. Reproduce tamén os versos que acompañaron a inauguración do monumento a San Francisco en Compostela o 24 de xullo de 1930 co gallo do VIIº centenario da morte do santo, obra labrada por Francisco Asorey.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Janeiro, Darío, “A radio de Amancio”, *O Correo Galego*, “Lufada”, 16 maio 1998, p. 5.

Comeza facendo memoria das primeiras cancións que Amancio Prada musicou sobre textos de certos escritores para, a continuación, deterse no comentario do seu último traballo, *Rosas a Rosalía*, no que recompila aquelas vellas cancións da escritora padronesa “que en realidade nunca deixou de interpretar nos seus concertos”. Comenta que neste seu novo traballo participaron diversas personalidades do mundo artístico entre as que cita a Martirio e María Dolores Pradera, ademais de certas agrupacións como a Real Filharmonía de Galicia e as pandereteiras de Baio.

_____, “Letras en café con xeo”, *O Correo Galego*, “Lufada”, 5 xuño 1998, p. 5.

Refírese ó día do centenario de Federico García Lorca e repasa as notas sobre as visitas do granadino a Galicia. Indica, asemade, que mentres le as relacións amicais que mantivo con xente galega, ademais das actividades que tivo coa nosa terra, pensa que “este aniversario é tamén un pouco de cada un de nós e que os galegos podemos ter acento andaluz”.

Jaureguizar, “Barras e estrelas literarias”, *A Nosa Terra*, nº 813, “Guieiro Cultural”, 15 xaneiro 1998, p. 27.

Comeza reprobando diversos aspectos dos novos escritores galegos, para afirmar a continuación que aínda que o sistema literario galego acadou “un nivel moi aceptable en cando a calidade e cantidade da edición, non o fixo en desenrolo do mercado”. Estima que a consecuencia diso escasean os críticos, non existen axentes literarios e afloran unha serie de prexuízos cara a medios narrativos tan cheos de posibilidades como é o caso da novela. Apunta, ademais, a necesidade da existencia de colectividades ou agrupacións que se preocupen das cuestións que afectan ós que publican.

_____, “¿Que fai un diccionario coma ti nunha novela como esta?”, *A Nosa Terra*, nº 818, “Guieiro Cultural”, 19 febreiro 1998, p. 25.

Considera que a pesar da evolución que experimentou a novela nas últimas décadas, son moitos os que seguen lendo as novelas como se fosen “exercicios ateigados de prosa poética”. Critica así que a novela sexa valorada en función do vocabulario que emprega, e non en función do seu argumento ou historia. Manifesta, finalmente, que a posta ó día da literatura galega de arestora se debe facer interesándose máis polo país que actualmente está innovando, América.

_____, “O país no que os filólogos reparten donuts”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Guieiro Cultural”, 21 maio 1998, p. 31.

Refírese nun inicio á maior importancia que se lle dá no cine á violencia con respecto ós diálogos, para logo afirmar que isto é normal nun país no que os debates literarios están centrados en cuestións políticas e mesmo lingüísticas. Opina tamén que moitos escritores levados polo afán de facer unha prosa de diccionario, non se resignan e crean novelas nas que o país semella habitado por 2’7 millóns de filólogos, ademais de facer “terroríficas” reflexións cando empregan certas palabras que non teñen cabida nos diálogos.

Landesa Miramontes, Antonio, “García Lorca en Vigo”/“García Lorca y Galicia”

Atlántico Diario/*La Región*, 14 febreiro 1998, p. 27/p. 26.

Destaca, entre os feitos salientables que se conmemoran neste ano noventa e oito, o centenario do nacemento de Federico García Lorca. Lembra a relación que mantivo con Galicia e que despois plasmaría nunha serie de poemas confeccionados na nosa lingua. Fai alusión, ademais, á dubidosa paternidade da figura granadina respecto a tales poemas e reproduce unha carta que hai vintedous anos enviou o xurista Roberto González Pastoriza ó daquela director de *Faro de Vigo*, José Landeira. Relátase nela como no “Derby” en Vigo, Federico solicitaba sinónimos galegos e rimas que precisaba para os poemas e cómo despois dende Santiago, enviou os seus cinco poemas en galego.

Laxe Freire, M. A., “Literatura relixiosa”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 4 xaneiro 1998, p. 2.

Sitúase na Idade Media para indicar que o teatro medieval ten a súa orixe nos diálogos que aparecían no texto litúrxico sobre todo de Nadal e de Pascua, dando lugar a representacións relixiosas denominadas “Autos, Milagres, Misterios, Moralidades”, que serían os verdadeiros precursores do teatro moderno. Apunta que, arredor do ciclo de Nadal xurdirían tamén unha serie de creacións populares, que en Galicia chegaron ata nós en forma de vilancicos que tiveron un auxe moi importante. Cre que a escaseza de literatura relixiosa en Galicia, quizais fose provocada polas limitacións impostas polo Concilio de Trento á libre interpretación das Sagradas Escrituras. Remata referíndose a algún dos temas e libros relixiosos que seguen contando cun elevado número de lectores en Europa.

_____, “Nós e os outros”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 22 febreiro 1998, p. 2.

Disertando sobre os nacionalismos, comenta que en Galicia tamén tivemos os nosos tratadistas que non quedaban atrás nas súas proclamas e reivindicacións nacionalistas. Sinala así que Vicente Risco pensaba que a cultura é unha creación da raza, e que as cualidades fundamentais do temperamento e do carácter dun pobo dependen do sangue e da herdanza. Polo que concerne á fala dun pobo, dicía que esta non só configura o seu pensamento senón que tamén forxa a maneira de ser da xente, opinión que era compartida polos demais membros da Xeración Nós. Apunta, ademais, que Castelao non cría como os seus contemporáneos no determinismo racial da cultura, xa que para el, “A terra é o molde que nos vai facendo á súa imaxe e semellanza”.

_____, “Encontros na Terra Chá”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 28 xuño 1998, p. 4.

Felicita a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz polos encontros que promove e, en concreto, polas oitavas xuntanzas que neste ano homenaxearon a diversos persoeiros que simbolizan grandes abanos da realidade creativa galega como é o caso de Xosé Trapero, Manuel María ou o Xulio Xiz. Salienta a importancia de asociacións deste tipo e comenta certos aspectos do funcionamento da mesma. Refírese finalmente á figura de Xulio Xiz Ramil, que nos máis de 30 anos que leva exercendo o xornalismo radiofónico, sempre estivo alí onde houbese algo que “cheirase” a cultura galega.

Lezcano, Arturo, “A viaxe nova dun camiñante”, *La Voz de Galicia*, 8 febreiro 1998, p. 89.

Logo de facer referencia ás desgracias familiares existentes na familia Risco, comenta que Antón Risco ha quedar no espírito como autor dunha ampla obra literaria “de criación e mais ensaistica”. Fai mención da súa actividade no Quebec, onde medrada a semente do galeguismo esencial do seu pai e afirma que decidiu abandona-lo castelán na súa novelística e mitifica-la terra durante anos. Remata destacando de entre a súa escrita, a súa producción narrativa, cos seus romances “nunca afastados da nosa realidade mais sempre a dar o salto ao misterioso, ao teratolóxico, ao diferente”.

_____, “Nen en castellano nen en galego”, *La Voz de Galicia*, “O Chisco”, 6 abril 1998, p. 11.

Manifesta o seu total desacordo coa decisión do Centro Dramático Galego de representar, en galego ou en castelán, catro pezas de Valle-Inclán. Considera, por unha parte, que escenificar esas obras en lingua galega é unha “parvada” porque o seu autor nunca foi parceiro na literatura en lingua galega e o castelán resulta ser unha lingua comprendida polos galegos, mentres que, pola outra, opina que facelo en castelán sería unha “desnaturalización” do CDG.

_____, “O Calexón del gato”, *La Voz de Galicia*, “El guiño”, 19 outubro 1998, p. 13.

Como mostra da vixencia da obra de Valle-Inclán cualifica de esperpento toda a polémica xerada ó redor da decisión do Centro Dramático Galego de representar en castelán pezas do escritor galego. Sinala que “los patrioterismos todos de *La hija del capitán* se dieron cita a la puerta del Teatro Principal de Compostela”. Repasa os argumentos dos que se opoñen a representar a Valle en castelán incidindo en que “su protesta en forma de galleguización oral de Valle es (...) una parvada tan grande como traducir las obras aún no completas de Cela o de Torrente al gallego”, tendo en conta que calquera galego le perfectamente en castelán. Tampouco estima conveniente a xustificación do CDG que considera a representación unha “excepción”.

Liñares Giraut, X., Amancio, “Pilar Cagiao Vila”, *O Norte*, nº 88, “Nas veas da diáspora”, 24 xaneiro 1998, p. 2.

Ofrece unha serie de datos sobre Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia de América na Universidade compostelá, referentes á súa tese, ós seus artigos e ós seus proxectos. Céntrase, a continuación, no seu libro *Muller e emigración* (1997), e fala dos seus dous apartados: “A muller galega no fenómeno migratorio” e “A muller galega nos principais destinos da emigración americana”. Indica, ademais, que a obra conta no remate cunha ampla colectánea bibliográfica e recolle algúns dos comentarios expostos por Manuel Fraga no prólogo do libro. Reproduce finalmente un fragmento desta publicación na que se achan, ademais de protagonistas femininas anónimas, outras con nome propio como é o caso de Pura Vázquez ou Maruxa Villanueva.

_____, “Antonio Fernández Pérez”, *O Norte*, nº 90, “Nas veas da diáspora”, 21 febreiro 1998, p. 2.

Centra o seu artigo no escritor galego, Antonio Fernández Pérez, que logo de regresar do exilio vería publicada a súa novela *Terra coutada* (1990) que xa se anunciara en Galaxia nos anos 50. Salienta desta novela o prólogo de Ramón Otero Pedrayo, o vigor do estilo, axustado e vivo e o seu excelente pulso narrativo. Dá conta ademais dun fragmento desta obra, dunha serie de escritos, composicións e premios deste autor verinés.

_____, “María Magdalena”, *O Norte*, nº 96, “Nas veas da diáspora”, 23 maio 1998, p. 2.

Fala nun principio da figura do poeta autodidacta que, a pesar de non apareceren os seus escritos en publicacións literarias de renome, si teñen acougo entre a veciñanza. De seguido, presenta a Mª Magdalena Domínguez Domínguez, escritora que sen outra formación académica que non fosen as súas primeiras letras e o traballo no campo, xa leva publicados tres poemarios, dous deles en galego: *Alborada do Val da Louriña* (1986), cun limiar de Eliseo Alonso e *Colleita de soños tristes* (1990), prologado por Víctor Iglesias Viqueira. Recolle ademais unha serie de declaracións de Fernández del Riego, Manuel Quintáns Suárez e Eliseo Alonso sobre a escrita desta poetisa de Mos e un poema titulado “Carta de Cuba” que pertence ó seu primeiro poemario en lingua galega.

_____, “Manuel Casado Nieto”, *O Norte*, nº 102, “Nas veas da diáspora”, 15 agosto 1998, p. 2.

Percorrido pola biografía de Manuel Casado Nieto nas súas facetas como profesional na carreira xudicial e como escritor e divulgador da cultura galega fóra do país. Neste sentido, enumera a súa obra poética e narrativa e o seu labor de traducción, destacando unha traducción parcial da Biblia cando non existía unha versión íntegra en galego. Ademais reproduce un fragmento de “A aldea valeira”, poema recollido por Manuel María en *O tema da emigración na poesía galega*, publicado no terceiro número da Comisión Galega do Quinto Centenario.

_____, “Lorenzo Varela”, *O Norte*, nº 103, “Nas veas da diáspora”, 5 setembro 1998, p. 2.

Aproximación á figura de Lorenzo Varela mediante a transcrición da información que sobre el achegan diversos críticos como Xosé Luis Méndez Ferrín, Alonso Montero ou Díaz Pardo, que destacan a obra do autor e o seu esquecemento. Así mesmo, recolle a opinión de Xosé Ponte Far que apunta o misterio que envolve o poemario *Lonxe* (1954).

_____, “Con Arturo Cuadrado en Negreira palabra a palabra”, *O Norte*, nº 104, “Da nova Clío”, 19 setembro 1998, p. 2.

Extracto do artigo publicado no especial “Festas en Negreira” de *La Voz de Galicia* (8 xullo 1998) no que se lembra a figura de Arturo Cuadrado con motivo do seu pasamento. En concreto dá conta da relación do intelectual coa vila de Negreira, a través do poeta nicrariense Xulián Magariños Negreira e do propio coñecemento a raíz dunha conferencia de Arturo Cuadrado pronunciada para os estudiantes da vila.

_____, “Xoán Xosé Fernández Abella”, *O Norte*, nº 106, “Nas veas da diáspora”, 17 outubro 1998, p. 2.

Fala do poeta monfortino e dos cambios experimentados tralo pasamento da súa muller Mª Mercedes Álvarez. Citando a Chago Rego atopa no autor unha mestura entre “a sensibilidade galeguista sempre presente, (...) e un sentimento cristián insubornable”. Fai un breve percorrido biográfico do autor e cita o título dos catro libros que leva publicado.

_____, “Celso Emilio Ferreiro (I)”, *O Norte*, nº 109, “Nas veas da diáspora”, 5 decembro 1998, p. 2.

Presenta a Celso Emilio e refírese á metáfora da pedra. Alude e recomenda *De Rosalía a Dieste. 33 anos das letras* (1995), de Anxo Angueira. Lembra o ano 1989 cando este autor fora homenaxeado no Día das Letras Galegas e sente que a Fundación que honra a este home a penas teña sona. Fai un sucinto percorrido pola súa biografía e repasa a súa obra dende o seu primeiro libro en galego *Cartafol de poesía* (1936) ata *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) e repara na súa poesía clandestina publicada por Xesús Alonso Montero en 1982.

_____, “Maruxa de Galicia”, *O Norte*, nº 109, “Nas veas da diáspora”, 5 decembro 1998, p. 31.

Semblanza de Isaura Vázquez Blanco (Maruxa Villanueva) na que fai un breve percorrido pola vida da mestresa da Casa-Museo de Rosalía, dende que emigra á Buenos Aires con 20 anos ata o seu pasamento. Cita distintas publicacións e entrevistas sobre esta actriz e finalmente convídanos á lectura de *Mulleres*, de Úrsula Heinze (1991), como homenaxe a esta muller.

_____, “Maruxa Villanueva, in memoriam”, *La Voz de Galicia*, 8 decembro 1998, p. 38.

Semblanza de Maruxa Villanueva que fai fincapé no seu labor como unhas das máximas actrices galegas da escena en América. Fala do seu labor teatral en Hispanoamérica e do seu retorno a Galicia, concretamente á Casa-Museo de Rosalía onde ficou como encargada, cantora e guía.

_____, “Celso Emilio Ferreiro (II)”, *O Norte*, nº 110, “Nas veas da diáspora”, 22 decembro 1998, p. 2.

Reproduce unha breve bibliografía a modo de aproximación a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, incide e cita parágrafos sobre o tema da emigración na poesía do celanovés, por tratarse dun dos grandes asuntos verbo da historia de Galicia.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

López, Teresa, “Encontrado o manuscrito dunha das obras fundacionais do teatro galego”, *A Nosa Terra*, nº 838, “Guieiro Cultural”, 9 xullo 1998, p. 33.

Dá noticia do achádego do manuscrito da peza de Manuel Lugrís Freire *A costureira da aldea* (1885), que se atopaba entre os textos conservados pola Real Academia Galega. Salienta a articulista a importancia da recuperación dunha das primeiras pezas do teatro galego contemporáneo, aínda que non considera que a peza sexa orixinal polo seu asunto. Sinala que *A costureira da aldea* é unha mostra máis do costumismo que, xunto coa temática histórica, imperou na dramaturxia galega do XIX durante a súa primeira etapa. O que fai singular a peza é a presencia dunha defensa de Galicia e da lingua galega, así como o feito de que se fixesen ensaios para a súa representación en La Habana. Conclúe anunciando a publicación da súa edición e estudio da peza na colección “Teatro galego” do Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor.

López Cid, Julio, “En la muerte de Antón Risco”/“Na morte de Antón Risco”,

La Voz de Galicia/*A Nosa Terra*, nº 826, 20 abril 1998/16 abril 1998, p. 65/p. 6.

Fai referencia á rectificación que Ignacio Soldevila fixo do seu texto necrolóxico sobre Antón Risco, na que declara que “jamás le oímos a Antón mencionar su salida de Galicia como una huida de la carga de ser el hijo del traidor como afirma el texto neocrológico publicado”. Realiza, a continuación, unha férrea defensa a prol de Vicente Risco, afirmando que, a pesar dos simplismos establecidos de que Risco era o traidor á causa galeguista e Otero Pedrayo a víctima propiciatoria da represión franquista, estes personaxes e mais Cuevillas sempre foron grandes amigos. Comenta ademais que, mentres o señor de Trasalba vivía confortablemente no seu pazo, don Vicente Risco tiña que facerlle fronte a unha modesta situación económica. Apunta tamén a favor deste último, que iniciou na cultura a moita da xuventude ourensá, mentres que don Ramón a penas se relacionou con gran parte dela.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

López Foxo, Manuel, “Poetas de palabra viva e poetas de palabrería”, *A Nosa Terra*, nº 819, “Guieiro Cultural”, 26 febreiro 1998, p. 31.

Indícase que ultimamente no campo da creación poética, entre os escritores de talento, existen dúas clases de poetas: os que escriben textos de calidade enraizados na terra, na vida social e colectiva e os que crean textos de gran beleza e perfección formal, pero baleiros de emoción. Denúnciase, a continuación, que hoxe en día hai demasiada poesía que ten que ver máis coa palabrería que co sentimento, polo que se reivindica unha poesía que busque a beleza ó mesmo tempo que provoque algo forte no lector.

López Neira, Lois, “Castelao e a súa memoria”, *Faro de Vigo*, 8 xaneiro 1998, p. 22.

Opina que a pesar de que foi moito o que se escribiu sobre a vida e a obra de Castelao, Galicia e as súas autoridades non lle deron a verdadeira dimensión histórica da personalidade “do noso guieiro cultural”. Dá conta así da súa actividade política e dos cargos que neste ámbito desempeñou, para denunciar, a continuación, as sucesivas devaluacións que sufriu a figura deste rianxeiro. Reivindica polo tanto que nesta etapa, na que Galicia se está tentando reencontrar como pobo, profunde na súa rica historia sen sectarismos. Conclúe pedindo, na celebración do cuadraxésimo cuarto aniversario da morte de Castelao, unha simple homenaxe literaria, “apelando á memoria e á reflexión”.

Lorenzo, Carmen, “Valle, o esperpento está servido”, *La Región*, 29 novembro 1998, p. 18.

Louva as características galegas das obras de Valle-Inclán e os xiros propios da lingua galega que aparecen na súa longa obra para xustifica-la galeguidade do escritor arousán. Todo isto vén a conto con motivo da represesentación de obras de Valle polo Centro Dramático Galego, polo que basea os seus argumentos a favor da representación das pezas teatrais de Valle-Inclán en castelán, e contra esa “política reduccionista e trasnoitada” que queren impoñer uns poucos.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Loureiro, Ramón, “A cidade secreta”, *La Voz de Galicia*, 18 febreiro 1998, p. 73.

Ofrece unha serie de comentarios sobre a derradeira novela de Antón Risco, que aínda permanece entre os seus escritos que non chegaron a ve-la luz. Considera, polo que teñen dito aqueles que tiveron o manuscrito nas súas mans, que se tratará dun libro cheo de “diálogos áxiles, fondos e precisos” e no que haberá unha historia de “realismo marcado”. Alude, finalmente, á concepción que o profesor Risco tiña sobre a literatura.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Lourenzo, Manuel, “O Banquete de Tiestes”, *A Nosa Terra*, nº 822, “Guieiro Cultural”, 19 marzo 1998, p. 27.

Mostra a súa sorpresa polo cambio de conducta experimentado polo Centro Dramático Galego, xa que de renunciar a representar hai uns cantos anos unha peza de Valle-Inclán en castelán, actualmente prohiben a escenificación dunha súa obra noutra lingua que non sexa a castelá. Opina que a pesar de que a decisión do CDG sexa legal, se a chega a levar a cabo perdería o dereito de ser chamado “buque insignia do teatro galego”, en palabras do seu actual director, e o carácter representativo do que foi dotado dende o día da súa fundación. Lembra os pasos da historia que deu lugar á creación do CDG e manifesta que a toma desta actual decisión, “non ten máis xustificación que a derrota por deserción de quen goberna e manda”.

Luca de Tena, G., “Valle en español serve a política de Fraga contra as nacionalidades”, *A Nosa Terra*, nº 827, “Guieiro Cultural”, 23 abril 1998, p. 25.

Con respecto á montaxe que o CDG prepara en castelán con textos de Valle-Inclán, G. Luca considera que a polémica consiste no enfrontamento “Valle si-Valle non” e considera que o centro do asunto é o respecto ó obxectivo co que foi creado o Centro Dramático Galego. Pregúntase, a seguir, se “estas febres tercianas” non serán un aviso do exceso de intervencionismo por parte do goberno autonómico. Así, refírese ás interferencias habidas mentres foi Conselleiro de Cultura Vázquez Portomeñe. A continuación, céntrase na crítica a Manuel Fraga e lembra unha entrevista de 1970 na que o hoxe presidente da Xunta amosaba a súa preferencia por Claudel e a obra *Os zapatos de raso*. Neste sentido cualifica a Claudel de “pesadísimo” e “nazi” e a obra mencionada como “petardo”.

Malvar, Aníbal C., “Hacerse el muerto”, *El Mundo. Galicia*, “Páginas mentales”, 28 xullo 1998, p. 2.

Critica o feito de que, na maioría dos casos, ás persoas só se lles recoñece o seu traballo despois de mortas. A continuación, cita dous claros exemplos desta tendencia a ignorar ou infravalora-lo labor das persoas durante a súa vida. Trátase de Castelao, que non acadou o seu recoñecemento ata que os seus restos mortais foron trasladados dende Buenos Aires ata o Panteón de Galegos Ilustres, e Blanco-Amor, do que se intentou oculta-la súa condición de homosexual. Para rematar, cita o caso de Méndez Ferrín, moi criticado na actualidade dende diferentes bandos, e que, despois de morto, se converterá, segundo Malvar, en todo un “casto y correctísimo adalid de nuestra literatura”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Mallo, Albino,"García Lorca en Galicia", *O Correo Galego*, 29 xaneiro 1998, p. 3.

Lembra, con ocasión da conmemoración do centenario do nacemento de Federico García Lorca, a creación dos seis poemas galegos do poeta granadino, dos que ofrece os títulos, e comenta as catro viaxes que este fixo a Galicia, detallando as actividades desenvolvidas en cada unha delas.

_____, “Museo Del Riego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”, 8 febreiro 1998, p. XIII.

Comenta a inauguración, en Vigo, do museo dedicado a Francisco Fernández del Riego, constituído pola colección de obxectos que doou á cidade, entre os que figuran “cadros, esculturas, cerámicas, edicións históricas de libros e revistas, medallas e outros recordos da súa vida así como unha biblioteca de máis de 25.000 volumes”. De seguido, analiza con detalle a sección de pintura do museo incluíndo os pintores máis importantes nela representados. Remata con breves notas acerca da biblioteca, da colección de fotografías, das esculturas, e ofrece unha relación das distincións que recibiu e das institucións nas que participa.

_____, “Amancio Prada e os poetas”, *O Correo Galego*, “Visións “, 19 febreiro 1998, p. 4.

Recorda un recital que Amancio Prada dedicou a Federico García Lorca, Álvaro Cunqueiro e Agustín García Calvo baixo o título de “Tres poetas”. Segue comentando os motivos do agrupamento destes autores para o espectáculo e inclúe argumentos do propio Prada. Remata con esta afirmación acerca do berciano: “É un clásico que, nembargantes, segue na actualidade”.

_____, “Juan Montes”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”, 22 febreiro 1998, p. XXI.

Ofrece un perfil biográfico do músico lugués Juan Montes, que obtivo a súa máxima popularidade ó musicar “Negra sombra” e “Doce sono”, de Rosalía Castro, “Unha noite na eira do trigo”, baseada nos versos de Curros Enríquez, e “Lonxe da terriña” e “O pensar do labrego”, de Aureliano Pereira, entre outros.

_____, “Historia dun café”, *O Correo Galego*, “Visións”, 12 marzo 1998, p. 4.

Dá noticia da inauguración da mostra titulada “O’Derby, algo máis ca un café”, que recolle “cadros e esculturas dos artistas que pasearon polo lugar, partituras musicais” e outros recordos relacionados con ese café vigués no que se reuniron moitos personaxes da nosa cultura. O feito de que o café pertencese ó pai do articulista lévao a lembrar moitos momentos vividos alí na súa xuventude.

_____, “O galego Valle-Inclán”, *O Correo Galego*, “Visións”, 19 marzo 1998, p. 4.

Refírese á decisión do Centro Dramático Galego de representa-las obras de Valle-Inclán en castelán entendéndoa como un xeito de difusión da “nosa cultura literaria”, pois considera que “Galicia está presente na maior parte das obras de Valle-Inclán”, así como na doutros autores galegos que escribiron en castelán. Finalmente, alude “á amplitude da nosa cultura e á sorte que temos de poder escoitar ou ler obras literarias en calquera dos nosos idiomas oficiais”.

_____, “Valle-Inclán 98”, *O Correo Galego*, “Visións”, 12 novembro 1998, p. 4.

Considera que non se debe esaxera-la polémica sobre a representación de Valle-Inclán en castelán, xa que este idioma está recoñecido no Estatuto e na Constitución como cooficial. Considera, ademais, que Valle-Inclán é un autor galego xa que tamén o son a idea argumental e algunhas expresións das súas obras.

_____, “Mortos de Sona”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”, 27 decembro 1998, p. XXI.

Recolle os nomes famosos da política, da cultura, da sociedade, da empresa e das artes e das letras de Galicia que desapareceron no ano 1998, como o galeguista Arturo Cuadrado, o xornalista Fernández, a escritora Josefina López de Serantes e a actriz Maruxa Villanueva, entre outros.

Manuel María, “Fiz Vergara Vilariño, sempre”, *El Correo Gallego*, 6 xaneiro 1998, p. 3.

Comeza comentando a aparición do número 4 da revista *Guieiros*, dedicada ó poeta Fiz Vergara Vilariño, e os contidos desta, para logo ofrecer un perfil sobre a personalidade do poeta e algunhas opinións sobre a súa obra, rematando por dicir que “a morte non foi xenerosa nos derradeiros tempos cos poetas galegos”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “A xeneración do 98”, *El Correo Gallego*, 20 xaneiro 1998, p. 3.

Indica o papel que tiveron algúns galegos, como Montero Ríos, no chamado “Desastre do 98”, e logo comenta o feito de que moitos dos escritores da Xeración do 98 procedesen da periferia peninsular. Céntrase en Valle-Inclán, afirmando que escritores como Otero Pedrayo, Castelao, Risco, Cunqueiro ou Fole, entre outros, “foron grandes devotos” dos escritores do 98, “maioritariamente de Valle-Inclán”, así como tamén as primeiras xeracións galegas da posguerra.

_____, “A ‘Tola de Vilauxe’ e os señoritos”, *El Correo Gallego*, 13 febreiro 1998, p. 3.

Comenta as figuras, xa desaparecidas, das chamadas “señoritas de aldea” e “señoritos da vila”, presentes na obra de Curros e de Castelao. Inclúe varias anécdotas que recorda sobre os señoritos da vila que “aínda tivemos a desgracia de coñecer e tratar”, así como tamén unha sobre unha muller coñecida como a Tola de Vilauxe.

_____, “Cincuentenario do pasamento de Xosé Crecente Vega”, *El Correo Gallego*, 24 febreiro 1998, p. 3.

Informa de que se cumpre o cincuenta aniversario da morte do poeta Xosé Crecente Vega e inclúe un breve perfil biográfico sobre o autor chairego. A seguir, valora a obra titulada *José Crecente Vega. A poesía de Codeseira (edición crítica e estudio)* (1997), de Ricardo Polín e Luz María Durán, que recibiu o Premio Ánxel Fole de Ensaio, como “irreprochable, fundamental, mesmo imprescindible”. Remata aludindo á mala sorte que tivo a obra poética crecentiana, ó seu desexo de que lle sexa dedicado o Día das Letras Galegas e de que se celebre o seu cincuentenario trasladando os seus restos mortais dende Segovia ata “a súa parroquia natal”.

_____, “A estatua de Pastor Díaz en Viveiro”, *El Correo Gallego*, 24 marzo 1998, p. 3.

Comenta a intención da corporación municipal de Viveiro de cambia-lo emprazamento dunha estatua dedicada a Nicomedes Pastor Díaz e propón varias preguntas sobre os motivos desta decisión, para el desacertada, por entender que “Pastor Díaz ten unha importancia que trascende do puramente local”.

_____, “Algunhos epigramas”, *El Correo Gallego*, 28 abril 1998, p. 3.

Ofrece varios epigramas, en castelán, de diversos autores, e indica que “na literatura galega o epigrama non é moi abondoso. Anque non falta”. Comenta a obra *Cimenterio privado*, de Celso Emilio Ferreiro, como o mellor do xénero nas nosas letras, e recomenda a lectura atenta deste poemario.

_____, “O enigma do medo”, *Faro de Vigo*, “Terras, homes e palabras”, 12 maio 1998, p. 3.

Comeza cunha reflexión acerca do medo para logo lembrar unha anécdota, vivida por el, relacionada co tema. Finaliza referíndose á novela *Los miedos*, de Eduardo Blanco Amor, e ós problemas que tivo o seu autor na elaboración e posterior publicación da obra, debidos “ás humillacións que sufriu por parte da oficialidade da época”.

_____, “Brevísima noticia dun artista semiesquecido”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 19 maio 1998, p. 3.

Reivindica a figura do pintor e escritor de vangarda Cándido Fernández Mazas, incluíndo o título dalgún libro publicado sobre a súa figura. A seguir, ofrece un retrato vital e artístico, e comenta o seu valor como escritor indicando que hai traballos seus na revista *Nós* e un poema na *Antología de la lírica gallega*, de Álvaro das Casas. Finalmente di que hai que recupera-la súa figura e a súa obra, como “un paso importantísimo para a nosa normalización cultural”.

_____, “Valle-Inclán e os nacionalismos”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 9 xuño 1998, p. 3.

Analiza a decisión do Centro Dramático Galego de representar obras de Valle-Inclán. Comeza dicindo que este escolleu libremente a súa lingua de creación, sendo negativas as súas opinións sobre a nosa lingua. Seguidamente, reflexiona sobre os nacionalismos, chegando á conclusión de que o nacionalismo español tentou “impoñerse ós outros, atacando o que teñen de máis singular e privativo: a língoa e a cultura propias”, e considera que o CDG ten a obriga de usa-la lingua galega sempre, “dada a situación do noso idioma”. Afirma, ademais, que respecta a decisión dos herdeiros de Valle de non autoriza-la traducción das súas obras ó galego, por cumprir así a vontade do escritor, e que “sobran elencos teatrais no estado español para representar o teatro de Valle-Inclán”.

_____, “Un vello mitín en Foz”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 18 agosto 1998, p. 3.

Refírese a un documento presente no libro colectivo que recolle os resultados das II[as] Xornadas de Historia Local organizadas pola Asociación Cultural A Pomba do Arco de Foz, da que o autor é socio de honra. Explica que se trata dun panfleto que é parcialmente transcrito, datado o 9 de xuño de 1935, no que se ataca un mitin dos partidarios de Casares Quiroga.

Marco, Aurora, “O teatro de autoria feminina”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 11 marzo 1998, p. 73.

A publicación da obra *Autoras en la Historia del Teatro Español (1500-1994)* leva ó comentario sobre algunhas omisións e datos incorrectos no que atinxe ó teatro galego. Non se inclúe na obra o traballo de traducción de Teruca Bouza Vilas e figuran incompletas ou incorrectas varias referencias a obras de Carmen Prieto Rouco. Aínda sí, considérase o libro “como un material moi valioso para quen se interese por estes temas”. Remata falando das actividades da escritora coruñesa Mari Luz Morales, e recomendando a publicación dalgunhas, que permanecen inéditas.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Mariño, Luis, “¿Corte dos milagres ou estrado das marionetas?”, *O Correo Galego*, “A química das paixóns”, 23 marzo 1998, p. 4.

Comeza cunha anécdota que protagoniza Valle-Inclán para logo comenta-lo feito das tentativas de posta en escena das obras de Valle en castelán. Pon en dúbida que haxa alguén “que se atrevese a asina-la improbable traducción” afirmando que xa hai moitos casos de malas traduccións e adaptacións. Finalmente ofrece consolo a Manuel Guede, que “estará pasando un mal trago ó ter que empregar máis horas en xustificarse que en poñerse ó labor”.

_____, “Sin prisas, pero con Prisa”, *El Correo Gallego*, “La química de las pasiones”, 4 abril 1998, p. 4.

Tras unha extensa reflexión sobre a colonización e as actitudes dos colonizados, céntrase na polémica sobre a representación de Valle-Inclán, en castelán, por parte do Centro Dramático Galego, afirmando que un artigo publicado na prensa madrileña fixo que moitos cambiasen de opinión sobre o asunto en Galicia, a pesar de que a mesma idea foi expresada previamente “desde este periódico”.

Martínez Couselo, Xosé, “O caldo de Rosalía”, *O Correo Galego*, “Altamira 3B”, 7 xuño 1998, p. 4.

Refírese ó texto *Costumbres Gallegas*, de Rosalía de Castro e comenta o xeito de face-lo caldo segundo a poetisa. Salienta a universalidade de Rosalía e di que a relectura desta obra lévao a pensar “que sen saír da terra se pode ser galego de medalla”.

Mayoral, Marina, “Valle-Inclán e o galego”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Soltas”, 9 abril 1998, p. 11.

Non cuestiona se o Centro Dramático Galego debe representar obras de Valle-Inclán en castelán senón que se centra na cuestión de traducir a Valle ó galego. Considera que non é necesario porque os galegos “entendemos e disfrutamos de Valle” na súa lingua orixinal, e que a decisión de facelo está baseada en razóns políticas ou intereses económicos. Remata poñendo outros exemplos de traduccións ó galego que se farían “se seguimos así”, como obras en castelán de Rosalía ou de Emilia Pardo Bazán, e solicitando “que non enmascaren os verdadeiros motivos de traducir ó galego a un autor que todo galego pode entender e disfrutar no idioma no que escribiu”.

_____, “Prepublicación”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Soltas”, 20 agosto 1998, p. 10.

Reflexiona sobre a moda de publicar un fragmento dun libro en xornais e revistas e admite que a ela, ó xeito dos trailers cinematográficos, lle gusta ese adianto para facerse unha idea. Sen embargo, cando a prepublicación se fai coa súa obra séntese receosa pois entende que pode perderse a significación unitaria do libro.

Meilán Gil, José Luis, “La devolución no imposible de un patrimonio”, *La Voz de Galicia*, 23 xaneiro 1998, p. 26.

Comenta as posibilidades xurídicas de que sexa devolto o patrimonio incautado polo franquismo ó Seminario de Estudos Galegos, para o que recapitula a súa historia dende que se constituíra en 1923. Remata afirmando que a reintegración do patrimonio é difícil pero non imposible, e ofrece algúns elementos para a solución.

Méndez Ferrín, X. L., “Restituir o que fora roubado”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 5 xaneiro 1998, p. 2.

Fala da disolución do Seminario de Estudos Galegos e das Sociedades Agrarias trala sublevación franquista, esixindo a súa devolución e a restitución do seu patrimonio e indicando a quén lle corresponde este labor, necesario para “restabelecer os lazos que nos unen co pasado”.

_____, “Doutor Neira Vilas”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 16 xaneiro 1998, p. 2.

Ofrécese un retrato do escritor Xosé Neira Vilas por mor da concesión a este do doutoramento *honoris causa* pola Universidade da Coruña. Afírmase, ademais, que Neira Vilas non ten o recoñecemento que merece en Galicia e que a universidade que o honra faino “amosando intelixencia, valor, altura de miras e sensibilidade literaria”.

_____, “Día espléndido”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 6 febreiro 1998, p. 2.

Anuncia varios actos previstos para a fin de semana en Vigo: unha conferencia de Francisco Rodríguez Adrados, a presentación do último poemario de X. M™ Álvarez Cáccamo e unha homenaxe a Manuel Vidal Villaverde pola concesión do Premio Puro Cora de Xornalismo. Seguidamente, fai unha gabanza da prosa xornalística de Vidal Villaverde, quen “exhibe nos seus textos o mellor galego”, e congratúlase da proximidade da primavera.

_____, “La catedral y el niño”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 9 febreiro 1998, p. 2.

Comenta a amizade que tiña con Eduardo Blanco Amor e o feito de que nunca, ata ese momento, lera a súa primeira novela *La catedral y el niño*. Afirma que a lectura da obra lle trae recordos da súa infancia en Ourense, da que inclúe algúns episodios. Ademais indica unha serie de trazos da súa relación con Blanco Amor.

_____, “Na morte de Antón Risco*”, Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 16 febreiro 1998, p. 2.

Con ocasión da morte de Antón Risco, lembra as actividades de diversos membros da familia Risco en Ourense, afirmando que o pasado desta cidade é impensable sen a presencia desa familia. Ademais conta dúas anécdotas do falecido, unha acontecida durante o tempo de estudios en Madrid e outra en Ourense.

_____, “A Coruña estratéxica”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 27 febreiro 1998, p. 2.

Relaciona a importancia estratéxica da cidade da Coruña, en tempos de Napoleón, coa descrición dunha “batalla complexa” que aparece na novela *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, obra na que “a cidade é asediada e tomada, coa connivencia do proletariado de Bens, polas forzas nacionalistas populares”. Remata falando doutra batalla da Coruña que figura nunha novela de cabalerías francesa.

_____, “Pexegueiro, Rompente”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 6 marzo 1998, p. 2.

Comenta un recital poético de Alfonso Pexegueiro en Vigo para celebra-la reedición da súa obra *Seraogna* (1997), no transcurso do cal falaron da efervescencia cultural e política que se vivía en Vigo “hai vintedous ou vintetrés anos”. A seguir, detalla algúns dos acontecementos desa época, e afirma que tamén evocaron o xurdimento e actividades do colectivo Rompente, incluíndo unha breve traxectoria deste grupo. Finalmente, indica que hai certo sector da crítica que “anda intentando descatalogar e suprimir da historia da literatura a obra de Pexegueiro, a de Reixa e a dos restantes poetas de Rompente”.

_____, “A estirpe do Dragón”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 27 marzo 1998, p. 2.

Menciona varios actos, de diversa índole, levados a cabo polo fillo de Valle-Inclán, Carlos Valle-Inclán, sendo o último deles a prohibición, pola súa parte, de que “a obra do seu pai sexa traducida ao idioma galego”. Critica tamén a Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, por aceptar isto.

_____, “O sublime castrapo”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 30 marzo 1998, p. 2.

Afirma que, ante o feito da representación de obras de Valle-Inclán en castelán por parte do Centro Dramático Galego, hai unanimidade, dicindo que “a república literaria galega non acepta que o CDG represente a Valle-Inclán nin a quen sexa en castelán”. Propón representar “calquera cousa de Valle en galego”, como un acto de rebeldía e, a seguir, analiza a lingua empregada por este autor, chegando á conclusión de que a palabra e a sintaxe galega están presentes en toda a súa obra, co que a traducción ó galego sería unha “verdadeira restitución”. Inclúe un fragmento de Valle traducido ó galego.

_____, “Iris e o cuco”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 4 maio 1998, p. 2.

A contemplación do arco da vella e o cantar dun cuco fan que lembre un poema de William Henry Davies, traducido por Plácido Castro e incluído no volume *Poesía inglesa e francesa traducida ao galego* (1949), no que o poeta trata estes dous aspectos: “logo dunha rexa batagada, viu o Arco da Vella e, ao tempo, sentiu o cuco cantar”. Anuncia, ademais, a próxima publicación de *A experiencia inglesa* (1998), de Paulino Vázquez.

_____, “Salvar un cemiterio”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 29 maio 1998, p. 2.

Fai unha defensa do cemiterio de San Francisco, en Ourense, ameazado de desaparición, baseándose na idea de que este camposanto “é un libro aberto no que se pode ler toda a historia contemporánea da cidade de Ourense”. Lembra o enterro da nai de Otero Pedrayo e o do propio Otero, que ten o sepulcro non lonxe do de Blanco Amor, feito que é indicado coa afirmación de que “ambos sepulcros significan a totalidade da cidade tradicional”.

_____, “X. L. e un xesto farmacéutico”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 xullo 1998, p. 2.

Amosa Ferrín a súa satisfacción polo ingreso de Xosé Luís Franco Grande na Real Academia Galega que contribuirá, ó seu modo de ver, a renova-la Institución presidida por Fernández del Riego. Ademais de aludir á súa amizade con Franco Grande, que se remonta ós seus anos de estudiantes universitarios en Compostela, expón os méritos do autor de Tomiño: a súa producción poética e prosística, o seu labor de lexicógrafo, os seus artigos xornalísticos, fan xustísima, segundo Ferrín, a entrada de Franco Grande na academia. Conclúe expresando o seu desexo de que a entrada de Franco Grande se vexa seguida pola doutros escritores e estudiosos que poden contribuír a remediar “os males académicos”.

_____, “O amigo do meu pai”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 10 xullo 1998, p. 2.

Ferrín congratúlase da decisión de dedicar a Roberto Blanco Torres o Día das Letras Galegas de 1999 e, nunha concisa visión da súa vida e a súa obra, salienta os fitos principais da súa carreira: o vencellamento co agrarismo, que o levou a dirixi-lo xornal anticaciquil *La Zarpa*, onde coñeceu ó pai do escritor ourensán; o compromiso co republicanismo, que o empuxou a participar na vida política durante a Segunda República e que lle custou a vida cando se produciu a sublevación militar que deu inicio á Guerra Civil, o labor xornalístico en *El Pueblo Gallego*, *Galicia* e *El País*; a creación poética, representada polos versos de *Orballo de media noite* (1929). Finalmente, louva á Real Academia, pois a súa elección contribúe a recuperar unha figura inxustamente esquecida.

_____, “Camilo de Cela”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 21 agosto 1998, p. 2.

Ofrece algunhas referencias sobre Camilo de Cela, pseudónimo de Modesto Fernández e González. Salienta a súa faceta de xornalista culinario e explica que ademais cultivou poesía en galego, prosa en galego e castelán e foi tratadista dos máis diversos temas. Remite ó libro de Antonio Meijide Pardo que leva o seu nome.

_____, “A cadea sutil”, *Faro de Vigo*, ”Segunda feira”, 24 agosto 1998, p. 2.

Parte dunha anécdota para defini-la literatura galega como un sistema diacrónico. Así, sostén que todos escribimos sobre algo anteriormente escrito. Sinala como curiosidade o feito de que autores “tradicionalistas” ou “nacionalistas” acostumen a le-los franceses, os italianos, os alemáns e achácao a que tal acción os protexe da influencia española. Destaca neste senso a Julien Green, finado hai pouco, por tratarse dun home moi lido na Galicia de hai 40 anos.

_____, “Valle-Inclán en galego”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 28 agosto 1998, p. 2.

Ante a escenificación de Valle-Inclán en castelán polo CDG e a lectura de textos valleinclanescos que a Mesa Pola Normalización Lingüística e maila Asociación de Actores teñen a intención de facer en galego, pregúntase pola calidade destes dous Valles e, como exemplo, adianta un fragmento de *As galas do defunto*. Para el, a polémica vai amosar unha vez máis o fracaso da política cultural do goberno.

_____, “Del Riego en Celanova”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 31 agosto 1998, p. 2.

Parte da orixe do nome Vilanova dos Infantes e da relación con Celanova e Castromouro. Céntrase en Celanova por se-la terra que viu nacer a Curros e a Celso Emilio. Aplaude o labor de Del Riego, homenaxeado co Premio Celanova Casa dos Poetas. Finalmente fala da obra deste home.

_____, “Conciliábulo no Baño”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 21 setembro 1998, p. 2.

Laméntase polo silenciamento que sufriron as Xornadas sobre Blanco Torres celebradas en Cuntis e reflexiona sobre a posible pertenza deste autor á masonería. Considera que a súa actividade republicana no seo da Orga e Izquierda Republicana, a súa coincidencia con moitos masóns recoñecidos, os fundamentos da súa poesía ou a opinión de Marcos Seixo Pastor non acertan a despexa-las súas dúbidas ó respecto.

_____, “O Faro de Leal Ínsua”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 25 setembro 1998, p. 2.

Realiza un percorrido por algúns momentos do *Faro de Vigo*, xornal que entre 1949 e 1960 dirixiu Francisco Leal Ínsua e que destaca pola súa alta calidade literaria. Sinala que Celso Emilio Ferreiro, Mantecón, Varela Jácome, Otero Pedrayo, Ánxel Fole, J. Mª Castroviejo, Lueiro Rey, Del Riego e outros colaboraban naquela época, aínda que entende que o “estatuto de inmortalidade” lle vén outorgado polos artigos de Álvaro Cunqueiro.

_____, “A batalla de Heidegger”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 10 outubro 1998, p. 2.

Céntrase no labor da traducción, que entende como exercicio “moi importante para constituír unha lingua literaria de cultura”. No caso concreto galego destácase o inxente labor traductor que se realiza hoxe en día de obras de tódolos países e linguas. Lémbrase neste sentido a figura de Álvaro Cunqueiro que considerou apremiante traducir ó galego obras importantes e así o realizou.

_____, “Galeuzca”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 9 novembro 1998, p. 2.

Dá conta da reunión en Galicia dos escritores en lingua galega, catalana e vasca, Galeuzca, e da pouca repercusión que este feito tivo na prensa galega. Tamén se fai eco da proposición da Academia Sueca, por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, de varios nomes de autores galegos como posibles candidatos á concesión do Premio Nobel.

_____, “Mack o navalla”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 11 decembro 1998, p. 2.

Céntrase na figura de Bertold Brecht cando se cumpre o seu centenario. Afirma que Galicia estivo presente na súa conmemoración a un nivel superior á media do Estado Español, e destaca a traducción de Sonsoles Cerviño López do *Arturo Ui* (1998).

Molina, Cesar A., “Mis maestros de Atlántida”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 12, 10 febreiro 1998, p. 2.

Lembra os mestres que tivo na antiga academia Séneca, situada na rúa Paio Gómez da Coruña, local onde se redactaba a revista *Atlántida*, na que coincidían moitos deles. Afirma que todos eses mestres se introduciron na revista e, ó asistir a unha exposición de Lugrís no Círculo de Belas Artes de Madrid, devólvelles unha pequena parte do seu traballo.

Moure, Edmundo, “Un nobel gallego, ¿cuándo?”, *Galicia en el Mundo*, nº 249, 6-12 xaneiro 1998, p. 32.

Lembra a promoción que se fixera en 1983 de Ánxel Fole como candidato ó Premio Nobel de Literatura por parte da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega. A continuación, aborda algúns aspectos da obra do autor lugués subliñando que “Galicia es la palabra que contiene todo lo que escribió, escribe y escribirá” e entende que toda esta xeografía literaria é moito máis que unha paisaxe costumista, “es el habitat de una comunidad de hombres y mujeres a los que el autor otorga vida estética en sus hábitos sociales (...)”. Considera que o logro máis sólido de Fole é a súa fonda expresión da alma popular galega e subliña a presencia da Galicia urbana, ademais da rural, así como o humor e o misterio. Considera finalmente que a súa obra non precisa, ó igual cá de Borges recoñecemento público, pero cre que “bien nos vendría a los gallegos un galardón de esta naturaleza” como parte do obxectivo de difundi-la nosa cultura.

Navaza, Xavier, “Recordando a Don Ramón”, *El Correo Gallego*, 2 abril 1998, p. 19.

Lembra a personalidade conflictiva que foi Valle-Inclán en vida, ó igual que James Joyce e Cunqueiro, así como a problemática que está a provoca-la próxima representación dunha obra súa en castelán polo Centro Dramático Galego, por culpa daqueles que “quieren llevarnos al fin de milenio con el carné entre los dientes”.

Neira, Manuel Xosé, “Cinza sen lume”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 6 xaneiro 1998, p. 4.

Con motivo da celebración dun recital poético patrocinado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega para homenaxear a Ánxel Fole, critica este tipo de actos porque a penas serven, ó seu entender, para recorta-la liberdade creativa dos escritores, que por outra parte foron ben remunerados. Alén disto critica a capacidade da citada asociación de escritores para erixirse en representante de tódolos escritores galegos e seleccionar só os do gremio para actos ben pagos como este. Remata considerando este feito como “un xogo inútil a dúas bandas”.

_____, “A cultura galega é europea”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 20 xaneiro 1998, p. 4.

Trázase unha panorámica histórica dos creadores de literatura galega dende Rosalía a Blanco Amor para reinvindica-la europeidade das súas obras. Reclama á sociedade galega actual, que tanto na orde política coma cultural, traten de conducir Galicia cara á cultura europea deixando a un lado pequenas trifulcas locais.

_____, “Deseloxio da elocuencia”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 27 xaneiro 1998, p. 4.

Dedícase a refutar toda unha serie de acusacións que Miguel Anxo Fernán-Vello lle fixera ó autor deste artigo, nun recital levado a cabo por membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega e que foi pagado pola Xunta de Galicia para homenaxear a Ánxel Fole.

_____, “Busco lector inocente”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 3 marzo 1998, p. 4.

Seguindo o anunciado no título expresa as súas opinións sobre a literatura galega e os lectores da mesma, ós que considera case tantos coma escritores. De seguido, lembra a mitificación dos escritores da súa infancia que se veu defraudada ó coñecer a moitos deles. De aí o seu desexo de atopar un “lector inocente”, que só busque o goce coa lectura.

_____, “Unha rareza etnográfica”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 5 maio 1998, p. 4.

Aproveita para falar da expresión “pau das oles”, da que di descoñece-lo termo filolóxico e, ó mesmo tempo, pide a algunha persoa que coñeza ese termo lle axude a solventa-lo achado. Solicita a recuperación do poeta chairego contemporáneo de Rosalía, Xosé María Chao Ledo.

_____, “Contra-Cunqueiro ou a reformulación da modernidade*”, O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 18 agosto 1998, p. 4.

Recoñece en Álvaro Cunqueiro un gran fabulador, coñecido e admirado por todos, pero di que non funciona como modelo único e estable de creación narrativa: primeiro pola súa finura e segundo pola súa rápida ocorrencia. Así, reclama menos “ocorrentes no país da incultura e auto-odio, un Mondoñedo liberado da peste do cunqueirán, e un Ourense liberado do realismo de Blanco-Amor” na procura dunha nova reformulación da modernidade.

_____, “Un poema case perfecto”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 6 outubro 1998, p. 3.

Pide unha nova lectura e catalogación para o lugués X. Mª Díaz Castro, que deixou algúns dos mellores versos da poesía galega deste século. Así, fala dun poeta “novidoso” e “plural” exemplificando isto con diversos versos que foi descubrindo en sucesivas lecturas de *Nimbos*. Conclúe que así se atopan novas dimensións do poeta e que, a pesar de ter un léxico moi limitado, este é “moi definido, moi variado e moi fino”.

_____, “Unha ‘chama’ antes da neve”, *O Correo Galego*, “A píntega e as bolboretas”, 27 outubro 1998, p. 3.

De viaxe por unha aldea da provincia de Ourense, dá noticia do achádego dun libriño de versos en galego nunha ermida. Explica que a obra ía levar por título *Pingas d’orballo* e o seu autor é Roxelio R. Rivas, de Petín, que foi director do *Galicia* de Buenos Aires entre 1920 e 1925.

_____, “A necesidade dun Congreso de Literatura sobre Luís Pimentel”, *O Correo Galego*, “A píntega e as bolboretas”, 29 decembro 1998, p. 3.

Manifesta a falta dun Congreso sobre o poeta lugués, Luís Pimentel, a quen considera unha voz esencial na lírica galega e reproduce unha carta dun home histórico do galeguismo que aplaude esa iniciativa. Propón ademais a necesidade dun programa televisivo ben feito sobre as novidades editoriais.

Neira Vilas, Xosé, “Corenta e cinco anos despois”, *A Nosa Terra*, nº 837, “Guieiro Cultural”, 2 xullo 1998, p. 31.

Dá noticia da súa recente estancia en Buenos Aires onde, para ledicia súa, se atopou con “antigos compañeiros de militancia nacionalista”. O reencontro permitiu, segundo di o escritor, a evocación das actividades desenvolvidas nos anos cincuenta polos nacionalistas integrantes da colonia galega de Buenos Aires, guiados por homes como Castelao, Suárez Picallo, Seoane “e outros inesquecibles bos e xenerosos”. Menciona os actos conmemorativos, o labor xornalístico, os cursos de galego, a cooperación coas mocidades nacionalistas vasca e catalana. Conclúe encarecendo a inquebrantable fidelidade daqueles homes e mulleres ós seus ideais galeguistas.

_____, “A corenta anos dun congreso”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 17 setembro 1998, p. 3/p. 4.

Refírese ó Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Buenos Aires en 1956. Lembra a conmemoración do Banquete de Conxo, unha ponencia sobre a defensa do galego e diversas conferencias, así como a presencia dos galegos máis ilustres da emigración. Conclúe sostendo que moitas das conclusións daquel encontro “seguen a ser válidas para os nosos días”.

_____, “Manuel Reimóndez Portela”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 4 outubro 1998, p. 3/p. 4.

Con motivo do Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela, fai un percorrido pola biografía do chamado “médico dos pobres”, destacando as diversas facetas ás que se entregou, tanto culturais coma políticas, e lembra a súa infancia en Cuba, de onde volveu en 1932 e visitou en 1978 demostrando que “era para sempre, un home de dous mundos”.

_____, “A ‘Cantiga’ de Valle-Inclán”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 18 outubro 1998, p. 3/p. 4.

Fai referencia á publicación dunha cantiga en galego de Valle-Inclán. A composición, titulada “Cantiga de vellas”, apareceu por primeira vez en 1916 nas páxinas de *Labor Gallega*, publicación dirixida en La Habana por Xoán Vicente Martínez Quelle.

_____, “Primeira noticia de Castelao”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 29 outubro 1998, p. 3/p. 4.

Lembra a primeira noticia que tivo de Castelao coincidindo coa morte deste en Buenos Aires no 1950. Destaca a influencia do escritor rianxeiro na súa toma de conciencia galega e na de moitos outros mozos emigrados.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Relación tropical con Celso Emilio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas Galegas de América”, 26 novembro 1998, p. 3/p. 4.

Refírese ó contacto epistolar que mantivo con Celso Emilio durante a súa estancia en La Habana cando o celanovés residía en Caracas. Afirma coñecer puntualmente os conflictos que o trasladaron a Venezuela. Así mesmo, pon de manifesto a doenza do poeta polo fariseísmo co que fora tratado e fala do arrepentimento do seu “Fuco Buxán”.

_____, “Dous precursores”, *El Correo Galego*/*O Correo Galego*, “Crónicas Galegas de América”, 29 novembro 1998, p. 4/p. 3.

Fai fincapé na débeda contraída con Domingo Devesa e Xosé Porrúa Valdivieso, a quen debemos a fundación da “Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia” e do semanario *El Avisador Galaico*, xa que iniciaron o asociacionismo na Illa de Cuba.

_____, “O bautizo dun escritor”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “Crónicas Galegas de América”, 3 decembro 1998, p. 4/p. 3.

Trata de poñer de relevo a importancia da emigración para a consolidación da vocación literaria del e doutros escritores. Céntrase, a este respecto, na figura de Blanco Amor e alude ós comezos deste poeta cando, asentado en La Habana escribe *Romances Galegos* (1928). Entende que este escritor ourensán “é un producto nato da emigración” ó igual que Ramón Cabanillas.

_____, “O poeta suicida”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego,* “Crónicas Galegas de América”, 24 decembro 1998, p. 3/p. 4.

Breve comentario sobre a vida do mestre e poeta Manuel Celso Garrido (A Merca, 1916-Santiago de Chile, 1961), con motivo da chegada da noticia da súa morte. Neira Vilas lembra os escasos encontros que tivo con el en Buenos Aires, así como a correspondencia que mantiveron durante anos. A continuación, afirma que o autor publicou algúns poemas en galego en diversos xornais arxentinos da época como *Lugo* ou *Opinión Gallega*, así como o poemario *Saudade* (1953). Para rematar, informa da súa condición de militante galeguista, defensor da identidade “dentro dun concepto republicano-liberal”.

Nogueirol, Jaime, “Cenizas para tres ríos”, *La Región*, “La cara oculta de la luna”, 12 febreiro 1998, p. 18.

Parte da universalidade de moitos dos intelectuais moradores na Rúa da Paz ou na Rúa de San Domingos en Ourense, onde tamén viviu o escritor galego recentemente falecido Antón Risco, do que conta algunhas anécdotas vitais. Comenta as relacións que mantivo con algúns intelectuais amigos do seu pai, do seu posterior exilio no Quebec e o seu final repouso nas augas dos ríos Arnoia, Miño e Garonne, nos que foron ciscadas as súas cinzas.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Ónega, Fernando, “O secuestro de Don Ramón”/“El secuestro de Don Ramón”, *La Región/Diario de Pontevedra/Atlántico Diario/El Progreso*, 31 marzo 1998, p. 28/p. 12/p. 27/p. 13.

Comenta a polémica xurdida pola intención do Centro Dramático Galego de representar a Valle-Inclán en castelán, algo que é discutido por diversos sectores da poboación. Fernando Ónega opina que o goberno galego debe promociona-la lingua galega, pero cre que se pode e debe representar a Valle-Inclán en castelán, sobre todo, cando se fala de excepción.

_____, “Rivas nas alturas”, *Diario de Pontevedra/Atlántico Diario/La Región/ El Progreso*, 14 abril 1998, p. 12/p. 27/p. 24/p. 13.

A raíz da publicación de *El periodismo es un cuento* (1997), de Manuel Rivas, louva a súa capacidade creativa. Sinala que este libro é unha compilación de artigos xa publicados na prensa. Destaca a súa calidade porque demostra que o xornalismo de altura pervive no tempo máis alá do efémero da noticia. Alén disto considera que é un estupendo espello da realidade galega actual.

_____, “Xente ó redor dun libro”, *El Progreso/Atlántico Diario*, 19 maio 1998, p. 11/p. 31.

Manifféstase pouco amigo das celebracións, agás do Día das Letras Galegas, que aínda que o viviu en Madrid fíxose sentir coa presencia de gaiteiros nos centros galegos dos arrabaldos. Mais o que o sorprendeu fondamente é que se celebre con cultura, con libros e coa homenaxe a autores galegos e á lingua galega e non con “grandes xantares de lacón con grelos ou polbo”.

Otero, Álvaro, “Traductor/traidor”, *Galicia en el Mundo*, nº 266, “Intrahistorias”, 5-11 maio 1998, p. 32.

Fai referencia á polémica suscitada pola representación de obras de Valle-Inclán en castelán da man do Centro Dramático Galego. Comenta que lle chama a atención que as voces contrarias proveñan “de conocidos sectores de la *intelligentsia* gallega” que lerían a Shakespeare en inglés ou a François Sagan en francés. Entende que a mellor forma de representar pezas de Valle é facelo na súa lingua orixinal e non entregarse ás “servidumbres” da traducción. Considera, finalmente, que Borges se tería sorprendido con esta polémica e Valle-Inclán tería escrito un novo esperpento.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Otero, David, “Unha voz de Gres”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 18 xaneiro 1998, p. 3.

Con motivo da recente nominación do doutorado *honoris causa* a Xosé Neira Vilas, coméntanse, cun ton laudatorio e metafórico, pequenas anécdotas da vida do escritor homenaxeado. Sublíñase, sobre todo, a súa rebeldía e o feito de saír da aldea e facerse universal a un tempo.

_____, “No gozo polo ano adicado a Daniel Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “Tribuna abierta”, 20 xaneiro 1998, p. 21.

Lembra a traxectoria vital de Daniel Varela Buxán polas terras de Tabeirós-Terra de Montes e o Deza, alén da súa experiencia na emigración onde, segundo di, montou unha compañía teatral de renome. Ademais fala das características principais das súas obras de teatro e da oportunidade que presenta a celebración do ano Daniel Varela Buxán para recupera-las súas obras e achegalas ó público.

_____, “A prol do libro e a lectura”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 5 abril 1998, p. 4.

Realiza un alegato a favor do libro e da lectura como fontes do coñecemento do ser humano e do seu medio vital, alén de conformar unha das bases máis sólidas da formación cultural dos homes. Para defender tal argumentación, reproduce varios escritos de nenos e nenas do Colexio do Foxo, na Estrada, nos que se gaba a capacidade imaxinariamente atractiva dos libros.

_____, “De literatura e libros: lectura”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 19 abril 1998, p. 3.

Aproveitando que no mes de abril se celebra o Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil e o Día Mundial do Libro, fai unha defensa do libro e da lectura. Ó tempo que analiza a situación actual da literatura galega que considera positiva, afirma que aínda non é suficiente, polo que reclama maior atención ó libro en galego co obxetivo de reforza-la literatura galega.

_____, “Algo que a todos nos gustaría facer”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 31 maio 1998, p. 3.

Comenta a importancia que tivo Daniel Varela Buxán como precursor do teatro galego nun momento de grandes dificultades con poucos cultivadores. A seguir, refírese á representación de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao que dirixiu Varela Buxán a petición do seu propio autor.

_____, “Na honra de Trasalba”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 21 xuño 1998, p. 3.

Con motivo do acto de entrega do Premio Trasalba correspondente ó ano 1998 na Casa-Museo Otero Pedrayo, fai unha lembranza do grande novelista da Xeración Nós, da súa escrita, da súa mestría e da súa vontade de liberdade para Galicia, algo que, segundo cre o articulista, ten que se-lo obxectivo último para “supera-la noite que vivimos”.

_____, “Verán galego”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 12 xullo 1998, p. 3.

Logo de lembrar a Federico García Lorca refírese a Roberto Blanco Torres, autor escollido para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1999, o que vén a afirmar, segundo o autor, aquilo de que “o futuro debe saber do pasado”. Anuncia tamén a publicación do libro de Xosé Neira Vilas, *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba* (1998).

_____, “Roberto Blanco Torres”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 20 setembro 1998, p. 3.

Con motivo da celebración na localidade de Baño, en Cuntis, Pontevedra, dunhas xornadas sobre Roberto Blanco Torres, traza unha breve panorámica da traxectoria vital e política do poeta, ensaísta e sobre todo xornalista, asasinado o 2 de outubro de 1936, a quen no ano 1999 se lle dedicará o Día das Letras Galegas.

_____, “Castelao”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 4 outubro 1998, p. 3.

Comenta a necesidade de restaurar máis nomes “de importancia notabilísima para Galicia”, para centrarse logo na figura de Castelao e no labor da Fundación que leva o seu nome, xa que no ano 2000 se cumpren cincuenta anos da súa morte.

_____, “O Rivas”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 8 novembro 1998, p. 3.

Céntrase na figura do escritor Manuel Rivas. Considera que se afirma coa súa literatura e que constitúe unha das vías máis importantes de exportación da literatura galega cara ó exterior.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Otero, Isaac, “Literatura mágica en Galicia”, *Galicia en el Mundo*, nº 250, “El Ombú”, 13-19 xaneiro 1998, p. 2.

Comeza poñendo de relevo a fecundidade literaria das lendas tradicionais no acervo cultural de Galicia. Considera que “tan compleja como fecunda es la bibliografía que nos circunda” e cita os nomes de Leandro Carré Alvarellos, González Reboredo, Fermín Bouza-Brey, Florentino Cuevillas ou Vicente Risco. Alude, ademais, ó estímulo e asentamento científico que, para o labor etnolóxico, supuxo Mircea Eliade e alude tamén ós densos ensaios de Carlos Alonso del Real, Xosé Filgueira Valverde ou Xesús Taboada Chivite.

_____, “La poesía de Cacheiro Varela”, *Galicia en el Mundo*, nº 254, “El Ombú”, 10-16 febreiro 1998, p. 2.

Fai referencia ó poemario *O tremor do amor* (1997), de Maximino Cacheiro Varela. Alude á apertura do libro na que menciona a Roland Barthes pola figura e transcendencia do cal Cacheiro “no es capaz de ocultar su honda devoción”. Parafrasea, a continuación, algúns dos versos do libro para rematar facendo referencia ó labor docente deste escritor.

_____, “América, la poesía gallega y el profesor Cacheiro”, *Galicia en el Mundo*, nº 260, “El Ombú”, 24-30 marzo 1998, p. 3.

Primeiramente describe o contido do traballo de Maximino Cacheiro Varela, *América na poesía galega* (1992). A continuación, céntrase no poemario *O tremor do amor* (1997), do que subliña a súa inspiración impresionista con sensacións superrealistas e ritmos envolventes.

_____, “Poetisas gallegas del siglo XX”, *Galicia en el Mundo*, nº 262, “El Ombú”, 7-13 abril 1998, p. 3.

Comentario descritivo da escolma de Maximino Cacheiro Varela *Poetisas galegas do século XX* (1987). Logo de cita-los nomes das poetisas presentes nesta selección, céntrase en Anne Marie Morris, na equiparación entre homes e mulleres de Filomena Dato, na dozura e resignación de Francisca Herera Garrido, no autodidactismo de María Mariño e na sinxeleza de Pura Vázquez.

_____, “Memorial de exilio’ y su versión al ruso ”, *Galicia en el Mundo*, nº 264, “El Ombú”, 21-27 abril 1998, p. 3.

Logo de ofrecer algúns datos da traxectoria investigadora e docente de Maximino Cacheiro Varela, céntrase no seu poemario *Memorial do exilio* (1992). Parafrasea algúns dos versos que compoñen este libro para rematar aludindo á súa publicación ó ruso en 1997 “en un pequeño formato de singular belleza”.

_____, “En Mar de Plata, evocando a Alfonsina Storni”, *Atlántico Diario*, 23 outubro 1998, p. 28.

Evoca a figura literaria de Alfonsina Storni cando se cumpre o sesenta aniversario da súa morte na cidade arxentina de Mar del Plata. Pon de manifesto distintos paralelismos que ten con Rosalía de Castro.

_____, “Rosalía en las playas de otoño”, *Galicia en el Mundo*, “El Ombú”, nº 290, 19-25 outubro 1998, p. 3.

Reproduce algúns dos versos máis coñecidos de Rosalía de Castro e, a continuación, informa, brevemente, da temática das súas obras *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*. Nelas, segundo Isaac Otero, predominan os temas do amor, o imposible, as mulleres solitarias e abandonadas, os emigrantes, as viúvas e orfos, o máis alá, o ben e o mal, o día e a noite, a alegría e a tristeza, a felicidade e a desgracia, etc.

_____, “Alfonsina Storni y Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, nº 291, “El Ombú”, 26 outubro-1 novembro 1998, p. 3.

Inicia o artigo cun recordo da poetisa arxentina Alfonsina Storni e compáraa coa vida e a obra da galega Rosalía de Castro como, segundo informa no artigo, xa ten feito en conferencias, ensaios e artigos xornalísticos. Na súa opinión, ámbalas dúas son almas xemelgas.

_____, “Maximino Cacheiro, el mar y la poesía gallega”, *Galicia en el Mundo*, nº 295, “El Ombú”, 23-29 novembro 1998, p. 3.

Breve achegamento á vida do poeta, ensaísta e Catedrático de Literatura Hispanoamericana na Universidade de Vigo, Maximino Cacheiro Varela. A continuación, analízase, brevemente, o seu poemario *O mar na poesía galega*, unha antoloxía publicada por Edicións do Castro no ano 1985. A obra conta cun prólogo de Francisco Fernández del Riego no que se di que “toda a escolma foi pensada e realizada por Maximino Cacheiro tendo por medio, como é natural, a paisaxe ancha e salgada do mar noso”. Para rematar, cita outras obras do autor como *Memorial de exilio* ou *O tremor do amor*.

Pablos, “Lejos, y tan cerca”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 11 febreiro 1998, p. 7.

Refírese a Alexandra Koss, colaboradora da Facultade de Traducción de Vigo. Comenta que non só posúe un galego exquisito senón que xa ten publicado un volume de relatos rusos traducidos ó galego, *O Conto ruso do XIX.* Pablos, ademais de presenta-lo traballo desta muller, sinala a similitude dos ambientes rusos decimonónicos coa Galicia de Emilia Pardo Bazán.

_____, “Pausa con un maestro”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 2 maio 1998, p. 6.

Comentario sobre a presencia no acto de conmemoración do 25 aniversario da Universidade de Vigo, do seu primeiro Doutor *Honoris Causa*, Francisco Fernández del Riego, quen falou do paso do tempo e dos cambios que operaron nel. O articulista, tralo anuncio deste feito, repara na figura de Fernández del Riego para aludir non só á doazón da súa biblioteca á cidade de Vigo senón tamén á simpatía xeneralizada que lle ten a xente, moi á marxe de tendencias políticas, estéticas e persoais.

_____, “Apoyo al teatro”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 22 novembro 1998, p. 8.

Fai referencia ó novo xurdir da vella iniciativa do Concello de Vigo por crear unha Escola Municipal de Teatro. Considera o teatro unha vella manifestación cultural nesta vila. Salienta a saída dalgúns actores afeccionados como Carlos Muñoz, José Mª Seoane ou mesmo Julio Lago. Cita tamén a ampla traxectoria de Maximino Keyzán.

Pallarés, Pilar, “Ainda existe o país da Marcelina?”, *A Nosa Terra,* nº 828, “Guieiro Cultural”, 30 abril 1998, p. 21.

Ó longo deste artigo, faise unha sucinta mención do argumento do libro *Sombras no Labirinto* (1997), de Fernández Naval. En opinión da recensionista, trátase dun libro que non destaca estilisticamente, que combina distintos narradores e que aparenta ter pezas estructuralmente desencaixadas. Destaca como unha das grandezas deste libro o feito de reflecti-la verdade dunha Galicia rural abandonada.

_____, “Tomar a palavra (II)”, *A Nosa Terra,* nº 854, “Guieiro Cultural”, 29 outubro 1998, p. 25.

Lembra a celebración en Lanzarote do “Encontro das Poetas Peninsulares e das Illas”, baixo o lema “A poesía escrita por mulleres e o canon”. Despois dunhas breves reflexións acerca do canon literario, conclúe que a literatura galega aínda non acadou un canon plenamente conformado e destaca a decisiva influencia dos medios de comunicación no proceso de fixación do mesmo.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Patiño Nogueira, Olga, “Do teatro de portal ós foguetes de Bemantes”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 29, 9 xuño 1998, p. 5.

Refírese a unha vila cercana á Coruña, Bemantes, na que tivo a ocasión de asistir a unha representación teatral que a levou non só ós anos 60 nos que os rapaces xogaban a representar nos portais, senón tamén a lamentar que os orzamentos sexan tan escasos para actividades tan valiosas e transcendentais como esta.

Paz Gago, Chema, “El montaje del CDG es la mejor conmemoración del 98”,

La Voz de Galicia, 23 marzo 1998, p. 73.

Con motivo da polémica arredor da cuestión “Valle-Inclán en castellano o en gallego”, fálanos do profesor Ruíz Ramón, quen nunha conferencia sobre o teatro de Valle sostiña que a orixinalidade deste provocara, xa no seu tempo, certa repulsa. Así mesmo, válese desta profética ponencia para achaca-la repulsa actual ó código lingüístico. Ante esta pugna reivindicativa da galeguidade de Valle orixinada polas próximas escenificacións por parte do CDG de textos deste dramaturgo en castelán, sostén que a cuestión lingüística non debe privarnos dun espectáculo teatral tan xenuinamente galego. Apela á galeguidade valleinclanesca e aposta por este proxecto como a mellor conmemoración do 98 que poderiamos facer en Galicia.

Pazos Mira, “Sempre en Galiza, sempre na terra”, *O Norte*, nº 105, 3 outubro 1998, p. 4.

Destaca a importancia de Castelao e da súa obra *Sempre en Galiza* e analiza a situación galega actual. Considera que Galicia camiña cara á conquista do progreso e da modernización, pero que a lingua galega “leva trazas de se converter nunha reliquia á que observar de lonxe”.

_____, “Maripepa do Mato (1913-1996)”, *O Norte*, nº 98, 20 xuño 1998, p. 4.

Lembranza de María Josefa Lois Ameijeiras na que achega algúns datos biográficos sobre esta muller, un mito para os veciños de Santa Saliña (Santa Comba) e reproduce algunhas das verbas poéticas que ela escribiu.

Pena, Xaime da, “As boas novas nunca veñen soas”, *El Progreso*, “Foro Aberto”, 29 outubro 1998, p. 75.

Amosa a súa satisfacción pola concesión do premio Nobel de Literatura a José Saramago e, ó mesmo tempo, dóese pola desaparición de Cardoso Pires, autor ó que, segundo el, lle deben moito Manuel Rivas, Suso de Toro, Margarita Ledo e outros autores galegos.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Penedo, José Luís, “Deuda de la Real Academia Galega”/“Deuda de la Academia”, *La Región/El Correo Gallego*, 26 xaneiro 1998/24 febreiro 1998, p. 10/p. 4.

Con motivo da publicación do *Diccionario da RAG*, lembra a iniciativa de José Fontenla Leal en La Habana onde fundou a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, perseguindo a elaboración e posterior publicación dunha gramática e dun diccionario galego. Fala tamén da posterior constitución (1905) da RAG, patrocinada pola asociación anteriormente citada, e sinala dun xeito crítico a tardanza da Institución na publicación dun primeiro diccionario (1990) no que cómpre sinala-la intervención do ILG. Así mesmo, pese á saída dun segundo diccionario (1992), Penedo apela á figura de Fernández del Riego para que explique esta demora.

_____, “Tres flores y Otero Pedrayo”, *La Región*/*El Correo Gallego*, 9 abril 1998/ 10 abril 1998, p. 27/p. 4.

Relata a súa visita ó cemiterio de San Francisco, no XXIIº aniversario da morte de Otero Pedrayo. Alí repousan os restos mortais do escritor ourensán e os da súa dona, Josefina Bustamante. A continuación, reproduce a inscrición da lápida de Pedrayo: “1888-1976. Acouga no amor dos galegos e na paz de Deus”.

Penelas, Carlos, “Mirada campesina de un poeta”, *Galicia en el Mundo*, nº 281, 17-23 agosto 1998, p. 3.

Reflexiona sobre a figura do poeta e mais concretamente, sobre a súa propia consideración de poeta que ten a mirada do campesino e que conleva un animismo latente. Considérase “un campesino que descubre la pureza. Un hombre exiliado en la invasión del silencio”.

_____, “Arturo Cuadrado: El exilio final”, *Galicia en el Mundo*/*O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*/*A Nosa Terra*, 10-16 agosto 1998/11 agosto 1998/11 agosto 1998/13 agosto 1998, p. 21/p. 39/p. 12/p. 24.

Gaba a vida e o carácter de Arturo Cuadrado, poeta, conferenciante, fabulador, militante e xornalista, con motivo da súa morte o 6 de agosto de 1998. Refírese tamén á despedida que lle tributaron na Federación de Sociedades Gallegas en Buenos Aires e expresa o seu desexo de que sexa enterrado en Galicia.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Peña, Xosé de la, “A influencia da gaita galega na nosa cultura”, *Tabeirós Terra*, nº IV, xuño 1998, p. 6.

Fai un percorrido ó longo do tempo lembrando aqueles homes que fixeron camiño coas súas palabras e fala de darlle á gaita a categoría que merece. Alude tamén ó seu lugar nos actos populares e, a continuación, repasa e cita o que dixeron da gaita homes como Cunqueiro, Noriega Varela, Curros e Manuel María, entre outros. Por último, explica o significado da gaita no rural de hai 50 anos.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Pereira, Fernando, “Nova distinción a Neira Vilas”, *Faro de Vigo,* 30 xullo 1998, p. 20.

Destaca a anovada receptividade de colectivos latinoamericanos que seguen profundando no noso pasado e na nosa propia identidade cultural, e pon exemplos de México, Venezuela ou Uruguai. Comenta que neste país se instituíu o galardón “Vieira de prata” para distinguir a todos aqueles que destaquen polo seu labor a prol da cultura galega no mundo da emigración, e que no ano de 1998 foi para Xosé Neira Vilas.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Pereira, Víctor Campio, “Saturno tamén é deus”, *La Región*, 9 maio 1998, p. 29.

Refírese a *Saturno tamén é deus* (1997), de Uxía Casal, e salienta a música e a maxia presentes ó longo da súa obra. Pon de manifesto a presencia recorrente da esperanza malia estaren inspirados os relatos no “lado escuro da vida”. Ademais do valor literario, resalta tamén o pragmático e fai referencia ó freudismo dos personaxes e a introspección neles.

_____, “Galicia na diáspora”, *La Región*/*Galicia en el mundo*, nº 275, 20 xuño 1998/6-12 xullo 1998, p. 28/p. 28.

Fala da “enésima” lectura de *Estación Marítima* (1996), de Luís Tosar. Salienta non só a súa temática sobre a emigración que atinxe a tódolos galegos, senón tamén a capacidade do autor para reflecti-lo drama colectivo da Galicia exterior, a través de numerosos personaxes humildes, e mediante unha prosa viva, chea de amor e dor.

Pereira Caamaño, Fernando, “O nacemento de Castelao”, *Faro de Vigo,* 30 xaneiro 1998, p. 30.

Refírese a un acto de conmemoración, no camposanto bonaerense, da figura de Castelao na data da súa nacencia, o 30 de xaneiro. Con motivo deste feito, sinala o acerto destas xentes que salientan a data do seu nacemento no canto de facer homenaxes necrofílicas. Alude a Castelao con palabras eloxiosas e emotivas destacando a súa personalidade e a débeda xeral de Galicia coa emigración.

Pereyra, Alfonso, “O minotauro e o señor Lanzarote”, *O Correo Galego*, 19 setembro 1998, p. 4.

A propósito da obra *O minotauro e o señor Lanzarote* (1994), de Miguel Bugallo Paz, comenta que o autor acada “nesta inspirada prosa” “instantes de perfecto equilibrio, de serenidade filosófica, de galego sentimento, de obra máxima” que remata mergullándose na “inmortal beleza”. Considera que “as curtas páxinas, quizais calculadas deste misterioso e importante ensaio da literatura actual galega non lle restan un anaquiño sequera dos seus grandes merecementos”. Refírese á presencia de triángulos amorosos e morte como soño e engado fantástico do protagonista. Conclúe recomendando a lectura desta “sublime, harmoniosa e divina mensaxe poética”.

Pérez, Luis, “Martínez-Barbeito e A Coruña”, *El Ideal Gallego*, 21 xuño 1997, p. 20.

Semblanza de Carlos Martínez-Barbeito con motivo do cabodano do seu pasamento. O articulista recolle algúns aspectos xenealóxicos do escritor e sinala as súas recreacións de Galicia e A Coruña na súa prosa literaria. Recolle, ademais, os títulos das dúas novelas que ten publicadas: *El bosque de Ancines* e *Las pasiones artificiales.*

Piñeiro, Antonio, “Un acto debido”, *La Región*, 7 marzo 1998, p. 72.

Artigo no que se comenta non só o 90 aniversario do pasamento de Curros Enríquez en La Habana senón tamén a coincidencia co feito de ser galardoado co Premio Casa dos Poetas. Antonio Piñeiro opina que paseniñamente imos mellorando, pero apela polo seu fogar esquecido de Celanova xa que pensa que debería ser erixido como o santuario vital da literatura civil galega.

_____, “Un bo colofón para un proxecto envexable”, *La Región*, 7 abril 1998, p. 64.

Comentario sobre os derradeiros preparativos da vila de Allariz co gallo da mestura cine e literatura que leva á rodaxe dun filme sobre un relato do xornalista coruñés Manuel Rivas. O articulista admite que a elección de dita vila non é unha cuestión de sorte para os representantes do Concello, xa que tiveron que darse unhas condicións previas que, Manolo Rivas e José Luis Cuerda, souberon apreciar.

_____, “As portas abertas”, *La Región*, 1 xuño 1998, p. 48.

Tras asistir a unha xuntanza con homes como Casares na casa de Curros en Celanova, co gallo de asenta-las bases para facer desta un museo, o articulista manifesta o valor dun tempo determinado que dedicaron ós recordos, e en definitiva, a esa esperanza que sempre os mantivo vivos e que agora parece chegar ó seu desexado propósito.

_____, “Amigos”, *La Región*, 15 decembro 1998, p. 63.

Breve reflexión sobre as homenaxes que, ás veces, se lle fan ós amigos. Nesta ocasión, dá conta dunha homenaxe da Universidade ó escritor ourensán Méndez Ferrín, profesor no Instituto Santa Irene. Para rematar, cita o recoñecemento co que foron compensados Fidalgo Santamariña e José Trebolle.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Polín, Ricardo, “Crecente Vega volve á Patria”, *El Progreso*, 21 novembro 1998, p. 22.

Fala con ledicia do retorno de Crecente Vega á súa terra natal. Así mesmo, alude ó autor chairego definíndoo como “un poeta puro, plenamente realizado no seu mundo interior”.

Pousa, Luis, “Dieste e a xeometría”, *El Ideal Gallego*, 13 outubro 1998, p. 19.

Artigo no que se refire a dous personaxes da cultura galega caracterizados polo seu carácter polifacético: Luís Seoane e Rafael Dieste. Deste último, que tratou temas de música, xornalismo, dramaturxia, narrativa e mesmo traballou no eido editorial, destácase a obra *Testamento geométrico* na que expón a súa fascinación pola xeometría.

Precedo Lafuente, Xesús, “Poemas de Cristina Amenedo”, *O Correo Galego*, “Torre do reloxo”, 2 abril 1998, p. 3.

Comenta a recente publicación do libro de Cristina Amenedo que leva por título *Ledicia* (1997). Agradécelle o seu canto verbo da catedral que, segundo Precedo Lafuente, emparéntana con Rosalía e Xerardo Diego. Destaca o seu sentir cristián non só reflectido na semántica do seu nome senón tamén na súa obra, na que podemos ver cómo pola dor e coa oración se camiña cara á ledicia.

Punzón, Carlos, “Verdor cinguido”, *La Voz de Galicia*, 8 marzo 1998, p. 17.

Destaca a idea pondaliana do himno galego, a dun país caracterizado pola natureza e que hoxe se ve arrasado polo lume. Critica ós políticos actuais a través da figura de Eduardo Pondal polas constantes alegacións das institucións sobre a falta de presupostos para palia-la queima dos nosos montes.

Queizán, María Xosé, “A primeira locomotora”, *Faro de Vigo*, “Carrapuchiña feroz”, 30 novembro 1998, p. 17.

Reflexiona sobre os problemas que presentan os trens, que a ela lle recordan á infancia. Continúa lembrando a chegada do tren, para o que alude ó poema de Curros “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”, que analiza. Para este, o tren simboliza o progreso, a fin do illamento e o atraso; ademais, “o Curros anticlerical aproveita este acontecemento para denunciar o inmovilismo e o atraso promovido pola Igrexa”. Afirma, ademais que no tren se pode ler, “a Curros en primeiro lugar”.

Quintanilla, Blanca, “A vueltas con Valle”, *El Correo Gallego*, 6 abril 1998, p. 4.

No marco da polémica sobre a traducción da obra de Valle, aposta polo goce estético e non polos vaivéns políticos. Así mesmo, lémbrano-la figura de Emilia Pardo Bazán que aprendeu ruso para le-las obras sen sufri-las perdas das traduccións. Confesa renderse ante a memoria universal e galega de Valle mais sostén que lle produce coraxe e estupor pensar en representa-la súa obra traducida ó galego.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Rei-Doval, Gabriel, “Un sabio entra na Academia”, *A Nosa Terra*, nº 854, “Guieiro Culutral”, 29 outubro 1998, p. 34.

Dá conta da entrada na Real Academia Galega de Antón Santamarina cun discurso no que se retoman certas ideas sociolingüísticas expostas 30 anos antes por Ramón Piñeiro. De Antón Santamarina, de quen se di que sentou cátedra en moitas disciplinas de lingüística galega, destácase a súa traxectoria no campo da sociolingüística e da planificación lingüística, materias das que tamén se preocupara Ramón Piñeiro. Por este motivo lembra algúns dos seus principios que non foron ben entendidos nin asumidos pola intelectualidade galega da época.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Rei Núñez, Luís, “A Suso de Toro”, *A Nosa Terra*, nº 833, “A Aldea Global”, 4 xuño 1998, p. 18.

Resposta ó artigo de Suso de Toro “A ver si ahora” publicado na revista *Ajoblanco*. Manifesta a súa sorpresa e o seu absoluto desacordo co panorama descrito polo autor compostelán sobre a situación da literatura galega nese artigo, no que, segundo as conclusións de Rei, non fai máis que manifesta-las súas “neuras egocéntricas e infantís” ó cualifica-los escritores galegos de reaccionarios e resentidos contra el por non ter acadado o seu éxito fóra no noso país. Critícalle o pouco intelixente da súa actitude e que desaproveite a ocasión que ten para “analisar (xa non digo promocionar) a literatura galega actual”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Reigosa, Carlos G., “Cunqueiro: A medida literaria”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 13, 17 febreiro 1998, p. 7.

Detense a reflexionar sobre a grandeza da escritura de Cunqueiro que se converte na vara de medir pola que aínda os escritores actuais se deben calibrar. Opina, ademais, que é a medida pola que se miran os escritores galegos: “tanto hai de Cunqueiro, tanto vales”. Considera que Cunqueiro supera a proba do tempo, “como pasa con Borges ou con Rulfo”; e cre que segue e seguirá presente nas novas voces literarias “ata que un novo Álvaro Cunqueiro, a xeito dun Rei Artur de volta entre nós, nos redima desta bendita servidume”.

Reimóndez, Alberto G., “Recuperando a memoria: unha obra sobre Ínsua”, *El Correo Gallego*, “Hinterland”, 17 febreiro 1998, p. 22.

Comenta a biografía de Olimpio Arca Caldas sobre Waldo Álvarez Ínsua. Destaca o “agarimo” co que trata “as distintas facianas do escritor”. Loa o “aparente esquematismo da obra que permite dunha ollada achar plena e global comprensión do home que foi Waldo Ínsua”, así como a escolma de textos que permiten completar documentalmente a semblanza do autor. Refírese a un aspecto da obra que o atrae especialmente: “a preocupación de Waldo (...) pola innobre situación das labregas”, que relaciona coa utopía da “redención aos explotados”, ideal compartido, segundo Reimóndez, por moitos galegos, entre eles Federico Maciñeira. Cualifica a obra de imprescindible, cre que fai xustiza a un e a outro, e salda o imperdoable esquecemento no que se tiña a figura do biografado.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Reixa, Antón, “O’ Rivas”, *La Voz de Galicia*, “Área de Servicio”, 18 outubro 1998, p. 16.

Opina que Manuel Rivas lle debe o seu éxito á propia coraxe, convicción e labor constante. Declara ademais que o éxito deste e a súa proxección cara ó exterior permiten constatar “que en galego estamos no mundo”.

Rielo, Nicanor, “Revistas sobre libros”, *El Progreso*, “Tribuna”, 4 decembro 1998, p. 13.

Comeza indicando a importancia que teñen os libros para o desenvolvemento cultural do pobo, o que fai necesario que exista unha difusión sobre eles, centrada en boletíns e suplementos de xornais. Centrándose na producción do libro galego, celebra a aparición de dúas revistas sobre o “libro do noso país”, para o que fai un reconto de publicacións anteriores de semellante natureza. As dúas revistas aludidas son *Eidos do libro* e *Guía dos libros novos*, que analiza e comenta con detalle. Remata dicindo que “con estas iniciativas o que se pretende é aumentar e sistematiza-lo que os xornais, revistas e outros medios veñen facendo”, e considera estas publicacións como “un grato agasallo”.

Rielo, Pedro, “A imaxe do escritor”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 11 xaneiro 1998, p. 4.

Añora un tempo no que o lector debía facer un esforzo imaxinativo para crear, a través da lectura, unha figura física do autor, o seu aspecto, a súa idade, como se isto fose necesario para a comprensión do texto. Cre que se trataba dun tempo no que o escritor permanecía na escuridade, e se establecía co lector unha relación libre dos condicionamentos da imaxe. Critica a tendencia actual a mostrar publicamente os escritores, que acaban no mellor dos casos “por deixarse ver camiñando rodeados de focos e taquígrafos”.

_____, “Don Antón”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 23 febreiro 1998, p. 4.

Evoca a figura de Antón Fraguas, “mestre sinxelo”, “traballador infatigable”. Do home que foi destaca Rielo a súa integridade, humildade e honradez; do mestre, a amplitude dos seus coñecementos —contra a tendencia actual á especialización—, a súa capacidade de observación e un consello: “Falar menos, pensar máis e traballar mellor”.

Rivas Villanueva, Luis, “Manuel Guede Oliva”, *La Región*, “Y por tanto, Ourense”, 20 agosto 1998, p. 25.

Realiza unha semblanza de Manuel Guede Oliva ó tempo que considera inxustos os ataques que lle propiciaron ó levar á escena textos de Valle-Inclán en castelán. Lamenta que este ourensán non se dedique máis á producción escrita e considera que domina tódalas técnicas necesarias para facer “obras redondas”.

Riveiro Loureiro, Manoel, “Un Nobel para as nosas letras”, *O Correo Galego*, “A voltas”, 25 febreiro 1998, p. 4.

A propósito da proposta de Alfredo Conde como candidato para o Premio Nobel, reflexiona sobre o carácter derrotista e falto de confianza nas posibilidades de triunfo que parece caracteriza-lo ser galego. Menciona, como mostra, a incredulidade ante o que foi algún triunfo óou a posibilidade dalgún triunfo— deportivo. Conclúe que “non se pode ir pola vida de derrotistas, con esa falta de confianza no noso propio valer e dando xa por seguro que imos perde-la partida”. Finalmente apoia con entusiasmo a candidatura de Conde para o Nobel, e expresa a ledicia que lle produciría ve-lo noso escritor “recibindo en nome de todos nós o cotizado premio Nobel”, “anque sexa gobernado por Carmen Balcells”.

_____, “Unha homenaxe a Curros Enríquez”, *O Correo Galego*, “Co sarillo a voltas”, 13 marzo 1998, p. 3.

Coméntase o acto de homenaxe a Curros Enríquez que con motivo do nonaxésimo aniversario da súa morte se celebrou na Coruña. Loa o acerto na elección dos poemas recitados e a mestría de Luz Pozo e Luís Tosar como intérpretes. Eloxia tamén os discursos de Fraga e as palabras de Carlos Casares así como a asistencia ó acto dun militar, a propósito do que se felicita da presencia frecuente nos últimos tempos de militares nos eventos culturais, co que parece “que os mandos militares se van civilizando”. Despois das felicitacións o suspenso vén para a “ausencia clamorosa” do alcalde, Paco Vázquez, ó que lle reprocha querer converterse, coa súa ausencia, no protagonista do acto.

Roca, Fina, “Animais antromorfos”, *El Mundo. Galicia*, “Postal barata”, 21 xullo 1998, p. 2.

Con motivo de tres entrevistas realizadas por Gabriel Martínez a tres escritores galegos no número 24 da revista *Qué leer*, reflexiona en clave humorística, sobre algunhas das respostas. Así, alude a Alfredo Conde e á ilusión deste autor por chegar a ser Premio Nobel, dado que a súa obra contribuíu a cambia-lo mundo. Logo de mencionar a Manuel Rivas, subliña o fragmento de entrevista no que Suso de Toro sostén que “en Galicia, socialmente solo existimos Manuel Rivas y yo porque hay cantidad de escritores frustrados”. A este respecto Fina Roca di: “pobre Susiño, as belidas nos ollos non lle deixan ve-lo Sol, agora entendo o das gafas mouras ata nos velorios...”.

_____, “Tertulia con Xavier Alcalá”, *El Mundo. Galicia*, “Hoy Lunes”, 26 xullo 1998, p. 2.

Declara a devoción pola novela *Tertulia*, de Xavier Alcalá. Desta novela, que se presenta como un debate metalingüístico entre o lusismo e o galego normativo, destácase a intriga da narración e a complicidade que se establece co lector.

Rodríguez, Salvador, “Valle-Inclán en Balaídos”, *Faro de Vigo*, 19 novembro 1998, p. 88.

Céntrase nas incidencias das representacións de Valle-Inclán en castelán por parte do Centro Dramático Galego, destacando a escasa afluencia de espectadores, pese ás altas cotas de polémica que se xeraron. Afirma que lle resulta difícil de crer que a producción é de mala calidade, tendo en conta a xente que nela participa, e critica a aquelas persoas que cuestionan a montaxe sen sequera presenciala.

Rodríguez Arana Muñoz, Xaime, “Galeguismo e diferencialismo”, *O Correo Galego*, “Voltas co país”, 20 xuño 1998, p. 3.

Fai un breve percorrido pola historia do galeguismo, dende o provincialismo, o federalismo, o rexionalismo, o celtismo manifestado por Murguía, o sentir popular expresado por Rosalía, ata a progresiva dignificación da lingua galega. Manifesta que hai dúas consideracións sobre o galeguismo —unha como movemento e outra como doutrina ou pensamento exclusivamente galego—, que lle parecen inaxeitadas. Opina que o galeguismo debe ser un pensamento articulado que parta da afirmación da identidade de Galicia e que fundamente accións que miren polo seu desenvolvemento.

Rodríguez Cunha, Eduardo A., “O Centro Galego ‘Dramático”, *Faro de Vigo*, 22 marzo 1998, p. 30.

Reflexiona sobre a situación xerada pola prohibición de representar a Valle en galego, por desexo expreso da familia do autor, o que “relega o idioma galego á nada, no máis amplo senso da palabra”. Lamenta que iso se faga dende “a institución máis oficial do noso teatro” xa que a finalidade coa que se fundou o Centro Dramático Galego foi precisamente a de fomentar “a actividade cultural dun país que precisaba e precisa de elementos institucionais que consoliden e apuntalen as características básicas que o fan diferente”. Por iso non entende que agora esta Institución pretenda representar a Valle en castelán. Considera este feito un ataque á liberdade de expresión, e entende que o mero desexo da familia non pode ser excusa para levar adiante tal proxecto, que o Centro Dramático Galego non debería apoiar.

Rodríguez Martínez, Camilo, “La sombra de Rosalía de Castro”, *La Región*, 2 maio 1998, p. 29.

Evoca a figura de Rosalía como representante do carácter do galego e de Galicia. Na súa presencia e na súa sombra ve unha protesta soterrada e certo pesimismo, pero tamén esperanza. Destaca a destreza, a paciencia e a vontade traballadora do pobo galego. Fai referencia especialmente ós emigrados que desexan volver. Acaba cunha visión optimista da xuventude galega na que encontra un espírito alegre e ilusionado.

Romero, Marga, “Manolo Rivas e Montealto en Colonia”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 31.

Comenta a lectura que fixo Manuel Rivas da súa propia obra en Colonia, con motivo da súa viaxe a diferentes cidades de Alemaña, onde estivo para promociona-lo seu libro *En salvaxe compaña*, publicada en alemán pola Editorial Suhrkamp e traducida por Elke Wehr.

Romero Bernardo, Plácido, “Manolo “O do teatro”, *La Región*, 16 decembro 1998, p. 23

Lembranza de Manuel Martínez Salgado, coñecido como Manolo “do teatro”, co gallo do seu pasamento no mes de decembro. Destaca a súa personalidade e as súas actividades no mundo da cultura, sobre todo no ámbito teatral. Sublíñase a súa actividade como actor e fundador do Grupo de Teatro Leboreiro.

Rozas, Mercedes, “O 98 desde a Casa da Parra”/“El 98 en la Casa de la Parra de Santiago”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crítica de Arte”, 3 outubro 1998, p. 41/p. 75.

Despois dunha breve referencia ós vínculos existentes entre a literatura e a pintura, gaba a mostra “O 98 e a literatura galega” que, ademais das súas cualidades didácticas, ofrece a evocación dunha Galicia decimonónica e mostra aspectos unidos polos mesmos conflictos que abateron o resto de España.

Rúa, Manuel P., “Valle Inclán 2036”, *A Nosa Terra*, nº 824, “Guieiro Cultural”, 2 abril 1998, p. 27.

En contra dos que se opoñen á traducción de Valle ó galego, reivindica a traducción como un dereito de toda cultura de traducir á súa lingua todo a que lle pareza. Considera que co tempo Valle acabará traducido ó galego “aínda que lle faga ronchas a algún alienado cultural”.

Rubia, Xoán, “¡Menuda caterva de inútiles!”, *La Voz de Galicia*, 31 xaneiro 1998, p. 67.

Critica a resolución negativa do Concello de Fisterra sobre o nomeamento de Alejandro Finisterre como fillo predilecto da vila, feito que cualifica de “desafortunado”, “absurdo e vergonzoso”. Destaca a contribución de Alejandro Finisterre —máis coñecido polo invento do popular futbolín— á difusión “do pensamento de moitos intelectuais polo mundo adiante” e chama a atención do electorado fisterrá sobre esta desafortunada decisión dos seus concelleiros para que a teña en conta no próximo sufraxio.

Ruibal, Arturo, “Don Ramón y los enanos”, *Diario de Pontevedra*, “Fin de Milenio”, 5 abril 1998, p. 14.

Dá a súa opinión sobre a polémica xerada ó redor da prohibición de representa-las obras de Valle-Inclán en galego. Considera fóra de lugar a actitude dalgúns nacionalistas que cualifican ó escritor de “un traidor ó seu pobo” por ter escrito en castelán. Considera que renegar dos autores galegos que escribiron en castelán suporía borrar media Rosalía, Pardo Bazán, Concepción Arenal, unha parte de Cunqueiro e moitos máis. Pensa, así mesmo, que a protección da lingua é tarefa dos gobernantes e xa que a sociedade é plural entende que deben respectarse tódalas opinións. Finalmente pensa que detrás da protesta contra esta programación de Valle-Inclán se agochan “intereses económicos o de clan”, e recomenda ós nacionalistas que o rexeitan que tomen exemplo de Castelao “que lo admiraba mucho”.

Ruibal, Euloxio R., “O teatro galego e Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 29, 9 xuño 1998, p. 2.

Repaso da presencia da obra de Valle-Inclán no teatro galego, no que non participou coa súa creación, pero no que deixou unha fonda pegada que contribuíu ó seu desenvolvemento e á súa renovación. Detecta as primeiras influencias na época das Irmandades da Fala, no “tratamento estilístico e debuxo de personaxes nos textos de Antón Vilar Ponte”. A partir de aí considera brevemente a súa presencia na obra de Rafael Dieste, Otero Pedrayo, Castelao, Blanco-Amor e Cunqueiro. Remata apuntando a necesidade de seguir profundando no rastrexo da influencia valleinclaniana no noso teatro dende Seoane e Manuel Murguía ata a actualidade.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Sábato, Ernesto, “A la memoria de Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, nº 278, “Firma invitada”, 27 xullo-2 agosto 1998, p. 2.

Rememora a figura de Rosalía de Castro, a súa vida, a súa obra e os seus versos nos que compartía os sentimentos dos desamparados. Cualifícaa de muller de verdade e considera que é ó fin da súa vida, en *Follas Novas*, cando alcanza os seus grandes interrogantes metafísicos.

Santín Carballada, Benjamín, “José Crecente Vega”, *El Progreso*, 5 febreiro 1998, p. 67.

Refírese ó libro de Ricardo Polín e Luís María Durán sobre o poeta José Crecente Vega, *José Crecente Vega. A poesía de Codeseira* (1997). Cualifica o traballo de “magnífica obra de investigación” e únese á petición apaixonada dos autores do libro de dedicarlle o Día das Letras Galegas. Reclama tamén que se axilicen os esforzos para a publicación da súa obra completa e para que se trasladen os seus restos de Segovia á Terra Cha.

Seixas, Miguel Anxo, “Música de reis*”, O Correo Galego*, “A Maltrana”, 5 xaneiro 1998, p. 3.

Recensión do libro de María Pilar Alén, *Historia da música galega. Cantos cantigas e cánticos* (1997). Destaca a visión ampla e loa o labor de Pilar Alén por conseguir facer unha obra seria e ben documentada. Sinala, sen embargo, a ausencia dunha “discografía comentada ou sen comentar sobre os discos que conteñen música galega”, coa que enriquecería notablemente o seu libro. Advirte tamén algunhas ausencias na bibliografía, como o *Diccionario da literatura medieval galega e portuguesa* ou o libro de Tavani *A poesía lírica galego-portuguesa*, os estudios de Ismael Fernández de la Cuesta. Reseña tamén a falta dun capítulo dedicado ó pergamiño Sharrer coa melodía das sete cantigas do rei don Dinís.

_____, “Outravolta en México”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 2 febreiro1998, p. 3.

Con motivo da aparición dunha escolma de poetas galegos, “Muestra de la joven poesía gallega”, no número tres da revista *La flama en el espejo de México* rememora a figura de Alejandro Campos Ramírez, coñecido como Alejandro Finisterre, fundador dunha empresa editora e impresora en México e que trinta e cinco anos antes publicara na revista *Ecuador 0º 0’ 0’’ Revista de poesía universal*, dirixida e editada por el mesmo, un número dedicado á “Poesía de Galicia”. Sinala que o tomo recollía noventa e sete poetas galegos contemporáneos con textos en galego ou castelán, segundo a lingua na que foran escritos. Explica que se trataba dunha coidada edición que incluía ilustracións de Castelao e Díaz Pardo, entre outros, e fotografías de Galicia de varios autores. Repasa ademais a traxectoria vital de A. Finisterre, referindo especialmente o seu labor como precursor na difusión da nosa cultura e o seu interese pola nova poesía galega.

_____, “Galicia 1997”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 9 febreiro 1998. p. 3.

Fai un percorrido polos catro volumes da colección “Grial” que a Editorial Galaxia publicou dende 1951. Lembra a suspensión da colección por orde do director xeral de Prensa, Juan Aparicio e como ata 1963 non volve ser autorizada unha revista co nome de *Grial*. Continúa salientando outras publicacións, desta e doutras editoriais, que foron contribuíndo ó coñecemento da realidade galega. Salienta de maneira especial a análise feita polo servicio de estudios do Banco de Bilbao en 1977, un “valioso e groso libro: *Galicia. Realidade económica e conflito social*”, publicado en 1978, pero que non chegou a distribuírse. Lamenta finalmente a inferioridade, vinte anos despois, dun estudio das mesmas características, *Galicia 1997*, “un volume engrolado”, “con fotografías sen relevo”, “con informes e gráficos sen asinar”.

_____, “Bretcht en Galicia”, *O Correo Galego*”, “A Maltrana”, 16 febreiro 1998, p. 3.

A raíz da aparición nas librerías galegas da traducción de B. Brecht ó galego, *O parable ascenso de Arturo Ui*, de Sonsoles Cerviño López repasa as traduccións e representacións en galego tanto directamente dende o alemán coma a través do castelán da obra de Brecht, “o escritor alemán máis traducido á lingua galega”. Comeza polas realizadas no ano 1966 por Manuel Lourenzo, *Terror e miseria do Terceiro Reich*, traducción directa dende o alemán e *A feira dos criados*, feita a través do castelán. Prosegue cunha longa lista de obras na que aparecen como traductores Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Basilio Losada, Celestino Ledo, etc., ata esta última, unha obra sobre o fascismo que “nos lembra (...) que o ascenso de Hitler puido ser impedido polos cidadáns”.

_____, “Publicacións periódicas”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 23 febreiro 1998, p. 3.

Completa o inventario de “publicacións periódicas galegas que volveron resucitar como facsímiles” que fixera en “Vista ás revistas” artigo do 12 de decembro de 1994. Enumera as novas publicacións que apareceron dende ese ano ata a actualidade, cos datos de lugar, ano e editor e nalgún caso sinala o número de exemplares. Remata o seu catálogo remitindo á información recollida no *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas* (1997), comentando a necesidade de enriquecelo “con novas achegas nas súas novas edicións para así algún día ter un catálogo completo do noso patrimonio literario”.

_____, “García de Galicia”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 13 abril 1998, p. 3.

Fai un repaso da presencia do rei García I de Galicia nas literaturas do mundo, suxerindo a necesidade dun estudio que trate este tema en profundidade. No seu repaso refírese á tradición oral escandinava, lendas de Islandia, Noruega e illas Faeroer. Nas letras francesas cita a Víctor Hugo e na literatura alemana unha obra de Frank Baer. Finaliza coa mención, dentro da literatura galega, do poemario de Xosé Luis Méndez Ferrín, *Estirpe* (1994), e da novela de Darío Xohán Cabana, *Morte de rei* (1996) na que García de Galicia é o protagonista.

_____, “Asociación de Estudios Galegos”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 4 maio 1998, p. 3.

Refírese á publicación de *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*. Alude á necesidade de que a revista coide a súa presentación e deseño “para non desmerecer dos seus contidos”, e suxire algunhas modificacións no título e na composición. Este feito dálle pé para interesarse polo labor realizado sobre Galicia dende Madrid, comezando polos galegos que, debido ás circunstancias históricas, tiveron que desenvolve-la súa actividade en castelán. Repasa a publicación de libros e revistas, a celebración de conferencias, a creación de centros galegos, e outras actividades culturais que se sucederon dende a fundación en 1875 da sociedade “Galicia Literaria”. Detense especialmente na presencia de Galicia na Universidade de Madrid, dende a incorporación de escritores e intelectuais galegos nos seus cadros de persoal, Victor Said Armesto e Ramón Cabanillas, polos anos 1914 e 1929, ata a implantación en 1994 de lingua e literatura galegas como materias obrigatorias.

_____, “Santiago: Sargadelos 1978-1998”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 8 xuño 1998, p. 3.

Con motivo do vixésimo aniversario da fundación da Galería Sargadelos céntrase na importancia da fundación da galería como un paso máis na creación de institucións e organismos que representen a identidade de Galicia nos primeiros anos da transición e coa chegada da democracia. Rememora o comezo do que será a galería como un proxecto do Laboratorio de Formas de Galicia de restaura-la factoría siderúrxica e fábrica de cerámica de Sargadelos e sobre todo como apoio dos intelectuais galegos que acababan de volver do exilio. Refírese a seguir á homenaxe que vai ter lugar o 17 de maio o Seminario de Estudos Galegos e salienta o vínculo de ámbalas dúas institucións co pasado ilustrado de Galicia. Remata destacando o seu constante apoio á culura galega a través da realización de actividades como presentación de libros, conferencias, recitais poéticos, etc.

_____, “Novas de antaño”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 10 agosto 1998, p. 3.

Resalta a falla dunha historia do xornalismo en galego que está por investigar e escribir. Comenta as últimas reedicións de publicacións en galego ou bilingües e resalta que o feito de dedica-lo Día das Letras Galegas de 1999 ó xornalista Roberto Blanco Torres, fará que as institucións galegas estimen o legado da prensa escrita na lingua de Galicia.

_____, “Breviarios”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 5 outubro 1998, p. 3.

Comenta a aparición no mundo editorial galego de diferentes coleccións nas que se fala de distintos temas universais, de coñecementos do mundo, pero en galego. Salienta a colección “Breviarios”, de Edicións Laiovento de Santiago da que saíron oito títulos. Considera que estas coleccións son os capítulos dunha enciclopedia universal en galego, aínda por facer.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Ler en portugués”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 22 outubro 1998, p. 3.

Céntrase no labor de traducción, do que se destacan as iniciativas do Consello da Cultura Galega e das editoriais Xerais e Sotelo Blanco. Con todo, recoñécese que queda aínda moito por traducir e que non existe un proxecto serio de traducción ó galego das grandes obras da literatura universal. Polo que respecta ás traduccións de obras orixinais en portugués afirma que non corre présa xa que os galegos témo-la posibilidade de ler nesta lingua.

_____, “Antón Santamarina”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 26 outubro 1998, p. 3.

Dá conta da entrada na Real Academia Galega de Antón Santamarina Fernández cun discurso no que se lembra a figura de Ramón Piñeiro. De Antón Santamarina dise que é, xunto con Constantino García e Ramón Lorenzo, unha figura clave para o coñecemento do galego fóra das nosas fronteiras. Faise mención tamén ó proxecto do *Diccionario Histórico do Galego Moderno* que, baixo a dirección de Antón Santamarina, se está a desenvolver no Instituto da Lingua Galega.

_____, “Obras xerais de peto”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 9 novembro 1998, p. 3.

Saúdase a saída do prelo da colección “Peto”, de Xerais, colección de pequeno tamaño que presenta dúas liñas: “Peto Xerais”, de carácter literario e outra chamada “Deliberacións” que inclúe obras literarias e de pensamento traducidas directamente ó galego. Dentro desta nova colección reedítanse obras como *Land Rover*, de Suso de Toro ou *Trailer*, de Fran Alonso xunto coas traduccións do *Manifesto Comunista*, de Marx e Engels e *A lenda do grande inquisidor*, de Dostoievski.

_____, “Saúdo ós libros”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 23 novembro 1998, p. 3.

Alude á necesidade de elaborar un estudio que se ocupe da “historia externa dos libros galegos”, referíndose á súa concepción, xestación e recepción. A seguir inclúe algunha iniciativa xa feita neste sentido e indica algúns aspectos aínda por estudiar (“a clase de papel, as imprentas e os seus tipos, o deseño e as ilustracións dos libros así como a súa tirada”) e dá conta da importancia dos catálogos e dos boletíns de novidades das editoriais. Remata saudando a aparición das revistas *Eidos do libro* e *Guía dos libros novos.*

_____, “Letra e música”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 7 decembro 1998, p. 3.

Comeza referíndose á relación entre a literatura escrita e a música remontándose á época medieval, cando esta era tan estreita, e pasando logo ó século XIX, no que tamén houbo manifestacións nese sentido. Afirma que esta relación continúa hoxe moi vixente e inclúe dúas novidades, ofrecendo a nómina de poetas e os poemas que foron musicados. Remata dicindo que trala guerra civil a xente de Galicia deixou de cantar e avogando pola recuperación da música, xa que isto “é ter memoria pois sen ela estaremos alleados e de a conservarmos dentro, con letra e música, seremos pobo”.

Sixto Seco, Agustín, “Os ‘necionalistas”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 18 abril 1998, p. 3.

Comenta diversas noticias da actualidade cultural e refírese á polémica suscitada pola montaxe de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego. Comenta que lle alegra que Marina Mayoral terciase no asunto ó afirmar que “o malo das posturas nacionalistas a ultranza é que negan a realidade que pretenden defender”. Así mesmo cita as palabras de M. Dourado afirmando que “traducir a Valle paréceme unha insensatez”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Soto, Juan, “Diccionario”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 10 xaneiro1998, p. 72.

Comentario do *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas* (1997), que recolle as publicacións periódicas de Galicia que “inclúan textos literarios en galego, ou comentarios e estudios sobre literatura galega” dende *O Cantón Compostelano* á actualidade. Soto cualifica a obra de “penosa” e refire as omisións de varias publicacións, así como a existencia de numerosos erros que considera consecuencia de “copiar sin contrastar”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Ídolos”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 26 xaneiro 198, p. 72.

Con motivo do Centenario de Lorca advirte de que “las pompas conmemorativas, cuando alcanzan alturas pontificales, arrasan cuanto queda a su alrededor”. En relación a Galicia agoira para os lectores de *El Progreso* media cducia de artigos recordando o “insulso anecdotario del poeta granadino en tierras luguesas” ou “el debate autonómico sobre si los ‘Seis poemas galegos’ se los escribieron Blanco Amor o Guerra da Cal”.

_____, “Traducciones”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 31 marzo 1998, p. 72.

Con respecto á polémica ó redor da representación de Valle-Inclán en galego, ademais de considerala totalmente estéril conduce a unha situación delirante: “Valle Inclán puede ser traducido a todos los idiomas del mundo, salvo al gallego”. Considera que este “disparate” se produce porque o fillo de don Ramón, principal titular dos dereitos do autor, négase a autoriza-la traducción. Como consecuencia a obra de Valle “continúa sin poder asomar la cabeza a muchos escenarios”.

_____, “Correa”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 30 xuño 1998, p. 72.

Soto louva a decisión de dedica-lo Premio Fole á figura de Evaristo Correa Calderón, de quen salienta os seus “talento literario, agudeza crítica y carga erudita”. Evoca a personalidade do irmán do escritor, Antonio Correa Calderón, e a do seu pai, Antonio Correa Fernández. Finalmente, lembra o seu único encontro con Evaristo Correa Calderón, que tivo lugar cando o escritor perdera o seu radicalismo e extremismo de xuventude.

_____, “Blanco”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 8 xullo 1998, p. 72.

Amosa o seu desacordo coa decisión de dedica-lo Día das Letras Galegas de 1999 a Roberto Blanco Torres, dado que a elección deste escritor supón, segundo o articulista, un grande descenso nos “niveles de exigencia”, que levará, se non hai unha reacción, a escoller escritores “ramplones”, dos cales a literatura galega ten “un surtido inagotable”.

_____, “Valle”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 30 outubro 1998, p. 80.

Recórdase toda a polémica xerada arredor da representación de Valle-Inclán en castelán por parte do CDG e da traducción das súas obras ó galego. De Valle destácase que máis que creador é cronista, algo que é difícil de entender alí onde o que máis se defende é a lírica evasiva, segundo o articulista.

_____, “Plumas”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 14 decembro 1998, p. 80.

Céntrase nos *Seis poemas galegos*, de Lorca comentando a participación que neles tiveron Blanco Amor, Guerra da Cal e outros. Indica ademais que a viúva deste último sacou á luz unhas páxinas inéditas nas que se afirma que Blanco Amor “no intervino, ni poco ni mucho, en la traducción al gallego de los poemas lorquianos”.

Suárez Suárez, Manuel, “Para dona Maruxa, un adeus*”, El Correo Gallego*, “In Memoriam”, 25 novembro 1998, p. 2.

Con ocasión da morte de Maruxa Villanueva, que dende 1971 era a responsable da Casa-Museo Rosalía de Castro, preséntase unha traxectoria dela en Arxentina e Uruguai, onde triunfou como actriz e cantante, indicando os seus éxitos máis destacados. Remata lembrando o amor que ela sentía por Galicia e despídese “utilizando as mesmas palabras que dona Maruxa lle dicía cada noite a Rosalía ó pecha-la Casa-Museo”.

Tarrío Varela, Anxo, “¡Valle por Deus!”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 14 novembro 1998, p. 2.

Comeza incidindo na importancia da normalización cultural e pensa que, debido ós avances neste sentido obtidos nos últimos anos, “temos que empezar a botar unha mirada cara a fóra”. Considera, xa que logo, que a imaxe ofrecida polo “asunto de Valle e da representación da súa obra na lingua orixinal na que el a escribiu” non beneficia as conquistas feitas nos últimos anos. Relaciona esta polémica coas reaccións xeradas polos poemas galegos de Lorca e as cantigas escritas no noso idioma por Valente. Ademais, cre que non dependemos culturalmente destas manifestacións, “porque xa temos unha literatura forte e un teatro que empeza a selo”, e opina que sómo-los galegos os que comprendémo-lo “magnífico castelán-galego” de Valle-Inclán.

Toro, Suso de, “E dalle”, *A Nosa Terra,* nº 834, “A Aldea Global”, 11 xuño 1998, p. 22.

Responde nesta carta a outras dúas aparecidas no anterior número deste semanario e nas que se criticaba a súa obra, así como algunhas afirmacións vertidas nunha revista. Deféndese da acusación de enfrontarse co profesorado e láiase de que se terxiversen con fins maliciosos as súas palabras. Refírese ós escritores en xeral e proclama que a discusión ideolóxica é forma de enfronta-la obra propia e situala fronte ós rivais. Neste sentido, non sente que se discrepe do seu traballo, mais non ve a súa obra como algo menor dentro da actual literatura galega.

_____, “Entre a frustación e a megalomanía ”, *A Nosa Terra*, nº 838, “Guieiro cultural”, 9 xullo 1998, p. 29.

Suso de Toro afirma que as frecuentes queixas sobre a situación da literatura galega se revelan pouco xustificadas cando se considera cal era a situación non hai moitos anos: houbo, segundo o escritor compostelán, notables avances no proceso de normalización da nosa literatura, entre os cales cabe sinala-la progresiva ampliación do público, xa non circunscrito ós sectores nacionalistas e esquerdistas, a crecente profesionalización do escritor, ou o aumento do interese da prensa polas obras dos autores consagrados, que fai deles “referencias sociais”. Considera o escritor que para continuar por ese camiño hai que fuxir da presunción e a megalomanía: unha literatura normalizada é unha literatura “no mundo”; xa que logo, é mester evita-las actitudes “provincianistas”, que se poden exemplificar, segundo De Toro, con “barbaridades” como o menosprezo do Quijote, como a idea sostida por algúns de que a novela de Cervantes non merece o posto que ocupa no canon da literatura occidental.

_____, “Mirón y exhibicionista”, *Diario 16*, “Mi nombre es Viernes”, 31 xullo 1998, p. 5.

Breve reflexión do escritor compostelán sobre o que significa ser escritor. Na súa opinión, o escritor é un cómico, “un divertidor”, que desempeña o labor de entrete-lo público. Para Suso de Toro, moitos dos escritores e escritoras quererían ser filósofos e escribir novelas profundas, con contidos filosóficos. Sen embargo, engade, as novelas nunca foron, nin son máis que distraccións.

_____, “Valle-Inclán que estás en Boisaca”, *La Voz de Galicia*, 24 outubro 1998, p. 34.

Escribe sobre a polémica xurdida a raíz da representación de Valle-Inclán en castelán polo Centro Dramático Galego. Considera que a decisión non foi acertada e que non favorece a imaxe da nosa cultura. Cre que a polémica non tería lugar se a representación correse a cargo dunha compañía privada. Defende o dereito a traducir calquera obra ó galego, e opina que Valle é “o escritor máis xenial que escribiu en castelán neste século” e que forma parte do destino histórico de Galicia. Considera ademais que con independencia da traducción ou non “Valle é noso” e pregúntase se Valle tería emigrado a Madrid de vivir nos tempos de hoxe.

Toro, Xelís de, “A leiteira”, *A Nosa Terra*, nº 828, 30 abril 1998, p. 32.

Recóllese a saída en Internet da páxina *A leiteira* para iniciar unha campaña en apoio do sector lácteo galego. Informa de que nesta páxina web, os navegantes poden encontrar artigos publicados en prensa sobre o tema, textos literarios de Jaureguizar, Castelao e Rivas ó redor da importancia deste sector e outras seccións de opinión, humor, etc.

Torres Regueiro, Xesús, “Sobre o ‘rabo’ dos poemas galegos de Lorca”, *A Nosa Terra*, nº 850, “Guieiro Cultural”, 1 outubro 1998, p. 26.

Con motivo da celebración en Santiago dun Congreso sobre Federico García Lorca en Galicia, o articulista refírese á cuestión da composición dos *Seis poemas galegos* e ó grao de colaboración neles de Guerra da Cal, Blanco Amor ou Luis Seoane. Reproduce un fragmento dunha revista dos anos corenta que comenta eses poemas e enumera as publicacións nas que apareceron os poemas ou recensións sobre eles entre 1935 e 1936.

Tosar, Luís G., “Manuel Murguía”, *Galicia en el Mundo*, nº 252, “Estación Marítima”, 27 xaneiro-2 febreiro, p. 3.

Percórrese o itinerario vital e bibliográfico de Manuel Murguía e reclámase unha escolla dos seus textos sobre o 98, no momento no que se celebra o centenario deste acontecemento. Achégase así ó intelectual coruñés dende a súa adolescencia, cunha prometedora carreira literaria, pasando polos anos de arquiveiro, ó servicio da administración. Alude tamén a súa faceta de xornalista en *La Ilustración Gallega y Asturiana* e como primeiro presidente da Real Academia Galega. Da súa obra resáltanse *Galicia* (1888), *El regionalismo gallego* (1889), e a *Historia de Galicia*, que acabou por ter unha publicación difícil ata 1887, ano no que o Centro Galego da Habana se fai cargo dela. Saliéntase, así mesmo, a decisiva influencia que tivo en Rosalía de Castro e o valor da súa obra política, á parte do seu talento literario.

_____, “Un soño realizado”, *Galicia en el Mundo*, nº 254, “Estación Marítima”, 10-16 febreiro 1998, p. 3.

Fai referencia á apertura do Colexio arxentino-galego Santiago-Apóstol en Buenos Aires co que se cumpre o soño de moitos galegos emigrantes, poder estudia-la súa cultura e a súa lingua. Comenta que entre estes, Castelao e Otero Pedrayo, son recordados no ano 1947 no seu primeiro encontro trala guerra, en Buenos Aires, os dous soñando tamén con innumerables proxectos que hoxe, como neste caso, se están cumprindo.

_____, “Todo bondade”, *Galicia en el Mundo*, nº 266, “Estación Marítima”, 5-11 maio 1998, p. 3.

Semblanza da figura de Ramón Piñeiro a través dunha conversa que tivo lugar en Ourense no Nadal de 1987. Cóntase un divertido suceso que lle acontecera a Piñeiro en Lugo cun tal Fuco G. Gómez. Partindo disto, recorda a humanidade do filósofo de Láncara e o enorme mestre que foi para a literatura galega. Pensa que dende os anos 50 Piñeiro estivo detrás de moitas das mellores plumas actuais como alento instigador da primeira escrita e como conselleiro.

_____, “Gatos e ratos das Letras”, *Galicia en el Mundo,* nº 267, “Estación Marítima”, 12-18 maio 1998, p. 3.

Sobre o “gato suridor” dunha caricatura de Castelao, inicia unha reflexión na que pide que o Día das Letras Galegas siga sendo, dentro e fóra de Galicia, un acto común no que non haxa distincións entre “gatos” e “ratos”.

_____, “Lembranzas de Curros Enríquez”, *Galicia en el Mundo*, nº 268, “Estación Marítima”, 10-25 maio 1998, p. 3.

Repaso pola vida de Curros Enríquez, a súa familia, a primeira etapa en Londres, Madrid e Ourense ata a publicación de *Aires da miña terra* (1880), e o exilio cubano, cos problemas que o seu posicionamento político verbo da guerra lle ocasionaran. Neste momento, relátase a lectura de Curros do seu poema “A Espiña”, un 11 de febreiro de 1903 no Teatro Tacón, onde o poeta arremete contra os que o traizoaran.

_____, “Paco Luis Bernárdez”, *Galicia en el Mundo*, nº 273, “Estación Marítima”, 22-28 xuño 1998, p. 3.

Céntrase na figura de Paco Luis Bernárdez e fai referencia á súa amizade con Jorge Luis Borges. Refírese a el como magnífico poeta resaltando que paralelamente os seus estudios de temática galega foi tamén un dos mellores escritores arxentinos da época.

_____, “Curros Enríquez e o 98 en Cuba”, *Galicia en el Mundo*, nº 275, “Estación Marítima”, 6-12 xullo 1998, p. 3.

Refírese á emigración á Habana de Manuel Curros Enríquez no ano 1894 onde comezou unha nova etapa da súa vida. Comenta a posición autonomista do escritor fronte ó conflicto cubano do 98 e sinala que tamén arremeteu con forza contra os políticos estadounidenses. Sorpréndelle o feito de que na obra xornalística de Curros en La Habana non se atope un só comentario dedicado a José Martí.

_____, “Galeguista exemplar”, *Galicia en el Mundo*, nº 285, “Estación Marítima”, 15-21 setembro 1998, p. 3.

Gaba a figura de Rodolfo Prada Chamochín e as súas actividades en prol da cultura galega con motivo da conversa que mantivo co seu fillo en Santiago de Chile. Refírese a el como un emigrante galego en Buenos Aires que mantivo aceso o lume da galeguidade xunto a outro grupo de patriotas. Incide, así mesmo, en que foi quen máis relación tivo con Castelao durante o seu exilio bonaerense.

_____, “Un escritor de Maside”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 289, “Estación marítima”, 12-18 outubro 1998, p. 3.

Tras dunha estancia na capital arxentina, o articulista ofrece un amplo comentario sobre a vida e a obra do escritor arxentino, fillo de galegos, Francisco Luís Bernárdez quen, nos anos vinte, foi cónsul da Arxentina en Madrid. A continuación, cita algúns dos seus poemarios publicados en Galicia: *Bazar*, *Kindergarten* e *Orto*, así como o seu discurso en defensa do galego titulado *Discurso encol do Idioma Galego*, este último publicado en Buenos Aires no ano 1953. Para rematar, recorda as súas investigacións sobre a obra de Pimentel, Cabanillas e Castelao.

_____, “Alalá por Maruxa”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 297, “Estación marítima”, 7-13 decembro 1998, p. 3.

Breve comentario en memoria de Maruxa Villanueva, quen tanto traballou no Padroado Rosalía de Castro en Padrón. Luís G. Tosar lembra que foi ela quen estreou en Buenos Aires *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Así mesmo, recórdaa, despois do seu pasamento, coa imaxe dunha Maruxa “leda coma unhas castañolas (...) recitando a Rosalía e entoando alalás”. No mesmo artigo, ten un recordo para Rodolfo López-Veiga Ponte, fillo de Vicente López, quen o puxo en contacto co doutor Sixto Seco e co labor que se leva a cabo dende a citada institución.

_____, “Un alalá por Maruxa”, *O Correo Galego*, “Follas Novas”, 11 decembro 1998, p. 4.

Tralo falecemento de Maruxa Villanueva lémbranse diversos episodios que aconteceron polo ano 1974, cando era precisa unha persoa para desenvolver labores administrativos no Padroado Rosalía de Castro. Estes traballos foron asumidos polo autor do artigo, que recorda as súas visitas á Casa-Museo de Rosalía, en Padrón, e inclúe algunhas anécdotas. Remata dicindo que “hoxe é a voz de Maruxa Villanueva a que volve, a que chega, a que nunca deixará de resoar naquela casa”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Tovar, Antón, “O noso Antón Risco”, *La Región*, 8 febreiro 1998, p. 13.

Refírese ó pasamento de Antón Risco e encomia a súa capacidade de conversación, a intelixencia, que di herdou do pai, Vicente Risco, e os seus libros. Entre eles, os dedicados ó estudio de Valle parécenlle “sumamente esclarecedores”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

Valcárcel, Marcos, “García Lorca e outros centenarios”, *O Correo Galego*, 9 xaneiro 1998, p. 3.

Lémbrase o centenario do nacemento de Lorca, da guerra de independencia cubana e do xornal ourensán *El Miño*. Aténdese sobre todo ó primeiro dos mencionados, facendo fincapé nos *Seis poemas galegos* e na súa relación co mundo cultural da Galicia de preguerra.

_____, “Mito e fantasía nos nosos escritores”, *O Correo Galego*, 30 xaneiro 1998, p. 3.

Comeza sinalando a moi negativa visión que da nosa realidade se ofrece na literatura española, nomeadamente na barroca. Nota que a proxección exterior da nosa cultura está mudando e ilustra esta idea con declaracións de Albert Boadella e José María Merion. Tras preguntarse sobre a adecuación da etiqueta “realismo máxico” para se referir ós escritores galegos de hogano, incluídos os que se expresan en español, remata afirmando que a literatura galega está no camiño da normalización.

_____, “Escritores furtivos na TVG”, *La Voz de Galicia*, “El ojo crítico”, 3 febreiro 1998, p. 77.

Coméntase que na entrevista que se lle fixo a Antón Risco para o programa “Galeguidade” non se dixo cousa ningunha da obra literaria do fillo de D. Vicente. Tras esta introducción critica que a TVG non prestase a atención merecida ós importantes galardóns acadados por Manuel Rivas ou Manuel Lourenzo, ó bo momento dos novos poetas e a calquera outro feito importante do campo literario galego.

_____, “Paisaxe e memoria en dúas novelas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 20 febreiro 1998, p. 3.

Con motivo da coincidencia da presentación de *Sombras no labirinto* (1997), de Francisco Xosé Fernández Naval, con presencia de Julio Llamazares, Marcos Valcárcel cre ver elementos comúns na obra dos dous autores sobreditos: o lirismo e a importancia da paisaxe.

_____, “Daniel García Ramos e Antón Risco”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 27 febreiro 1998, p. 3.

Lembra a dúas figuras da intelectualidade galega desaparecidas recentemente: o maxistrado Daniel García Ramos e Antón Risco. Do primeiro destaca o seu compromiso coa normalización lingüística no eido xudicial así como a súa participación na Fundación dos Premios da Crítica. A Antón Risco lémbrao como “un neno sabio, coa faciana leda”. Conclúe lamentando a súa desaparición neste “febreiro fatal”.

_____, “De Pura Vázquez e dos poetas de Fisterra”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 3 abril 1998, p. 3.

Coméntase o acto de homenaxe que se lle tributou en Ourense a Pura Vázquez con motivo do seu octoxésimo aniversario e infórmase da súa adscrición xeracional e da súa presencia nun ciclo de recitais dedicado ós novos poetas.

_____, “Un vello curso da Auriense”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 8 maio 1998, p. 3.

Lembranza dun curso sobre lingua e literatura galegas que se celebrou na cidade das Burgas en 1973, cando a realidade galega era totalmente allea ó ensino regulado. Cita o profesorado que a Agrupación Cultural Auriense, organizadora do evento, foi quen de reunir: Carlos Casares, Xaquín Lorenzo, Xulio Francisco Ogando, Ferro Couselo, Manuel María, Blanco Amor e Francisco Rodríguez. Tamén rememora o nome de varios dos asistentes, entre os que se achaba o propio articulista.

_____, “Lisboa preto, pero non bastante”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 5 xuño 1998, p. 3.

Tras un inicial ataque ó nacionalismo español do voceiro do empresariado galego, deféndese a necesidade dun reforzo das relacións galego-portuguesas. Neste senso, acóllese favorablemente a celebración das Xornadas das Letras Galegas en Lisboa, coorganizadas polo Centro Ramón Piñeiro. Cítase gran número dos asistentes ó evento. Finalmente aprovéitase para anunciar un acto de homenaxe a García Lorca en Ourense.

_____, “Algúns poetas galegos que cantaron a Federico García Lorca”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 12 xuño 1998, p. 3.

Infórmase da lectura de poemas que se celebrou en Ourense na honra de Lorca. Cítanse varios dos lectores e recóllense fragmentos en homenaxe a Lorca que alí foron recitados, obra de Víctor Campio, Xosé Conde, Pura Vázquez, Xosé Velo e Miguel Torga. Sinálanse as figuras de Rábade Paredes ou de Celso Emilio Ferreiro como voces ausentes que tamén puxeron a súa musa a traballar na louvanza do granadino.

_____, “Don Ramón e a paisaxe”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 3 xullo 1998, p. 3.

Despois de dar noticia dos actos celebrados en Trasalba pola Fundación Otero Pedrayo con motivo do cabodano do escritor, Valcárcel informa da publicación do texto e da gravación da conferencia titulada “A paisaxe galega, as súas leis e tipos”, pronunciada por don Ramón en 1947 ante a Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires. Salienta que o texto vai precedido dun limiar de Carlos Casares e un estudio de Afonso Monxardín no que se sitúa a viaxe de Otero no seu contexto cultural e histórico. Lamenta a falla dun estudio sobre “o significado da paisaxe na obra e no pensamento de Otero Pedrayo”. Conclúe citando unhas palabras do autor ourensán que ponderan o valor sentimental que para os galegos emigrados tiña o mapa de Fontán, no que podían contempla-la súa aldea natal.

_____, “O noso 98, Curros e ‘La tierra gallega”, *El Progreso*, “Especial: 1898 1998. Memoria Galega do Desastre”, 25 xullo 1998, p. XXVII.

Refírese en primeiro lugar ó 98 como vivencia dos galegos emigrados en América e ó seu labor cultural e social en países como Cuba. Enumera as publicacións realizadas por galegos nese país e céntrase despois na experiencia de Curros á fronte de *La Tierra Gallega*. Fala do carácter do semanario e comenta a posición de Curros Enríquez ante a guerra de independencia cubana que define como mostra das contradiccións dun vello republicano galego.

_____, “Blanco Torres: a rebeldía intelixente”*, O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 18 setembro 1998, p. 4.

Informa do comezo en Cuntis dunhas xornadas dedicadas a estudia-la vida e a obra de Roberto Blanco Torres, organizado polo Concello da súa vila natal e no que participan especialistas como Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova ou Xosé Neira Vilas. Achégase brevemente á figura de Blanco Torres e ó que foi a súa empresa central: o xornalismo.

_____, “Con Neira Vilas en Fisterra”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 16 outubro 1998, p. 4.

Recóllense as celebracións que tiveron lugar en Fisterra para homenaxear a Casto M. Insúa, un fisterrán emigrado a Buenos Aires onde desenvolveu un importante labor, como a presidencia da Casa Galicia ou a creación da revista *Alborada*. Durante a celebración dos actos o articulista coincidiu con Xosé Neira Vilas, a quen cualifica como “un dos grandes esculcadores do labor de Galicia en América”.

_____, “En memoria do fillo da florista”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 4 decembro 1998, p. 4.

Con ocasión da segunda edición do roteiro literario de *A esmorga* “polas rúas da zona antiga ourensá, que organizou o Clube Alexandre Bóveda”, presenta unha anécdota na que Blanco Amor explica a orixe da novela. Indica o percorrido que se levará a cabo e lembra o labor de todos aqueles que colaboraron na elaboración do Roteiro. Ademais di que este ano hai á disposición “un magnífico folleto” que serve de guía e leva textos do escritor e debuxos do artista Manuel Figueiras. Remata informando de que o Concello de Ourense está desenvolvendo unhas xornadas culturais nas que se lembra a Blanco Amor, García Lorca e Guerra da Cal.

_____, “Valle-Inclán, Curros e o noso 98”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 11 decembro 1998, p. 4.

Comeza falando de Valle-Inclán e da conveniencia de traduci-la súa obra ó galego, para centrarse seguidamente nas celebracións do aniversario do 98. Considera que “o noso 98 foi americano, marcado pola presencia galega en Cuba e a descuberta da identidade”. Inclúe comentarios sobre as opinións de Curros acerca da guerra de Cuba, así como de Cesáreo Mosquera acerca da de Filipinas.

Vázquez, Dora, “Un diccionario”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 21 marzo 1998, p. 3.

Comentario encomiástico sobre a aparición do segundo volume do *Diccionario da Literatura Galega* (1997) coordinado por Dolores Vilavedra. Resáltase, así mesmo, a importancia que noutras épocas tivo a prensa no desenvolvemento da literatura galega.

_____, “Galicia’ en Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 xuño 1998, p. XI.

Con motivo do septuaxésimo quinto aniversario do pasamento de Manuel Murguía, Dora Vázquez recorda a xénese da súa obra *Galicia*, realizada mentres Rosalía de Castro estaba doente. Sitúaa coma un fito da historiografía galega a pesar de estar baseada tanto en feitos fidedignos e documentados coma en sucesos lendarios.

_____, “Cristais transparentes de Méndez Queizán”, *O Correo Galego,* “Verbas na edra do vento”, 26 agosto 1998, p. 3.

Comentario do primeiro libro de Cristal Méndez Queizán, *Amizade con Mowgli* (1997). Dá uns breves datos biográficos da autora e resalta a súa grande emoción creadora, comunicativa e xenerosa, e tamén a súa madurez, orixinalidade e a xuventude da autora. Refírese tamén ós seus apelidos, paterno e materno que a “madriñan”.

_____, “Timbres de Gloria”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 27 setembro 1998, p. 3.

Describe a aquela Rosalía de Castro que recitaba versos nun faladoiro literario polo abril de 1858 ó que asistía Manuel Murguía. Logo, recolle a vida paralela destes dous personaxes “galaicos” sinalando cómo Murguía vaticinaba a inmortalidade que acadaría a poeta.

_____, “A ferida soidade de Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 4 novembro 1998, p. 3.

Recóllense comentarios ós poemas que compoñen o último libro de Pura Vázquez, *Herida soledad hacia lo alto*. Considera que este libro, que vén aumenta-la súa extensa producción poética tanto en galego coma en castelán, permite avala-la enorme fecundidade da poeta.

_____, “A baralla que me leu unha cartuxeira”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 27 novembro 1998, p. 3.

Comeza aludindo á orixe histórica da baralla e indica que “foi inspiración para a arte da poesía e da pintura”. Lembra entón un cadro de Manuel Pesqueira con este motivo e narra unha anécdota súa sobre unha visita a unha botadora de cartas. Remata centrándose nun poema de Curros Enríquez titulado “As cartas”, no que o poeta “tece con fantasía a historia en verso das figuras que saen nas cartas”.

_____, “Remoles do Nadal”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 29 decembro 1998, p. 4.

Lembra a publicación da obra *Remol do Estrelecer* (1970), do poeta ourensán Abelardo Santorum, con ilustracións de Carlos Quesada, e leva a cabo unha análise desta obra “de literatura poético-relixiosa de raigame galega, moi propia do Nadal e a el dedicada”. Vai indicando as claves temáticas das composicións incluídas no poemario, entre as que recorda o autor ós seus amigos, “foran vivos ou mortos”, e céntrase especialmente no poema titulado “Pró nacemento de barro que fixo Baltar”.

Vázquez, Paulino, “Ser ou non ser”, *O Correo Galego*, 18 outubro 1998, p. 56.

Cunha escritura caótica móstrase o desacordo pola negatividade de traduci-las obras de Valle-Inclán ó galego. Sinala ademais o paradoxo que supón o feito de que o CDG poida representar a Sófocles ou Shakespeare en galego e teña que facelo en castelán coas obras de Valle-Inclán.

Vázquez, Pura, “Dúas poetisas do século XIX”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 18 febreiro 1998, p. 3.

Lembra a figura da poetisa estadounidense Emily Dickinson, contemporánea de Rosalía de Castro. Intenta acha-los puntos comúns entre as traxectorias da americana e da padronesa. Finalmente non deixa de sinala-la menor oposición que tivo que vencer Rosalía nos seus círculos máis próximos para poder continuar coa actividade literaria.

_____, “Adiantada Concepción Arenal”, *O Correo Galego, “*Verbas na edra do vento”, 21 febreiro 198, p. 3.

Artigo en homenaxe a Concepción Arenal no que se explican os seus feitos máis importantes e se comenta o grao de autodidactismo que conformou a súa formación. Pura Vázquez confesa a súa admiración por ela xa dende a infancia.

_____, “Aquel gran humanista coruñés”, *O Correo Galego* “Verbas na edra do vento”, 15 abril 1998, p. 3.

Lembranza da figura de Wenceslao Fernández Flórez. Recórdase a súa longa traxectoria xornalística e o momento en que a articulista tivo a oportunidade de coñecelo persoalmente. Aquela empraza a este no Parnaso mundial do humorismo.

_____, “Don Ramón Otero Pedrayo (110 anos do seu nacemento)”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 29 abril 1998, p. 3.

Con motivo do aniversario indicado no título do artigo, Pura Vázquez gaba a traxectoria vital de Otero Pedrayo, a quen define como galeguista universal. Despois repasa a súa relación persoal con el dende que o tivo como profesor de instituto ata que, uns anos despois, puido gozar da súa amizade.

_____, “Alfonso Alcaraz: o poeta máis poeta de Ourense”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra no vento”, 22 abril 1998, p. 3.

Céntrase na publicación da poesía de Alfonso Alcaraz en “dous grandes e primorosos tomos” comezando por comentar algunhas incidencias do proceso de edición. Seguidamente eloxia a figura humana deste poeta e indica as pegadas que deixou en tódolos seus amigos. Analiza a súa poesía, que define como “en parte anxélica e en parte humana” e remata aludindo ás ilustracións do libro, que “a levan a unha a ese mundo poético tan completo”.

_____, “Desde estas altas idades”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 20 maio 1998, p. 3.

Opina sobre a súa producción lírica en lingua galega. Para iso lembra vellas vivencias para sinalar que parte do seu ser vai nelas. Non obstante, recoñece ter unha dúbida constante sobre a calidade do que escribe.

_____, “Maruxa Villanueva, mestresa de Padrón”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Verbas na edra do vento”, 6 decembro 1998, p. XVII.

Fala das circunstancias nas que coñeceu a Maruxa Villanueva, incluíndo múltiples anécdotas persoais que vai lembrando. Afirma que a súa amizade estaba “inspirada por aquel cariño que ambas sentiamos por Rosalía” e recorda unha visita á Casa da Matanza na que falou longamente con ela, incidindo nos temas dos que conversaran. Ademais, gaba a figura de Rosalía “agora que xa vive para sempre no maior respecto e alta categoría de excelsa poeta universal”.

_____, “O Platero en galego de Eubensey”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Verbas na edra do vento”, 20 decembro 1998, p. XVII.

Fala da traducción ó galego de *Platero* (1990), de Juan Ramón Jiménez, levada a cabo por Manuel Beiras García, e comeza centrándose nas incidencias que motivaron esta traducción. A seguir evoca algúns episodios da obra e remata eloxiando o traballo de Beiras García, para o que inclúe unhas opinións favorables de Benito Varela Jácome nas que define esta recreación como “un sobranceiro servicio á cultura galega”.

Vázquez de la Cruz, Marita, “Volven estar os tempos para a lírica”, *Atlántico Diario*, 17 abril 1998, p. 49.

Sorpréndese dos versos creados por un gandeiro e por un axente da propiedade inmobiliaria, profesións que non acha moi proclives a licencias poéticas. Tamén informa de que vén de recibir un libro de poemas de Alfonso Costafreda, autor sumido nun descoñecemento xeral que Marita Vázquez considera inxusto. Por último, dá conta da comida compartida con Chuchi Kruckenberg e proclama a súa intención de espalla-la obra desta por todo o mundo.

Vázquez Gil, Lalo, “Un buen poeta”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 17 xaneiro 1998, p. 26.

Refírese ó poeta vigués José María Posada Pereira a quen José María Álvarez Blázquez cita en *La ciudad y los días* como autor moi prolífico. Comenta a necesidade de que se recollan as súas obras en verso, de facer unha biografía ampla para que este escritor “no se pierda en la memoria”. Reproduce finalmente uns versos en castelán que reflicten na súa opinión “la inspiración y buen hacer de Posada y Pereira y su fustigante sentido moral”.

_____, “Don Avelino Rodríguez Elias, poeta”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 6 marzo 1998, p. 28.

Informa da actividade poética dos seus antecesores no cargo de cronista da cidade de Vigo: Avelino Rodríguez Elías —a quen lle tiraron este cargo vitalicio tralo alzamento fascista de 1936— , Nicolás Taboada Fernández e Xosé María Álvarez Blázquez. Cita a bibliografía producida polo primeiro e presta especial atención a *Obras teatrales galegas*, volume que conseguiu por medio do xornalista Xoaquín Rolland.

_____, “Lorca y Vigo”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 11 xuño 1998, p. 34.

Refírese á necesidade de ler a Federico García Lorca sen “apasionamiento”, alude á creación dos *Seis poemas gallegos* e a unha conferencia que o granadino impartiu en Vigo sobre o “cante jondo”. Ademais reproduce unha parodia en galego que un amigo seu fixo dun poema de Lorca.

_____, “Memoria de Cortezón”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 31 xullo 1998, p. 28.

Gaba a figura de Daniel Cortezón, escritor que cultiva o ensaio, a novela, o teatro e o periodismo por facer “galeguismo e viguismo”. Dá conta das súas obras publicadas e das inéditas en galego e castelán. Resalta como co seu teatro con fondo histórico galego, intenta revisar partes importantes da historia de Galicia.

_____, “Outra obriña de Don Avelino”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 13 decembro 1998, p. 28.

Comeza apelando á confianza dos lectores para ofrecer unha obra de Avelino Rodríguez Elías, o monólogo titulado *¿Cásome ou non me caso?*, estreado en Ourense no ano 1919, e incluído nas *Obras Teatrales Galegas de Avelino Rodríguez Elías* (1930). Logo presenta un fragmento desta peza rematando coa afirmación: “Veremos de rematar mañá ou pasado”.

_____, “¿Cásome ou non me caso (2)?”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 14 decembro 1998, p. 28.

Continúa ofrecendo a obra *¿Cásome ou non me caso?*, de Avelino Rodríguez Elías. Comeza por indicar que “convén recoller as obras dos vigueses que foron esgotadas co tempo ou que se perderon por unha causa e outra e que paga a pena recuperalas”. Seguidamente copia a continuación do monólogo incluíndo breves comentarios sobre o texto transcrito.

_____, “¿Cásome ou non me caso (y 3)?”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 14 decembro 1998, p. 26.

Remata as entregas da peza *¿Cásome ou non me caso?*, de Avelino Rodríguez Elías, ofrecendo os versos que faltan e incluíndo unha reflexión sobre as normas lingüísticas actuais e a súa aceptación. Xorden estas consideracións a raíz da modernización do texto de Rodríguez Elías que o articulista levou a cabo para a súa publicación nos artigos.

Vázquez Martín, A., “Aquela mocidade galeguista”, *La Región*, 20 xullo 1998, p. 10.

Dáse noticia da xénese e desenvolvemento da Mocidade Galeguista Ourensán, facendo fincapé nos ideais rexeneracionistas daqueles mozos dos tempos da Segunda República, que se propuñan acabar coa “miseria material e intelectual” que abafaba a Galicia, e na gran cantidade de actividades culturais que promoveron: conferencias, publicacións, excursións, actos deportivos, etc. Ofrécese unha relación dos membros máis notables daquel movemento, entre os que se contan Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luís López Cid.

Vázquez Pintor, Xosé, “Sarou”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 18 febreiro 1998, p. 74.

Refírese á *Sarou* (1997), de Ramón Caride Ogando e comenta cómo lle fai lembrar *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Alude ó espacio e o tempo como dous xeitos de derrota e céntrase no papel de Karina considerándoa a personaxe mellor resolta da novela. Comenta finalmente que “o narcotráfico atopa neste libro a súa crónica frenética e rompen todas as veas dos humanos maxinando aquel camiño lamacento na madrugada do Fozón, xaneiro 21”.

Veiga, Manuel, “O entorno confuso da novela galega actual”, *A Nosa Terra*, nº 830, “Guieiro Cultural”, 14 maio 1998, p. 31.

Principia disertando sobre as relacións entre cine e novela e acusa a parte dos novelistas de escribiren “estilo cinema”. Interpreta esa sinxeleza estilística como falta de cultura que priva de sentido épico á novela galega de hoxe. Despois céntrase na necesidade dun coñecemento profundo da lingua para non caer na repetición estéril de modelos alleos, vicio este que lle apón a *Talego*, de Xosé Ballesteros. Finalmente salienta a brutal mudanza social que está a vivir Galicia nos últimos anos e sinala que autores como Manuel Rivas ou Antón Reixa están sabendo aproveitar esa realidade como material literario.

_____, “Basílio Losada e o piropo literário”, *A Nosa Terra*, nº 835, “Guieiro Cultural”, 18 xuño 1998**,** p. 34.

Ataque contra a crítica literaria que só se limita a repartir gabanzas. Para exemplificar isto sinala os comentarios desproporcionados de Basilio Losada sobre Suso de Toro, Pilar Pallarés ou Álvarez Torneiro e os de Xosé Manuel Eiré sobre *Un xogo de apócrifos* (1997), de Caneiro.

_____, “Nacimento, paixón e morte da literatura policial”, *A Nosa Terra*, nº 841, “Guieiro Cultural”, 30 xullo 1998, p. 35.

Parte dun comentario feito por Anxo Tarrío en 1981 no que falaba da necesidade dunha literatura de quiosco no sistema literario galego. Neste sentido fala da evolución dende aquela data e apunta a aparición de coleccións de xénero cun importante número de títulos publicados. Salienta que, sen embargo, Vicente Verdú comentou hai pouco tempo nun diario madrileño que hai lectores “que nos temos fartado de que os novelistas incluidos os mellores, volva a escreber o seu libro apoiándose nun feito histórico ou sobre a urdime dunha intriga policiaca” e apuntaba se o fin da novela non virá “dos centos de asasinatos e emboscadas”. Manuel Veiga pregúntase, logo de lelo artigo de Verdú, se Anxo Tarrío non preparará dentro dalgúns anos un manifesto contra a subliteratura co argumento de que Galicia debe aspirar a ser un país normal. Conclúe opinando que deberiamos decatarnos de que o que resulta normal noutros lugares non ten porque selo mimeticamente en Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, “De Neira Vilas a Neira Vilas”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 20 xaneiro 1998, p. 26.

Felicita a Universidade da Coruña por nomear Doutor *Honoris Causa* a Xosé Neira Vilas. Despois fai un repaso polas súas obras citando fragmentos dalgunha delas. Segue adheríndose á opinión do de Gres en canto ó carácter reaccionario e españolista da emigración galega en Venezuela. Remata cunhas citas líricas extraídas de Antón Patiño Regueiro e do propio Neira Vilas.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Acuse de recibo”, *Atlántico Diario*, “Mar de Fóra”, 22 xaneiro 1998, p. 26.

Dáse a benvida ó número 32 de *A Trabe de Ouro* e a *Palimpsestos, uma história intertextual da Literatura Portuguesa*, nova publicación da editorial Laiovento en colección “Vento do Sul”. Tamén se refire ós novos versos de Bernardino Graña e Cristal Méndez Queizán.

_____, “Que a terra lle sexa leve a Antón Risco”, *Atlántico Diario*, 8 febreiro 1998, p. 44.

Comentario sobre o pasamento de Antón Martínez-Risco Fernández. Recórdanse algunhas das súas obras, o seu itinerante maxisterio universitario por Francia, Estados Unidos e Canadá e infórmase do tratamento que recibe a súa persoa nos diccionarios de literatura galega e na *Gran Enciclopedia Gallega*.

_____, “Prímula”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 17 marzo 1998, p. 30.

Artigo de carácter lírico no que se evoca a figura e a obra de Antón Avilés de Taramancos e de Manuel Antonio ó reflexionar sobre o paso do tempo.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Abril”, *Atlántico Diario*, “Mar de Fóra”, 2 abril 1998, p. 26.

Fai saber que recibiu a *Miniescolma* de Manuel María. Ademais comunícalle ó Conselleiro Jesús Pérez Varela que o Centro Dramático Galego non debe interpretar a Valle en español.

_____, “Máis Valle”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 14 abril 1998, p. 26.

Atácase a Marina Mayoral por cualificar de “nacionalistas a ultranza” a aqueles que critiquen a representación en castelán que o Centro Dramático Galego pretende facer de Valle. Faise ve-lo feito de que a propia “madrileña de Mondoñedo” é traducida ó galego e acúsaa de fracaso relativo no seu quefacer novelístico. Para rematar, fornécesenos de dous fragmentos do autor de Vilanova de Arousa vertidos un ó portugués e outro ó galego.

_____, “Corte de amor”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 19 maio 1998, p. 30.

Dírixese de xeito poético ó poeta Anxo Angueira intercalando versos deste autor pertencentes ó libro *O valo de Manselle* (1996).

_____, “Case trinta graos a babor da sombra”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 9 xullo 1998, p. 28.

Relata unha viaxe imaxinaria por Galicia que o leva ás poboacións e comarcas de maior importancia literaria: Trasalba “por lembrar o mundo de Adrián Solovio”; o Courel, para se atopar con Manuel María, María Mariño, Uxío Novoneira e Ánxel Fole; e Lugo, para saudar a Fernández del Riego. Amais, menciona algunhas novidades bibliográficas de 1998: *O vendedor de mazás*, de Breogán Riveiro, *A fariña das horas*, de Henrique Rabuñal, *Amigos sempre*, de Alfonso Eiré, e máis o seu propio libro, titulado *Contra o tempo*.

_____, “Este recendo a salitre”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 14 xullo 1998, p. 34.

Evoca Vidal Villaverde a Roberto Blanco Torres, escritor que será homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1999; na súa opinión, o nome de Blanco Torres é un dos “nomes que queiman”, un dos nomes en que encarna a “nación incesante”.

_____, “Do tempo”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 17 setembro 1998, p. 30.

Unha xornada en Noia e unha reflexión sobre o tempo fan que o articulista cite algúns versos que fan referencia a este e faga unhas brevísimas referencias a distintos escritores como Ana Romaní, Castelao ou Manuel Antonio entre outros.

_____, “Nesta luz”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 24 setembro 1998, p. 26.

Reflexiona sobre a insubmisión da memoria e por un momento retorna ó pasado e a Compostela e evoca a Otero Pedrayo, a Ramón Piñeiro, a Álvaro Cunqueiro e a Don Ramón María Aller.

_____, “Luz autumnal”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 24 novembro 1998, p. 26.

Comeza falando da luz do outono e leva a cabo un percorrido por diversos lugares de Galicia evocando, por diversos motivos, a autores da nosa literatura como Anxo Angueira, Darío Xohán Cabana, Manuel María ou Otero Pedrayo, quen escribiu “un prólogo dun libro que nunca publiquei”.

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

_____, “Frío”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 3 decembro 1998, p. 30.

Coa chegada do frío e da neve, entretece líricas lembranzas que rememoran, entre outras figuras, a Valle-Inclán e a Álvaro Cunqueiro.

_____, “Singradura do inverno”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 17 decembro 1998, p. 26.

Mestura de encontros e reflexións, en clave lírica, sobre Vigo e a paisaxe, nos que van aparecendo comentarios sobre escritores e obras da nosa literatura: X. L. Méndez Ferrín, Manuel María, Alfonso Álvarez Cáccamo, Xohana Torres, Camilo Gonsar, Maximino Cacheiro Varela, Álvaro Cunqueiro e outros.

Villanueva, Darío, “Valle-Inclán, de todos”, *La Voz de Galicia*, 14 decembro 1998, p. 57.

Comeza referíndose a un artigo publicado por Suso de Toro no que aludía á cuestión da representación, en galego, das obras de Valle-Inclán. Segue incluíndo a opinión que Castelao tiña de Valle, tal como dixo nunha conferencia lida en La Habana, e fala tamén da figura do Valle-Inclán emigrante. Remata comentando as homenaxes que a Universidade de Santiago lle vai render, entre as que se contan “unha magna exposición sobre Valle e a súa familia ata 1892, e dous simposios internacionais sobre a súa obra”, así como a representación da súa obra *La cabeza del dragón* e a “edición facsimilar da revista compostelá e estudiantil *Café con gotas*”, onde Valle “publicara un dos seus primeiros escritos”.

Villar Janeiro, Helena, “Arredor de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 5 marzo 1998, p. 3.

Informa da celebración dunha serie de actos en Mondoñedo con motivo de decimosétimo cabodano de Álvaro Cunqueiro: a creación dunha fundación, a entrega do premio literario que leva o seu nome e a ofrenda floral no cemiterio. Despois Villar Janeiro conta cómo pasou ese día na cidade episcopal e remata cunhas palabras do propio autor mindoniense, pronunciadas pouco antes de morrer, en que expresa o seu amor pola lingua e o pobo galegos.

_____, “Poetas en Lisboa”, *El Correo Gallego*, 2 abril 1998, p. 3.

Critica a ausencia da poesía galega no congreso “A poesía e o mar”, que se celebra en Lisboa dentro dos actos ligados á Exposición Universal. Aduce como razóns que xustificarían a presencia galega o feito de ser Galicia unha ponte lingüística entre España e Portugal, a existencia dunha lírica medieval común a galegos e lusos e a fonda relación entre a nosa poesía e o mar. Así mesmo, pon en cuestión a escasa presencia feminina, a cal acada só o cinco por cento dos participantes.

_____, “Roubáronnos o mar”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 9 abril 1998, p. 3.

Constátase a nula presencia da poesía galega no congreso “A poesía e o mar”, celebrado en Lisboa pero organizado dende Madrid, excepto no derradeiro relatorio, no cal Juan Manuel Bonet tivo a ben valora-las contribucións de Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro. Obsérvase que a situación é aínda máis grave tendo en conta que o grupo maioritario de asistentes proviña das universidades de Galicia. Finalmente póñense en relación estes sucesos coa preponderancia que están a ter, no centenario do desastre español de 1898, as voces que recean do pulo cultural das nacionalidades periféricas do estado e senten saudades de épocas imperiais pretéritas.

_____, “Maio nas bibliotecas”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 15 maio 1998, p. 3.

Helena Villar refírese ó valor educativo e formativo das bibliotecas e o traballo exemplar dos seus responsables. Enxalza especialmente a calidade do traballo da bibliotecaria de Narón, Carme Bar, e culpa os políticos locais do conflicto que está a padecer.

_____, “Volveu Crecente Vega”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 26 novembro 1998, p. 3.

Fala do traslado do corpo do poeta chairego Xosé Crecente Vega dende Segovia, onde estivo cincuenta anos soterrado, ata a súa terra natal, cumprindo así o Concello de Castro de Rei “os desexos expresos do finado, segundo consta nos versos”, e de moita outra xente que traballou para conseguilo. Felicita a varias persoas relacionadas cos actos e indica que estaban presentes algúns poetas que “prolongaron a celebración cun emotivo recital”. Remata coa “petición de que se lle dedique o Día das Letras Galegas do próximo 2000” e dálle a benvida para “descansar connosco para sempre”.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 7. Publicacións en xornais: entrevistas

A. C. M., “Todo el arte, no solamente el teatro, vive del dinero público”, *El Mundo. Galicia*, 12 xaneiro 1998, p. 7.

Ana Vallés e Baltasar Patiño, fundadores da Sala Galán, falan sobre as dificultades que existen á hora de conseguir axudas institucionais. A. Vallés destaca a falta de convenios co concello e co ministerio no 1997 e enumera algunhas das causas polas que as administracións non conceden as axudas. B. Patiño non cre que esta situación sexa debida á falta de público, pois a media de asistencia á sala é dun 70%. Conclúen afirmando que non existe teatro independente e salientan a mala imaxe que teñen os “teatreros” por vivir “del dinero público”.

Acuña, X. Henrique e Carme **Vidal**, “Eramos conscentes de que o franquismo podía pechar *Galaxia* en calquer momento”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Guieiro Cultural”, 21 maio 1998, p. 9.

Charla con Xohán Ledo, alcume de Ricardo García Suárez, na que amosa a súa sorpresa ó recibi-lo Premio Trasalba e resalta o obxectivo para o que se creou Galaxia, a editorial na que traballa dende a súa fundación. Recorda os primeiros textos que se publicaron en galego na editorial, o nome do primeiro xornal que dedicou dúas follas a temas galegos e o significado que tiña para eles publica-las obras en lingua galega. Tamén se refire á prohibición de facer libros contra o réxime e á dificultade existente para publicar, ademais de salienta-lo papel da figura de Xaime Illa na editorial, a introducción nela de xente como Otero Pedrayo, Martínez Rico ou Gómez Román e o contacto que tivo cos exiliados e o fusilamento de Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño e Devesa. Destaca tamén como optou polo debuxo e o deseño na editorial sendo médico de profesión, a participación desinteresada de tódolos compoñentes de Galaxia e o labor realizado nela por Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e Luís Seoane.

Ameixeiras, Diego, “Non nos interesa o diálogo cos maiores porque non necesitamos padriños”, *El Mundo*. *Galicia*, 8 marzo 1998, p. 7.

Rafa Villar, cando vén de ser publicada a súa obra *Casa ou sombra* (1997), que foi galardoada co Premio Cómaros Verdes de Poesía, mostra o seu desacordo por ser denominado autor novo, ademais de sinala-la orixe desta denominación e comenta-lo que pretende acadar e recuperar nesta obra. Cualifica o poemario de existencialista e fala da evolución e o cambio de orientación que se produce neste con respecto ós anteriores, para rematar explicando o motivo polo que nas súas obras non hai ningún tipo de referencia cultural e polo que dixo “matar ao pai” ó referirse ás xeracións anteriores.

Becerra, Olga V., “Representar a Valle-Inclán en castelán é unha temeridade”, *O Correo Galego*, 1 abril 1998, p. 5.

O director da compañía Teatro do Aquí, R. Vidal Bolaño, mostra a súa satisfacción ó recibir pola súa obra *Anxeliños*, tres galardóns nos premios de teatro María Casares e ser nominado a cinco máis. Resalta que non lle importaría cambia-lo premio ó mellor texto orixinal, que acadou este ano, polo de interpretación ou dirección e considera que *Nano* e *Anxeliños* foron as mellores “pezas teatrais que se fixeron o ano pasado”. Manifesta a súa opinión sobre a convocatoria dos premios de teatro, a posiblidade de existir máis premios deste tipo e a situación actual do teatro galego. Cualifica de temeridade a representación de Valle-Inclán en castelán, declara que non vivimos nun país normal ó impedir representar a este autor tanto en galego coma en castelán e informa do proxecto que realiza nestes momentos a súa compañía. Conclúe coa definición da peza teatral *Anxeliños* e alude á reacción do público ó ver esta obra.

Bergantiños, Paula, “O desenvolvemento do interior de Galiza está limitado por factores políticos”, *A Nosa Terra*, nº 839, 16 xullo 1998, p. 9.

Despois de se referir ós desequilibrios e ós diferentes ritmos de progreso que se observan entre as provincias atlánticas e as orientais galegas, o Cronista Oficial de Lugo, Xan Soto, céntrase na caracterización do xornalismo actual. Critícalle a esta actividade o excesivo paternalismo e as “caréncias culturais” dos profesionais, ademais de salienta-lo papel das grandes empresas familiares na loita contra os grandes grupos. Finalmente, lembra a Ánxel Fole e as ensinanzas del recibidas como o interese polo próximo ou a compatibilidade da eficacia informativa coa corrección estilística.

C. P., “Trato de ofrecer un traballo innovador”, *La Voz de Galicia*, 9 decembro 1998, p. 38.

O responsable da Aula de Teatro da Universidade dende o ano 1990, Roberto Salgueiro, vai dirixi-la representación da obra *La Cabeza del dragón*, de Valle-Inclán. Sinala o que intenta facer e evitar ó interpretar a este escritor e salienta o esforzo do alumnado que traballa con el. Indica a clase de proxecto que é a Aula de Teatro, cantos discentes universitarios participan nas montaxes e cantos nas actividades da Aula, para referirse finalmente, ó proceso de selección dos actores e actrices.

Canal, Alberto, “Antes facíamos proselitismo nas feiras”, *La Región*, “Al descubierto”, 21 xullo 1998, p. 22.

Eligio Rodríguez explica a maneira na que sentiu na súa propia carne a frase que dá título á súa obra: *Matadeo mañá* (1994). Comenta as diferencias de vida entre Bande e México e, ó falar das características da vida actual, considera que hoxe o que domina é o “pasotismo”. Remata lembrando unha anécdota con Castelao cando este foi dar un mítin a Bande.

_____, “A poesía foi unha necesidade vital”, *La Región*, “Al descubierto”, 8 decembro 1998, p. 20.

Xosé Lois Rúa declara que a poesía “foi sempre unha necesidade vital dende os doce anos” e que con ela logra “botar fóra as vivencias que tiña”. Fala do seu vínculo coa terra onde naceu e a presencia desta nun dos seus libros. Sinala algunhas das súas fontes poéticas e o motivo polo que cualifica os seus versos de “reais”, ademais de manifesta-la súa opinión respecto da pretensión do poeta de “ser Deus neste panteismo do pobo meu”.

_____, “Supoño que todos somos todo”, *La Región*, “Al descubierto”, 22 decembro 1998, p. 26.

Ademais de comenta-las súas posturas políticas, sinala Méndez Ferrín que “todo escritor fai política” e que “ésta ten a súa influencia naquelo que escribe”. Sobre o labor do columnista, opina que nin este nin o director dun periódico poden cambia-lo mundo, aínda que si poden crear un estado de opinión. Refírese, finalmente, á súa proximidade coa fronteira entre Galicia e Portugal, a cal está moi ligada ós recordos da súa nenez.

Caño, X. M. del, “En Galicia a los que emigramos nos tachan, nos borran, nos anulan”, *Faro de Vigo*, 15 xaneiro 1998, p. 50.

Xosé Neira Vilas comenta o que significa para el ser investido Doutor *Honoris Causa* pola Universidade da Coruña e tamén o que supuxo a creación dun idioma galego “lo más universal posible”, nos anos que estivo fóra de Galicia. Salienta que Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro xa eran poetas cando emigraron, namentres que Blanco Amor, Cabanillas e el se formaron na emigración. Lembra os títulos dos libros que escribiu sobre a emigración e fala dos protagonistas e da temática dos contos de *Tempo Novo* (1987), ademais de enumera-las actividades culturais que se facían na Arxentina nos anos cincuenta, das que segundo el, “no queda nada”. Refírese, por último, á perda actual da actividade cultural e ás pegadas que quedan en América dos galegos.

Carballa, Xan, “Entro na Académia para axudar a evitar que caia en mans do fraguismo”, *A Nosa Terra*, nº 838, “Guieiro Cultural”, 9 xullo 1998, p. 31.

Confesa X. L. Franco Grande o motivo polo que aceptou entrar na Academia Galega, despois de negarse a facelo durante tantos anos. Refírese á importancia de evitar que esta Institución sexa empregada contra os fins para os que foi creada, ó risco de que sexa manexada polo PP e á necesidade de introducir xente nova nela. Comenta a maneira na que xurdiu a idea de trata-lo tema da historia de Galicia ata mediados do XIX en “O Antigo Réxime nunha familia do Baixo Miño”, título do seu discurso de ingreso na Academia, e manifesta a súa opinión sobre a situación actual da literatura galega e o feito de que a cultura estea condicionada polo poder. Lembra que despois de publicar *Os anos escuros* (1985), onde criticaba a política de Piñeiro, mantivo diversas conversas con el nas que recoñecía que o galeguismo non funcionara e que se debeu promove-lo nacionalismo. Remata coa afirmación de que quizais algún día escriba a segunda parte da devandita obra.

_____, “Blanco Amor fixo unha ruptura definitiva co tratamento patriarcal da muller e os homosexuais na narrativa galega”, *A Nosa Terra*, nº 834, “Guieiro Cultural”, 11 xuño 1998, p. 30.

Resalta Pilar Rus, autora do libro *Imaxe do mundo en Blanco Amor* (1997), onde analiza o conxunto da obra narrativa deste escritor ourensán, que o período que cobre nas súas catro novelas é “aproximadamente o da historia de Galiza e do centralismo nos vinte primeiros anos deste século”. Diserta sobre as claves autobiográficas de Blanco Amor nos seus libros, a Galicia que amosa en *La Catedral* e *Los Miedos* e o seu interese por mostra-la insensibilidade padecida polos galegos na emigración. Afirma tamén que a mellor vinganza deste autor foi “o éxito de escreber dúas novelas denunciando a verdade da colonización española na Galiza no mellor español posíbel”. A seguir, explica a situación da emigración mexicana, ó ter un problema semellante ó da galega, e a causa pola que na obra blancomoriana as personaxes femininas teñen máis forza cás masculinas, así como, o tema da prostitución e o tratamento da realidade nos seus libros. Remata cualificando os textos de “subversivos e innovadores” pola súa ruptura definitiva co tratamento patriarcal cara á muller liberada, a quen hai que “unir ao homosexual”, e salientando a capacidade deste escritor ó “resaltar conductas sociais que hoxe son máis asumíbeis”.

Carbia, Susana L., “Non hai moitos en Galicia que poidan vivir da arte coma min”, *O Correo Galego*, 10 maio l998, p. 5.

Conversa con Marcelino de Santiago, “Kukas”, na que fala do curso de teatro de monicreques, organizado polo IGAEM, que imparte a “13 mozos que traballan nos centros galegos do exterior”. Refírese á relación destes cos monicreques e á súa propia, despois de vinte anos entre eles. Explica a mensaxe que quere transmitir nas súas obras e amosa o seu desacordo coa tendencia actual de especializarse só nun aspecto, pois o artista, na súa opinión, debe “facer moitas cousas” e non dedicarse só a unha. Refírese ó estado no que está o teatro galego, á nota que lle daría á política cultural das administracións e á posibilidade de convivi-lo teatro de monicreques coa era do Internet. Remata coa enumeración dos seus próximos proxectos e dos que lle gustaría facer.

_____, “Hai que rematar dunha vez coas interferencias políticas na arte”, *O Correo Galego*, 25 abril 998, p. 5.

O dramaturgo Manuel Lourenzo fai un resumo da súa intervención nas VIII[as] Xornadas de Lingua e Literatura celebradas en Santiago de Compostela. Define o teatro e o actor, explica de que maneira se pode vivir do teatro galego e declara sentirse cómodo en tódalas facetas nas que traballa. Refírese tamén ós proxectos que está realizando e ó dramaturgo e profesor Agustín Magán, sobre o que está escribindo un libro. Con respecto á polémica ó redor do Centro Dramático Galego e á montaxe de Valle-Inclán en castelán, opina que os políticos non deberon de meterse en cousas como a arte. Destaca, por último, a negación da realidade por parte do teatro e agradece os premios outorgados ata este momento.

Clavero, Marta, “Necesitaría un curso de cocina”, *Atlántico Diario*, 6 xullo 1998, p. 26.

Antonio Durán, Morris, defínese nesta conversa como “un cómico que se guía pola intuición”, ademais de referirse ó seu interese polo mundo artístico. Informa dos proxectos que realizará proximamente e lembra os “formidables” veráns da súa infancia e o que desexa facer cando teña tempo libre.

_____, “A identidade de empresa monolingüe está a salvo”, *Atlántico Diario*, 27 setembro 1998, p. 9.

Con motivo da compra de Anaya polo grupo francés Havas, Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, explica algunhas das novidades que se produciron dende a diversificación empresarial. Así, refírese á presentación dalgunhas obras en formato dixital, á entrada no mercado musical e á publicación de dez libros no idioma luso. Fala tamén dos cambios cualitativos ou cuantitativos previstos ó pasar a ser unha empresa de capital francés, a importancia da edición multimedia para a súa proxección nun marco europeo e as diferentes áreas nas que se centra a súa producción, para por último, da-la súa opinión no tocante ó fenómeno da concentración empresarial na cultura.

Conde, Jaime, “Nunca se escribiu tanto e tan ben, pero faltan os grandes mestres de antes”, *Faro de Vigo*, 28 maio 1998, p. 48.

Conversa na que Basilio Losada, catedrático de Filoloxía Galega en Barcelona e “galego egrexio” do 98, explica a súa relación con Galicia despois de exiliarse dela ós cinco anos e o motivo polo que se sente galego de Láncara (Lugo). Confesa que comparte a idea de que o idioma é a patria de cada persoa e o seu desexo de “morrer oindo as primeiras palabras que oíu en galego”. Sinala algunha das razóns polas que considera que asisten tantos alumnos ás súas clases de galego nunha universidade de fóra de Galicia, ademais de salienta-la época máis reclamada polo alumnado. De entre os poetas novos, destaca a Pilar Pallarés, da que sinala que é “unha poetisa extraordinaria... que pode chegar moi próxima ao nivel de Rosalía”. Mostra a súa opinión sobre o nivel actual da literatura galega, e manifesta o seu gusto por contar historias e o que pensa facer ó xubilarse. Por último, fala da vitalidade cultural de Nova York e explica a razón do seu entusiasmo por Portugal.

_____, “Los paisajes por aquí están muy cargados de literatura, de leyenda”, *Faro de Vigo*, 21 agosto 1998, p. 36.

Javier Alfaya lembra o seu labor como traductor e xornalista e afirma que actualmente se dedica á literatura, ademais de ser cofundador da revista *Scherzo* e estar traballando con Nicolás Sartorius na elaboración dun libro sobre o franquismo dende 1956 a 1976. Anuncia a publicación da súa próxima novela e fai un resumo argumental da mesma. Refírese ás razóns polas que as súas novelas se desenvolven en paisaxes de Galicia, á súa obra *Leyendas* e ó libreto para unha ópera que está facendo. Prosegue coa enumeración dos diferentes persoeiros que coñeceu na súa etapa como xornalista e amosa o seu gusto por *Deus sentado nun sillón azul* (1996), de Carlos Casares, e a poesía do poeta Baixeras. Por último, fala da situación actual da poesía castelá e do fenómeno “cultura espectáculo”.

Couselo, Xabier, “En interpretación cinematográfica aínda estamos a velas vir”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 11 xaneiro 1998, p. 80.

Conversa co actor Luís Tosar na que fala do complicado que é ser actor en Galicia, debido á falta dunha “identidade”, das causas que o levaron a elixir esta profesión e do que considera a maior virtude dun actor, “a intuición”. Por último, define o que entende por “teatrillo” e dubida que a xente do teatro estivese disposta a volver ó “snuff-movies”.

_____, “Agora mesmo dedicarse á profesión de actor é un privilexio”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 13 xaneiro 1998, p. 72.

Antonio Durán, “Morris”, que está de xira coa obra *Ministros pola cara*, comenta que non ten problemas para compatibiliza-la actividade teatral coa televisiva e fala dos catro anos que se dedicou só á televisión. Recorda os seus comezos no “teatro de resistencia”, no que a “profesionalización era máis no sentido ético e da responsabilidade, que monetaria”, e expón a súa opinión con respecto á situación actual dos actores e ás diferencias existentes á hora de traballar nunha telecomedia ou nunha obra de teatro. Remata cualificando de “bo sinal”, o feito de que “a televisión nacional xa non está tan vedada para ós actores galegos”.

_____, “Ás persoas hai que melloralas e non facer malas copias”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 14 xaneiro 1998, p. 72.

Susana Dans, actriz de teatro que traballou na montaxe de *Memoria de antígona* co Centro Dramático Galego, reflexiona sobre o momento en que decidiu ser “artista”. Lembra os seus primeiros pasos como profesional na compañía de Luís Seoane e o seu labor como presentadora na televisión, manifestando, por último, non ter manías sobre o escenario e a súa discrepancia no tocante ó tema da clonación.

_____, “Temos que acadar que os nosos clásicos sexan uns best-sellers”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 18 xaneiro 1998, p. 80.

Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, destaca que “o sector editorial en Galicia caracterízase por unha extraordinaria atomización das empresas editoriais” e explica as vantaxes e inconvenientes que isto leva consigo. Define o que é un libro e os tipos de comunicación que este permite, o cal, na súa opinión, non desaparecerá diante das novas tecnoloxías. Afirma que “a identidade é unha mestura da nosa tradición e da contemporaneidade” e considera a liberación do prezo dos libros “unha medida equivocada”.

_____, “A propaganda crea unha cortina que non fai posible a reflexión”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 21 xaneiro 1998, p. 72.

Xabier Couselo pregúntalle a Xavier Baixeras pola súa xeración poética, polo espírito de globalidade cultural dos anos oitenta e polo recurso que lle queda ó poeta, ó estar “sometido a interferencias que veñen de fóra e que repercuten na poesía”. Tamén opina este autor sobre se a poesía acadará algunha vez a relevancia popular da narrativa e se as novas xeracións achegan cousas diferentes.

_____, “Agora estou tentando non escribir poesía, senon basicamente vivila”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 25 xaneiro 1998, p. 80.

Recóllense declaracións de Claudio Rodríguez Fer, quen reflexiona sobre a poesía da xeración dos 80 e a poesía actual. Afirma que a diferencia entre os distintos tipos de poesía non está nos temas dos que se fala, senón na forma de tratalos, e comenta que, á hora de facer poesía, interésalle máis o “acto poético” có “poema en si mesmo”. Refírse tamén ó futuro da poesía e á súa intención de facer un “libro de concepción plenamente visual”.

_____, “Non son ningún crego para axudar a atopa-lo camiño”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 7 marzo 1998, p. 68.

Xosé Antonio Porto, “Josito”, confesa “que foi ó saír da escola” cando descubriu a súa vocación como actor e músico. Afirma se-lo primeiro e o único membro da súa familia en dedicarse a esta profesión e salienta a súa ledicia ó estar traballando no que desexaba. Por último, fala de Nano, personaxe que dá título ó monólogo que está representando nestes momentos.

_____, “En este mundo pertenecemos a lo que estamos imaginando”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 10 marzo 1998, p. 78.

Achéganse algúns datos bibliográficos de Carlos Freire, ademais de aludirse á súa novela *Ferrocarrilana* (1997) e a outra que está preparando baixo o título de *O home do saco*. Comenta o escritor a mestura de fantasía e realidade que aparece nas súas obras, a maneira na que simultanea o manuscrito e o ordenador ó elaborar un libro, e os “accidentes” que se poden producir cando se lle dá forma á obra. Desvela a época e cidade na que se sitúa *Ferrocarrilana* e fala dalgúns dos personaxes desta obra, de entre os que salienta a Ovidio.

_____, “Os autores galegos son case descoñecidos no resto de España”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 17 marzo 1998, p. 68.

Alfonso Álvarez Cáccamo considera que a traducción dunha das súas obras, *El espíritu de Broustenac*, é un “privilexio” e “unha iniciativa valente” por parte da editorial Olalla. Confirma que non é o primeiro autor que inaugura esta colección, xa que nela publicaron xente como Manuel Seixas e Xurxo Borrazás. Explica unha das causas polas que “os autores galegos, que teñen unha enorme calidad, son practicamente descoñecidos no resto do estado” e a razón pola que a todo escritor galego lle interesa ser traducido a outras linguas. Reflexiona tamén sobre a dignificación da literatura galega e os temas que dignifican a literatura.

_____, “Hace años tomé la decisión de estar en la cuerda floja”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 25 marzo 1998, p. 68.

Cando se volven a reestrear *Zeppelín nº 7* , *12 Rounds* e *Negro é Negro*, con motivo do duodécimo aniversario da compañía Matarile Teatro, entrevístase á súa directora Ana Vallés. Comenta esta que xa hai anos que decidiu estar “todo el rato en la cuerda floja que es el teatro” e que neste houbo moitos cambios. Sinala ademais, que estar sobre o escenario foi para ela o mellor destes anos, mentres que o menos bo foi o traballo difícil, ó que se tivo que enfrontar Matarile, por ofrecer unha proposta de teatro contemporáneo non convencional. Opina, finalmente, que trascende-la realidade é unha necesidade que ten todo o mundo e que a arte é unha maneira de escapar, aínda que tamén está moi dirixida.

_____, “Os poetas son persoas que sinten moito máis a fronteira do ser”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 31 marzo 1998, p. 72.

A poetisa, escultora, pintora e profesora Ánxeles Penas salienta as causas polas que non estamos nun bo momento literario e dá a súa opinión sobre a existencia ou non da poesía de muller e os círculos polos que esta se move. Pensa que a poesía de Rosalía de Castro sería igual, aínda que nacera en Alemaña, e explica a razón pola que os escritores tratan sempre os mesmos temas. Por último, cualifica de “anormalidade” a situación poética actual.

_____, “Cando cociño ou vixilo un examen estou pensando en clave poética”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 6 abril 1998, p. 72.

A poetisa Helena Villar Janeiro opina que a poesía non é “nin femenina nin masculina senón vivencial e persoal”, ademais de lembra-lo seu primeiro contacto coa poesía ós seus vinteoito anos nos Ancares de Becerreá. Sinala o momento no que se sente con máis ganas de escribir, para afirmar, finalmente, que “narrar é outra maneira de enfrontarse á realidade” e que “a literatura é o alimento do espíritu”.

_____, “Todo o mundo vive outras vidas, pero ós actores págannos por iso”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 7 abril 1998, p. 72.

Logo de ser premiada como a mellor actriz secundaria pola súa representación en *Unha rosa é unha rosa*, nos premios de teatro María Casares, Belén Constenla manifesta a súa sorpresa ó ser nomeada por segundo ano consecutivo e a emoción que se sente ó recibir un premio. Fala da personaxe que representaba nesta obra e da súa predilección polos personaxes atormentados á hora de interpretar. Reflexiona, ademais, sobre a complicada situación pola que está a pasa-lo teatro galego e as razóns que a levaron a ser actriz.

_____, “Ás veces se non das co zapato non che fan caso”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 12 abril 1998, p. 40.

Despois de se referir ás varias actividades que realiza, Candido Pazó sinala que do Premio María Casares de teatro, que conseguiu pola dirección da obra *Nano* da compañía de Teatro do Adro, aprendeu que hai que face-los traballos indo “á profundidade creativa para comunicar co público”. Comenta que non hai receita para o éxito e que a escena teatral en Galicia é moi nova. Con respecto á polémica creada coa representación de Valle en español polo Centro Dramático, opina que non foi moita, xa que “estamos nun contexto no que hai unha lingua que necesita unha discriminación positiva”.

_____, “Dise que o teatro está morto pero está ben vivo: respira e tose”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 8 maio 1998, p. 72.

Despois duns breves apuntamentos sobre o labor de Dorotea Bárcena como actriz e directora de teatro, Xabier Couselo pregúntalle qué hai de improvisación e experimentación na obra, *O Informe Mucha*, que está representando nunha serie de actuacións chamadas “Fóra de serie”, onde se recolle o traballo de cinco mulleres creativas. Comenta o motivo polo que o público non consegue unha complicidade co autor, a maneira na que inflúe no espectador a rápida transformación da sociedade e a existencia dun “ensino no que as disciplinas humanísticas están desaparecidas”. Discrepa coa xente que pensa que o teatro é unha arte morta e manifesta a súa opinión sobre o presente e o futuro do teatro e da sociedade. Remata coa afirmación de que o conflicto arredor da representación de Valle-Inclán demostrou que hai pluralidade no teatro galego e non un monopolio.

_____, “Ningún país pode ter ós intelectuais ó servicio do poder”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 10 maio 1998, p. 48.

O escritor Xosé Carlos Caneiro, despois de recordar aquilo de “que se escribe mellor dende a esquerda, pero que se vive mellor coa dereita”, sinala que o seu libro *Un xogo de apócrifos*, co que gañou o Premio Nacional da Crítica do 98, fala dos escritores. Dá a súa opinión sobre consideracións como as que din que “o éxito é para os autores un impostor” e que todo escritor é un fracasado. Fala dos “escritores de pasarela que converten a literatura en pseudoliteratura” e do motivo polo que ningún autor galego aparece “nas listas de vendas”, ademais de aclara-la razón pola que considera que a mellor literatura é a galega. Resalta que ningún país pode ter “unha intelectualidade ó servicio do poder” e que “o poder é negativo para a creación”.

_____, “Non hai razón para que un idioma teña máis importancia que outro”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 14 maio 1998, p. 72.

Xulio López Valcárcel dá a súa opinión sobre a importancia da celebración do Día das Letras Galegas, o futuro do idioma galego nas novas xeracións e a diferencia que existe entre a situación do idioma galego e o catalán. Afirma, así mesmo, que “non pode haber unha co-oficialidade cando existe unha situación de desigualdade” e que “Galicia é sensata e non debe perder un patrimonio espiritual como é a lingua”.

_____, “Nestes tempos de globalización hai que insistir na nosa identidade”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 16 maio 1998, p. 80.

Primeiramente coméntase a forma dos versos de Ana Romaní e sinálase que a característica común, que comparte con Mendiño e Martín Codax, é posuír “unha predisposición innata para a musicalidade”. A poetisa fala da importancia, da necesidade e do significado que ten o Día das Letras Galegas e admite estar moi contenta por dedicárselle este ano á lírica trobadoresca. Destaca que nas correntes literarias actuais existe aínda a pegada dos trobadores e que “o espíritu segue sendo bastante semellante” pois, “os poetas son medio xograres por ese percorrer de recital poético en recital poético”.

_____, “O teatro é algo magnífico para entablar comunicación co mundo”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 21 maio 1998, p. 72.

Conversa con Flor Maceiras con motivo da posta en escena da obra de teatro *Estación Mahagony*, que está a representa-la compañía Teatro do Noroeste. Confesa o motivo polo que está no teatro, ademais de comentar que a “afección no teatro” e a tradición teatral van medrando día a día, contribuíndo a que exista “un público para todo”. Así mesmo, explica o que ela considera que lle dá o teatro á xente e o motivo polo que van as persoas ó teatro. Finalmente, fala da reflexión que subxace na susodita peza teatral inspirada nun texto de Brecht.

Diéguez, A., “Son profeta na miña terra”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 30 agosto 1998, p. 20/p. 16.

O humorista Xosé Luís Bernal, “Farruco”, afirma ser “profeta” na súa terra e lembra a súa actuación nas Antípodas como unha das máis emotivas. Define o seu personaxe “Farruco” e explica a causa pola que lle gusta tanto á xente, ademais de confesa-la razón pola que non emprega o galego normativo cando actúa. Por último, opina sobre algúns termos relacionados coa súa profesión.

Diz, Begoña, “Soy un internauta racional”, *Atlántico Diario*, “Sol y sombra”, 21 xullo 1998, p. 30.

Víctor Freixanes recoñece ser un internauta racional e mostra o seu grande interese por ese mundo. Refírese ós vínculos que ten coa ría e cos naseiros, afirmando que, debido a esa “devoción especial”, está sempre presente a xente do mar nas súas novelas. Lembra ó seu tío Alfredo e a comparación que este facía entre “traballar coas nasas” e namorar. Así mesmo, manifesta a súa opinión sobre a multitude de festas gastronómicas de Galicia no verán.

Doral, Alba, “Terán que pasar anos para curar o minifundio do noso cerebro”, *El Progreso*, “Gente”, 5 abril 1998, pp. 8-9.

Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, fala da polémica da representación das obras de Valle-Inclán en castelán por parte do centro citado. Comeza analizando o concepto de propiedade intelectual, que exemplifica con Valle, ademais de sinalar que este escritor é galego e que “é unha conta que, historicamente, ten o teatro profesional galego con Valle-Inclán”. Sobre o feito da posible representación por parte dunha compañía privada, afirma que estas non existen, pois todas reciben diñeiro público; mentres que sobre o compromiso do CDG coa lingua galega, indica que en Galicia o castelán e o galego son linguas oficiais. Refírese, finalmente, ó incremento de espectadores no teatro en Galicia.

Faro, D., “Sigue siendo fastidiado vivir de la literatura”, *Atlántico Diario*, 4 febreiro 1998, p. 12.

Cando Manuel Vidal Villaverde vén de gaña-lo Premio Puro Cora por un artigo sobre Ánxel Fole, mantense unha conversa con el na que manifesta que o escribiu porque nunca deixou de sumarse a iniciativas que contribuísen a que a cultura ascendese. Comenta que segue sendo fastidiado vivir da literatura e que en España escribir é chorar. Volvendo ó tema de Fole, sinala que este escritor afortunadamente non tivo sucesor e que destaca pola súa achega ó galego dialectal vivo, tanto das terras do Incio coma do Caurel. Por último, confesa que este premio foi para el o recoñecemento a anos de traballo constante.

Feijoo, Raquel, “Cada día a literatura require máis esforzo”, *La Región*, 11 xaneiro 1998, p. 17.

Despois de citar algúns datos bibliográficos do escritor Francisco Fernández Naval, fálase con el sobre *Sombras do labirinto* (1997), obra que acaba de publicar. Refírese ás fontes nas que se baseou para a súa elaboración e ós dous feitos da realidade que reconstrúe nela, ademais de nega-la existencia de notas autobiográficas na historia ou nos personaxes. Afirma que un dos temas que está presente en tódalas súas novelas é a conservación da memoria e que non pensa nun público específico cando escribe, xa que quere que sexa a obra a que atope ó seu lector. Fala do que cambiou e do que se mantén igual na súa narrativa dende que gañou o Premio Xerais de Novela no 1988, das diferencias que ten *Sombras no labirinto* con respecto ás anteriores novelas súas e da temática das súa poesía. Finaliza comentando a maneira coa que o escritor explica a compatibilidade da poesía e da narrativa na súa creación literaria, e anunciando a publicación dun poemario, *Días de cera* (1999); un libro de relatos, *Historias roubadas* (1998); e unha biografía do hispano-cubano Pepín Alemañi como homenaxe particular ó centenario da perda de Cuba.

_____, “Hoxe lévase o ‘escritor mediático”, *La Región*, 11 febreiro 1998, p. 15.

Tras ser traducida ó inglés a novela de Alfredo Conde, *Xa vai o griffón no vento*, que fora galardoada co Premio Nacional de Literatura no 1986, fala este escritor das dúas teorías que explican as características que debe ter unha traducción, salientando a que el defende. Resalta a súa satisfacción por formar parte do grupo de escritores europeos dos que se está estudiando as súas obras en Nova Zelandia, ademais de mostra-la conclusión á que chegou logo de asistir a un congreso nunha universidade americana, referente ó estudio da súa obra. Revela a maneira na que concebiu a idea orixinal da novela e no que se inspirou para a figura do grifón. Comenta, por último, que xa non se fai literatura con afán de permanencia e sinala o libro que máis valora de toda a súa biografía e a próxima publicación de *O fácil que é matar*, o segundo título da trioloxía que abrira con *Sempre me matan*.

_____, “A prensa comarcal é un rasgo de vitalidade”, *La Región*, 11 marzo 1998, p. 16.

Co gallo da publicación do segundo tomo do *Diccionario da Literatura Galega*, dedicado ás publicacións periódicas, Feijoó pregunta ó historiador Marcos Valcárcel, autor da parte relativa a Ourense, sobre as fontes que utilizou para a súa achega. Destaca Valcárcel a importancia de Ourense como “un dos centros do periodismo galego” e as dúas etapas máis salientables da historia desta cidade, a marcada polo labor de Lamas Carvajal con *O Tío Marcos da Portela* e da Xeración Nós, que ademais da revista do mesmo nome, editou outras publicacións. Remata referíndose á situación na que se vivía na posguerra e ó estado actual da prensa comarcal.

_____, “Los poetas son instrumentos de la poesía”, *La Región*, 20 maio 1998, p. 16.

Revela o cantautor Amancio Prada o motivo polo que musicou os versos de Lorca, Cunqueiro e García Calvo no seu novo traballo, titulado *Tres poetas*. Sinala as semellanzas e diferencias que existen entre os textos musicados e a mensaxe que transmite esa poesía ó receptor de hoxe en día, ademais de aludir ós instrumentos que o acompañan nesta ocasión e ó significado deste proxecto no seu labor profesional.

_____, “Pero...¡esta nena é poeta!”, *La Región*, 21 agosto 1998, p. 22.

Comeza a conversa cunha breve historia na que se relata como, dende moi pequena, á escritora Dora Vázquez Iglesias lle foi outorgado o don da literatura, ademais de salientarse a vitalidade que mantén no seu oitenta e cinco cumpreanos, xa que segue escribindo. A autora resalta a comodidade que sente ó cambiar de xénero e a influencia que recibiu da lectura e dos seus trinta e tres anos como mestra. Lembra os seus comezos no mundo literario e fai referencia ó libro *Un poema cada mes* (1969), co que se deu a coñecer como escritora. Polo que respecta á súa producción literaria, resáltase a súa abundante creación de textos infantís e a publicación de *Parolas,* o seu último libro, destinado tamén ó lectorado infantil. Remata citando os libros nos que compartiu a autoría coa súa irmá Pura e afirmando estar chea de proxectos, entre os que están *Noelia. Novela histórica poética galega* e o ensaio *Protagonistas*.

Fraga, Jesús, “Quen non ten memoria, perde a raíz da súa cultura”, *La Voz de Galicia*, 11 marzo 1997, p. 72.

Manuel María comenta de *As ribeiras son oscuras* (1997), os tres temas da realidade da Galicia dos anos sesenta tratados noutras tantas “noveliñas curtas” que compoñen o libro, ademais de sinala-lo motivo polo que non se publicaron no momento en que as escribiu. A continuación, o autor describe a realidade galega que plasma nestas novelas e a súa visión dese mundo trinta anos despois, destacando a importancia da memoria para o home e para a cultura. Tamén se refire ó río Miño, fío conductor das novelas, no seu paso por Lugo e ó seu descontento pola venda das terras de Portomarín. Remata definíndose “como rilkeano” e seguidor de Pessoa.

_____, “As cidades son as protagonistas das súas propias historias”, *La Voz de Galicia*, 13 marzo 1998, p. 81.

Conversa con Lois Diéguez, que vén precedida do resumo argumental da súa obra *Henriqueta na galería* (1997), na que explica a existencia de tres planos no libro e a relación existente entre eles. Céntrase na consideración de Lugo, cidade na que se sitúa a acción, como unha personaxe máis, e na súa relación co resto do elenco. Ademais, comenta a evolución que se pode observar na triloxía que se completa con *Monólogos no espello* (1997) e *Tres sombras góticas e unha rosa* (1995), para afirmar, finalmente, que “todo autor está reflectindo nas súas obras as súas contradicións ou outros aspectos da súa personalidade”.

Freire L., Lucía, “Os políticos teñen que quitar as súas sucias mans do teatro”, *El Ideal Gallego*, “Ideal Domingo”, 9 agosto 1998, pp. 4-5.

A través das diversas preguntas realizadas a Manuel Lourenzo, coñecémo-la súa opinión verbo do cambio experimentado polo teatro galego dende o ano 1978, no que, segundo di, non só xorden novas compañías, senón que vemos variacións no tocante á funcionalidade do teatro. Sinala que entende o apoio político como “apropiación indebida da función teatral”, aínda que considera necesario o apoio económico das institucións, que no caso de Galicia estima mal xestionadas, como está acontecendo coa representación de Valle. Finalmente, refírese ós receptores actuais de teatro e ós cambios producidos segundo as xeracións.

Fuentes, Begoña, “Se habla bastante gallego, aunque podría utilizarse más”, *El Ideal Gallego*, “Ideal Domingo”, 26 abril 1998, pp. 4-5.

Repasa Antón Fraguas a súa traxectoria vital e intelectual, ademais de recorda-la súa amizade con Castelao e a súa dedicación ó estudio da etnografía, do folclore e da prehistoria galega, dende o principio, á beira de Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas, ata a actualidade, na que é membro da RAG e director do Museo do Pobo Galego. Conta os problemas que sufriu na épcoa franquista, tanto a nivel persoal coma profesional, e insiste na importancia á hora de elixi-lo uso da lingua galega. Finaliza animando os novos investigadores a “seguir en la lucha”.

G. M., “El pasado y el presente de la emigración gallega requieren de un trabajo de investigación”, *Galicia en el Mundo*, nº 271, 8-14 xuño 1998, p. 18.

Conversa con Graciela Adriana Alba Burgos, directora do Centro de Documentación da Emigración Gallega, na que fala do motivo polo que se creou no 1996 este centro, do traballo realizado nel e da importancia da investigación da emigración galega. Explica a metodoloxía que empregan para a elaboración dos arquivos de prensa e fotografía, ademais de indica-lo tipo de información que se pode atopar no arquivo de documentos e no informatizado. Tamén alude ás actividades inmediatas que realizarán e ós planos futuros deste centro.

G. V., “Moito Amancio”, *O Correo Galego*, “Galicia Vacacións”, 23 xullo 1998, p. 18.

Conversa con Amancio Prada cando remata de saca-lo seu novo disco, *Tres poetas en el Círculo*, no que se atopan diversos poemas cantados de Álvaro Cunqueiro, Federico García Lorca e Agustín García Calvo. Destaca o artista a novidade de ser un disco gravado en directo e dá a súa opinión sobre a poesía de Cunqueiro, destacando a traducción que fixo ó galego do poema “Danza da lúa en Santiago”, de Lorca. Fala tamén da súa “relación emocional e musical” con Galicia “a través dos seus poetas” e lembra o seu primeiro encontro con Darío Xohán Cabana. Sinala a transcendencia que acadou “Adios ríos” ó cabo dos anos, ademais de defini-lo que entende por poesía cantada e afirmar que tódalas cancións son poesía.

Gago Mariño, Manuel, “A vida é unha historia que nós mesmos escribimos”,

O Correo Galego, “Lecer”, 2 agosto 1998, pp. XII-XIII.

A escritora Marilar Aleixandre responde nestas liñas a diversas preguntas sobre a súa literatura e a súa vida. Sinala que lle gusta transforma-la realidade en imaxinación cando ambienta os seus libros, cousa que fixo con Santiago e Vigo, e comenta o carácter dalgúns personaxes das súas obras, chegando a afirmar que neles pretende reflecti-las complicacións da vida ou as dificultades para asumi-las propias vivencias. Refírese á súa inclusión como escritora no Batallón Literario da Costa da Morte e indica que neste grupo se vive un ambiente estimulante para a creación. Contesta tamén a cuestións sobre a súa vida en Madrid e a posterior adopción da lingua galega. Nun recadro final móstrase crítica co estilo dos medios de comunicación actuais e defende o valor da literatura.

_____, “A soidade foi a que me fixo rebelde”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 agosto 1998, p. XII-XIII.

A poetisa Xaquina Torres fala do seu último libro *Compostela e as camelias*, ademais de sinala-lo que sente ó escribir poesía e as razóns que a levaron a empregar este xénero literario. Lembra o tempo pasado e, ó longo dos seus recordos, fala da súa familia, de Castelao, do seu encontro con Federico García Lorca, dos seus anos como profesora e do seus comezos de escritora en galego. Tamén reflexiona sobre a literatura galega actual, sinalando que a xente estaba mellor preparada antes da guerra e que agora “hai moito criticón”. Aclara o significado do termo galeguista e o que entende ela por amizade, para rematar afirmando, que aínda existen grandes figuras como Alonso Montero e Dora Vázquez.

García Lorente, Eugenia, “La Feria del Libro está siendo un éxito”, *Diario de Pontevedra*, 21 agosto 1998, p. 8.

Entrevista con Jaime Corral, director da Feira do Libro de Pontevedra, na que reflexiona sobre as características da feira, que nesta edición está contando cun grande éxito, e sobre a situación da literatura galega na actualidade. Entre os libros galegos máis vendidos, destaca *O lapis do carpinteiro* e *¿Que me queres, amor?* (1995), ámbolos dous de Manuel Rivas; *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro e a colección de libros que se editou con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, dedicado ós tres trobadores medievais, Xoán de Cangas, Mendiño e Martín Codax. Por último, afirma que se está a producir un incremento considerable na producción de literatura infantil e xuvenil en lingua galega.

García Machuca, Carlos, “É un bo momento para o teatro galego, pero ninguén o sabe”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 41, 24 xaneiro 1998, p. 7.

Xulio Lago, director da compañía Teatro do Atlántico da Coruña, comenta os principais atractivos que atopa no teatro de García Lorca e que o feito de representa-la súa obra *Amor de Don Perlimpín con Belisa no xardín* (1997), no centenario do seu nacemento, foi unha casualidade. Sinala a boa traducción desta obra ó galego, feita por Xosé Manuel Pazos, e o ben que foi recibida polo público. Define o espectador galego de teatro e mostra a razón pola que non triunfan tanto as nosas compañías coma as de fóra, ademais de opinar sobre o funcionamento actual do Centro Dramático e a existencia dunha crise nos dramaturgos galegos. Apunta que en Galicia é necesario que se “considere o teatro como parte da súa expresión e da súa vida” e que é satisfactorio que alguén da profesión leve un premio, como o caso este ano de Manuel Lorenzo. Salienta, por último, a dificultade que hai hoxe en día de representar obras nos grandes teatros de Galicia.

Gil, Francisco J., “La creación es un trabajo que requiere soledad”, *Faro de Vigo*, 22 febreiro 1998, p. 52.

Co gallo da publicación de *O cazador de libros* (1997) e da versión castelá de *Luz de mediodía*, obra gañadora do Premio da Crítica Española, o autor dos dous poemarios, Ramiro Fonte, comenta a temática, o ritmo, a rima e a ironía presentes no seu primeiro poemario, ademais de informar dos diferentes xéneros nos que traballou. Ó falar de *O cazador de libros* (1997), sinala os cambios que hai na súa liña poética e comenta que este libro pode representar unha ruptura coas vangardas. Fala tamén da relación coa súa xeración e do tipo de lectorado que gozará máis desta obra, para concluír indicando, que se trata dunha “serie de poemas que iban saliendo de mí y que necesitaban un cauce de expresión completamente diferente”.

I. R., “Los marxistas vamos a atravesar el desierto durante mucho tiempo”, *Faro de Vigo*, 21 agosto 1998, p. 18.

Charla con Xesús Alonso Montero na que se fala do fracasado futuro dos marxistas, da dificultade de que os xoves fagan unha lectura crítica, ó educar máis a televisión que as facultades, e do medo da xente a autodenominarse roxos polas futuras represalias. Reflexiona sobre a situación actual das letras galegas, o emprego do galego en diversos medios, a desgaleguización no ámbito rural e o modelo social e cultural que quere implanta-lo BNG. Declara, por último, que o bilingüismo harmónico “es una frase bonita que sacaron los de la Xunta de Galicia” e que “no existe ninguna sociedad en la que en la práctica se haya dado”.

Leis, Iván, “Temos que seguir loitando, non se pode borrar a historia”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 49, 21 marzo1998, p. 6.

Revela Bernardino Graña que o seu poema “Luz de novembro”, que dá título ó seu novo poemario, foi escrito a noite que morreu Franco e que o agochou pola censura. Sinala que nesta obra se recollen tanto vellas coma novas creacións e, que a divide en “Quintana dos mortos” e en “Quintana dos vivos”, porque primeiro quere mostra-la escuridade e a opresión franquista e despois a luz. Considera que este libro supón “unha resistencia e un afán de manter viva a memoria”, para rematar indicando, que o oficio de poeta é duro, que paga a pena escribir aínda que hai que posuír unha enorme fe e ilusión e que a poesía galega ten valores moi claros e consolidados.

_____, “Escribimos para quen queira face-lo esforzo da lectura”, Faro de Vigo, *“El Sábado”*, nº 56, 16 maio 1998, p. 6.

O profesor, poeta e novelista Xosé L. Méndez Ferrín confésase un home da cultura e un home da política, pois os artistas manifféstanse tanto no ámbito político coma no literario aínda que non queiran. Fala do sentido que lle dá el á literatura, de que o proceso de escritura que emprega nun poema, nunha novela ou nun artigo é o mesmo e de cómo se cambia a voz segundo o destinatario. Reflexiona sobre os destinatarios, é dicir, para quen escriben os escritores, sobre a cultura galega, que recoñece nun momento de progreso e sobre a situación actual do nacionalismo. Finalízase recordando a traxectoria política do escritor e as verbas deste sobre o tema.

_____, “Co futbolín só saquei ganacias en Guatemala”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 56, 16 maio 1998, p. 6.

Fala Alexandre Finisterre do xogo que el inventou, o futbolín, ofrecéndose a seguir, uns datos sobre a súa biografía, a través dos cales se resalta o seu labor de escritor e editor ó exiliarse en México, a persecución á que foi sometido polo seu compromiso coa cultura e o seu nomeamento como correspondente da Academia Galega.

López, Edith, “El teatro es mi droga”, *La Voz de Galicia,* 5 setembro 1998, p. 34.

Salienta, a actriz Fefa Noya, a dificultade de compaxina-los seus estudios en filoloxía co teatro, ademais de lembrar que o seu “primeiro papel “serio” fora en *Xardín de Outono*. A continuación, destaca a súa participación en dúas agrupacións teatrais, os papeis que representou ata o de agora e algúns dos proxectos de próxima realización.

López, Siro, “Dóeme a dor humana e non poder facer nada por evitala”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de La Voz”, 19 abril 1998, p. 5.

Xosé Neira Vilas reflexiona sobre a influencia da idade e da evolución persoal no quefacer literario. Refírese á súa vida dende a infancia e xuventude en Galicia ata o Doutorado *Honoris Causa* pola Universidade da Coruña, pasando polas súas estadías bonaerense e cubana. Destaca as súas preocupacións sociais, principalmente as referidas á emigración, e o impulso que deu ó estudio da lingua e a literatura galegas en diferentes estados da órbita comunista. Remata prometendo voltar ó relato breve e, posiblemente, á lírica, relegando así os temas sociais que o ocuparon ultimamente.

Luca, G., “Rusos e galegos parecémonos no sentido do humor”, *A Nosa Terra*, nº 834, “Guieiro Cultural”, 11 xuño 1998, p. 34.

Alexandra Koss, filóloga da Universidade de Leningrado, comenta quen lle propuxo a idea de dirixi-la traducción ó galego da escolma do conto ruso do século XIX, que vén de editar Ir Indo. Fala dos textos de Puxquin, Gógol, Lérmontov, Turquénev, Dostoieski e Tolstoi que aparecen nesta tradución e nomea as persoas da Universidade de Vigo que colaboraron neste proxecto. Fala do traballo que realiza un traductor, das diferencias lingüísticas e culturais entre as dúas culturas á hora de traducir e da escrita do autor ruso Puxquin. Recorda o éxito que tivo a traducción que fixo da obra narrativa de Cunqueiro ó ruso e a súa participación na antoloxía bilingüe do *Cancioneiro*, para concluír, referíndose ás relacións entre as universidades rusas e galegas.

Malvar, Aníbal C., “Sigo sendo reticente ao movemento bravú”, *El Mundo. Galicia*, 1 febreiro 1998, p. 7.

Conversa co escritor e músico Manuel Seixas, con motivo da edición do disco *A velocidade do frío*, que recibe o mesmo título que a novela que publicara en 1996. Expón a razón pola que decidiu pórlle ese título ó traballo discográfico e sinala que “a idea de face-lo disco é posterior a escrita da novela”. Refírese ó proceso de elaboración do disco e resalta que existen semellanzas e diferencias entre este traballo e o que leva feito co grupo musical Korosi Dansa. Manifesta tamén a súa opinión sobre o movemento bravú e a revista *Bravú.*

_____, “A Xunta non nos trata como un instrumento decorativo”, *El Mundo. Galicia*, 16 febreiro 1998, p. 7.

Carlos Casares, na súa condición de presidente do Consello da Cultura Galega, di que non existe “ningún problema coas autoridades económicas para ter no futuro máis presuposto”. Pensa que é preciso facer “un diagnóstico, un estudio sistemático da cultura galega en todos os ámbitos” e destaca a dificultade de abri-lo CCG á sociedade. A continuación, referíndose a algunhas decisións e proxectos culturais da Xunta nos que non se tivo en conta á Institución por el presidida, responde Casares que “non está establecido que a Xunta nos teña que consultar a súa política cultural”.

_____, “Las academias de la lengua no son nunca inmovilistas, y la gallega menos”, *El Mundo. Galicia*, 29 xuño 1998, pp. 6-7.

Domingo García-Sabell anuncia a próxima publicación de diversos traballos como o cuarto tomo dos seus artigos xornalísticos, o terceiro dos ensaios e un libro sobre Nóvoa Santos. Afirma que o literato actual forma parte da realidade e que esta a reflicte na prensa galega. Considera que o galego mudou en vinte anos a súa consideración social e cualifica o seu futuro de esplendoroso, tendo en conta a alta actividade literaria actual. Sen entrar en polémicas, opina que a Real Academia Galega non é inmovilista e que os intelectuais actuais se moven polo comercio e carecen de personalidade humana en contraposición con figuras pasadas. Estima en 25.000 os títulos da súa biblioteca persoal.

Mallo, A., “El pintor Leopoldo Novoa rendirá un homenaje a Rosalía de Castro en París”, *El Correo Gallego*, 14 xuño 1998, p. 14.

O pintor Leopoldo Novoa desvela a maneira na que xurdiu a idea de facer unha homenaxe gráfica-literaria á poetisa Rosalía de Castro en París. Afirma que a parte gráfica consta de seis gravados feitos por el e que a literaria a realizou o crítico de arte e poeta francés, Jean Clarence Lambert. Destaca a selección de cadros que fixo para o festival irlandés de Galway e a súa exposición en Montevideo, ademais de explica-la razón pola que non acabou os murais que empezou en Uruguay e na Coruña e citar algúns dos seus proxectos inmediatos.

Mauleón, Amalia, “Creo en las ratas de alcantarilla más que en las de biblioteca”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº63, 11 xullo 1998, p. 1.

Salienta Isidro Novo a súa “imaxinación desbordante”, o seu pasado como taberneiro e a súa afección ás novelas do Oeste, ademais de cita-los títulos das súas obras e o premio que recibiu no 1992. Fala da dificultade de vivir unicamente como escritor, da maneira coa que suple as súas lagoas culturais e da súa consideración sobre a inspiración á hora de escribir. A continuación, refírese ó nexo dos oito relatos que compoñen a súa obra *Carne de can* (1997) e defíne o seu libro *Por unha presa de machacantes* (1996), como unha “transgresión de la novela del Oeste”. Informa dos próximos proxectos que ten pensado, entre os que están a publicación dun novo libro de relatos e a elaboración dun para nenos.

_____, “Confío en las batallas que se ganan despacio”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 66, 1 agosto 1998, p. 4.

Otilia Seijas expón a razón pola que decidiu escribir, as causas que a levaron a publicar *Ninguén suspira por ela* (1996) en galego e os temas máis salientables de *Viudas de vivos*. Comenta a presencia da defensa da muller na súa literatura, ademais de opinar sobre a situación actual das mulleres e o labor que está a realizar a Xunta de Galicia ó respecto. Por último, define o que será a súa sexta obra, *Esto era y no era*, que recolle unha serie de contos infantís e xuvenís “diferentes entre si”, de entre os que destaca a súa predilección por un deles, “El jardín de Mariela”.

Méndez, Carlos, “Letras galegas de man húngara”, *O Correo Galego*, 11 xullo 1998, p. 39.

Lajos Asztalos, traductor ó húngaro de contos populares galegos e de poemas de autores como Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel ou X. L. Méndez Ferrín, responde a varias preguntas relacionadas co seu interese por Galicia, polo galego e sobre o seu labor como traductor. Cita os nomes dos autores galegos que ata o de agora traduciu ó húngaro e a traducción que está a realizar dun dos clásicos húngaros ó galego. Reflexiona tamén sobre a situación actual da nosa lingua e achega algunhas ideas para fomenta-lo seu uso, para concluír explicando, unha das principais diferencias actuais da situación dos galegos e dos húngaros.

Mirás, Roberto Carlos, “Poesía viva”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 18 xaneiro 1998, p. XVI.

Charla coa poetisa Cristina Amenedo, cando está a piques de publica-lo seu libro *Ledicia* (1997), na que lembra o primeiro traballo que escribiu titulado “Hoxe cumpría corenta anos Cary Chesman” e as razóns do seu interese pola historia desta persoa. Pregúntaselle polo significado das palabras liberdade e sensibilidade na poesía, polo tipo de poesía que fai, cara a qué vai dirixida esta e se a escritura é un refuxio para os poetas. Fai certos comentarios da figura do profesor Ricardo Gullón e das súas obras, *Xesús o Galileo, unha doutrina impar* (1996) e *Ledicia*, ademais de manifesta-la súa opinión sobre os nacionalismos, a sociedade actual e o conflicto do galego-castelán cando un escritor escribe nas dúas linguas. Para rematar, comenta se se fai literatura ou non nos xornais e a razón pola que escribe sobre Auschwitz.

Monge, Raquel, “Xurxo Souto, o carnocho que chegou a estrela”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 agosto 1998, p. XVIII-XIX.

Despois dunha longa presentación de Xurxo Souto e do traballo que realizou e está a realizar na radio e na televisión, fálase do seu labor como creador literario. Admite o escritor que, tanto en *A traia e a arroutada* (1995) coma en *Fumareu* (1997), expresou o que el quería e declara que lle gusta poder falar co lectorado, unha vez que a obra xa está á venda. A continuación, aclara o significado de “carnocho”, termo que el mesmo inventou, e comenta o que entende por amizade. Sinala sentirse identificado coa nova xeración de autores españois como Ray Loriga, encantarlle a mestura da realidade e a ficción como a literatura iberoamericana e adorar a Álvaro Cunqueiro e Valle-Inclán. Afirma que a chave da vida é “apostar por ser protagonista, e o éxito é conseguilo”, ademais de sinalar que desexa escribir ata os 90 anos por se-lo que máis lle gusta. Por último, manifesta a súa opinión sobre a televisión, o fútbol e a suficiencia do apoio institucional para Galicia.

Orio, Manuel, “Cada libro escrito tiene su intrahistoria”, “Perfiles”, *Atlántico Diario*, “Perfiles”, 1 marzo 1998, p. 4.

Isaac Otero Rodríguez lembra como era a súa cidade natal, o seu barrio e os seus anos de estudiante na Universidade de Santiago. Recoñece que *O sorriso de gardel* (1987), obra coa que conseguiu o Premio Blanco Amor, é o libro ó que lle ten máis cariño e que “no es lo mismo escribir poesía que escribir un relato”. Afirma non ser un “aplicado lector” por falta de tempo e sinala o título do libro que está a ler, ademais de referirse á súa condición de home espiritual, á orixe da súa afección pola música de Gardel e á súa preferencia do mar con respecto á montaña.

P. R. M., “La literatura no es melancólica”, *Atlántico Diario*, “Sol y sombra”, 23 xullo 1998, p. 30.

Manuel Forcadela opina sobre o panorama actual da literatura galega e sobre a calidade do galego falado pola xente en xeral e os mozos en particular. Por último, desmárcase da opinión de que a literatura galega sexa meláncolica e estea condicionada pola climatoloxía.

Pallas, Beatriz, “O libro non é substituíble”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1998, p. 90.

Damián A. Villalaín, novo presidente da Asociación Galega de Editores, explica a razón pola que é preciso mante-lo prezo fixo nos libros e as consecuencias que tería a súa eliminación nas editoriais e nas librerías. Comenta que os libros galegos son máis baratos cós casteláns e a satisfacción que sente cos resultados que obtiveron ata agora, con respecto ó hábito da lectura. Fala tamén da “competencia” que fan as administracións públicas ás editoriais privadas ó facer publicacións, ademais de opinar que as novas tecnoloxías dixitais non substituirán o libro impreso e de resalta-la dificultade de introduci-lo libro galego en América.

Patiño Nogueira, Olga, “O valor da autenticidade”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 30, 16 xuño 1998, p. 7.

Logo da presentación de Álvarez Torneiro como un poeta capaz de actualiza-lo pasado e crear unha poesía “intemporal”, recóllense as súas opinións sobre o proceso de creación poética en xeral. Considera este autor que a poesía segue a ser un xénero minoritario, que debe estar en permanente evolución, e declárase partidario do traballo antes ca da inspiración, da poesía reflexiva antes ca da impulsiva e do fondo mellor ca da forma. Define este xénero literario como “unha especie de conveniencia, de vixilia, e tamén unha tentativa de comunicación...”, e fala da súa boa relación cos poetas novos, agás cos que falan de “mata-lo pai”, da unidade das súas tres últimas obras e da importancia da soidade no seu proceso creador.

Pazos, Ángeles, “Na sociedade da imaxe cada vez hai menos feridos pola letra”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 17 maio 1998, p. 48.

Conversa co profesor Xesús Alonso Montero, na que sinala que o Día das Letra Galegas se debería celebrar todos e cada un dos días do ano, porque cre que “o ser humano, para realizarse como tal, tense que por en contacto coa palabra crítica e coa palabra poética”. Considera que o neotrobadorismo aínda segue vixente e indica que se basea na “calidade” de Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax, para poder dicir que son poetas contemporáneos. Opina ademais, que na actualidade os “feridos pola letra” son cada vez menos e que o futuro da literatura galega está vencellado ó da lingua galega.

Pereira, Nonito, “La sensibilidad del artista debe apreciarla el público”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 9 agosto 1998, p. 4.

Explica o compositor Amancio Prada, con motivo da presentación do seu disco *Tres poetas en el círculo*, a razón pola que nunca gravara un disco en directo ata agora. Refírese á súa elaboración e salienta a importancia da capacidade de apreciación do público para un cantautor. Comenta tamén a poética de Cunqueiro, García Calvo e Lorca, autores ós que musicou neste traballo, en relación coa poesía doutras épocas.

Pérez, Paula, “El teatro peligra con polémicas”, *Faro de Vigo*, 29 setembro 1998, p. 46.

A directora de teatro Helena Pimenta, Premio Nacional de Teatro en 1993 que está a dirixi-la obra *La Cabeza del Bautista*, de Valle-Inclán, manifesta que os textos dos autores clásicos poden ter diferentes lecturas. Sinala a necesidade que sente de comprende-lo que di a obra para representala e define, dende o seu punto de vista, a Valle-Inclán, polo que confesa estar fascinada. Conclúe mostrando a súa opinión sobre a traducción deste autor ó galego, ademais de referirse á influencia da lingua que se emprega na posta en escena dunha obra e ás tendencias que segue agora o teatro.

Pérez Montes, Ezequiel, “Cristina Amenedo, la poesía viva de nuestro tiempo”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 1 marzo 1998, p. V.

A poetisa Cristina Amenedo salienta o contido do disco que acompaña ó seu poemario *Ledicia* (1997), no que ela mesma recita poemas en galego e castelán con acompañamento musical. Describe o que é realmente para ela esta obra e fala da acollida e da difusión que teñen os seus dous poemas en prosa, *La niña Saral* e *Jerónimo Emiliani*, en Hispanoamérica. Recoñece que non é escritora elitista, que non pensa nun público determinado ó escribir e que a mellor obra é “aquella que se realiza sin la impaciencia de un éxito inmediato”. Explica tamén a actitude que debe ter un creador literario ante a crítica e o tema do seu próximo libro, para concluír confesando, que é bilingüe en galego-castelán e o epitafio que poría na súa tumba.

Pousa, Luis, “A mí lo que me gusta es leer, reflexionar y escribir honradamente”, *El Ideal Gallego*, 25 outubro 1998, p. 49.

Por mor do seu noventa cumpreanos, Domingo García-Sabell comenta diversos acontecementos da súa traxectoria vital, como a súa actitude ante a morte, a futura publicación das súas memorias, o valor que lle concede á amizade ou os cambios que experimentou, neste tempo, a cidade da Coruña. Ademais, lembra os faladoiros de Ortega e Valle-Inclán e afirma que está ó tanto do que ocorre coa “cultura en Europa”.

_____, “Hay que romper con la globalización e ir a lo local, que tiene más personalidad”, *El Ideal Gallego*, 1 novembro 1998, p. 26.

Cando se vai cumpri-lo medio século da existencia da fábrica de cerámicas de O Castro, Isaac Díaz Pardo lembra as súas orixes, a súa evolución e o papel fundamental que nela tiveron os galegos exiliados en Buenos Aires como Dieste, Seoane, Lorenzo Varela ou Blanco Amor. Fala tamén da súa editorial, Ediciós do Castro, e dos problemas que tivo coa censura durante a dictadura, comentando, finalmente, unha anécdota na que lles chamou “reaccionarios” a Castelao e Ánxel Casal.

R. G., “Fixen unha película de misterio, que ten a Santiago como protagonista”, *La Voz de Galicia*, 4 xuño 1999, p. 38.

Suso de Toro é entrevistado a propósito do remate do guión cinematográfico da súa autoría titulado *Trece badaladas*. O autor compostelán refírese ó protagonismo da cidade de Santiago por primeira vez nunha obra súa e anuncia que, nun proceso inverso ó habitual, é probable que este guión se convirta nunha novela. Alude ademais, ó éxito de vendas de *Calzados Lola* (1997) e á preparación dun novo libro titulado *Eterno retorno*.

Regueiro, Natalia, “Unha fresca bafarada de aire celta”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 7, 6 xaneiro 1998, p. 3.

Conversa coa investigadora María Lopo, especialista no estudio do celtismo en relación coa literatura, na que explica a orixe do fenómeno da eclosión celtística, ademais de sinala-lo obxectivo e o contido do monográfico “Labirintos celtas”, que publicou no segundo número de *Unión Libre*. Afirma que a situación das literaturas célticas das Illas Británicas, tanto en lingua celta coma anglófona, é equiparable no seu inicio ó que ocorre en Bretaña entre a literatura bretona e a franco-bretona, aínda que non acadarían as dúas o mesmo peso a nivel mundial. Cualifica de alentador o momento que vive a literatura gaélica, despois do redescubrimento da literatura medieval en irlandés, e diserta sobre os trazos máis característicos do panorama galés e do escocés, a problemática de identidade destas linguas e a introducción das voces femininas e feministas nesta literatura tradicionalmente masculina. Tamén alude ó referente celta da cultura e da literatura galega, no que cita a Castelao e a Cunqueiro, ó panorama actual da literatura bretonante e ó espírito celta na obra de Jules Verne. Nas últimas cuestións, desvela a relación de Galicia cos países celtas e o motivo polo que se vencella a orixe do celtismo ó galeguismo histórico na cultura galaica.

_____, “O erotismo é unha rebelión”, *La Voz de Galicia*, 14 xuño 1998, p. 32.

Despois de enumerar algúns datos bibliográficos sobre Olga Novo, gañadora do Premio Losada Diéguez de Poesía co seu libro *Nós Nus* (1997), a entrevistadora fala coa autora sobre a “eclosión da presencia das mulleres no espacio público galego” e as repercusións que ten isto no noso contorno sociocultural. Sinala tamén a escritora os poetas e a poesía que máis a influíron e a razón pola que a obra de Claudio Rodríguez Fer ten unha significación especial, ademais de dala súa propia visión sobre o surrealismo e a influencia deste na súa poesía. Explica como conxuga a concepción da muller das súas obras coa dimensión erótica da súa estética, definindo a seguir, o erotismo.

Romero, José, “A Asociación Meigallo quere recuperar a figura do poeta Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 8 febreiro 1998, p. 20.

Recóllense as opinións de tres membros da Asociación Meigallo de Cuntis, a través das cales sinalan que a asociación naceu en 1992, motivada pola falta de movemento cultural nesta vila pontevedresa. Manifestan que consideran esencial a revitalización da cultura en Cuntis e describen as súas principais actividades: Certame Literario Blanco Torres, domingos culturais e actos nos colexios. Salienta ademais, que o seu obxectivo actual é o de conseguir que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Roberto Blanco Torres, de quen describen a súa obra literaria e indican que os seus poemas “non son froito da inspiración senón do traballo e os coñecementos asimilados”.

Rybczynski, Marga, “Cándido Pazó ten moito que contar”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O Raio Transparente”, 25 outubro 1998, pp. XVIII-XIX.

Tras presentar un perfil biográfico de Cándido Pazó, a conversa céntrase en diversos aspectos do cine e do teatro, referentes ós actores, subvencións ou posibilidades comerciais. Remata comentando os seus proxectos, entre os que figuran, a adaptación duns textos de Suso de Toro para unha montaxe teatral, que el mesmo dirixirá.

S. R., “Fole ten unha rica obra en castelán”, *El Progeso*, “Campus”, “Cara a Cara”, 18 decembro 1998, p. 35.

Luís Miguel Pedre Díaz, licenciado en Filoloxía Hispánica, explica o motivo polo que centrou a súa memoria de licenciatura no estudio da obra en castelán de Ánxel Fole. Afirma que non se lle debe restar importancia a esta producción literaria en castelán, ademais de sinalar que a busca dos contos e dos poemas foi moi laboriosa, indicando quen foi a súa principal fonte na recompilación do material mencionado. Determina a época á que se corresponden os textos estudiados, os criterios que se seguiron para a súa análise e as características máis salientables da poesía e da narrativa de Fole en castelán. Fala tamén da división temática que fixo para os poemas e da análise tipolóxica e da “análise pola súa orixe argumental” que realizou para os relatos. Indica, entre a poesía ou conto, o xénero que merece maior importancia, e comenta, finalmente, o motivo polo que existe nos textos unha amalgama de temas tan dispares e o que intenta conseguir con este estudio.

Salgueiro, J. B., “Ningún premio me vai acosar, cambiar nin moito menos matar”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 48, 14 marzo 1998, p. 8.

Entrevista a Manuel Lourenzo na que confesa non ser vanidoso e recoñece que as homenaxes adoitan ter un “sentido lapidario”. Refírese ó carácter insubmiso do teatro e séntese pesimista, característica que fai extensible á situación do teatro galego. Salienta a excesiva dependencia das subvencións e comenta a súa faceta de director, dramaturgo e actor, centrándose na satisfacción que lle produce esta última.

_____, “La familia de Valle-Inclán parte de posturas intolerantes”, *Faro de Vigo*, nº 52, *“El Sábado”*, 18 abril 1998, p. 6.

Comenta o presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, Xavier Estévez, que aínda que hai discrepancias e diversidade de opinión con respecto á polémica de Valle, confía en que non haberá desunión na profesión teatral. Sinala que polémicas de este tipo non son boas para ninguén e que a postura da asociación, paraliza-la representación das obras de Valle en castelán e pór en marcha os mecanismos legais para que, con independencia desta montaxe, se poida traducir a Valle ó galego, foi tomada por maioría e non por unanimidade. Apunta ademais, que considera compatible solicita-la paralización do proxecto e participar na montaxe de Valle en castelán ó mesmo tempo, porque os homes “estamos hechos de contradicciones”. Remata sinalando, que lle parece unha actitude fascista tomar represalias futuras contra os actores que participan no proxecto do CDG e que non depende del que este dea marcha atrás.

San Martín S., X., “Queremos probar que la cultura no aburre”, *El Correo Gallego*, 7 abril 1998, p. 6.

Ana Romaní e Carlos Blanco refírense ó esquema básico e contidos do programa, *Diario Cultural*, que conducen na Radio Galega. Resaltan a intención de demostrar con el que a cultura non é algo aburrido e comentan algunhas das diferencias que presenta con outros “espacios de radio similares”. Explican tamén cal é o oínte medio, os xeitos de participar no programa e a presencia da poesía neste espacio radiofónico.

Sesar, Gemma, “Anxo Quintela, un poeta e periodista ‘enganchado’ ós informativos da TVG”, *El Correo Gallego*, 14 febreiro 1998, p. 9.

O poeta Anxo Quintela fala dos seus primeiros contactos coa filoloxía e a literatura, ademais de facer referencia á súa primeira obra poética, *A sombra dos pabillóns* (1982), e afirmar que o título do seu segundo poemario, *O asasino estrábico* (1996), se identifica máis ben co contido dunha novela negra. Recoñece a morte e o amor como temas preferentes na súa poesía e cre que o xénero poético segue a ser minoritario. Reflexiona, finalmente, sobre o futuro da literatura e recoñece o incremento de novas voces que están a xurdir no eido da poesía.

Veiga, Manuel, “O galego que usamos os poetas xa non existe”, *A Nosa Terra*, nº 825, “Guieiro Cultural”, 8 abril 1998, p. 26.

Afirma Xavier R. Baixeras que a infancia na súa obra denota unha busca de seguridade e que é algo máis profundo que un recurso literario, aínda que tamén sostén, que ó vivir nunha época de crise de ideas e artística, o poeta pode tratar de aferrarse a algo, que é a infancia. Comenta que a Xeración dos Oitenta é froito dun cambio político que trouxo unha abertura das posibilidades formais e mostra a súa preocupación pola cuestión de que os poetas galegos se debatan entre unha lingua poética e unha realidade na que non se ven reflexados. Con respecto a isto último, puntualiza que ó poeta lle é difícil fuxir do seu idioma literario e non por unha escolla social, senón que porque é a súa ferramente de traballo. Fala da falta de comunicación entre os poetas e o lectorado, salientando que non toda a culpa está no creador, senón que o lector tampouco poderá chegar a coñecer sen esforzo. Conclúe opinando que a traducción ten moita importancia na literatura galega, cando vén de quedar finalista do Premio de Traducción a nível do estado con *Os noivos*, de Manzoni (1996), e que se fixo galeguista en Madrid con xente como Raimundo Patiño.

Vidal, Carme, “A poesia é a forza revolucionaria que nos queda”, *A Nosa Terra*, nº 814, “Guieiro Cultural”, 22 xaneiro 1998, p. 21.

Despois dun comentario da entrevistadora sobre a temática da obra *Calendario Perpetuo* (1997), de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, conversa con este sobre o emprego dos versículos e poemas en prosa nesta obra e en *O lume branco* (1991), e as experiencias da súa infancia como “fío narrativo” e tema central do libro. Tamén se refire o autor á visión circular e reiterativa do tempo cando se é pequeno, ó xogo con dobre sentido do título do poemario e á buca de claridade na súa escrita. Comenta o esforzo que precisa a lectura da poesía fronte ó empregado para a narrativa e a importancia de ser lector ademais de escritor, manifestándose logo, sobre o bo momento da poesía actual e a renovación dos oitenta con xente como Cunqueiro, Ferrín ou Arcadio López Casanova. Alude ademais, á presencia de coleccións adicadas á poesía e de recitais en grupo, ó maior interese da xuventude por este xénero e ás lecturas obrigatorias do ensino na literatura española e na galega. Ó final, mostra a súa opinión sobre o aumento do número de persoas “que se revelan contra o estado de cousas e se volven leitores de poesía”.

_____, “Francisco Pillado “A política de promoción do libro que fai a Xunta é delirante”, *A Nosa Terra*, nº 819, 26 febreiro 1998, p. 33.

A editorial Laiovento chega ó número cen da súa colección xeral, coa obra *O reiciño de Galicia* (1998), cando o seu director, Francisco Pillado, recorda o ano 1991, no que se presentou esta editorial, e que o que pretendían daquela, aínda se mantén hoxe. Fala con respecto a editorial, do labor de traducción de textos ó galego, dos sete títulos sobre o nacionalismo publicados ata agora e da súa aposta polo teatro tanto na creación coma na investigación. Engade ademais, que respectan a opción lingüistica de cada autor, ó non existir “unha normativa de consenso”, e cita algúns dos autores e libros que non se terían publicado se implantasen “a ditadura da narrativa”. Ó preguntarlle se na colección “Vento do Sul” apostan polo achegamento á cultura portuguesa, remarca o descoñecemento que hai en Galicia desta cultura e tamén en Portugal da nosa. Afirma, por último, que o índice de lectorado no xénero do ensaio é pésimo, ademais de expo-las causas disto.

_____, “A ruptura de hoxe, poderia ser a de devolver á claridade e á tradición”, *A Nosa Terra*, nº 819, “Guieiro Cultural”, 26 febreiro 1998, p. 30.

Fala o escritor Ramiro Fonte das razóns polas que titulou o seu poemario *Cazador de libros* (1997), da homenaxe que fai nesta obra ós poetas modernos e á tradición literaria galega e a razón pola que intenta reinvindicar nela a autores galegos como Rosalía de Castro, Murguía ou Curros. Describe o ritmo, rima e poesía do poemario, ademais de explica-lo que é un cazador de libros. Alén disto, desvela as tendencias que segue a poesía actual, a relación afectiva que establece cos seus poemas e cal é o mellor lectorado de poesía. Define ó poeta como un “facedor de versos” e salienta que estes versos non poden ser traducidos ó ter “muras galegas", para concluír manifestando, que a poesía “está destinada a viver na memoria da xente”.

_____, “O Centro Ramón Piñeiro criouse cando o Instituto da Língua rexeitou depender da Consellaria”, *A Nosa Terra*, nº 824, 2 abril 1998, p. 9.

Ademais de referirse á política lingüística, ó perigo da desaparición da lingua e ó bilinguismo harmónico “de Fraga”, entre outros aspectos relacionados coa lingua galega, sinala Henrique Monteagudo que é un “disparate” que sexa o CDG quen se embarque nese proxecto de representar a Valle-Inclán en castelán. Comenta ademais que se fixo unha política errática cando se instituíron organismos coas funcións que lle correspondían á Academia, habendo así organismos que se solapan, como é o caso do Centro Ramón Piñeiro, que se creou “cando o Instituto da Língua rexeitou a proposta de deixar de ser universitário e pasar a depender directamente da Consellaria”.

_____, “Se non existise o nacionalismo a nosa literatura desapareceria”, *A Nosa Terra*, nº 831, “Guieiro Cultural”, 21 maio 1998, p. 30.

Afirma Lois Diéguez que a pesar de centra-la súa novela *Henriqueta na galería* (1997) na cidade de Lugo, ó igual que as dúas obras anteriores, polos aspectos psicolóxicos e humanos podería situarse noutra cidade. Comenta as características da triloxía composta por esta novela, *Monólogos do espello* (1993) e *Tres sombras góticas e unha rosa* (1995), e desvela as cualidades da personaxe de Henriqueta, ademais de indica-la razón pola que escolle unha muller maior como fío conductor dos tres libros e a mestura que fai de personaxes máxicos con reais tirados dos xornais. Manifesta a súa opinión sobre o momento actual da narrativa, a variedade de xéneros que se publican hoxe en día e o negativo que é a copia doutras literaturas. Sinala tamén, que o compromiso dun escritor “ten que ser coa súa sociedade, co país e coa língua na que escribe” e non coa política, e o tipo de influencia que exerce a política da Xunta na cultura. Crítica as listas negras de escritores e a promoción dos autores por parte desta Institución, para rematar falando da relación do nacionalismo coa literatura galega.

_____, “O soneto é tan actual como o verso libre”, *A Nosa Terra*, nº 833, “Guieiro Cultural”, 4 xuño 1998, p. 26.

Charla con Miro Villar, que vén de publicar *Equinoccio de primavera* (1998), galardoado cun Accésit do Premio Esquío, e de traducir a nove linguas distintas, *Abecedario da desolación* (1997), despois de ter gañado a primeira edición do Premio Tívoli-Europa. Este escritor revela que *Abecedario da desolación* tivo “maior recoñecemento fóra que na Galicia” e que á hora de publicala, a pesar de ser finalista do Premio Martín Codax, recibiu continuas negativas de varios editores, ata que Fernán Vello accedeu a editala. Fala da estructura en forma de abecedario do poemario, onde “cada letra parte dun dos meus poetas amados”, da razón pola que dos vintecinco poetas citados nel ningún é galego, da importancia de ser lector antes que poeta e do feito de “dialogar coa poesia de todo o mundo e de todas as épocas”. Afirma non querer traslucir nos seus poemas as causas coas que está comprometido e explica o motivo polo que reinvindica o soneto na súa obra, ademais de referirse á dedicatoria de *42 décimas de febre*, no que fai unha defensa desta estrofa. Tamén fala da poesía actual e sinala o obxetivo que procura coa súa participación nas plataformas, destacando a dinamización da poesía gracias ó Batallón Literario da Costa da Morte.

_____, “Preparo un libro de poesia-protesta provocado pola leitura dos xornais”, *A Nosa Terra*, nº 834, “Guieiro Cultural”, 11 xuño 1998, p. 33.

Recorda a poetisa Mª do Carme Kruckenberg que, as catro primeiras mulleres que escribiron despois do ano 36, foron Pura Vázquez, Xohana Torres, Luz Pozo e ela. Sinala o nome dos autores que lle serviron de referente e lembra os seus comezos, salientado o seu primeiro libro, *Cantigas do vento* (1956). Comenta a orixe da súa afección pola lírica galego-portuguesa dos séculos XII ó XIV, gracias á que fala hoxe galego, ademais de explica-las razóns polas que emprega as formas poéticas da cantiga popular dende os anos 40 e afirmar que escribe para ser entendida e non para ser lida só por unha minoría. Amosa o seu interese por recita-los poemas dos denominados poetas dos anos corenta e cincuenta e confesa o que buscaban os poetas dos corenta, grupo no que se inclúe. Tamén alude á situación na que estaba a cultura e a poesía na época da dictadura, á razón pola que quere facer un libro de poesía-protesta e ó seu rexeitamento de que o alumnado aprenda de memoria os poemas sen entendelos.

_____, “O nacionalismo empeza a producir a mesma ilusión que habia na República”, *A Nosa Terra*, nº 839, 16 xullo 1998, p. 9.

Menciona Lois Tobío, presidente do Seminario de Estudos Galegos, a razón pola que doou á Fundación Penzol a carta que Rosalía lle mandara ó seu pai. Lembra varias etapas deste Seminario e algúns dos traballos que nel se realizaron, así como o momento no que lle propuxeron a súa presidencia honoraria, cando Isaac Díaz Pardo quería reconstruílo. Define a Roberto Blanco Torres como un “xornalista formidable, todos seguiamos a súa actividade con moito interese”, aínda que sinala que non pertencía á Institución citada, que desaparecería coa dictadura do Xeneral Franco, por ser un “organismo separatista”. Expón as razóns polas que se lle conferiu tal adxectivo e fai certas consideracións sobre un anteproxecto teórico do Estatuto que chegaron a redactar. Comenta a situación actual do galeguismo, o papel do BNG ó estar “actuando dentro da liña do Partido Galeguista”, a etapa do Galeuzca e a recuperación da ilusión que tiñan no tempo do PG. Finaliza referíndose ó seu labor na traducción.

_____, “Son unha escritora incómoda”, *A Nosa Terra*, nº 853, “Guieiro Cultural”, 22 outubro 1998, p. 9.

Con motivo da homenaxe recibida por Mª Xosé Queizán, por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, fálase con ela extensamente do feminismo e das súas conquistas sociais, da escrita feminina e da maior presencia de mulleres na poesía que noutros xéneros, así como, da polémica xurdida pola súa análise da misoxinia e o racismo en Pondal.

Vilar, Olga, “Francisco Álvarez ‘Koki’ sinala que ‘a poesía é a irmá asoballada da literatura”, *El Correo Galego/O Correo Galego*, 12 agosto 1998, p. 12/p. 38.

A entrevistadora pon de relevo a satisfacción que sente o poeta, nado en Galicia no 1957, por escribir en galego en Nova York, cidade na que leva vivindo 14 anos. Resalta Francisco Álvarez “Koki” como conseguiu que lle publicasen os seus libros e a razón pola que a maior parte da súa obra é poesía amorosa, a pesar de que tamén escribira poesía social: *Máis aló de Fisterre* (1989), *Lexanías* (1980), *Soliloquios de silencio* (1982) e *Sombra de luna*. Sinala a dificultade que existe actualmente para publicar libros de poesía e a pena e rabia que sente ó ver como os neoiorquinos confunden o galego co portugués. Finaliza a conversa coa enumeración das diferentes actividades que realizou nestes anos e os proxectos que tentará facer a curto prazo.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. A., “El Club de Lectura de la Biblioteca analizó el libro ‘Xente ao lonxe’”, *Diario de Pontevedra*, 22 xaneiro 1998, p. 18.

Fai referencia a unha nova sesión da tertulia literaria organizada polo Club de Lectura da Biblioteca de Bueu, na que se analizou a obra de Eduardo Blanco Amor, *Xente ao lonxe* (1972). Dá conta tamén do libro elixido para a próxima sesión, *Una soledad demasiado ruidosa*, do escritor checo Bohumil Hrabal.

A. B., “Galaxia lanza unha nova colección para promociona-los autores noveles”, *O Correo Galego*, 12 febreiro 1998, p. 41.

Noticia que se fai eco da presentación da nova colección de Galaxia, titulada “Descuberta” creada co obxectivo de “promociona-los autores noveles”. Informa de que o acto tivo lugar en Vigo e cita os tres libros e os autores con que inicia a súa andaina.

_____, “Pontеareas inaugura la feria del libro”, *Atlántico Diario*, 12 xuño 1998, p. 18.

Informa brevemente da celebración da primeira Feria do Libro na vila de Ponteareas, que tivo lugar entre os días 12 e 15 de xullo. Sinala que na Feira se desenvolverán diferentes actividades culturais e que está organizada pola Consellería de Cultura, Federación de Libreiros de Galicia e o Concello da vila do Tea, coa colaboración da Asociación Galega de Editores.

A. C., “Unha profesora francesa divulga la Celanova de Celso Emilio Ferreiro”, *La Región*, 14 maio 1998, p. 17.

Noticia referida á iniciativa dunha mestra de Bande afincada en Francia, Emérita Feijóo, quen se desprazou cos seus alumnos a Celanova para ensinarlle-la vila onde viviu e escribiu o poeta. Saliéntase o interese da mestra pola obra de Celso Emilio, que a levou a face-la súa tese sobre *Onde o mundo se chama Celanova* (1975).

_____, “Unha ofrenda floral rendirá homenaje a Antón Risco”, *La Región*, 15 maio 1998, p. 40.

Breve nota que anuncia a homenaxe póstuma a Antón Risco, a cargo da Fundación Vicente Risco en Allariz.

_____, “Mañana se clausura la Feira do Libro”, *Atlántico Diario*, 9 xullo 1998, p. 11.

Refírese á Feira do Libro en Vigo e ofrece unha análise valorativa do que foi este ano. Comeza salientando as palabras de Agustín Fernández Paz, encargado de le-lo pregón de inauguración, o cal destacou, entre outras cousas, que “la literatura gallega se encuentra en uno de sus mejores momentos”. A continuación, fai referencia ó gran número de visitantes que se achegaron á Feira e ás recadacións conseguidas polas distintas librerías. Finalmente, destaca o feito de que este ano a Feira do Libro teña coincidido en Vigo coa Feira do Libro de Galicia.

A. C. M., “Incinerados en Vigo os restos mortais do escritor Antón Risco”,

El Mundo. Galicia, 9 febreiro 1998, p. 7.

Comeza referíndose á morte de Antón Risco e anuncia a incineración dos seus restos mortais, ademais de salienta-lo seu labor filolóxico e cita-los premios que acadou como o Premio Torrente Ballester de Narrativa, do que quedou finalista, e o Premio da Crítica en 1986, pola obra *Memorias dun emigrante*. Tamén se destaca o seu labor como investigador de autores como Valle-Inclán, Azorín e do seu propio pai, coa publicación *La obra narrativa de Vicente Risco* (1987). Repásanse, así mesmo, as súas publicacións en castelán como foron *El terrorista* e *El círculo vicioso*.

_____, “Galicia participa esta semana na Feira do Libro de Bos Aires”,

El Mundo. Galicia, 12 abril 1998, p. 7.

Informa da participación da Consellería de Cultura na Feira do libro de Buenos Aires, entre o 14 de abril e o 4 de maio, na que se presentarán libros editados en Galicia, tanto por editoriais privadas como pola Xunta de Galicia. Recolle, a seguir, a opinión de Xavier Alcalá, ausente por vez primeira na Feira, quen considera que o maior problema é que os libros non estean á venda na exposición e a nula incidencia de libros traducidos no noso país.

_____, “Xavier Alcalá presenta su “Código Morse” en la Feria de Madrid,

El Mundo. Galicia, 5 xullo 1998, p. 7.

Refírese á presentación, na feira do libro de Madrid, da obra de Xavier Alcalá, *Código Morse* (1996), que foi traducida ó castelán por Pablo González. Coméntase a temática do libro e saliéntase que Xavier Alcalá “rompe la barrera de la traducción después de 25 años de actividad literaria en Galicia”.

_____, “El CDG estrena a Valle bajo la amenaza de cacerolada”, *El Mundo. Galicia*, 16 outubro 1998, p. 2.

Anuncia a previsión de protestas no día da estrea da tetraloxía das obras de Valle-Inclán en castelán, por parte do Centro Dramático Galego. Recóllese a opinión de Manuel Guede, director do CDG, quen alude ás dificultades da montaxe e ó carácter rompedor desta “proposta conxunta”. Lémbrase tamén a oposición ó proxecto dunha boa parte de directores e actores galegos.

_____, “As relacións entre plástica e literatura centran o ‘Galeuzca”, *El Mundo. Galicia*, 7 novembro 1998, p. 9.

Comenta que se está a celebrar en Santiago o décimo quinto congreso de Galeuzca, o cal foi inaugurado polo escritor Xavier Seoane, quen aludiu ás relacións entre as distintas artes, particularmente, a literatura e a plástica. Sinala que Galeuzca de editores funciona de xeito áxil, sobre todo nos ámbitos de literatura infantil e xuvenil, sendo menor a súa actuación no caso da literatura adulta. Recolle ademais, a opinión de Isaac Díaz Pardo, que impartirá neste congreso unha charla de arte e literatura antes da Guerra Civil, sobre os acordos de actuación conxunta de Galeuzca. Nunha nota á parte, anuncia a creación do Premio Abril de Literatura Infantil e Xuvenil e a realización doutros actos nesta xuntanza.

A. D., “Fallece en Vigo el escritor Antón Risco”, *La Región*, 8 febreiro 1998, p. 12.

Dáse noticia do falecemento de Antón Risco e cita algunhas das persoas que estiveron presentes no tanatorio como Bernardino Graña ou Anxo Quintana. A seguir, faise un breve percorrido pola súa vida e obra, salientándose o cumprimento do último desexo de Antón Risco, a súa incineración e esparexemento das cinzas nos ríos Arnoia , Miño e Garonne.

A. E., “A velocidade do frio, de libro a disco”, *A Nosa Terra*, nº 813, “Guieiro Cultural”, 15 xaneiro 1998, p. 25.

Fai referencia á edición do disco *A Velocidade do frío*, que partiu dunha iniciativa de Manuel Seixas e no que se recollen fragmentos da súa obra do mesmo título, que, á súa vez, están acompañados pola música da súa autoría e a participación de varios músicos como Carlos Castro, Alfonso Frasco ou César Morais. Cita algúns dos fragmentos que se recollen da novela para o disco e nomea os autores e autoras que colaboran neste experimento: Ana Romaní, Carlos Blanco, Quico Cadaval, Lino Braxe ou Josito Porto.

_____, “A Fundación Luís Seoane desmente o nomeamento do seu director”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1998, p. 45.

Informa da falsidade dunha noticia difundida nos medios de comunicación galegos, na que se indicaba que Antonio Garrido fora designado presidente da Fundación Luís Seoane. Segundo os integrantes desta Institución, a nota foi enviada por fax por un descoñecido empregando papel coa cabeceira da Fundación.

_____, “A Fundación que presidía Antón Risco publicaralle postumamente varias obras”, *O Correo Galego*, 9 febreiro 1998, p. 17.

Despois de lembra-lo falecemento do escritor e anuncia-lo esparexemento das súas cinzas no río Arnoia, Miño e Garonne, céntrase nalgunha cuestión relacionada co seu labor literario como a publicación da *Antoloxía da literatura fantástica* (1991) en lingua galega. Tamén se refire á última edición do Premio "Torrente Ballester", do que quedou finalista coa obra *Fillos do río* (?), e anuncia a próxima publicación dalgunhas obras inéditas. Salienta, finalmente, o seu labor investigador de autores como Valle–Inclán ou o propio Vicente Risco.

_____, “A falta dunha épica do mar, a gran frustación da literatura galega”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 marzo 1998, p. 45.

Refírese ás xornadas “Os Narradores e o mar”, organizadas na capital lusa pola Comisaría Española na Expo de Lisboa, centrándose na intervención de Carlos Casares na mesa redonda titulada “Contos do mar”, quen puxo de relevo a relación de Ernest Hemingway con Galicia e co mar. Recolle tamén a súa opinión repecto á literatura galega en xeral, da que considera que ten dúas grandes frustacións: a usencia dunha épica da emigración e doutra épica do mar.

_____, “Aurora Marco: “A RAE ofrece un discurso antisocial sobre as mulleres”, *O Correo Galego*, 7 marzo 1998, p. 32.

Informa da intervención da profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Aurora Marco, nunha conferencia que pronunciou na Facultade de Educación da Universidade de Estremadura, con motivo do Día Internacional da Muller. A seguir, ofrécese un breve resumo do labor que Aurora Marco, membro do grupo Norma (Comisión Asesora sobre Linguaxe do Instituto Nacional da Muller) está a levar a cabo. Trátase dun estudio detallado sobre a imaxe que se transmite da muller na última edición do *Diccionario da Real Academia de la Lengua Española* (1992) e que consiste na análise das voces seleccionadas, dos exemplos empregados, das definicións relacionadas coa muller, etc.

A. F., “El Centro Portugués lleva la cultura gallega a la ciudad lusa de Tomar”, *Atlántico Diario*, 20 maio 1998, p. 11.

Nota que alude á presentación das primeiras xornadas de cultura galega na cidade lusa de Tomar, postas en marcha pola iniciativa do Centro Portugués de Vigo, o Colexio de Aparelladores da provincia e a Asociación de Amigos dos Pazos. Informa que as sesións, que se realizarán entre o 22 e o 30 de maio, teñen como obxectivo achegar a galegos e portugueses e que consistirán en conferencias, actuacións musicais e de danza e exposicións de pintura, escultura e fotografía. Tamén apunta que nelas participarán Antón Pulido, María do Carmo Henríquez, Iñigo Cuíñas, Luís García Mañá, Carlos González Príncipe, Eugenio Eiroa, Manuel Vidal Villaverde, Anxo Angueira e Alexandre Banhos.

AGN, “Carlos Casares destaca en el Club de Prensa la relación de Ernest Hemingway con Galicia”, *La Región*, 14 xaneiro 1998, p. 76.

Infórmase da inauguración do ciclo de conferencias “Comunicación y sociedad: el umbral del nuevo milenio”, que tivo lugar no Club Internacional de Prensa de Galicia. Déstacase a intervención do autor Carlos Casares, quen salientou a relación que existiu entre Ernest Hemingway e Galicia, “país que conoció y amó”. Asegúrase ademais, que na súa mellor novela, *El viejo y el mar*, “quedan vestigios de la estancia del escritor en Galicia”.

_____, “Neira Vilas será investido doctor Honoris Causa por la Universidade de A Coruña”, *Diario de Pontevedra*, 16 xaneiro 1998, p. 26.

Entre outras informacións, destácase a investidura como doutor *honoris causa* do escritor Neira Vilas pola Universidade da Coruña. Cítanse tamén algunhas das autoridades que estiveron presentes no acto, como Armando Hart Davalos, ministro de cultura de Cuba e membro do Consello de Estado cubano.

_____, “Neira Vilas investido doctor Honoris Causa por la Universidad de A Coruña”, *Diario de Pontevedra*, 17 xaneiro 1998, p. 24.

Infórmase do acto de investidura do escritor Neira Vilas como doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña e recóllense algúns aspectos destacados da súa intervención. Entre outras cousas, saliéntase que o autor considerou esta distinción como un recoñecemento a tódolos emigrantes galegos e se definiu como “un escritor emigrante” e salientou a vinculación da Coruña e o Novo Mundo por ser “testigo da riada de emigrantes que marcharon a América”, a solidariedade que se establece entre os emigrantes e os froitos da súa presencia en América. A continuación, faise un breve percorrido pola súa vida e a súa obra. Por outra banda, dáse noticia do recital poético que ofreceu Arcadio López Casanova na Casa de Galicia en Madrid e cítanse as obras das que é autor tanto en galego coma en castelán.

_____, “La fundación Caixa Galicia edita un catálogo en el que incluye sus publicaciones”, *El Progreso*, 18 xaneiro 1998, p. 73.

Dáse conta da edición do *Catálogo de publicacións* elaborado por Laura Gómez Lorenzo, que recolle as case 500 obras editadas pola Fundación Caixa Galicia. Faise referencia á estructura do libro, o cal se divide en varias partes, que inclúen coleccións dedicadas á economía, Galicia, premios literarios, catálogos de exposicións e varios.

_____, “Alfredo Conde publica en inglés su novela “Xa vai o griffón no vento”, *Atlántico Diario*, 3 febreiro 1998, p. 45.

Fai referencia á traducción ó inglés da obra de Alfredo Conde, *Xa vai o griffón no vento*, a cargo do director do Centro de Estudios Galegos de Australia e Nova Zelanda, Roy C. Boland. Sinala que é o terceiro idioma ó que se traduce o libro, despois de ter aparecido anteriormente en castelán e italiano, e anuncia a próxima traducción ó ruso. Salienta as palabras de Boland, quen confesou que o traballo foi realizado en base a dous obxectivos: a fidelidade ó texto e tomar partido polo lector.

_____, “El vigués Vidal Villaverde, ganador en Lugo del ‘V Premio Puro Cora’ de Periodismo”, *Atlántico Diario*, 3 febreiro 1998, p. 45.

Infórmase da Vª edición do Premio Puro Cora de Periodismo, organizado polo diario *El Progreso* de Lugo e dotado cun millón de pesetas, que no 1998 foi outorgado ó escritor Manuel Vidal Villaverde polo artigo “Ánxel Fole, na néboa da memoria”. A continuación, cítanse os membros que compuxeron o xurado, entre os que se encontraba o escritor Domingo García-Sabell, e recóllense as palabras de Manuel Fraga, encargado de presidi-la entrega do premio, quen cualificou á empresa editora *El Progreso* de “exemplar e modélica”.

_____, “El vigués Vidal Villaverde gana el ‘Puro Cora’ de periodismo”, *La Región*, 3 febreiro 1998, p. 61.

Dáse noticia da concesión do Premio Puro Cora de Periodismo 1998 a Manuel Vidal Villaverde, polo artigo “Ánxel Fole na néboa da memoria”. A seguir, cítanse os membros do xurado, entre os que se encontraba o académico Domingo García Sabell.

_____, “Alfonso Álvarez Cáccamo publica en castellano su última novela”, *Atlántico Diario*, 6 febreiro 1998, p. 12.

Anuncia a recente aparición en castelán da obra de Alfonso Álvarez Cáccamo, *El espíritu de Broustenac*, editada por Olalla Ediciones dentro da colección “Firmamentos”. Apunta que esta obra está considerada como unha obra orixinal dentro do xénero fantástico e resume sucintamente o seu argumento.

_____, “Los restos mortales del literato Antón Risco fueron incinerados ayer”, *El Progreso*, 6 febreiro 1998, p. 65.

Noticia que fai referencia á incineración dos restos mortais de Antón Risco e anuncia o esparexemento das súas cinzas nos ríos Arnoia, Miño e Garonne. Destaca o seu gran labor como crítico literario, investigador, novelista e ensaísta e laméntase do pouco recoñecemento por parte do gran público, por estar sempre á sombra do seu pai. Finalmente, anuncia a próxima publicación a cargo da editorial Xerais da súa novela póstuma titulada *Tánata*.

_____, “Fallece en Vigo el escritor Antón Risco, hijo de Vicente Risco”, *El Progreso*, 8 febreiro 1998, p. 80.

Breve nota na que se anuncia a morte de Antón Risco e a súa próxima incineración. Lémbrase sucintamente a súa producción como escritor que se eleva a vintedous libros, dos cales dez foron de ficción e doce de teoría e crítica literaria.

_____, “La fundación Álvaro Cunqueiro se constituirá mañana en Mondoñedo”, *La Región*, 27 febreiro 1998, p. 71.

Sucinta noticia na que se anuncia a creación da Fundación Álvaro Cunqueiro, nun acto que coincide coa entrega da IVª edición do Premio de narrativa dedicada ó autor.

_____, “Nace en Mondoñedo la fundación “Álvaro Cunqueiro”, *Atlántico Diario*, 1 marzo 1998, p. 60.

Noticia que informa do acto de creación da Fundación Álvaro Cunqueiro, que tivo lugar en Mondoñedo, así como da entrega do premio que leva o nome do escritor mindoniense.

_____, “Pérez Quintana presidió la creación de la fundación “Álvaro Cunqueiro”, *Diario de Pontevedra*, 1 marzo 1998, p. 21.

Comenta o acto de presentación en Mondoñedo da Fundación Álvaro Cunqueiro e di que coincidiu coa entrega do premio de narrativa que leva o nome do autor. Salienta o numeroso público en ámbolos actos e cita os nomes dos integrantes do patronato da Fundación, da cal o presidente de honra é Manuel Fraga. A continuación, pon de relevo algunhas das intervencións no acto como a de Fernández del Riego, quen lembrou a súa relación persoal con Cunqueiro en tempos de estudiante e que logo mantivo de xeito epistolar. Conclúe facendo referencia á entrega do premio á escritora Marilar Alexandre, quen agradeceu obte-lo premio “que leva o nome do mellor fabulador en lingua galega”.

_____, “El CDG presentó su primer proyecto en castellano, con piezas de Valle-Inclán”, *El Progreso*, 28 marzo 1998, p. 67.

Nota que informa da presentación do proxecto a cargo do CDG, coincidindo co Día Mundial do Teatro, consistente na representación de catro pezas de Ramón María del Valle-Inclán.

_____, “El PsdeG pide ayudas para representar obras de Valle Inclán por el CDG”, *Diario de Pontevedra*, 29 marzo 1998, p. 21.

Breve noticia que informa da proposición non de lei presentada no Parlamento Galego polos socialistas, para garanti-la representación de obras de Valle-Inclán, polo CDG e o Centro Dramático Nacional.

_____, “En abril, VIII edición de las “Xornadas de Lingua e Literatura”, *Diario de Pontevedra*, 2 abril 1998, p. 26.

Comeza anunciando as VIII[as] Xornadas de Lingua e Literatura na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago de Compostela, organizadas pola Asociación Sociopedagóxica Galega e a CIG, que tiveron lugar entre os días 24 e 26 de abril. A seguir, informa do manifesto asinado por 250 persoas e realizado pola Mesa pola Normalizacion Lingüística para instar ó CDG a que suspenda a montaxe en castelán das obras de Valle-Inclán. Finalmente, danse dúas breves noticias que se refiren á convocatoria do Premio Otero Pedrayo e á decisión do Patronato da Fundación O Grelo de concellerlle o Grelo de Ouro ó Teatro Galego no exilio.

_____, “La Asociación de Actores pide la traducción de Valle Inclán”/“Quieren traducir a Valle al gallego”, *Atlántico Diario*/*Diario de Pontevedra*, 4 abril 1998, p. 53/p. 2.

Refírese á asemblea convocada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, na que se formula a petición de que se paralice a representación en castelán das catro pezas de Valle-Inclán previstas polo Centro Dramático Galego. Céntrase no contido da asemblea e destaca o comunicado feito pola Asociación, no que se manifesta a súa repulsa pola decisión do CDG.

_____, “La Feria del Libro de Buenos Aires tendrá una muestra del mundo editorial gallego”, *El Ideal Gallego*, 12 abril 1998, p. 18.

Noticia que informa da presentación da mostra do libro galego a cargo da Consellería de Cultura e de empresas editoriais, a través da Asociación Galega de Editores, na Feira Internacional do Libro en Buenos Aires. Céntrase na importancia desta Feira e no interese que isto supón para a cultura e a literatura galega, ademais de salienta-la participación do libro galego noutras feiras como a Feira Internacional do Libro para nenos en Bologna, o “liber”, en Madrid, do 29 de setembro ata o 3 de outubro e a Feira de Frankfurt, do 6 o 13 de outubro.

_____, “Presentado en Santiago el ciclo ‘Os nosos escritores e 2”, *Diario de Pontevedra*, 16 abril 1998, p. 23.

Céntrase no ciclo de encontros entre escritores e lectores denominado “Os nosos escritores”. Cita algúns dos escritores participantes no acto como Miguel Anxo Fernán, Carlos Casares, Salvador García Bodaño ou Luís González Tosar. Conclúe referíndose ó número de conferencias, un total de 51, repartidas polas catro provincias.

_____, “Clausuradas las VIII Xornadas de Lingua e Literatura”, *Atlántico Diario*, 27 abril 1998, p. 48.

Informa brevemente da clausura das VII[as] Xornadas de Lingua e Literatura en Santiago de Compostela e cita a última conferencia coa que se pecharon, titulada “Galiza e o 98”, a cargo de Francisco Rodríguez.

_____, “Fraga recuerda en A Coruña el papel “regenerador” de la Generación Nós”, *La Región*, 28 abril 1998, p. 58.

Comenta o comezo do Congreso “Galicia nos tempos do 98” e fai referencia á súa inauguración a cargo do Presidente da Xunta, Manuel Fraga, quen fixo fincapé na aparición dunha tendencia literaria, A Xeración do 98, que cumpriu “a la perfección con su misión de denuncia”. A seguir, céntrase no papel dos escritores galegos, dos que destaca a Curros Enríquez e a Xeración Nós que, na súa opinión, levaron a cabo “ un proyecto regenerador de Galicia”.

_____, “Piden la dimisión del Centro Dramático Galego”, *Atlántico Diario*, 29 abril 1998, p. 65.

Nota na que se informa da petición de demisión do director do CDG, Manuel Guede, por parte da Mesa pola Normalización Lingüística debido a súa incomparecencia parlamentaria, solicitada por este colectivo o mes de marzo, ante a decisión de levar adiante a montaxe de catro pezas de Valle-Inclán en castelán.

_____, “P. Varela: “Sería vergonzoso que actores gallegos no representen a Valle Inclán”, *Diario de Pontevedra*, 30 abril 1998, p. 30.

Recóllense as opinións do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, na súa asistencia á clausura “Galicia nos tempos do 98”, con relación á polémica representación de Valle-Inclán en castelán, a cargo do Centro Dramático Galego. Entre outras cousas, destácase que afirmou que “sería una verguenza que no fuesen actores gallegos los que representasen la obra de Valle-Inclán”. Infórmase tamén das súas análises relacionadas coa repercusión que tivo en Galicia o desastre do 98 e a aparición do 98. No ámbito literario, sinálase que puxo de relevo a importancia de autores como Curros ou Eduardo Pondal, V. Lamas Carvajal, Marcial Valladares, Álvarez de Nóvoa ou A. López Ferreiro.

_____, “Carlos Casares emplaza a la sociedad gallega a apoyar su cultura y sus libros”/ “Carlos Casares asegura que el futuro del libro y la cultura está en la sociedad”/“Carlos Casares inauguró la Feria del Libro de Santiago”, *La Región/ Atlántico Diario/Diario de Pontevedra*, 3 maio 1998, p. 60/p. 47/ p. 22.

Móstranse as declaracións de Carlos Casares, con motivo da inauguración da XVII ª Feira do Libro na capital galega, quen salientou a necesidade de que o libro estea nas mans da sociedade e non só na das institucións e administracións. Céntrase, a seguir, na opinión do Presidente da Federación de Libreiros, quen reflectiu a súa preocupación polo futuro do libro e polo acordo do decreto contra o prezo fixo. Finalmente, faise fincapé na intervención da pregoeira desta edición, Pilar Pallarés, quen lembrou o seu primeiro contacto coa Feira do Libro da Coruña.

_____, “Cultura asina un convenio coa Asociación de Escritores en galego”, *Atlántico Diario*, 14 maio 1998, p. 53.

Breve nota na que informa do convenio asinado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, polo que a consellería destina seis millóns de pesetas para financiar dita asociación. Alude a algunhas actividades posibles, gracias ó convenio, como son a IVª edición da homenaxe “ó escritor na súa terra” e o Congreso Galeuzca.

_____, “La fundación Rodríguez Iglesias editará la revista de la Real Academia Galega”, *La Región*, 14 maio 1998, p. 74.

Anuncio da próxima edición dunha revista da Real Academia Galega sufragada pola Fundación Rodríguez Iglesias e auspiciada por Hércules de Ediciones. A publicación, de carácter monográfico, contará cunha extensión máxima de 400 páxinas.

_____, “Alonso Montero asegura que Santiago fue la ciudad que más conmovió a Lorca”, *AtlánticoDiario*, 10 xullo 1998, p. 53.

Refírese ó congreso que se está a celebrar en Santiago de Compostela durante os días 13, 14 e 15 de xullo e saliéntanse as reflexións feitas por Alonso Montero, director do Congreso, quen destacou a estreita relación de Lorca con Galicia, feito ignorado pola maioría de exposicións organizadas este ano con motivo do centenario do seu nacemento. Así mesmo, saliéntase a análise que o profesor realizou sobre os seis poemas en galego de Lorca e conlúese citando ós escritores que estarán presentes no congreso.

_____, “Seis poemas galegos “de Lorca”, *Atlántico Diario/Diario de Pontevedra*, 14 xullo 1998, p. 41/p. 23.

Alude á primeira xornada do Congreso “García Lorca en Galicia”, dirixida por Xesús Alonso Montero, e comenta o seu contido, que se centrou na análise dos *Seis poemas galegos* (1935) e a relación de Lorca cos intelectuais galegos. Cita tamén a algúns dos escritores galegos que tiveron relación directa co poeta como García-Sabell, Xaquina Trigo, Francisco Fernández del Riego ou Antón Fraguas. Finalmente, anuncia outros dos temas a analizar no transcurso de ditas Xornadas.

_____, “Críticas al rector compostelano por representar a Valle en castellano”, *Atlántico Diario*, 15 xullo 1998, p. 57.

Recolle varias declaracións da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, referentes ó anuncio do rector da Universidade de Santiago, no que facía público que a Aula de Teatro de dita Institución representará obras de Ramón Valle-Inclán en castelán. Considera dita Asociación que con tal decisión, que cualifican de “inadmisible”, bótase “más leña al fuego”, logo da polémica xurdida a raíz de que o CDG tomase tamén esa mesma resolución.

_____, “O galego Miro Villar recolle hoxe en Italia o premio Tívoli Europa de poesía”, *Atlántico Diario*, 22 xullo 1998, p. 57.

Noticia da recollida do Premio Tívoli Europa de Poesía polo galego Miro Villar, concedido polo seu poemario *Abecedario da desolación* (1997). Recórdase que este premio baséase na selección de obras de tódalas linguas europeas oficiais e minoritarias, ademais de sinalarse que entre os sete finalistas figuraba o irmán do premiado, Rafael Villar. Finalmente, anúnciase que Miro Villar prepara a edición crítica de *Orballo de medianoite* (1929), única obra de Roberto Blanco Torres, ó que se lle dedica o Día das Letras Galegas de 1999.

_____, “Ofrenda floral a Rosalía de Castro y Castelao en el Panteón de Galegos Ilustres”, *La Región*, 26 xullo 1998, p. 28.

Sucinta noticia que informa da misa votiva e a ofrenda floral perante a tumba de Rosalía de Castro, no Panteón de Galegos Ilustres, no Convento de Santo Domingo de Bonaval en Santiago de Compostela. Cita tamén as autoridades asistentes ó acto.

_____, “Educación y la Universidad de Chile crean un programa de estudios gallegos”, *Atlántico Diario*/*La Región*, 30 xullo 1998, p. 17/p. 28.

Noticia que se fai eco da sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Santiago de Chile para a creación, nesta universidade, dun Programa de Estudios Galegos que inclúe as áreas de Historia, Literatura e Lingua. Prevese tamén que a introducción a cada curso será impartida por Xesús Alonso Montero e Luís González Tosar.

_____, “El heredero departió con los intelectuales”, *Atlántico Diario*, 16 setembro 1998, p. 22.

Comenta a presencia de Felipe de Borbón na RAG co fin de reunirse con membros numerarios para debate-lo estado actual da cultura galega. Recolle as palabras do secretario da Academia, Xosé Ramón Barreiro, quen manifestou que o príncipe Felipe mostrou “una especial sensibilidad hacia el tema del idioma gallego”.

_____, “El Igaem repartirá 100 millones entre compañías de teatro”, *El Progreso*, 8 outubro 1998, p. 74.

Dá noticia da subvención, consistente en 100 millóns de pesetas, recibida por vintenove compañías teatrais galegas do Instituto Galego de Artes Escénicas. Cita algunhas das compañías beneficiadas coas subvencións como son Sarabela ou Teatro do Aquí. Remata salientando os criterios valorados, á hora de reparti-las axudas, como foron calidade da montaxe e interese artístico, traxectoria das compañías solicitantes ou a capacidade de espertar afección teatral.

_____, “Maratón de lectura de textos traducidos ó galego de Valle-Inclán”, *Diario de Pontevedra*, 15 outubro 1998, p. 25.

Anuncia a celebración, a cargo da Mesa pola Normalización Lingüística, dun maratón de lectura de textos de Valle-Inclán en galego. Explica que o acto constitúe unha protesta contra a montaxe de catro pezas en castelán por parte do CDG e recolle as palabras de Concha Costas, aludindo ó precedente que senta este feito. Ademais, refírese ós textos traducidos para o acto por Manuel Rivas, Dolores Vilavedra, Henrique Harguindey, Xosé Manuel Pazos, Manuel Lourenzo e Xosé Luís Méndez Ferrín.

_____, “La poetisa lucense Luisa Castro ofreció una charla en la Casa de Galicia en Madrid”, *El Progreso*, 17 outubro 1998, p. 69.

Informa da celebración dunha conferencia a cargo da poetisa lucense Luísa Castro, onde ofreceu tamén unha selección de relatos e poemas. Achega os nomes dalgúns poetas e xornalistas asistentes ó acto.

_____, “La Universidad y Ribadeo convocan el Premio “Dámaso Alonso” de filoloxía”, *El Progreso*, 29 outubro 1998, p. 75.

Anúnciase a convocatoria do Iº Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, dotado cun millón de pesetas, co fin de impulsar a novos investigadores. Coméntase moi brevemente as bases do premio e destácanse as palabras de Darío Villanueva, durante a presentación do acto, quen puxo de relevo a vinculación do poeta con Ribadeo e coa Universidade de Compostela.

_____, “Los escritores en lengua gallega podrán optar al Nobel a partir de 1999”, *El Progreso*, 5 novembro 1998, p. 71.

Noticia que se fai eco da invitación feita polo Comité Nobel da Academia Sueca á Asociación de Escritores en Lingua Galega, para que presente un candidato ó premio. Coméntase que a AELG xa puxo en marcha os trámites para o nomeamento e o secretario da asociación, Miguel Anxo Fernán Vello, pon de relevo a importancia da literatura galega que atravesa “un momento de grande interese e fecundidade”.

A. I., “Cristina Amenedo cautivó a sus amigos con un recital de “Ledicia”,

El Correo Gallego, 18 febreiro 1998, p. 12.

Alude á presentación do último libro de Cristina Amenedo, *Ledicia* (1997), que tivo lugar na Galería Sargadelos a cargo de Agustín Sixto Seco e Anxo Tarrío Varela. Recolle fragmentos da intervención de ambos, que se centraron na súa obra poética e coincidiron en destaca-la calidade do seu traballo e o interese por recuperala como poeta.

_____, “Más de 100 personas repitieron el “Banquete” de Aguirre y Pondal”, *El Correo Gallego*, 28 marzo 1998, p. 6.

Refírese á celebración da IIª edición do Banquete de Conxo en homenaxe ó famoso banquete de 1856, protagonizado por Aguirre e Pondal. Dá conta do gran número de asistentes e céntrase nos actos que tiveron lugar. Cita, finalmente, os poetas responsables dos brindes literarios: Marta Dacosta, Miro e Rafa Villar, Igor Lugrís, Mónica Gómez e Sechu Sende.

_____, “Los alumnos de Peleteiro se acercan a la figura de Neira Vilas",

El Correo Gallego, 14 abril 1998, p. 6.

Fai referencia ás xornadas desenvolvidas no colexio Peleteiro arredor da figura de X. Neira Vilas co título “Xornadas con Xosé Neira Vilas”, do 31 de marzo ó 21 de abril, coa finalidade de achegalo autor ós alumnos. Salienta no programa de actividades a conferencia impartida por Alonso Montero, baixo o título de “Neira Vilas: o home e a obra”.

_____, “Los libreros se preparan para llenar de literatura el Paseo da Alameda”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 30 abril 1998, p. 8.

Informa da presentación do programa de actos por parte da Federación de Libreiros de Galicia e da Consellería de Cultura, da Feira do Libro de Santiago, celebrada dos días 2 ó 10 de maio. Achega tamén información dos responsables de dita presentación.

A. I./O. V., “A Feira do Libro recibe a visita de centos de persoas”, *O Correo Galego*, 3 maio 1998, p. 56.

Noticia sobre a celebración da XVIIª Feira do Libro en Santiago de Compostela. Informa sobre o acto inaugural, a cargo da poeta Pilar Pallarés, e cita outros dos asistentes ó acto como Xavier Senín, Xosé Antón Pedreira Mirás e Antonio Fernández Maira. Comenta tamén algunhas das actuacións desenvolvidas no transcurso da Feira e salienta a presencia dalgúns escritores como Neira Vilas, Anisia Miranda ou Concha Blanco. Finalmente, anuncia a presencia do escritor Valentín Carrera para presenta-la súa última novela: *La puta mar: la marea del Gran Sol*, publicada orixinariamente en galego baixo o título *Riosil* (1990).

A. I. S., “Cientos de persoas vibraron con el acordeón del gran Kepa Junquera”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 23 abril 1998, p. 10.

Ofrécense varias noticias relacionadas co mundo da cultura. No ámbito da literatura galega anuncia o IVº Festival Internacional do Teatro Universitario de Santiago na Sala Nasa coa representación da obra *Deus*, de Woody Allen, a cargo do grupo da Facultade de Filosofía. Por outra banda, informa do coloquio “Las funciones del teatro en la sociedad actual”e cita os nomes dos participantes: Aníbal Otero, Xulio Gago e Miguel Anxo Murado, entre outros.

A. R., “Alonso Montero presentou o libro “Vintesete escritores de fóra falan de Rosalía de Castro”, *O Norte*, nº 91, 7 marzo 1998, p. 4.

Infórmase do acto de presentación oficial do libro de Xesús Alonso Montero, que leva por título *Vintesete escritores de fóra falan de Rosalía* (1997) e que tivo lugar na Casa-Museo de Rosalía de Castro. Saliéntase a grande afluencia de público que asistiu ó acto e destácase a participación dalgúns persoeiros, como a de Agustín Sixto Seco, presidente da Fundación Rosalía de Castro. A seguir, recóllese brevemente a análise que Alonso Montero fixo da obra, da que sinalou a importancia da visión dos vintesete autores non galegos por ter “unha perspectiva que nós non temos e que lles dá a distancia”. Finalmente, infórmase do convenio de colaboración asinado por Agustín Sixto Seco e Xesús Villamor Calvo, alcalde de Padrón.

A. S., Tania e Virginia **H.**, “O Álvaro Cunqueiro acolleu un recital de poesía galega”, *Redacción Xove*, nº 11, febreiro 1998, p. 8.

Refírese ó recital poético que tivo lugar dentro dos Seminarios de Música, Lingua e Literatura Galega, que se levaron a cabo durante o mes de xaneiro no Instituto Álvaro Cunqueiro. Céntrase no contido do acto, realizado polo actor Xaime Marín e a súa muller Pastora Mejías Peña, encargada do acompañamento musical, que levaba por título “Antoloxía da poesía galega” e recollía poemas de diversos autores, dende os precursores ós contemporáneos. Conclúe destacando o grande éxito acadado entre o público, sobre todo co poema de Lorenzo Varela titulado “Emigrantes”.

A. S., “Mujeres de distintas profesiones asistieron a la entrega de los “X Premios Alecrín-Alacrán”, *Faro de Vigo*, 1 xuño 1998, p. 4.

Detense no comentario da cea celebrada con motivo da entrega dos X^{os} Premios Alecrín-Alacrán que, anualmente, concede o grupo de estudios sobre a condición da muller Alecrín. Informa que a gañadora desta edición foi Marina Mayoral, ademais de lembrar que na edición correspondente a 1997, o premio fora para María del Carmen Kruckenberg.

_____, “O Álvaro Cunqueiro celebrou o “Día das Letras Galegas”, *Redacción Xove*, nº 15, xuño 1998, p. 21.

Comenta os actos celebrados no Instituto Álvaro Cunqueiro co gallo do Día das Letras Galegas, que consistiron nunha representación musical e nunha charla do escritor Suso de Toro, quen falou da súa novela *Calzados Lola* (1997) e explicou os pasos que segue á hora de escribir.

A. V., “Subvencionan con 214 millóns as editoriais en galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 febreiro 1998, p. 34.

Breve nota na que se anuncia a publicación no Diario Oficial de Galicia dunha disposición que regula as subvencións a empresas editoriais, para a edición de libros e material didáctico destinado a niveis non universitarios en galego.

_____, “Los escritores gallegos no revelarán su candidato al nobel”, *La Voz de Galicia*, 6 novembro 1998, p. 37.

Breve noticia que informa da elección realizada pola Asociación Galega de Escritores, para propoñer un candidato galego ó nobel de literatura.

Abuín, Espe, “Rianxo ensalzó ayer la lucha de los Ínsua por la libertad”, *La Voz de Galicia*, 29 xuño 1998, p. 27.

Infórmase da homenaxe que tivo lugar en Rianxo, con motivo do traslado dos restos mortais de Manuel Rodríguez Castelao e Xosé Losada Castelao, os irmáns Ínsua, que perderon a vida a bordo do bou Eva cando fuxían da represión franquista. Cítanse algunhas personalidades que participaron no acto, entre os que se encontraban testemuñas vivas da loita dos Ínsua. Finalmente, faise referencia á coincidencia na data da homenaxe co plesbicito do Estatuto de Autonomía, do que fixeron semblanza Avelino Pousa e Isaac Díaz Pardo.

Acuña, Enrique X., “Urbano Moledo activista proletário, poeta e dramaturgo en língua galega asasinado en 1936”, *A Nosa Terra*, nº 840, “Guieiro Cultural”, 23 xullo 1998, p. 34.

Céntrase no comentario da actividade societaria e literaria de Urbano R. Moledo, que converteu o teatro na súa principal ferramenta de activismo político e sindical. Sinala que desenvolvería a súa creatividade teatral na Agrupacion Foliadas e Cantigas e o nome das súas pezas teatrais, entre as que Laura Tato, destaca *Castrapadas*, *Un labrego na súa patrea* e *Un vecho pequeno*. Alude ademais ás súas composicións de carácter poético, que repartiu por publicacións de toda Galicia e que chegarían a conforma-lo seu único volume poético impreso, *Dolmen* (1927). Salienta, finalmente, o seu pioneiro camiño polos cantos agrarios ou proletarios e de homenaxe a figuras agraristas ou líderes obreiros.

_____, “Existen máis Pepinas Tayoyas?”, *A Nosa Terra*, nº 850, “Guieiro Cultural”, 1 outubro 1998, p. 21.

Refírese á cuestión da recuperación dos orixinais de Manuel Antonio, que foron tomados no ano 1950 por García Sabell, logo de contar co visto e prace da familia. Apunta que, gracias a este material, o ex-delegado do Goberno en Galicia, preparou a edición da poesía e da correspondencia do mencionado autor rianxeiro, traballos de “fonda repercusión”, que chegaron a ser corrixidos por críticos como Xosé Luís Axeitos, quen ten indicado que entre os materiais descoñecidos se poderían atopar traduccións de Jean Spstein, Poe ou inéditos e orixinais dalgún dos traballos que Manuel Antonio chegou a publicar en xornais e revistas, como o que se reproduce ó final do artigo, “Pepina Tayoya”, inserido no *Galicia* de Vigo do 2 de xaneiro de 1925.

Agulla, Álvaro, “Amigos de Carballeira” celebra mañana asamblea general”, *Diario de Pontevedra*, 6 marzo 1998, p. 18.

Breve nota na que se anuncia a asemblea convocada pola Asociación Cultural Amigos de Carballeira, co fin de elabora-lo informe sobre o monumento ó poeta. Comenta que o obxectivo principal da Asociación é poñer de relevo a figura de Xohán Carballeira.

_____, “El Club de lectura de la Biblioteca sigue con las ‘Tertulias literarias”, *Diario de Pontevedra*, 4 abril 1998, p. 19.

Infórmase da nova tertulia que tivo lugar na Biblioteca Pública de Bueu, dedicada nesta ocasión á obra *Ruído. Relatos de guerra* (1996), de Miguel Anxo Murado

_____, “Continuan con éxito las “Tertulias Literarias” en la Biblioteca Municipal”, *Diario de Pontevedra*, 28 abril 1998, p. 19.

Anuncio da tertulia correspondente o día 9 de xuño na Biblioteca Municipal de Bueu que, nesta ocasión, xira arredor do libro *O deserto dos tártaros* (1991), de Dino Buzzati.

_____, “De romería a Sanamedio”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1998, p. 20.

Noticia sobre as actividades realizadas polo colexio A Pedra de Bueu e de Beluso, co gallo do Día das Letras Galegas. Así mesmo, achégase información sobre a resolución do premio do IVº Concurso de Contos, organizado polo centro, e cita os nomes dos gañadores e gañadoras nas diversas categorías. Conclúe referíndose á posta en escena da obra *Juan Pantera e a Garrota dando a nota*, a cargo do grupo Taos, dentro do grupo de actividades do colexio.

Alonso, Rafael, “Airiños, airiños aires”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 1 febreiro 1998, p. XVIII.

Lembra a presencia de Rosalía na casa familiar da súa infancia, “tan cotiá como o pan e o sal”, e salienta a súa devoción pola súa figura como persoa e poeta. Recoñece que se trata dun “xenio da poesía” que conseguiu ser ela mesma, á vez, que a voz do seu pobo. A seguir, fala do seu labor como traductor de Rosalía ó castelán para unha editorial arxentina, indicando que lle supuxo “unha auténtica catarse” e un reencontro coa lingua da súa infancia.

Alonso Montero, Xesús, “Ventosela, na pluma dos poetas”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de La Voz”, “A ruta do autor”, 25 xaneiro 1998, p. 13.

Dá o nome dunha serie de personaxes característicos de Ventosela e subliña que se trata dunha das aldeas máis presentes na pluma de poetas como Eladio Rodríguez González, Bernardino Graña, Manuel Mariño e Xosé Carlos Gómez Alfaro. Remata apuntando novos datos sobre esa terra, ademais de referirse ás súas relación familiares con ela e á significación que ten para el.

_____, “Pontevedra na voz dos seus desterrados”, *Diario del Domingo*, 23 agosto 1998, p. 5.

Comenta que o pregón que leu na Feira do Libro de Pontevedra 1998, estaba baseado en dous ilustres pontevedreses, que por diferentes circunstancias históricas, foron arrincados da cidade de Pontevedra e que, para defenderse das ofensas da vida, botaron man da palabra: o Padre Hermenegildo Amoedo Carballo e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Do Padre Hemenegildo indica que, tras ser expulsada a Compañía de Xesús no ano 1867, foi residir a Bolonia, onde escribiu en latín o poema “Carmen patrium sive Pontevedra”, no que evocaba a cidade do mesmo nome. Dito poema sería traducido no ano 1983 de forma “bastante libre” por don Xoán Manuel Pintos. De Castelao, sinala, que debruzándose sobre as súas soedades, escribiu en lingua galega “unha breve, densa e conmovedora páxina” titulada “¡Meu Pontevedra!”.

Alvarado, “Un siglo risquiano se nos acaba de ir”, *La Región*, 8 febreiro 1998, p. 12.

Diríxese ó propio Antón Risco en ton intimista con motivo do seu falecemento, para lamentar que o seu corpo e a súa alma por fin foron separados pola morte, e comentarlle que o seu corpo convertido sérvelle para “respirar parte de esas cenizas cuando aspiremos el aire”. A seguir, dá o nome dalgúns contemporáneos que aínda viven como Julio López Cid, Valente, Tosar e el mesmo, ademais de lembrar que “vamos quedando pocos” e agradecerlle a obra que realizou ó longo da súa vida.

_____, “La palabra hecha poesía”, *La Región*, 29 marzo 1998, p. 20.

Refírese ó recital poético celebrado no recinto de San Francisco, a cargo de tres dos poetas do Batallón Literario da Costa da Morte: Miro Villar, Modesto Fraga e Alexandre Nerium. A seguir, alaba o labor cultural que está a realizar este colectivo a través de recitais, publicacións de obras literarias ou a edición da revista *Feros Corvos*, de distribución gratuíta. Céntrase na descrición da paisaxe que inspira a estes poetas, á que chega a definir como “Costa da vida”, para rematar lembrando as palabras de Miro Villar, quen definiu a poesía nun dos seus poemas como “ficción suprema” e “suma apariencia”.

_____, “Eu son un cacho de terra andando polo mundo”, *La Región*, 24 abril 1998, p. 18.

Con motivo da homenaxe celebrada no Liceo Ourensán ó poeta Eduardo González Ananín, refírese á súa personalidade e pon de relevo a súa calidade humana, ademais de reflexionar sobre os seus inicios como poeta que, segundo o articulista, deberon xurdir do contacto con outros amigos poetas como José Conde ou Blanco Amor. A seguir, tras comenta-la súa obra, analiza o seu poemario en galego *Rol de cantárida* (1997) e recolle as palabras de Víctor Campio, prologuista do libro, quen afirma que “El busca o troque nas raigañas adormecidas do home”. Conclúe coa reproducción do poema titulado “Santificado”, que aparecera nas páxinas da revista portuguesa *Anto*.

_____, “Nós y “Feros Corvos”, ediciones críticas del “Batallón literario” da Costa da Morte”, *La Región*, 28 abril 1998, p. 17.

Refírese ás dúas novas publicacións a cargo do Batallón Literario da Costa da Morte: o libro de poemas *Nós* (1997) e o último número da revista *Feros Corvos*. Cita os nomes dos 34 poetas que participan no libro, do que comenta que está “lleno de frescura no exenta de ingenuidade y entusiasmo”. No referente a *Feros Corvos*, cuestiona as posibilidades do Concello de Corcubión para poder mante-la publicación dun libro antolóxico nos anos seguintes. Conclúe valorando positivamente a actividade cultural que desenvolve este grupo de poetas a prol da literatura galega.

_____, “O poeta máis poeta de Ourense”, *La Región*, 9 xullo 1998, p. 15.

Alude ó artigo publicado por Pura Vázquez o 22 de abril na sección “Verbas na edra do tempo” de *O Correo Galego*, no que lembra a Alfonso Alcaraz con motivo da relectura da súa *Antoloxía Poética*. Recolle as palabras dedicadas pola autora á súa poesía, á que cualifica de “en parte anxélica e en parte humana”, e dá conta da relación sentimental e amigable que uniu a ámbolos dous poetas, ademais de citar algúns dos exemplos poéticos que se dedicaron. Finalmente, salienta o feito de non tratar estas relacións na biografía incluída na obra anteriormente mencionada, que axuda a rescatar do esquecemento ó “poeta máis poeta de Ourense”, en palabras de Pura Vázquez.

Álvarez, A. M., “Franco Grande xa é Académico”/“Franco Grande ingresa como membro de número da Real Academia Galega”, *Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 4 xullo 1998, p. 37/p. 14.

Infórmase que o escritor e avogado, Xosé Luís Franco Grande, ingresou onte como membro de número da Real Academia, nun acto no que estivo apadriñado pola escritora Luz Pozo Garza e o historiador Xosé Ramón Barreiro. Ademais de referirse a outros aspectos de dito acto, céntrase no contido do seu discurso de acceso, “O antigo réxime nunha familia do Baixo Miño”, elaborado a partir de documentos conservados, ó longo dos últimos séculos, dentro dos fogares dos seus propios parentes e doutros rescatados de arquivos.

Álvarez, Eduardo, “A revista da Real Academia Galega abrirase cun número sobre Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 maio 1998, p. 47.

Informa do convenio entre a Real Academia Galega e a Fundación Rodríguez Iglesias, segundo o cal se preve que unha axuda da devandita fundación financie a revista da RAG. Descríbese dita publicación e ofrécense as palabras dos responsables do acordo, para rematar referíndose ó Proxecto Galicia.

_____, “A poesía centra a Feira do Libro da Coruña con Manuel María como pregoeiro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 31 xullo 1998, p. 39.

Anuncia a inauguración da Feira do Libro da Coruña coa presencia do poeta Manuel María como pregoeiro e destaca a especial incidencia da poesía. Informa tamén do programa de recitais desenvolvidos ó longo da feira, de entre os que destaca a homenaxe a González Garcés e o recital de novos poetas coruñeses como Luís Mazas, Pedro Casteleiro ou Alfredo Ferreiro. Finalmente, ofrece unha ampla lista de libros presentados na feira.

_____, “Máis de 50.000 obras na Feira do libro antigo da Coruña”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 agosto 1998, p. 39.

Informa da sétima edición da Feria do libro antigo que tivo lugar na Coruña. Fai un breve percorrido polos libros que se poden atopar nas dezaseis librerías participantes e cita, entre outros, a *Historia de Galicia*, de Manuel Murguía.

Álvarez, María, “Congreso en la Universidade de Santiago sobre ‘García Lorca, poeta en lengua galega”, *Faro de Vigo*, 10 xullo 1998, p. 47.

Anuncia a celebración do Congreso en Santiago de Compostela os días 13, 14 e 15 de xullo e salienta o feito de que ata agora ningún congreso, acto ou exposición tivera en conta a relación de Lorca con Galicia. Nomea as personalidades presentes neste encontro.

Álvarez, María Xosé, “Un buen momento para la literatura gallega”, *El Mundo. Galicia*, 2 xullo 1998, p. 8.

Anuncia o comezo da XXIVª Feria do Libro que ten lugar en Vigo, do día 2 o 10 de xullo, e que se inaugurou coa lectura do pregón a cargo do escritor Agustín Fernández Paz. Destácanse algunhas das cuestións que tratou durante a súa intervención como “A necesidade de que os nosos libros teñan no seu país o lugar que lle corresponde” e alude á intervención do Alcalde de Vigo, Manuel Pérez, e do Presidente da Asociación de Libreiros de Galicia. Conclúe lembrando varias das actividades que se desenvolveron durante a Feira e cita algúns autores e autoras galegas que firmaron exemplares das súas últimas obras, como Manuel Rivas ou Fina Casalderrey.

B. P. L., “O canón do Sil é o protagonista da terceira”, *La Voz de Galicia*, 24 xaneiro 1998, p. 73.

Informa do acto de presentación na Fundación Once na Coruña de *Sombras no labrinto* (1997), de Francisco Fernández Naval. Sublíñase que neste acto o autor explicou que fixo coincidi-lo relato coa última semana de maio de 1988, na que fora asasinado Claudio Sanmartín e voaran o chalé de Fraga en Perbes. Ademais de Fernández Naval, que percorreu o argumento da obra, interviu Xosé Fernández Ferreiro, que se referiu á estructura, e o director da Editorial Sotelo Blanco, Carlos Lema, que salientou o carácter innovador da obra.

_____, “O 98 foi a maior inflexión de Galicia dos últimos mil anos”, *La Voz de Galicia*, 28 abril 1998, p. 75.

Refírese ó congreso “Galicia nos tempos do 98” celebrado na Coruña, que contou na súa inauguración coa asistencia do Presidente da Xunta, Manuel Fraga, quen lembrou a advertencia feita por Curros sobre o perigo da “errática e trabucada” política cara a Cuba. Tamén se comenta a intervención de Ramón Villares, que salientou o papel das persoas anónimas na emigración galega; a de Ramón Maiz, que se referiu ó clientelismo e caciquismo da época do 98; a de Xosé Ramón Barreiro, que comentou o papel da igrexa a finais do século XX; e a de Xoán M. Carreira, que resaltou a figura de Chané, o músico máis vencellado á crise do 98 e principal difusor dos poemas.

B. R. S., “Galaxia lanza una colección de bolsillo de autores noveles”, *La Voz de Galicia*, 12 febreiro 1998, p. 73.

Informa da presentación por parte da editorial Galaxia da colección “Descuberta”, que pretende difundi-la obra de autores inéditos e noveles, e que bota a andar con *Saturno tamén é Deus* (1997), de Uxía Casal; *Finísimo po nas ás* (1997), de Xerardo Quintiá e *Mar de fondo* (1997), de Manuel Núñez Singala. Ademais de ser apuntado o argumento de cada unha das tres obras, sinálase que Damián Villalaín, subdirector de Galaxia, explicou no acto de presentación que “Descuberta” non busca abandeirar un estilo literario específico nin unha corrente xeneracional e que a única característica que unifica os criterios de selección é a calidade.

Becerra, Olga V., “Edicións Laiovento: a aposta pola pluralidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 197, 19 febreiro 1998, p. 8.

Con motivo da publicación do número cen da Editorial Laiovento, lémbranse, con palabras do director Francisco Pillado, os obxectivos marcados hai oito anos. Así, refírese á intención de contribuír á normalización política e cultural de Galicia e á de fomenta-lo pensamento dende unha óptica progresista e nacionalista, ademais de critica-lo feito de que a Xunta non subsidie algúns títulos de destacados autores galegos. Segundo Pillado, de non ser por este tipo de editoriais, habería autores que non poderían publicar. Tamén cita o rigor e a calidade estética como criterios de selección e alude á publicación de escritores clásicos e ós temas lingüísticos, para, finalmente, sinala-la temática dos números 100 e 101: *O reciño de Galicia*, de Víctor Hugo, e *O parable ascenso de Arturo Ui*, de Bertold Bretch.

_____, “75 anos insuficientes para coñecer a Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “*Revistas das Letras*”, nº 195, 5 febreiro 1998, p. 8.

Con motivo do 75 aniversario da morte de Manuel Murguía, infórmase da celebración dunha ofrenda floral no cemiterio coruñés de San Amaro por parte da Asociación de Veciños Manuel Murguía de Oseiro (Arteixo), colectivo que pide que se lle dedique a este intelectual o Día das Letras Galegas de 1999. Coméntase o recoñecemento que Antonio Gil Merino, da RAG, fai do labor desta asociación a prol da recuperación da vida e obra do escritor, ademais de indicarse que considera xustas as súas peticións. Olga V. Becerra dá conta da solicitude feita por parte do BNG de celebrar actos públicos para lembra-la importancia e significación de Murguía e da demanda de que se publique a súa obra completa a un prezo asequible. Tamén se apunta a urxencia de que se cataloguen e publiquen tódolos materiais que existan sobre Murguía e que corren o risco de se perderen para sempre.

Bermúdez, Mar, “La asociación feminista Alecrín entregó sus premios en Vigo”, *Atlántico Diario*, 1 xuño 1998, p. 7.

Noticia da entrega do Premio Alecrín á escritora Marina Mayoral polo seu labor de divulgación da literatura feminina dos séculos pasados. Noméanse algunhas mulleres asistentes ó acto e alúdese á concesión do premio Alacrán ó xefe da Policía Autonómica.

Bernal, Diego, “Díaz Jácome, un poeta que dulcificó el perodismo”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 20 setembro 1998, p. 64.

Evoca a figura do poeta mindoniense Xosé Díaz Jácome, salientando o seu xornalismo e o de Álvaro Cunqueiro nas páxinas do *Faro de Vigo* e a súa posterior estancia en Oviedo, traballando en *La Voz de Asturias*. Reproduce unhas palabras que Francisco Carantoña escribira á morte de Álvaro Cunqueiro e dedícallas a Díaz Jácome.

Blanco, Carme, “Lección Leiras”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 57, 22 decembro 1998, p. 1.

Alude á homenaxe realizada a Manuel Leiras Pulpeiro na que se fixo balance da súa figura, para a continuación, deterse no seu polifacetismo e na súa “forte personalidade”. Sinala tamén que a historia o recordou especialmente como poeta e incide na súa mestría, xenerosidade e sensibilidade.

Blanco, M. X., “Rianxo lembra a Dieste, Castelao e Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 novembro 1998, p. 56.

Informa da presencia de Manuel Fraga na inauguración da remodelación da Rúa de Abaixo no Concello de Rianxo, a cal viu nacer a Rafael Dieste, Manuel Antonio e Castelao. Comenta a proposta da construcción dunha casa cultural por parte do alcalde ó presidente da Xunta, que terá lugar entre o 1999 e o 2000, para conmemora-lo nacemento de Dieste e Manuel Antonio, así como a morte de Castelao.

Blanco, Mario, “Sobre “Contiños da Terra” y “Vagalumes”, *Faro de Vigo*, 24 xuño 1998, p. 24.

Lémbrase a figura do estradense José Fernández Caramés e dos feitos de trascendencia cultural que el promoveu. Así, menciónase unha achega económica que permitiu que saíse á luz a obra de Manuel García Barros, *Contos da terriña* (1952), e unha viaxe a Linares (Jaén) na busca das cinzas do poeta estradense José Manuel Cabada Vázquez, alí enterrado, para logo depositalas no cemiterio das súa parroquia natal, Codeseira. Recórdase tamén este acto, no que leron composicións propias Otero Pedrayo, Xosé Díaz Jácome e Casimiro Cubella García, por aquel entón párroco e de quen se reproduce o soneto lido nesa ocasión.

Blanco, Xosé-Luís, “Homero Pérez Quintana promociona o libro galego na capital arxentina”, *El Correo Gallego*, “Fogar de Breogán”, 21 abril 1998, p. 52.

Refírese ó regreso de Homero Pérez Quintana da Feira Internacional do Libro de Buenos Aires, onde a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia participa cun stand, compartindo a súa presencia coas empresas editoriais da Asociación Galega de Editores. Sinala que o departamento dirixido por Xesús Pérez Varela xa asistiu á Feira Internacional do Libro para Nenos de Boloña e que conta con facelo nas feiras de Franckfurt e Madrid. Comenta ademais que o stand presente en Buenos Aires se converte nunha “pequena embaixada galega”, á que os visitantes se achegan non só para coñece-las últimas producción editoriais, senón tamén para “recoñecerse como galegos”.

_____, “Doce horas de lectura do ‘Quixote’ en galego co gallo do Día do Libro”, *El Correo Gallego*, 24 abril 1998, p. 60.

Comeza facendo referencia ó maratón de corenta e oito horas de lectura ininterrompida do *Quixote* en Madrid co gallo do Día do Libro, para a continuación, centrarse na lectura da versión galega que tivo lugar no Carballiño e na que participaron entre outros o locutor de Onda Cero, Xan Pinal, o alcalde do Carballiño, Manuel Vázquez Fernández e o subdirector de Promoción Cultural, Homero Pérez Quintana. Alude tamén ás dúas edicións galegas da obra cervantina e á necesidade de que se poña nas librerías nunha edición máis popular.

_____, “Homero Pérez Quintana promociona o libro galego na capital arxentina”, *El Correo Gallego*, “Fogar de Breogán”, 29 abril 1998, p. 60.

Lóuvase o labor desenvolvido polo profesor John Rutheford á fronte do Centro de Estudios Galegos da Universidade de Oxford, así como a colaboración do lector de galego desta Universidade, Manolo Puga. Tamén alude á publicación *Galician Review* e á traducción ó inglés de relatos de Méndez Ferrín.

_____, “O profesor Alonso Montero dirixe un congreso sobre Lorca e Galicia”, *El Correo Gallego*, “Fogar de Breogán”, 7 xullo 1998, p. 60.

Anuncia a celebración do congreso “García Lorca e Galicia. García Lorca e os seis poemas galegos”, baixo a dirección de Xesús Alonso Montero, ademais de subliña-la intervención de catro persoas que trataron persoalmente ó poeta granadino: Francisco Fernández del Riego, Domingo García-Sabell, Antón Fraguas e Xaquina Trillo. Dá conta tamén da celebración en Barcelona de dous recitais de Amancio Prada, nos que cantou poemas de Federico García Lorca, Álvaro Cunqueiro e García Calvo.

_____, “A misa de Rosalía cumplirá o seu centenario no Ano Santo de 1999”, *El Correo Gallego*, 26 xullo 1998, p. 60.

Refírese á xa tradicional misa que se celebra cada 25 de xullo en San Domingo de Bonaval e que vén seguida dunha ofrenda floral a Rosalía. Comenta que nos anos cincuenta supoñía un “pase de revista anual dos galeguistas”, en palabras de Carlos Baliñas, e alude á celebración deste ano, que contou coa presencia do Presidente da Xunta de Galicia e das Fundacións Castelao e Alfredo Brañas.

Blanco Freixeiro, Antonio, “Castelao el político”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 11 xaneiro 1998, p. 8.

Lémbranse algúns datos destacados da vida de Castelao e reprodúcese un fragmento da orde dictada pola “Dirección General de Prensa” a raíz da súa morte, na que se instaba ós xornais a eloxiar unicamente a súa faceta de humorista, de literato e de caricaturista e a non mencionar *Sempre en Galiza* (1944). Finalmente, faise referencia ó federalismo e recóllense unhas palabras nas que o rianxeiro relata o encontro con Manuel Azaña, en xullo de 1936, para representa-lo Estatuto de Autonomía.

Blanco Rivas, Manuel, “Alfredo Brañas, un tenaz defensor de los intereses de Galicia frente al centralismo”, *Faro de Vigo*, “El año de Faro”, 3 abril 1998, pp. VIII-IX.

Repasa as etapas do Rexionalismo e alude ás correntes liberal, tradicional e republicana, ademais de cita-las características que X. Ramón Barreiro lle atribúe ó Rexionalismo galego: tradicionalismo, cultivo literario do galego, federalismo político e movemento agrario. Tamén realiza un percorrido pola vida e a obra, tanto literaria coma xornalística, do intelectual nacido en Carballo.

Boquerini, “Fernán Gómez, un maestro de cine”, *La Voz de Galicia*, 4 agosto 1998, p. 30.

Coméntanse algúns aspectos referentes á rodaxe do filme *La lengua de las mariposas*, que é unha adaptación de tres relatos de Manuel Rivas. Recóllense tamén unhas palabras de José Luís Cuerda, relativas ó argumento, e a opinión do actor Fernando Fernán Gómez, sobre o papel de mestre que realiza.

Butrón, Cristina, “Morreu Maruxa Villanueva”/“Unha rosa para Maruxa Villanueva”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 25 novembro 1998, p. 37/p. 46.

Noticia que informa da morte de María Isaura Vázquez Blanco, “Maruxa Villanueva”, artista e gardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro. Alúdese á filiación desta muller co ser e sentir rosaliano e mencionánse algúns datos relativos á súa actividade cultural na emigración. Recóllense, así mesmo, as palabras de Agustín Sixto Seco, Antón Fraguas e Jesús Busto, que coinciden en sinala-la perda irreparable da morte de Maruxa Villanueva. Tamén se fai referencia ó seu desexo de ser cremada e de que as súas cinzas sexan espalladas no monte do Santiaguiño.

C. B., “La casa museo de Rosalía de Castro recibe 70.000 visitas anuais”,

El Correo Gallego, 20 agosto 1998, p. 11.

Informa do estudio que se está a realizar sobre o perfil do público que se achega á Casa-Museo de Rosalía de Castro, o segundo museo máis visitado de Galicia, despois do Homus da Coruña.

C. C., “Multitudinario respaldo popular en la oferta floral a Rosalía en Santiago”, *El Correo Gallego*, 26 xullo 1998, p. 32.

Relátanse os pormenores da tradicional misa e ofrenda floral na honra de Rosalía de Castro, celebradas na igrexa de Bonaval. Tamén se citan os nomes dalgunhas das autoridades que asistiron ó acto, co executivo galego á cabeza.

C. d. U., “Patrimonio dos galegos”/“Patrimonio de los gallegos”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, “O Correo da Universidade”/“El Correo de la Universidad”, 14 xaneiro 1998, p. 2/p. 2.

Recolle as palabras do deputado socialista Miguel Cortizo, que cualifica de “acto de xustiza” e “reparación simbólica” a posibilidade de que sexan devoltos os bens incautados ó Seminario de Estudos Galegos, despois da Guerra Civil. Alúdese, así, a un proxecto de lei que lles permitiría ás asociacións e partidos recupera-lo patrimonio perdido durante a guerra. Tamén se menciona a existencia dun informe elaborado por Xosé Luís Meilán Gil, no que se tilda de “barbarie” a incautación de bens realizada na dictadura franquista.

_____, “Un premio á emigración ”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 21 xaneiro 1998, p. 2.

Refírese ó acto de investidura de Xosé Neira Vilas como doutor *honoris causa* da Universidade da Coruña. Sinálase que na súa intervención o escritor falou do pulo que supuxo a unión dos emigrantes en América para a cultura galega e das consecuencias negativas desta emigración masiva. Alúdese tamén á intervención do rector José Luís Meilán Gil, quen salientou o a preocupación do autor de *Memorias dun neno labrego* por manter vivos os lazos de unión entre a galeguidade europea e americana.

_____, “Catro novos Doutores Honoris Causa para a Universidade de Vigo”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 16 decembro 1998, p. 2.

Dá conta do acordo da xunta de goberno da Universidade de Vigo para a concesión do doutorado *honoris causa* a Xaime Isla Couto, proposto polo Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, Xosé Luís Méndez Ferrín, suxerido polo Departamento de Filoloxía Galega e Latina, César Milstein e Aníbal Ramón Figueiras Vidal. Cítanse algúns datos biográficos e intelectuais dos homenaxeados.

C. F., “O CDG considera “excepcional representar a Valle en castelán”, *La Voz de Galicia*, 13 marzo 1998, p. 79.

Recóllense as palabras de Manuel Guede explicando a excepcionalidade de que o CDG represente a Valle-Inclán en castelán. Sinala que é o proxecto máis ambicioso dos levados a cabo pola compañía e comenta que “a linguaxe de Valle é unha lingua nosa” e que non hai compañía en Galicia que puidese afrontar este proxecto. Tamén se lembra como hai anos a Xunta de Galicia lle negou á compañía Artello axudas para representar *Cara de Plata* en castelán e reprodúcense as opinións contrarias á montaxe por parte de Manuel Lourenzo, Manuel F. Vieites, Ánxeles Cuña, Xulio Lago e Quico Cadaval.

C. G., “Neira Vilas abrió ayer la Feira do Libro ordense, a la que esta tarde acudirá el escritor Suso de Toro”, *El Correo Gallego*, 24 abril 1998, p. 14.

Informa do pregón pronunciado por Xosé Neira Vilas durante a apertura da feira do libro ordense e anuncia a actuación de Teatro Buratini, así como a creación dun taller de encadernación e a presencia de Suso de Toro para a firma de exemplares dos seus libros.

_____, “Los escritores Mini y Mero, David Otero y Xurxo Souto acudirán a la I Feria do Libro”, *El Correo Gallego*, 25 abril 1998, p. 18.

Anuncia a presencia de Mini e Mero na Feira do Libro en Ordes para asinaren exemplares dos seus libros. Tamén sinala, que ademais de asinaren libros, David Otero falaralles ós nenos de animación á lectura e Xurxo Souto presentará a obra *Fumareu* (1997).

_____, “Conferencia de Marilar Aleixandre en Ames”, *El Correo Gallego*, 19 maio 1998, p. 18.

Anuncia a conferencia que a escritora Marilar Aleixandre pronunciará, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, baixo o título “Unha visión da literatura”. Sinala que o acto terá lugar nos locais da CIG e que está organizado pola Asociación de Veciños do Milladoiro A Curuxa. Comenta ademais a presentación do libros *O son das ondas* e *Tres poetas medievais da ría de Vigo*.

_____, “La villa de Padrón dedicará una calle a la memoria de Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, 20 decembro 1998, p. 44.

Anuncia a intención do concello padronés de lle dedicar a Maruxa Villanueva o nome dunha rúa que estaría situada nas proximidades da Casa Museo de Rosalía. Recóllense as palabras de Ángel Vázquez, que fala da débeda pendente dos padroneses con Maruxa Villanueva.

C. G. M., “Manuel Murguía, o historiador romántico”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 41, 24 xaneiro 1998, p. 8.

Lémbrase que o próximo 2 de febreiro se cumpre o 75 cabodano da morte e o 165 aniversario do nacemento de Manuel Martínez Murguía. Recóllense as palabras de Francisco Fernández del Riego, nas que afirma que o feito de estar en castelán a maior parte da súa producción literaria e histórica impediu que se lle dedicase o Día das Letras Galegas. Ademais pon de manifesto o notable influxo que sobre el exerceron os historiadores franceses. Tamén se indica que Xesús Alonso Montero, quen apuntou que o marido de Rosalía tivera virtudes pero tamén moitos defectos, comentou as modificacións que fixera dos versos nas segundas edicións das obras da súa dona.

_____, “Os escritores galegos suliñan que é un Nobel merecido”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 76, 10 outubro 1998, pp. 3-4.

Dáse conta das opinións dalgúns escritores galegos respecto da concesión do Premio Nobel ó autor portugués José Saramago. Os comentarios recollen reaccións de alegría, consideracións de que co premio se fai xustiza ou sensacións de repercusións positivas para a literatura galega. Ditas declaracións pertencen a Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego, Manuel Bragado, Xosé Neira Vilas, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Gonzalo Torrente Ballester, Manuel María, Xosé Ramón Pena, Xosé Carlos Caneiro, María do Carmo Kruckenberg, Uxío Novoneyra, Xosé Luís Méndez Ferrín e Miguel Anxo Murado.

C. M., “A Fundación Rodríguez Iglesias faise cargo da revista da Real Academia”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1998, p. 49.

Nota informativa que dá conta da acción da Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Edicións, que se fan cargo da *Revista da Real Academia Galega*, tralo acordo asinado entre o presidente da RAG e Rodríguez Iglesias. Saliéntase que a Fundación contribúe cun millón de pesetas en cada número, coa finalidade de sufraga-los gastos das colaboracións de publicación, e reflíctense as palabras de Francisco Fernández del Riego, quen falou sobre a Fundación Rodríguez Iglesias e outros aspectos como a situación do galego.

C. P., “Marina Mayoral reivindica su identidad de mujer escritora”, *La Voz de Galicia*, 29 setembro 1998, p. 49.

Con motivo da publicación de *Recuerda, cuerpo*, de Marina Mayoral, recóllense algunhas declaracións da escritora mindoniense, a través das cales sinala que non concorda coa etiqueta de “literatura de mulleres ou feminina”. Comenta a reiterada presencia do espacio imaxinario “Brétema” na súa obra, así como o influxo que na súa vida exerceron Compostela e Ramón Piñeiro, para anunciar, por último, que un dos relatos do seu último libro se converterá en novela.

_____, “La Mesa organiza un maratón de lectura de Valle Inclán en gallego”, *La Voz de Galicia*, 13 outubro 1998, p. 34.

Informa da presentación do maratón de lectura de textos de Valle-Inclán, organizado conxuntamente pola Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación de Autores. Explícase que o acto xorde como reacción á montaxe en castelán por parte do CDG de catro obras de Valle-Inclán e anúnciase a lectura de *A testa do Bautista*, traducida por Dolores Vilavedra e Manuel Rivas; *O enmeigado*, traducida por Henrique Harguindey e Xosé Manuel Pazos; *As galas do defunto* en traducción de Xosé Luís Méndez Ferrín e *Ligazón*, traducida por Manuel Lourenzo. Coméntanse os pormenores do acto e faise referencia á polémica xurdida pola representación en castelán destas mesmas obras.

C. R., “Rafa Villar busca unha nova poesía e renuncia á escrita por un tempo”, *O Correo Galego*, 4 marzo 1998, p. 43.

Faise referencia ó acto de presentación do poemario de Rafa Villar, *Casa ou sombra* (1997), e alúdese ó xiro que este libro supón na obra do escritor ceense ó adoptar un “eu persoal” esquecendo o “nós social”. Ademais, coméntase a presencia da tristeza e da amargura do paso do tempo, así como o propósito do poeta de acadar “un diálogo íntimo co lector”. Recóllense, finalmente, as palabras do poeta, que expresa a necesidade de deixar de escribir durante un tempo.

_____, “Alonso Montero dice que no hay especialistas en Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1998, p. 38.

Recóllense as palabras de Xesús Alonso Montero, no transcurso das xornadas sobre a vida e a obra de Roberto Blanco Torres, organizadas polo Concello de Cuntis. Segundo a noticia, o profesor referiuse a algunhas lagoas biográficas e de percepción da altura do poeta e ás loubanzas que este ten suscitado.

C. V., “Galiza celebra o Dia Internacional do Teatro co maior conflicto dos últimos anos”, *A Nosa Terra*, nº 823, “Guieiro Cultural”, 26 marzo 1998, p. 27.

Céntrase no “Manifesto polo Teatro Galego” promovido pola Mesa pola Normalización Lingüística e ó que se adheriron masivamente actores e directores, que cualificaron a montaxe en castelán de catro obras de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego, como “feito insólito, contrário ao espírito co que foi criado e á liña mantida até o de agora polo CDG”. No devandito manifesto, tamén expresaron o seu malestar polo que pode ser “un preocupante precedente” e o seu rexeitamento a tal montaxe. Ademais, sinálase a oposición do sindicato CIG e recóllese un fragmento dun comunicado que se manifesta nesta liña.

_____, “Unha libraria sevillana merca máis de un millón de libros reunidos por un emigrante galego en Nova Iorque”, *A Nosa Terra*, nº 843, “Guieiro Cultural”, 13 agosto 1998, p. 19.

Informa da adquisición da biblioteca do editor e libreiro Eliseo Torres, por parte da librería Renacimiento de Sevilla. Coméntase que os técnicos da Xunta aconsellaron a súa compra, que non se chegou a levar a cabo porque se vían atrancos no seu traslado dende os Estados Unidos, ademais de sinalarse que o fondo Eliseo Torres conta con máis dun millón de exemplares e acolle as primeiras edicións dos máis importantes escritores españois e boa parte da producción editorial do exilio. Alúdese á compra hai anos da biblioteca de Emilio Pita por parte desta mesma librería, logo de serlle ofrecida a bibliógrafos e coleccionistas galegos. Conclúe con algunhas referencias ó labor de libreiro deste emigrante galego.

_____, “El CDG pondrá por primera vez en escena la obra de Valle-Inclán”, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 1998, p. 10.

Anúnciase a montaxe da obra de Valle-Inclán, por parte do Centro Dramático Galego. Así mesmo, faise referencia ás críticas procedentes da Asociación de Artistas Profesionais de Galicia, polo feito de que a compañía dependente da Xunta de Galicia se preste a representar en castelán.

C. V. e **P. B.**, “O CDG ensaia en español o proxecto máis custoso da sua história”, *A Nosa Terra*, nº 844, “Guieiro Cultural”, 20 agosto 1998, p. 17.

Infórmase da intención do CDG de representar catro obras de Valle-Inclán en castelán e dáse o nome dos actores participantes nesta montaxe. Así mesmo, alúdese á oposición ó proxecto expresada pola Asociación de Actores e a Mesa pola Normalización Lingüística, que anuncian unha “leitura-maratoniana” de textos de Valle-Inclán traducidos ó galego. Lémbranse tamén algunhas reaccións negativas da xente do teatro, dende que en marzo se dera a coñece-lo propósito do CDG.

Cabana, Darío Xohán, “Camiño das carballeiras”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 15 marzo 1998, p. 13.

Emprende un percorrido polas carballeiras da Terra Cha, incluíndo unha evocación das carballeiras mortas. Carqueixo, Romeán, O Cádabo, Vilabade ou Montecubeiro son algúns dos lugares de visita propostos.

Cabo, J. M., “Felipe Senén abre el seminario ‘Terra de Melide, do grupo Nós á fin de século”, *El Correo Gallego*, 16 abril 1998, p. 16.

Anúnciase a inauguración do seminario “Terra de Melide, do grupo Nós á fin do século”, que se organiza co gallo do sesenta e cinco aniversario da edición do libro *Terra de Melide* (1933) e o vixésimo da biblioteca municipal. Alúdese á primeira conferencia a cargo de Felipe Senén, danse os nomes dalgúns participantes e lémbrase a participación de Otero Pedrayo, Vicente Risco e Antón Fraguas no libro *Terra de Melide*, publicado polo Seminario de Estudios Galegos.

Calvo, Manuel A., “El escritor Neira Vilas será hoy el pregonero de la Feira do Libro de Ordes”, *La Voz de Galicia*, 23 abril 1998, p. 55.

Anúnciase a inauguración da Feira do Libro de Ordes coa participación de oito librerías, coincidindo coa celebración do día do libro. Coméntase que Xosé Neira Vilas fará a lectura do pregón inaugural e que haberá unha caseta de información da Consellería de Cultura. Dáse conta tamén da existencia dunha serie de actos, entre os que se atopa a actuación de Buratini Teatro con *A gaita que facía a todos bailar*.

Calvo, Tucho, “Loiba onde a terra remata na vértice dos acantilados”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 27 setembro 1998, p. 13.

Primeiramente realiza un percorrido lírico pola paisaxe litoral de Lobia, para logo centrarse na lembranza da pesca de barbadas, explicando o proceso de captura destes peixes. Conclúe referíndose de novo á paisaxe de Lobia, onde “máis aló da liña do horizonte que cerra o norte do val, é doado soñar na soedade”.

Campa, Javier D., “La edición infantil de “Atlántida” se presenta como un homenaje a Lugrís”, *Atlántico Diario*, 23 xaneiro 1998, p. 11.

Noticia do acto de presentación en Vigo da edición facsimilar da revista *Atlántida*, editada en 1997 pola Fundación Caixa Galicia. Alúdese á intervención de Rosario Sarmiento e Antón Patiño, ademais de darse os nomes dalgúns dos colaboradores desta publicación, que viu a luz entre 1954 e 1956.

_____, “Día do Libro: pouca festa, moitas reivindicacións”, *Atlántico Diario*, 23 abril 1998, p. 10.

Con motivo da celebración do Día do Libro, recóllense diversas opinións, como por exemplo a do director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado, que comenta os problemas tradicionais do sector libreiro: os baixos índices de lectura, unha insuficiente rede bibliotecaria e a modificación da lexislación sobre o prezo fixo do libro. A directora da Biblioteca Central do Libro refírese á importancia desta data e a presidencia dos libreiros de Vigo fala da necesidade de publicidade. Péchase esta rolda de opinións co parecer do escritor Manuel Vidal Villaverde, que apunta a pouca incidencia desta data en Galicia.

_____, “Intelectuales, artistas y políticos leen hoy obras de Valle en lengua gallega”, *Atlántico Diario*, 13 outubro 1998, p. 11.

Informa do acto de presentación dun maratón de lectura de textos de Valle-Inclán en galego como protesta á montaxe “Valle-Inclán 98” do Centro Dramático Galego. Coméntase a presencia de Xosé Luís Méndez Ferrín e de membros da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, xunto coa presidenta da Mesa Pola Normalización Lingüística, Concha Costas, que considera que a montaxe do CDG é “unha cuña máis da política lingüística do goberno da Xunta” e que Manuel Guede debería dimitir do seu cargo. Recolle tamén as palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, que se referiu á necesidade de traducir a Valle-Inclán ó galego. Ademais disto, coméntase que na lectura das pezas *As galas do defunto*, *O enmeigado* e *Ligazón* participan escritores, xornalistas, músicos, políticos e representantes de diversos colectivos.

_____, “Guede afirma que los intelectuales que critican “Valle-Inclán 98” no van al teatro”, *Atlántico Diario*, 12 novembro 1998, p. 11.

Reprodúcense algunhas das opinións de Manuel Guede no acto de presentación do espectáculo teatral “Valle-Inclán 98” por parte do Centro Dramático Galego. Coméntase que Guede sostivo que a Mesa pola Normalización Lingüística mente ó afirmar que a dirección do CDG presionou ós actores con ameazas. Así mesmo, negou que este fose o espectáculo máis caro do CDG e criticou a postura dos intelectuais galegos “porque a maior parte dos que se apuntaron a esta guerra non van ó teatro”. Tamén se recollen as palabras do actor Antonio Durán, “Morris”, que considera que as críticas ó espectáculo non son moi obxectivas.

Campo López, José Manuel, “La Unión Orensana de La Habana y Curros Enríquez”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 10 xuño 1998, p. 56.

O presidente do Centro Unión Orensana de La Habana refírese a unha noticia anterior aparecida en *El Correo Gallego*, na que se comentaba a posibilidade de que a casa de Curros Enríquez fose adquirida e dedicada a museo. Ademais de alegrarse pola noticia, laméntase de que na devandita nova non se mencione para nada o papel que a asociación que el preside xogou na adquisición da casa. Así, lembra o labor levado a cabo pola Unión Orensana nos anos vinte, recadando fondos. Explica tamén a imposibilidade de culmina-lo labor porque o propietario pedía unha cantidade “exorbitante” pola outra parte do inmoble e comenta que este colectivo aínda existe hoxe malia as dificultades económicas. Anuncia, por último, a colocación dunha placa de bronce na que fora vivenda do poeta ourensán durante a súa estadía en La Habana.

Canal, Alberto, “O museo de Vicente Risco abre as portas”, *La Región*, 17 maio 1998, p. 21.

Anúnciase a próxima apertura ó público da casa-museo de Vicente Risco por parte da Fundación que leva o nome do escritor. Coméntase que, na reunión dos membros do padroado, acordaron nomear presidenta de honra a María Jesús Risco e incluír na directiva a Xosé Carlos Sierra e Luís Martínez Daviña. Saliéntase tamén a creación de tres áreas de traballo —etnografía, literatura e pensamento político—, así como a homenaxe que lle foi rendida a Antón Risco no cemiterio de Vilanova e que contou coa intervención de Arturo Lezcano, Anxo Tarrío e o alcalde alaricano Anxo Quintana.

Caneda Pérez, Xico, “Sempre pertos de Manuel Lueiro”, *A Comarca do Morrazo*, nº 53, 16 outubro 1998, p. 2.

Con motivo do aniversario de Manuel Lueiro Rei, Xico Caneda lembra a súa obra *Manso*, publicada en galego en 1996 por Galaxia, e opina que polas súas características sería moi adecuada para ser levada ó cine.

Caneiro, Xosé Carlos, “O CDG e o esperpento”, *La Voz de Galicia*, 28 marzo 1998, p. 72.

Considera “absurdo e grave” que o Centro Dramático Galego represente a obra de Valle-Inclán en castelán polo deber desta compañía de defender, potenciar e difundi-lo noso teatro. Pensa que, segundo este xeito de actuar, o CDG desaproveitou a oportunidade de representar a Shakespeare en inglés e amosa a súa estrañeza pola adaptación ó galego de *Nau de amores*, de Gil Vicente. Conclúe sinalando que “o verdadeiro problema deste asunto é o latente, é dicir, o que non se manifesta no exterior: os malos tempos para as periferias: un argumento político”.

Caño, X. M. del, “Aclaración sobre unha entrevista con Xosé Neira Vilas”, *Faro de Vigo*, 23 xaneiro 1998, p. 28.

Carta ó director na que X. M. del Caño se refire a unha entrevista feita por el mesmo nese xornal a Neira Vilas e que foi publicada o 15 de xaneiro de 1998. Así, o entrevistador desexa aclarar que o escritor de Gres estaba parafraseando a Celso Emilio Ferreiro cando dicía que “parte da emigración galega en Venezuela era unha escoria franquista”, en referencia á Hermandad Gallega. Explica tamén o duro enfrontamento que Celso Emilio tivera con aqueles emigrantes, ó tempo que lembra que Neira Vilas “é unha das persoas que máis dignificou á emigración, co seu traballo e as súas publicacións”.

_____, “Valente un fustigador de los totalitarismos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, 23 maio 1998, p. 7.

Ofrécese un percorrido pola vida e obra do poeta ourensán José Ángel Valente. No medio desta traxectoria, alúdese á súa colaboración no xornal compostelán *La Noche* e ó seu coñecemento da literatura galega da man de Vicente Risco, a quen lle dedicaría o seu primeiro libro en galego.

_____, “Noticia del García Lorca gallego”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 84, 5 decembro 1998, p. 7.

Dáse conta da doazón realizada á Fundación García Lorca, por parte da viúva de Ernesto Guerra da Cal, de catro libros dedicados polo poeta granadino con debuxos e un traballo inédito do propio da Cal sobre os *Seis Poemas Galegos* (1935), de Federico García Lorca. Sinálase que, neste volume, Guerra da Cal se refire á súa participación como “diccionario vivinte”, confidente e copista da sensibilidade de Lorca, así como ó feito de que Eduardo Blanco Amor “se apoderou ” dos poemas facendo modificacións nos textos, feito este que se apoia con declaracións de Franco Grande. Recóllense fragmentos deste traballo de da Cal que falan tamén destas interferencias creadas por Blanco Amor.

Carballa, Xan, “Chegou o Maio de Roberto Blanco Torres”, *A Nosa Terra*, nº 838, 9 xullo 1998, p. 40.

Considera que, coa dedicatoria a Roberto Blanco Torres no Día das Letras Galegas de 1999, a RAG demostra ter menos prexuízos políticos e se comete un atrevemento “que pon de manifesto que as decisións hai que tomalas aínda que molesten”. Opina que con esta decisión a Institución mencionada asume o compromiso de eleva-lo xornalismo á categoría de obra literaria e reivindica-las víctimas de 1936. Ademais de se referir á opción que ten o alcalde de Cuntis de revisa-la súa negativa de lle dedicar unha rúa ó homenaxeado, cita algúns datos da súa vida e obra, así como dos seus cargos políticos durante o goberno da República. Para concluír anuncia unha escolma que prepara Xoán Blanco Valdés e un comentario de X. C. Garrido Couceiro, centrado na insubornabilidade de Blanco Torres.

_____, “Arturo Cuadrado, o republicano da rosa mística da pedra”, *A Nosa Terra*, nº 843, “Guieiro Cultural”, 13 agosto 1998, p. 11.

Con motivo do pasamento de Arturo Cuadrado, faise un percorrido polos momentos máis relevantes da vida deste republicano, fundador da revista *Resol*, dinamizador cultural e político no exilio bonaerense e participante na loxia “Antolín Faraldo”.

_____, “Xerais confía en manter o seu proxecto mália pasar a mans do grupo francés Havas”, *A Nosa Terra*, nº 848, “Guieiro Cultural”, 17 setembro 1998, p. 21.

Ofrécense algunhas cifras e detalles da compra que o grupo francés Havas fixo do Grupo Anaya, ó que pertence Edicións Xerais de Galicia. Recóllense, neste sentido, as declaracións do director da editorial viguesa, Manuel Bragado, que se mostra convencido de que esta operación non ten porque incidir na súa identidade ou capacidade, xa que incluso pode proporcionarlle unha maior proxección. Ademais de achegar algúns datos que reflicten o bo momento de Xerais, anúncianse os próximos proxectos editoriais na colección “Xerais-Media”, “De-Liberacións” e “Literaria”.

Carballo, Francisco, “Homenaxe ao agrarista Basílio Álvarez”, *A Nosa Terra*, nº 852, “Guieiro Cultural”, 3 decembro 1998, p. 33.

Refírese á celebración dun ciclo de Estudios dedicados a Basilio Álvarez e ás investigacións de Marcos Valcárcel, Villares e Cabo Villaverde. A continuación, realízase un percorrido detallado pola biografía deste ourensán que “empezou nun cataclismo social avanzado”, caeu nos brazos dos republicanos de P.R. e soubo baterse a prol da xustiza e morrer no exilio.

Carballo, Xosé Manuel, “Os restos de Crecente Vega trasladaranse de Segovia a Castro de Rei en novembro”, *El Progreso*, 7 outubro 1998, p. 66.

Infórmase do próximo traslado o día 21 de novembro dos restos de Crecente Vega a Santa María de Outeiro (Castro de Rei), ademais de anunciarse un funeral e un acto literario. Saliéntase a participación de Artuto Pereiro, Manuel María, Félix Villares, Ricardo Polín e Luz María Durán.

Carbia, Susana L., “Lorca: os cen anos dun poeta universal”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 193, 22 xaneiro 1998, pp. 2-3.

Ademais de se referir ó centenario do nacemento de Federico García Lorca, céntrase na relación deste con Galicia. Coméntase, así, que o interese do granadino por Galicia non foi anecdótico dada a cantidade de amigos que fixo e a publicación dos *Seis poemas galegos* (1935). Faise referencia ó papel xogado por Ernesto Guerra da Cal e Eduardo Blanco Amor na elaboración dos poemas, para concluír opinando que seguramente a obra galega de Lorca está sobredimensionada.

Carneiro, Alberto, “Ogando Vázquez aboga por una decisión política sobre el legado del Seminario”, *La Voz de Galicia*, 22 xaneiro 1998, p. 26.

Información relativa á posibilidade de que lle sexa devolto o patrimonio ó Seminario de Estudos Galegos, tralo anuncio do goberno central de lle devolver ós partidos políticos e entidades os bens incautados despois da guerra civil. Recóllese tamén o testemuño de Julio Francisco Ogando Vázquez, que cre necesaria unha decisión política da Xunta de Galicia sobre a devolución do patrimonio bibliográfico, etnográfico e artístico. Así mesmo, Ogando Vázquez lembra a época que “no sólo marcó el nacimiento de una conciencia de país sino también de todos aquellos que participaron en la creación del Seminario de Estudos Galegos, el 12 de octubre de 1923”.

Carrera, Rosé, “Los libreros presentan la XXIV Feira do Libro como la última para muchos de ellos”, *Atlántico Diario*, 30 xuño 1998, p. 11.

Ante o comezo da XXIVª Feira do Libro de Vigo, recóllese o malestar dos libreiros por mor da liberalización nos libros de texto. Anúnciase a participación de trinta e cinco librerías e sete editoriais, ademais de sinalarse que esta edición acolle a Feira do Libro de Galicia. Infórmase tamén da existencia dalgúns actos como son a presencia de escritores para asinar libros, os obradoiros de animación á lectura e as actividades musicais.

Casas, Digna, “Lorca encontró entre sus amigos gallegos la inspiración para muchos de sus poemas”, *La Voz de Galicia*, 7 xuño 1998, p. 38.

Cita os nomes dalgúns intelectuais galegos que, como Eugenio Montes, Feliciano Rolán ou Rafael Dieste, incitaron a Federico García Lorca a vir a Galicia na súa etapa da Residencia de Estudiantes. Refírese ó progresivo afianzamento das conexións do granadino con Galicia e céntrase na amizade con Francisco Iglesias e Ernesto Guerra da Cal, destacando a posible participación deste na elaboración dos *Seis poemas galegos* (1935), de García Lorca. Conclúe coa reproducción do poema que comeza co verso “Bos Aires ten unha gaita...”

Castelo, Miguel, “El teatro gallego y el portugués compartirán escenario en Cangas”, *El Ideal Gallego*, 30 agosto 1998, p. 22.

Infórmase da celebración en Cangas do terceiro Encontro de Teatro de Galicia e Portugal, TEATRAgal, entre os días 10 e 13 de setembro. Explícase que o tema de debate é o das tendencias e correntes escénicas e cítase o nome dalgún dos participantes do acto organizado polo Instituto Galego de Estudios e Investigacións Teatrais.

Castro, J. M., “Amancio Prada engaiola o público vallisoletano cos poemas de Rosalía”, *O Correo Galego*, 8 marzo 1998, p. 52.

Informa do recital ofrecido en Valladolid por Amancio Prada, que estivo acompañado por María del Mar Bonet, Marisa Paredes, María Dolores Pradera e Ginesa Ortega. Ademais, dá conta da intervención de Marina Mayoral, que introduciu o público na significación da obra de Rosalía de Castro, ó considerala pioneira no tratamento dos problemas da muller nunha poesía intimista que reivindica o seu protagonismo social. Alúdese tamén ó acompañamento musical a cargo de Rafael Domínguez, Cuco Pérez e as pandereteiras de Baio.

Castro, Paula, “O Parlamento comprométese a galeguizar a Académia”, *A Nosa Terra*, nº 817, 2 febreiro 1998, p. 21.

Dáse conta do debate celebrado no Parlamento de Galicia sobre o funcionamento, obxectivos e medios económicos cos que conta a Real Academia Galega. Apúntase que os grupos parlamentarios acordaron por unanimidade solicitar da Xunta de Galicia: os recursos necesarios para garanti-lo seu bo funcionamento, a axilización dos trámites para a transferencia á Xunta de Galicia, a adecuación á realidade galega e a mellora do rendemento social e cultural. Saliéntase que este debate puxo de manifesto a escasa dotacion económica da Institución e a entrega de dez millóns para os orzamentos de 1998. Coméntase, tamén, que foi o deputado Daniel Barata, o encargado de dar a coñece-las cifras que lles foran entregadas á RAG en anos anteriores, ademais de nomearse os cen millóns concedidos para o Mapa Sociolingüístico e os douscentos trinta e nove para o Seminario de Lexicografía.

_____, “Fernández del Riego pide tempo e meios para pór en funcionamento a Académia”, *A Nosa Terra*, nº 824, 2 abril 1998, p. 25.

Infórmase da mesa coloquio celebrada en Santiago pola Agrupación Cultural o Galo na que interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, e os escritores Salvador García Bodaño, Manuel María e Miguel Anxo Fernán-Vello. Na súa intervención, o presidente da RAG incidiu na histórica falta de medios que sufriu a Institución comentando, así mesmo, a necesidade dun cambio na liña de actuación. Pola súa parte, Manuel María e Miguel Anxo Fernán-Vello fixeron referencia á necesidade de aumenta-lo número de membros numerarios para democratiza-la Institución.

_____, “O Grupo Brais Pinto rencóntrase para celebrar o seu 40 aniversário”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 25.

Céntrase na lembranza do Grupo Brais Pinto que, con motivo do seu corenta aniversario, reuniu en Santiago os seus membros: Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo, Herminio Barreiro, Bautista Álvarez, Xosé Fernández Ferreiro e César Arias. Recóllense as súas impresións sobre as metas que os levaron a moverse, o seu labor editorial, a súa débeda con Luís Seoane ou a dinamización cultural levada a cabo no Madrid da dictadura. Ademais disto, mencionan “actos polémicos” ós que asisitiron, como foi o caso dunha conferencia impartida por Manuel Fraga no centro galego. Sitúase en 1960 o inicio dunha nova etapa da man de Reimundo Patiño, e menciónase o último encontro en 1983, data na que finaron Patiño e Alexandre Cribeiro.

Celaya, B., “Curros: Insigne y temperamental poeta de la villa de Celanova”, *La Región*, “Especial Calles Ourensanas”, 13 febreiro 1998, p. 23.

Alúdese ás dificultades que houbo para conseguir dedicarlle o nome dunha rúa en Ourense a Manuel Curros Enríquez. Sinálase, así, que non contaba con moita popularidade entre os conservadores do momento, pero que en 1925, logrouse que a chamada “Carretera” pasase a leva-lo seu nome. Cítanse ademais algúns datos biográficos do poeta celanovés, como son os malos tratos do seu pai ou a fuxida a Inglaterra.

Clavijo, Pey G., “Manuel Cuña Novás. Poeta y político”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 2 agosto 1998, p. 4.

Ofrécense algúns datos da vida e da obra poética de Manuel Cuña Novás. Sinálase a angustia e o patetismo presente no poemario *Fabulario Novo* (1952) e alúdese á homenaxe que o Senado lle rendeu a título póstumo. Reprodúcese, así mesmo, un fragmento do poema “Requiem”.

Clemente, E., “Suso de Toro presenta en Madrid “Calzados Lola”, su última novela”, *La Voz de Galicia*, 2 abril 1998, p. 80.

Recóllense as palabras de Suso de Toro con motivo da traducción de *Calzados Lola* (1997) ó castelán, a través das cales manifesta que a literatura que aspira a ter calidade sepárase do lector que busca soños. Neste sentido, considera que a narrativa actual se debate entre o experimentalismo e as gañas de narrar e sinala que el se inclina pola segunda. Ademais disto, comenta que el sempre escribe o mesmo libro, que non é outro que *Edipo Rey*.

Conde, María, “Guede asegura que está harto de defender el montaje de Valle”, *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1998, p. 34.

Reproduce as declaracións feitas en Pontevedra por Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, por medio das cales comenta estar farto de defenderse pola decisión do CDG de escenificar a Valle-Inclán en castelán. Indica tamén que opinou “que non se debe no nome de ningunha ideoloxía insultar a intelixencia e o talento e menos cando se chama Ramón María del Valle-Inclán”, ademais de referirse á conveniencia e excepcionalidade da montaxe, así como ó agoiro de que a partir do ano 2000 se traducirá a Valle-Inclán.

Cordal, Xavier, “Autopoética”, *O Correo Galego*, 17 marzo 1998, p. 41.

O poeta Xabier Cordal Fustes explica con este “humilde contributo” as súas experiencias coa palabra e a poesía nun texto dividido en catro apartados —“De renuntia actione (vocación dos heroes parados)”, “De coagulatione animarum”, “De correctione haruspicum” e “Parábola da derrota da VI Flota polos bizantinos”. Continúa cunha “Postdata: Homenaxe ao Centro de Estudios Lingüísticos e Literarios ‘Ramón Piñeiro”, na que reivindica unha crítica sen manipulación e denuncia “as ansias de publicar por publicar” e “o poema polo poema”. Considera tamén que “se o artista, en fin, aprendese a non remover a súa paixón. Desa maneira conseguiriamos entre todos a maior das exactitudes”.

D. J., “A voz virtual de Carvalho Calero”, *O Correo Galego*, 12 xaneiro 1998, p. 17.

Infórmase da presencia en Internet da voz de Ricardo Carvalho Calero, procedente dunha entrevista que lle fora feita en 1990 por Pedro-Milhám Casteleiro e Antom Malde. Explícase que este documento sonoro se recolle na revista *Copyright* dirixida por Celso Álvarez Cáccamo, ademais de ofrecerse os datos desta páxina web e os pormenores técnicos. Achéganse tamén algúns datos referentes á obra do profesor ferolán.

_____, “A Mesa rexeita a representación en español das obras de Valle-Inclán”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 12 marzo 1998, p. 43/p. 14.

Faise referencia á protesta da Mesa pola Normalización Lingüística trala decisión do Centro Dramático Galego de representar en castelán catro obras de Valle-Inclán. Segundo se explica na noticia, a Mesa considera que non hai razóns para que o CDG acometa este proxecto e sostén que é un feito inadmisible e contrario ó espírito co que foi creada esta compañía. Recóllese tamén a opinión de Xulio Lago, de Teatro do Atlántico, que pensa que a do CDG non é unha proposta enriquecedora, e compara as facilidades dadas pola Fundación Lorca para traducir obras do granadino ó galego fronte á negativa da familia de Valle-Inclán. Finalmente, alúdese ás palabras de Manuel Guede, que explica que ante a imposibilidade de representar en galego a Valle-Inclán, tiñan que decidir entre representalo en castelán ou priva-los profesionais da posibilidade de monta-las obras deste autor.

_____, “Os actores, inquedos ante a montaxe en español que prepara o CDG”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 14 marzo 1998, p. 35/p. 14.

Respecto da decisión do CDG de representar a Valle-Inclán en castelán, o seu director, Manuel Guede, nega que tivese dificultades para xunta-lo elenco de vintetrés actores. Ofrécese, a seguir, a opinión de Antonio Simón, responsable da escenografía, que discrepa da consideración de que esta montaxe sexa o primeiro caso para a destrucción do CDG. Pola súa parte, dende a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, o seu director, Xavier Estévez, explica que existen opinións diverxentes, tanto a favor coma en contra. Finalmente, faise referencia ó parecer de Benito Varela Jácome, que considera absurdo que non se traduzan ó galego os textos de Valle-Inclán.

_____, “O herdeiro da Coroa achegouse á Real Academia e á intelectualidade galega”, *O Correo Galego*, 16 setembro 1998, p. 8.

Noticia da visita do Príncipe de Asturias á Coruña, no transcurso da cal se reuniu cos membros da Real Academia Galega e con escritores como Alfredo Conde, Fina Casalderrey, Manuel Rivas e outros intelectuais.

_____, “O Consello da Cultura pide que se cree unha Escola de Arte Dramática”, *El Correo Gallego*, 18 outubro 1998, p. 73.

Dá conta do contacto mantido entre o presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, e a administración autonómica, consistente na presentación dun informe técnico para a creación en Galicia dunha Escola de Arte Dramática. Recóllese, así, a opinión do propio Casares que alude á boa acollida que o informe tivo na Xunta e cítanse os nomes dos compoñentes da comisión que creou o estudio (Dolores Vilavedra, Manuel Vieites, Cándido Pazó, Manuel Guede, Gustavo Pernas, Rodrigo Corral, María Sánchez e Damián Villalaín). Reprodúcese tamén, o parecer de Manuel Vieites, que apunta a necesidade de que a Escola bote a andar axiña e calcula que o primeiro curso podería afectarlles a uns oitenta alumnos.

_____, “Escola de Arte Dramática: un proxecto posibilista”/“Hoxe preséntase no CCG un proxecto de Escola de Arte Dramática de Galicia”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 24 outubro 1998, p. 45/p. 76.

Achega información relativa ó estudio para a creación dunha Escola de Arte Dramática de Galicia, cualificado de “posibilista” por Manuel Vieites, director do Igaem. Con palabras de Vieites, alúdese ás posibles saídas destas escolas como animación, terapias e tempo libre, citando o exemplo portugués. Así mesmo, reprodúcense as opinións de Manuel Guede, director do CDG, que no transcurso das I[as] Xornadas de Educación Teatral, celebradas na sede do Consello da Cultura Galega, se referiu á necesidade do diálogo entre Galicia e o Norte de Portugal.

_____, “Identidade cambiante”, *O Correo Galego*, 16 decembro 1998, p. 41.

Noticia referente á segunda xornada sobre o “Feito Diferencial Galego”, na que se fai alusión ás intervencións de Xosé Luís García, Raúl Iturra, Rodríguez Campos e Xesús Alonso Montero, quen sinala que a lenda negra de Galicia se converteu en rosa cando Rosalía de Castro publicou *Cantares Gallegos* (1863).

D. P., “Ramiro Fonte protagoniza el recital poético del Ateneo”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1998, p. 12.

Anúnciase un recital de Ramiro Fonte no Ateneo de Pontevedra con motivo dos actos do Día das Letras Galegas, no cal lerá poemas de *O cazador de libros* (1997). Noméanse tamén os títulos máis relevantes da súa traxectoria poética.

_____, “Ene Agá celebró la “Festa da Lingua” con poesía, música y cuentos en la calle”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1998, p. 3.

Informa dos actos celebrados pola Asambleia Reintegracionista Ene Agá en Pontevedra, con motivo da cuarta edición da festa da lingua. Entre outras actividades, cita un número de predixitación, un recital poético a cargo do grupo Hedral e a presencia na festa do Club Tuatha de Dannan, Teatro Akatro e Fame da Fama. Comenta que os organizadores denuncian a falta de colaboración por parte da administración local e autonómica, polo que dubidan que esta cita cultural poida volver organizarse.

_____, “Cen anos de galeguismo”, *Diario de Pontevedra*, 11 agosto 1998, p. 4.

Anúnciase a celebración da conferencia que se indica no titular da noticia e que é organizada pola Fundación Alexandre Bóveda. Alúdese á condición do conferenciante, Jaume Marí, de membro da xunta rectora desta Fundación.

_____, “El BNG pide que se nombre a Alexandre Bóveda hijo adoptivo del ayuntamiento”, *Diario de Pontevedra*, 11 agosto 1998, p. 4.

Informa da solicitude feita polo BNG para que lle sexa concedida a medalla de ouro do Concello de Pontevedra a Alexandre Bóveda, así como a declaración de fillo adoptivo. Sinálase a realización de homenaxes por parte do Concello de Poio e a Deputación de Ourense e recóllense as palabras do concellal César Mosquera, que cualifica de inxustificable a actitude do concello e a deputación pontevedresa. Ofrécense, finalmente, algúns datos biográficos de Bóveda.

_____, “Comenzó la fiesta de la palabra”, *Diario de Pontevedra*, 16 agosto 1998, p. 3.

Anúnciase o comezo da décima edición da Feira do Libro de Pontevedra, na que se pretende alterna-la venda coa exposición. Faise tamén referencia ó pregón inaugural a cargo de Xesús Alonso Montero, que dedicou o discurso ás figuras de Hermenegildo Carballo e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

_____, “O Centro Ramón Piñeiro desenvolve 18 proxectos de investigación no ano 1998”, *Diario de Pontevedra*, 16 agosto 1998, p. 25.

Informa polo miúdo do funcionamento do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Así mesmo, alude ós proxectos que se desenvolven no Centro, entre os que se atopa a Bibliografía da Literatura Galega, o Informe Anual de Literatura, os diccionarios de literatura ou os traballos englobados no proxecto Arquivo Galicia Medieval.

_____, “Xornadas sobre a vida e a obra de Blanco Torres en Cuntis”, *Diario de Pontevedra*, 18 setembro 1998, p. 20.

Anúnciase o comezo en Cuntis das xornadas sobre Roberto Blanco Torres, organizadas polo concello co asesoramento de Xesús Alonso Montero. Recóllese o programa, que inclúe conferencias de Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín, Gustavo Luca de Tena, Marcos Valcárcel e comunicacións de intelectuais como Mario Blanco Fuentes, Juan Blanco Valdés e Isaac Díaz Pardo.

_____, “Suso de Toro presentó en Pontevedra su último libro “Calzados Lola”, *Diario de Pontevedra*, 22 outubro 1998, p. 11.

Infórmase da presentación en Pontevedra da obra *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro. Ademais de recoller unha síntese argumental desta obra, indícase que o autor compostelán ofreceu dúas conferencias, unha no Instituto Sánchez Cantón e outra no da Xunqueira.

_____, “El CDG escenifica por primera vez la obra teatral de Valle-Inclán”, *Diario de Pontevedra*, 3 novembro 1998, p. 10.

Anúnciase a representación de catro obras de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego. Menciónanse os catro títulos que conforman a montaxe e alúdese ás protestas contra a representación en castelán por parte da Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación de Artistas Profesionais da Coruña.

_____, “El director del Centro Dramático Galego presentó el espectáculo Valle-Inclán 98”, *Diario de Pontevedra*, 5 novembro 1998, p. 12.

Infórmase da presentación en Pontevedra do espetáculo “Valle-Inclán 98” do Centro Dramático Galego. Faise referencia ás declaracións de Manuel Guede, que aludiu a Castelao sinalando que o teatro de Galicia non volveu a Madrid dende que en 1934 o rianxeiro fose chamado por Valle-Inclán para face-la escenografía de *Divinas Palabras*. Así mesmo, coméntase que o director do CDG negou que os actores fosen presionados por parte das institucións e afirmou, en cambio, que si houbo presións “dende fóra” para que non participasen no proxecto.

_____, “La “Mesa” presentó un maratón de lectura de Valle-Inclán en galego”, *Diario de Pontevedra*, 5 novembro 1998, p. 12.

Comunícase a presentación do acto en protesta pola montaxe de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego. Explícase que, baixo o nome de “Comedia Bárbara”, a Mesa pola Normalización Lingüística pretende organizar un maratón de lectura de varias pezas de Valle-Inclán.

_____, “Inaugurada la exposición “O 98 e a literatura galega”, *Diario de Pontevedra*, 16 decembro 1998, p. 13.

Noticia da inauguración da exposición “O 98 e a literatura Galega” na Sala de Arte da Delegación Provincial de Cultura de Pontevedra. Explícase que a exposición está montada en grandes paneis, que recollen con fotos e textos o reflexo que a perda das colonias tivo en escritores galegos da entidade de Curros Enríquez. Alude tamén á intervención no acto de Carlos Casares, responsable da idea e guión da mostra, que considera que é máis fácil que a xente se sensibilice a través da mostra que a través do texto exclusivamente escrito. Sinálase, por último, que a montaxe foi exposta este ano en Nova York espertando un grande interese.

_____, “La muestra “O 98 e a literatura galega” finaliza mañana”, *Diario de Pontevedra*, 29 decembro 1998, p. 10.

Anúnciase a clausura da exposición “O 98 e a literatura galega” e alúdese á repercusión que a perda das últimas colonias españolas tivo nalgúns dos escritores galegos.

Dourado, Lourdes, “Axeitos e Dourado afondan nas vivencias do galeguismo”, *El Correo Gallego*, 11 xaneiro 1998, p. 55.

Alude ás charlas ofrecidas por Xosé Luís Axeitos e Manuel Dourado en Rianxo no marco das II[as] Xornadas Castelao, organizadas por Galiza Nova. Sinala que Axeitos se centrou nas dificultades do galeguismo nos anos da guerra e na morte dos irmáns Ínsua, mentres que Dourado falou da maneira na que se vive hoxe a obra e o pasamento de Castelao.

_____, “Pousa Antelo rememora a creación do Partido Galeguista e Rei Romeu fala sobre Castelao”, *El Correo Gallego*, 13 xaneiro 1998, p. 18.

Información das conferencias pronunciadas por Manuel Rei Romeu e Avelino Pousa Antelo dentro das II[as] Xornadas Castelao celebradas en Rianxo. Saliéntase a referencia de Rei Romeu ó dereito de autodeterminación e á reivindicación de Castelao dun estado federal. No tocante á intervención do presidente da Fundación Castelao, indícase que aludiu ós seus primeiros contactos co escritor rianxeiro durante un mitin.

_____, “La Asamblea local del BNG, satisfecha con la participación en las jornadas sobre Castelao”, *El Correo Gallego*, 16 xaneiro 1998, p. 18.

Informa da valoración positiva que a asemblea local do BNG fixo das II[as] Xornadas Castelao, coas que se conmemoraba o corenta e oito aniversario do pasamento do rianxeiro.

_____, “Perfilan los actos del 112 aniversario del nacimiento de Castelao”, *El Correo Gallego*, 18 xaneiro 1998, p. 17.

Recóllese o anuncio feito público polo Concello de Rianxo dos actos conmemorativos do 112 aniversario do nacemento de Castelao. Faise referencia, así, á celebración de conferencias, concertos, unha reunión da Fundación Castelao e unha ofrenda floral.

_____, “Castelao foi homenaxeado en Rianxo por centos de persoas”/“O alcalde de Rianxo lembra que moitos dos que reivindican a Castelao o atacaron”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 21 de febreiro 1998, p. 50/p. 16.

Noticia centrada nos actos que o Concello de Rianxo organizou con motivo do 112 aniversario do nacemento de Castelao. Recóllese a intervención do alcalde Piñeiro Hermida, que se referiu á banalización do nome de Castelao e ó feito de que pasou de ser perseguido e aldraxado a ser querido mesmo polos que o menosprezaron en vida. Reprodúcense tamén parte das palabras pronunciadas por Henrique Monteagudo, que lembrou a Teresa Castelao e a súa familia como mantedores da memoria do rianxeiro nos tempos da posguerra. Finalmente, alude á participación de políticos como Antón Louro, Xosé M. Pazos ou Pilar García Negro.

_____, “Dieste y Castelao centran los actos culturales de Rianxo para 1999 2000”, *El Correo Gallego*, 21 de febreiro 1998, p. 13.

Refírese á presentación en Rianxo dos actos a celebrar con motivo do aniversario dos nacementos de Rafael Dieste e Manuel Antonio, así como da morte de Castelao. Explícase que se trata dun proxecto cultural que prevé a creación de infraestructuras como o Museo Castelao. Recóllense tamén as declaracións do alcalde comentando que con estas actuacións non só se conmemoran os ilustres autores, senón que se artellan “interesantes canles de activación económica”.

_____, “Axeitos pronunciará una conferencia sobre el poeta Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, 23 maio 1998, p. 17.

Anúnciase un recital poético de versos de Manuel Antonio a cargo de Xesús Santos Suárez e unha conferencia de Xosé Luís Axeitos. Ademais destes actos, que teñen como marco o Centro Educativo Ana Mª Diéguez de Asados, alúdese ó descubrimento dunha placa na casa natal de Manuel Antonio.

_____, “Descubierta una placa conmemorativa en la casa natal del poeta Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, 26 maio 1998, p. 18.

Infórmase do acto de descubrimento dunha placa conmemorativa na casa onde naceu Manuel Antonio, ademais de referirse á presencia do alcalde rianxeiro e dos profesores Xesús Santos e Xosé Luís Axeitos.

_____, “Abierto el plazo para participar en una obra de teatro del centro Simón Varela de Rianxo”, *El Correo Gallego*, 4 agosto 1998, p. 11.

Anúnciase a apertura do prazo para inscribirse nos ensaios da obra *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979), de Manuel María. Ademais desta iniciativa do Centro Cultural Simón Varela, faise referencia á próxima montaxe de *A fiestra valdeira* (1927) por parte do grupo de teatro Airiños.

Dourado, Lourdes/**S. C.**, “Galicia réndelle homenaxe á figura de Castelao no seu aniversario”/“Conferencia de Alonso Montero en la casa da cultura rianxeira”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 30 xaneiro 1998, p. 35/p. 18.

Anuncia a conferencia de Alonso Montero en Rianxo co tema de “Os curmáns de Castelao e a traxedia do bou Eva”. Informa do propósito do profesor de se referir a varios artigos referentes á morte dos irmáns Ínsua e explica, así mesmo, que o acto se inscribe dentro dos “Actos Castelao 98”, organizados polo concello rianxeiro.

_____, “Arteixo pide que o Día das Letras do 1999 se lle dedique a Murguía”/ “Castelao e Murguía son homenaxeados esta fin de semana nas súas localidades de orixe, Rianxo e Arteixo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1998, p. 41/p. 17.

Dá conta da proposta do Concello de Arteixo de dedica-lo Día das Letras Galegas do 1999 a Manuel Murguía, que foi presentada con motivo dunha homenaxe ó escritor do Rexurdimento, que consistiu nunha ofrenda floral no cemiterio coruñés de San Amaro. A continuación, céntrase nos actos que tiveron lugar en Rianxo na conmemoración do cento doce aniversario do nacemento de Castelao, que abranguían unha conferencia pronunciada polo profesor Xesús Alonso Montero sobre “Os curmáns de Castelao e a traxedia do bou Eva” ou a presentación do libro *O centenario de Castelao na Lembranza* (1997), de Amancio Liñares.

E. A., “O Parlamento solicita máis medios económicos para a RAG”, *O Correo Galego*, 1 febreiro 1998, p. 44.

Faise referencia á iniciativa presentada no parlamento galego por parte do PSdeG-PSOE, na que insta á Xunta para que asegure os recursos económicos precisos para a Real Academia Galega. Alúdese, desta maneira, á necesidade de inventariar e ordena-lo material documental, así como de abri-la institución ó conxunto da sociedade.

E. E., “El heredero comió con intelectuales tras visitar la RAG”, *El Progreso*, 18 setembro 1998, p. 42.

Informa da visita do Príncipe de Asturias á cidade da Coruña, no transcurso da cal visitou a Real Academia Galega mantendo unha mesa de traballo con vinte académicos, o presidente da Xunta e os conselleiros de Cultura e de Educación.

E. F., “Guede ve fascistas os críticos de Valle en castelán”/“Guede chámalles “fascistas e reaccionarios” ós da Mesa”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 21 novembro 1998, p. 40/p. 75.

Recóllense as declaracións do director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, que cualifica de “fascistas e reaccionarios” os membros da Mesa pola Normalización Lingüística por criticaren a montaxe teatral en castelán “Valle-Inclán 98”. Tamén afirma Guede que os integrantes da Mesa critican “sen iren o teatro” e non lle encontra sentido que os mesmos que critican vaian a Viana do Castelo a ve-la montaxe en portugués. Tamén se recolle o sentir da Mesa pola Normalización Lingüística, que anuncia máis lecturas alternativas de Valle-Inclán en galego, tachan de “lamentables” as declaracións do director do CDG e salientan o baixo éxito de público da montaxe do Centro Dramático Galego.

E. F., “El Consistorio de A Baña pone en marcha “As maletas viaxeiras” a partir del sábado”, *La Voz de Galicia*, 24 febreiro 1998, p. 50.

Anuncia a posta en marcha do programa “As maletas viaxeiras” no concello coruñés da Baña e describe o itinerario que seguirán os libros dos que consta.

E. G., “Éxito de la “Mostra do Libro”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1998, p. 16.

Alúdese ó balance positivo feito polos libreiros participantes na “Mostra do Libro” de Tui e menciónase a Manuel Rivas como un dos autores máis solicitados.

E. G. L., “Alonso Montero lee hoy el pregón de la Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, 15 agosto 1998, p. 9.

Infórmase da inauguración da décima Feira do Libro de Pontevedra cun pregón a cargo de Xesús Alonso Montero, ademais de anunciarse algúns dos actos e actividades previstas.

_____, “Alonso Montero participa hoy en la Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, 19 agosto 1998, p. 9.

Comunica a presencia de Xesús Alonso Montero na Feira do Libro de Pontevedra para presenta-las súas obras máis recentes e para comenta-la situación da literatura galega.

E. N., “Merlín regresou onte a Compostela da man de Santiago Gutiérrez”/ “O mago Merlín regresa a Compostela da man do filólogo Santiago Gutiérrez”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 23 xaneiro 1998, p. 35/p. 16.

Faise referencia á presentación en Santiago de Compostela do libro *Merlín e a súa historia* (1997), de Santiago Gutiérrez. Coméntanse as palabras do autor durante o acto, a través das cales explicou a maneira na que se achegou á figura de Merlín, ata ordea-lo material no que este personaxe aparece e afondar na súa xénese. Tamén se alude á intervención de Darío Xohán Cabana, que cualificou o traballo como “rigorosísimo”, e a de Pilar Lorenzo, que puxo de relevo a utilidade da obra e sinalou a súa exhaustividade.

_____, “Alonso Montero: “Os escritores de fóra déronlle sona mundial a Rosalía” *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 febreiro 1998, p. 45/p. 15.

Información relativa á presentación do volume *Vintesete escritores de fóra falan de Rosalía de Castro* (1997), que recolle as opinións sobre esta escritora feitas por intelectuais de fóra de Galicia. Coméntase a participación no acto de Xesús Alonso Montero, editor da obra, que apuntou que moita da sona da poetisa padronesa se debe a escritores como Juán Ramón Jiménez, Unamuno ou Azorín, e sinalou que dende fóra se crea unha distancia que posibilita coñecer mellor á escritora, mitificada polos galegos. Alúdese á firma dun convenio co Concello de Padrón para a mantenza dos xardíns que rodean a Casa da Matanza e cítase tamén unha nómina de personalidades asistentes ó acto.

_____, “O escritor Xosé Neira Vilas recupérase da súa doenza”, *El Correo Gallego*, 28 febreiro 1998, p. 76.

Comunica a recuperación de Neira Vilas tras sufrir unha rotura do fémur e recolle as declaracións do autor expresando o seu desexo de continuar escribindo canto antes.

E. P., “Culleredo patrocina unha nova edición da novela ‘Los Miedos’ de Eduardo Blanco-Amor”, *El Correo Gallego*, 9 xaneiro 1998, p. 16.

Infórmase da publicación da novela *Los miedos*, de Eduardo Blanco Amor, tras un acordo do Concello de Culleredo con Ediciones Destino. Así mesmo, coméntase a posta en marcha dun libro de homenaxe a Blanco Amor coeditado por este concello e a Editorial Espiral Maior, no que se prevé a colaboración dos mellores especialistas sobre a obra do autor ourensán.

_____, “Neira Vilas será investido ‘honoris causa’ pola Universidade Herculina”, *O Correo Galego*, 9 xaneiro 1998, p. 34.

Anúnciase o nomeamento de Xosé Neira Vilas como doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña, nun acto presidido polo rector José Luís Meilán Gil e no que actuou como padriño o profesor Xosé María Dobarro Paz. Sinálase que con este nomeamento o escritor galego une o seu nome ós de Adolfo Suárez ou Fernando Lázaro Carreter, que xa obtiveran tal distinción.

_____, “Cultura convoca subvencións para apoia-la traducción e producción literaria en lingua galega”, *El Correo Gallego*, 30 marzo 1998, p. 12.

Dá conta da convocatoria de subvencións a empresas do sector editorial para apoia-la producción en galego e a traducción á nosa lingua por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Achéganse, ademais, algúns detalles dos criterios polos que se rexen as devanditas axudas.

_____, “Del Riego, contra o uso ritual do galego”/“Fernández del Riego critica o emprego ritual e sen conciencia da lingua galega”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 14 maio 1998, p. 49/p. 14.

Refírese a unha entrevista concedida polo presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, á axencia Europa Press, na que critica a algúns sectores da sociedade galega por faceren un “uso ritual do galego”. Entre outras declaracións relativas á normalización do idioma, alude á celebración do Día das Letras Galegas e á plena consolidación desta data.

_____, “A Biblioteca Central de Vigo acolle, ata finais de ano, unha mostra de novidades editoriais en galego”, *El Correo Gallego*, 9 setembro 1998, p. 16.

Nota que informa da presentación das novidades editoriais máis recentes en galego, organizada pola Asociación Galega de Editores, que terá lugar na Bilblioteca Central de Vigo.

_____, “O Igaem investirá cen millóns de pesetas en axudas para as montaxes de 29 compañías de teatro en Galicia”, *El Correo Gallego*, 8 outubro 1998, p. 76.

Comunica que o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais vén de destinar ás compañías galegas cen millóns de pesetas para a producción e distribución de espectáculos teatrais. Achéganse tamén algúns detalles sobre a maneira de distribuír este diñeiro.

_____, “Santamarina, na RAG”/“Antón Santamarina ingresa na RAG cun discurso no que se analiza a evolución da lingua galega”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 25 outubro 1998, p. 55/p. 72.

Faise referencia ó ingreso de Antón Santamarina na Real Academia Galega cun discurso titulado “A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega”, no que o director do ILG revisou a situación do galego tomando como partida o discurso efectuado no seu día por Ramón Piñeiro. Indícase a constatación da perda no número de falantes da lingua galega.

_____, “Más de trescientos niños rindieron un homenaje en Poio a Antonio Fraguas, el ‘gran maestro de Galicia”, *El Correo Gallego*, 11 novembro 1998, p. 76.

Informa da homenaxe rendida a Antonio Fraguas na sede do Colexio Internacional SEK Atlántico en Poio, con motivo da celebración do Día da Calidade na Educación. Coméntanse algunhas palabras do homenaxeado no acto, entre as que se salienta a recomendación que lles fixo ós alumnos para que “aprendieran a aprender” e que, por riba de todo, “siguiesen siendo personas”.

E. P., “Cortizo reclama los bienes del Seminario de Estudios”, *Diario16. Galicia*, 10 xaneiro 1998, p. 20.

Alude á petición feita polo PSdeG-PSOE no Parlamento de Galicia para a restitución dos bens intervidos ó Seminario de Estudos Galegos ó termo da Guerra Civil. Segundo o portavoz socialista, Miguel Cortizo, é o momento para reclamar estes dereitos xa que o Goberno Central prepara un proxecto de lei para a devolución dos bens incautados durante a guerra. Apunta tamén que o grupo socialista pide a creación dunha comisión que se encargue da adecuación do Seminario ás actuais circunstancias sociais e políticas de Galicia.

Estévez, A., “A xente aprécia que suba soa ao escenário”, *A Nosa Terra*, nº 844, “Guieiro Cultural”, 20 agosto 1998, p. 23.

Céntrase en Marisol Furada, que vén de edita-lo disco *A vida tecnicolor*, no que musica os poemas editados por ela mesma. Alúdese á mestura de regueifa, reggae, rap e tecno e á definición da autora como “poésica bravú” en correspondencia co movemento bravú. Tamén recolle a explicación de Marisol Furada, a través da cal sinala que o seu contacto con Rosalía chegou a través de Fuxan os Ventos ou Xoán Pardo. Así mesmo, indica que a poesía soa resúltalle árida e aburrida, de maneira que no escenario pretende transmitir un xeito distinto de entendela.

_____, “A información cultural na CRTVG chega á mínima expresión”, *A Nosa Terra*, nº 844, “Guieiro Cultural”, 1 outubro 1998, p. 26.

Dáse conta da reducción de tempo sufrida polo programa da Radio Galega *Diario Cultural*, que pasa de noventa a trinta minutos de duración, explicando que a seguinte hora foi cuberta cun programa de variedades. Sinálase que a marcha do presentador Carlos Blanco e a escasa audiencia foron os desencadeantes da decisión de reduci-lo espacio radiofónico. Coméntase, a continuación, o contido que ultimamente tiña o programa e refírese á colaboración de críticos como Camilo Franco, Susana Cendán, Dolores Vilavedra ou Miguel Anxo Fernández.

_____, “O CDG estrea a Valle en castelán coa sá mediada de público”, *A Nosa Terra*, nº 853, “Guieiro Cultural”, 22 outubro 1998, p. 26.

Información centrada na estrea do espectáculo teatral “Valle-Inclán 98”, do Centro Dramático Galego, no Teatro Principal de Santiago. Recóllense toda unha serie de detalles sobre as pancartas exhibidas por intelectuais e políticos opostos á representación en castelán e cítanse os nomes dalgúns políticos e representantes da cultura asistentes á estrea, ademais de salienta-lo feito de que na primeira representación non se encheu o teatro e que na segunda non se cubriu nin a quinta parte. Paralelamente, infórmase polo miúdo da lectura de textos en galego que, formando parte dos actos de protesta, tivo lugar no casino compostelán e congregou a membros da política e a intelectualidade galega.

F. F., “Recital de 4 poetas en homenaje a Lorca y cena organizada por Amigos de la República”, *Faro de Vigo*, 14 abril de 1998, p. 11.

Noticia da conmemoración do Día da República pola Asociación Cultural Amigos de la República, que celebrará dito acontecemento cun acto no que María Xosé Queizán, Bernardino Graña e Xosé María Álvarez Cáccamo lerán algúns dos seus poemas para colaborar na reivindicación da memoria republicana e na homenaxe de Lorca, do que Laura Pérez Landeira lerá uns textos. Indica, a seguir, que tal evento coincide coa exposición inaugurada pola Concellería de Cultura sobre o granadino, “Imaxes e palabras”, e recolle ademais, a opinión da Asociación sobre Lorca, a quen consideran “uno de los mitos culturales más luminosos y universales de aquel régimen republicano”. Apunta, finalmente, que todo concluirá cunha cea, que xa se converteu en toda unha tradición.

F. P. L., “Galeusca acada a madurez nun XV Congreso sobre literatura e artes plásticas”, *O Correo Galego*, 6 setembro 1998, p. 37.

Anuncia o inicio en Santiago do XVº Congreso de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns, Galeuzca, que estára dedicado nesta ocasión á relación entre a literatura e as artes plásticas. Segundo as palabras de Miguel Anxo Fernán-Vello, a mostra máis clara de que literatura e artes plásticas camiñan por vieiros parellos podería exemplificala Luís Seoane. Recolle o programa de actos e, mediante palabras de Carlos Mella, vicepresidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, salienta o importante fondo bibliográfico e patrimonial que resulta dos distintos Galeuzca. Anuncia, finalmente, unha exposición de poesía visual na que participan os autores galegos Lino Braxe, Xosé María Álvarez Cáccamo, Anxo Pastor, Claudio Rodríguez Fer, Xavier Seoane, Uxío Novoneyra e Paco Souto.

_____, “Teatro Bruto’ esíxelle respostas ó Igaem”/“Teatro Bruto esíxelle respostas ó Igaem por negar axudas á montaxe de Fassbinder”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 30 outubro 1998, p. 39/p. 76.

Faise eco da exposición, por parte da compañía Teatro Bruto, das razóns “subxectivas” que levaron ó Igaem a negarlle unha axuda para a producción de *As amargas lágrimas de Petra von Kant* e para a distribución da montaxe de *Detrius Corazón*. Segundo a compañía citada, as razóns van do persoal ó ideolóxico e os feitos acontecidos son un “acoso e derruba” contra unha compañía “que fala de cousas que non interesan”.

_____, “O Igaem refire só “razóns de calidade artística” na negativa a subvencionar o ‘Fassbinder’ de Teatro Bruto”, *El Correo Gallego*, 31 outubro 1998, p. 74.

Informa da negativa do Igaem de subvenciona-la montaxe de Teatro Bruto, *As amargas lágrimas de Petra von Kant*, que segundo o xerente do instituto mencionado, Aníbal Otero, “non reúne os requisitos básicos esixibles de calidade artística”. Indica, ademais, que os integrantes de Bruto, que avogan a favor desta obra versionada por Manuel Lourenzo fronte a outras que si están subvencionadas, reclamarán ante a Comisión de Valoración de Proxectos.

F. S., “A Irmandade Galega de Venezuela lembrou en Caracas a Castelao”, *O Correo Galego*, 15 febreiro 1998, p. 51.

Dá conta dos actos que tiveron lugar na Irmandade Galega de Venezuela co gallo da celebración do IIº Foro Galego, que esta vez estivo dedicado ó tema “Sempre Castelao” e que foi organizado pola asociación Foro Solidario Galego. Destaca, de entre eles, a actuación de Eduardo Meilán Sánchez, que explicou todas e cada unha das obras de Castelao, do que se entregou un boletín monográfico. Fai referencia tamén á participación no evento dalgúns membros da dirección do FSG, da Coral Aires Galegos e de certos membros de colectivos importantes.

Feijoo, Raquel, “O nacionalismo é unha filosofía de vida”, *La Región*, 28 xaneiro 1998, p. 13.

Ofrece unha síntese da conferencia “Cen anos de galeguismo”, impartida por Jaume Marí Lloreda na Galería Sargadelos nun acto organizado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda, a través da cal realizou un “meticuloso” estudio que abrangueu dende os factores desencadeantes do nacemento do nacionalismo galego ata a creba do Partido Galeguista. Recolle tamén certas declaracións deste actor e intelectual catalán, que comentou que “é moi difícil” falar con obxectividade do galeguismo e que o nacionalismo é “unha filosofía da vida”. Mostra, ademais disto, unha breve semblanza deste catalán asentado en Galicia dende o ano 1990, destacando a súa participación activa na vida socio-cultural da comunidade e o seu compromiso cunha morea de iniciativas e proxectos.

_____, “Un mundo máxico en torno á lectura”, *La Región*, 15 abril 1998, p. 16.

Noticia sobre as actividades que inclúe a IXª Campaña de Animación á Lectura, organizada pola área de Educación do Concello de Ourense coa colaboración da delegación de Cultura, a Escola de Arte “Antonio Faílde” e Sarabela Teatro. Resalta, de entre elas, unha exposición didáctica, un curso de técnicas de animación, a distribución de guías de lectura e unha dotación de libros ós colexios participantes. Actividades que conforman unha iniciativa que, segundo María Luz Añel, pedagoga municipal, e outras personalidades nas que se dá conta no artigo, só ten “froitos positivos”.

_____, “Non é sinxelo facer fácil a linguaxe”, *La Región*, 16 abril 1998, p. 18.

Faise eco da presentación da última obra de Uxía Casal, *Saturno tamén é Deus* (1997), un conxunto de relatos variados e de extensión breve, que segundo a súa autora, presenta unha temática que “xira en torno a ese lado menos luminoso e menos amable da vida”. Recolle, ademais, a opinión desta mestra e escritora santiaguesa, da que se ofrece unha breve semblanza sobre outros aspectos referentes á súa escrita.

_____, “Francisco Fernández del Riego: “Galicia é unha unidade orixinal dentro de Europa”, *La Región*, 17 abril 1998, p. 14.

Céntrase no contido da conferencia impartida por Francisco Fernández del Riego no transcurso do Foro La Región baixo o título de “O galego e o universal na Xeración Nós”. Sinala que o actual presidente da Real Academia Galega salientou a importancia da Xeración Nós, xa que houbo que esperar por ela “para que o idioma fose asumido como vehículo de expresión e de creación en tódolos campos da vida cultural”, e o seu vencello con Ourense. Recolle tamén as últimas palabras de esperanza do conferenciante, que afirmou que cumpría “agardar con fe o futuro das nosas letras nese camiño de encontro con Galicia e o mundo galego”, e a opinión doutros autores sobre a repercusión da Xeración Nós.

_____, “E agora vou ler...”, *La Región*, 24 abril 1998, p. 16.

Con motivo da celebración do Día Mundial do Libro e dos Dereitos do Autor, informa do acto celebrado na Delegación de Cultura de Ourense, no que escritores, profesionais dos distintos medios de comunicación e estudiantes fixeron un percorrido polos autores de distintas etapas cronolóxicas e incluso da actualidade, lendo unha serie de textos. Refírese tamén a outro tipo de actos celebrados de forma paralela, como foi a Feira do Libro, na que se ofreceron as últimas novidades editoriais, literatura galega, infantil e os clásicos cun desconto dun dez por cento. Recolle ademais, a opinión de moitos dos participantes nestes actos e doutra xente, sobre a cuestión da lectura.

_____, “Descubrese ante a figura de Valente”, *La Región*, 28 maio 1998, pp. 14-15.

Noticia da homenaxe ofrecida ó crítico, ensaísta e poeta José Ángel Valente no Liceo Recreo Ourensán con motivo do décimo aniversario da revista *Follas Secas*. Comenta, así, que no acto, que estivo presidido por Manuel Fraga, o autor ourensán dividiu a súa intervención entre os agradecementos ós organizadores do mesmo e a lectura de tres poemas: “Maquiavelo en San Casciano”, “Variacións sobre El Ángel” e “Lucila Valente”. Recolle, tamén, as declaracións dalgunhas das personalidades do mundo cultural e político e doutra xente, sobre a obra deste creador literario de suma importancia na segunda metade do presente século. Ademais disto sinala que, tralo acto, tivo lugar unha cea na que o xornalista Xosé Manuel del Caño, inspirador do acto de homenaxe ó poeta, lle entregou unha cerámica que representa unha cañota de carballo que, segundo explicou, é o “símbolo desta terra que Valente leva no seu corazón”.

_____, “Valente: “Fun determinado polo castelán, pero o galego ficou latexante en min”, *La Región*, 29 maio 1998, p. 16.

Fai referencia á intervención de José Ángel Valente nunha edición máis das organizadas con motivo do Foro La Región, onde falou de certos aspectos vinculados coa súa infancia en Ourense e coa súa condición de escritor. Comentou que na súa escritura arrastraba “o mundo galego” e que, aínda en castelán, “son un poeta galego”, algo que está moi visible nas súas composicións poéticas.

_____, “Xa vai o griffón no vento”, de Alfredo Conde, ya habla ruso”, *La Región*, 9 xuño 1998, p. 16.

Refírese á aparición en lingua rusa da novela de Alfredo Conde, *Xa vai o griffón no vento*, traducida por Elena Zernova e publicada na editorial da Universidade de San Petersburgo. Mostra, a seguir, as declaracións desta sobre a traducción, recollidas durante a súa presencia no Congreso de Lingüística Contrastiva organizado pola Universidade de Santiago, onde afirmou que as dificultades da traducción realizada foron moitas, xa que se atopou cun texto orixinal “muy complicado” y con una lengua, el ruso, muy distinta al gallego, “por lo que no todo se podía traducir igual”, séndolle necesaria, polo tanto, a axuda do escritor alaricano.

_____, “La Biblioteca Itinerante de Préstamo llega a más de 30 municipios”, *La Región*, 13 xullo 1998, p. 7.

Dá conta da iniciativa “Biblioteca Itinerante”, posta en marcha pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e que está composta polas chamadas “maletas viajeras”, que conteñen cada unha delas corenta libros de diferentes estilos literarios e para distintas idades. Sinala que os trinta municipios que se acolleron a esta iniciativa dispoñen ó ano dun número de vintecatro a trinta e seis “maletas” (de 960 a 1.440 libros), polo que Cultura calcula que as lecturas aproximadas ó ano varían entre 28.800 e 43.200, cantidades convertibles en máis se cada lector le varios exemplares. Apunta, a seguir, que a maior demanda corresponde á sección infantil e que se empregan unha serie de estímulos para a utilización da Bilbioteca Itinerante, que o Delegado de Cultura en Ourense, Felipe Ferreiro, valora positivamente polo feito de que posibilita un maior acceso á lectura. Recolle tamén outras declaracións deste delegado, que mostra a súa satisfacción pola situación bibliotecaria da provincia de Ourense, xa que ademais de ter sesenta bibliotecas públicas municipais, conta coa Biblioteca pública nodal, as bibliotecas privadas de acceso libre, as bibliotecas de acceso restirinxido, as bibliotecas de centros culturais, a biblioteca itinerante de préstamo, o biblioubús e a bibliopiscina.

_____, “Pura Vázquez publicará as súas memorias”, *La Región*, 29 outubro 1998, p. 12.

Recolle unha breve semblanza de Pura Vázquez, que acaba de remata-las súas memorias, coas que pretende “escribir o que eu sentía dun xeito o máis ameno posible e sen esquencer a relación que entablei ó longo da miña vida con moitas persoas”. Sinala tamén que a mencionada autora ourensá vén de publicar unha selección de poemas titulada, *Herida soledad hacia lo alto*, e que xa ten preparados outros dous libros de poemas, *A música dos tempos* e *Náufragos da elexia*.

_____, “Preto de 50 alumnos participarán nos actos da Aula de Teatro do Campus de Ourense”, *La Región*, 5 novembro 1998, p. 12.

Céntrase no labor desenvolvido pola Aula de Teatro do Campus de Ourense, que o seu director, Fernando Dacosta, define como “modelo Ourense de educación” e que é imitado por varias universidades. Faise referencia ó éxito que están a te-los tres niveis dos que consta a aula e alude, do mesmo xeito, a outras actividades previstas para a Universidade Sur, como son os obradoiros de teatro infantil e contemporáneo ou un Curso Elemental de Expresión Dramática. Conclúe co anuncio dun ciclo de conferencias sobre teatro e da IVª MITEU.

Fernández, C., “La memoria de Galicia”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 39, 18 agosto 1998, p. 7.

Logo de subliña-la transcendencia orixinada pola colección “Documentos” de Ediciós do Castro para a recente historia de Galicia, recolle unhas palabras referentes á realidade da nosa terra expresas na introducción desta colección polo seu director, Isaac Díaz Pardo. Dáse conta, a continuación, do título dos volumes xa producidos dende o momento da súa inauguración no ano 1982, entre os que se atopan algúns referentes a persoeiros relacionados coa literatura galega, como é o caso de *Castelao na luz e na sombra* (1982), de Valentín Paz Andrade, *Cancioneiro da loita galega* (1996), de Alonso Montero e *A travesía dun século* (?), unha biografía de Rafael Dieste, de Luís Rei Núñez.

Fernández, Carlos, “Gallegos en el premio Nadal”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 7, 6 xaneiro de 1998, p. 7.

Cando o Premio Nadal de Novela acaba de supera-lo seu medio século de existencia, analiza a presencia galega na final deste prestixiado galardón. Comeza indicando que ademais dos galegos de nacemento como é o caso de Álvaro Cunqueiro, en 1968, con *Un hombre que se parecía a Orestes*, e Alfredo Conde, en 1991, por *Los otros días*, tamén gañaron este premio outros dous galegos adoptivos como é Elena Quiroga, en 1950, con *Viento del Norte*, e Francisco José Alcántara, en 1954, con *La muerte le sienta bien a Villalobos*. Realiza, a seguir, un repaso a través da historia do premio, salientando a data, o nome e certos datos sobre a obra daqueles galegos que chegaron á gran final e dos que ninguén, ou moi poucos, se lembran.

Fernández, Hilario, “Galicia protagoniza el quinto volumen de la revista literaria de la UNED, que ha convocado un nuevo premio de ensayo”/“A UNED revisa nunha revista o estado do galego”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “AFA”, 15 decembro 1998, p. 74/p. 38.

Comeza referíndose a publicación do número V da revista Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca, editada pola UNED e comenta os seus contidos nos que destaca o amplo apartado dedicado a Galicia. Salienta no que se refire a Lingua e literatura o estudio de Francisco Fernández Rei sobre a situación actual da lingua galega e outros estudios como o de Silvia Gaspar sobre a actual narrativa ou o de Helena González Fernández sobre poesía galega. Por outra banda informa das bases dos V premios de Ensayo de Catalán, Gallego y Vasco, que foron anunciadas publicamente na presentación do volume citado.

Fernández, Lois, “Una excelente cosecha teatral”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 7 xaneiro 1998, p. 48.

Sinala que o ano 1997 resultou ser un ano bo para o teatro, como o demostran os recoñecementos obtidos por João Guisán Seixas e Manuel Lourenzo, con premios importantes logrados en Portugal e do Ministerio de Cultura. Apunta, ademais, que estes autores puxeron no mercado creacións de extraordinaria calidade, cos títulos *Teatro para se comer* e *Veladas indecentes*, que foron publicados por Laiovento, editorial, que tamén difundiu un traballo sobre a historia da dramaturxia galega, *Textos e contextos do teatro galego* (1994), de Henrique Rabunhal.

_____, “En busca de la mujer”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 16 xaneiro 1998, p. 52.

Noticia sobre a presentación da obra do colectivo María Castaña, *As mulleres da Historia*, a través da cal realizan un percorrido ó longo dos séculos, documentándose en fontes históricas, para recrea-la figura feminina en tódolos ámbitos: familia, traballo, educación, relixión, arte, política e prostitución. Déstacase que esta obra, editada por Edicións Xerais e que pretende ser un texto de consulta básico para os alumnos de Ensinanzas Medias, mostra un tratamento especial para a muller galega.

_____, “De presidente a presidente”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 4 febreiro 1998, p. 48.

Informa da entrevista do presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, que estivo acompañado polos académicos Constantino García e Xosé Ramón Barreiro Fernández, co presidente do Parlamento de Galicia, José María García Leira, ó que fixo sabedor dos proxectos e realidades da institución que encabeza. Apunta tamén que durante os próximos meses haberá máis visitas e reunións, xa que o profesor Del Riego quere dinamizar unha institución galega que, como a Real Academia Española, debe servir para “limpiar, fijar y dar esplendor”.

_____, “Firmando libros al atardecer”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 9 maio 1998, p. 52.

Informa da presencia de Carlos Casares, Santiago Jaureguízar e Aníbal C. Malvar na Feira do Libro, situada na Alameda de Santiago, onde asinarán exemplares das súas respectivas obras.

_____, “Veinte años de Sargadelos”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 26 maio 1998, p. 46.

Cando se celebra o vixésimo aniversario da Galería Sargadelos de Compostela e logo de terse aberto as de Barcelona (1972) e Madrid (1975), informa dos actos previstos para o día 26. Destaca, de entre eles, a actuación de Ramón Villares, que realizará unha introducción histórica, a do cantautor Miro Casabella e a do promotor da galería, Isaac Díaz Pardo.

_____, “Acción, se rueda”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 30 xuño 1998, p. 48.

Nota informativa sobre o comezo da rodaxe realizada por José Luis Cuerda de *La lengua de las mariposas*, baseada en varios contos de *¿Que me queres amor?* (1995), de Manuel Rivas, e con guión de Rafael Azcona. Apúntase, ademais, que entre os protagonistas do filme están Fernando Fernán Gómez, actores do Centro Dramático Galego e o neno compostelán Manuel Lozano.

Fernández, Martín, “Roberto Blanco, o escritor homenaxeado no Día das Letras, era oriundo de Lalín”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1998, p. 4.

Realiza un pequeno percorrido a través da figura de Roberto Blanco, que tivo un “insobornabel” compromiso coa súa terra e co seu tempo e que sería fusilado polos falanxistas en Entrimo. Apunta, finalmente, que gracias ó seu sobriño Mario Blanco Fuentes e ó profesor Alonso Montero, salvouse para a cultura e a gloria deste país a figura de Blanco Torres, xa que lle será dedicado o Día das Letras Galegas de 1999.

Fernández, Miguel, **"**El Centro de Estudios Gallegos 'Rosalía de Castro' en Chile recibe su aprobación", *Galicia en el Mundo*, nº 267, 12-18 maio 1998, p. 19.

Anuncia a creación do Centro de Estudios Galegos Rosalía de Castro, logo de chegar a un compromiso o Conselleiro de Eduación e Ordenación Universitaria, Celso Currás, e a Universidade de Santiago de Chile. Comenta, a seguir, que se trata dunha iniciativa impulsada polo escritor chileno Edmundo Moure, a través da cal se pretende achegar á universidade chilena a lingua e a cultura de Galicia. Sinala, finalmente, que a pesar de que a inauguración de dito centro teña lugar a última semana de xuño, xa iniciará en maio as súas actividades, coas que pretenderá entre outras finalidades, implicar a profesores e intelectuais neste novo proxecto.

_____, “Neira Vilas cree necesaria a fusión dos centros galegos para “seren máis fortes”, *Galicia en el Mundo*, nº 273, 22-28 xuño de 1998, p. 24.

Informa da visita realizada por Xosé Neira Vilas e a súa dona, Anisia Miranda, a Arxentina e Uruguai, tras seren convidados pola Unión de Sociedades Galegas de Arxentina. Resalta, de entre as actividades realizadas polo escritor, unha serie de conferencias nas que ademais de profundar na crise social que afecta ós emigrantes galegos, insistiu na necesidade de fusionarse na emigración para evita-la “atomización” da sociedade galega e para “seren máis fortes” e na importancia do exercicio de transmisión cultural ós máis novos para que a cultura galega perviva entre as xeracións futuras.

Fernández, Ricardo, “Los cojones líricos de Lorca”, *El Mundo. Galicia*, 10 xullo 1998, p. 12.

Con motivo do congreso celebrado na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, entre os días 13 e 15 de xullo, faise referencia á obra galega de Federico García Lorca e á súa relación con Galicia. Alúdese á axuda prestada por moitos dos seus amigos para que o poeta elixise a palabra “que le saliese de sus cojones líricos”, segundo as palabras de Xesús Alonso Montero. Faise fincapé na calidade dos *Seis poemas galegos* (1935) e nas viaxes de Lorca por Galicia, ademais de citarse os nomes dalgúns intelectuais galegos que entablaron relacións co poeta granadino e de subliñarse o cariño deste pola obra de Rosalía de Castro.

Fernández del Riego, Francisco, “No centenario de Dámaso Alonso”, *La Voz de Galicia*, 18 agosto 1998, p. 7.

Cando se van cumpri-los cen anos do nacemento de Dámaso Alonso, Francisco Fernández del Riego comenta certos aspectos relacionados coa súa condición de poeta, catedrático de Filoloxía Románica, autor de memorables estudios e crítico. Subliña que este descendente de ribadenses evidenciou ademais dun bo coñecemento da poesía galego-portuguesa medieval, dunha especial dilección por Rosalía e dun simpático atraemento pola poética de Luís Pimentel, amor pola terra dos seus devanceiros e pola fala popular raiana con Asturias. Por tal motivo, nos lugares da ría —Figueiras, Castropol e Ribadeo—, ofrecéronlle unha homenaxe da que era merecente.

_____, “A cultura galega colectiva”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 40, 25 agosto 1998, p. 6.

Opina que a cultura é “fruto colectivo” que reborda a potencia individual e que non pode ser dominada de súpeto por un só espírito alerta, polo que ten que agarda-los “prazos cachaceiros” que esixe toda a evolución colectiva, e que serán vividos por “almas cultivadas”. Aplicando isto a Galicia, sinala que esta viviu as mencionadas etapas nos varios ciclos do Rexurdimento, para apuntar, finalmente, que hoxe os temas de cultura poden tratarse dende a súa raíz.

_____, “Relendo as “Cartas eruditas”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 42/43, 8 setembro 1998/15 setembro 1998, p. 7/p. 7.

Ofrece un esbozo biográfico de Frai Bieito Xerome Feixóo, para logo deterse na relectura das súas *Cartas eruditas*. Fai referencia, desta maneira, ó discurso no que intenta atallar moitas supersiticióǹs, ó discurso no que diserta sobre os inconvenientes que teñen as peregrinacións e as romerías e a aquel no que combate o emprego da tortura na indagación dos delictos. Remata apuntando que o que este frade pretendía era emprender unha ardua misión social, combatendo o erro compartido por todos e, especialmente, polo pobo.

_____, “Relacións de Galicia con Portugal”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 54, 1 decembro 1998, p. 7.

Rememorando as relacións culturais existentes entre Galicia e Portugal, destaca as establecidas trala fundación do Seminario de Estudos Galegos. Sinala, así, que mediante a celebración por parte desta institución dunha “sonada” Semana Cultural Galega, visitaron Portugal insignes galegos como Castelao, Risco e Xoaquín Lorenzo. Comenta, a seguir, que logo da represión producida pola posguerra, volverían manter relación galegos e portugueses, gracias á celebración do “Coloquio de Estudos Etnográficos Dr. José Leite de Vasconcellos”, onde Otero Pedrayo fixo unha “fermosa evocanza” do gran patriarca que lle daba nome ó coloquio e lembrou a súa visita a Galicia.

Fernández Paz, Agustín, “Cos pés no aire”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 41, 1 setembro 1998, p. 8.

Relata Agustín Fernández Paz a historia de Daniel, que vivía unicamente para o seu traballo, ata que un día sofre un ataque de angustia na oficina e marcha a andar pola cidade. Irá parar a unha zona residencial, onde levado pola música dun violín, subirá a un muro para comproba-la orixe daqueles sons. Cando a nena que tocaba dun xeito engaiolante unha melodía deuse conta de que alguén a miraba, deixou de tocar, sentindo Daniel que coa parada da música desaparecía tamén o engado que o sostiña no aire, coma se algo invisible se quebrase dentro del. Inquieto e desacougado, o oficinista, comezará a camiñar facéndose unha serie de preguntas sobre o sucedido.

Ferreira, Vera, “O poder unificador das palavras vizinhas”, *A Capital*, 27 maio 1998, p. 28.

Informa das distintas actividades a celebrar en Lisboa con motivo das I[as] Xornadas de Literatura Galega, que terán lugar do 25 ó 30 de maio e nas que participan activamente o Centro “Ramón Piñeiro” e o Centro de Estudos Galegos da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa. De entre elas, destaca a presentación do libro de poesía *Mulher a facer vento*, a escenificación de *A incrible Vida de Hector Loureiro* polo Teatro Morcego de Santiago, a publicación inédita en Portugal da revista *Cristal* de Pontevedra e un recital de poesía galega e portuguesa. Sinala ademais, que por medio destas xornadas, o que se pretende é corrixi-lo descoñecemento existente cara á producción literaria galega.

Flores, Jesús, “Manuel Rivas e Pedro de Llano demiten como membros do Consello da Cultura”, *La Voz de Galicia*, 21 maio 1998, p. 34.

Refírese ás dimisións presentadas no Consello da Cultura Galega por Xosé Manuel Rodríguez, xerente desta Institución, Pedro del Llano, director do relatorio de Arquitectura e Artes Plásticas, Manuel Rivas, responsable de Comunicación, e Antón Santamarina, que fora responsable da vicepresidencia. Recolle tamén a opinión dalgún destes persoeiros, como é o caso de Pedro del Llano e Manuel Rivas, que criticaron a “relación tan estreita” existente en Galicia entre a cultura e as institucións, e o máximo responsable do Consello, Carlos Casares, quen asegura que cada unha destas dimisións corresponde a “asuntos distintos”.

Fojo, Isabel, “Neira Vilas recibe en A Coruña el ‘honoris causa’ como un 'trasterrado' fiel a Galicia”, *El Mundo. Galicia*, 17 xaneiro 1998, p. 7.

Noticia do acto no que Xosé Neira Vilas foi investido doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña, acto, no que tocou diversos aspectos relacionados coa emigración e no que se definiu “como un emigrante más” e un escritor “formado en la emigración”, ademais de considera-lo seu nomeamento un recoñecemento ós miles de “trasterrados” que de diferentes maneiras lle foron fieis a Galicia.

Forcadela, Manuel, “Tui-Valença: A grande cidade do Miño”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 29 marzo de 1998, p. 13.

Indica que case tódolos grandes cursos fluviais do mundo contan na súa foz cunha gran cidade, sinalando, a continuación, que o Miño non se escapa a esta regra mencionada. Realiza unha descrición desa cidade “real ou non” que é a cidade do Miño, chegando a dicir que é o lugar de encontro, “espiritual e xeográfico”, entre Galicia e Portugal.

Fraga, J., “Recuperan un periódico lucense anticaciquil de los años veinte”, *La Voz de Galicia*, 2 xullo 1998, p. 75.

Dá conta da actividade que están a realizar alumnos e profesores do Bacharelato B do Instituto de Monterroso para recoller datos sobre Xosé Valcárcel Luna, coñecido como “O Cura Luna”. Apunta tamén que para difundi-los seus resultados, o centro recuperou a cabeceira e o formato de *El Eco del Ulla*, un periódico quincenal no que tiveron información sobre o labor do citado cura. Remata indicando que o periódico do instituto, bautizado como *O Eco do Ulla*, recolle tamén poesías sobre Portomarín e o Pambre, aparecidas nos números dos anos vinte.

Fraga, Jesús, “Unha nova luz sobre a obra de Crecente Vega”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 53, 24 novembro 1998, p. 6.

Comeza referíndose á edición crítica feita por Ricardo Gómez Polín e Luz María Durán do único libro publicado en vida por Crecente Vega, *Codeseira* (1933). Seguidamente, anuncia a próxima publicación dos seus poemas inéditos da man dos mesmos autores, ós que enmarca nunha liña moi cercana ó humanismo e ruralismo. Comenta as dificultades que tiveron Durán e Polín á hora de realiza-lo seu traballo, entre outras razóns, polas diferentes versións que hai de cada un dos poemas ou polas variantes ortográficas, para rematar resaltando un poema de máis de cen versos e un autorretrato escrito no transcurso da guerra civil, do que o último terceto é precisamente o epitafio elixido na súa lápida, tralo traslado dos seus restos mortais á súa terra natal, Santa María de Outeiro.

Franco, F., “Aguatinta, una colección que enlaza el cuento corto, la pintura y la firma de autor”, *Faro de Vigo*, 16 decembro 1998, p.12.

Refírese á presentación da carpeta de contos número seis dentro da colección “Aguatinta”, dirixida por Román Pereiro, que vén de sacar á luz un conto de María del Carmen Kruckenberg titulado “A coroza”. Seguidamente, fai un percorrido pola andaina desta colección, a cal comezou no ano 1994 cun conto de Francisco Fernández del Riego, para salientar, finalmente, a intención do director da editorial de revaloriza-lo conto curto á vez que o debuxo “para reforzar la comprensión gráfica de la dinámica del cuento”.

Franco, Camilo, “Contas pendentes do teatro galego”, *La Voz de Galicia*, 27 marzo 1998, p. 81.

Informa que o próximo 27 de marzo os representantes do teatro galego van reclamar, ademais das súas reivindicacións habituais, a normalización da actividade teatral, a creación dunha institución formativa que permita estudiar teatro e a estabilidade nas programacións e nas representacións. Alén disto, alude ó manifesto do teatro galego escrito por Raúl Dans e que se fará público o día 27 e á Feira Galega do Teatro, que se celebrará en Compostela entre os días 27 e 31 de maio. Apunta tamén que a Consellería de Cultura anuncia a promoción de máis de 200 representacións teatrais por todo o territorio galego e a posta en escena de Valle-Inclán en español polo CDG. Con respecto a esta última cuestión, sinala que profesionais do teatro e persoas do mundo da cultura suscribiron un manifesto promovido pola Mesa pola Normalización Lingüística, no que piden ó CDG que paralice o proxecto de montar a Valle-Inclán en español e que se manteña fiel á súa liña de representar unicamente en galego.

_____, “O teatro galego pide que se atenda a súa opinión e maior debate”, *La Voz de Galicia*, “Feira do teatro”, 31 maio 1998, p. 39.

Refírese ás reclamacións expresadas polos representantes de boa parte das compañías profesionais e programadores de teatro que, logo da celebración dunha asemblea, pediron unha maior participación do colectivo teatral na toma de decisións que lles afecten. Indícase tamén que solicitaron máis canles de debate, xa que a cotío se ignoran os criterios emanados do propio sector, como o mostra a persistencia do CDG, do Igaem e da Xunta de continuar co proxecto de producir en español a Valle-Inclán.

_____, “As galas da polémica”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 47, 13 outubro 1998, p. 3.

Con respecto á polémica xurdida de escenificar a Valle-Inclán en castelán, mostra as dúas posturas enfrontadas: a do Centro Dramático Galego, representada polo seu director Manuel Guede, que opina que “esta montaxe vai permitir que fóra de Galicia descubran a enerxía e o talento da profesión teatral galega”, e a posición contraria, a da Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación de Actores, que insiste en que non é problema facer a Valle-Inclán en castelán en Galicia, senón que o faga un centro dramático que se apelida galego. Apunta, ademais, que para o mesmo día que o CDG poña en escena a “maquinaria un pouco mastodóntica” do “Valle Inclán 98”, a Mesa prepara unha lectura das mesmas obras en galego, a Sala Nasa anuncia unha ultranoite dedicada a Valle-Inclán e Roberto Vidal Bolaño estrea unha homenaxe explícita ó escritor da ría de Arousa con *Doentes*.

_____, “Só vale o discurso escénico”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 49, 27 outubro 1998, p. 7.

Comeza comentando que a “crueldade e a crudeza do teatro afirma rotundamente que o único discurso que vale no mundo teatral é o escénico”, para indicar, seguidamente, que isto é o que acontece na montaxe do Centro Dramático Galego que usa a Valle-Inclán como reclamo, xa que a pesar de que nel hai certas propostas que poden ser pensadas dende a perspectiva do diferente, teñen unha práctica teatral que acaba por deixar cae-lo edificio de Valle-Inclán. Realiza tamén un repaso ó longo das catro obras pertencentes á montaxe representada polo CDG, mostrando o seu xuízo crítico sobre elas. Así, opina que en *Las galas del difunto*, a tensión do suxerido desaparece por completo sobre a escena; que en *Ligazón* se priva ó público da historia; que en *El embrujado* aparece unha narrativa impostada que contén a acción en lugar de trasladala; e que en *La cabeza del bautista* se presencia a perspectiva máis clara sobre os personaxes.

Franco Grande, Xosé Luis, “Vexo Vigo, vexo Cangas”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 18 outubro 1998, p. 13.

Expón Franco Grande as razóns que lle provocan unha actitude nunca de entrega total e sen condicións á cidade de Vigo. De entre elas, resalta a fonética agresiva dos vigueses e a desfeita urbanística da cidade olívica, que tomou como seña de identidade, “a súa extravagante Reconquista e demais fantasmadas a ela vencelladas”.

Freixanes, Víctor F., “A luz de Occidente”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 8 febreiro 1998, p. 13.

Falando das terras de Luz Nacente e terras de Luz Poñente, expresa que o espectáculo “máis fermoso, máis emocionante, máis profundamente filosófico que coñece repítese cada día nesas balconadas de luz que son as rías”. Refírese ás súas raíces familiares con Tui, Sela e a Guarda e comenta que os elementos que conforman estas terras tecen un “pano de rendas”, que ten moito que ver coa “literatura de Otero Pedrayo, de Eça de Queiroz, de Teixeira de Pascoães un pouco máis abaixo, no Marao, de Eliseo Alonso, o señor de Goián, do poeta Forcadela, que apañou apelido destas terras, de Mario Claudio, que sobe de Porto tódalas semanas a escribir na súa casa de Paredes de Couras...” Remata apuntando que, pola contra, Miguel Torga, na súa reflexión literaria que fai sobre Portugal, non gusta moito dos miñotos.

Fuentes, Ana, “Correspondencia con Rosalía”, *Atlántico Diario*, 22 xullo 1998, p. 9.

Refírese á doazón realizada por Luís Tobío á Fundación Penzol dunha carta de Rosalía de Castro datada en marzo de 1883. Trátase dunha resposta da escritora padronesa ó pai de Luís Tobío, na que mostra a súa intención de visita-la aboa deste e, á súa vez, tía dela, María Josefa Martíñez Biojo, irmá do seu pai capelán de Iria, coa que vivira os primeiros anos da súa vida xunto con outra tía. Apunta que completa o donativo de Tobío, a entrega da correspondencia que o seu pai mantivo coa filla maior de Rosalía, Alejandra, nas que informa do delicado estado de saúde da súa nai. Rexistra, ademais, os comentarios de Francisco Fernández del Riego, director da Fundación Penzol e presidente da RAG, e do alcalde de Vigo, Manuel Pérez, que lle dedicaron unhas palabras ó labor desempeñado e ó xesto desinteresado de Luís Tobío.

G. G., “La edición de libros en gallego se multiplicó por siete desde 1980”, *La Voz de Galicia*, 24 setembro 1998, p. 38.

Dá conta do número de libros que se editaron en galego no ano 1997. Segundo as estatísticas elaboradas pola Asociación Galega de Editores (AGE), a producción multiplicouse por sete dende o ano 1980. As mesmas fontes afirman que o incremento na edición de libros foi maior en Galicia que no resto das comunidades autónomas. Así mesmo, engaden que as provincias da Coruña e Pontevedra foron as que experimentaron un maior incremento na publicación de obras en galego, para informar, por último, que os organismos que editaron máis obras neste período foron a Xunta de Galicia e Edicións Xerais de Galicia.

G. M., “Lugo acogió el último acto de este año dedicado a Ánxel Fole”, *Galicia en el Mundo*, nº 237, 30 decembro-5 xaneiro 1998, p. 23.

Informa da celebración dunha homenaxe a Ánxel Fole en Lugo, na que interviron dezaoito autores e autoras galegos, entre os que destaca, a Manuel María, Bernardino Graña, Marica Campo, María Xosé Queizán ou Darío Xohán Cabana, que coincidiron en sinalar que Fole marcou un fito na historia do relato curto galego.

_____, “Arcadio López-Casanova ofreceu un recital poético na Casa de Galicia en Madrid”, *Galicia en el Mundo*, nº 251, 20-26 xaneiro 1998, p. 25.

Dá conta da celebración dun recital na casa de Galicia en Madrid, a cargo do poeta lucense, Arcadio López-Casanova. Na presentación, Xosé A. Ferreiro, director da Casa de Galicia, referiuse á traxectoria profesional do poeta e mencionou moitos dos premios que lle foron outorgados ó longo da súa carreira. Por último, Antonio Fraguas realizou un percorrido pola vida do poeta, afincado en Valencia.

_____, “El Centro Gallego de Palma de Mallorca festeja el ‘Día das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 269, 26 maio-1 xuño 1998, p. 26.

Dá conta dos actos que se celebraron no Centro Galego de Palma de Mallorca do 9 ó 17 de maio, co gallo do Día das Letras Galegas, a través dos cales se contribuíu á difusión da cultura, da beleza turística, da artesanía e da gastronomía galegas. Sinala tamén que a semana se pechou cun recital dos poemas galegos de Federico García Lorca e coa representación da obra *A tía lambida*, polo grupo teatral Vagalume.

_____, “Distintos actos de los colectivos gallegos en Madrid con motivo del ‘Día de las Letras Gallegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 270, 1-7 xuño 1998, p. 21.

Noticia sobre os actos que tiveron lugar na Casa de Galicia de Madrid para celebra-lo Día das Letras Galegas, entre os que estiveron, recitais poéticos, actuacións de diversos grupos folclóricos e unha velada poética na que participaron Vicente Araguas e Daniel Hortas.

_____, “Festa en Saint Gallen co gallo das ‘Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 271, 8-14 xuño 1998, p. 20.

Breve comentario sobre as actividades organizadas polo Centro Galego de Saint Gallen en Suíza, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Entre elas, está a participación dos nenos e nenas do Centro Galego nun recital de poemas de Ramón Cabanillas, especialmente, das súas obras *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915).

_____, “Alonso Montero: ‘La presencia de Galicia en Lorca es muy importante”, *Galicia en el Mundo*, nº 273, 22-28 xuño 1998, p. 22.

Coméntase o contido dunha conferencia que pronunciou Xesús Alonso Montero na casa de Galicia en Madrid, titulada “Federico García Lorca, autor literario de los seis poemas galegos (1935)”. Na súa opinión, hai moita xente que descoñece a existencia destes poemas e hai outros que afirman que foron escritos, inicialmente, en castelán. Por último, Alonso Montero cre que foi Ernesto Guerra da Cal o que lle serviu de axuda á hora de escribilos en galego.

_____, “El Gobierno gallego distingue con la Medalla Castelao a ocho ‘gallegos ejemplares”, *Galicia en el Mundo*, nº 275, 6-12 xullo 1998, p. 7.

Informa brevemente da concesión da Medalla Castelao 1998 a oito galegos exemplares: o médico José Luís Barros Malvar; o pintor Luís María Caruncho; o investigador e membro da Real Academia Galega, Dionisio Gamallo; a escritora Marina Mayoral; o vicepresidente do Instituto Arxentino de Cultura Galega, Juan Manuel Pérez; o autor, no ano 1936, dun proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, José Ignacio Poch; o director do Centro de Estudios Gallegos en Oxford, John Rutherford e o enxeñeiro Julián Trincado Settier.

_____, “Los cuentos gallegos poseen peculiaridades que los hacen diferentes”, *Galicia en el Mundo*, nº 275, 6-12 xullo 1998, p. 26.

Fai referencia a unha conferencia titulada “El cuento tradicional gallego”, pronunciada pola Catedrática de Lingua e Literatura Mercedes Etreros Mena, na Casa de Galicia en Madrid. No transcurso da disertación, afirmou que os contos galegos son diferentes ós de calquera outra comunidade autónoma e manifestou que atopou varias coincidencias entre os contos galegos e os lituanos, tanto na temática coma nos diálogos, no desenvolvemento ou nas conclusións.

_____, “El Centro de Estudios Galegos ‘Rosalía de Castro’ en Chile inicia este mes sus cursos”, *Galicia en el Mundo*, nº 275, 3-9 agosto 1998, p. 25.

Informa do comezo de cursos, investigacións e seminarios sobre a historia, a lingua e a literatura de Galicia. Os cursos están organizados polo Centro de Estudios Galegos “Rosalía de Castro” de Chile, que foi creado gracias a unha iniciativa do escritor de orixe galega, Edmundo Moure.

_____, “Maspalomas celebró la ‘Semana de las Letras Gallegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 275, 3-9 agosto 1998, p. 27.

Dá conta dos actos que tiveron lugar na Casa de Galicia de Maspalomas (Canarias), con motivo da celebración da Semana das Letras Galegas. Comenta, así mesmo, a proposta de crear un Centro Galego, que contará co apoio da Casa de Galicia de Maspalomas.

_____, “Muere en Buenos Aires Arturo Cuadrado entre el dolor y el respeto de la emigración”, *Galicia en el Mundo*, nº 280, 10-16 agosto 1998, p. 21.

Refírese á morte de Arturo Cuadrado, secretario de Actas da Comisión de Estatuto do 36, en Buenos Aires. A continuación, cítanse algunhas das súas actividades dentro e fóra de Galicia, como foi a de fundador da revista *Resol* e colaborador nos xornais madrileños *El Sol* e *El Pueblo Gallego*. Tamén se sinala que, no ano 1939, se exiliou a Buenos Aires, onde dirixiu o xornal *Galicia* da Federación de Sociedades Gallegas, foi responsable da editorial Botella al Mar e publicou varios libros de poesía. Ademais disto, recóllense as impresións dalgunhas persoas que coñeceron a Cuadrado: Francisco Lores, presidente do Consello de Residentes Españois; Manuel Mera, presidente da Confederación Intersindical Galega(CIG) ou Lois Pérez Leira, coordinador nacional da CIG Migración.

G. V., “Follas en branco”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Galicia vacacións. O descanso do guerreiro”, 23 xullo 1998, p. 17/p. 15.

Breve comentario sobre o período vacacional dalgúns intelectuais e escritores galegos. Entre outros, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xosé Luís Méndez Ferrín e Alfredo Conde afirman que pasan as súas vacacións traballando, lendo e investigando.

_____, “Manuel María acerca la poesía a las fiestas de Betanzos”, *El Correo Gallego*, 12 agosto 1998, p. 14.

Informa da celebración dun recital poético, titulado “A poesía galega ó servicio da dignidade do home”, que se celebrou no Museo das Mariñas de Betanzos e que estivo presentado polo escritor Xulio Cuns. Nel interviron, entre outros, Manuel María, Uxío Novoneyra, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas e Bernardino Graña.

Gago, Manolo, “Cando as estructuras e as personaxes se rebelan e toman vida propia na literatura”, *O Correo Galego*, 25 xullo 1998, pp. 44-45.

Recolle as impresións dalgúns escritores e escritoras sobre a creación dos seus personaxes. Así, Manuel Forcadela, Xabier Manteiga, Darío Xohán Cabana e Manuel Seixas afirman que se inspiran na realidade cotiá para a creación dos seus personaxes. En canto á elaboración das estructuras das súas obras, Xosé Carlos Caneiro afirma que parte dunha serie de fichas, programa unha determinada estructura e, a continuación, busca información para confeccionala. Xabier Manteiga declara que parte do que el chama “estructuras matemáticas” para a elaboración das súas novelas. Olga Novo, pola contra, afirma que nunca programa unha estructura previa. Por último, en canto á tecnoloxía empregada, algúns escritores como Xurxo Borrazás escriben á man; outros, en cambio, recorren ó ordenador para a confección dos seus libros. Tal é o caso de Gonzalo Navaza, Xabier Manteiga ou Manuel Forcadela, entre outros.

_____, “Recarga de obras”/“As propostas editoriais do próximo outono xiran arredor da traducción e os libros de divulgación”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 setembro 1998, p. 39/p. 13.

Dá conta das últimas novidades que se publicaron en Galicia durante o 1998 e entre as que están: a *Guía da Galicia máxica*, do fotógrafo e poeta Víctor Vaqueiro; *Reencontro*, do alemán Fred Ulman; *O asasino invisible*, do xornalista Xosé Durán; os poemarios *Hipatia*, de A. Pexegueiro e *Ferros e Ameixas*, de Bellsolà;*Hipertensión cívica. Vida e obra de Roberto Blanco Torres*, de Juan L. Blanco.

_____, “Cautela en Vilanova e Pobra polo documento sobre Valle-Inclán”/“ ¿Pobra ou Vilanova? Tensións sobre Valle”, *O Correo Galego/El Correo Galego*, 3 setembro 1998, p. 13/p. 45.

Céntrase na polémica que existe sobre o lugar de nacemento de Valle-Inclán, indicando que, segundo o historiador Pardo de Vera, existe unha carta asinada pola nai do escritor que confirma o seu nacemento na Pobra do Caramiñal. A continuación, informa de que a Fundación Valle-Inclán foi a primeira organización destas características e afirma que o seu obxectivo é promover estudios sobre a vida e a obra do escritor citado.

García, Francisco, “Un buen día para Castelao”, *El Progreso*, 10 marzo 1998, p. 29.

Informa da inauguración do colexio galego Santiago Apóstol en Buenos Aires, unha iniciativa dun galego emigrado a Arxentina no ano 1938. Trátase de Darío Lamazares Pena, natural de Lebesende (Antas de Ulla), que, nos faladoiros ás que asistía en compañía de Castelao, Valverde ou Seoane, xa manifestaba o seu desexo de crear un colexio no que os galegos emigrados e os seus fillos puidesen recibi-la formación que, por razóns políticas ou económicas, se lles negaba en Galicia.

García, Martín, “Una estatua honra desde ayer la memoria de Leiras en Mondoñedo”, *El Progreso*, 20 decembro 1998, p. 15.

Información sobre o remate das xornadas que a Fundación Álvaro Cunqueiro lle dedicou a Manuel Leiras Pulpeiro. Faise referencia ademais á conferencia de Francisco Fernández del Riego e recóllense unhas palabras súas nas que salienta a coherencia ética e ideolóxica de Leiras xunto coa súa mestría lingüística e a viveza dos seus versos. Alúdese tamén á opinión de Carmen Blanco, que apunta que o poeta parece tomar partido en favor da muller en consonancia coa solidariedade que amosa cos marxinados. Finalmente, coméntase o relatorio de Alberto Vallín, que disertou sobre a relación do mindoniense coa loxia francomasónica *Vallibria Redempta.*

García, Rodri, “Vuelta al bosque animado”, *Diario 16*, 1 febreiro 1998, p. 41.

Informa do nacemento da Fundación Wenceslao Fernández Flórez no municipio coruñés de Cambre, que terá como principal obxectivo a reedición da obra do autor en galego, así como a recuperación do seu patrimonio persoal.

_____, “Tanto realismo sucio xa mancha”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 20, 7 abril 1998, p. 7.

Breve comentario sobre a primeira novela de Manuel Núñez Singala, *Mar do fondo* (1997), publicada por Edicións Xerais de Galicia. Segundo o seu autor, trátase dunha “historia máis ou menos policial, pero cunha linguaxe quizais demasiado poética, moi coidada e que algunha xente xa me dixo que lle gustara”. Para rematar, infórmase de que o escritor xa publicara unha obra de teatro, *O achado do castro*, coa que obtivo un premio no seu momento.

_____, “Procuro desacougar, sosprender”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 21, 14 abril 1998, p. 7.

Dá conta da publicación, na editorial Galaxia, do primeiro libro de relatos de Uxía Casal, *Saturno tamén é un deus* (1997), que presenta un conxunto de trece relatos con finais sorprendentes e inesperados. A autora comenta que nunca planifica as súas obras, que escribe sobre o que ve e que se deixa levar polo que vai saíndo, para afirmar, por último, que non é bo publicar un libro ó ano “nun mercado tan pequeno como é o de Galicia”.

_____, “La familia de Valle-Inclán crea una sociedad para administrar su herencia”, *La Voz de Galicia*, 18 abril 1998, p. 71.

Noticia sobre a aparición da sociedade “Herederos de Valle-Inclán S.L.”, creada pola familia do autor coa intención de administra-los seus bens e difundi-la súa producción literaria. Informa que a vicepresidenta da sociedade é María Mercedes Alsina Gómez Ulla, o secretario, Joaquín María Baltasar Valle-Inclán Alsina e o consello está formado polos netos do escritor. A continuación, Carlos del Valle-Inclán, fillo do escritor, afirma que non é partidario da traducción ó galego da obra de seu pai porque Galicia é un país bilingüe. Por último, informa de que a televisión de Galicia xa emitiu, no seu momento, unha versión en galego da obra *Divinas palabras*.

_____, “O verán enxendra libros”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 35, 21 xullo 1998, p. 3.

Ampla reflexión sobre o incremento dos índices de lectura durante o verán. A continuación, cita unha serie de libros e coleccións que tiveron moito éxito durante o período vacacional de 1998. Trátase de coleccións como a de narrativa “Docexvintedous” ou a da editorial Laiovento, “Breviarios”, na que se publican obras “de cen páxinas que se len de xeito doado”. A seguir, cita e comenta brevemente os libros que tiveron máis aceptación durante o período citado. Trátase de *O lápis do carpinteiro* (1998), de Manolo Rivas; *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998), de Marilar Aleixandre; *Matar a Kerenski* (1998), de Xosé Antonio Moreno; *A sombra dos teus soños* (1998), de Anxo Rey Ballesteros; *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, entre outros. No eido da literatura infantil e xuvenil, cita *A porta dourada* (1998), de Xelís de Toro; *Cara a un lugar sen nome* (1998), de Antonio García Teijeiro, *Dous máis dous* (1998), de Carlos G. Reigosa; *Laia, a nena da illa* (1998), de Ánxela Loureiro e *Brumoso* (1998), de Xabier López Rodríguez. Por último, nomea algunhas guías de interese como *Galicia enteira*, de Laredo Verdejo; *Os mosteiros de Galicia en bicicleta de montaña*, de Xosé Carlos Dopazo e Xulio Simón; a *Guía da flora do litoral galego*, de Luís Alberto Sanmartín e Helena Lago Canzobre; *A cociña galega de montaña*, de Gloria Gallego ou a *Guía da Galicia máxica*, de Víctor Vaqueiro.

_____, “El Centro Dramático Galego ya ensaya en español a Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, 12 agosto 1998, p. 25.

Informa dos ensaios dos actores e actrices do Centro Dramático Galego, no Instituto Arcebispo Xelmírez de Santiago. O director da citada Institución, Manuel Guede, afirma que se están a preparar catro obras de Valle-Inclán, dirixidas por José Martins, do Centro Dramático de Viana; Eduardo Alonso; Elena Pimenta, do Centro Dramático Nacional e o propio Manuel Guede. As obras representáronse nas sete cidades galegas e o 10 de xaneiro de 1999 represéntase no Teatro María Guerrero de Madrid.

_____, “O 98, bon ano da narrativa”, *La Voz de Galicia*, 16 decembro 1998, p. 34.

Logo de cualificarse a narrativa galega do 98 como “boa colleita”, recóllense declaracións de Ramón Loureiro, que recoñece a importancia dos premios literarios para enfrontarse co público. Pola súa parte, Xavier Manteiga opina que os premios son necesarios para chegar ó público e Xavier Alcalá considera “interesante” a existencia dos concursos porque filtran e promocionan as obras. Ademais disto, Antón Riveiro Coello refírese á xénese de *A Quinta do Saler*, obra finalista da edición de 1998 do Premio Gonzalo Torrente Ballester.

García, Xosé Lois, “Luz de novembro”, *O Correo Galego*, 13 xaneiro 1998, p. 3.

Ofrece un amplo comentario do último poemario de Bernardino Graña, *Luz de novembro* (1997), publicado na colección de poesía de Espiral Maior. Nas súas páxinas atopamos, segundo o autor do artigo, lembranzas de persoas que pasaron pola nosa terra e que nos deixaron a riqueza das súas palabras. Sinala que o primeiro apartado, “Quintana dos Mortos”, está dedicado á morte do xeneral Franco, aínda que nel tamén se atopan referencias a persoas que deixaron un bo recordo na mente do poeta de Cangas do Morrazo. Así, aparecen poemas dedicados á memoria de Miguel Hernández, Miguel González Garcés, Antón Avilés de Taramancos, Xosé Alexandre Cribeiro, Laxeiro ou Fiz Vergara Vilariño, entre outros. Na segunda parte, “Quintana dos Vivos”, o poeta dedica os seus versos a persoas que aínda se atopan entre nós, como é o caso de Manuel María ou Méndez Ferrín.

García Bodaño, Salvador, “Espacios de tempo e pedra”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 21 xuño 1998, p. 13.

Fai un percorrido polas distintas prazas que enchen a cidade de Compostela e cita, nalgúns casos, os seus nomes primitivos. A continuación, recorda a súa propia infancia vencellada, sobre todo, ás prazas que rodean a súa casa da Calderería: a praza da Universidade, a de Mazarelos ou a de Fonteseca, a da Quintana ou a do Toural, entre outras.

García Carragal, Ángel, “Fray Martín Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Especial Peregrina”, 9 agosto 1998, pp. XXVI-XXVII.

Detallada biografía sobre o Padre Sarmiento, que comeza co seu nacemento un 9 de marzo de 1695, e continúa coa referencia ó traslado da familia a Pontevedra, onde transcorre a súa infancia. Tamén informa do seu ingreso no convento de San Martín, da Orde Benedictina, e do comezo das súas actividades como estudioso das artes e da filosofía na Universidade de Salamanca. A seguir, alude ó amor e admiración que o biografado sentiu pola súa terra natal e afirma que empregou o galego para escribir algúns dos seus traballos. Finalmente informa da súa morte, ocorrida o 7 de decembro de 1771 en Madrid.

García Cheda, Pilar, “Lois Diéguez sae á galería para retrata-la cidade de Lugo”, *El Progreso*, 11 marzo 1998, p. 67.

Informa da presentación do último libro de Lois Diéguez, *Henriqueta na galería* (1997), que tivo lugar na Galería Sargadelos de Santiago. Marica Campo, que asistiu á presentación, comentou que a obra, localizada na cidade de Lugo, é “unha metonimia de Galicia e de problemas universais coma o machismo, a situación da muller, o amor, a destrucción do patrimonio histórico ou a tiranía exercida dende o poder”. Por último, coméntase que *Henriqueta na galería* forma parte dunha triloxía que inclúe dúas das súas obras anteriores: *Monólogos no espello* (1993) e *Tres sombras góticas e unha rosa* (1995).

_____, “Sánchez Iglesias repasa vinte anos de poesía nunha antoloxía”, *El Progreso*, 27 marzo 1998, p. 77.

Dá noticia da publicación dun volume por parte do escritor ourensán Cesáreo Sánchez Iglesias. Trátase dunha antoloxía titulada *A escrita do silencio* (1997), que recolle diversos poemas de *A escrita do olvido*, *O rostro da terra* (1996), *A escrita da luz* e A *árbore das sete palabras* (1990). No acto de presentación, Xulio Valcárcel afirmou que Cesáreo Sánchez fixo un exercicio de “reflexión, silencio e rigor, tanto no aspecto conceptual coma na escrita”. Pola súa banda, Rodríguez Barrio engadiu que se trata dun “esmerado traballo poético sobre o mundo íntimo da máis fonda autenticidade”.

_____, “Antón Santamarina lerá mañá en Lugo o discurso de ingreso na RAG”, *El Progreso*, 23 outubro 1998, p. 75.

Informa do acto que tivo lugar en Lugo e no que o lingüista e director do Instituto da Lingua Galega, Antón Santamarina, leu o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Sinala que a súa intervención consistiu nunha revisión do discurso lido por Ramón Piñeiro hai trinta e un anos, cun achegamento ós aspectos antropolóxicos e filosóficos da lingua, dende o punto de vista da actualidade. A continuación, dá conta das achegas que o novo académico pode ofrecer á institución, entre outras, os seus coñecementos lexicográficos e a investigación que está a levar a cabo no ILG.

García Lorente, Eugenia, “Comienzan los preparativos para el rodaje de ‘La lengua de las mariposas”, *Diario de Pontevedra*, 26 xullo 1998, p. 9.

Informa do comezo dos preparativos para a rodaxe da obra *La lengua de las mariposas*, baixo a dirección de José Luís Cuerda. Comenta que a película está baseada nun conto de Manolo Rivas e que se desenvolverá na Praza da Leña e na rúa Figueroa da cidade de Pontevedra.

_____, “Comienza el rodaje de ‘La lengua de las mariposas”, *Diario de Pontevedra*, 28 xullo 1998, p. 8.

Dá noticia dos preparativos que se están a levar a cabo na cidade de Pontevedra para o comezo da rodaxe dunha película baseada nun conto de Manuel Rivas. Trátase de *La lengua de las mariposas*, que se sitúa no alzamento militar do 18 de xullo de 1936. O director da película, José Luís Cuerda, afirma que escolleu Galicia como escenario da súa montaxe porque os personaxes teñen características propias do pobo galego.

_____, “La X edición de la Feria del libro contará con la mayor participación de su historia”, *Diario de Pontevedra*, 14 agosto 1998, p. 5.

Dáse conta da celebración da Xª edición da Feira do Libro de Pontevedra, situada na Avenida Montero Ríos. A continuación, infórmase da existencia de vinteseis casetas dedicadas á venda ou á exposición de libros. Así mesmo, afírmase que en tódalas casetas haberá un espacio dedicado á venda e exposición de libros en galego.

_____, “La afluencia a la Feria del Libro supera en sus primeros días a la de otras ediciones”, *Diario de Pontevedra*, 18 agosto 1998, p. 8.

Sucinto comentario sobre o desenvolvemento da Xª edición da Feira do Libro de Pontevedra. Informa da existencia de vinteseis casetas, que se reparten ó longo da Avenida de Montero Ríos e que contan coa presencia de libros en lingua galega.

García Regueira, Juan, “Lorca, un poeta en Galicia”, *El Ideal Gallego*, 7 xuño 1998, pp. 12-13.

Perfil biográfico de Federico García Lorca, que naceu o 5 de xuño de 1809 en Granada e que é un dos protagonistas da xeración do 27. A continuación, Domingo García-Sabell e Manuel Martínez Barbeito recordan a súa amizade co poeta granadino e lembran os faladoiros, as conferencias e os paseos polas rúas compostelás, que despertaron no autor do *Romancero gitano*, a súa admiración por Galicia. Así mesmo, García-Sabell alude á devoción que sentía Lorca por Rosalía de Castro, para logo, recordar entre os dous tódalas viaxes do granadino a Galicia, que culminarían coa publicación dos *Seis Poemas Gallegos* (1935), e recoñece-la importancia de Blanco-Amor e Guerra da Cal na redacción definitiva do citado poemario.

García-Sabell, Domingo, “A Cidade Vella da Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 22 febreiro 1998, p. 13.

Recolle as impresións de Domingo García-Sabell, ó percorre-las rúas da cidade vella da Coruña, “ese orixinario e elemental núcleo de casas empoleiradas nunha eminencia da paisaxe metamorfoseada nun labirinto fermoso de rúas acolledoras e de nobres construccións que aínda hoxe proclaman o bo gusto de pasadas centurias”. Por último, compara esta parte da cidade coas novas construccións que contrastan coa sobriedade da zona vella.

_____, “Xohan Rof Carballo”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 13 decembro 1998, p. 15.

Amplo comentario sobre os recordos que Domingo García-Sabell garda do seu amigo Xoán Rof Carballo, centrándose na publicación do volume de ensaios titulado *Mito e realidade da Terra Nai* (1957), ó que el mesmo lle faría un prólogo. Refírese tamén á aparición de dous libros seus: *Patología Psicosomática*, que sería homenaxeado no seu tempo por José Ortega y Gasset, e *Os demos do Bosco*. Lembra, por último, a súa morte en Madrid e lamenta que nunca tivese acceso á Universidade a pesar do seu talento.

Garrido, S., “Hijo sí, pero no predilecto”, *La Voz de Galicia*, 22 xaneiro 1998, p. 80.

Mostra unha breve semblanza de Alejandro Campos Ramírez, coñecido como Alejandro Finisterre, na que desataca a súa faceta de poeta e inventor. A seguir, alude ó acontecido en Fisterra, vila que o viu nacer, logo de non ser aceptada a proposta do alcalde en funcións de nomealo fillo predilecto, concederlle a Medalla de Plata do Concello e ofrecerlle un cargo honorífico na corporación.

Gaspar, Silvia, “Luces na noite de pedra”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 1998, p. 80.

Reflexión sobre a situación da literatura galega na década dos sesenta. Afírmase que a poesía era o xénero preferido pola xuventude universitaria da época e que Celso Emilio Ferreiro, coa súa obra *Longa noite de pedra* (1962), foi un dos autores máis lidos. Así mesmo, comenta que o poeta Manuel María foi o continuador da liña iniciada polo autor celanovés e destaca o poemario *Soños na gaiola* (1968), como obra significativa do autor da Terra Chá. Refírese ó teatro como outro dos xéneros que contribuíu á difusión da lingua galega, para logo defini-la narrativa como un xénero comprometido nesta época e facer referencia ó que se deu en chamar Nova Narrativa Galega.

_____, “Traducción, divino tesouro”, *La Voz de Galicia*, “A Voz na Escola”, 23 novembro 1998, p. 6.

Comeza referíndose á importancia da traducción dos autores galegos a outras linguas, algo que recoñece como positivo, pero critica, a seguir, o feito de que como educadores se utilicen libros de autores galegos “sobre outros valores”. Reivindica a lectura de obras foráneas en galego, que considera básicas na formación do neno, como o *Escarabello de ouro*, de Poe; *Alicia*, de Lewis ou *Contos*, de Salinger, ademais de critica-la actitude remisa dalgúns educadores para utilizar traduccións en galego na clase “porque temen que quizais os alumnos prefiran realiza-la lingua que lles sexa máis cómoda, máis barata”. Finalmente, salienta como unha boa mostra de traducción ó galego as versións de obras de cómic, como a colección de Astérix, as series Cóndor, Bloch e Lucky Lucke que serven claramente de exemplo para inicia-los rapaces, por seren de lectura comprensible e por seren textos moi solicitados entre a xuventude.

_____, “O aniversario dos pobos”, *La Voz de Galicia*, “A Voz na Escola”, 30 novembro 1998, p. 6.

Reflexión sobre as consecuencias da Constitución Española e, máis tarde, do Estatuto de Autonomía no incremento da presencia do galego na sociedade. Fai alusión ó ensino en lingua galega e ó auxe que experimentaron os diccionarios e libros de texto en galego. Por último, cita obras que intentan recupera-lo pasado da historia de Galicia, como algunhas de Darío Xohán Cabana ou Xosé Miranda; coleccións infantís sobre a historia de Galicia (A Nosa Terra) ou obras que versan sobre a tradición oral.

Gil, Francisco, “Morre en Vigo Antón Risco, escritor e un dos máis grandes estudiosos da literatura”, *Faro de Vigo*, 8 febreiro 1998, p. 51.

Informa da morte, en Vigo, do escritor Antón Risco. Dá conta dos detalles do seu enterro e ofrece unha ampla biografía do escritor alaricano. A continuación, informa que o escritor deixou dúas obras no prelo: a novela *Tánata* e un libro de viaxes no que relata as súas experiencias na India. Por último, alude á fundación Vicente Risco que o escritor dedicou á memoria do seu pai.

_____, “Galaxia lanza ‘Descuberta’, unha colección para os novos valores literarios”, *Faro de Vigo*, 12 febreiro 1998, p. 45.

Informa da nova colección da editorial Galaxia, “Descuberta”, que se estreou coa publicación de dúas novelas, *Mar de fondo* (1997), de Manuel Núñez Singala e *Finísimo po nas ás* (1997), de Xerardo Quintiá e un libro de relatos, *Saturno tamén é deus* (1997), de Uxía Casal. Damián Villalaín lembrou as experiencias que precederon a saída desta colección, como foi a colección “Illa Nova” que, nos anos cincuenta, editou unha serie de libros de autores consagrados na actualidade: Carlos Casares ou Xosé Luís Méndez Ferrín. A continuación, recordou a colección “Ronsel” que apareceu nos anos oitenta.

_____, “Las letras gallegas en el 98”, *Faro de Vigo*, “El año de Faro. 145 aniversario”, 3 marzo 1998, pp. XII-XIII.

Iníciase o artigo cun recordo dos mártires de Carral (1846) e coa celebración, dez anos máis tarde, do Banquete de Conxo, a primeira reunión de intelectuais, estudiantes e obreiros da que naceu un “intento de hacer de Galicia una identidad cultural propia”. A continuación, fai referencia ó propio período do Rexurdimento que terá, na súa opinión, unha especial relevancia no terreo da poesía con Rosalía, Curros e Pondal á cabeza, estes dous últimos moito máis comprometidos con Galicia. Para rematar, alude, con bastante detalle, á situación do galego naquela época: unha lingua que non está normalizada “ni en la calle ni en los medios de expresión tradicionales”.

_____, “Gutiérrez Aragón presenta la versión española de ‘Calzados Lola”, *Faro de Vigo*, 2 abril 1998, p. 48.

Dá conta da traducción ó castelán, por parte de Ediciones B, da obra de Suso de Toro *Calzados Lola*. Trátase da cuarta obra do autor verquida ó castelán, xa que con anterioridade foron traducidas *Tic-Tac*, *La sombra cazadora* e *Land Rover*. O acto de presentación da obra tivo lugar en Madrid da man de Manuel Gutiérrez Aragón, presidente da Sociedad General de Autores de España (SGAE). Nel representouse un fragmento da peza *Nan*o, baseada na súa novela *Tic-Tac*.

_____, “El tirano de la aldea”, *Faro de Vigo*, “Crónica Sentimental”, 3 abril 1998, pp. XII-XIV.

Inicia o artigo cunha reflexión sobre a presencia, o papel e a influencia dos caciques en España e, máis concretamente, en Galicia. A continuación, afirma que practicamente tódolos escritores da Xeración do 98 dedicaron páxinas dos seus libros a describi-lo caciquismo, como é o caso de Emilia Pardo Bazán, en *Los pazos de Ulloa*; Torrente Ballester, na súa triloxía *Los gozos y las sombras* ou Castelao, nos seus debuxos.

Gil, Mar, “Cuando la vida es cine”, *Diario 16*, 21 xullo 1998, p. 10.

Informa, brevemente, da rodaxe da película *La lengua de las mariposas*, baixo a dirección de José Luis Cuerda. A obra está baseada nun conto de Manuel Rivas.

Gómez, Joel, “Xosé Manuel Maceira reclama que se ordene la literatura gallega en el exilio”, *La Voz de Galicia*, 2 xaneiro 1998, p. 38.

Comenta que Xosé Manuel Maceira Fernández, profesor do Instituto de Teo, acaba de publicar unha antoloxía titulada *Literatura na diáspora bonaerense*. Sinala que, na opinión do mencionado profesor, son moitos os textos que se descoñecen ou que non acadaron a suficiente difusión aquí en Galicia. Así mesmo, indica que na súa obra, alude á relevancia de *A soldadeira* (1956), de Luís Seoane, que aínda non se representou nunca, e cita o achádego de catro libros inéditos de Emilio Pita. Por último, considera que é preciso seguir investigando sobre a producción literaria que se levou a cabo dende o exilio bonaerense.

Gómez, Lupe, “O idioma une, é un lazo. O galego non separa, non fere”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 31, 15 outubro 1998, p. 8.

Reflexión sobre o que foi e o que é o teatro en Galicia. Na súa opinión, o teatro ten a súa orixe nos contos dos vellos, nas historias a carón do lume ou nas festas do antroido, aínda que sinala que, na actualidade, conta con moitos medios e serve para dar a coñece-la nosa terra ou a nosa historia. Ademais disto, apunta que o idioma galego é a canle idónea para a expresión teatral.

González, Eva, “La I Mostra do Libro se pone en marcha en Tui con la presencia de ocho editoriales”, *Faro de Vigo*, 16 maio 1998, p. 16.

Breve comentario sobre a celebración da Iª Mostra do Libro que se celebrou en Tui. Sinala que está composta por oito casetas nas que se poden adquirir libros escritos en galego, entre un total de oitocentos títulos diferentes. Apunta que a mostra, segundo afirma o Delegado de Cultura da cidade, Moisés Rodríguez, pretende converterse, co tempo, nunha feira do libro. Para rematar, informa que o profesor Pedro Díaz foi o invitado especial, que presentou a maqueta do que será o seu próximo libro, que versará sobre a historia e os personaxes da cidade de Tui.

González, Serxio, “La Xunta recrea las repercusiones culturales del desastre de 1898”, *La Voz de Galicia*, 5 marzo 1998, p. 71.

Dá conta dos actos que terán lugar no marco do programa “Galicia nos tempos do 98”, organizado pola Xunta de Galicia. Sinala que o programa, que se desenvolveu en diferentes cidades galegas, está destinado a recupera-la memoria dalgúns personaxes importantes da época. Entre os actos celebrados, comenta que destacaron unha ofrenda floral a Curros Enríquez no aniversario do seu falecemento; unha mostra bibliográfica nas catro bibliotecas provinciais; exposicións sobre a obra de pintores galegos como Xesús Corredoyra, Fernando Álvarez de Sotomayor e Antonio Palacios; a representación de catro obras de Valle-Inclán ou a reflexión sobre a relación entre García Lorca e Galicia.

González Betanzos, “Definitivo: Valle naceu no Caramiñal”, *O Correo Galego*, 29 agosto 1998, p. 37.

Informa das investigacións do historiador Gerardo Pardo de Vera sobre o lugar de nacemento de Valle-Inclán. Apunta que segundo o historiador, que se baseou nun documento asinado pola nai do escritor e gardado ata o momento pola filla deste, Valle-Inclán non naceu en Vilagarcía de Arousa, como se pensaba ata o momento, senón na Pobra do Caramiñal. Por último, Pardo de Vera afirma que no poemario *La pipa de Kif*, Valle-Inclán anunciara o seu desexo de ser enterrado “nun dolmen da serra da Barbanza”.

González Martín, Gerardo, “Modesto Prieto Camiña, profesor de instituto, autor teatral y poeta en los años 30”, *Faro de Vigo*, “Crónica Sentimental”, 12 xaneiro 1998, p. 8.

Biografía sobre o poeta, autor teatral e profesor do primeiro instituto de Vigo, Modesto Prieto Camiña. Infórmase da súa actividade na defensa da lingua galega, así como das colaboracións en distintas revistas e xornais: *Vida Gallega*, *Faro de Vigo*, *Eco*, *Heraldo de Galicia*, *El Pueblo Gallego*, *Mundo Gallego* ou *Blanco y Negro*, entre outros. A continuación, dise que publicou varios poemas en galego e castelán, ademais dunha peza teatral titulada *La princesa del castillo*.

_____, “Xulio Sigüenza, poeta aventurero, fue redactor de *Faro de Vigo* de 1949 a 1965”, *Faro de Vigo*, “Crónica Sentimental”, 3 xullo 1998, p. 8.

Dá conta da vida e actividade profesional de Xulio Sigüenza Raymúndez, poeta, redactor do *Faro de Vigo* e membro numerario da Real Academia Galega, a pesar de que só publicou un libro en galego: *Cantigas e verbas no ar* (1929), dedicado a Amado Carballo. Sinala que naceu na Coruña o 9 de xaneiro de 1898 e viviu na emigración (Cuba, Uruguai e Arxentina), onde levou a cabo un gran labor de promoción da lingua galega e onde, ademais, publicou o seu primeiro libro de poemas *De los agros celtas* (1923). Comenta que a este libro lle seguiron outros en castelán como *La ruta aventurera*, *No tardaría en dar a la luz*, *Galicia, cara y cruz*, *Cuaderno del ojo sin dueño* ou *Mujeres de la literatura gallega*. A continuación, céntrase no seu traballo como redactor xefe do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, na súa incorporación á Asociación de Escritores e na súa colaboración nas revistas viguesas *Cartel* e *Numen.*

_____, “Francisco Luis Bernárdez, intelectual argentino enamorado de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Crónica Sentimental”, 12 setembro 1998, p. 10.

Amplo perfil biográfico do xornalista e poeta Francisco Luís Bernárdez. Destácase o seu labor en xornais como *El Pueblo Gallego*, *Galicia* e *Faro de Vigo*. A seguir, coméntanse as súas colaboracións en revistas como *Ronsel* e *Nós*. Fálase tamén da súa ampla actividade literaria, que desenvolveu en Arxentina no grupo denominado “Martín Fierro”, nome que el empregara como pseudónimo en *El Pueblo Gallego*. Por último, apúntase que foi membro da Academia Arxentina da Lingua e correspondente da Real Academia Galega, ademais de citarse algunhas das súas obras: *Bazar*; *Kindergarten*, con debuxos de Carlos Fernández Mazás; *La ciudad sin Laura*, en edición conxunta con *El Buque*; *Himnos del Breviario Romano* (1952) ou *La lengua gallega en las voces argentinas*.

Graña, Bernardino, “Charla de Ramiro Fonte a Pancho Valle Inclán, no Carballiño”, *La Región*, 15 marzo 1998, p. 17.

Informa dunha conferencia, organizada pola Asociación de Veciños Camiño, que tivo lugar na Casa da Cultura do Carballiño a cargo do poeta Ramiro Fonte e de Pancho Valle-Inclán, neto de don Ramón María del Valle-Inclán. A continuación, resume o contido da conferencia que comezou coa intervención de Ramiro Fonte, quen recitou algúns dos poemas do seu último libro *Cazador de libros* (1997). Polo que respecta a Pancho Valle-Inclán, sinala que ofreceu unha panorámica da vida e obra do seu avó, a través das entrevistas que lle fixeron ó longo da súa vida.

_____, “A costa de Soavela de Cangas”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 3 maio 1998, p. 13.

Fai un percorrido pola costa de Soavela, ademais de explicar que este nome significa “baixo a vixía”. Enumera as paisaxes que se poden ver dende a punta do Facho —os faros de Subrido, Robaleira e Cabo do Home, a punta do Couso, as illas Cíes, Onsela, Oia e Sálvora— e o monte do Faro de Domaio, o Gagán, a Magdalena, Vigo, Samil, Monteferro, Baiona, etc.

contempla

Grela, V., “Unha artista á marxe da aldea global”, *La Región*, 31 maio 1998, p. 14.

Ofrécese un breve perfil biográfico da actriz ourensá, Miriam Gallego, licenciada na Escola de Arte Dramático de Madrid e, actualmente, membro da compañía madrileña “El duende”. Sinálase que entre as súas interpretacións figuran obras como *O enfermo imaxinario*, de Moliére; *Monólogos*, de Darío Fo; *A Esmorga*, de Blanco-Amor; *Vodas de sangue*, de García Lorca ou *Santa Cruz*, de Max Friech, entre outras. Para rematar, infórmase de que impartiu un curso de teatro “Xogo mímico e escénico”, entre o 17 e o 28 de agosto.

Guede, I., “Pura Vázquez, a examen”, *La Región*, 19 abril 1998, p. 19.

Noticia sobre a publicación de *A saudade e outros poemas. O desacougo* (1997), da escritora ourensá Pura Vázquez, editado por Victoria Sanjurjo, na colección “Biblioteca das Letras Galegas” de Edicións Xerais de Galicia. Trátase dunha recompilación de poemas coñecidos da autora, precedidos dun amplo perfil biográfico desta e adaptados, na medida do posible, á normativa vixente neste momento.

Guede, Isidoro, “Colección de artículos periodísticos de Dora Vázquez”,

La Región, 5 xaneiro 1998, p. 8.

Loa o labor creativo e profesional de Dora Vázquez e dá conta da publicación do libro *Galicia. Cousas e xentes* que recolle artigos xornalísticos escritos orixinalmente en castelán e publicados agora en galego nunha edición apadriñada polo presidente da Deputación da Coruña, César Lendoiro. Valora a aparición da “Dora Vázquez prosista que (...) muestra una singular sencillez expresiva con un lenguaje que tiende a la elevación poética y enriquece con ello cuanto toca”.

Hermida Iglesias, M., “Lembrando a Avilés no sexto aniversario do seu pasamento”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 24 marzo 1998, p. 20.

Evoca a figura de Antón Avilés de Taramancos cando se cumpre o sexto aniversario do seu pasamento. Refírese á maneira na que viviu os últimos días da vida do escritor e céntrase na súa amizade, comentando que “está máis que visto que ó faltar Avilés, xa nada é o mesmo; e xa non digamos na cousa municipal, porque a cultura é precisamente a que máis botamos en falta neste concello”.

Herrero, Marian, “El Gran mercado del libro”, *Faro de Vigo*, 7 xullo 1998, p. 8.

Refírese á Feira do Libro que tivo lugar en Vigo dende o día 2 ó 10 de xullo, centrándose na descrición dalgúns exemplares que se podían atopar nos distintos postos. Así, salienta algúns dos libros polo seu elevado prezo e a súa orixinalidade, como son a edición limitada en galego de *El Quijote* que tiña á venda Xuntanza Editorial, e algunhas das enciclopedias e coleccións como a *Enciclopedia Universal Ilustrada*, de Espasa Calpe ou a *Gran Enciclopedia Gallega*, das que fai unha breve descrición do seu formato. Finalmente, destaca a Editorial Elfo que ofrece divertidos libros para os máis cativos.

_____, “Amancio Prada abre la XIV edición del Festival Intercéltico de Morrazo”, *Faro de Vigo*, “Verano del 98”, 8 agosto 1998, p. IV.

Ademais de dar conta de varios aspectos relacionados coa edición deste ano do Festival Intercéltico do Morrazo, apunta que nesta ocasión se publica a revista *Das letras do mar*, que contén unha sección de literatura dedicada ás letras do mar. Sinálase tamén que nela colaboran Manuel Rivas, Carlos Casares e Víctor Freixanes, entre outros.

Hoyos, Lorena, “As palabras son analxésicas”, *O Correo Galego*, 19 xullo 1998, p. 38.

Anuncia a rodaxe do filme *La lengua de las mariposas*, baseado no relato de Manuel Rivas. Logo de sinalar que se trata de “un estremecedor e emocionante drama que transcorre nunha pequena vila de Galicia nos albores da Guerra Civil”, realiza un percorrido argumental e alude á intención de Manuel Gutiérrez Aragón de levar ó cine *O lapis do carpinteiro* (1998), a partir da novela do autor galego.

I. C., “¿Os galegos non aman?”, *O Correo Galego*, 3 xaneiro 1998, p. 34.

Dáse conta da publicación do libro *Citas de amor* (1997) na colección “Minilibros”, da Editorial Galaxia. Saliéntase o feito de que non haxa entre estas citas ningunha orixinal de autores galegos nin portugueses e alúdese a outros volumes desta mesma colección, que si están integramente vencellados a elementos da vida de Galicia, como son os santos, os cregos ou os refráns sobre a predicción do tempo. Refírese tamén a *Poemas ó vagalume* (1997), en edición de Xesús Alonso Montero.

_____, “O Bloque, contrario á idea de que o CDG represente a Valle-Inclán”, *O Correo Galego*, 24 xuño 1998, p. 36.

Céntrase no comunicado feito público polo BNG no que cualifica de “indignante” o proxecto do Centro Dramático Galego de levar a cabo a posta en escena de catro pezas de Valle-Inclán en castelán. Segundo a formación nacionalista, a negativa dos herdeiros de Valle-Inclán para traducilas obras ó galego non xustifica a decisión do CDG “de renunciar ó seu propio espírito”, xa que esta compañía foi creada con dúas premisas claras “a promoción e defensa do teatro galego”.

_____, “Congreso para o Batallón”, *O Correo Galego*, 24 xuño 1998, p. 36.

Anúnciase a terceira edición do encontro de escritores que celebra o Batallón Literario da Costa da Morte, presentado baixo o lema “Literatura ¿para quen?”. Alúdese ó acto de presentación que tivo lugar en Santiago e no que os representantes do colectivo salientaron os “atrancos” e a falta de subvencións. Entre outras actividades previstas, cítase a presentación do número 4 da revista *Feros Corvos* e a lectura de comunicacións. Inclúense ademais os nomes dalgúns dos escritores participantes, tanto daqueles membros pertencentes ó Batallón coma doutros alleos a este, pero que participan na asemblea poética que culmina cun macrorrecital.

_____, “Alfredo Conde triunfa en Rusia”, *O Correo Galego*, 10 outubro 1998, p. 36.

Faise eco do éxito obtido pola obra de Alfredo Conde *Xa vai o Griffón no vento* na súa traducción ó ruso e da presentación da segunda edición, despois de que a primeira se esgotase en catro meses. Resáltase que a Editora Universitaria de San Petesburgo publica obras completas de autores como Umberto Eco e fai gala de dar a coñecer ó público ruso a obra dos máis grandes autores europeos. Menciónanse os premios que leva obtidos esta obra de Conde, faise referencia ó Centro de Estudios Galegos de San Petesburgo, dirixido pola profesora Elena Zernova, e cítase, entre outras actividades que leva a cabo este, a publicación de *Voces Novas. Antoloxía da literatura galega* (1997). Anúnciase, finalmente, a próxima publicación de Alfredo Conde titulada *Sempre me matan*.

_____, “Havas non cambia a liña editorial de Xerais”/“Havas non vai cambiar a liña editorial de Xerais”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 decembro 1998, p. 37/p. 12.

Con motivo da compra do Grupo Anaya por parte da multinacional francesa Havas, recóllense as opinións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, quen cre que a continuidade da editorial viguesa está garantida. Faise referencia tamén ás palabras de Víctor F. Freixanes ó considerar que a compra pode ser unha boa oportunidade de intercambio para os autores galegos e unha panca para introducir en Galicia obras de multimedia. Dánse algúns detalles máis sobre o desembolso feito polo grupo francés e alúdese á creación de Xerais en 1979 da man de Xulián Maure e Germán Sánchez Ruipérez.

I. F. L., “La Fundación Castelao afirma que la figura del intelectual aún se desconoce”, *El Mundo. Galicia*, 8 xaneiro 1998, p. 5.

Noticia do acto celebrado en homenaxe a Castelao con motivo do seu 47 aniversario, consistente nunha misa e a posterior ofrenda floral. Saliéntanse as palabras do presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo, quen explicou que o traballo da fundación é honrar e divulga-la obra do rianxeiro. Tamén se recolle a opinión do vicepresidente, Henrique Monteagudo, quen aludiu á condición de Castelao de precedente da autonomía e do autogoberno e considerou que a figura de Castelao non é suficientemente estudiada a nivel académico. Anúnciase tamén a celebración dunhas xornadas en Rianxo organizadas por Galiza Nova.

Iglesias, Ana, “Cientos de estudiantes se sumaron al homenaje a Neira Vilas en Peleteiro”, *El Correo Gallego*, 22 abril 1998, p. 9.

Información relativa ó encontro que mantivo o escritor Xosé Neira Vilas no Colexio Manuel Peleteiro en Santiago de Compostela. Coméntase que con estas iniciativas o colexio pretende dar a coñecer entre os escolares as figuras máis emblemáticas das letras galegas actuais. Ademais da referencia a esta charla do escritor, menciónase a elaboración de unidades didácticas por parte dos alumnos de 3º de BUP sobre a figura do escritor.

_____, “Pallarés abrirá a Feira do Libro en Compostela”/“La Feria del Libro abre sus puertas con 40 stands, música, teatro, y danza”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 1 maio 1998, p. 41/p. 9.

Dá conta do acto de presentación da XVIª Feira do Libro de Santiago de Compostela. Anuncia o pregón a cargo de Pilar Pallarés e achega algunhas cifras referentes ó evento, ademais de salienta-lo obxectivo dos organizadores, “desenvolve-la afección á lectura e promociona-las librerías”.

_____, “Cientos de personas visitaron la Feria del Libro en su primera jornada”, *El Correo Gallego*, 3 maio 1998, p. 9.

Coméntanse algúns pormenores referentes á primeira xornada da Feira do Libro compostelá. Alúdese á participación de Pilar Pallarés e Fina Casalderrey e anúnciase a presencia dalgúns escritores ó longo da feira como Neira Vilas, Anisia Miranda, Mini e Mero, Concha Blanco ou María Canosa Blanco.

_____, “Desacordo das poetas pola vixencia do canon”/“Desacordo das poetas pola vixencia do canon”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 12 decembro 1998, p. 17/p. 57.

Informa da celebración do IIIº Encontro de Mulleres Poetas, que tivo lugar en Lanzarote, co obxectivo de “unir as voces poéticas das mulleres que se expresan nas diferentes linguas da Península e das illas así como o tratamento de distintos temas actuais, como o suxeito poético ou a revisión da traducción e o canon ”. Ademais da referencia á conferencia de Sharon Keefe Ugalde e Cecilia Drey-Müller, cítanse os nomes de María Xosé Queizán, Pilar Pallarés e Chus Pato como poetas galegas participantes no encontro.

Isorna, José, “El Profesor José F. Filgueira Valverde”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 20 setembro 1998, p. V.

Céntrase na relación do polígrafo Xosé Filgueira Valverde co franciscanismo, que parte da súa admiración por Francisco de Asís dende a xuventude. Alude, así, á existencia de numerosos artigos de xornais desta temática e salienta que “hallamos en su producción literaria y periodística asuntos y materias de hondo sabor franciscano”.

J. A., “Conde fala dos ‘pilotos do alto mar’ nos encontros de Lisboa”, *O Correo Galego*, 26 febreiro 1998, p. 42.

Alude á participación de Alfredo Conde no encontro “Os narradores e o mar”, que se celebra na Biblioteca Nacional de Lisboa. Explica que este encontro se divide en tres debates, dos cales o autor galego ten previsto participar no que ten como tema “Pilotos do alto mar”. Tamén se refire á presencia doutros autores nos coloquios, entre os que se cita a Víctor Freixanes, Carlos Casares e Marina Mayoral, que participan no titulado “Contos do mar”.

_____, “Conde, Casares, Freixanes e Mayoral conversan en Lisboa”, *O Correo Galego*, 3 marzo 1998, p. 36.

Refírese á programación prevista para o encontro “Os narradores e o mar”, que se celebra en Lisboa e que conta coa presencia destes catro escritores galegos.

_____, “Aseguran que la literatura española se ha olvidado del mar”, *La Voz de Galicia*, 4 marzo 1998, p. 72.

Dá conta da xornada correspondente ó Encontro “Os narradores e o mar”, da que subliña a intervención de Rafael Conte, quen salientou que na literatura española non hai obras mestras mariñeiras. Fronte a isto, alude a Jacinto Verdaguer na literatura catalana e a Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro na galega, como autores “que han acogido el tema con mayor generosidad que el castellano”.

J. C., “El escritor Suso de Toro ofrecerá mañana una conferencia en Nigrán”, *Atlántico Diario*, 15 novembro 1998, p. 16.

Anúnciase a conferencia de Suso de Toro en Nigrán baixo o título “A literatura en fóra de xogo”. Explícase que o acto está organizado polo grupo “Virtus” do IES Val Miñor en colaboración co concello e alúdese á próxima celebración doutras tres conferencias a cargo de Xosé Luís Méndez Ferrín, Lucía Etxebarría e Juan Manuel de Prada.

J. D. C., “Galaxia vuelve a los nuevos autores”, *Atlántico Diario*, 12 febreiro 1998, p. 11.

Refírese á presentación da colección “Descuberta” da Editorial Galaxia, que segue dúas experiencias semellantes da propia editorial nos anos cincuenta e oitenta denominadas “Illa Nova” e “Ronsel”. Coméntase que Damián Villalaín resaltou que coas experiencias precedentes publicaran por primeira vez autores como Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Camilo Gonsar. Ademais, con palabras de Villalaín, saliéntase a vocación plural da colección logo de seren mencionados os tres primeiros títulos: *Saturno tamén é deus* (1997), de Uxía Casal; *Mar de fondo* (1997), de Manuel Núñez Singala e *Finísimo pó nas ás* (1997), de Xerardo Quintiá.

J. M., “Concurso de recitación poética en Radio Arzúa”, *El Correo Gallego*, 20 marzo 1998, p. 14.

Coméntase a iniciativa da emisora municipal Radio Arzúa que, un ano máis, convoca un concurso de recitación poética, que pretende difundi-lo gusto pola poesía entre os habitantes da vila. Faise referencia ás bases polas que se rexe o premio, que se divide en tres categorías.

_____, “Rosalía de Castro fue protagonista en Arzúa”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1998, p. 15.

Informa da lectura ininterrompida de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro celebrada en Arzúa con motivo do Día das Letras Galegas, na que participaron un total de noventa persoas. Ademais alúdese á celebración dunha mesa redonda na que Xosé Ramón Fandiñó explicou o significado do 17 de maio e se referiu ó contexto histórico dos tres trobadores.

J. M. C., “El Encontro del IEV reunirá a 42 poetas”, *La Región*, 21 maio 1998, p. 17.

Anuncio da celebración do Encontro de Poetas por parte do Instituto de Estudios Valdeorreses. Sinálase que se prevé a participación de corenta e dúas persoas, procedentes na súa maioría de fóra de Valdeorras, e que haberá outras actividades de carácter musical para ter lugar no marco deste encontro.

J. M. R., “Escritores de la zona participán en un café literario en Fisterra”,

El Correo Gallego, 8 abril 1998, p. 22.

Refírese á celebración dun faladoiro literario en Fisterra coa presencia dalgúns dos autores máis representativos da comarca. Cítanse os nomes dalgúns escritores e anúnciase, no transcurso da velada, o dictame do lº Certame de Poesía e Contos Festas do Cristo.

_____, “El ayuntamiento de Vimianzo nombrará hijo adoptivo a Manuel Rivas”, *El Correo Gallego*, 26 maio 1998, p. 17.

Coméntanse diversas iniciativas do Concello de Vimianzo, entre as que se cita, a posta en marcha dos trámites para o nomeamento de Manuel Rivas como fillo adoptivo da vila.

_____, “O home como un froito da literatura”/“Treinta escritores debatieron sobre la actualidad literaria ayer en Vimianzo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 xuño 1998, p. 57/ p. 15.

Noticia centrada na celebración en Vimianzo do IIIº Encontro de Escritores da Costa da Morte baixo o lema “Literatura ¿para quen?” Alúdese ás intervencións de Abel Méndez e Rafa Villar, que puxo de relevo o peso dos criterios editoriais na producción literaria. Cítanse os nomes doutros relatores e recóllense as palabras de Miro Villar, integrante do Batallón Literario da Costa da Morte, subliñando a importancia do intercambio de opinións entre escritores.

J. S.,“Más de cincuenta poetas de toda Galicia participan hoy en un encuentro en O Rosal”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 1998, p. 16.

Anuncia a celebración do Encontro Anual de Poetas, en Eiras (O Rosal), baixo a organización da Asociación Amigos da Poesía Baixo Miño. Saliéntase que a presidenta, Emilia Rosende, expresou o seu agradecemento a tódolos concellos colaboradores nesta iniciativa e, especialmente, ó do Rosal por edita-lo libro recompilatorio cos poemas recitados no encontro.

J. V., “Arte teatral”, *El Mundo*, *“La Esfera”*, nº 363, 27 xuño 1998, p. 11.

Sucinta referencia bibliográfica, na que se informa da publicación do último número da revista *Arte Teatral*, dedicado integramente ó teatro galego, e que se define como un paseo pola súa historia.

Janeiro, D., “Dolores Vilavedra: “A estas alturas Galicia non poderá ter xa un teatro de masas”/“Dolores Vilavedra: “A estas alturas Galicia non terá xa un teatro de masas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 3 marzo 1998, p. 35/ p. 15.

Achega información referente ó coloquio sobre o teatro galego celebrado en Santiago e no que se puxeron sobre a mesa temas como o relevo xeracional, o afastamento dos camiños entre a creación escénica e a literatura dramática e a dispersión do número de compañías. Comeza recollendo a intervención de Dolores Vilavedra, quen subliñou que a necesaria publicación de clásicos réstalles posibilidades ós autores novos e referiuse ó conservadurismo das editoriais, así como á negativa dos grupos a se fusionaren amparándose na pluralidade. Tamén se destaca a alusión feita á “endogamia esterilizante”, que pode derivar da identificación entre autor e compañía, e á relación “vampirizante” entre o teatro profesional e o alternativo. Coméntase ademais a participación de Xavier Lama, quen mostrou a súa certeza na non ruptura xeracional e a de Roberto Salgueiro, quen formulou o relevo xeracional como un dos problemas básicos.

_____, “Singala consegue “narrar nunha baldosa” con “Mar de fondo”/“Núñez Singala “narrar nunha baldosa” na novela ‘Mar de fondo”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, 11 marzo 1998, p. 48/p. 14.

Céntrase na presentación en Santiago de *Mar de Fondo* (1997), de Manuel Núñez Singala. Faise referencia ás palabras de Dolores Vilavedra, quen salienta o feito de que o autor non se precipitase e madurase ben esta novela. Así mesmo, Darío Villanueva destaca a capacidade para engaiola-lo lector, a miudeza descritiva e a dificultade de se situar no punto de vista dunha muller. Por último, recóllense as palabras de Damián Villalaín, da Editorial Galaxia, quen explica que “Descuberta” quere ser plataforma para autores noveis.

_____, “Os herdeiros de Valle-Inclán néganse a falar do tema traducción”,

O Correo Galego/*El Correo Gallego*, 17 marzo 1998, p. 36/p. 13.

A negativa da familia de Valle-Inclán a que se traduza a súa obra ó galego centra esta noticia, na que ademais se recollen declaracións de Eduardo Alonso, quen considera que a familia do dramaturgo se equivoca, aínda que é consciente de que a lei os protexe. Lembra tamén este director a oposición da familia, en 1994, para traducir *Divinas palabras*.

_____, “A saúde da lingua”/“A AS-PG avalía a ‘saúde’ da lingua na oitava edición das súas xornadas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 2 abril 1998, p. 46/p. 12.

Anúnciase a celebración das VIII[as] Xornadas de Lingua e Literatura organizadas pola CIG-Ensino e AS-PG. Recóllense as palabras de Anxo Louzao, criticando a política lingüística da Xunta de Galicia, e alúdese a algúns dos seminarios, debates e conferencias que, polo que se refire á literatura, contan coa presencia de Francisco Rodríguez Sánchez para falar de “Galiza e o 98” e de autores como Marilar Aleixandre, Manuel Lourenzo ou Césareo Sánchez.

_____, “No camiño da ciberlectura”/“As editoriais virtuais galegas navegan pola Internet, en forma de ‘webs’ dedicados á difusión de textos literarios”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 24 abril 1998, p. 37/p. 15.

A referencia á evolución do mundo do libro cara á era dixital dálle paso á información sobre a presencia de textos literarios en Internet. Así, faise referencia á “editorial virtual” de Teatro Bruto e alúdese a outros foros como *Çopyright*, *O ximnasio do academo*, a revista *Andaina* ou as editoriais Galaxia e Edicións Xerais.

_____, “Un feixe de versos galegos”, *O Correo Galego*, 5 xuño1998, pp. 38-39.

Achega algunhas referencias ó xurdimento da amizade entre Ernesto Guerra da Cal e Eduardo Blanco Amor con Federico García Lorca. Tamén alude á entrega dos orixinais dos *Seis poemas galegos* (1935) por parte de García Lorca a Blanco Amor, que recoñeceu facer algunhas correccións métricas e ortográficas. Neste sentido, recolle as declaracións do profesor Xesús Alonso Montero, nas que sostén que Guerra da Cal foi unha “especie de diccionario vivinte” na elaboración dos poemas. Conclúe coas palabras de Fernández del Riego, poñendo de relevo a ampla visión que o poeta granadino tiña da literatura galega.

Jaureguizar, “Medio millar de personas, en el sepelio del poeta Crecente Vega”, *El Progreso*, 22 novembro 1998, p. 25.

Cobre a información referente ó enterro en Castro de Rei dos restos mortais do poeta Xosé Crecente Vega, procedentes de Segovia. Cita os nomes dalgúns persoeiros asistentes e alude á lectura de poemas por parte de Marica Campo, Xoán Neira e Nicanor Rielo. Comenta tamén a petición feita pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, para que lle sexa dedicado o Día das Letras Galegas, e subliña a súa importante producción poética que permanece inédita.

Kruckenberg, Mª Carme, “Do Rosal, a Santa María de Oia”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 10 maio 1998, p. 13.

Describe unha ruta que vai dende O Calvario, no Rosal, a Santa María de Oia pasando entre outros lugares por Fornelos, Cruces e Acebedo. Xa preto do final do traxecto, explica a existencia dun contraste estraño e fermoso para o visitante, por ter esta zona grandes rochas con pedras e carrileiras sen prantas verdes e case desertas. Remata coa imaxe do mosteiro de Oia e “coa inmensidade do mar”, cualificando a posta de sol que aquí se pode presenciar como unha das máis fermosas e impresionantes do mundo.

L. P. M., “Una vida dedicada a la literatura y la enseñanza”, *La Región*, “El adiós de un intelectual”, 8 febreiro 1998, p. 13.

Con motivo da morte de Antón Risco e ó lado dun artigo de Antón Tovar sobre a súa figura, realízase un percorrido pola vida e obra deste escritor.

_____, “Manuel Fraga salienta o rexionalismo de Curros no 90 aniversario da súa morte”, *La Región*, 7 marzo 1998, p. 58.

Céntrase na actividade do Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, durante un acto organizado diante do monumento a Curros Enríquez na Coruña. Saliéntase a referencia que o máximo mandatario autonómico fixo á honestidade coa que Curros abordou a problematica social de Cuba, así como ás dificultades que o celanovés acabou pasando na illa. Noméanse algunhas das personalidades asistentes ó acto e alúdese ás palabras de Carlos Casares, que cualificou de “inxustizas históricas” a crenza de que Curros non era un home relixioso e que o bispo Cesáreo, que o perseguiu polos seus poemas, fora un home sectario.

_____, “La Asociación Monterrei realiza diferentes actividades en defensa de la cultura gallega”, *La Región*, “Especial Verín y Comarca”, 8 maio 1998, p. 41.

Faise referencia a algunhas iniciativas desenvolvidas pola Asociación Cultural Monterrei, de Verín. Das relacionadas coa literatura, cítase a edición da revista *A Tempo* ou as xornadas de teatro infantil e xuvenil.

_____, “Ajoblanco”, *El Mundo*, *“La Esfera”*, nº 339, 23 maio 1998, p. 15.

Nota que anuncia a publicación do número 107 da revista *Ajoblanco* e que inclúe artigos sobre poesía española, José Ángel Valente, literatura catalana, galega e vasca.

_____, “Blanco Amor seguirá enterrado en San Francisco”, *La Región*, 29 setembro 1998, p. 13.

A propósito da iniciativa do concello ourensán de que os restos de Blanco Amor sexan levantados do cemiterio de San Francisco para situar no seu lugar un busto ou unha placa, sinálase que a familia desmentiu que houbese contactos co concello. Anuncia tamén que a única variación, que se admitiría, sería un cambio de orientación da lápida dentro da mesma parcela.

_____, “Xente Xove” dona libros en gallego a la biblioteca municipal verinense”, *La Región*, “Especial Verín”, 7 novembro 1998, p. 34.

Informa da iniciativa da Asociación Xuvenil Xente Xove de doar á Biblioteca Municipal de Verín un lote de 50 libros infantís e xuvenís en lingua galega. Comenta que con esta iniciativa se pretende acostumar a toda a xente a ler en galego e explica que a selección das obras se fixo en base a unha enquisa realizada entre os mozos da vila, da que saíron con resultados favorables autores verinenses e da comarca, polo que entre os libros doados hainos de autores como Silvio Santiago ou Xosé Carlos Caneiro. Tamén se fai referencia ós comezos da asociación e ó tipo de iniciativas emprendidas.

_____, “Ferrín e Isla Couto son “honoris causa” por la Universidad Sur”, *La Región*, 12 decembro 1998, p. 13.

Información relativa a diversos acordos adoptados durante a xunta de goberno da Universidade Sur, entre os que se cita, o de nomear doutor *honoris causa* a Aníbal Ramón Figueiras Vida, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xaime Isla Couto.

Leis, Iván, “O poeta é un descubridor de mentiras”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, 1 marzo 1998, p. 3.

Logo de ser anunciada a presencia de Alfonso Pexegueiro no Club Faro de Vigo para falar xunto a Méndez Ferrín, alúdese ó seu papel na posta en marcha do Grupo Rompente na década dos anos 70. Coméntase que a falta de eco nos círculos literarios para a obra persoal de Pexegueiro, levouno a se trasladar a Barcelona. A seguir e co apoio das palabras do propio autor, fálase da súa concepción da poesía como arte baseada en descubrir mentiras, poñendo de manifesto tamén a ruptura dos usos tradicionais da linguaxe. Ademais este autor móstrase crítico cos poetas da chamada Xeración dos oitenta, que arremeteran no seu día contra Rompente, e que, agora, se ven na mesma situación con respecto ós dos noventa. Neste sentido, cre que estas “guerras de poder” non veñen a conto e concibe a poesía como un instrumento para romper fronteiras e ampliar espacios de liberdade. Polo que se refire á literatura galega máis actual, móstrase contento pola “avalancha” de autores “a pesar de catro profesores que cultivan o barroquismo e a metáfora pola metáfora”. Finalmente, advirte ós poetas máis novos da necesidade dunha autocrítica constante.

_____,“O libro galego navega polo ciberespacio”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 82, 21 novembro 1998, p. 3.

Dá conta da estrea dunha páxina web por parte da librería Andel de Vigo. Explica que isto permite non só consultar un amplo catálogo de obras clásicas e novidades editoriais de Galicia, senón que tamén merca-los exemplares cunha transacción electrónica. Describe, por último, a estructuración da páxina e o modelo de ficha que acolle a cada libro.

_____,“Memoria do libro galego: 1998”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 86, 19 decembro 1998, p. 3.

Resumo da producción literaria galega, no que se salientan os cinco libros máis vendidos na última tempada: *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro; *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas; *Guía da Galiza máxica* (1998), de Víctor Vaqueiro; *Os trobadores do reino de Galiza* (1997), de Mercedes Queixas Zas; e *Manancial* (1997), de Xabier Manteiga. Cítanse outros títulos de obras bastante vendidas e recóllense as valoracións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, quen opina que “a temperatura” do libro galego “aínda segue a ser morniña”, dá conta dos títulos que considera máis sobresaíntes e felicita o nacemento da Editorial Kalandraka. Constátase tamén a opinión de Carlos Casares, que pensa que o nivel medio da literatura galega subiu moito e pon de relevo a escaseza de obras traducidas doutras linguas, ademais de resalta-lo crecente número de libros galegos que son traducidos e manifesta-las súas prioridades de entre a producción editorial do ano 1998.

Leivas, Rubén, “Un alud de intelectuales arropa la fundación ‘Álvaro Cunqueiro”, *El Progreso*, 1 marzo 1998, p. 14.

Céntrase na creación da Fundación Álvaro Cunqueiro, que pretende manter viva a memoria do escritor mindoniense. Indícase que a presidencia lle corresponde a Enrique Cal Pardo e cítanse os nomes que compoñen o órgano rector e o comité de honra. Alúdese ó acto de presentación no que Fernández del Riego apuntou a súa amizade con Cunqueiro nos tempos de estudiante e a invitación que lle fixo para que escribira un libro en galego, de onde nacería *Merlín e familia* (1968). Ademais, reprodúcense unhas palabras de Marilar Aleixandre, ó recolle-lo Premio Álvaro Cunqueiro, que se referiu á fortuna de que os oídos do xurado entendesen as súas verbas.

_____, “Fraga se compromete a hacer una aportación para la Fundación ‘Cunqueiro”, *El Progreso*, 23 xullo 1998, p. 24.

Dá conta da reunión mantida entre membros da Fundación Álvaro Cunqueiro e o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, quen manifestou a intención da Xunta de face-la achega que sexa necesaria a esta Fundación e a súa aceptación da presidencia de honra desta, pola amizade que o unía con Cunqueiro. Recóllese tamén as palabras do presidente da fundación, Enrique Cal Pardo, que se referiu ós proxectos máis inmediatos.

Loop, Tonhe, “Rompente, vinte anos despois”/“O silabario da turbina’, manifesto de Rompente, cumpre vinte anos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 16 setembro 1998, p. 37/p. 12.

Apóiase no artigo publicado no *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, por Helena González Fernández, para facer un percorrido histórico polo Grupo Rompente. Faise referencia ó contexto no que naceu o colectivo integrado por Reixa, Valdeorras, Pexegueiro ou Patiño e ós textos publicados tanto colectiva coma individualmente.

_____, “Bragado contra os rumores: “Todo é falso. Xerais nunca falará francés”, *O Correo Galego*, 18 setembro 1998, p. 37.

A través desta noticia, recóllense as impresións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, ante a posibilidade de que o grupo francés Havas compre Anaya, na que se inclúe a editorial viguesa. Segundo Bragado, a editorial galega vai mante-la súa personalidade e o seu compromiso coa identidade e a normalización lingüística de Galicia. Sinala ademais que con esta compra se poden abrir posibilidades de intercambio co mundo francófono e pon de relevo as posibilidades de producción multimedia. Alúdese tamén ó optimismo do antecesor de Bragado, Víctor Fernández Freixanes.

_____,“Galicia recibe o premio como “case” propio”, *O Correo Galego*, 9 outubro 1998, p. 37.

Reprodúcense as declaracións dalgúns escritores e profesores galegos diante da concesión do Premio Nobel de Literatura ó escritor portugués José Saramago. Saliéntase que o pulo difusor que o premio lles vai dar ós autores portugueses, pode ser aproveitado pola escrita en galego. Así, recóllense as impresións de Alonso Montero e Lois Diéguez, que subliñan a ideoloxía e a preocupación social. Sen embargo, Lois Diéguez lamenta o non recoñecemento de Galicia como nación por parte do escritor portugués e Marilar Aleixandre faille esta mesma obxección, malia alegrarse polo premio xa que galego e portugués son as dúas caras dunha mesma lingua. Pola súa parte, o profesor Elías Torres Feijoo considera que Galicia sempre é un referente na obra de Saramago e cre que os autores galegos se poden aproveitar. Tamén se recolle o testemuño de Pilar Vázquez Cuesta e de Xosé Miranda, que insiste na idea de que a difusión da escrita lusa sexa aproveitada de esguello polos galegos. Conclúe coa opinión de Xosé Cermeño, mostrando a súa alegría por este premio a Saramago.

_____, “O Valle-Inclán alternativo ó do CDG será “sen desagravios” nin interferencias”, *El Correo Galego*, 9 outubro 1998, p. 75.

Dá conta da presentación de *Comedia Bárbara*, o proxecto alternativo ó espectáculo “Valle-Inclán 98” do Centro Dramático Galego, que organiza como protesta a Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación de Actores. Exprésase con palabras dos organizadores, que non hai nesta iniciativa afán de desagravio e recóllense as opinións de Concha Costas, presidenta da Mesa, que di que a montaxe en castelán non é unha excepción senón unha mostra da política lingüística da Xunta. Tamén se fai referencia á intervención de Dolores Vilavedra, en representación dos traductores, que salientou o fácil que lle resultou traducir a Valle-Inclán, negando que houbese textos intraducibles. Finalmente, alúdese ás palabras de Cándido Pazó, que pon de relevo que o sentido deste acto alternativo é que os espectadores poidan escoller entre ese espectáculo ou o do Centro Dramático Galego.

_____, “Galicia chega ó Premio Nobel”/“A Academia Sueca convida á AELG a que propoña o Nobel”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 5 novembro 1998, p. 44/p. 75.

Informa da invitación feita polo comité sueco do Premio Nobel á Asociación de Escritores en Lingua Galega, para presentar un candidato ó Nobel de Literatura en 1999. Alúdese á valoración positiva feita pola Asociación e, con palabras do secretario desta, Miguel Anxo Fernán-Vello, sinálase que esta invitación supón “un recoñecemento institucional da nosa entidade no ámbito europeo” e contempla a importancia da literatura galega no conxunto das literaturas mundiais. Anúnciase ademais a posta en marcha do proceso para propoñe-lo candidato, lembrándose, por último, que dende hai anos soa para o premio o nome de Alfredo Conde, quen pensa que a súa candidatura irá obtendo máis apoio co paso do tempo.

López, A. R., “Pérez Varela apoia e felicita a Guede pola súa idea de que o CDG monte a Valle-Inclán”, *O Correo Galego*, 28 marzo 1998, p. 46.

Información relativa á presentación da montaxe “Valle-Inclán 98” por parte do Centro Dramático Galego. Céntrase, primeiramente, na intervención de Xesús Pérez Varela, que afirmou que mentres el sexa Conselleiro de Cultura as obras do CDG serán en galego “anque de vez en cando se faga algunha excepción” e apuntou á imaxe de vitalidade que ó teatro galego lle deu a polémica por representa-las obras de Valle-Inclán en castelán. Tamén se fai referencia ás palabras de Manuel Guede, director do CDG, que afirmou que “O teatro galego necesita a Valle-Inclán” e que detrás da oposición ó proxecto intúe “a tradición do non”.

_____, “Unha materia que segue pendente”/“Unha asignatura que segue pendente”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 18 outubro 1998, p. 56/p. 75.

Comentario sobre cada unha das pezas que conforman a montaxe “Valle-Inclán 98” do Centro Dramático Galego. Ademais faise referencia á frouxa entrada que houbo no día da estrea e ás protestas que tiveron lugar nas portas do Teatro Principal de Santiago. Finaliza comentando que queda aínda unha asignatura pendente, para aludir á traducción da obra de Valle-Inclán.

López, Cris, “Poesía, o xénero intimista”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 23, 20 agosto 1998, p. 3.

Coméntase a aposta polos poetas novos da colección “Letras de Cal” e recóllense as declaracións dun dos compoñentes, Eduardo Estévez, que di que o éxito que está a te-la iniciativa editorial non o sorprende. Ademais faise referencia a outras iniciativas da Asociación Cultural Amaía, como son os recitais inseridos no ciclo “Poesía nova na vella Compostela-Verán 98”.

López, Cristina, “O Paraíso dos sentimentos”/“Incondicionales de la poesía”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “O Correo da Universidade”/“O Correo da Universidade”, 22 abril 1998, p. 7/p. 32.

Dáse a coñece-lo Colectivo Poético Ollo, organizado en Santiago por membros da universidade compostelana. Coas palabras de Xermán Hermida, un dos membros do grupo, explícase o carácter libre das reunións e faise referencia ó nacemento do grupo no Burgo das Nacións, a partir do orixinario Clube dos poetas Mortos.

López, Rafael R., “Polémico estreno de “Valle Inclán 98” por el Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, 12 novembro 1998, p. 12.

Faise referencia ó acto de presentación do espectáculo “Valle Inclán 98” por parte do Centro Dramático Galego. Alúdese á polémica pola cal vén precedida a montaxe, ó se realizar en castelán, e coméntase que o director da compañía, Manuel Guede, afirmou que tres actores rexeitaron participar e outros chegaron a chorar ante as presións recibidas. Recóllese tamén o testemuño do actor Antonio Durán, “Morris”, que indicou o carácter excepcional desta representación. Ademais o escenógrafo Antonio Simón opina que se trata do proxecto máis importante xamais acometido no teatro galego e cre que “soamente a letra non é galega, porque o pensamento e o propio Valle Inclán son galegos”.

López, Raquel, “Chamamento á unión”, *O Correo Galego*, 8 xaneiro 1998, p. 42.

Dáse conta da homenaxe rendida a Castelao por parte da Fundación que leva o seu nome e indícase que, no acto celebrado en San Domingos de Bonaval, o presidente da fundación fixo un chamamento de integración ós nacionalistas, xa que o BNG celebrou un acto por separado en Rianxo. Coméntase que Pousa Antelo aludiu ademais ó propósito da fundación de dignifica-la figura de Castelao. Tamén se fai referencia á intervención do vicepresidente, Henrique Monteagudo, que salientou o precedente que supón Castelao con respecto ó Estatuto de Galicia e ó autogoberno.

_____,“Amizade con Mowgli’: unha visión da realidade afastada da “fiestra”,

O Correo Galego, 14 marzo 1998, p. 37.

Con motivo da presentación de *Amizade con Mowgli* (1997), de Cristal Méndez Queizán, recóllense algunhas impresións da autora que resalta que, malia o intimismo, este poemario é fundamentalmente materialista. Indica, así, que a súa obra se revela contra unha forma de entende-la vida e a arte “dende a fiestra”. Comenta ademais que pretende achegarlle a poesía á xente, para que non sexa ese “obxecto complicado e intanxible”.

_____, “Don Quijote falou galego, desde Santiago, nunha celebración ‘diferente”, *O Correo Galego*, 24 abril 1998, p. 15.

Informa da lectura en galego de fragmentos do *Quixote*, con motivo do Día do Libro, por parte de Antón Reixa, Ana Romaní, Xulio Correa, e Pilar Corredoira, nun acto centralizado en Madrid dende onde se conectou con Santiago de Compostela por un sistema de videoconferencia.

López, Uxía, “El BNG padronés propone medidas para realzar la figura de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 15 febreiro 1998, p. 49.

Achégase información sobre unha serie de propostas feitas polo BNG de Padrón á corporación municipal, para o coñecemento da obra da poetisa e o enriquecemento de toda a vila. Entre as once propostas, cítase o nomeamento de Rosalía como filla adoptiva da vila, a creación dun premio literario co seu nome, a celebración dunha semana cultural, o fomento da ruta rosaliana ou o retorno dos restos mortais ó cemiterio de Adina.

_____, “Padrón inaugura un monumento a Castelao en el día dedicado a Rianxo”, *La Voz de Galicia*, 15 abril 1998, p. 49.

A inauguración en Padrón dun busto dedicado a Castelao centra esta información. Faise referencia tamén ás intervencións dos alcaldes de Padrón e Rianxo, que coincidiron en dicir que con esta iniciativa se afianza o irmanamento entre as dúas vilas. Resáltase o carácter emotivo da intervención de Maruxa Villanueva, que lembrou a súa despedida de Castelao en Buenos Aires e aludiu á necesidade de poñe-los medios para sacar a Rosalía de Castro e Castelao do lugar “oscuro, triste e frío” de Bonaval.

_____, “Cultura invertirá entre diez y quince millones en el nuevo Centro Rosaliano”, *La Voz de Galicia*, 14 maio 1998, p. 50.

Dá conta da presentación do proxecto de reforma do inmoble adquirido pola Fundación Castelao, para sitúa-la sede do futuro Centro de Estudios Rosalianos. Alúdese tamén a once prazas para investigadores, así como unha sala de reunións, conferencias, cursiños, etc.

_____, “El Centro de Estudios Rosalianos abrirá sus puertas en el año 1999”, *La Voz de Galicia*, 16 xullo 1998, p. 33.

Información concernente á presentación do proxecto do Centro de Estudios Rosalianos, que se prevé que sexa inaugurado o 15 de xullo de 1999. Coméntase que a construcción foi deseñada, seguindo as indicacións de Xesús Alonso Montero, e explícase que o centro estará dividido en tres áreas de investigación: unha dedicada á vida e obra de Rosalía, outra ós obxectos e libros de Murguía e unha terceira referente ós escritores galegos que, dalgún xeito, aludiron nas súas obras á poetisa de Padrón.

_____, “O mundo de Rosalía despediu a Maruxa Villanueva, fiel garda da casa da poetisa”, *La Voz de Galicia*, 26 novembro 1998, p. 51.

Noticia centrada nos actos fúnebres por Maruxa Villanueva. Cítanse os nomes dalgúns persoeiros asistentes ó acto e saliéntanse as palabras do Padre Isorna poñendo de relevo o amor da finada por Galicia

Lopo, Antón, “Cáccamo: “Os artistas reármanse xa contra a sociedade mercantil”/ “Álvarez Cáccamo publica ‘Calendario perpetuo’, unha crónica tenra dos seus anos de infancia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 6 xaneiro 1998, p. 32/ p. 16.

Apóiase nas explicacións de Xosé María Álvarez Cáccamo, para dar conta da publicación de *Calendario Perpetuo* (1997). Resáltase o tratamento da infancia e a súa concepción como paraíso perdido, ademais de referirse á utilización da prosa e á presencia dun fío narrativo unido á visión cíclica das estacións do ano. Contraponse, a continuación, o tratamento da infancia na súa escultura e na súa poesía. Tamén se sinala que Cáccamo nega que o regreso ó pasado signifique a contemplación do mundo con nostalxia e cre que os intelectuais se están a rearmar contra unha sociedade dominada polo mercantilismo, os números e os bancos.

_____, “¡A min que me rexistren!”, *O Correo Galego*, 23 maio 1998, p. 36.

O acto de presentación da Feira do Teatro de Galicia é o marco no que se recollen as declaracións de Xesús Pérez Varela, quen nega calquera tipo de presión sobre o Consello da Cultura Galega e considera que a polémica sobre a representación de Valle-Inclán polo CDG vai repercutir positivamente sobre o número de espectadores. Explica tamén a distribución dos 302 millóns que o seu departamento inviste no teatro galego.

_____, “O enfrontamento coa xeración dos 80 é cuestión de poder”/“Unha cuestión de poder”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 6 xuño 1998, p. 12/ p. 39.

Destaca o feito de que Miro Villar obtivese o Premio Tívoli, ó mellor poemario dun poeta menor de trinta anos en Europa, pola súa obra *Abecedario da desolación* (1997). A seguir, opina o poeta sobre o enfrontamento dos poetas novos coa denominada Xeración dos 80, o seu labor de crítico literario, “que ás veces resultou, e resulta, polémico”, o verso libre e a oralidade. Remata centrándose nas actividades do Batallón Literario da Costa da Morte e noutras iniciativas editoriais salientables no eido da poesía nos anos noventa.

_____, “Edicións Laiovento: a aposta pola pluralidade”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 40/ *El Correo Gallego*, 17 decembro 1998, pp. 4-5/p. 75.

Con motivo da celebración do corenta aniversario da creación do Grupo Brais Pinto en Madrid, recóllense opinións dalgúns dos seus compoñentes, reunidos en Santiago para conmemora-la data. Así, Xosé Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro e Xosé Luis Méndez Ferrín presentan o seu punto de vista sobre as cousas que cambiaron dende 1958, o significado do grupo ou a importancia que tivo o labor editorial para a modernización da poesía galega.

Lorenzo, F. P., “Os escritores irán ás urnas”/“O ‘sufraxio literario’ dos escritores galegos vai decidir o candidato ó Nobel”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 6 novembro 1998, p. 37/p. 64

Dáse conta da rolda de prensa na que foi presentado o XVº Congreso Galeusca. Coméntase que no transcurso da mesma, o vicepresidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Carlos Mella, explicou a intención de escoller unicamente un candidato ó Premio Nobel e que o autor escollido sairá dunha votación entre os membros da asociación. Recóllese ademais o programa de actos previsto para o XVº Galeusca.

_____, “Lourenzo na editorial Virtual”/“A Editorial Virtual de Teatro Bruto oferta un novo espacio para a literatura galega”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 20 novembro 1998, p. 35/p. 74.

Achega información sobre a posta en marcha da Editorial Virtual, que promove en Internet a compañía Teatro Bruto. Fai referencia ó acto de presentación e a Rafa Villar, que comentou a súa presencia na rede co poemario virtual *Illa dentro*. Tamén se menciona a intervención de Roberto Bass, autor do texto *Notas para o devocionario poético de Teatro Bruto*; Chus Pato, con *A desaparición de Dora*; Xavier Picallo, con *Cachorros sen domesticar* e *Detritus corazón*; e Manuel Lourenzo, con *A conquista da cripta*.

Lorenzo, S., “Del Riego asume a necesidade dun orzamento propio da Academia”, *La Voz de Galicia*, 1 abril 1998, p. 73.

A propósito do faladoiro celebrado en Santiago, recóllense opinións dalgúns dos participantes. Comézase así, por Francisco Fernández del Riego, presidente da Real Academia Galega, que se referiu á necesidade dun orzamento propio e ós próximos proxectos como a elaboración do novo diccionario ou a restauración da sede da Academia. Sublíñase que as limitacións económicas tamén centraron as intervencións de Miguel Anxo Fernán-Vello, quen ademais aludeu ó escaso número de académicos que deixa fóra moitos “actores activos das letras galegas”. Tamén se fala da intervención de Manuel María, que solicitou a entrada na Institución de xente nova que lle leve outros aires.

_____, “Os libreiros galegos agoiran unha crise no sector coas novas taxas”, *La Voz de Galicia*, 3 maio 1998, p. 89.

Logo de aludir á denuncia que Manuel Alonso fixo dos problemas do sector do libro durante a Feira do Libro de Santiago, menciónase a presencia de Carlos Casares e Pilar Pallarés na mesma. Céntrase precisamente no pregón desta autora, que lembrou como na súa adolescencia coñecera a Eduardo Blanco Amor nunha Feira do Libro da Coruña e comentou que a maxia do encontro co escritor non é posible, xa que as grandes figuras son demasiado accesibles. Tamén subliñou o mérito que teñen as feiras do libro como mercadoría e tivo palabras de recordo para Carlos Blanco.

Lorenzo, Fran, “O Igaem empraza a comisión a responderlle a Teatro Bruto”, *O Correo Galego*, 7 novembro 1998, p. 36.

En relación á negativa do Igaem de subvenciona-la obra de Teatro Bruto *As amargas lágrimas de Petra von Kant*, reprodúcense unhas declaracións de Aníbal Otero, xerente do Igaem, nas que aclara que esta negativa responde unicamente a criterios de calidade artística e non a motivacións de tipo persoal, ideolóxico ou de orientación sexual. En todo caso, Otero remítese á decisión tomada pola Comisión de Valoración, integrada por cinco expertos. Paralelamente, móstrase a opinión de Gloria Rico e Pablo Rodríguez, membros da compañía, que expoñen as súas razóns para demostraren que se cumpren os requisitos polos que lles foi negada a subvención: calidade e capacidade de traballo á marxe das axudas. Neste sentido, confrontan o seu texto con outros si subvencionados e poñen de relevo que Teatro Bruto vende fóra das redes institucionais e realizou preto de cincuenta funcións gracias á xestión propia. Ademais de se referiren ó aumento de actores fixos para esta montaxe, consideran que o presuposto se axeita perfectamente á realidade do teatro galego.

_____, “Xavier Seoane chama, no Galeusca, á precisa confusión de xéneros e discursos para ir cara á arte total”/“Xavier Seoane chama, no XIV Galeusca, á precisa confusión de xéneros e discursos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 7 novembro 1998, p. 34/p. 74.

Recóllese información sobre a primeira xornada do Galeusca e céntrase no relatorio lido por Xavier Seoane, no que fixo un percorrido diacrónico exhaustivo polos artistas plásticos que foron “tentados pola palabra” e se referiu á “fluencia fecunda entre a palabra e a imaxe”. Tamén se lle presta atención á intervención de Xulio Ricardo Trillo, que falou da estancia de Castelao en Valencia, onde publicou *Galiza Mártir* e *Atila en Galiza*.

_____, “Antoni Marí fai o retrato do artista redimido”/“Antoni Marí retratou onte, no Galeusca o longo proceso de redención do artista”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 9 novembro 1998, p. 17/p. 66.

Préstaselle atención ó peche do encontro de escritores Galeusca e saliéntase a intervención de Antoni Marí. Coméntase tamén a participación final de Miguel Anxo Fernán-Vello, que se referiu á “resistencia ética e estética” dos escritores e á súa “fe nas palabras do futuro”.

Lorenzo, Francisco P., “As asembleas da escrita”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 35, 12 novembro 1998, p. 5.

Comentario sobre o labor que desenvolve a Asociación de Escritores en Lingua Galega, no que se lle presta atención á oportunidade dos membros da Asociación de elixiren por primeira vez de xeito oficial un candidato ó Premio Nobel de Literatura. A continuación, faise referencia ó Galeusca celebrado en Galicia en 1992, 1995 e 1998 e saliéntase que os escritores conservaron estas siglas que agora tamén retoman os políticos. Insístese no desexo dos escritores de teren voz na sociedade e nos medios e, neste sentido, lémbrase a ocupación da Real Academia en 1987 por parte dun grupo de catorce escritores, que pedían a demisión do presidente García-Sabell pola “parálise que sufría a entidade”.

Luca de Tena, G., “O Centro Dramático Galego representará en español”, *A Nosa Terra*, nº 821, “Guieiro Cultural”, 12 marzo 1998, p. 21.

A propósito do anuncio do Centro Dramático Galego de escenificar obras de Valle-Inclán en castelán, recóllense as opinións de Manuel Guede, director do CDG, que se refire á imposibilidade de representar en galego pola negativa da familia do dramaturgo. Pola súa parte, Francisco Pillado Mayor remítese a unha entrevista na prensa de 1931 para comenta-lo que Valle-Inclán pensaba do dereito de herdanza. Tamén se reproducen as declaracións de Roberto Vidal Bolaño, que considera que se podía pasar de momento sen representar a Valle-Inclán é considera esta decisión como unha “chantaxe”. Logo de se subliñar que Manuel Guede considera que a montaxe pode fortalecerse con esta “excepción”, Manuel Lourenzo critica a representación e considera “nefasto” que “desde as instáncias publicas e con diñeiro de todos se poida acometer unha decisión que vai contra o País”. Por último, móstrase o testemuño de Manuel Rivas, quen comenta que “haberá maneiras para salvar o atranco familiar” e expresa o seu receo coas iniciativas da administración.

_____, “Con Agustín Magán desaparece o máis importante dinamizador do teatro amador dos 60”, *A Nosa Terra*, nº 825, “Guieiro Cultural”, 8 abril 1998, p. 21.

Con motivo da morte de Agustín Magán, ponse de relevo a importancia da súa figura para o teatro galego. Lémbrase o seu papel de fundador da compañía Ditea e as primeiras representacións que tiveran lugar da man da compañía. Ademais móstranse as palabras de Manuel Lourenzo, que o define como autor “máis brechtiano da literatura galega” e apunta a presencia nel de dúas correntes que se xuntan: a galeguización do teatro e a contemplación da historia de Galicia. Pola súa parte, Roberto Vidal Bolaño destaca que Magán sempre se situou “perto dos autores de risco” no estético e no ideolóxico. Saliéntase que o mundo do teatro concorda ó opinar que Magán renunciou a facer unha obra persoal como director porque primaba os aspectos didácticos e de servir de aglutinante dunha serie de xente que entraba no teatro para formarse. Neste sentido, cítanse os nomes de “importantes vocacións” que naceron ó redor do seu proxecto como é o caso de Euloxio Ruibal, Ezequiel Méndez, Xosé Manuel Olveira “Pico” ou Xaquín García Márquez. Ademais disto, Vidal Bolaño detense a resaltar que Magán era un grande espectador crítico e Manuel Lourenzo pon de relevo a súa humildade.

M. B., “La traducción de Valle-Inclán lleva a la Asociación de Actores a una crisis”, *La Voz de Galicia,* 20 maio 1998, p. 32.

Noticia da dimisión do presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia polo conflicto desenvolvido sobre Valle-Inclán. Sinala que Xavier Estévez sostén dimitir “por coherencia” e que respecta a diferencia de opinións, aínda que defende a postura de representar a Valle-Inclán en castelán, antes de prescindir del. Alúdese, así mesmo, ó recurso en marcha sobre a inconstitucionalidade que lexitima ós herdeiros de Vallle na prohibición verbo das posibles traduccións da súa obra.

_____, “José Martins: La creación artística es un acto de entera libertad”, *La Voz de Galicia,* 6 setembro 1998, p. 41.

Noticia sobre o traballo do director portugués na escenificación de *Las galas del difunto de Valle* e comentario sobre a polémica desenvolvida polo feito de que o CDG represente a Valle-Inclán en castelán. O portugués defende a liberdade artística e, baseándose no bilingüismo, entende o castelán como un idioma de Galicia.

_____, “Eduardo Alonso confiesa que no hace teatro para críticos”, *La Voz de Galicia*, 20 outubro 1998, p. 48.

Recolle declaracións do director da obra *El Embrujado*, que forma parte da montaxe “Valle Inclán 98”, levada a cabo polo Centro Dramático Galego. Alude ás críticas que poñen de manifesto que o CDG entende o idioma de Valle-Inclán, pero que non acerta coa súa linguaxe. A seguir, Eduardo Alonso di ser remiso a facer crítica da crítica e comenta que el sería partidario de traducir a Valle-Inclán ó galego aínda que, como en toda traducción, se perdería algo. Pensa tamén que a familia do dramaturgo “ten unha débeda moral co galego: a de permitir traducilo”.

M. C., “Culturas en las casetas” *La Voz de Galicia,* 16 maio 1998, p. 52.

Noticia da clausura da Feira do Libro en Santiago e información sobre as vendas. No tocante á literatura galega, sinálase que os máis vendidos foron: *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro; *Os trobadores do reino de Galicia* (1997) e *Historia da lingua Galega*, da Editorial Nosa Terra.

M. G., “Vidal Castelo reclama que el 2002 sea el año de Zernadas y Castro en Galicia”, *El Correo Gallego*, 13 xuño 1998, p. 19.

Dáse conta do acto de homenaxe ó cura de Fruime, Diego Zernadas y Castro, celebrado o día anterior en Lousame. Nel solicitouse que se lle dedicase o Día das Letras Galegas a este relixioso no ano 2002, data en que se comemora o terceiro centenario do seu nacemento.

_____, “Piden unha revisión crítica de la obra completa de Leiras”, *El Progreso*, 19 decembro 1998, p. 22.

Noticia centrada na intervención do profesor Ramón Reimunde Noroña, na segunda xornada de conferencias sobre Leiras Pulpeiro, en Mondoñedo. Ponse de relevo que o conferenciante analizou varios textos do poeta e apuntou a necesidade dunha revisión crítica e completa da obra de Leiras xa que, nalgúns manuscritos, obsérvase unha letra que non é a del. Anúnciase, por último, a participación de Francisco Fernández del Riego e Domingo García-Sabell nas xornadas.

M. G. S., “La Biblioteca de Arzúa promueve un certamen de recitación poética”, *La Voz de Galicia*, 22 marzo 1998, p. 53.

Noticia da convocatoria do IIº Certame de Recitación Poética Troveiros do XXI por parte da Biblioteca Pública de Arzúa e a radio local.

_____, “Isaac Díaz Pardo centró la atención en el primer día del seminario Terra de Melide”, *La Voz de Galicia*, 18 abril 1998, p. 51.

Destácase a presencia de Díaz Pardo no seminario Terra de Melide: do grupo Nós a fin de século e a súa intervención verbo da existencia do Seminario de Estudos Galegos dende a súa orixe (1923). Recoñece que o estudio *Terra de Melide* (1933) foi o máis completo dos realizados polo Seminario.

M. M., “Neiras Vilas leerá el pregón esta tarde de la I Feira do Libro”, *El Correo Gallego*, 23 abril 1998, p. 15.

Noticia da lectura do pregón da man de Neira Vilas, na Iª Feira do Libro en Ordes, e dos distintos actos previstos, entre eles, a presencia de Suso de Toro, Mini y Mero, Anisia Miranda, David Otero e Xurxo Souto.

Maestro, Gregorio G., “Amancio Prada canta a Lorca, Cunqueiro y García Calvo”, *Diario 16*, 8 xullo 1998, p. 10.

Sinálase a aplicación da paixón lorquiana, da tenrura cunqueriana e do pensamento de García Calvo nas cancións recollidas no disco *Tres en círculo*, de Amancio Prada. Engádese que, segundo Prada, estes reflicten paixases e sentimentos distintos.

Malvar, Anibal C., “A hora de Valle-Inclán”, *El Mundo. Galicia*, 30 marzo 1998, p. 7.

Noticia que anuncia as divisións que xorden trala aprobación do CDG para representar a Valle-Inclán en castelán. Anótanse as opinións de Casares, Díaz Pardo, Margarita Ledo Andión, Gonzalo Navaza, Marilar Aleixandre, tanto no tocante á decisión sinalada do CDG coma á dos heredeiros coa prohibición de traducir a Valle- Inclán, cuestión á que o articulista dedica un espacio a maiores.

_____, “O ciclo ‘*Os nosos escritores*’ procurará o diálogo entre cultura e sociedade”, *El Mundo. Galicia*, 16 abril 1998, p. 7.

Fálase da iniciativa do AELG, apoiada pola Consellería de Cultura, que pretende levar a cabo o proxecto “Os Nosos Escritores”. Apunta que con respecto a esta cuestión, xorde o problema do arraigo social da literatura galega e danse as opinións sobre este tema de Fernán-Vello, Neira Vilas e Xesús Rábade. Finalmente, dedícanse unhas liñas á polémica desenvolvida pola proposta de Casares de crear unha especie de cooperativa editorial.

Mallo, Albino, “Augusto Assía, un granjero que fue gran maestro de periodistas”, *El Correo Gallego,* 17 maio 1998, pp. II-III.

Artigo dedicado a Felipe Fernández Armesto, coñecido polo seudónimo de Augusto Assía, no que se realiza un percorrido pola súa biografía. Destácase deste home, que foi testemuña directa de numerosos feitos históricos acontecidos nos últimos 75 anos, o seu o labor xornalístico e a súa proximidade con figuras destacadas na nosa cultura.

_____, “Franco Grande tomará posesión na Real Academia cunha promesa de independencia e de obxectividade”, *El Correo Gallego*, 3 xullo 1998, p. 11.

Infórmase da toma de posesión e lectura do correspondente discurso de ingreso na RAG de Franco Grande. Coméntase o contido do citado discurso que se titulaba, “O antigo réxime nunha familia do Baixo Miño”, e alúdese tamén á intervención posterior de Luz Pozo. Anótase a postura do recén nomeado, que avoga pola independencia e obxectividade da Academia. Finalmente, fálase brevemente dos traballos realizados por este home.

_____, “Inventor e editor”, *O Correo Galego,* 2 agosto 1998, p. XXI.

Breve percorrido pola polifacética vida de Alejandro Campos Ramírez, máis coñecido polo nome de Alexandre Finisterre. Fala da súa infancia, do seu natal idioma galego e das distintas etapas da súa vida ata chegar a México, onde desenvolveu a súa vida literaria e fundou a revista *Ecuador*, dedicando un tomo ós galegos Leal Insua, Valente, Valle-Inclán, López Cid, López Abente, Manuel María, Risco, Fole ou Novoneyra. Finaliza recordando que foi detido polo seu intento de distribuír en España unha antoloxía de Luís Felipe e a súa satisfacción por ser nomeado correspondente da RAG.

Manteiga, Xavier, “Amaía: toda Galicia en grandiosa síntese”, *La Voz de Galicia*, 9 agosto 1998, p. 13.

Destaca a beleza da Amaía recordando a Rosalía e, con ela, a Bastabales e Negreira. Alude tamén ós Concellos de Ames, Brión, Teo e Rois, ademais de falar da posibilidade de elaborar unha ruta histórica nese lugar.

Martín, Paco, “Son provinciano, tímido e falador”, *La Voz de Galicia*, 13 setembro 1998, p. 12.

Fala Paco Martín, a través dunhas fotos, do paso de neno a home. Confesa ter comenzado a escribir por causa da súa timidez e sinala que desexa ser incluído entre os aludidos homes dos versos, en que Novoneyra clamaba polos que “saben que Galicia e mailo home poden ser outra cousa”.

Martínez, Carolina, “Pérez Varela defiende que representar en castellano es sólo una excepción”, *El Mundo. Galicia*, 28 marzo 1998, p. 7.

Artigo ligado á polémica desenvolvida pola representación de Valle-Inclán en castelán. Danse as opinións do Conselleiro de Cultura e do presidente do CDG, a favor desta representación, por considerala unha excepción.

Martínez, J. Luís, "*O gato con botas* conquistó Cangas", *Atlántico*, 2 setembro 1998, p. 40.

Fálase da exitosa representación en Cangas da obra, *O gato con botas*, versionada por Franco Pasatore e traducida por Adrián Carballo Varela. Alúdese ó feito de ter usado os versos celsoemilianos dedicados a María Soliño, para rematar, citándose a tódolos que pasaron polo escenario.

Martínez, Juan, “Apoyan la iniciativa para lanzar la tercera adición actualizada del *Terra de Melide”*, *El Correo Gallego*, 18 abril 1998, p. 14.

Alúdese á petición e disposición de lanzar unha nova edición de *Terra de Melide*, no seminario que leva este nome. Fálase tamén da intervención de Díaz Pardo, que falou da relación entre *Terra de Melide* e o Seminario de Estudos Galegos.

Mayoral, Marina, “Por terras de Valdoviño”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 29 de novembro 1998, p. 13.

Reproducción dun fragmento do relato “El Buen camino” de *Recuerda, cuerpo*, no que Marina Mayoral eloxia o marabilloso das terras de Valdoviño.

Mella, Sonia, “Neira Vilas considera su honoris causa un homenaje al emigrante”

Diario 16, 17 xaneiro 1998, p. 26.

Noticia da investidura de Neira Vilas como doutor *honoris causa*, que foi considerado polo escritor coma unha homenaxe ós galegos e, moi especialmente, ós emigrantes.

Membros da Asociación Cultural O Meigallo, “Aclaración de “O Meigallo” sobre as xornadas de Blanco Torres”, *A Nosa Terra*, nº 848, 17 setembro 1998, p. 19.

Escrito no que a Asociación O Meigallo non só nega e explica non ter participado na organización das xornadas sobre Blanco Torres, senón que tamén engade o seu desacordo coa postura do Concello de Cuntis no tocante ás cotas e distribución de orzamentos para o desenvolvemento do IIº Certame de Relato Curto Blanco Torres.

Méndez, Carlos, “Iníciansе os ensaios do Valle en castelán do CDG”, *El Correo Gallego,* 18 xullo 1998, p. 67.

Dá conta do inicio dos ensaios do CDG e dos actores que intervirán nos mesmos, ademais de aludir ó conflicto desenvolvido pola representación que fai esta compañía en castelán.

Méndez, Manuel, “Manuel Lueiro escribe de nuevo”, *La Voz de Galicia*, 6 decembro 1998, p. 24.

Anúnciase a presentación no Grove do libro en castelán de Manuel Lueiro Rey, *Hundezelle y otras vidas maltratadas*. Explícase que conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero e que contén relatos inéditos e outros xa publicados antes, algúns deles en lingua galega. Recóllense unhas palabras de Xesús Alonso Montero sobre Lueiro Rey, a través das cales o define como “narrador nato” e alude á súa distancia cos cenáculos.

Merelas, Carmen, “Neira Vilas fixo un canto á emigración ó ser investido Doctor Honoris Causa na Coruña”, *Faro de Vigo*, 17 xaneiro 1998, p. 46.

Refírese á investidura de Neira Vilas como doutor *honoris causa* na Coruña, ademais de sinalar que o mencionado escritor comentou acepta-lo galardón en nome do tódolos galegos emigrados por múltiples motivos.

_____, “La Cuba gallega del 98”, *Faro de Vigo*, 25 xaneiro 1998, p. 28.

Baseándose en traballos de Villares, fala dos 65.000 galegos emigrados a Cuba, entre 1885 e 1895, e sinala que poucos galegos fixeron fortuna, aínda que destaca o caso de García Barbón. Tamén comenta o paso por Cuba de homes como Fontenla Leal, que promoveu a Fundación da Academia Galega, Álvarez Ínsua e Curros, que fundou o xornal *La Tierra Gallega*, para logo referirse á primeira institucion galega da América e ó significado da mesma. Ademais disto, alude á prensa galega no Caribe e á historia dun home ourensán que semiescravizou a moitos galegos.

_____, “La diputación de los Premios Lendoiro”, *Faro de Vigo*, 7 abril 1998, p. 24.

Refírese ós numerosos premios que otorga a Deputación da Coruña no mandato de Lendoiro, tales como o Torrente Ballester de Novela, o Isaac Díaz Pardo ás Artes Plásticas, o Rafael Dieste de Teatro, o Manuel Gozález Garcés de Poesía, o Manuel Murguía de Ensaio e, o recentemente creado, Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa.

_____, “El gallego entra en María Pita con el Príncipe”, *Faro de Vigo*, 16 setembro 1998, p. 24.

Co gallo da visita do príncipe a Galicia, sinálase a sensibilidade deste coa lingua, cando aínda algúns dos nosos políticos esquecen o topónimo de “A Coruña”. Coméntase tamén a visita de Don Felipe á RAG e o posterior xantar xunto a Cela, Fernández del Riego, Rivas, Casalderrey e Conde.

Mínguez, A., “El escritor Luís Otero abre con la lectura del pregón la XIV Feira do Libro”, *Faro de Vigo,* 31 maio 1998, p. 26.

Cóntase que foi Luís Otero, o autor de *Mi mamá me mima*, o que se encargou de le-lo pregón na XIVª Feira do Libro. Fálase tamén da participación de Fernando Méndez, autor da edición galega de *Historias dun crime*, publicada por Galaxia, e *Mil muertos de un trago*, da Editorial Península.

Miranda, Xosé, “Lugo, da Ponte á Piringalla”, *La Voz de Galicia*, 1 novembro 1998, p. 13.

O autor describe o Lugo da súa infancia e confesa ter que levalo na súa memoria, xa que todo aquilo se esnaquizou pola especulación.

Mojón, Nacho, “El congreso Galeuzca debate sobre la relación entre literatura y pintura”, *Faro de Vigo*, 6 novembro 1998, p. 52.

A información inicial sobre a XVª edición do Congreso Galeuzca está seguida da noticia da invitación, que realiza a Academia Sueca á ALGE, para que presente a súa candidatura ó Nobel de Literatura.

Mon, Virxinia, “Carlos Blanco *o pacificador*”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 5, 16 abril 1998, p. 7.

Noticia do pasamento do presidente da Asociación Galega de Escritores, Carlos Blanco Yáñez, e semblanza dos seus colegas directores de editoriais: Manuel Bragado, Francisco Pillado, Carlos Casares, Carlos Díaz, Xosé Luís Vázquez Montero e Xan Carlos Rodríguez.

Montes, Carlota, “Un canto a Galicia en la Feria del Libro de A Coruña”, *El Ideal Gallego*, “A sección de Carlota”, 7 agosto 1998, p. 68.

Refírese á Feira do Libro da Coruña nos xardíns de Méndez Nuñez e sinala a presencia de Manuel María asinando exemplares de *As ribeiras son escuras* (1997), obra onde se reflicte, según indica Gago, a esencia da identidade galega.

Montes, Susana L., “Cacharro defiende que la casa de cultura de Foz sea lugar de diálogo”, *El Progreso*, 18 maio 1998, p. 13.

Noticia sobre a inauguración da Casa da Cultura de Foz, que leva o nome do poeta Manuel María. Ademais da referencia ós políticos presentes no acto, coméntase o recital ofrecido polo poeta chairego, no que recitou uns versos dedicados a Foz, e reprodúcense as palabras coas que mostra o seu amor polo municipio, acompañadas dunhas verbas en defensa dos libros que son, segundo as súas palabras, “un amigo, un conselleiro, un compañeiro e un confidente”.

N. C., “Manuel María pregona en Foz que leer poesía humaniza la sociedad”, *El Progreso*, 21 agosto 1998, p. 13.

Á parte de citar algúns dos actos relacionados coa Feira do Libro de Foz, recóllense as frases do pregón no que Manuel María salienta os efectos beneficiosos da poesía e ataca a aqueles que pretenden pór límites á literatura.

N. C. R., “Cuerda cre que “A lingua das bolboretas” é o seu filme máis intelixente”, *O Correo Galego*, 3 agosto 1998, p. 33.

Recóllense as palabras de José Luis Cuerda sobre a película que está a rodar, baseada nun conto de Manuel Rivas, quen opina sobre o mesmo. Tamén se resume o seu argumento e se sinalan algúns aspectos técnicos da producción.

Natal, Alfredo, “Revisitar a literatura galega nas jornadas em Lisboa”, *Jornal de Notícias*, 26 maio 1998, p. 48.

Dá conta de que se están a celebra-las “Jornadas das Letras Galegas em Lisboa”, aínda que centra o artigo nas relacións luso-galaicas, para o cal acode ás declaracións de Anxo Tarrío, quen disertou sobre a periodización da nosa literatura, ou Alberto Miranda, ambos pertencentes ós centros que organizan as xornadas.

Neira, Enrique, “Tres universidades máis apoian a candidatura de Conde ó Nobel”/“A candidatura de Alfredo Conde ó Nobel recibe o apoio de tres universidades máis”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 febreiro, p. 44/p. 17.

Infórmase de que xa hai quince centros universitarios, trala adhesión doutros tres emprazados en Toronto e San Petersburgo, que apoian o nome de Conde para o Nobel. Recóllense as palabras do novelista sobre o seu último traballo, *O fácil que é matar*, e dise que el mesmo o vai traducir ó español. Tamén se comenta que está a escribir unha novela bélica, deixando para máis adiante o remate da triloxía comezada con *Sempre me matan* e continuada coa obra antes mencionada. Cómentanse as palabras coas que o autor recoñece que a obra pode causar escándalo polas semellanzas dalgúns personaxes con outros reais. Tamén se informa de que a terceira parte desta triloxía, aínda non foi empezada pero adiántase, que nela O Brasil vai substituír a Venezuela como emprazamento xeográfico. Por outra parte, dáse conta de que o escritor de Allariz está traballando nunha novela de corte bélico.

_____, “O esperanto, ou cómo facer un congreso mundial sen intérpretes”, *O Correo Galego*, 20 marzo 1998, p. 37.

Amosa as virtudes do uso do esperanto como interlingua e sinala diversos títulos da literatura universal, que se poden ler neste idioma artificial, entre os cales se atopa *Viveroj* (*Retrincos*), de Castelao.

_____, “Cantata en Compostela”, *O Correo Galego*, 12 outubro 1998, p. 18.

Coméntanse as obras de e sobre Uxío Novoneyra que se publicaron no curso deste ano e infórmase dos proxectos literarios en curso deste autor lugués.

_____, “A literatura galega traspasa as fronteiras culturais ata Rusia”, *El Correo Gallego*, 1 xuño 1998, p. 14.

Anúnciase a presentación da versión rusa da obra de Alfredo Conde, *Xa vai o griffón no vento* (1984), que está precedida dun prólogo de V. Andreiev. Así mesmo, cítanse as verbas coas que Elena Zernova describe e destaca o papel, que o Centro de Estudios Galegos de San Petersburgo desempeña na promoción da literatura galega en Rusia.

Neira Sobral, Nita, “¡Arredádeo do carballo!”, *El Ideal Gallego*, “*ID*”, 24 maio 1998, p. 16.

Narración de corte humorístico e costumista na que se presenta a hipócrita actitude dunha esposa perante o pasamento do seu ancián marido.

Neira Vilas, Xosé, “A tenacidade de Fontenla Leal”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (II)”, 4 xaneiro 1998, p. 16.

Contextualízase a emigración galega a Cuba do último tercio do século XIX, entre a que chegou Fontenla Leal. Coméntanse as relacións que mantivo este con Galicia dende América, o seu papel na creación da Real Academia Galega e na composición do himno galego, ou o influxo que exerceu para que Cabanillas escribise na nosa lingua. Finalmente, valórase o feito de que sempre preferise ficar nun segundo plano.

_____, “Antecedentes”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (III)”, 6 xaneiro 1998, p. 16.

Tras unhas consideracións iniciais sobre os himnos, a súa historia e o seu significado, pásase a comenta-los intentos de crear un himno galego previo ó hoxe oficial. Reprodúcese o texto dos compostos por Ramón Armada Teixeiro, Alfredo Brañas e, parcialmente, o de Andrés Muruais, ademais de facerse referencia ós creados por Francisco Añón ou Galo Salinas. Tamén se dá, no seu caso, o nome dos responsables das respectivas partituras.

_____, “Fontenla, Pondal e Veiga”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (IV)”, 7 xaneiro 1998, p. 16.

Analízase a correspondencia que Fontenla Leal mantivo con Eduardo Pondal e Pascual Veiga, para conseguir que se levase a cabo o proxecto de creación dun himno galego. Explícase tamén que recorreu a estes dous tras intentar, sen éxito, que o compuxesen Curros Enríquez e Xosé Castro “Chané”.

_____, “A emigración galega en Cuba en 1907”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (V)”, 8 xaneiro 1998, p. 16.

Exponse o misérrimo panorama socio-económico que levou a emigrar a moitos galegos no derradeiro tercio do século XIX e no primeiro do actual, período no que se creou o himno galego. Así mesmo, infórmase do tecido cultural que os centros galegos en Cuba foron impulsando, tanto en Galicia, fundamentalmente escolas, coma na illa, sobre todo libros, revistas e periódicos. Entre estes últimos, ponse de relevo o papel de *A gaita gallega*, redactada na nosa lingua, e *El Eco de Galicia*.

_____, “Valoracións contrapostas”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (VI)”, 9 xaneiro 1998, p. 16.

Neira Vilas relata as discusións que se produciron, a partir de 1925, sobre a calidade do himno galego e recolle as chatas que lle puxeron Portela Pérez, Avelino Rodríguez Elías, alguén que asinaba como “Errante” ou Varela Silvari. Sinala tamén que nos seus anos mozos a letra do himno lle parecía branda, idea recorrente entre os críticos, ademais de dar conta dos pronunciamentos favorables de Mercedes Vieito ou Sinesio Fraga. Finalmente, lembra as ocasións en que era interpretado a principios de século.

_____, “Presencia e homenaxes en América”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (VII)”, 10 xaneiro 1998, p. 16.

Artigo sobre o espallamento do himno galego por América e sobre as homenaxes das que foi obxecto, prestándolles especial atención ás celebradas en Buenos Aires en 1973 e en La Habana en 1983.

_____, “O himno na Galicia tradicional”, *El Correo Gallego*, “Xénese do himno galego (e VIII)”, 11 xaneiro 1998, p. 16.

Dá noticia de diversas interpretacións do himno galego en Galicia, a onde chegou cando xa estaba relativamente estendido pola América. Sinala o labor impulsor, respecto á súa presencia pública, das Irmandades da Fala e os períodos de prohibición durante as dictaduras primorriverista e franquista. Ademais inclúe datos sobre o momento en que o coñeceron diversos persoeiros da cultura galega e sobre as condicións en que estes o cantaron ou oíron cando eran novos.

_____, “Curros Enríquez e a Academia”, *El Correo Gallego*, “Crónicas Galegas de América”, 24 setembro 1998, p. 4.

Narra como Xosé Fontenla Leal convenceu a Curros Enríquez, para que se comprometese na creación da Real Academia Galega, ocupando o cargo de presidente da súa Asociación Iniciadora.

Nogareda, J., “El Ayuntamiento de Malpica desarrollará en abril el programa “Mes do Libro”, *El Correo Gallego*, 28 marzo 1998, p. 30.

Nota na que se informa da campaña de promoción da lectura e da escritura que se vai desenvolver en Malpica, na que participarán Xurxo Souto, Paula Carballeira, Xabier Puente Docampo e Xelucho Abella.

_____, “Lumieira presentó el libro “Vis à Vis”, *El Correo Gallego*, 5 abril 1998, p. 21.

Dáse conta da presentación en Carballo de *Vis à Vis* (1997), analecta poética que pretende apoia-la insubmisión. Menciónase que, no acto, Mónica Góñez leu varias composicións do volume escritas por ela mesma, Uxío Novoneyra, Luz Fandiño, Fran Alonso e Xosé María Álvarez Cáccamo.

_____, “Xurxo Souto presenta su libro en Carballo”, *El Correo Gallego*, 14 abril 1998, p. 13.

Breve información sobre o comezo da xira de presentación da obra de Xurxo Souto, *Fumareu* (1997), en Carballo. Recórdase a vinculación do autor co movemento bravú e destácase que os relatos están protagonizados por xente da rúa.

_____, “El polifacético Xurxo Souto homenajea en su libro “Fumareu” a la cultura popular”, *El Correo Gallego*, 16 abril 1998, p. 21.

Infórmase de que se presentou en Carballo *Fumareu* (1997), do que se sobrancea que representa unha visión bravú da sociedade galega. Así mesmo, dáse conta de que o acto estivo amenizado con música interpretada por Xurxo Souto, que é o seu autor, e Sofía de Labañou.

_____, “Sinal periférico”/“Unha revista mexicana recolle o sinal periférico da nosa poesía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 marzo 1998, p. 39/p. 13.

Comentario sobre o número dedicado á poesía galega dos noventa, que vén de publica-la revista mexicana *La flama en el espejo*. Enuméranse os trece poetas que teñen cabida no volume e glósanse as palabras coas que a prologuista, Iolanda Castaño, expón diversos problemas para o futuro da lingua galega e solicita espacio para as novas voces líricas galegas que, segundo ela, se opoñen dialecticamente ás anteriores xeracións.

Noia, Zoé, “Espacios con letra A”/“As librerías de mulleres, en Galicia, “rouban” espacios para a lectura en clave feminista”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 10 abril 1998, p. 33/p. 13.

Saúdase a creación de María Balteira en Compostela e Caixa de Pandora en Vigo, librerías que pretenden dota-ló feminismo dun espacio propio. Recórdanse os inicios deste tipo de establecementos no contexto español e sinálase que apoian tanto a creación feminina coma outro tipo de inquietudes sociais.

_____, “Sen esperazas obsesivas, Conde define a posible concesión do Premio Nobel como “lotería” que de caer erguerá o orgullo negado ós galegos”, *O Correo Galego*, 13 maio 1998, p. 46.

Coméntanse as palabras de Anxo Tarrío Varela e Alfredo Conde nun acto celebrado no Hipercor compostelán. O primeiro glosou a traxectoria literaria do segundo, o cal se referiu á súa candidatura para o Premio Nobel e á influencia da literatura na sociedade; ademais de critica-la montaxe en castelán do Centro Dramático Galego con textos de Valle-Inclán.

_____, “Memoria de ferro irado”, *O Correo Galego*, 5 xuño 1998, pp. 36-37.

Comenta as viaxes de García Lorca a Galicia e considera que foron Guerra da Cal e Serafín Ferro, principalmente, os que ó abriron á cultura galega. Tamén defende a súa influencia na nosa intelectualidade, aínda que lla nega no eido da literatura.

_____, “Os novos mandan”, *O Correo Galego*, *“Revista das letras, artes e ciencias”*, nº 42, 31 decembro 1998, p. 5.

Explícase que Espiral Maior e a colección “Ablativo absoluto” de Xerais son os únicos marcos que dan cabida e apoian actualmente a publicación de poesía galega. Cítanse as súas novidades e os títulos publicados ó longo do ano, ademais de sinalarse que Galaxia ou Ediciós do Castro se moven ó compás marcado polos premios e manteñen unha escasa atención a este tipo de obras. Alúdese á autoedición como vía que lles queda a moitos poetas para dárense a coñecer e rescata, do deserto editorial, a Laiovento e Letras de Cal.

Olano, Antonio D., “Julio Camba, el ingenio perezoso de un genio del humor”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, “El gallego y su cuadrilla”, 19 abril 1998, p. III.

Lembranza de Julio Camba, escritor e xornalista de Vilanova de Arousa, na que recolle múltiples anécdotas da súa estadía en Madrid e en Buenos Aires, de onde foi expulsado. Destaca a súa afección ó xogo e a súa reiterada negativa a formar parte da academia, para logo, baixo o título de “Biografía”, incluí-los acontecementos fundamentais da súa vida.

_____, “Eugenio Montes: un ‘romano’ universal nacido en Ourense”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, “El gallego y su cuadrilla”, 19 xullo 1998, p. III.

Ofrece varios episodios da vida de Eugenio Montes, centrándose especialmente na súa relación con Lorca e con Dalí, así como na súa longa permanencia en Roma. Inclúe tamén uns breves datos biográficos e unha bibliografía do ourensán.

_____, “Álvaro Cunqueiro, escritor e peregrino incansable de todo el universo mundo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, “El gallego y su cuadrilla”, 23 agosto 1998, p. III.

Mostra unha semblanza de Álvaro Cunqueiro, na que presenta anécdotas por el protagonizadas, e salienta o seu amor por Galicia e a dificultade que supón escribi-la “gran biografía” do mindoniense, polo medo reverencial que impón este personaxe. Conta un episodio con Urbano Lugrís e achega unha bibliografía e unha biografía de Cunqueiro, ademais de afirmar que “Galicia, querido Álvaro, continúa viva en sus hombres desaparecidos”.

_____, “Eduardo Blanco Amor, exiliado dentro y fuera de Galicia”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”,* “El Gallego y su cuadrilla”, 1 novembro 1998, p. III.

Dende a lembranza persoal, Antonio D. Olano recupera algunhas vivencias compartidas con Eduardo Blanco Amor, dende que o coñeceu na Coruña con ocasión dunha entrevista que lle fixo para o xornal *Pueblo* e que fixo nacer unha amizade entre eles. Sinala que gustaba de falar de García Lorca e das anécdotas que viviu con el, fala da súa personalidade divertida e ocorrente, dos veráns que pasaba en Valencia, das súas conversas sobre Dalí, dos seus contactos permanentes con artistas mozos, do eco crítico que tivo na prensa o seu apoio a Juan Pardo cando este musicaba a Cabanillas e da súa sorpresa coa adaptación ó cine de *A esmorga*, cando soubo que o guionista a situara en Asturias. Finalmente recolle unha síntese biográfica e bibliográfica do escritor.

Olmo, A. del e M. **Herrero**, “Luis Tobío dona una carta autógrafa de Rosalía de Castro a la Fundación Penzol”, *Faro de Vigo*, 22 xullo 1998, p. 6.

Ofrece información sobre o acto de doazón dunha carta escrita por Rosalía Castro ó pai de Luis Tobío, que lle é entregada á Fundación Penzol, acompañada da correspondencia que unha filla da padronesa mantivo co pai do escritor de Viveiro. Recolle ademais o contido da carta e o contexto en que foi redactada, incluíndo opinións dos participantes no acto, como Francisco Fernández del Riego, presidente da Real Academia Galega, e Alfonso Zulueta, vicepresidente da Fundación Penzol. Tamén achega as declaracións de Tobío, quen explicou os motivos de ter escollido a devandita Institución para a súa doazón, dicindo que esta estivo “a recabar durante moitos anos documentos e outros obxectos que con Galicia tiñan relación”.

Osorio, Olga, “De bibliófilos, bibliómanos y otros seres”, *El Ideal Gallego*, “ID”, 19 abril 1998, pp. 1-3.

Trata o tema do amor polos libros e o seu coleccionismo ó longo do tempo e, para iso, pon varios exemplos e conta diversas anécdotas nas que son protagonistas personaxes como Flaubert, Cicerón, Petrarca ou Maquiavelo. Ofrece ademais un perfil de Antonio Gil Merino, quen opina que as bibliotecas son un lugar que permite “que todos puedan acceder” ós libros, destacando o feito de que, a pesar de estar xubilado, aínda se ocupe da biblioteca da Real Academia Galega.

_____, “Filantropías e saberes”, *El Ideal Gallego*, 19 abril 1998, p. 4.

Refírese á biblioteca de Domingo García-Sabell, incluíndo extensos comentarios del sobre algúns volumes en concreto, a través dos cales sinala aqueles libros que conserva con maior orgullo, algúns dos que ten dedicados polos autores e a maneira coa que chegou a posuí-los 25.000 que agora ten. Indica tamén que el non é propiamente un bibliófilo, senón que os seus libros “son un instrumento de formación” e de traballo. Alúdese, así mesmo, á biblioteca de Fermín Penzol e ás de Odriozola ou Rey Soto, entre as máis destacadas de Galicia.

Otero, Elva, “Colaxe festiva”, *O Correo Galego*, 30 decembro 1998, p. 37.

Comentarios sobre as festas do nadal proferidos por Manuel Forcadela, Carme Blanco, Antón Fraguas, Marta Dacosta, Manuel Lourenzo, Marilar Aleixandre, Camilo Franco e Berta Cáccamo, nos que cada un explica o sentido que estas datas teñen para eles. Inclúese tamén un perfil biobibliográfico de cada un dos devanditos representantes da nosa cultura.

Oubiña, M. Anxo, “Massive Atacks”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 36, 19 novembro 1998, pp. 4-5.

Analiza a saída ó mercado de dúas novas coleccións de libros da editorial Xerais, “De-Peto” e “De-Liberacións”, e o que supón incluí-los quioscos como puntos de venda. Compara esta iniciativa con outras semellantes e conta coas opinións de Celia Torres e de Fran Alonso, quen considera isto como un labor normalizador, “porque se lle dá a posibilidade á xente de que recupere textos fundamentais da nosa literatura a un prezo asequible”. Cita os títulos das reedicións que se presentan nestas novas coleccións e adianta o nome dos autores que se publicarán na seguinte entrega. Tamén comenta outras coleccións deste estilo en diversas editoriais, como “Popular” de Edicións Positivas, “Descuberta” de Galaxia, “Ferros” de Xerais e “Libros para ler nunha hora” de Nigra, lembrando ademais coleccións hoxe desaparecidas.

Outeiriño, M., “La biblioteca de “Chucho” ya es de Ribadavia”, *La Región*, 6 febreiro 1998, p. 20.

Comentario sobre o acto de presentación dun libro que recolle o fondo do legado de Jesús Sánchez Orriols, “Chucho”, que foi doado á Biblioteca do Museo Etnolóxico de Ribadavia polos actuais propietarios, Xesús Alonso Montero e Manuel Peña Rey. Inclúense o nome dos asistentes ó acto e os diversos bens que constitúen o legado, ademais de glosarse as palabras dos que participaron na presentación. Reprodúcese tamén un poema de Antón Tovar titulado “Carta a Chucho”.

Outeiriño, Maribel, “Siempre nos quedará “Nós”, *La Región*, “Foro La Región”, 17 abril 1998, p. 15.

Informa sobre unha conferencia pronunciada por Francisco Fernández del Riego no Teatro Principal de Ourense, na que falou sobre a lingua galega e a importancia da Xeración Nós. Ademais de indica-lo nome de moitos dos asistentes ó acto, comenta a importancia que o grupo Nós tivo na nosa cultura, aludindo a algunhas das súas múltiples actividades e ás características fundamentais do seu quefacer intelectual.

P. A., “Arteixo conmemorou o pasamento de Murguía”, *O Correo Galego*, 2 febreiro 1998, p. 17.

Comenta a homenaxe realizada a Manuel Murguía polo Concello de Arteixo, co gallo do 75 aniversario do seu falecemento. Sinala a intención da Concellería de Cultura de Arteixo de dar a coñece-la obra do autor e cita algunhas das súas publicacións máis importantes como a *Historia de Galicia* ou unha parte do *Diccionario de escritores galegos*, así como novelas e gran cantidade de monografías sobre temas históricos de Galicia.

P. G., “La lectura apenas habita entre los ourensanos”, *La Región*, 10 febreiro 1998, p. 14.

Dá conta, brevemente, dun estudio levado a cabo pola Consellería de Familia sobre o hábito de lectura que existe entre os ourensáns e, en xeral, entre os galegos. Segundo os resultados do citado estudio, a maioría dos galegos len a prensa rexional diariamente pero os libros, as revistas ou a prensa estatal, só en contadas ocasións. Cabe salientar, por último, que un 28,2% da poboación galega nunca le un libro, un 11,6% nunca le a prensa galega, un 47,4% non le a prensa nacional e un 38,9% nunca le revistas.

_____, “La Feria del Libro refuerza la presencia de la literatura gallega”, *Faro de Vigo*, 30 xuño 1998, p. 9.

Refírese ó comezo da XXIVª Feira do Libro en Vigo, que terá lugar entre o día 31 de xuño e o 10 de xullo. Destaca como novidade a “potenciación del libro en gallego” e cita algunhas das obras que se presentaron neste evento, así como as actividades programadas.

_____, “Fernández Paz reconoce que la literatura en gallego no ocupa el lugar que merece”, *Faro de Vigo*, 2 xullo 1998, p. 8.

Alude á inauguración da XXIVª Feira do Libro de Vigo, resumindo o contido do pregón lido polo escritor Agustín Fernández Paz, quen puxo de relevo a valía da literatura galega e destacou a cidade de Vigo como berce dos trobadores medievais, ós que se lle dedicou ó Día das Letras Galegas, a imprenta de Juan Campañel, onde se terminou a impresión de *Cantares Gallegos* (1863) e a Editorial Galaxia. Finalmente, anuncia a presencia de Isaac Otero e Luís Bugarín no primeiro día da feira.

P. R. M., “Fernández Paz afirma que la literatura gallega debe encontrar su sitio en el panorama nacional”, *Atlántico Diario*, 2 xullo 1998, p. 35.

Anuncia a inauguración da XXIVª Feira do Libro en Vigo e resume o discurso lido por Fernández Paz, quen salientou, entre outras cousas, a necesidade de “exportación de nuestras obras a otras culturas ocupando una plaza en igualdad de condiciones”, e o bo momento que vive a literatura galega, tanto no ámbito galego coma no ámbito nacional. Cita algúns dos asistentes ó acto e comenta as actividades previstas para este ano.

P. S. H., “Roberto Blanco Torres, protagonista del Día das Letras Galegas 1999”, *La Voz de Galicia*, 8 xullo 1999, p. 33.

Informa da decisión da RAG de dedicarlle o próximo Día das Letras Galegas 1999 ó escritor e xornalista Roberto Blanco Torres. A seguir, dá unha breve achega biobibliográfica do autor e cita as súas obras máis destacadas: *Orballo da media noite* (1929) e *De esto y de lo otro* (1930), unha selección de crónicas diversas.

Pablos, “El Derby, café de artistas”, *Faro de Vigo*, 25 xaneiro 1998, p.14.

Anuncia a exposición, que ten como eixe temático o Café Derby de Vigo, na Sala Temática de Caixavigo. Lembra o seu funcionamento a cargo de Albino Mallo e salienta os faladoiros que se levaban a cabo nel, ademais de achega-los nomes dalgúns dos participantes como eran Celso Emilio Ferreiro, os Álvarez Blázquez, Paz-Andrade ou Mª Carmen Kruckenberg. Recorda tamén a presencia de “viajeros ilustres”, que se sumaban ós faladoiros como Unamuno ou García Lorca, cando veu co seu teatro La Barraca.

Palacios, X. M., “Mondoñedo contará con una Fundación para divulgar la obra de Álvaro Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, 27 febreiro 1998, p. 74.

Manifesta o propósito do Concello de Mondoñedo de crear unha Fundación co nome de Álvaro Cunqueiro, co obxectivo de divulga-la obra do escritor mindoniense. Informa de que a constitución do organismo coincidirá coa entrega do Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa e que numerosas personalidades da cultura galega, como Marina Mayoral, Manuel Rivas, Carlos Casares, Anxo Tarrío ou César Antonio Molina, teñen mostrado a súa adhesión a este proxecto.

Palomo, Juan, “Nosotros ya no somos los mismos”, *ABC*, *“ABC literario”*, nº 331, 6 marzo 1998, pp. 6-7.

Refírese ás diferentes actividades dos periodistas, artistas e escritores. Entre elas, destaca a próxima adaptación ó cine, por parte de José Luis Cuerda, do relato de Manuel Rivas “La lengua de las mariposas”, que pertence ó seu libro *¿Que me queres, amor?* (1995).

_____, “La fotografía lo invade todo”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 346, 19 xuño 1998, pp. 6-7.

Presenta a nova da realización do encontro “Transatlántico: encuentro de escritores en el Transatlántico”, que chegou da man de Suso de Toro. Sinala que con este encontro se pretende reunir a unha trintena de escritores, dalgúns dos cales dá o seu nome.

Panizo, Iria G., “Teatro, música y lecciones en ‘Dumio 98’ de Lourenzá”,

El Progreso, 22 xullo 1998, p. 36.

Dá conta do encontro diocesano Dumio 98, no que se levaron a cabo gran cantidade de actividades, de entre as que se salienta o espectáculo de teatro *Os poetas de Ludovico* e a representación teatral, na que participaron tódolos nenos interesados, *A galiña que quixo ser princesa*.

Parada, Carmen, “A velocidade do frío”, de Manuel Seixas, el primer audiolibro editado en gallego”, *La Voz de Galicia*, 3 xaneiro 1998, p. 66.

Fai referencia á edición do libro de Manuel Seixas, *A velocidade do frío*, Premio Xerais 1996, en versión audiolibro e salienta que é o primeiro libro editado neste formato en Galicia. Recolle as declaracións do director de Xerais, Manuel Bragado, quen incidiu na necesidade de presenta-los libros adaptándose ás novas tecnoloxías. Cita os músicos que colaboraron no libro e nomea outros CD literarios que xa saíron ó mercado como son *Las poetas gallegas y Rosalía* (1997), da Fundación Rosalía de Castro e *O pobo da noite* (1996), de Manuel Rivas.

Paredes, Josefa, “Pasear por la literatura”, *El Mundo. Galicia*, 3 maio 1998, p. 8.

Refírese á inauguración da Feira do Libro de Santiago e recolle unha anécdota relatada por Pilar Pallarés, encargada de abri-la feira, na que sinala a emoción que lle causou coñecer nunha feira na Coruña en 1974 a Eduardo Blanco-Amor. Anuncia a presencia de escritores como Aníbal Malvar, Santiago Jaureguízar, Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Concha Blanco, María Canosa, Xosé Manuel Trigo, Carlos Quintiá, Valentín Carrera, Suso de Toro, Xavier Alcalá e Xurxo Souto. Finalmente, recolle unhas palabras de Carlos Casares, nas que salienta a importancia dunha boa política do libro para a cultura galega.

_____, “Rechazada la propuesta socialista de que Cultura financie el montaje de Valle Inclán”, *El Mundo.Galicia*, 12 xuño 1998, p. 8.

Faise eco das diferentes posturas presentes no parlamento, trala proposición dos socialistas de pedir ó Ministerio de Cultura que colabore economicamente na representación de Valle-Inclán en castelán, que levará a cabo o Centro Dramático Galego. Recolle ademais das declaracións de diversos parlamentarios sobre esta cuestión, a do xerente do Igaem, Aníbal Otero, que recordou a imposibilidade de traduci-las obras, debido á negativa dos herdeiros do escritor, e asegurou que esta montaxe “es un hecho totalmente excepcional”.

_____, “Las mariposas de Rivas se balancean en la cuerda”, *El Mundo. Galicia*, 29 xullo 1998, p. 9.

Refírese á rodaxe que leva a cabo o director de cine José Luis Cuerda, baixo o guión inspirado no relato “A lingua das bolboretas”, pertencente ó libro *¿Que me queres, amor?* (1995), de Manuel Rivas. Resúmese o argumento do relato e detense na análise de Pardal, o protagonista da obra.

Pascual, Alicia, “O Orballo’ de Blanco Torres”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras*, *Artes e Ciencias”*, nº 17, 9 xullo 1998, p. 7.

Anuncia a decisión da RAG de dedicarlle o Día das Letras Galegas 1999 ó periodista e escritor Roberto Blanco Torres. A seguir, achega unha breve biobibliografía do autor, na que destaca, fundamentalmente, o seu labor xornalístico e poético.

Pavón, L., “Os libros sirven... ata para a lectura”, *La Región*, 31 maio 1998, p. 17.

Dá conta do acto de inauguración da Feira do Libro de Ourense e recolle as palabras de Pilar Rodríguez, presidenta dos libreiros de Ourense, quen fixo alusión á competencia desleal das grandes áreas comerciais, e tamén as de Luís Otero, o pregoeiro do acto, quen gabou os libreiros e lamentou a perda da comunicación oral tradicional.

Paz Gago, Chema, “El original y el sucedáneo”, *La Voz de Galicia, “Culturas”*, nº 49, 27 outubro 1998, p. 7.

Comeza facendo alusión ó bo facer do Centro Dramático Galego e salienta o ben que soa Valle-Inclán “en boca de actores gallegos”. Cita os catro textos e os catro directores e valora positivamente o traballo de cada un deles. En contraste, critica algúns dos defectos atopados, ademais de salienta-la boa interpretación das catro actrices galegas. Finalmente, refírese ó “sucedáneo”, á versión en galego das catro pezas, da que comenta non saber nada, aínda que afirma que “han traicionado a Valle”.

Pena, Xosé Ramón, “Betanzos dos Cabaleiros”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 26 abril 1998, p. 13.

O autor, natural de Betanzos, ofrece nun ton poético un percorrido polas rúas e a historia da súa vila, lembrando as xentes do lugar e a súa propia familia. Declara que ha de se sentir feliz sempre “por ter nacido nunha terra de príncipes, señores e heroes, valentes guerreiros do pasado” e, ó mesmo tempo, unha terra de “agrarios e artesáns combativos (...) un espacio de cidadáns ergueitos, afeitos a proclamar a súa verdade”.

Penelas, Carlos, “Exílio Final”, *A Nosa Terra*, nº 843/ *O Correo Galego*, “AFA”/ *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 11 agosto 1998, p. 24/p. 39/p. 12.

Comeza lembrando o enterro de Arturo Cuadrado, no que estaban presentes moitos dos seus amigos, e, a seguir, narra en ton elexíaco os últimos momentos da súa vida e salienta a súa serenidade final. Comenta tamén a súa calidade humana e profesional, para remata facendo referencia ó ano en que o coñeceu.

Pereira, Xosé, “Librería Casalderrey, un centro de cultura”, *Diario de Pontevedra*, 11 agosto 1998, p. 14.

Comenta a actividade cultural, que se realiza na librería Casalderrey, situada en Marín. Alude tamén ós escritores que xa pasaron pola librería, como é o caso de Manuel Rivas ou Fina Casalderrey, e sinala algunhas das súas iniciativas culturais, como son a publicación das *Prosas escurialenses* e a revista *Acibal*, e a IIª edición do Premio Manuel María. Finalmente, recolle as declaracións do seu dono, José Ruíz Guirado, quen afirmou que “la gente de Marín es una gran amante de la buena literatura”.

Pérez, Paula, “Valle-Inclán a duelo en dos lenguas”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 16 outubro 1998, p. 4.

Informa das representacións que se levaron a cabo da obra de Valle-Inclán: por unha parte, sinala que están as diferentes propostas feitas en castelán polo Centro Dramático Galego, coa colaboración do Centro Dramático Nacional e o Centro Dramático de Viana do Castelo; e, pola outra, o proxecto do maratón de lectura con textos verquidos ó galego, que realizou a Asociación de Actores, Directores e Técnicos e a Mesa pola Normalización Lingüística, coa participación de Dolores Vilavedra, Manuel Rivas ou Méndez Ferrín. Recolle tamén as declaracións de Mabel Rivera, presidenta da Asociación de Actores, quen asegurou que o acto pretende ser “unha alterantiva válida que demuestra que Valle es traducible” e as de Manolo Guede, director do Centro Dramático Galego, quen afirmou que “non es justo que intelectuales que nunca han ido al teatro ahora armen este disparate”. Comenta, finalmente, que a Mesa seguirá ó CDG na súa xira por diferentes cidades de Galicia.

_____, “Una jornadas debaten la creación en Galicia de una escuela de teatro”, *Faro de Vigo*, 22 outubro 1998, p. 46.

Dá conta da celebración das Xornadas de Educación Teatral celebradas en Santiago de Compostela e céntrase no estudio presentado por Damián Villalaín sobre a posibilidade de creación dunha escola superior de teatro en Galicia. Informa tamén doutros temas de análise que tiveron lugar, como foron a situación das ensinanzas superiores de arte dramática ou a educación teatral en Portugal.

_____, “Edicións Xerais presenta la primera colección de libros de bolsillo en gallego”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1998, p. 48.

Alude á aparición da primeira colección de peto de obras en galego, a cargo da Editorial Xerais, co título de “Xerais Peto”. Cita o número de obras publicadas ata o momento, que inclúe catro pezas clave da narrativa galega e dúas obras de pensamento, e salienta a intervención de Manuel Bragado, director de Xerais, durante a presentación da colección, quen anunciou a súa intención de engrosa-la colección con máis títulos. Por outra banda, comenta o Premio Xerais de novela e o Premio Merlín de Literatura Infantil, ademais de cita-las obras finalistas que optan ós respectivos premios na presente edición.

_____, “El IGAEM desmiente que discrimine a Teatro Bruto por tratar temas de homosexualidad”, *Faro de Vigo*, 1 novembro 1998, p. 50.

Dá conta da decisión do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais de non subvenciona-la compañía Teatro Bruto, “por no cumplir los requisitos básicos exigibles”. Comenta que tal feito provocou a indignación dos membros da compañía e recolle as palabras de Pablo Rodríguez, quen asegurou que “sospechamos que existe una actitud homófoba por parte del IGAEM porque nuestros montajes tienen como protagonistas a lesbianas y homosexuales”. Finalmente, cita os nomes dos membros que integran a comisión.

Pérez Leira, Luís, “Eduardo Blanco Amor: O máis brilante escritor galego forxado na emigración (I)”, *Galicia en el Mundo*, “Emigración, as outras personaxes”, nº 237, 30 decembro-5 xaneiro 1998, p. 18.

Artigo centrado nas experiencias biográficas e intelectuais de Eduardo Blanco Amor, no que se fala do seu nacemento en Ourense en 1897, do seu paso polo faladoiro de Vicente Risco xunto ós máis destacados intelectuais ourensáns da época —Noriega Varela, Florentino Cuevillas, Arturo Noguerol, Euxenio Montes ou Ben-Cho-Shey— e da súa saída cara á Arxentina en 1919. Sinálase que é neste país, onde Blanco Amor comeza a escribir versos en galego, frecuenta a colectividade galega e participa como mestre de galego no proxecto de formación cultural, emprendido pola Federación de Sociedades Galegas. Saliéntase tamén a súa participación, en 1923, na fundación da revista *Terra*, no IVº Congreso da Federación de Sociedades, na revista *Céltiga*, no xornal *La Nación* e, xa en Uruguai, a súa conferencia “Guía para un estudio integral do renacemento galego”, pronunciada no Centro Galego deste país, con ocasión dun ciclo de charlas sobre problemas iberoamericanos.

_____, “Eduardo Blanco Amor: O máis brilante escritor galego forxado na emigración (e II)”, *Galicia en el Mundo*, “Emigración, as outras personaxes”, nº 238, 6-12 xaneiro 1998, p. 17.

Continúase a desenvolve-la traxectoria intelectual de Eduardo Blanco-Amor, dándose conta, nesta ocasión, da súa viaxe a Galicia en 1928, tras ser obxecto dunha homenaxe de despedida organizada polo grupo de *Céltiga*, na que participaron distintas personalidades galegas e arxentinas. Detense, así mesmo, no seu labor como director do xornal *Galicia*, no seu paso como redactor do xornal *La Nación*, entre 1933 e 1935, na súa amizade con Federico García Lorca e nos títulos máis destacados que conforman a súa obra. Menciónase tamén a súa condecoración en 1951 polo goberno chileno, trala publicación do ensaio *Chile a la vista*, a súa participación en 1956 na organización do recibimento á actriz coruñesa María Casares, o seu labor na fundación da Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas e as súas viaxes por Uruguai, Chile e Venezuela ata a súa volta definitiva a Galicia, en 1965. Sinálase que, a partir desa data, comeza unha grande actividade literaria, xa que escribe *Xente ao lonxe* (1972), traduce catro dos seus libros ó castelán, colabora en distintos xornais e dá numerosas conferencias ata a súa morte, o 1 de decembro de 1979, a causa dunha enfermidade de corazón.

_____, “Lorenzo Varela: un poeta da xeneración do 36”, *Galicia en el Mundo*, “As outras personaxes”, nº 255, 17-23 febreiro 1998, p. 26.

Ofrece unhas notas sobre a traxectoria biográfica de Xesús Lorenzo Varela, destacando a súa infancia arxentina, o seu retorno ó Lugo dos anos 20 e a súa participación nas Mocidades Galeguistas de Lugo, xunto a Ramón Suárez Picallo e Ramón Piñeiro, entre outros. Nomea a outros compañeiros de militancia xuvenil de Lorenzo Varela, como Fernández del Riego, Xosé Velo, Celso Emilio Ferreiro, Carballo Calero e Ramón de Valenzuela. A seguir, resume as súas actividades en Madrid, a partir de 1935: membro das Misións Pedagóxicas e do equipo de redacción da revista *PAN*, crítico literario en *El Sol*, integrante da Alianza de Intelectuales Antifascistas para la defensa de la Cultura, etc. Lembra tamén que, ó remata-la guerra civil, marcha a Francia para logo se embarcar a México e pasar a Buenos Aires, onde escribe *Torres de amor* (1979), *Catro Poemas Galegos* (1944) e *Lonxe* (1954), ademais de participar no xornalismo e na política e fundar *De mar a mar* e *Correo Literario*. Finalmente, sinala que volveu a España en 1976 e que, dous anos despois, atopou “unha morte prematura”.

_____, “Unha vida dedicada a Galicia”, *Galicia en el Mundo*, nº 270, 1-7 xuño 1998, p. 22.

Con motivo do noventa e catro aniversario de Arturo Cuadrado, refírese á iniciativa dun grupo de amigos e directivos da colectividade galega en Buenos Aires de renderlle unha homenaxe, na que deu un discurso o propio Cuadrado, quen agradeceu que se lembraran del nesta etapa da súa vida. De seguido, céntrase na súa biografía, dende o seu nacemento o tres de maio de 1903, e salienta a data de 1920, na que marcha a Compostela e inicia un intenso labor intelectual. Cita varios dos xornais onde colaborou, lembra dúas das revistas das que foi cofundador, *Don Claro* e *Resol*, e a Asociación de Escritores Gallegos, que tamén axudou a formar. A seguir, recorda o momento no que estala a guerra civil, que o sorprendeu en Madrid e polo que puido salva-la vida, comenta a súa voda en Valencia coa actriz Amparo Alvajar e o seu exilio final. Á marxe, reproduce un texto de Luís Seoane, que leva por título “Lembranzas de Luis Seoane”, no que fai un percorrido polo labor literario de Cuadrado, tanto na época compostelá coma na arxentina.

_____, “Arturo Cuadrado: o home que se namorou da Berenguela”, *Galicia en el Mundo*, nº 279, 3-9 agosto 1998, p. 28.

Percorrido pola biografía de Arturo Cuadrado, que parte de 1904, data do seu nacemento en Denia (Alacante), e segue recollendo anécdotas da súa infancia marcada pola presencia do seu avó, que era recadador de impostos, da súa vida en Carballo ou da súa adolescencia, a cal “transcorreu nun ambiente conservador e clerical”. A continuación, lembra a data de 1920, na que se traslada a Compostela e adquire o seu primeiro traballo como vendedor de confección e comeza a súa amizade con Luís Manteiga. Tamén recolle algúns datos achegados por Díaz Pardo, quen destaca, entre outras referencias vitais, a súa participación na fundación da revista *Resol* e a posterior apertura da librería Niké. Remata co relato do propio Cuadrado, no que lembra a súa amizade con Valle-Inclán.

_____, “Arturo Cuadrado (y II): O home que se namorou da Berenguela”, *Galicia en el Mundo*, “Apuntes da emigración galega”, 10-16 agosto 1998, p. 22.

Refírese á participación de Arturo Cuadrado na primeira asemblea para constituí-la Asociación de Escritores Galegos, celebrada en marzo de 1936, xunto a López Abente, Blanco Torres, Filgueira Valverde, Bouza Brey, Posada Curros ou García Barros, entre outros intelectuais. Salienta a súa actividade política nestes anos, mencionando o seu papel como redactor do manifesto de Esquerda Galeguista ou como organizador da campaña electoral, na que triunfou a Fronte Popular. Sinala que cando se produce o levantamento do 36, Cuadrado está en Madrid e participa xunto a Castelao e Suárez Picallo en misións secretas para o goberno republicano. A seguir, relata que Arturo Cuadrado casa en Valencia con Amparo Alvajar e logo marcha a Barcelona, onde participa na fundación da revista *Nova Galicia*. Comenta tamén que despois pasa a Francia e embarca con destino a Buenos Aires, onde xunto a Luís Seoane, funda a loxia de exiliados Antolín Faraldo e colabora en varios proxectos editoriais. Por último, destaca a publicación en 1952 do seu poemario *Soledad Imposible* e a súa etapa como director do xornal *Galicia*, ademais de menciona-la súa morte, ocorrida o 5 de agosto de 1998 en Buenos Aires.

_____, “María Casares: Unha galega universal”, *Galicia en el Mundo*, nº 281, 17-23 agosto 1998, p. 28.

Logo de ofrecer unha biografía de María Victoria Casares Pérez, refírese con detalle á súa visita á Arxentina en 1957, na que a súa presencia suscitou unha gran repercusión en Buenos Aires e na colectividade galega. Dá conta ademais da nómina das obras teatrais que interpretou e dos premios que acadou ó longo da súa vida, como foi a Medalla Castelao da Xunta de Galicia. Mostra, finalmente, o que para esta “mostra da universalidade” do noso pobo foi a terra que a viu nacer, e moitos dos titulares das cabeceiras dos xornais, onde se deu conta da súa morte en novembro de 1996.

_____, “Moisés da Presa: Alma mater da Pondal”, *Galicia en el Mundo*, nº 285, 15-21 setembro 1998, p. 26.

Logo de lembra-las orixes de Moisés da Presa, fai un percorrido polo labor profesional deste personaxe. Céntrase na cidade de Buenos Aires, “cidade con intensa vida política e cultural”, e recorda os cafés da Rúa Corriente ou Avenida de Maio, que albergaban faladoiros literarios. Salienta a cafetería La Armonía, onde naceu un grupo de intelectuais configurado, entre outros, por Eduardo Blanco Amor, R. Suarez Picallo ou Moisés da Presa. Recolle, a seguir, as palabras de Denís Conles, quen fai memoria daquela época, destaca a Moisés da Presa como un dos fundadores da Sociedade Galeguista Pondal e o “combativo periódico *A Fouce*”. Cita os nomes doutros fundadores e explica a traxectoria do grupo, dende a súa fundación ata a escisión noutras correntes. Finalmente, fai un percorrido polo labor literario do autor do que destaca entre outras cousas a súa novela *Historia dunha saudade*, que quedou inédita.

Piñeiro, Antonio, “O Patronato Curros Enríquez deseña a futura Casa dos Poetas”, *La Región*, 31 maio 1998, p. 18.

Informa da visita realizada por un grupo de representantes do Patronato Curros Enríquez á casa do poeta, para revisa-la construcción da Casa Museo de Curros Enríquez. Sinala que os visitantes realizaron un pormenorizado percorrido por tódalas dependencias da casa, para coñecer e achega-los criterios que deben ser seguidos na rehabilitación.

_____, “A chuvia mediatiza a “xornada de refolleo”, *La Región*, 1 xuño 1998, p. 8.

Dá conta da marcha da Feira do Libro de Ourense, que se veu afectada pola chuvia. Entre os resultados de vendas obtidos, indica que o número de libros casteláns vendidos “supera con creces” ós galegos. Informa tamén que un libro bastante reclamado polo público é *Ourense etnográfico*, editado pola Deputación Provincial, ó lado de *Historia dun crime*, de Fernando Méndez. Por último, alude á protesta das editoriais pola situación das casetas en dúas rúas distintas.

_____, “A única provincia galega que non visitou Lorca reviviu onte a súa poesía”, *La Región*, 6 xuño 1998, p. 15.

Crónica do acto de lectura de poemas de Federico García Lorca, celebrado no Liceo Recreo Ourensán, por iniciativa do Clube Cultural Alexandre Bóveda. Infórmase que a celebración comezou coa representación dun fragmento da obra *La zapatera prodigiosa*, por parte dos alumnos do Instituto Ferro Couselo, para a continuación, abrirse a lectura de textos poéticos de Lorca e doutros autores galegos ou non galegos, que dedicaron escritos ó poeta granadino. Entre os invitados a participar no acto, cítase a Marcos Valcárcel, encargado da presentación, Víctor Campio e Carmen Devesa, membro do grupo literario Dolmen.

_____, “José Luis Cuerda comienza el rodaje de “La lengua de las mariposas” en Allariz”, *La Región*, 4 xullo 1998, p. 5.

Dá noticia do inicio da rodaxe en Allariz da película de José Luis Cuerda, *La lengua de las mariposas*, baseada en tres relatos de Manuel Rivas, incluídos no seu libro *¿Que me queres, amor?* (1995).

_____, “Unha mostra de cómo ‘perdemos o territorio de Cuba pero gañamos o seu corazón”, *La Región*, 9 outubro 1998, p. 16.

Fai referencia á exposición que acolle o Ateneo de Ourense sobre “O 98 e a literatura galega”, que foi presentada polo escritor Francisco X. Fernández Naval. Recolle algunha das súas opinións, como a referente á súa identificación coa postura dos escritores galegos da época coma Curros, “que reclama o mesmo status de autonomía pra Cuba que para Galicia”.

Porto, G., “Bouza Brey, para siempre en Ponteareas”, *Faro de Vigo*, 23 maio 1998, p. 13.

Nota que informa da doazón ó Museo Municipal de Ponteareas de varios obxectos persoais, pertencentes a Fermín Bouza Brey, “para vincular más estrechamente la memoria de este intelectual a su villa natal”.

Pousa, Luís, “García-Sabell: “A cidade dos tranvías de mulas era unha Coruña asombrada”, *El Ideal Gallego*, 17 xaneiro 1998, p. 6.

Fai referencia ó acto no que Domingo García-Sabell recibiu o título de fillo adoptivo da cidade da Coruña, de mans do seu alcalde Francisco Vázquez, quen logo da lectura da acta na que se recollía o acordo do consello, fixo unha loubanza da figura do histórico galeguista homenaxeado. Con respecto ó discurso do académico, indica que ademais de menciona-la súa vella amistade co alcalde coruñes, leu un “breve e fermoso” ensaio sobre a súa visión da cidade herculina en relación co seu percorrido biográfico.

_____, “A Agrupación Alexandre Bóveda reivindica a figura de Murguía”, *El Ideal Gallego*, 24 xaneiro 1998, p. 10.

Alude á presentación feita por Francisco Peña do programa de actos previstos para o primeiro trimestre de 1998, organizado pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. Pon de relevo o acto de homenaxe á figura de Manuel Murguía e critica a falta de iniciativa por parte das institucións públicas de homenaxea-lo fundador da RAG. A seguir, cita os actos previstos, entre os que se atopa, a celebración do aniversario de 1898.

_____, “Manuel Murguía ou a Galicia intelectual”, *El Ideal* Gallego, 3 febreiro 1998, p. 10.

Semblanza do día do pasamento de Manuel Murguía, o 2 de febreiro de 1923, cando se cumpren setenta e cinco anos dese acontecemento. Comeza lembrando o titular da nova publicada en *El Ideal Gallego* e incide na conmoción causada na poboación, ademais de lembra-la sesión extraordinaria convocada polo Alcalde da Coruña, que se dirixiu ó pobo coruñés reivindicando a calidade intelectual de Murguía. Salienta o numeroso público que acudiu ó enterro e dá noticia da homenaxe rendida pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda ante a súa tumba, no camposanto coruñés de Santo Amaro. Realiza, á marxe, un breve repaso pola súa bioblibliografía.

_____, “Más de cien personas reivindicaron en A Coruña un Valle-Inclán en gallego”, *El Ideal Gallego*, 31 outubro 1998, p. 26.

Refírese ó maratón de lectura en galego da obra de Valle-Inclán no instituto Eusebio da Garda na Coruña, na que participaron un cento de persoas, mentres que arredor de 200 espectadores acudiron ó Teatro Rosalía de Castro, para asistir á representación do espectáculo do Centro Dramático Galego. A seguir, céntrase no contido do maratón de lectura en galego, que tivo como coordinador a Lino Braxe, e salienta, de entre outras intervencións, a lectura do poema “Cantigas de vellas” da man do poeta Manuel María ou a interpretación da obra *Ligazón*, que levou a cabo Manuel Lourenzo xunto a catro actores máis. Finalmente, cita algúns dos asistentes ó espectáculo como é o caso de Concha Costas, presidenta da Mesa pola Normalización, Francisco Peña, presidente da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, e o escritor Xavier Docampo.

_____, “Xavier Alcalá obtiene el premio Pérez Lugín de periodismo”, *El Ideal Gallego*, 11 decembro 1998, p. 25.

Alude ó Premio Pérez Lugín de Periodismo, outorgado a Xavier Alcálá, polo artigo titulado “De la cubela a Cuba. Notas sobre Galicia y Cuba. Ayer y hoy”. Céntrase no contido do artigo, o cal xira arredor do labor desenvolvido en Cuba polos galegos emigrados, e recolle algúns comentarios feitos polo autor sobre a realidade Iberoamericana. Finalmente, lembra o número de artigos presentados ó concurso e fai un breve percorrido polos títulos máis representativos publicados por Xavier Alcalá.

Prado, Miguelanxo, “Compartín co meu pai cores e lenzos”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, nº 39, “Autorretrato”, 8 febreiro 1998, p. 16.

Lembra algúns episodios da súa vida e sinala que naceu no barrio de San Luís da Coruña, que estudiou nos Dominicos e que pasaba os veráns en Guitiriz. Recupera as experiencias compartidas co seu pai ó redor de cores, lenzos e libros, os seus estudios de arquitectura e a descuberta naqueles anos da linguaxe da banda deseñada, que conxuga as súas dúas paixóns: a pintura e a literatura. Dende aquela, sinala que transita as terras da ilustración, do deseño gráfico, da colaboración en prensa ou dos debuxos animados, así que “trece libros (...), unha chea de exposicións, un Xabarín un pouco pillabán ou unha morea incontable de lenzos e papeis emborranchados e de historias contadas e por contar”, son as claves da súa profesión, que el considera a medio camiño entre “o traballo e o pracer ou as afeccións”.

Quintero, Beatriz, “La investidura de Neira Vilas se convierte en un cálido homenaje a la emigración”, *El Ideal Gallego*, 17 xaneiro 1998, p. 13.

Achega información sobre o acto de investidura de Xosé Neira Vilas como doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña. Salienta as diversas referencias feitas á emigración por parte do escritor, quen ademais lembrou o vencello da Coruña con América a través do seu porto e puxo de relevo os aspectos negativos que a emigración tivo con Galicia. Comenta tamén a reafirmación que Neira Vilas fixo de si como escritor unilingüe e alude á intervención do rector coruñés, Xosé Luís Meilán Gil, quen apelou á necesidade de que a universidade galega sexa sensible ó fenómeno social da emigración. Pecha a noticia referíndose á Xosé Dobarro Paz, que actuou como padriño do homenaxeado.

Qumata, R., “Fallece Agustín Magán, el fundador y director del grupo de Teatro Ditea”, *El Correo Gallego*, 3 abril 1998, p. 5.

Con motivo da morte de Agustín Magán, saliéntase o seu papel como fundador da compañía teatral Ditea e o seu traballo nos tempos da dictadura, salvando os obstáculos da censura. Complétase a noticia cos testemuños de Roberto Vidal Bolaño, que considera que en vida se lle fixo unha inxustiza ó non seren montadas obras súas, non sendo as da propia compañía; Manuel Lourenzo, que mostra a súa sorpresa pola noticia e Euloxio Ruibal, que define a Magán como “un dos homes que máis fixo polo teatro”. Cítanse tamén os nomes dalgúns actores que comezaron da súa man e alúdese a algúns dos premios que lle foron outorgados, como a Máscara de Ouro. Finalízase co anuncio da continuidade da compañía Ditea.

R. C. G., “Profeta en su tierra”, *El Progreso*, “Especial Feira de Santos. Monterroso”, 1 novembro 1998, p. 44.

Recóllese unha breve nota biobibliográfica de Lorenzo Varela, ó tempo que se alude á súa amizade con María Zambrano, Pedro Salinas, Rafael Dieste e Isaac Díaz Pardo. Saliéntase que o seu olvido non se fixo extensivo á súa vila natal, onde se lle rendeu homenaxe en 1979 e a onde se transladaron os seus restos mortais dende Madrid.

R. F., “Sargadelos presenta la muestra “Seminario de Estudos Galegos”,

La Región, 15 xaneiro 1998, p. 16.

Anuncio da presentación en Ourense dunha exposición sobre o Seminario de Estudos Galegos. Cítase a presencia no acto de Francisco Ogando Vázquez e Isaac Díaz Pardo e sublíñase o carácter didáctico da exposición, a través de paneis informativos, fotografías e publicacións.

_____, “El mundo de la escena y la recepción teatral”, *La Región*, 22 xaneiro 1998, p. 18.

Dá conta do coloquio celebrado na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Ourense, baixo o tema da recepción teatral. Menciona a participación de Rosa Álvarez, Camilo Franco, Antón Lampareira e Rubén García, ademais de explicar que o acto se enmarca dentro do ciclo de conferencias organizado pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense e Sarabela co patrocinio de Caixa Galicia e a Universidade Sur.

_____, “Ourense é unha provincia moi viva teatralmente”, *La Región*, 29 xaneiro 1998, p. 15.

Informa e avalía a Rede Galega de Teatros, especificamente, no que lle toca á provincia de Ourense, ademais de ofrece-la opinión de Ánxeles Cuña, directora da compañía Sarabela, quen cre que a rede axuda a facer do teatro algo de tódolos días. Recolle tamén as declaracións de Fina Calleja, actriz de Sarabela, quen comenta que a provincia podería mellorar na oferta de teatro se houbese máis implicación dos concellos e doutras entidades.

_____, “Teatro para se comer”, *La Región*, 29 xaneiro 1998, p. 18.

Noticia protagonizada pola presentación da obra *Teatro para se comer* (1997), de João Guisam Seixas. Explícase que malia a estructuración en tres pezas teatrais distintas, hai pequenas transicións que lles van dando unidade. Coméntase tamén que o autor anuncia a publicación duns bocetos escenográficos, debido á dificultade da posta en escena, e lémbrase a traxectoria literaria deste autor, que asegura que lle é difícil a distinción entre o xénero narrativo e o teatral, dado por exemplo o carácter literario das acoutacións da obra. Recolle ademais o propósito de Guisam Seixas de facer con esta obra un teatro “dixerible, fácil de asimilar”.

_____, “O escritor Francisco Fernández Naval presentou “Sombras no labirinto”, no Liceo”, *La Región*, 31 xaneiro 1998, p. 15.

Coméntase o argumento de *Sombras no labirinto* (1997), de Francisco Fernández Naval, a propósito da súa presentación en Ourense. Ponse de relevo a temática da conservación da memoria histórica como base “para que poidamos seguir dicindo que somos un pobo con identidade”. Ademais da súa faceta narradora, faise referencia a Fernández Naval como cultivador dunha poesía “de carácter íntimo e existencial”.

_____, “Caride Ogando presentou en Torga os seus últimos libros”, *La Región*, 21 febreiro 1998, p. 18.

Alúdese á temática de *Ameaza na Antártida* (1997) e *Sarou* (1997), de Ramón Caride Ogando, con motivo da súa presentación en Ourense. Faise referencia ós inicios literarios de Caride Ogando e ó desexo deste autor de ser lido por moita xente “e chegar a vivir algún día do que escribo”.

_____, “Un marco de luxo para tres voces poéticas”, *La Región*, 26 marzo 1998, p. 16.

Refírese ó recital ofrecido en Ourense polos poetas da Costa da Morte Alexandre Nerium, Modesto Fraga e Miro Villar dentro do ciclo “Galicia na voz dos novos poetas”, organizado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda. Alúdese á presentación feita por Marcos Valcárcel e Xosé Lois Rúa e á intervención do Concelleiro de Cultura, Aurelio Gómez Villar.

_____, “Poemas en prosa “que evocan a nenez”, *La Región*, 28 marzo 1998, p. 16.

Ponse de relevo a evocación da nenez presente no poemario *Calendario Perpetuo* (1997), de Xosé María Álvarez Cáccamo. Alúdese ó recital ofrecido polo autor no Ateneo ourensán, no que leu versos deste libro e no que salientou a importante carga imaxinativa presente nestes poemas. Comenta tamén que sinalou que esta obra aspira a ser comunicativa e directa, ademais de aludir ó ritmo das composicións.

_____, “O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev”, *La Región*, 28 marzo 1998, p. 17.

Apoiándose nas palabras de Claudio Pato, faise referencia á súa *obra O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev* (1997), logo da súa presentación en Ourense. Neste sentido, ponse de relevo a relación dual procedente da necesidade do artista de se enfrontar ó mundo real, de onde sobresae a necesidade de expresar e sobrepasa-la realidade. Indícase, así mesmo, que os poemas están escritos dunha forma libre pero que non son rompedores, aínda que están “na liña que separa a modernidade da post-modernidade”.

_____, “A “matriarca da nosa literatura” cumpríu 80 anos”, *La Región*, 1 abril 1998, p. 16.

Faise eco do acto organizado polo Clube Alexandre Bóveda, con motivo do oitenta aniversario da poetisa Pura Vázquez. Alúdese á intervención da poeta e de Victoria Sanjurjo, que puxo de manifesto a harmonía, beleza, emocións e sentimentos relacionados con Galicia. Así mesmo, faise referencia ás palabras de Manuel Zabal, que resaltou a inocencia e o desacougo, así como á vontade de vida. Conclúe aludindo ó comentario de Carmen Blanco, que definiu á autora como “a gran matriarca das nosas letras”.

_____, “Juegos de palabras”, *La Región*, 16 abril 1998, p. 18.

Alude á actuación de Ana Romaní, Iolanda Castaño e Helena de Carlos na segunda edición do ciclo “Galicia na voz dos novos poetas”, onde “mostraron toda la capacidad que poseen para jugar con las palabras”. Achega ademais unha serie de información concernente ó ciclo de recitais mencionado, que está organizado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda e que ten como obxectivo, segundo o seu presidente César Ansias, “dar a conocer a la sociedad ourensana los trabajos poéticos de gente joven de fuera de Ourense y que publicaron recientemente alguna obra”.

_____, “Un acto “de cariño” para un “poeta solidario”, *La Región*, 25 abril 1998, p. 16.

Noticia do acto organizado en Ourense polo grupo Dolmen, no que se recitaron catorce poemas do escritor Eduardo González Ananín. Indícase que antes Marcos Valcárcel presentou ó poeta e comentou as súas obras *Rol de cantárida* (1997) *e Tierra compartida*, poñendo de relevo a presencia do rexistro da poesía social. Tamén se sinala que Valcárcel se referiu á temática da desolación, á amargura da posguerra e á busca dun ser humano máis libre e solidario. Ademais disto, alúdese ó cariño co que González Ananín viviu

_____, “Carlos Casares: “Suecia influíu na miña forma de ver o mundo e de entender a literatura”, *La Región*, 1 maio 1998, p. 17.

Coméntanse algúns momentos da charla ofrecida por Carlos Casares en Ourense, dentro do ciclo “Os nosos escritores”. Saliéntase a referencia feita ó influxo que nel exerceu Suecia, citándose tamén algunhas das súas obras que escribiu alí, entre elas *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975).

_____, “Dolmen’: Un grupo estrictamente cultural que pone su voz al servicio del arte”, *La Región*, 2 maio 1998, p. 17.

Faise referencia ó grupo ourensán Dolmen, creado en 1991, por María Fe Santiago Bolaños, María Teresa Devesa e Carmen Lorenzo. Alúdese á súa presencia en recitais, acompañados ó piano por Ángel Losada, e recóllese as palabras de Marí Teresa Devesa, que explica a crenza de que a palabra pode cambia-lo mundo. Cítase tamén os nomes dos restantes compoñentes: Manuel Blanco, Gloria Vidal, Víctor Campio e Eduardo González Ananín. Finalmente, noméase os títulos dos tres libros publicados polo colectivo ata agora.

_____, “A imaxinación aprendeu soa a voar”, *La Región*, 7 maio 1998, p. 18.

Recóllense algúns momentos da conferencia de Pura Vázquez en Ourense, dentro do ciclo “Os nosos escritores”. Coméntase que a autora fixo un percorrido pola súa traxectoria literaria e resáltanse algúns datos, como a sú relación con Otero Pedrayo ou os seus inicios no xornal *La Zarpa*.

_____, “Son un ser humano que se alimenta da paixón pola lectura”, *La Región*, 8 maio 1998, p. 19.

Céntrase no comentario da conferencia que Xesús Alonso Montero impartiu en Ourense, nun acto que tivo lugar dentro do ciclo “Os nosos escritores”. Resáltase que o conferenciante dixo non ser un escritor, “senón unha persoa moi vencellada ós escritores”, malia as súas incursións literarias en *Versos satíricos ó xeito medieval* e *Pedro Petouto* (1974). Coméntase tamén que Alonso Montero se autodefiniu como “un ser humano ferido pola letra e que se alimenta da paixón constante pola lectura”.

_____, “Estado permanente de fracaso”, de Caneiro”, *La Región*, 9 maio 1998, p. 16.

Nota referente á presentación de *Estado permanente de fracaso* (1997), de Xosé Carlos Caneiro. Sinálase que unicamente un dos relatos recollidos no volume e inédito e apúntase o amor, o desamor, a vida, a morte e o fracaso como temática. Saliéntase ademais que o libro pode ser interesante para comproba-la evolución técnica de Caneiro, entre 1983 e 1998, período de tempo no que foron escritos estes contos.

_____, “O Arqueolóxico acolle unha mostra en homenaxe a Lorca”, *La Región*, 16 maio 1998, p. 18.

Informa da inauguración no Museo Arqueolóxico de Pontevedra da exposición “Federico García Lorca. Imágenes, palabras”, organizada con motivo do centenario do poeta granadino. Alude á procedencia dos fondos, que conforman esta mostra, e á intervención no acto de Felipe Ferreiro, subliñando a importancia deste evento en Galicia dado que os *Seis Poemas Galegos* (1935) contribuíron a reforza-la dignidade da lingua galega.

_____, “La calle Paseo acogerá la XIV Feira del Libro”, *La Región*, 29 maio 1998, p. 18.

Achega o calendario de actos previsto para a XIVª edición da Feira do Libro de Ourense. Entre eles, cítase a presencia do escritor Luís G. Tosar ou un acto conmemorativo do centenario de Federico García Lorca, organizado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda.

_____, “Las ventas de la Feira del Libro de Ourense superaron los seis millones de pesetas”, *La Región*, 9 xuño 1998, p. 16.

Faise balance da XIVª Feira do Libro de Ourense, salientándose, entre outros aspectos, o aumento de vendas en literatura infantil e a presencia de *¿Que me queres amor?* (1995), de Manuel Rivas e *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro como os libros máis vendidos en lingua galega.

_____, “La muestra “O fillo da florista” viajó a Lugo”, *La Región*, 10 xuño 1998, p. 18.

Refírese á inauguración en Lugo da exposición fotográfica sobre Eduardo Blanco Amor, posta en marcha con anterioridade en Ourense, polo Clube Cultural Alexandre Bóveda. Explícase que cada un dos trinta e catro retratos inéditos conta con comentarios manuscritos de persoas que tiveron un trato directo co escritor, como é o caso de Alonso Montero, Segundo Alvarado, Manuel María ou Méndez Ferrín.

_____, “O CDG presenta no Teatro Principal “Valle-Inclán 98”, *La Región*, 21 novembro 1998, p. 13.

Anúnciase a representación da montaxe “Valle-Inclán 98” en Ourense e alúdese á imposibilidade de dispoñer dos dereitos de traducción ó galego. Coméntase que, ante a polémica xerada por esta representación, o director do Centro Dramático Galego defende a decisión de actuar en castelán, xa que “a lingua é o corazón dunha cultura, pero pobre da cultura que non teña corazón”, e confesa que “levo 25 anos facendo teatro, e nunca gocei tanto como facendo a Valle”.

_____, “O Clube Alexandre Bóveda homenaxea a Basilio Álvarez”, *La Región*, 21 novembro 1998, p. 13.

Noticia sobre as xornadas organizadas polo Clube Cultural Alexandre Bóveda e patrocinadas pola Consellería de Cultura, que se celebrarán no Liceo, dende o día 23 o 27 de novembro. Ofrece, a seguir, a nómina das conferencias a impartir nesta homenaxe en memoria do xa citado ourensán.

_____, “Basilio Álvarez rompeu moldes no seu tempo”, *La Región*, 24 novembro 1998, p. 12.

Dá conta da conferencia pronunciada por Ramón Villares no Liceo Ourensán sobre a “Galicia agraria que viviu Basilio Álvarez”, coa que se inaugurou unhas xornadas dedicadas a este personaxe. Recolle algúns dos aspectos sobre os que falou na súa intervención e salienta, entre outras cousas, o seu labor alentador do Círculo Católico Ourensán, de *El Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal e da fundación do xornal *La Zarpa*, de 1920. Tamén sinala que Ramón Villares fixo un percorrido polo currículo de Basilio Álvarez, a quen cualificou de “Figura novedosa da Galicia da época, rupturista”.

_____, “Máis de cen persoas na lectura de Valle en galego”, *La Región*, 25 novembro 1998, p. 14.

Informa da iniciativa organizada pola Mesa pola Normalización Lingüística e apoiada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, que ten como obxectivo facer un maratón de lectura pública de diferentes obras de Valle-Inclán, co fin de protestar pola decisión tomada polo Centro Dramático Galego de representar a Valle-Inclán en castelán. Dá conta dos lugares onde ten lugar a lectura, que leva o título de “Comedia bárbara”, e cita os títulos das obras e dos autores que tomaron parte nas traduccións dos textos, como foron Manuel Rivas, Dolores Vilavedra, Méndez Ferrín ou Manuel Lourenzo.

_____, “Basilio Álvarez é exemplo de populismo agrario”, *La Región*, 26 novembro 1998, p. 15.

Comenta os contidos dunha conferencia pronunciada por Miguel Cabo Villaverde, dentro das xornadas organizadas polo Clube Cultural Alexandre Bóveda, ó redor da figura do líder agrarista Basilio Álvarez. Salienta que a charla se organizou en tres partes, nas que o conferenciante falou da súa etapa en Acción Gallega, da súa participación na Confederación de Agricultores Galegos e do seu período republicano.

_____, “Basilio Álvarez é central na vida de Ourense”, *La Región*, 28 novembro 1998, p. 17.

Refírese á conferencia pronunciada por Marcos Valcárcel, titulada “Apontamentos para a biografía dun lider republicano, Basilio Álvarez”, que ten lugar no ciclo de conferencias sobre Basilio Álvarez que se celebrou no Liceo de Ourense. Resume brevemente a súa intervención, que se centrou na súa vida e no seu labor político, así como nas súas publicacións no diario *La Zarpa*. Finalmente, cítanse as palabras de Valcárcel referentes á definición que fixo sobre Basilio Álvarez, a quen cualificou de “personaxe central na vida de Ourense que merece a pena recuperar”.

_____, “López Morais desvela un poema inédito de García Lorca”, *La Región*, 5 decembro 1998, p. 12.

Información sobre a mesa redonda celebrada no Ateneo ourensán sobre García Lorca, Blanco Amor e Guerra da Cal na que interviñeron María do Carmo Henríquez Salido, Xosé Luis Franco Grande e Bieito Iglesias xunto a Anselmo López Morais, que antes do acto leu o poema inédito “Soneto de la dulce queja”, de Federico García Lorca.

R. G., “Cara a Cara”, *El Progreso*, “Gente”, 17 maio 1998, p. 24.

Reprodúcese un diálogo entre Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer no que parten do balance que da súa relación fai Natalia Regueiro na obra *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer*. Ademais de faceren fincapé na importancia da revista *Unión Libre*, salientan a independencia intelectual e a complementariedade de ámbolos dous. Ponse de relevo a importancia que Ánxel Fole exerceu na vida de Claudio Rodríguez Fer e Ricardo Carballo Calero, na de Carmen Blanco.

R. G. e **C. B.**, “Las instituciones negaron ayudas para recuperar a Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, 9 xullo 1998, p. 30.

Faise referencia á satisfacción mostrada polo Concello de Cuntis e a Asociación Cultural O Meigallo, trala decisión da Real Academia Galega de lle dedica-lo Día das Letras Galegas a Roberto Blanco Torres. Recóllese a opinión do responsable de O Meigallo, que lembra a anterior negativa das institucións para colaborar na difusión da figura de Blanco Torres, e coméntase que con esta decisión o Concello de Cuntis debe muda-los actos que tiña previstos para o mes de setembro.

R. M., “Charla del escritor Carlos Casares en el Centro Goianés”, *Atlántico Diario*, 6 maio 1998, p. 16.

Anúnciase unha conferencia de Carlos Casares en Goián, baixo o título “As viaxes dun escritor”, na que se prevé que se comenten as reflexións do escritor a través das experiencias viaxeiras por distintos países.

R. N., “O home que traballou coas ideas”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 29, 13 outubro 1998, p. 2.

Con motivo da morte do escritor e editor Arturo Cuadrado, realízase un percorrido pola súa traxectoria biográfica e intelectual. Saliéntase o seu labor á fronte da revista *Resol*, da que se ofrecen algunhas notas descritivas.

R. N., **Z. N** e **L. S.**, “En expansión”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 42, 31 decembro 1998, p. 4.

Dáse conta de obras publicadas no 1998, que se atopan ou atoparán en breve nas librerías galegas. Así, sinálase que A Nosa Terra presenta unha biografía de Roberto Blanco Torres e unha análise da prensa da época na que viviu, da man de Marcos Seixo; *Volver a Murguía*, de Beramendi, Ramiro Fonte, Marga Romero e Carlos Velasco; *A gramática da lingua galega*, de X. R. Freixeiro ou *As tecedeiras do fume*, de Luís Alonso Álvarez. No ámbito da comunicación, coméntase que Edicións Lea leva a dianteira con títulos como *A televisión en Galicia*, de Antonio Cendán; *A reportaxe de prensa en Galicia*, de Xosé López, *Prensa Galega. O discurso do poder*, de Ledo Andión; *Os medios na era do coñecemento*, de Tapio Varis e *Guía Web de Galicia*, de varios autores. Voltando de novo ó ensaio, saliéntase que Espiral Maior mostra *Uxío Novoneyra e os motivos de circe*, de Xulio Calviño; *A escrita da terra*, de Miguel A. Mato Fondo e *Alén da líbido*, de Xosé Manuel Domínguez Prieto. Polo que se refire á editorial Galaxia, indícase que lanza *A Galicia clásica e barroca*, de Ofelia Rey e *Lume manso*, de Xavier Castro; mentres que a editorial Ronsel, publica *O´Volter*, de Sofía Tros de Illarduya, e Ir Indo, a biografía de *Antonio Fraguas*, de Clodio González. Tamén se detén na Sotelo Blanco, que mostra *Historia da lingua galega*, de Ramón Mariño Paz, e en Edicións do Castro, que ofrece *A memoria do século*, de Tucho Calvo; *Domingo de Andrade*, de Miguel Taín Guzmán; *Luís Seoane, o alquimista*, de Ana

8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos arios

8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos arios

Santorum e Marcela Santorum; *El movimiento cantonal de 1873*, de José Barón Fernández e *Manuel Becerra, ministro das colonias*, de Luís Rodríguez Rodríguez.

R. Q., “Alma de Ditea nun adeus no teatro”/“El mundo del teatro despide a Magán en Boisaca con lluvia, sollozos y aplausos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 4 abril 1998, p. 40/p. 7.

Noticia do soterramento no cimeterio de Boisaca de Agustín Magán, fundador do grupo de cámara Ditea. Lémbranse os ciclos teatrais de Magán, nos que se representou dende teatro clásico a Bertold Bretch, pasando polo Teatro do Século de Ouro.

Rial, Silvana M., “Un homenaje a Curros Enríquez inicia el programa “Galicia nos tempos do 98”, *El Ideal Gallego*, 7 marzo 1998, p. 9.

Noticia que cobre a información do acto na honra de Manuel Curros Enríquez, celebrado na Coruña. Alúdese ó repaso biográfico feito por Carlos Casares e á intervención do presidente da Xunta, Manuel Fraga, que puxo de relevo a postura antimperialista de Curros na guerra de Cuba, así como a súa postura próxima á dos autonomistas. Alúdese tamén ó recital ofrecido polos poetas Luz Pozo Garza e Luís G. Tosar.

Rielo, Nicanor, “Do Ouribio a Burón, Castro de Aira Barrera”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 23 agosto 1998, p. XV.

Con respecto a Aira Barrera, falecido en 1931, expresa a súa satisfacción por poder deterse nun escritor “ocasional” pero “persistente”. Fai un percorrido pola súa obra glosando as súas obras *Amar y sufrir* (1912), *Bágoas conxeladas* (1916) e *Facetas* (1927) e a súa colaboración en publicacións como *Diario de Lugo*, *La Voz de la Verdad*, *Ilustración Gallega*, *O Tío Pepe* ou *Acción Gallega*. Ademais fai notar unha errata do *Diccionario da literatura galega*, que lle atribúe a Aira Barrera como primeiro poemario o titulado *Frangullas*, obra pertencente a Castor Méndez Brandón. No tocante á súa personalidade, remite ó libro *Semblanzas* (1915), de Juan Ramón Somoza.

Rivera, J. e M. **García**, “Estudiosos ensalzan la humaniadad de Leiras Pulpeiro en Mondoñedo”, *El Progreso*, 18 decembro 1998, p. 19.

Infórmase sobre o transcurso das Xornadas sobre Leiras Pulpeiro, que a Fundación Álvaro Cunqueiro organizou en Mondoñedo. Coméntase a intervención de Xosé Ramón Barreiro, que falou da época da Restauración e do papel transgresor de Leiras, e alúdese á análise sobre a actividade eclesiástica en Mondoñedo no período de vida do autor. Menciónanse ademais as comunicacións de Carme Hermida, Dobarro Paz, Modesto Hermida e Anxo Abuín.

Rodríguez, Antonio, “Havas adquire Xerais”, *O Correo Galego*, 24 setembro 1998, p. 37.

Informa da compra de Anaya por parte do grupo de comunicación francés Havas. Explica que a merca inclúe Edicións Xerais de Galicia e comenta que Manuel Bragado, director da editorial viguesa, adiantou que dende Anaya garántese a continuidade do equipo e da liña editorial de Xerais. Achega algúns datos referentes ó grupo francés.

Rodríguez, Salvador, “Rock y literatura”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 30 xaneiro 1998, p. 5.

Comenta algúns aspectos do disco *A velocidade do frío*, de Manuel Seixas, adaptación a CD da novela publicada por este mesmo autor en 1996. Cualifícao como “experimento de fusión cultural, una fórmula de comunicación cuya principal virtud estriba en la osadía de Manuel Seixas” e aplaude a iniciativa, malia agoirar que recibirá “bofetadas”. Tamén sinala que considera que “la esencia del rock y de la literatura consecuente estriba una ética destinada a despertar conciencias”.

_____, “De cando a canción é unha arma cargada de futuro”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 84, 5 outubro 1998, pp. 4-5.

Reportaxe sobre as relacións entre a canción e a poesía galega, na que se comeza por salientala falta dunha nova xeración de cantautores, que tome o relevo da que protagonizou a fins dos sesenta a Nova Canción Galega. Realízase un percorrido de cantores que musicaron poemas e que van dende Voces Ceibes ata Luís Emilio Batallán ou Amancio Prada e cítanse os nomes de poetas como Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Cabanillas, Curros ou Pondal. Céntrase, a continuación, en voces máis recentes como Uxía Senlle, Maite Dono ou Urbano Cabrera e Pilocha, que expresan as súas impresións sobre a adaptación musical das composicións poéticas. Ademais Xan Manuel Estévez, Xoán Eiriz e Urbano Cabrera coinciden en apuntar que a música contribúe a que haxa unha maior lectura da poesía.

Rodríguez, Tita, “Un lugar reservado para Bouza Brey”, *Atlántico Diario*, 27 setembro 1998, p. 16.

Sinálase que o Museo Municipal de Ponteareas reservou unha vitrina para expoñer algúns obxectos persoais de Fermín Bouza Brey, escritor do que se citan algúns datos biográficos e do que se salienta a súa achega á corrente poética do neotrobadorismo.

Rodríguez Barrio, X., “A Ulloa: os meus segredos”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 27 decembro 1998, p. 13.

Lembra a Ánxel Fole, Trapero Pardo e Pedro de Llano, “Bocelo”. Conta que da man deste útlimo comezou a escribir artigos sobre rutas esquecidas de Galicia, cunha descrición sentimental da Ulloa (Monterroso, Antas de Ulla e Palas de Rei). Así, apoiándose nos segredos fulgurantes que lle revelou o secretario do xulgado de Monterroso, refírese ó paso da vía dezanove romana, traxecto de unión entre Roma e Braga, ó Castelo de Pambre e a outras “marabillas castrexas e relixiosas”. Alude tamén á comida e á persoas como o crego de Pals, impresor de *O Mentireiro Verdadeiro*, ou o notario de Mondoñedo, autor dun poema que reproduce sobre o mandato das mulleres.

Rodríguez Fer, Claudio, “De Lugo a Lugo”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 12 xullo 1998, p. 13.

Alude ás pegadas romanas medievais e suevas na arquitectura lucense, así como ás pacegas construccións galeguistas de Manuel Gómez Román no século XX. A continuación, fai referencia ó marco físico e á climatoloxía da cidade como forxadores dunha atmosfera anímica “inconfundiblemente concéntrica, como a poesía e a plástica de Ángel Johán, a sombra gris do recatelo”, e sinala que ve Lugo como un espacio simbólico cun misterio específico percibido por Luís Pimentel e Ánxel Fole. Ten palabras tamén para a tradición musical da capital lucense, citando a Xoán Montes e Gustavo Freire, así como á notable tradición melómana, fotográfica e cineclubística e ó espírito aberto e universalista. Conclúe aludindo ás palabras de Celestino Fernández de la Vega: “Lugo é unha cidade a medida do noso corazón”.

Rolland, Eduardo, “Méndez Ferrín: “Ser doctor honoris causa por Vigo sería un honor moi especial”, *Faro de Vigo*, 21 outubro 1998, p. 9.

Con motivo da proposta da Universidade de Vigo de nomear doutor *honoris causa* a Xosé Luís Méndez Ferrín, recóllese a satistacción do escritor e sinálase que, en caso de callar esta proposta, sería o terceiro intelectual galego investido como tal, logo de Francisco Fernández del Riego e Xosé Filgueira Valverde. Achéganse algúns datos referentes á vida e obra de “una de las personalidades de la cultura gallega más significativas de todos los tiempos”.

Romero, José, “La Asociación “Meigallo” pide una calle para el poeta Roberto Blanco”, *Diario de Pontevedra*, 4 xaneiro 1998, p. 20.

Informa da petición feita pola Asociación Cultural O Meigallo ó alcalde de Cuntis, para que se lle dedique a Roberto Blanco Torres o nome dunha rúa ou dun edifico público. Recóllense algúns datos biográficos do escritor e xornalista fornecidos por Olimpio Arca, que pon de relevo a importancia exercida por Basilio Álvarez cando chegou á Habana e se encontrou con Blanco Torres. Prosegue a noticia completando o periplo biográfico deste autor.

Rúa, Xosé Lois, “La profesora Henríquez Salido cree que Blanco Amor inspiró los seis poemas galegos de Lorca”, *Faro de Vigo*, 6 decembro 1998, p. 28.

Céntrase na participación da profesora María do Carmo Henríquez Salido, na mesa redonda “Tres poetas”, celebrada en Ourense para conmemora-lo centenario de Federico García Lorca. Faise referencia á consideración que a profesora fai do papel de Guerra da Cal e Blanco Amor, como inspiradores dos *Seis poemas galegos* (1935), de Lorca, ademais de sinalarse que se baseou nas conversas mantidas cos dous autores galegos e no feito de que Blanco Amor nunca lle dixera en vida que tiña na súa casa os manuscritos dos poemas. Coméntase tamén a referencia feita á presencia de Guerra da Cal nos manuscritos.

S. B., “Bernardino Graña y Vázquez Pintor presentan hoy dos libros de Caride”, *Atlántico Diario*, 23 xaneiro 1998, p. 29.

Informa da presentación de dúas obras do escritor Ramón Caride Ogando, *Ameaza na Antártida* (1997) e *Sarou* (1997), nun acto no que interviron Bernardino Graña, que fixo unha introducción sobre a primeira das obras, e Vázquez Pintor, que colaborou na presentación cun breve comentario sobre *Sarou*.

S. C., “Atlántida’: volvendo ás terras que están na alma e permanecen no mito”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 xaneiro 1998, p. 43/p. 12.

Dá conta da presentación en Compostela do facsímile da revista coruñesa *Atlántida*, publicada entre os anos 1954 e 1956. Na presentación interviron Rosario Sarmiento, en representación de Caixa Galicia, entidade encargada da edición; Xosé Díaz, responsable da edición e do deseño do facsímile; o director do Círculo de Belas Artes de Madrid, César Antonio Molina; algúns dos fundadores da revista como Mariano Tudela; a poetisa Luz Pozo Garza, que colaborou na publicación e o pintor Alfonso Abelenda, que se encargou dalgúns dos debuxos da revista. Por último, cítanse unha serie de autores que participaron en *Atlántida* como Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Xosé Filgueira Valverde, Miguel González Garcés, José María Castroviejo ou Manuel María, entre outros.

_____, “Castelao será homenaxeado en Rianxo o vindeiro 31 de xaneiro”,

O Correo Galego, 16 xaneiro 1998, p. 35.

Dá conta dunha homenaxe que se celebrou en Rianxo na memoria de Castelao, enmarcado no programa dos Actos Castelao 98. A homenaxe consistiu nunha declaración institucional por parte de varios membros da corporación municipal, unha ofrenda floral e a intervención de varias autoridades do citado concello.

_____, “Del Riego comunica oficialmente os novos cargos da RAG”, *O Correo Galego*, 16 xaneiro 1998, p. 35.

Informa brevemente dun comunicado do presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, no que informa dos novos cargos cos que conta a Institución. Así, indicou que Constantino García ocupa o cargo de secretario; Luz Pozo Garza, o de vicesecretaria; Xosé Ramón Barreiro, o de tesoureiro e Antonio Gil Merino, o de arquiveiro e bibliotecario.

_____, “Xosé Chao Rego critica o servicio que os exércitos lle prestan ó neoliberalismo”, *O Correo Galego*, 17 xaneiro 1998, p. 34.

Informa da presentación do poemario colectivo *Vis a Vis* (1997), dedicado a apoia-los insubmisos galegos Elías e Ramiro, que permanecen privados de liberdade polas súas ideas antimilitaristas. Comenta que o prologuista da obra, Xosé Chao Rego, afirma que a súa intención é “fomentar unha conciencia social e persoal pacifista e un movemento polos valores da paz e contra o desarmamento”. Por último, dá o nome dalgúns dos poetas que interviron na obra: Darío Xohán Cabana, Antonio García Teijeiro, Xosé Vázquez Pintor, Manuel Lage, Chus Pato, Manuel Rivas, Ana Romaní, Manuel Seixas ou Emilio Xosé Ínsua, entre outros.

_____, “García Negro pide que se recuperen as obras de Murguía e Castelao”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 xaneiro 1998, p. 45/p. 14.

Comenta a iniciativa presentada no Parlamento de Galicia pola deputada do BNG, Pilar García Negro, na que solicita a recuperación das obras de Murguía e Castelao. Pide que, despois de setenta e cinco anos da morte de Murguía, se leve a cabo a edición e difusión da súa obra completa, así como a catalogación do seu arquivo e a difusión do contexto histórico da súa época. Ademais, afirma que o Centro Galego de Arte Contemporánea debería acoller “unha escolma permanente da obra artística de Castelao”.

_____, “Publícase a traducción ó inglés da novela ‘Xa vai o Griffón no vento”/ “Publícase en inglés a novela de Alfredo Conde ‘Xa vai o Griffón no vento”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 2 febreiro 1998, p. 17/p. 12.

Infórmase da presentación dunha traducción ó inglés da novela de Alfredo Conde, *Xa vai o Griffón no vento* (Premio Nacional de Literatura 1984), da man do profesor Roy C. Boland. A continuación, dáse noticia dunha próxima traducción ó ruso da citada obra e recórdanse as outras versións ó castelán e ó italiano, que xa están nas librerías dende hai tempo. Por último, cítanse algúns outros galardóns que obtivo o escritor alaricano, entre os que están o Premio Blanco Amor, o Premio da Crítica Galega, o Premio da Crítica Española ou o Premio Grizane Cavour, á mellor novela estranxeira publicada en italiano. Xa para rematar, cítanse outras obras do autor: *Mencer de lúas* (1968), *Memento de vivos* (1974), *Memoria de Noa* (1982) ou *Los otros días*, coa que obtivo o Premio Nadal no ano 1991.

_____, “Xa vai o Griffón en inglés”/“Presentan en Santiago a versión inglesa da novela ‘Griffón’, de Alfredo Conde”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 3 febreiro 1998, p. 37/p. 13.

Dá conta da presentación dunha traducción ó inglés da novela *Xa vai o Griffón no vento*, do alaricano Alfredo Conde. A versión inglesa correu a cargo do profesor Roy C. Baland, director do Centro de Estudios Galegos de Australia e Nova Celanda. No acto de presentación, o profesor inglés afirmou que o libro está a ser estudiado nun curso de traducción de obras europeas que imparte no citado Centro de Estudios.

_____, “O Arnoia, o Miño e o Garonne acollerán as cinzas de Antón Risco”/ “O Arnoia, o Miño e o Garonne acollerán as cinzas de Antón Risco, falecido onte”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 8 febreiro 1998, p. 51/p. 16.

Noticia sobre a morte en Vigo do escritor e pensador Antón Risco. A continuación, faise un pequeno percorrido pola súa traxectoria profesional, sobre todo, á fronte da Fundación Vicente Risco e infórmase do lugar e data do seu nacemento, ademais de ofrecerse un breve perfil biográfico, no que se dá conta dos estudios que realizou. Sinálase que, entre 1961 e 1964, estivo como lector en Toulouse e que, despois, traballou en Oregón e se estableceu en Canadá, onde exerceu como catedrático de Literatura na Universidade de Laval do Quebec. Para rematar, cítanse algunhas das súas obras en castelán e galego: *El terrorista* (1969), *El círculo vicioso* (1989), *O caso* (1989), *As metamorfoses de Proteo* (1989, Premio da Crítica Galega no 1990), *Hipógrifo* (1990), *Memorias dun emigrante* (1986, Premio Nacional da Crítica) e *Xogo de gardas e ladróns* (1989).

_____, “Galicia recupera para a súa histroria a revista “Ecos de Cuba”, *O Correo Galego*, 26 febreiro 1998, p. 43.

É noticia a presentación en Santiago de Compostela da revista que, entre 1895 e 1898, recolle os feitos acontecidos en Cuba. Sinálase que tanto o presidente da Xunta coma o secretario xeral da Presidencia coincidiron en sinala-la importancia de coñece-la contribución dos galegos á historia de Cuba e que o rector da universidade, Darío Villanueva, lle agradeceu ó profesor González del Valle-Inclán, coordinador da publicación, o seu interese polos temas galegos. Por outra parte, comenta que González del Valle destacou a importancia desta revista á hora de coñece-la etapa da independencia cubana.

_____, “Unha homenaxe a Curros abre o programa ‘Galicia nos tempos do 98”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 5 marzo 1998, p. 42/p. 13.

Dá conta dos actos que terán lugar no marco do programa cultural “Galicia nos tempos do 98” cando se cumpren cen anos da independencia de Cuba e Filipinas. O programa comezou cunha homenaxe a Curros Enríquez, que culminará coa edición dunha escolma dos seus textos a cargo de Carlos Casares e Xesús Alonso Montero. Así mesmo, informa dunha serie de mostras específicas dedicadas ó escritor Federico García Lorca e ós pintores Álvarez de Sotomayor e Xesús Corredoyra. A continuación, dá conta das actividades no ámbito teatral, que consistiron nunha montaxe, en versión orixinal, de catro textos breves de Valle-Inclán: *Ligazón*, *La cabeza del Bautista*, *El embrujado* e *Las galas del difunto*. Tamén informa do congreso “Os acontecementos do 98 e Galicia”, no que participarán Darío Villanueva, Ramón Villares, Xosé Ramón Barreiro, Rafael Conde, Robert Lima, Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío, Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego ou Lluís Pascual, entre outros.

S. G., “Los intelectuales gallegos piden que se rehabilite la casa de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, 29 outubro 1998, p. 35.

Informa da iniciativa dun grupo de intelectuais galegos, que pretenden rehabilita-la casa de Valle-Inclán en Vilanova de Arousa. Sinala que a petición tivo lugar no marco dun acto de homenaxe ó dramaturgo, que coinciciu co cento trinta e dous aniversario do seu nacemento. Comenta que, entre outros, participaron nunha ofrenda floral Camilo José Cela, Gonzalo Torrente Ballester, Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín, Alfredo Conde, Xavier Alcalá, Víctor Freixanes e Suso de Toro.

S. N. e **S. R.**, “Comédia Bárbara”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 31, 15 outubro 1998, p. 6.

Refírese ós problemas cos que se atopou o Centro Dramático Galego á hora de intentar representar algunhas obras de Valle-Inclán en galego ante a negativa da familia de verque-los seus textos a calquera das linguas do Estado. Así mesmo, lémbrase o que xa ocorrera hai anos, cando o entón director do CDG, Eduardo Alonso, intentara representa-la obra *Divinas palabras* en galego.

S. Q., “Actos de homenaxe a Alexandre Bóveda na Casa da Cultura de Soutomaior”, *Atlántico Diario*, 12 agosto 1998, p. 10.

Comenta a participación, nunha homenaxe a Alexandre Bóveda, da Asociación Amigos de País de Soutomaior e da Candidatura Veciñal Independente do Concello. Sinala que no acto se entregaron os Premios Alexandre Bóveda ó artista Enrique Gradín e ó escritor Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao. Para rematar, dá conta dunha iniciativa da citada Asociación Amigos do País, que expuxo unha serie de carteis relacionados co Estatuto de 1936, algúns deles da autoría de Luís Seoane, Camilo Díaz Baliño ou Castelao.

S. R., “Valle Inclán, por el CDG, en español”, *Faro de Vigo*, “Planeta dominical”, 15 marzo 1998, p. 8.

Dá conta, brevemente, da polémica suscitada pola decisión do Centro Dramático Galego de representa-la obra de Valle-Inclán en castelán, ante a negativa da familia de traducila a calquera das linguas do estado. A continuación, informa das obras que se representarán nunha xira polas principais capitais galegas: *La Cabeza del Bautista*, dirixida por Juan Carlos Pérez, do Centro Dramático Nacional; *Ligazón*, baixo a dirección de Manuel Guede; *El embrujado*, dirixida por Eduardo Alonso e *Las galas del difunto*, comedia dirixida por José Martins.

_____, “Los editores de ‘Galeusca’ piden mayores inversiones culturales”, *La Voz de Galicia*, 20 xuño 1998, p. 32.

Fala das xornadas Galeusca 98, celebradas en Barcelona e organizadas pola Asociación Galega de Editores e a Asociación de Editores en Lingua Catalana. Indica que nelas se expuxeron as conclusións dos editores das diferentes comunidades. Tamén recolle a opinión de Manuel Casal, representante dos editores galegos, que se referiu á publicación de mil douscentos trinta e sete títulos en galego, durante o ano 1997.

S. S., “Acuerdo en Lalín para pedir el Día das Letras del 99 para Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, 1 maio 1998, p. 22.

Informa, brevemente, de que o Concello de Lalín pretende solicitar que a Real Academia Galega lle dedique o Día das Letras Galegas 1999 a Manuel Varela Buxán. A continuación, dá conta doutras decisións tomadas polo pleno do concello nesa xornada.

Salgueiro, J. B., “El homenaje a Castelao enfrenta a los herederos políticos del líder galleguista”, *Faro de Vigo*, 8 xaneiro 1998, p. 20.

Alude ó acto de homenaxe a Castelao, que tivo lugar no Panteón de Galegos Ilustres, e salienta o escaso número de persoas que asistiron ó mesmo. Apunta tamén que, no transcurso da celebración da homenaxe, algúns dos presentes aproveitaron para reivindica-la falta de apoio das institucións ó estudio da vida e obra de galegos ilustres como é o caso do escritor rianxeiro. Entre outros, Enrique Monteagudo, vicepresidente da Fundación Castelao, afirmou que “es sorprendente, hoy en día, que actos como éste sean reivindicativos, cuando Castelao es el precedente del autogobierno en Galicia; siendo así, no es una persona suficientemente estudiada”.

_____, “Os doce anos que cambiaron Galicia”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 40, 17 xaneiro 1998, pp. 2-3.

Refírese á creación do Seminario de Estudios Galegos, o 12 de outubro de 1923, da man de nove estudiantes de Dereito e Historia. A continuación, informa dos colaboradores da citada Institución, de entre os que destaca a Castelao, Xosé Filgueira Valverde, Zamora Vicente, Francisco Fernández del Riego, Paz Andrade, Vicente Risco, Alexandre Bóveda ou Otero Pedrayo. Dá conta tamén das actividades que se levaban a cabo nas doce seccións que constituían o Seminario, e dos edificios, que empregaron como sedes das mesmas. Comenta, por último, que no ano 1944 se creou o Instituto Padre Sarmiento, “que levou a cabo un importante traballo historiográfico e de divulgación cultural”.

_____, “Cultura inicia una campaña de fomento a la lectura en 118 bibliotecas de toda Galicia”, *Faro de Vigo*, 27 marzo 1998, p. 47.

Infórmase da presentación da “Campaña de Fomento da Lectura 1998”, organizada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Indícase que este ano chegará a cento dezaoito bibliotecas galegas e dáse conta da participación de trinta e tres escritores, sete ilustradores e tres traductores, que percorrerán a xeografía de toda a comunidade autónoma coa finalidade de promove-lo gusto pola lectura entre os máis novos.

_____, “Actores e intelectuales gallegos piden que no se represente a Valle Inclán en castellano”, *Faro de Vigo*, 27 marzo 1998, p. 47.

Recolle a petición dunha serie de actores e intelectuais galegos que se negan á representación das obras de Valle-Inclán en castelán. Informa da existencia dun “Manifesto polo Teatro en Galego”, presentado en Compostela pola Mesa pola Normalización Lingüística e asinado por máis de duascentas cincuenta persoas, entre as que se atopan Bernardino Graña, Miguelanxo Prado, Fran Alonso, Manuel Rivas, Méndez Ferrín, Antón Lamapereira, Uxía Blanco, Roberto Vidal Bolaño ou Antón Santamarina.

_____, “Valle-Inclán en castelán ou galego: ésa é a cuestión”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 50, 28 marzo 1998, pp. 4-5.

Fai alusión, unha vez máis, á polémica suscitada pola decisión do Centro Dramático Galego de representar a Valle-Inclán en castelán. O director da citada Institución, Manuel Guede Oliva, afirma que “o teatro galego está en condicións de madurez para afrontar un reto coma este” e que, se non se representa a súa obra en castelán, pasarán trinta anos antes de que se poidan traduci-las súas obras a calquera das linguas do Estado. A continuación, recolle a protesta da Mesa pola Normalización Lingüística e alude ó manifesto asinado por máis de duascentas cincuenta persoas, entre as que se atopan moitos escritores e intelectuais galegos.

_____, “Pérez Varela: ‘La polémica sobre Valle Inclán demuestra que el teatro gallego está vivo”, *Faro de Vigo*, 28 marzo 1998, p. 44.

Comentario sobre a presentación, no Día Internacional do Teatro, do proxecto do Centro Dramático Galego, que consiste na representación dunha serie de obras de Valle-Inclán en castelán, ante a negativa da familia de traducilas a ningunha das linguas do Estado. Segundo o Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, Jesús Pérez Varela, trátase da producción “más ambiciosa e importante desde que se creó el Centro Dramático Galego” e que sempre ten que haber unha primeira excepción que rompa a tradición. Para rematar, engade que non existe ningún punto nos estatutos do CDG que obrigue a empregar sempre o galego nas súas representacións.

_____, “A Mesa critica a TVG por censurar a Lourenzo en la entrega de los ‘María Casares”, *Faro de Vigo*, 2 abril 1998, p. 49.

Informa das críticas que sufriu Manuel Lourenzo na entrega dos Premios María Casares, por ser partidario da representación da obra de Valle-Inclán en galego. O autor, Premio Nacional de Teatro 1997 e Premio de Honor Marisa Soto, criticou a decisión do Centro Dramático Galego de representa-la obra en castelán. No mesmo acto, varios dos galardoados co Premio María Casares sumáronse á reivindicación de M. Lourenzo.

_____, “La Asociación de Actores emprenderá acciones legales para poder traducir a Valle al gallego”, *Faro de Vigo*, 4 abril 1998, p. 46.

Dá conta das intencións da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia de facer pública a súa protesta pola representación das obras de Valle-Inclán en castelán. Informa de que solicitan a paralización do proxecto emprendido polo Centro Dramático Galego e engaden que están a estudia-la posibilidade de presenta-las súas queixas no Tribunal Constitucional.

_____, “A Mesa pide la dimisión del director del CDG por seguir adelante con el montaje de Valle en castellano”, *Faro de Vigo*, 29 abril 1998, p. 45.

Retoma o tema da polémica suscitada pola traducción das obras de Valle-Inclán ó galego e informa da decisión que tomou a Mesa pola Normalización Lingüística, que solicitou a dimisión do director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede.

_____, “La Asociación de Actores acusa a TVG de actitud ‘abusiva, injusta y arbitraria”, *Faro de Vigo*, 3 xuño 1998, p. 49.

Informa da denuncia que fixo pública a Asociación de Actores ante o despido de Xosé Antón Porto “Josito” da Televisión de Galicia, empresa na que traballaba. Josito, membro do programa “Todos a bordo”, obtivo recentemente o Premio María Casares ó mellor actor de Teatro pola súa interpretación en *Nano*. A continuación, denúnciase que o despido tivo lugar porque o citado actor non ten un bo dominio do galego.

Sánchez, Cesáreo, “De Maside a Ribadavia”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 15 febreiro 1998, p. 13.

Con motivo dunha peregrinación tradicional ó santuario da Virxe da Peneda na Serra do Xerés, fai unha descrición poética do camiño entre Maside e a ribeira do Avia. Promete dar conta noutro día do resto da ruta.

Sánchez, M., “Hace falta más que libros para que la feria atraiga”, *La Región*, 14 xuño 1998, p. 12.

Céntrase na celebración da Feira do Libro de Ourense, que xa vai pola XIVª edición, ademais de facer referencia á asistencia do público e ó descenso nas vendas, ofrécense tamén os resultados dunha enquisa realizada pola Confederación de Libreiros no ano 1997 sobre os hábitos de lectura na poboación española, para logo presenta-lo calendario de feiras do libro que tiveron lugar durante o ano 1997 en Galicia.

Sande, Miguel, “Beleza primitiva”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 11 outubro 1998, p. 13.

Comenta as súas impresións ó visita-la praia das Catedrais, na mariña luguesa. A continuación, describe a paisaxe que contemplou en dúas ocasións, opinando que alí “o home non ten lugar; só aporta parte dos tesouros sen el pretendelo sequera, para o santuario do mar”.

_____, “Ninguén chorou por nós”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, “Relatos de autor”, nº 49, 27 outubro 1998, p. 8.

Reproduce un fragmento do texto teatral *Ninguén chorou por nós*, do xornalista e escritor Miguel Sande, co que obtivo o Premio Rafael Dieste, convocado pola Deputación da Coruña. Así mesmo, cita outras obras do autor: o poemario *A palabra soterrada (apuntes do deserto)* (1994), publicado en Espiral Maior, e o libro en prosa *Cuba, doce e soturna* (1994).

Sandoval, Lois, “A semana”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 35, 12 novembro 1998, p. 7.

Fai unha breve reflexión dos libros de viaxes e cita algúns exemplos recentes: *Territorio ocupado* (1998), de Fran Alonso, como homenaxe ó pobo saharahuí, ou *A nosa cinza* (1980), de Xavier Alcalá, que ofrece unha “estremecedora visión” de Cuba. Para rematar, informa que Marilar Aleixandre obtivo o Premio Esquío co seu primeiro poemario e afírmase que xa percorreu case tódolos xéneros literarios: literatura infantil, poesía, narrativa, relato curto, traducción e ensaio.

_____, “Tralo ronsel de Rivas”, *O Correo Galego*, *“Revista da Letras, Artes e Ciencias”*, nº 42, 31 decembro 1998, p. 2.

Fai un percorrido polas últimas publicacións de Edicións Xerais de Galicia durante o ano 1998, centrándose na novela de Alfredo Conde *O fácil que é matar*, obra que, en palabras do articulista, “conxuga algúns dos elementos temáticos característicos da nosa época, como a corrupción, o contubernio dos políticos cos empresarios, as drogas, a ambición ou o fenómeno do terrorismo”. A continuación, cita outras entregas publicadas tamén por Edicións Xerais: *Morning star*, de Xosé Miranda, ou *Entre o costume e a virtude*, de Rashma Mara. Así mesmo, nomea algúns títulos que a Editorial Espiral Maior publicou no ámbito da narrativa: *Da Guenizah*, un conxunto de relatos, de Belén Feliú, e *A fariña das horas*, de Henrique Rabunhal. Tamén fai referencia ós últimos títulos de Galaxia: *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá; *O alquimista* e *O peregrino a Compostela ou Diario dun mago*, de Paulo Coelho, e *Un país de palabras*, de Carlos Casares. Por último, menciona un título publicado pola editorial Ir Indo, *Nova crónica das Indias*, reedición dunha obra de Antón Avilés de Taramancos.

San Martín Seoane, X., “A sombra dun xogador chamado Suso de Toro”,

O Correo Galego, “Lecer”, 1 febreiro 1998, p. XXI.

Comeza facendo unha breve alusión á última novela de Suso de Toro, *Calzados Lola*, e, a continuación, céntrase no novo proxecto do escritor. Trátase dun serie para a televisión que, segundo o seu autor, “irá acompañada dunha novela porque tamén quero plasmar certos aspectos máis propios da literatura”. Para rematar, cítanse algunhas obras anteriores do autor: *Polaroid* (1986), *Land Rover* (1988), *Tic-Tac* (1993) ou *Conta saldada* (1996).

Seixas Seoane, M. A., “Sobrado dos Monxes”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 24 maio 1998, p. 13.

Fai un percorrido por tódalas terras que rodean o mosteiro de Sobrado dos Monxes. Afirma que se trata dunha fundación familiar dos Condes de Présaras, “xa ó final dos seus días case nun acto de redención dos seus pecados, perpetuando así a súa memoria nas escrituras e dominando o territorio”. A continuación, céntrase na historia do mosteiro, incorporado ó patrimonio do rei Fernando I ata que Alfonso VII e a súa muller, a raíña Urraca, llo devolveron ós seus donos, os condes de Traba, no ano 1118.

Seixo, Marcos, “Verdade, Xustiza e Liberdade”, *Faro de Vigo*, 2 agosto 1998, p. 4.

Amplo perfil biográfico do escritor Roberto Blanco Torres, ó que a Real Academia Galega dedica este ano o Día das Letras Galegas. O artigo iníciase cunha crónica publicada no *Faro de Vigo*, a principios de século, na que se fala da amizade entre Ramón Cabanillas e Blanco Torres. A seguir, salienta o seu amor pola súa terra e polas clases máis humildes e afirma que, nun momento no que o campesiñado comezou loitar polos seus dereitos, “Blanco Torres está aí, entre os escritores que teñen sempre a súa pluma a disposición da Verdade, a Xustiza e a Liberdade”. Para rematar, lembra os problemas que tivo o escritor coa censura e co réxime de Primo de Rivera, debido ó contido inconformista dos seus artigos.

Sío Dopeso, M., “Un regalo de autor”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 54, 1 decembro 1998, pp.1-2.

Faise un percorrido a través das últimas novidades publicadas en 1998 polas diferentes editoriais galegas. No ámbito da novela, cítanse as obras: *Lourenzo Tasende*, de Xosé Miranda; *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá; *Contos mamíferos*, de Alfonso Álvarez Cáccamo; *Círculo*, de Suso de Toro; *O fácil que é matar*, de Alfredo Conde; *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas; *As grandes carballeiras*, de Xesús Valcárcel; *O peregrino a Compostela* e *O Alquimista*, de Paulo Coelho; *El viejo y el mar*, de Ernest Hemingway; *O relato fantástico*, de Gonzalo Navaza; *Outonos espectaculares*, de Manuel Darriba; *Doutor Deus*, de Xavier López López e *Fausto*, de Thomas Man. No eido da poesía e do ensaio, cítanse as seguintes obras: *Antología de Rompente*, de varios autores; *O estadio do espello*, de María do Cebreiro; *Educación e dereitos humanos*, de Jesús Jares; *Hai suficiente infinito*, de Xavier Seoane e Antón Patiño; *O ciclo da vida*, de Fina Antón e Manuel Mandianes; *Historia da lingua galega*, de Ramón Mariño e *Cuba: dependencia e revolución*, de Xulio Ríos, Carlos Méixome e Landelino Pellitero, entre outros. Polo que respecta ás biografías salienta: *Homes do país*, de Ricardo Polín; *Manuel Becerra, ministro das colonias*, de Charo Portela e Clodio González; *Luís Seoane, o alquimista*, de Ana e Mar Santorum Ardone e *Valentín Paz-Andrade, a memoria dun século*, de Tucho Calvo.

Sobenes, M., “El regreso de un poeta”, *El Progreso*, 8 novembro 1998, p. 18.

Noticia sobre o traslado dos restos mortais do poeta Xosé Crecente Vega dende o cemiterio de Santo Ángel de la Guardia a Santa María de Outeiro (Castro de Rei), a súa vila natal. Indícase que no acto interviñeron o bispo de Lugo e o poeta Uxío Novoneyra, entre outros.

Sobrino, X. L., “Nueva savia poética”, *El Progreso*, 23 abril 1998, p. 20.

Realiza un breve perfil biográfico de Emma Couceiro e informa da publicación do seu primeiro poema, “Xabiu”, na revista brigantina *A Xanela*, cando só tiña dezasete anos. A continuación, sinala que comeza a súa carreira poética con colaboracións en *A Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna* ou a revista literaria mexicana *La Flama en el Espejo*. Fai tamén alusión á súa colaboración na editorial Letras de Cal que, en palabras da propia autora, foi unha iniciativa que “partiu dun grupo de persoas, poetas, algúns críticos que nos demos conta de que había un oco no espacio editorial galego”. Por último, refírese ó argumento dos seus poemarios *Humidosas*, galardoado co Premio Esquío, e *As estrañas horas*, Premio Eusebio Lourenzo Baleirón.

Soldevilla Durante, Ignacio, “Antón Risco”, *El País*, “Cartas al director”, 23 febreiro 1998, p. 14.

Lembranza dos tempos de Antón Risco como profesor da Universidade canadiana de Laval. Comenta tamén que, ademais do seu abondoso labor investigador, mantivo unha estable producción literaria en galego e español.

Somovilla, “Sin Guerra da Cal no existirían los poemas gallegos”, *La Voz de Galicia*, 15 xaneiro 1998, p. 74.

Dá conta da aparición dunha nova edición das obras completas de Lorca por Miguel García-Posada, na que se retoma a polémica sobre os *Seis poemas galegos* de Lorca. Tamén se reproducen neste artigo as opinións de Ian Gibson sobre estes poemas lorquianos.

Souto, Suso, “El domingo se inician en Lamas los actos del ‘Ano Cultural de Daniel Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, 26 febreiro 1998, p. 22.

Informa dunhas xornadas de homenaxe ó escritor Daniel Varela Buxán, organizadas pola Concellería de Cultura de A Estrada e a Asociación Veciñal da parroquia de Lamas. Comenta que tal evento contou cunha misa, unha ofrenda floral ante o monolito dedicado ó autor, un concerto a cargo da banda municipal de A Estrada e unha comida de confraternidade. Tamén dá conta da celebración de varias mesas redondas e representacións teatrais que terán lugar os próximos días, para aludir, por último, á saída de varias publicacións monográfícas.

_____, “Los ayuntamientos de Lalín y A Estrada llevarán a cabo un hermanamiento cultural”, *El Correo Gallego*, 3 marzo 1998, p. 22.

Achega información referente ó acto inaugural do calendario de actos da Estrada, dedicados ó escritor Daniel Varela Buxán, e alude ó irmanamento da vila estradense con Lalín.

_____, “Más de cien personas asistieron al acto de presentación del libro sobre Waldo Ínsua”, *El Correo Gallego*, 15 marzo 1998, p. 22.

Noticia sobre a presentación, na Estrada, do libro de Olimpio Arca sobre o xornalista Waldo Álvarez Ínsua. Sinálase que o autor da obra afirmou que o seu libro está dirixido preferentemente, á xuventude, motivo polo que ten unha linguaxe “sinxela e directa”, ademais de aludir á faceta humanitaria do citado xornalista en favor dos emigrantes. Tamén se comenta que se referiu á fundación do Centro Galego de La Habana por parte de Waldo Ínsua e salientou a súa colaboración no xornal *El Eco de Galicia*, entre os anos 1878 e 1903.

_____, “Más de setenta periodistas participan en Cuntis en las jornadas de Blanco Torres”, *El Correo Gallego*, 19 setembro 1998, p. 18.

Dá conta dunhas xornadas celebradas en Cuntis e dedicadas ó escritor Roberto Blanco Torres, ó que se lle dedica o Día das Letras Galegas de 1999. Sinala que os asistentes recibiron unha edición facsimilar da súa obra *Orballo de media noite* (1929), ademais de referirse ó contido das conferencias do profesor Xesús Alonso Montero, que comentou a vida e obra do homenaxeado, e de Xosé Ramón Barreiro Fernández, que fixo un breve perfil do mapa político de Galicia antes do 18 de xullo de 1936. Así mesmo, informa da participación de Xosé Luís Méndez Ferrín, que falou sobre os galegos na Segunda República; Gustavo Luca de Tena e Marcos Valcárcel, que se ocuparon da súa faceta como xornalista; Xosé Dobarro Paz que analizou a prensa na emigración e Xosé Neira Vilas que se centrou no labor do homenaxeado en Cuba. Por último, enumera outros estudiosos que presentaron diversas comunicacións, entre os que están Mario Blanco Fuentes, Juan Blanco Valdés, Isaac Díaz Pardo, Marcos Seixo Pastor e Francisco Fernández del Riego.

_____, “Quince escritores en las charlas de Blanco Torres”, *El Correo Gallego*, 19 setembro 1998, p. 38.

Informa das distintas comunicacións que varios estudiosos galegos pronunciaron sobre a vida e a obra de Roberto Blanco Torres. A continuación, céntrase na intervención do profesor Xesús Alonso Montero, que comezou por critica-lo descoñecemento da figura do homenaxeado. Recorda tamén que “usaba a palabra introducindo a crítica e mantendo a independencia”, que lle costou, no ano 1934, “non ter onde caerse morto, porque non sempre as empresas periodísticas gustan da pluma crítica”.

_____, “Convocado el cuarto premio ‘Reimóndez Portela’ el único gallego de lectura”, *El Correo Gallego*, 26 novembro 1998, p. 44.

Dá conta da convocatoria do Premio Reimóndez Portela, cando se está a celebra-la súa cuarta edición. Sinala que se trata do único premio de lectura que existe en Galicia e que o convoca, anualmente, a Fundación de Exposiciones y Congresos de A Estrada. Comenta tamén que nesta edición o lema foi “A lectura: hábito e futuro” e que o obxectivo do mesmo foi recorda-la figura do ilustre estradense, así como fomenta-lo hábito lector. A continuación, informa que a asociación estradense O Brado, presidida polo poeta David Otero, presentou o libro *O asasino invisible*, do xornalista Xosé Durán.

Suárez Abel, Miguel, “O Grove, A Lanzada, A Toxa”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 8 marzo 1998, p. 13.

Cos versos “Nosa Señora da Lanzada que altiña se foi pór; dálle o aire, dálle o vento, dálle o mar por arredor”, inicia Miguel Suárez Abel o seu percorrido pola costa, dende O Grove ata a Toxa, pasando pola Lanzada. A continuación, céntrase nunha detallada descrición da paisaxe da zona.

Tovar, Antón, “Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 1 marzo 1998, p. 13.

Recolle as reflexións do poeta Antón Tovar Bobillo sobre o seu Ourense natal. Fai un percorrido pola cidade na que viviu dende neno e cita a Ponte Vella, preto da súa casa; os xardíns do Posío, a rúa Colón ou a rúa do Paseo. A continuación, alude ós cambios que experimentou a cidade dende a época da guerra civil ata a actualidade. Para rematar, céntrase nos recordos de Ramón Otero Pedrayo como profesor no seu instituto e na súa posterior expulsión por formar parte do partido galeguista.

Trasbach, G., “Trasatlántico’ crea en Galicia un espacio para el debate literario”, *La Voz de Galicia*, 27 xuño 1998, p. 29.

Informa do primeiro encontro de escritores na Finis Terrae, denominado “Trasatlántico” e organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Sinala que o encontro, presidido polo escritor Suso de Toro, reuniu en Muros a vintetrés autores de toda a Península e apunta que o seu obxectivo é “crear un espacio de debate entre las distintas culturas peninsulares, ante el desafío de la globalización que imponen las nuevas tecnologías”.

Trillo, J., “Proponen nombrar hijo predilecto de la villa a ‘Alejandro Finisterre”, *El Correo Gallego*, 10 xaneiro 1998, p. 13.

Breve comentario no que se recolle a proposta do Concello de Fisterra de nomear ó escritor Alejandro Campos Ramírez, coñecido tamén como Alejandro Finisterre, fillo predilecto da cidade.

_____, “El pleno de Cee acordó dedicar el nombre de una plaza a Waldo Álvarez Ínsua”, *El Correo Gallego*, 28 abril 1998, p. 20.

Dá conta da decisión tomada polo Concello de Cee de dedicar unha praza ó estradense Waldo Álvarez Ínsua. Comenta que o homenaxeado foi propietario dun periódico en La Habana e contribuíu ó labor de recuperación do patrimonio de Fernando Blanco de Lema.

_____, “Xurxo Souto reivindicou en Corcubión a coraxe ‘bravú’ dos galegos”, *El Correo Gallego*, 15 maio 1998, p. 14.

Sucinto comentario sobre unha intervención de Xurxo Souto, na que presentou o seu último libro *Fumareu* (1997). Sinálase que, durante dita presentación, o escritor aproveitou para reivindica-la coraxe “bravú” dos galegos e falar sobre o grande contraste que existe en Galicia entre o tradicional e o moderno. A continuación, descríbese o programa de actividades do complexo turístico Las Hortensias, que inclúe unha sesión de contacontos, unha exposición sobre Plácido Castro del Río e un recital poético titulado “O pobo da noite. Música e poesía”, a cargo do escritor Manuel Rivas e do músico César Morán Fraga.

_____, “Corcubión reconoce como hijo predilecto, a título póstumo, a Plácido Castro del Río”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1998, p. 14.

Informa do recoñecemento de Plácido Castro del Río, como fillo predilecto da vila de Corcubión, nun acto, no que o alcalde, Rafael Mouzo Lago, definiu ó homenaxeado como un pensador “pero sobor de todo un gran galeguista”.

_____, “Corcubión vibrou con Manolo Rivas”, *O Correo Galego*, 18 maio 1998, p. 35.

Alude á intervención do escritor Manuel Rivas nun recital poético que tivo lugar en Corcubión. Así mesmo, informa da representación da obra *Amor de Don Perlimplín con Belisa no Xardín*, pola compañía Teatro do Atlántico e dá conta da presentación do último libro de Modesto Fraga, *Do Amor Salgado* (1997), que tivo lugar na librería Trazos da man do poeta Miro Villar.

_____, “El pueblo de Fisterra rinde tributo a Casto María Ínsua, uno de sus ilustres emigrantes”, *El Correo Gallego*, 8 outubro 1998, p. 43.

Comenta a homenaxe que Fisterra lle rendiu ó seu fillo Casto María Ínsua, que pasou a maior parte dos seus anos na Arxentina. No acto interviron o alcalde do pobo, Ernesto Ínsua, o fillo do homenaxeado, Francisco Zacarías Ínsua, e o escritor Modesto Fraga, entre outros. A homenaxe consistiu nunha exposición de diversos números da revista *Alborada*, que Casto María Ínsua dirixiu na Arxentina, da acta fundacional da Casa de Galicia en Buenos Aires, acontecemento no que participou activamente, e de diversas fotografías. Así mesmo, o escritor Modesto Fraga pronunciou unha conferencia na que ofreceu un perfil biográfico do homenaxeado e salientou a súa defensa da cultura galega dende o seu exilio.

Tudela, Oliva, “Valle Inclán sigue aquí”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº 23, 15 novembro 1998, p. 20.

Céntrase na polémica que suscitou a representación da obra de Valle-Inclán polo Centro Dramático Galego, dentro do programa denominado “Valle Inclán 98”. As obras que se están a representar por toda Galicia son *Las galas del difunto*, *La cabeza del Bautista*, *Ligazón* e *El embrujado*. Este incidente, segundo o articulista, provocou numerosas reflexións sobre diversas cuestións como o sentido que teñen as traduccións ou a importancia e a validez dos dereitos de autor. Por último, cita unha obra do profesor Luís Iglesias Feijoo, na que analiza con detalle toda a obra do autor.

Valcárcel, Marcos, “Lisboa é perto, pero non bastante”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Ourense”, 3 xuño 1998, p. 12.

Ademais de se referir á apertura da autoestrada que comunica Galicia con Lisboa, comenta a súa participación nas primeiras Xornadas das Letras Galegas organizadas polo Centro Ramón Piñeiro e a Universidade Nova de Lisboa. Destaca que foi un “encontro enriquecedor, con maioría de investigadores novos” e cita a presencia, entre outros, de Manuel Forcadela, Carlos Bernárdez, Ramón Nicolás, Armando Requeixo, Xosé María Álvarez Cáccamo, Iolanda Castaño ou Enma Couceiro, que compartiron protagonismo con voces clásicas como as de Manuel María ou Luz Pozo. Sinala tamén que no marco destes encontros se presentou o libro *Muller a facer vento*, no que participan sete voces poéticas femininas, e valora a iniciativa polo que supón de achegamento de “dous pobos irmáns”, no que as universidades galegas deben ter un papel decisivo.

_____, “Curros Enríquez e o xornal “El Correo de Celanova”, *La Región*, “Especial Celanova”, 5 xullo 1998, p. 39.

Ofrece un percorrido polo xornal *El Correo de Celanova*, “xornal de carácter rebelde”, que se editou entre 1893 e 1895, no que menciona as colaboracións políticas e literarias en castelán de Manuel Curros Enríquez, entre as que cita “Croquis literario. Las mujeres del naturalismo”, “moi crítico con este movemento artístico” e “Señores redactores de *El Correo de Celanova*”, no que avoga polo rexionalismo e denuncia a separación entre Galicia e Portugal.

_____, “Dúas revelacións sobre Roberto Blanco Torres”, *La Región*, 21 setembro 1998, p. 7.

Alúdese ás xornadas dirixidas por Xesús Alonso Montero que tiveron lugar en Cuntis, entre o 18 e o 19 de setembro, co fin de lembra-la figura de Roberto Blanco Torres. Dáse conta dos diferentes relatorios desenvolvidos no encontro e saliéntanse, entre outras, as intervencións de Neira Vilas e Xosé María Dobarro, que puxeron de relevo o seu labor xornalístico. Finalmente, faise fincapé en dúas revelacións xurdidas no transcurso dos debates: a primeira, refírese á constancia de que a súa obra, *Orballo de media noite* (1929), foi escrita integramente en terras da Peroxa e a segunda xira arredor dunha cita manuscrita de Otero Pedrayo, que fala do lugar exacto onde apareceu o cadáver de Roberto Blanco Torres. Recóllese en relación con esta última, a opinión de Alonso Montero, quen afirmou que de ser certo “deberiamos rendirlle a xusta e merecida homenaxe a un dos poetas máis renovadores do século”.

Vázquez, Natasha, “Recuerdan en La Habana el legado cultural del escritor gallego Curros Enríquez”, *Galicia en el Mundo*, nº 274, 29 xuño-5 xullo 1998, p. 25.

Refírese á homenaxe rendida en Cuba a Curros Enríquez da man do Instituto Cubano de Amistad con los Pueblos (ICAP). Cítanse algunhas das personalidades asistentes ó acto como foron José Ramón Fernández, vicepresidente de Cuba, e Sergio Corrieri, presidente do ICAP. Céntrase, a seguir, nalgúns dos actos da homenaxe, entre os que destaca a disertación do poeta Luís Suardíaz, arredor da vida e a obra do poeta., e un recital poético ofrecido pola actriz Alicia Fernán.

Vázquez, Pura, “Lembranza dun pequeno paraíso”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 13 decembro 1998, p. 13.

Comeza lembrando a cidade da Coruña, na que viviu dende o primeiro ano da súa vida ata os seis, que foi cando se mudou a Ourense. Reflexiona sobre o amor que lles ten a estas dúas cidades, onde se criou, e céntrase, despois, no lugar onde habitou a partir dos seis anos, na ladeira dun pequeno cume coñecido por O Salto do can. Fai unha descrición dende a memoria e lembra a beleza da paisaxe, as cores, a luz e tódalas sensacións que estas imaxes produciron nela, destacando a felicidade que lle proporcionaba “ aquel pequeno paraíso”, no cal empezou a sentir “os pimeiros alentos par unha vocación que vén durando os meus oitenta anos”.

Vega, Suso de la, “Quería falar do Lugo da miña memoria, dos vivos e dos mortos”, *El Progreso*, 3 febreiro 1998, p. III.

Faise un repaso pola traxectoria literaria e profesional de Manuel Vidal Villaverde, por ter gañado o Premio Puro Cora, para logo, reproduci-las palabras do autor nas que manifesta o valor sentimental e literario que ten a concesión deste premio na cidade, onde pasou a súa infancia, e a razón pola que a figura central do artigo galardoado é o escritor lucense Ánxel Fole. Ademais, cita a moitas persoas que viviron noutrora na cidade de Lugo e que, agora, só viven na memoria dos que os coñeceron.

Vidal, C., “Ernesto Guerra da Cal, a ponte m·is sólida entre Galiza, Portugal e Brasil”, *A Nosa Terra*, nº 837, “Guieiro Cultural”, 2 xullo 1998, p. 32.

Dá conta da publicación dun libro centrado en homenaxea-la figura do poeta galego Ernesto Guerra da Cal, publicado pola Universidade de Coimbra e coordinado polo director da Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra, Aníbal Pinto de Castro. Sinala que neste volume participan unha gran cantidade de amigos do poeta que “rememoran a sua figura e a dignidade da sua obra máis da sua vida” e cita os aspectos máis relevantes das contribucións de Marcello Duarte Mathias, Xosé Luís Franco Grande, Celia Díaz Núñez, Xosé Estévez ou María do Carmo Henríquez Salido, centradas en diversos aspectos da vida e da obra do autor homenaxeado.

_____, “Quico Cadaval. Os contacontos non recollemos a tradición das vellas, facemos o mesmo ca elas”, *A Nosa Terra*, nº 847, “Guieiro Cultural”, 10 setembro 1998, p. 26.

Recóllense as opinións de Quico Cadaval na súa dobre faceta de director teatral e contacontos. Indícase que, como director, a súa última montaxe é o espectáculo *Finis Mundi Circus* para o grupo Mofa e Befa, do que considera que o seu humor comunica máis con aqueles que escoitan rock e len cómics que cos “que entenden o teatro como esa necesidade da cultura galega de ir recuperando autores e xéneros nunha aventura de esforzo para lograr o que nos foi negado”. Sobre a actividade dos contacontos, cre que conxuga a tradición coa modernidade nun mundo no que a palabra está “corrompida polo facer dos políticos e os pequenos políticos como universitarios e demais” que esquecen a dimensión comunicativa, transmisora e seductora da linguaxe, aspectos que recupera o contacontos. Opina que estes acadaron un papel importante nos espacios urbanos e mesmo temen o seu lugar na oferta televisiva, onde a resposta do público “foi de abaixo a arriba”.

Vidal, Carme, “Amparo Alvajar, cincuenta anos por diante do seu tempo”,

A Nosa Terra, nº 830, 14 maio 1998, p. 40.

Fai un percorrido biográfico de Amparo Alvajar, actriz galega de teatro “marcada polo desterro”, a partir da crónica *Galicia emigrante*, de Luís Seoane e do libro de memorias inéditas de Ana Mª Alvajar, *Soltando Lastre*. Comeza salientando a súa condición de exiliada, ó remata-la guerra civil, e cita os lugares nos que viviu, de entre os que destaca Arxentina. Salienta o seu labor intelectual e os diferentes traballos que conseguiu como traductora da Onu en Nova York e pon de relevo o seu quefacer no mundo editorial en Arxentina, no que traduciu a gran cantidade de autores franceses e ingleses. Céntrase, a seguir, no libro da súa irmá, Ana Mª Alvajar, quen achega información sobre a súa relación familiar e confesa que non volveu ver a Amparo dende o ano 36 ata o 1965, “con motivo do falecemento do seu pai”. Finalmente, refírese á súa forte personalidade anticonvencional e polo tanto “admirada por uns e odiada polos menos intelixentes”.

_____, “Mário Blanco. O medo foi tal que nen sequer lle poidemos facer un funeral a meu tio Roberto Blanco Torres”, *A Nosa Terra*, nº 843, “Guieiro Cultural”, 13 agosto 1998, p. 7.

O sobriño de Roberto Blanco Torres responde a cuestións relacionadas coa vida e a obra do seu tío. Comeza lembrando os días anteriores á súa morte e o silencio que se creou arredor da familia debido ó medo, para, a continuación, destaca-lo seu labor periodístico en xornais como *La Zarpa*, *El Pueblo Gallego* ou *Galicia* e a súa reivindicación da lingua galega e dos dereitos de Galicia. Reivindica tamén a necesidade de rescatar a xornalistas republicanos, ata agora esquecidos, como Lustres Rivas ou o propio Blanco Torres. Remata gabando o labor realizado pola Asociación O Meigallo de Cuntis, que mostrou grande interese por poñer de relevo a figura do seu tío.

_____, “Reivindicación política e recuperación histórica na homenaxe a Bóveda”, *A Nosa Terra*, nº 844, “Guieiro Cultural”, 20 agosto 1998, p. 5.

Fai referencia á homenaxe rendida á Alexandre Bóveda en diferentes lugares de Galicia, con motivo da celebración do Día da Galiza Mártir. Comeza aludindo ós actos que tiveron lugar diante do monumento de Bóveda e salienta a intervención do concelleiro nacionalista de Poio, Xosé Martínez, quen fixo fincapé nos exiliados de Galicia, especialmente, en Arturo Cuadrado e Roberto Blanco Torres. A seguir, destaca a “carga política” do acto celebrado pola Fundación na praza de Curros Enríquez en Pontevedra e resume a intervención do deputado do BNG, Bieito Lobeira, encargado de pronuncia-lo discurso, no que reflexionou sobre o estado do nacionalismo. Finalmente, lembra os actos realizados noutras localidades: en Oleiros, pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e na casa de Cultura de Soutomaior, pola Asociación de Amigos do País.

_____, “As rúas compostelás, escenário da oposición á primeira representación en castelán do CDG”, *A Nosa Terra*, nº 852, “Guieiro Cultural”, 15 outubro 1998, p. 19.

Indica as diversas iniciativas de oposición á representación, en castelán, das obras de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego. Anuncia o comezo destes actos, a cargo da Mesa pola Normalización Lingüística, xunto coa Asociación de Actores, consistentes na lectura de varias pezas de Valle-Inclán traducidas ó galego. Comenta a participación de “cincuenta persoas de diversos ámbitos da cultura”, cita algúns dos participantes nestes actos e recolle tamén as declaracións de Dolores Vilavedra, Manuel Lourenzo, Xosé M. Pazos e X. Luís Méndez Ferrín, que traduciron algunhas das obras e defenden a posibilidade de representalas ou lelas en paralelo á montaxe do CDG.

_____,“A Galeuzca literaria visita a relación da escrita e da arte”, *A Nosa Terra*, nº 856, “Guieiro Cultural”, 12 novembro 1998, p. 21.

Noticia referida ó Encontro de Galeuzca, celebrado no Centro Galego de Arte Contemporánea, os días 6, 7 e 8 de novembro. Comeza salientando o sorprendente dalgunhas propostas como a de Xavier Seoane, Lino Braxe ou Pepe Cáccamo e recolle as palabras dalgúns dos participantes no encontro, como é o caso de Miguel Anxo Fernán Vello, que fixo fincapé no encontro intelectual das tres nacións dende o ano 84, que serviu como precedente ó encontro político que tivo lugar pouco antes deste último Galeuzca; Xavier Seoane, que falou da cultura como “belixerancia”; Xulio Ricardo Trigo, que salientou a calidade dos álbums de Castelao; Ángel Lertxundi, que aludiu á análise da linguaxe cinematográfica como referente literario e Antoní Martí, que repasou “os encontros e división dos xéneros polas distintas etapas históricas”.

Vidal Bolaño, Roberto, “Quen me dera ser Peter Brook”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “Autorretrato”, 27 setembro 1998, p. 16.

Comeza citando a algúns dos personaxes encarnados nas diferentes obras interpretadas e, a seguir, reflexiona sobre a dificultade de coñecerse a un mesmo “metido sempre no pelexo doutros”. Co referente de se “oito ou nove a un tempo” describe a unha Compostela vista dende dúas ópticas, unha a que ama e na que goza “de compartir cidadanía cuns poderes sensibles a isto da cultura e o espectáculo” e outra na que “a tal “sensibilidade” lle parece “unha impostura, unha falsía”. Alude, entre outras cousas, á falta de escenarios para poder representa-los seus espectáculos mentres que a Peter Brook “veñen de facerlle dun cine un teatro”.

Villalta, Luísa, “A Coruña, a cidade a distancia”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 13 setembro 1998, p. 13.

Texto escrito en clave poética no que ofrece unha visión panorámica da cidade da Coruña, que a percorre a través da súa xeografía e historia. Establece unha comparación entre a cidade e un dragón, ó que define como “campesiño”, e salienta o mar como elemento fundamental, “a cidade é sempre mar”. Detense, finamente, na condición humana que enche estas terras, á que cualifica como xente “de país, nas unllas, nos ollos e na lingua”.

X. C., “O PNG-PG únese á reclamación da restitución do Seminário de Estudos Galegos”, *A Nosa Terra*, nº 813, 15 xaneiro 1998, p. 5.

Reivindica a recuperación dunha serie de valiosos documentos relacionados co Seminario de Estudos Galegos, que permanecen agochados nun solar da rúa Xermán Alonso. Así mesmo, anuncia que unha exposición itinerante percorre Galicia co obxectivo de “recuperar aquel espíritu científico e galego xestado arredor do Seminário de Estudos Galegos, un organismo que veu como moitos dos seus membros de número foron inmolados, represaliados ou enviados ao exílio”.

_____, “*Alba de Groria*, o discurso de máis sona de Castelao, cumpre 50 anos”, *A Nosa Terra*, nº 840, 23 xullo 1998, p. 40.

Reprodúcense fragmentos do discurso pronunciado por Castelao en Buenos Aires, o 25 de xullo de 1948. Sinala que a súa intervención, titulada “Alba de Groria”, é un discurso pedagóxico e lírico no que se canta á esperanza dun futuro máis próspero para Galicia. Refírese tamén á edición facsimilar do citado discurso, publicada no 1992 polo escritor Manuel María, con gravados de Manuel Facal.

X. E. A., “Roberto Blanco Torres, comemorado ás présas”, *A Nosa Terra*, nº 849, “Guieiro Cultural”, 24 setembro 1998, p. 25.

Infórmase dunhas xornadas que tiveron lugar en Cuntis con motivo de homenaxear ó escritor Roberto Blanco Torres, ó que se lle dedicará o Día das Letras Galegas no ano 1999. Nas xornadas, organizadas por Xesús Alonso Montero, presentouse unha edición facsimilar do seu libro *Orballo de media noite* (1929). A continuación, céntrase nos problemas que xurdiron á hora de organiza-las xornadas por non ter en conta á Asociación O Meigallo, que leva varios anos dedicada á recuperación da obra do escritor fusilado no ano 1936. Por último, alúdese á intervención de Xesús Alonso Montero, que aproveitou para solicita-la publicación da edición facsimilar da obra *De esto y de lo otro*. Xa para rematar, infórmase que tamén interviron nas xornadas Francisco Fernández del Riego, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, Xosé Ramón Barreiro, Dobarro Paz ou Arcadio López Casanova, entre outros.

VI. Clásicos greco-latinos traducidos

Libellus de natura animalium. Libriño sobre a natureza dos animais (Un bestiario medieval). Edición bilingüe, traducción e gravados de Raúl Gómez Pato, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, novembro 1998, 122 pp. (ISBN: 84-87783-51-1).

Edición bilingüe latín-galego deste tratado medieval do século XV que foi á súa vez a fonte do *Bestiaro Valdense*. Consiste nunha relación descritiva de cincuenta e un tipos de animais e da súa natureza, que á súa vez servirán como exemplos tanto das virtudes coma dos vicios propios da natureza humana. A relación dos animais descritos segue unha orde preestablecida: comeza polo home, continúa coas aves, os cuadrúpedos, os peixes e remata cos réptiles. Mestúranse ademais fantasía e realidade, pois no medio das especies reais aparecen outras criaturas mitolóxicas como o fénix entre as aves, o unicornio e o grifón entre os cuadrúpedos, a serea entre os peixes ou a hidra entre os réptiles. Todo cunha única fin, a caracterización de cada unha das criaturas descritas como exemplo de virtude a imitar ou de vicio a reprobar. Así mesmo, ó xeito dos bestiarios medievais, cada descrición vai acompañada dun gravado no que se representa a figura da criatura en cuestión. O traductor indica nunha breve introducción que pola finalidade primordialmente didáctica e de difusión que ten este traballo, evita intencionadamente

recarga-lo texto con notas ó pé, reproduci-lo texto crítico latino ou estenderse en amplas introduccións eruditas.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos

Abella Chouciño, Xelucho, *As aventuras de Pelusa,* ilust. Suso Blanco Cubeiro, Barcelona: Casals, col. O Trolebús, nº 9 (a partir de 11 anos), 1998, 168 pp. (ISBN: 84-218-1995-X).

Nesta obra de Xelucho Abella Chouciño (Malpica-A Coruña, 1945), relátase a historia de Pelusa, unha cadela abandonada polos seus amos preto dunha ermida, nunha fraga situada a carón da ribeira. Indefensa e atemorizada ante a súa nova vida, irá pouco a pouco facéndose coa simpatía e o cariño de moitos dos animais que vivían en plena liberdade. Así xunto á gata Felina e as súas crías, a londra Luva, os cans abandonados ou os paxariños da ramalleira, movida polo amor e a amizade, afrontará unha serie de perigosos sucesos e chegará a salva-lo vello Malasaña ou a nena Antígona. Finalmente, gracias ás súas boas accións, será axudada polo Cristo crucificado e polo home.

Abella Chouciño, Xelucho, *A ermida do diaño*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 19, decembro 1998, 103 pp. (ISBN: 84-8288-244-9).

Recompílanse unha serie de relatos de Xelucho Abella Chouciño (Malpica, 1945), baixo o título do primeiro e máis extenso deles, “A ermida do diaño”, no que un mestre de escola particular chega a unha aldea mariñeira e vive certos sucesos estraños e demoníacos que o converten no santeiro da ermida de Santa Catarina ou da ermida do diaño, ata que algún suba ó monte para substituílo a noite de San Silvestre. Aparece en “A balandra do esqueleto” a férrea loita dun mariñeiro contra a morte, mostrándose a continuación, un “Apéndice un”, no que se indica que o final do referido relato está tomado dunha lenda árabe da que se dá conta; un “Apédice dous”, onde se mostra por medio do debuxo os elementos dunha lancha de vela e un “Apéndice tres”, que recolle vocabulario marítimo perdido. Vívese outro enfrontamento coa morte e o medo no relato “Perdido”, para concluír con “A noite de Samain”, onde se presenta a historia de amor duns namorados que só se ven unha vez cada cen anos na noite de Tódolos Santos ou tamén chamada, noite de Samain.

Aleixandre, Marilar, *O monstro da chuvia*, ilust. Francisco Bueno, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C-790/1998). ◆

Este conto de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) ten como protagonista a Chis, quen nunha noite descobre o monstro da chuvia que se alimenta cruelmente dos nenos e nenas da cidade mentres dormen. Ela, co seu paraugas vermello, vai conseguir vencelo e devolve-la liberdade a tódolos nenos e nenas que están no fondo do sumidoiro.

Arias Correa, Azucena, *A Cirurxiá*, ilust. Rubén Pérez Lorenzo, Vigo: Ir Indo, col. O Parrulo, nº 18, 1998, 26 pp. (ISBN: 84-7680-283-0).

Azucena Arias é a autora deste libro de pouco texto pero apoiado por abondosas ilustracións. Cunha estructura rimada preséntaseno-la galiña Cacaracá, unha afamada cirurxiá que traballa curando as doenzas dos animais. Á súa consulta acoden o gato, a parrula, o cempés, o grilo, a marrá, o galo e o rato e a todos cura dun xeito ou doutro.

Babarro González, Xoán, *Cuco, cuquelo, ¿que tes no fardelo?*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Xerais, col. Merlín, serie azul (de sete anos en diante), decembro 1998, 64 pp. (ISBN: 83-8302-331-8).

Relato rimado case na súa totalidade con abundantes construccións repetitivas e paralelísticas. Nesta obra de Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, 1947) cóntase en primeira e terceira persoa primeiramente a elección que fai un cuco do país onde pasa-lo inverno e fabricar doce ovos para levalos ó país onde pasa o verán. Logo relátase a visita que fai ós seus veciños cando ó volver ó país de verán se dedica a procurar niños onde pousa-los seus ovos para seren aniñados. Rexeita algúns deles ó ver na súa face a intención de come-los propios ovos, pero considera adecuados os doutros paxaros paraa súa niñada e decide deixar en cada un dos niños destes un ovo dos seus despois de comer un dos deles. Cando remata de acomoda-los galanos atópase só e accede a cear na casa de Miguel, o habitante da súa casiña de verán. Alí colócase na caixa do reloxo e unicamente sae dela para cucar ás doce da noite. Péchase o volume co apartado “Cando o autor fala de si” onde este presenta un poema, que lembra a canción dun xogo popular no que, a base de pareados, conta o que sucede ou o que fai cada hora das que marca o reloxo.

Blanco, Concha, *A aventura das cores*, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en diante), xullo 1998, 122 pp. (ISBN: 84-8302-252-4).

Esta historia de Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) dividida en tres partes e tres epílogos comeza cando Sara, a asistenta na casa de Ricardo, se dispón a limpa-lo sofá. A pesar de facelo de forma correcta as cores vense libres e deciden marchar da casa. O vento é o encargado de levar a cada cor a lugares insólitos que o lector debe acertar a partir das adiviñas que nos presenta en cada capítulo. A única cor que quedou na casa foi Branca, desolada polo abandono das súas amigas, ata que o vento Pelica, axudado por Asubío e Grou van na procura das cores para devolvelas á casa. Este encontro será celebrado cunha gran festa. O libro péchase coa habitual sección “Cando a autora fala de si”, onde ademais de se referir ó seu nacemento e infancia, dá conta dos estudios que realizou e de todo aquilo que lle gusta.

Blanco, Concha, *¡A min que me importa!,* Finalista Premio Lazarillo 1997, ilust. Xan López Domínguez, obradoiro de lectura Concha Blanco, A Coruña: Bruño, col. Altamar, nº 29, serie humor (a partir de oito anos), 169 pp. (ISBN: 84-216 3417-8).

Dálle vida Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) á personaxe de María, unha nena pequena que estudia no Colexio Público "Eugenio López de Cee". María, capítulo a capítulo, iranos presentando a súa familia, os seus amigos e todas aquelas persoas máis próximas do seu medio, ó mesmo tempo que nos irá narrando toda una serie de sucesos que lle acontecen. Mais todo isto faino dende a súa perspectiva de nena, mostrando sempre a súa disconformidade co mundo e a linguaxe dos maiores, cando algo non entende ou non lle parece correcto. Contén este volume ademais dun obradoiro de lectura no que se propoñen unha serie de actividades e exercicios relacionados coa lectura, dous apartados iniciais nos que se ofrece unha serie de datos sobre a vida e obra da autora, e unhas palabras desta ó seu lectorado.

Bugarín Pereira, Luís, *Río abaixo*, Vigo: Galaxia, col Costa Oeste, 1998, 241 pp.

(ISBN: 84-8288-200-7).

Nesta novela de Luís Bugarín Pereira (Tui, 1962), dirixida a un lectorado xuvenil, recupéranse os tempos do pasado nas beiras do río Miño para establecer un paralelismo co presente e o progreso máis ameazador. Chiño, un rapaz que se aburre no colexio, ten a oportunidade de coñecer, gracias a un amigo do seu tío-avó Ramón, a Adoa, un personaxe misterioso pertencente a outros tempos. Adoa iralle desvelando co paso dos días unha historia engaiolante: as batallas que os primitivos habitantes de Galicia mantiveron contra os invasores celtas, o xeito de vida nas aldeas e a organización do traballo, convertendo o relato histórico, a ollos do rapaz, nunha sucesión de aventuras. Co paso dos meses, Chiño descobre moitas cousas de si mesmo, coñece a dimensión humana e aventureira dos feitos que veñen nos libros, afonda na súa relación co seu tío-avó e aprende a ama-la paisaxe que rodea ó río Miño, elemento que agocha nas súas beiras unha gran cantidade de historias do pasado.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Viaxe ao tempo dos primitivos galegos”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 60, 13 xuño 1998, p. 2.

Realiza un pormenorizado resumo de *Río abaixo*. Salienta que se trata dunha novela de aventuras na que o presente se funde co pasado e ofrece para rematar unha breve semblanza deste escritor tudense, que con esta súa novela “apaixonante”, se introduce no ámbito da literatura xuvenil galega.

Referencias varias:

-Irene Calzado, “El profesor Luís Bugarín presenta hoy el libro “Río Abaixo” en Tui”, *Atlántico Diario*, 16 xuño 1998, p. 22.

Informa da presentación do primeiro libro de Luís Bugarín Pereira titulado *Río abaixo* na Galería de Arte Trisquel e Medulio de Tui. Fai referencia ó espacio onde se desenvolve a obra e salienta a aparición de personaxes inspirados nas xentes de Tui, que conviven con outros de creación literaria. Finalmente lembra que é a editorial Galaxia, dentro da súa colección xuvenil “Costa Oeste” quen lle publica a obra.

Cáccamo, Pepe, *Ganapán das palabras*, ilust. Mª Xosé Fernández, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, febreiro 1998, 26 pp. (ISBN: 84-923553 6-0).

Acompáñase o texto de Pepe Cáccamo (Xosé María Álvarez Cáccamo, Vigo, 1950) de ilustracións a toda cor en tódalas súas páxinas. Nel un narrador omnisciente conta en terceira persoa de forma rimada a historia dun rapaz que perdeu cinco das cen palabras que posuía envoltas en papel de celofán. Explícase en qué lugares se situaron cada unha delas ou o que estaban a facer cando o protagonista as atopou coa axuda dun espello. Saliéntase a sorpresa do protagonista ó ver que as letras de cada palabra, ademais de se alborotar, xa non son quen de saber cál era o seu dereito ou revés.

Carballude, Pepe, *¡Maldito D.N.I.!*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 23, abril 1998, 153 pp. (ISBN: 84-8302-227-3).

Pepe Carballude (A Estrada, 1956) dá a coñecer unha nova novela curta dirixida á mocidade e estructurada en dez capítulos. Neles nárranse en terceira persoa as desventuras do biólogo e viveirista Olimpio Montes, quen farto da infelicidade que cre lle achega a documentación oficial, dende o seu propio DNI, decide desaparecer oficialmente finxindo a súa morte. Con humor descríbense tódolos pasos que o levan á indocumentación, as axudas familiares, as desconfianzas de amigos e a teimosía dun axente de tráfico que o persegue ata descubrilo. Tamén se describen os que o levan á nova documentación e con ela á súa reclusión nun centro psiquiátrico.

Recensións:

-María Jesús Fernández, "*¡Maldito D.N.I.!*", *CLIJ*, nº 107, xullo-agosto 1998, p. 66.

Salienta o tratamento humorístico dun tema tan serio como a morte aínda que neste caso sexa unha morte finxida. A seguir fai un percorrido polo argumento da obra de Pepe Carballude, ¡*Maldito D.N.I.!* na

que se narran os problemas e complicacións que ten que supera-lo protagonista e a súa muller, cómplices, despois de decidir el desaparecer por morte finxida. Salienta tamén a parodia crítica da sociedade "burocrática actual" e de certos personaxes que a apoian.

-Xosé M. Eiré, "Numerofóbia", *A Nosa Terra*, nº 844, "Guieiro Cultural", 20 agosto 1998, p. 19.

Despois de reflexionar sobre os números, expresa a súa opinión sobre *¡Maldito D.N.I.!*. Comenta certos aspectos dos seus personaxes e afirma que esta novela, onde se nos narra a historia dun biólogo que decide morrer legalmente para poder vivir feliz, debería aparecer noutra colección pensada para menos idade e gañaría máis en formato de cómic. Sinala finalmente que non está entre o mellor de Pepe Carballude, xa que nela a penas se salvan "os diálogos e algunhas pinceladas de narrativa áxil nunha leitura que debe facerse pura e simplesmente polo pracer de ler sen esixéncias".

-F. Martínez Bouzas, "Felices indocumentados", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 23, 20 agosto 1998, p. 6.

Cita algúns títulos anteriores da autoría de Pepe Carballude e a continuación céntrase no comentario de *¡Maldito D.N.I.!*. Alude brevemente ó argumento da obra e reflexiona sobre a privacidade do home que se ve ameazada "tanto pola cantidade como polo tipo de información contida nos rexistros e nos bancos de datos dos estados modernos".

Referencias varias:

-AGN, “El escritor Pepe Carballude presentó su última novela ‘Maldito DNI”, *Atlántico Diario*, 14 xuño 1998, p. 53.

Alude á presentación da obra e comenta que se trata dunha novela que ofrece unha reflexión ó redor do trato que reciben os cidadáns nas sociedades burocratizadas e que pretende sobre todo busca-la evasión do lector. Reproduce ademais algúns dos comentarios emitidos por Manuel Bragado ou Avelino Pousa no acto de presentación.

-I. C., “¿Que ler?”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 xuño 1998, p. 50.

Ademais de ofrecer unha serie de notas sobre o labor de Pepe Carballude, presenta a súa última entrega, *¡Maldito D.N.I.!*, á que se refire como “unha novela moi divertida que vai radiografando un home do noso tempo en plena loita individual contra unha sociedade dependente e burocrática”.

Casalderrey, Fina, *Unha raíña negra*, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Edebe-Rodeira, col. Tucán, nº 17 (a partir de 9 anos), marzo 1998, 126 pp. (ISBN: 84-8116-667-7).

Nos trinta e tres capítulos breves titulados e numerados nos que se divide esta obra, Xenxo, namentres vai de excursión cos seus compañeiros, confesa que leva a Fara, unha formiga, na procura dun novo fogar na Granxa á que se dirixen. Explica os comezos da súa afección a criar formigas, a relación que mantivo con elas e que Fara é a única sobrevivinte despois de que a súa nai se desfixese de todas ó limpia-lo seu cuarto. Ó longo desta narración de Fina Casalderrey (Xeve, 1951), o protagonista lembra as anécdotas e a relación que mantén cos seus pais, avos, amizades e co seu mestre don Roberto. Reflexiona tamén sobre outros temas como a morte, as adopcións e acollidas temporais de nenos estranxeiros e sobre as actitudes das persoas ó ter que convivir cerca deles.

Recencións:

- Mª Jesús Fernández, “Unha raíña negra”, *CLIJ*, nº 109, outubro 1998, p. 65.

Comeza referíndose ó estilo da autora e á voz que narra: a voz protagonista. Dá a continuación un resumo argumental e remata salientando a tenrura, o humor, a linguaxe adecuada á idade e a capacidade da autora para ve-lo mundo con ollos de neno.

Casalderrey, Fina, *Cuca e o abrigo marrón*, ilust. Lázaro Enríquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D.L: C-791/ 1998). ◆

Neste relato de Fina Casalderrey (Xeve, 1952) cóntase a historia de Cuca, unha cadela da rúa que loita cada día pola súa supervivencia. Os problemas comezan cando se decata que está preñada. Ó parir, en medio dos ollos dos curiosos, o medo énchelle o corazón pola sorte que correrán os seus cachorros así que decide deixalos polo barrio en espera de que algún humano os recolla e se faga cargo deles. Ela foxe cara a algún lugar secreto, ata que un estraño rostro sae dun abrigo marrón que lle ofrece agarimo e xuntos marchan para darse algo de calor e compaña.

Casalderrey, Fina, *Nolo e os ladróns de leña*, ilust. Teresa Novoa, Madrid: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 15 (primeiros lectores), 55 pp. (ISBN: 84-348-616).

Historia de Fina Casalderrey (Xeve, 1952), na que alternando o verso e a prosa cóntanse as andanzas do señor Nolo, un ancián alegre e xeneroso que é amigo dos nenos. Cando era novo Nolo vendía xoguetes e regaláballelos ós nenos que non tiñan diñeiro, de vello sentaba no parque a contarlles historias en verso ós rapaces. Cando Nolo morreu cunha gran dor de peito os cativos estaban convencidos de que esa dor se debía ó gran tamaño do corazón de Nolo. A partir da súa morte comezou o misterio e o home que comprou a súa casa comprobou que cada día ían faltando os obxectos de Nolo así como a leña almacenada. Un día mesmo faltaron os nenos e os pais andaban na súa procura ata que descubriron que os ladróns eran os propios nenos que coa leña estaban no cume do monte a facer unha escada para chegar ó ceo, onda Nolo, e levarlle tamén tódalas súas pertenzas.

Casalderrey, Fina, *Ás de mosca para Anxo*, ilust. Manuel Uhía, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, serie verde (a partir de 10 anos), nº 6, outubro 1998, 144 pp. (ISBN: 84-207-9010-9).

A integración de Estrela Canedo, unha nena con necesidades educativas especiais, nunha escola de primaria é o tema central de *Ás de mosca para Anxo*. Esta novela de Fina Casalderrey (Xeve, 1952) está dividida en trinta e dous capítulos titulados e narrada en primeira persoa por un compañeiro da protagonista. Comeza “in extrema res” cunha nota de prensa na que se fala da acción solidaria dun grupo de escolares que escribiron unha carta pedindo a liberación dun empresario secuestrado. A seguir, a acción sitúase no comezo do curso escolar e iníciase a narración lineal dos feitos. A consideración de Estrela entre os compañeiros mellora cada día, evoluciona dende o desconcerto inicial debido á súa inocencia, ata converterse en centro de atención e en verdadeira aglutinadora da aula no remate da obra. Estrela é a gañadora dun concurso organizado para solicita-la liberación dun empresario secuestrado, que ela identifica co pai. É por isto polo que foxe da casa e provoca que se organice unha intensa busca que remata con final feliz. A solidariedade, a amizade e o respecto polo medio ambiente son temas que se integran secundariamente na obra.

Referencias varias:

-E. Neira, “Fina Casalderrey publica ‘Ás de mosca para Anxo”, *O Correo Galego*, 3 outubro 1998, p. 41.

Infórmase da publicación da obra *Ás de mosca para Anxo*. Coméntase que se trata da primeira obra que escribe despois de ter acadado o Premio Nacional de Literatura Infantil co seu libro *O misterio dos fillos de Lúa (1995).* Para rematar ofrécese o enderezo da páxina web de Edicións Xerais de Galicia (www.xerais.es) dende onde se pode acceder á páxina da autora.

-C. M., “Fina Casalderrey presenta “Ás de mosca para Anxo”, su primer libro tras el Premio Nacional, *Faro de Vigo*, 15 decembro 1998, p. 47.

Noticia da presentación do libro na Coruña. Alúdese ó argumento e ás palabras da escritora que sinalou que se trata dunha obra moi desexada logo dos compromisos que lle supuxo o Premio Nacional de Literatura Infantil coa conseguinte falta de paz para escribir.

-D. P., “Ás de mosca para Anxo”, nueva obra de Fina Casalderrey”, *Diario de Pontevedra*, 15 decembro 1998, p. 13.

Anuncia a presentación da obra en Pontevedra, fai un resumo do argumento e lembra o nacemento e a acollida da colección “Sopa de libros”, que se cualifica de “éxito editorial sin precedentes”.

-Elena Silveira, “Fina Casalderrey tenta apreixar a inocencia na súa última obra”, *La Voz de Galicia*, 15 decembro 1998, p. 34.

Información sobre a presentación do libro na Coruña. Recóllense palabras da autora afirmando que este libro lle supón “como recuperar as ás, a liberdade”. Faise referencia á temática e ó argumento así como á presencia do narrador que queda diluído para non lle roubar protagonismo a Estrela.

-D. P., “Fina Casalderrey: “O libro que presento hoxe e para nenos e maiores”, *Diario de Pontevedra*, 16 decembro 1998, p. 12.

Noticia da presentación do libro. Sinálase que malia ser para maiores de dez anos a autora opina que é interesante para os pais. Recóllese un resumo do argumento.

Colectivo Crisol, *O casamento da pulga e o piollo*, selección e adaptación de Mª Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alonso e Remedios Padín, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos Populares, 1998, 20 pp. (ISBN: 84-89976-41-4).

Neste volume preséntase “O casamento da pulga e o piollo”, un conto popular acompañado de moita ilustración. Nel relátase como eses dous animais se irán facendo cos manxares e personaxes necesarios para a celebración da súa voda, a cal rematará de forma tráxica para un dos seus convidados, o gato.

Referencias varias:

-Paula Bergantiños, “A Nosa Terra publica contos de tradición oral, recollidos por etnógrafos”, *A Nosa Terra* nº 841, “Guieiro Cultural”, 30 xullo 1998, p. 32.

Refírese á aparición da adaptación feita polo Colectivo Crisol dos contos populares, *Sabeliña e o xigante* e *O casamento da pulga e o piollo*, dentro da colección de “Contos Populares” editada por *A Nosa Terra*.

A seguir dáse conta dos comentarios proferidos polos integrantes de dito colectivo, Remedios Padín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alfonso e Carmen Aguín durante a presentación dos libros, a través dos cales informan das súas fontes de partida, do seu traballo de adaptación e das diferencias que presentan as versións galegas con respecto ás doutras culturas. Anúnciase ademais, a publicación por parte de *A Nosa Terra* dunha segunda colección dirixida a tódalas idades e con tres ou catro historias en cada volume, para denunciar por último o pouco material que actualmente existe en galego para mozos.

Colectivo Crisol, *Sabeliña e o xigante*, selección e adaptación de Mª Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alonso e Remedios Padín, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos Populares, 1998, 20 pp. (ISBN: 84-89976-40-6).

Este volume recolle a historia de Sabeliña, unha nena “espilida e traballadora”, filla dunha familia pobre, que decide ir polo mundo para gañar cartos. Merca unha lanchiña e viaxa polo mar ata un país solitario no que atopa un xigante antropófago, queda de criada del sabendo que cando engorde serviralle de comida. Sabeliña descobre o tesouro do xigante e consegue fuxir disfrazada de ovella. Finalmente regresa á casa dos pais cunha boa fortuna. Esta historia acompáñase de moitas ilustracións e preséntase nun formato pequeno con pasta dura como xa é habitual na colección

Colectivo Crisol, *O home león/A princesa Iria/A árbore das tres torondas*, selección e adaptación de Mª Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alonso e Remedios Padín, ilust. Giuseppe Sentiero, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos Populares, 58 pp. (ISBN: 84-89976-52-X).

Recollen tres contos: “O home león”, no que se narra a historia dunha rapaza que vive prisioneira nunha cova por culpa dun xigante que a quere para el. O encanto desfarase cando alguén consiga un ovo que hai na Serra Moura. Un home decide intentalo; polo camiño, atópase cun león, unha raposa, unha formiga e unha aguia e axúdaos. A cambio, eles concédenlle o poder de adoptar calquera das súas formas. Deste xeito, consegue o ovo, regresa á cova e marcha coa rapaza a un país afastado; “A princesa Iria” recolle a historia dunha princesa que, aconsellada polo seu cabalo Buligán, casa cun mouro porque é o home cos dentes máis brancos e perfectos que atopa. Sen embargo, decide fuxir do seu lado e coñece a un príncipe co que volve casar e ten dous fillos. O mouro sae na súa busca e o cabalo da princesa loita con el ata que morren os dous. A princesa e os dous nenos refúxianse nunha torre ata que o seu pai e o seu home chegan para rescatalos. Por último, en “A árbore das tres torondas” nárrase a historia dun príncipe que atopa a árbore das tres torondas. Abre a primeira delas para sacia-la súa sede e esta convértese nunha princesa.

Como el non ten auga para lavala, nin un peite nin un espello, ela transfórmase outra vez en toronda. A historia repítese por segunda vez pero, coa terceira toronda, o príncipe xa aprendera o segredo e a princesa casa con el. Sen embargo, unha meiga convértea en pomba e faise pasar por ela; o príncipe descobre o engano e consegue recupera-la súa muller.

Colectivo Crisol, *Martuxiña*/*Brancaflor*/*Catro irmáns con oficio*, selección e adaptación de Mª Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alonso e Remedios Padín, ilust. Guiseppe Sentiero, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos Populares, 1998, 58 pp. (ISBN: 84-89976-54-6).

Ofrécenos este volume, por medio do texto e as ilustracións dalgunha das súas pasaxes, tres relatos que beben nas fontes da raigame popular. No primeiro deles, que leva por título “Martuxiña”, relátase o acontecido a unha rapaza moi valente, que logo de servir a El-Rei e de vivir certas peripecias para oculta-la súa condición de muller, rematará casando co seu compañeiro soldado. No seguinte, titulado “Brancaflor”, nárrase como unha rapaza interrompe a voda de Xan, coa finalidade de relata-los feitos que levaran ó mozo a esquecerse dela, para chegar finalmente, a recupera-lo seu amado. No último dos relatos, “Catro irmáns con oficio”, cóntase a historia de catro irmáns, que unha vez que aprenderon cadanseu oficio, puxeron en práctica as súas habilidades para salva-la filla do rei e recibir así, unha excelente recompensa.

Colectivo Crisol *O dragón e a princesa/Apio/O fillo do rei*, selección e adaptación de Mª Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alonso e Remedios Padín, ilust. Giuseppe Sentiero, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos Populares, 58 pp. (ISBN: 84-89976-55-4).

Nova entrega do colectivo Crisol na que se recollen tres contos populares: En “O dragón e a princesa” cóntase a historia dun matrimonio sen fillos que a través dun elemento máxico, un peixe que fala, conseguen ter dous fillos xemelgos seguindo o rito que este lles encomenda. Un deles marcha do fogar en busca de aventuras e chega a unha gran cidade atemorizada pola ameaza dun terrible dragón. O cabaleiro consegue vencelo e libera-la princesa. O rei, en agradecemento, concédelle a súa man. Un día descobre un pazo encantado e a princesa advírtelle que garda terribles misterios. El decide adentrarse nel pero cae na trampa da que logra saír coa axuda do seu irmán. Por fin consegue desface-lo enfeitizo e devolvérlle-la felicidade ós dous esposos. “Apio” é unha fermosa muller atrapada nun castelo por un malvado home que a ten secuestrada pois el lle concedera ós pais a gracia de ter un fillo coa condición de entregarllo ó cabo dos quince anos. A presencia do príncipe e o seu namoramento conseguen libera-la princesa e o conto remata felizmente. Por último en “O fillo do rei” cóntase a aventura do desafortunado herdeiro da

coroa, que cando nace, obxecto da ambición e a envexa dun pariente da raíña, que adoece polo poder, arróxao polo río nun caixón de madeira e é recollido por unha familia de muiñeiros. A súa vida transcorre apraciblemente ata que un día por azar o agora rei, buscando un acubillo da chuvia, chega ó muíño e descobre que o neno aínda está vivo polo que mandará que o maten. Iníciase así unha trepidante aventura do rapaz en busca da verdade con final feliz.

Docampo, Xabier P., *¡Estampado!*, ilust. Fran Jaraba, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C-787/1998). ◆

Nesta historia de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) nárrase a historia de Damián, o neno máis traste da escola que non para de amola-los seus compañeiros e compañeiras cun sinfín de trasnadas. No colexio e na casa xa non saben que facer con el. Unha mañá ocorréuselle insultar a Álvaro, un compañeiro da clase, por ser gordo, pero tamén era alto e forte. Álvaro, moi enfadado, deulle tal labazada que o estampou contra a parede. A partir deste momento ármase un gran rebumbio porque ninguén é quen de despegar a Damián da parede. A desgracia de Damián non se resolve ata que chaman a un home que se dedica a pegar carteis de publicidade na parede, aínda que a solución que ofrece será un pouco noxenta.

Docampo, Xabier P., *O home que inventou unha maneira de andar*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Galaxia, col. Bambán, nº 11 (a partir de 6 anos), 1998, 23 pp. (ISBN: 84-8288-225-2).

Crea Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) para o lectorado miúdo, a historia do rei de medio mundo, Furibundo, que tiña moi mal xenio e non era alá moi espelido. Un día, cerrando a gran porta do salón, esmagou a deda gorda do pé dereito. Pasado o tempo, e vendo que a deda seguía como un tomate maduriño e que xa estaba farto de estar na cama, manda que lle preparen unha bota na que poder mete-lo pé. Tanto lle gusta a que lle confecciona un zapateiro do outro medio mundo, que a pesar da dor que lle provoca ó andar, busca un modo para pó-lo pé do xeito que menos lle doese. Esta súa nova forma de andar —adianta-lo pé esquerdo e apoiarse nel, e logo pousa-lo calcañar do dereito e ergue-los ombreiros ata as orellas e dar a seguir un salto, foi en pouco tempo, imitada por moita xente. A raíz disto, o rei Furibundo pasa á historia pola súa invención dun novo modo de andar.

Docampo, Xabier P., *Breogán*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Mitos e Lendas, nº 1, 1998, 39 pp. (ISBN: 84-89976-44-9).

Abre esta obra Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) cunhas palabras introductorias que fan referencia á conxunción da tradición oral irlandesa e do substrato histórico na historia de Breogán. Indica ademais que a lenda dota de carácter mítico os feitos nos que se centra o libro. Cun estilo narrativo a través da memoria do vello Nar, oitavo fillo de Breogán, relátanse algúns feitos que teñen que ver co pobo dos “Leais ó vento”. O primeiro apartado, titulado “Breth”, abrangue dende as orixes nas terras orientais de Escitia ata a chegada a Galicia de Brath, pai de Breogán, e a fundación de Brigantia. En “Breogán” relátanse os episodios máis relevantes da vida deste personaxe o do seu clan. Golamh, neto de Breogán, protagoniza o episodio da ida ás terras de Escitia e Exipto. Prosegue a saga con Ith que ve as terras de Irlanda dende a Torre de Breogán e diríxese a aquelas terras morrendo a mans dos nobres coa conseguinte vinganza do pobo descendente de Breogán. Ó final da historia acompáñase unha árbore xenealóxica dende Noé ata as xeracións máis próximas a Breogán.

Referencias varias:

-Carmen Vidal, “A tradición oral é o motor da literatura, os libros están para ser contados”, *A Nosa Terra*, nº 861, “Guieiro Cultural”, 17 decembro 1998, p. 30.

O escritor Xabier P. Docampo comenta os materiais e fontes nas que se baseou para construí-lo libro *Breogán*, que acaba de publicar; afirma que tanto el como Pondal sacaron a figura do personaxe, que dá título a súa obra, do *Libro das invasións*; que o interesante é que os/as rapaces/as sexan capaces de imaxina-lo mundo no que viviu Breogán e manifféstase sobre a preservación ou non dos mitos intactos. Amosa as diferencias que hai entre o seu libro *O país durminte* e este, en relación coa recuperación da memoria histórica, a súa intención de “transformar a literatura escrita novamente en oral” e a súa preocupación pola “descoidada linguaxe que se aprecia en grande parte da literatura galega”. Fala da figura do seu pai como contador de contos; o emprego da súa maneira de narra-las historias como recurso literario e cita outros contadores como Fole, Cunqueiro e Dieste. Confesa a similitude que existe entre a súa infancia e a do escritor Saramago, os significados e sensacións que tiña ó acabar de oí-los contos cando era pequeno, cál é a responsabilidade dun escritor ó narrar e cualifica de discurso paradigmático non só o de Saramago, ó acepta-lo Nobel, senón tamén o de García Márquez e o de Jorge Amado. Resalta que se deberían promove-los libros imperfectos na literatura infantil, porqué non existe crítica literaria desta literatura, ademais da necesidade dunha boa rede de bibliotecas e unha axeitada política cultural.

Durán, Xosé, *O asasino invisible*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 17, agosto 1998, 177 pp. (ISBN: 84-8288-223-6).

Esta primeira obra literaria de Xosé Durán (Cuntis, 1957) é un conxunto de dez relatos argumentalmente independentes, dos que só os tres últimos comparten protagonista, o inspector Murray. Na liña da ficción científica, os textos están situados nun futuro no que é posible viaxar no tempo e volver ó pasado, o espacio sideral está habitado polos humanos e as clonacións e manipulacións xenéticas están moi desenvolvidas. Nesta situación, a Terra está ó bordo do caos debido ás contaminacións e ó progresivo deterioro e desaparición de especies, as intelixencias artificiais dominan o mundo e pretenden eliminar calquera vestixio de vida, a sociedade volveuse máis individualista, deshumanizada e autómata. As modalizacións narrativas empregadas por Durán varían duns relatos a outros; a omnisciencia clásica en terceira persoa e o narrador protagonista en primeira son as maioritarias, pero isto non impide a presencia dun modelo epistolar en “Corazón dividido” e unha narración exclusivamente alegórica en “Un día na vida de don Ninguén”.

Referencias varias:

-Edith López, “O asasino invisible’, a ficción científica de Xosé Durán”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 42, 8 setembro 1998, p. 7.

Refírese á publicación de *O asasino invisible* e recolle ademais algúns comentarios deste autor pontevedrés sobre o seu labor como escritor e sobre a creación deste seu conxunto de relatos que poderían considerarse innovadores, xa que “no panorama literario galego non abundan os temas de ficción científico-futuristas”.
-R. Navia, “Máquina de virtualidades”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 30, 8 outubro 1998, p. 6.

Coméntase, con detalle, o argumento de *O asasino invisible*. Explícase que o autor pretende iniciar, con esta obra, un subxénero que denominaría prosa de ficción. No libro o autor aproba a tecnoloxía que inunda a nosa sociedade actual, aínda que, ás veces, “filtre mensaxes de alerta ante o desenvolvemento e aplicación da ciencia e a advertencia da necesidade de seguir sementando sentimentos”. Para rematar, infórmase da preparación por parte de Xosé Durán duns volumes didácticos sobre a figura de Roberto Blanco Torres, próximo homenaxeado no Día das Letras Galegas.

-Xosé M. Eiré, “Empezando o camiño”, *A Nosa Terra*, nº 856, “Guieiro Cultural”, 12 novembro 1998, p. 23.

Ver Riveiro, Breogán, *O vendedor de mazás*, no apartado I.1. Narradores galegos, deste *Informe*.

F., Cristina, *Mala Malona tiña tal ...rabo/Mala Malona tiña tal... forza/Mala Malona era tan... negra*,ilust. da autora, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1998, 22 pp. (ISBN: 84-7824-322-4) / (ISBN: 84-7824-321-6) / (ISBN: 84-7824-324-0).

Nova serie de libros que a editorial Sotelo Blanco destina ó lectorado máis novo. Neles descríbense en moi pouco texto as anécdotas e sucesos encadeados que orixina a súa protagonista, a cadela Mala Malona. Cada un destes libros moi ilustrados remata cunha listaxe de vocábulos de utensilios, obxectos ou partes do corpo relacionados co tema tratado.

Fandiño, Luz, *Farangulliña de Neve*, ilust. Quintana Martelo, Santiago de Compostela: edición da autora, 1998, 19 pp. (D. L.: C-654-98).

Cóntase a historia dunha farangulliña de neve que vive nun bosque dos Ancares pousada nun carballo e que decide viaxar polo mundo coa axuda dunha nube e do vento. O seu percorrido lévaa ó deserto onde descobre a pobreza, a miseria e as diferencias que existen no mundo dos homes. Decide voltar ós Ancares e cando chega, co seu bico de auga “non chovida”, sana ó vello carballo que estaba enfermo de tristura pola súa marcha. Combínase a voz narrativa en terceira persoa coa utilización de diálogos que aparecen en forma de texto dramático e con tipografía diferente.

Fernández Lorenzo, Rafael, *O ladrón de voces*, ilust. Loreto Blanco Salgueiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 1998, [30 pp.]. (ISBN: 84-923553-8-7).

Este conto ilustrado de Rafael Lorenzo Fernández está protagonizado polo señor Tirolailo que chega á illa procedente da cidade onde roubou unha voz. Na illa as voces, que viven e aprenden del, pregúntanlle cómo lle foi pola cidade e el dilles con tristura que alí as voces son frías, distantes e fachendosas pero sobre todo incapaces de contaren un conto ou cantar unha canción. A seguir cóntalle-la historia da voz que estaba preocupada porque enmudecía pola noite e tiña medo de que isto tamén lle chegase a ocorrer polo día. Ó día seguinte o señor Tirolailo atopa unha nena, chamada Laura, que lle pide axuda para coller un cubo de auga ó tempo que se decata de que as voces enmudeceron. O señor Tirolailo xunto con Laura deciden construír un castelo de area grande para que as voces o habiten se un día regresan, feito que finalmente se produce.

Recensións:

- X. Mª . Castro Erroteta, “Comenzando a ler”, *A Nosa Terra*, nº 860, “Guieiro Cultural”, 10 decembro 1998, p. 21.

Primeiramente alude ó nacemento “dun novo mercado editorial, os nenos, dende a universalización do ensino público e obrigatorio” e a continuación recensiona os seguintes libros: *O ladrón das voces* e *Elmer, outra vez*. Do primeiro destaca a temática tratada na obra, fai certos comentarios sobre o argumento, resalta a “coidadísima edición” e as “orixinais e atractivas lustracións”. Valora positivamente o traballo que están a realizar nesta colección. De *Elmer, outra vez* salienta que se conten as aventuras do protagonista a través de diferentes campos semánticos e explica as razóns polas que recomenda en especial este título e non outro da colección. Ó final fala das ilustracións e da mensaxe que transmite ó lectorado esta narración.

Fernández Martínez, Ana Mª , *A longa viaxe de Carambeliña Polar*, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil (a partir de seis anos), maio 1998, 65 pp. (ISBN:84-8224-132-X).

Nárrase en terceira persoa e de forma omnisciente a viaxe que fai Carambeliña Polar, unha pequena folerpa que vive feliz cos seus amigos das terras do Norte, ás terras do Sur para coñece-las súas irmás Pingoletiña e Gasosa, despois de recibir unha carta na que se lle revela a existencia de ámbalas dúas. Cóntase tamén como gracias á axuda do mago Corisco e do seu fantástico paxaro de xeo logra chegar ó seu destino e pasar ben uns días na compaña das súas irmás. O texto de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) está acompañado de numerosas ilustracións en branco e negro nas que se emprega ás veces o recurso da collaxe.

Fernández, Ana Mª , *Contos da selva de Longorongón*, ilust. Xan López Domínguez, propostas de traballo Ana Mª Fernández, A Coruña: Bruño, col. Altamar, serie contos, nº 27 (a partir de 6 anos), 1998, 75 pp. (ISBN: 84-216 3183-7).

Reúne Ana Mª Fernández (Palma de Mallorca, 1949), neste pequeno volume, unha serie de contos titulados: “A autoestrada misteriosa”, “Un traxe de estrelas”, “O pelouriño da ra”, “O parrugalipavo” e “Nilo e Dilo”, protagonizados por simpáticos, soñadores e ousados animais habitantes da selva de Longorongón. Todos eles veranse inmersos nunha serie de situacións por veces complicadas e por outras un tanto cómicas. Delas aprenderán unha lección ou alcanzarán o seu máis ansiado desexo. Presenta ademais este volume, como xa é habitual nesta colección, un apartado inicial no que se ofrecen algúns datos biobibliográficos da autora e outro, no que esta dedica unhas palabras ó seu lectorado e conta a súa experiencia na selva e o ben que o pasou. Tamén na parte final, propóñense unha serie de actividades relacionadas coa lectura do texto.

Fernández Naval, Francisco X., *Historias roubadas*, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 1998, 124 pp. (ISBN: 84-403-0390-4).

Nos oito relatos que conforman este libro, Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) crea unha serie de historias de temática variada nas que ferven con forza certos sentimentos, experiencias e sensacións, que lle permiten ó lectorado ve-la realidade dende unha nova óptica. Así, en “Cando fala o fistor”, narra o acontecido a Alenxandre Magno cando perde a memoria e pasa a defende-los territorios que con tanto afán buscara; mentres que en “Por un soño”, o seu protagonista decátase de que o soño é a esencia do seu ser, xa que nel é onde vive. Aparecen os distintos sucesos vividos por personaxes galegos, que a consecuencia da guerra civil teñen que buscar exilio noutras terras, nas composicións tituladas “De Rodeiro a Casablanca”, “Xaneiro 1959” e “A cor dunha lembranza”. Están ademais, “Belinda”, onde conta a vexación que recibe unha nena xordomuda e que logo é vingada polo seu irmán; “O lugar primeiro”, no que un home, que cometeu un delicto e que non saben quén é, lle pide ó doutor que o mande a ese lugar que ten na súa lembranza ou, no caso de non poder facelo, lle dea un xarope para que lle reteña ese recordo que non quere esquecer; e “Grupo salvaxe”, onde a defensa dos galegos ante a invasión francesa é contada para o argumento dun guión cinematográfico.

Fernández Paz, Agustín, *A néboa escura*, ilust. Miguelanxo Prado, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C-792/1998). ◆

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) relata neste conto a historia de Branca, unha rapaza que vive felizmente cos seus pais nun fermoso val. Pero un día un forasteiro vailles traer unha inquedante nova: unha estraña néboa escura está estendéndose pola aldea levando tras si un rego de morte. A pesar das advertencias os pais de Branca deciden ficar na casa e terán o destino que o forasteiro lles augurou. A única superviviente, Branca, descobre a través dun soño a resposta do maleficio, e coa súa mochila ó lombo marcha en busca da Torre dos Corvos para atopa-lo enigma e desperta-la aldea.

Fernández Paz, Agustín, *O laboratorio do Doutor Nogueira*, ilust. Francisco Bueno, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie marrón (de 13 anos en diante), 1998, 109 pp. (ISBN: 84-8302- 332-6).

Nesta novela de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) nárrase a historia do doutor Nogueira, un científico que oculta a súa identidade baixo o nome de Alfredo da Silva. O doutor tivo que realiza-los seus estudios universitarios no estranxeiro porque as súas teorías, demasiado avanzadas para o seu tempo, foron rexeitadas por tódolos seus profesores. Deste xeito, rodeouse dun grupo de científicos que intentaban, por tódolos medios, boicotear e desprestixia-las súas investigacións. Isto obrigouno a traballar na clandestinidade coa única axuda dunha rapaza chamada Rosa. O doutor dedicaba tódolos seus esforzos e coñecementos a inventar fórmulas que fixesen feliz á humanidade: un crecepelo para os calvos, unha apócema que estimula as neuronas que potencian a capacidade lingüística do ser humano, unhas agullas cuns microchips que emiten ondas épsilon para que as persoas esquezan os malos recordos ou un medicamento para elimina-lo racismo. Rosa, ó ser consciente da brillantez do doutor, decide deixar testemuño das súas investigacións. No último apartado, “Cando o autor fala de si”, reprodúcese unha conversa entre Rosa e o autor da obra, quen lle comunica que ten pensado escribir un libro

titulado *O laboratorio do Doutor Nogueira*. Rosa marcha convencida de que Fernández Paz é un dos que se dedica a conspirar contra o doutor.

Ferreiro Boquete, Xoan Xosé, *Valadouro&Co.*, Ordes: Asociazón Cultural Obradoiro da História, 1998, 54 pp. (D. L: C-1546/98).

Dálle as gracias Xoan Xosé Ferreiro Boquete a todos aqueles que o animaron e colaboraron neste labor, que fai que saia á luz o primeiro número deste volume de banda deseñada en branco e negro. Ó longo das súas páxinas, ofrécense un total de cincuenta e dúas historietas que nos mostran unha serie de sucesos protagonizados por Xan Valadouro, un mozo pouco agraciado na beleza e un tanto torpe, que ademais de non ser un bo estudiante, tampouco ten sorte coas rapazas nin destaca de forma especial en nada, chegando a non realizar nada de forma totalmente correcta.

Referencias varias:

-M. M., "Nace 'Valadouro', cómic inspirado en vecinos y escenarios de Ordes", *El Correo Gallego*, 11 outubro 1998, p. 43.

Sucinta referencia á presentación do cómic. Nela dise que se recollen anécdotas cotiás dos seus veciños e amigos.

A. Calvo, “El ordense Xan Ferreiro edita su primer libro de cómics”, *La Voz de Galicia*, 11 outubro 1998,
51.

Comentario sobre a presentación *Valadouro&Co*, un conxunto de cincuenta historietas dunha páxina cada unha, que teñen como protagonista a Xan Valadouro, o *alter ego* do propio autor. Explícase que Xan Ferreiro Boquete, debuxante e profesor de Educación Primaria, recrea no seu libro historias de personaxes locais, que ocultan a súa identidade baixo pseudónimos facilmente recoñecibles para os veciños da vila.

Freire Bazarra, Isabel, *Glub contra Blef*, ilust. Evaristo Pereira, Vigo: Ir Indo, col. Elefante Contacontos, nº 2 (máis de 5 anos), 1998, 38 pp. (ISBN: 84-7680 280-3).

Nesta primeira contribución á literatura infantil de Isabel Freire (A Coruña 1960), Glub cóntano-la súa vida cotiá no acuario onde vive con tódolos seus compañeiros: Guá, o filósofo, Blop, o durmiñón, e Gulp, o atrevido. Un día chega un novo peixe, Blef, que resulta ser fachendoso e atrevido. Inmediatamente intenta facerse o xefe do acuario ata que os demais descobren o seu punto débil, póñenlle medo as tartarugas. Ó final por medio dun engano conseguen atemorizalo. O texto vai acompañado de abondosas ilustracións a toda cor.

García Teijeiro, Antonio, *En voz baixa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 24, abril 1998, 131 pp. (ISBN: 84-8302-227-3).

Nesta novela de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), Roberto Veiga, un adolescente de 16 anos, ve como o seu círculo familiar se destrúe pola separación de seus pais. Capítulo a capítulo e "en voz baixa" vai reconstruíndo unha infancia marcada polos amargos recordos que lle ocasionaron as continuas disputas entre o matrimonio. A música dos setenta, Bob Dylan ou Jim Morrison serven de acougo ós seus prantos silandeiros ata que por fin chega a definitiva separación e con ela unha nova vida en convivencia co pai. O inicio desta nova relación, que se irá volvendo máis comunicativa, e a presencia de Lucía, a súa primeira moza, van abrir unha porta á esperanza na vida de Rober pois como canta Dylan "os tempos están a cambiar".

Recensións:

-M. Rodríguez, "Aprendín inglés para entender as letras das cancións de Dylan", *La Voz de Galicia, "Culturas"*, nº 27, 26 maio 1998, p. 7.

Realiza un pequeno percorrido a través da última producción de Antonio García Teijeiro e detense na súa última publicación, *En voz baixa*. Apunta que o autor a definiu como unha "novela intimista, lírica, aberta, que trata dese aillamento das persoas que é capaz de romper a literatura", e destaca o papel que o cine, a literatura e a música teñen nela. Recolle por último a opinión deste escritor vigués, que comentou que os autores de literatura infantil e xuvenil non son escritores de segunda categoría, xa que non é doado escribir para os rapaces, e que sinalou que o binomio docente-escritor posúeno moitos dos mestres que decidiron escribir cando non había nada.

-F. Martínez Bouzas, "Derruban o muro", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 23, 20 agosto 1998, p. 6.

Logo de se referir ó labor de Antonio García Teijeiro dentro do campo literario dos máis pequenos e ó seu libro *Na fogueira dos versos* (1996), detense no comentario de *En voz baixa*. Sinala o argumento desta novela, de liña argumental extremadamente sinxela e que evita certos "didactismos expresos". Refírese ó final feliz dun xeito demasiado doado e demasiado irreal.

-Xosé M. Eiré, "Fálame (de) ti", *A Nosa Terra*, nº 847, "Guieiro Cultural", 10 setembro 1998, pp. 23-24.

Logo de se referir á dificultade de atopar unha lectura do gusto de tódolos alumnos que conforman unha aula, detense no comentario da novela *En voz baixa*. Recorda primeiramente o argumento, salienta a importancia da música, da literatura e dun cadro, interlocutores do protagonista e, finalmente, comenta a composición das dúas partes que compoñen a estructura desta novela de formación. Unha primeira,

exame da vida recente do protagonista, e unha segunda que comeza cun narrador en terceira persoa en alternancia coa primeira da parte anterior.

- Mª Jesús Fernández, “En voz baixa”, *CLIJ*, nº 109, outubro 1998, p. 71.

Despois de conta-lo argumento da obra, salienta que a primeira parte é un monólogo íntimo que deixa paso a seguir a varias voces narradoras alternadas coa do protagonista, voces que “van haciendo progresar la historia por cauces más esperanzadores”.

García Teijeiro, Antonio, *Cara a un lugar sen nome,* ilust. Enjamio*,* Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. infantil, nº 35, serie A máquina de escribir (dos oito anos en adiante), 72 pp. (ISBN: 84-7824-331-3).

Esta obra de García Teijeiro (Vigo, 1952) está composta por catro relatos: “A cidade escura”, “O señor do violín”, “Un rapaz diferente” e “O lugar sen nome”. Tralaponte é “a cidade escura”, maldita por ter expulsado ós inmigrantes negros que vivían da venda ambulante; “O señor do violín” é un vello bohemio que ten engaiolada a Mariña coa súa música aínda que ninguén lle fai caso; “Un rapaz diferente” é Montoyita, un rapaz da escola a quen tódolos compañeiros rexeitan polo feito de te-la pel diferente e “O lugar sen nome” é un fermoso lugar onde non existen os coches, e onde “as rúas están cheas de cor”. Neste lugar danse cita os personaxes dos contos anteriores vencida xa a inxustiza en prol dun mundo mellor.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Farémoslle a pregunta ó vento”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras, Artes e Ciencias*”, nº 38, 3 decembro 1998, p. 6.

Comentario sobre *Cara a un lugar sen nome* no que se considera que reúne tódalas características da verdadeira literatura infantil. A continuación, analiza brevemente o contido dos catro textos que compoñen a obra e, para rematar, afirma que a obra nos introduce “polos roteiros da aventura interior” ó tempo que nos afasta “do moralismo superlativo e dese perenne perigo de infantilizar a literatura infantil”.

Jaureguizar, *A rutina corsaria*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 26, xuño 1998, 151 pp. (ISBN: 84-8302-256-7).

Nova entrega narrativa de Santiago Jaureguizar (Bilbo, 1965) na que se nos achega a historia de Expósito Vindeira, que, canso xa da súa vida rutineira de fareiro na illa Pancha, decide facerse cunha tripulación e converterse no capitán Thunderskin, para ir na procura de aventuras. Así que tomando a illa coma barco veleiro e poñéndolle por nome o Repoludo, navegará polas augas do Mar do Arco Iris, chegará á Fin do Mundo e tomará posesión da Terra Australis Incógnita, da que sairá, gracias á "busola" que lles regalara o afanado explorador Vitus Bering, para ir parar á Illa do Tesouro. Alí atopará un tesouro e coñecerá os piratas máis importantes da historia, entre os que se encontraba sir Francis Drake. Finalmente, o protagonista principal desta historia de Jaureguizar despertará só sen tripulación, xa que fora perdendo esta ó longo da súa viaxe, nas súas terras ribadenses cuestionándose se o que vivira fora verdade ou non.

Recensións:

-Manuel Darriba, "Espléndida abordaxe", *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", nº 81, 1 agosto 1998, p. III.

Realiza unha análise de *A rutina corsaria* e considera que se trata dunha narración que non deixa de ser un "respectuoso —e sentimental— pastiche" dun xénero que o autor basco-galego absorbeu "con fruición" na súa mocidade, pero que pode dar lugar tamén a verdadeiros alardes de creatividade. Indica ademais, que o final aberto da novela, apunta a futuros posibles episodios.

Referencias varias:

-Rodri García, "Busquei un estilo sinxelo, fuxindo da prosa de diccionario que tanto se leva", *La Voz de Galicia*, 28 xullo 1998, p. 34.

A través da entrevista que lle realiza a Jaureguízar sobre *A rutina corsaria*, coñecémo-la opinión deste escritor, que se encadra no movemento *bravú*, sobre moitos dos elementos que conforman esta súa última entrega. Comenta así que con este libro no que hai moita fantasía e que presenta un estilo sinxelo fuxindo da "prosa de diccionario", pretende recupera-lo xénero de aventuras do século pasado. Refírese por último, ó capitán Thunderskin, á súa tripulación e a algún dos espacios polos que navegarán.

-F. P. Lorenzo, "Jaureguizar réndelle en 'A rutina corsaria' un tributo á novela de aventuras do XIX", *El Correo Gallego*, 6 agosto 1998, p. 12.

Con respecto a *A rutina corsaria*, recolle as opinións do autor, o cal afirma que non está dirixido especificamente ós nenos e nenas e que ten influencias de Cunqueiro ou Baroja. Ofrécese a seguir un

resumo da novela e recóllese unha serie de comentarios deste escritor bilbaíno sobre esta, nos que afirma que nela recupera unha épica do mar benquerida polos abandeirados do movemento bravú, ó que se adscribe plenamente, e mostra a ruptura co pasado e a chegada dun "horizonte de posiblidades piratas que a miúdo comparten escritores e corsarios".

-Aníbal C. Malvar, "Non hai que buscar a obra perfecta senón contar a historia dun xeito efectivo", *El Mundo. Galicia*, 10 agosto 1998, p. 6.

Conversa co escritor Jaureguízar con motivo da publicación do seu cuarto libro, *A rutina corsaria*. O entrevistador fala do argumento da devandita obra e defínea como unha novela de piratas, "literatura e aventuras no máis vello estilo entre melvinnesa e cunqueiriá, aínda que cunhas certas doses de Swift e do seu saber trascender a evasión cara a posibles lecturas de maior calado". A continuación, o entrevistado fala do protagonista deste libro, sinala como debe se-la literatura xuvenil e mostra o seu disentimento coa tendencia a facer literatura moralizante en Galicia. Recomenda recupera-la literatura de aventuras do século XIX e "rescatar" a autores como Cunqueiro cunha "literatura divertida, con moito humor". Advirte que a "escribir apréndese escribindo, a base de meter a pata" e incluso afirma, que o importante non é lograr unha obra perfecta, senón "contar a historia do xeito máis efectivo posible". Sinala tamén que hai demasiada xente falando de literatura, pero que é pouca a práctica e a lectura. Conclúe lembrando a súa introducción no xénero negro coa obra *Comendo espaguetis diante da televisión* e recoñecéndose escritor de novela negra e de aventuras.

Gil Franco, “Á novela a escribo coma se fose unha longa reportaxe”, *Faro de Vigo*, 31 agosto 1998, 13.

O entrevistador fai un percorrido pola temática e a bibliografía do escritor e xornalista Santiago Jaureguízar e un resumo argumental da súa nova novela, *A rutina corsaria*. Sinala o autor bilbaino que o seu estilo literario é moi xornalístico e que cando narra unha novela é como se estivese escribindo unha reportaxe. Recoñece tamén que os libros de aventuras forman parte dos xéneros da literatura infantil e xuvenil e afirma que o feito de que, despois de cada obra de aventuras publique unha novela negra, non é algo realizado deliberadamente. Salienta non ter problemas á hora de compaxina-lo labor creativo co xornalístico e confesa en qué parte do día prefire escribi-las súas novelas, para anunciar finalmente, que está a piques de rematar unha novela negra baseada nun suceso acontecido en Lugo.

Lema, Rafael, *Flores negras*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 1998, 90 pp. (ISBN: 84-7824-312-7).

Primeira obra narrativa de Rafael Lema (Ponte do Porto, 1967), que sitúa esta historia nun día de Noiteboa nunha vila da Costa da Morte. O fío narrativo transcorre partindo das retrospeccións de Eva, que mostra a través do seu fluír interior o proceso de degradación experimentado ata depender da heroína. A rapaza deixou Suíza, lugar de traballo dos seus pais, para vivir coa súa avoa en Galicia, onde coñece un ambiente falto de expectativas para a mocidade e onde morrerá ó se estrela-la ambulancia que a levaba a dar a luz nun hospital. A protagonista e o seu mozo vivirán deste xeito nun canellón sen saída no que se moverán arrastrados unicamente pola necesidade de sacia-la abstinencia e baixo a presión dos traficantes. Aínda que en menor medida, á parte do punto de vista da rapaza, ofrécense outras perspectivas como a das forzas de seguridade, inhibidas diante do narcotráfico, nun espacio fortemente connotado polo frío, o inverno e a escuridade, que agoiran un fatal desenlace. Dende o punto do vista lingüístico hai un esforzo por adapta-lo rexistro á mocidade e tamén á sordidez e a crueza dos espacios e situacións que a temática implica.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Perigosa María”, *O Correo Galego*, *Revista das Letras, Artes e Ciencias*, nº 10, 21 maio 1998, p. 6.

Analiza a obra de Rafael Lema, *Flores negras*, publicada na colección “Docexvintedous” de Sotelo Blanco. Ademais de facer un resumo da trama argumental desta historia esmagadora da vida duns adolescentes que viven a máis agreste das etapas da existencia, di que semella un inmenso mural impresionista, salferido de música e cores conxeladas. Apunta tamén que nesta novela nada se edulcora, xa que está escrita sen miramentos e luces falsas, coa ousadía e co desgarro dos soños e das ilusións rotas e aterecidas.

- Mª Xesús Fernández, “Flores negras”, *CLIJ*, nº 107, xullo-agosto,1998, p. 65.

Primeiramente di que esta obra presenta unhas notas próximas ó que chama “nuevo costumbrismo juvenil de fin de siglo”. Son estas: marxinalidade, violencia, sexo, paisaxes reais dun contorno coñecido, linguaxe desgarrada, un tipo de música, corrupción, falta de futuro, enfermidade e morte, adobiados con características da sociedade galega actual: deterioro do rural, familias desarraigadas pola emigración, mozos coidados por vellos, contrabando e narcotráfico. Fala despois dos puntos de vista da narración e dá unhas mínimas notas argumentais.

López Rodríguez, Xavier, *Brumoso*, ilust. F. L. Juárez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie amarela (de 11 anos en diante), maio 1998, 135 pp. (ISBN: 84-8302-247-8).

Esta novela de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956) está dividida en tres partes nas que un narrador protagonista en primeira persoa relata a historia dun mozo que, tras contraer unha débeda coa droga, decide fuxir. Na primeira parte, “A fuxida”, relátase precisamente a fuxida do avó e o neto tentando non deixar pegada, e tendo como destino a aldea natal do primeiro. Esta aldea, de nome Brumoso, dá título á segunda parte, na que atopan pousada na casa dunha veciña vella. A estadía na aldea estará presidida polos contrastes do mundo rural, descoñecido para o protagonista, e o seu mundo urbano. Ademais rexístrase unha dose de misterio provocada pola malencarada e pouco hospitalaria anciá, que parece gardar algún segredo nun pozo atoado con cascallos. Así, os dous sospeitan que a muller puidese ter enterrado alí ó seu home, que segundo a súa versión marchou un bo día e nunca máis voltou. A terceira parte correspóndese coa “Volta” á casa un mes despois por mandato da Garda Civil que xa os tiña controlados dende o primeiro momento da fuga. No fogar a acollida será máis ben fría e despreocupada e a débeda que provocara a fuxida xa non é problema. Péchase o volume coa

habitual sección nesta colección, “Cando o autor fala de si”, onde se refire ós libros que leu, ás historias que escoitou e que o levaron a escribir e a deita-lo seu amor pola aldea.

López Rodríguez, Xavier, *Linguas Longas*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 14, xuño 1998, 117 pp. (ISBN: 84-8288-201-5).

Nesta nova entrega de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956), ofrecesénola historia de Mario, un vello conserxe dun colexio, que día a día se atopa con que un mendigo lle pide esmola chamándoo polo seu nome, como se o coñecese de antes. A partir de aquí o protagonista vai ser obxecto da incredulidade da súa muller e o centro dunhas murmuracións que o acusan de vello lascivo que ademais se aproveita de menores. O relato, que culmina cun suposto suicidio do vello, achéganos á ferocidade da mentira así como ás ilimitadas consecuencias da manipulación e terxiversación da información. No centro da obra late tamén a intolerancia, a crueldade e a incomprensión cos anciáns. O fío narrativo pasa duns personaxes a outros para situar en primeiro plano o multiperspectivismo. Deste xeito a narración en primeira persoa dilúese intermitentemente no estilo indirecto libre.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Boas intencións”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 26, 10 setembro 1998, p. 6.

Mostra a súa opinión crítica sobre a publicación *Linguas longas* aludindo antes á colección "Costa Oeste", que ofrece no seu criterio unha boa cantidade de títulos de díficil clasificación. Fai a seguir un resumo do argumento desta novela que presenta un achegamento a esas formas de vida humana alicerzadas na murmuración e na intolerancia, e comenta, que a pesar de querer ser un libro combativo, está lastrado pola carga de importantes "tolleduras". Afirma finalmente, que estamos ante un traballo ficcional ateigado pouco máis, que de "boas intencións".

-Olivia Tudela, "Un intento de novela juvenil", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 25 outubro 1998, p. 20.

Indica primeiramente o tema e a estructura da obra, da que opina que ás veces é confusa para o lector. Tamén considera que os personaxes son "figuras planas", sen complicación psicolóxica, e cre que se trata de literatura xuvenil de "ínfima calidad". Pregúntase se non sería máis conveniente que os mozos lesen a Stevenson ou a Poe, rematando por dicir: "baste que un escritor haga mala literatura. Lo intolerable es que también haga demagogia".

-Xosé M Eiré, "Mollando a palleta", *A Nosa Terra*, nº 854, "Guieiro Cultural", 29 outubro 1998, p. 27.

Comeza a súa análise polos personaxes principais "bastante ben configurados" e polo argumento. A seguir manifesta algunhas dúbidas sobre a inclusión da novela nunha colección de literatura infantil e xuvenil, e considera "que posibelmente debera figurar en colección para adultos". Ademais cre que o argumento "daba para novelar máis" e bota en falta a consistencia da implicación social. Remata

afirmando que a obra ten “ben traballada estructura, ás veces con clímax irónico ben logrado, sobre todo nos primeiros capítulos”.

López Rodríguez, Xavier, *O neno que matou a Deus*, ilust. Enrique Bonet, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 19 (a partir de nove anos), outubro 1998, 85 pp. (ISBN: 84-8116-668-5).

Nesta obra de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956) estructurada en cinco capítulos, o protagonista e narrador intenta desfacerse do seu alcume ó crer que lle impedirá prosperar na vida. Conta as anécdotas e problemas que vive cos seus amigos (Xacinto Quintana, Xoán Suriárez e Fideo), compara o seu problema co que vive o seu avó e revela o motivo polo que foi alcumado “Matadeus”. Alcume que se borra da súa vida gracias á relación con Nuria, unha moza á que el salva de se afogar. Ó final comézalle de novo a preocupación pois Nuria, nun momento dado, chámao polo seu sobrenome.

López Rodríguez, Xavier, *Voces de vacas*, ilust. Nuria Barreras, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), 1998, 74 pp. (ISBN: 84-8288-224-4).

Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956) achega ó lectorado infantil outra obra, das catro publicadas neste ano. Nela nárranse as aventuras cotiás dun grupo de vacas. Entre todas elas destacan a Dourada, líder durante dez anos seguidos de tódalas vacas que habitan a mesma aldea, e a Cereixa, que está decidida a converterse na nova Mandona e poñer en práctica tódolos consellos que, con constancia e moita paciencia, lle foi transmitindo a Dourada. Á parte do fío conductor da historia, nos diferentes capítulos descríbense as peculiaridades das restantes compañeiras de traballo das protagonistas: a Rubia, a parda alpina, a Oliva e a Garbosa.

Lorenzo, Xavier, *A serra máxica. Memorias de Nadal dun neno da posguerra española*, ilust. Loli Cora, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa para nenos, 1998, 58 pp. (ISBN: 84-7492-900-8).

Un Nadal de Posguerra na serra madrileña da Pedriza é o marco escollido por Xavier Lorenzo para encadrar este relato. O fío narrativo transcorre a base de historias contadas polo avó Ramón e agora evocadas. Trátase de retallos narrativos variados, que van dende a aparición dun ovni a algúns de contido histórico (como o padecemento do mordomo da familia a mans dos nazis ou a fuxida duns prisioneiros do Valle dos Caídos), así como outras historias que teñen en común o estaren protagonizadas por bandoleiros que habitaban a serra en tempos pasados. Intermitente planea sobre o narrador protagonista a conciencia de pertenza a un tempo concreto, a posguerra e a dictadura franquista.

Loureiro, Ánxela, *Laia, a nena da illa*, ilust. Quico da Silva, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie amarela (de 11 anos en diante), maio 1998, 172 pp. (ISBN: 84-8302-248-6).

Ánxela Loureiro Fernández (Ferrol, 1956) achéganos esta historia precedida dun limiar no que a narradora recoñece o gusto polas historias que lle contaba súa avoa, quen lle transmitiu o relato protagonizado por Laia. Esta é unha rapaza escrava dos romanos que sobrevive a un naufraxio e arrastrada polo mar vai dar ó poboado castrexo de Duniñas. Estando na beira do mar sálvalle a vida a un habitante do castro, que resulta ser Roibo, o fillo do xefe da tribo. Os habitantes do poboado ven con recelo a presencia da nena e pensan que se trata dunha serea ou tal vez dunha meiga, idea promovida por Pardo, primo de Roibo, a quen Laia lle molesta porque foi testemuña de cómo este lle negara auxilio ó seu primo. Logo dun xuízo deciden desterrar a Pardo, que sen embargo, ten ó seu favor os colonizadores romanos do campamento de Ferrol. O clan das Duniñas, armas en man, esíxenlles ós romanos que o xuízo sexa valido e que respecten a vontade do tribunal autóctono; ademais, salvan a dificultade, e levando a cabo os trámites necesarios compran a liberdade de Laia coas xoias recolectadas entre todo o pobo. As xoias sobrantes deciden enterralas ó pé dun carballo para cando sexa preciso compra-la liberdade doutro escravo. No epílogo a narradora dános conta do achado das xoias na actualidade por

parte dun labrego de Valón. Na habitual sección “Cando a autora fala de si” coa que se pecha o volume, Ánxela Loureiro recoñece a correspondencia dos espacios da novela con Ferrol e Doniños. Péchase deste xeito a obra, mostra do espírito de esforzo dun pobo oprimido na súa loita pola liberdade.

Referencias varias:

-Rodri García, “Fuxo da violencia porque xa hai moita na sociedade”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 33, 7 xullo 1998, p. 7.

Refírese á publicación de *Laia, a nena da illa* e acompaña esta presentación cunha serie de comentarios da autora quen sinala, que o fondo desta historia ilustrada por Quico da Silva, é a “loita por sobrevivir e pola liberdade”. Desvela a seguir a importancia que ten para ela a liberdade e a solidariedade, e salienta a axuda que lle presta ser mestra para que se lle entenda o que quere dicir.

Lourenzo González, Manuel, *Tanis I o Mocos*, ilust. Santiago Gutiérrez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie amarela (de 11 anos en diante), xullo 1998, 144 pp. (ISBN: 84-8302-268-0).

Relata M. Lourenzo González (Vilaboa, 1955) a peculiar historia de Estanislao, o herdeiro á coroa do grande e poderoso reino de Sofrovia. Trala morte do seu pai e o afastamento da nai da vida pública, a causa da dor que lle provoca tal feito, vese na obriga de facerse cargo do seu reino. Mais dende o primeiro momento todo resulta ser problemático, xa que Tanis é un rapaz extravagante e excéntrico, tanto polo seu estilo de vida *punky* coma polas súas ideas revolucionarias, a través das cales desexa goberna-lo seu país, feito que alporiza ós conselleiros reais, pois as ideas de Tanis sobre a xustiza social, o abuso de poder, os convencionalismos e a necesidade de non renunciar ós ideais, ameazan con rompe-la orde establecida. Finalmente, logo de namorarse da princesa Sildym que muda a súa forma de ser e de pensar por unha semellante á de Tanis I o Mocos, que así fora como se fixera chamar, presenta a súa dimisión como rei e marcha coa súa amada princesa. Péchase este volume cun apartado titulado “Cando o autor fala de si”, no que Tanis dá conta ademais do quefacer de Manuel Lourenzo, do xeito en que coñeceu a este e de cómo se chegou a facer un libro coa súa historia.

Recensións:

- Mª Xesús Fernández, “Tanis I o Mocos”, *CLIJ*, nº 111, decembro 1998, p. 67.

Primeiramente resúmese a obra e logo saliéntase o humor con que están contadas as historias, as situacións creadas polos gustos do rei *punky* e a linguaxe empregada polo protagonista. Finaliza facendo fincapé nas reflexións que transmite a obra: xustiza social, o abuso de poder, os convencionalismos e a necesidade de non renunciar ós propios ideais.

Lourenzo González, M., *Animais de compañía*, ilust. Enjamio, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, xullo 1998, 25 pp. (ISBN: 84-95123-16-9).

Neste conto de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955) acompañado de grandes ilustracións a cor e moi pouco texto, nárrase a historia da Señá María. A muller estaba soa e buscou algúns animais de compañía: un luminoso vagalume, un calmoso caracol, unha moura vacaloura e un fero camaleón. O conto correu de boca en boca e, ó final, os veciños chegaron á conclusión de que a Señá María tiña nunha caixa un luminoso camalume, un calmoso vacacol, unha moura caraloura e un fero vagaleón.

Martín, Paco, *O paporrubio que tiña sede*, ilust. Xaquín Martín, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C-785/1998). ◆

O protagonista desta historia de Paco Martín (Recatelo, 1940) é un paporrubio que escoita abraiado a lectura que fan dous curmáns do conto de Robin Hood. Os nenos discuten sobre o personaxe, mentres o paporrubio desexa cada vez máis converterse en Robin Hood. A súa teima faille pensar detidamente no mellor xeito de buscar aventuras para ser como o seu heroe favorito ata que decide que o máis fácil é atopalas ó mesmo tempo que busca auga para sacia-la súa sede.

Miranda, Anisia, *A cama, a bolboreta e o paxariño*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa para nenos, 1998, 105 pp. (ISBN: 84-7492-908-3).

Anisia Miranda (Ciego de Ávila, Cuba, 1932) inclúe neste libro trece contos “pensados para nenos que inda non len ou que comezan a ler”, protagonizados maioritariamente por animais e cousas humanizadas, como por exemplo: paxaros, ras, tartarugas, coellos, loros, camas, debuxos, lagartos, caracois, etc. Ademais de transmitir valores ecolóxicos e de defensa do medio ambiente, algúns relatos presentan certo didactismo e serven para explicar procesos naturais como o ciclo da chuvia ou o xermolar das sementes. No aspecto formal, a coincidencia principal entre eles é o predominio do diálogo sobre a descrición.

Miranda, Xosé, Antonio **Reigosa** e Xoán Ramiro **Cuba**, *Contos Marabillosos I*, ilust. Teresa Novoa, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Cabalo buligán, nº 1, decembro 1998, 54 pp. (ISBN: 84-8302-328-8).

Volume que mostra tres contos de transmisión oral. No primeiro deles “O Paxaro que fala, a árbore que canta e a auga dourada”, recompilado por Xosé Miranda (Lugo, 1955), cóntase a historia da filla menor dun zapateiro que casou co Rei e provocou a envexa das súas irmás que chegaron a cambiarlle os fillos ó nacer por uns gatos, despois de tirar ós nenos ó río. O rei, cando viu o que lle dera a súa esposa, moi enoxado, botouna do seu lado e mandouna matar. Os meniños foron recollidos por uns muíñeiros que xa tiñan un fillo e viviron felices ata que ó cabo dos anos descobren que non son fillos reais e deciden marchar na procura dos seus verdadeiros pais. No segundo, “Manta en Roma”, adaptado por Antonio Reigosa (Lagoa de Pastoriza, 1948), cóntase a historia de dous irmáns moi pobres que teñen que abandona-la aldea onde viven cando morre o seu pai e marchar en busca de fortuna. Aínda que marchan xuntos o irmán máis novo considera que é mellor separarse despois de prometerlle ó irmán que algún día se encontrarán, el sendo papa en Roma e o irmán Rei en España. No terceiro “A gaita que facía a todos bailar”, versionado por Xoán Ramiro Cuba, nárrase a historia dun neno que vivía coa súa nai viúva e que debido á pobreza na que se atopaban tivo que pasar a vivir co cura da aldea. Comezou a traballar

como pastor e en consecuencia a mellorarlle a vida; ademais por axudar a un pobre, que viña sendo un mago, conseguiu unha gaita que facía bailar a todo o mundo e ós animais cando el a tocaba. Ó final de cada relato inclúense unhas notas informativas sobre as fontes nas que se basearon para a reconstrucción das historias e as clasificacións que os estudiosos fixeron deles.

Referencias varias:

-Jesús Fraga, “Cabalo buligán” convida ós lectores a contar e oír historias”, *La Voz de Galicia*, 20 decembro 1998, p. 38.

Comentario conxunto sobre a saída ó mercado dos dous volumes de *Contos marabillosos*. Jesús Fraga sinala algúns dos elementos fantásticos que se poden achar neles. Así mesmo, informa da presentación da colección “Cabalo buligán” en Lugo, dirixida por Xoán Ramiro Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, os cales defenderon que a base da literatura escrita está na oralidade.

Miranda, Xosé, Antonio **Reigosa** e Xoán Ramiro **Cuba**, *Contos Marabillosos II*, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Cabalo buligán, nº 2, decembro 1998, 61 pp. (ISBN: 84-8302-329-6).

Volume que inclúe tres contos tomados da tradición oral. No primeiro deles, “Xanciño o oso”, versionado por Xosé Miranda (Lugo, 1955), cóntase como consegue Xan, fillo dun oso e unha muller, que o demo lle conceda todo o que precisa para casar coa filla máis nova do rei e vingarse do Arrancalodeiros e do Arrancapiñeiros por deixalo preso no castelo do demo. En “Blancaflor”, recompilado por Antonio Reigosa (Lagoa de Pastoriza, 1948), cóntase que debido á teima polo xogo da protagonista perde tódalas súas posesións e a súa alma nunha partida co demo. Gracias á filla máis nova do demo e ós agasallos máxicos de catro animais, ós que axudou no reparto dunha presa, consegue supera-las probas que o demo e a súa muller lle poñen para volver a ser libre. No terceiro “A flor de violar”, adaptado por Xoán Ramiro Cuba nárrase a historia do fillo máis novo dunha familia que despois de consegui-la única flor que podía cura-la súa nai e de libra-los irmáns do seu cativerio no inferno foi asasinado por estes, mais a flor de violar protexe o seu corpo e fai que volva á vida cando a súa nai o atopa gracias a un cantar. Ó final de cada relato, nun apartado titulado “Notas”, cítase a bibliografía empregada polos escritores acerca deste

conto, enuméranse as diferentes versións que se teñen recompilado del e as clasificacións que fan os estudiosos delas .

Mirinda, Cristina, *Mago A e Mago B*, ilust. Rubén López, Pontevedra: Kalandraka Editora, febreiro 1998, 24 pp. (ISBN:84-923553-4-4).

Conto de Cristina Mirinda no que se relatan as habilidades de dous Magos moi diferentes que traballan por separado no circo Trompa. O Mago A é un triste personaxe que fai desaparecer todo o que se propón e a súa axudante Fina límpalle amorosamente as bágoas que derrama a cotío nas súas actuacións. Mago B é riseiro e ó contrario que o seu compañeiro fai aparecer moreas de cousas. A vida complícase para Mago A cando fai desaparece-la súa axudante. O problema resolvése coa axuda de Mago B e todo remata felizmente cando deciden traballar en equipo os dous magos e a axudante Fina Agulla.

Moreno, María Victoria, *¡Xa non teño medo!*, ilust. Manolo Uhía, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C-786/1998). ◆

Conto en verso de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941) no que un cativo en primeira persoa descobre xa sen medo dende a súa bufarda toda a beleza e a maxia que hai nunha noite. A través dos seus ollos imos descubrindo os elementos que enchen a súa casa e dende a fiestra preséntano-lo seu barrio, o ceo, a lúa, as farolas que alumean o barrio, así como algúns personaxes que invaden a rúa de noite como os varredores, policías, bombeiros, descritos sempre dende a mirada subxectiva e inocente da voz poética.

Moure, Anxo (Papaventos, Educación Ambiental), *Os contos do vento verde*, Santiago de Compostela: Natureza Galega, 1998, 42 pp. (D. L.: C-891/98).

No prólogo Anxo Moure define os textos como un feixe de soños cos que partir “na procura do vento verde, ese vento de liberdade que nos vai levar seguro cara ó futuro común de paz e vida, de ecoloxía e solidariedade”. A seguir inclúense nove contos de fasquía fantástica que teñen como tema común a insistencia no soño como canle de maxia para cambia-lo mundo, ademais de presentar elementos relacionados co mundo da natureza e unha intención claramente ecoloxista. Todos eles rematan cunhas palabras nas que o narrador, dirixíndose ós seus lectores, insiste na importancia de defende-lo medio coidando as árbores e o mar, respectando os ríos e os paxaros, practicando a reciclaxe ou observando os fenómenos da natureza.

Neira Cruz, Xosé A., *Valdemuller*, Premio O Barco de Vapor 1997, Vigo: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 31, 175 pp. (ISBN: 84-348-6273-5).

Comeza este relato de Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) o día do quince aniversario de Mina, unha celebración que ten un significado moi especial no seu contorno familiar. A rapaza, a pesar de non comparti-los gustos de tódalas demais mulleres da casa a respecto da celebración, súmase á festa aínda que por causa do azar consegue transformar algunhas das tradicións. Entre os agasallos recibe un colgante en forma de estrela que ocasiona un trastorno na familia. O colgante ten un significado especial que Mina terá que descubrir cos seus propios medios, aínda que vai te-la axuda da súa tía Olga. A narración desenvolve entón as pesquisas da rapaza para coñece-la súa desaparecida tía-avoa Estrela, o lugar no que vive, Valdemuller, e o que significa ser unha “filla da lúa”. Emprende así unha viaxe que contribuirá ó seu proceso de maduración e de autocoñecemento, á vez que a axuda a vivir co seu particular don: ser herdeira e transmisora dunha tradición que non se pode perder, mante-los saberes acumulados e entregados por moitas mulleres que a precederon.

Neira Cruz, X. A., *O xenio de Sultán*, ilust. Xulia Barros, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C 789/1998). ◆

Neste conto de Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) nárrase a historia dun Sultán de Turquía que vivía rodeado das maiores opulencias que calquera puidese imaxinar. Pero non satisfeito con todo iso, decide que quere ter un xenio ó seu servicio. Así, absorbido por esa teima interroga a tódolos visires, conselleiros e sabios para que lle dean a información que precisa. Logo de non convencelo ningunha resposta, decide impor como castigo corta-la lingua de todos aqueles que respondan de xeito inapropiado, ata que chega Alí Bai, que conseguirá convencelo, lembrándolle a historia de Aladín e a lámpada marabillosa.

Novoneyra, Uxío, *Ilda, o lobo, e corzo e o xabarín*, ilust. Manuel Uhía, edición, preparación e normativización Xulio Cobas Brenlla, Barcelona: Edelvives, col. Ala Delta, nº 50, serie vermella (a partir dos 5 anos), 1998, 43 pp. (ISBN: 84-263 3727-9).

Volume con grandes ilustracións a cor e letra caligráfica. Nel relátase un conto de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Caurel, 1930) que trata das aventuras dunha rapaza que vive illada nunha torre na compaña dun xabarín, un lobo e un corzo. Ela sentíase moi soa e os animais prometéronlle que, se os liberaba, habería máis xabaríns e corzos nesas terras; a xente viría de caza, hospedaríanse no castelo e ela atoparía un príncipe para casar. A princesa liberounos e todo ocorreu como eles lle prometeran.

Oli, *O Pirata Pata de Lata*, ilust. Ramón Trigo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, xullo 1998, 37 pp. (ISBN: 84-95123-14-2).

Historia rimada de Oli (Xosé Manuel González, Cangas do Morrazo, 1961) escrita en pareados e na que se relata a obsesión por loitar do Pirata Pata de Lata, que percorre co seu barco mariñeiro e o loro Simeón o mundo enteiro. Ó non atopar ninguén con quen combater, comeza unha longa persecución trala pantasma do seu barco, conformándose finalmente con soñar batallas que esperto non pode realizar.

Perozo, Xosé Antonio, *Camiño de fantasía*, ilust. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Xuvenil, serie O ordenador (dos 12 anos en diante), 1998, 140 pp. (ISBN: 84-7824-316-X).

Configurada estructuralmente como un conto marabilloso no que os personaxes deben superar unha serie de probas antes de chegar ó obxecto que procuran e no que existen elementos que funcionan como obxectos máxicos, Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badajoz, 1951), preséntanos un relato que contén algunhas das claves da súa producción anterior como o humor e a fantasía. A historia comeza coa descuberta de Toto, na Biblioteca Municipal da vila de Vilatorres, dun plano que conduce á Cidade de Fantasía. De seguido corre na procura dos seus amigos, o Chovo e o Canete, para convencelos de que deben saír cara a ese lugar que lles proporcionará, ademais de sona, a fortuna do tesouro. Acompañados dos seus animais, o can Crispín, a gata Morita e o papagaio Rodolfo, van consulta-lo sabio Cachirulo, que lles traduce o mapa ó galego normativo. Comeza entón unha sucesión de aventuras encadeadas unhas tras outras, nunha narración artellada a partir dun estilo que busca a axilidade. A aparición constante de personaxes procedentes doutras obras literarias —Alicia, Sherlock Holmes, o Buscón, Lázaro de Tormes, Don Quixote, etc.—, as alusións a escritores de tódolos tempos e a función metaliteraria constante, por veces cunha intención paródica, confirman un complexo xogo de intertextualidades.

Outro trazo a destacar é a continua interpelación ós lectores que deben participar na resolución dos diferentes problemas e enigmas que se propoñen, así como a reiterada intromisión dun autornarrador irónico, presente dende o comezo do relato.

Perozo, Xosé A., *Claudina volveu*, ilust. Xaime R. Asensi, Vigo/Madrid: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil (a partir de 10 anos), maio 1998, 93 pp. (ISBN: 84-8224-147-8).

Continuación de *A incrible historia de Claudina*, que Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badajoz, 1951) escribiu en 1990. Nesta ocasión retoma a personaxe de Claudina no seu ambiente familiar e resume o argumento do conto anterior, explicando a maneira na que chegou Claudina á casa, a súa afección á música e o lugar do seu escondedoiro favorito. O conflicto aparece cando por motivo dunha entrevista realizada ó pai de familia, descóbrese que este ten na casa unha tartaruga pertencente a unha especie protexida e unha organización ecoloxista intenta que sexa entregada a un centro de protección de especies. Logo de negarse os nenos a que isto acontecese, Claudina conseguirá agocharse coa axuda do rato aínda que finalmente deberá marchar.

Reigosa, Antonio, *Afonso, Alfonso. Memorias dun raposo*, Premio Merlín de Literatura Infantil 1998, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie amarela (de 11 anos en diante), decembro 1998, 137 pp. (ISBN: 84 8302-333-4).

Neste relato co que Antonio Reigosa (Lagoa de Pastoriza, 1948) vén de gaña-la última edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, narráseno-la historia de Afonso Alfonso, un raposo nado no Morollo da Golpillera, que non estando nada contento coa vida que estaban levando os animais da súa mesma especie, decide contarlles ós máis novos, quén foran, quén eran e en qué parte do mundo estaban. Así que, ó longo dunha serie de capítulos, irá narrándolles unha serie de sucesos vividos por certos raposos e por el mesmo, a través dos cales ilustra as súas formas de vida, as súas habelencias e as súas rivalidades e odios coas persoas e outros animais. Péchase o volume cunhas palabras do seu autor, nas que ademais de dar noticia de certos aspectos da súa biografía, conta como coñeceu a Afonso Alfonso e a relación que con el mantén.

Referencias varias:

-Jesús Fraga, “Antonio Reigosa ve urxente valora-la cultura oral galega”, *La Voz de Galicia*, 9 decembro 1998, p. 31.

Comeza coas palabras de Antonio Reigosa, que describe a filosofía do seu traballo no grupo Chaira e, a seguir comenta as actividades que fan nese grupo, a relación entre o lectorado e a literatura de tradición oral, así como o xeito de engarza-los diferentes contos. Tamén se recolle a súa opinión sobre a importancia de que as historias sexan contadas, a perda da figura do avó contacontos e a consideración de que a cultura popular galega está marxinada. Informa que Reigosa prepara un novo libro, *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*, que presenta xunto a dous novos relatos. Por último cita as palabras do autor, a través das cales confesa que cousas se perderon co paso do tempo na tradición oral e as que se perderán ó pasala á escrita.

Reigosa, Carlos G., *Dous máis dous. Catro contos para nenos*, ilust. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Infantil, nº 33, serie A máquina de escribir (dos oito anos en diante), nº 33, 1998, 76 pp. (ISBN: 84-7824-329-1).

Carlos G. Reigosa (Pastoriza-Lugo, 1948) reúne baixo este título catro contos de distinta temática e extensión variable, que están vencellados pola modalidade narrativa e a omnisciencia en terceira persoa. O titulado “A cova da serpe” recolle as accións levadas a cabo polos veciños de Podesvir para salva-la princesa Clarinia do encantamento ó que a someteu a bruxa Rabuda do Corno da Testa. Só Fiz Toroulo, axudado por Hans Luther o Vello, consegue salvala a cambio de seguir sendo paladín de Clarinia. Remata este relato cun “Epílogo para nenos grandes” no que se nos dá unha explicación dos feitos unha vez que os protagonistas chegan a vellos. “O penedo das doncelas” é o relato da liberación de Sara, unha fada condenada a vivir nun penedo, por parte de Remixio Lantaño para convertela na súa muller. En “O lobo gordo” descríbese a habelencia e o valor de Xurxo, un neno de Branqueira, para capturar a un lobo que tiña atemorizados ós seus veciños. Finalmente, “Arredor dunha bicicleta” dá conta da ilusión que crea en Luís, Carlos e Clara o regalo dunha bicicleta que lle fan os pais.

Rial Fernández, Mª Dolores, *O cumpreanos do rei Pericón*, ilust. Kiko da Silva Irago, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Parrulo, nº 19, 1998, 25 pp. (ISBN: 84-7680 284-6).

Libro de Mª Dolores Rial Fernández dirixido ós máis novos, con letra caligráfica e grandes ilustracións a cor que ocupan a totalidade das páxinas. Nel nárrase, con todo detalle, a celebración do aniversario do rei Pericón. Para a descrición dos regalos dos seus amigos e amigas, a autora recorre a un xogo de adiviñas que ocupan todo o libro.

Sáez Cazallas, Cristina, *Moko*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Golfiño, nº 1, xaneiro 1998, 101 pp. (ISBN: 84-89803-30-7).

Neste relato de Cristina Sáez Cazallas, contado en primeira persoa, asistimos ó desacougo de Iago Alfonso, un neno que vive no seo dunha familia acomodada que só se preocupa dos seus cartos e das súas relacións en sociedade. No transcurso dun castigo descobre dende a fiestra da súa casa un estraño obxecto no xardín: é unha masa violeta cun só ollo e cheiro a marisco que resulta ser un "ozoniño", un anaco de ozono caído do ceo. Iago bautiza a este curioso ser co nome de Moko, polo seu aspecto viscoso, e este confésalle que ten que volver ó ceo e polo tanto precisa que alguén os axude para poder trasladalo. Moko encárgase de explicarlle a Iago a causa da destrucción do ozono. O volume remata cun epílogo no que se explican os efectos da contaminación sobre o ozono e as influencias que ten sobre o planeta.

Sánchez, Gloria, *O grande tronante*. *As aventuras do gato Bo e do capitán Ro*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 1998, 32 pp. (ISBN: 84-8302-323-7).

Achéganos esta obra de Gloria Sánchez (Pontevedra, 1958) as aventuras do capitán Ro e o gato Bo, que xa protagonizaran outra obra da autora, publicada no ano 1994. Nesta ocasión, os dous personaxes embárcanse na busca do tesouro do Grande Tronante, “o corsario máis terrible dos ceos, Señor dos ventos e tronadas”, que vive nunha nube. Despois dunha longa travesía atopan a nube do Grande Tronante e deciden apoderarse do seu tesouro. Sen embargo, o Tronante desperta e trágaos, como xa fixera con outros piratas e bucaneiros que precederan ós nosos protagonistas na busca do tesouro. Ó final, dentro do estómago do Grande Tronante, póñense a cantar unha canción coa que conseguen facelo estoupar e saen todos voando polo aire.

Sánchez García, Gloria, *Manual para unha pequena meiga*, ilust. Mª Fe Quesada, Barcelona: Edebé Rodeira, col. Tucán, serie azul (a partir de 6 anos), nº 18, outubro 1998, 90 pp. (ISBN: 84-8116-666-9).

Comeza esta obra de Gloria Sánchez García (Vilagarcía, 1958) cunha carta dirixida a unha "Amiga lectora", na que explica que a orixe do libro está nun vello manuscrito, titulado *Bruxedos e Feitizos* e asinado por Ana Manana, que a autora recibiu misteriosamente un día e que se viu obrigada a difundir e publicar. De seguido, ó longo de quince capítulos titulados, expón unha serie de trucos, esconxuros e maxias para conseguir distintos obxectivos: o diñeiro e o consentimento familiar para mercar un can, a capacidade de voar, a atracción por parte dun rapaz, o esconxuro dun futbolista, etc.

Recensións:

-Olivia Tudela, "Dos buenas lecturas para los más pequeños", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 20 decembro 1998, p. 22.

Comenta os libros *Manual para unha pequena meiga*, de Gloria Sánchez e *Unha inmensa vaca amarela*, de J. F. Renau. Do primeiro libro destaca a súa frescura e orixinalidade, di que é “un desahogo políticamente incorrecto que acaba por convencernos” e especifica o tipo de lectorado ó que vai dirixido o libro. Resume o contido das tres partes que o conforman, resalta a caricaturización que se fai do director do colexio da historia e cualifica de “malvadamente ingenuas y encantadoras” as recetas dos meigallos que se fan ó longo da obra. No tocante ó relato de Renau, fala do lugar no que se sitúa a historia e cita algunhas das características e cousas interesantes que podemos atopar nel. Destaca tamén a figura do narrador da historia ó recordarlle ós “que conducían las representaciones en el guiñol”, o uso de “guiños narrativos” cunha finalidade didáctica e os toques humorísticos da narración. Di para rematar qué problema pode te-la obra e qué calidades posúe.

Santiago Loureiro, Alberto, *Case unha cidade*, XIº Premio Rúa Nova 1998, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, col. Nova 33, decembro 1998, 157 pp. (ISBN: 84-89231-72-9).

A primeira achega narrativa de Alberto Santiago Loureiro (Santiago de Compostela, 1981) é unha novela polifónica ambientada nunha gran cidade dun país de máis de cen millóns de habitantes. Ó longo de doce capítulos combina a primeira e a terceira persoa para narra-las historias paralelas de varios personaxes: Martín, o dono dunha moderna galería de arte a punto de inaugurarse; Lorena, unha atractiva presentadora da televisión local; Mark, o director da cadea televiviva, e B. L., un escritor novo e de sona que se atopa temporalmente na cidade. A inauguración da sala de arte é o momento no que conflúen os protagonistas anteditos e a partir de aquí as súas vidas crúzanse. Mentres que Lorena vive unha intensa relación sexual con Martín, que co tempo devén en patolóxica, para librarse dos acosos de Mark, o escritor é acusado inxustamente dun crime que non cometeu.

Toro, Xelís de, *O neno perdido. Unha aventura do xurelo escritor*, ilust. Francisco Bueno Capeáns, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 1998, [42 pp.]. (ISBN: 84-8302-324-5).

Texto en verso de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) que comeza presentando ó xurelo escritor do que nacen as historias para que aprendan a le-los habitantes do mar. Nesta ocasión no mar hai un batifolio “que non deixa pegar ollo” ós peixes por causa dos homes. Os animais do mar fan unha reunión para averiguar qué pasa e descobren que buscan un rapaz que se perdeu no mar. Deciden axudar na busca e cando atopan o neno, cámbianlle entre todos o cueiro e arrástrano ata a praia.

Toro, Xelís de, *A porta dourada*, ilust. Xulia Barros, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Infantil, serie A máquina de escribir (dos oito anos en diante), 1998, 114 pp. (ISBN: 84-7824-330-5).

Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) achégano-la historia narrada en primeira persoa por Tina, que movida pola curiosidade que nela espertaban os relatos do seu pai, escritor, e intrigada pola escaseza de pesca no río, decide ir na busca da causa pola que os peixes non se deixan ver. Un esvarón provócalle a caída ó mundo dos peixes, onde se atopará con personaxes coñecidos a través das historias contadas por seu pai. Os peixes ó principio vense ameazados pola súa presencia e, unha vez sometida a xuízo, a sentencia encoméndalle a superación de tres probas: convence-la Serea Saudosa de que volva á gran lagoa, conta-la historia que lles fixese ós peixes arrinca-las escamas e aprende-la fala dos peixes, o “galego mollado”; todo isto antes de que apareza a porta dourada, pola cal escapan os peixes. As probas serán superadas con éxito gracias á axuda da propia serea, nesta aventura envolvida polo humor e evocada por Tina, dende o hospital no que se recupera da caída.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “O galego mollado dos peixes”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 18, 16 xullo 1998, p. 6.

Abrése este artigo coa promesa do comentarista de contribuír á loita contra a invisibilidade da nosa literatura infantil e xuvenil, falando de cando en vez dos libros para nenos e nenas. A seguir critica a obra de Xelís de Toro, *A porta dourada*, da que opina que a pesar de que o autor pretendía conciliar nela a fantasía co mundo cotián dos nenos, finalmente fantasía e realidade non se atopan nin acaban de encaixar. Polo que afirma que esta narración, que comeza sendo un relato cheo de vida, remata converténdose nunha “argallada inflada de fabulación baldeira e gratuíta”.

Uhía, Manuel, *O rato que lle puxo o cascabel ó gato*, ilust. Manuel Uhía, obradoiro de lectura Ana Mª Fernández, A Coruña: Bruño, col. Altamar, nº 30, serie azul (a partir de 6 anos), 1998, 59 pp. (ISBN: 84-216-3418-6).

Libro de pequeno formato, grandes ilustracións a cor e pouco texto da autoría de Manuel Uhía (Portonovo, 1944). Cóntase que unha colectividade de ratos vese ameazada por un gato que pretende deixalos sen comida durante todo o inverno. Por fin, despois de moitas deliberacións, os ratos deciden poñerlle un axóuxere ó gato. Ratomús ofrécese voluntario para, de paso, conquistar a Rataflor. A historia remata felizmente, a pesar do arriscada que é a misión.

Vázquez Freire, Miguel, *A primeira máquina de fotos*, ilust. Pablo Otero “Peixe”, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Maxia das Palabras, 1998, 22 pp. (D. L: C-788/1998). ◆

Neste conto de Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951) relátase unha anécdota da vida de Lara e as súas consecuencias. A protagonista recibe a súa primeira máquina de fotos o día de Reis, ó principio sen moito entusiasmo, pero pronto descubrirá a maxia do seu regalo, que lle permitirá fotografa-los seus amigos e familiares dun xeito moi especial.

Vázquez Ramos, Xesús, *O segredo dos homes de pedra*, Barcelona: Casals, col. O Trolebús, nº 10 (a partir de 11 anos), 1998, 122 pp. (ISBN: 84-21-1996-8).

Xesús Vázquez Ramos compuxo esta novela de doce capítulos, nos que se relatan as aventuras de Xoán, un rapaz que pasa uns días de vacacións cos seus pais na aldea onde vive seu avó. O narrador describe con detalle a celebración da noite de San Xoán e as historias e lendas que circulan pola aldea dende tempos moi remotos. A continuación, céntrase na aventura do protagonista e dos seus amigos no castro que está preto da aldea. Alí atopan unha cova cunha serie de pinturas e un pasadizo secreto que os conduce ata un mosteiro, onde descobren as tumbas dos monxes e unha ampla biblioteca con exemplares únicos. A historia remata coa marcha do protagonista e da súa familia á cidade e co comezo das investigacións sobre o achado dos rapaces e rapazas da aldea.

Yuca, *A longa viaxe*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 101, serie verde (a partir dos 9 anos e para adultos), xuño 1998, 176 pp. (ISBN: 84-8288 202-3).

Novela de viaxes que Yuca (Couso-San Andrés de Xeve) estructura en catorce capítulos nos que unha adolescente galega, chamada Yuca como a autora, conta en primeira persoa a súa viaxe en tren ata a China para visitar a Feng, o avó de Kaiying, estudiante en Madrid e acompañante de Yuca no traxecto. Combínase a descrición de paisaxes coa narración de diversas situacións e peripecias ocorridas durante o percorrido e os transbordos en París, Berlín, Moscova e Irkustsk. Ó longo da novela asistimos a un progresivo coñecemento entre os protagonistas que desemboca no namoramento. Ó mesmo tempo o lector recibe información sobre a cultura e a historia dos distintos pobos cos que entran en contacto Yuca e Kaiying: eslavos, rusos, mongois e chineses, cos que a relación é amistosa e solidaria. No anexo inclúense unhas notas sobre as actividades de Médicos Sin Fronteras, organización non gobernamental á que se destinan os beneficios de *A longa viaxe.*

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “La presentación de “A longa viaxe” se convirtió en una llamada a la solidaridad”, *Diario de Pontevedra*, 19 decembro 1998, p. 18.

Infórmase da presentación do libro en Marín, na que interviron José Ruiz Guirado, representando á Editorial Galaxia, e Margarita Trunk, quen falou sobre a realización e o contido do libro. Tamén se dá conta da participación de Xosé Neira Cruz, quen ademais de falar da importancia da literatura infantil, salientou que o libro “é unha longa viaxe, pero cara á solidariedade”, xa que os beneficios do mesmo destínanse á ONG “Médicos sin fronteras”.

Bea Padín, Iván Luís, *Como o meu reflexo nun espello*, ilust. Guadalupe Martínez Méndez, Pontevedra: Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia (UCETAG), outubro 1998, 30 pp. (ISBN: 84-922542-2-X).

Relato conducido en primeira persoa pola protagonista, unha adolescente chamada Deli. Iván Luís Bea Padín sitúa esta personaxe nunha actitude intensamente meditativa e reflexiva por mor dunha vida marcada pola dureza coa que seu pai se comporta con ela e con súa nai. A narración avanza envolta nun ton lírico e melancólico e esta existencia incómoda e tediosa parece querer mudar ó coñecer Deli un rapaz que lle fai sentir cousas ata entón descoñecidas para ela. Sen embargo, ante o suicidio da súa nai, a protagonista vese superada por un sentimento de vinganza que culmina co asasinato do seu proxenitor.

Fidalgo Suárez, Isabel, *Furacazolos e Botaborrallas*, ilust. Suso Blanco Cubeiro, Santiago de Compostela: Servicio Galego de Promoción de Igualdade do Home e da Muller, 1998, 16 pp. (D. L: C-1818/1998). ▫

Relato fantástico no que conta como dous trasnos, Furacazolos e Botaborrallas, un can chamado Lolo e unha gata, Carmela, que comparten piso e as tarefas do fogar, salvan, gracias á súa intelixencia e non a súa maxia, a unha albanela, que chamaran para arranxar unha goteira, de caer ó chan dende o tellado da casa. Ó final calman os choros do compañeiro desta, angustiado polo que puido sucederlle á rapaza, e baixan á azotea o niño con pitos que provocara a goteira. Estas dan unha lectura visual da historia incluíndo aspectos inexistentes no texto escrito como os numerosos personaxes, meros observadores, que acompañan ós principais en todo momento.

Neira Cruz, Xosé, *María está a pinta-lo mar,* ilust. Noemí López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1998, 22 pp. (D. L.: C-2132/1998). ¤

Neste conto ilustrado, Xosé A. Neira Cruz (Santiago, 1968) e Noemí López (Xixón, 1974), responderon nunha comuñón texto-ilustración, con tenrura, sentimento e cariño ó desexo de velo mar dunha nena en estado terminal. Neira Cruz realiza un texto a partir dun debuxo do mar de María Pel de Azucre no que se reflictían cons, illas, barcos e sobre todo arroaces, tan do gusto dos nenos e nenas da ría de Muros e Noia. Relátase como María tivo que pasar, sen saber porqué, a unha gaiola branca sen os seus familiares máis próximos; como aceptou as explicacións que lle deu a enfermeira da súa situación e como se incorporou á escola do Hospital. Nesta escola topou unha fada-mestra que lle ensinou a soñar facendo pinturas do mar. Nun deses soños relaciónase cunha vella que lle deu unha beberaxe para cura-la efermidade e lle ensinou moitas cousas da vida do mar para que lle fose ben nela. Así remata a obra dirixíndose ó lector implícito para que se preguntan por María diga que “está a pinta-lo mar”.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

1. Narrativa
1. 2. Reedicións

Avi, *As confesións de Carlota Doyle*, trad. Miguel Pérez Romero, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 10, 1998, 210 pp. (ISBN: 84-8288-178-7).

Gracias a esta terceira edición, volvemos atopar de novo en lingua galega esta novela de aventuras mariñeiras de Avi, publicada por vez primeira no ano 1990. Carlota Doyle, unha rapaza de 13 anos de idade pertencente a unha familia adiñeirada americana, terá que facer unha viaxe a través do Atlántico para poder desprazarse de Liverpol (Gran Bretaña) a Providence (Estados Unidos), coa finalidade de reunirse coa súa familia. Realizou esta viaxe no barco Seahwk, capitaneado polo señor Jaggery, que era un home temido por tódolos mariñeiros. O acontecemento dunha serie de sucesos ó longo da viaxe, fará que Carlota se converta nun membro máis da tripulación e finalmente, no capitán da embarcación. Chegará ó seu destino sa e salva, mais a súa inadaptación ó seu medio familiar, fará que tome unha decisión que mudará a traxectoria da súa vida.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Aventuras no mar ao estilo de Poe ou Stevenson”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 49, 21 marzo 1998, p. 2.

Informa da publicación da obra de Avi e ofrece un resumo desta novela, protagonizada por unha rapaza de trece anos que realiza unha viaxe chea de sucesos terribles. Salienta que esta obra consagrou a Avi como escritor.

Casalderrey, Fina, *Mutacións xenéticas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 28, novembro 1998, 139 pp. (ISBN: 84-8302-313-X).

Reedición desta novela de Fina Casalderrey (Xeve, 1951), que viu a luz por primeira vez en 1991 na colección “Narrativa” da Editorial Vía Láctea co título *Mutacións xenéticas. Os ladróns da ciencia*. Nesta nova edición, ademais do cambio no título, desaparecen tamén as ilustracións de Norberto Fernández Serrano, acúrtanse considerablemente os títulos de cada un dos capítulos e, á parte das oportunas correccións lingüísticas, hai bastantes cambios na redacción do texto. Hadrián vai pasa-lo verán co seu avó a un pobo de Fisterra. Ó que nun principio lle parece unha experiencia aburrida cun descoñecido vaise converter nunha aventura coa que logrará salva-lo mundo da mala ultilización da manipulación xenética cos animais.

Kropp, Paul, *Moonkid e Liberty* (*Moonkid and Liberty*, 1988), trad. Uxía García Cameselle, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 11, febreiro 1998, 191 pp. (ISBN: 84-8288-177-9).

Reedición e publicación nunha nova colección desta novela de Paul Kropp (Toronto, 1948) que viu a súa primeira edición en galego no 1991. Está estructurada en vintecatro capítulos sen título e narrados alternativamente por Libby e por Ian, os dous adolescentes protagonistas da obra. Ó longo dun curso escolar os dous irmáns enfróntanse a problemas comúns desta idade dende distintos puntos de vista; mentres que Ian se deixa levar polos nostálxicos ideais hippies do pai, Libby é unha moza máis do seu tempo; preocúpase pola súa imaxe, ten un importante grupo de amigas e aspira a converterse nunha rica muller no futuro. A actitude do rapaz, unida á súa teima de crerse un alieníxena provocarán numerosos problemas de integración no instituto, ademais do atentado contra a librería do pai. Unha visita á nai, importante executiva despois de separarse do seu home, resulta transcendental para que os dous irmáns se sintan cada vez máis unidos entre eles e tamén a seu pai.

Referencias varias:

-Manuel Ocaña, “Moonkid e Liberty”, *Redacción Xove*, nº 13, “Revista”, abril 1998, p. 11.

Despois de facer un breve resumo do argumento do libro e deterse nos personaxes principais, recomenda a súa lectura a que cualifica de “amena” e salienta a innovación da súa narración.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 3. Narradores traducidos ou versionados

Abril, Paco, *¿Sodes vós os Reis Magos? (¿Sois vosotros los Reyes Magos?*, 1998), versión galega Daniel Rozados, ilust. Mª Luisa Torcida, Vigo: Galaxia/ Editores Asociados, col. Bambán, nº 13 (a partir de 6 anos), 1998, 23 pp. (ISBN: 84-8288-228-7).

Cóntase nesta obra o que lle ocorre a Alba un día de primavera cando sae soa á rúa por terceira vez na súa vida. Atópase alí con Melchor, Gaspar e Baltasar, personaxes cos que conversa e que a agasallan cunha caixa máxica portadora da felicidade, cun elefante da sorte e cunha alfombra máxica. Volve con todo isto á casa e relátalle á incrédula nai o acontecido. Preséntase o volume cunha tipografía de letra grande e páxinas de ilustracións alternando coas de texto.

Amo, Montserrat del, *Mao Tiang. Pelos Tesos*, trad. Xosefa Senín, ilust. Fátima García, obradoiro de lectura Manuel Artigot, A Coruña: Bruño, col. Altamar, nº 31, serie contos (a partir de oito anos), 1998, 104 pp. (ISBN: 84-216-3419-4).

Libro con abundantes ilustracións precedido dunha nota na que Montserrat del Amo (Madrid, 1927) sinala que pese á apariencia de conto popular trátase dunha invención súa e expresa o seu desexo de que sexa contado e siga adiante a través do tempo. Nárrase a historia de Mao Tiang Pelos Tesos, un rapaz que vive nunha aldea da China á que un día chega un cabaleiro para informar que a emperatriz busca un bo marido para a princesa. O rapaz, ó que se lle agoira poucas posibilidades de éxito, decide participar nas probas de selección e trasládase a Pequín, onde milleiros de candidatos se agolpan ás portas do pazo imperial. Feitas as probas, os conselleiros do Imperio teñen claro o nome de dous dos tres finalistas e, ante a mediocridade do resto dos concursantes, deciden escoller tamén a Mao Tiang, pois sobresae ó se-lo máis “pobre”, “despistado”, “simple” e “fracasado”. Levados os tres finalistas xunto da princesa Yin Li, o primeiro ofrécelle como agasallo unha provincia e o segundo unha mina de perlas. Pelos Tesos, pola súa parte, ofrécelle “o florecer dun loto en primavera”. Yin Li escolle como marido e emperador a Mao Tiang por ser do seu gusto o agasallo e polo valor mostrado lanzándose ó río

no medio da enchente e salvando e defendendo a debilidade da flor ante a riada. Pecha o volume o habitual “Obradoiro de lectura”.

Ballaz, Jesús, *O último voo*, Iº Premio Leer es vivir Xuvenil 1997, trad. Antonio Pichel, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 1998, 119 pp. (ISBN: 84-403-0386-6).

Jesús Ballaz (Liédena, Navarra, 1946) cóntano-la fuxida de Kenor, un rapaz de quince anos que oculta a súa identidade baixo este nome falso para poder fuxir do seu país. Escapa dunha situación política e social abafante e dunha realidade tinxida de fanatismo e intolerancia. O seu plan consiste en saír en avión do país, para o cal decide achegarse ó aeroporto de Karella, pero o seu proxecto vese frustrado cando é descuberto polo garda do aeroporto e polo piloto quen, lonxe de delatalo, actuarán como cómplices dunha fuxida masiva de persoas. Mentres Kenor agarda que o avión consiga o permiso para despegar, vai lembrando as súas vivencias na vila natal, os seus amigos, o seu irmán, admirado e odiado ó tempo polo seu compromiso político, e a súa determinación de escapar. A narración preséntase en capítulos que alternan as escenas no aeroporto coas lembranzas de Kenor, narradas en terceira e primeira persoa, respectivamente.

Ballesteros, Xosé, *O coelliño branco*, ilust. Óscar Villán, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, xullo 1998, [28 pp.]. (ISBN: 84 95123-08-8).

Versión de Xosé Ballesteros (Vigo, 1956) dun conto popular portugués no que se conta a historia dun coello que un día atopa a súa casa ocupada por unha cabra que non o deixa entrar. O protagonista busca a axuda dun touro, dun can e dun galo, pero todos se negan por medo á cabra. Será unha formiga a que consiga expulsa-la intrusa e recupera-la normalidade. Trátase dun volume de pastas duras con ilustracións a toda páxina, que mostra estructuras repetitivas, rimáticas e diálogos abundantes, que fan que se inclúa no grupo de lecturas dos primeiros lectores.

Bichsel, Peter, *Cousas da rapazada*, trad. Marga Romero e Joachim Wormuth, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil-Xuvenil, serie azul (a partir de 12 anos), decembro 1998, 95 pp. (ISBN: 84-8224-219-9).

Este volume Peter Bichsel (Lucerna, 1935) reúne sete relalos nos que os protagonistas teñen en común vivi-la realidade dun xeito diferente os demais. Son personaxes singulares, antiheroes cun certo ton de tristeza que non se conforman co mundo que lles rodea e deciden cambialo, como o protagonista de “Unha mesa é unha mesa”, que para rompe-la monotonía da súa existencia decide cambiarlle o nome as cousas. Outros personaxes como o “Inventor”, incapaz de adaptarse a época actual, empéñase en sorprende-la xente con inventos que xa están inventados ou o home do primeiro relato, “A terra é redonda”, que quere emprender unha gran viaxe para descubrir que a terra é redonda. “América non existe” é unha divertida adaptación do descubrimento de América, onde Colón é no relato Columbín. “O home coa memoria”, “Iódok manda recordos” e “O home que non quería saber nada”, completan o libro.

Bordóns, Paloma, *Demos en camiseta (Demonios en camiseta*, 1998), ilust. Sergio García, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 16 (a partir de 6 anos), 1998, 43 pp. (ISBN: 84-8116-545-X).

Nesta historia de Paloma Bordóns (Madrid, 1964), nárrase a historia do señor Garambaina, propietario dunha fábrica de osos de peluche, a quen todo o mundo lle ten medo cando berra a excepción do seu neto Quico que acaba de nacer. Cando o señor Garambaina está co seu neto, convértese no cariñoso e doce avó Garambaina. O seu enfado habitual vén motivado porque se decata de que se está a facer vello sen remedio, de aí as excentricidades cos seus empregados na fábrica. Pero o que máis lle importa no mundo son as visitas cada domingo ó seu neto; por iso, non para ata lograr que Quico non chore co oso falador que lle regala.

Calleja, Seve, *Anxo da garda, non me torzas a cara (Ángel de la guarda, no me des la espalda*, 1998), adapt. ó galego Rosa Moreiras Cuñarro, ilust. Teresa Novoa, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 1998, 96 pp. (ISBN: 84-403-0388-2).

Desenvolve este relato de Seve Calleja (Zamora, 1953) o tema dos medos infantís provocados pola competencia que se crea entre irmáns para consegui-la atención dos pais. Torcuato, alcumado o “Trescuartos”, relata en primeira persoa as súas experiencias a partir de que coñece que seu irmán xemelgo Luís é en realidade o seu anxo da garda. Como son moi distintos rifan moito e Torcuato mostra o seu descontento escribindo poemas que lle dedica ó seu irmán. Un día, Luís desaparece e seus pais deciden ir ó Vaticano para lle pedir un milagre ó Papa. Na entrevista Torcuato queda sen querer co seu anel e daquela pon un anuncio para ver se aparece algún anxo da garda que lle axude a devolvelo. Finalmente conségueo gracias á axuda do anxo Lagarteiro e, tras moitas peticións en forma de poema, seu irmán aparece convertido nun fachendoso. Torcuato, celoso do trato de favor que lle dan seus pais, decide portarse cada vez mellor para pasar desapercibido e marchar da casa pero, ó final, é seu irmán quen lle pide que muden os papeis. Torcuato será a partir dese momento o anxo da garda de seu irmán.

Coelho, Paulo, *O alquimista* (*O alquimista*, 1998), trad. Ana Belén Costas Vila e Eva Lozano Carpente, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 15, xullo 1998, 198 pp. (ISBN: 84-8288-215-5).

Novela de Paulo Coelho (Brasil, 1947) que consta dun limiar, dúas partes, un prólogo e un epílogo. No limiar, o autor explica que se trata dun “relato filosófico de carácter simbólico” co que pretende transmiti-los seus coñecementos de alquimia e, ó mesmo tempo, homenaxear a escritores como Hemingway, Blake ou Borges, entre outros. No prólogo alúdese a unha versión que fixo Oscar Wilde da historia de Narciso. A continuación, comeza a historia protagonizada por Santiago, un rapaz que quixo ser pastor para viaxar e coñecer mundo. Dedica a súa vida a percorre-las terras de Andalucía coas súas ovellas e a venderlles a la ós comerciantes. Unha noite ten un soño no que un neno lle di que atopará un tesouro nas pirámides de Exipto e un vello rei, que atopa na praza dunha pequena vila, aconséllalle que persiga o seu soño. Deste xeito, decide cruza-la fronteira e coñece a un alquimista nun oasis que o acompaña ata as pirámides. Polo camiño ensínalle a escoita-lo que lle di o seu propio corazón e a interpreta-los distintos sinais que atopou polo camiño. Para rematar, no epílogo, cóntase como o pastor volve a España e atopa o seu tesouro nunha igrexa na que xa estivera coas súas ovellas en moitas ocasións. O vello rei, que

aparece preto da igrexa, confésalle que el xa sabía ónde estaba o seu tesouro pero que non llo dixo antes para que aproveitase a oportunidade de aprender e de coñece-las pirámides de Exipto.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Unha fábula transparente sobre o ser humano”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 69, 22 agosto 1998, p. 2.

Presenta a novela aludindo á súa boa acollida e comenta que esta obra se achega a esa literatura de viaxes iniciáticas. Remata ofrecendo unha serie de notas biobibliográficas deste escritor brasileiro.

-F. Martínez Bouzas, “O alquimista”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 32, 22 outubro 1998, p. 6.

Comeza felicitando á Editorial Galaxia pola publicación, en galego, desta obra de Paulo Coello, “á par que en español”, e comentando a importancia de que os clásicos sexan traducidos á nosa lingua. Fala despois do grande éxito internacional de *O alquimista* e indica “os alicerces filosóficos” do libro. Inclúe tamén as súas claves temáticas —reflexións sobre a condición humana, a gran fortuna do amor, consideracións sobre os horizontes utópicos da nosa existencia, etc.— e os destinatarios da obra.

Referencias varias:

-Xavier Alcalá, “A Paulo Coelho (Río de Janeiro)”, *Galicia en el mundo*, “Cartas aos amigos”, 24-30 agosto 1999, p. 2.

Establece un diálogo a xeito de carta con Paulo Coelho con motivo da traducción ó galego de *O alquimista* e da futura versión galega de *Diario dun mago. O peregrino a Compostela*, facéndoo partícipe das ideas dos profesores Manuel Rodriguez Lapa, Ernesto Guerra da Cal e Carvallo Calero respecto ó galego e ó mundo da lusofonía. Conclúe agradecéndolle a mensaxe da súas obras.

Coelho, Paulo, *O peregrino a Compostela. Diario dun mago* (*O diário de um mago*, 1987), prefacio de Claudia Castello Branco, trad. Ana Belén Costas Vila e Eva Lozano Carpente, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 18, outubro 1998, 257 pp. (ISBN: 84-8288-238-4).

Segunda incursión de Paulo Coelho (Rio de Janeiro, 1947) no mundo literario galego, despois de que neste mesmo ano vise tamén a luz a versión galega de *O alquimista*. Preséntase a obra cun "Prefacio" asinado por Claudia Castello Branco no que describe a temática da obra e as características de Paulo, o personaxe central. Ó longo dos quince capítulos titulados, do prólogo e do epílogo, un narrador protagonista relata en primeira persoa as experiencias vividas durante o seu percorrido polo Camiño de Santiago. O protagonista brasileiro, Paulo, vese na obriga de percorrer este traxecto para acha-la espada que lle permita ser nomeado mestre e cabaleiro da orde de RAM, "R de Rigor, A de Amor e M de Misericordia; R de Regnum, A de Agnus, M de Mundi". Durante boa parte desta viaxe iniciática dende Francia a Compostela, vai acompañado do seu mestre Petrus que lle serve de guieiro, ademais de lle da-las instruccións para unha serie de "rituais" e exercicios cos que consegui-la espada e converte-los soños en realidades. *O peregrino a Compostela* xurdiu despois de que Paulo Coelho fixese o Camiño Francés en 1986,

feito que lle permitiu a este autor fluminense incluír datos históricos, lendarios e haxiográficos referidos ás distintas zonas polas que atravesa a Ruta Xacobea. A novela mestura trazos do libro de viaxes con outros propios da novela de autoformación, como a progresiva madurez que vai adquirindo o protagonista.

Referencias varias:

-B. F., “Coelho define el Camino de Santiago como un símbolo de la perseverancia”, *El Ideal Gallego*, 6 outubro 1998, p. 67.

Comenta a presentación de *O peregrino a Compostela*, de Paulo Coelho. A continuación, ofrécese un pequeno resumo argumental da obra citada, así como doutra do mesmo autor, tamén verquida ó galego: *O alquimista.* Finalmente, o Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, afirma que a obra contribuíu a promociona-la ruta xacobea, sobre todo, nos países sudamericanos.

-A. C. M., “Editorial Galaxia y Cultura traducen ‘O peregrino a Compostela’ de Coelho”, *El Mundo. Galicia*, 6 outubro 1998, p. 9.

Infórmase da traducción ó galego de *O peregrino a Compostela* e *O alquimista*, publicadas en Brasil nos anos 1987 e 1988, respectivamente. Céntrase na presentación de *O peregrino a Compostela* que o escritor comezou a escribir, despois dunha viaxe á cidade. Inclúense, así mesmo, algunhas notas

biográficas do autor das obras e, finalmente, coméntase que Paulo Coelho foi obsequiado coa Medalla de Galicia.

-M. Blanco Rivas, “Na procura do espiritual a través do camiño de Santiago”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 76, 10 outubro 1998, p. 6.

Alude, brevemente, á publicación de*O peregrino a Compostela. Diario dun mago*. Saliéntase que o libro, igual que ocorre en *O alquimista*, do mesmo autor, trata da “busca permanente, da viaxe como encontro con nós mesmos”. A continuación detense no argumento da obra e, finalmente, reflexiona sobre algunhas das características dos libros deste autor brasileiro.

Company, Mercé, *Os dentes de león*, Finalista do Premio Nacional da Ilustración 1994/Premio da Generalitat de Cataluña/Lista de Honra do IBBY, obradoiro de lectura de Pilar Careaga, trad. Xavier Senín, ilust. Agustí Asensio, A Coruña: Bruño, col. Altamar, nº 28, serie aventuras (a partir de 6 anos), 59 pp. (ISBN: 84-216-3184-5).

Ábrese este volume co apartado “Fai o teu propio ficheiro” onde a escritora facilita algúns datos biobibliográficos e con “Para ti” onde lembra por medio dun poema as dificultades na súa época como lectora infantil e xuvenil e desexa que este libro entusiasme ó lectorado ata o punto de facerlles “cochegas” na súa imaxinación. Este relato, de Mercé Company (Gracia, Barcelona,), finalista do Premio Nacional da Ilustración 1994, galardoado co Premio da Generalitat de Cataluña e incluído na Lista de Honra, estructúrase en oito capítulos nos que a autora mestura o real co fantástico. Nel relátanse as anécdotas vividas por un neno, Xervesio Moreira, durante a súa viaxe a África acompañado de Patricia, unha muller que atopa no interior dunha das cabezas de elefante disecadas do seu cuarto, e do seu flamengo rosa co fin de devolverlle os dentes a un león, que o seu tío Xaquín cazara anos antes. Ademais cóntase como Xervasio perde o ter medo

ás cabezas de elefante ó entender na viaxe que son meras réplicas de plástico. Cérrase o volume cun “Obradoiro de lectura”, de Pilar Careaga, estructurado en tres apartados: “A casa dos tíos”, “O medo” e “As aventuras de Xervasio” nos que se propoñen diferentes actividades relacionadas coa temática e os personaxes da historia.

Chollat, Emilie e Olivier **Douzou**, *O Desfile* (*Le Défilé*, 1995), trad. e adapt. Marisa Núñez e Xosé M. González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, abril 1998, 41 pp. (ISBN: 84-95123-04-5).

Émilie Chollat e Olivier Douzou presentan neste conto a anécdota vivida polo protagonista e a súa familia o día que desfilaba o rei. Eles son desprazados pola xente importante do lugar dende onde desexaban ver e estaba previsto que parase o desfile real. Esta inxustiza, casualmente, permitiralles se-los primeiros en velo ó cambia-lo itinerario de tal desfile.

Durán, Teresa, *Mila vai á escola (La Mila va a l'escola*, 1998), versión galega: Damián Villalaín, ilust. Pep Montserrat, Vigo: Galaxia, col. Bambán, nº 16 (a partir de 6 anos), 1998, 23 pp. (ISBN: 84-8288-229-5).

Teresa Durán (Barcelona, 1949) relata a historia de Mila non seu primeiro día de clase. Mila non sabe falar catalán pois é de orixe búlgara polo que se sente moi frustrada cando pide leite no seu idioma e ninguén a entende. Ela séntese estraña e asustada pero pronto logrará integrarse gracias ó cariño da profesora e os compañeiros porque "ás veces, unha palabra abonda para facerse amigos".

Farias, Juan, *A pousada do sétimo día*, trad. Xavier Senín Fernández, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, outubro 1998, 120 pp. (ISBN: 84-403-0385-8).

Juan Farias (Serantes, Ferrol, 1935) ofrece nesta ocasión un relato fantástico que parte dunha situación de oralidade. En once cadernos e a medio camiño entre a realidade e o soño, un vello profesor de filosofía xa retirado, de nome Ciríaco, conta a historia da aparición das ánimas en pena, cada 25 de xullo dos anos Xacobeos, na taberna do Suso alá na Serra da Loba. Alí se congregan un político de Lugo, o pintor Piero de Padua, unha muller vella e altiva, Griselda e o narrador, espectador que coñece á lus do candil cada unha das historias destes personaxes. Todos eles, mesmo o taberneiro, o seu neto parvo e a vella que o acompaña, foron castigados á peregrinaxe sen fin por emprende-lo camiño con propósitos pecadentos, dominados pola avaricia, a envexa, a vinganza, a trampa e a tacañería. O vagar destas ánimas en pena, a presencia da taberna fantasma e a redención da pena do pousadeiro, castigado a ofrecer caridade, introducen ó lector no mundo máxico e lendario que rodea ó Camiño.

Fluixá, Josep Antoni, *O pirata naufragado* (*El pirata naufragat*), versión galega Daniel Rozados, ilust. Enric Solbes, Vigo: Galaxia, col. Bambán, nº 14 (a partir de seis anos), 1998, 23 pp. (ISBN: 84-8288-226-0).

Neste volume de Josep Antoni Fluixá cóntase a historia de Filibert, o fillo de dous corsarios moi coñecidos que sempre viviu no barco pirata onde naceu polo que non coñece outra vida. Pero nos tempos que corren ningúen quere zarpar con el e participar nas súas aventuras. Por fin consegue reunir un grupo de inexpertos sen outro traballo pero as cousas non van ben e un día o barco afunde e como non sabe nadar queda atrapado na Illa da Palmeira ata que unha fermosa rapazola vaino rescatar na súa lancha motorizada.

Goscinny e **Uderzo**, *Astérix e o fouciño de ouro* (*La serpe d'or*, 1961), trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S. A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1998, 48 pp. (ISBN:84-8288-184-1).

Nesta nova aventura os heroes galos teñen que viaxar a Lutecia para mercar un fouciño de ouro, necesario para corta-lo visgo co que Panorámix elabora a poción máxica. Astérix e Obélix superan tódalas dificultades que van xurdindo ó longo do traxecto e conseguen chegar ó seu destino. Xa alí atópanse con que unha rede de traficantes de fouciños de ouro ten retido e escravizado a Gadáñix, o principal fabricante. Como nas anteriores entregas, os dous galos conseguen o seu obxectivo a base de combinar forza e intelixencia. O humor vén dado pola adaptación de realidades do mundo actual á época na que transcorre a historia, o ano cincuenta antes de Xesucristo.

Goscinny e **Uderzo**, *Astérix na terra dos belgas* (*Astérix chez les belges*, 1961), trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S. A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1998, 48 pp. (ISBN:84-8288 185-X).

Nesta ocasión acompañado de Astérix e Obélix, Abraracúrcix, xefe dos galos, viaxa ó pobo dos belgas ó enterarse que o Cesar afirmaba que o pobo máis valente era o dos belgas e que os romanos ían á zona da Galia a descansar. Cando chegan a Bélxica, os dous xefes, galo e belga, organizan un concurso para dilucidar cál dos dous pobos é o máis valente, pero este non foi efectivo e deixan a decisión nas mans do propio Cesar despois de combater contra el. Este a pesar de estar enfadado pola derrota dos seus homes é incapaz de inclinarse por ningunha das dúas tribus. Ó final galos e belgas chegan á conclusión de que posúen o mesmo valor e deciden celebralo cunha gran festa.

Goscinny e **Uderzo**, *O regalo do César,* (*Le cadeau de César*, 1961), trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S. A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1998, 48 pp. (ISBN:84-8288-182-5).

Un novo episodio ten lugar na aldea gala de Astérix. Desta volta todo comeza cando Xulio César lles regala terras ós seus soldados asignándolle-la aldea gala ó “borrachuzas” Pontisvedrescus. Pero a este soldado o que lle interesa é o viño, así que estando nunha taberna sen diñeiro cambiálle o título de propiedade a cambio de máis viño. O taberneiro, de orixe gala, e de nome Ortopédix, acepta e chega á aldea co propósito de expulsa-los veciños e facer solares. Créase así un conflicto entre o suposto propietario e o xefe Abraracúrix, polo que deciden convocar unhas eleccións para ver quen será o xefe, co cal se crea unha división no pobo entre partidarios dun ou doutro. Entretanto chega á aldea Pontisvedrescus para reclama-la súa aldea pero Astérix encárgase de lle poñe-las cousas claras. A raíz disto os romanos intentan ataca-la aldea e os galos comprenden entón que deben de estar unidos para derrotaren o inimigo como ó final ocorre.

Goscinny e **Uderzo**, *A volta á Galia de Astérix* (*Le tour de Gaule d'Astérix*, 1961), trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S. A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1998, 48 pp. (ISBN:84 8288-183-3).

A vida transcorre de modo apracible na aldea de Astérix e Obélix, ata que un enviado especial de Xulio César, o inspector Lucius Arteixus, chega para atacala e somete-los seus habitantes. Logo de ter lugar unha batalla na que como de costume os galos acabarán derrotando os romanos, estes construirán unha cerca para que os seus inimigos non poidan saír do seu territorio. Astérix enfurecido polo que os romanos estaban facendo, retaraos a que saian da aldea e darán a volta á toda a Galia, traéndolle unha especialidade de cada rexión. Así que despois de pensar nun plan, burlarán os romanos, e Astérix e Obélix protagonizando unha serie de aventuras e vicisitudes a través de toda a Galia, ganarán a súa aposta.

Grimm W. e J., *Contos de Grimm*, (col. 1812-1817), introd. Gustavo Martín Garzo, trad. Xabier R. Baixeras, ilust. Javier Serrano, Miguelanxo Prado, Silvia Blanco, Fino Lorenzo, Tino Gatagán, Javier Zabala, Pablo Amargo, Miguel Calatayud, Jesús Gabán, Federico Delicado e María Jesús Santos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 1998, 237 pp. (ISBN: 84-8302-321-0).

Recompilación de vinte dos contos máis coñecidos dos irmáns Grimm, Jacob (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín, 1863) e Wilhelm (Hanau-Alemaña, 1786-Berlín, 1859). O libro iníciase cunha introducción de Gustavo Martín Garzo titulada “Teoría do final feliz”. Nela compara os finais dos contos dos irmáns Grimm con outros como os de Perrault ou Andersen. Para Martín Garzo, Perrault pretende ser moralista e, ás veces, a súa voz imponse á do narrador; no caso de Andersen, afirma que se serve dos contos “para falar da súa vida máis agochada, e esta non foi feliz, nin espaciosa, nin chea de aventuras”. Pola contra, os irmáns Grimm reescribiron os contos tradicionais que teñen un final feliz. A continuación, analiza, con certo detalle, algúns dos contos: “O paxaro de ouro”, “Brancaneves” ou “A nena dos gansos”, entre outros. A seguir, reprodúcense os vinte contos, con grandes ilustracións a cor. Trátase de: “O lobo e os sete cabritos”, “O fiel

Xoán”, “Nabiña”, “Hänsel e Gretel”, “O pescador e a súa muller”, “O xastriño valente”, “A Cincenta”, “Carapuchiña Vermella”, “Os músicos de Bremen”, “Polgariño”, “A viaxe de Polgariño”, “Os seis cisnes”, “A Bela Dormente”, “Brancaneves”, “O paxaro de ouro”, “A raíña das abellas”, “A laverca canteira e saltareira”, “A nena dos gansos”, “Brancaneves e Rosavermella” e “Os mensaxeiros da morte”. Para rematar, no apéndice titulado “Os irmáns Grimm. Lembranzas de Herman Grimm”, ofrécese unha ampla biografía dos dous escritores alemáns, da man de Herman, fillo de Wilhelm Grimm.

Grimm, J e W., *O anano saltareiro*, adaptación de Tareixa Alonso, ilust. Fernando L. Juárez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, outubro 1998, [33 pp.]. (ISBN: 84-95123-22-3).

Adaptación dun relato dos irmáns Grimm, Jacob (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín, 1863) e Wilhelm (Hanau-Alemaña, 1786-Berlín, 1859)no que se conta a historia da filla dun muiñeiro, que tras dicirlle ó seu pai ó rei, que sabía fiar palla e convertela en ouro, levaraa con el para que realizase tal prodixio. Asustada ante o que tiña que facer, empezou a chorar, cando lle apareceu un trasno que lle dixo que se ela lle daba o seu colar, el faría o que se lle pedía. E así, a cambio de certos agasallos, o trasno seguiu axudando á muiñeira, ata o momento en que acaba e lle pide que cando teña o seu primeiro fillo, llo debería entregar. Nacido este, despois de ter casado a rapaza o trasno aparece para esixilo. Logo de implorarlle que non llo leve, o trasno proponlle que se acertaba o seu nome en tres días, esquecería a promesa. Finalmente, gracias á axuda do emisario, a nova raíña sabe que se chamaba o Anano Saltareiro.

Grimm, J. e W., *O Rei Ra*, adaptación de Alicia Suárez, ilust. Alicia Suárez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, abril 1998, [22 pp.]. (ISBN: 84-923553-9-5).

Nova adaptación dos irmáns Grimm, Jacob (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín, 1863) e Wilhelm (Hanau-Alemaña, 1786-Berlín, 1859), que recolle a historia da princesa que xogaba cunha pelota e un día lle caeu nun estanque. Unha ra recuperoulla ante a promesa feita pola princesa de que lle daría o que quixese. Cando a princesa tivo a pelota incumpriu a súa promesa e un día a ra presentouse no castelo e o rei obrigoulle a súa filla a cumpri-lo prometido. A princesa aceptou que a ra comese do seu prato e bailase nos seus brazos pero non que probase da súa cama. Cando o pai deu volta ela agarrou a ra e tirouna con forza contra unha parede. A ra converteuse nun fermoso príncipe ensinando a lección: “o amor e a beleza están no corazón”.

Grimm, J. e W., *A casiña de chocolate*, adaptación de Xoán Couto, ilust. Macu Fontarigo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, febreiro 1998, [22 pp.]. (ISBN: 84-923553-0-1).

Adaptación do clásico dos irmáns Grimm, Jacob (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín, 1863) e Wilhelm (Hanau-Alemaña, 1786-Berlín, 1859),. que relata a historia de Hänsel e Gretel, abandonados no bosque polo seu pai e pola malvada madrastra. Os nenos van parar a unha casa construída con chocolate e caramelo na que vive unha bruxa. Esta bruxa pretende cebar a Hänsel para comelo. Gretel empuxaa a bruxa e métea dentro do forno, preparado nese momento para cociñar a Gretel. Os irmáns foxen finalmente e ó chegaren á súa casa a madrastra morreu. A partir de entón viven felices xunto ó seu pai.

Grimm, W. e J., *Os sete cabritos*, adaptación de Xosé Ballesteros, ilust. Sofía F. Rodríguez e Ana Míguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, abril 1998, 20 pp. (ISBN: 84-95123-06-1).

Adaptación ó galego do clásico dos irmáns Grimm, Jacob (Hanau-Alemaña, 1785-Berlín, 1863) e Wilhelm (Hanau-Alemaña, 1786-Berlín, 1859). no que se relata a historia de sete cabritos que viven coa súa nai. A aventura comeza cando esta sae a facer compras á aldea e teñen que quedar sós. A pesar de tódalas advertencias que lles dá a nai previndoos contra o lobo, este, moi astuto, engánaos e cómeos a todos menos ó máis pequeno que consegue agocharse tralo reloxo de parede. Cando chega a nai o cativo cóntalle a desgracia pero a nai ármase de valor, van en busca do lobo e liberan ós seus fillos do seu bandullo.

Holzwarth, Werner e Wolf **Erlbruch**, *A toupiña que quería saber quén lle fixera aquilo na cabeza* (*Vom Kleinen Maulwurf, der wissen wollte, wer ihm auf den Kopf gemacht hat*), trad. Frank Meyer, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, 1998, [21 pp.]. (ISBN: 84-95123-00-2).

A través de ilustracións a toda páxina e un texto con escritura caligráfica, relátaseno-la historia da toupiña que, un día, sacando a cabeza por entre unha morea de terra para ver se saíra o sol, caeulle encima da cabeza algo redondo e de cor marrón, que se parecía a un chourizo. Desconcertada ante o sucedido, preguntaralle a certos animais se eles lle fixeran aquilo, respostándolle estes que non e monstrándolle como eles o facían. Logo de ter probado aquilo unhas moscas, saberá que o autor de tal feito fora Xan-Pedro, o can do carniceiro, ó que lle botará unha cagadiña negra na súa cabeza, para feliz e contenta, meterse de novo na terra.

Leroux, Gaston, *O fantasma da ópera (Le Fantôme de L'Opéra,* 1910), trad. e introd. de Ana Luna Alonso e Xoán Manuel Garrido Vilariño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, nº 56, 1998, 316 pp. (ISBN: 84-8302-289-3).

Versión galega da novela de Gaston Leroux (Francia, 1868-1927) na que se relata unha fantástica historia a través dun narrador investigador, un dos novos directores que se incorporan a traballar no edificio da Ópera de Paris, despois de que fora avisado polos directores dimisionarios dun feito insólito: a existencia dun fantasma que habita os baixos da Ópera. A súa presencia desconcerta e asusta ó persoal que traballa no edificio así como os integrantes da compañía polas desgracias que están sucedendo por non cumpri-los mandatos que ordena Erik, o suposto fantasma. A este misterioso personaxe, o cal vive unha existencia tortuosa debido á deformación do seu rostro agochado sempre tras unha careta, móveno dúas grandes paixóns: a música e Christine Daaé, comprometida co vizconde Raoul de Chagny, o cal ten que liberala das súas mans axudado polo Persa. Trátase dunha novela na que se enfrontan as forzas do ben e o mal encarnado por Erik, que se vinga da súa dor e do rexeitamento da súa amada, e que constitúe ademais a incursión do elemento fantástico na narración. O libro inclúe ó comezo unha introducción dos traductores na que sitúan o autor no seu contexto literario, a principios do século XX no que se incorpora, como outros autores, ó triunfo da literatura de aventuras e fantástica que

ten os seus máximos expoñentes en Edgar A. Poe e E.T.A. Hoffmann. De seguido achegan uns breves apuntamentos biográficos do autor e finalmente fan unha análise do argumento, do tipo de narrador e do estilo da novela.

Recensións:

-Xoán Manuel Garrido Vilariño e Ana Luna Alonso, "*O Fantasma da ópera*, Gaston Leroux", *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 4, "Traduccións xustificadas", 1998, pp. 187-192.

Garrido e Luna, traductores desta obra de Leroux, coidan que o feito de verquer textos dunha lingua prestixiada a unha minorizada, francés-galego por exemplo, beneficia a normalización da segunda. Describen paso a paso cómo se elabora unha traducción en equipo sen esquecer sinala-lo papel do cliente-editor e do revisor lingüístico. A seguir, explican como resolveron o problema das formas de tratamento e de expresión da énfase, alén de informar de que preferiron non empregar notas do traductor. Consideran, finalmente, que o seu traballo se acha equidistante entre unha traducción funcional e unha formal.

Lévêque, Anne -Claire e Lynda **Corazza**, *¡Mira que paso!* (*Attention à la marche!*, 1997), trad. e adapt. Marisa Núñez e Xosé M. González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, abril 1998, 34 pp. (ISBN: 84-95123-02-9).

Volume de Anne-Claire Lévêque e Lynda Corazza de pastas duras e amplas ilustracións no que describe en verso un día na cidade. Para que a vida sexa máis divertida propón unha maneira de andar distinta para cada día da semana.

Magalhães, Álvaro, *O Rei Lagarto*, trad. Anxo Angueira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 27, xuño 1998, 167 pp. (ISBN: 84-8302-257-5).

O autor portugués Álvaro Magalhães (Porto, 1951) presenta esta novela dividida en dezanove capítulos e conducida por medio dun narrador omnisciente que parte do ocorrido na casa do Joel, onde hai un suposto espírito que anda a come-los iogures e que se manifesta con letras de Jim Morrison a través dun vello amplificador usado había anos polo pai de Joel, o señor Calafatre, nas actuacións do grupo musical Os Rebeldes. O Joel xunto á Joana e o Jorge (os tres iotas) estrañados co caso coñecen o señor Peixiño, investigador de fenómenos paranormais que anda na busca da secta do Amañecer Dourado, grupo liderado polo Rei Lagarto e que predica a inminencia da fin do mundo. Xunto co Señor Peixiño os tres mozos van vivir unha aventura trepidante envolta de intriga, humor e ironía que os levará por ambientes sórdidos e misteriosos ata caeren prisioneiros dos réptiles. Logo de fuxiren presenciarán unha actuación dos agora nostálxicos Rebeldes, grupo musical seguidor dos Doors, polo amplificador do cal se volven a oír misteriosas mensaxes que poñerán o camiño da pista definitiva. O desenlace ten lugar nas Illas Azores onde a secta fracasará e onde se prevé da man do Rei Lagarto e os seus adeptos a fin do mundo e o inicio do reinado réptil.

Martín, Andreu, *Ideas de bombeiro* (*Ideas de bombero*, 1998), Finalista Premio Edebé de Literatura Infantil, trad. Pilar Saborido, ilust. Horacio Elena, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 9, outubro 1998, 180 pp. (ISBN: 84-8116 670-7).

Andreu Martín (Barcelona, 1949), explica nunha nota previa as tres posibilidades distintas de ler esta obra: seguindo a orde correlativa das páxinas, seguindo a orde dos capítulos numerados co sistema arábigo e, finalmente, polos capítulos numerados con romanos, segundo queiramos te-la perspectiva de Carme Mallofré ou a de Guillerme Reynal. Estes dous protagonistas, noivos, compañeiros de instituto e amigos das bromas, narran alternadamente os acontecementos que lle ocorren a comezos dun verán. Cando a familia de Guille estaba disposta para marchar de vacacións á Costa Azul, reciben a inesperada visita dunha banda de atracadores liderados por Mister Ideas de Bombeiro. Isto vai provocar que Carme indague o que está a ocorrer na casa de Guille ata verse inmersa tamén no secuestro. Despois de varias escenas presididas polo humorismo e o engano, a situación resólvese gracias á habelencia e coordinación dos dous rapaces.

Martín, Andreu e Jaume **Ribera**, *Flanagan 007* (*Flanagan 007*, 1998), trad. Mª Dolores Martínez Torres, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 29, novembro 1998, 201 pp. (ISBN: 84-8302-314-8).

Os escritores Andreu Martín (Barcelona, 1949) e Jaume Ribera (Sabadell, 1953) achégannos unha nova historia protatonizada por Flanagan. Desta volta este mozo deberá resolve-lo secuestro da súa irmá o que o leva a se trasladar de Barcelona a Madrid, onde ten lugar a acción. Primeiramente semella que tanto a irmá, Pilar, como o seu mozo desapareceron ó roubaren unha partida de cartos dunha ONG destinados á axuda en Somalia. A partir de aquí vai ter lugar unha acción trepidante marcada pola intriga cun narrador en primeira persoa e na que se dan a man a audacia de Flanagan e unha forte presencia do humor. Coa axuda dunha moza que coñece no tren comprobará que se trata dun mal uso dos fondos da organización en relación cunha industria de medicamentos dispostos a colaborar cun señor da guerra na procura de armas. No fondo están presentes o debate sobre o papel das potencias mundiais con respecto ó terceiro mundo, a validez das organizacións gobernamentais ou o negocio agochado detrás dos conflictos bélicos.

McKee, David, *As cores de Elmer* (*Elmer's Colours*, 1994), trad. Montserrat Paz, ilust. David McKee, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, [13 pp.]. (ISBN: 84-8302-264-8).

Álbumes que desenvolven diversas aventuras que teñen como protagonista ó elefante Elmer, personaxe de sona internacional creado por David McKee. En *As cores de Elmer* enuméranse tódalas cores do elefante para a continuación ir exemplificando cada unha delas con obxectos referenciais como un moneco de neve (branco) cunha bufanda (lila), unha laranxa (laranxa), un limón (amarelo), un xeado de amorodo (rosa), a herba (verde), o ceo (azul), o solpor (vermello) e a noite escura (negro).

Mckee, David, *O día de Elmer* (*Elmer's Day*, 1994), trad. Montserrat Paz, ilust. David McKee, Vigo: Edicións Xerais, 1998, [14 pp]. (ISBN: 84-8302-266-4).

Novo episodio protagonizado polo elefante Elmer. Neste caso relátase un día calquera neste elefante dende que se ergue, se ducha, vai visita-lo seu amigo o león e logo da hora de xantar chegará a tarde para xogar ás agachadas. Despois do baño é hora de durmir e ter doces soños.

McKee, David, *Os amigos de Elmer* (*Elmer's Friends*, 1994), trad. Monsterrat Paz, ilust. David McKee, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, 14 pp. (ISBN: 84-8302-265-6).

Nesta nova entrega descríbense as cousas animadas e inanimadas coas que se atopa e o que pensa e fai con elas.

McKee, David, *Elmer e o tempo* (*Elmer's Wheater*, 1994), trad. Monsterrat Paz, ilust. David McKee, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998, [12 pp.]. (ISBN: 84-8302-267-2).

Nesta ocasión nárrase o que fai Elmer cando chove ou neva, ou cal é o tempo que máis lle gusta.

Mckee, David, *Elmer, outra vez* (*Elmer again*, 1991), trad. Monsterrat Paz, ilust. David McKee, Vigo: Edicións Xerais, 1998, 24 pp. (ISBN: 84-8302-269-9).

Nova historia protagonizada por Elmer que desta volta decide argallar unha brincadeira coa complicidade dun compañeiro. Así, cando tódolos elefantes durmían comezou a pintarlles retallos de xeito que ó despertaren créase a confusión, sendo imposible saber cál é o verdadeiro Elmer. Todo se irá resolvendo no río cando se lles borre a pintura. Pero aínda así a confusión segue por momentos pois quedan un elefante gris e outro con retallos sen estar moi claro cál dos dous é o verdadeiro Elmer.

Recensións:

- X. Mª . Castro Erroteta, “Comenzando a ler”, *A Nosa Terra*, nº 860, “Guieiro Cultural”, 10 decembro 1998, p. 21.

Ver Fernández Lorenzo, Rafael, *O ladrón de voces*, nestas páxinas.

Muggenthaler, Eva, *O pastor Raúl. Unha historia de ovellas*, (*Der Schäfer Raul: eine Sachafgeschichte*, 1997), trad. Susana Fernández e Franck Meyer, ilust. Eva Muggenthaler, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, xullo 1998, [26 pp.]. (ISBN: 84-95123-24-X).

Volume de pastas duras e letra caligráfica no que un narrador conta en terceira persoa a historia de Raúl, un pastor que decide coñece-la vida na cidade, farto xa das súas ovellas. Estas persígueno polo metro, pola perruquería, polo restaurante e pola vivenda, impedíndolle unha relación normal co resto da xente e chegando a provocar unha intervención policial con apertura de expedientes incluso ás ovellas. A solución definitiva chega co regreso de Raúl e das ovellas ó seu medio natural.

Munari, Bruno e Enrica **Agostinelli**, *Carrapuchiña vermella, Verde, Amarela, Azul e Branca (Capuccetto Rosso Verde Giallo Blu e bianco*, 1981), trad. Silvia Gaspar, ilust. Bruno Munari e Enrica Agostinelli, Madrid: Grupo Anaya, col. Sopa de Libros, nº 7 (a partir de 6 anos), outubro 1998, 134 pp. (ISBN: 84-207 9049-4).

Bruno Munari e Enrica Agostinelli achegan este libro composto de cinco contos que se inician coa "Carapuchiña vermella", dos irmáns Grimm para continuar reinventando o clásico en diferentes versións nos que as ilustracións cheas de cor son básicas para o contido da historia. Así, en "Carapuchiña verde" a protagonista vai acompañada da súa amiga a ra verdolla e desenvólvese na paixase do campo. En "Carapuchiña amarela" a avoa vive no faiado dunha casa vella e nesta ocasión son os canarios amarelos quen a acompañan e a axudan a cruza-la cidade chea de perigos. En "Carapuchiña azul" a historia transcorre nunha vila mariñeira e o lobo convértese nun perigosísimo peixe-lobo que entre ela e a avoa van ter que vencer. Finalmente en "Carapuchiña branca" os textos están a pé de páxina, totalmente en branco pois o conto non sucede pola gran cantidade de neve que cobre o mundo. Ó final dos contos inclúese unha entrevista con Bruno

Munari que fala da súa faceta como deseñador de xogos para nenos e explica que a idea do libro xurdiu pola paixón que tanto el coma Enrica Agostinelli sentían polo mito de Carapuchiña.

Muñoz Avia, Rodrigo, *O porteiro de hóckey*, Finalista do Iº Premio Leer es vivir-Xuvenil, trad. Dolores Figueroa Calvo, Isabel Pardo Regueiro e María Jesús Pardo Regueiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 1998, 101 pp. (ISBN: 84-403-0387-4).

Novela que Rodrigo Muñoz Avia (Madrid, 1967) divide en vintetrés capítulos. Bernaldo é un rapaz de once anos que xoga de porteiro nun equipo de hóckey e o seu pai é o principal admirador del. O día que ten que xoga-la final dun campionato esperta enfermo de gripe e tanto el coma os seus pais debaten sobre a conveniencia ou non de xogar o partido. Logo de iren ó ambulatorio fillo e pai achéganse a unha farmacia para compraren medicinas e nese intre Bernaldo desaparece ante o estupor do seu pai que cre, erroneamente, que o neno escapou a xoga-lo encontro. O relato é conducido en primeira persoa polo pai, que nos amosa as súas reflexións e as dificultades que comporta ser pai. Ó mesmo tempo ensínano-la comicidade que pode chegar a xurdir dun amor paterno-filial levado a extremos. Esta mentalidade contrastará coa madurez que comeza a alcanzar Bernaldo.

Muñoz Puelles, Vicente, *Óscar e o león de Correos*, trad. María Dolores Martínez Torres, ilust. Noemí Vilamuza, Madrid: Grupo Anaya, col. Sopa de Libros, nº 5 (a partir de 6 anos), outubro 1998, 60 pp. (ISBN: 84-207-9011-7).

Neste volume de Vicente Muñoz Puelles (Valencia, 1948) relátase en terceira persoa cómo superou Óscar, o protagonista de seis anos, o medo que tiña a unha caixa de correos con forma de cabeza de león. O rapaz temíao dende o día en que este lle arrebatou dun tirón unha carta da súa nai e só resolve, para soluciona-lo problema, darlle uns caramelos ó león antes de botar nel a correspondencia. Os seus temores desaparecen cando un dos empregados de correos lle amosa o que hai trala cabeza do félido, mentres lle explica os problemas que lle causan os caramelos e tranquilízao ó contarlle que anos atrás outro pícaro tamén guindara doces ó interior da caixa. Cando Óscar chega á casa cóntalle o sucedido ó seu pai e durante a conversa descobre que o rapaz do que lle falara aquel home era o seu pai, co que acaba perdendo o medo. Remata o volume co apartado “Escribiron e debuxaron” que contén algúns datos biográficos do autor máis unha entrevista a este é a ilustradora. Na conversa Vicente Muñoz salienta a infancia como a etapa en que os libros exercen maior influencia, as razóns de escribir para un lectorado infanto-xuvenil e a confesión de que a historia debería chamarse “Vicente e o león de correos” ó estar baseada na súa infancia. Noemí Villamuza, á súa vez, fala dos seus comezos, di o que supón de

recuperación da infancia o debuxar para un público de curta idade e comenta as súas impresións ó remata-las ilustracións.

Parrondo, José, *¿Kenqueoké?* (*Kiquekoi*, 1998), trad. Henrique Harguindey, ilust. Pepe Carreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, setembro 1998, [41 pp.]. (ISBN: 84-95123-18-5).

Álbum no que integrando as ilustracións co texto se conta utilizando preguntas e respostas a chegada á Terra dun marciano que esqueceu na casa o seu sombreiro e vai intentar por tódolos medios recuperalo. Primeiro é a irmán a que trata de llo enviar por correo pero non existe servicio postal entre a Terra e Marte. Daquela o marciano intenta ir a unha tenda, facer un el mesmo, avisa-lo seu irmán para que llo traia pero nunca consegue nada e a situación preocúpalle porque o ceo se pon cada vez máis ameazador, e súa nai lle dixo que nunca esquecese o sombreiro para non ter frío. Entón atopa na súa nave a pucha de seu pai e cando a pon na cabeza tódolos habitantes da Terra non poden coa risa.

Pieper, Christiane, *Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso* (*Kreuz und quer, Josefine und der Bär*), trad. Pepe Martínez, ilust. Pepe Carreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, outubro 1998, [32 pp.]. (ISBN: 84-951 23-20-7).

Volume de formato cadrado, con pouco texto e con moitas ilustracións a toda páxina, a través das cales se pode serguir tamén a historia. Nárranse os diferentes actos do Oso vagaroso que andaba polo mundo sen rumbo e Catarina, unha rapaza que sempre andaba detrás del, facendo o mesmo ca el.

Prestifilippo, Pablo, *Palabras máxicas* (*Palabras mágicas*), versión galega Daniel Rozados, ilust. Pablo Prestifilippo, Vigo: Galaxia, col. Bambán, nº 15 (a partir de 6 anos), 1998, 23 pp. (ISBN: 84-8288-227-9).

Libro de formato cadrado con grandes ilustracións a cor e moi pouco texto, destinado ós primeiros lectores. Nel Pablo Prestifilippo pretende demostrarlles ós máis pequenos que as palabras poden acadar diferentes significados. Para isto, unha avoa explícalle ó seu neto a dimensión máxica que poden chegar a ter palabras como “autógrafo”, “fermoso” ou “prodixio”, dependendo da intención da persoa que fala. Do mesmo xeito, aconséllalle que evite os insultos que sempre poden manca-las persoas.

Pinto Carneiro, José, *O estraño caso da rapazola que entrou polo meu despacho adiante* (*O estranho caso da boazona que me entrou pelo escritório adentro*, 1995)*,* trad. Carlos Lema, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 1998, 191 pp. (ISBN: 84-7824-313-5).

O detective privado A. Santiago relata as súas peripecias dende que unha fermosa rapaza o contrata para resolve-lo misterioso e súpeto abandono do seu noivo. Os capítulos, artellados cada un deles como informes independentes que o protagonista dirixe como confidencias ós seus posibles lectores, van configurando unha historia que se complica progresivamente, chea de asasinatos macabros, dos ambientes nocturnos na cidade de Porto e de personaxes sen escrúpulos. Finalmente, todo se resolve dun xeito case accidental. O desencantado investigador cumpre a práctica totalidade dos tópicos da novela de detectives ou do denominado xénero negro, en canto que está deseñado como antiheroe fracasado que atopa nas súas escasas pescudas o xeito de cumpri-las súas fantasías.

Recensións:

Diego Ameixeiras, “Novela negra portuguesa para lectores novos”, *El Mundo. Galicia*, 15 xuño 1998, 9.

Comentario sobre a obra do portugués José Pinto Carneiro. Fai un resumo do seu argumento e comenta que se trata dunha novela negra á portuguesa dirixida a tódolos públicos. Afirma tamén que estamos ante unha historia bastante “facilona”, na que a orixinalidade queda só nas intencións das primeiras páxinas, pero que se le con gusto porque está escrita con “pouca literatura”.

Renau, J. F., *Unha inmensa vaca marela,* (*Una inmensa vaca*), ilust. Antonio Cortijos, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 20 (a partir de 9 anos), 1998, 110 pp. (ISBN: 84-8116-677-4).

Obra de J.F. Renau (Castellón, 1945) na que se narran, en nove capítulos ilustrados, as aventuras de Patricio Smith, Pachín, un buscador de ouro que vive no país dos peles vermellas. A historia comeza cunha carta na que Poti, amigo de Pachín, lle anuncia que se vai vivir a Río Recóndito. Explícalle as razóns da súa decisión e pídelle que coide da súa vaca Conchiña. Mentres Pachín vai ó barco a recolle-la vaca, rouban o banco da vila. Os ladróns agóchanse na casa de Pachín, ata que este e o seu amigo Pinqui, que perdeu os seus dentes nunha partida de póker, conseguen atrapalos. Ó final, Pinqui recupera a súa dentadura e Pachín recibe dous mil dólares de recompensa por parte do banco, outros dous mil do Goberno pola captura de Bocanegra Magún e outros cincocentos máis por cada un dos membros da banda.

Recensións:

-Olivia Tudela, “Dos buenas lecturas para los más pequeños”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 20 decembro 1998, p. 22.

Ver Sánchez García, Gloria, *Manual para unha pequena meiga*, nestas páxinas.

Saint Mars, Dominique de, *Morreu o avó* (*Grand-pére est mort*, 1998) (ISBN: 84-8288-197-3); *Lilí é desordenada* (*Lili est désordre*, 1994) (ISBN: 84-8288-198-1); *Adoptaron a Sara* (*Nina a été adoptée*, 1994) (ISBN: 84-8288-193-0); *Max é moi torpe* (*Max est Maladroit*, 1998) (ISBN: 84-8288-194-9); *Lilí quere unha paga*, (*Lili veut de l'argent*, 1994) (ISBN: 84-8288-195-7); *Max quere facer amigos* (*Max veut se faire des amis*, 1998) (ISBN: 84-8288-196-5); trad. Antonio Pichel, ilust. Serge Bloch, Vigo: Galaxia, col. Así é a vida, n^{os} 7-12, 1998, 45 pp.

Libros/Cómic que relatan diferentes situacións ás que se van enfrontando Max e Lilí, súa irmá, así como a súa familia e os seus amigos do colexio. Tódalas entregas rematan cun apartado final titulado "¿E ti?" no que se propoñen preguntas sobre o tema que se desenvolve en cada unha das entregas. En *Morreu o avó*, o relato comeza coa morte do avó materno de Max e Lilí. É a primeira vez que os rapaces se enfrontan coa morte e iso provoca un conflicto interno que os seus pais tratan de resolver Os recordos do seu avó vivo serven para alivia-la dor e o medo que lles

produce a morte. No 8 nárranse as discusións de Lilí e a súa nai, que teñen distintos puntos de vista sobre a orde das cousas. A nai bérralle porque ten a súa habitación completamente desordenada e, ó final, Lilí convéncea de que ela ten o seu propio método e que, na súa desorde, é capaz de atopalo todo. No número 9 Max e Lilí sorprenden a súa nai mantendo unha conversa por teléfono sobre a adopción e empezan a sospeitar que son adoptados. Para aclara-las súas dúbidas pregúntanlle á súa compañeira Sara quen lles conta o ben que a tratan seus pais adoptivos e descobren que tamén a súa profesora foi adoptada. Finalmente saberán que son seus tíos, Xosefa e Xaime, os que desexan adoptar un fillo. No 10 preséntase a Max como un neno considerado torpe, tanto polos seus amigos coma pola súa familia, mais dende o momento en que o seu curmán confia nel para construír unha cabana, a súa actitude mudará. Así chegará a ser un rapaz responsable e actuará con destreza. No 11 relátase o interese que sente Lilí por ter unha paga semanal coa que poder comprar uns patíns; qué pescudas fai entre as súas amigas para saber cómo acadan e administran elas o diñeiro; os diferentes empregos que realiza para conseguir algúns cartos ó negárlle-la paga os seus pais pola súa curta idade, e cómo aprende a administralos e a non malgastalos ó ter que traballar para conseguilos. Ó final é seu pai quen lle pide cartos prestados e nese momento Lilí bótalle en cara a súa mala administración. O 12 presenta o que lle ocorre a Max durante unhas vacacións nunha aldea na que non ten coñecidos. O protagonista da historia evoluciona dende o illamento e o desarraigo inicial ata converterse en auténtico líder do grupo.

Southey, Xosé, *Os tres osos*, adaptación de Xosé Ballesteros, ilust. Pepe Carreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, febreiro 1998, [24 pp.]. (ISBN: 84- 923553-2-8).

Esta versión galega do texto de Southey preséntase nun volume de formato cadrado, pastas duras e ilustracións a toda páxina. Cóntase o que lles aconteceu a tres osos; un grande, un mediano e un pequeno, unha mañá que se ausentaron da casa e recibiron a visita dunha “nena de riciños dourados” que lle come o almorzo, rómpelle unha cadeira e déitase na cama do oso máis pequeno, despois de ir probando todo o dos outros dous. O relato organízase ó redor de estructuras paralelísticas nas que a disposición gráfica varía o tamaño en relación co oso protagonista.

Ulhman, Fred, *Reencontro* (*Reunion,* 1971), introd. Jean d'Ormesson, trad. Miguel Pérez Romero, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 16, agosto 1998, 91 pp. (ISBN: 84-8288-22-8).

Esta novela do pintor alemán Fred Ulhman (Stuttgart, 1901-Londres, 1985) ábrese cunha introducción realizada por Jean d'Ormesson no 1997 na que afirma que o enorme éxito obtido en Francia foi propiciado pola súa perfección literaria. Considera que a característica máis admirable nela é "a harmonización de dúas aventuras de peso desigual —unha amizade xuvenil e a ascensión do nazismo— ambas dúas cargadas da mesma emoción". Salienta o parecido que existe entre o seu comezo e o de *Madame Bobary,* de Flaubert para logo facer un resumo argumental no que equipara a relación dos protagonistas coa de Charles Swann e os Guermantes en Proust. Sitúa temporalmente a obra (época na que Hitler está a piques de toma-lo poder) e defínea como "unha historia de adolescencia e amizade entre dous rapaces ós que a historia separa e finalmente destrúe". Opina que o remate da novela é unha "peza maxistral dentro dunha obra mestra" no que o autor transforma unha longa narración curta nunha "novela de dimensións épicas". Declara, por último, que esta obra comparte cos clásicos o feito de devolve-la esperanza na última frase despois de amosar delongadamente o horror. A novela está estructurada en dezanove capítulos nos que abundan as descricións pormenorizadas dos personaxes e dos

espacios nos que se desenvolve a acción. Hans Schawarz, fillo dun médico xudeu e neto dun rabino, conta en primeira persoa cómo coñeceu no 1932, en Stuttgart, o seu verdadeiro e único amigo Conrad Von Hohenfels, fillo dunha das familias máis prestixiosas da aristocracia alemana. Lembra os tempos felices xunto a el e os diferentes cambios sociais polos que a súa grande amizade se vai deteriorando ata a súa ruptura. Remata desvelando que todos estes recordos volveron a súa cabeza ó recibir unha carta do seu antigo colexio na que averigua que a Hohenfels executárano na guerra ó conspirar contra Hitler.

Wells, H. G., *A guerra dos mundos*, (*The war of de worlds*, 1898), introd. Mª Teresa Caneda Cabrera, trad. e notas Gonzalo Conslenla Bergueiro, Vigo: Edición Xerais de Galicia, col. Xabarín, nº 55, 230 pp. (ISBN: 84-8302-214-1).

Ábrese este volume cunha “Introducción” na que se presenta unha serie de datos biobibliográficos e do contexto histórico e social de H. G. Wells (Kent, 1866-1946), autor de *A guerra dos mundos*. Ofrécese ademais unha serie de comentarios proferidos por algún dos estudiosos desta obra publicada en 1898. Divídese esta novela en dous libros. No primeiro deles, un filósofo escritor inglés relata cómo de forma inesperada os marcianos chegan a arribar e a invadir todo o territorio sur de Inglaterra, provocando o terror e a destrucción entre tódolos seus habitantes. Tamén nos narra o que acontece cando estes seres estraños e temibles irrompen na capital inglesa, tomando como base o que lle conta o seu irmán que se viu afectado por tal suceso. No segundo dos libros, refire con detalle todas aquelas peripecias que protagoniza para manterse agochado dos invasores e o seu exterminio final, gracias ó descubrimento dunha bacteria que lles provocara a morte súbita.

Referencias varias:

-Ana Rodríguez, “A Constitución considera-lo galego coma un dereito e ó castelán coma deber”, *Faro de Vigo*, 24 xuño 1998, p. 35.

Gonzalo Constenla, membro da Asociación Galega de traductores e do consello de redacción de *Viceversa*, fala do seu traballo no *Diccionario de sinónimos* de Galaxia e na *Antoloxía do ensaio sociolingüístico*. Ademais refírese ó seu labor como traductor ó galego de *A guerra dos mundos*, de H. G. Wells, obra da que salienta o seu carácter pioneiro na temática da invasión de marcianos. Concibe o papel do traductor como readaptación e recoñece algo de literato na súa condición. É partidario de introducir nas traduccións o menor número posible de notas ó pé de páxina e, en canto ó momento da traducción ó galego, considera que a literaria está estancada, a pesar do importante número de obras traducidas no eido da literatura infantil e xuvenil.

Zubizarreta, Patxi, *O pastel dos venres* (*Ostiralekato opila*, 1998), versión de Daniel Rozados, ilust. Jokin Mitxelena, Vigo: Galaxia, col. Bambán, nº 12 (a partir de 6 anos), 1998, 23 pp. (ISBN: 84-8288-230-9).

No comezo do curso un neno novo ven á clase. Patxi Zubizarreta (Ordizia-Guipúscoa, 1964) cóntanos a partir de aquí a historia de Simón, un rapaz que senta só e ó que nunca ninguén o agarda coa merenda cando o autobús trae os nenos de volta para a casa. Miren e Lerie fanse amigas del e esta última comparte con el o seu pastel. Agora sabe, ademais, que Simón non vive cos seus pais senón nun piso do concello cun monitor e catro nenos máis. Cando a nai de Lerie se entera de que a nena sempre lle dá o seu pastel a Simón, esta sente medo e vergoña. Súa nai daralle a partir de entón un pastel para ela e outro para o seu amigo pobre. Cando Simón baixa do autobús o venres pola tarde comproba que na súa mochila non hai un senón dous pasteis.

Ballesteros, Xosé (adapt.), *Os tres porquiños,* ilust. Pepe Carreiro, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. Os contos do trasno Comodín, 1998 [24 pp.]. (ISBN: 89-95123-12-6).

Adaptación de Xosé Ballesteros dun conto popular inglés, no que se conta como tres porquiños lle dan un escarmento ó lobo que derrubou dúas das súas casas cando os intentaba capturar para comelos. Esta historia preséntase nun volume de pastas duras con ilustracións polícromas a toda páxina e pouco texto.

Perrault, Charles, *Carapuchiña vermella*, adapt. Xoán Couto, ilust. Ánxeles Ferrer, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, 1998, [24 pp.]. (ISBN: 84-95123-10-X).

Ofrécenos Kalandraka Editora, nesta ocasión, a adaptación de Xoán Couto do xa clásico relato de *Carapuchiña Vermella*, da autoría de Charles Perrault (París, 1628-1703). Nárrase a historia de Carapuchiña que rematará sendo devorada xunto coa súa avoa polo lobo, tanto a través do texto coma das ilustracións a toda páxina que o acompañan.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 2. Poesía

VII. 2. 1. Poetas galegos

Babarro, Xoán, *A tea de araña que todo o apaña*, ilust. Isabel Caruncho, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tren azul (primeiros lectores), outubro 1998, 33 pp. (ISBN: 84-8116-665-0).

Texto de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda 1947) construído a partir da repetición dos versos dende o seu punto de partida. Os elementos vanse acumulando e desenvolven unha historia centrada nunha araña que atrapa na súa tea a diversos insectos ata que chega o elefante e consiguen fuxir montados no seu lombo.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 2. Poesía

VII. 2. 2. Reedicións

García Teijeiro, Antonio, *Unha chea de alomiños*, ilust. Luis Castro Enjamio, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), 1998, 97 pp. (ISBN: 84-8288-168-X).

Volume de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), no que inclúe catro libros publicados anteriormente no ano 1988: *Coplas, Nenos, Aloumiños* e en 1992 *Poemas do Sol e da Lúa*. Trátase dunha serie de composicións de estructura moi breve e sinxela a base de paralelismos ou xogos de palabras que teñen como fío común a recreación de espacios lúdicos cheos de maxia onde non cabe a maldade. Este mundo idealizado lógrase a través da utilización da natureza como elemento humanizado. Para a construcción dos textos apóiase, ademais, na tradición popular: cancións populares, nanas, coplas, etc.

Recensións:

-Román Raña, “Naturezas cantareiras”, *Guía dos libros novos*, nº 1, “Literatura.Poesía”, novembro 1998, p. 28.

Despois de citar algunhas das obras narrrativas e poéticas escritas por Antonio García Teijeiro comenta *Unha chea de aloumiños*. Explica a procedencia destes e resalta a convivencia dun "neopopularismo de índole inxenuísta na mellor tradición lorquiana", cunha tendencia "de matiz hilozoísta, característica da poesía de Amado Carballo". Pon de relevo tamén a presencia de metáforas cromáticas "que perfilan versos impresionistas, onde os cinco sentidos perciben a natureza dun modo vigoroso, audaz e imaxinativo". Considera salientable tamén a presencia de alusións sentimentais ademais de elementos propios das cancións populares. Describe a estructura formal e afirma que son versos de rima maioritariamente asonante, que os poemas posúen un ton repleto de tenrura e lirismo e que o poeta "soubo rastrexar na natureza o seu carácter vivo e cambiante a través das imaxes visionarias alegadas de beleza". Por último destaca as ilustracións de Enjamio.

Vázquez, Dora, *Un poema cada mes (galego-castelán)*, ilust. Mª Teresa Villalva, Ourense: Gráficas Gutemberg, 1998, 44 pp. (D. L.: OU-174/98).

Consta dun “Limiar” no que Dora Vázquez (Ourense, 1913), recorda a data de publicación deste poemario (1969) nos talleres tipográficos de *La Región* para felicita-lo ano 1970. Daquela o volume só constaba do poemario, agora engádense prosas publicadas en *O Correo Galego* e traducidas ó castelán.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Postas en escena

VII. 3. 1. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas

Ciclo de Títeres de Bueu

Organizado polo Concello de Bueu dentro da programación Verán Cultural. Participaron Teatro Kaos coa obra *Illados* o día 15 de agosto e coa obra *Baixo os nosos pés Kavernosos* o día 29 de agosto ademais de Tanxarina coa presentación de *Titiricircus*.

-D. P., “Los títeres llegan el sábado a la calle”, *Diario de Pontevedra*, 12 agosto 1998, p. 16.

Dá conta do Ciclo de Títeres que forma parte dos diferentes espectáculos que teñen lugar no Verán Cultural organizado polo Concello de Bueu. Cita algunhas das compañías que participan no Ciclo como Teatro Kaos e Tanxarina.

III[os] Encontros do Teatro Escolar de Bande

O salón de actos do Concello de Bande acolleu a terceira edición dos Encontros de Teatro Escolar que se celebraron nesta localidade, gracias á aposta realizada hai dous anos polo Colexio Público Xaquín Lourenzo e o centro de recursos desta localidade, en colaboración co propio concello. Acolleu, do 11 ó 15 de maio, un total de 18 agrupacións teatrais escolares, entre as que por vez primeira participou un grupo portugués. Ó colexio de secundaria de Río Caldo no país veciño, sumáronse outras agrupacións de Celanova, Lobios, San Amaro, Ramirás, A Merca, O Barco de Valdeorras, Castrelo de Miño, Currelos (Lugo), Os Blancos, ou a propia capital ourensá, ademais do centro anfitrión, o Colexio Público de Bande.

Festival de Títeres do Fórum Metropolitano

Tivo lugar na Coruña durante os días 26, 27, 28 e 29 de decembro. Participaron Cachirulo (*Catro contos da China*), Falcatrúa (*A fada das rochas contra a tolemia intolerante*), Trécola (*Gus, un guiñol con moito gas*) e Monicreques de Kukas (*A Odisea*).

-V. Monicreques de Kukas.

IIIº Festival Internacional de Títeres de Santiago

Celebrouse entre os días 5 e 10 de outubro baixo a organización da Asociación Cultural Barriga Verde e co patrocinio do concello compostelán. Tivo lugar no Teatro Principal, na Sala de Títeres Sant-Yago, na Rúa do Vilar, Praza da Quintana, Praterías, no Centro Comercial Área Central e no Centro Sociocultural de Vite. Participaron nove compañías procedentes de Chile, Italia, Bélxica, Arxentina, Euskadi e Andalucía así como as galegas Cachirulo con *Catro contos da China*, Trompicallo con *Manoladas* e Tres Globos con *Pedro e o lobo*.

-Paula Pérez, “Marionetas entre bastidores”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 9 outubro 1998, p. 8.

Refírese á celebración do Festival Internacional de Títeres en Santiago de Compostela. Comeza reivindicando o traballo do titiriteiro que lle parece pouco doado e moi pouco recoñecido. Cita os países que participan no citado festival e comenta a grande asistencia de público escolar ás representacións. Finalmente alude ós desexos da compañía de títreres Cachirulo de facer títeres para tódolos públicos, e comenta algunhas das actuacións dos grupos participantes como o chileno El Chochón, o italiano Tre dita ou os andaluces e comenta brevemente os contidos e as técnicas utilizadas.

-Camilo Franco, “Algo máis que para nenos”, *La Voz de Galicia*, 12 outubro 1998, p. 53.

Comenta a celebración do Festival en Santiago de Compostela e laméntase do pouco interese que espertan os títeres entre o público adulto. Para reivindica-lo festival cita o grupo de títeres chileno “El Chochón”, quen brindou a oportunidade de que os adultos gozasen do seu espéctaculo pola homenaxe realizada ós clásicos do cine mudo ou mesmo a aparición dunha marioneta de John Lennon que interpretou ó piano *Imagine*.

-V. Trompicallo.

IIIº Festival Infantil de Teatro de Pontevedra

Alumnos de sete colexios de Pontevedra participaron entre o 25 e o 27 de maio no Teatro Principal no IIIº Festival Infantil de Teatro organizado polo "Grupo de Expresión", colectivo integrado maioritariamente por mestres. Contou coa participación de alumnos dos colexios A Xunqueira II, Doroteas e Sagrado Corazón o día 25, Magariños, Froebel, Sagrado Corazón e Barcelos, o día 26 de maio, e os Colexios San José e Sagrado Corazón o día 27.

-D. P., "Alumnos de siete colegios participan en el III Festival Infantil de Teatro", *Diario de Pontevedra*, 26 maio 1998, p. 8.

Ademais de incluí-la programación completa deste festival, organizado polo "Grupo de Expresión", comenta que o obxectivo deste colectivo é emprega-lo teatro na educación e fomenta-lo traballo en equipo como "experiencia enriquecedora" para tódolos participantes.

IVº Festival de Teatro “Los Sauces”

O teatro principal acolleu dende o día 25 ata o 27 de maio o IVº Festival de Teatro que organiza o colexio Los Sauces.

-D. P., “Los Sauces” inicia su IVº Festival de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 25 maio 1998, p. 7.

Dá noticia do comezo e a duración do IVº Festival de Teatro organizado polo colexio Los Sauces e informa do número de obras representadas: cinco obras completas e fragmentos doutras tres.

Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo)

Organizada en colaboración coa Xunta de Galicia e o Concello de Lugo e celebrada entre o día 14 e o 30 de abril no Centro Cultural Fingoi. Participaron, entre outros, o Grupo de Teatro do Campus de Lugo coa obra *O pai*; O Colexio Sagrado Corazón con *Érase unha vez*; Colexio Rosalía de Castro con *A dona da pequena fera* e *O Mercader de Venecia*; Grupo do I.E.S. Sanxillao de Lugo con *Chámanlle a marquesiña*, *se llamaba Ginés seguramente*; Grupo do Colexio Paradai de Lugo con *Xantar de memoria* e o Instituto de Secundaria de Meira con *Os Xemelgos*.

IXª Mostra de Teatro organizado polo programa “Aprender” do Concello da Coruña

A actividade está coordinada polo Concello da Coruña, e nela participaron 55 grupos de distintos centros educativos da cidade. Constou de 165 representacións do 15 de abril ó 7 de maio. A Mostra está incluída dentro do programa “Descubrir el teatro”, que consta de tres modalidades segundo as idades dos intérpretes da obra. Así, as inscripcións repártense en grupos de educación infantil, grupos de primaria e grupos de secundaria.

Iª Mostra de Teatro Xuvenil de Pontevedra

Celebrouse no Teatro Principal de Pontevedra, organizada pola Agrupación Teatral Sagrado Corazón e Teatro Xenio. Participaron a Aula de Teatro Sagrado Corazón con *O Soño dunha noite de verán*, Teatro Xenio con *A Parella* e o Grupo de Expresión de Pontevedra con *Deus*.

-A. G. Carragal, “O Teatro Principal acolle a Mostra Xuvenil de aficionados”, *Diario de Pontevedra*, 27 xullo 1998, p. 9.

Informa, brevemente, da celebración da primeira edición da Mostra de Teatro Xuvenil de Afeccionados, organizada por Teatro Xenio, o Grupo de Expresión e a Aula de Teatro Sagrado Corazón, que representaron *A Parella*, *Deus* e *Soño dunha noite de verán*, respectivamente.

-Xosé Pereira, “Comezou con éxito a mostra de Teatro Xuvenil de Afeccionados”, *Diario de Pontevedra*, 29 xullo 1998, p. 8.

Dá conta dunha iniciativa organizada polo Grupo de Expresión, incluído dentro da denominada Sociedade Cultural “Os Carballiños”, que tamén preside a Aula de expresión e creatividade. Trátase da primeira edición da Mostra de Teatro Xuvenil de Afeccionados, que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

Os tres grupos que participaron nesta primeira edición da Mostra son os rapaces e rapazas do Colexio Sagrado Corazón, coa obra *Unha noite de verán*, de Shakespeare; o grupo de Teatro Xenio, con *A Parella* e, por último, o Grupo de Expresión, que puxo en escena unha versión da obra *Deus*, de Woody Allen.

Sala Nasa

Nesta sala compostelá púxose en marcha en 1998 o programa “Asteroide B-612”, unha iniciativa teatral coa que os organizadores pretenden achega-los nenos e as nenas ó mundo da escena, a través dunha programación que se desenvolve os domingos cada quince días. O proxecto escénico articúlase a través de cinco experiencias (“Choiva de meteoritos”, “Satélite Saturno”, “Ciberfoguetes”, “Constelación Andrómena” e “Tripulantiños”) baixo as cales se presentan diversas actividades que abranguen dende as puras representacións teatrais ata excursións e concursos. No marco deste proxecto tivo lugar a representación de *Os petos de Ludovico* a cargo da compañía Berrobambán.

-D. Janeiro, “O mestre do imposible abrirá a programación infantil da Sala Nasa”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, 5 marzo 1998, p. 45/p. 14.

Fai referencia á iniciativa levada a cabo por Paula Carballeira e Chiqui Pereira coa creación do proxecto Asteroide B-612, que propón achegarse a Santiago cada quince días e ofrecer un espectáculo alternativo na Sala Nasa para os nenos e mesmo para o público adulto. Anuncia a representación da obra *Os petos de Ludovico* do grupo Berrobambán e recóllense algúns comentarios sobre a intención de Paula Carballeira á hora de crear esta iniciativa como é conectar con outros colectivos como Trinque-Trinque

da Coruña ou K4 de Pontevedra. Así mesmo comenta que un dos obxectivos é a participación activa dos rapaces nos distintos espectáculos que se desenvolvan.

VIª Semana Teatral “Ben veñas maio”

Os grupos de teatro dos distintos institutos da cidade de Pontevedra participaron, dende o día 19 de maio, na Semana Teatral “Ben veñas maio”, organizada polos coordinadores dos equipos de Normalización Lingüística dos centros da capital. As actuacións, que se celebraron no Teatro Principal, iniciáronse coa posta en escena de *Singhing a Tutti Plein*, do grupo Fame de Fama do Instituto Torrente Ballester. Ó día seguinte o grupo Fiúncho, do Instituto Luis Seoane escenificou *Xogos de maiores* e *Os globos de abril*. Por último, Ailaleira, grupo do instituto a Xunqueira I, levou ó escenario a obra *Salone*.

pD.3P., “El Principal acoge la Semana Teatral “Ben veñas, maio”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1998,

Informa da celebración desta Semana Teatral no Teatro Principal e dá conta das obras a representar nos días que dura o evento.

-D. P., “Comienza en el Principal la VI Semana Teatral “Ben Veñas, maio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 19 maio 1998, p. 10.

Refírese ó inicio da VIª edición da Semana Teatral "Ben veñas maio", organizada polos equipos de Normalización Lingüística dos institutos de Pontevedra, coa obra *Sinhing a Tutti Plein*, a cargo do grupo Fame de Fama. Resume o argumento da obra e a traxectoria deste grupo do instituto Torrente Ballester.

Gran Semana de Teatro Redondelán

A Gran Semana de Teatro Redondelán, enmarcada dentro da programación das Noites Máxicas dos Viaductos, contou coa estrea de dúas obras que están dirixidas por Suso Ben: *Foi unha vez a revolución*, interpretada polo grupo Disonada Teatro, formado por nenos e nenas entre sete e catorce anos e *Os caciques*, intepretada polo grupo Os Viaductos, adaptación duha obra de Arniches. Por outra banda o grupo de guiñol *Pequeñoles* representou a obra *Cumba: Maxia da terra*.

-Susy Queimaliños, “En la ‘Gran Semana do Teatro’ se estrenarán dos obras de Suso Ben”, *Atlántico Diario*, 5 agosto 1998, p. 13.

Sucinto comentario sobre a celebración da Gran Semana do Teatro Redondelán, enmarcada dentro das denominadas “Noites Máxicas dos Viaductos”. Nela estrenáronse dúas obras dirixidas por Suso Ben: *Foi unha vez a revolución*, posta en escena polo grupo Disonada Teatro e *Os caciques*, representada polo grupo Os Viaductos. Por último, interviu o grupo infantil de guiñol Pequeñoles, que representou a obra *Cumba: Maxia da terra*.

Títeres na rúa

Levouse a cabo dentro da campaña de animación teatral do verán cangués. Tivo lugar os tres primeiros domingos do mes de agosto ás nove da noite. Abriu o espectáculo o día 2 o grupo de Teatro da Esmorga. Á semana seguinte a agrupación Kaos que puxo en escena *Juan Pantera e a Garrota, dando a nota*. Pechou o programa o grupo Tanxarina co espectáculo *Titiricircus*.

-V. Teatro Kaos.

Titiriteatro de Outono

Desenvolveuse en Vigo, a iniciativa do Plan Comunitario e a Federación Veciñal Eduardo Chao dende o día 23 outubro ata o 12 de decembro. Participaron as compañías: Títeres Cachirulo coa obra *A guerra das Galiscias*; o grupo Xacarandaina coa versión do clásico *Carrapuchiña Vermella*; Marionetas Seis Dedos, co espectáculo *Dueto de fío*; Aprendices do Vacío coa obra *Corriendo a todo papel*; Tanxarina coa obra *Contaloucos*; Kaos con *Baixo os nosos pés Kavernosos*; e Spaguetti que interpretou unha selección dos mellores textos de Guaira Castilla.

-A. S., “Títeres Cachirulo inaugura mañana el “Titiriteatro de Outono” del Casco Vello”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1998, p. 12.

Anuncia a actuación de Cachirulo e a de Xacarandaina neste ciclo. Sublíñase que o obxectivo do evento é dobre: fomenta-lo Casco Vello como espacio de esparcimento e ofrecer actividades de carácter cultural.

-V. Tanxarina.

VII. 3. Teatro

VII. 3.1. Postas en escena

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Postas en escena

VII. 3. 1. 2. Estreas

VII. 3. 1. 2. 1. Grupos estables ou profesionais

Catrabucha Teatro: *Game Over*.

Chévere/Trigo Limpo: *Valle-Inclán Pirata*.

Dirección: Chévere e Trigo Limpo. Interpretación: Carla Torres, José Rosa, José Rui Martins, Ana Saraiva, Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, John Easrham, Xesús Ron, Paulo Leao, Jorge Oliveira.

-Carme Vidal, “Valle-Inclán Pirata, o motín dos Chévere”, *A Nosa Terra*, nº 839, “Guieiro Cultural”, 16 xullo 1998, p. 33.

Comenta este novo espectáculo no que participan as compañías Chévere e Trigo Limpo. Sinala que se trata dunha obra de piratas na que se busca a participación dos asistentes “rompendo os convencionalismos da escena fixa” e na que a acción transcorre no mar e despois en terra, cando os piratas desembarcan para procurar tesouros.

-Amaia Mauleón, “Valle-Inclán se viste de corsario”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 24 xullo 1998, p. 1.

Dá conta dos contidos desta peza indicando que se presenta nun escenario tan pouco habitual como a cuberta dun barco e que utiliza o teatro e o humor para establecer unha comunicación total co público. Salienta tamén que o espectáculo parte da concepción do teatro como espacio aberto, que traspasa as convencións e ofrece como novidade a presentación de accións diferentes: as manobras de

aproximación a porto durante as que ten lugar un motín, o pavillón corsario que levan á visita da cuberta por parte dos asistentes, o reclutamento do público trala realización dunha serie de probas e a busca do tesouro xa en terra. Finalmente menciona que a peza conta a vida de Pisaben e as súas relacións co corsario español Juan de Montenegro, Marqués de Bradomín e co bucaneiro Tirano Banderas Barbanegra.

-Ana Iglesias, “Chévere lánzase á abordaxe do Atlántico con Valle-Inclán”/“Chévere al abordaje”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 agosto 1998, p. 16/p. 38.

Anúnciase a presentación do espectáculo, indícanse os nomes dos actores participantes e saliéntase que a compañía compostelá define o proxecto como espectáculo de animación orixinal que transcorre nun barco que é unha réplica dun bergantín goleta do século XVIII. Por último, resúmense as accións na que se estructura a obra.

-Lois Fernández, “Chevere triunfa en Lisboa”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 9 agosto 1998, p. 46.

Anuncia a representación no transcurso da Exposición Universal de Lisboa na que Chévere e Milladoiro representarán a Galicia.

-J. P., “Chévere e Trigo Limpo representan hoxe a obra ‘Valle-Inclán Pirata”, *Diario de Pontevedra*, 18 agosto 1998, p. 17.

Informa da representación no peirao de Cangas e do argumento, no que se evoca a singradura do veleiro pola Península Ibérica, o motín que se produce a bordo e o desembarco dos piratas en terra.

G. V., “Vilagarcía recibe el espectáculo teatral ‘Valle Inclán Pirata’”, *El Correo Gallego*, 19 agosto 1998, 16.

Coméntase o proxecto artístico que está levando a cabo a compañía Chévere en colaboración con Trigo Limpo en diferentes vilas galegas e portuguesas. Describe o contido do proxecto, titulado *Valle Inclán Pirata* e cita os diferentes lugares onde foi representado o espectáculo.

-Elena Toirán, “La cubierta del “Valle Inclán Pirata” fue escenario de una función infantil”, *El Ideal Gallego*, 23 agosto 1998, p. 13.

Infórmase da representación do espectáculo *Valle Inclán Pirata* na Coruña, que consiste na representación dun xuízo pirata na cuberta dun barco. Sinálase que este proxecto, desenvolvido pola compañía galega Chévere e a portuguesa Trigo Limpo, comezou no Grove e percorreu a costa atlántica dende o Algarve ata A Coruña, onde remata. Recóllese a opinión de Xesús Ron, director de Chévere, que destaca o carácter visual da peza, a boa acollida do público e o alto grao de participación deste.

-María José Álvarez, “Valle Inclán Pirata’, teatro desde el mar”, *El Mundo. Galicia*, 23 agosto 1998, p. 8.

Refírese ó percorrido deste espectáculo destacando o seu paso pola Exposición Universal de Lisboa, Cangas, Muros e A Coruña, entre outras vilas. Salienta tamén que se trata dunha iniciativa pouco convencional que busca a participación do público e que o escenario é un veleiro reconstruído por un grupo de persoas que forman a empresa turística Guindamaina, xunto ás dúas compañías teatrais que se encargan da representación, a galega Chévere e a portuguesa Trigo Limpo.

Espello Cóncavo: *Peter Pan*.

Dirección: Arturo López.
Producción: Teresa Horro.

-Elena Toirán, “La compañía teatral Espello Cóncavo representará el clásico Peter Pan en gallego”, *El Ideal Gallego*, 21 agosto 1998, p. 11.

Anuncia a representación no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Alude á colaboración do debuxante Miguelanxo Prado e á conexión existente entre os distintos espacios. Ademais Arturo López refírese á dificultade de representar para nenos, ó captaren estes moito mellor o que se intenta transmitir.

-Beatriz Marzoa, “Los niños disfrutaron de una tarde mágica con música y mucho teatro”, *El Ideal Gallego*, 22 agosto 1998, p. 10.

Comentario sobre as festas María Pita 98, nas que o teatro xogou un rol importante entre os nenos, gracias á obra de guiñol *O espírito do bosque*, representada por Falcatrúa, e *Peter Pan*, traducida por Espello Cóncavo, coa colaboración de Miguelanxo Prado.

Monicreques de Kukas: *A Odisea*, de Homero, versión de Marcelino de Santiago, Kukas.

Interpretación: Gena Baamonde, Eugenia Iglesias, Javier Oro e Isabel Rey.

-Lois Fernández, “La “Odisea ”, en versión de Kukas”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 15 decembro 1998, p. 50.

Anuncia a posta en escena da última producción de Marcelino de Santiago, Kukas, versión do clásico que se representa no Teatro Principal de Compostela. Destaca que sexa a única producción non orixinal do autor e salienta os tres niveis de narración que compoñen a obra: os actores, as marionetas e sombras chinesas. Finalmente cuestiona se é apta para nenos menores de dez anos.

-V. Festival de Títeres do Forum Metropolitano.

V. VIª Feira de Teatro de Galicia (V. Apartado III. 5. 1.)
V. XIª Mostra de Teatro do Barco (V. Apartado III. 5. 1.)

Os Quinquilláns (1): *Os irmandiños*.

-J. Trillo, “Os Quinquilláns´”, actúan el domingo en A Picota”, *El Correo Gallego*, 19 febreiro 1998, p. 20.

De entre os actos que se celebran no Carnaval en Mazaricos faise referencia á actuación do grupo de teatro Os Quinquilláns. Refírese tamén a outras actividades festivas que terán lugar en colexios de Muxía.

-M. G. S., “Aplazada la actuación en Touro del grupo de teatro Os Quinquilláns”, *La Voz de Galicia*, 21 outubro 1998, p.48.

Fai referencia á suspensión da actuación do grupo Os Quinquilláns que tiña previsto escenifica-la obra *Os irmandiños* dentro do programa de actividades do Outono Cultural elaborado polo Concello de Touro.

-M. G. S., “El grupo Os Quinquilláns representa en Touro la obra “Irmandiños”, *La Voz de Galicia*, 19 decembro 1998, p. 52.

Anuncia a posta en escena da obra *Os irmandiños* e salienta a combinación da estructura drámatica con efectos luminosos, pirotécnicos e outras actividades que acompañan á representación, ademais da

importancia do público nela. Refírese á base argumental da peza teatral e cita as cidades nas que xa foi representada a peza.

VII. 3.1. Postas en escena

Os Quinquilláns (2): *O dragón das ondas*, de Gabriel Penabade Otero.

Teatro Akatro: *Os venusuxos*.

-D. P., “Teatro Akatro paseará sus ‘Venusuxos’ por Las Palmeras”, *Diario de Pontevedra*, 20 setembro 1998, p. 6.

Breve noticia sobre unha iniciativa do Concello de Pontevedra e a empresa Ingeniería Urbana que consiste en conciencia-la poboación da importancia de manter limpa a cidade. Para isto, o grupo Teatro Akatro organizou unha montaxe titulada *Os venusuxos*, coa que percorreron as rúas e prazas da cidade.

-D. P., “Una obra de teatro trata de implicar a los pontevedreses en la limpieza de la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, 22 setembro 1998, p. 10.

Informa dunha iniciativa do concello de Pontevedra e da empresa Ingeniería Urbana que consiste en conciencia-los cidadáns pontevedreses de que deben manter limpa a cidade. Para isto, o grupo de Teatro Akatro interpretou a obra *Os venusuxos*, en diversas rúas e prazas da cidade.

Teatro Buratini: *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez.

Dirección: Pablo Suárez e Luis Varela.
Interpretación: Larraitz Urruzola.

Teatro Cachirulo: *A merenda de Gamelon*, de Carmen Domenech e Xurxo Rei.

Teatro Kaos (1): *Os nenos que plantaron a pedra da auga*, baseado no conto do mesmo título de Salvador Gómez.

Dirección: Amparo Ibarra e Suso
Piñeiro. Colaborador: Lois Soaxe.
Deseño de escenografía: Lito Portela

-S. R., “Títeres no camiño”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 4 setembro 1998, p. 1.

Comenta a aparición do proxecto ideado polo moañés Salvador Gómez, “Os nenos que plantaron a pedra da auga”, a través do cal se pretende achega-los nenos dun xeito accesible ó concepto do Xacobeo. Indica que este proxecto, ademais de ser editado en libro pola Editorial Galaxia, con ilustracións de Fran Jaraba e texto de Alfonso Álvarez Cáccamo, e de contar cunha edición en formato casete, vai ser representado por Teatro Kaos.

-R. F., “Os títeres reuniron en Cultura a 350 nenos”, *La Región*, 16 outubro 1998, p. 14.

Alude á representación de Teatro Kaos coa obra titulada *Os nenos que plantaron a pedra da auga*. Recóllese a opinión de Amparo Ibarra, directora do grupo, quen fixo fincapé na dificultade de actuar para

un público infantil pois non coñece a hipocrisía. A seguir resume o argumento da obra, que naceu como "proxecto musical, literario e teatral, ideado por Salvador Gómez". Lembra a súa estrea o día seis de outubro en Compostela e anuncia as seguintes representacións.

Teatro Kaos (2): *Illados*.

-V. Ciclo de Títeres de Bueu.

Teatro do Lilo: *Máxicos*.

Trécola: *Gus, un guiñol con moito gas*.

-V. Festival de Títeres do Fórum Metropolitano.

VII. 3. Teatro

VII. 3.1. Postas en escena

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Postas en escena

VII. 3. 1. 2. Estreas

VII. 3. 1. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Ailaleira (Grupo do Instituto a Xunqueira I): *Salone*.

-V. Semana Teatral “Ben veñas maio”.

O Carballo: *A voda do Esganarello*, de Moliére.

- Fernán de Zotero, “El grupo de teatro juvenil de ‘O Carballo’ actuará en el centro cívico”, *El Progreso*, 7 decembro 1998, p.16.

Breve nota na que se informa da actuación do grupo de teatro xuvenil O Carballo coa posta en escena da obra *A voda do Esganarello* en Taboada.

Alumnos de 2º de E.S.O. do **Colexio Alba**: *A farsa das zocas*, de R. Calero.

VII. 3.1. Postas en escena

Aula de Teatro do **Colexio de Lourido**: *O reino da ortografía*.

Grupo do **Colexio Paradai de Lugo**: *Xantar de memoria*.

- V Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo).

Grupo de Teatro do **Colexio Rosalía de Castro** (1): *A dona da pequena fera*.

Interpretación: Marta Pérez García, Antón Macía Correa, Ángela Valdés Barrios, Iago Saco Ledo, María José, Emma Pérez e Andrea.

- V Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo).

- V Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo)

Grupo de Teatro do **Colexio Rosalía de Castro** (2): *O Mercader de Venecia*.

Grupo de Teatro do **Colexio Sagrado Corazón**: *Érase unha vez*.

- V. Iª Mostra de Teatro Escolar de A. X. Sagrado Corazón (Lugo).

Disonada Teatro: *Foi unha vez a revolución*.

Dirección: Suso Ben
-V. Gran Semana do Teatro Redondelán.

Fame de Fama (do instituto Torrente Ballester): *Singhing a Tutti Plein*, elaborada a partir dunha idea suxerida na curtametraxe *El Gilipollas*, de V. García León.

Dirección: M.Lourenzo González.

-V. Semana Cultural “Ben veñas maio”.

Fiúncho (do Instituto Luis Seoane de Monte Porreiro): *Xogo de maiores*.

-V. Semana Cultural “Ben veñas maio”.

Fiúncho: *Os globos en abril*.

-V. Semana Teatral “Ben veñas maio”.

Grupo de Teatro do **Instituto Pedregal de Irimia** de Meira: *Os xemelgos*, de Plauto.

Dirección: Margarita Portomeñe. Interpretación: Ana Durán, Rodrigo Castañal, Lucía Eiras, Marina Barqueiras, César González, Iván Sinde, Óscar Paz, Tamara Castañal, Vanesa Canallés, Vanesa Castrillón, Manuel Iyerta, Victor Durán, Eduardo Yañez, Julio José Folgueira e Rubén González.

- V Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo)

Alumnos do **Instituto Valle-Inclán**: *A Toyíada, traxedia dos xoguetes*.

Dirección: Susi Fernández.

-D. P., “Los alumnos de COU del Valle-Inclán, presentan “A Toyíada”, *Diario de Pontevedra*, 26 marzo 1998, p. 10.

Informa da posta en escena da obra titulada *A Toyíada, traxedia dos xoguetes*, a cargo dos alumnos do Instituto Valle-Inclán que terá lugar no Teatro Principal.

VII. 3.1. Postas en escena

-V. Gran Semana de Teatro Redondelán.

Paspallás: *Os amores de Mendiño e Rosalía*.

Pequeñoles: *Cumba: Maxia da terra*.

Agrupación Teatral **Sagrado Corazón**: *O soño dunha noite de verán*.

- V Iª Mostra de Teatro Xuvenil de Pontevedra.

Grupo do I.E.S. **Sanxillao** de Lugo: *Chámanlle a marquesiña*, *se llamaba Ginés seguramente.*

- V Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo)

Grupo de Teatro Agrupación **A Serna**: *O merlo branco*, de Cándido Pazó.

-V. Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro.
- V. XIª Mostra de Teatro de Cee.

Teatro Caracol: *A formiga coxa*, de Marilar Aleixandre.

B. C., “La compañía de Teatro Caracol vuelve a escena”, *Faro de Vigo* (Edición Arousa), 15 abril 1998,

10.

Noticia da representación da adaptación de *A formiga coxa*, de Marilar Aleixandre, que estará presente na súa estrea. Explícase que se trata dunha pequena historia desta compañía creada xa hai sete anos polos pais de alumnos dos colexios Antonio Magariños e San Tomé, coa finalidade de divertirse e ó mesmo tempo diverti-los escolares do concello cunha representación anual. Comenta ademais que este grupo de pais se toma moi en serio a súa afección teatral e conta cunha serie de colaboradores para poder sufraga-los seus gastos.

Teatro na Lúa: *A merenda*, baseada na obra antimilitarista de Fernando Arrabal, *Pic-nic*, adaptación de Eduardo Rey.

Interpretación: Lorena López Cabada, Sonia Sánchez Fernández, Laura López Fernández, Mónica Fernández Sobrado, Raquel López Fontal, Fátima Carmena Mayorga e Iria López Teijeiro.

Telerín Teatro: *O Bosque*, orixinal da Asociación Cultural Monte Oribio.

Interpretación: Olalla, Alejandro Villa, Alejandro Castellano, María López, Andrea, Paula, Antón, María Fernández Manuel e Miguel.

VII. 3. Teatro

VII. 3.1. Postas en escena

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Postas en escena

VII. 3. 1. 3. Reestreas

VII. 3. 1. 3. 1. Grupos estables ou profesionais

Artello. Teatro Alla Scalla 1: 5: *Á do libro*, baseada nuha serie de narracións do escritor portugués José Ferreira Gomes.

Dirección: Manuel Pombal. Dramaturxia: M. Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Escenografía: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Realización de escenografía: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro. Vestiario: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Realización do vestiario: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Música: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Técnico de son: Manuel Pombal. Iluminación: Rosa Hurtado e Santiago Montegro. Manipuladores: Santiago Montenegro e Rosa Hurtado.

-Camilo Franco, “Todo o que cabe nun libro”, *La Voz de Galicia*, 1 abril 1998, p. 67.

Dá conta da representación en Monforte de *A do libro,* sobre a que ofrece unha serie de comentarios. Indica que se trata dunha obra baseada fundamentalmente no enxeño do libro sobre o que se desenvolve

unha historia de corte infantil e que ofrece unha “cara diferente” para os adultos e os nenos. Comenta así, que mentres os adultos reparan máis nas sorpresas que o libro vai ofrecendo en cada unha das súas páxinas e obvia o argumental, pola contra, os nenos senten menos evidente o argumento e participan das aventuras do protagonista.

-V. IIº Outono Teatral nos Barrios. (V. III.5.1.)

Berrobambán Teatro: *Os petos de Ludovico*.

Dirección: Paula Carballeira.
Interpretación: Chiqui Pereira.

-D. Janeiro, “O mestre do imposible abrirá a programación infantil da Sala Nasa”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 5 marzo 1998, p. 45/p. 13.

Anuncia a representación da obra na Sala Nasa. Explica que o que se pretende por medio desta iniciativa é aproxima-los máis pequenos ás representacións teatrais, para que así queden engaiolados da súa linguaxe, e estas se convertan nunha opción de ocio máis. Sinala tamén que tal iniciativa acollerá outros colectivos que teñan algo que achegar e outro tipo de actividades, coma os talleres de xogos ou os contacontos.

-V Iº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro.(V. III.5.1).
-V. Sala Nasa.

Danthea Teatro: *O principiño,* de Antoine de Saint-Exupéry, adaptación de Cándido Pazó e Fernando Martínez.

Dirección: Fernando e Carlos Clemente. Interpretación: Luís Antonio González, Eva Sanz, Juan M. Pérez e Isabel Vázquez. Escenografía: Suso Montero. Vestiario: Suso Montero. Música: Carlos C. Martínez e J. Esteban (Juanillo). Iluminación: Ricardo J. Rodríguez.

Falcatrúa (1): *O espírito do bosque*, de Estebán Losada.

Dirección: Estebán Losada. Interpretación:
Esther García e Estebán Losada.

-Beatriz Marzoa, “Los niños disfrutaron de una tarde mágica con música y mucho teatro”, *El Ideal Gallego*, 22 agosto 1998, p. 10.

Ver Espello Cócavo, *Peter Pan*, nestas páxinas.

Falcatrúa (2): *A fada das rochas contra a tolemia intolerante*, de Esteban Losada.

Dirección: Esteban Losada. Interpretación: Mercedes Nogueras,
Esther García e Esteban Losada. Escenografía: Esther García Silva.
Vestiario: Ana Castro Pita. Técnico de son: Mercedes Nogueras.
Iluminación: Esteban Losada.

-V. Festival de Títeres do Fórum Metropolitano.

VII. 3.1. Postas en escena

VII. 3.1. Postas en escena

Grupo de Títeres **Gualtrapas**: *A familia malasangue*.

Grupo de Títeres **Kabuxa**: *O banco azul*.

Marionetas Seis Dedos: *Dueto de fío*.

Dirección: Colectiva. Interpretación: Ignacio Vilariño e Anxo García.

-V. Titiriteatro de Outono.

Migallas: *Canta connosco*, de Carlos Yus, versión infantil de *O cantante e as mulleres*, creación do grupo.

-S. M. Jabois, “O grupo teatral “Migallas” fixo as delicias dos nenos do colexio de Dorrón”, *Diario de Pontevedra*, 17 decembro 1998, p. 23.

Fai referencia ó espectaculo que tivo lugar no colexio de Magaláns-Dorróns da man do grupo Migallas que levaba o título *Canta connosco*. Destaca o labor educativo dos dous actores que advertiron sobre a violencia e a publicidade na televisión, entre outras cousas, a través do humor e do xogo.

Tanxarina (1): *Tres contos contados por tres loucos*, espectáculo baseado nos contos “A Bomba e o xeneral”, de Umberto Eco e dous contos de Terry Jones Timoteo e Narigudos.

Dirección: Cándido Pazó. Interpretación e manipulación: Eduardo R. Cunha Tatán, Miguel Borines e Andrés Giráldez. Música: Francisco Barreiro. Efectos sonoros: Manuel Pombal. Vestiario de marionetas: Belén Puentes. Vestiario de actores: Carlos Alonso. Deseño das siluetas e dunha escenografía: Pablo Xiraldez.

-Jaime Conde, “Tanxarina celebra os tres lustros”, *Faro de Vigo*, 5 xuño 1998, p. 20.

Refírese a *Contaloucos* explicando que se trata dunha triloxía composta polos contos adaptados de Umberto Eco —“A bomba e o xeneral", "Timoteo e Anselmo” e “Os narigudos”. Recolle ademais a opinión dos integrantes deste grupo redondelán da farándula, Miguel Borines e Andrés Xiráldez sobre esta súa

última obra, que segundo as palabras do último mencionado, “aborda o antimilitarismo, o valor da amizade e o mérito de aceptarse tal como un é”. Dá o nome doutras xentes que participaron neste seu último traballo, de entre os que destaca a dirección de Candido Pazó, e informa dalgunha das súas actuacións.

-V. Titiriteatro de Outono.

Tanxarina (2): *Titiricircus*.

V. Ciclo de Títeres.

V. Títeres na rúa.

Teatro Akatro (1): *Os Gordibolas en... dúbida na lagoa*.

Interpretación: Ismael Calvo, Raquel Méndez, Xacobe Rodríguez, Xurxo Cortazar e Andrea Bayer.

-D. P., “Tercera representación de Teatro Akatro con os Gordibolas en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 11 marzo 1998, p. 10.

Anuncia a representación da obra dentro da campaña de Teatro Infantil que promove este grupo xunto co Concello de Pontevedra. Explica que tal agrupación ademais de traballar no teatro infantil para desenvolver nos nenos o gusto polo teatro, tamén pretende realizar unha campaña potencia-la súa aproximación ó mundo da lectura. Sinala por último, que esta campaña consta de dez espectáculos, nos que os nenos poderán ve-los personaxes dos contos de “Os Gordibolas”.

-D. P., “Nueva representación de Teatro Akatro con Os Gordibolas en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 18 marzo 1998, p. 12.

Dá noticia da representación por parte do grupo de Teatro Akatro da obra, *Dúbida na lagoa*, protagonizada polos “Gordibolas” dentro da campaña de Teatro Infantil do Concello de Pontevedra. Comenta cada unha das fases nas que está estructurada esta campaña e expón ademais cáles son os

obxectivos do mencionado grupo, mediante a realización de teatro para nenos e as súas campañas de animación á lectura.

-M. X. B., “El grupo Teatro Akatro actúa mañana en Boiro”, *El Correo Gallego*, 21 maio 1998, p. 25.

Informa da representación da aventura de Os Gordibolas, a cargo do grupo de Teatro Akatro, dentro do programa cultural do concello boirense co gallo da celebración do mes de maio.

-A. G. Carragal, “Actuación en Arcade dos ‘Gordibolas”, *Diario de Pontevedra*, 24 xullo 1998, p.12.

Alude á actuación na Casa de Cultura de Arcade. Ofrece un breve perfil deste grupo teatral formado no ano 96 por xente que combina a experiencia pedagóxico-didáctica coa do campo teatral, e dá conta finalmente, dos obxectivos do seu traballo co teatro infantil e das súas actuacións a través de diferentes localidades galegas.

Teatro Buratini (1): *Historia do pequeno Muck*.

-Salomé Otero, “Un conto ó calor da lareira”, *La Región*, 2 agosto 1998, p. 18.

Fai referencia á actuación de Teatro Buratini en Castro Caldelas, dentro do programa dos “Circuítos Culturais e Tempo de Lecer”, que está a desenvolve-la Consellería de Cultura polos concellos. Realiza a seguir unha pequena historia desta compañía santiaguesa creada hai dous anos por Pablo Suárez e Larraitz Uruzola, coa finalidade, de recupera-la figura do contacontos e facer partícipes os nenos da literatura popular. Sinala que ata o momento representaron un conto de Hauff, “A historia do pequeno Musk”, e “A gaita que facía a todas bailar”, un espectáculo sinxelo e efectivo que están pondo en escena na actualidade. Comenta finalmente, que mentres manteñan en cartel estas pezas preparan unha versión da obra de Fernández Flórez, *El bosque animado*.

Teatro Buratini (2): *A gaita que facía a todas bailar*, espectáculo de contacontos baseado en relatos populares galegos recollidos da tradición oral, incluíndo un relato de Ánxel Fole, adaptación de Larraitz Urruzola.

Interpretación: Larraitz Urruzola. Música: Luís Areán, Juan Porto e Pablo Caramés.

Teatro Cachirulo (1): *Catro contos da China*.

Dirección: Yang-Feng. Manipulación: Carmen Domech e Xurxo Rei. Marionetas: Li Ying-Bai, Yang-Feng, Carmen Domech e Xurxo Rei. Decorados: Li Ying-Bai. Teatriño: Carmen Domech. Música: Nacho Sanz. Banda Sonora: S. XXI: Iluminación: Luís González. Producción: Títeres Cachirulo.

- V. IIIª Festival Internacional de Títeres de Santiago.
-V. Festival de Títeres do Fórum Metropolitano.

VII. 3.1. Postas en escena

Teatro Cachirulo (2): *Xoán sen medo contra os chupa-contos*.

Teatro Cachirulo (3): *A guerra das galiscias. Unha aventura intergaláctica,* de Xurxo Rei.

Guión e Dirección: Xurxo Rei.
Intrepretación: Carmen Domech e Xurxo Rei. Vestiario e Títeres: Carmen Domech. Pirotecnia: Cachirulo Chou. Música e Efectos: Nacho Sanz. Obradoiro: Santiago Adrio.

- VIª Feira do Teatro de Galicia.
  V. Títeres na rúa.
  V. Titiriteatro de Outono.

Teatro Cachirulo (4): *A illa do tesouro*.

Dirección: Xurxo Rei

Teatro Cachirulo (5): *A bela e a besta*, adaptación do texto de Lembrice de Beaumont.

Guión e dirección: Xurxo Rei. Posta en escena: Carmen Domech, Eva Sanz, Luis González e Xurxo Rei.

Teatro Kaos (1): *Juan Pantera e a Garrota dando a nota*.

Interpretación: Amparo Ibarra, Suso Piñeiro e Xurxo Avendaño.

-B. M., ”El Concello de Cangas organiza talleres de teatro”, *Diario de Pontevedra*, 29 xullo 1998, p. 20.

Dá conta da iniciativa da Concellería de Cultura e Xuventude de Cangas que levou a cabo a organización de cinco talleres de teatro que tivo lugar do 17 ó 31 de agosto. Informa ós interesados do contido e prezo destes. Por outra banda anuncia diversas actuacións de teatro e títeres na praza da Constitución en Cangas: Teatro da Esmorga, Teatro Kaos coa obra *Juan Garrota dando a nota*, Tanxarina coa obra *Titiricircus* e finalmente a actuación dos grupos Chévere e Trigo Limpio coa obra *Valle-Inclán Pirata*.

-V. Títeres na rúa.

Teatro Kaos (2): *Baixo os nosos pés kavernosos*.

V. Ciclo de Títeres de Bueu.

V. Titiriteatro de Outono.

VII. 3.1. Postas en escena

Trécola (1): *Número 8 da Rúa dos contos*.

Trécola (2): *Son un peatón pasmón*, de Bernardiño Graña.

Dirección: Rafael Vázquez.
Interpretación: Fernanda Cabrera.

Tres Globos: *Pedro e o lobo*, de Xoán Pérez, sobre un clásico de Prokoffiev.

-V. IIIº Festival Internacional de Títeres de Santiago.

Trompicallo Títeres: *Manoladas*.

- V. VIª Feira de Teatro de Galicia. (V.Apartado III. 5.1.)
-V. IIIº Festival de Títeres de Santiago.

Os Viaductos: *Os caciques*.

Dirección: Suso Ben
-V. Gran Semana de Teatro Redondelán.

-V. Titiriteatro de Outono.

Xacarandaina: *Carrapuchiña vermella*.

Xalgarete: *Don Guieiro Carameleiro*, de Xosé Soto.

Dirección: Pepe Soto. Interpretación: Luis González, Eva Sanz, Pepe Soto. Escenografía e fotografía: Miguel L. Soto. Vestiario: Isabel López. Música: Nacho Sanz.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Bermejo, Amalia (coord.), *Guía de Autores*, Madrid: Publicaciones de la Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, col. Temas de Literatura Infantil, nº 21, 1998, febreiro 1998, 492 pp. (ISBN: 84-920672-6-8).

Volume no que se recollen biobibliografías de trescentos cincuenta e sete escritores e ilustradores de literatura infantil e xuvenil. Segundo a súa responsable é unha nova versión, á que se incorporaron novas voces, das obras *100 autores españoles de Literatura Infantil (1986)* e *Autores españoles de Literatura Infantil y Juvenil (1991)* publicados por Amigos del Libro Infantil y Juvenil. Entre os autores e autoras biobibliografados atopamos corenta e seis galegos e galegas ademais de moitos coñecidos en Galicia polas traduccións ó galego das súas obras.

Recensións:

-Teresa Mañá, “Guía de autores”, *CLIJ*, nº 106, xuño 1998, p. 72.

Dá noticia desta publicación de máis de cincocentas páxinas na que a Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil recolle biobibliografías de catrocentos autores de literatura infantil y juvenil, entre os que figuran autores galegos. Descríbese a obra, coméntase a ficha biobibliográfica de cada autor e bótase en falta que a fotografía non se esixise actualizada. Ademais Teresa Mañá pregúntase se a selección de títulos foi feita polo propio biografado e no caso dos traducidos qué edicións se tiveron en conta. Bota en falta unha “Introducción” na que se especificasen os criterios e canles para solicitar información pois así comprenderíanse mellor as ausencias. A pesar das eivas considérase de utilidade e unha actualización da publicada no 1991 pola mesma asociación.

Fernández Paz, Agustín e Xosé **Sánchez Puga** (coords.), *A Maxia das palabras*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1998, 46 pp. (D. L: C-880/98). ◆

Volume de presentación da nova colección editada pola Xunta de Galicia que leva o título *A Maxia das palabras*. O libro, estructurado en nove capítulos, ábrese cun limiar a cargo do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás. Nel analízanse diversos aspectos a través dos diferentes capítulos relacionados coa importancia da literatura infantil para a formación educativa dos rapaces e rapazas así como o papel motivador que ten o libro para achega-la lingua galega tanto ó profesorado coma ós pais e ós nenos. Ofrécense algunhas pautas para realizar actividades lúdicas que axuden ó fomento da lectura, céntrandose nun capítulo na lectura oral dos contos tanto tradicionais coma actuais. O papel da biblioteca tamén é analizado así como a función das editoriais para a axuda do desevolvemento do libro. Dedícase un capítulo á proposta de actividades para a creación dos contos por parte dos nenos. Por fin no último apartado “Para saber máis” inclúese bibliografía complementaria para quen queira afondar nalgún dos aspectos tratados no volume.

Referencias varias:

AGN, “Educación edita contos para a normalización da lingua entre nenos”/“Colección de contos para que os nenos galegos aprendan ‘A maxia das palabras”, *Atlántico Diario*/*La Región*, 28 maio 1998, 55/p. 58.

Informa da presentación da colección, “A Maxia das palabras”, que contén oito contos cunha tiraxe total de 460.000 exemplares e que será repartida en diferentes etapas entre os escolares de Galicia. Recolle tamén as declaracións dalgúns dos persoeiros presentes no acto, como o Conselleiro de Educación, quen subliñou que os libros, “ademais da súa función estrictamente literaria, xogan un importante papel na normalización lingüística”.

-J. B. Salgueiro, “Educación fomentará la lectura en gallego con una campaña que llegará a cen mil escolares”, *Faro de Vigo*, 28 maio 1998, p. 49.

Dá conta da presentación da campaña para o fomento da lectura en galego, “A Maxia das palabras”, que foi presentada onte polo Conselleiro de Educación, Celso Currás. Explica que tal proxecto conta con oito libros, nos que participan algúns dos mellores autores e ilustradores galegos e que serán distribuídos entre máis de cen mil escolares de toda Galicia. Recolle ademais algunha das declaracións proferidas por Celso Currás, quen explicou que a lectura posúe unha potente forza no proceso dunha lingua.

-M. Blanco Rivas, “Un proxecto para levar a literatura infantil ás aulas”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 59, 6 xuño 1998, p. 2.

Refírese con detalle ó proxecto “A Maxia das palabras”, promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, por medio do cal se pretende contribuír á normalización social do galego. Comenta a continuación que a súa primeira fase está dirixida ó alumnado que cursa 2º e 3º de Educación Primaria e presenta un total de oito libros realizados por unha selección dos mellores autores e ilustradores. Explica ademais o peculiar formato que presentan e dá a relación doutro tipo de material que se ofrece nesta entrega, entre o que destaca, un caderno da autoría de Fernández Paz no que existe unha serie de ideas para aproveitar ó maximo o potencial dos libros.

-Helena Villar Janeiro, “Euforias e Viagra”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 4 xuño 1998, p. 3.

Alude á presentación da Consellería de Educación dunha colección de libros, pertencentes ó proxecto “A Maxia das palabras”, por medio do cal se pretende reconduci-las cifras da alarmante perda interxeracional de falantes. Opina, en contra disto, que a publicación de literatura infantil non basta para arranxar un problema tan complexo, senón que o que se precisa son outros medios como son o cine, os compactos de información ou a exemplaridade da administración.

Soto López, Mª Isabel (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 1996*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural/GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), col. Guías Culturais, nº 12, 1998, 144 pp. (ISBN: 84-453-2173-0). ◆

Catálogo que procura recolle-la totalidade das obras de literatura infantil e xuvenil en lingua galega publicadas en 1996 e, segundo consta nunha nota introductoria, dirixido a pais, nais, educadores e ós propios lectores. Xunto a cada unha das obras, agrupadas por orde alfabética baixo os epígrafes “Autores galegos” e “Autores traducidos ó galego”, recóllese un comentario descritivo do argumento, temas e estilo, así como a idade idónea dos posibles lectores. Neste sentido empréganse catro categorías cos seus respectivos tramos de idades: Prelectores e primeiros lectores (de 0 a 7 anos), Lectores autónomos (de 8 a 10 anos), Xoves Lectores (de 11 a 14 anos) e Xoves adultos (a partir dos 14 anos). Ó final da guía recóllense os índices de autores e autoras galegos e traducidos, ilustradores e ilustradoras, títulos galegos, titulos traducidos, coleccións, editoriais, idades e xéneros.

Soto López, Mª Isabel (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 1997*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural/GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), 1998, col. Guías Culturais, nº 17, 159 pp. (ISBN: 84-453-2360-1).

Con estructuración idéntica á da guía anterior, recóllese a producción bibliográfica en galego publicada en 1997 no eido da literatura infantil e xuvenil galega.

VII. 4.2. Publicacións en

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 2. Publicacións en revistas

Abril, Gabriel, “Pedro y el lobo”, *CLIJ*, nº 103, marzo 1998, p. 68.

Recensión da traducción ó castelán da obra de Miguelanxo Prado, *Pedro e o lobo*. Saliéntase a calidade do debuxante e guionista Miguelanxo Prado e danse unhas notas argumentais do relato orixinario do compositor ruso Sergei Prokofiev.

Casalderrey, Fina, “Xarope para a tos/Ecos de papel”, *Revista Galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 98.

Lembra a escritora como de pequena o seu pai lle contaba contos tódalas noites ó non poder durmir, a causa dunha “endiañada tose” e que isto lle creou adicción ós libros de literatura infantil. Despois de curada seguíronlle lendo relatos ata que ela aprendeu a ler e da man do seu pai creou os seus primeiros mundos.

CLIJ, “Informe. Los premios del 97”, *CLIJ*, nº 104, abril 1998, pp. 11-79.

Neste informe os responsables da revista *CLIJ* fan un percorrido polos distintos premios que recibiron escritores e escritoras do estado español. Segue o mesmo esquema para tódolos premiados: unha biobibliografía do gañador ou gañadora, unha opinión persoal e a descrición da obra gañadora. Neste informe, en relación coa literatura galega, figuran An Alfaya, gañadora do Premio Merlín coa obra *¡Sireno, Sireno!* (1997) e Xosé Antonio Neira Cruz con *A festa dos quince* (1998), obra gañadora do Barco de Vapor.

_____, “Los mejores libros de la década (1988-1999)”, *CLIJ*, nº 111, decembro 1998, pp. 41-53.

O equipo de redacción de CLIJ explica nunha breve introducción á listaxe de obras que presentan, que foron moitos os libros que pasaron polas súas mans nesta década (só de creación uns tres mil), que dende 1990 elaboraron unha lista de honra de CLIJ na que recollen as dez mellores obras do ano por cada grupo de idade, que nesta lista ademais deles participan estudiosos de cada unha das linguas do estado non casteláns e un por Cantabria, que revisadas estas listas ofrecen esta nova na que din achegar obras que resistiron o paso do tempo, títulos que prevaleceron na memoria, autores consolidados. Recomendan tomar esta lista como “sólo una más, otros gustos lectores y otros puntos de vista”. Entre os sesenta títulos que compoñen a lista figuran nove galegos: *Gago por merenda* (1995), do ilustrador Xan López Domínguez; *¡Puag, que noxo!* (1997), de Fina Casalderrey; *A galiña azul* (1968, 1991), de Carlos Casares; *Doutor Rus* (1995), de Gloria Sánchez; *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996), de Xabier P. Docampo; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre; *Contos por palabras* (1991), de Agustín Fernández Paz; *Anagnórise* (1988), de Mª Victoria Moreno; e *Cartas de inverno* (1995), de Agustín Fernández Paz. Deles danse unhas pinceladas argumentais e algunha nota de valor pero todo en catorce liñas de trinta e nove caracteres.

Domínguez, Ramón, “Kalandraka editora, libros de calidade para os maís pequenos”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, “Especial Libros de Texto”, “Editoriais”, outubro 1998, pp. 34-37.

Artigo centrado no labor editorial dunha nova empresa especializada na edición de libros para primeiros lectores, Kalandraka Editora. A editora conta na actualidade con catro coleccións: “Os contos do trasno Comodín”, na que se inclúen contos clásicos de sempre; “Demademora”, con obras actuais inéditas en Galicia; “Tras os Montes”, traduccións de autores de fóra de Galicia e “Maremar”, serie de libros de agasallo.

Fernández, María Jesús, "*¡Sireno, Sireno!*", *CLIJ*, nº 103, marzo 1998, p. 63.

Recensión da obra *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya. Recorda que esta obra gañou o Premio Merlín, describe o argumento, di que o relato está presentado como "un monólogo interior, impregnado de poesía y sensibilidad, en el que la voz íntima que le llega al lector es la voz íntima del pensamiento que todavía no ha sido formulado con palabras", e finaliza citando os personaxes que participan na obra.

_____, "*Anxos en tempos de chuvia*", *CLIJ*, nº 103, marzo 1998, p. 66.

Comeza describíndono-la obra de Miguel Vázquez Freire *Anxos en tempos de chuvia* (1997). Di que é unha obra complexa, que está narrada en segunda persoa, que ten fragmentos do diario persoal de Anxos e que contén pasaxes oníricos en forma de monólogo interior. Finaliza dicindo que o autor manexa habilmente as técnicas elixidas para facer un retrato de determinados tipos xuvenís e para presentar temas universais.

_____, “*¿E haberá tirón de orellas?*”, *CLIJ*, nº 105, maio 1998, p. 57.

Primeiramente resume o argumento da obra *¿E haberá tirón de orellas?* (1997), de Mª Victoria Moreno, centrada nas aventuras da cadela Alma que escapa da casa a xogar cuns amigos, pero sente nostalxia e volve a pesar da reprimenda que lle espera. Salienta que a autora é unha das máis “interesantes escritoras para niños y jóvenes de la literatura actual”; a calidade dos versos “sencillos y al mismo tiempo llenos de riqueza expresiva”; e por último o bo facer da ilustradora catalana Carme Peris.

_____, “*Os nosos versos*”, *CLIJ*, nº 105, maio 1998, p. 62.

Refírese á colección “Sopa de Libros”, que inicia a súa andaina en lingua galega con *Os nosos versos* (1997), unha selección de doce poetas representativos da lírica galega do século pasado e do actual, realizada por Antonio García Teijeiro. Segundo Mª Jesús Fernández, trátase dunha unha mostra ben elixida que brinda ós xoves lectores unha aproximación ós clásicos. Salienta finalmente as ilustracións que acompañan ó texto.

_____, “*Ameaza na Antártida*”, *CLIJ*, nº 105, maio 1998, p. 62.

Recorda que Ramón Caride repite nesta obra, publicada no 1997, os protagonistas e a estructura de *Perigo vexetal*, coa que o autor gañara no 1995 o Premio Merlín, enriquecida coas ilustracións de Miguelanxo Prado. Agora relátase a aventura futurista de Sheila e Said, que narran uns feitos pasados por eles e que se están repetindo hoxe, unha seria ameaza para a humanidade.

_____, “*Pasa-lo límite*”, *CLIJ*, nº 105, maio 1998, p. 65.

Comeza recordando o argumento desta obra de Xavier Alfaya, traducida ó galego por Xosé Antón Palacio. Nela o protagonista rememora os tempos da adolescencia, cómo se viu metido nunha rede de contrabandistas da que non sabe como saír. Finaliza coa descrición dalgunha característica do relato: “escrito de maneira ágil y concisa, centrado en el mundo interior del protagonista y en su visión de los sucesos. Lenguaje cuidado y con estilo sobrio y eficaz”.

_____, “*Iria e a lúa*”, *CLIJ*, nº 106, xuño 1998, p. 60.

Resume do argumento de *Iria e a lúa* (1997), de Oli, un conto baseado no gusto do protagonista pola lúa e polas historias que lle conta seu avó sobre seres extraordinarios, soños, etc. Unha “sencilla historia” que se complementa con moitas ilustracións a toda cor.

_____, "*A serea do deserto*", *CLIJ*, nº 106, xuño 1998, p. 62.

Nesta recensión saliéntase que *A serea do deserto* (1997), de Xavier López Rodríguez, está narrado pola nena protagonista que recorda as vacacións do ano anterior e a experiencia de convivir cunha nena sahariana e a atracción que exerceu sobre ela a súa cultura pero tamén os celos que tivo dela. Salienta o humor, gracia e sensibilidade da narración e insiste en que no relato se mostra unha familia normal que vive nunha cidade e que pasa as vacacións na casa familiar da aldea.

_____, “*O pazo baleiro*”, *CLIJ*, nº 106, xuño 1998, p. 65.

Comentario de *O pazo baleiro* (1997) de Xavier P. Docampo. En primeiro lugar destaca que se encontran moitas das claves que “han hecho de este escritor uno de los más interesantes de la literatura gallega para niños”. Logo di que é un “relato de misterio” cunha trama ben articulada que permite descubrir unha historia do pasado na que se mesturan amores contrariados e ambicións desmedidas. Salienta a capacidade do autor para crear personaxes de gran pesonalidade por medio do “humor, ironía, ternura...” e a calidade da linguaxe empregada “riguroso y preciso, con muchos diálogos llenos de vida”. Finalmente resalta a calidade das ilustracións.

_____, “*O cacarabicolé*”, *CLIJ*, nº 107, xullo-agosto 1998, p. 59.

Relato do argumento da obra *O cacarabicolé* (1997), da escritora Ana Mª Fernández, centrado nunha historia que transcorre nuns grandes almacéns ó redor dun sombreiro. Cualifícase a obra como “una entretenida historia entre la fantasía y el humor, acompañada por ilustraciones a todo color”.

_____, “*Ochir*”, *CLIJ*, nº 107, xullo-agosto 1998, p. 62.

Conta o argumento de *Ochir* (1997), de Milagros Oya Martínez, centrado nas aventuras iniciáticas e na viaxe á capital de Mongolia para participar como xinete nunha carreira que se celebra alí tódolos anos. Dise que é un libro “muy ameno y bien narrado, en el que además se nos introduce en la vida y costumbres de los pueblos mongoles y en sus actuales problemas políticos y sociales”.

_____, “Galicia: vigor y calidad”, *CLIJ*, nº 110, setembro 1998, pp. 44-51/52-57.

Considera que a producción “de los últimos meses” non presenta grandes diferencias con respecto á producción dos últimos anos. Salienta como novidades a tendencia das editoras á potenciación de obras para a mocidade aínda que o número de títulos dirixidos ó lectorado máis novo siga a ser máis numeroso; unha maior variedade temática e a normalización da traducción. En relación coa temática xuvenil considera que o chamado “novo costumismo” prevalece e que nel se reflicten os problemas que máis preocupan á mocidade: drogodependencia, ruptura dos núcleos familiares, paro, etc., cita algunha mostra, pero tamén outras temáticas como medo, humor e aventura que están moi en voga. Critica a baixa producción de títulos dirixidos ós máis pequenos, ós prelectores, e remata facendo referencia ás novas recollidas de transmisión oral, ás versións de obras medievais, ás Campañas de lectura e outras actividades que dignifican a literatura. Conclúe salientando “el equilibrio alcanzado por el sector”, a cantidade, a calidade que levaron a que a literatura infantil e xuvenil sexa na actualidade unha das manifestacións culturais máis vigorosas en Galicia.

Fernández Lorenzo, Rafael, “Os magos das palabras”, *Revista Galega de educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 92.

Primeiramente salienta do libro *Iria e a lúa* (1997), de Xosé Manuel González “Oli”, o emprego da cor e da mestura de técnicas mixtas de colaxe para que o lectorado se achegue a “intrínseca complexidade do texto”; fala da recuperación nesta obra da transmisión oral gracias á relación que mantén no texto a protagonista co seu avó, coa que entran en contacto dúas etapas da vida, “a nenez e a senectude”, e di que, ó transmiti-lo avó a súa sabedoría a súa neta, acada “un ciclo constante e eterno co que se modela o carácter e idiosincrasia dos pobos”. Lembra a teoría de Max Müller sobre os deuses primitivos para destaca-lo elemento mítico do libro e a presencia dun “amplo abano de elementos máxicos” que posúen “unha eterna beleza, quizais porque nunca se poden posuír”. Recorda que a curiosidade que sentiu ó ver por vez primeira á lúa chea foi saciada gracias á explicación dada pola súa avoa ó igual que sacian a Iria as que lle dá o seu avó.

Fernández Paz, Agustín, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 18, “O pracer de ler”, febreiro 1998, pp. 261-269.

Conxunto de pequenas recensións, de carácter meramente descritivo, dalgúns títulos de literatura infantil e xuvenil en lingua galega. Trátase de *Elmer* (1997) de David McKee, traducido ó galego por Montserrat Paz; *Dóeme a lingua* (1997), de Margarita Mainé; *Sete casas, sete bruxas e un ovo* (1997), de Gloria Sánchez; *¿Por que non canta o paporrubio?* (1997), de Xabier Mendiguren, verquido ó galego por Damián Villalaín; *Ra por un día* (1997), de Teresa Aretzaga, traducido ó galego por Pilar Ponte Patiño; *Lolo. Conto dun home que fixo unha bicicleta con dúas estrelas e a letra Z* (1997), de Pablo Otero “Peixe”; *A pirata Penamoura* (1997), de J. Daniel Buján Núñez; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya e *Xoel* (1997), de Isabel-Clara Simó, en versión galega de María Dolores Torres París.

_____, “Contra la invisibilidad”, *CLIJ*, nº 103, marzo 1998, pp. 16-19.

Faise eco do pouco interese da crítica pola literatura infantil e xuvenil. Defende unha crítica non paternalista que trascenda os lugares comúns, as aproximacións superficiais ós textos e que penetre nas obras, na súa estructura narrativa, nos temas e nas obsesións dos autores, para axudar a distinguir entre os libros cheos de vida e os que están baleiros. Pon dous exemplos, un individual e outro colectivo desa “invisibilidad” da crítica en Galicia. Refírese a un crítico que ó comentar unha obra de Paco Martín de principios dos noventa fai un percorrido pola producción do autor pero non cita as obras infantís publicadas, “eran invisibles”. Tamén se refire a unha publicación anual galega, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, para a que ata o 1996 a producción infantil era invisible. Compara a crítica desta literatura coa consideración da muller e di que os escritores galegos participan dunha dobre minorización, “una literatura invisible escrita en una lengua invisible”. Reivindica que as obras infantís sexan recensionadas, que se fagan visibles, pois considera que esas miradas externas poden aclara-las dúbidas que di ten el mesmo “acerca de la validez de lo que hago sobre la distancia que hay entre las intenciones iniciales y lo que finalmente se acaba consiguiendo”.

_____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 19, “O pracer de ler”, maio 1998, pp. 227-235.

Ofrece breves recensións de carácter argumental sobre as últimas novidades en literatura infantil e xuvenil. No eido da literatura galega destaca: *Ricardo e o seu robot* (1997), de Esteban Martín; *¿Por que?* (1997), de Gabriela Keselman; *A serea na lata de sardiñas* (1997), de Gudrun Pausewang, verquido ó galego por Rafael Chacón; *Os nosos versos* (1997), de Antonio García Teijeiro; *Ameaza na Antártida*, de Ramón Caride; *E agora que*, de María M. Vassart; *Anxos en tempos de chuvia* (1997), de Miguel Vázquez Freire; *Pasa-lo límite* (1997), de Xavier Alfaya e *Os nenos numerados* (1997), de Juan Farias.

_____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 21, “O pracer de ler”, novembro 1998, pp. 245-253.

Breves recensións de carácter argumental dalgúns títulos de literatura infantil e xuvenil. Dentro da literatura en lingua galega destacan as seguintes obras: *O ganapán das palabras*, de Pepe Cáccamo; *O homiño de papel*, de Fernando Alonso, traducido ó galego por Esperanza Moreiras; *Unha chea de aloumiños*, de Antonio García Teijeiro; *Unha raíña negra*, de Fina Casalderrey; *Brumoso*, de Xavier López Rodríguez; *O pazo baleiro*, de Xabier P. Docampo; *A guerra dos mundos*, de H. G. Wells, verquido ó galego por Gonzalo Constenla e Esther Sánchez; *A guía fantástica*, de Joles Sennell, en versión galega de Helena González e Sabela Labraña e *¡Maldito D.N.I.!*, de Pepe Carballude.

Freire, Xosé Manuel, “Libros para soñar e contar”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Literatura Infantil”, decembro 1998, p. 30.

Explica como e porqué naceu Kalandraka Editora. Di que un dos seus obxectivos é conseguir que os libros sexan os compañeiros de viaxe dos nenos e das nenas. Logo especifica os nomes das catro coleccións que contén a editorial comentando o tipo de libros que se publican en cada unha, traduccións, reedicións, contos tradicionais, contos populares e as últimas novidades. Alude ós primeiros títulos publicados en cada unha das catro coleccións.

González Barreiro, Xosé Manuel, “Literatura infantil. Libros”, *Revista Galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 93.

Fala brevemente das seguintes obras de literatura infantil publicadas no ano 1997: *Elmer* (1997), de David McKee; *Dóeme a lingua* (1997), de Margarita Mainé; *Glups* (1997), de Uqui Permuy Martínez e *A vaca Maruxa esquía en Valbabuxa* (1997), de Xavier Frías Conde.

_____, “Literatura infantil. Libros”, *Revista Galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 94.

Comenta diferentes aspectos (argumento, ilustracións, etc.) dos libros: *Podesvir* (1997), de Fina Casalderrey; *A bruxa que non sabía rir* (1997), de Hermínia Mas; *Unha viaxe no tren* (1997), de Ricardo Alcántara e *Ameaza na Antártida* (1997), de Ramón Caride.

_____, "*A guía fantástica*", *Revista Galega de Educación*, nº 31, "Literatura infantil. Libros", abril 1998, p. 96.

Resalta a proximidade de *A guía fantástica*, traducido en 1997, de Joles Sennell coa *Historia interminable* de Ende ó comeza-los dous nunha librería misteriosa, arredor dun libro "que se lle ofrece como tentación a un protagonista", e pola creación dun lector e de diferentes mundos dentro desta obra que "só teñen sentido na existencia dun lector plenamente activo". Afirma que a versión orixinal foi publicada no 1977; que está en débeda co *Principiño*, de Saint Exupery, ó presentar na historia unha "galería de personaxes" e que "a esixencia dun lector recreador de palabras e de mundos" sobrepasa a intención primaria do escritor ó existir un proceso creativo dentro da lectura. Considera que debería ser un dos libros de cabeceira dos bos ilustradores, que contén gran imaxinación e está ben escrito.

_____, “*Sireno, Sireno*”, *Revista galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 96.

Despois de afirmar que os premios só garanten o éxito comercial, reflexiona sobre *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya. Sinala que debido ó seu ton dificilmente engancha o seu destinatario; que o relato é intimista e está “cheo de reflexións, lecturas entre liñas e que unidas á ausencia dunha trama en sentido clásico o converte nun exercicio difícil de lectura”. A continuación fai un resumo argumental no que fala dos personaxes do texto e considera que a figura do Sireno está ben definida pola autora aínda que a “obra está situada nun mal espacio”. Pon de relevo, ó final, que un dos erros ó remata-la historia é romper coa fantasía creada en certas partes do libro.

_____, “*Anxos en tempos de chuvia*”, *Revista Galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 97.

Destaca que Miguel Vázquez Freire en *Anxos en tempos de chuvia* (1997) usa o mesmo recurso que xa empregara Fernández Paz nun dos seus libros: a “curiosidade por coñecer os máis íntimos sentimentos e pensamentos dos demais”. Comenta brevemente a temática e o argumento deste relato e salienta que é unha obra que pode axudar “a enfrontar a morte e o esquecemento no proceso de superación da dor”.

Iglesias, Bieito, “Reflexión elemental (ó modo do caro Watson)”, *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 4, “Traduccións xustificadas”, 1998, pp. 201-204.

O articulista recolle a súa conferencia no IIIº Simposio Galego de Traducción: dá conta de que optou pola traducción fiel á hora de verquer ó galego a Biblioteca Sherlock Holmes, traballo que efectuou en colaboración con Manuel Vázquez. Sobrancea a importancia de adecuar estilisticamente os diálogos de Holmes e Watson pola súa importancia na obra. Recoñece no ensino o mercado natural desta colección, razón pola que se evitou un excesivo enxebrismo léxico.

Lage Fernández, Juan José, “Entrevista”, *Platero*, nº 103, novembro 1998, pp. 14-17.

Entrevista a Agustín Fernández Paz na que contesta a cuestións relacionadas sobre os seus gustos literarios e reflexiona sobre a situación da literatura infantil e xuvenil. Comeza citando algúns dos seus narradores favoritos tanto en literatura para adultos: Kafka, Cunqueiro, Stevenson, Méndez Ferrín, etc., como literatura infantil: Alice Vieira, Peter Härtling ou Roald Dahl. A seguir valora positivamente a situación actual da literatura infantil e xuvenil galega e ante a pregunta de se hai diferencias entre os escritores galegos e o resto dos escritores céntrase na súa propia experiencia. A continuación confesa non ter ningún libro seu preferido pero salienta *Contos por palabras* ou *Rapazas* por seguir “tan frescos e inovadores como el primer día”. Di tamén que o seu libro máis ambicioso é *O centro do laberinto.* Confesa a súa minuciosidade á hora de escribir e reivindica a calidade da literatura infantil e xuvenil ante a crítica feita por Ana María Matute na Universidade Internacional Menéndez Pelayo, na que afirmou que a literatura infantil e xuvenil actual é a culpable de que os nenos teñan cada vez menos imaxinación. Finalmente fala da gran influencia do cine sobre a súa obra e remata dando a súa opinión sobre a falta de recoñecemento desta producción e a falta dunha crítica que “precisa de ámbitos donde hacerse presente y de un rigor y una preparación que hoy, salvo excepciones, se echa en falta”.

Neira Cruz, Xosé A., “De vacacións polas páxinas dos libros”, *Tempos Novos*, nº 15, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, agosto 1998, pp. 60-61.

Realiza un percorrido a través dos diferentes banzos de idade nos que as editoriais adoitan parcela-la talla dos libros, coa finalidade de indica-la oferta de novidades que presentan para este verán de 1998. Así para os prelectores e primeiros lectores, sinala a existencia dos volumes editados por Kalandraka baixo o lema de “Libros para soñar”: *Sete casas, sete bruxas e un ovo* (1997), de Gloria Sánchez; *¡Puag, que noxo!* (1997), de Fina Casalderrey; *¿E haberá tirón de orellas?* (1997), de María Victoria Moreno e *Ladrándolle á lúa* (1997), de Antonio García Teijeiro. Para o seguinte tramo en idades, indica que tres obras se singularizan por diversos aspectos na producción editorial dos últimos meses: *Carabicolé* (1997), de Ana María Fernández; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya e *O pazo baleiro* (1997), de Xabier P. Docampo. Xa cun pé no mundo da adolescencia, recomenda para esta etapa, *Cidades* (1997), de Fran Alonso, mentres que para aqueles lectores mozos que xa se dan a man cos adultos, suxire: *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz; *Anxos en tempos de chuvia* (1997), de Miguel Vázquez Freire; *Linguas longas* (1998), de Xavier López Rodríguez e *Río abaixo* (1998), de Luís Bugarín Pereira. Refírese ademais ás traduccións existentes para esta banda lectora, entre as que cita *O estraño caso da rapazola que entrou polo meu despacho adiante* (1998) da autoría do portugués

José Pinto Carneiro, *De ratos e homes* (1997), de John Steinbeck e *Baixo as rodas* (1997), de Herman Hesse, para rematar mencionando o proxecto “A Maxía das palabras”, que ademais de permitir gozar coa lectura, fixo que os pequenos tivesen a ocasión de cortar, compoñer e encaderna-los propios libros.

_____, “Os que escriben para os máis novos”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 2, “Especial Infantil e Xuvenil”, decembro 1998, pp. 22-24.

Reflexións sobre o xénero de literatura infantil e xuvenil en Galicia. Destácase a importancia dos premios para dar a coñece-los autores (Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz), o enorme pulo que está a vivi-lo xénero e ofrécese unha extensa nómina de autores de literatura infantil e xuvenil, á que ultimamente se lle suman autores novos e autores de literatura para adultos que fan incursións no xénero.

Neira Cruz, Xosé A. e Xosé-Victorio **Nogueira Barcia**, “Unha literatura xuvenil en vías de consolidacións”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 179-185.

Análise do panorama da creación literaria en galego dirixida á infancia e adolescencia no ano 1997. Saliéntase o aumento en calidade e cantidade das obras dirixidas ó lectorado xuvenil, moi pouco asistido ata agora. No tocante á producción infantil, fálase de continuidade aínda que con aumento de títulos. Quéixanse da falta absoluta de textos teatrais. A seguir analizan por xéneros as obras que consideran máis importantes e citan algunha máis por algún motivo novidoso. Comezan pola narrativa, seguen loando a actividade dalgunha editora, como por exemplo Everest Galicia con obras destinadas ós distintos “banzos de idades”. Dan a benvida a dúas novas autoras, María Canosa Blanco e Eva Moreda Rodríguez, tamén a unha nova colección como “Así viviu”, de Edicións Xerais de Galicia, “dedicada á divulgación da vida e obra de persoeiros galegos desde unha perspectiva moito máis lúdica cá das biografías”. Rematan o apartado dedicado á narrativa falando das obras que recollen textos curtos gañadores de premios literarios destinados ós máis novos. No tocante á poesía lamentan a escaseza de títulos publicados aínda que salientan a calidade da publicadas. Rematan facendo mención das obras que recollen as formas da literatura de transmisión oral.

_____, “Fran Alonso. *Cidades*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 247-249.

Tras dunha sucinta reflexión sobre o termo “literatura xuvenil”, celébrase a aparición na colección “Merlín” dun poemario titulado *Cidades*, que serve para achega-la poesía ó lectorado xuvenil. Así mesmo, sinálase que o seu autor, Fran Alonso, obtivo con este poemario o Premio Lazarillo de Literatura Infantil e Xuvenil.

Obiols, Núria, “Elmer”, *CLIJ*, nº 103, marzo 1998, p. 57.

Recensión dunha nova edición de *Elmer*, de David Mckee, en lingua galega (1997). Dise que é un relato protagonizado por un elefante de cores que percorre o mundo transmitindo o aprecio pola diversidade. Lóuvanse as ilustracións e dise que elas fan “de esta divertida historia una pieza obligada para niños y amantes de la ilustración”.

Pombal, Graciano, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil.Libros”, abril 1998, p. 98.

Informa da presencia de contadores galegos nas xornadas de literatura infantil realizadas no Porto o outono pasado e que un grupo de persoas relacionadas co mundo da animación teatral e literaria van intentar crear unha nova editorial. Salienta que Xosé Antonio Neira Cruz obtivo o Premio Barco de Vapor e que Miguelanxo Prado está a preparar unha edición de *Fragmentos da Enciclopedia Délfica*, co que espera que se abran “camiños para autores novos e para un xénero que ten aínda moi pouca consideración entre os fomentadores de literatura e o público”.

Salas, Miguel, “Panorámica da edición de libros en galego para nenos e xóvenes”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 2, “Especial Infantil e Xuvenil”, decembro 1998, pp. 16-21.

Extensa reflexión sobre a edición de libros en galego para infancia e adolescencia , fenómeno que acadou un importante desenvolvemento na última decáda. Faise un repaso ás editoriais, tanto galegas coma de fóra, ás coleccións e ós autores publicados. Finalmente bótase en falta determinados tipos de edicións así como a exportación de proxectos galegos cara ó exterior.

Soto, Isabel, “Debate sobre ilustración. VII Xornadas de Literatura Infantil e Xuvenil”, *CLIJ*, nº 105, maio 1998, pp. 50-54.

Descrición de catro días de debate sobre a ilustración na literatura infantil e xuvenil no marco das VII[as] Xornadas de Literatura Infantil e Xuvenil celebradas en Santiago de Compostela, organizadas pola Biblioteca Nova 33 e GALIX. Primeiramente recorda os obxectivos delas dende o seu nacemento, logo refírese ás intervencións de Teresa Durán sobre “Os grandes clásicos en la ilustración de la literatura infantil y juvenil” e de Miguel Vázquez Freire sobre “A ilustración na literatura infantil e xuvenil en lingua galega”. Pasa logo a resumi-la intervención de Xabier Etxaniz quen repasou a situación da literatura infantil e xuvenil no país vasco. Outras das partes destas xornadas centrouse, segundo expón Isabel Soto, nos encontros de escritores e ilustradores, concretamente de Asun Balzola e Mariasun Landa e de Agustín Fernández Paz e Xaquín Marín. Remata co apartado “Momento para a reflexión” no que se fai eco das conversas mantidas nas mesas redondas nas que participaron os ilustradores Noemí López, Pablo Otero “Peixe” e Francisco Bueno Capeáns, moderados pola escritora Marilar Aleixandre, que falaron das dificultades que atopan os novos á hora de comeza-los seus traballos, da relación entre ilustrador e autor, da influencia das novas tecnoloxías, da falta de consideración dalgunhas editoras polo seu traballo. Os participantes nos encontros entre escritores e ilustradores foron moderados por Miguel Vázquez Freire e reflexionaron sobre o pasado, presente e futuro da ilustración.

Tristán, Pancho, “Banda deseñada. A Coruña ábrese en banda”, *Tempos Novos*, nº 15, “Cataventos”, agosto 1998, pp. 74-77.

Ademais de reproducir varias viñetas de historietas gráficas, informa sobre o certame “Viñetas dende o Atlántico”, que se está a celebrar na Coruña entre os días 17 e 23 de agosto. Sinala que se trata dunha actividade, que tivo como referencia á Semana Negra de Xixón e que pretende que toda a cidade viva a diversión e participe. Recolle varias declaracións do principal promotor deste evento, Miguelanxo Prado, quen sinala que este nace con vocación de continuidade e universalismo. Dá conta das actividades a celebrar, entre as que destaca certas exposicións como a dedicada á obra de Ibáñez ou a Supermán, a representación teatral de Espello Cóncavo, a mostra das últimas novidades da banda deseñada española e as actuacións musicais de Xabarín da TVG e dos Diplomáticos de Monte Alto.

Vázquez Freire, Miguel, “Contos para ler e xogar en paz”, *Revista Galega de Educación*, nº 31, “Literatura infantil. Libros”, abril 1998, p. 95.

Fala da presencia dende sempre dun “enfoque moralizante, vencellado a concepcións relixiosas e conservadoras” na literatura infantil. Entende que esta tendencia chega a afoga-la creatividade ó ter derivado nun “didactismo nos contidos” e que a positiva reacción que houbo contra isto equivocouse ó pensar que a creatividade literaria só se dá “onde non hai ningún contido moral”. A seguir afirma que Calo Iglesias demostra coa súa obra *Setemorros e outros contos* (1997) que é “posible construír un bo conto ó servicio de boas ideas”. Refírese á presencia de contos pacifistas e solidarios e ó uso neles da “autoría distanciada” que abre novas posibilidades creativas ó incluír neste volume variantes dos seus relatos ademais doutros creados en obradoiros de creación literaria. Di que a letra grande e clara ademais dos áxiles e funcionais debuxos de Pepe Carreiro son dous dos aspectos polos que considera que esta obra se podería empregar como texto de lectura nas aulas e recoméndallela ós/ás mestres/as ó poder atopar nela un “turbillón de ideas para estimula-la creatividade do seu alumnado, incluidas propostas de dramatización”. Para finalizar recoñece que “os contidos moralmente xustos non garanten a valía literaria dun texto” pero tampouco o impiden.

_____, “Kalandraka Editora chega para os máis pequenos”, *Eidos* do *Libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, “Actualidade”, maio 1998, p. 10.

Dá conta das dúas novas coleccións de literatura infantil lanzadas por Kalandraka Editora nas que se lle ofrece ó creador gráfico un protagonismo paralelo ó do creador literario. As coleccións presentadas son “Os contos do trasno Comodín” e “Desdémora”.

_____, “Novos nomes na ilustración do libro infantil”, *Citania*, nº 1, primavera verán 1998, pp. 95-97.

Breve artigo no que traza unha panorámica dos principais ilustradores galegos de libro infantil. Primeiramente fala das figuras máis senlleiras, isto é, Miguelanxo Prado, Pepe Carreiro, Fran Jaraba ou Xan López Domínguez. De seguido describe as principais innovacións dos máis novos: Fran Bueno, Fino Lorenzo, Liliana Vázquez, Sergio Casas, Peixe, etc. e as perspectivas futuras.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Blanco Rivas, M., “Unha historia sobre os sentimentos”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 41, 24 xaneiro 1998, p. 3.

Comenta, brevemente, a obra de An Alfaya *¡Sireno, Sireno!* (1997), publicada por Edicións Xerais de Galicia e galardoada co Premio Merlín de Literatura Infantil na súa XIIª edición. Indica que se trata dunha historia “narrada desde a emoción e o sentimento”. Céntrase no argumento referíndose así ó protagonista, un neno do que descoñecémo-lo nome, que ante a perda do seu pai e a indiferencia dos demais membros da familia, crea o seu propio mundo, no que a escultura de Francisco Leiro adquire para el un valor simbólico. Deste xeito, pon fin á súa situación e atopa sentido á súa vida a través da arte.

_____, “Intriga e acción nun pazo deshabitado”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 49, 21 marzo, p. 2.

Inicia o comentario sobre *O pazo baleiro* (1997), de Xabier P. Docampo, mostrando un resumo desta obra na que Nicolás e os seus amigos deciden inspeccionar un pazo nunha arriscada misión chea de sorpresas. Explica que se trata dun dos catro volumes cos que a Editorial Anaya iniciou a traducción ó galego da colección “Sopa de Libros”, sendo os outros: *Os nosos versos* (1997), de Antonio García Teijeiro, *A serea na lata de sardiñas* (1997), de Gudrun Pausewang e *Operación lougur* (1997), de Carlos Eguillor, sobre os que ofrece unha serie de notas.

_____, “Unha historia sobre os sentimentos”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 50, 28 marzo 1998, p. 2.

Explica que en *As ribeiras son escuras* (1997), de Manuel María, recóllense tres relatos nos que se amosa a realidade do mundo labrego, pero dende unha perspectiva afastada do habitual “costumismo” e “folclorismo”. Ademais menciona que dous dos relatos foron publicados xa nos anos sesenta. Cre que esta é unha obra que “naceu unitariamente e que, debido á anormalidade da cultura e da vida galegas, publicouse en anacos”. Salienta tamén o estilo “sinxelo e directo” empregado polo escritor e remata presentando unha breve panorámica da traxectoria de Manuel María.

Castro, Xavier R.,“Contos de nenos para unha avoa”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 4 xaneiro 1998, p. VIII.

Recensión da traducción ó galego de Inés Sixto García do libro *Contos para durmi-la avoa* (1995), de Antonio Manuel Fabregat. Sinálase primeiro o labor levado a cabo na literatura infantil galega pola editorial Edebé-Rodeira. Despois céntrase no libro e destácase a súa estructura formada por varios contos vencellados entre si polos protagonistas. Tamén se resalta a subversión do proceso habitual: nesta ocasión son os rapaces os que refiren os contos á avoa.

_____, “Aventuras da pirata Penamoura”, *El Correo Gallego, “Edición 7”*, 11 xaneiro 1998, p. VIII.

Refírese á aparición dentro da literatura galega dunha recente manifestación do “xénero de piratas”, *A pirata Penamoura* (1997), de J. Daniel Buján Núñez. Ofrece unha serie de comentarios sobre esta obra na que un “interesante” narrador relata a historia e aventuras da pirata Penamoura, que decide regresar á súa terra na procura do auténtico caldo, “a punta de lanza dun conxunto de sentimentos de morriña que a fan tornar á súa orixe”.

_____, “Oito mestres do xénero de misterio policíaco”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 25 xaneiro 1998, p. VI.

Saliéntase a aparición de *Negras sombras* (1997), antoloxía de textos de misterio policíaco da colección “Costa Oeste”, da Editorial Galaxia. Sinálase que a traducción dos oito relatos do libro serve para dar ó lector “unha visión rápida, mais significativa, dos grandes mestres deste tipo de narracións”. Tamén se comenta que estes textos reflicten unha sociedade e un tipo de vida característica. Finalmente, menciónase as “liñas ben diferentes” que supoñen os distintos autores seleccionados.

_____, “A historia dunha vaca que asume un curioso e especial papel”,

El Correo Gallego, “*Edición 7*”, 25 xaneiro 1998, p. VI.

Presenta o libro de F. Xavier Frías Conde, *A vaca Maruxa esquía en Valbabuxa* (1997). Sinala que este autor, que na súa anterior producción mostrou un grande interese polo galego, amósanos agora a historia dunha vaca que asume un especial papel dentro do mundo dos animais protagonistas de historias infantís. Refírese ademais ós atractivos elementos que conforman esta historia que está apoiada nas tamén “atractivas” ilustracións de Bernadette Cuxart.

_____, “Un lugar fermoso ideado por Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego, “Edición 7”*, 19 abril 1998, p. VII.

Logo de facer unha loanza á carreira creativa de Fina Casalderrey dentro do eido da literatura infantil e xuvenil, comenta a publicación de *Podesvir* (1997) dentro da colección infantil dirixida por Xosé Antonio Perozo en Sotelo Blanco. Refírese a esta obra como unha breve historia que conta cun bo traballo gráfico de Noemí López e no que agroman actitudes e compromisos propios do tempo no que vivimos.

Eiré, Xosé M., ”Arredor dos outros”, *A Nosa Terra*, nº 818, “Guieiro Cultural”, 19 febreiro 1998, p. 25.

Compara a obra *Anxos en tempos de chuvia* (1997), de Miguel Vázquez Freire, coa novela *Arredor de si*, de Otero Pedrayo. Así sinala que as dúas obras son unha busca da propia identidade; na novela de Vázquez Freire os protagonistas son un grupo de mozos que se buscan a si mesmos nun momento vital decisivo, a adolescencia. Ofrece ademais un breve resumo do argumento. Cre que en aparencia é un proceso detectivesco, pero que ó profundar un pouco non se pode considerar tal. Fala tamén do xogo de voces que se deixan escoitar ó longo de toda a novela. Cre que a obra “vai a menos xustamente onde debería ter os momentos climáticos”. Finalmente, lamenta os “maltratos” que sofre a nosa lingua no mundo literario por descoidos da editorial ou do autor.

Martínez Bouzas, F., “Costa Oeste”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras”*, nº 199, 5 marzo 1998, p. 9.

Comeza falando da colección “Costa Oeste” e céntrase na aparición nela da traducción do libro de Herman Hesse *Baixo as rodas* (1997). Explica que é unha obra orixinal de 1906 e que foi traducida ó galego para esta colección por Franck Meyer. Sinala ademais algunhas das características xerais dos libros publicados en “Costa Oeste”: títulos secundarios de autores coñecidos, destinados case sempre ó público xuvenil. Cre que en *Baixo as rodas* tamén se poden atopar todas esas características. Asemade, considera que a obra podería encadrarse dentro da literatura de evasión destinada, xeralmente, ós mozos.

Navia, Rosa, “As ‘cidades’ dos mapas”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras. Artes e Ciencias”*, nº 6, 23 abril 1998, p. 3.

Céntrase no comentario da obra de Fran Alonso, *Cidades* (1997) recoñecida como a mellor obra infantil de 1997 pola revista *CLIJ* e que xa fora galardoada co accésit do Premio Lazarillo do Ministerio de Cultura. Explica cál é o significado da cidade para este autor, que a pesar de considerarse un tipo normal recoñece que cómpre un esforzo especial o feito de escribir para un público infantil. Despois comenta cáles son os sentimentos positivos e negativos que afloran nestes poemas ilustrados por Pablo Otero “Peixe”. Recolle ademais a súa opinión sobre a tarefa a realizar para aumenta-la base de lectores e o título doutras obras, que tamén foron incluídas na lista de honra da revista de literatura infantil anteriormente mencionada.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Alcalá, Xavier, “Docampo na gloria”, *El Mundo. Galicia*, “Pluma ao voo”, 25 febreiro 1998, p. 5.

Artigo laudatorio dedicado ó escritor Xabier Docampo, autor que goza, segundo o autor do artigo, dunha merecida gloria en vida. Lémbrase, ademais, o recoñecemento do concello de Cambre a este escritor ó bautizar unha biblioteca municipal co seu nome.

Castro, Francisco, “Prohibido medrar”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 4 marzo 1998, p. 12.

Refírese á primeira obra en galego de Conchi Sedano, *Prohibido medrar* (1997), que vén de ser editada pola viguesa Edicións Cardeñoso. Comenta que se trata dun libro que presenta “cinco contos deses que ós máis pequechos han gustar, onde os elementos naturais coma o sol, as nubes e a chuvia ocupan o papel protagonista”. Magóase ademais de que cando a xente medra se volve aburrida e non cre nos contos, para finalmente infundir na autora a idea de poñer na rúa un libro dedicado ós adultos.

_____, “Unha nova editorial”, *Atlántico Diario,* “Culturamanía”, 1 abril 1998, p. 13.

Saúda con ledicia o nacemento da Editorial Everest Galicia, creada polo grupo Everest e que ten como obxectivo promociona-lo noso idioma. Dá conta do acto de presentación da devandita editorial, no que Manuel María declarou que “o idioma é o noso patrimonio e deixalo morrer é deixar morre-la cultura”, e dos comentarios de Irene Penas, que indicou que a liña desta editorial se centra nos libros infantís e xuvenís. Conclúe reclamando unha serie de iniciativas que axuden a “normaliza-la cultura (e a literatura) galega”.

_____, “Día Internacional del Libro Infantil”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 2 abril 1998, p. 10.

Co gallo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil, ofrece unha serie de comentarios sobre o baixo índice de lectura existente entre os nenos españois. Considera que este é ocasionado polo nefasto modo de ensinar a ama-la lectura e pola televisión. Anima así ós pais a introduci-los fillos no mundo da lectura.

_____, “A campaña de fomento da lectura”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 22 abril 1998, p. 12.

Informa sobre diversos aspectos relacionados coa Campaña do Fomento da Lectura, promovida pola Consellería de Cultura. Logo de referirse ás actividades organizadas que contan coa participación de escritores, ilustradores e traductores da nosa literatura, mostra a súa conformidade ante o feito de que esta campaña se desenvolva nos meses de abril e maio, xa que son os meses do libro e das nosas letras. Remata apuntando que a pesar do que opinen moitos, os vintecinco millóns que se invisten nesta campaña non son suficientes.

Crespo, Pedro, “Sexismo y literatura infantil”, *Atlántico Diario*, “Arco Iris”, 15 maio 1998, p. 30.

Achega unha serie de datos tirados dunha enquisa feita a nenos franceses, italianos e españois, pola Asociación “Del lado de las chicas”, para confirma-la vixencia de estereotipos familiares e prexuízos sexistas nos libros destinados ós máis pequenos. Indica así que a pesar de ser escritos por mulleres máis da metade dos 537 libros examinados polos analistas, máis das tres cuartas partes céntranse nun protagonismo masculino. Subliña tamén que esta tendencia se acentúa naquelas obras nas que os personaxes principais son animais.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “A Coruña, capital do cómic”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 21 agosto 1998, p. 3.

Amosa a súa conformidade, por ser fundamental para a divulgación desta arte, coa convocatoria na Coruña do Iº Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico. Comenta o apadriñamento do Concello ó artista Miguelanxo Prado e a participación de salientables nomes estranxeiros, autores e guionistas de banda deseñada. Sinala a Miguelanxo Prado por ser un dos xenios do noso país. Critica ademais o escaso espacio que teñen para publica-los galegos, como un problema que mingua o seu progreso.

Janeiro, Darío, “Dragóns e contos”,*O Correo Galego*, “Lufada”, 23 maio 1998, p. 5.

Dá conta das actividades realizadas por Paula Carballeira, unha das actrices que impulsan o contacto cos máis pequenos, contándolles historias. Menciona as vantaxes que supón a presencia do teatro e dos contacontos nos centros de ensino e fai referencia ademais, á aparición deste tipo de iniciativas en pubs e en certos medios de comunicación. Apunta finalmente a inclusión dunha programación estable de teatro para a infancia na Sala Nasa de Santiago de Compostela.

Mayoral, Marina, “Contos para nenos”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas soltas”, 29 agosto 1998, p. 13.

Comeza o seu artigo cunha crítica ós esquemas tradicionais que se reproducen nos libros de literatura infantil e xuvenil. Na súa opinión, neste tipo de libros séguese a transmitir “unha imaxe da familia, das relacións humanas e da vida en xeral máis propia dos séculos pasados que dos nosos tempos”. A continuación, comenta o argumento dunha obra, *Cutremamá*, que rompe totalmente cos esquemas convencionais e que, sen embargo, está pensada para nenos e nenas a partir de dez anos. Para rematar, afirma que non sabe se o lectorado será quen de asimila-lo contido do libro pero, na súa opinión, “o humor e o optimismo vital que o informa convérteo en algo moi recomendable para os pequenos lectores”.

Villar Janeiro, Helena, “Enxertando cos libros”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 19 febreiro 1998, p. 3.

Tras un exordio en que dá conta da lectura efectuada de *O profeta*, de Khalil Gibran, Villar Janeiro pasa a defende-lo valor da literatura como formadora da personalidade e como medio óptimo para a aprendizaxe. Neste senso, está de acordo en que o neno debe relacionarse co feito literario o máis pronto posible. Xulga conveniente comezar pola literatura de transmisión oral e sobrancea a importancia dos pais neste coñecemento temperán. Todo isto non obsta para que a articulista considere a relevancia dunha forte presencia no currículo escolar tanto como materia canto como elemento transversal.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 5. Publicacións en xornais: entrevistas

Becerra, Olga V., “Para escribir hoxe en galego dependemos só do noso talento”, *O Correo Galego*, 15 maio 1998, p. 6.

Comenta a escritora Fina Casalderrey a situación actual da literatura infantil e xuvenil galega, o que pensa da división que se fai da literatura infantil e xuvenil en literatura da muller, do neno, do adulto, se hai ou non poucas mulleres na literatura galega e o que significan os premios tanto para a literatura como para ela. Lembra como foron os seus comezos como escritora e confesa se é difícil ou non escribir para a infancia, o que pensa da lírica medieval e que os seus libros “sexan lidos por tódalas persoas e tódalas idades”. Despois da publicación do seu último libro *Unha raíña negra* informa do novo libro no que está a traballar, *Ás de mosca para Anxo.*

Blanco, Álvaro, “Da miedo el éxito del salón”, *La Voz de Galicia*, 22 agosto 1998, p. 30.

Recóllense as consideracións de Miguelanxo Prado, mentor e creador do Iº Salón Internacional do Cómic, quen indicou que a idea de crear este Salón, era unha desas ideas que dende hai tempo estaban falando el e mais Paco Vázquez, grande afeccionado confeso ós cómics. Sinalou ademais que tratou de ser un intento de achegar un medio minoritario á gran masa e que as exposicións, chegaron a dar moi bos resultados. Por último refírese a certas cousas que se deberían mellorar, coma a feira de expositores, e á posibilidade de traer outros autores o próximo ano.

Couselo, Xabier, “O ser humano ten que vivir sempre coa dúbida e co misterio”, *El Ideal Gallego*, 27 marzo 1998, p. 68.

O escritor Xabier P. Docampo salienta a presencia da intriga no seu libro *O pazo baleiro* (1997) e explica que quixo facer un libro no que se falase sobre a aprendizaxe. Comenta que a pesar do misterio e a intriga quixo trata-la relación entre os adultos e os rapaces e recoñece transmitirlles ós lectores unha actitude dubitativa. Entende ademais que no momento en que os nenos xoguen a contarse libros “a batalla para a literatura estará gañada”.

_____, “Non son optimista, pero hai que demostrar o contrario cara fóra”, *El Ideal Gallego*, 15 maio 1998, p. 72.

Fina Casalderrey refírese á dificultade de escribir para nenos e non cre que os nenos sexan pouco selectivos. Explica que a súa comunicación especial cos pequenos pode que lle veña do seu gusto polo teatro e da capacidade de representar papeis e crelos. Declara tamén que lle gustaría que os seus libros fosen para tódolos públicos e sobre a celebración do Día das Letras considera que aínda que queda moito por reivindicar e cre que esta data “algo axuda”.

Estévez, Arantxa, “Miguelanxo Prado. ‘Nengun debuxante galego vai madurar se non ve publicadas as suas páxinas”, *A Nosa Terra*, nº 843, 13 agosto 1998, p. 15.

Con motivo da celebración do Iº Salón do Cómic da Coruña “Viñetas desde o Atlántico”, entrevista ó responsable deste proxecto, Miguelanxo Prado. Comenta este que o que desencadeou a idea do mencionado salón foi a“Semana Negra” de Xixón e que sería inviable sen a infraestructura do concello. Indica ademais que neste festival, que pretende implica-lo maior número de persoas, estrearase a obra de *Peter Pan* en galego e contarase coa presencia de certos autores americanos e europeos. Con respecto á banda deseñada do país, opina que é “desolador” ve-la producción editorial galega e que o problema está en que non hai onde publicar e deste modo, “nengún autor vai madurar se non ve as súas páxinas publicadas”. Expón tamén o seu parecer sobre a crise da historieta e os “*manga*” xaponeses, dos que considera que están ocupando o baleiro deixado por autores populares, para facer por último memoria dos seus últimos traballos.

González, Eva, “Voy a regalar a los niños y niñas de Tui un poco de duende”, *Faro de Vigo*, 7 xuño 1998, p. 16.

Pablo Corredoira Martínez defínese “como un juglar del siglo XX” e confesa que nos talleres de manualidades que organiza intenta “interrelacionar cuentos, poesía y artesanía para que niños y niñas se diviertan”. Desvela como xurdiu a idea de “fusionar lo estético con una actividad que tenga valor educativo”, salienta que o conxunto de actividades que fará cos asistentes “está basado en arte tradicional y artesanía tradicional gallega” e exemplifica isto citando algunhas delas onde fusiona artesanía con poesía. Resalta o uso da fantasía para chama-la atención da infancia, a intención de trasladalos a un mundo máxico, qué logra coas diferentes actividades e cál é o obxetivo social que quere acadar.

López, Siro, “Falta moitísima inocencia, pero hai inxenuidade de máis”, *La Voz de Galicia,* “Los domingos de la Voz”, 4 xaneiro 1998, p. 5.

O ilustrador Xan López Domínguez afirma, diante das preguntas de Siro López, preferi-la realidade á fantasía que “quedou como patrimonio dos nenos”, mundo que lle preocupa por ser susceptible de manipulacións. Sen embargo observa con agrado cómo na literatura infantil actual non todo é idílico porque dá cabida á realidade. Así mesmo, cualifica de vangardista a ilustración da mesma, unha ilustración que estendería a determinada literatura de adultos como a narrativa cunqueiriana. Para rematar cre que esta actividade é considerada unha arte menor na que el investiga dende o seu autodidactismo e a audacia, malia a pouca proxección desta actividade.

_____,“ Son un home tranquilo, que ten a sorte de facer o que quere”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, 22 marzo 1998, p. 10.

Ademais de responder a unha serie de cuestións de diversa índole, Miguelanxo Prado comenta que o seu cómic é claramente minoritario e que cando fai outro tipo de obras coas que engancha cun público máis amplo, experimenta unha sensación diferente. Sinala tamén que nel coexisten varios creadores, que se expresan con independencia e distintos xeitos, e que cre nas súas criaturas, de entre as cales sempre lle dá máis cabida a aquelas que non lle agradan. Refírese ademais ó seu xeito de traballar e falar de si mesmo, indicando que se hai algo que o caracteriza é a súa dúbida permanente.

Pérez, Paula, “Antonio Reigosa. ‘Pretendo dar a conocer la riqueza de la tradición oral”, *Faro de Vigo*, 27 setembro 1998, p. 49.

Antonio Reigosa, Premio Merlín de Literatura Infantil 1998 pola súa obra *A golpilleira*, afirma que a literatura popular estivo un pouco “encasillada” ata o momento e que, entre os seus obxectivos inmediatos, está o de recuperala para o público infantil. A continuación, declara que se baseou neste tipo de literatura de tradición oral para a redacción da citada obra. Por último, afirma que, na súa opinión, os contos populares tamén poden interesa-lo público adulto.

Pinheiro, Ramón, “Miguelanxo Prado, Banda desenhada e compromisso social”, *Gralha*, nº 19, xaneiro 1998, p. 5-6.

Miguelanxo Prado dá a súa visión sobre a situación actual da banda deseñada en Galicia na que destaca o papel do Frente Comixário. Considera que a banda deseñada “é un asunto de unha persoa pechada no seu cuarto” e que entrou en crise a nivel industrial xa que as revistas desapareceron case todas. Para intentar muda-la situación propón tanto o camiño da iniciativa pública como o da privada. Afirma ademais que ós artistas hailles que esixir un nivel de compromiso, e que el mesmo introduce nas súas obras contidos sociais e críticas ó sistema. Declárase nacionalista e de esquerdas e pensa que no terreo cultural existe unha militancia activa. Destaca a figura de Castelao, considera que debe ser analizado dende unha óptica nacionalista e di sentirse identificado con el.

Pousa, Luis, “Al traducir recuperamos un bagaje increíble de palabras perdidas”, *El Ideal Gallego*, 31 decembro 1998, p. 56.

Antonio Pichel, autor da versión galega de *Astérix*, comenta as dificultades á hora de traduci-lo cómic e as variacións que introduce tanto nos nomes dos personaxes como nalgunhas “expresións que son casi imposibles de traducir”. Salienta cál é a súa contribución na elaboración da Historia da Literatura Universal que se logra recuperar coas traduccións ó galego dos clásicos e en qué proxectos pedagóxicos está a traballar.

Sotelino, Begoña R., “A poesía axuda a durmir mellor”, *La Voz de Galicia*, 18 abril 1998, p. 72.

Esta conversa co escritor vigués Francisco Alonso aparece precedida da enumeración dos dous premios outorgados ó poemario *Cidades* (1997), ademais de cita-los xéneros nos que traballou ata agora. Explica porqué moitos nenos non len poesía, afirma que o seu libro non é só para rapaces/as senón tamén para os adultos e resalta a capacidade de relaxación da poesía. Fala tamén das cidades nas que se inspirou para o poemario e destaca que unha obra non ten porqué perde-la súa identidade ó ser traducida. Para finalizar informa que a súa próxima publicación será un “libro que ten corte xornalístico” froito das súas viaxes ós campos de refuxiados.

Toirán, Elena, “María Canosa: “En la feria la gente maneja y toca lo que luego leerá”, *El Ideal Gallego*, 5 agosto 1998, p. 12.

Comenta María Canosa que a dificultade á hora de propoñerlles ós nenos e nenas novos temas e acertar é maior que nos adultos. Recoñece que houbo un cambio nos temas da literatura infantil dende a súa infancia ata hoxe en día e que escribe “cuando tengo algo que contar”. Finaliza resaltando que a maior satisfacción que obtivo cun dos seus libros foi “el encuentro-debate con niños” e respecto a isto conta a súa experiencia nunha escola de Cee.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. I., “Cita de ilustradores para abordar su trabajo en la literatura infantil”,

El Correo Gallego, 21 febreiro 1998, p. 10.

Alude á celebración do seminario de “La ilustración en la literatura infantil” desenvolvido na Aula de Cultura de Caixa Galicia e que está dirixido por Miguel Vázquez Freire. Dá conta do nome da xente que nel participa e dos relatorios que presenta, ademais de anuncia-la inauguración da mostra “Debúxame un conto”, organizada por GÁLIX.

_____, “O eido da ilustración, a debate en Santiago”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 22 febreiro 1998, p. 48/p. 9.

Dá noticia das actividades realizadas na primeira parte do seminario que está a debater “La ilustración en la literatura infantil”, celebrado na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago. Entre elas indica a inauguración da mostra titulada *Debúxame un conto*; unha conferencia impartida pola pedagoga Teresa Durán, na que presentou unha panorámica da situación do libro infantil e xuvenil escrito en catalán; e unha mesa redonda moderada pola escritora Marilar Aleixandre, na que se falou dos novos camiños na ilustración de obras escritas en lingua galega.

AGN., “Cultura pretende quintuplicar los lectores gallegos”/“Un gigante animará a los niños gallegos a adentrarse en la aventura de leer”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, 27 marzo 1998, p. 62/p. 71.

Fai alusión ás declaracións do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, quen anunciou que a Consellería que está ó seu cargo prepara unha homenaxe a Europa destinada ós máis pequenos e que terá lugar no marco do Xacobeo 99. Sinala ademais que tal conselleiro afirmou que por medio da campaña de lectura infantil de 1998 pretendíase multiplicar por cinco o número de lectores, nunha etapa na que Galicia está vivindo un “momento literario de oro”. Achega ademais información referente ó presuposto, ó lugar e data de celebración e á cantidade de xente que participará na mencionada campaña.

_____, “Más de 35.000 personas visitaron el primer Salón del Cómic de A Coruña”, *Atlántico Diario*, 24 agosto 1998, p. 25.

Faise eco do grande éxito obtido polo Iº Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que foi visitado por máis de 35.000 persoas e no que as editorias presentes superaron os cincuenta millóns de pesetas en vendas. Dáse ademais o nome de moitos dos artistas participantes en tal evento, de entre os que destaca a Francisco Ibáñez, por se-lo que máis expectación despertou no público.

Alvárez, E., “Cheo total nas exposicións ‘Viñetas desde o Atlántico’ que se poden ver estes días na cidade herculina”, *El Correo Gallego*, 19 agosto 1998, p. 14.

Dá conta do éxito conseguido polo Iº Salón Internacional do Cómic, que se celebra na Coruña e que poderá chegar a ter continuidade, a través dunha serie manifestacións do seu director Miguelanxo Prado. Refírese ademais, á conversa xa impartida polo guionista británico Pat Mills, quen falou da súa propia obra e do cómic en xeral.

Blanco, Álvaro, “Arranca el salón del Cómic”, *La Voz de Galicia*, 18 agosto 1998, p. 24.

Noticia sobre a inauguración Iº Salón Internacional do Cómic “Vinetas desde o Atlántico”, que segundo Francisco Vázquez, pretende converti-la cidade “en una fiesta durante esta semana y un referente artístico para España e incluso para Europa”. Indica que a tal certame, que se abriu cunha “Cabalgata do Cómic”, asistirán grandes debuxantes e haberá exposicións, entre as que salientan as dedicadas ó 60 aniversario de Superman e os 40 anos de Mortadelo e Filemón. Por último dá conta das charlas, representacións e actuacións dos próximos días.

Blanco Rivas, M., “Descubrir mundos fantásticos a través dos libros”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 86, 19 decembro 1998, pp. 4-5.

Fala do estado actual da literatura infantil en Galicia e do seu avance nos últimos anos. Para iso cita os nomes dos escritores e debuxantes galegos que fixeron “que a literatura infantil en galego acadase os cumes máis altos”. Tamén se refire ás innovacións no deseño gráfico e ós numerosos premios, así como á aparición de novas editoriais no ramo, e o pulo das xa existentes, para explicar un avance tanto cualitativo coma cuantitativo deste xénero en Galicia. Por último avoga pola ampliación ou apertura no seu caso de bibliotecas escolares para achegarlles estas novidades editoriais ós nenos.

Blas, Ángel, “Galicia ya tiene salón de cómic”, La Voz de Galicia, *“Culturas”*, nº 38, 1 agosto 1998, pp. 1-2.

Saliéntase que a diferencia doutros salóns de cómic, o que se celebrará na Coruña baixo a dirección de Miguelanxo Prado do 17 ó 24 de agosto, terá como protagonistas os “paseantes”. Infórmase que contará cun amplo repertorio de actividades entre as que están unha feira de publicacións e unha serie de exposicións como as de “Camaleón Ediciones”, “Sesenta años de Supermán” ou “Homenaje a Francisco Ibáñez”. Finalmente indícase o nome dalgúns dos invitados entre os que están Óscar Jiménez, Mike Baron e Mezières.

C. B., “Jornadas de animación a la lectura en Padrón”, *El Correo Gallego*, 21 abril 1998, p. 14.

Informa da cuarta xornada de animación á lectura que terá lugar nas dependencias da Biblioteca Municipal de Padrón e que estará dirixida pola profesora Sabela Álvarez Muñiz, da que ofrece unha breve referencia bibliográfica. Sinala ademais que asistirán ás mesmas autores como Pepe Carballude ou Mar Ilaura.

Calzado, Irene, “Tui promueve entre los jóvenes una campaña de animación a la lectura”, *Atlántico Diario*, 3 maio 1998, p. 19.

Informa da celebración dunha Campaña de Animación á Lectura na Casa da Xuventude de Tui, dando conta dos días e horarios nos que terá lugar, das actividades que presenta e das idades dos rapaces que poden participar. Comenta ademais que se trata dunha campaña que ten como obxectivos fomenta-lo coñecemento dos libros dunha forma activa e participativa, xunto ó desenvolvemento dos hábitos de lectura.

Carragal, A. G., “Kalandraka’, espectáculos de contacontos, música e animación á lectura”, *Diario de Pontevedra*, 18 xullo 1998, p. 12.

Refírese ó labor que leva a cabo Kalandraka no mundo da edición, por medio das súas coleccións “Os contos do trasno Comodín”, “Demademora” e “Maremar”, esta última de próxima presentación. Sinala cáles son as liñas a seguir de cada unha destas coleccións e cáles son as obras que xa publicaron, ademais de indicar que se trata dun proxecto creado polo grupo de teatro infantil Kalandraka, coa finalidade de encher un lugar baleiro no mercado editorial galego, onde os máis cativos non tiñan a penas un oco. Indica tamén que esta editorial pontevedresa a animación á lectura como unha das súas principais teimas, ademais de ofrecer un producto editorial de máxima calidade e a toda cor.

_____, “Kalandraka” presentouse ós mestres na Semana da Educación”, *Diario de Pontevedra*, 16 setembro 1998, p. 12.

Dá noticia da presentación da Editorial Kalandraka, nunha xornada que a Asociación Sociopedagóxica Galega (AS-PG) organizou no Instituto Valle Inclán de Pontevedra. Sinala que alí se presentaron as catro últimas obras da editorial: *O coelliño Branco* e *Caperuchiña Vermella*, pertencentes á colección “O trasno Comodín”, e *O Pirata Pata de Lata* e *Animais de Compañía*, da colección “Demademora”. Indica ademais que tamén asistirón ó acto os personaxes máis emblemáticos da editorial, o trasno Comodín e a Maga Rulana, que ofreceron unha sesión de contacontos.

Carrera, Rosé, “Antonio García Teijeiro: “O mundo do neno é moi rico, sorprendente e agradecido”, *Atlántico Diario*, 7 xullo 1998, p. 33.

Alude á participación de Antonio García Teijeiro na Feira do Libro de Vigo, onde mostrou as súas últimas obras aparecidas no mercado en xaneiro: *Os nosos versos*, *Unha chea de aloumiños*, *En voz baixa* e *Cara a un lugar sen nome*. Reproduce ademais algún dos comentarios emitidos por este escritor vigués, que definiu os lectores máis novos como “xente moi esixente” e salientou o grande momento que está vivindo a literatura xuvenil galega. Apunta así, que reflexo disto é o feito de que García Teijeiro fose incluído na Lista de Honra do IBBY pola súa obra, *A fogueira dos versos*, gañadora do Merlín 1996.

Conde, María, “Crean en Pontevedra la primera editorial gallega de literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, 3 abril 1998, p. 75.

Refírese á posta en marcha de Kalandraka, a primeira editorial galega especializada en literatura para nenos. Sinala que proximamente publicará os primeiros exemplares das súas coleccióǹs “Os contos do trasno Comodín” e “Dememora”, xa existentes, e das previstas, “Maremar” e “Tras os montes”. Achega ademais outra serie de datos concernentes á presentación, prezo e ilustración dos exemplares.

D. P., “Mañana nueva jornada de ‘Animación a la Lectura’ en la Biblioteca”, *Diario de Pontevedra*, 27 marzo 1998, p. 17.

Informa da nova sesión das Xornadas de Animación á Lectura, organizadas pola profesora María del Carmen López Otero na Biblioteca Pública Municipal de Marín. Sinala ademais o horario das actividades, que nesta ocasión estarán dirixidas a nenos e nenas de idades comprendidas entre os oito e os once anos.

_____, “Semana de Animación a la Lectura’ en el Colegio San Narciso”, *Diario de Pontevedra,* 1 abril 1998, p. 15.

Informa da celebración da Semana de Animación á Lectura no Colexio San Narciso de Marín. Indica que está especialmente dirixida a nenos de Educación Infantil e Primaria, dá o nome das editoriais que participan e subliña que a súa intención é amplia-la afección á lectura por parte dos máis miúdos.

_____, “Exito de las jornadas de Animación a la lectura de la Biblioteca”, *Diario de Pontevedra*, 1 abril 1998, p. 14.

Comenta que preto de trinta rapaces de idades comprendidas entre os 8 e 11 anos participaron na última sesión das Xornadas de Animación á Lectura, organizadas pola Biblioteca Pública de Marín e a profesora Mari Carmen López Otero. Dá conta das actividades realizadas, de entre as que destaca a confección dun mural sobre a primavera e refírese ademais á satisfacción da mestra por logra-lo seu obxectivo, que “los niños aprendieron y se lo pasaron en grande”.

_____, “Los títeres van a la escuela”, *Diario de Pontevedra*, 18 xuño 1998, p. 11.

Dá noticia da firma dun convenio entre a Deputación e a Asociación Unión Internacional de Marionetas Unima Galicia, por medio do cal se pretende facer goza-los estudiantes de diversos municipios do mundo das marionetas e dos títeres, con motivo da celebración da novena campaña dos “Títeres na escola”. Infórmase ademais do tempo no que terá lugar, dos grupos participantes e dos espectáculos que estes representarán.

_____, “Kalandraka Editora ofrece una sesión de contacontos”, *Diario de Pontevedra*, 31 outubro 1998, p. 12.

Anuncia a sesión de contacontos e de maxia, a cargo do trasno Comodín, a Maga Rulana e María Campos, no colexio de Santo Tomé de Cambados. A iniciativa está organizada pola asociación local Érguete, que conta cos contacontos de Kalandraka Editora por segunda vez. Inclúense os títulos dos contos que ofrecerán.

_____, “Finalizaron las jornadas de contacontos de Kalandraka Editora”, *Diario de Pontevedra*, 31 decembro 1998, p. 14.

Informa do remate das xornadas de contacontos que tiveron lugar na Galería Sargadelos de Pontevedra. Destácase a intervención de Alicia Suárez, ilustradora do libro *Rei Ra*, quen dirixiu un taller de plástica.

E. E., “Fina Casalderrey vai ser hoxe a pregoeira da festa do viño da Ulla”,

El Correo Gallego, 5 abril 1998, p. XVI.

Con motivo da celebración da dezaoito edición da Exaltación do Viño da Comarca da Ulla, informa que Fina Casalderrey será a encargada de le-lo pregón. Recolle algunhas das súas declaracións nas que comenta o que a ela lle suxire o viño, o motivo polo que a escolleron pregoeira e o que lle supuxo consegui-lo Premio Nacional de Literatura Infantil pola súa obra, *O misterio dos fillos de Lúa*.

E. N., “O pazo baleiro’, ou cando o misterio está preto de nós e non nos decatamos”, *O Correo Galego*, 30 abril 1998, p. 47.

Reproduce algunha das declaracións emitidas por Xabier P. Docampo na presentación do seu libro *O pazo baleiro* (1997), nas que se refire ás “ideas” que o levaron a compor dita novela e ó que lle interesa á hora de escribir. Anuncia ademais, que actualmente o autor ten para publicar outra novela e que está a escribir un libro sobre o mito de Breogán.

E. P., “Ourense, a capital galega da banda deseñada”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 outubro 1998, p. 37.

Anuncia o comezo das Xornadas de Banda Deseñada e a Exposición Internacional de Fanzines que tivo lugar en Ourense, organizadas pola Consellería de Familia e a Asociación Xuvenil Phanzynex. Salienta as palabras da Conselleira de Familia quen resaltou a importancia destas xornadas e da exposición por ser “unha arte intimamente relacionada coa xuventude”. Conclúe facendo referencia á entrega de premios do XIVº Certame de Banda Deseñada e cita os nomes dos galardoados nesta edición.

Feijóo, Raquel, “Os heroes de ficción veranean en A Coruña”, *La Región*, 18 agosto 1998, p. 12.

Alude primeiramente a tódolos personaxes de ficción que van participar como estrelas convidadas no Iº Salón Internacional do Cómic, para logo informar dunha serie de exposicións e actividades paralelas ó redor do cómic, que terán lugar dentro do mencionado salón. Alúdese ademais ó anuncio dunha feira comercial con casetas de editores, colectivos e librerías especializadas, de entre as que destaca o stand dedicado ás “Xornadas de Banda Deseñada de Ourense”, que pretende informar sobre o evento ourensán e servir de vínculo entre ambas iniciativas baseadas no cómic.

_____, “Juan Carlos Abraldes: “El cómic tiene mucho que decir en la sociedad en que vivimos”, *La Región*, 16 setembro 1998, p. 12.

Centra o seu artigo no cómic de Juan Carlos Abraldes Rendo, *España vai...*, co que gañou o primeiro premio do XIVº Concurso Galego de Banda Deseñada Xuventude 98. Recolle ademais unha serie de comentarios deste autor residente en Santiago, quen mostra a súa opinión sobre os beneficios dos concursos de cómic e similares e sobre o seu duro traballo realizado para conseguilo mencionado premio. Por último, indica que tal historieta xunto ás restantes gañadoras, exhibiranse na Casa da Xuventude durante as “X^{as} Xornadas de Banda Deseñada” do 2 ó 10 de outubro.

G. P., “Los libros de temática infantil y juvenil despiertan el mayor interés en la feria del libro”, *Faro de Vigo*, 14 xuño 1998, p. 18.

Informa da celebración da Feira do Libro de Ponteareas, organizada pola Federación de Libreiros, a Consellería de Cultura e o concello da localidade. Salienta o aumento do interese do público pola literatura infantil e xuvenil e anuncia o programa de actividades que se celebran na feira: actuacións folclóricas, un programa de animación á lectura para os máis pequenos, sorteos de libros, etc.

García, Rodri, “Superman celebrará en el salón del cómic de A Coruña su 60 aniversario”, *La Voz de Galicia*, 1 agosto 1998, p. 32.

Anuncia tódalas actividades previstas na Coruña co gallo da celebración, entre o 17 e o 24 de agosto, do lº Salón Internacional de Cómic, “Viñetas desde Atlántico”. Salienta de entre elas a colocación por sorpresa en diversos puntos da cidade dalgún dos personaxes máis populares do cómic, a feira de publicacións e a exposición de obras orixinais. Dá o nome dalgún dos debuxantes asistentes e reproduce ademais algunha das declaracións de Miguelanxo Prado, quen destacou que estas xornadas estaban pensadas cun espírito aberto á maior participación de tódolos colectivos de cidadáns.

Gaspar, Silvia, “Os valores da literatura”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 2 febreiro 1998, p. 6.

Fai unha reflexión sobre o modo de poder facer unha valoración das lecturas, para a seguir realizar un repaso reducido por algún dos valores que unha peza literaria presenta. Detense así no comentario dos valores considerados clásicos como son os da linguaxe, o mundo que nos debuxa ou a historia que nos conta, ademais doutros como son os personaxes e a mensaxe.

_____, “O xénero rei da literatura”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 30 marzo 1998, p. 6.

Logo de facer diversos comentarios sobre a poesía, afirma que os últimos anos foron ricos en poesía na literatura infantil e xuvenil. Dá conta a continuación daquelas editoriais e obras máis representativas para os primeiros lectores e de idade intermedia, ademais de lembrarlles ós adolescentes e profesores que xunto ás colección das grandes editoriais, existen outras que ofrecen títulos poéticos de última hora como son “Leliadoura”, de Sotelo Blanco ou Espiral Maior. Finalmente achega unha serie de normas que se deben seguir para poder gozar da linguaxe poética.

_____, “Fin de curso”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 8 xuño 1998, p. 2.

Facendo un repaso das novidades aparecidas ó longo do derradeiro curso escolar, comenta que neste ano se consolidaron coleccióǹs como “Costa Oeste”, “Fóra de Xogo” ou “Docexvintedous”. Sinala que o libro para o ciclo infantil foi o triunfador tanto pola cantidade de títulos coma pola lista de coleccióǹs novas que apareceron, como é o caso de “Golfiño” da Bahía Edicións ou de Kalandraka. Tamén indica que neste ano os ciclos medios da Primaria saíron beneficiados a causa da existencia dun “boom” do libro enciclopédico e que foi a ocasión na que os escolares se achegaron máis ós homenaxeados no Día das Letras Galegas, a pesar do seu afastamento temporal, gracias ós títulos publicados por A Nosa Terra, Galaxia ou Xerais. Apunta finalmente que nos últimos meses comezaron a prolifera-las páxinas para escolares “navegadores” e curiosos da Internet.

Gil, Francisco J, “Un pasaje para la India”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 73, 19 setembro 1998, p. 4.

Logo de aludir á entrega dos diplomas que acreditan a pertenza á lista de honra do IBBY, que tivo lugar o 21 de setembro en Nova Delhi, coméntase que Antonio García Teijeiro ingresou nesa lista gracias ó seu poemario *Na fogueira dos versos*, libro co que gañou o Premio Merlín en 1996 e que estivo entre os máis vendidos de 1997, ademais de quedar finalista no Premio Nacional de Literatura. Apúntase tamén que formará parte da edición do presente bienio, 1996-1998, a escritora galega Marilar Aleixandre pola traducción do libro de Lewis Carrol, *A caza do carbairán*. Ofrécese a continuación unha descrición xeral da lista de honra do IBBY, onde se dá conta dos apartados dos que consta, da súa traxectoria dende a súa creación no ano 1953 e do nome doutros galegos que en anteriores ocasións formaron parte dela. Achégase finalmente unha serie de comentarios sobre o labor docente e literario de García Teijeiro.

Iglesias, Ana, “Desenvolvemento e lectura, feitos paralelos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 marzo 1998, p. 38.

Dá conta da visita a Santiago de Victoria Chapa, directora de Alfaguara Infantil e Xuvenil, coa finalidade de promociona-la nova campaña editorial dirixida a escolares de Educación Primaria. Esta campaña, segundo as declaracións da directora, ten entre outros obxectivos, “facer que a lectura se convirta nun hábito cotián para nenos e mozos”. Sinala ademais que para conseguir isto, a editorial preparou o primeiro concurso nacional “Da Vida a tus Mejores Amigos”, que se celebrará en dez cidades españolas, sendo Santiago a única elixida de Galicia xunto a Pontevedra, e no que haberá que escenificar un dos oito libros propostos por Alfaguara. Finalmente, achega outra serie de datos sobre ese concurso e a opinión de Victoria Chapa sobre o estado da lectura.

J. P., “O gato con Botas’ será representado de nuevo en el Colegio de Nazareth”, *Diario de Pontevedra*, 17 setembro 1998, p. 22.

Informa da nova posta en escena, no Colexio Público Nazareth, da obra de Perrault adaptada por Franco Passatore, *O gato con botas*. Sinala que o obxectivo desta versión localista do dramaturgo italiano é “ofrecer una perspectiva totémica con la que, a través de la metáfora del gato, se representa la transformación del carácter primigenio de la juventud”.

Janeiro, Darío, “O debuxante Miguelanxo Prado rexeita a ‘carga teórica’ das artes”, *El Correo Gallego*, 18 marzo 1998, p. 11.

Co gallo da celebración das II[as] Xornadas sobre Ciencia Ficción da USC, recolle unha serie de declaracións feitas por Miguelanxo Prado, a través das cales expresa o seu parecer sobre o tema. Afirma así este debuxante que foi na Ciencia Ficción onde achou “un remedio para a unión das materias” e que esta “engancha pola capacidade que ten de xerar imaxes poderosas”. Fai ademais unha serie de comentarios sobre algunha das súas obras e refírese ó seu labor actual, de entre o que destaca a realización que está facendo dos caracteres da segunda parte da serie *Men in Black*, de Spielberg. Remata criticando o academicismo e as artes, que ultimamente se volveron “demasiado conceptuais e non conseguen crear no público realidades diferentes”.

Leis, Iván, “Os herois do cómic falan galego”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 13 febreiro 1998, p. 4.

Considera que as referencias editoriais de cómic en galego son “escasas”, xa que no mercado existen pouco máis de corenta títulos deste xénero traducidos ó noso idioma, dos que dá conta de forma detallada. Salienta ademais que se se inclúen os propios autores galegos, a lista non engorda, xa que só está Miguelanxo Prado con dous títulos, a recompilación de relatos curtos “Páxinas Crepusculares” e a historia *Pedro e o lobo*. Remata concluíndo que a producción editorial do cómic en galego é un campo sen explotar convenientemente e expoñendo a opinión dun dos coñecedores desta cuestión.

_____, “A literatura debe formar persoas críticas e respetuosas”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 53, 25 abril 1998, p. 8.

Dá conta da aparición dos tres novos libros da autoría de Antonio García Teijeiro, destinados principalmente ó mundo infantil e xuvenil. Trátase de *Os nosos versos*, unha antoloxía de poetas clásicos contemporáneos; de *Unha chea de aloumiños*, que é unha recompilación de antigos poemas orixinais, e de *En voz baixa*, unha novela xuvenil de carácter intimista. Recolle a opinión do escritor vigués sobre estas súas obras, ademais do seu parecer sobre diversos aspectos da literatura dirixida ó publico máis novo, que segundo el, goza actualmente de “boa saúde”, a pesar de non ser debidamente valorada.

_____, “Cóntalle un conto na súa lingua propia”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 59, 6 xuño 1998, p. 6.

Dá conta da aparición de dous novos títulos, *A toupa que quería saber quen lle fixera aquilo na súa cabeza* e *O ladrón de voces*, cos que o grupo Kalandraka vén de estrear dúas novas coleccións. Refírese a seguir ó nacemento e as actividades organizadas por este grupo, que naceu co obxectivo de enche-lo baleiro de literatura infantil no mercado editorial galego, para logo de forma detallada ofrecer certos datos concernentes ás súas coleccións: “Demademora”, que edita unha serie de libros destinados ós primeiros lectores; “Os contos do trasno Comodín”, que pretende recuperar e adaptar á lingua galega textos clásicos universais; “Tras os Montes”, que inclúe traduccións de contos actuais e “Maremar”, na que saen obras de “creación “total” a nivel de texto e de imaxe”.

López, Cris, “O axente espacio-temporal”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 23, 20 agosto 1998, p. 2.

Refírese ó inicio do Iº Salón Internacional do Cómic da Coruña “no que se amosan dende as viñets dos primeiros libros de contos ata as producciónss máis vangardistas”. Fai un percorrido polos personaxes que alí se poden atopar así como as casas editoras de bandas deseñadas que participan: Camaleón, Under, El Jueves, Kómic, etc., Recóllese a opinión de Miguelanxo Prado quen salientou o grande interese demostrado polo alcalde da Coruña polo mundo da banda deseñada. A seguir cita as tres editoriais ás que se lles dedican as exposicións: Laberinto de Planeta Agostini, Camaleón Ediciones e por último Nosotros somos los muertos. Finalmente destaca a homenaxe que se lle rende na exposición a Francisco Ibáñez, co gallo do 40 aniversario de Mortadelo e Filemón e cita os debuxanytes participantes como Pacheco, Cels Piñol, Pere Joan, entre outros.

Malvar, Aníbal, “Un nuevo foro para el cómic español”, *El Mundo. Galicia*, “UVE”, nº 32, 20 agosto 1998, p. 3.

Informa das diferentes actividades realizadas dentro do salón coruñés do cómic, de entre as que destaca as charlas dunha vintena de profesionais da viñeta e varias exposicións dedicadas a diferentes protagonistas dos tebeos ou sobre publicacións de certas editoriais. Con respecto ó mundo do cómic galego, comenta que algunha editorial se aventurou sen moita sorte na traducción ó galego de clásicos contemporáneos e que só unha serie de cómic autóctono ten continuidade, a serie *Un misterio para Simón* de Xerais. Sinala ademais que o coordinador do evento, Miguelanxo Prado, pretende con este salón que está pensado con sentido lúdico, impulsa-lo xénero do cómic na nosa terra, onde a penas existe producción.

Mene, Alex e **Buxán Bran**, “Caixa de sorpresas”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 16, 2 xullo 1998, p. 8.

Presentan varios comentarios positivos sobre o labor levado a cabo pola Editorial Kalandraka, posta en marcha segundo os seus creadores por unha serie de motivos entre os que subliñan “a carencia deste tipo de material para nenos en Galicia”. Informan a seguir do nome das catro colección s que esta editorial oferta, “Os contos do trasno Comodín”, “Demademora”, “Maremar” e “Tras os montes”, para concluír apuntando tódolos títulos que en cada unha desas colección s se publicaron, ademais de achega-los nomes dos seus escritores, adaptadores e ilustradores.

Mallo, Albino, “Inauguración do primeiro salón do cómic “Viñetas desde o Atlántico” en A Coruña”, *El Correo Gallego*, 17 agosto 1998, p. 11.

Informa da celebración do Iº Salón do Cómic titulado “Viñetas desde o Atlántico”, coordinado por Miguelanxo Prado e que se presenta como punto de encontro de importantes autores tanto de España coma do estranxeiro. Dá os nomes dalgúns autores participantes nunha serie de charlas e coloquios como é o caso de Pat Mills, Enrique Torneiro, Reguis Lisel ou Adam Hughes. Dá conta ademais doutras actividades de entre as que destaca unha homenaxe a Francisco Ibáñez, a instalación de casetas de máis de trinta editoriais e librerías especializadas, diversas exposicións e a estrea do primeiro capítulo da primeira serie galega de debuxos animados *Os vixiantes do camiño*, producida por TVG e realizada segundo idea de Miguelanxo Prado.

_____, “Cómic na Coruña: un éxito superior ó previsto”/“Prado: ‘o éxito de Viñetas desde o Atlántico foi moi superior ó previsto”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 agosto 1998, p. 38/p. 12.

Dá noticia do Salón Internacional do Cómic da Coruña bautizado como “Viñetas desde o Atlántico”, que segundo o seu director Miguelanxo Prado, obtivo un éxito superior ó previsto. Reproduce ademais outros comentarios deste debuxante, quen sinalou que este salón estivo baseado noutros que vira nacer como o de Barcelona e que se referiu á presencia de debuxantes e guionistas dos Estados Unidos, Francia e España e á futura participación de portugueses e italianos.

_____, “Miguelanxo Prado”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 13 setembro 1998, p. XXI:

De forma detallada e acompañando o seu escrito con declaracións de Miguelanxo Prado, comenta o traballo levado a cabo por este importante creador coruñés na serie de debuxos animados sobre a obra de Spielberg, *Men in black*, da que xa fixo 26 capítulos e da que terá que realizar unha terceira serie de trece capítulos. Refírese tamén ó seu traballo dentro do campo dos libros, tan esquecido ata agora por mor da súa intensa tarefa televisiva e no que ten pensado presentar unha triloxía que xa lle ten prometida ó seu editor. Finalmente, alude ó seu labor na serie de animación para a TVG, *Os vixiantes do camiño*, e expón a súa opinión sobre a futura edición de “Viñetas desde o Atlántico”, da que este ano foi coordinador.

Mallo, Albino e E. **Álvarez**, “A Coruña: un paseo pola historia do cómic galego”/ “Promoción das Xornadas de Banda Deseñada no “Viñetas desde o Atlántico”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 20 agosto 1998, p. 47/p. 13.

Salienta a presencia do coordinador das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense en “Viñetas desde o Atlántico” e recolle fragmentos da súa intervención nos coloquios que tiveron lugar nos que falou do cómic galego, dos seus inicios, que remontou a Alfonso X, ou dos cómics baseados nos carteis de cego realizados por Díaz Pardo ou Reimundo Patiño. Como salto definitivo salienta *Frente Comisario* ou *Espesial* e o álbum *Papagayo Spray*, de Fernando C. Varela. Finalmente remata o artigo resumindo as palabras de Torreiro sobre a importancia do Salón do Cómic que segundo di “polo seu carácter internacional, resulta interesantísimo e moi positivo como axuda ó cómic galego en xeral”.

Navia, R., “O Nadal cheo de conto”, *O Correo Galego*, 31 decembro 1998, p. 3.

Comenta que a demanda de literatura infantil e xuvenil fai que as editoriais abran coleccións en galego destinadas a este lectorado. Destaca tamén a busca, por parte destas, da ensinanza e divertimento dos lectores ademais de permitir “familiarizarse coa lectura e coa língua nunha mestura de xogo, de aprendizaxe colorida” e a seguir cita as novidades que presentan este Nadal algunhas editoriais.

Noia, Zoé, “As palabras desencoradas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 marzo 1998, p. 47.

Informa da presentación da última entrega de Manuel María en prosa, *As ribeiras son escuras* (1997), co que a editorial Everest Galicia entra no sector editorial galego. Reproduce algún dos comentarios do escritor de Outeiro de Rei sobre esta súa obra, a través da cal “fai unha chamada, transparente, á recuperación da memoria histórica”, e sobre a importancia da aparición de Everest Galicia, “ó interesarse pola nosa literatura”. Indica tamén que a editorial presenta dúas coleccións: “Montaña Encantada”, para un público infantil, e “Punto de Encontro”, para o xuvenil. Apunta finalmente algunha das obras xa publicadas por esta editorial, que en palabras de Manuel Fraga, “difundirá os valores selectivos da lingua que nos identifica”.

P. R. M., “La literatura alimenta el espíritu”, *Atlántico Diario*, 8 xullo 1998, p. 34.

Fala Fina Casalderrey da compatibilidade existente entre a literatura e a gastronomía, pois, na súa opinión, ámbalas dúas alimentan o ser humano. Recomenda le-lo seu libro *O estanque dos parrulos pobres* (1995), dedicado tanto ó lectorado adulto coma ó infantil e xuvenil, e explica a causa pola que os nenos e nenas non prestan atención ós libros e si á televisión. Por último, afirma non esconde-la realidade nin empregar tabús á hora de escribir para non engana-lo lectorado e destaca a obra *El viejo y el mar*, de Hemingway e o autor J. L. Sampedro pola pegada que deixaron nela.

Paredes, Josefa, “A maxia das palabras”, *El Mundo. Galicia*, 28 maio 1988, p. 8.

Refírese á campaña promovida pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ó longo da cal se repartirán entre os alumnos galegos de segundo e terceiro ciclo de Primaria, numerosos exemplares da colección de oito contos titulada “A maxia das palabras”. Comenta certos aspectos desta colección, como son os concernentes ó seu formato e ás seccións de textos que ofrece, mediante os que se intenta promover “actitudes positivas” cara á lingua galega. Reproduce ademais as declaracións das personalidades asistentes ó acto de presentación da mencionada campaña, entre as que están as de Marilar Aleixandre, Manolo Uhía, Agustín Fernández Paz e as do Conselleiro de Educación, Celso Currás.

Pousa, Luis, “A Coruña, ciudad de tebeo”, *El Ideal Gallego*, 18 agosto 1998, p. 11.

Refírese á inauguración do Iº Salón Internacional do Cómic da Coruña que presenta unha grande exposición de obras orixinais, unha feira de publicacións e unha serie de encontros cun grupo selecto de autores invitados. Faise eco ademais dos comentarios de Francisco Vázquez, quen afirmou que a Coruña se converterá nun referente español e europeo na arte do cómic, e de Miguelanxo Prado, quen manifestou que lograrán o seu obxectivo se conseguen que a xente saia da mostra cunha idea renovada do cómic desta fin de século. Dá conta tamén dalgunha das exposicións existentes, de entre a que destaca a dedicada ós precursores do cómic na que puxo moito cariño o debuxante coruñés, e doutras actividades, como a colección de obxectos relacionados coas historietas e a cabalgata do cómic.

_____, “Miguelanxo Prado: ‘La respuesta del público nos ha sobrepasado”,

El Ideal Gallego, 24 agosto 1998, p. 14.

Coméntase que a primeira edición do Salón Internacional do Cómic da Coruña, clausurouse cun balance máis que notable, tanto pola asistencia de público coma pola valoración dos autores invitados. Sinálase ademais que o director do salón, o debuxante Miguelanxo Prado, destacou sobre todo a participación do público e dos autores que interviron. Indícanse por último as actividades que se pretenden incluír na próxima edición.

Puig, Pedro, “Mortadelo y Astérix veranean en A Coruña”, *El Ideal Gallego*, 23 agosto 1998, pp. 12-13.

Comenta diversos aspectos do Iº Salón Internacional do Cómic da Coruña que estivo organizado polo autor Miguelanxo Prado, o alcalde Francisco Vázquez e o guionista David Macho e que a xulgar pola grande aceptación que tivo, promete ser un dos máis prestixiosos de España. Refírese así ós personaxes dos tebeos que participaron, ó publico que asistiu e algunha das actividades deste Salón, de entre as que destaca o encontro con debuxantes da talla de Ibáñez.

R. C., “Perozo: ‘A lectura ten que divertir”, *La Región*, 9 maio 1998, p. 16.

Informa da conferencia impartida por Xosé Antón Perozo ante os rapaces dos colexios Virxe de Covadonga e Calvo Sotelo, dentro dos actos organizados pola Consellería de Cultura con motivo da Campaña de Animación á Lectura. Reproduce parte das súas declaracións e dá conta tamén do coloquio no que Perozo falou da súa traxectoria e da súa próxima publicación, *Claudina volveu*.

R. F., “Un ‘pulso’ entre literatura y audiovisual”, *La Región*, 17 febreiro 1998, p. 15.

Achega unha serie de datos tirados dun estudio feito pola Federación de Gremios de Editores de España, onde se constata o aumento da cifra de vendas na literatura infantil e xuvenil. A seguir afirma que a literatura para os máis miúdos vive un camiño paralelo e, en ocasións, complementario ó sector audiovisual. Reforza esta afirmación coas declaracións feitas por xente vinculada coa literatura ou os medios audiovisuais, a excepción das da presidenta da Agrupación de Libreiros de Ourense, quen pensa que a desgracia da literatura “fueron y siguen siendo los medios audiovisuales”. Recolle ademais a opinión de varios cativos sobre a súa preferencia polo libro ou o medio audiovisual.

_____, “O que máis me interesa da literatura é a linguaxe”, *La Región*, 2 abril 1998, p. 17.

Logo de mostra-los obxectivos de Xabier Docampo coa presentación do seu novo libro, *O pazo baleiro* (1997), comenta que se trata dunha “obra de misterio destinada moi especialmente ó público adolescente”. Indica ademais que todo é narrado por este autor lugués cunha linguaxe “rigurosamente coidada” e “perfectamente accesible”, xa que o que máis lle interesa da literatura, é a “linguaxe”.

R. G., “Lita Rivas: “A literatura infantil é desprezada”, *La Voz de Galicia*, 10 marzo 1998, p. 73.

Co gallo da publicación da obra de Lita Rivas, *A idade de cristal* (1997), recóllese unha serie de comentarios da súa autora nos que destaca a dificultade de escribir para nenos e nos que indica que a literatura infantil é “bonita”, aínda que por veces se fale dela dun modo “pexorativo”. Ofrécese ademais un resumo desta obra coa que a editorial Everest entra por vez primeira na publicación de literatura infantil en galego e coa que segundo Lita Rivas, da que se achega un perfil bibliográfico, pretende “transmitir unha serie de valores que están case esquecidos”. Infórmase tamén da aparición do libro *Adiviñas* (1997) na colección infantil “Montaña encantada” da editorial Everest Galicia, que recolle unha vintena de textos populares e que está ilustrado por María Fe Quesada.

S. C., “E dixo o corvo: un libro para anima-los nenos do Hospital Xeral de Compostela”, *O Correo Galego*, 21 xaneiro 1998, p. 44.

Fai referencia ó acto de presentación do volume *E dixo o corvo* (1997) por parte de Celso Currás que tivo lugar no Hospital Xeral de Galicia, acto incluído dentro das actividades organizadas para a celebración do XXVº aniversario da fundación do hospital. Dáse conta do contido do volume o cal consta de 32 relatos, e destácase a participación dalgúns escritores como Úrsula Heinze, David Otero, Helena Villar Janeiro ou Anxo Tarrío Varela. Finalmente salienta como novidade a colaboración de persoeiros políticos como a Conselleira Manuela López Besteiro, o alcalde compostelán Xerardo Estévez ou o propio Celso Currás.

_____, “Everest faise galega”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 marzo 1998, p. 38.

Anuncia o lanzamento de Everest Galicia, selo dirixido por Sela Penas, que pon en marcha un proxecto editorial que desenvolverá o seu traballo unicamente en lingua galega e con autores galegos, coa finalidade de axudar na normalización lingüística. Apunta que a editorial nace con dúas coleccións de literatura, unha dedicada ós lectores máis novos “Montaña encantada” e outra xuvenil “Punto de encontro”, e dá conta ademais dos libros que xa leva editados e doutras publicacións que forman parte do seu catálogo. Refírese finalmente ó acto de presentación desta editorial, na que participarán personalidades como Manuel María, Juan Farias e Manuel Fraga.

S. R., “Kalandraka abre en Pontevedra la primera editorial de Galicia especializada en niños”, *Faro de Vigo*, 3 abril 1998, p. 21.

Fai referencia á creación en Galicia da primeira editorial especializada no público infantil, por parte do grupo pontevedrés Kalandraka. Indica que tal proxecto editorial se centra en catro coleccións e que pretenden ofrecer traduccións de obras infantís inéditas no mercado galego e incluír traballos experimentais de creadores galegos na comunicación mediante texto e imaxe, respectivamente. Indica tamén cáles son as características do soporte das obras xa publicadas, ademais de dá-lo nome dos seus escritores e ilustradores.

Santos, Ágatha de, “Los cuentos que narraban los abuelos”, *Faro de Vigo*, 31 outubro 1998, p. 9.

Informa dunha exposición inaugurada pola editorial de literatura infantil Kalandraka na Biblioteca Central de Vigo. Titúlase “Libros para soñar” e está composta, ata o momento, por nove obras con pequenos textos e diferentes elementos plásticos como a reproducción dos personaxes e os orixinais das ilustracións. A directora da editorial, Manuela Rodríguez, afirmou que a afección pola lectura debe iniciarse na casa a través da comunicación oral cos nenos e nenas. Por último, engade que “para que un niño aprenda a hablar, primero ha de aprender a escuchar y contarles cuentos es la mejor forma”.

Vidal, C., “Os contos do Trasno Comodin e a Maga Rulana”, *A Nosa Terra*, nº 836, “Guieiro Cultural”, 25 xuño 1998, p. 34.

Logo de referirse ós inicios da nova editorial de libros para xente miúda Kalandraka e de describi-lo local desta editorial, comenta algún dos aspectos máis salientables dos volumes que leva publicados. Sinala que en cada un dos seus libros existe unha especial comunicación entre o escritor e o ilustrador, e que se intenta ampliar algunha das súas coleccións, para así cubri-las necesidades literarias dos máis pequenos. Achega ademais outros obxectivos desta editora, entre os que destaca entrar en contacto con outros grupos editoriais europeos e conseguir que os seus libros pasen a outros mercados.

V. L. V., “Una representación de títeres abarrotó la casa de cultura de Portomarín”, *El Progreso*, 8 xaneiro 1998, p. 16.

Dá noticia da representación de títeres levada a cabo polo grupo Media Luniña, pertencente á Asociación Xuvenil Axóuxere de Portomarín, por medio da cal se logrou enche-lo salón de actos da casa de cultura. Indica ademais algunha das outras actividades que organizou tal agrupación xuvenil.

_____, “El grupo de títeres ‘Luniña’ de Portomarín actúa en la biblioteca de Lugo el 16”, *El Progreso*, 14 maio 1998, p. 14.

Anúnciase a actuación da compañía de marionetas Luniña, da Asociación Cultural Axóuxere de Castro de Rei, que representará unha das súas obras na Biblioteca Provincial de Lugo o próximo día 16.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

Carnero Vázquez, Mª Ofelia, Xoán Ramiro **Cuba Rodríguez**, Antonio **Reigosa Carreiras** e Mª de las Mercedes **Salvador Castañer**, Polavila na Pontenova. *Lendas, Contos e Romances,* prólogo de Anxo Fernández Ocampo, Lugo: Deputación de Lugo/Servicio de publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1998, 257 pp. (ISBN: 84-8192-118-1).

Este volume ábrese cun breve prólogo de Anxo Fernández Ocampo no que comeza lembrando a primeira experiencia escrita das terras de Pontenova en 1928, coa publicación de *Contos de Polavila*, de José Mª López, do que agora se cumpren setenta anos. Reflexiona despois sobre o concepto de globalidade e trata de buscala neste traballo de recompilación, o cal resulta complexo debido a riqueza da linguaxe e a gran cantidade de variantes que se recollen mesmo nas vilas máis pequenas. Finalmente pecha o seu prólogo agradecendo ós autores deste libro o traballo realizado. A seguir, na "Introducción", feita polos propios autores, achéganse unha serie de apuntamentos nos que explican os pasos seguidos para a realización da escolma de textos presentados; así, en "O inventario: xustificación" critican a falta de interese pola oralidade como fonte de coñecemento e salientan como única publicación que precede ó seu labor a anteriormente citada *Contos de Polavila. Parolas e comentarios feitos ó son do lume, en varias*

cuciñas de unha aldea da provincia de Lugo, en noite de xeada, de José María López, publicada en 1928. A continuación, sinalan como obxectivos principais rexistrar tódalas manifestacións orais que perviven no Concello, describen os contidos do inventario e achegan unha breve estatística cos resultados obtidos. Finalmente, reprodúcense os textos escritos seguindo esta orde: Lendas, Contos e Romances. En cada apartado faise unha breve introdución específica na que se explican os criterios de clasificación e se dá conta dos lugares onde foi atopado o material recompilado.

Cousillas Rodríguez, Manuel*, Literatura popular en la Costa de la Muerte (enfoque semiótico*), presentación de José Ángel Fernández Roca, A Coruña: edición do autor, 1998, 224 pp. (D. L: C-1023/98).

Manuel Cousillas Rodríguez non só ofrece neste libro un estudio da literatura popular das súas terras natais, senón tamén unha antoloxía de textos que, lonxe de ser reproducidos tal como o recompilador os recolleu dos seus informadores, aparecen modificados e pulidos pola man do antólogo. É o carácter híbrido do libro, a un tempo florilexio e análise, o que lle vale grandes eloxios do prologuista, José Ángel Fernández Roca, que, amais, salienta a importancia que ten o fixar por escrito textos que están a piques de se perder, víctimas do "bombardeo audiovisual de culturas ajenas". Na opinión de Manuel Cousillas, o secreto da pervivencia da literatura popular é a súa condición de alicerce da comunidade: a literatura popular transmite os valores e os patróns de conducta aceptados polo grupo, de aí a súa riqueza, a súa fondura, e o interese do seu estudio. A partir deses presupostos, Cousillas estudia as diferentes formas da literatura folclórica (a copla, o refrán, o mito, a lenda, o conto) intentando caracterizalas e presentando abondosas mostras de todas elas. O libro péchase cun apéndice no que se recollen as seguintes reflexións de varios estudiosos acerca dalgúns dos textos recollidos polo autor: "La bondad recompensada o la maternidad copiosa: Blancaflor y los tres deseos" (D. Ródenas de Moya), "Reflexiones pasajeras sobre la estética al hilo de "Monte Blanco" (M. A. Mauro), "De la leyenda de la ciudad

sumergida de Valverde al Patrimonio Universal de Lo Fantástico Maravilloso” (J. M. Estévez Sáa), “Del romance al exvoto: “En un tenebroso día” (J. A. Fernández Roca), “De Galicia a Canarias: un viaje por el Romancero Tradicional Hispánico” (Félix J. Ríos), “Aproximación al estudio semiótico del cuento popular “El pescador y el demonio” (E. Cortés) e por último o “Romance al Cabo Villano”, de Manuel Cousillas Rodríguez.

Díaz, Salomé, Luisa **Meixome**, Eva **Páramos** e Carme **Lamela**, *A Cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Arquivo Sonoro de Galicia), 1998, 189 pp. (ISBN: 84-8717239-3). ¤

Obra recompilatoria de parte do material recollido no ano 1992 en catro Centros da Terceira Idade de Galicia e que mostra parte do saber popular que moitos vellos galegos reteñen na súa memoria. Conta cunha presentación de Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, unha introducción de Carme Lamela Villaravid, autora da selección dos textos que se recollen na obra, e de Miruca Parga Valiña aparece a explicación dos criterios metodolóxicos levados a cabo, ademais da selección de textos incluídos nos dous CDs que acompañan a obra impresa. A estructuración da obra está feita en once capítulos que se corresponden con outras tantas formas recollidas no elenco popular, entre elas as máis numerosas son as cantigas de variada temática e os contos, seguidos cuantitativamente polos romances, as oracións e as lendas, pero tamén se recollen cancións dos xogos infantís, adiviñas, arrolos, así como cantos de nadal e refráns, o que ofrece unha ampla panorámica das formas de expresión da cultura popular de tradición oral en Galicia. Recóllense, finalmente, algúns datos biográficos sobre os informantes que colaboraron coas bolseiras encargadas de recompila-lo material aquí recollido.

Fraguas Fraguas, Antonio, *Cantigueiro de Cotobade*, limiar de Xaquín Lorenzo Fernández, A Coruña: Ediciós do Castro, Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 78, 1998, 96 pp. (ISBN: 84-7492-881-8).

Iníciase este volume cun apartado titulado “A xeito de prólogo”, no que Antonio Fraguas Fraguas fala da primeira e segunda edición deste “cantigueiro” de terras de Cotobade e descúlpase dos erros que no seu traballo pode haber. A seguir, dálle paso a un “Limiar” no que Xaquín Lorenzo Fernández se refire a certos aspectos do quefacer de Fraguas, subliñando de entre todos, a súa grande dedicación á “Terra”. Nun novo apartado titulado “Aportacións ó cancioneiro de Cotobade”, describe Fraguas as terras de Cotobade, dá o nome das xentes que lle achegaron gran parte das cántigas e realiza entre outros, unha serie de comentarios sobre o aspecto formal, temático ou tipolóxico de ditas composicións. Ofrece a continuación, seguindo unha orde alfabética, toda unha serie de cántigas que conforman o seu *Cantigueiro de Cotobade*, composicións estas que versan sobre tipos marcados por unha serie de trazos propios da cultural popular galega como poden ser a sogra, a nai, o cura, a moza ou o mozo. A temática tamén é puramente tradicional, xa que ademais das loanzas que hai respecto a certos santos ou espacios, os temas máis comúns son os dos casamentos, infidelidades, amores e feitos cotiáns.

Harguindey, Henrique e Maruxa **Barrio**, *O mal do zapateiro e outros contos*, ilust. Xan López Domínguez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1998, 77 pp. (D. L: C-1791/98).◆

Volume editado con ocasión da Campaña de Fomento da Lectura dos Maiores levada a cabo pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Contén quince contos breves pertencentes á tradición oral que xa foran recompilados por Henrique Harguindey e Maruxa Barrio e publicados na Editorial Galaxia. Neles preséntanse personaxes habituais deste tipo de relatos: cregos, sancristáns, zapateiros, ferreiros, escribáns e animais humanizados.

Markale, Jean, *Contos e lendas dos países celtas* (*Conte et légendes des pays celtes*), Noia: Toxosoutos, serie Keltia, 1998, 369 pp. (ISBN: 84-89129-36-3).

Traballo no que Jean Markale recolle unha escolma de contos e lendas espallados por vía oral e pertencentes a distintas terras nas que, no seu tempo, deixaron a súa pegada os celtas. Distingue sete lugares nos que amalgamar estes relatos de tal xeito que o volume está artellado en sete partes: Bretaña, Cornualles, Escocia, Galia, País de Gales, Irlanda e Valonia. En xeral trátase dunha serie de anécdotas protagonizadas por persoas do mundo cotián nas que se mesturan toda unha galería de personaxes misteriosos: fadas, monstros, meigas e demais. Cada unha das narracións vai acompañada dun parágrafo no que o autor expón onde foi recollida a historia e a transcendencia da mesma na tradición popular do lugar. Todo o volume está precedido dunha introducción na que ofrece unhas achegas acerca da ocultación da contribución céltica debido á inexistencia de documentos escritos. Fala tamén sobre a dificultade de recoñece-la especificidade celta en medio de tantas tradicións e tan heteroxéneas.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Epopeias e relatos dunha civilización esquecida”, Faro de Vigo, “El Sábado”, nº 71, 5 setembro 1998, p. 2.

Refírese ó libro *Contos e Lendas dos países celtas*, de Jean Markale, no que observa que a compoÒente oral da maioría dos contos que aparecen nel “fannos comprender mellor a nosa civilización”. Tamén destaca a importancia destes relatos que proveñen do pobo, dos países celtas, sobre todo daqueles que aínda falan unha lingua céltica, para rematar sinalando que “renace nunha Europa que só pode realizarse en función das súas raíces culturais”.

Parrilla, Carmen, Begoña **Campos**, Mar **Campos**, Antonio **Chas**, Mercedes **Pampín** e Nieves **Pena** (coords.), *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, 2 vols., A Coruña: Universidade da Coruña, 1998, 739 pp. (ISBN Volume I: 8495322-06-4) (ISBN Volume II: 84-95322-07-2) (ISBN Obra Completa: 84-9532208-0). ¤

Actas do “Primer Congreso de Jóvenes Filólogos”, organizado pola Asociación Galega de Hispanistas e o Departamento de Filoloxía Española e Latina da Universidade da Coruña. O encontro científico desenvolveuse na Facultade de Filoloxía da devandita Universidade entre os días 25 e 28 de setembro de 1996 e foi dedicado á edición e anotación de textos. Recollemos a continuación a intervención relacionada coa literatura oral.

- María Xosé Anca Casal, “Dous vilancicos mindonienses de finais dos séculos escuros. Edición crítica”, pp. 85-95.

Edición crítica de dúas pezas de Nadal conservadas no Arquivo da Catedral de Mondoñedo: *Oyame, zagal*, cantado en 1799, e *Los gallegos sabiendo que Belén nació el pan*, cantado en 1801. Para o seu traballo, a autora ten en conta tanto o confronto directo dos manuscritos coma as edicións previas de J. M. Montero Santalha e C. Villanueva. Previamente, traza unha breve panorámica sobre a tradición das panxoliñas en galego, comezada en Santiago a finais do século XVIII e que non tardou en transmitirse a outras partes de Galicia, entre elas Mondoñedo.

Paz Fernández, Xosé, *Nas beiras do Eume. 2ª parte. Cancioneiro Popular Eumés*, prólogo de Xesús Ferro Ruibal, Pontedeume: Concello de Pontedeume, 1998, 614 pp. (ISBN: 84-921952-2-3).

Xosé Paz Fernández (Pontedeume, 1943) publicou en 1994 o seu *Cancioneiro Popular Eumés*, froito da recolleita de temas populares efectuada dende mediados do decenio anterior. Este novo volume vén, catro anos despois, complementa-lo primeiro. O autor divídeo en catro partes. A primeira, "Cantos do pobo", xébrase, á súa vez, en tres seccións: unha dedicada a cantos populares que teñen como lingua vehicular o castelán, unha segunda análoga pero en galego e outra composta por coplas populares. Posteriormente "Músicos e poesías" tamén aparece subdividida. A primeira sección é unha colección de cantares e poesías compostos por eumeses. Vén ordenada alfabeticamente polo nome dos autores e inclúe unhas breves infomacións biográficas. Neste grupo podemos atopar algúns escritores coñecidos como Ramiro Fonte ou Eva Veiga. A seguinte sección é unha colección de textos misceláneos agrupados tematicamente en "Á terra do Eume" e "A fala (musicada) dun tempo". A terceira parte, "Músicos, cerimonias e festas musicais", estructurada así mesmo en catro seccións, é unha colectánea de informacións sobre música (e cultura) da zona dende o século XVII ata hoxe. As fontes para esta pescuda son fundamentalmente xornais, revistas e arquivos locais. A parte derradeira está composta polas partituras da maioría das cancións recollidas en apartados anteriores e aínda engade outras que

carecen de letra. Esta recompilación de literatura popular conta cun prólogo no que Xesús Ferro Ruibal salienta a importancia da memoria colectiva e da historia do pobo, tantas veces allea á historia oficial.

Referencias varias:

-Eva Veiga, “Nas beiras do Eume: Cancioneiro popular”, *O Correo Galego*, 15 xullo 1998, p. 3.

Parte das carencias existentes no sector económico e demográfico para falar do cultural. Así sinala que as tendencias televisivas fomentan a desaparición da tradición oral. Apela pola necesidade de coñece-la auténtica historia do noso pobo. Cre que hai dúas expresións que poderían transmiti-la música e a poesía populares. Por iso agradécelle o seu labor a homes como Xosé Paz, Pepucho (que presentou o libro na Aula da Caixa Galicia) xa que esto axuda a manter viva a tradición oral.

Pisón, Xesús, Manuel **Lourenzo** e Isaac **Ferreira**, *Contos do Valadouro*, prólogo de Carlos Paulo Martínez Pereiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Nós os galegos, agosto 1998, 126 pp. (ISBN: 84-89976-45-7).

Conxunto de cento oitenta e seis contos recollidos por Xesús Pisón (Valadouro, 1954), Manuel Lourenzo (Valadouro, 1943) e Isaac Ferreira (Valadouro, 1943) nos concellos do Valadouro e Alfoz. Estes recolectores mencionan os nomes dos trinta e cinco veciños informantes e cualifícanos de coautores da colección. Os contos posúen extensión variada e van dende os que se limitan a dar unha simple noticia ou información ata os que contemplan un desenvolvemento narrativo propiamente dito. Neles, ademais de personaxes locais como a figura do mariscal Pardo de Cela, aparecen os elementos típicos da literatura popular galega: lobos e raposos, animais coa facultade de falar, falsas intervencións do mundo de ultratumba, relixiosos de costumes licenciosos, cans traidores, o demo, fantásticos tesouros escondidos, encantos, etc. A presencia do elemento cómico é recorrente a través destas páxinas. A obra está precedida dun preámbulo en que Carlos Paulo Martínez Pereiro comenta os núcleos temáticos e a distribución dos textos e establece un paralelismo con *Contos populares portugueses*, de José Viale Moutinho. Finalmente fai notar que os presentes contos representan un conxunto de valores en vías de desaparición, o cal ten como consecuencia que resulten alleos a grande parte do lectorado.

Recensións:

-M. Gago, “A Nosa Terra publica unha colleita de ‘Contos do Valadouro’, a cargo de Manuel Lourenzo”, *El Correo Gallego*, 19 setembro 1998, p. 15.

Compárase esta analecta cun mar. Sinálase especialmente a súa dimensión oral a pesar de emprega-la palabra escrita e redúcese o papel dos compiladores para darlles a importancia capital ós propios contos.

-F. Martínez Bouzas, “Contos do Valadouro”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 35, 12 novembro 1998, p. 6.

Afírmase que as narracións incluídas no volume proceden “do mundo dos soños do noso pobo”, establécense as características fundamentais deste tipo de contos e preséntanse varios exemplos, valorando a importancia desta publicación, que evitará o esquecemento “da nosa oralidade popular”.

Referencias varias:

-Martín García, “El autor Manuel Lourenzo fue homenajeado por sus paisanos”, *El Progreso*, 23 marzo 1998, p. 67.

Informa da homenaxe ó dramaturgo Manuel Lourenzo nunha finca de Alfoz (Valadouro), onde se tratou o tema da publicación do libro *Contos do Valadouro*, que Manuel Lourenzo escribiu en colaboración con

dous primos, Jesús Pisón Villapol e Isaac Ferreira. Finalmente, apunta que se descubriu unha placa conmemorativa en homenaxe ó autor.

-A. Estévez, “De cando os animais falaban e os curas non ian ao ceo”, *A Nosa Terra,* nº 849, “Guieiro Cultural”, 24 setembro 1998, p. 32.

Ponse de relevo a condición de habitantes do Valadouro de Pisón, Lourenzo e Ferreira ademais de teren en común a súa dedicación á escrita tanto en teatro coma en poesía ou narrativa. Intercalando as explicacións de Xesús Pisón faise referencia ó labor de recolleita dos contos e á construcción dunha espiral que vai aumentando a emoción ata os relatos do final que son os que contan experiencias marabillosas dos veciños co máis alá. Saliéntase a diminución do número de contadores.

Rivas Cruz, Xosé Luis (Mini) e Baldomero **Iglesias Dobarrio** (Mero), *Cantos, Coplas e Romances de Cego*, prólogo de Manuel María da Terra Cha, Lugo: Ophiusa Ensino, 1998, 225 pp. (ISBN: 84-88835-67-1).

Cun “Romance de Cego”, composto por Manuel María, ábrese este libro “para que sirva de prólogo ó libro de Mini e Mero, competente recolleita —por decilo ó culto— de cantares de invidentes”. A continuación os autores presentan unha introducción titulada “Ó redor deste traballo” no que reflexionan sobre a Cultura e Identidade dos pobos e reivindican a música como unha vía de comunicación destes, ofrecendo un concepto de música moi humano a partir dos sentimentos que neles desperta para centrarse despois nos Cantares de Cego, dos que critican a falta de rigorosidade dalgunhas das escollas que se teñen feito e lamentan a perda de gran cantidade de documentación destes Cantares. Nun seguinte apartado titulado “Para mellor comprender este traballo”, informan de dúas entregas anteriores a esta: *Contos de Vellos para Nenos* e *Somos Lenda Viva*, publicadas na Editorial Citania e explican os criterios seguidos para a elaboración do traballo e publicación desta entrega. Finalmente e antes de dar paso a reproducción dos textos ofrécese unha táboa de Orde e Clasificación cos títulos dos Romances seguindo un criterio temático. Nalgúns dos textos ofrécese a partitura correspondente.

Rivera Armero, Richard (ed.), *Dous contos populares para o lecer da língua*, Pontecesures: Corporación Semiótica Galega, col. Popular, 1998, 8 pp. (Sen ISBN nin D. L.).

Reúne dous breves contos procedentes da tradición oral coa intención de “perpetuar ese pequeno milagre” que constitúe a devandita tradición, como se indica na presentación. Os contos titúlanse “Estando o chan no seu lughar”, recollido por Carmen Casal Ortigueira, e “Era un paxaro que rompeu o pico”, que recolleu Concha Grela Angueira. Ámbolos dous textos presentan as mesmas características formais, pois están construídos mediante estructuras anafóricas e utilizan o recurso da acumulación, que favorece a súa memorización, aspecto fundamental “xa que o soporte foi sempre un: a memoria”. Comparten tamén un tratamento similar dos elementos da natureza, verdadeiros protagonistas nos dous textos.

Risco, Vicente e X. M. **González Reboredo**, *A casa da Moura e outras lendas*; ilust, Xan López Domínguez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1998, 76 pp. (D. L: C-1790/98). ◆

Recóllense neste volume sete lendas de tradición oral: “Lenda da Casa da Moura” (Calvos de Randín- Ourense), “A Fonte de Ana Manana” (Ourense), “Mozas encantadas de Teixido” (Cedeira-A Coruña), “A Lagoa de Cospeito” (Lugo), “O Lago de Doniños”, “Lenda da Virxe de Cristal”, (Celanova-Ourense) “A trabe de ouro e a trabe de alquitrán”. Nestas inclúense historias onde se narran sucesos acontecidos en diferentes vilas de Galicia que comparten a aparición de personaxes ou obxectos máxicos xa sexa de tradición profana como a da “Mozas encantadas de Teixido” ou “A trabe de ouro e a trabe e alquitrán” ou de tradición relixiosa como a “Lenda da Virxe de Cristal” ou “A lagoa de Cospeito” ou “O lago de Doniños”, as cales son dúas versións diferentes do mesmo suceso. Este libro publicouse co gallo da Campaña de fomento da lectura para maiores.

Saburido Nóvoa, X. L. e D. **Blanco Salgado**, *Tradicións da Comarca da Limia. Literatura Popular*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, col. Sociedade, 1998, 250 pp. (ISBN: 84-89947-40-6).

Recompilación de composicións literarias de orixe popular procedentes da comarca da Limia. Aparece precedida por un apartado introductorio no que baixo o título "Sociedade, imaxe e realidade da Limia" achega unha descrición xeográfica da comarca limiá, ademais duns apuntamentos demográficos, unha análise socioeconómica e unha referencia á cultura, centrada fundamentalmente na importancia do antroido. O traballo recompilatorio comeza co apartado no que se recollen dezasete lendas que teñen como marco as propias terras limiás e prosegue con dezanove contos marcados polo seu compoñente humorístico. Prosegue cun amplo repertorio de refráns de variada temática e un mostrario representativo das adiviñas da comarca. Así mesmo, recóllense no seu correspondente bloque cantigas e cancións que representan diversas faenas da labranza, tipos populares ou épocas do ano. Tamén se reproduce unha mostra de coplas, moitas delas en castelán, centradas algunhas en personaxes populares e outras a circunstancias puntuais da época. Baixo o título xenérico de "Poesías" compílanse composicións con predominio do romance octosilábico. Logo dunha mostra de panxoliñas recóllense algúns exemplos de "Testamentos" explicando a súa natureza paródica e a súa vinculación ó entroido.

Valenciano, Ana, *Romanceiro Xeral de Galicia I compilado por Diego Catalán, Jesús Antonio Cid, Beatriz Mariscal, Suzanne Petersen, Flor Salazar e Ana Valenciano. Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas por Ana Valenciano coa axuda de José Luis Forneiro, Concha Enríquez de Salamanca e Suzanne Petersen*, presentación de Diego Catalán, Madrid/Santiago: Fundación Ramón Menéndez Pidal/Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística. Centro Ramón Piñeiro Para a Investigación en Humanidades, xuño 1998, 574 pp. (ISBN: 84-89934-00-2).

◆

Compilación de cento sesenta e seis romances galegos que aparece precedida dunha presentación de Diego Catalán consistente na descrición das orixes remotas e próximas desta publicación dende as primeiras pesquisas levadas a cabo por Ramón Menéndez Pidal en 1902. Prosegue cun estudio de Ana Valenciano dividido en dúas grandes partes. A primeira, titulada, "Os

romances tradicionais en Galicia" ocúpase primeiramente de aspectos relativos ó Romanceiro Galego como póla do Romanceiro Pan-hipánico desenvolvendo ademais, a idea de que a lingua non supón barreira para que se formen xéneros comúns a varias comunidades lingüísticas. Do mesmo xeito descarta a posibilidade de considera-lo Romanceiro de Galicia como unha sub-tradición illada do conxunto da tradición peninsular. Ana Valenciano delimita tamén o seu obxecto de estudio e explica a elaboración dun Catálogo "que facilite a identificación das múltiples versións que hoxe se conservan nas memorias de multitude de transmisores de tradición descoñecidos e que poden eventualmente ser gravadas ou postas por escrito salvándoas do seu esquecemento". No apartado "O proxecto "Romancero Xeral de Galicia". Creación dun *corpus* de textos representativos da tradición galega", explícase o proceso de creación do corpus romancístico facendo referencia ó Proxecto DEAPHR ("*Description, Editing and Analysis of the Pan-Hipanic Romancero*") e dando conta de versións conservadas na memoria de portadores e re-creadores da tradición, transcricións de campo e coleccións xa editadas, no que se lle presta especial atención ó Arquivo Menéndez Pidal. Un terceiro apartado atende pormenorizadamente ó establecemento dos textos, a súa conservación e compilación. A segunda parte constitúea o "Catálogo exemplificado" que se ocupa do corpus así como de límites xenéricos, ordenación, elaboración e criterios de edición. Os romances aparecen clasificados en "Romanceiro Histórico, Cabaleiresco, Lírico e Trobadoresco"; "Romanceiro Novelesco"; "Romanceiro Burlesco e Infantil"; "Romanceiro Vulgar" e "Romanceiro Relixioso". Así mesmo como apéndice recóllense os romances "Grimaldo desterrado y nacimiento de Montesinos" e "El pastor defiende la honra de su

hija". Despois dos índices inclúense como "Addenda" "El infante vengador", "Rosaflorida", "El prisionero", "Conde Alemán" e "La devota calumniada".

Recensións:

Antón Fraguas Fraguas, "Romanceiro Xeral de Galicia", *O Correo Galego*, "Lecer", 22 novembro 1998,
XXIV.

Fala do Romanceiro Xeral de Galicia que acaba de publica-lo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Apoiándose en moitos dos romances que aparecen nesta obra fai comentarios sobre os mesmos e revisa as edicións de romanceiros anteriores, dende os primeiros de Armando Cotarelo Valledor e Lois Carré Alvarellos ata este último.

Referencias varias:

-Alvarado, "O Centro "Ramón Piñeiro" edita tres novas publicacións", *La Región,* 28 setembro 1998, p. 8.

Dáse conta de tres novas publicacións editadas no Centro Ramón Piñeiro no ano 1998: *Romanceiro de Galicia, Filmografía Galega* e *Paja Brava de El Viejo Pancho*. Infórmase, brevemente, do contido, colaboradores, realizadores e coordinadores de cada un dos libros, así como das intencións polas que se editaron cada un deles.

VV. AA., *Contos de raposos*, Vigo: Galaxia, col. Os minilibros de Galaxia, xullo 1998, 110 pp. (ISBN: 84-8288-210-4).

Escolma na que se recollen catorce contos tirados do volume *Contos populares* (1983), de Maruxa Barrio e Henrique Harguindey. Trátase de historias de orixe popular coa presencia dos raposos como protagonistas, nas que se exalta a astucia como o trazo fundamental destes animais, o que os leva a saíren con éxito de situacións difíciles. En contraste con esta cualidade, nun bo número de contos, rexístrase tamén a presencia dos lobos, caracterizados pola súa torpeza.

Vaqueiro, Vitor, *Guía da Galiza Máxica*, Vigo: Galaxia, col. Guías, xuño 1998, 544 pp. (ISBN:84-8288-205-8).

Vítor Vaqueiro presenta esta guía polos camiños da Galicia marabillosa no que vai recoller indistintamente as lendas de tradición oral e as lendas literarias, históricas ou relixiosas, se ben precisa que as primeiras están aínda vivas e foron puladas polo pobo, e as segundas pertencen a un ámbito máis restrinxido, o da creación. Con este volume tenta salvar parte dos comportamentos culturais que forxou o pobo galego ó longo do tempo e que ofrecen a súa cosmovisión. Divide esta guía en dúas partes. A primeira, "A ollada marabillosa", ofrece un relatorio de crenzas non ubicadas nun lugar concreto, xerais a todo o país, como son os contos do lobo, a Santa Compaña, as meigas, o diablo, etc. A segunda parte, "O lugar da lenda", especifica os lugares concretos da tradición nun índice alfabético de concellos, aínda que recoñece que moitas das lendas danse noutros espacios do país, pero en certos lugares presenta o mito maior riqueza. O volume inclúe unha extensa bibliografía sobre a que se ergue esta obra, así como un "Índice Analítico" de topónimos e antropónimos que quere servir de axuda para o mellor aproveitamento da información, unha información que, como recoñece o autor no "Limiar", debido ós profundos cambios que está a vivi-la sociedade galega, especialmente, coa desaparición do mundo rural, se atopa nun alarmante proceso de perda.

Recensións:

-Xosé Manuel González Reboredo, “Visita ó imaxinario étnico”, *Guía dos libros novos*, nº 2, “Antropoloxía”, decembro 1998, p. 10.

A propósito da *Guía da Galiza máxica*, de Vítor Vaqueiro di que serve de “guieiro para xentes de Galicia e de fóra no que se refire ó noso imaxinario étnico”. Resalta a importancia do “folclorismo” por ser unha “fonte imprescindible para que os pobos poidan recompoñer a súa peculiaridade” e a adaptación dos relatos da tradición oral ó mundo urbano-industrial. Lembra que gracias ó pobo e a recompilación feita por eruditos como Murguía, Taboada, Risco, Rodríguez López, Bouza Brey, Fraguas, Lourenzo, hoxe posuímos un gran corpus de relatos conservados e que incluso podemos falar da existencia dun “imaxinario étnico especificamente galego”. Salienta nesta a obra a síntese e a ordenación dos datos para que a busca destes e dos contidos sexa máis doada, ó estar destinado a lectorado de tódalas idades e condicións. Fala tamén da estructura do libro, destacando as boas ilustracións que acompañan ó texto, o labor editorial e a presentación.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Enigmas e segredos da Galiza interna”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 72, 12 setembro 1998, p. 3.

Defende a importancia cultural da nosa terra, sexan lendas, tradicións ou costumes antergos polo feito de que tenden a desaparecer. Considera fundamental o traballo de Vítor Vaqueiro na súa *Guía da Galiza Máxica* e refírese á estructuración do volume en dúas partes.

R. F., "Vítor Vaqueiro: 'Nos mitos está unha parte esencial da cultura", *La Región*, 13 novembro 1998,
14.

Infórmase da conferencia impartida por Vítor Vaqueiro sobre "Os camiños e as encrucilladas na tradición galega" a partir do seu libro *Guía da Galiza máxica*. Faise un breve resumo do contido da conferencia que se inclúe, segundo a articulista, no ciclo sobre mitos galegos e que se desenvolveu na Aula de Caixa Galicia.

-Marcos Valcárcel, "A Galiza máxica de Victor Vaqueiro", *La Región*, 7 decembro 1998, p. 8.

Refírese ó traballo de Vítor Vaqueiro como "escolma daquilo que os homes da Xeración Nós chamaban a nosa "cultura espiritual". Logo de describi-lo contido de cada unha das dúas partes di que o autor "sabe asentar os seus pés nas mellores raíces, chámese Risco, Bouza-Brey, Antonio Fraguas e outros". Alude tamén á contextualización das lendas galegas no marco comparativo das súas homólogas europeas. Cualifica finalmente o volume como "imprescindible" e menciona o "útil índice onomástico".

-Marcos Valcárcel, "Un mapa máxico da Galiza", *A Nosa Terra*, nº 860, "Guieiro Cultural", 10 decembro 1998, p. 18.

Con motivo da estadía de Vítor Vaqueiro en Ourense, Valcárcel gaba a síntese da literatura fantástica que este levou a cabo na súa *Guía da Galiza máxica* a pesar de non ser etnógrafo nin folclorista. A seguir, o articulista informa da división da obra en dúas seccións: unha primeira dedicada a compilar unha serie de lendas de tradición oral e unha segunda en que procura o lugar xeográfico no que se orixinou cada unha.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 2. Publicacións en revistas

Cal Pardo, Henrique, “Cantores do Nadal”, *Monfadal. Revista Mindoniense de Cultura*, nº 1, decembro 1998, pp. 29-37.

Define os vilancicos como aquelas “composicións literario-musicais dedicadas tanto ó Nacemento do Noso Señor Xesucristo como á Eucaristía”. A continuación, ofrece unha mostra dos diferentes tipos de vilancicos e céntrase no estudio da obra de tres autores que cantaron ó Nadal. Trátase dos mindonienses Antonio María de Castro e Neira e Luís Corral Rodríguez e de Xacinto Romualdo López, nado en Ribadeo. Así mesmo, reproduce algunhas das composicións dos tres autores citados.

Cortizas, Antón, "*Contos vianeses*, Laureano Prieto", *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 1, "Especial Libros de Texto", "Libros recuperados", outubro 1998, p. 59.

O articulista lembra a publicación en 1958 dos *Contos vianeses* recollidos por Laureano Prieto nas terras de Viana do Bolo. Á parte dos setenta e cinco contos que compoñen a colectánea (de encantamentos, exemplares e relixiosos, de burlas, contos varios e de animais), destácanse os importantes comentarios que o autor facía sobre distintos rasgos que caracterizaban a fala vianesa.

Fernández, María Jesús, "*Cando o rei por aquí pasou*", *CLIJ*, nº 106, xuño 1998, p. 73.

Refírese á recompilación e selección de material de transmisión oral para a infancia recollido por Palmira G. Boullosa e publicado por Edicións Xerais de Galicia. Coméntase que esta recompilación consta de: cancións de berce, fórmulas de sorteo, cancións de roda, adiviñas, ¿trabalinguas?, maios e fórmulas para falar cos animais. Dise que é un material de grande interese, que permite recupera-la transmisión oral e que ás veces presentan máis dunha versión.

González Barreiro, Xosé Manuel, "*Cando o rei por aquí pasou*", *Revista Galega de Educación*, "Literatura infantil. Libros", abril 1998, p. 97.

Lembra que dende *Lerias e enredos para os máis pequenos,* de Henrique Harguindey e Maruxa Barrio sucedéronse varias obras do mesmo tema que *Cando o rei por aquí pasou* (1997), de Palmira G. Boullosa. A seguir di que, segundo a súa opinión, a devandita escritora debería incluir unha introducción explicativa, onde aclarase se é un traballo de campo ou unha recompilación de traballos anteriores, ademais dunha explicación das regras e características dos xogos. A pesar destas eivas recoñece que é un traballo fundamental para os docentes co que espertan "o mundo do ritmo e da poesía" os/as discentes e proclama que non é preciso saír da nosa tradición para redescubrir o xogo das palabras na infancia".

Leal Bóveda, José Mª , “A literatura oral do ciclo do pan: hórreos e muíños. Unha escolma arbitraria”, *Pontenorga*, nº 0, 1998, pp. 51-68.

Comeza aludindo ó concepto de casa como vivenda enfrontado a outros elementos auxiliares relacionados coa producción como hórreos, fornos ou muíños. Logo de falar da solidariedade veciñal que establece arredor destes espacios, céntrase no feito de que neles “nacen as cancións ou a lírica vencelladas ós ritmos productivos da terra, tan características das comunidades cunha forte compoñente agraria”. Incide, a seguir, en elementos históricos e etnográficos relacionados co que denomina “o ciclo do pan” e remata analizando os contos nacidos a carón dos hórreos, así como a ampla literatura nacida ó redor dos muíños, da que reproduce varias cantigas, adiviñas e refráns sobre diversos temas, sen “orde nin clasificación para que quen esto lea exercite a súa imaxinación na procura do sentido que teñen”.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

VIII. 3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Blanco Rivas, M., “Libro do folclore infantil galego”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 46, 28 febreiro 1998, p. 2.

Fala do privilexiado lugar que terá *Cando o rei por aquí pasou* (1997) subtitulado “Libro do folclore infantil galego” nas nosas bibliotecas. Anota que neste traballo, estructurado en cinco blocos, segundo Blanco Rivas, contén fórmulas de xogo, adiviñas, arrolos, trabalinguas, cantigas, onde Palmira González trata de recupera-la poesía popular galega transmitida oralmente. Comenta o papel relevante que esta escritora cre que ten a literatura oral infantil na vida dos rapaces. Finalmente, recoméndalles o libro non só ós nenos senón tamén ós adultos, xa que entende que o seu contido levaraos a senlleiras semblanzas da infancia.

Giadás, Luis, “Achegándonos ó Nadal”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “De meigas, trasnos e feitizos”, 13 decembro 1998, pp. VIII-IX.

Comenta o nacemento dos cantos de nadal ou panxoliñas, vencellados ós centros relixiosos. Baseándose no *Cancioneiro Popular Eumés: Festas Anuais*, de Xosé Paz Fernández, vai percorrendo algún dos motivos máis recorrentes deste tipo de composicións como o nacemento de Xesús e os tres magos. Expresa o seu desexo de que non se perda esta tradición, aínda que se amosa consciente de que a súa conservación, coma a dos arrolos, é escasa.

_____, “Cantos de Nadal: na procura das orixes”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “De meigas, trasnos e feitizos”, 27 decembro 1998, pp. VIII-IX.

Sitúase a orixe destes cantares na Baixa Idade Media (seculos XIII-XV) a partir da liturxia latina. Ó seren asumidos polo pobo, aparecerán vilancicos de tema profano. A súa idade de ouro sitúase no século XVI, nomeadamente en Portugal, e despois habería unha decadencia que se relaciona coas difíciles relacións hispano-lusas. Dise que en Galicia os mestres de Capela foron importantes cultivadores, a pesar de seren estes habitualmente de fóra do país. Opínase que as panxoliñas galegas foron creadas fundamentalmente por mulleres, feito que se contrapón ó sucedido nos casos portugués e español. Dedícase tamén atención á evolución dos Christmas Carols e, sobre todo, dos Nöels, que floreceron tanto en occitano coma na lingua de oï l.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 4. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

Agulla, Álvaro, “Se mantiene la tradición de los Maios”, *Diario de Pontevedra*, 2 maio 1998, p. 16.

Comenta a resolución dos premios correspondentes ó Concurso de Maios organizado polo Ateneo Santa Cecilia. Sinala que o “Maio de San Xulián” e a embarcación “San Xián dos Ancourados” levaron os premios especiais. Logo cita ós galardoados cos premios á mellor embarcación, á letra, á interpretación, ó detalle, etc. Informa tamén dos Maios organizados por “Ronsel” en Seixo.

_____, “Belarmino Barreiro falará sobre as lendas, no colexio de Cela”, *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1998, p. 21.

Salienta o acerto da Asociación Cultural Danzadeira da parroquia de Cela por organizar un ciclo de conferencias sobre “A literatura galega de tradición oral”. Presenta ó filólogo Belarmino Barreiro, relator encargado de falar sobre lendas e fala do profesor Henrique Harguindey, coautor dunha antoloxía de contos populares galegos, que tamén participou no evento.

Bande, I., “Maios e coplas, a tradición máis vella de Ourense”, *La Región*, 3 maio 1998, p. 16.

Presenta a tradicional festa ourensán dos Maios na que se busca recupera-la memoria dos ritos relixiosos e temores antergos. Ademais de informar sobre a elaboración dun taller, dun cartel de festa, do concurso de maios e coplas, das súas correspondentes categorías e modalidades, recolle a opinión do Concelleiro de Cultura do Concello quen asegura tratarse dunha festa totalmente consolidada en Ourense.

_____, “Os enxebres ‘gañan a partida’ ós artísticos”, *La Región*, 4 maio 1998, p. 10.

Fala da entrega dos premios das festas dos Maios en Ourense e da dificultade do xurado para resolvelos. Infórmase de que o xurado subliñou a importancia non só das letras senón tamén da tradicional forma de canta-las coplas. Destaca o sorprendente incremento nesta edición do número de maios enxebres fronte ós artísticos. Cita ós premiados, agradece o cumprimento das bases, e describe a entrega destes galardóns aludindo ó festival folclórico previo á mesma.

C. V., “Antón Fraguas, director del Museo do Pobo Galego, dió la Benvida ó maio”, *Diario de Pontevedra*, 2 maio 1998, p. 10.

Comenta a lectura do pregón “Benvido o Maio” en Pontevedra da man do profesor Antón Fraguas. Reproduce algunhas das alusións e citas deste erudito ós trobadores medievais, introducidos nunha exposición cronolóxica, sobre a tradicional celebración da chegada do mes de maio.

D. P., “Entrega de premios de los Maios”, *Diario de Pontevedra*, 3 maio 1998, p. 15.

Anuncia a entrega do tradicional Concurso de Maios. Refírese ós gañadores dos mesmos e anota que este evento implica á directiva do Ateneo nunha especie de continuación da Festa dos Maios.

_____, “Pavís-Pavós Contacontos fomenta la lectura entre los jóvenes de la parroquia de Alba”, *Diario de Pontevedra*, 6 decembro 1998, p. 8.

Dá conta da actuación do colectivo Pavís-Pavós Contacontos na parroquia pontevedresa de Alba. Explícase que nas sesións o grupo recorre a contos clásicos e tradicionais galegos así como a libros sorpresa.

Docampo, Xabier P., “Os contadores de contos”, *El Mundo*. *Galicia*, “Tribuna libre”, 29 agosto 1998, p. 2.

Reflexiona sobre o significado, para a vida do home, dos contos e do marabilloso dos mesmos. Recoñece a perda actual do pracer de escoitar historias e a falta de xente dedicada a tal labor. Salienta, nembargantes, unha homenaxe a Manolo de Salgado, Manolo de Lombo e Manuela de Fiunte ó pracer de escoitar estas historias. Finalmente, reproduce un dos contos que tivo ocasión de escoitar estas vacacións.

Fernández, Lois, “Cuentistas, con perdón”, *La Voz de Galicia*, 2 xullo 1998, p. 46.

Partindo de tres acepcións do termo “cuentista” e relacionando a semántica de cada unha cos contacontos Paula Carballeira, Cesar Martínez e Dolores Fernández, advirte da acepción equivalente a “mentirán” apelando o coidado dos falantes xa que, segundo Lois Fernández, os diccionarios xogan “malos ratos”.

Fraguas Fraguas, Antón, “Por Nadal e un bo ano”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 xaneiro 1998, p. XXIV.

Fala das témporas e ventos do Nadal. Así mesmo amosa a tradicional preocupación das xentes polo tempo que ía vir co aninovo. Lembra tamén as xuntanzas en noiteboa, nas que tiñan cabida os familiares mortos. Reproduce tamén unha panxoliña típica no Pino sobre o nacemento de Xesús. Finalmente engade un párrafo no que alude á festa dos Inocentes e ós prexuízos que acompañaban esas datas.

_____, “A tradicional foliada de San Xoán”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 xuño 1998, p.

Fala da noite de San Xoán recollendo os feitos máis tradicionais e explicando a significación dos mesmos. Así, conta o porqué da auga de rosas, e do lume que espanta as meigas e os cans rabiosos. Lembra os roubos ficticios da noite máxica. Finalmente reproduce unha poesía *Mañanciña de San Xoán* recollida en Verín.

J. C., “Mestres do canto improvisado”, *Faro de Vigo,* “Faro del Ocio”, 2 outubro 1998.p. 4.

Anuncia a cuarta edición do Certame Internacional de Regueifas no Conservatorio Superior de Música en Vigo, onde sinala que, ademais de galegos, participarán murcianos, portugueses, andaluces, etc. Fala de homes-ponte na diacronía da arte dos regueifeiros galegos como son, segundo o articulista, Antonio e Xuxo de Xornes. Finalmente fai un repaso polos trobeiros peninsulares máis salientables facendo unha fichiña de cada un deles.

Leis, Iván, “A arte de improvisar versos”, *Faro de Vigo*, 5 xullo 1998, p. 2.

Fala da perda da tradición da regueifa. Lamenta que hoxe hai asociacións a prol desta arte como o Centro Cultural Veciñal de Valadares que celebrou un encontro de regueifeiros. Leis cóntano-lo significado tradicional da regueifa moi distante do que ten hoxe, fala da estructura, da melodía, dos temas. Finalmente nun apartado titulado “Segredos do regueifeiro” a través do Sr. Costa e de Calviño de Tallo, recolle as claves máis salientables desta arte.

M. G. S., “Cien escolares participan desde ayer en el certamen poético Troveiros do XXI”, 1 maio 1998, p. 55.

Anuncia o segundo certame de recitación poética Troveiros do XXI organizado por Radio Arzúa e a Biblioteca Municipal. Comenta a posibilidade de seguimento do mesmo na radio, e a ampla participación deste ano. Engade para rematar, que o motivo de tal evento radica no feito de fomenta-la poesía nos rapaces.

Pensado, José Luís, “As nenas do cu cosido”, *La Voz de Galicia*, 8 marzo 1998, p. 36.

Parte da admiración que xorde hoxe polas modas e contrástaa coa burlesca reacción que tiña o pobo no XIX ante estas modas. Tal feito exemplifícao co *Cancionero Popular Gallego*, de J. Pérez Ballesteros xa que en dúas ocasións recolle unhas coplas burlescas sobre a moda do “cu cosido”. Fala da fugacidade da expresión xa que non pasou ós diccionarios galegos e establece unha sucinta análise comparativa entre este termo e o seu correspondente castelán “culcusido”.

R. F., “Contar contos é apaixoante”, *La Región,* 3 xaneiro 1998, p. 13.

Noticia da presentación na Agrupación Cultural Auriense dunha selección dos mellores contos de Ana Cristina López. Explícase que nestes atopamos adaptacións dos tradicionais, contos cómicos con notas surrealistas, segundo a súa autora. Comenta o seu comezo en Madrid hai cinco anos e como hoxe forma parte dun grupo chamado Trécola dedicado a esta actividade. Confesa recorrer moito ós autores italianos e fala da importancia da improvisación e de axeita-los contos ó público.

Rielo, Nicanor, “Belén en Galicia”, *El Progreso*, “Panxoliñas”, 24 decembro 1998, pp. 11 e 62.

Afirma que non se coñecen as orixes das panxoliñas xa que non aparecen escritas ata o século XVI cando alcanzan gran difusión en España, aínda que en galego aparecen escritas no XVII. Sobrancea o Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo no desenvolvemento do xénero nos séculos XIX e XX. Informa de que nunha das academias mindonienses, a Catequística, caracterizada polo uso do galego nas súas composicións, xurdiu a idea de publicar un libro en galego que recompilase cantares dese tipo e que engadise outros modernos. O resultado foi *Belén en Galicia*, editado en Madrid en 1956.

Rodríguez, Victor, “Y llegaron los maios”, *El Mundo. Galicia*, 4 maio 1998, p. 8.

Refírese á celebración dos maios na capital ourensá. Comenta que este ano participaron vintecatro maios enxebres, artísticos e innovadores coas súas coplas irónicas e cantarinas. Subliña a beleza dunha festa que non distingue idades e na que prima a tradición por riba de todo. Dedica finalmente uns parágrafos ás copliñas de picor, moi focalizadas este ano nos políticos locais.

Rodríguez Otero, Ramón, “En maio ponlle unha rosa”, *Atlántico Diario*, 14 maio 1998, p. 32.

Con motivo da chegada do mes das flores e da celebración dos maios fai unha homenaxe á creatividade popular, “popular porque emerxe do pobo ou porque os poetas, coma Curros ou Rosalía, nel se inspiran”. Ofrecénos así unha mostra das trobas populares dedicadas ás distintas advocacións da Virxe por todo o territorio galego. No seu percorrido recolle composicións á Nosa Señora da Lanzada, á Virxe da Barca, ó Corpiño, á Virxe da Franqueira, da Peneda, e dos Milagros de Amil.

Rodríguez Fer, Claudio, “Carteis de Cego”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 41, 1 setembro 1998, pp. 1-2.

Lembranza sobre o rol comunicativo dos antigos carteis de cego que combinaban imaxe, escrita, son e acción. Comenta que este fenómeno está documentado, segundo Caro Baroja, dende a Idade Media na literatura. Así sinala exemplos do *Libro de Buen Amor* ou do *Estebanillo González*. Destaca o interese de Galicia polo romance e polo cartel de cego salientando a Díaz Pardo quen sumou cinco pezas insólitas que publicou Ediciós do Castro e creou unha empresa de comunicación audiovisual.

Salgueiro, J. B., “Los hechiceros de historias”, *Faro de Vigo*, 14 febrero 1998, p. 6.

Despois de recordar que a arte de contar historias foi esquecida pola modernidade, salienta que dun tempo a esta parte foi rescatada gracias a feitos como o nacemento da Asociación de Amigos do Conto que celebrou o Iº Encontro Internacional de Contadores de Contos. Salgueiro subliña a nivel local os escasos espacios destinados ós contacontos, así destaca o Pub Atlántico por cede-las noites dos martes ós contos. Sinala que este Pub acolleu grandes contacontos de relevo internacional e fai unha breve ficha de Quico Cadaval, Cándido Pazó, “Farruco”, Paula Carballeira e Ana Cristina López.

Vázquez, Pura, “Cantigas para a infancia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 xuño 1998, p. XVII.

Constata como mestra de nenos que foi, durante 30 anos, o gusto que esperta nos rapaces galegos o canto. Opina que non é malo ter moitos poetas se conservamos e aumentamos así a tradición lírica que temos, considera que é preciso rematar coa idea de que o noso pobo é chorón e triste. Cita a Gabriela Mistral por coincidir con esta no feito de concederlle grande importancia as cantiguiñas nos rapaces.

IX. Revistas

Agália. Revista Internacional da Associaçom Galega da Língua

(ISSN: 1130-3557 / D. L.: C-250-1985).

Publicou o primeiro número na primavera de 1985, dirixida pola presidencia de AGAL, coordinada por Joám J. Costa Casas, e cun consello de redacción integrado por oito persoas, que se foi ampliando ata chegar ás doce que ten na actualidade. Dende o número 41, datado na primavera de 1995, ocupa a dirección María do Carmo Henríquez Salido. Cunha periodicidade trimestral, está estructurada habitualmente nas seccións: “Estudos”, “Notas”, “Antologia”, “Documentaçom e Informaçom” e “Correio”. Durante o 1998 tivemos acceso ós numeros 51 (Outono 1997), 52 (Inverno 1997), 53 (Primavera 1998) e 54 (Verão 1998) nos que José António L. Taboada foi substituído por Óscar Díaz Fouces no “Conselho de Redacçom”. O número 51 recolle algunhas das conferencias pronunciadas durante os días 26, 27 e 28 de marzo de 1997 no Centro Cultural Caixavigo sobre a vida e a obra de Valentín Paz-Andrade. Contén ademais un artigo de Ricardo Flores sobre o teatro como medio proselitista, outro de Gonçález Blasco sobre algúns pseudónimos de Otero Pedrayo e unha antoloxía de textos de João Guisan Seixas. No seguinte número inclúen un estudio asinado por Luis Gonçález Blasco acerca da edición de *Os camiños da vida* preparada por Ramón Mariño Paz, un artigo de Ramom Varela Punhal no que se analiza a relación de Castelao co comunismo, notas sobre os devanceiros de Manuel Murguía e sobre textos portugueses, documentos medievais e aspectos xerais relacionados coa traducción. A antoloxía neste número corre a cargo de Xavier Rodrigues Fidalgo. Na “Documentaçom e

informaçom” reprodúcense cartas de Castelao a Teixeira de Pascoaes e infórmase da concesión do Premio Eixo Atlántico de Teatro a João Guisám Seixas, tema ó que tamén se refire o autor galardoado nunha carta, que se publica no “Correio”, dirixida a Manuel F. Vieites en resposta polas acusacións verquidas por este en *Tempos Novos*. O número 53 inclúe un estudio de Isaac Alonso Estraviz sobre a visión que dos galegos, de Galicia e do galego tiña Manuel Rodrigues Lapa, e outro de Dores Chicote sobre a edición de *Queixumes do Pinos* que preparou Manuel Ferreiro. Contén tamén unha nota sobre as recensións en Galicia na actualidade, centrada en dúas obras de Freixeiro Mato, a cargo de Luís Goncález Blasco, e outra sobre as relacións entre

o xornalismo e a literatura. Na “Documentaçom e informaçom” dáse noticia dunhas xornadas sobre Eduardo Blanco Amor. No último número do que tivemos noticia, o 54, inclúense estudios sobre lingua e sobre documentos galego-portugueses medievais a cargo de José Antonio Souto Cabo, ademais dun asinado por Guisam Seixas sobre os tres trobadores homanaxeados no Día das Letras Galegas. A antoloxía de J.André López Gonçalez sobre “As quatro estaçons de A. Vivaldi vertidas ao galego e umha homenagem final” está seguida da sección “Documentaçom e informaçom” na que se informa dun acto en lembranza de Ricardo Carvalho Calero celebrado no cemiterio compostelán de Boisaca. Os artigos asinados e referidos á literatura galega están comentados nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Andaina. Revista galega de pensamento feminista

(D. L.: C-1.146-88).

Apareceu, nunha primeira época, entre 1983 e xuño de 1991. Iniciou unha segunda xeira, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e consello redactor, en decembro de 1991. Dánselle cabida nesta publicación a temas misceláneos —política, arte e cultura— referentes ó mundo da muller. No ano 1998 viron a luz os números 20, dedicado á problemática da muller labrega, e 21, centrado nas mulleres que sofren guerras, conflictos étnicos ou situacións de miseria no mundo árabe. O número 20 inclúe un apartado titulado "Novidades literarias". Trátase dunha lista de libros publicados por mulleres. O consello de redacción está formado por Ana Arellano, Nanina Santos, Berta Rey, Milagros Becerra e Felicia Estévez, ás que se uniu no último número Laura Gómez.

Recensións e referencias varias:

-Raquel López, "A procura da igualdade a través da reflexión e o pensamento feminista"/"Andaina' presenta o número 19 da súa revista de debate e denuncia", *O Correo Galego*/*ElCorreo Gallego*, 31 xaneiro 1998, p. 43/p. 18.

A propósito da presentación en Santiago do número 19 de *Andaina* céntrase na intervención de Nanina Santos que se referiu ás dificultade que supón a publicación dunha revista realizada por mulleres e en galego. Aludiu tamén á intención de promove-lo pensamento feminista, ó punto de referencia continuo da muller así como á necesidade de cambia-la sociedade. Cítase a presencia neste número do artigo sobre o sexismo na lingua e sobre os modelos masculinos e femininos na literatura infantil e xuvenil.

Anuario Brigantino

(ISSN: 130-7625 / D. L.: C-1275/97).

Editada anualmente polo Concello de Betanzos, fundada por Francisco Vales Villamarín. Tivo dúas etapas diferentes. A primeira delas baixo a dirección do fundador, comeza no ano 1949, cando aparece o *Anuario Brigantino de 1948*. Continúa deste xeito a publicación nos anos 1950 e 1951. En 1981, tras trinta anos de silencio, volve aparece-la revista nunha segunda etapa e ten xa unha continuidade ata o momento actual, baixo a dirección de Alfredo Eiras Martínez que ocupou o cargo trala morte de Francisco Vales Villamarín. En 1998 saíu o número 20 correspondente a 1997 mantendo as seccións do número anterior: “Arte”, “Literatura”, “Antropoloxía”, “Entidades Culturais e Deportivas” e “Acontecementos do Ano” engadindo unha nova baixo o título “Administración Municipal”. No que respecta á literatura galega, recolle un artigo de Concepción Delgado Corral sobre a literatura pragmática e cinexética medieval galegoportuguesa e outro de José Antonio Míguez sobre o boletín betanceiro *Albor*. Presenta, así mesmo, unha composición poética de Olga Patiño Nogueira. As colaboracións referidas á literatura galega descríbense no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Jesús Fraga, “Anuario Brigantino: vinte números de miscelánea cultural”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 41, 1 setembro 1998, pp. 4-5.

Co gallo da publicación do número vinte do *Anuario Brigantino*, realiza un percorrido a través da historia desta publicación, creada no ano 1948, gracias á iniciativa do mestre e historiador Francisco Vales Villamarín. Comenta que este anuario contiña nun inicio unha serie de artigos que afondaban e divulgaban certos aspectos da historia local, e que dende o número inaugural e outro de 1951, non voltaría a saír ata o ano 1981. Sinala tamén que tralo pasamento do seu fundador en 1982, a súa dirección pasaría ás mans de Alfredo Erias, quen opina que se trata dunha publicación cunha “vocación marcadamente universitaria”, que non se pode considerar puramente localista. Finaliza facendo un repaso dos sumarios destes últimos vinte números, que achegaron temas de arqueoloxía, historia, arte, antropoloxía, socioloxía, arquitectura, demografía, xornalismo ou literatura, ademais dunha presentación do próximo número.

Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997

(ISBN: 84-8288-126-4 / D. L.: VG-522-1997).

Publicación de periodicidade anual que edita Galaxia dende 1992. Está dirixida por Xoán González Millán e Dolores Vilavedra como directora adxunta. A entrega correspondente ó ano 1997, publicada en xullo de 1998, contou coa subvención da Fundación Caixa Galicia. No seu Consello de Redacción figuran Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Katheleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. Consta de cinco seccións: “Estudios”, “Comunicacións”, “Panorámicas”, “Libros” e “Compendio bibliográfico anual”, desglosadas e comentadas no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Ar! Revista Galega Antimilitarista

(D. L: C-1375-94).

Inicia a súa andaina no outono de 1994 e, dende aquela ata o ano 1996, sae á rúa trimestralmente. No ano 1997 apareceu un único exemplar, do mesmo modo que no ano 1998, no que se publicou o nº 11. Trátase dunha revista de carácter misceláneo, que no único número deste ano, presenta as seguintes seccións: “Editorial”, “Actualidade e Cronoloxía”, “Opinión”, “Dosier Central” e “Cultura”. Atópase nelas unha serie de colaboracións referentes ó antimilitarismo e a certas cuestións relacionadas co mundo militar. Sobre literatura galega, ofrece ademais do comentario sobre o libro *Vis à Vis* (1997), do Grupo de Apoio a Elias e Ramiro, un poema da autoría de Lino Braxe.

Boletín Galego de Literatura

(ISSN: 0214-9117 / D. L: C-641-1989).

Revista semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela, dende o seu nacemento en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela, conformada por un Consello Científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada un dos seus volumes vai ilustrado por un pintor. No ano 1998, saíu o nº 19 que presenta as seccións de "Estudios", "Notas", "Documentos", "Libros" e "Creación" e o nº 20, que consta das mesmas seccións ademais da titulada "Encontros". No nº 19, no apartado de "Estudios", aparecen os traballos de Isabel Soto López ("Os relatos galegos de Heraclio Pérez Placer") e Rodrigo Varela Cabezas ("O diálogo en *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste"), mentres que no número 20, están os de Johannes Kabatek ("Friedrich Hölderlin en galego (con especial referencia ás traduccións de Álvaro Cunqueiro)", Montserrat Ribao Pereira ("Ecos románticos en *El Mariscal Pedro Pardo*, drama inédito de Emilia Pardo Bazán") e María do Amparo Tavares Maleval ("Manuel Bandeira e os trovadores"). Na sección "Notas" do nº 19 publícanse os artigos de Anxo Abuín González ("De *poioumenos* e outros usos postmodernos: unha tendencia no teatro galego actual"), Ramón Gutiérrez Izquierdo ("Debates actuais na teoría literaria feminista") e Amparo Solla ("O relato "O gafo", primeira colaboración de Otero Pedrayo en *El Pueblo Gallego* de Vigo"), en tanto que no nº 20, os de Aquilino Alonso Núñez ("Análise formal e significativa do conto de Gonzalo Navaza "Castelos na area") e María Xesús Bello Rivas ("A cantiga de amigo na tradición lírica europea").

No apartado de “Documentos” do nº 19, móstranse as colaboracións de Xosé Luís Axeitos (“Dos arquivos e Dieste: *In Memoriam* Carlos Gurméndez (1917-1997)” e Juan Blanco Valdés (“Otero Pedrayo e Díaz Jácome: Dous inéditos”), e no nº 20, de novo, a de Xosé Luís Axeitos (“Dos arquivos de Rafael Dieste”) e Ramón Nicolás Rodríguez (“Dous contos de Nadal de Álvaro Cunqueiro”). Preséntase tamén neste número a sección “Encontros”, na que se recollen os artigos dalgúns dos escritores participantes no Iº Encontro de Escritores Trasatlántico. A seguir, no apartado destinado a “Libros” agrúpanse no nº 19 as recensións de Xurxo Sierra Veloso (“María Álvarez de la Granja. *Teodosio Vesteiro Torres. Aproximación á súa vida e á súa obra*”), Xosé Troitiño Fraiz (“Manuel P. Amor Meilán. *Baixo do Alpendre e outros relatos*” e “Manuel Lois Vázquez, *Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos*”), Esther Corral Díaz (“Mercedes Brea (coord.). *Lírica profana galego-portuguesa*”), Mª Teresa Araújo García (“Santiago Gutiérrez García, *Merlín e a súa historia*”), Jesús-Antonio Rodríguez Blanco (“Ann L. Mackenzie (ed.). *Spain and its Literatura. Essays in Memory of E. Allison Peers*”), Eva Castro Caridad (“Alexandre Ripoll Anta. *Johan de Cangas. Edición crítica das cantigas con introducción, notas e glosario*”), Mª Xesús Nogueira (“Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.). *Para saír do século. Nova proposta poética*”) e Concepción Sanfiz Fernández (“Manuel F. Vieites (coord.). *Teoría e técnica teatral*”); mentres que no nº 20, están as de Xulia Marqués, (“Xesús Alonso Montero. *Os poetas con Federico García Lorca e coa España republicana*”, “Xesús Alonso Montero e Miro Villar (eds.). *Textos e documentos para o Congreso sobre García Lorca en Galicia. García*” e “Luís Pérez Rodríguez. *O Pórtico poético dos seis poemas galegos de F. García Lorca*”). Para

rematar, na parte de creación do nº 19, participan Bieito Iglesias e Chus Pato e na do nº 20, Manuel Forcadela e X. L. Valcárcel. Todos este traballos están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*. Polo que respecta ás ilustración, as do nº 19 foron realizadas por Sr. Bordell e Honorio, e as do nº 20, por Soledad Pite.

Referencias varias

-Xavier Castro R., “O número 18 deo Boletín Galego de Literatura”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 1 marzo 1998, p. IX.

Con motivo da publicación do número 18 refírese ó *Boletín Galego de Literatura* como exemplo de revista con “asentamento privilexiado e crecente que non é froito da coincidencia”. Cualifica a publicación como “excelente” e salienta o seu interese tanto para especialistas coma para lectores eventuais. Describe a continuación o contido deste número e alude ó valor engadido do traballo gráfico feito por Rafael Masiá.

-Alfredo Conde, “Unha viaxe sempre breve e fuxidía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 maio 1998, p. 64/p. 4.

Afirma que ler é vivir, viaxar é aventurarse. Valora positivamente o número do *Boletín Galego de Literatura* correspondente ó seu décimo oitavo semestre, e pregúntase por qué a máis da nosa prensa diaria non conta con críticos de libros de creación literaria en galego nos seus suplementos de cultura.

-Xavier Castro R., “O número 19 do Boletín Galego de Literatura”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 20 decembro 1998, p. VI.

Comentario descritivo do número 19 desta revista no que se fai referencia primeiramente ó seu carácter de “casos salientables das publicacións periódicas referente insispensable para o coñecemento puntual do proceso creativo ou de investigación á beira do eido literario”. Salienta ademais o “extraordinario” Consello Científico que abrangue boa parte da comunidade europea.

Bravú

(D. L: VG-353-1997).

Revista que sae por primeira vez en 1997 cunha periodicidade de “cando a situación o require”. O comité de redacción, dirixido por Xosé Manuel Pereiro, está composto por Manu Chao, Santiago Jaureguizar, Richi Rastrero, Manuel O´Rivas, Santiago Romero, Manuel Seixas, Xurxo Souto, X. A. Vázquez Hermida e Antonio L. Mariño, que se incorporou no número 3. En 1998 tiráronse os números segundo, centrado na Galicia da diáspora e nos estranxeiros que residen no noso país, e terceiro, dedicado a dar unha visión “terremota” de diferentes puntos da xeografía galega. A publicación vén sempre acompañada dun agasallo, que nestes dous números son un pasaporte galego e un disco compacto, respectivamente. Alén do tema principal, hai unha serie de seccións fixas: “Arroutada”, “Tropa da tralla”, “Tribus”, “Toques” e “Sonche contos”. Esta última está destinada á creación. O segundo número inclúe relatos de César L. Cisneros, “Falcatrúa”; Irvine Welsh, “Deporte para todos”; Senén de Xenreira, “Galaico gore”; Xosé Cid Cabido, “Todo Manchester”; Víctor Aparicio, “Galegadas fóra”; e a colaboración poética de Alexandre Finisterre, “Usureiros na usureirócracia”; e o terceiro dá cabida a contos de Xerardo X. Llamas, “Motor Dynatorque”; Gonzalo Navaza, “Zoo da Desmadroa”; Suso de Toro, “Mar de altura”; e Xosé Hermida, “A vellez, a cobiza e o azar”.

Recensións e referencias varias:

-S. C. “Vigo acolle mañá o acto de presentación do segundo número de ‘Bravú”, *O Correo Galego*, 16 xaneiro 1998, p. 33.

Anúnciase a presentación en Vigo do segundo número da revista cunha festa na que se prevé a participación de Xurxo Souto e Víctor Coyote.

-S. C. “Bravú’ dá a volta ó mundo en dezaoito historias feitas por galegos”, *O Correo Galego*, 17 xaneiro 1998, p. 35.

Fai referencia á presentación do segundo número de *Bravú* e saliéntase a presencia de dezaoito historias entre as que se resalta a colaboración de Nélida Piñón ou Xerardo Moscoso ou Guillermo de la Dehesa.

-S. C. “Sae do prelo o sgundo número de Bravú”, *O Correo Galego*, 18 xaneiro 1998, p. 51.

Noticia da presentación da revista en Vigo. Saliéntase o apartado titulado “A volta ó mundo en 18 historias” e cítanse algúns dos nomes participantes nesta entrega.

-M. S. D., “Una intelectualidad “gamberra” recibe con una gran fiesta la revista “Bravú”, *La Voz de Galicia*, 18 xaneiro 1998, p. 81.

Informa da presentación da revista en Vigo consistente nunha festa protagonizada pola música e que contou coa presencia de entre outros Xurxo Souto, Manuel Bragado, Antón Reixa, Manuel Seixas e Frank Meyer. Descríbense ademais algúns dos contidos deste número dous.

-Antón Reixa, “Pasaporte bravú”, *La Voz de Galicia*, “Área de servicio”, 21 xaneiro 1998, p. 72.

Co gallo da entrega dun pasaporte galego co segundo número da revista *Bravú*. Reixa aproveita para falar das reivindicacións de corte nacionalista que este movemento literario e musical está a presentar a través da súa publicación dende primeiro número.

-Luis Pousa, “Os faxes e os gabinetes de prensa acabaron co periodismo”, *El Ideal Gallego*, 6 febreiro 1998, p. 8.

Con motivo da presentación do segundo número de *Bravú* na Coruña Luis Pousa entrevista a Xosé Manuel Pereiro. O director da revista explica a significación dos termos “bravú” e “arroutada” sintetizados no orgullo propio. Entende que o papel dos galegos no mundo sempre foi infravalorado e cre que hai unha serie de temas que non se poden tratar nos medios convencionais e que esta publicación pretende recoller. Comenta ademais outras cuestións relativas á política e a televisión.

Julián Rodríguez Moscoso, “Cantar cuando la situación lo requiere”, *La Voz de Galicia*, 7 febreiro 1998,
74.

Artigo no que se dá conta da presentación da revista na Coruña. Saliéntase a parte cantada do acto na que Manolo Rivas, Xurxo Souto, Antón Reixa e Xosé Manuel Pereiro e tódolos asistentes “se moldearon con sus canciones, gallos y arroutadas los latidos que desde muy lejos lanzan cada día todos los gallegos que están ahí fuera, y que *Bravú* recoge en su segundo número a través de un monográfico”. Salienta tamén a presencia do “ex-Voces Ceibes” Xerardo Moscoso nun pub “reconvertido en coliseo de voces que quieren dejar atrás la más reciente edad de la inocencia de la música, literatura, poesía y arte gallegas”.

-Xaime Calviño, “A cultura con futuro é a que se fai nos bares”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 62, 4 xullo 1998, p. 7.

Xosé Manuel Pereiro, impulsor da revista *La Naval* e agora de *Bravú*, declara nesta conversa o que significou para *Bravú* obte-lo Premio da Crítica en 1998, no apartado de Iniciativas Culturais. Comenta a maneira na que naceu a revista, o motivo polo que recibiu ese nome, a quen vai dirixida, a que responde e que pretenden acadar con ela. Cita os diferentes colaboradores que participan nela e adianta os contidos do terceiro número, que se chamará *Terrra Terremota*.

-Isidro D. Porta, “Cidades con entrañas bravas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 25, 3 setembro 1998, p. 6.

Comenta algunhas das visións de Galicia que os distintos autores fan no último número de *Bravú*. Pon de relevo o seu carácter ameno e novidoso, cun enfoque que non se recolle nas guías turísticas. Así unha a

unha comenta as colaboracións de Xosé Carlos Caneiro sobre Verín, Xurxo Borrazás sobre Carballo, Fran Alonso sobre Vigo e Xosé Hermida sobre Santiago de Compostela.

Cadernos Castelao

(Sen D. L. nin ISSN.).

Publicación editada pola Fundación Castelao de Santiago de Compostela que recolle as conferencias que organiza a Fundación, dende 1994, co obxectivo de divulga-la vida e obra de Castelao. A revista conta coa coordinación de Henrique Monteagudo. En 1998 publicáronse catro números: o nº 9 recolle a conferencia de Xosé Estévez que leva por título “Castelao no Galeuzca”, o 10 a disertación de Beatriz Quintela e Paulino Vázquez “Castelao, Nós”; no nº 11 reprodúcese a pronunciada por Gustavo Luca de Tena, “Castelao na prensa da República”, e o 12, “Castelao dentro do galeguismo do exilio”, confeccionado a partir da charla de Xosé Manoel Núñez Seixas. Todas estas aparecen descritas no apartado V. 4. Publicacións en Revistas, deste *Informe*.

Citania. Artes. Letras. Espectáculos

(ISSN: 1139-3092 / D. L.: C-1106-98).

Revista semestral saída do prelo por primeira vez na tempada de Primavera-Verán de 1998 baixo a dirección de Euloxio C. Ruibal e Mª Antonia Pérez. Así mesmo, tanto o seu Consello de Redacción coma o Consello Editorial están formados por persoas de universidades galegas e estranxeiras. A publicación presenta un marcado carácter interdisciplinar e divídese en cinco apartados fundamentais: o primeiro deles, baixo o epígrafe de “Estudios”, recolle varios artigos de crítica literaria entre os que se atopan “Terra Brava: xogo de bonecas rusas”, de Inmaculada López Silva ou “Galicia: Poesía última”, de Vicente Araguas. Na sección titulada “Notas” ofrécense achegas de Anxo Abuín sobre “A traxectoria escenográfica de Manuel Mampaso”. No apartado de “Creación” recóllense traballos de fotografía, narrativa (Nélida Piñón) e banda deseñada (Eloi Rivera), etc. Esta mesma variedade dáse no apartado titulado “Crónica”, no que se ofrecen panorámicas sobre o teatro (“Novos narradores/Novas dramaturxias”, de Chema Paz Gago), a música (“O feito diferencial galego na música”, de Luís Costa), a banda deseñada (“Novos nomes na ilustración do libro infantil”, de Miguel Vázquez Freire), etc. Por último recóllense unhas Conversas de José Luis Fernández con Helmuth Rilling e Maximino Zumalave. Os artigos relacionados coa literatura galega aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en Revistas, deste *Informe*.

Clave Orión

(ISSN: 135-741 X / D. L.: C-8849-5).

Revista literaria que comezou a súa andaina no seo da revista *Nordés* (números 19-20, outubro 1993) onde viu a luz o número Alfa. De forma independente saíu o número 1, no 1995, dirixida por Luz Pozo Garza e en 1996 o número II. En 1998 saíu o número III-IV mantendo as seccións da anterior entrega. Así, "O Faro extraviado" acolle o poema de Luz Pozo Garza "Mira Natalia o mar". En "Donas da palabra" recóllense composicións de Mª Xosé Queizán, Olga Patiño Nogueira, Clementina Vidal, Anxos Romeo, Soledad Losada (en galego e francés) e Úrsula Heinze de Lorenzo (en galego e alemán). Na sección "Homenaxe a Igor Ivanov" preséntanse textos traducidos ó ruso de Álvaro Cunqueiro, Eduardo Moreiras, Xohana Torres e Luz Pozo Garza en traduccións de Alexandra Koss, S. Stepanov, M. Kviatkovskaia e Alexandra Koss, respectivamente. "Meendinho" acolle unha lectura da cantiga de Mendiño por parte de Luz Pozo Garza, un artigo sobre as claves para le-los versos en galego de Eduardo Moreiras e un estudio de Carmen Blanco sobre *Nós Nus* (1997), de Olga Novo. Ademais Luz Pozo Garza introduce tres poemas de Maruxa Olavide e Luis Alonso Girgado escribe sobre as "Novas voces da lírica canaria", que acompaña dunha selección de textos de tres autores. En "Mensura" poden lerse os poemas de Manuel Forcadela, Xoán Carlos D. Alberte, Maximino Cacheiro Varela, Manuel Vidal Villaverde, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Miguel Lustres e Claudio Rodríguez Fer, así como senllos relatos de Manuel Vidal Villaverde e Andrés Xosé Pociña López. En "Versión" Benigno Fernández

Salgado presenta e traduce ó galego poemas do poeta iraní Lila Zaia, Soledad Losada presenta a versión castelá dun poema de Víctor Hugo en tanto que Maximino Cacheiro Varela traduce ó galego textos de Armando Hernández Quintero e X. Carlos Rodríguez Pérez de Charles Bukowski. En “Iwerddon” aparece un poema de Luz Pozo Garza e Dana Mónica seguido duns apuntamentos biográficos da propia Luz Pozo sobre W. B. Yeats. Como en números anteriores en “Paradiso” recóllense poemas en castelán de Eduardo Moreiras en tanto que “A pluma na man” acolle cartas de Vicente Aleixandre e Eduardo Moreiras seguidas de composicións de ámbolos dous poetas. Por último a explicación de Aurora López sobre a experiencia de dotar de música o poema “Cecais mañá”, de Luz Pozo Garza, precede á edición da propia partitura.

Recensións e referencias varias:

-Xavier Castro R., “Un novo número da revista ‘Clave Orión”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 15 novembro 1998, p. VII.

Salienta a calidade desta publicación e refírese ó éxito das catro entregas. Cita ademais o nome dos autores que colaboran en cada unha das seccións.

Cristal. Revista Literaria

(ISBN: 84-453-2129-3).

En 1998 o Centro Ramón Piñeiro publicou a edición facsimilar desta revista que viu a luz en Pontevedra entre xullo de 1932 e xuño de 1933. Ó longo dos dez números que tirou pasaron polo equipo de dirección literaria Juan Vidal Martínez, Antonio Díaz Herrera e Xosé Mª Álvarez Blázquez e Lois Teijeiro. Primeiramente tiña unha duración mensual ata se converter en bimensual. De carácter bilingüe acolleu a colaboración de autores en galego como Manuel Antonio, Amado Carballo, Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Antonio Noriega Varela etc., e doutros en castelán tanto españois coma latinoamericanos: Federico García Lorca, Gabriela Mistral, José María Pemán ou Alfonsina Storni. Baixo a dirección de Luís Alonso Girgado, a reproducción facsimilar vén acompañada dunha presentación a cargo de Xosé María Álvarez Cáccamo que se centra nas colaboracións que para a revista fixeron Gerardo Álvarez Limeses e Xosé Mª Álvarez Blázquez. A Introducción comeza baixo o título "*Cristal* por fóra" con datos referentes á periodicidade, prezo, tamaño, etc. A parte titulada "*Cristal* por dentro" acolle algunhas claves da publicación e aborda a nómina de directores e colaboradores literarios e a de directores artísticos. Ademais préstaselle atención á lingua utilizada e descríbese o contido de cada un dos dez números. Tamén son obxecto de atención a participación de Federico García Lorca na revista e a nómina de autores galegos que nela colaboraron. Completan este apartado unha valoración global do que representou esta publicación e unhas notas biobibliográficas dos

colaboradores. O apartado “Breve inventario de notas informativas e referencias críticas” ocúpase de aspectos relativos á recepción de *Cristal*. Completan o estudio os apéndices, nos que se tratan “A Pontevedra de *Cristal*: os anos da IIª República (1931-1936)” e “A linoleografía en Galicia”. Pechan o volume a biobibliografía de toda unha serie de índices sumarios, de autores e textos. Acompañando a esta reedición de *Cristal* inclúense a reproducción de senllos sonetos manuscritos de Federico García Lorca e Xosé Mª Álvarez Blázquez, así como unha copia da acta fundacional manuscrita do Grupo Nazonalista Galego de Pontevedra e unha serie de fotos de Federico García Lorca tiradas pola cámara de Eduardo Blanco Amor.

Recensións e referencias varias:

-AGN, “El Centro Ramón Piñeiro presenta tres nuevas publicaciones”/“El Centro Ramón Piñeiro presenta tres nuevas publicaciones”/“El Centro Ramón Piñeiro presentó tres nuevas obras”/“El titular de la Xunta destaca la consolidación del Centro Ramón Piñeiro”, *La Región*/*El Progreso*/*Diario de Pontevedra*, 1 marzo 1998, p. 60/p. 74./p. 20.

Céntrase na intervención do Presidente da Xunta de Galicia salientando a actividade do Centro Ramón Piñeiro no acto de presentación de *Cristal* e de senllas obras de Manuel Amor Meilán e Manuel Lois Vázquez.

-S. C. “O Centro Ramón Piñeiro recupera a revista ‘Cristal’ e obras de Lois e Amor”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, 1 marzo 1998, p. 53/p. 15.

Información relativa ó acto de presentación da reedición facsimilar de *Cristal* e das reedicións de *A lira de Elfe*, *A Reina Loba e outros relatos*, de Manuel Lois Vázquez e *Baixo do alpendre e outros relatos*, de Manuel Amor Meilán. Saliéntase a intervención de Antón Fraguas que lembrou os tempos nos que se puxo en marcha a revista por unha xuventude inqueda. Faise referencia tamén ás palabras do Presidente da Xunta que destacou o interese dos proxectos levados a cabo no Centro Ramón Piñeiro.

-D. P., “Pontevedra recupera su pasado literario con la edición de “Cristal”, *Diario de Pontevedra*, 13 marzo 1998, p. 5.

Noticia da presentación da reedición de *Cristal* en Pontevedra da man do conselleiro Celso Currás, que agradeceu a colaboración da familia de Xoán Vidal. Ademais coméntase que Luis Alonso Girgado, responsable da edición, resaltou o carácter local pero non localista da revista. Alúdese á emotividade do acto coa lectura de poemas a cargo de Aurora Vidal, filla do fundador da revista. Finalmente recóllese a nómina dalgúns dos colaboradores.

-S. R., “El facsímil de Cristal recupera la Pontevedra poética, inquieta y entusiasta de los años 30”, *Faro de Vigo*, “Edición de Pontevedra”, 13 marzo 1998, p. 8.

Faise eco da presentación do facsímil de *Cristal* en Pontevedra. Reprodúcense as palabras de Xoán Carlos Domínguez Alberte ó resalta-lo carácter non localista da revista. Achéganse algúns datos

referentes á biografía da publicación e aludindo á extensa nómina de colaboradores entre os que se atopan nomes como o de Federico García Lorca.

-Antón Fraguas Fraguas, “A lembrada revista Cristal”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 15 marzo 1998, p. XXIV.

Lembra cómo foi xurdindo a idea de sacar adiante *Cristal* pola iniciativa de Xoán Vidal Martínez. A continuación refírese á reedición do Centro Ramón Piñeiro partindo da presentación institucional do Conselleiro de Educación. Recolle ademais unha cita de Xosé Filgueira Valverde na que se sinala que as revistas son “como espellos” das épocas. Refírese tamén a Gerardo Álvarez Limeses, Federico García Lorca, Álvarez Blázquez e Alejandro de la Sota. Comenta que a xuventude emprendedora da revista era un “grupo de idealistas sen ningunha preocupación política estudiando a realidade con amor á terra (...)”. Reproduce tamén o fragmento co que a revista se presentaba no seu número inicial. Finalmente reproduce un poema co que colaborara Antonio Noriega Varela.

Alvarado, “Reaparece “Cristal”, con la colaboración de varios ourensanos”, *La Región*, 18 marzo 1998, 18.

Dá conta da reedición da revista e alude a outras publicacións tamén reeditadas polo Centro Ramón Piñeiro como *Alba*, *Aturuxo*, *Gelmírez*, *Posío*, etc., que tanto influíron na vida literaria e cultural de Galicia nos anos anteriores e inmediatos á guerra civil. Cítanse algúns dos colaboradores de *Cristal*.

-Manuel María, “Publicación galega do libro”, *El Correo Gallego*, 7 abril 1998, p. 3.

Louva primeiramente o labor de reproducción facsimilar que desenvolven Sotelo Blanco e o Centro Ramón Piñeiro. A continuación refírese á reedición de *Cristal*, da que describe o contido. Confesa que nunca antes tivera ocasión de ver esta revista e manifesta a sorpresa que lle produciu. Salienta o interese que nel espertaron as colaboracións de Xerardo Álvarez Limeses, Juan Bautista de Andrade, Primitivo Rodríguez Sanjurjo e Xosé María Álvarez Blázquez.

-Xoán Luís Ramos, "Cristal' ou o porqué das revistas de poesía", *O Correo Galego*, "Lecer", 12 abril 1998, p. XIX.

Artigo no que Xoán Luís Ramos, autor de dous poemas recollidos en *Cristal*, lembra a época da revista e indica que dos colaboradores unicamente están vivos Antonio Fraguas e el. Con ton humorístico réstalle valor ós seus poemas fronte á calidade do resto da revista con poemas que considera merecentes de estar nas antoloxías. Pregúntase a continuación cómo entende-lo fenómeno das revistas de poesía na época dada a cativa vida editorial daqueles anos. Neste sentido expón a súa reflexión e ve dúas causas fundamentais: por unha parte o afán imitativo da xuventude, influída polos poetas do 27, e pola outra a propia natureza da palabra e a poesía como mundo autónomo.

-Ramón Rodríguez Otero, "Rexorde Cristal", *Atlántico Diario*, 28 abril 1998, p. 31.

Con motivo da edición facsimilar de *Cristal* por parte do Centro Ramón Piñeiro, refírese en clave poética á revista indicando que malia á súa curta idade foi cumprida e intensa para o pensamento galego. Pon de relevo a importancia da técnica do linóleo nas publicacións literarias da época. Destaca finalmente a "resurrección" da revista da man do equipo de Luis Alonso Girgado.

-Xesús Alonso Montero, “Manifesto ós nenos pobres do campo”, *La Voz de Galicia*,”Beatus qui legit”, 14 agosto 1998, p. 12.

Alude á edición facsímil e céntrase no poema “Manifesto pastoril a los niños pobres del campo”, de Manuel Gómez del Valle. Indica a ideoloxía comunista deste autor e o seu fusilamento o 11 de agosto de 1936 malia a intervención do “caritativo” sacerdote Fernando Quiroga, dato que non se recolle na nota biobibliográfica correspondente desta edición. Comenta que dos poemas que coñece este é “o de máis entidade e orixinalidade” e alude á súa traducción parcial por Antón Tovar. Prosegue coa glosa deste poema en castelán.

- Armando Requeixo, “Cristal”, *Revista Galega do Ensino*, nº 21, “Recensións”, novembro 1998, pp. 261-262.

Breve comentario sobre a edición facsimilar da revista *Cristal*, publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Descríbese, con detalle, o contido da citada edición: unha “Presentación”, de Xosé María Álvarez Cáccamo, a “Introducción”, un “Breve Inventario de Notas Informáticas e Referencia Críticas” sobre *Cristal*, a reproducción dos dez volumes da revista, dous estudios, unha bibliografía e unha serie de índices.

Cuadernos de Estudios Gallegos

(ISSN: 0210-847 X / D. L: M-562-1958).

Publicación bilingüe auspiciada na actualidade polo Consello Superior de Investigacións Científicas e polo Instituto Padre Sarmiento, que apareceu en 1944. Os seus contidos céntranse no ámbito humanístico (historia, arte, xeografía, etnoloxía, folclore, historia relixiosa, lingua e literatura) e consta de cinco apartados que corresponden a distintas áreas: “Arqueoloxía, Prehistoria e Antropoloxía Física”, “Historia e Xeografía”, “Historia da Arte”, “Etnografía” e “Lingua e Literatura”. A sección de lingua e literatura está dirixida por D. Benito Varela Jácome. Tirou do prelo no 1998 o tomo XLV, fascículo 110, que mantén a estructura tradicional da revista en catro apartados: Historia e Xeografía, Historia da Arte, Etnografía e Lingua e Literatura. Esta última segue a estar dirixida por Benito Varela Jácome e nesta entrega inclúe un artigo de Luis Martul Tobío titulado “Memoria, reescritura e identidad en los cuentos gallegos de Carlos Montenegro”, que malia ó título, trátase de relatos ambientados en Galicia e con personaxes galegos.

Dorna. Expresión Poética Galega

(ISSN: 0213-3806 / D. L: C-94-1982).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981 baixo a coordinación de Luís G. Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago. Dende este momento ata a actualidade, a revista apareceu con periodicidade irregular e sufriu varios cambios nos seus consellos asesores, redactores e mesmo coordinadores e secretarios. No ano 1998 saíu un só número, o 24, con ocasión do Día das Letras Galegas. O volume presenta ilustracións de Quintana Martelo, que tamén se ocupou da portada. Nas súas páxinas mantéñense as seccións habituais. En “Creación” recóllense composicións, en verso e prosa, de Xosé María Álvarez Cáccamo, Anxo Angueira, Vicente Araguas, Suso Baleato, Ramón Caride Ogando, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Xosé Fernández Ferreiro, Modesto Fraga, María Lema Muíño, Abel Mendes Buxeiro, Alexandre Nerium, Carme Nóvoa, Calís Pato, Carlos Pérez Varela, Xerardo Quintiá, María Rábade, César Souto, Martín Veiga, Mª Carme Prieto Guibelelde e Manuel Riveiro Loureiro. A sección “Arte poética” presenta o traballo titulado “Sobre poesía”, de Anxo Quintela. En “Verbas cruzadas” inclúese o artigo “A poesía na industria editorial galega”, de Fran Alonso, e o relatorio “A poesía galega e o mundo editorial”, que Carlos Lema leu no Iº Congreso de Poesía Galega celebrado en Vilagarcía de Arousa os días 25, 26 e 27 de setembro de 1997. A sección “Voces de fóra” está constituída

por textos do catalán J. V. Foix e da alemana Edeltraut Gallinge, traducidos ó galego por Úrsula Heinze de Lorenzo. Finalmente, no "Caderno da Crítica" figuran os traballos seguintes: "E o silencio na lira de Outeiriño", de María do Cebreiro Rábade Villar; "Lectura e presentación de *Alta Casa* de Helena de Carlos no club de lectoras de Alecrín", de Carme Panero; "O triunfo de Lilith: textos para unha muller perversa (lectura de *Nós nus* de Olga Novo)", de Teresa Seara; e "Saudade e concepto da poesía no *Cancioneiro* de Blanco Amor", de Mª Teresa Bermúdez Montes. Tódolos traballos acerca da literatura galega aparecen desglosados nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Vicente Araguas, "Unha Dorna chamada Madrygal", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 15, 25 xuño 1998, p. 6.

Recensión conxunta das revista *Madrygal* e *Dorna*. No que respecta á primeira delas alude á presencia dun público "entregado" nun acto que contou coa presencia de Manuel Rivas. Refírese tamén ás tres mulleres da Universidade Complutense responsables da publicación e á connotación poética do título. Cita, así, algúns dos contidos deste número inaugural e discrepa dalgún traballo por consideralo de pouco interese e considera que a portada "co consabido debuxo de Castelao convida a pensar en actitudes defensivas que en nada benefician unha revista-coma esta- de calidade". Entende, sen embargo, a dificultade que entraña obte-lo equilibrio neste tipo de revistas. No tocante a *Dorna* considera un "milagre"

que siga existindo e “regalando beleza”. Aínda que cre que a presencia de moitos autores muda en irregular a publicación, subliña a curiosa poética de Anxo Quintela e a colaboración de Fran Alonso comentando como paradoxo que “relativamente falando estamos entre dos maiores productore de poesía do mundo (...) e non obstante caseque non somos consumidores”. Conclúe mencionando outros traballos recollidos no número 24 desta “Dorna que a fe que navega chea de sorpresas e novidades”.

Eidos do Libro. Revista Galega do Libro

Publicación bimestral que en tirou o seu número 0 en 1998 correspondente ós meses de maio e xuño. Dirixida por María Ares Sanmartín, Miguel Salas figura como editor e Pablo Pantín como Redactor-Xefe. Centrada no ámbito literario e editorial galego configúrase a base de información, reportaxes, entrevistas e recensións. En 1998 saíron tres números. O número 0, presentado como “Especial Letras Galegas” ábrese cun artigo de Antón Mascato na memoria de Carlos Blanco e inclúe entrevistas con Isaac Díaz Pardo, Ramiro Fonte e Xulio Valcárcel. Esta primeira entrega acolle varios artigos referentes ó Día das Letras Galegas: así, Xoán Carlos Lagares repasa a evolución da celebración do 17 de maio; Alexandre Ripoll achega unha glosa de cada un dos tres homenaxeados, acompañada dunha bibliografía; ademais, Francisco Nodar Manso escribe sobre o teatro lírico galego-portugués do século XIII; Susana Franco presenta unha proposta didáctica centrada na cantiga de amigo, en tanto que Xosé María Dobarro Paz realiza un seguimento da producción bibliográfica aparecida ó redor do Día das Letras Galegas. Ademais inclúense numerosas “reseñas bibliográficas” sen asinar; unha recensión sobre a novela *Vida e morte das baleas* (1997), de Antón Castro, asinada por Xulio López Valcárcel, así como unha reflexión de An Alfaya. O número 1 (outubro) preséntase como “Especial Libros de Texto” incluíndo ademais

numerosas recensións sen asinar xunto a unha asinada por Xoán Carlos Lagares sobre *A compañía Clandestina de Contrapublicidade* (1998), de Marilar Aleixandre. Neste número os entrevistados son Xohán Ledo e e Agustín Fernández Paz e recóllese información sobre a Editorial Kalandraka así como sobre o Iº Salón do Cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico", ademais dun artigo de Miguel Anxo Murado sobre a adaptación de de libros ó cine. Por último, o número 2 (decembro) está dedicado á literatura infantil e xuvenil e inclúe entrevistas a Miguelanxo Prado e Manuel Bragado ademais de recensións de *La Habana Flash* (1998), de Xavier Alcalá; *Hipatía* (1998), de Alfonso Pexegueiro; *Arden* (1998), de Ana Romaní e *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), de Yolanda Castaño. Ademais ofrécense panorámicas da edición de literatura infantil e xuvenil en galego, por Miguel Salas; de autores, por Xosé Antonio Neira Cruz e de ilustradores, por Miguel Vázquez Freire. Neste mesmo número Paula Carballeira fala sobre a experiencia dos contacontos e inclúese un relato de Marilar Aleixandre titulado "O anano máis alto conta a historia de Brancaneves".

Recensións e referencias varias:

-Miguel Anxo Fernán Vello, “Eidos do libro”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 2 xullo 1998, p. 3.

Saúda a posta en marcha da revista e salienta o baleiro que vén encher dada a necesidade dunha revista "áxil, dinámica, independente, plural, rigorosa e atractiva". Agoira que esta publicación vai constituír un "lugar de encontro para toda a familia da industria cultural e editorial e para todos os membros da República das Letras". Refírese ó contido da revista e tamén ó atractivo e pulcro deseño. Confesa a esperanza que lle provoca a revista en momentos de "horas non moi doces para o libro galego" e cre que unha publicación como esta axuda "a activar mecanismos de avance, de comunicación, de interrelación, de normalización cultural". Remata desexando o mellor para *Eidos do libro*.

-Xavier Costa Clavell, "Eidos do libro", *O Correo Galego*, "No faiado", 2 outubro 1998, p. 3.

Con motivo da publicación do número 0 da revista pon de manifesto o baleiro que vén encher dado que nos boletíns das editoriais está presente a publicidade. Refírese ás palabras de presentación da directora, que acompañan á revista e deséxalle éxito e consolidación. Remata nomeando algúns dos traballos que se poden ver neste número inaugural.

-M. Quintáns S., "Publicación galega do libro", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 25 outubro 1998, p. VII.

Reflexiona primeiramente sobre a presencia dos libros en xornais e revistas. Neste sentido considera que as recensións das revistas deben ser máis meditadas e as dos xornais menos trascendentes. Pon de relevo ademais a necesidade de que o libro galego sexa obxecto dunha agarimosa atención nos medios de comunicación e refírese ó carácter fundamental do libro no desenvolvemento dos pobos. A seguir faise unha serie de preguntas relativas ó esforzo das editoriais e as institucións por potencia-los

seus espacios dedicados ó libro e agoira un gran servicio ó desenvolvemento do libro en Galicia por parte de Eidos do libro.

-D. J. “Piden “pés para os libros” na presentación de Eidos”/“A revista ‘Eidos’ sobre a actividade editorial en Galicia foi presentada onte durante un acto na Galería Sargadelos”, O Correo Galego/ElCorreo Gallego, 18 outubro 1998, p. 41/p. 75.

Noticia da presentación da revista na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Recóllense as palabras no acto da directora da publicación, quen falou da necesidade de fomenta-lo libro galego no exterior. Tamén se fai referencia á intervención de Miguel Vázquez Freire, presidente de GALIX, quen rexeitou a dicotomía entre o libro e o mundo da imaxe, recoñeceu que o libro está en perigo e arremeteu contra a insuficiente rede bibliotecaria. Ademais, Vázquez Freire reivindicou unha crítica “de combate”, que asalte o libro dende unha perspectiva subxectiva. Resúmese, así mesmo, a intervención de Antonio Fernández Maira, presidente dos libreiros composteláns, que se referiu ás librerías como lugares de cultura e non de venda. Do contido da revista saliéntase a entrevista a Xohán Ledo, o humor de Xaquín Marín, o percorrido por Kalandraka ou a reportaxe sobre o Salón do Cómic da Coruña entre outros.

Elipse. Revista Galega de Banda Deseñada

(ISBN: 84-453-2207-9 / D. L.: 1087/98).

Publicación semestral editada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que apareceu co seu número 1 en outubro de 1998. Conta coa dirección de Miguelanxo Prado e o seu consello de redacción está integrado por Agustín Fernández Paz, Manuel Rico Verea e Miguelanxo Prado. Este primeiro número ábrese cunha presentación de Agustín Fernández Paz que serve de declaración de intencións da revista á vez que reflexiona sobre as particularidades da linguaxe "elíptica" da banda deseñada. Sinala que *Elipse* pretende servir de canle de publicación dun tipo de producción dificilmente editable en soportes comerciais que ten un público amplo, co obxectivo de apoia-los creadores que apostan pola consolidación dun cómic en galego e anuncia que presentará tres tipos de contidos: creación en banda deseñada, contribucións literarias no apartado "Textual" e textos de análise e ensaio en relación coa linguaxe nas viñetas en "Teorica Res". Neste número atópanse creacións de Dudi, "Bad Luck Blues (O blues da mala sorte)"; Miguelanxo Prado, "Breve achegamento á Teórica da Caixa"; Francisco Bueno, "A porta"; Carlos Portela e Fernando Iglesias, "F-354"; e Kiko da Silva, "Abaladoiros do alén". No apartado "Textual" atópase un relato de Suso de Toro titulado "Traffic Man" e poemas de Iolanda Castaño pertencentes ó libro *Mulher a facer vento* ilustrados por Cristo Aleister. Na sección "Teórica Res" publícase o artigo "Na

encrucillada dun novo século", de Agustín Fernández Paz, resumido na sección V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-C. R. R., “O trazado da Elipse”, *Tempos Novos*, “Voces e Culturas. Banda Deseñada”, nº 18, novembro 1998, p. 71.

Sinala que a banda deseñada precisa dunha infraestructura industrial para se achegar ó público e que é tan importante a historia que presenta coma o soporte escollido para a súa edición. Detense no comentario da nova revista galega de banda deseñada, *Elipse*, da que comenta que a pesar de non lle faltar material e ter unha calidade bastante alta, só a historieta de Iglesias e Portela se adapta con comodidade ó seu formato. Apunta ademais, que se quere seguir sendo en branco e negro, será preciso que esixa que os orixinais se adapten ás súas carácterísticas técnicas, xa que neste primeiro número, moitos dos orixinais etaban concibidos en cor, distando o resultado do trásito ó branco e negro moito de ser exemplar. Remata indicando que se fai esta “diatriba”, é porque desexa que a publicación continúe.

-E. P., “A revista Elipse lanza a aposta de Galicia pola Banda Deseñada”, *O Correo Galego*, 10 outubro 1998, p. 39.

Alude á presentación da revista no transcurso das Xornadas de Banda Deseñada organizadas pola Casa da Xuventude de Ourense.

-Rodri García, “A primeira revista galega de cómic chega ós institutos”, *La Voz de Galicia*, 29 novembro 1998, p. 42.

Recóllense nesta noticia as palabras de Miguelanxo Prado a propósito da saída do prelo de *Elipse.* O responsable da revista expresa a súa sorpresa porque a Consellería de Educación se fixese cargo de todo e xustifica o seu carácter semestral pola falta de xente e material para unha menor periodicidade. Sobre os contidos subliña que sería imposible difundilo nas canles comerciais habituais. Explica ademais a división en tres bloques dedicados respectivamente ó contido teórico, de creación e as achegas literarias. Sobre o primeiro alude a traballos que non sempre teñen saída fóra do ámbito universitario. No tocante á creación apela á premisa da calidade e por último no das contribucións literarias comenta a idea de fortalece-la relación de escritores e debuxantes dado que estes últimos, sobre todo os novos, debuxan ben pero non teñen ideas para faceren guións.

-A. E., “Un acontecimento para a banda deseñada”, *A Nosa Terra*, nº 860, “Guieiro Cultural”, 10 decembro 1998, p. 23.

Recensións de carácter descritivo na que tamén se pon de relevo o talento de Miguelanxo Prado e na que se salienta a complexidade tanto formal coma conceptual que utiliza a banda deseñada recollida en *Elipse*. Saliéntanse tamén as palabras de Agustín Fernández Paz referentes ó desprestixio da banda deseñada como medio de expresión e á necesidade de reconsidera-las posibilidades do cómic para a cultura galega. Apúntase neste sentido a existencia de prexuízos moitas veces orixinados porque a oferta máis chamativa dos quioscos está formada polos tebeos xaponeses ou polos protagonizados polas “máquinas sexuais”.

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(ISSN: 1131-6519/D. L.: 80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. No ano 1998, como ocorre dende os seus comezos, publicáronse cinco números. No número 106 (xaneiro-febreiro) atopamos un artigo de Ramón Latas Espiño sobre a situación da Real Academia Galega na sección "Rolda de cultura" e a habitual colaboración de Engracia Vidal titulada "Libros chegados á redacción". No 107 (marzo-abril), engádese a sección "Letras Galegas 1998", na que aparece un artigo de Xesús Portas Ferro titulado "Tres xograres na igreja sobe-lo mar". Ademais, na "Rolda de cultura" aparece un artigo de Ramón Latas Espiño sobre o Centro Dramático Galego e, para rematar, os libros chegados á redacción de Engracia Vidal. No número 108 (maio-xuño), Ramón Latas Espiño aborda a situación das letras e da música galegas na habitual "Rolda de cultura". A este artigo temos que engadir unha recensión de Xavier R. Madriñán sobre un libro de Xosé Mª Lema Suárez, titulado *Un novo documento de don Juan Antonio Posse. a "Plática Tercera" (1838)*, publicado polo Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento de Santiago; outra recensión do mesmo autor sobre *A Galicia irredenta*, de Álvaro Xosé López Mira e unha terceira de Andrés Torres Queiruga sobre o libro de Anxo González Fernández, *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Por último, neste mesmo número, aparece a sección de Engracia Vidal, "Libros chegados á redacción". No

seguinte número, 109 (setembro-outubro), inclúense un artigo de Ramón Latas Espiño na “Rolda de cultura”, unha recensión de Asun Louzán Tomé sobre *A Romaxe de Crentes Galegos: De Irimia a Santa Margarida (1978-1997)*, de Victorino Pérez Prieto e os “Libros chegados á redacción”, de Engracia Vidal. Por último, no número 110 (novembro-decembro), introdúcese a sección “Aportacións” con dous artigos relacionados coa literatura galega: “Para lembranza. Xosé Crecente Vega, poeta, no seu retorno”, de Bernardo García Cendán e “Teoloxía e poesía de Álvaro Barreiro”, de X. Amancio Liñares Giraut. Na sección “In memoriam” inclúese un artigo de Manuel Dourado Deira titulado “En memoria de Maruxa Villanueva” e, para finalizar, aparece a colaboración de Engracia Vidal titulada “Libros chegados á redacción”.

Recensións e referencias varias:

-Nacho Mirás, “Relixión ou tolerancia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 abril 1998, p. XVI.

Ó saír á venda o número 100 da revista *Encrucillada*, convérsase co seu director Andrés Torres Queiruga, sacerdote e profesor de Universidade, sobre os comezos da devandita revista, da idea de organizar un encontro cristián, celebrado por primeira vez o ano pasado, e da figura de Jacques Gaillot. Fala tamén da actitude do Vaticano e do cardeal Raztingen con respecto á teoloxía da liberación, e do novo concepto de Deus e da relixión na educación dun neno. Afirma non seguir en *Encrucillada* a liña dos teólogos da liberación e que a Real Academia Galega se atopa nun momento de transición. Admite, por

último, estar de acordo en parte co teólogo Enrique Miret Magdalena, ó dicir que a igrexa está lonxe dos pobres.

-M. Dourado Deira, “XII Foro de Encrucillada’: exclusión e solidariedade”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 7 novembro 1998, p. 3.

Refírese á celebración do XIIIº Foro de Relixión e Cultura de Galicia organizado por *Encrucillada* baixo o tema “exclusión e solidariedade”. Comenta que o cartel anunciador lle fai lembrar un debuxo de Castelao sobre a xustiza. Alude á caracterización da xustiza nos debuxos do rianxeiro e salienta neste foro a presencia de Ignacio Ramonet e Joaquín García Roca, presentes para dialogaren con outros entendidos de Galicia.

Escaramuza

(D. L.: 738-1997).

Impulsada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena (AADTE), saíu á luz con periodicidade trimestral en 1997 o número cero baixo a coordinación de Pepe Soto. O único número editado en 1998, o correspondente ó mes de decembro, ábrese cunha extensa entrevista a Maruxa Villanueva, importante actriz de teatro na emigración americana. Sobre a "Polémica Valle" escriben Henrique Harguindey Banet, Manuel Lourenzo, Xavier Estévez e Eduardo Alonso. Como "Tema de Debate" retómase o proxecto de creación dunha Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e inclúense tamén dous "Artigos", un de Cándido Pazó, "Chegou a hora de irmos á escola...", e outro de Eduardo R. Cunha "Tatán", "O actor, o manipulador, o titiriteiro". Completan este volume unha "Axenda Teatral" e uns poemas de Xesús Pisón no apartado de "Creación".

Evohé. Revista cultural del Campus de Lugo

(D. L.: LU-679-1996).

Publicación bilingüe galego-castelá impulsada pola Facultade de Humanidades de Lugo. En 1996 apareceu o número 0 en en 1998 un número dobre (3-4). Na actualidade comparten a dirección J. Luis Calvo Vidal e José Rodríguez Gómez e conta cun equipo de redacción integrado por Santiago López Crespo, Adelaida Gómez Abrao, Francisco Javier Reija Melchor, Manuel Yañez Vivero e Beatriz Valcárcel Gómez. Os contidos do número publicado en 1998 son os seguintes: unha entrevista con Olga Novo, de Felipe Díaz Rey; dentro da sección "Artículos filológicos" hai varias colaboracións sobre literatura española e hispanoamericana e literatura galego inclúese o artigo titulado "O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca", de Mª dos Anxos Méndez Sufuentes. Finalmente, na sección de "Creación. El tiempo de la palabra", xunto a varios poemas en castelán, recóllese un poema de Olga Novo ("As incendias"), un de Bono ("Homenaxe") e outro de Claudio Rodríguez Fer ("WAW, ou como se fai un blues borracho de ti, nena"); mentres o apartado "Varios" presenta dous traballos centrados no cine e na arquitectura. As colaboracións sobre literatura galega aparecen descritas nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Feros Corvos

Publicación do Batallón Literario da Costa da Morte que botou a andar en 1997 coa publicación dos seus tres primeiros números. Está dedicada case integramente á creación literaria. No 1998 apareceu o número 4 (Verán) cunha extensión de catro páxinas. Recolle neste número poemas de Gaspar Domínguez Méndez, María Lado, Marilar Aleixandre, Tomás Lijo, Xavier Rodrígues Fidalgo, Suso Bahamonde, Paco de Tano, Modesto Fraga, Rafa Villar, Miro Villar, e Alexandre Nerium. Na última páxina atópase unha composición de Abel Mendes Buxeiro acompañada dunha breve nota biográfica, dentro da sección "Folha aberta", que pretende dar a coñecer novos poetas.

Recensións e referencias varias:

-J. T., "Sae un novo número de 'Feros corvos", *El Correo Gallego*, 10 xaneiro 1998, p. 13.

Informa da publicación do número tres e salienta a nota da xunta directiva relativa á viaxe de membros do Batallón a Cuba. Alude tamén á sección "Folha aberta" dedicada, neste ocasión a Tomás Lijó.

-S. A., "A revista "Feros Corvos", cos poetas galegos", *La Región*, 14 xullo 1998, p. 13.

Nota na que se describe o contido do número 4 da revista e alúdese á sinxela composición poñéndoa como exemplo de iniciativas literarias escasamente postas en práctica.

Ferrol Análisis

(D. L.: C.-1106-1990).

Revista que publicou o seu primeiro número en setembro de 1990. Está patrocinada polo Concello de Ferrol e editada polo Clube de Prensa desta cidade e o seu primeiro director é Germán Castro Tomé. O consello de redacción está formado por Luís Mera Naveiras, Guillermo Llorca Freire, Xosé A. Ponte Far, Jaime Quintanilla Ulla, Julia Díaz Sixto, Mario Couceiro Bescos, Enrique Sanfiz Raposo e José Luís Barcia Picos. Na presentación, comentábase que os temas tratados terán como cerne a comarca ferrolá e declarábase a intención de manter unha periodicidade trimestral. A falta de apoio financeiro propiciou que se incumprise a promesa inicial, saíndo o número 2 en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. No 1993 tiran do prelo os números 4 e 5; aparecendo nestas entregas as primeiras referencias á literatura galega. En 1998 publicáronse os número 12 e 13. No número 12 (abril) xunto a traballos de diversa índole, recóllense unha serie de artigos referidos a Xosé Rubia Barcia, do que se ofrece un esbozo biobliográfico baixo o título de “Xosé Rubia Barcia, unha lección de humanismo”. Estes artigos correspóndenlle a José Manuel Castañón, Rubén Benítez, Eva Campo e Joaquim de Montezuma de Carvalho, Antonio Simón e Esperanza Piñeiro de San Miguel. Ademais inclúense fragmentos dunha conversa de José Manuel González Herrán con Rubia Barcia en 1985. Máis relacionados coa literatura galega atópanse un poema de Alejandro Finisterre así como dous artigos: “De lembranzas e literatura galega”, de X. M. Dobarro e “X. Rubia Barcia e Anne M. Morris, poetisa (en galego dos EE.UU)”,

de X. Alonso Montero. No número 13 (decembro) Alejandro Finisterre lembra a María Casares. Nas páxinas centrais deste número préstaselle especial atención a Camilo Díaz Baliño nunha serie de artigos que seguen ó encabezamento xeral "Camilo Díaz Baliño escenógrafo ferrolán e galeguista". Sobre a súa faceta artísitca escriben Mª Antonia Pérez Rodríguez, Euloxio Ruibal, Ester Suárez Rodríguez e Rubén Rivas Vidal. Ademais a relación de Díaz Baliño coa literatura galega do seu tempo é abordada por Xosé Luis Axeitos ("O simbolismo literario"), Xesús Alonso Montero ("O camarada Blanco Torres") e Xosé Mª Dobarro Paz ("Confesións a Xulio Sigüenza"). O propio Dobarro xunto con Ernesto Vázquez refírense ó nacionalismo da época. Estes artigos poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista

(ISSN: 1139-4854 / D. L: VG-241-1983).

Revista de periodicidade irregular, aínda que dende o ano 1995 se publica anualmente, que iniciou a súa andadura en 1983. Trátase dunha revista de ideoloxía feminista, dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión. No ano 1998 viu a luz o número 14, con ilustracións de Angiola Bonanni e Paula Mariño, e que está dedicado a Belén Feliú, escritora falecida en 1997, a quen Teresa López de Lerma lembra nunha semblanza coa que abre a revista. A primeira parte da publicación constitúea un monográfico sobre arquitectura e urbanismo, que reúne artigos de Daniel Pino, María A. Leboreiro Amaro, Iago Bonet Correa, Ana Bofill Levi, César Portela, Alicia Garrido, Xosé Luís Martínez Suárez, e unha entrevista de María Xosé Queizán con Xerardo Estévez. Asección “Temas varios”, dedicada á poeta catalana María-Mercé Marçal, inclúe un artigo de Xavier Rodríguez Baixeras sobre a poesía da catalana titulada “Unha auga vasta e incesante”, unha conferencia desta autora pronunciada no Iº Encontro de Poetas Peninsulares e das Illas, que se celebrou en Vigo no mes de xuño de 1996, e un artigo de Cecilia Dreymüller sobre Hildegar von Bingen, baixo o título de “Unha santa pouco común”. A sección dedicada á “Crítica” ábrese cunha bibliografía, elaborada por Susana Mayo Redondo, que recolle tódalas obras publicadas por mulleres no ano 1997, incluíndo traduccións. Ademais, presenta recensións de obras de Celia Amorós, Francisco Sampedro, Amelia Valcárcel, Cristal Méndez Queizán, Emma Couceiro, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Chus Pato, Ana Rossetti,

colectivo María Castaña, así como unha crítica de Ana Romaní da antoloxía *Ellas tienen la palabra. Dos décadas de poesía española*, e unha de Pilar Aguilar sobre a película *Desmontando a Harry*. Na sección de "Creación" figuran poemas de Nicole Brossard, Isolda Santiago, Tina Suárez Rojas, María Lemos Muíño, Medos Romero e Mª Auxiliadora Álvarez, e relatos de Mónica Bar Cendón e de Margot Chamorro. Os artigos e recensións referentes á literatura galega aparecen glosados nos apartados correspondentes deste *Informe*.

O Gaiteiro de Lugo

(D. L.: OR-120/1965).

Con antecedentes que se remontan a mediados do século pasado, este calendario aparece por primeira vez con este título a partir de 1927. Dende 1936 e, gracias á iniciativa de Filgueira Valverde, pasou a ser monolingüe en galego e acolleu nas súas páxinas diversas colaboracións literarias e reproduccións de textos de autores clásicos da nosa literatura. *O Gaiteiro de Lugo* é un calendario, relixioso, profético, astronómico, recreativo, patriótico, popular e barato, como di nos subtítulos. A súa andaina comeza na imprenta de Soto Freire en 1857 co nome de *Calendario Gallego*. Está editado polo Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo e ten unha periodicidade anual, vixente dende outono a outono. Deste xeito, ó ano 1998 correspóndenlle dous números. O primeiro número reproduce o poema “O Gaiteiro”, de Rosalía de Castro; unha composición de Francisco Añón sobre os defuntos; un pequeno conto de Paco Martín titulado “Un nome”; o poema “O Afiador”, de Ramón Cabanillas, así como o conto que comeza “Dende a fiestra da torre...”, incluído no libro *Cousas* (1926), de Castelao. Remata este número co poema de Manuel María “Traballos de todo o ano” e con “Despedida”, dedicado a Mariquiña Puga. No medio disto, mestúranse artigos sobre algúns aspectos da cultura galega, de carácter etnográfico: “O galo”, “Aguinaldos”, “O magosto”, etc. Nestes fragmentos aparecen continuamente coplas populares referidas a estas actividades. O segundo número reproduce o romance “Don Gaiferos”, así como dous contos populares: “O portugués, o francés, o galego e o demo” e “O

conto do caldo". Ademais inclúe unha cantiga popular, o "Parrafeo d'aldea" e a "Lenda da Virxen do Monte e a Lagoa de Cospeito" e "As opinións da xente", conto asinado por Luís Moure Mariño. Este mesmo número dálle cabida a dúas adiviñas e a unhas cantas coplas tituladas "Cantares". Nas páxinas 32, 41, 55 e 63 aparecen de novo máis adiviñas, seguidas polo conto "O monte A Pena Boa", tirado do volume *Contos populares da provincia de Lugo*. Ofrece tamén dous romances: "Romance de Pardo de Cela" e "Romance da manán de San Xoán". A "Foliada de Viveiro", xunto coa "Lenda dos Guímaros" e o conto "O andaluz e o galego", ocupan as últimas páxinas. Finalmente, aparecen uns "Cantares" e "O casamento da pulga co piollo".

Galicien Magazin

Revista de periodicidade semestral da Sociedade Galego-Alemana (SGA) dirixida polo profesor Dieter Kremer, que apareceu en abril de 1996. Edítaa o Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Tréveris e distribúese gratuitamente entre tódolos membros da SGA; en Galicia está á venda na librería Couceiro de Santiago. Conta coas seguintes seccións: “Beiträge”, “Rezensionen”, “Varia”, “Übersetzzungen”, “Aktivitäten” e “Deutsch-Galicische Gesellschaft”, nas que se inclúen informacións relacionadas coa literatura galega e as actividades do Galicien-Zentrum de Trier. No 1998 publicáronse os números 5 e 6 (decembro 1998). No número 5 da inclúese unha entrevista de Mª Xesús Lama López a Francisco Fernández del Riego. Ademais, no apartado “Übersetzungen” ofrécense as seguintes traduccións do alemán ó galego: así, Nuno de Oliveira traduce o poema de Rosalía de Castro “A xustiza pola man” mentres que Marga Lorenzo e Joachim Wormuth fan o propio cun poema de *Fóra de min* (1992), de María Xosé Queizán. Pola súa parte Dieter Kremer encárgase da traducción doutro texto de *O varredor de outono* (1988), de Manuel Forcadela; Dunja von Morzé, pola súa parte, traduce un poema de *Livro das devoracións* (1996), de Pilar Pallarés. Este apartado complétase coa traducción de dous inéditos: o primeiro, de Marga do Val, tradúceo Joachim Wormuth e o segundo, de Paula de Lemos, corre a cargo de Nuno Oliveira e a propia Paula de Lemos. No número 6 aparecen traducidos ó alemán fragmentos de *Mércores de Cinza* (1998), de Miguel Anxo Murado, en versión de Isolde Feuerhake e María Xesús Lama; un fragmento dun dos *Seis poemas galegos,*

de Federico García Lorca, un fragmento dun poema pertencente a *De catro a catro*, de Manuel Antonio e un fragmento de *Memorial de brancura,* de Miguel Anxo Fernández-Vello en versión de Nuno Oliveira e Marga Romero; Dunja von Morzé traduce un poema *Elevar as pálpebras*, de Yolanda Castaño e outros incluído en *Das últimas mareas*, de Ana Romaní e Nuno Oliveira, un poema *Follas Novas*, de Rosalía de Castro. Ademais ofrécese información sobre a presentación dos volumes editados en *Homenaxe a Ramón Lorenzo* (presidente honorífico da Sociedade Galego-Alemana), un acto que tivo lugar o 16 de setembro de 1998, no Paraninfo da Universidade de Santiago. Destaca que o libro, editado por D. Kremer, contén, ademais da bibliografía do homenaxeado, cerca de noventa traballos relacionados cos campos da Filoloxía e a Literatura Medieval, a Crítica e a Creación Literaria, a Cultura e a Historia (tomo I) e a Lingüística (tomo II).

Grial

(ISSN: 0017-4181 / D. L: VG-99-1963).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego e dende entón non se deixou de publicar. Nunha primeira etapa publicáronse 100 números subtitulados “Revista Galega de Cultura”. Logo asumiu a súa dirección Carlos Casares, desaparecendo o subtítulo. Na segunda etapa continúase coa periodicidade trimestral. No 1998, publicáronse os números 137 (xaneiro-febreiro- marzo), 138 (abril-maio-xuño), 139 (xullo-agostosetembro) e 140 (outubro-novembro-decembro), nos que ademais do repertorio habitual de estudios, recóllense diversos traballos nas seccións “Libros”, “Teatro”, “Arte”, “Imaxe” e “Música”. O número 137 contén no tocante á literatura galega estudios de Carlos Casares sobre o 98 e os escritores galegos; de Jaime Santoro de Membiela, “Presencia de Rilke en Galicia”; de Mª Teresa Caneda é traballo sobre a importancia de Joyce no grupo Nós; de Frank Meyer sobre as traduccións entre textos galegos e alemáns; de Ricardo Martínez-Conde sobre a orixe da vinculación do amor ó mar na nosa poesía; e no apartado “Libros” temos recensións de Noemí Pazo, Iolanda Ogando González, Miro Villar, José Mayoralas, Helena González Fernández, X. S. Andión, Santiago Bragado e Moisés Barreiro, Pilar Cagiao Vila, Xosé López e X. G. G. O número 138 leva por título “O nacionalismo hoxe” e no apartado “Libros” recóllense recensións de Dolores Vilavedra, Joaquín Ventura, X. G. G., Xavier Carro, Henrique Monteagudo, Ernesto González

Seoane, Andrés Pociña, Mª Xosé Agra Romero, Celso Cancela Outeda e Xosé López. Na sección “Teatro” recóllese un traballo de Dolores Vilavedra. O número 139, de carácter monográfico titúlase “Territorios de Fotografía”. No apartado “Libros” temos recensións de X. G. G., Carme Mejía, Ana Acuña, Beatríz García Turnes, Mª Xesús Nogueira, Armando Requeixo, X.

S. Andión, Iolanda Ogando González, Xosé Amador López, Álvaro Xosé López Mira. O número 140 leva por título “Poesía última 1985-1998” e contén, no tocante á literatura galega, estudios de Helena González Fernández, “Repensar, fatigándose, desde a desorde actual”; de Arturo Casas, “Lírica difusa, ou xéneros en tempo indecoroso”; de Marga Romero “Poetizar o mundo como muller. Movemento poético da Festa da Palabra silenciada: trece anos de poesía galega de mulleres”; e unha “Antoloxía da poesía nova”. No apartado “Libros” recóllense recensión de Alex Alonso Nogueira, X. G. G., Noemí Pazó, Mª do Cebreiro Rábade Villar, Serafín Alonso Pintos, Carlos Ferrás Sexto e Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez. Na sección “O rego da cultura” destaca a exposición sobre Valle de Xavier del Valle-Inclán Alsina. Os artigos, recensións e referencias sobre literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-D. P., “El último de la revista “Grial” aborda la normalización lingüística”, *Diario de Pontevedra*, 13 marzo 1998, p. 5.

Informa do acto celebrado para presenta-lo número 136 da publicación en Pontevedra. Alude ó artigo inicial de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e subliña a colaboración de Henrique Monteagudo, Antonio Fraile e Josu e Mezo.

-S. M., “Carlos Casares presenta en Xinzo la revista cultural “Grial”, *La Región*, 21 maio 1998, p. 17.

Anúnciase a presentación de *Grial* en Xinzo de Limia nun acto no que tamén se prevé a doazón de libros en galego por parte do director da revista. Coméntase, así mesmo, o próximo nomeamento de Carlos Casares como fillo predilecto da vila.

-S. M., “Grial difunde la cultura gallega por el mundo”, *La Región*, 22 maio 1998, p. 16.

Entrevista a Carlos Casares na que explica o propósito de presenta-la revista nas vilas posto que nas cidades xa foi dada a coñecer. Refírese tamén ós contidos e seccións habituais é comenta o seu papel difusor de cultura a pesar do seu carácter custoso e da pouca rendibilidade que se lle tira.

Guía dos libros novos

(D. L.: C-1783 / 98).

Naceu en novembro de 1998 baixo a dirección de Xavier R. Madriñán. Ten carácter mensual. Preséntase en formato de xornal, con papel tintado en ton sepia. A intención desta publicación é comentar e analizar criticamente as novidades que aparecen no mercado en relación coas diversas áreas de coñecemento (literatura, antropoloxía, arquitectura e urbanismo, arte, ciencia e tecnoloxía, ciencia política, cine, comunicación, ecoloxía e medio, economía, educación, estudios sociais, filosofía, historia, informática e relixión). Estructúrase seguindo estas áreas e nalgúns números pode faltar algunha debido a que non se publique nese mes libro algún sobre esa temática. Neste primeiro ano de vida foron dous os números que saíron á luz, correspondentes ós meses de novembro e decembro. Neles ademais das recensións de obras literarias que se poden consultar nos apartados correspondentes deste *Informe*, atópanse recensións de obras de historia, antropoloxía, filosofía, arte, relixión, economía, comunicación, ciencia e tecnoloxía e de cine.

Recensións e referencias varias:

-A. G. N., “Una nueva revista mensual informará de las novedades editoriales gallegas”/“Nueva revista de Guía dos Libros Novos”, *Diario de Pontevedra*/*El Progreso*, 8 decembro 1998, p. 22/p. 53.

Anúnciase a saída do número correspondente a decembro e explícase o contido da revista, que presenta unha vintena de recensións divididas en dúas partes, unha de contido literario e outra dedicada á filosofía, pensamento e historia.

-E. P., “Edítase o segundo número da revista mensual galega ‘Guía dos Libros Novos”, *El Correo Gallego*, 8 decembro 1998, p. 68.

Informa da aparición do segundo número da publicación e cítanse, entre outros, os artigos de Manuel Forcadela e Xavier Manteiga..

InteresArte

(ISSN: 1139-0174 / VG-270-1998).

Publicación que aborda distintos aspectos relativos á actualidade artística e concibida como revista divulgativa. Edítaa Galaxia e está redactada integramente en lingua galega. A dirección corre a cargo de David Barro López e o consello de redacción intégrano Ramón Castaño Fernández, José Manuel Lens Braña, David Barro López, Agar Ledo Arias e Antonio García Borrazás. A revista contén diversas seccións (Arquitectura, Artes Plásticas, etc.), entre as que se atopa un apartado referido á literatura. En 1998 saíron os catro primeiros números. O número 1, correspondente á primavera, recolle unha entrevista de Agar Ledo e Antonio G. Borrazás a Suso de Toro. No número 2 (verán) David Barro entrevista a Gonzalo Torrente Ballester. No número 3 (outono) Yolanda López López e Ramón Castaño realizan unha reportaxe sobre a rodaxe en Allariz de *La lengua de las mariposas*, filme baseado no relato de Manuel Rivas. Ademais, Yolanda López López e Agar Ledo entrevistan a Manuel Rivas e Francisco X. Negreira entrevista a Manuel Lourenzo. Por último o número 4 acolle unha entrevista a Carlos Casares. Estes artigos poden consultarse no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-A. L., “InteresArte’ quere ser unha revista referente da cultura galega”/“InteresArte’ quere ser un referente da cultura galega”, *O Correo Galego*/*ElCorreo Gallego*, 29 maio 1998, p. 36/p. 13.

Con motivo da presentación da revista recóllense declaracións de Carlos Casares, director de Galaxia, e David Barro, director da revista. Coméntase que ámbolos dous coinciden en que “a euforia do CGAC” foi caldo de cultivo que favoreceu a posta en marcha de *InteresArte*. David Barro explica que a intención nos vindeiros números é a de centrarse en contidos galegos e apunta que é preciso coñece-los contidos globais para sabe-lo que acontece en Galicia. Comenta ademais que a publicación nace para servirlle de trampolín á xente nova e evitar “que sempre falen os mesmos”.

-Aníbal C. Malvar, “InteresArte”, revista en gallego sobre arte contemporáneo”, *El Mundo. Galicia*, 29 maio 1998, p. 7.

Coméntase a presentación da publicación en Santiago aclarando que non se trata dunha publicación exclusivamente centrada nas artes plásticas. Recóllense as palabras do responsable de Galaxia, Carlos Casares, que explicou as razóns da editorial de apoiar esta iniciativa “en plena efervescencia do Centro Galego de Arte Contemporánea”. Casares sinala que asumen este risco malia a escasa rendibilidade porque “si para la cultura crees en el factor mercado, la cultura desaparece”. Coméntase a referencia feita polo editor ás posibles presións institucionais, indicando que “la libertad de expresións es preferente a la publicidad”. Tamén se alude ás palabras do director da revista, David Barro, que apunta a intención

de non caer no folclorismo. Sinálase finalmente a posibilidade existente de editar monografías sobre a obra de artistas galegos contemporáneos.

-J. B. Salgueiro, “La revista “InteresArte” nace para difundir la oferta cultural de Galicia”, *Faro de Vigo*, 29 maio 1998, p. 49.

Información relativa á aparición da revista. Faise referencia á iniciativa de seis recén licenciados en Historia da Arte e á tirada de mil exemplares ó prezo de oitocentas pesetas. Segundo as palabras de Carlos Casares, director de Galaxia, esperan que saia adiante malia a consciencia de que dará perdas. Ademais o director da revista, David Barro, mostra o desexo de non caer na cultura do folklore e na busca dun referente mundial. Finalmente alúdese ós contidos do número inicial.

Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación

(ISSN: 1130-6381 / D. L.: 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o seu consello de redacción Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas. A revista conta con catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto”e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias, entre elas a historia, toponimia, antropoloxía, e, en xeral, relacionados coa historia de Lugo. No apartado “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 1998 publicouse o número 16 que contén, no tocante á literatura galega, un estudio de Rielo Carballo: “Historia do Gaiteiro de Lugo”. Na sección “Libros” atopamos recensións centradas nas novidades editoriais. O número 17 estructúrase igualmente nos apartados citados. Saliéntase do seu apartado “Comentarios”: “Nadal na nosa nada” por Lois Vázquez Fernández e “O poema *Lux Aeterna* de Novelúa” por Javier Mª López Rodríguez. As recensións de obras de literatura galega poden consultarse no apartado correspondente deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

Antón Fraguas Fraguas, “O número 16 da revista Lucensia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 xuño 1998,
XXIV.

Cualifica de “valiosos” os traballos do número 16 de *Lucensia* e céntrase no de Nicanor Rielo Carballo sobre *O Gaiteiro de Lugo*. Logo dun comentario descritivo afirma que o traballo de Rielo Carballo e o artigo da *Gran Enciclopedia Galega* “son os mellores estudios monográficos que coñecemos”. A continuación aborda o artigo de Jaime Delgado Gómez sobre a Biblia na iconografía pétrea lucense. Tamén lle presta atención ós traballos de F. González Fernández e Mª C. Carreño Gascón e ó de Sonia María García Martínez.

Monfadal. Revista mindoniense de cultura

(ISSN: 1139-7438 / D. L.: As/4036-98).

Iniciou a súa andaina en decembro de 1998, coa finalidade de conmemorar os primeiros quince anos de funcionamento da Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo. Dirixida, sobre todo, ó mundo literario, pretende abranguer, en números posteriores, calquera aspecto relacionado coa historia e a cultura da terra do Masma. Está distribuída pola Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, baixo a dirección de Antón X. Meilán e Alicia Tella-Villamarín Ferreiro. Na secretaría da revista figuran Isabel Morán Cabanas, Delia Polo Losada e Aurita Ramil Díaz. Neste primeiro número atopamos un breve limiar da dirección e os seguintes artigos: “Orixes da biblioteca Pública de Mondoñedo”, de Francisco Mayán Fernández; “Mondoñedo e os seus escritores”, de Armando Requeixo; “Cantores do Nadal”, de Henrique Cal Pardo; “Aproximación á obra narrativa de Xan da Masma”, de Aurita Ramil Díaz; “Leiras Pulpeiro: un poeta de onte e de hoxe ‘maldito’ e ‘maldicido”, de Antón X. Meilán García; “Canro esquece o toxal florido’ (A figura da ‘mai’ na obra de A. Noriega Varela)”, de Isabel Morán Cabanas; “Vida dunhas barbas (Mira de axuste a unha bio-bilbiografía de Lence-Santar)”, de Xe Freyre; “Algunhas calas na poesía de X. M. de la Fuente”, de Alfonso Díaz; “Primeiros pasos literarios de Xosé Díaz Jácome”, de Delia Polo Losada; “Outra lectura da poesía de Cunqueiro”, de Xabier Cordal Fustes; “A medicina popular na obra de Álvaro Cunqueiro”, de José Mª Eiros Bouza; “O mundo narrativo de Marina Mayoral en ‘Recóndita armonía”, de Miguel Lustres e “Lóstregos e Moxeñas”, de Rafael Martínez Sánchez,

todos eles, relacionados con algún aspecto da literatura galega. Poden consultarse no apartado correspondente deste *Informe*.

Luzes de Galiza

(D. L: C-812-1985).

Publicación que se subtitula “Revista de liberdades, crítica e cultura” e que viu a luz por primeira vez en xullo de 1985. Na actualidade diríxea Manuel Rivas e edítaa Ediciós do Castro. En 1998 saíu o número 29, con 32 páxinas baixo o epígrafe de “A nova doma e castración” e coas seguintes seccións: o editorial “Toxos e flores”, asinado por Manuel O’Rivas; na sección “O país castrado”, que se centra na falta de liberdades existente hoxe en Galicia, reúnense colaboracións de Xavier Seoane, Pedro de Llano, Antón Baamonde, Bieito Iglesias, Xavier Seoane, Antón Patiño, Xesús González Gómez, Xosé Chao Rego, Ignacio Castro e o Foro Luzes de Galiza, constituído por varios representantes da cultura galega; finalmente, a sección “Creación” recolle dous poemas, un de Xesús Pisón (“O vampiro”) e outro de Manuel Rivas (“As botas de Antón Mouzo”). As colaboracións referidas á literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Luis Pousa, “Luzes de Galiza” reivindica mayor libertad para el debate cultural”, *El Ideal Gallego*, 24 decembro 1998, p. 49.

Información relativa á presentación do número 29 desta publicación en Sada. Sublíñase que este acto serviu tamén de estrea do Foro Luzes de Galiza formado por intelectuais e escritores, e que contou coa participación de Xosé Manuel Beiras e Emilio Pérez Touriño. Céntrase na intervención destes dous políticos e cita os nomes dos colaboradores neste número, así como o dos compoñentes do consello de redacción.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

(ISSN: 1138-9664 / D. L. : M. 18.283-1998).

Número fundacional desta revista de periodicidade anual, que xorde na Universidade Complutense de Madrid, dentro da Titulación de Filoloxía Románica, e que está subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Ten como Director Honorífico a Alonso Zamora Vicente e como Directora en funcións a Mª Josefa Postigo Aldeamil, que presenta nun "Limiar" información relacionada con esta publicación de carácter bilingüe, que xorde co propósito de "contribuír á consolidación, desenvolvemento e disfusión da Cultura Galega". O seu Consello de Redacción está conformado por xente pertencente tanto á Universidade Complutense coma a outras universidades de países latino-americanos. Este primeiro número de *Madrygal*, presenta as seccións de "Artigos", "Crónica", "Creación", "Entrevista" e "Reseñas". Polo que se refire á literatura galega, contén no apartado de "Artigos", traballos de A. Acuña Trabazo ("Os *Juegos Florales* da A. C. A. "Santa Cecilia" (Marín): poemario premiado de Celso Emilio Ferreiro e variantes voluntarias posteriores"), X. Alonso Montero e G. Avenoza i Vera ("Dous poemas en catalán de Álvaro Cunqueiro"), J. J. Carracedo Doval ("Poesía galega en presente (en torno a Miro Villar), H. González Fernández ("Ocupa-la palabra"), P. Hernández Hernández ("*Deus sentado nun sillón azul*. Una mirada sobre la condición humana"),

A. López-Casanova ("Rosalía de Castro y la lírica de la modernidad. (Claves de una Precursora)", C. Álvarez López-Keller ("Curros en 1876. Apuntes dunha metamorfose"), P. A. Martínez Peinado

(“O símbolo da auga en *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro”), C. Mejía Ruiz (“Una aproximación a *Asedio de sombra* de Arcadio López-Casanova”) e J. M. Ribera e O. Rodríguez (“Aproximación ás relacións literarias galego-catalanas. Noticias históricas e bibliográficas”). Na sección de “Crónicas” publica o artigo de M. Vázquez (“Teatro galego no Círculo de Bellas Artes”), mentres que na de “Creación”, recolle as composicións poéticas de Vicente Araguas, X. Frías Conde, Luis G. Tosar, Arcadio López-Casanova, J. Reija, F. Santos Ximena e D. M. Sáez; ademais das narrativas de M. Alcaine Soto e V. Izquierdo Mora. Na sección de “Traduccións”, contén a versión ó galego de Vicente Araguas de catro poemas de Seamus Heaney, amosando por último na parte titulada “Reseñas”, os escritos de Lucía Horrillo Muñoz (“G. Allegue. *Eduardo Blanco-Amor, Diante dun Xuíz ausente*”) e Mª del Mar López Valero (“B.-A. Roig Rechou/Mª I. Soto López (coord.). *Informe de Literatura Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. A literatura galega no 1996 e a súa recepción*” e “Miro Villar. *No mesmo espacio*”). Todos estas colaboracións poden consultarse no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

Borobó, “De mandrigal a Madrygal”, *A Nosa Terra*, nº 833, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 4 xuño 1998, 28.

Refírese á presentación da revista e salienta a súa filosofía de máxima apertura. Logo de citar algúns articulistas e poetas deste número, céntrase na intervención de Manuel Rivas no acto de presentación. Nomea tamén algúns dos colaboradores neste número.

-Miguel Anxo Seixas, “Estudios galegos en Madrid”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 22 xuño 1998, p. 3.

Comeza comentando que “están por estudia-las actividades dos galegos que por circunstancias históricas tiveron que da-los seus froitos en castelán aínda que moitos deles tivesen as súas raíces en Galicia”. A partir de aquí, cita unha serie de iniciativas culturais levadas a cabo na capital do estado e os nomes de intelectuais que aló desenvolveron o seu labor. Así logo de se referir á publicación *Galicia Literaria*, á colección “Biblioteca de Escritores Gallegos” ou á revista *Estudios Gallegos*, nomea a Ramón Cabanillas, Armando Cotarelo Valledor ou o Grupo Brais Pinto. Céntrase a continuación en *Madrygal* describindo o contido e aludindo á necesidade de mellora-la súa presentación e deseño, para non desmerece-los seus contidos. Cre tamén que deberían suprimi-lo “nome enganoso de ‘Madrygal’ e quedar só con ‘Estudios Galegos’ porque sería representativo do que pretende esta “cobizosa publicación”. Así mesmo ofrece algunhas recomendacións referentes ó deseño.

-Vicente Araguas, “Unha Dorna chamada Madrygal”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 15, 25 xuño 1998, p. 6.

Ver *Dorna*, nestas páxinas.

Microfisuras. Cadernos de pensamento e creación

(ISSN: 1137-747 X / D. L.: VG-391-1997).

Revista cuadrimestral editada en Vigo por Amando González e dirixida fundamentalmente ó mundo das artes plásticas. Comezou a se publicar en 1997 cun consello de redacción integrado por Ignacio Castro, Amando González, Francisco Jarauta e Antón Patiño. Inclúe artigos de reflexión teórica sobre arte e reproduccións de obras de diversos artistas, ademais de creacións poéticas e narrativas en galego. En 1998 publicáronse tres números. No número 4, correspondente a marzo de 1998, inclúese unha colaboración de Antón Reixa titulada "Os fundamentos da nacionalidade". No 5, de xuño de 1998, poemas de Xavier Seoane baixo o título de "Cobra a cobra invisibel no Reimundo espiral", acompañados de debuxos de Reimundo Patiño, e no número 6, outubro-novembro 1998, tres poemas "políticos" de Alfonso Armada titulados "¿De qué vale o voso puto amor?" e a narración "Autorretrato: atlas dun enigma", de Luis Rei Núñez.

Recensións e referencias varias:

-Antón Lopo, "Microfisuras' inicia a expansión cara ós lectores da Península", *O Correo Galego*, 2 xaneiro 1998, p. 45.

Anúnciase a presentación do número 3 no Círculo de Belas Artes de Madrid e a presencia cun stand propio na feira de arte Arco. Con palabras dos editores ponse de relevo o carácter "errante" da revista e saliéntase a ausencia de apoio oficial para garanti-lo carácter aberto e independente. Como obxectivos resáltanse o de "afondar na cultura de hoxe desde Galicia, atendendo ás aportacións doutros ámbitos da península e incluso doutros continentes", xa que consideran que "o espacio da arte e da cultura como lugar de resistencia para activar xestos inéditos e novas configuracións".

-S. C., "A revista galega 'Microfisuras' preséntase no Círculo de Belas Artes de Madrid", *O Correo Galego*, 16 febreiro 1998, p. 33.

Anúnciase a presentación da revista no Círculo de Belas Artes de Madrid. Coméntase que se presenta como "un nomadismo entre distintas artes para non privilexia-la pintura sobre a poesía, o ensaio e o traballo de creación literaria, mesmo a filosofía"

> M. B., "La revista 'Microfisuras' sorprende por su sobriedad", *El Correo Gallego*, 17 febreiro 1998, 13.

Saliéntase a presencia de *Micfrofisuras* en ARCO como única revista galega. Recóllense as declaracións do editor, Armando González, que explica que a revista gustou pola súa sobriedade e comenta que "es una revista hecha con un concepto de amsitad generoso, por gente que cuenta con soltura cosas que le apasionan".

-J. D. G., "Microfisuras", *ABC*, "*ABC literario*", nº 366, 3 decembro 1998, p. 28.

Recensión da revista *Microfisuras* nacida en 1997. Saliéntase a permanencia desta revista e descríbese o contido do nº 6 saído no mes de outubro.

Moita léria

MEU-Filoloxía, sección do Movimento Estudantil Universitário da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, é o responsable da publicación desta revista, nada en 1996 con vocación anual. A súa intención é incrementa-la vida cultural do seu centro e pular pola democratización da universidade compostelá. En 1998 saíu a lume o terceiro número, que incorpora artigos sobre normalización lingüística, cine, o atraso ferroviario de Galicia, o sistema universitario de residencias e a Xunta de Facultade. No tocante á literatura, recolle poesías de Cristina Blanco González ("Para ELES") e Iago ("O vello Xoán"); un texto narrativo ("Extenuación") que o seu autor, Xosé Cid Cabido, usou como introducción en *Oralmente pola boca* (1997); e un relatorio de Inma López Silva lido no "Iº Encontro de novos escritoras", celebrado en Santiago en decembro de 1996, o cal describimos no apartado correspondente deste *Informe*. O Vicerrectorado de Extensión Cultural subvencionou a revista dende o seu nacemento.

Poesía Galicia

(D. L: C-98-90).

Revista bilingüe, de contido exclusivamente literario, fundada por Carlos Barcón e dirixida por Manuel Vázquez Méndez, constituída por noticias relacionadas coa poesía e por textos de creación, maioritariamente poéticos, e editada pola Sociedad Artística Ferrolana. No número 14, correspondente ó verán de 1998, figuran, polo que se refire á nosa literatura, un relato curto de Daniel Prieto Seijo (“Ó intre”) e os seguintes poetas: Ramiro Fonte (“Cine Rena”), Carlos García Bayón (“O Vagalume”), Xosé Vázquez Pintor (“A memoria”), M. V. Méndez (“Crucifixus”), Elia Rixo Lagarón (“Soño eivado”), Domingo M. Tabuyo Romero (“Un vai...”, “Mención de Amor”), Ketty Quintana (“O reloxo”), Emilio Xosé Insua (“Ingredientes sobre o debate”, “Inventário”), Lois Gil Magariños (“Trunfa”, “Puidera ser que neste estado”, “cultivas nos teus eidos”), Pedro Gonzalves (“Deixame morrer un pouco neste papel de mármore”, “As palabras máxicas”, “Si queres podes deixar un sitiño amor”), Ramón Caride Ogando (“Inventario epilogal”), Vicente Araguas (“Un blues de Bragança para Manuel Patinha”) e Luis Miguel Bugallo Paz (“Ekhnatón”). Ademais, inclúense unha reflexión sobre a poesía a cargo de Manuel Vázquez Méndez, un breve texto sobre a lingua galega, da autoría de Elia Rico Lagarón (“Respeto pra nós”), e referencias ós premios outorgados pola Sociedad Artística Ferrolana, en poesía o XVIIº Hernán Esquío, O poeta azul, de Ferrol; o IIIº Álvaro Paradela de Narracións Curtas, e o Proa, de relatos sobre o mar. Preséntase tamén, na sección “Anacos da Historia”, o texto de Luis Villares Paz, “Un gran rei que recolle

desastres”, sobre Alfonso X o Sabio, que aparece descrito na sección correspondente deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-G. M., “La revista Poesía Galicia exalta la figura del escritor galaico-argentino Rodolfo Alonso”, *Galicia en el Mundo*, nº 280, 10-16 agosto 1998, p. 25.

Sublíñase o papel progatonista de Rodolfo Alonso no número correspondente ó verán de 1998.

Polpa

Publicación levada adiante pola inciativa das mulleres do Colectivo Humilladoiro da Coruña. De distribución gratuíta e cunha extensión de catro páxinas en 1998 saíron os tres primeiros números compostos integramente por poesía escrita por mulleres acompañada por debuxos de Judas. Cada número iníciase cunha breve editorial de índole feminista. No primeiro número, correspondente ó inverno de 1998, os poemas que se recollen pertencen a Natalia Redondo, Olalla Cociña, Emma P. Lombardía, Maria Golpe, Silvia Pardo, Noelia Grandal e Maria Blanco. O número 2 (primavera) acolle poemas de Natalia Redondo, Lucía Novas Garrido, Olga Novo, Noelia Grandal, Emma P. Lombardía e María Blanco, María Golpe, Silvia Pardo e e Olalla Cociña. Por último no número 3 (verán) aparecen composicións da autoría de Silvia Pardo, María Blanco (Beltza), Chus Pato, Emma P. Lombardía, Lupe Gómez, María Lema Muíño, Noelia Grandal, María Moure, Lucía Novas Garrido e Natalia Redondo.

Recensións e referencias varias:

-I. C., “Humilladoiro fai con ‘Polpa’ a primeira folla voante da poesía feminina”, *O Correo Galego*/ *ElCorreo Gallego*, 13 maio 1998, p. 47/p. 18.

Dá conta da presentación do número 2 de *Polpa* en Santiago de Compostela. Faise referencia á intensa actividade de recitais, xornais ou edicións alternativas por parte do colectivo Humilladoiro e anúncianse tamén outras iniciativas como a posta en marcha dunha folla voante masculina titulada *Alentía* masculina ou unha revista monográfica chamada *Círculo Polar*. No tocante a *Polpa*, sublíñase o obxectivo de levar adiante a poesía galega.

Pontenorga

(ISSN: 1139-6652 / D. L.: PO-487-98).

Revista promovida pola Excma. Deputación de Pontevedra e que nace como elemento difusor da cultura e a lingua galega. En 1998 tirou o seu número 0 baixo a dirección de Miguel Pereira Figueroa, con Manuel López Marras como subdirector e cunha xefatura de redacción composta por Celia Soto Espiña e Ana Vicente. Nesta primeira entrega recóllense traballos sobre lexislación e tecnoloxía da lingua galega así como un artigo de X. A. García López sobre a festa do *Corpus Christi* en Ponteareas. No tocante á literatura oral do ciclo do pan, da autoría de José Mª Leal Bóveda e outro asinado por varios autores titulado “Galicia baixo o candil de Ánxel Fole. Ámbolos dous artigos aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares

(ISSN: 1136-3207 / D. L: OR-75/95).

Publicación semestral, que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense, coordinada pola Escola Provincial de Danzas e a Agrupación Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernánez Senra. Contén seccións de literatura, arquitectura, tradicións, etc. Durante 1998 saíron os números 6 e 7, correspondentes a maio e novembro de 1998, respectivamente. O nº 6 inclúe un artigo de Xesús Alonso Montero titulado "Exigua fortuna de Johan de Cangas" e, entre outros traballos de diversa índole, prosegue co "Especial o Afiador" que se iniciara no número anterior. No número 7 Isaac Díaz Pardo escribe sobre a súa experiencia cos carteis de cego e hai unha recensión de *Sombras no labirint*o (1997), de Francisco X. Fernández Naval, asinada por Marcos Valcárcel

Recensións e referencias varias:

-R. F., "Máis de 20 artistas galegos debuxan ó afiador en 'Raigame", *La Región*, 16 maio 1998, p. 18.

Faise referencia á presentación do número 6 en Ourense, salientando que a portada, "especialmente atractiva", é un anticipo do que pode atoparse no interior. Cita, así mesmo, os títulos dos artigos que contén este número.

-R. F., “Raigame’ adica o seu número 7 ás tradicións”, *La Región*, 4 decembro 1998, p. 14.

Informa sobre a publicación do número 7 da revista *Raigame* e salienta algúns dos contidos máis destacados que inclúe o presente número. De entre eles sinala o libro *Sombras no labirinto* (1997), de Fernández Naval, feito por Marcos Valcárcel; unha sección dedicada á música popular cun artigo sobre "Os Vilancicos", asinado por Baldomero Iglesias ou un artigo sobre "Un experimento parateratral" realizado por Iaac Díaz Pardo.

-Dora Vázquez, "Raigame", *O Correo Galego*, "Ronseis", 18 decembro 1998, p. 3.

Describe o contido do número 7 da publicación. para logo centrarse no artigo de Clodio González Pérez sobre a procesión do Corpus, intentando buscarlle relación á representación de corpus á que alude este autor con outra historia referente á loita de San Xurxo co dragón.

Revista Galega de Educación

(ISSN: 1132-8932).

Esta revista trimestral de carácter educativo e interdisciplinar é unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado e editada por Edicións Xerais de Galicia, que comezou a súa andaina no ano 1986. No 1998 sacou do prelo o número 31. Como é habitual, acolle nas súas páxinas artigos, notas informativas e novas sobre literatura galega en seccións como: “Libros”. A literatura infantil é tratada nunha sección fixa que mostra artigos de Graciano Pombal, Xosé Manuel González Barreiro e Miguel Vázquez Freire). A descrición destes artigos poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*. Por último, os artigos ou comentarios que aparecen sen sinatura son xeralmente resumos argumentais, con algunha referencia biográfica de autores e obras recentes.

Revista Galega de Teatro

(ISSN: 113-956 X / D. L: VG. 21-1994).

Revista de periodicidade semestral dedicada á información teatral, que se vén publicando dende 1985 e que está editada pola Asociación Cultural Entre Bambalinas. Está dirixida por Antón Lamapereira e no Consello de Redacción figuran: Xosé F. Dalama, Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega e Che Mariño como secretaria de redacción. O número 17 corresponde a decembro de 1997 e leva como tema central "Títeres". No ano 1998 saíu o número 18 correspondente a primavera-verán. Ademais do apartado dedicado á crítica de textos e representacións teatrais e das seccións habituais da revista —"Documentos", "Opinións desde a butaca", "Cartas á Redacción", "Libros", "Revistas". "Axenda" e "Ficheiro"—, no número 17 atópanse traballos de Pedro P. Riobó e Antón Lamapereira, Eduardo R. Cunha, Alexandre Passos, Ana Vázquez Estévez, Manuel F. Vieites, Antón Casal, Fernardo Doménech e Chema Paz Gago. Na sección do IGAEM faise referencia ó comezo da tempada con *Antígona*. O caderno central inclúe un texto teatral de Manuel Forcadela titulado *A Pedra do Tempo (Santiago, Santiago)*. O número 18 ten como tema "Teatro Afeccionado" con artigos de Iria Méndez, Miguel Martínez Llantas, Xulio Lago, Belén Nogueira, Moisés Morales, Irene Lourido, Antón Casal, Chema Paz Gago e Manuel F. Vieites. O caderno central contén dous textos de Xosé Manuel Pazos Varela: *María Soliño*, *Crónica de Pantagruel*. Os artigos referidos ó teatro galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Revista Galega do Ensino

(ISSN: 1133-911 X / D. L.: C-818-96).

Revista trimestral que se creou en decembro de 1993, editada en Santiago de Compostela pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. De carácter interdisciplinar, acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico pensado para o fornecemento de material auxiliar ós docentes de tódolos niveis. No ano 1998, publicáronse os habituais catro números desta revista: o número 18 (febreiro 1998), o 19 (maio 1998), o 20 (setembro 1998) e 21 (novembro 1998). Con respecto ás súas seccións, mantéñense as mesmas que en números anteriores, “Colaboracións especiais”, “Estudios”, “Prácticas”, “O pracer de ler”, “Reseñas”, “Novidades editoriais” e “Noticias”. O número 20, un “Especial Formación Profesional”, consta de dúas presentacións de Manuel Fraga e Celso Currás. Este volume monográfico está dividido en: “Colaboracións especiais”, “Experiencias”, “Recensións” e “Noticias”. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

C .d. U., “FP: teoría máis práctica”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 2 decembro 1998, 2.

Céntrase nos contidos do número 20 da *Revista Galega do Ensino*, dedicada integramente á Formación Profesional. Descríbese cada un dos traballos incluídos neste volume.

Segrel. Boletín Poético da Terra de Ordes

(D. L: C-1.446-98).

Publicación da Asociazón Cultural Obradoiro da História que sacou á luz os seus dous primeiro números en setembro de 1998. De distribución gratuíta, consta de catro páxinas nas que presenta poemas de diversos autores tentando combinar poetas actuais "con aqueles que nalgunha das súas composizóns fixeron referéncia a cualquer aspeito da nosa comarca", como se afirma nunha breve nota informativa. Neste primeiro número inclúe composicións de Eduardo Pondal ("Indo polo camiño"), Mª Xesús Botana Villar ("Poldro irónico" e "Sen voz nen voto"), Reme Liste ("Hoxe pola tarde" e "Lembro as vacas no eido"), Pilar Pallarés ("Seique á xente de Encrobas lle van roubar as terras") e Pilar Costa ("Busquei-te no céu"). O número recolle fundamentalmente composicións relacionadas co nadal como un vilancico ou os poemas de Luís Seoane e Reme Liste. Complétase con poemas de Mª Xesús Botana Villar e Eduardo Pondal.

Recensións e referencias varias:

-C. G., "Nace 'Segrel', primer boletín poético de la zona ordense, de la mano de 'Obradoiro da Historia'", *El Correo Gallego*, 24 setembro 1998, p. 40.

Faise eco da publicación do primeiro número da revista subliñando a conxunción de poetas novos e consagrados. Indícase que o nome da revista quere ser unha homenaxe ós poetas medievais e noméanse algúns dos autores que participan neste primeiro número. Anúnciase a distribución por bibliotecas, librerías e centros de ensino e prevese un novo número no Nadal.

-M. Calvo, “Obradorio da Historia lanza en Ordes un nuevo número del boletín poético “Segrel”, *La Voz de Galicia*, 22 decembro 1998, p. 48.

Anuncia o lanzamento do segundo número cunha tiraxe de cincocentos exemplares. Descríbese o contido e sublíñase a publicación do pentagrama “A noitiña”, cun cantar de Nadal orixinario da comarca ordense.

-C. G., “Segrel’, el boletín poético de Ordes, dedica su último número a las Navidades”, *El Correo Gallego*, 23 decembro 1998, p. 46.

Dá conta da publicación do número 2 da revista salientando que as colaboracións se centran no Nadal. Apúntase como obxectivo da revista a conxunción de autores actuais e daqueles que nalgunhas das súas composicións fixesen referencia á comarca ordense. Anúnciase para xuño de 1999 a próxima entrega.

Tempos novos. Revista mensual de información para o debate

Publicación que naceu en abril de 1997 pola iniciativa do Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S. A., coa pretensión, declarada no seu número inaugural, de crear medios de comunicación alternativos e de calidade, e co obxectivo de desenvolver un movemento orixinal de desafío e subversión, fronte á mundialización que se impón pola vía tecnolóxica, ademais de reforza-la identidade colectiva. A revista está dirixida por Luís Álvarez Pousa e no seu consello de redacción figuran Xosé A. Neira Cruz, Pancho R. Tristán e Xabier Cid Fernández, ademais doutros colaboradores no resto das seccións como Manuel F. Vieites, Bieito Iglesias, Olga Novo, Armando Requeixo, Damián Villalaín, etc. Ó longo do ano 1998 publicáronse 12 números máis, concretamente, dende o número 8 ó 19. A revista ábrese sempre cunha "Editorial" e unha sección chamada "Días Soltos", a cargo de Bieito Iglesias, ás que seguen varias páxinas dedicadas á "Opinión" sobre temas diversos. No apartado titulado "A contratempo" adoita incluírse unha entrevista a algún persoeiro de calquera ámbito da vida galega e un achegamento a un tema de actualidade, que tamén volve aparecer na sección "Análise". No apartado de "Horizontes" que, por veces, é reemprazado polo de "Extramuros", preséntase temática de carácter internacional. A continuación, están os apartados de "Voces e culturas" e "Crítica" que mostran opinións de libros, arte, música, teatro, cine e televisión. Pechan a revista as seccións "Cataventos" e "Crónicas". Tódolos artigos referidos á literatura galega están resumidos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico

(ISSN: 1130-2674 / D. L: C-351-1994).

Revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco dende 1990 e dirixida por X. L. Méndez Ferrín. Consta de cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”, nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Exceptuando o primeiro e o último, nos outros é frecuente atopar crítica, creacións e recensións de obras da literatura galega. Nos catro números correspondentes ó ano 1998 aparecen varios artigos sobre literatura galega, que se comentan nos apartados que lles tocan neste *Informe*. O número 33 encabézao unha reflexión teórica sobre poesía e filosofía de Alain Badiou, hai tamén recensións ós libros de Olga Novo, *Nós nus* (1997), María Gándara, *Magog* (1997), e Fernández Naval, *Sombras no labirinto* (1997). No 34 aparecen un artigo de literatura comparada sobre a obra de Neira Vilas, unha reflexión de Ferrín en torno a Meendinho, a confesión persoal dos gustos literarios no relato breve de Fernández Naval, un ensaio sobre a primeira peza dramática de Cunqueiro e recensións de *Memorial de exilio* (1997), de Maximino Cacheiro; da antoloxía de poesía finisecular galega publicada pola revista *La Flama en el Espejo* no mesmo ano e da obra de Claudio Pato, *O almorzo do pintor de iconos Nicolai Rublev* (1997). De 1998 hai dous comentarios: sobre unha traducción galega de Victor Hugo e sobre *A sombra do inimigo*, de Manuel Vidal Villaverde. No 35 sae un artigo comparativo de Lorenzo Varela e García Lorca, recensións a unha antoloxía galega do conto ruso do XIX publicada en 1997, a *Calendario*

perpetuo (1997) e *Sainetes Valverdeiros*, que viu a luz neste mesmo ano. Tamén hai unha traducción e un artigo sobre o texto medieval francés *Roman de Ponthus e Sidoine*. O derradeiro número do ano conta cunha reflexión sobre a obra de Bertolt Brecht e unha recensión do libro de Paulino Vázquez Vázquez, *A experiencia inglesa* (1998) Nos números citados, relativos a este ano de 1998, hai traduccións de textos de Hugh MacDiarmid (nº 33), Gerry Adams (nº 34) e Ilse Aichinger (nº 36).

Recensións e referencias varias:

-Carme Vidal, “*A Trabe de Ouro*, oito anos de ‘pensamento crítico”, *A Nosa Terra*, nº 820, “Guieiro Cultural”, 5 marzo 1998, p. 27.

Faise referencia ó octavo aniversario da revista, salientando que a súa publicación ininterrompida convértea nunha das máis antigas revistas culturais. Apóiase o comentario coas palabras do director da revista, Xosé Luís Méndez Ferrín, que fala do propósito de suscita-la reflexión e combater “esa espécie de totalitarismo terríbel que pasa sobre todos nós”. Neste sentido apúntase a contribución ó debate e a novas liñas de investigación, salientando o intercambio con publicacións como *Temps Modernes* ou *Social Temps*. Ponse tamén de relevo a necesidade de atender ó problema nacional e compárase a liña de *A Trabe* con *Grial*. Neste sentido comenta Méndez Ferrín *Grial* “nada no liberalismo e dentro del” mentres que a revista por el dirixida está no marxismo, “*A Trabe* é independente e *Grial* monolítica, unidimensional”. Destaca tamén a preocupación pola historia e comenta a ausencia de beneficios

económicos e tamén de axudas institucionais e considera que a súa claridade política provoca que dende moitos ámbitos se silencie a existencia da revista.

Unión Libre

(ISSN: 1137-1250 / D. L.: C- 11618-1996).

Coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco e editada por Ediciós do Castro. Integran o Comité de Redacción X. L. Axeitos, Vsévolod Bagno, Diana Conchado, María Lopo, Carme Junyet, Lily Livtak, Kathleen N.March e Olga Novo. Segundo Rodríguez Fer "o proxecto quere ser unha representación de tódalas culturas, pois aínda que nace con raíces galegas non ten fronteiras". *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas* intenta dar cabida a estudios sobre aspectos descoñecidos ou infravalorados. A revista presenta un esquema tripartito: a parte inicial está constituída por un tema de interese vital; a segunda dedícase á creación literaria, con colaboracións de escritores foráneos; a terceira parte inclúe propostas novidosas. Recóllese tamén un apartado dedicado á memoria cultural, "para resgatar do olvido aspectos que poidan ter valor artístico ou sentimental". O primeiro número recolle un monográfico sobre as mulleres escritoras, unha traducción de Rimbaud a cargo de María Lopo, un texto da portuguesa Ana Hatherly e unha colección de poesía visual de Rodríguez Fer. Inclúese tamén un informe sobre a editorial e os cuadernos de *Ruedo Ibérico*. En 1998 saíu o número 3 e nel recóllense diversos traballos relacionados coa literatura. Así Claudio Rodríguez Fer asina o traballo "Por unha análise integral", relativa ás metodoloxías de comentario de textos. Ademais Carmen Blanco achega o artigo "A subversió múltiple. "Extranxeira na súa patria" de Rosalía de Castro. Así mesmo, Olga Novo escribe sobre Pessoa, María Xesús Nogueira sobre Julio Cortázar e María Lopo sobre

“L’Union Libre”, de Andre Breton. Tamén se inclúe unha secuencia fotográfica ó redor do poeta ourensán José Angel Valente a cargo de Manuel Álvarez. Os artigos glósanse no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Valdeleite

(D. L.: C-1808/97).

Publicación alternativa, non subvencionada, totalmente artesanal e de periodicidade provisionalmente anual e cunha tiraxe de 400 exemplares. En 1998 saíu o número 0 codirixida polas escritoras Yolanda Castaño e Olga Novo. Está dedicada fundamentalmente á creación poética nunha concepción vitalista e de ruptura profunda. Confórmase como unha serie de encartes policromáticos recollidos, aleatoriamente, nunha bolsa de veludo, nun formato vangardista. Establécense na publicación cinco seccións encabezadas por ilustracións de Sara Lamas, que neste número xiraron en torno ás “Carmes” e ás “Ensartadas”. Recóllese un pequeno manifesto metaliterario no que Yolanda Castaño e Olga Novo asentan os conceptos centrais que marcan o ideario da publicación e inclúen unha dedicatoria ós colaboradores. A segunda parte inclúe un sumario básico cos códigos expresivos máis representativos. A terceira sección acolle a creación galego-portuguesa coas achegas de Xohana Torres, Ana Romaní, Xavier Rodrigues Fidalgo e Enma Couceiro. A cuarta sección confórmana textos de literatura francesa (André Chelid, Joyce Mansour), italiana (Alda Merini, Patricia Cavalli), inglesa (Sylvia Plath, Anne Sexton) e alemana (Christine Brücker) en traduccións de María Lopo, Xosé Antonio Neira Cruz, Mª Fe González e Rosa Marta Gómez Pato, respectivamente. Nun último apartado desevélanse as sombras da “pedra negra doorosa” recollida por Chus Pato. Remata a publicación co abrazo lácteo de Yolanda Castaño e Olga Novo, fotografado por María Álvarez.

Viceversa. Revista Galega de Traducción

(ISSN: 1135-8920 / (D. L.: VG-371-1995)

Publicación anual promovida pola Asociación de Traductores Galegos (ATG), Edicións Xerais de Galicia e o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. O consello de redacción está formado por Alberte Álvarez Lugrís, Xela Arias Castaño, Valentín Arias López, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xulián Maure Rivas, Gonzalo Navaza Blanco, Camino Noia Campos e Antón Palacio Sánchez. Xosé María Gómez Clemente ocupa o cargo de secretario. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e de estudiantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potencia-las traduccións á nosa lingua das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais desta publicación, están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión ós traballos que xurdan dos alumnos da nova titulación de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñece-los estudios que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da traducción en Galicia. En 1998 saíu do prelo o cuarto número, que inclúe as seguintes seccións: “Teoría e historia da traducción”, onde se atopan traballos teóricos de Daniel Gile, Alberto Álvarez Lugrís, Francisco Javier Fernández Polo e Carmen Millán Varela; “Instrumenta”, que achega artigos de Elisa Gómez López, Yolanda Álvarez Alonso e Raúl Araya Tauler e que ten como finalidade subministrar ferramentas de axuda á traducción; “Traduccións xustificadas”, foro para pór en común traballos

e experiencias, con textos de Sonsoles Cerviño López, Rexina R. Vega, Xoán Manuel Garrido Vilariño, Ana Luna Alonso, Anxo Fernández Ocampo e Bieito Iglesias; “Críticas e recensións”, con colaboracións de María Camiño Noia Campos e Pilar Vilaboi Freire; e “Informacións”, onde se xuntan un resumo das traduccións de 1997 a cargo de Gonzalo Constenla Bergueiro, unha crónica sobre o IIIº Simposio Galego de Traducción e o anuncio do XVº Congreso Mundial de Traducción. Tódalas colaboracións referidas á literatura galega figuran desglosadas nas correspondentes seccións deste *Informe*.

A Xanela. Revista Cultural das Mariñas

(D. L: C-1696/96).

Publicación da Asociación Eira Vella de Betanzos que principiou unha nova xeira an primavera de 1996 tras publicar doce numeros entre xuño de 1994 e maio de 1995. Esta etapa comezou baixo a coordinación de Suso Torres e atinxe traballos de carácter literario, antropolóxico, arquitectónico, ecolóxico, folclórico, etc., así como unha sección fixa de título “As novas que nos chegan” que fai referencia a libros e revistas de nova publicación. En 1998 viron a luz os números 5 e 6, correspondentes á primavera e ó outono respectivamente. O número 5 presenta poemas de Manuel Álvarez Torneiro, Olga Patiño Nogueira, Olaia T., Xulio Rozadas, Emma Pedreira Lombardía, María Lema Muíño, Xavier Vázquez Freire e do colectivo poético “Ollo”. O ámbito de creación complétase co poema “Gândaras”, de Indalécio Cação. Así mesmo, rexistra un relato de Xabier López López, un apartado dedicado ás Letras Galegas de 1998 composto por un comentario biográfico e unha cantiga de cada un dos tres trobadores homenaxeados, a reproducción dun fragmento de audición radial de Luís Seoane sobre “García Lorca e Galicia” e un artigo de Luz Pozo Garza sobre o erotismo nas cantigas de amigo. O número 6 recolle poemas de Carlos Penelas, Olaia T., X. L. Sobrino, Paco Souto, Manuel Álvarez Torneiro, Maxi Rei e do “Colectivo Humilladoiro”, xunto cun apartado dedicado a poetas portugueses. A ficción en prosa leva a sinatura de Xabier López López e, ademais, rescátase un relato de Francisco Álvarez de Nóvoa. No apartado IV. 3. deste *Informe* inclúense os artigos referidos á literatura galega.

X. Premios

Damos noticia e unha pequena biografía dos premios literarios convocados no 1998 e tamén daqueles que premian o traballo dunha vida de entrega a Galicia e que ás veces coincide con homes ou mulleres de letras. De entre os numerosísimos premios convocados por asociacións culturais, concellos, centros de ensino, etc., para incentivala mocidade a escribir en galego, serán motivo da nosa atención os que teñen unha certa tradición e publican os traballos galardoados. Relacionaremos algúns dos que temos noticia, na certeza de que son moitos máis os convocados. Informaremos do ano de nacemento, patrocinadores e bases fundamentais, así como da contía, gañador, membros do xurado e lugar e día da resolución da última convocatoria. Acompañan a este comentario artigos ou notas de revistas e xornais que conteñen unha información de interese e se relacionan outras notas, se están asinadas, que inciden sobre calquera dos puntos xa comentados (número de obras presentadas, lugar e día da resolución, composición do xurado, finalistas, presentacións, etc.). Os artigos de tipo xeral, é dicilos que se refiran a varios premios e non á convocatoria específica, poderán verse glosados noutros apartados deste informe.

X. Premios

X. 1. Narrativa

X. 1. Narrativa

IVª edición do Premio de Narrativa **“Álvaro Cunqueiro”**

Foi creado, con carácter bianual, no 1991, polos concellos de Vigo e Mondoñedo, en memoria de Álvaro Cunqueiro, para difundi-la súa obra e o seu significado na cultura galega. Os orixinais e as copias (sete en total) teñen que enviarse, antes do día 30 de outubro, á Concellería de Cultura do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202. A resolución do xurado faise pública no mes de decembro. Durante 1998 tivo lugar o dictame da obra gañadora da convocatoria de 1997 (cunha dotación de 2.000.000 de pts.), que foi para Marilar Aleixandre pola obra *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade.* Esta resolución foi adiada por mor do gran número de participantes, polo que tivo lugar o 28 de febreiro do 1998 facendo coincidi-la data de entrega co aniversario da morte de Cunqueiro.

Referencias varias:

-C. P., “El intelectual debería asumir un compromiso y tomar postura”, *La Voz de Galicia*, 17 febreiro 1998, p. 73.

Entrevista con Marilar Aleixandre, gañadora do Premio “Álvaro Cunqueiro”, na que describe algúns aspectos da novela gañadora, *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, e onde o articulista fai un breve percorrido pola traxectoria literaria da galardoada.

-Carmen Parada, “Marilar Aleixandre, ganadora del Premio Álvaro Cunqueiro fallado en Vigo”, *La Voz de Galicia*, 17 febreiro 1998, p. 73.

Infórmase da resolución do xurado e saliéntase que o gran número de obras presentadas motivou o adiamento da resolución do xurado.

-Javier D. Campa, “La escritora Marilar Aleixandre gana el Premio de Narrativa Álvaro Cunqueiro”, *Atlántico Diario*, 17 febreiro 1998, p. 11.

Infórmase de que a novela *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, de Marilar Aleixandre, resultou gañadora do IVº Premio de Narrativa “Álvaro Cunqueiro” e anúnciase a publicación da obra nun prazo máximo de tres meses, pola Editorial Galaxia.

IVª Premio de Narracións **“Álvaro Paradela”**

Creouse no ano 1994, patrocinado por Carlos Perille Publicidade e convocado bianualmente pola Sociedad Artística Ferrolana. Os orixinais teñen que enviarse á Sociedad Artística Ferrolana, Apartado 339, 15480 Ferrol, poñendo no sobre para o Premio Álvaro Paradela. O galardón consiste nunha placa e a publicación do texto premiado na revista *Poesía Galicia*. No 1998 recaeu na obra *Morir bajo la luna*, da escritora Cristina Amenedo. Ver *Poesía Galicia*, apartado IX, deste *Informe*.

XXIIº Premio de Narracións **“Antonio Machado”**

Convócao a Fundación dos Ferrocarrís Españois co fin de manter viva a tradición da creatividade literaria referida ó ámbito do tren. Dende o ano 1994 a convocatoria, que ten carácter nacional e internacional, incluíu nas bases a posibilidade de participar con relatos escritos en calquera das linguas do Estado Español, sempre que os relatos teñan algunha relación co ferrocarril. A extensión máxima é de 10 folios e o prazo de presentación finaliza o día 27 de febreiro de 1998. Os orixinais deberán enviarse, acompañados dos datos persoais á Fundación de los Ferrocarriles Españoles, rúa Santa Isabel, 44. 28012 de Madrid, indicando no sobre “XXIIº Premio Antonio Machado”. O primeiro premio está dotado con 1.000.000 de pts., o segundo premio con 400.000 e 50.000 pts. para cada un dos accésit seleccionados, que serán 10 autores de naracións. Todas elas integrarán a edición dun libro no que, na portada, figurará o nome do autor e o título das narracións gañadoras e na contraportada os nomes e os títulos das obras finalistas. Nesta edición o primeiro premio recaeu en José Andrés Rivas pola obra *Elizabeth, que venía en el noturno de las diez y cuarto*. O segundo premio, dotado con 400.000 pts., recaeu no escritor madrileño Ángel Zapata, coa obra *Sí, cariño*. Ademais entregáronse oito accésit de

50.000 pts. Como se pode observar, nesta convocatoria non foi premiada ningunha obra en galego.

Referencias varias:

J. L. B., “La coruñesa Blanca Riestra, premio narrativa de Renfe”, *La Voz de Galicia*, 25 xuño 1998, 30.

Informa dos títulos das obras ademais dos escritores e escritoras gañadores do “Premio Especial Sesquincentenario del Ferrocarril en España” e do Premio de Narraciones Breves Antonio Machado na xúa XXIIª edición. Di o número exacto de traballos e autores presentados ó certame literario. Remata citando as entidades colaboradoras e os persoeiros encargados de entrega-los galardóns.

IIº Certame de Conto e Narración Breve **“Ánxel Fole”**

Convocado por primeira vez en 1997 polo Concello de Lugo e o diario *El Progreso* co gallo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado ó escritor lugués. O certame de narración curta está destinado a escritores de toda España e consta de senllas categorías para textos en galego e castelán. Cada unha das categorías está dotada con 150.000 pts. para o primeiro premio e 75.000 para o segundo. Os traballos non poden supera-los dez folios e deben ser presentados antes do 11 de abril no Patronato de Cultura en dous sobres, un co texto a concurso e o outro cos datos do autor. Na modalidade de lingua galega a gañadora foi María Dolores Bouza Betriu, pola obra *Sfumato en gris*, presentada baixo o lema *Oliana*. Co segundo premio foi galardoado Xesús Ferreiro Nuñez, polo conto *A auga espétase no silencio*. O xurado estivo composto polos escritores lucenses Darío Xohán Cabana, Isidro Novo e Xavier Rodríguez Barrio. Actuou como secretario Carlos Álvarez Llamas. José Javier Pérez Quiroga resultou gañador do premio Ánxel Fole de narrativa en castelán pola obra *Muerte programada.* O segundo premio foi para Antonio Estebán González Alonso por *La inevitable muerte de Tomás*. O concurso de contos premia os mellores traballos realizados por estudiantes lugueses de 12 a 18 e dividido en dúas categorías: de 12 a 14 anos (cun primeiro premio de 40.000 pts. e un segundo de 25.000) e de 14 a 18 anos (50.000 e 30.000 pts.); os textos teñen que estar escritos en galego e cada centro seleccionará tres e enviaraos ó Patronato de Cultura antes do 11 de abril. As gañadoras na categoría que abrangue de doce a catorce anos foron Lucía Vázquez López, de Monforte de Lemos, polo conto

Celtas, e Iria López Carregal, de Lugo, por *Un anxo*. Na categoría correspondente ós rapaces con idade entre quince e dezaoito anos resultaron premiadas as lucenses Erika Reija López, por *Unha noite con Marica*, e Laura María Suarez Soto, pola obra *Memorias dunha receita*.

IVº Premio Literario **“Arcebispo Juan de San Clemente”**

Baixo o patrocinio da empresa Cubiertas MZOV, o Concello de Santiago e a Consellería de Educación, o I. B. “Rosalía de Castro” creou, no ano 1995, o premio literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, dotado con 1. 500.000 pts. a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ó castelán. O xurado, composto por estudiantes de COU de distintos Institutos de Galicia, emitiu a súa resolución o día 6 de maio. Foron galardoadas as obras: *Los últimos días de “Prensa”* de Jaime Baily; na modalidade de lingua galega resultou gañadora a obra *Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza, e *Ensayo sobre la ceguera*, de José Saramago foi a gañadora no apartado de lingua estranxeira. O xurado estivo composto por alumnos de COU do Instituto Santiago Basanta Silva de Vilalba, Xunqueira I de Pontevedra, Taboada Chivite de Verín, Eusebio da Guarda da Coruña e Rodalía de Castro de Santiago, e o comité organizador do premio estivo presidido por Antón Fraguas, sendo o secretario Luis Alonso Girgado e as vocais Carmen Ríos Panisse e Margarita Prado.

XVIIº Premio de Novela Longa **“Blanco Amor”**

A iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 o Premio de Narrativa “Blanco Amor”, promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 50.000 pts. cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso ata chegar a esta edición en que a dotación foi de 2.000.000 de pts. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que será o encargado de correr con tódolos actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. A entrega dos orixinais finalizou o 30 de xullo. En 1998 correspondeulle a organización ó Concello de Culleredo. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de 150 folios por unha cara mecanografados a dobre espacio. Os interesados deben envia-las súas obras por correo, sen remite, e baixo o lema ó Concello de Culleredo, Departamento de Cultura, Edificio de Servicios Múltiples, rúa Ramón Cabanillas, nº 14, 15.670 O Burgo-Culleredo, coa indicación no sobre “Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor”. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor. Nesta edición o premio foille outorgado ó escritor Xavier Alcalá pola súa novela *Alén da desventura*. O xurado estivo integrado por Xabier Puente Docampo, Marilar Aleixandre, Henrique Rabunhal Corgo, Antón Riveiro Coello e Xosé María Dobarro Paz.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil., “Culleredo convoca el Premio Blanco Amor con dos millones libres de impuestos”, *Faro de Vigo*, 13 marzo 1998, p. 57.

Dá conta do acto da presentación da XVIIº edición deste premio durante a cal se subliñou que será o primeiro certame literario galego exento de impostos.

-Eduardo Estévez, “Culleredo convoca o premio Blanco Amor de novela, financiado por 53 concellos”/ “Culleredo pretende conseguir que o ‘Blanco Amor’ teña exención fiscal”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego,* 14 marzo 1998, p. 13/p. 34.

Preséntanse as bases e as actividades programadas polo Concello de Culleredo co gallo da convocatoria do XVIIIº Premio “Blanco Amor” de Novela.

-J. A. Martínez Sevilla, “Premio Blanco Amor 98”, *El Ideal Gallego*, 27 marzo 1998, p. 9.

Comentario acerca deste premio no que se salientan as actividades programadas polo Concello de Culleredo, con motivo da XVIIª edición do premio e do Día das Letras Galegas.

-Albino Mallo, “Culleredo e Blanco Amor”, *O Correo Galego*, “Visións”, 17 setembro 1998, p. 4.

Saúda a iniciativa do Concello de Culleredo de reedita-la obra en castelán *Los miedos*, de Eduardo Blanco-Amor, dentro dos actos programados para a entrega do premio homónimo que en 1998 lle correspondeu organizar a este concello.

-A. V., "A decisión do premio de novela Blanco Amor anúnciase mañá en Culleredo", *O Correo Galego*, "AFA", 28 setembro 1998, p. 40.

Nota informativa da próxima resolución do Premio "Blanco Amor". Indica a gran concorrencia de autores, que chegan a trinta e tres e duplican á edición anterior, e nomea algúns membros do xurado.

-AGN, "Xavier Alcalá gana el Premio Blanco Amor de literatura gallega con 'Alén da desventura", *Atlántico Diario*, 30 setembro 1998, p. 48.

Dáse a coñece-lo veredicto do xurado deste premio que recaeu en Xavier Alcalá pola novela *Alén da desventura*. O galardoado reivindicou a figura de Eduardo Blanco Amor como o constructor dunha lingua literaria.

C. M., "Xavier Alcalá gana el 'Blanco Amor' con 'Alén da Desventura", *Faro de Vigo*, 30 setembro 1998,
45.
Indícase que Xavier Alcalá é o gañador deste galardón coa obra *Alén da desventura* e faise un resumo da traxectoria literaria do galardoado.

-J. Fernández Rivera, “Xavier Alcalá gana el Blanco Amor con su obra ‘Alén da desventura”, *El Ideal Gallego*, 30 setembro 1998, p. 49.

Anúnciase que o xurado seleccionou, entre as trinta e tres obras presentadas, a novela *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá, como a gañadora do Premio Blanco Amor. Resáltase que o xurado indicou que o relato gañador está a medio camiño entre a novela histórica e a de aventuras.

-F. Franco, “Es una novela con carga histórica y tecnológica”, *Faro de Vigo,* 30 setembro 1998, p. 45.

Entrevista co gañador da décimo sétima edición do Premio Blanco Amor, na que este salienta a laboriosidade da súa investigación histórica e explica o marco temporal e xeográfico da novela premiada.

-Albino Mallo, “Xavier Alcalá, premio Blanco Amor de novela pola obra ‘Alén de desventura”, *El Correo Gallego*, 30 setembro 1998, p. 76.
Informa da concesión do Premio Blanco Amor a Xavier Alcalá coa súa obra *Alén da desventura*. O gañador afirma que para publica-la novela ten que contar coa aprobación dos protagonistas debido a que “os personaxes son de hoxe, están preto de min e todos son facilmente recoñecibles”.

-Albino Mallo, “Culleredo conseguiu a exención do IRPF”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 setembro 1998, p. 37.

Logo de cita-los nomes dos compoñentes do xurado, explícase que primeiramente houbo unha escolla de dez obras para quedaren finalmente dúas entre as que se escolleu a obra gañadora. Saliéntase o carácter itinerante do premio e coméntase que por primeira vez o gañador cobra a cantidade íntegra, que queda exenta de impostos.

-Ezequiel, “Xavier, Luis y Joselito”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 1 outubro 1998, p. 52.

Comentarios sobre Xavier Alcalá, Luis Amor Carro e “Joselito”. Do primeiro deles indica que vén de gañalo Premio “Blanco Amor”, o máis dotado economicamente de Galicia nesta modalidade.

-Belén Regueira, “Alén da desventura incorpora personaxes contemporáneos reais”, *A Nosa Terra*, nº 850, “Guieiro Cultural”, 1 outubro 1998, p. 25.

Faise eco da concesión do Premio Blanco Amor a Xavier Alcalá coa obra *Alén da desventura* da que se afirma que está ambientada no Ferrol mariñeiro do século XVIII, mais que permite unha lectura contemporánea. Analízanse os planos narrativos e a ambientación da novela gañadora. Menciónanse tamén os nomes dos membros do xurado e descríbense as características da presente edición do premio.

-Beatriz Pallas, “Alén da historia”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 46, 6 outubro 1998, pp. 4-5.

Analízase a obra gañadora do Premio “Blanco Amor” de Novela *Alén da desventura* de Xavier Alcalá. Coméntanse os tres planos narrativos da novela e indícanse algúns dos libros nos que se inspirou o

galardoado para “facer verosímil unha historia que se remonta ata o século XVIII”; con referencia a isto, o autor laméntase da ausencia dunha literatura galega relacionada co mar, de aí que tivera que recorrer a clásicos portugueses como a *História trágico marítima*. Finalmente sinálase que o autor investiu cinco anos en documenta-la súa novela.

-Xavier Alcalá, “Gracias, Eduardo”, *El Mundo. Galicia*, “Pluma ao voo”, 7 outubro 1998, p. 2.

Artigo no que lembra a última vez que viu na Coruña a Eduardo Blanco Amor e salienta a pegada que nel deixou este autor para rematar agradécendolle, con motivo do premio que leva o seu nome, os “consellos”, “agasallos” e “correccións”.

-G. M., “Xavier Alcalá gana el ‘Blanco Amor’ con su obra ‘Alén da desventura”, *Galicia en el Mundo*, nº 288, 5-11 outubro 1998, p. 10.

Comentario sobre o galardón obtido polo escritor Xavier Alcalá coa súa novela *Alén da desventura*. Trátase do Premio Blanco Amor de novela ó que se presentaron, nesta ocasión, trinta e tres orixinais. A continuación, ofrécese un pequeno argumento da obra que está “a mitad de camino entre la novela histórica y la de aventuras”. A novela, segundo o seu autor, partiu dunha idea á que levaba dándolle voltas dende había catro anos. Na súa opinión, a obra ten unha dobre dificultade: por unha parte, o traballo que supuxo a investigación dos feitos históricos que se narran na novela e, por outra, a rigorosidade á hora de reproduci-la fala dos protagonistas, localizados no ano 1775. Por último, Xabier P. Docampo, un dos membros do xurado, afirmou que *Alén da desventura* ten unha linguaxe rica e pulida, cun estilo sobrio e bastante directo.

-David Otero, “Blanco Amor”, *O Correo Galego,* 22 novembro 1998, p. 3.

Alude ás actividades organizadas polo Concello de Culleredo con motivo da edición do “Premio Blanco-Amor”. Resume o contido do Seminario interdisciplinar “Panorámica histórica da narrativa galega”, reflexiona sobre a posición da literatura galega entre as restantes artes e opina que a literatura é a arte máis normalizada da nosa cultura. Sinala tamén a importancia da literatura no camiño da normalización cultural e lingüística para calquera pobo.

-R. G., “La entrega del Blanco Amor mezcló los personajes reales y ficticios de Alcalá”, *La Voz de Galicia,* 19 decembro 1998, p. 41.

Noticia que se refire á entrega deste galardón que recaeu en Xavier Alcalá coa obra *Alén da desventura*. Sinálase a translación de personaxes actuais á novela gañadora e apúntase que Bueu será o concello encargado da vindeira edición do premio.

-A. A., “Bueu organiza el ‘XVIII Premio Eduardo Blanco Amor’ de novela”, *La Voz de Galicia,* 23 decembro 1998, p. 19.

Anúnciase que o concello de Bueu se fai cargo da organización da XVIIIª edición do premio correspondente ó ano 1999.

-Xavier Alcalá, “Por Blanco Amor”, *El Mundo. Galicia*, “Hoy miércoles”, 23 decembro 1998, p. 2.

Comentario referido á entrega do Premio “Blanco Amor” onde se nomean algúns dos persoeiros que asistiron ó acto. O articulista laméntase de que tan só cincuenta dos trescentos concellos galegos colaboren neste premio e destaca a figura de Eduardo Blanco Amor como “fundador dunha escola narrativa urbana”

Miguel Anxo Fernán Vello, “Culleredo e Blanco Amor”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 24 decembro 1998,
4.

Fai balance do ano 1998 no ámbito cultural galego e describe as actividades levadas a cabo polo Concello de Culleredo, como responsable da organización da XVII^{a} edición do Premio Blanco Amor de Novela.

XXXIº Premio **“Breogán”** de Contos en Galego

Foi creado en 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) e patrocinado polo Banco de Biscaia. Poden participar no certame tódolos autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra ou varias en galego. Os traballos, inéditos, non terán unha extensión inferior ós tres folios nin superior ós seis. Hai un primeiro premio de 150.000 pts. e un 2º de 50.000 e poderán ser declarados desertos, neste caso a contía engadiríase ó do seguinte ano. Os traballos, e cinco copias máis, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara enviaranse ó Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo (Galiza, 3, 48.902 Barakaldo, Bizkaia). En sobre adxunto indicarase o lema escollido para a obra e o nome e enderezo do autor. O prazo de admisión remata o 30 de xuño e a resolución darase a coñece-lo 25 de xullo. As obras premiadas publicaranse na revista do Centro O Xistral. En 1998 resultou gañadora Ilda Luaces Torre por “Detective... de manual”. O segundo premio foi para Xosé Luis Martínez Pereiro por “A leira fecundada”.

Iº Certame Mundanal de Contos Ultralixeiros **“Café das Artes”**

Convocado polo Café das Artes e a revista *Alem-Parte*. Os contos participantes deben ter unha extensión de 33 palabras exactas e estaren escritos en galego. Os orixinais deben enviarse antes do día 24 de decembro ó Café das Artes. O premio consiste nun unto curado, unha cachucha fresca e tres orellas de distinto porco. A resolución farase pública a víspera de reis. O xurado estivo composto por clientes habituais do Café das Artes. Os promotores reivindican a escrita como acto lúdico e desinteresado fronte ós premios con contía económica. Nesta primeira edición o premio foi gañado *ex-aequo* por Rafa Villar e Xoán Carlos Enríquez. Ademais houbo catro distincións para María José Pérez, Moncho Faílde, Xavier Cid e Luisa Lage.

IVº Premio de Narrativa Curta “**Café Dublín**”

O Premio de Narrativa Curta “Café Dublín” é convocado tódolos anos, dende 1994, polo Café Dublín de Vigo, para premiar orixinais inéditos cunha extensión mínima de 65 folios e máxima de 100 e dotado cun premio de 300.000 pts. O xurado, formado por Francisco Martínez Bouzas, Manuel Forcadela, Estro Montaña, Damián Villalaín e Xosé Ramón Pena, decidiu nesta ocasión declara-lo premio deserto. En primeira instancia decidiran concedérlle-lo premio á narración titulada “Fuxidos” pero comprobouse que xa fora premiada en Ourense, non axustándose ó carácter inédito que se pide nas bases do certame.

Referencias varias:

-A. S., “El jurado del quinto concurso de narración ‘Café Dublín’ declara desierto el premio, *Faro de Vigo*, 8 outubro 1998, p. 9.

Informa da decisión do xurado e da incidencia ocorrida coa obra titulada *Fuxidos*, así como da intención da organización de engadir a contía de 300.000 pts. ó premio da vindeira edición.

IXº **“Camilo José Cela”** de Narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como “homenaxe perpetuo á figura humana e literaria do egrexio escritor”. Os relatos que se presenten teñen que ter unha extensión de 12 a 25 folios, mecanografados a dobre espacio e deben enviarse, por quintuplicado, ó rexistro do Concello de Padrón achegando un sobre cun lema e no seu interior o nome, apelidos e teléfono do autor. O prazo de presentación remata o 15 de setembro e a entrega do galardón faise coincidir co día en que lle foi concedido o Nobel de Literatura a Camilo José Cela (o 19 de outubro). En 1998 entregouse o 29 de decembro no salón de plenos do Concello de Padrón, aínda que debía ser como sempre o 19 de outubro. Na edición de 1998, dotado con 250.000 pts., o premio recaeu no autor Adolfo Martínez-Flórez Pérez pola obra *Sñiiik*.

Referencias varias:

-A. R., “Máis de trinta traballos optan ó IXº Premio Literario Camilo José Cela”, *O Norte*, nº 106, 17 outubro 1998, p. 8.

Infórmase de que trinta e dous traballos optan ó premio e indícase o título dalgunhas das obras seleccionadas así como as bases do certame.

D. P., “Adolfo Martínez ganó el premio ‘Camilo José Cela”, *Diario de Pontevedra*, 21 outubro 1998, 13.

Breve nota na que se informa do gañador da IXª edición do premio Camilo José Cela. Cítanse o nome do gañador e o título da narración premiada.

IVº Premio de Narrativa **Castelao**

Foi convocado polo Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos), por primeira vez, no ano 1995. Enmárcase no “Certame San Xurxo” (v. neste apartado Varias modalidades), e prémiase a mellor obra en prosa presentada que cumpra unha das seguintes condicións: a) escrita en lingua galega, b) escrita en galego, castelán ou catalán ambientada en Galicia e c) escrita en galego, catalán ou castelán ambientada na Galicia exterior. O prazo de presentación de orixinais remata o 14 de abril, podendo envialos ó Centro Galego de Barcelona, Rambla de Capuchinos 35-37. 08002 de Barcelona. O premio está dotado con 50.000 pts. e outórgase á mellor obra presentada en prosa no Certame “San Xurxo”. Entregáronse nunha cea conmemorativa do Centro Galego de Barcelona.

Referencias varias:

-A. Díaz, “El Centro Gallego de Barcelona convoca sus premios literarios”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 258, 10-16 marzo 1998, p. 24.

Refírese ás bases destes premios e sinálase que a composición e a resolución do xurado se dará a coñecer na cea do setenta e cinco aniversario do Centro Galego de Barcelona.

Iº Premio de Narrativa Fantástica **Cidade da Coruña**

Convocado polo Pub Dublín en colaboración con Espiral Maior. Preténdese crear un espacio de encontro ó redor da imaxinación literaria que, no caso de Galicia, ten dado importantes mostras no trancurso da época contemporánea. A dotación do premio é de 250.000 pts. e a publicación da obra gañadora na colección Espiral Maior de Narrativa. O dictame do xurado coñeceuse a finais de maio. Nesta primeira edición concorreron 28 orixinais. O gañador foi Breogán Riveiro Vázquez coa obra *O vendedor de mazás*. O xurado estivo composto por Tucho Calvo, Miguel Mato Fondo e Miguel Anxo Fernán Vello, actuando como secretario, con voz pero sen voto, Lito Zas Patiño.

Vº Premio **Concello de Marín** de Narración Curta

Convocado polo concello marinés para traballos en galego e inéditos. Os concursantes só poden presentar un único relato e a súa extensión limítase de 5 a 10 folios. O tema é libre e os exemplares teñen que enviarse mecanografados a dobre espacio, por unha soa cara e por triplicado á Comisión de Cultura do Concello antes do 30 de abril indicando no sobre "para o Vº premio de Narración curta Concello de Marín". Terán que remitirse acompañados dunha plica co lema que tamén aparecerá na primeira páxina da narración. O premio é de 125.000 pts. e paralelamente convócase un certame para escolares (v. Premios Escolares). Nesta edición o xurado estivo composto por Adolfo Caamaño, María del Mar Arias Villanueva, Engracia Vicente Izquierdo e Peregrino Dopazo Pérez, actuando como secretario Francisco Javier Pazos Freitas. O traballo gañador presentouse baixo a plica "Lola Lobeira" e co título "As Cadelas", de María Fariña Caamaño, quen conseguiu o premio por segundo ano consecutivo.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, "Convocado el 'Vº Premio Concello de Marín' de narración corta", *Diario de Pontevedra*, 16 abril 1998, p. 14.

Indícanse as bases do Vº Premio de Narración Curta Concello de Marín na súa dobre vertente, a estatal e a escolar.

-D. P., “Finaliza el plazo para participar en el ‘Premio Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 29 abril 1998, p. 19.

Recolle as bases do Certame de Narración Curta Concello de Marín e indica a entrega do premio dentro dos actos do Día das Letras Galegas.

-Álvaro Agulla, “María Fariña Caamaño gana por segundo año consecutivo el ‘Premio Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1998, p. 16.

Infórmase de que María Fariña Caamaño é a gañadora deste premio co título *As Candeas*. Faise unha relación dos membros do xurado, que afirmaron a súa preocupación pola escasa participación na modalidade escolar.

D. P., “Entrega de premios de las ‘Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1998, p. 18.

D. P., “María Fariña recibió ayer el ‘V Premio Concello de Marín’ de narración corta”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1998, p. 13.

Infórmase da entrega dos premios ós galardoados na Vª edición do Premio “Concello de Marín” e faise unha relación de tódolos galardoados nesta edición do premio.

Crónica do acto celebrado no Concello de Marín no que se entregou o Vº Premio Concello de Marín de Narración Curta.

IIº Premio **“Eixo Atlántico”** de Narrativa galego-portuguesa. Certame Carlos Blanco

Premio convocado pola Asociación Galega de Editores e pola Asociación Portuguesa de Editores e Libreiros e patrocinado pola asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e dotado cun premio de 9000 euros (1.503.000 pts.) máis a publicación da obra. As bases establecen que poden participar tódolos orixinais en lingua galega ou portuguesa. Os textos, inéditos, deben enviarse mecanografados a dobre espacio antes do 31 de xuño en número de oito copias ós locales da Asociación Galega de Editores (Rúa de Joaquín Yañez, 6, 36202 Vigo). O xurado está composto por sete membros elixidos entre profesores, críticos e escritores galegos e portugueses mais un secretario sen voto designado pola organización. Aínda que nas bases se podía ler que o xurado emitiría o dictame o día 15 de setembro, este non tivo lugar ata o 22 de xaneiro de 1999. Nesta edición resultou gañador Xosé Luís Méndez Ferrín pola novela *No ventre do silencio*, presentada baixo o lema Albertina Recamán. Conformaron o xurado Carlos González, Manuel Bragado, Damián Villalaín, Carlos Veiga Ferreira, Nelson de Matos e Emilio Monteiro.

Referencias varias:

-Javier D. Campa, “O Premio Eixo Atlántico de narrativa galega e portuguesa adícase ó editor Carlos Blanco”, *Atlántico Diario*, 6 maio 1998, p. 12.

Dá conta do acto de presentación do IIº Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galego-Portuguesa. Saliéntase o carácter europeísta do certame, que leva o nome de Carlos Blanco, e recóllese un estracto das bases do premio.

-Pablos, “El Eixo Atlántico da el nombre del editor Carlos Blanco a su concurso de narrativa”, *Faro de Vigo*, 6 maio 1998, p. 9.

Céntrase na presentación da Vª edición deste galardón celebrado o 5 de maio na Cidade Olívica. Indícase tamén a dotación económica e as bases da presente edición.

Iº Concurso Literario sobre o **Ferrocarril**

Convocado pola Asociación Monfortina de Amigos del Ferrocarril (Amafer) con temática sobre o tren para celebra-los 150 anos do ferrocarril en España. Nas bases estipúlase que as obras deben ser orixinais e inéditas, centradas no tema do tren. A extensión dos traballos será dun máximo de 20 folios, mecanografados e a dobre espacio, presentados, por unha soa cara, en follas de papel tamaño DIN-A4. As obras deben ser enviadas a Amafer, ó apartado de Correos nº 2, da estatefa da Estación, en Monforte. Aqueles que concorran ó certame dispútanse tres premios: o primeiro, dotado con 25.000 pts. e unha viaxe de ida e volta para dúas persoas de Galicia a Cataluña, o segundo premio é de 15.000 pts. e o terceiro de 10.000. En ambos casos haberá unha viaxe para dúas persoas entre Galicia e Cataluña. O prazo de presentación dos traballos finaliza o día 15 de setembro. Nesta primeira edición o primeiro premio concedéuselle a Carlos Cortiñas España polo relato “Unha viaxe en tren”; o segundo foi para F. Cavestany por “Viaje en buena compañía” e o terceiro para Jesús del Río Pérez por “El viejo y el tren”. O xurado estivo composto por Carlos Rodríguez Fernández, Isaac González Toribio, Fermín Avellaneda Vázquez, José Carlos González Vila e José Ramón Martínez Mareque.

Xº Premio de Novela **“García Barros (Kenkeirades)”**

Convocado dende 1989, polo Excmo. Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está dotado na actualidade con 1.500.000 de pts. para o gañador e 500.000 para o accésit. Os orixinais teñen que ser enviados (por sextuplicado), antes á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra). En 1998 o xurado composto por Rosario Barba Sixto, Bieito Iglesias, Xesús Rábade Paredes, Xoan Carlos Domínguez Alberte, Luis Alonso Girgado e Valentín García Gómez, decidiu deixar deserto o premio debido á baixa calidade das 21 obras presentadas. No dictame dado a coñece-lo día 19 de xuño de 1998 decidiuse conceder cadanseu accésit de 500.000 pts. ás obras presentadas baixo o lema *Unha esquina no fondo da memoria*, de Anxo Franco Bañobre (Ferrol) e *A xustiza pola man*, de Xoán Ignacio Pérez Méndez (Vigo).

Referencias varias:

-Suso Souto, “O ‘García Barros’ deserto”, *O Correo Galego*, 20 xuño 1998, p. 38.

Anúnciase que o xurado declarou deserta a Xª edición do Premio García Barros. Non obstante, informa da concesión de dous accésit a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria* e a Xoán Ignacio Pérez por *A xustiza pola man*.

-Valentín García, “Dous premios...”, *Tabeirós Terra*, novembro 1998, p. 19.

Nota na que se informa de que as obras *Unha esquina no fondo da memoria*, de Anxo Franco e *A xustiza pola man*, de Juan Ignacio Pérez acadaron os dous accésit do Premio García Barros, posto que o primeiro premio foi declarado deserto.

-Suso Souto, “La época previa a la guerra civil centra las dos obras ganadoras del ‘García Barros”, *El Correo Gallego*, 29 novembro 1998, p. 46.

Dá noticia da entrega dos dous accésit concedidos polo premio García Barros e cita as dúas obras gañadoras, *Unha esquina no fondo da memoria* de Anxo Franco, e *A xustiza pola man* de Xoán Ignacio Pérez, ambas dotadas con 5.000.000 pts.. Salienta o feito de que as dúas teñen en común o feito de estaren ambientadas na preguerrra civil española e informa brevemente dos criterios que seguiu o xurado para premia-las obras. Finalmente cita algunhas das personalidades que asistiron ó acto como Ferro Ruibal, Contantino García, Charo Barba ou David Otero, entre outros.

Xº Certame de Narrativa **“Gonzalo Torrente Ballester”**

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Está dotado con tres millóns de pts. e os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, en exemplares separados, e acompañados da plica, na que se fará consta-lo nome, apelidos e nacionalidade do autor. O prazo de recepción dos mesmos conclúe o 1 de xullo e a resolución do xurado faise pública en novembro. O xurado está constituído por Gonzalo Torrente Ballester (presidente), polo Presidende da Deputación da Coruña, polo responsable da área de cultura da Deputación, representantes da R.A.E., da R.A.G. e críticos literarios da prensa nacional e galega. O coordinador do Premio é César Antonio Molina. Nesta edición o gañador foi Javier Guzmán coa obra *Brigada Lincoln*. Antón Riveiro Coello resultou finalista coa obra *A quinta de Saler*.

Referencias varias:

-Eduardo Álvarez, “Ronsel de escritores na Coruña durante a Semana do ‘Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, 21 novembro 1998, p. 75.

Dá conta da programación e dos escritores participantes nos dez días culturais organizados pola Deputación da Coruña, con motivo da entrega do Premio Torrente Ballester de 1997 e do dictame da presente edición.

-C. M., “Javier Guzmán gana el ‘Torrente Ballester’ con su primera novela”, *Faro de Vigo*, 4 decembro 1998, p. 45.

Infórmase de que a novela *Brigada Lincoln*, de Javier Guzmán resultou gañadora do Premio Torrente Ballester sendo finalista *A quinta de Saler*, de Antón Riveiro. Recóllense tamén comentarios sobre estas dúas obras.

-Albino Mallo, “Javier Guzmán gana el Premio Torrente Ballester con una novela en castellano”/“Guzmán obtén o ‘Torrente”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 4 decembro 1998, p. 37/p. 73.

Dáse a coñece-lo gañador da Xª edición deste premio que correspondeu a Javier Guzmán coa novela *Brigada Lincoln*, da que se analizan algúns aspectos.

-Luis Pousa, “Javier Guzmán logra con su primera novela el premio Torrente Ballester”, *El Ideal Gallego*, 4 decembro 1998, p. 49.

Infórmase de que Javier Guzmán conseguiu o Premio Torrente Ballester coa súa primeira novela *Brigada Lincoln* superando por un só voto á outra novela finalista *A quinta de Saler* de Antón Riveiro Coello.

VIº Certame Literario **“Manuel Lueiro Rey”** de Novela Curta

Convocado dende o ano 1991 polo Concello do Grove para lembra-la figura deste galeguista. Os relatos, que serán recollidos ata o 12 de outubro no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n), deberán presentarse por quintuplicado. As obras deberán de axustarse a unha extensión dun máximo de 30 folios. Concederanse tres premios de 300.000, 100.000 e 50.000 pts. Os traballos premiados serán publicados polo Concello do Grove. A decisión do xurado faise pública na segunda quincena de decembro. O concello grovense resérvase o dereito de publica-las obras premiadas no ano seguinte á concesión dos premios. Nesta edición a gañadora foi Inma López Silva por “Canción de amor india”; o segundo premio foi para Rosa María Vidal Vázquez por “A curvatura das chimineas” e o terceiro para Manoel Riveiro Loureiro por “Un cuarto de século”. O xurado considerou que pola súa calidade merece unha mención especial o relato “Verdade non descuberta”, de Estefanía Mónica Caamaño. Este xurado estivo integrado por Xesús Alonso Montero, David Otero Fernández, Ramón Nicolás Rodríguez, Herminio Barreiro Rodríguez e Manuel Quintáns Suárez.

Referencias varias:

-F. J. G., “Alonso Montero destaca a ‘tradición e importancia’ do Lueiro Rey”, *O Correo Galego*, 11 xaneiro 1998, p. 54.

Crónica do acto celebrado no Grove, no que se entregou o Premio Lueiro Rey a Francisco Castro Veloso coa obra *Play Back*. O segundo e terceiro premios recaeron en Antón R. López con *O riso de Isobel Hill* e en Xosé Carou Rei con *O bebedeiro da lúa*, respectivamente. Coméntase que no mesmo acto, Alonso Montero fixo unha loanza do premio.

-Manuel Méndez, “Francisco Castro recibió su premio como ganador del ‘VI Certame Manuel Lueiro”, *Faro de Vigo*, 11 xaneiro 1998, p. 24.

Dáse conta do acto de entrega deste premio e anúnciase que na próxima edición poderán concursar novelas en castelán. Comunícanse tamén os nomes e obras dos premiados.

-D. P., “Inma López gañadora do premio literario ‘Manuel Lueiro”, *Diario de Pontevedra*, 20 decembro 1998, p. 25.

Informa sobre os galardoados no VIº Certame Manuel Lueiro Rey de Novela Curta. O primeiro premio foi para Inma López Silva coa obra “Canción de amor india”. Rosa María Vidal con “A curvatura das chimineas” e Manoel Riveiro Loureiro con “Un cuarto de século” obtiveron o segundo e terceiro premio, respectivamente.

VIIº Certame **“Manuel Murguía”** de Narracións Breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para premiar relatos de temática libre cunha extensión entre 15 e 30 folios. Os autores que desexen participar deberán envia-los orixinais, por cuadriplicado, ó Concello convocante (Travesía de Arteixo. 15142 Arteixo) antes do 1 de marzo. O premio é único, está dotado con 400.000 pts. e a resolución é o 17 de maio. O xurado estivo constituído por Henrique Rabuñal Corgo, Marilar Aleixandre, Francisco Pillado e Dores Castro, que decidiron outorga-lo premio ós relatos *Canif Fugit* de Afonso Álvarez Cáccamo e *Amencer* de X. Luis Álvarez Pérez.

Referencias varias:

-E. P., “Afonso Álvarez Cáccamo e Xosé Luis Álvarez Pérez son os gañadores da edición dos premios Murguía 1998”; *El Correo Gallego*, 16 maio 1998, p. 13.

Dá os nomes dos membros do xurado e mailos dos premiados na VIIª edición deste premio.

XXIVº **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**, Certame Nacional de Narracións Breves

Convocado polo Padroado O Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1975. Os orixinais deberán presentarse (por cuadruplicado), cunha extensión mínima de 5 folios e máxima de 30, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. Os participantes deberán enviar catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 1046. 15780. Santiago de Compostela). O xurado está composto por catro especialistas en crítica literaria designados polo padroado, asesorado pola Asociación de escritores. O dictame dáse a coñecer a mediados de decembro e o prazo de admisión remata o 15 de novembro. O primeiro premio e os accésit son publicados, tódolos anos, por Ediciós do Castro. No 1998, como e anos anteriores, a dotación económica para o primeiro premio foi de 100.000 pts. e de 50.000 para os restantes premios. O xurado estivo presidido por Avelino Abuín de Tembra e composto por Manuel Caamaño Suárez, Carlos Mella Villar, Bieito Iglesias, Francisco Rozados Rivas, Avelino Pousa Antelo e David Otero Fernández. O primeiro premio, nesta edición, foilles entregado *ex aequo* a Rosa Aneiros Díaz por “A eidosa que izaron as bandeiras” e Luis González Tosar por “Catro dedos por debaixo do embigo”. Recibiron senllos premios de 50.000 pts. Inma López Silva por “Cartas que viñan dende alén mar” e Xaime López-Arias por “O cuco rei”. O premio estivo nesta ocasión patrocinado polo Concello de Forcarei e o acto de entrega tivo lugar na Casa da Cultura desta localidade. O

dictame deuse a coñece-lo día 19 de decembro e o acto de entrega tivo lugar o 27 do mesmo mes.

Referencias varias:

-Lois Fernández, “Premios con cantera literaria”, *La Voz de Galicia*, 5 decembro 1998, p. 54.

Informa acerca da data da resolución do xurado e os membros deste.
-Tonhe Loop, “González Tosar: ‘Necesitaba o impulso dun premio como o Modesto Figueiredo”, *El Correo Gallego*, 21 decembro 1998, p. 76.

Anúnciase que Luís González Tosar é o gañador deste premio co relato “Catro dedos por baixo do embigo”, que será publicado proximamente co título “Onda nós”.

-Avelino Abuín de Tembra, “Premios en Forcarei”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 27 decembro 1998, p. 4.

Alude á convocatoria do Certame Modesto R. Figueiredo e enumera as obras galardoadas na súa XXIVª edición.

-X. M. R., “Hai un desleixo moi grande na literatura galega”, *La Voz de Galicia*, 27 decembro 1998, p. 34.

O entrevistador achega os datos bibliográficos de Luís González Tosar, autor a quen lle foi concedido o premio "Modesto Figueiredo" 1998, polo relato "Catro dedos por debaixo do enbigo". Este escritor confesa o motivo polo que se presentou ó citado premio e fala do libro de relatos no que traballa dende hai dous anos e do que forma parte o relato premiado. De seguido, explica o fío conductor común desas narracións e afirma que o título do conxunto de narracións será *Onda nós*. Fai un resumo argumental do texto galardoado e afirma que segue sendo un poeta, aínda que esta obra pertenza ó xénero narrativo. Por último, reflexiona sobre o momento actual do mundo literario galego.

-B. Márquez, "Barreiro Rivas: 'El mal del oficialismo amenaza la cultura de Galicia", *Faro de Vigo*, 28 decembro 1998, p. 15.

Crónica do acto de entrega deste premio no que Xosé Luís Barreiro Rivas afirmou que a cultura galega comeza a padece-lo mal da oficialidade.

Suso Souto, "M. R. Figueiredo, 'porque cada aldea é un mundo"/"El Pedrón de Ouro entregó ayer los premios de narrativa Modesto Rodríguez", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 decembro 1998, 18/p. 68.

Refírese á entrega do Premio Modesto R. Figueiredo que tivo lugar en Forcarei. Apúntanse tamén os membros do xurado e os premiados.

IVº Premio Literario **“Pastor Díaz”** de Novela

Convocado polo Concello de Viveiro e dotado con 500.000 pts. Convócase con carácter bianual e está dirixido a premiar textos novelísticos redactados en galego ou castelán, e cunha extensión mínima de 100 folios a dobre espacio, dirixidos á Comisión de Cultura do Concello de Viveiro. O concello resérvase o dereito de publica-la obra gañadora no ano seguinte ó da concesión. O prazo de presentación dos traballos rematou o 31 de decembro de 1998 e a resolución prevese para finais de 1999.

IIº Certame de Relato Curto **“Roberto Blanco Torres”**

Convócao a Asociación Cultural O Meigallo, de Cuntis. Está dotado cun primeiro premio de 75.000 pts. e un segundo de 40.000. A extensión mínima é de cinco folios e a máxima de 15. Os traballos, escritos en galego, a dobre espacio, deben ser enviados antes do 18 de decembro de 1998. O dictame terá lugar a partir da segunda quincena de maio. Deben dirixirse a O Meigallo, rúa Bernardo Sagasta 8, 36670 Cuntis (Pontevedra). Nesta segunda edición o gañador foi Xosé Luna por *As cometas da vida* mentres que o segundo recaeu en Francisco Castiñeira Romara, por *Némese*. O xurado estivo composto por Xabier Míguez, Patricia Puime, Miro Villar, Camilo Franco e Xosé Manuel Millán. O dictame deuse a coñece-lo 26 de xaneiro de 1999.

XVº Premio **Xerais** de Novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais (por sextuplicado) teñen que presentarse antes do día 1 de setembro nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (R/ Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e acompañados dun sobre pechado co nome completo e enderezo do autor. A composición do xurado dáse a coñecer no mes de setembro e a resolución emítese no curso dunha cea que se celebra cada ano, na semana de San Martiño, nunha vila ou cidade diferente de Galicia. Nas primeiras convocatorias deste premio

o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero a partir de introduci-lo lema “A forza dos lectores” (1988), son lectores non especializados os seus membros cun secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Ó redor da “Cea Xerais”, a editorial organiza unha semana de actos culturais, exposicións, charlas, etc., a cargo de creadores e estudiosos da literatura. No 1998 o premio está dotado con 2.000.000 de pts. Poderán concorrer tódolos autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega, conforme á normativa vixente. O gañador, nesta edición, foi Xosé Miranda Ruiz pola novela presentada baixo o lema “Morning start” e titulada “Lorenzo Tasende”. O acto de entrega tivo lugar

o día 24 de outubro e o xurado estivo composto pola xornalista Rosa Legazpi, o profesor de Ciencias Políticas Xosé Luis Barreiro Rivas, o funcionario do Concello de Santiago Xosé Manuel Rodríguez-Abella, o profesor de Ciencias Naturais Luis Daviña Facal, o libreiro Xan Astorga e o

escritor Xosé Cid Cabido. O galardón especial á Colaboración literaria recaeu, nesta ocasión, no Instituto da Lingua Galega.

Referencias varias:

-Pablos, “Estímulo literario”, *Faro de Vigo,* “Contrastes”, 9 xuño 1998, p. 10.

Dá conta da convocatoria da décimo quinta edición do Premio Xerais de Novela e reflexiona sobre a súa importancia.

-Salvador García-Bodaño, “Xerais e a cultura galega”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 5 xullo 1998, p. 3.

Faise referencia ó carácter itinerante do premio Xerais que este ano celebrou a súa velada literaria anual no Instituto Galego da Información. Recóllense tamén unha serie de disquisicións acerca da complexa realidade da cultura galega da que forman parte actos como o celebrado por Edicións Xerais de Galicia.

-Francisco J. Gil, “Xerais abrirá con la entrega de sus premios literarios la celebración de su XX aniversario”, *Faro de Vigo*, 21 agosto 1998, p. 35.

Informa da data na que remata o prazo de entrega de orixinais –1 setembro– e na que se celebrará a entrega do Premio Xerais –24 outubro–, así como do certame en xeral.

-Antonio Rodríguez, “Intelixencia e fígados”/“Xosé Cid Cabido, coordinador do Xerais, convida cos escritores á audacia narrativa”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 24 setembro 1998, p. 45/p. 73.

Noticia referente á presentación dos premios Xerais e Merlín. Recóllense algunhas declaracións de Xosé Cid Cabido, que reclamou para a literatura galega “máis exploración”, retando ós escritores a abandonala comercialidade cómoda para escribir con “intelixencia e fígados”. Ademais dubidou dos resultados que un escritor poida obter cando pensa máis “no externo da literatura” e esquece o esencial exercicio da escrita. Coméntase tamén que o director de Xerais, Manuel Bragado, aludiu ó interese que espertan estes premios e referiuse tamén á compra do grupo Anaya pola multinacional francesa Havas, reiterando que esta circunstancia non ía supoñer cambio ningún na liña da editorial galega. Ademais, Helena Pérez, coordinadora do premio Merlín, referiuse ó desexo que nesta edición se dea a coñecer un autor descoñecido ou unha boa obra dun autor consagrado. Finalmente saliéntase o feito de que os xurados dos premios Xerais e Merlín estean compostos por persoas non especialistas, das cales se dan os nomes.

-AGN, “Xosé Miranda, ganador del XV Premio Xerais de Novela por ‘Lorenzao Tasende”/”Edicións Xerais premia a Miranda y a Antonio Reigosa”, *Atlántico Diario*/*La Región*, 25 outubro 1998, p. 34/p. 86.

Indícase que Xosé Miranda, coa novela Lourenzo Tasende presentada baixo o lema “Morning Star”, resultou o gañador do Premio Xerais de Novela.

-Rodri García, “Dous lucenses acadan o premio Xerais de novela e Merlín de literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, 25 outubro 1998, p. 41.

Infórmase de que Xosé Miranda con *Morning Star* e Antonio Reigosa Carreira con *A golpilleira* son os gañadores dos Premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura Infantil, respectivamente. Refírese tamén, brevemente, á trama da novela galardoada co Premio Xerais.

-Aníbal C. Malvar, "Xosé Miranda gaña o Xerais cunha novela picaresca ambientada no XIX", *El Mundo. Galicia*, 25 outubro 1998, p. 8.

Anúnciase que a novela baixo o título *Lourenzo Tasende*, de Xosé Miranda é a gañadora deste premio. Descríbese a novela e sinálanse os influxos de Stevenson e Dumas na obra premiada.

-Francisco J. Gil, "Una noche de lluvia y premios", *Faro de Vigo*, 26 outubro 1998, p. 17.

Descríbese o acto de entrega dos Premios Xerais do que se salienta o seu maior contido cultural coas actuacións musicais.

-Paula Pérez, "Quiero recuperar el género gallego de aventuras", *Faro de Vigo*, 26 outubro 1998, p. 17.

Entrevista con Xosé Miranda, gañador do Premio Xerais de Novela, coa obra *Lourenzo Tasende*, na que describe algunhas características da súa novela gañadora e a súa visión do galardón.

-Rodri García, "O camiño francés de Xerais", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 49, 27 outubro 1998, pp. 1-2.

Refírese á entrega dos premios que cada ano vén entregando a editorial Xerais. Polo que respecta ó Premio Xerais de Novela, este ano foi gañado por Xosé Miranda Ruíz, pola súa obra *Lourenzo Tasende*; mentres que o Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil, foille concedido a Antonio Reigosa Carreira, por *Afonso, Afonso. Memorias dun raposo*. Informa da concesión do Premio Xerais á cooperación no labor editorial ó director do Instituto da Lingua Galega, Antón Santamarina, e, finalmente, alude á nova adquisición por parte do grupo Havas de Anaya e, con ela, de Xerais. Sobre este proxecto, recolle as palabras de Manuel Bragado, quen sinala que se trata dun "paso decisivo na consolidación do noso proxecto como empresa líder do proceso de normalización cultural e editorial en lingua galega".

-C. V., "Xosé Miranda e António Reigosa, Prémios Xerais e Merlin: 'Cantos máis contos ouvimos, máis valoramos a nosa tradición literária", *A Nosa Terra*, nº 854, "Guieiro Cultural", 29 outubro 1998, p. 35.

Céntrase na entrega dos Premios Xerais e Merlín, que tivo lugar o 24 de outubro en Santiago de Compostela. Descríbese a concepción que ten da novela Xosé Miranda –gañador do Xerais de Novela–, así como a súa traxectoria literaria. Tamén se refire ós galardoados Antonio Reigosa e o ILG.

X. Premios

X. 2. Poesía

Iº Premio de Poesía **Antonio Prados Ledesma**

Convocado polo concello de Viveiro e destinado a traballos dun mínimo de 150 versos, orixinais, en galego ou en castelán. O premio, único, é de 250.000 pts. Os orixinais deben enviarse por quintuplicado ó concello de Viveiro (Praza Maior, nº 1, 27850 Viveiro). Nesta primeira edición, dotado cunha contía de 250.000 pts., resultou gañadora María Fariña Caamaño por *Do noxo estacionario. Catarina*. O xurado fixo pública a resolución o día 16 de decembro e estivo integrado por Mª Rosario Barrientos Pérez, Marica Campo Domínguez, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Mª Álvarez Cáccamo e Lois Diéguez; actuou como secretaria Rosario A. Basanta. Concorreron ó certame un total de sesenta obras.

VIº Premio **“Aula de Poesía”**

Convocado pola Aula de Poesía de Barcelona dende 1992. Poden concorrer poemarios dunha extensión entre catrocentos e oitocentos versos, inéditos e escritos en castelán, portugués, catalán ou galego. Os orixinais enviaranse por sextuplicado antes do día 21 de decembro á Aula de Poesía de Barcelona (Passeig de La Ball d’Hebrón, 171, Edifici Migdia 08835 Barcelona). O premio consiste na publicación da obra nas editoriais Lumen de Barcelona, Teorema de Lisboa e Xerais de Vigo e 750.000 pts. en concepto de adianto de dereitos de autor; así mesmo, inclúe a publicación da obra traducida a tódalas linguas polas editoriais citadas. Á convocatoria de 1998 presentáronse 331 orixinais, dos cales 234 estaban escritos en castelán e proviñan de toda España e Suramérica, 85 en catalán, 6 en portugués e 6 en galego. Das obras presentadas foron preseleccionadas 19. Resultou gañador o poeta grancanario Justo Jorge Padrón, coa obra *Escalofrío*. O fallo produciuse o día 30 de abril, na Aula Magna da Universidade de Barcelona. O xurado da presente edición estaba composto por Jordi Virallonga, Eduard Sanahuja, Carlos Zanón, Chus Pato, Luis Felipe Sarmiento e Ana María Moix.

IIº Premio de Poesía **“Avelina Valladares”**

Convocado polo Concello da Estrada co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valora-lo traballo do poeta e descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto a seu irmán Marcial do cultivo literario da lingua no século XIX. Pódese participar con textos inéditos en galego. Os orixinais serán presentados por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de 150 versos e un máximo de 400 antes do 16 de marzo. Deberán ser remitidos ó seguinte enderezo: “IIº Premio de Poesía Avelina Valladares. Excmo. Concello da Estrada. Pza. da Constitución s/n., 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entregarase en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 200.000 pts. será indivisible e poderá ser declarado deserto. A decisión do xurado, que estivo formado por Ana Romaní, Antón Dobao, Anxo Quintela e Noni Araújo (secretaria), anunciouse publicamente o 2 de maio e a entrega levouse a cabo o 17 de maio durante a XXIVª edición da Festa do Salmón, no salón de plenos do Concello da Estrada. A obra gañadora foi *Cando levante a Brétema*, de Isolda Santiago. Mereceron cadansúa mención de honra Modesto Fraga por “Mar de ausencias” e Raquel González Figueiras por “Cando a noite non teña vagalumes”.

Referencias varias:

-S. S., “Isolda Santiago Trillo recibe esta tarde el premio de poesía ‘Avelina Valladares”, *El Correo Gallego*, 16 maio 1998, p. 23.

Breve nota que fai referencia ó acto de entrega do premio a Isolda Santiago.

-Valentín García, “Os nosos libros”, *Tabeirós Terra*, nº IV, xuño 1998, p. 22.

Informa da decisión do xurado de premiar a Isolda Santiago. Recolle unhas notas sobre esta escritora, destacando que a súa obra “avoga pola poesía de profunda convicción feminista mediante a transgresión do propio código poético”, que se dedica ó xornalismo e que o seu primer poemario *Flor de tan mal xardín* (1994) foi merecedor do IIº Premio de Poesía Fermín Bouza Brey. Cita tamén os dous autores que recibiron mencións especiais: Modesto Fraga e Raquel González Figueiras. Neste mesmo artigo infórmase, así mesmo, da aparición de *Lírica profana galego-portuguesa* (1997), da edición da obra de Waldo Álvarez Ínsua, realizada por Olimpio Arca Caldas, e da novela xuvenil *Maldito D.N.I.* (1997), de Pepe Carballude.

XXIIIº Premio **“Begonte”** de Poesía

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, de Begonte, co patrocinio de Caixa Galicia, convoca, dende 1975, o Certame Nacional de poesía sobre o Nadal. Poden participar textos en galego ou en castelán. Está dotado con 100.000 pts. e unha estatuíña de Sargadelos para o primeiro premio e 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos para o segundo. O tema dos traballos ten que se-lo Nadal e nas bases especifícase que se valorarán os textos que fagan referencia a Begonte e ó seu Belén. O prazo de presentación dos orixinais remata o día seis de xaneiro de 1999. Na edición do 1998 o xurado estivo integrado por Xavier Rodríguez Barrio, Paco Martín, Ramón Soilán Penas e Xulio Xiz quen, reunidos na Delegación Provincial de Cultura, resolveron concede-lo primeiro premio da convocatoria do 1997, a María Goretti Fariña Caamaño, de Vigo, polo seu poema “Un arrorro de portada”, e o segundo a Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero) polo poema “Falta unha figura, madre”.

XVIIIº Premio “**Cidade de Ourense**”

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979, para premiar poemarios inéditos escritos en galego ou portugués. O xurado está constituído por personalidades da cultura galega e portuguesa. A extensión mínima destes poemarios é de 600 versos. Os orixinais, por duplicado, teñen que enviarse ó Concello de Ourense antes do 15 de xaneiro, e o dictame debe realizarse no mes de marzo. No 1997 convocouse a edición do 1998 que non se resolveu nas datas nas que se acostuma a conceder este premio.

IIº Premio de Poesía **“Concello de Carral”**

Convocado polo Concello de Carral está dotado con 150.000 pts. e a posibilidade de publica-lo libro. Poden obtar ó premio tódolos autores maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo estea escrito en lingua galega. O premio non se pode declarar deserto. A Concellería de Cultura do Concello de Carral reservarase o dereito de publica-la obra gañadora. Os traballos serán orixinais e inéditos, cunha extensión non inferior ós 400 versos. Os traballos deben presentarse por triplicado, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara, e debidamente grampados ou encadernados; achegados de sobre pechado no que conste, no seu exterior, o título da obra e o lema ou alcume do autor, contendo no interior o seu nome e apelidos, enderezo e número de teléfono. As obras presentaranse no Rexistro Xeral o na Casa da Cultura do Concello de Carral. O prazo de admisión rematou o 30 de setembro. Nesta segunda edición gañou Rafael Lema polo poemario *Atlántida*. O xurado estivo presidido polo concelleiro Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro e integrado por Xulio López Valcárcel, Fernando Díaz-Castroverde e Miguel Anxo Fernán Vello.

Referencias varias:

-E. N., “Rafael Lema: Versos e viaxes da palabra”, *O Correo Galego*, 6 decembro 1998, p. 57.

Coméntase que o xurado do premio valorou no traballo de Rafael Lema “a súa orixinalidade estructural e o alento épico que envolve o discurso poético”. Alúdese á experimentación e recreación da palabra neste poemario e sinálase que este escritor ten rematada unha novela de aventuras.

VIIº Premio de Poesía **“Espiral Maior”**

A editorial Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992, o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de 35 anos) que non teñan ningún libro editado. Este premio non ten dotación económica; consiste na publicación da obra gañadora na colección Espiral Maior Poesía. Os traballos cos que se pretenda concorrer ó premio teñen que presentarse por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica e teñen que ter un mínimo de 400 versos. Lugar de remisión: Espiral Maior, apartado de Correos 192, 15080, A Coruña, antes do 30 de novembro. O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. No 1998 non se fallou este premio como é costume.

XVIIIº Premio **“Esquío”**

Convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Son dúas modalidades as convocadas: unha en lingua galega e outra en castelán. Están dotadas con 1.500.000 de pts., co compromiso da súa publicación para o primeiro premio, e dous accésit sen dotación económica. Os poemarios presentados teñen que ter unha extensión de 500 versos. Os orixinais (por triplicado e baixo plica) enviaranse a Obras Sociales de Caixa Galicia, (Gaiano, 4, 15402, Ferrol), antes do 31 de xullo. A resolución do xurado dáse a coñecer nunha cea organizada pola Sociedade Cultural Valle-Inclán e patrocinada pola Caixa Galicia. Marilar Aleixandre foi a gañadora da modalidade de poesía en galego coa obra *Catálogo de velenos*; na modalidade de poesía en castelán o galardón recaeu en Leonardo Hernández Cala coa obra *Como un árbol*, dotadas cada unha delas cun millón e medio de pts. O xurado, do que formaron parte Julia Uceda, José Hierro, José García Martín e Sara Pujol para xulga-las obras en castelán; e Xulio Valcárcel, Luz Pozo Garza, Pilar Pallarés e Xavier Rodríguez Baixeiras, para as obras en galego, o encargado de selecciona-los gañadores entre as 309 obras que se presentaron ó certame.

Referencias varias:

-Anton Lopo, “O poeta José Hierro presenta en Galicia os últimos libros gañadores do Premio Esquío”, *El Correo Gallego*, 28 maio 1998, p. 16.

Fai referencia á presencia en Galicia do poeta José Hierro para presenta-los libros gañadores da pasada edición dos Premios Esquío. Despois de cita-las obras gañadoras do premio, céntrase na figura de Hierro, que acaba de publicar *Cuaderno en Nueva York*, e recóllense algunhas das súas declaracións acerca do seu pensamento poético e sobre a inspiración da que naceu este último libro de poemas. Afirma, entre outras cousas, que “a inspiración é un desasosego, como a fame”.

-Pablos, “A Fundación Caixa Galicia entrega los premios ‘Esquío’ de poesía en gallego y en castellano”, *Faro de Vigo*, 28 maio 1998, p. 8.

Anuncia a presentación da décimo séptima edición do premio Esquío na Fundación Caixa Galicia. Cítanse os gañadores desta edición: Ignacio Chao, coa súa obra *Corazón de segundas partes*, en lingua galega e o madrileño Javier González, con *Donde no cabemos*, en castelán. Dáse tamén conta do xurado integrante e, a seguir, lémbranse os gañadores de pasadas edicións dende o ano 1981 en lingua galega e castelán.

AGN, “Convocan la dieciocho edición del ‘Premio Esquío de Poesía”, *El Ideal Gallego*, 10 xuño 1998, 26.

Informa das bases do “Premio Esquío de Poesía” que este ano cumpre a súa XVIIIª edición.

-Tonhe Loop, “Marilar Aleixandre, gañadora do Esquío, define a poesía como ‘un virus contaxioso”/ “A poesía é un virus”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “AFA”, 8 novembro 1998, p. 74/p. 55.

Recolle as palabras de Marilar Aleixandre tras coñecer que foi galardoada co prestixioso premio Esquío. Indica que a escritora mandou o seu poemario ó premio para descubrir se tiña valor literario, xa que o escribiu “nunha especie de ataque” casual ó descubri-los diarios da súa nai e as referencias que neles atopou sobre a súa propia infancia. Ademais, explica que Aleixandre non acaba de “encaixar o éxito”, que os seus primeiros contactos coa poesía comezaron coa traducción de Silvia Plath e Sandra Cisneros, un par de poemas incluídos en *Feros Corvos* e a súa participación no Batallón Literario da Costa da Morte. Finalmente, a escritora explica que foi Rafa Villar o que a animou a escribir poesía e que “ter amigos poetas é un perigo”.

-Carme Vidal, “Marilar Aleixandre descóbrese como poeta ao gañar o Esquío”, *A Nosa Terra*, nº 856, “Guieiro Cultural”, 12 novembro 1998, p. 27.

Unido ás declaracións de Marilar Aleixandre, indícase que se trata do primeiro libro de poesía desta escritora, que naceu a partir do diario da súa nai e do contido poético que encerraba. Sinálase tamén que a autora non nega certa narratividade nos seus poemas nin a marca de xénero que se aprecia no seu poético feminino. Noutro sentido, recóllese a súa opinión sobre a recepción crítica das obras literarias en galego que considera insuficiente por pasaren moitos libros desapercibidos na poesía. Finalmente, menciónase que este ano acadou tamén o premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa.

XIº Premio de Poesía **“Eusebio Lorenzo Baleirón”**

O Concello de Dodro convoca dende o ano 1988 este premio de poesía para render homenaxe a Eusebio Lorenzo Baleirón, un poeta novo, veciño do concello, que morreu ós 24 anos. Os poemarios que se presenten a este premio teñen que ter unha extensión mínima de 400 versos e deben enviarse, por cuadruplicado, ó Concello de Dodro (A Coruña) antes do 17 de novembro. O premio consiste en 325.000 pts. en metálico e a publicación da obra galardoada na colección “Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón” de Ediciós do Castro. Os dereitos da primeira edición son para o Concello convocante. A partir da segunda pasan ó seu autor. A resolución deuse a coñece-lo día 20 de decembro. Na edición de 1998 a obra premiada foi *Teoría do lugar*, de Estevo Creus. O xurado que outorgou este premio estaba presidido polo alcalde de Dodro (Fernando Vila) e composto por Enma Couceiro, Francisco San Pedro, Xabier Cordal e Rafa Villar, actuando como secretario o concellal de Cultura, César Vidal.

Referencias varias:

-M. X. B., “Cuarenta obras concurren al premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, 11 decembro 1998, p. 40.

Dá conta da entrega de premios do certame Eusebio Lorenzo Baleirón, a celebrar en Dodro. Fala tamén da contía do premio e do número de obras presentadas. Nomea ós membros do xurado, que realizarán unha ofrenda floral na tumba do poeta que lle dá nome ó concurso. No remate, consígnanse tamén as actividades que formaron parte da semana cultural, na que a entrega de premios foi o acto culminante.

-AGN, “Estevo Creus recibe el premio de poesía ‘Lorenzo Baleirón’ por ‘Teoría do lugar”, *El Progreso*, 20 decembro 1998, p. 75.

Infórmase sobre a concesión do XIº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón que foi parar, por unanimidade, a Estevo Creus pola obra *Teoría do lugar*. Achéganse, ademais, os nomes dos membros do xurado.

-Tonhe Loop, “Creus descobre as ‘Teorías do lugar”/“Estevo Creus gaña o ‘Lorenzo Baleirón’ co poemario ‘Teoría do lugar”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 20 decembro 1998, p. 52/p. 81.

Nota informativa que dá conta da concesión do XIº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, resolto no concello de Dodro, a Estevo Creus, poeta vencellado ó Batallón Literario da Costa da Morte e que forma parte da chamada “Xeración dos 90”. Faise un breve percorrido pola súa obra e indícanse as características máis salientables do poemario que foi obxecto do premio. Destácase, finalmente, cál foi a contía do galardón e a súa publicación na editorial Ediciós do Castro.

-Uxía López, “Dodro entregou a Estevo Creus o premio Lorenzo Baleirón”, *La Voz de Galicia*, 21 decembro 1998, p. 53.

Nota que informa da entrega do XIº premio de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” ó poeta Estevo Creus pola súa obra *Teoría do lugar*, facendo, ademais, unha breve aproximación ós elementos sobre os que xira. Destácase o feito de se-lo libro escollido por unanimidade do xurado entre un total de trinta e seis. Indícase, finalmente, cál foi a contía do premio e que o libro será publicado na editorial Ediciós do Castro.

-Uxía López, “El esfuerzo por la paz mereció el premio Lourenzo Baleirón de poesía”, *La Voz de Galicia*, 22 decembro 1998, p. 46.

Céntrase a noticia no acto de entrega en Dodro do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, no que houbo intervencións do alcalde anfitrión e de Bernardino Graña, quen lembrou ó Baleirón poeta e home.

XXº Premio Nacional de Poesía **“O Facho”**

Premio creado no 1963 pola Agrupación Cultural O Facho para difundi-la poesía de autores mozos. Poden concursar todos aqueles autores que, sen limitación de idade, non teñan publicado un libro poético individual en galego. Os participantes poden presentar como máximo cinco poemas de tema libre a dobre espacio e por triplicado, con lema e baixo plica. Deben enviarse á rúa Federico Tapia 12, 1º. Apartado 46. A Coruña. Haberá un único premio de 50.000 pts. para o gañador, mais as mencións honoríficas que o xurado estime oportunas. A convocatoria de 1999 tivo lugar no mes de novembro de 1998 e o prazo de presentación de orixinais rematou o día 15 de febreiro de 1999. O dictame, segundo a convocatoria, terá que producirse na segunda quincena do mes de marzo de 1999.

Iº Premio de Poesía **“Faustino Rey Romero”**

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo. Os traballos participantes, poemas ou conxuntos de poemas, deberán ter unha extensión de entre 30 e 100 versos e enviaranse por triplicado ó centro (Casa da República s/n-Isorna. 15983 Rianxo) antes do 15 de outubro de 1998. O dictame deuse a coñecer nas xornadas que se celebraron en Outono. O primeiro premio foi outorgado a Modesto Fraga polo seu traballo *Ese extraño silencio*. María Goretti Fariña Caamaño recibiu unha mención honorífica pola súa colección de poemas *Onte irei afastada*. O xurado estivo composto por Avelino Abuín de Tembra, Xesús Rábade, Xosé Luis Axeitos, Xesús Santos Suárez e Xosé Ramón Brea, actuando como secretario Xurxo Manuel Romero.

Referencias varias:

-M. M, “O poema dunha vilagarciá acada unha mención especial no ‘Faustino Rey”, *Faro de Vigo*, 1 decembro 1998, p. 19.

Informa do dictame da Iª edición do Premio de Poesía Faustino Rey Romero, e salienta a mención honorífica conseguida pola arousá María Goretti Fariña Caamaño. A seguir, dá conta do gañador do

primeiro premio, Modesto Fraga, pola obra *Ese extraño silencio* e cita os nomes dos membros que compuxeron o xurado.

-Avelino Abuín de Tembra, “Poesía para Rey Romero”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 7 decembro 1998, p. 3.

Fai un pequeno repaso pola historia dos certames poéticos en Galicia e pola historia de Isorna, parroquia natal de Faustino Rey Romero. Fala tamén da Casa da República, edificio recuperado para centro cultural e que leva o nome do poeta. Fai logo un breve comentario sobre a vida e a obra deste escritor rianxeiro, para centrarse, finalmente, no certame que leva o nome de Rey Romero. O gañador foi Modesto Fraga co poema “En estraño silencio”. Abuín cualifícao de “excelente poemario que anuncia un poeta de fondas esperanzas”. Recibiu mención honorífica María Fariña Caamaño polos sonetos de “Onde irei afastada”.

-M. Dourado Deira, “Dun premio literario á obstinación histórica”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 9 decembro 1998, p. 38.

Artigo de opinión que fala da convocatoria do Iº Premio de Poesía Faustino Rey Romero e das dificultades da súa convocatoria, así como doutros temas relacionados con Ribeira.

-Helena Villar Janeiro, “Isorna honra a Rey Romero”, *El Correo Gallego*, 17 decembro 1998, p. 3.

Fala sobre o premio Rey Romero, instituído polos paisanos do poeta rianxeiro, quen para eles é un dos grandes poetas. Felicítase a iniciativa da parroquia de Isorna, berce do poeta, e alenta á xente para que continúe neste labor. Ó fío disto, volve a súa mirada ó norte do Ulla, a Dodro, onde tamén florece con grande vitalidade o premio Eusebio Lorenzo Baleirón. Nesta edición resultou gañador o poeta Modesto Fraga. As bases esixían a presentación de orixinais inferiores a cen versos, coa posibilidade de publicalos textos.

XIIº Premio de poesía “**Feliciano Rolán**”

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa dende 1986 e patrocínao o Concello da Guarda. Poden concorrer a el aqueles poetas que envíen como máximo dous orixinais en galego ou en castelán, cunha extensión máxima de 100 versos e mínima de 30, que remitirán, por quintuplicado e baixo plica, ó Apartado de Correos 69 (A Guarda), antes do 29 de xullo. Son tres os premios que se outorgan e están dotados con 30.000, 10.000 e 5.000 pts. e placa. O xurado está constituído por membros da asociación guardesa e persoas relacionadas co mundo das letras. Os premios son entregados nun acto poético que se celebra anualmente no Centro Cultural nas festas do Monte Santa Tegra, o día 4 de agosto. Os traballos premiados quedan en poder da Agrupación, podendo publicalos cando o consideren conveniente. En 1998 o primeiro premio recaeu na viguesa Ana María Oliveira con “Lucila no macrotempo”, o segundo premio concedéuselle a Juan Carlos González González por “La pradera ardiente” e o terceiro a Enma Pedreira Lombardía por “O silencio da casa en chamas”. O xurado estivo composto por Marisol Diz Amil, María Asunción Vázquez Vicente, José A. Pereiro Ramos e María Fernanda de Santiago Moure. O dictame fíxose público o día 28 de xullo.

Referencias varias:

-Vicente Rodríguez, “Ana María Oliveira gana el premio de poesía ‘Feliciano Rolán”, *Faro de Vigo*, 28 xullo 1998, p. 10.

Recóllense os nomes dos tres gañadores do XIIº Premio de Poesía Feliciano Rolán, a data de entrega dos galardóns e os nomes das persoas que formaron parte do xurado.

-Antón Ferreira, “Una viguesa gana el ‘XII premio de poesía Feliciano Rolán”, *Atlántico Diario*, 30 xullo 1998, p. 11.

Dánse os nomes dos gañadores e anúnciase o acto de entrega de premios para o día catro de agosto no transcurso dun festival poético.

-Antón Ferreira, “A Guarda entrega los premios de poesía ‘Feliciano Rolán”, *Atlántico Diario*, 4 agosto 1998, p. 15.

Dá conta do dictame do xurado e da composición do mesmo e informa sobre un festival poético en A Guarda, co gallo da entrega de ditos galardóns.

IIIº Premio de Poesía **Johan Carballeira**

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballeira. Pódese participar con traballos en galego normativo de máis de 400 versos. Deberán entregarse por cuadriplicado, e baixo lema, antes do día 12 de decembro no concello de Bueu. A extensión non superará os 400 versos. Presentaranse dúas copias a dobre espacio, e asinadas baixo seudónimo ou lema. As obras remitiranse á Casa do Concello, Eduardo Vicenti, s/n, 36.930 Bueu (Pontevedra). O premio está dotado con 125.000 pts. e a publicación da obra. O dictame desta terceira edición deuse a coñece-lo día 13 de decembro. A entrega do premio efectuouse como é tradicional en abril, coincidindo coa conmemoración da morte de Johan Carballeira. En 1998 resultou gañadora a poetisa coruñesa Enma Pedreira Lombardía pola obra *Diario bautismal dunha anarquista morta*. O xurado estivo composto por Miguel Anxo Fernán-Vello, Xela Arias, Teresa López e Salvador Rodríguez.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “El jurado fallará hoy el ‘IIIº Premio de Poesía Johan Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 12 decembro 1998, p. 20.

Anúnciase para o mesmo día a resolución do certame. O acto incluirá, ademais dunha disertación de Teresa López, a presentación da obra vencedora na edición anterior (*Vivimos no ciclo das erofanías*, de Iolanda Castaño) e a lectura dunha carta remitida por Carballeira a Blanco Torres e dun comunicado co que a asociación "Amigos de Johán Carballeira" dá a coñece-la súa intención de propó-la candidatura deste ilustre bueuense para o Día das Letras Galegas.

-Álvaro Agulla, "Promoven a solicitude de que se adique a Johan Carballeira o 'Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, 13 decembro 1998, p. 19.

Descríbese o acto no que se resolveu a terceira edición do premio e que valeu tamén para presenta-lo libro gañador do ano pasado: *Vivimos no ciclo das erofanías*, de Iolanda Castaño. O artigo céntrase na intervención do presidente da asociación "Amigos de Carballeira", o cal lembrou a iniciativa de dedicarlle ó ex-alcalde Carballeira un monumento e chamou á unión de todos para reivindicar para el un Día das Letras Galegas no próximo lustro, mais non pola súa actividade poética senón pola xornalística.

-Gonzalo Martínez, "Unha obra da moza coruñesa Enma Pedreira gaña o IIIº Premio de Poesía 'Johan Carballeira", *Faro de Vigo*, 13 decembro 1998, p. 18.

Recóllense as primeiras impresións da galardoada tras coñece-la concesión do premio. Manifesta a súa sorpresa, define a súa poética e explica a razón de escribir en galego. Tamén se comenta que é a responsable do colectivo poético "Milladoiro". Cítase, ademais, a opinión de Fernán-Vello sobre a obra de Pedreira.

-A. F., “Enma Pedreira, IIIº Premio de Poesía ‘Johán Carballeira”, *A Comarca do Morrazo*, nº 57, 16 decembro 1998, p. 33.

Nota en que se dá conta da resolución, lida por Fernán-Vello, que lle concedeu o premio a Enma Pedreira. Explícase que a razón da existencia do certame é honra-la memoria de Johan Carballeira e recóllense as declaracións do alcalde de Bueu, Xosé Novas, e do presidente da Asociación Amigos de Carballeira, Manuel Fazáns. O primeiro expresou a súa satisfacción pola creación deste premio e o segundo indicou que intentarían que se lle dedicase ó ex-alcalde Carballeira o Día das Letras Galegas.

VIIº Premio " **Martín Codax**"

Convoca este premio dende 1992 Bodegas Vilariño-Cambados, e patrocínao o Concello de Vigo en colaboración coas tres universidades galegas, a Xunta de Galicia e a Editorial Galaxia. Estivo dotado con 1.000.000 pts. Os orixinais teñen que enviarse por cuadruplicado, cunha extensión mínima de 500 versos, á sede da Editorial Galaxia (Reconquista 1. 36201. Vigo), antes do 17 de abril, e o dictame ten lugar nos primeiros días de maio. O xurado presidido por Francisco Fernández del Riego e composto por Román Raña, Xosé María Dobarro, Anxo Tarrío e Xerino Calvo Manquieira decidiu concederlle o premio a Marta Dacosta pola obra *Setembro*. Resultaron finalistas os poemarios *Agra da Brea* e *Teoría do lugar*. O acto de entrega tivo lugar o día 11 de xuño nun acto celebrado no Pazo Quiñones de León, en Vigo. Concorreron a esta edición corenta participantes.

Referencias varias:

-D. P., "Convocado el Premio de Poesía 'Martín Codax", *Diario de Pontevedra*, 1 abril 1998, p. 10.

Noticia sobre a convocatoria do VIIº Premio de Poesía Martín Codax. Ofrécense as bases que a rexen e as datas de admisión de orixinais.

-Rosé Carrera, “Marta Dacosta, primeira muller que consegue o Premio Martín Codax de Poesía”, *Atlántico Diario*, 12 xuño 1998, p. 11.

Dáse conta da concesión do Premio Martín Codax de Poesía á poetisa viguesa Marta Dacosta polo seu poemario *Setembro*, do que o xurado salientou o seu intimismo e sensibilidade feminima.

-Ignacio Chao, “Pasaxeiros da lírica”, *La Voz de Galicia*, 12 xuño 1998, p. 29.

Reflexiónase acerca da importancia dos premios literarios para dar a coñece-los autores e destácase a importancia acadada polo Martín Codax, entre os certames importantes de poesía en Galicia.

-Francisco J. Gil, “La escritora viguesa Marta Dacosta gana el VII Premio Martín Codax de Poesía”, *Faro de Vigo*, 12 xuño 1998, p. 53.

Infórmase da entrega do VIIº Premio Martín Codax de Poesía á escritora viguesa Marta Dacosta, pola súa obra *Setembro*. A entrega do premio tivo lugar durante unha velada literaria e musical celebrada en Vigo.

-Carmen Parada, “El premio Martín Codax, para una poetisa de la generación de los 90”, *La Voz de Galicia*, 12 xuño 1998, p. 29.

Infórmase da concesión do VIIº Premio Martín Codax de poesía á poetisa Marta Dacosta Alonso, coa obra *Setembro*, seleccionada polo xurado entre un total de corenta obras.

VIIIº Premio de Poesía en Lingua Galega "**Miguel González Garcés**"

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos orixinais e inéditos, terán unha extensión non inferior ós 300 versos e teñen que presentarse, por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n), antes do 25 de abril, e a resolución emitirase no primeiro semestre do ano. O xurado estará presidido polo Presidente da Deputación, actuará como secretario o da corporación e os restantes membros serán nomeados entre persoas de recoñecido prestixio, polo Presidente da Deputación, previo informe do xefe de servicio de Fomento. Nesta ocasión o xurado estivo composto polo propio Lendoiro, Salvador García Bodaño, Ramiro Fonte e Ánxeles Pena. A Deputación poderá publicar unha primeira edición da obra premiada sen dereitos para o autor, que recibirá 30 exemplares. O premio está dotado dun millón de pts. No 1998 o poeta e periodista Manuel Álvarez Torneiro foi o gañador coa obra *Luz de facer memoria*. O xurado tamén concedeu un accésit ó libro *Xeografías do sal* do poeta Ramón Caride Ogando.

Referencias varias:

-AGN, "Convocados los premios Miguel González Garcés y Rafael Dieste", *Atlántico Diario*, 25 xaneiro 1998, p. 43.

Sucinta información sobre as bases dos Premios Miguel González Garcés, de poesía, e Rafael Dieste, de teatro, ámbolos dous convocados pola deputación coruñesa.

-E. P., “A Deputación da Coruña convoca os premios ‘González Garcés’ de poesía e ‘Rafael Dieste’ de teatro”/“Convocados os premios ‘González Garcés’ e ‘Rafael Dieste”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 25 xaneiro 1998, p. 16/p. 53.

Informa da convocatoria correspondente ó ano 1998 e do prazo de presentación de solicitudes dos Premios Miguel González Garcés de poesía, e Rafael Dieste de teatro.

-Salvador García-Bodaño, “Benedetti e outras voces”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 24 maio 1998, p. 3.

Describe os actos literarios celebrados con motivo do Premio Miguel González Garcés. Sinala que se presentaron os libros galardoados na pasada edición, e indica a data na que o xurado dará a resolución da presente edición do premio.

-E. Álvarez, “Presentados os libros de Fonte e Estévez galardoados co ‘González Garcés’ do ano 1997”, *El Correo Gallego*, 28 maio 1998, p. 17.

Infórmase do acto de presentación dos libros galardoados na edición de 1997, así como da data do veredicto do xurado da presente edición.

-A. C. M., “Manuel Álvarez Torneiro gaña o ‘González Garcés ”, *El Mundo. Galicia*, 31 maio 1998, p. 7.

Anúnciase que a obra *Luz de facer memoria*, de Manuel Álvarez Torneiro, resultou gañadora da VIIIª edición do Premio Miguel González Garcés. Recóllense algunhas opinións do galardoado sobre a súa obra e faise un percorrido pola súa traxectoria literaria.

-D. Janeiro, “Manuel Torneiro obtén o González Garcés de poesía”/“Álvarez Torneiro resultou galardoado coa VIII edición do Premio Miguel González Garcés de Poesía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”, 31 maio 1998, p. 55/p. 15.

Con ocasión da concesión deste premio a Álvarez Torneiro, pola súa obra *Luz de facer memoria*, reflexiona este sobre o papel que a memoria xoga na súa concepción do traballo poético, sobre o momento actual da nosa literatura, do que salienta a aparición de novos creadores, e sobre o volume de publicacións existente hoxe en Galicia. A seguir, ofrécese unha traxectoria da obra do coruñés, indícase que lle foi concedido o accésit do premio a Caride Ogando por *Xeografías do sal* e inclúese a composición do xurado.

-Carme Vidal, “Manuel Álvarez Torneiro ‘O poeta cumpre un papel que ninguén asume, o da comunicación”, *A Nosa Terra*, nº 833, “Guieiro Cultural”, 4 xuño 1998, p. 20.

Artigo no que agroma a figura de Miguel Álvarez Torneiro dende varias perspectivas, tecendo unha achega a algunha das características máis salientables da súa poesía, e no que o propio escritor recorda as súas vivencias en tempos pasados xunto a figuras como González Garcés ou Avilés de Taramancos.

Reflíctense, ademais, algunhas opinións de Álvarez Torneiro quen afirma non entender “a desmesura da crítica” e reflexiona sobre a función da poesía neste tempo.

VIIIº Premio de Poesía **“O Poeta azul”**

Convocado, dende 1990, pola Sociedad Artística Ferrolana para homenaxea-la figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, cualificado por Ramón Otero Pedrayo como “o poeta azul”. Prémianse aqueles poemas (3 como máximo) escritos en galego, firmados con nome, apelidos, enderezo, teléfono e aqueles datos que o autor considere convenientes. Os orixinais teñen que enviarse a SAF (Apdo. Correos 339. 15480 Ferrol) antes do 30 de xuño. O galardón consiste nunha placa, diploma e publicación na revista *Poesía Galicia.* A resolución do xurado darase nun recital poético que será anunciado oportunamente. En 1998, o gañador foi Xurxo Alonso pola súa obra poética *Francisc Drake*.

XIIº Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega **“Rosalía de Castro”**

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá para premiar un poema ou un poemario de temática común. Compostos por un máximo de cen versos e un mínimo de trinta, admitiranse conxuntos de poemas de temática común. Son tres as categorías que se convocan, e están dotadas con 120.000, 60.000 e 40.000 pts. Os orixinais teñen que ser enviados por triplicado nun sobre sen remite e sen indicación ningunha referente á personalidade do autor, á Asociación en Cornellá (Barcelona), Rúa Federico Soler 71. Noutro sobre pecho figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo constará o nome, enderezo do autor, número de D.N.I, e teléfono. Os premios fallaranse nas xornadas culturais a celebrar en Outono de 1998. Para maior información, chamar ó teléfono (93) 375 11 03. Nesta edición o primeiro premio foi para Xoán Neira López polo poema “Os nenos da froita do tempo”, dotado de 120.000 pts., o segundo premio foi para Modesto Fraga polo seu poema “Cando alumea a sombra”, dotado de 60.000 pts. e O terceiro premio, dotado de 40.000 pts. foi para Rexina Rodríguez Vega polo seu poema “Contra o vendaval”. Así mesmo o xurado fixo Mención Especial ós poemas “Xunto ó lindo do Camiño”, de Cecilio Lago González e “Cando o silencio fala de amor”, de Roberto Traba Velay. O dictame do xurado tivo lugar o 28 de novembro.

Referencias varias:

-G. M., “La asociación de Cornellá convoca en XII Concurso de Poesía ‘Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 287, “Comunidades Galegas”, 28 setembro-4 outubro 1998, p. 27.

Informa das bases do Premio de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro, convocado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona), na súa duodécima edición. Así mesmo, recórdase que o requisito principal é que os poemas estean escritos en galego e que teñan entre trinta e cen versos como máximo. Por último, dá conta das datas de elección do xurado e da resolución do mesmo.

-Antonio Díaz, “As Xornadas Culturais da ‘Rosalía de Castro’, adicadas a García Lorca”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 293, 9-15 outubro 1998, p. 21.

Dá conta dun acto celebrado con motivo da entrega do Premio de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro, convocado pola Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona). Entre outros acontecementos, celebrouse unha conferencia-coloquio na que interviron os profesores Ramón López e Paco Hidalgo, que renderon unha homenaxe ó granadino Federico García Lorca, no centenario do seu nacemento. Informa da súa vinculación con Galicia, das súas colaboracións na revista *Letras* de Granada, da publicación do libro *Impresiones y Paisajes* (1918). A continuación, debateron sobre a autoría dos *Seis poemas galegos*. O acto rematou cun recital dos seis poemas, con música de Carlos Núñez e coa colaboración de Miriam López e Gisela López.

-Antonio Díaz, “Xoán Neira López gañou o certame de poesía ‘Rosalía de Castro’ de Cornellá”, *Galicia en el Mundo*, Ano VI, nº 297, 7-13 decembro 1998, p. 22.

Informa dos galardoados na duodécima edición do Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro, convocado pola asociación que leva o mesmo nome e que dirixe Manuel López López. O primeiro premio foi para Xoán Neira López, natural de Viveiro, polo poema titulado “Os nenos da froita do tempo”; o segundo premio foi para Modesto Fraga, de Fisterra, por “Cando alumea a sombra” e o terceiro obtívoo a profesora catalana Rexina Rodríguez Vega por “Contra o vendaval”. A continuación, cita os membros do xurado e remata cunha breve alusión a un certame de debuxo no que participaron os nenos e nenas da cidade.

IIº Certame Poético **“Xohán de Requeixo”**

Organizado polo Círculo Recreativo Cultural de Chantada. Prémianse tres poemas de tema e métrica libres escritos en galego. Haberá dous premios cunha dotación de 25.000 e 10.000 pts., respectivamente. Os traballos deben entregarse no Círculo Recreativo de Chantada, praza do Bon Xesús, número 5, 27500 Chantada. En 1998 resultou gañador Manuel Riveiro Loureiro con *Ermua*. A mención especial foi para Dolores Fernández López por *Os meus soños*. A entrega de premios tivo lugar no transcurso da Festa da Poesía que se celebrou o día 17 de maio.

X. Premios

X. 3. Teatro

X. 3. Teatro

Premios **“María Casares”**

Premio creado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia en colaboración co Concello da Coruña. Os galardóns serán entregados o 30 de marzo nunha gala que se celebrará no teatro Rosalía de Castro. Selecciónanse tres finalistas para cada unha das doce modalidades: mellores actor e actriz protagonistas; mellores actor e actriz secundarios; mellor director; texto, adaptación e tradución; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestiario e maquillaxe. Haberá tamén un premio especial que leva o nome da actriz Marisa Soto. Os socios da agrupación emiten o seu voto por correo e en segredo; contémplase tamén unha mención especial co nome da actriz coruñesa que elixirá a xunta da asociación. Nun acto celebrado na Coruña o 31 de marzo de 1998 foron concedidos os galardóns por un xurado composto por Camilo Franco, Antón Lama Pereira, Luciano Fernández, Gonzalo Uriarte e Francisco Taxes que elixen a tres finalistas por categoría:

Mellor montaxe: *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño. Mellor director: Cándido Pazó, por *Nano*. Mellor actor e actriz protagonista: Xosé A. Porto, “Josito”, por *Nano* e Mercedes Castro, por *Para o leste de Gantry.* Mellor actor e actriz secundario: Evaristo Calvo por *Anxeliños* e Belén Costenla por *Unha rosa é unha rosa*.

Mellor texto orixinal: *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño. Mellor música: Banda da Nasa, por *Órbita Mutante*. Mellor escenografía: Baltasar Patiño, por *Negro sobre negro*. Mellor maquillaxe: Carmela Montero, por *Unha rosa é unha rosa*. Mellor vestiario Isabel Vázquez Botana, por *O Barbeiro de Sevilla*. Mellor iluminación: Baltasar Patiño, por *Negro sobre negro*. Premio especial Marisa Soto: Manuel Lourenzo.

Referencias varias:

S. C., “Convocada a nova edición dos premios ‘María Casares”, *O Correo Galego*, 23 xaneiro 1998, 34.

En tres breves parágrafos dáse conta da organización do acto de entrega destes premios, dos distintos apartados nos que concorren os candidatos e da composición e criterios do xurado cualificador.

-Salvador Rodríguez, “E os gañadores serán ...”, *Faro de Vigo*, “Faro de ocio”, 27 febreiro 1998, p. 3.

Tras dunha pequena introducción acerca da historia destes premios, aparece un amplo resumo do acto de entrega a celebrar na Coruña, coa lista completa dos nominados nas distintas categorías. Nun bloque á parte, “Favoritos e favoritas”, prognostícase a posible victoria en varios apartados das produccións

“Fábula” e “Anxeliños”. Aparece tamén un comentario crítico titulado “Resistir, resistir e resistir”. Nel laméntase a actitude das institucións públicas de Galicia co seu teatro, nun momento no que o recoñecemento da calidade dos seus profesionais está sendo aproveitado polo cine español.

AGN, “El director teatral Manuel Lourenzo recibirá el premio ‘Marisa Soto”, *El Progreso*, 13 marzo 1998.

75.

Destaca o autor a figura de Manuel Lourenzo nestes premios a entregar na Coruña. Informa, ademais, das modalidades nas que compiten os nominados e especifica, a continuación, os nomes daqueles e daquelas que loitan polos galardóns máis importantes.

S. R. P., “O Premio María Casares cita na Coruña ó teatro galego”, *La Voz de Galicia*, 13 marzo 1998,

82.

Recóllense aquí as opinións vertidas na presentación en rolda de prensa do acto de entrega destes premios teatrais. O concelleiro de Cultura da Coruña pensa que estes galardóns reflicten o momento de expansión que está a cambia-lo teatro galego. Pola súa parte, Xabier Estévez, presidente da Asociación de Actores, loa na súa intervención a figura de María Casares. Antonio Simón, director da gala, cualifica a súa proposta para o acto de “sinxela e divertida”. Por último, o secretario do xurado, Lino Braxe, explica o método empregado para as nominacións. Faise referencia, tamén, á concesión do premio de honra ó autor, actor e director Manuel Lourenzo.

-Lucía L. Freire, “Anxeliños’ se lleva el ‘María Casares’ al mejor espectáculo de teatro gallego”, *El Ideal Gallego,* 31 marzo 1998, p. 18.

Manuel Lourenzo e o espectáculo *Anxeliños* acaparan os titulares desta noticia. Logo dunha introducción sobre a organización do acto, veñen dous epígrafes, “Musica e ironía” e “Críticas”, onde se consignan as actuacións que serviron de entretemento na velada e as críticas vertidas por Manuel Lourenzo contra o conselleiro de Cultura. Nun cadro distinto, “Valle Inclán y el uso del gallego”, tamén se fala destas críticas, así como das de Manuel Rivas, as deste referidas á cuestión de Valle Inclán e o galego. Hai aínda outro cadro reservado para a lista dos galardoados nas categorías propostas.

-Rodri García, “Valle Inclán estuvo na gala”, *La Voz de Galicia*, 31 marzo 1998, p. 73.

A polémica sobre a representación de Valle en castelán polo CDG centra esta crónica da entrega dos Premios María Casares. Segue paso a paso os movementos e as palabras de Manuel Lourenzo na gala, crítico coa postura do CDG. Engade, a seguir, as palabras de censura ó citado espectáculo de Manuel Rivas, Vidal Bolaño e Candido Pazó. Nun apartado á marxe, recolle literalmente unha boa parte das palabras pronunciadas por Lourenzo ó recolle-lo premio de honra que lle outorgaron nesta edición. Manuel Lourenzo proponlle ó seu auditorio unha actitude de valentía respecto ó uso público da lingua galega, aproveitando o escenario do antigo Teatro Principal da Coruña, onde comezara a representarse en galego neste século.

-Carlos Crespo, “Anxeliños’, ‘Nano’ y Valle Inclán, triunfadores de los María Casares”, *Faro de Vigo,* 1 abril 1998, p. 44.

Nesta noticia ofrécese a lista dos premios outorgados e saliéntase a protesta do teatro galego contra o CDG. Afírmase que as dúas cuestións pendentes da noite eran saber se *Anxeliños* sería o gran triunfador e a quén lle tocaría a abrir fogo contra o CDG. Respecto de *Anxeliños*, valórase a concesión do premio ó mellor espectáculo como signo de victoria. A continuación, recóllense anacos das intervencións de Manuel Rivas, Roberto Vidal Bolaño e Manuel Lourenzo sobre a polémica representación dos textos de Valle en español.

-Carme Vidal, "Valle Inclán protagoniza a entrega dos prémios *Maria Casares*", *A Nosa Terra*, nº 824, "Guieiro Cultural", 2 abril 1998, p. 27.

Volve este artigo sobre o tema de Valle e o galego. Na primeira parte fala das distintas posturas que se viron na noite dos premios, a dos que empuñaron a bandeira contra o CDG e a dos que quedaron á marxe, non apareceron ou non se pronunciaron sobre o tema. Na segunda, "Lourenzo honrou o prémio", desenvolve as palabras do dramaturgo do Valadouro na recepción do seu premio. Conta, tamén, como tratou a TVG a intervención deste autor. Apunta, ademais, as consideracións que fai a Mesa pola Normalización Lingüística respecto desta polémica.

-J. B. Salgueiro, "Os Oscars do Noroeste", *Faro de Vigo,* "*El Sábado*", nº 51, 4 abril 1998, pp. 4-5.

Salgueiro resume a noite dos premios nas persoas de Vidal Bolaño, Cándido Pazó, Josito Porto e Mercedes Castro, ós que cualifica como grandes triunfadores. Dedícalles un breve apartado a cada un. De Vidal Bolaño recolle as palabras nas que o autor galego se congratula polo seu primeiro premio como director. Xosé Antón Porto fala sobre o seu espectáculo *Nano*, os problemas que lle causou e a sorte que

tivo. Pazó móstrase humilde e escéptico cos premios e Mercedes Castro moi sorprendida ó recibi-lo premio á mellor actriz principal. Sobre a actualidade do teatro galego, Bolaño pensa que nunca estivo mellor do que está hoxe e Mercedes Castro di que ser carne de teatro é "malvivir descaradamente". Para Pazó o gran problema do teatro en Galicia é a falta de circuítos estables e pon como exemplo o caso da cidade de Vigo. Xosé Antón Porto cre que no asunto de Valle Inclán o que se puxo de manifesto foi a división que hai entre os profesionais do teatro galego.

-Raquel Feijoó, "O premio María Casares viaxa' ate Ourense", *La Región*, 19 abril 1998, p. 19.

Belén Constenla, gañadora do María Casares á mellor actriz secundaria, é entrevistada nesta páxina onde responde a cuestións sobre o seu traballo e a categoría do premio. Di que se encontra feliz cun galardón que non esperaba, especialmente por ser un recoñecemento outorgado polos compañeiros de profesión. Opina que estes premios son como uns Oscars galegos e que serven de promoción. Valora o seu éxito persoal como un alento para seguir adiante.

VIIIº Premio " **Rafael Dieste**"

Convocado dende o ano 1991 pola Deputación da Coruña, en homenaxe a Rafael Dieste. Os orixinais, de temática e extensión libre, aínda que tendo en conta as posibilidades de representación, teñen que enviarse por triplicado, macanografados a dobre espacio, grampados ou encadernados, antes do 31 de marzo á Deputación da Coruña, rúa Alférez Provisional, sen número. A temática e a extensión serán libres. Un dos obxectivos deste concurso é a posta en escena da obra premiada, polo que o xurado valorará positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica. O xurado, presidido polo titular da Deputación da Coruña e coordinado por Manuel Lourenzo, estará constituído polo secretario da Institución convocante (con voz pero sen voto) e por varios membros nomeados entre persoas de recoñecido prestixio polo presidente da Deputación, previo informe do xefe de Servicio de Fomento. No 1998**,** cunha dotación de

1.000.000 de pts., a publicación da obra na colección Teatro Rafael Dieste, que edita a Deputación, e mesmo a posibilidade de contratar unha Compañía para a súa representación, foi galardoado Miguel Sande pola obra *Ninguén chorou por nós*. O xurado integrárono Augusto César Lendoiro, Roberto González Santos, Ángel Abuín Iglesias, Camilo Franco Iglesias, Francisco Pillado Mayor, Roberto Vidal Bolaño e Dolores Vilavedra Fernández. O dictame fíxose público o día 14 de outubro de 1998.

Referencias varias:

-AGN, “Convocados los premios Miguel González Garcés y Rafael Dieste”, *Atlántico Diario*, 25 xaneiro 1998, p. 43.

Ver Premio Miguel González Garcés, nestas páxinas.

-E. P., “A Deputación da Coruña convoca os premios ‘González Garcés’ de poesía e ‘Rafael Dieste’ de teatro”/“Convocados os premios ‘González Garcés’ e ‘Rafael Dieste”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 25 xaneiro 1998, p. 16/p. 53.
Informa da convocatoria correspondente ó ano 1998 e do prazo de presentación de solicicitudes dos premios Miguel González Garcés e Rafael Dieste de teatro.

-E. Álvarez, “Els Comediants’ e a estrea de ‘Doentes’ de Vidal Bolano asistirán ós actos do fallo do ‘Rafael Dieste’, o día 13 de outubro”, *El Correo Gallego*, 30 setembro 1998, p. 76.

Anúncianse as actividades complementarias do Premio Rafael Dieste, convocado pola Deputación da Coruña, co gallo da próxima resolución do xurado.

-Luis Pousa, “La Diputación rinde homenaje esta semana al dramaturgo Rafael Dieste”, *El Ideal Gallego*, 13 outubro 1998, p. 26.

Informa, brevemente, dos actos que se celebraron en Ourense, no marco da semana dedicada a homenaxear ó escritor rianxeiro, Rafael Dieste.

-AGN, “Miguel Sande gana el ‘Rafael Dieste’ de teatro con ‘Ninguén chorou por nós”, *El Progreso*, 15 outubro 1998, p. 77.

Tras falar da concesión do premio a Sande, cítase a opinión de Camilo Franco sobre a obra. Repásase a historia persoal e literaria do autor afincado en Viveiro e, por último, entresácanse afirmacións deste sobre os temas e o carácter de vangarda que presenta a peza.

-Albino Mallo, “Miguel Sande faise coa 8ª edición do Premio Rafael Dieste de teatro”, *El Correo Gallego*, 15 outubro 1998, p. 76.

Ninguén chorou por nós, obra gañadora deste premio de teatro, segundo confesa o seu autor, foi concebida sen saber que ía ser representada, polo que case carece de elementos de escenario. Non ten tampouco diálogo, só un pequeno monólogo ó final e ruídos no resto. Respecto disto, Camilo Franco, voceiro do xurado, afirma que se trata dunha obra “sorprendente”, sen ningunha indicación escenográfica.

-Beatriz Pallas, “Hai que contar os temas de sempre de maneira distinta”, *La Voz de Galicia*, 15 outubro 1998, p. 35.

Beatriz Pallas conversa con Miguel Sande sobre os aspectos vangardistas de *Ninguén chorou por nós*. O autor coruñés cre que a forma da súa obra se adapta ó que quere expresar, a soidade radical, e que para contar algo tan vello necesitaba facelo dunha maneira distinta. A obra de Sande a penas ten palabras.

-Luis Pousa, “Miguel Sande obtiene el premio Rafael Dieste con ‘Ninguén chorou por nós”, *El Ideal Gallego*, 15 outubro 1998, p. 48.

Saliéntase neste artigo a opinión de Camilo Franco sobre a obra de Sande. Franco di que nela se premiou a capacidade lírica e de comunicación que posúe. No apartado “Literatura y periodismo” resúmese a traxectoria literaria e periodística do autor. Sande cualifica esta obra como unha denuncia da soidade e o individualismo. No titulado “Desierto” explica como xurdiron os antecedentes de *Ninguén chorou por nós* a partir doutro libro que trataba sobre a súa experiencia no Sáhara.

IXº Certame **Xuventude 98**

Convócao a Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Diríxese a grupos non profesionais compostos por rapazas e rapaces galegos ou residentes en Galicia que se inclúan dentro dalgunha destas categorías: Categoría A. Grupos de teatro independentes, compostos por persoas non maiores de 30 anos; Categoría B. Grupos de teatro que se constitúan nos distintos Centros de Ensino Primario e que agrupen rapaces e rapazas menores de 12 anos; Categoría C. Grupos de teatro que se constitúan nos distintos Centros de Ensino Primario e Secundario, Institutos de Bacharelato e Centros de Formación que agrupen a persoas de 12 a 30 anos. Na categoría A resultou gañador o grupo Estudio de Artes Escénicas de Ourense, coa obra *Diatriba de amor contra un hombre sentado*. O segundo premio foi para Teatro da Bufarda (A Coruña), por *O xardín das pernas roubadas* (tamén acadou o premio á mellor obra en galego). O terceiro conseguiuno o grupo O que ti queiras (Ferrol); o cuarto, Maltés (Narón), e o quinto, o grupo de centro cultural Valladares (Vigo). Recibiu diploma acreditativo da súa participación, entre outros, o grupo Nova Herba, do Sagrado Corazón. Na categoría B o primeiro premio correspondeu ó grupo co CEIP Os Tilos (Teo), por *Medida polo seu raseiro*. O segundo foi para o CEIP Canicouba de Vigo, por *A raíña de Turnedó*; o terceiro, para o CEIP de Chao-Cabreiros (Lugo), por *De casamento nin me fales* (tamén conseguiu o premio á mellor obra en galego); o cuarto, para o

colexio San Jorge (Santiago); o quinto, para o CEIP número 1 de Foz, por *A Estatua*, e o sexto, para o CEIP de Os Tilos (A Coruña). Na categoría C recibiu o primeiro premio o grupo Sardiña, de Elviña (A Coruña). O segundo gañouno Trangallada (Nigrán) por *Lupa, Marisita, O drágón e outra xente do libredó*; o terceiro, o grupo do Instituto Santo Tomé de Vigo; o cuarto, o obradoiro de Caranza (Ferrol) (tamén obtivo o premio á mellor obra en galego), o quinto, o colexio Abrente (Portonovo), e o sexto, A Segorella (Tui). Reciben nesta categoría unha axuda o IES de Vilalba e o CEIP A Insua Bermúdez, O Dr López Suárez (Escairón) e o IES de Alfoz. Nesta ocasión resultou gañadora do primeiro premio no apartado de teatro Universitario A Aula de teatro do Campus de Lugo coa obra *Ramo cativo*. O galardón está dotado de 250.000 pts. e un diploma. Ademais recibiron unha axuda de 50.000 pts. e outras 50.000 por distintos conceptos e 150.000 para organizar unha representación. Por outra parte, recibiron tamén o premio especial á mellor obra feita en galego, dotado con 100.000 pts. O segundo premio foi para o grupo da escola universitaria de Ourense, pola súa obra *No tempo do crepúsculo*. O terceiro premio foi para o grupo de teatro universitario Hac Luce; o cuarto para o grupo Comité pro-autores perseguidos e inglés, da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, e o quinto para Apeirón, do mesmo centro.

Referencias varias:

-R. F., “El Estudio Artes Escénicas gana el ‘IXº Certame Galego de Teatro”, *La Región*, 30 outubro 1998, p. 12.

Dá noticia da resolución na categoría A do certame de teatro, organizado polas Consellerías de Familia e Cultura. O premio foi para a compañía ourensá Estudio de Artes Escénicas. Alejandra Rodríguez recolleu o galardón pola obra *Diatriba de amor contra un hombre sentado*, na que ela fixo de intérprete. A peza duraba hora e media e estaba feita a partir dun monólogo de Gabriel García Márquez.

X. Premios

X. 4. Investigación

X. 4. Investigación

XIIº Premio Literario **“Ánxel Fole”**

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987, para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Os orixinais deben ter unha extensión máxima de 100 folios, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ó Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ó xornal *El Progreso*, antes do 31 de marzo. A resolución do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. No ano 98 estivo dedicado a enxalza-la figura de Manuel Leiras Pulpeiro. Dotado con 1.000.000 de pts. e a publicación da obra, mereceu este galardón Ramón Reimunde Noreña polo seu traballo *A esencia popular na obra e na lingua de Manuel Leiras Pulpeiro*. O xurado estivo formado por Xosé de Cora Paradela (director de *El Progreso*), Manuel María Fernández Teixeiro, X. Alonso Montero e Ramón Soilán Penas, que actuou como secretario. Os organizadores anuncian que a vindeira edición xirará ó redor do escritor Evaristo Correa Calderón.

Referencias varias:

-Pilar García Cheda, “Os gañadores do ‘Ánxel Fole’ piden a edición da obra de Crecente Vega”, *El Progreso*, 29 xaneiro 1998, p. 69.

Informa da presentación do libro, galardoado na edición anterior co premio literario Ánxel Fole. Trátase da obra de Ricardo Polín e Luz María Durán, *A poesía de Codeseira* (1997). Afirma que, durante a celebración do acto de presentación, os autores da obra aproveitaron a ocasión para reivindica-la recuperación e publicación da obra do poeta chairego Xosé Crecente Vega, así como o traslado dos seus restos mortais dende Segovia á súa terra natal.

-D. Janeiro, “Pulpeiro, valente e silenciado”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 maio 1998, p. 39.

Recolle as palabras do gañador do Premio Ánxel Fole, Ramón Reimúndez ó falar da figura de Manuel Leiras Pulpeiro. Nelas comenta a posición anticlerical deste escritor, a súa relación coa Igrexa e o descoñecemento da súa figura, a pesar da difusión dos seus libros no 1983, cando lle dedicaron o Día das Letras Galegas. Tamén cualifica o seu traballo de grande interese lingüístico por transcribir mimeticamente o que escoitaba. Informa que a obra de Reimúndez está composta por cento cincuenta refráns, noventa ditos, vintecinco cantares e un vocabulario específico realizado por este autor. Ademais di que este volume se titula *A esencia popular na obra e na língua de Manuel Leiras Pulpeiro* no que se inclúen textos inéditos de poesía, contos e unha carta en galego publicada no xornal *O Tío Marcos da Portela*.

Iº Premio **Dámaso Alonso** de Investigación

Convocado pola Universidade de Santiago, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz. O propósito é dar a coñece-la obra filolóxica feita entre xoves investigadores. O galardón leva o nome de Dámaso Alonso con motivo do centenario do seu nacemento, e versará sobre algún dos campos que cultivou o intelectual. O certame está dotado cun millón de pts. e a edición da obra. Poderán optar ó premio filólogos menores de 30 anos antes de que remate o prazo de orixinais o 30 de abril de 1999. Os traballos poden estar redactados en galego ou en castelán e deberán ser inéditos, cunha extensión de 150 a 250 follas en formato DIN-A-4. Deben de enviarse ó Rexistro da Universidade de Santiago (Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago).

Xº Premio **“Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio”**

Convócao, dende 1989, o Departamento de Filoloxía Galega e patrocínao o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Filoloxía, para potencia-la investigación lingüística e literaria entre os universitarios. Céntrase cada ano na figura homenaxeada o Día das Letras Galegas ou na xeración, movemento artístico, etc. ó que pertence. No 1998 dedicouse a Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas. A dotación económica é de 125.000 pts. para o primeiro premio, 75.000 para o segundo e 50.000 para o terceiro. O xurado estivo composto nesta ocasión por Xesús Alonso Montero (presidente), Xosé Luis Couceiro Pérez, Henrique Monteagudo Romero, Manuel Ferreiro Fernández e Bieito Arias Freixedo. Este xurado resolveu deixar deserto o primeiro premio e concederlle o segundo ó traballo *Eros nas ondas*, de Mónica Góñez Silva. O terceiro premio foi para *Os ecos de Meendinho na poesía trobadoresca*, de Lucía Durán Paredes.

Referencias varias:

-C. d. U., “Premio 17 de Maio”, *O Correo Galego*, “Correo da Universidade”, 2 decembro 1998, p. 3.

Recóllese a resolución dada polo xurado do Premio de Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio no que se declarou deserto o primeiro premio. Dánse os nomes e os títulos vencedores do segundo e

terceiro premio e infórmase da celebración, no mes de novembro, do congreso “As linguas no individuo e na sociedade”.

Iº Premio **“Espiral Maior”** de Ensaio

Creado pola editorial coruñesa Espiral Maior e convocado en colaboración con Galigraf Galicia, co obxecto de amplia-lo espectro da creación ensaística en Galicia e atender á necesaria promoción dun xénero de brillante tradición literaria. Nesta primeira edición, dotada con 500.000 pts. e a publicación da obra gañadora na colección de ensaio da editorial convocante, resultaron gañadores *ex-aequo* Miguel Mato Fondo polo traballo *A escrita da terra* e Xosé Manuel Domínguez Prieto por *Alén da líbido. Do sexo á sexualidade*. O xurado estivo composto por Henrique Rabuñal, Carlos Diaz Martínez e Miguel Anxo Fernán-Vello.

Referencias varias:

-A Rodríguez, “Entre o sexo e a terra”/“Mato Fondo e Xosé Manuel Domínguez comparten o I Espiral Maior de Ensaio”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 setembro 1998, p. 45/p. 12.

Noticia do dictame do premio que lle correspondeu *ex aequo* ás obras *A escrita da terra*, de Miguel Mato Fondo, e *Alén da líbido. Do sexo á sexualidade*, de Xosé Manuel Domínguez. Así mesmo, dá conta da composición do xurado e do seu obxectivo de amplia-lo espectro ensaístico en Galicia. Tamén recolle as visións que os propios autores dan dos libros premiados.

IIº Certame Galego de Ensaio “ **Xuventude 98”** Martín Codax, Mendinho e Johán de Cangas

Convocado pola Consellería de Familia, Emprego, Muller e Xuventude. Destinado a mozos e rapaces galegos ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, establecéndose as seguintes categorías de idade: Categoría A de 14 ata os 17 anos e Categoría B dos 18 ós 30 anos. Os concursantes remitirán os seus traballos sen consignar datos persoais, identificándoos cun lema. O lema repetirase no exterior dun sobre pechado dentro do que figurarán os datos persoais do concursante, xunto cunha fotocopia do DNI. Os participantes remitirán os orixinais e o sobre pechado ó Servicio de Xuventude da Delegación da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que teña establecida a súa residencia habitual, instituto ou asociación xuvenil no caso de grupos podendo ser: Ronda da Muralla, 70-27003 Lugo; Avda. da Habana, 81-baixo 32004 Ourense; Rúa Durán Lóriga, 9-1º 15003 A Coruña; Rúa Mª Berdiales 20-entreplanta 36203 Vigo, indicando no sobre “Para o Certame de Ensaio Martín Codax, Mendinho e Johan de Cangas”, ata o 30 de xuño de 1998. A decisión do xurado terá lugar no mes de novembro na cidade de Lugo. Os traballos deben ser en galego, individuais ou en grupos de mozos de asociacións xuvenís, culturais ou de alumnos de BUP, COU, FP e da universidade (40 xoves como máximo por grupo), sobre Martín Codax, Mendinho e Johán de Cangas. Establécense os seguintes premios: na categoría A concédense tres: o primeiro cunha dotación de 100.000 pts. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de

libros galegos; o segundo de 50.000 pts. en métálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos; e un terceiro de 25.000 pts. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos. Na categoría B establécense tamén tres premios, o primeiro dotado con 200.000 pts. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos, o segundo con 100.000 pts. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos e un terceiro con 50.000 pts. en métalico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos. Os traballos premiados poderán ser difundidos pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude do xeito que coide máis interesante. Na edición correspondente a 1998 unicamente se concederon dous segundos premios: na categoría A, a un grupo de alumnos do Instituto de Bacharelato Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, e na Categoría B, a galardoada foi Mª Cruz Mato Torres, de Santiago de Compostela.

X. Premios

X. 5. Mixtos (Varias Modalidades)

VIº Certame de Poesía e Narrativa **“Concello de Rianxo”**

Pretende recolle-la tradición dos autores rianxeiros co fin de estimula-la creación literaria. Consta de varias categorías, todas elas dirixidas a alumnos nacidos ou residentes en Rianxo: categoría A, para alumnos de EXB e ESO cun premio de 10.000 pts. e lote de libros; B para alumnos de bacharelato, premios máximos de ata 20.000 pts.; e C para maiores de 18 anos e na que poden participar tódolos nacidos ou residentes na comarca barbanzana con premios de ata 100.000 pts. O tema dos traballos é libre e deberán estar escritos en lingua galega. Na modalidade de narrativa a extensión máxima será de 7 follas e en poesía de 50 versos. Os premios en cada unha das dúas modalidades serán de 10.000 pts. e lote de libros para a primeira categoría, 20.000 pts. e lote de libros para a terceira. O prazo para entrega-los orixinais remata o 23 de abril. O dictame deuse a coñece-lo 22 de maio. O galardón de poesía na categoría A, dotado con 10.000 pts., correspondeu a Beatriz Hermo Martínez por *Amor principiante*. O premio de narrativa na mesma categoría foi para Tamara García Muñiz polo relato *O ceo dende a miña fiestra*. A categoría B na modalidade de narrativa foi para Xoán Evans Pin por *Resistencia* e na categoría C de poesía recibiu o galardón Xosé Carou Rey por *Itinerario de vida en azul*, xunto a Heriberto X. Villar Patiño na modalidade de narrativa, dotado con 50.000 pts., coa narración *A miña lou*.

Referencias varias:

Lourdes Dourado, “Fallados los premios del VI certamen de poesía”, *El Correo Gallego*, 23 maio 1998, 17.

Dánse a coñece-los gañadores deste certame nas diferentes modalidades. Anúnciase tamén que os premios se entregarán nun acto que terá lugar na fin de semana do 23 de maio.

XXIVº Certame literario Excmo. **“Concello de Vilalba”**

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario dende 1984 para premia-lo mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 500.000 pts. e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 150.000 pts. diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais e dirección do autor e baixo plica, teñen que enviarse ó Concello de Vilalba, antes do 15 de xullo. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñecerá ata o momento do resultado. No 1998 en poesía o xurado deicidiu outorga-lo premio a María do Pilar Campo Domínguez, Marica Campo, polo poema *Catro Lúas e a da morte* (baixo o lema “Heráclito”). O premio de narrativa en lingua galega foi declarado deserto por parte do xurado, que estivo composto, nesta ocasión, por Juan Manuel Teijeiro Fernández (representando ó Concello), Carmiña Cacharrón López (profesora de Lingua e Literatura españolas), Agustín Fernández Paz (escritor), Félix Villares Mouteira (rector do Seminario de Mondoñedo), e o sociólogo Bernardo García Cendán.

Premio **“Colexio Mayor Fonseca”**

Breogán R. C., colaborador habitual de *O Correo Galego* na súa sección musical, conseguiu coa triloxía *A indiferencia do momento*, o segundo premio de poesía do Colexio Mayor Fonseca, que o día 14 de maio celebrou o acto de entrega dos premios. O gañador foi Xosé Alberte Alonso. No apartado de narrativa os gañadores foron David Pavón e Rosa Aneiros.

Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Presentan varias modalidades. O xurado constitúeno homes e mulleres da cultura e ciencia convocados pola Fundación, un membro dela actúa como secretario con voz e sen voto. Non teñen dotación económica. O premio consiste nunha estatuíña medieval en porcelana de Sargadelos. Outórganse ás mellores obras publicadas no ano anteriror. No 1998, os premiados nas distintas modalidades relacionadas coas letras foron os seguintes:

-"Investigación": Ricardo Polín. *Cancioneiro Galego-Castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*. Xurado: Francisco Díaz-Fierros, Emilio Pérez Touriño, Xosé Eduardo López Pereira, Luís Rodríguez Ennes e Domingo Docampo.

-"Ensaio e Pensamento": Francisco Sampedro*, Ideoloxía e distorsión*. Xurado: Antón Figueroa Lorenzana, Manuel Cabada, Emilio García Bonome, Pablo Sande e Xoán Guitián Rivera.

-"Creación Literaria": Xosé María Álvárez Cáccamo*, Calendario perpetuo*. Xurado: Xavier Senín, Pilar Pallarés, Helena González, Amado Ricón, Xosé Lastra Muruais (este xurado fixo mención especial de *Cidades*, de Fran Alonso).

-“Galego Egrexio”: Basilio Losada.

-“Actividades culturais”: “Movemento Bravú”, Xurado: Manuel Gallego Iorreto, Miguel Anxo Castelo, Antonio Pernas Sabio, Camilo Franco e Fausto Isorna.

Referencias varias:

-Javier D. Campa, “Os Premios da Crítica declaran ‘galego egrexio’ ó catedrático Basilio Losada”, *Atlántico Diario*, 9 maio 1998, p. 12.

Ante o nomeamento de “Galego Egrexio” a Basilio Losada Castro, recóllense declaracións do presidente da Fundación Premios da Crítica, Xosé González, nas que explica os motivos para esta concesión. Ademais, inclúese a composición dos xurados nos diferentes apartados, o día do dictame e o da entrega dos premios.

-Francisco J. Gil, “Los Premios da Crítica nombran a Basilio Losada ‘Galego Egrexio”, *Faro de Vigo*, 9 maio 1998, p. 62.

Informa da concesión por parte da Fundación Premios da Crítica do título de “Galego Egrexio” a Basilio Losada Castro, do cal se presenta un perfil biográfico que alude tamén ás súas múltiples actividades en favor dos intereses de Galicia. Indica ademais as outras categorías do premio e as datas de entrega.

-J. B. S., “Basilio Losada recibe o título de ‘Galego Egrexio’ que concede a Fundación da Crítica”, *Faro de Vigo*, 16 maio 1998, p. 46.

Breve noticia que informa sobre a recepción do título de “Galego Egrexio” por parte de Losada Castro. Ademais, presenta un perfil do galardoado e alude a outras distincións que mereceu.

-Francisco J. Gil, “Vigo convértese na capital cultural de Galicia na noite dos Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1998, p. 44.

Dá conta dos distinguidos nas varias modalidades dos Premios da Crítica, indicando o xurado de cada unha delas e os motivos polos que os gañadores obtiveron os seus galardóns. Glósanse as palabras dalgúns participantes no acto de entrega e destácase o feito de que Basilio Losada obtivese o título de “Galego Egrexio”.

-Mar Bermúdez, “El recuerdo del juez García Ramos presidió la entrega de los Premios da Crítica Galega”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1998, p. 5.

Comenta o acto de entrega dos Premios da Crítica Galega indicando os premiados nas diversas categorías e centrándose especialmente en Basilio Losada, que recibiu o título de “Galego Egrexio”. Así mesmo, informa do discurso que sobre el pronunciou Carlos Casares. Inclúe, por último, un listado dalgúns dos asistentes á celebración e os ausentes máis rechamantes.

-Iván Leis, “Basilio Losada, egrexio do ano”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1998, p. 14.

Crónica do acto de entrega dos premios que se centra no concedido a Losada Castro, quen é denominado "galego universal que dende hai máis de medio século difunde a nosa literatura polo mundo adiante". Recóllense tamén as declaracións de Carlos Casares, quen falou do premiado como "brillante profesor, intelectual rigoroso e amigo de corazón", así como as opinións do propio catedrático. Finalmente, cítanse os demais galardoados nas outras modalidades.

-M. G., "Basilio Losada recibiu o 'Galego Egrexio' en Vigo"/"Emotiva entrega, ayer en Vigo, del premio de 'Galego Egrexio' a Basilio Losada", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 maio 1998, p. 35/p. 14.

Informa da entrega destes premios, dos galardoados nas distintas categorías e das personalidades asistentes ó acto. Destaca a concesión a Basilio Losada do "Galego Egrexio" e as palabras a el dirixidas por Casares.

-Xosé-Luís Blanco, "A felicitación do presidente Pujol chegoulle tarde ó 'Galego Egrexio", *El Correo Gallego*, "Fogar de Breogán", 19 maio 1998, p. 52.

Alude ó feito de que unha felicitación de Jordi Pujol a Basilio Losada Castro pola súa concesión do premio de "Galego Egrexio" chegase tarde, e comenta que lle gustaría "ler este texto" no transcurso da gala celebrada en Vigo.

-R. Navia, "Sementador de cultura", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 10, 21 maio 1998, pp. 4-5.

Entrevista con Basilio Losada Castro por mor do seu nomeamento como “Galego Egrexio”. Nela o profesor lembra as súas orixes humildes e expresa a súa gratitude polo premio, para logo comentar varios temas, como o seu traballo na Universidade de Barcelona, o interese por Galicia en Cataluña, a súa relación actual con Galicia ou a grave situación que, segundo el, atravesa a nosa lingua. Remata aludindo á literatura, en particular ás cantigas medievais, ós Séculos Escuros e á nosa tradición oral.

-Alfredo Conde, “Galego Egrexio”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 maio 1998, p. 64/p. 4.

Céntrase na intervención de Basilio Losada Castro ó recolle-la súa distinción de “Galego Egrexio” e vai glosando os seus contidos. A seguir, valora a súa figura dicindo que a mellor das súas obras “acaso sexa a súa propia persoa”, pero que é preciso ter presentes “os seus traballos e os seus esforzos” por Galicia.

-Alfredo Conde, “Noite e cea das Letras”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 maio 1998, p. 56/p. 4.

Fai referencia á Cea das Letras no transcurso da cal foron entregados os Premios da Crítica de Galicia, comentando as intervencións que máis chamaron a súa atención, sobre todo de entre os galardoados. Remata lembrando outras ocasións nas que asistiu a esta cea, especialmente unha na que estaba Cunqueiro.

XIIIº Premio **Losada Diéguez**

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense, está dotado con 1.000.000 de pts. e consta de dúas modalidades: creación literaria e investigación. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e teñen que ser presentadas polas editoras. Compoñen o xurado un representante de cada entidade convocante, un membro da R.A.G., do Consello da Cultura, do Museo do Pobo Galego e da Cátedra de Lingua e Literatura Galega de Santiago. Entrégase o premio nun acto literario que se celebra no mes de xuño no pazo da familia Losada. Os galardoados no 98 foron Olga Novo, por *Nos Nús* no apartado de creación literaria e Xosé Luis Martínez Carneiro polo traballo *A Lagoa de Antela*, no apartado de Investigación. O xurado estivo composto por Xulio Francisco Ogando Vázquez, Xulio Pardellas de Blas, Manuel Vázquez Fernández, Xose María Dobarro, Ramón Lourenzo, Manuel Vázquez Fernández, Dolores Vilavedra e José Luis Valladares. Actuou como presidente Cipriano Caamaño, alcalde de Boborás e como secretario Gerardo Rodríguez.

Referencias varias:

-Xosé Luis Blanco, “Homenaxe a Antón Losada Diéguez no seu pazo de Moldes, en Boborás”, *El Correo Gallego,* 13 xuño 1998, p. 60.

Fala das personalidades sobranceiras da Xeración Nós, Otero Pedrayo, Castelao e Risco, para se referir á importancia que no seu pensamento tivo Antón Losada Diéguez. Todo isto vén ó conto con motivo da entrega dos premios que levan o seu nome que este ano recaeron en Olga Novo e Xosé Luís Martínez. Finalmente, fai unha relación dos actos paralelos que se celebrarán na honra de Antón Losada Diéguez e das persoas que estarán no Pazo de Moldes.

Premio **Nacional da Crítica**

A Asociación de Críticos de España concede anualmente un galardón á mellor obra de narrativa ou poesía publicada no ano en tódalas comunidades autónomas. No 1997 mereceron este galardón: Xosé Carlos Caneiro por *Un xogo de apócrifos* e Xavier R. Baixeras por *Beira Norte*.

Referencias varias:

-R. R. L., “El poeta afincado en Vigo Xabier Rodríguez Baixeras, ganador del Premio de la Crítica”, *Faro de Vigo*, 29 marzo 1998, p. 54.

Informa da concesión do premio, no apartado de poesía, á obra titulada *Beira Norte*, sobre a que se inclúen unhas breves opinións do autor. Preséntase tamén un perfil vital de Rodríguez Baixeras e cítanse algunhas das súas obras. Recóllense os galardoados nas correspondentes categorías, tanto da nosa literatura coma da española, catalana e vasca.

-Raquel Feijóo, “Enorgulléceme recibir o ‘Premio da Crítica”, *La Región*, 13 abril 1998, p. 7.

Ademais de informar da concesión do premio á novela *Un xogo de apócrifos*, reproduce unha entrevista co seu autor, Xosé Carlos Caneiro, no transcurso da cal opina sobre os premios literarios, sobre a obra

galardoada e sobre a importancia da linguaxe na súa tarefa creativa. Remata cun breve comentario sobre o seu libro de relatos *Estado permanente de fracaso.*

Premio **Nacional de Literatura**

Convocado polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas, nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 pts. e fállase no mes de novembro. Agustín Fernández Paz, coa obra *O centro do laberinto*, quedou entre os finalistas do premio de literatura infantil, gañado pola a madrileña Elvira Lindo coa obra *Los trapos sucios (Manolito Gafotas)*. Suso de Toro foi finalista no apartado de Literatura Dramática con *Unha rosa é unha rosa*.

VIIIº Certame Literario-Lingüístico **“Ricardo Carvalho Calero”**

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades convocadas: “Premio de investigación literaria ou lingüística”, cunha extensión mínima de 50 folios e “Premio de Creación literaria” (narración curta), para premiar “unha narración ou un conxunto de contos” que non sobrepasen os 100 folios. Terán que enviarse, por quintuplicado, ó Excmo Concello de Ferrol antes do 15 de xaneiro, baixo lema. Nun sobre á parte figurarán o curriculum, enderezo e D.N.I. do autor. Os gañadores dunha convocatoria non poderán concursar nos seguintes tres anos. A entidade convocante resérvase os dereitos de autor da primeira edición da obra gañadora. O xurado estará constituído por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurarán o gañador ou gañadora da edición anterior e o alcalde, ou persoa en quen delegue, que presidirá. A entrega do premio farase coincidir coas datas nas que se conmemora o cabodano do pasamento do profesor Carvalho Calero. No 1998, na primeira modalidade, “Investigación literaria ou lingüística”, un premio dotado con 500.000 pts., foi para Xosé Luis Martínez Pereiro pola obra *As irmáns bastardas da ciencia*; no apartado de investigación resultou gañador Henrique Rabuñal, por un traballo sobre Manuel Murguía. O xurado estivo formado por Marica Campo, Cesáreo Sánchez, Xosé Ramón Freixeiro Mato e Manuel Ferreiro, actuando de secretaria Laura Tato e como presidente o alcalde ferrolán, Xan Blanco Rouco. O nome dos gañadores fíxose público o 28 de marzo.

Referencias varias:

-A. R. López, “Rabuñal gaña o ‘Carvalho Calero’ cunha visión de Murguía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 marzo 1998, p. 52.

Informa do resultado dos premios nesta oitava edición. No tocante ó traballo de Rabuñal explícase que realiza unha biografía intelectual de Murguía e recóllense as palabras do propio autor, que comenta que este traballo fora iniciado anos antes e retomado ultimamente. Nestas mesmas palabras apunta o papel pioneiro de Murguía como iniciador dun camiño e unha percepción da galeguidade.

IIº Premio **“Rosalía de Castro”** do Pen Clube de Galicia

Convocado pola sección galega do Pen Clube, ten carácter anual e pretende honrar a catro escritores peninsulares. Convocouse por primeira vez en 1996 e daquela resultaran gañadores Gonzalo Torrente Ballester, José Saramago, Joan Perucho e Bernardo Atxaga. Desta volta decidiuse concederlle o premio a Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel de Palol e Miguel Lobo Antúnes, nas súas modalidades de lingua castelá, vasca, catalá e portuguesa. O xurado integrárono Carlos Casares, Xavier Alcalá, Alfredo Conde, Fran Alonso, Xosé R. Pena, Úrsula Heinze, Suso de Toro, Bieito Iglesias e Luis G. Tosar. A entrega dos premios anúnciase para xaneiro de 1999.

Referencias varias:

-AGN, “Manuel Vázquez Montalbán, entre los ganadores del Premio Rosalía de Castro”/“Montalbán y Lobo Antúnes ganan el ‘Rosalía de Castro”/“Montalbán y Lobo Antúnes ganan el ‘Rosalía de Castro”, *Atlántico Diario*/*El Progreso*/*La Región*, 22 decembro 1998, p. 58/p. 77/p. 64.

Infórmase do nome dos premiados nesta edición: Manuel Vázquez Montalbán, na modalidade de lingua castelá; Miguel de Palol, na modalidade de catalán; José Mari Lekuona en vasco e Lobo Antúnes en portugués.

Vº Premios literarios **San Xurxo**

Dende 1993 o Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos) convoca este premio literario (en catalán, galego e castelán), dirixido a nenos e adultos, para celebra-lo Día das Letras Galegas e para premia-lo mellor poema e relato en lingua galega. Son tres as categorías que se consideran: ata os 12 anos, de 13 a 16, e de 17 en adiante. Poden outorgarse mencións especiais ós traballos de calidade que non fosen premiados. O xurado está formado por cinco personalidades do mundo cultural. O premio consiste nun diploma acreditativo, un libro e unha rosa.

Premio de Poesía, Teatro, Relato Curto e Traducción da **Universidade de Vigo**

Convocado pola Universidade de Vigo co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística para tódolos alumnos desta institución. Os orixinais deben estar escritos en galego normativo e ser inéditos. Os traballos deben presentarse no rexistro da Universidade de Vigo, titulados, mecanografados e por cuadruplicado, xunto cun sobre pechado cos datos do autor, antes do vinte de abril. A extensión para a modalidade de poesía será de entre 100 e 150 versos, para a de relato de 8 a 12 folios, para teatro 20 folios, para traducción entre 8 e 20 páxinas. A contía dos premios ascende a 100.000 pts. para o gañador e concédense dous accésit de 25.000 pts. para cada unha das modalidades. Os traballos serán publicados pola Universidade de Vigo. A entrega dos premios realizouse o 17 de maio. O xurado estivo composto por Julio Pardellas, Maximino Terceiro, Enrique Costas, Manuel Bragado e José María Pin. Gonzalo Iglesias, en relato curto; José Luis Álvarez Pérez, en poesía; e Andrés Xosé Salter Iglesias, en traducción, foron os gañadores dos premios literarios convocados este ano pola Universidade de Vigo. O premio de teatro quedou deserto. Neste apartado outorgáronse dous accésit, que foron para Juan Antonio Bernández e Juan Antonio Álvarez Losada. Os premios entregáronse nun acto que tivo lugar na facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Referencias varias:

-D. P., “La Universidad ya convocó los premios de poesía, relato corto, teatro y traducción”, *Diario de Pontevedra*, 15 marzo 1998, p. 8.

Resalta que están patrocinados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; informa dos requisitos que deben cumpri-los participantes e do lugar e o mes no que se entregarán. Especifica, ademais, a cantidade monetaria que se outorga en cada categoría.

VIº Certame de Poesía e Narración **Xuventude 98** Francisco Fernández del Riego para novos autores

Convocado pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Poden participa-los rapaces e mozos galegos ou residentes en Galicia, dos 10 ós 30 anos, que non teñan publicado ningún libro e establécense as seguintes categorías: Categoría A (dos 10 ós 13 anos); Categoría B (dos 14 ós 17 anos) e Categoría C (dos 18 ós 30 anos). Establécense dúas modalidades: Poesía e Narración. Na modalidade de poesía os poemas deben estar escritos en lingua galega de tema e metro libre, cunha extensión máxima de 150 versos. Establécense os seguintes premios: na categoría A concédense tres premios, o primeiro dotado de 25.000 pts., figura de Sargadelos, un lote de libros galegos e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos, organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude na campaña “Verán 99”; o segundo e o terceiro premio están dotados cun lote de libros galegos e figura de Sargadelos. Na categoría B, concédense igualmente tres premios: un primeiro de 50.000 pts. e figura de Sargadelos, un lote de libros galegos e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos ou campos de traballo. O segundo e terceiro un lote de libros e unha figura de Sargadelos. Na categoría C o primeiro premio está dotado con 75.000 pts. e figura de Sargadelos, o segundo está dotado con 50.000 pts. e o terceiro con 25.000. No tocante ó apartado de narración, estructurado nas mesmas categorías e coa mesma dotación, os traballos deben ter unha extensión máxima de

cinco folios mecanografados. Os participantes deben remiti-los orixinais nun sobre pechado ó Servicio de Xuventude da Delegación da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que teña establecida a súa residencia habitual, instituto ou asociación xuvenil no caso de grupos. Na edición correspondente ó ano 1998, na categoría A de narrativa, o primeiro premio foi para Tamara Dorado Fernández, de Barreiros (Lugo), o segundo correspondeulle a Tamara Ferrer Basanta (As Pontes) e o terceiro premio foi para Eva González Álvarez (Cangas); na categoría B os gañadores foron Alejandro Roque Cameselle Capón (Tui), Marta González Suárez (Santiago de Compostela) e Mª Elena Rubio Ledo (Mos), que recibiron o primeiro, segundo e terceiro, respectivamente. Na categoría C o primeiro premio foi para Juan Tallón Salgado, de Vilardevós (Ourense), o segundo para Martiño Maseda Lozano (Vilalba) e o terceiro para Carlos Casado Quintela (A Coruña). No tocante á Poesía na categoría A os gañadores foron Mª del Carmen Segade Couto (Campañó–Freijóo, Pontevedra), que recibiu o primeiro premio, Mª Cristina Rodríguez Andrade (Guntín-Lugo), que gañou o segundo e Mónica Sante Martín (Lourenzá-Lugo), que recibiu o terceiro premio. Na categoría B o primeiro premio recaeu en Xosé Daniel Ugarte Otero (Santiago de Compostela), o segundo en Estela Castro García (Vigo), e o terceiro en Lucía Guzmán Santos (Lugo). Por último na categoría C, o gañador do primeiro premio foi Xosé Alberte Alonso Carballeira (Vigo), o do segundo premio foi Alfonso Becerra Arrojo (Becerreá-Lugo) e a do terceiro foi Mª Silvia Pardo Galdo (A Coruña).

X. Premios

X. 6. Premios a unha vida

XIVº Premio “**Celanova. Casa dos Poetas**”

Creouse no 1985 para galardoar a personalidades ou entidades que se distinguisen polo seu traballo en favor da cultura galega. Convócao o Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. Entrégase o 31 de agosto, coincidindo co aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro. O premio consiste nunha placa e unha cuncha de prata deseñada por Acisclo Manzano. En 1998 resultou galardoado Francisco Fernández del Riego. O xurado tomou esta decisión “pola dilatada traxectoria dende antes da guerra, como ensaísta, crítico literario e polo seu espírito de entrega xenerosa e desinteresada á cultura galega en Galaxia, na revista *Grial*, na Fundación Penzol e noutros organismos que axudou a crear e manter ó longo da súa vida”.

Referencias varias:

-A. Mínguez, “Fernández del Riego, galardonado con el premio ‘Celanova, Casa dos poetas”, *Faro de Vigo*, 8 marzo 1998, p. 26.

Informa do acto de presentación, no Concello de Celanova, da resolución do XIVº Premio Celanova. Casa dos Poetas, concedido polo Patronato Curros Enríquez, a Francisco Fernández del Riego, pola súa dilatada traxectoria dende antes da guerra. A resolución prodúcese no noventa aniversario da morte do

poeta Manuel Curros. A entrega do premio será o 31 de agosto, coincidindo co aniversario do outro poeta celanovense, Celso Emilio Ferreiro.

-Antonio Piñeiro, “Celanova rinde tributo a Fernández del Riego”, *La Región*, 8 marzo 1998, p. 20.

Infórmase da rolda de prensa na que se deu a coñece-la acta do xurado do premio. Incídese na traxectoria biográfica e literaria do premiado e anúnciase que o galardón será entregado o 31 de agosto.

-Víctor Rodríguez, “La casa universal de Curros Enríquez”, *El Mundo*. *Galicia*, 8 marzo 1998, p. 7.

Dáse a coñece-lo nome do premiado. Ademais sinálase que este galardón foi creado en 1985 para recoñecer a unha persoa ou entidade que, ó longo da súa existencia, desenvolvese un intenso labor en favor da cultura galega nas súas facetas e que contribuíse ó ámbito das artes e das letras. Por outra banda, infórmase da posta en marcha do proxecto de rehabilitación da casa de Curros Enríquez na que se pretende reunir toda a obra e pertenzas do escritor.

> David Otero, “Pontevedra e Soutomaior”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 16 agosto 1998, 3.

Refírese á celebración o 17 de agosto en Pontevedra e Soutomaior do Día da Galicia Mártir, centrado fundamentalmente na figura de Alexandre Bóveda. Gaba a figura do galeguista, asasinado hai 62 anos, e comenta a concesión do Premio Alexandre Bóveda a Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao.

-A. Míguez, “Celanova, capital de la cultura gallega”, *Faro de Vigo*, 1 setembro 1998, p. 20.

Crónica do acto de entrega do premio a Francisco Fernández del Riego. Ademais dáse conta dos actos que se organizaron con este motivo: unha ofrenda floral ante o monumento a Celso Emilio; as intervencións de David Otero sobre a bibliografía do premiado; Xosé Neira Vilas, Méndez Ferrín, Xosé Manuel Del Caño e Antonio Mouriño Villar; e a visita a casa de Curros Enríquez.

-M. Dourado Deira, “ Celanova-Casa dos poetas”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 5 setembro 1998, p. 4.

Co gallo da entrega do Premio Celanova-Casa dos Poetas a Francisco Fernández del Riego expresa a súa admiración por este home exemplar e pertencente, segundo este, a unha “minoria profética”. Engade consideralo un home imprescindible na tradición do espíritu galeguista xa que o seu tesón transmite ese sentimento a tódolos galeguistas de agora.

-Raquel Feijóo, “‘Recibo o premio cunha profunda satisfacción”, *La Región*, 20 setembro 1998, p. 16.

Entrevista a Francisco Fernández del Riego que vén de recibi-lo XIVº Premio Celanova. Casa dos Poetas. O intelectual galego fala do que foi a súa vida ata hoxe: da súa afección pola literatura e a lectura que o levou a estudiar Filosofía e Letras, da súa etapa na Compostela republicana chea de inquietudes intelectuais. Dá a súa opinión sobre a Universidade de hoxe e recorda a algúns dos intelectuais amigos seus, da Guerra Civil, de Galaxia e dos seus obxectivos á fronte da Real Academia Galega da que agora é presidente.

Premios de ***El Correo Gallego/O Correo Galego*****: "Galego do ano", "Galegos do mes"**

Os premios "*El Correo Gallego/O Correo Galego*" foron creados no ano 1990 co fin de homenaxea-las distintas institucións e personalidades destacadas do mundo da cultura, da política, da empresa, da banca e de diversos colectivos a nivel social. Os galardóns consisten nun millón de pts. e unha placa de ouro, prata, acibeche e marfil para o "Galego do Ano" e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co "Galego do Mes". Na edición de 1998 os premiados co galardón "Galegos do Mes" que teñen relación coas nosas Letras foron: Xosé Neira Vilas (mes de xaneiro), Blanca-Ana Roig Rechou (mes de agosto), María Pujalte (mes de setembro) e Miguelanxo Prado (mes de outubro). Antonio Fraguas foi galardoado coa distinción "Galego do Ano".

Referencias varias:

-I. C., "María Pujalte, galega do mes"/"María Pujalte, 'Galega do mes' de setembro pola súa crecente popularidade", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 3 outubro 1998, p. 37/p. 76.

Dáse conta da actividade teatral de Pujalte en Galicia, concretamente de cando formou parte da Compañía Marías, sen esquece-lo seu traballo en obras anteriores como *O mozo que chegou de lonxe* ou *Códice Clandextino*. Alén diso, infórmase da súa traxectoria en Madrid nos ámbitos cinematográfico, televisivo e dramático.

-Ezequiel, “María Pujalte, esa coruñesa”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 23 outubro 1998, p. 51.

Rememórase a infancia e adolescencia de María Pujalte, así como os seus primeiros contactos co teatro. Fala tamén da súa actividade actual e fai públicos diversos aspectos da súa vida privada.

Premios da **Fundación** "**O Grelo-Amigos de Galicia**"

A Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, creada en 1987, outorgou os seus tradicionais premios que este ano foron concedidos a *O Correo Galego* no apartado de Premio Galicia de Comunicación en Galego pola súa defensa da lingua e a cultura. O acto tivo lugar no Teatro Principal de Santiago e nel foron homenaxeados os premiados co Grelo de Ouro da Fundación O Grelo. Tamén se fixo entrega do premio a algúns dos máximos representantes do teatro galego na emigración, como son Maruxa Villanueva, que se encarga de coida-la Casa Museo de Rosalía de Castro, a cal recolleu o premio persoalmente, Maruxa Boga, que reside na Arxentina e Fernando Iglesias *Tacholas*, do que se encargaron de recolle-lo premio familiares e amigos.

Referencias varias:

-Alicia Pascual, "O Correo, premio O Grelo", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 9, 14 maio 1998, p. 7.

Informa da concesión do premio ó xornal *O Correo Galego* e de que o xurado estivo presidido por Diego Bernal López. Por outra banda anúnciase a presentación na Casa da Cultura de Pontevedra dos libros galardoados co IVº Premio Literario O Grelo: na modalidade xuvenil *Catro contos. Contos e relatos*

curtos Mª Rexina Míguez Noval (1997) e na modalidade de poesía *Do amor salgado* (1997), de Modesto Fraga.

-AGN, “La Fundación ‘O Grelo’ homenajea hoy al teatro gallego en la emigración”, *El Progreso*, 23 maio 1998, p. 65.

Infórmase de que Maruxa Villanueva, Maruxa Boga e Tacholas recibirán o Premio “Grelo de Ouro”, organizado pola fundación “O Grelo”, polas súas actividades dentro do teatro galego na emigración.

VIIº Premios **Irmandade do Libro**

Creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor do mundo do libro galego realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 250.000 pts. só na modalidade destinada á promoción da lectura, e en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. Galaxia, Xerais e Sotelo Blanco, Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña e Xesús Alonso Montero, obtiveron este galardón en edicións anteriores. Resultaron premiados no ano 1998, Ediciós do Castro, Xohana Torres, a Biblioteca Municipal de Pontedeume, a librería Sargadelos de Ferrol, a páxina de Internet de RTVG e o Colexio de Mosteiro de Caaveiro, as Neves-A Capela. O xurado estivo composto por Xosé Manuel Alonso Martínez, María Vázquez Baamonde, José Carlos Valle Pérez, Ramiro Fonte Crespo, Carlos Blanco Sánchez, José Sánchez Puña, María del Carmen Vázquez Domínguez, Camino Noia Campos, Jesús Fernández López, Xosé Luis Adrio Poza e Xaime Corral Prieto, como secretario. Entrega a celebrar en Ferrol o día 21 de febreiro.

Referencias varias:

-S. C., “Hoxe elíxense os finalistas dos ‘VII Premios Irmandade do Libro”, *O Correo Galego*, 5 febreiro 1998, p. 45.

Informa da reunión do xurado deste premio para selecciona-los finalistas nas distintas modalidades: escritores, editores, medios de comunicación, centros de ensino, institucións e libreiros.

-Pablos, “Pretendemos divulgar la cultura y el libro gallego”, *Faro de Vigo*, 11 febreiro 1998, p. 4.

José Manuel Alonso Martínez, Presidente da Federación de Libreiros de Galicia, declara nesta entrevista que o propósito destes premios é estimula-la lectura e o libro en xeral e os galegos en particular. Refírese tamén ás modalidades do galardón e sinala a súa satisfacción pola acollida desta iniciativa.

-Víctor L. Villarabid, “Los libreros gallegos premia a la escritora Xohana Torres”, *El Progreso*, 23 febreiro 1998, p. 74.

Anúncianse os nomes dos galardoados nesta convocatoria do premio.

IVº Premio das “**Letras e das Artes de Galicia**”

Convocado e promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia cunha dotación de 5.000.000 de pts. para o primeiro premio e de 1.000.000. para os dous accésit que se poden conceder. Pretende “recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela”. Este galardón substitúe ós premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, “Ramón Cabanillas”, de traducción ó galego e “Álvaro Cunqueiro”, de Teatro. A presentación dos candidatos pode ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante escrito dirixido ó Conselleiro de Cultura, antes do 15 de marzo. A entrega ten lugar nun acto institucional o día 17 de maio. O xurado convoca os cinco finalistas seleccionados. No 1998, nun acto celebrado no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago, concedéuselle este premio a Domingo García-Sabell. O xurado, presidido por Francisco Fernández del Riego e con Homero Pérez Quintana como secretario, estivo constituído por Xosé Ramón Barreiro, en nome da Academia Galega, Alfonso Zulueta de Haz, proposto polo Consello da Cultura Galega, Xulio Fernández Argüelles, pola Real Academia de Belas Artes A Nosa Señora do Rosario, Luis Iglesias Feijoo, representando á Universidade de Santiago, Manuel Recuero Astray, pola Universidade de Vigo, e Agustín Sixto Seco mais Constantino García, nomeados polo Conselleiro de Cultura.

Referencias varias:

-A. E., “A Xunta convoca os Premio das Letras e das Artes de Galicia”, *O Correo Galego,* 21 xaneiro 1998, p. 42.

Anuncia a publicación por parte do DOG da convocatoria dos Premios das Letras e das Artes de Galicia correspondente á edición de 1998.

-AGN, “O día 15 de marzo remata o prazo para acceder ó Premio das Letras e as Artes”, *El Progreso*, 17 febreiro 1998, p. 58.

Entre outras informacións sobre o premio, infórmase de que o 15 de marzo remata o prazo de presentación de candidaturas.

-E. P., “O Premio das Letras e das Artes pecha o seu prazo o 15 de marzo”, *O Correo Galego*, 17 febreiro 1998, p. 37.

Indícase a data na que finaliza o prazo de presentación de candidaturas para este premio.

-AGN, “Fernández del Riego presidirá o xurado do Premio das Letras e Artes de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 23 febreiro 1998, p. 17.

Anúncianse os nomes dos integrantes do xurado nesta IVª edición do Premio das Letras e das Artes de Galicia. Ademais infórmase do acto de entrega dos Premios de Investigación da Xunta de Galicia 1996.

-AGN, “Fernández del Riego está ó fronte do xurado do Premio das Letras e das Artes”, *El Progreso*, 23 febreiro 1998, p. 74.

Nota que recolle os nomes dos membros do xurado.

-A. N., “Del Riego presidirá o premio das Letras”, *O Correo Galego*, 23 febreiro 1998, p. 16.

Anúncianse os nomes dos representantes elixidos por cada institución para exercer de xurados neste premio.

AGN, “Diez candidatos al Premio das Letras e das Artes Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 12 abril 1998,
22.
Infórmase de que son dez os candidatos nesta edición ó Premio das Letras e das Artes e de que o xurado será presidido por Francisco Fernández del Riego.

-J. B., “A Consellería de Cultura entrega en Santiago o Premio das Letras e das Artes de Galicia”, *Faro de Vigo*, 16 maio 1998, p. 46.

Nota breve que informa da celebración do acto de entrega do Premio.

AGN, “García Sabell recibiu o Premio das Letras e das Artes de Galicia”, *El Progreso*, 18 maio 1998,
74.
Dáse conta da entrega do premio a Domingo García Sabell. Recóllense unhas breves notas biográficas e cítanse algunhas das súas obras.

-D. P., “García Sabell, Premio das Letras e das Artes”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1998, p. 16.

Recóllense as palabras de Manuel Fraga dedicadas a Domingo García Sabell no acto de clausura da entrega do Premio das Letras e das Artes de Galicia, nas que sinalou que o galardón constitúe “un acto de xustiza e recoñecemento para con un home que ó longo de moitas décadas leva entregándonos o mellor do seu pensamento e da súa acción, guiado pola única intención de servir a Galicia”.

-D. P., “Doctor García Sabell*”, Diario de Pontevedra*, 19 maio 1998, p. 25.

Crónica breve do acto de entrega do Premio das Letras e das Artes de Galicia que fai fincapé na ovación que recibiu Domingo García Sabell cando o presidente do xurado, Francisco Fernández del Riego, deu a coñece-la resolución.

IVº Premio Literario “ **Letra E**”

Creado no 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pretende recoñece-la traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O escritor na súa terra”. Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ó escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocante fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ó galardoado. Ó mesmo tempo entrégaselle unha escultura feita en madeira por Manuel Coia coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Este ano 1998 entregóuselle a María Xosé Queizán.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “Homenaxe a María Xosé Queizán”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 23 outubro 1998, p. 9.

Lémbrase a celebración da IVª edición da homenaxe “o escritor na súa terra”, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e dedicada este ano á escritora María Xosé Queizán. Os actos consistiron na plantación dunha árbore, o descubrimento dun monolito e a entrega da Letra E, máximo galardón da citada asociación.

-Marga Romero, “Carta aberta a Mª Xosé Queizán”, *A Nosa Terra*, nº 854, “Guieiro Cultural”, 29 outubro 1998, p. 30.

Carta laudatoria á escritora Mª Xosé Queizán. Primeiramente lembra unha visita que a escritora galega lle fixo á autora do artigo na cidade de Tréveris e fala das vivencias de ámbalas dúas naqueles días. A continuación, fai un repaso da obra poética de Mª Xosé Queizán dende a súa obra inicial (*O segredo da pedra figueira*) ata a máis recente (*Despertar das amantes*), da que di que “este é o teu mellor libro”. Por último, alude á homenaxe que lle fixo a cidade de Vigo ó poñerlle o seu nome a un parque.

-H. Vixande, “A República das Letras rende homenaxe a Mª Xosé Queizán”, *A Nosa Terra*, nº 854, “Guieiro Cultural”, 29 outubro 1998, p. 30.

Noticia que recolle a entrega da “Letra E”, máximo premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a María Xosé Queizán por parte do seu vicepresidente Carlos Mella. Sinálase, ademais, a inauguración en Vigo dun parque que leva o nome da homenaxeada e dáse conta dos actos que tiveron lugar antes e despois da concesión do premio. Faise unha nómina dos escritores e autoridades que asistiron ó acto e destácase que a escritora foi obxecto dun recital poético e dunha homenaxe nun restaurante, no que se celebrou “un xantar de confraternidade”.

-Marita Vázquez de la Cruz, “As homenaxes merecidas”, *Alántico Diario*, 30 outubro 1998, p. 27. Refírese á homenaxe a María Xosé Queizán por parte da Asociación de Escritores e considéraa merecida comentando a emoción expresada pola homenaxeada. A presencia no acto do vicepresidente da Asociación de Escritores, Carlos Mella, dálle pé para lembra-lo labor deste home a prol da lingua e a

cultura galega. Conclúe, así, rendéndolle homenaxe “tamén a un home que, nos anos 70, desde Madrid, desde o Ministerio de Facenda escribiu unha carta en galega”.

Medallas de Galicia e Castelao

Galardóns concedidos pola Xunta de Galicia dende o ano 1984 para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron pola súa traxectoria vinculada coa identidade de Galicia. Concédense unha medalla de ouro, nove de prata, quince de bronce e oito Medallas Castelao. Nos apartados que concernen a este *Informe de Literatura* foron galardoados no 1998, María do Carme Kruckenberg coa medalla de bronce e Marina Mayoral cunha das oito medallas Castelao.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “La Xunta concede a María del Carmen Kruckenberg la Medalla de Galicia”, *Faro de Vigo*, 4 xuño 1998, p. 50.

A concesión da Medalla de Galicia a María del Carmen Kruckenberg o 25 de xullo en Santiago e a homenaxe a Lorca na que a escritora viguesa participara o 5 de xuño en Vigo, centran esta noticia. Recóllense, ademais, palabras textuais de María del Carmen Kruckenberg nas que fala sobre o seu método de traballo, sobre a colección de contos que está a preparar e sobre Lorca, a quen define como “poeta permenentemente vigente”.

-AGN, “Artistas, médicos y juristas, entre las personalidades galardonadas del 98”, *Atlántico Diario*, 30 xuño 1998, p. 22.

Recóllense as palabras de Manuel Fraga no acto de entrega destas Medallas. Con respecto a Marina Mayoral, Fraga destacou a súa brillantez como escritora.

Premio **Otero Pedrayo**

Foi creado polas Deputacións galegas no 1976 para “perpetuar e honra-la memoria do egrexio home de letras; premiar un labor que constitúa unha aportación eminente á cultura galega; promociona-los valores propios de Galicia e as obras que leven ó esclarecemento e mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ó premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ó Presidente da Deputación convocante no prazo de tres meses a partir da convocatoria. O xurado está presidido polo Presidente da Xunta, o vicepresidente será o da Deputación convocante e os vocais: os presidentes das tres Deputacións, o presidente da Comisión de Cultura da Deputación convocante, o Conselleiro de Cultura, un representante por cada unha das Universidades galegas, un membro da R.A.G., un do Instituto Padre Sarmiento, cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria designadas pola Xunta de Galicia e cada unha das Deputacións. Este xurado emitirá o seu fallo un mes despois de finalizada a data de presentación de candidatos. A entrega dos premios realizarase no lugar e data que determine a Deputación convocante. No 1998 foi a Deputación da Coruña a encargada desta edición e o acto de entrega tivo lugar no Pazo de Mariñán. O premio está dotado con 2.000.000 de pts. O xurado, decidiu outorgarlle o premio ó Museo do Pobo Galego, “por ser unha institución aberta, centro sintetizador dos museos e colección

antropolóxicas de Galicia, que recolle e fai práctica a teoría de Ramón Otero Pedrayo, un dos seus inspiradores, de divulgar, conservar e estudia-la cultura galega".

Referencias varias:

-AGN, "Fraga dará a conocer hoy el fallo del Premio Otero Pedrayo", *Atlántico Diario*, 17 xullo 1998, p. 58.

Dáse conta dos actos enmarcados dentro da resolución do Premio "Otero Pedrayo": a presentación dunha reedición do discurso de ingreso na Real Academia Galega do escritor e a celebración dunha mesa redonda ó redor de Otero Pedrayo, na que participaron Francisco Fernández del Riego, Xulio Francisco Ogando e Carlos Amable. Anúnciase tamén que o xurado dará a coñece-la súa decisión o 17 de xullo.

-AGN, "El Museo do Pobo Galego recibe el 'Otero Pedrayo' por su labor en pro de la cultura", *La Región*, 18 xullo 1998, p. 50.

Recóllese un estracto das palabras pronunciadas por Antón Fraguas, no acto de entrega do Premio "Otero Pedrayo", agradecendo o recoñecemento ó traballo impulsado dende a Institución que preside.

-Isabel Fojo, "El Museo do Pobo Galego obtiene el Premio Ramón Otero Pedrayo", *El Mundo. Galicia*, 18 xullo 1998, p. 8.

Informa do acto de entrega deste premio ó Museo do Pobo Galego.

Albino Mallo, “Premio Otero Pedrayo para o Museo do Pobo Galego”/“O Museo do Pobo Galego recibe no pazo de Mariñán o premio ‘Otero Pedrayo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 18 xullo 1998, 40/p. 14.

Refírese á decisión unánime do xurado de outorgar nesta edición o Premio Otero Pedrayo ó Museo do Pobo Galego, valorando o seu carácter de “institución aberta, centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia”. Informa ademais das actividades literarias programadas para esta edición: un diálogo entre Domingo García Sabell e Agustín Sixto Seco sobre a personalidade de Otero Pedrayo, a presentación do libro *A paixón e o discurso de Otero Pedrayo: Galicia* e o recital de versos de Otero Pedrayo polo actor e escritor Manuel Lourenzo.

X. C., “El Museo do Pobo Galego recibe el Premio Otero Pedrayo 1998”, *Faro de Vigo*, 18 xullo 1998, 40.

Crónica do acto de entrega do premio, celebrado no coruñés Pazo de Mariñán, a Antón Fraguas como director do Museo do Pobo Galego.

-AGN, “Un recital y un concierto cerraron los actos del Premio Otero Pedrayo”, *Atlántico Diario*, 19 xullo 1998, p. 58.

Nota sobre a clausura dos actos literarios celebrados con motivo da resolución do Premio “Otero Pedrayo”. Sinálase que se realizou un recital de versos de Otero a cargo de Manuel Lourenzo e un concerto de música medieval.

Alfredo Conde, “Soñar un país”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “Os outros días”, 24 xullo 1998,
56/p. 4.

Logo de comenta-las intervencións de Sixto Seco e García Sabell na entrega do Premio “Ramón Otero Pedrayo” ó Museo do Pobo Galego no Pazo de Mariñán, subliña que foi na cea onde máis engrandeceron ás figuras de Otero e Risco. Apela ás institucións e a nós mesmos para que reparemos nestes homes, únicos no noso século, porque creron nun país que, de non ser por eles, hoxe non teriamos.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: “O Pedrón de Ouro” a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia e “O Pedrón de Honra” a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No 1998, na edición número trinta e catro, o “Pedrón de Ouro” recaeu na Mesa pola Normalización Lingüística polas súas “reiteradas mostras de amor e fidelidade a Galicia, tratando de salvagarda-lo noso legado identificador, fundamental e trascendente: a lingua”. O Pedrón de Honra outorgóuselle a Xavier Carro, escritor e profesor da Universidade de Alacante, como recoñecemento ó seu compromiso con Galicia a través dunha dilatada obra literaria e moitos anos de exercicio da profesión docente do país. Os premios foron entregados o 24 de maio na Casa Museo de Rosalía de Castro.

Referencias varias:

-E. Neira, “O Pedrón de Ouro premia a Mesa pola Normalización e o escritor Xavier Carro Rosende”/ “O Pedrón de Ouro’ premia a Mesa pola Normalización e o escritor Xavier Carro”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, “AFA”, 9 abril 1998, p. 45/p. 11.

Recóllense os méritos destacados polo Patronato do Pedrón de Ouro para galardoar á Mesa pola Normalización Lingüística: as súas mostras de fidelidade e amor a Galicia, o seu compromiso e o seu carácter de instrumento de consolidación e recuperación definitiva da lingua galega. Con respecto a Xavier Carro, valorouse tamén o seu compromiso a través dunha dilatada obra literaria. Indícase tamén que a entrega dos premios terá lugar o 24 de maio na Casa Museo de Rosalía en Padrón.

-Avelino Abuín de Tembra, “O Pedrón de Ouro de 1998”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 12 abril 1998, p. 2.

Valora o traballo da Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro dende o seu nacemento en 1964. Refírese así mesmo á “velenosa idea de que o Pedrón está politizado” e sinala que “claro que está politizado. Mergullado na tarefa de defender Galicia e o seu patrimonio máis prezado: a sacratísima lingua e o seu froito máis sazonado que é a cultura propia”. Recolle tamén os motivos invocados pola Fundación para premiar, na edición de 1998, á Mesa pola Normalización Lingüística e a Xavier Carro Rosende.

-Miguel Anxo Fernán-Vello, “A Mesa”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 14 maio 1998, p. 3.

Felicita a Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro por ter escollido en 1998 á Mesa pola Normalización Lingüística para lle concede-lo galardón. Reproduce textualemente as razón expresadas polo Patronato e sinala por último que o galeguismo debe celebrar con ledicia este prestixioso recoñecemento.

-Avelino Abuín de Tembra, “A entrega do Pedrón de Ouro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 24 maio 1998, p. 2.

Refírese ós trinta e catro anos de existencia do Pedrón de Ouro e do Pedrón de Honra e salienta a necesidade de protexe-la lingua do grave perigo que denuncian os especialistas. Loa o traballo dos premiados na defensa da lingua e lembra os nomes dalgúns dos premiados en edicións anteriores: Carballo Calero, Filgueira Valverde, Paz Andrade, Díaz Pardo, Fernández del Riego, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Álvarez Blázquez e Bouza Brey.

-E. N., “Pedróns a prol da lingua”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 maio 1998, p. 20.

Recóllense as palabras pronunciadas polos premiados no acto de entrega dos galardóns. Concha Costas, presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística, agradeceu a distinción, lembrou as campañas máis populares da asociación e sinalou que cómpre un cambio na actual política lingüística. Pola súa parte, Xavier Carro destacou a necesidade de que a fala perdure nos mozos e mozas.

-Tucho Calvo, “Dende as bases e sen subvencións”, *La Voz de Galicia*, 26 maio 1998, p. 13.

Salienta o feito de que o acto de concesión dun galardón tan prestixioso como o Pedrón de Ouro correspondese á Mesa pola Normalización Lingüística, o cal vén demostrar que “sen subvencións nin sumisións se pode facer un bo traballo a favor do galego”. Louva a institución por representar unha aposta firme para asenta-lo futuro do noso idioma.

XVIº Premio **Trasalba**

Premio creado no 1980 pola Fundación Otero Pedrayo que se outorga tódolos anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemora-lo pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que tódolos anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. O 13 de xuño de 1998 reuniuse a xunta de goberno da Fundación para tomar postura sobre as persoas nominadas a este galardón e para decidi-lo programa e actos a celebrar na entrega do premio. Foi o gañador Ricardo García Suárez "Xohán Ledo", pola súa contribución á renovación do deseño gráfico do libro galego, ó que dedicou máis de 30 anos. A entrega do premio tivo lugar o día 21 de xuño no Pazo Museo Otero Pedrayo de Trasalba.

Referencias varias:

-Xosé Luís Blanco, "Ricardo García Suárez 'Xohán Ledo', galardonado co Premio Trasalba 1998", *El Correo Gallego*, 10 maio 1998, p. 60.

Manifesta a súa alegría polo recoñecemento outorgado pola Fundación Otero Pedrayo a Xohán Ledo, pseudónimo do ilustrador da editorial Galaxia Ricardo García Suárez. Relata como transcorre ano tras

ano a festa de entrega do premio, recolle a lista dos galardoados en edicións anteriores e finalmente ofrece unhas notas biográficas de García Suárez.

-Lois Castro, “Ricardo García Suárez, “Xohán Ledo”, que reside en Vigo, gana el Premio Trasalba 98”, *Faro de Vigo*, 10 maio 1998, p. 24.

Anúnciase a resolución do Premio Trasalba e achéganse unhas notas biobibliográficas do premiado, destacando que naceu en Ferrol en 1918, que reside en Vigo e que centrou a súa actividade no eido da ilustración de libros para Galaxia, da pintura e do debuxo.

-Raquel Feijoó, “García Suárez gaña o premio Trasalba”, *La Región,* 10 maio 1998, p. 16.

Dáse a coñece-lo nome do galardoado nesta edición co Premio Trasalba, Ricardo García Suárez “Xohán Ledo”, valorando “a súa importante contribución no eido do deseño gráfico e o seu vencello persoal á figura de Ramón Otero Pedrayo”. Sinálase tamén que o acto de entrega terá lugar o 21 de xuño no Pazo Museo de Otero Pedrayo e que ademais se realizará a presentación de edicións críticas de *A lagarada* e *O desengano do Prioiro*, realizadas por Manuel Vieitez e H. Monteagudo, e do libro *Ricardo III*, de Shakespeare, en versión galega de García Suárez. Finalmente, lémbrase que a Fundación Otero Pedrayo se creou en 1980 e que na actualidade está constituída por un Consello Rector integrado por vintecinco personalidades.

-Jesús M. García, “O Premio Trasalba, para Xohán Ledo”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 1998, p. 81.

Nota que anuncia o nome do galardoado co premio.

-E. Neira, “Xohán Ledo recibe o Premio Trasalba 98 polo seu traballo na Editorial Galaxia”, *El Correo Gallego*, 10 maio 1998, p. 18.

Ademais de anunciar que Ricardo García Suárez foi merecente do Premio Trasalba 1998, recóllense as súas declaracións no momento de coñece-la noticia, nas que sinala que comezou a ilustrar libros para Galaxia nos primeiros tempos da editorial de xeito gratuíto. Ademais lembra con moito agarimo as ilustracións que realizou para obras de Fole e de Otero Pedrayo. Do seu labor como traductor e adaptador de pezas de Shakespeare salienta que a súa pretensión foi adaptalas ó oídos galegos. Finalmente recóllese a opinión de Carlos Casares quen destaca que o traballo de Xohán Ledo contribuíu á renovación do mundo da edición en galego.

-Víctor Rodríguez, “Ricardo García, conocido como Xohan Ledo, ganador del premio Trasalba 98”, *El Mundo. Galicia*, 10 maio 1998, p. 7.

Recóllense as primeiras declaracións do galardoado Ricardo García Suárez manifestando o seu agradecemento ós membros da Fundación e o orgullo ó recibir tal distinción.

-A. Mínguez, “Xohán Ledo’ valora el Premio Trasalba por su condición de homenaje a Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, 11 maio 1998, p. 16.

Recóllense os comentarios de Xohán Ledo tras coñece-lo seu galardón, nos que destaca que o premio ten o valor de leva-lo nome de Otero Pedrayo polo seu significado tanto persoal coma para Galicia. Apunta tamén que os seus méritos son "máis ben pequenos". Sinálase ademais que no transcurso do acto de entrega do premio terá lugar a presentación da versión galega de *Ricardo III*, de Shakespeare, realizada polo propio García Suárez.

Agustín Sixto Seco, "Don Ramón de Trasalba", *El Correo Gallego*, "De porta a porta", 20 xuño 1998,
3.

Valora a xenerosa entrega de Ricardo García Suárez á renovación do deseño gráfico do libro galego e a súa dedicación "durante máis de trinta anos, *gratis et amore*" á Editorial Galaxia. Refírese así mesmo o seu traballo "arreo e en silencio", nun tempo no que sen outra axuda "que non fora o papel, o lapiz e maila goma de borrar, conseguía dar forma artística ás ideas que lle buligaban na cabeza trala atenta lectura dos textos que os autores de turno entregaban en Galaxia para a súa publicación".

-I. Bande, "Xohán Ledo, XVI Premio Trasalba", *La Región*, 22 xuño 1998, p. 7.

Resúmese o acontecido no acto de entrega do premio e as palabras dun dos membros do xurado, Xaime Isla Couto, quen considerou a Ledo como un intelectual puro. Pola súa parte Xohán Ledo lembrou a Ánxel Casal e Luis Seoane "mortos por ser homes honrados" e desexou que "ninguén teña que vivir o que vivimos nós, non só por os mortos que caíron ó lado, senón por ter a boca pechada".

-Lois Castro, “Ricardo García Suárez ‘Xohán Ledo’, recibió el XVI Premio Trasalba”, *Faro de Vigo*, 22 xuño 1998, p. 31.

Crónica do acto de entrega do Premio Trasalba ó que asistiron Antón Fraguas, Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Carlos Casares e Agustín Sixto Seco, entre outros. O premiado lembrou a súa relación de amizade con Otero Pedrayo e mostrou a súa satisfacción ó tempo que sinalaba non merecelo. Faise alusión tamén ó acordo asinado pola Consellería de Cultura e a Fundación Otero Pedrayo para a realización de actividades culturais.

-V. R., “Xohán Ledo rinde un emocionado homenaje a Otero Pedrayo al recibir el Premio Trasalba”, *El Mundo*, 22 xuño 1998, p. 9.

Alúdese á emoción de Xohán Ledo, Ricardo García Suárez, ó recolle-lo Premio Trasalba. Relatou como coñeceu a Otero Pedrayo nos anos trinta e comezou a colaborar no Seminario de Estudios Gallegos. Infórmase ademais de que no transcurso do acto se deu a coñecer unha gravación recuperada do arquivo sonoro coa voz de Otero.

-M. Dourado Deira, “Trasalba-Rianxo: o signo da reparación histórica”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 27 xuño 1998, p. 3.

Refírese ó acto de entrega do XVIº Premio Trasalba a Xohán Ledo, centrándose nas intervencións de Sixto Seco, quen fixo fincapé na necesidade de recuperar e restaura-lo Pazo de Trasalba xa que “esa recuperación é unha cuestión de digna reparación histórica”. Menciona, ademais, os discursos de Manuel

F. Vieites sobre a frustración dun “teatro nacional de Galicia”, de Xaime Isla Couto, que trazou un perfil de Ricardo García Suárez, e do premiado Xohán Ledo que “non puido evitar un grito de xustiza contra os asasinatos dos seus amigos e mestres Díaz Valiño, Ánxel Casal e Areosa”. Neste mesmo artigo, Dourado Deira dá conta da recuperación dos restos mortais de Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, que serán trasladados a Rianxo.

-Avelino Abuín de Tembra, “Xohán Ledo en Trasalba”, *O Correo Galego*, “A Lúa nos beizos”, 29 xuño 1998, p. 2.

Valora o labor da Fundación Trasalba polo que supón de “mecenado” sobre “ a personalidade de Galicia” e porque constitúe “a memoria viva do patriarca Otero Pedrayo”, que tan ben interpretou a realidade de Galicia. A seguir, destaca a importancia dos premios que concede anualmente esta institución e cita os actos principais que tiveron lugar durante o acto de entrega: a presentación de dúas reedicións de Otero Pedrayo -*A lagarada* e *O desengano do prioiro*-, a traducción de *Ricardo III*, de Shakespeare, realizada polo premiado, e a audición da voz de Otero Pedrayo recollida polo Arquivo Sonoro de Galicia. Fai fincapé no discurso de Ricardo García Suárez, “Xohán Ledo”, sinalando que foi unha intervención dominada pola emoción.

X. Premios

X. 7. Literatura Infantil e Xuvenil

Iº Premio **Abril** de Narrativa para jóvenes

Nace no ano 1998 por iniciativa de Ámbito Cultural/El Corte Inglés e Editores Asociados, dotado de tres millóns de pts. Os orixinais poden presentarse escritos en español ou nas linguas dos territorios dos que proceden as editoriais convocantes nas que se encontran La Galera de Catalunya, Elkarlanean de Euskadi, Edicións Bromera e Tándem Edicións de Valencia, Galaxia de Galicia, Llibros del Pexe de Asturias e Xordiga de Aragón. Podrerán participar escritores e escritoras de calquera nacionalidade con obras orixinais inéditas e destinadas a lectores entre 12 e 16 anos. O límite de idade son 20 anos. As obras, cunha extensión de entre 80 e 150 folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, enviaranse por setuplicado a Ámbito Cultural/El Corte Inglés (Hermosilla, 112, 28009, Madrid), no que respecta ós orixinais escritos en castelán. Os escritos en calquera outra lingua, á sede da correspondente editorial integrante de Editores Asociados. A admisión de orixinais termina o 11 de xaneiro de 1999 e o Premio proclámase o 28 de abril deste mesmo ano.

XIIº Concurso do libro infantil "**O Barco de Vapor**"

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para "promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". As obras presentadas terán unha extensión mínima de 50 folios, mecanografados a dobre espacio, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María, (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un seudónimo e dentro o enderezo do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 15 de novembro. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición manterase en segredo ata a publicación da resolución. No 1998, cunha dotación económica de 1.000.000 de pts. para o primeiro premio e con 200.000 pts. para o segundo máis a publicación da obra, resultou gañador Xosé Antonio Neira Cruz con *A festa dos quince*. O accesit foi para Xosé García Sendón por *Labirinto dos soños*. O xurado, que fixo público a resolución o 20 de febreiro, estivo integrado por Rafael Chacón, Manuel Figueiras, Agustín Fernández Paz, María Victoria Moreno e Xavier Senín.

Referencias varias:

-E. Neira, “O santiagués Xosé Antonio Neira gaña o certame ‘O barco de Vapor”/“Xosé Antonio Neira gaña o certame ‘O Barco de Vapor’ con ‘A festa dos quince”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 21 febreiro 1998, p. 14/p. 33.

Infórmase da concesión do premio O Barco de Vapor, na súa edición de 1997, ó escritor e xornalista compostelán Xosé Antonio Neira Cruz, pola súa obra *A festa dos quince*. Coméntase o argumento da obra, que trata cuestións de actualidade que afectan ós adolescentes, aínda que conserva algúns trazos fantásticos. A seguir, dánse algúns datos do escritor premiado e infórmase de que o escritor xa gañou o Premio Merlín no ano 1988 e que quedou finalista do Lola Anglada e do Xacobeo de Poesía. Por outra banda, tamén se fai alusión ó libro que o autor publicará na colección “Así viviu”. A continuación, dáse o nome dos membros do xurado: Rafael Chacón, Manuel Figueiras, Agustín Fernández Paz, María Victoria Moreno e Xavier Senín. Por último, dise que o accésit do premio foi para Xosé Sendón, pola obra *O labirinto dos soños*.

S. R., “O xurado pensaba que estaba premiando a unha muller”, *La Voz de Galicia*, 25 febreiro 1998,
73.

Entrevista a Xosé Antonio Neira Cruz, con motivo da concesión do premio O Barco de Vapor, pola súa obra *A festa dos quince*. O autor afirma que non é certo que a sociedade, en xeral, valore máis as obras escritas para o público adulto que as destinadas a nenos e nenas. Afirma que tivo unha infancia moi feliz e que os relatos que lle contaron seus avós están sempre presentes á hora de escribir. A continuación,

céntrase nos intereses dos máis novos e comenta que precisan “un gancho dende o principio”, xa que, senón, abandonan a lectura. Por último, comenta que a literatura infantil conta cun público fiel e cunha serie de coleccións propias.

XXIXº Concurso nacional de contos infantís da agrupación **O Facho**

Convocado pola Agrupación Cultural O Facho, da Coruña, dende 1969, cando gañara Carlos Casares con *A galiña azul*. Dotado con 45.000 pts., os traballos son de tema libre e inédito e non poden excede-los seis folios. Deben enviarse a Agrupación Cultural O Facho: Federico Tapia, 12, 1º C, 15005. A Coruña antes do 15 de abril. O Facho reservarase a publicación do traballo premiado no período de 18 meses dende o dictame, que será na primeira semana de maio. A narración *Carlota, a marmota que non podía durmir*, de Miro Villar, foi a gañadora da 29ª edición. O xurado, que reseñou a construcción do conto en versos rimados, estivo formado por María Jesús Blanco, Luis Maças López e Manuel Rodríguez Castro.

XIIIº Premio **Merlín**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado con 1.000 000 de pts. e poderán participar todos aqueles autores de calequera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse 6 copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espacio, antes do día 1 de setembro de 1998 nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o premio Merlín. O anuncio da obra gañadora ten lugar no mes de outubro e cada ano nunha vila ou cidade galega diferente. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia. Dende 1988 está constituído por lectores, na súa maioría menores de dezaseis anos, e un secretario nomeado pola editorial. Nesta edición o gañador foi Antonio Reigosa coa obra *Afonso. Afonso. Memorias dun raposo*. O xurado compuxérono os estudiantes Antía Costa Fernández, Antón García Fernández e Io Morales Sánchez, Xosé Vitorio Nogueira Barcia, Xosé Lastra Muruais e Helena Pérez.

Iº Premio **Raíña Lupa**

A Deputación da Coruña convocou en 1998 a primeira edición do Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa, dotado cun millón de ptas, ademais da edición da obra gañadora a través do servicio provincial de publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ó premio poderán presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estructura literaria de conto ou narración breve, orientadas ó mundo infantil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión será libre e poderanse incluír ilustracións que fagan alusión ó argumento. Os orixinais deberán presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, numerados por unha soa cara e grapados ou encadernados. Presentaranse baixo o título e un lema, achegados de plica na que se fará consta-lo título e o lema no seu exterior e que conteña no seu interior os datos persoais do autor o 1 de xullo na deputación coruñesa, Avenida Alférez Provisional, s/n A Coruña, indicando no sobre Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa. Ademais do presidente da Deputación, Agustín César Lendoiro, e o responsable da Comisión de Cultura do organismo provincial, o xurado está composto por Josefina Casalderrey, Xoán Cejudo Álvaro, Euloxio Rodríguez Rubial, Andrés Sobrino Suverviola e Xurxo Torres Santomé. A resolución do xurado darase a coñecer no segundo semestre do presente ano. O xurado deste certame decidiu outorga-lo premio por unanimidade a Agustín Fernández Paz pola súa obra *Cos pés no aire*. Presentáronse a esta convocatoria un total de corenta e seis orixinais.

Referencias varias:

-E. P., “A Deputación da Coruña ‘estrea’o premio Raíña Lupa de literatura infantil”/“A Deputación da Coruña convoca a primeira edición do premio de literatura infantil ‘Raíña Lupa’ dotado con 1 millón”, *O Correo Galego/EL Correo Gallego*, 12 maio 1998, p. 36/p. 14.

Informa, brevemente, da convocatoria da primeira edición do premio de narrativa Raíña Lupa pola Deputación de A Coruña e dá as bases do mesmo.

-Carme Vidal, “Agustín Fernández Paz. ‘A literatura xuvenil ten que deixar de ser invisíbel para críticos e adultos”, *A Nosa Terra*, nº 846, “Guieiro Cultural “, 3 setembro 1998, p. 21.

Infórmase de que Agustín Fernández Paz obtivo o premio Raíña Lupa na súa primeira edición, coa obra *Cos pés no aire*. Coméntase, brevemente, o argumento do libro que conserva “as constantes da súa obra: a fantasia, a intriga mantida até o fin que agarra ao leitor e un final aberto que fai que as personaxes busquen unha nova traxectoria en cada un dos maxins que siguen o fio marcado no comezo polo escritor”. A continuación, o escritor reflexiona sobre a situación da literatura infantil e xuvenil na actualidade e afirma que escribir literatura infantil e xuvenil en galego “é un factor para a normalización importantísimo que mesmo non se ten analisado na profundidade que se debia”.

XVº Premio **Ourense de Contos para a Mocidade**

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense co patrocinio da Concellería de Cultura e a Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude. Poderán participar tódolos xoves de 14 a 30 anos. Os traballos serán de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega. A extensión mínima será de seis folios e a máxima de 25. O prazo remata o 25 de abril e as obras presentaranse na secretaría da Casa da Xuventude de Ourense. Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004. O primeiro premio será de 80.000 pts. e haberá catro accésit de 25.000 pts. cada un. En 1998 o primeiro premio foi para Asunción Fernández Lourenzo por *Currículum Vítae*. Os accésit recaeron en Jorge Díaz, Ana Cristina López, Irma Amado e Raúl Pérez. Así mesmo, o xurado dediciu facer unha mención especial ós contos *Rosas no deserto* e *Xambeliña,* de Inma López Silva. Ó premio presentáronse 78 traballos e o xurado estivo composto por José Antonio García Rodríguez, Elisa López Grande, Marisé Suárez, Amadeo Areán, Xerardo Méndez e Benito Losada, como secretario sen voto.

Referencias varias:

-Raquel Feijoó, “Recibir o Premio de Contos é un estímulo”, *La Región*, 25 xuño 1998, p. 16.

Ofrece información sobre o conto premiado e inclúe comentarios da súa autora, Xonxa Fernández, nos que afirma que se trata dunha reflexión acerca “dun problema social e persoal como é o acceso a un posto de traballo”, visto dende o pesimismo pero “con sentido do humor”. Indícanse, así mesmo, as características do relato e as opinións da autora sobre o seu futuro como escritora. A noticia informa tamén da publicación do volume *Sobre toupas, castañas e outras nimiedades*, que recolle tódolos traballos premiados na anterior edición do certame.

IVº Premio **Rañolas** de Literatura Infantil e Xuvenil

Premio instituído en 1995 pola organización da Feira do Libro de Chantada e que toma o seu nome dun personaxe de *Os dous de sempre,* de Castelao. Concédese a obras editadas en galego no ano anterior e non ten dotación económica. Pretende contribuír á difusión e traducción de obras infantís e xuvenís galegas. En 1998, o xurado estivo composto por Marilar Aleixandre, David Otero, Xosé Manuel Eyré, Xaquín Marín e Ángeles Roca Neira e premiou a obra *Cidades* de Fran Alonso. O premio de ilustración infantil foi para Xan López Domínguez.

X. Premios

X. 8. Premios para escolares

Son moitos os premios convocados por Concellos, Asociacións Culturais e colexios nacionais para incentiva-los escolares á creación en lingua galega, só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.

VIIº Concurso de **“Achegamento ó Libro”**

Convocado pola Biblioteca Municipal Don Francisco Mayán de Cee. A organización é levada a cabo en colaboración coa Delegación de Educación, Cultura e Deportes do concello ceense. Poden participar tódolos alumnos de calquera centro educativo da comarca, debendo busca-lo tema do fomento de hábito da lectura na poboación. Os traballos, orixinais, inéditos e en lingua galega, deben contar cunha extensión máxima de dous folios na categoría de primaria e primeiro ciclo de ESO. En FP e BUP, o número de follas pode chegar a dez. Establécense varios premios. O acto estivo presidido polo concelleiro de cultura, Antonio Ares, Arturo Trillo Sendón, director de Talía Teatro, Ramón Vigo, e o bibliotecario José Ramón Rey. No concurso participaron 172 traballos. O acto de entrega dos premios tivo lugar o venres 15 de maio. En canto ós premiados, a obra gañadora do primeiro ciclo de Primaria foi *A nena Uxía,* de Paula Caamaño Sambade (Colexio Manuela Rial, de Cee). En segundo ciclo, o gañador foi Guzmán Figueira Domínguez (Colexio Eugenio López, de Cee), coa obra *Un día na biblioteca.* Na modaliade do terceiro ciclo de primaria, o primeiro posto foi para o traballo *A realidade no mundo perdido*, de Irene Paradela Lema (Colexio Manuela Rial, de Cee).A obra *O libro que non quería ser libro*, de Iria Garrido Antelo (colexio Eugenio López), conseguiu o primeiro posto en primeiro ciclo de ESO. Por último, na categoría de BUP e FP resultou gañadora Ana Canosa Blanco (Isntituto de Cee), con *Cómplice dos libros*.

Referencias varias:

-J. Trillo, “La biblioteca municipal convoca el concurso de ‘Achegamento ó libro”, *El Correo Gallego*, 13 marzo 1998, p. 20.

Informa das bases deste concurso.

-J. Trillo, “Fallo literario en Cee e exposición de obxectos antigos en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, 14 maio 1998, p. 18.

Dá conta dos integrantes do xurado deste premio e dos nomes dos premiados. Ademais, informa da celebración dunha mostra de obxectos antigos dentro do programa das letras galegas.

-J. Trillo, “Cee acolleu na tarde de onte a entrega dos premios do séptimo concurso literario”, *El Correo Gallego,* 16 maio 1998, p. 14.

Infórmase acerca da entrega de premios no VIIº “Concurso literario de achegamento ó libro”, organizado polo Concello de Cee, e indícanse os nomes dos galardoados no “Concurso literario Librería Trazos”

Premio **“Amigos de Otero Pedrayo”**

Convócao a “Asociación de Amigos de Otero Pedrayo”, dende 1982, co obxectivo de contribuír ó mellor coñecemento da personalidade de Otero Pedrayo, para perpetua-la súa memoria e divulgala súa obra entre a xuventude do ensino secundario. O tema dos traballos leva por título “A visión de Galicia en Otero Pedrayo”. Poden optar tódolos estudiantes de BUP e COU que presenten os seus orixinais antes do 20 de maio. O premio está dotado con 100.000 pts. para o autor do traballo premiado e unha viaxe ó Pazo Museo Otero Pedrayo para os compañeiros do premiado co obxecto de acompañalo á entrega do premio 1998. En canto ás bases, segundo estas, os traballos debían versar sobre “A fidalguía na novela de Otero Pedrayo”, estar redactados en lingua galega, mecanografados a dobre espacio, cunha extensión máxima de 10 folios, incluídos debuxos, gráficos e demais. Por último, ser presentados sen firma, debendo consta-los datos completos do autor e do centro no que se estudia nun sobre pechado, acompañando a dito traballo. O xurado estivo composto pola profesora María Victoria Carballo-Calero, o decano da Facultade de Dereito, Luis Rodríguez Ennes, o cóengo arquiveiro, Miguel Angel González García, o profesor de Historia, Bernardiño Pérez Muñoz, e o profesor de lingua galega, Xosé Manuel Salgado. A gañadora do Premio nesta edición foi Laura Freire Domínguez, que realiza os seus estudios o Instituto de Bacharelato Valle-Inclán de Pontevedra.

Referencias varias:

-Agustín Sixto Seco, “Polos camiños da vida”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 4 xullo 1998, p. 3.

Fai referencia a unha visita a Trasalba acompañando a Xoán Manuel Pérez o día no que se entregaban os premios para alumnos de Ensino Medio que convoca anualmente a Asociación de Amigos de Otero Pedrayo. Cita os nomes dos premiados e, ademais, menciona que se celebrou unha Misa, unha procesión na que participou a Banda de gaitas de Amoeiro e a audición dun discurso de Otero Pedrayo, recuperado polo Arquivo Sonoro de Galicia.

IIIº Concurso Literario **“Anxel Casal”**

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato “Arcebispo Xelmírez I” para conmemora-lo 150 aniversario de Anxel Casal e promove-lo coñecemento deste galeguista entre a mocidade. O Concello de Santiago comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade. Dirixido a alumnos de Ensino Secundario As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ó Concello de Santiago (Departamento de Educación) entre o 20 de marzo e o 20 de abril. O certame está dotado dun primeiro premio de 125.000 pts. e dun segundo de 75.000 para cada unha das modalidades (poesía e conto). A presidencia do xurado correspóndelle ó alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. Xermán Darriba Barba, de 19 anos e natural de Redondela, autor do conto *Onde o tempo fica,* foi o gañador do primeiro premio, en modalidade de conto do terceiro concurso literario Ánxel Casal. O segundo premio recaeu en Ana Orozco Vidal, tamén de Redondela, pola súa obra *Recordos dun poeta*. O xurado entregou unha mención especial ó conto *Vlad e eu* de David Villar Conto, de 25 anos, de Santiago, e estudiante do Instituto de Ensino *Secundario San Clemente*. Na modalidade de poesía premiouse a Mario Silva de la Iglesia, por *VIP*: *vertedero incontrolado de poemas*, en primeiro lugar, e a Germán Labrador Méndez, por *Fantasía Melodramática en la maior e tres tempos*. Os premios entregaranse o día 29 de maio no Pazo de Raxoi.

Referencias varias:

-D. P., “El marinense Mario Silva resultou ganador del Premio Literario Anxel Casal”, *Diario de Pontevedra*, 21 maio 1998, p. 19.

Informa do gañador da IIIª edición do Premio Anxel Casal, na modalidade de poesía, Mario Silva de la Iglesia, coa obra *Vip (Vertedeiro Incontrolado de Poemas*), obra que xa recibira o segundo premio na pasada edición, e recolle algunhas declaracións feitas polo autor ó Diario sobre a concesión do premio.

XIIIº Certame de Narración Curta da **Biblioteca Municipal de Arzúa**

Dirixido ós arzuáns de tódalas idades. Os relatos, de tema libre, terán unha extensión mínima de catro folios e máxima de vinte, mecanografados a dobre espacio e en lingua galega. Haberá tres premios de 25.000, 15.000 e 5.000 pts., respectivamente. Nesta edición, a obra gañadora foi *Pinguerias do alén,* de Iria Torreiro. Os outros premiados foron *Espida na auga*, de Mari Carmen Penas, e *Luces na escuridade*, de Elisabet Sánchez.

Referencias varias:

-M. G. S., “La biblioteca arzuana convoca la decimocuarta edición del Certame de Narración Curta”, *La Voz de Galicia*, 12 decembro 1998, p. 48.

Fala das bases do premio e sinala que a organización espera contar cun alto índice de participación. Ademais, informa dos nomes dos galardoados na edición anterior: Iria Torreiro, por *Pingueiras do alén*, Mari Carmen Penas, por *Espida na auga* e Elisabet Sánchez, por *Luces na escuridade*.

Vº Certame de Poesía **Carlos Caneiro López**

Convocado polo Concello de Verín. O prazo de entrega tivo como data o día 8 de maio para alumnos de centros docentes do Concello de Verín. En Ensino Medio recaeu en Inmaculada Hervella Navarro, por *Sen ti non son ninguén*, mentres que no nivel de ESO resultou como primeiro gañador do poema *Cae,* de Enma Sola Veiga.

IIº Concurso Literario **Costa da Morte**

Os Equipos de Normalización Lingüística dos institutos da zona seleccionaron os trece traballos que optarán ós tres premios establecidos polo IIº Concurso de Relatos Costa da Morte, nos que participan alumnos dos centros de Baio, Cee, Ponteceso e Vimianzo. Os seleccionados foron Begoña Álvarez Calo e Silvia Montes Rama do IES de Baio; María Sara Baliña Vieites e Estefanía Domínguez Caamaño, de I.B. Agra de Raíces de Cee; Damián Cibrán Campos, Ana María Santos Miñones e Silvia Trillo Rama do IESP de Vimianzo; Cristina González Souto, Monserrat Pazos Ures, Martina Pereira Amejenda e Soraya Rivera Vidal do IESP de Ponteceso; e Juana Lamela Rodríguez do IFP Fernando Blanco de Cee, a quen lle seleccionaron dous traballos. O xurado estivo composto por un grupo de profesores dos distintos institutos. O nome dos tres premiados farase público nun acto programado para o día 14 de maio. Os organizadores do certame entregarán 25.000, 15000 e 10.000 pts. respectivamente. Ademais en dita xornada presentarase o libro cos 13 libros seleccionados. A gañadora do concurso foi Estefanía Domínguez Caamaño, estudiante de COU do Instituto Agra de Raíces de Cee, que presentou o traballo *Lembrareime de ti*. O segundo posto foi para Martina Pereira Ameijenda, do Instituto de Ponteceso, co texto *Sempre*. En terceiro lugar, quedou clasificada Juana María Lamela Rodríguez, do Centro de Formación Profesional Fernando Blanco, de Cee, polo seu traballo *¿Vagabundo da noite?.* Os demais finalistas, e coautores da obra presentada, son Begoña Álvarez Calo, María Sara Valiña

Vieites, Damián Cebrián Campos, Cristina González Souto, Silvia López Rama, Monserrat Pazos Ures, Soraya Rivera Vidal, Ana María Santos Miñones e Silvia Trillo Rama.

Referencias varias:

J. Trillo, “A escritora Marilar Aleixandre presentou onte o libro ‘Treze”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1998,
14.

Informa da entrega dos premios do IIº Concurso de Relatos Breves Costa da Morte, no transcurso do cal Marilar Aleixandre presentou *Treze*, obra “que recolle os traballos finalistas do devandito certame”. Finalmente, anuncia unha conferencia sobre as Letras Galegas.

Vº Concurso de Narrativa " **Emilia Pardo Bazán**"

Convocado polo C. P. do Chouzo. Dous premios do Vº Certame de Narrativa Emilia Pardo Bazán de Pontevedra recaeron en dúas rapazas lucenses. Na categoría destinada a alumnos do primeiro ciclo de ESO, primeiro foi para Carla María Campo Dacal, do Colexio Divino Maestro de Lugo, con *É doado dicir non*. Entre os alumnos do terceiro ciclo de Primaria, Tamara Dorado, do colexio San Cosme de Barreiros, gañou o segundo premio con *A xoia asiática.*

Xº Concurso de relato curto e poesía **Celso Emilio Ferreiro**

Organizado polo instituto de Ensino Secundario de Celanova con motivo do día das Letras Galegas. Na edición deste ano concedéronse dous primeiros premios, un na categoría de prosa e o outro en poesía, e dous accésit, dotados, respectivamente , con 25.000 e 10.000 pts. cada un. O primeiro premio no apartado de prosa foi para o traballo *As bágoas no recordo*, de Nuria Benlloch, estudiante de 2º de BUP do IESP do Castro, en Vigo. En poesía a galardoada foi Noelia Martínez, alumna de 3º de BUP do IESP Antón Fraguas de Santiago de Compostela, pola súa obra *O paxaro azul*. Os dous accésit deste ano quedaron en Celanova. O de prosa pola obra *George Sttobart* foi para Héctor Rodríguez Ferrer, estudiante de 1º de BUP e o de poesía recaeu e Rubén Pérez, alumno de 5º de Administrativo, pola obra *Ente sin creto*. Tódolos traballos premiados serán publicados na revista “Onde o mundo se chama Celanova”, publicación que editan conxuntamente os concellos pertencentes á Mancomunidade e o Clube Cultural Solpor.

Referencias varias:

-L. R., “Premio literario para dos estudiantes del Instituto”, *La Región*, 24 maio 1998, p. 43.

Dáse noticia do resultado da Xª edición do concurso de relato curto e poesía Celso Emilio Ferreiro no que dous alumnos do Instituto de Ensino Secundario de Celanova, Héctor Rodríguez Ferrer con “George

Sttobart” e Rubén Pérez con “Este sin creto”, acadaron dous accésit nas modalidades de prosa e poesía, respectivamente. Así mesmo, infórmase da publicación dos traballos premiados na revista *Onde o mundo se chama Celanova*.

Concurso Escolar do **Concello de Marín**

Convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Marín. Poderá concorrer a el todo o alumnado dos centros públicos e privados de Marín. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, en galego, de tema libre e cada autor non pode presentar máis dun relato. Convócanse tres categorías: a primeira para os tres primeiros cursos de primaria, a segunda para cuarto, quinto e sexto de primaria e a terceira para primeiro e segundo de ESO. Os galardóns consisten en material escolar e unha placa para o primeiro premio de cada categoría. Cada centro é o encargado de seleccionar un máximo de tres traballos por categoría. A resolución deuse a coñece-lo día 17 de maio de 1998. En Educación Primaria (primeiro, segundo e terceiro curso) os gañadores foron Antía Portas Conde, seguida de Manuel Juncal Rosales (Inmaculada) e Adriano Ogando (A Laxe). En cuarto, quinto e sexto curso, gañou Ana Quintillán González, seguida de Luis Jaén Méndez (A Laxe) e José Iglesias Díaz (Inmaculada Concepción). En primeiro de ESO e octavo de EXB gañou Patricia González Filloy, seguida de Loli Sánchez Sanjorge e Noelia Souto Rodríguez, as tres da Inmaculada, que tamén recibiron o seu regalo. No xurado estiveron a Concelleira de Cultura, a Directora da Biblioteca, Sor Francisca Varela González polo colexio Inmaculada Concepción e o Secretario, concorrendo só dous centros escolares, Inmaculada e A Laxe.

IIº Certame de Contos “ **Concello de Ourense”**

Organizado pola área de Educación, Universidade e Xuventude de Ourense para conmemora-lo Día das Letras Galegas, dedicado este ano ós trobadores galego-portugueses Johán de Cangas, Martín Codax e Mendinho. O xurado estivo composto por Xosé Antón Calviño, xefe do gabinete de Normalización de Política Lingüística da delegación de Educación de Ourense; Edelmiro Vázquez Naval, escritor; Ramón Gutiérrez, profesor; María Luz Añel, pedagoga; e Belén Girón, concelleira de Educación. Na modalidade individual resultou gañadora Sonia González Campos, do colexio Santa Teresa, polo traballo *Agora son un anxo*; na modalidade colectiva gañaron as alumnas do colexio Divino Maestro, María José Domínguez e Natalia Piñeiro pola narración *O trasno azul*. Así mesmo, o xurado decidiu conceder seis accésit a Susana Rodríguez (Santa Teresa) por *Meu cabalo branco*; Ana de Sas (Santa Teresa) por *O descubrimento de Lucas*; Carmen Sola (Santa Teresa) por *Se a mamá o soubese* ; Andrea R. (P. Prácticas) por *Un rebelde namorado*; Pedro José Fernández, José Luis González e Julio Alberto Gándara (Santo Ángel) por *Os nobres de Lamir*; e David Sánchez (Santo Ángel) por *A moura do penedo da raña.*

Referencias varias:

-R. F., “Más de cien obras en el II Certamen de contos”, La Región, 20 xuño 1998, p. 13.

X. 8. Premios para escolares

Informa do acto de entrega de galardóns deste certame, celebrado no Concello de Ourense. Menciona os membros do xurado, os centros participantes e os nomes dos gañadores e gañadoras.

Certame literario Letras Galegas **“Concello de Vilalba”**

O premio Manuel Mato Vizoso conseguiuno Borja Rouco Seoane, do colexio Mato Vizoso, polo traballo en prosa presentado baixo o lema *Carlitos*. O premio Xosé María Ledo foi para Ana Belén Felpeto Lagüela, polo traballo en poesía presentado baixo o lema *O fondo deste abismo*. María González Vázquez conseguiu o premio Xosé Lois García Mato polo traballo en prosa escrito baixo o lema *vellos papeis*. Daniel Ares Lafuente obtivo o premio García Hermida polo traballo de poesía presentado baixo o lema *Eu sementei unha ilusión*. O galardón Carmiña Prieto Rouco levouno Anxo Campos Graña, polo seu conto presentado baixo o lema *A castaña india*, mentres que o premio Ánxel Fole recaeu nun alumno do Mato Vizoso pola obra *Quérote, papá*, de poesía. O xurado estivo presidido por Antonia Orosa Peña e composto tamén por Xoán Ramil, Inmaculada Fraga e o concelleiro de Cultura, Juan Manuel Teijeiro.

XIXº Certame Literario do **Colexio Peleteiro de Santiago de Compostela**

No Colexio Peleteiro entregáronse os premios do XIXº Certame Literario da APAP, dirixido a alumnos do segundo ciclo de Educación Primaria. No apartado de narración, o primeiro premio recaeu no traballo *O verme da mazá*, de Ana Balado Fontela (terceiro de primaria), e *Berta quere aprender a ler*, de Cristina Díaz Dobarro (cuarto). Pola súa parte, na modalidade de poesía, resultaron vencedores Silvia González Chomón (terceiro), polo seu traballo *O baúl de* ... e Mariña Durán Losada (cuarto), por *A Lúa está namorada*. Outros premiados son Carmen Quintela Babío, María Teresa López Fernández, Sara Losada Baloira, Fernando Garrido Ruso, Isaac Fernández Varela, Iván Torres Vargas , Andrés Blanco García Granero e Alba Díaz Taboada. O xurado estivo integrado por membros da directiva da Asociación de Padres de Alumnos e por profesores do Colexio Peleteiro.

Certame de poesía "**Día das Letras Galegas**"

Convocado polo concello de Pontevedra e a Delegación Provincial de Cultura, Comunicación Social e Turismo coa colaboración da Deputación provincial, poden participar alumnos de ESO, BUP e COU de colexios públicos e institutos do municipio de Pontevedra. Establécense tres categorías : A (dende os 12 ata os 15 anos), B (de 16 a 18 anos), e C (18 anos). Os poemas deberán ter unha extensión máxima de tres folios. O prazo de presentación remata o 30 de abril. Haberá dous premios por cada categoría consistentes nunha viaxe para dúas persoas á Illa Máxica (Sevilla), diploma e un lote de libros. O fallo e a entrega de premios terá lugar o día 15 de maio. As galardoadas foron Noa Vázquez Barreiro, do Instituto A Xunqueira, co poema *Segredos de Arteusa*, e Verónica Domínguez Alonso, do instituto Sánchez Cantón polo traballo *Poemas de insomnio.*

Referencias varias:

-D. P., "Certamen de poesía 'Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, 17 abril 1998, p. 10.

Fai referencia á convocatoria deste certame co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, organizado polo Concello de Pontevedra. Indica a qué persoas vai destinado, as diferentes categorías

que o constitúen, as normas que se deben seguir para a presentación dos poemas, a data límite de entrega, os premios que se outorgan, ademais da data, hora e lugar no que se fallará.

-C. V., “Entregados los premios escolares de poesía del ‘Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1998, p. 12.

Informa da celebración dun festival organizado pola concellería de cultura de Pontevedra e da entrega dos premios do Certame de Poesía, organizado pola Delegación Provincial de cultura e o concello de Pontevedra, así como dos nomes dos rapaces e rapazas galardoados.

IIº Certame " **Francisco Añón"** de Poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola oficina de información xuvenil deste concello coa intención de fomenta-los valores da creación literaria da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Establécense catro categorías: A) para nenos/as de 6 a 10 anos. Nesta convocatoria o primeiro premio desta categoría foi declarado deserto. Concedeuse un accésit -publicación da obra- ó traballo *A Orquestra Sonora* da autora Helena Caamaño Campos. B) para nenos / nenas de 11 a 14 anos. O xurado declarou deserto o primeiro premio e o accésit. C) para mozos / as de 15 a 18 anos. Concedeuse o primeiro premio -cheque con valor de 25.000 pts. e publicación da obra-, a *Ánforas comestibles* de Xacobe Paz Limia. Concedeuse tamén un accésit -publicación da obra- a *A hecatombe dos Arlequíns* de Ramón Blanco Fernández, e D) para maiores de 18 anos. Outorgouse o primeiro premio conxunto compartido -cheque por valor de 20.000 pts. a cada un dos gañadores e publicación da obra- a *Máis alá do silencio* de Modesto Fraga e a *Acaba o mar, comeza a terra*, de Xurxo Alonso García. Concedeuse tamén un accésit a Marcelino Sisto Deibe, pola obra *Boceto Mariñeirán*. Finalmente fíxose mención especial á obra *Observei* da autora Concepción Meitín Álvarez. O xurado estivo composto por Celso Fernández Sanmartín, Carmen Molinos Alvite, Francisco Abeijón Núñez, Manuel García Fiuza e Martín Veiga. Actuou como secretaria Carmen Molinos Alvite. A resolución dos premios tivo lugar o día 11 de maio de 1998.

IIIº Certame Literario **“A Hora Máxica”**

Convocado polo Colexio Maior Universitario San Clemente. Os relatos ou os contos -orixinal e dúas copias- deben entregarse ou remitirse ó C.M.U. San Clemente, Praza Dr. Rodríguez Cadarso, s/n, Campus universitario sur, antes do día 24 de marzo. Poderán participar tódolos matriculados na U.S.C. Concederanse os seguintes premios: 1º Premio: 25.000 pts. e diploma, 2º: 20.000 pts. e diploma, 3º premio: 15.000 e diploma. Os traballos serán orixinais e inéditos en galego. A extensión do conto non será maior de seis páxinas mecanografadas a dobre espacio. Os traballos presentaranse nun sobre pechado sen remite nin datos persoais do concursante. No interior do sobre haberá outro máis pequeno cos datos persoais do autor e o teléfono. Os contos non serán devoltos e o C.M.U. San Clemente resérvase os dereitos sobre eles. Os premios entréganse o día 21 de abril no devandito centro, podendo quedar desertos. O xurado presidido por Salvador García-Bodaño estivo composto por Luz Pozo Garza, Moisés Barreiro e Xesús Rábade Paredes. As obras selecionadas foron: primeiro premio para Susana González Pérez pola obra *Receptor*, dotada con 25.000 pts. e diploma, o segundo premio para Javier Veiga Arias, pola obra *O Encontro*, dotado con 20.000 pts. e diploma e o terceiro premio foi para Anxo Blas González pola obra *A Norma de Normán*, dotado con 15.000 pts. e diploma.

Certame “**Letras Galegas”** de Narración e Debuxo

Convocado polas bibliotecas públicas dos seguintes municipios: Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, Biblioteca Pública de Outeiro de Rei, Biblioteca Pública Provincial Cidade de Lugo, Biblioteca Pública de Sarria, Biblioteca de Monforte de Lemos, Biblioteca de Taboada, Biblioteca de Guitiriz, Biblioteca de Fonsagrada. Estableceuse unha fase local dos premios dos que temos constancia dos fallos dos seguintes municipios: Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, Biblioteca Pública de Outeiro de Rei, Biblioteca Pública Provincial da Cidade de Lugo, Biblioteca Pública de Sarria e Biblioteca de Taboada. Establecéronse tres categorías: Categoría A, ata oito anos, categoría B, de nove a once anos e categoría C, de doce a dezaseis anos. Participaron nesta convocatoria 172 debuxos e 162 narracións seleccionados nas respectivas fases locais dos diversos municipios. Na fase provincial convocada pola biblioteca pública provincial da Cidade de Lugo no apartado de narración os galardoados foron na categoría A: Sergio Carrera Fernández (Lugo), Adrián Murias Fernández (Fonsagrada) e Daniel Jove (Guitiriz). Recibiron tamén dous accésit Alma María Branduas Dosil (Fonsagrada) e Adrián Frade Iglesias (Antas de Ulla). Na categoría B resultaron premiados Diego García (Antas de Ulla), Carmen López García (Sarria) e Eva Vilar Coira (Lugo). O accésit foi para Alba Mesa Vilanova (Lugo). Dentro da categoría C seleccionáronse os traballos de Rocío Otero López (Lugo), Bibiana Cabo Rodríguez (Lugo) e Uxío López Álvarez (Sarria). Concedeuse un accésit a David Varela Vázquez (Antas de Ulla). A

entrega de premios, consistentes en lotes de libros, diplomas e estatuíñas de Sargadelos tivo lugar nun acto celebrado na biblioteca provincial.

IIº Premio de Poesía **Manuel María**

Convocado pola Librería Casalderrey de Marín coa intención de fomenta-la creación e difusión poética. O 1º premio está dotado con 50.000 pts. e unha escultura conmemorativa. Concederanse tamén dúas mencións especiais ós poemas escritos por alumnos matriculados nos colexios de Marín, comarca do Morrazo e Pontevedra, dende a EXB ata COU, consistente nunha escultura conmemorativa e un lote de diccionarios, atlas e libros de lectura. Os poemas deberán ser dunha extensión de 6 a 60 versos de temática e composición libres, admitindo un poema por participante. Os traballos deben ser enviados ou entregados por triplicado con indicación no sobre de “Segunda Edición do Premio Manuel María” á dirección Librería Casalderrey (Jaime Janer, 7. 36900 Marín). O prazo de admisión remata o 13 de setembro de 1998. Os traballos concorrerán baixo lema, indicando tamén o título correspondente. Nun sobre cerrado no que inclúa nome, apelidos, enderezo e teléfono do autor, porase no exterior o lema aplicado ó poema. A determinación dos poemas gañadores tivo lugar o día 20 de outubro de 1998 e a entrega o día 9 de novembro. Resultou gañador Mario Silva de la Iglesia pola obra “Epicentro dunha espiral” presentada baixo o lema “Morrerei afogado no océano do silencio”. O xurado estivo composto por Fina Casalderrey, Enriqueta Otero Farto, Víctor Castro López e Clara Isabel Iglesias Cortizo e José Ruiz Guirado. Para máis información na librería Casalderrey. As mencións especiais correspondéronlle a María del Carmen Segade Couto por “Hoxe a lúa non brilla” e José Luis Traseira Lois con “A Farola monumento mariñeiro”.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Presentada ayer la segunda edición del ‘Premio de Poesía Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 29 maio 1998, p. 17.

Informa da presentación da segunda edición do “Premio de Poesía Manuel María”, que convoca a librería Casalderrey, a cal “pretende fomentar a creación e difusión poética”. Indícanse as bases do premio e o enderezo onde deberán entregarse os traballos. Finalmente lembra o premio gañador da edición do ano pasado, concedido a Reyes Forte Alfonso, pola obra *Septimia*.

-D. P., “Finaliza el plazo de entrega de trabajos del ‘Premio Manuel María’ de poesía”, *Diario de Pontevedra,* 11 setembro 1998, p. 20.

Dá conta da segunda edición do “Premio de Poesía Manuel María”, convocado pola “Librería Casalderrey” de Marín, que “pretende fomentar a creación e difusión poética” en lingua galega. Comenta ademais o modo de presenta-los traballos e o enderezo a onde deben enviarse.

-D. P., “Cincuenta trabajos optan al ‘II Premio Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 22 setembro 1998, p. 18.

Informa da obtención do IIº Premio Manuel María ó que optan cincuenta traballos. Ademais do primeiro premio, dotado con 50.000 pts. e unha escultura commemorativa; concederanse dúas mencións

especiais a poemas escritos por alumnos dos colexios de Marín, o Morrazo e Pontevedra, dende EXB ata COU. O xurado estará presidido, nesta ocasión, pola escritora Fina Casalderrey.

-D. P., “El joven marinense Mario Silva, ganador del ‘II Premio Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 23 outubro 1998, p. 19.

Informa da concesión do IIº Premio Manuel María ó xoven Mario Silva de la Iglesia co traballo titulado “Epicentro dunha Espiral” e presentado baixo o lema “Morrerei afogado no océano do silencio”. Os traballos de María del Carmen Segade Couto e José Luís Traseira Lois, recibirán dúas mencións especiais. O articulista dá conta, ademais, da próxima celebración da entrega dos premios á que ten confirmada a súa asistencia o poeta lucense que dá nome ó premio.

A. G. C., “María del Carmen Segade”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del domingo”, 8 novembro 1998,
3.

Artigo centrado en María del Carmen Segade, galardoada cunha “Mención Especial” no concurso de poesía “Manuel María, polo seu traballo “Hoxe a lúa non brilla”. A nova autora que estudia primeiro da ESO en A Xunqueira I de Parada de Campañó foi “descuberta” á poesía pola súa profesora Concepción Moreira de Santiago. A galardoada comenta o premio, mostra o seu desexo de que algún día poida encher un libro con poesías para que cheguen ós demais e fala dos poemas que ten escritos.

-Álvaro Agulla, “Presentada ayer a segunda edición del “Manuel María destaca la importancia de los certámenes literarios”; *Diario de Pontevedra*, 11 novembro 1998, p. 18.

Dá conta do acto de entrega do IIº premio de poesía “Manuel María” organizado pola Librería Casalderrey. Di que a este acto que se realizou no Instituto “Chan do Monte” de Marín, asistiron tódolos membros do xurado. Saliéntanse as palabras do escritor Manuel María sobre a importancia dos certames literarios e a súa felicitación á Librería organizadora e ó gañador, Mario Silva de la Iglesia, e ós nenos e nenas que mereceron mencións especiais, así como ós organizadores.

Iº Certame de Poesía para a Xuventude " **María Baña"** do departamento de Culturade Cabana

Convocado polo concello de Cabana co fin de promove-la figura e a obra da poetisa polular de Neaño. Fallarase o 17 de maio. Na categoría correspondente ó 2º ciclo gañou Nerea Cousilla Vigo, polo poema *Castaño, castaño*. No 3º ciclo de secundaria a gañadora foi Melanie Peace, polo poema titulado *Un raio de sol*. Na categoría do 1º ciclo de secundaria o premio fou para Carolina Varela Ramos co texto *Elexía a gaivota*. Na última categoría gañou o estudiante de C.O.U, Alberto Ferreiro Pérez coa obra *De onde eu son*.

Referencias varias:

-J. Nogareda, "Elegidos los ganadores del primer certamen de poesía María Baña", *El Correo Gallego*, 10 maio 1998, p. 21.

Ademais de indica-la composición do xurado, detalla os premiados en cada unha das categorías, así como os motivos expostos polo xurado para a concesión dos galardóns. Describe tamén tódolos traballos distinguidos nesta primeira edición do certame.

Certame de poesía “**María Soliño”**

Entregáronse 12 de xuño os premios de XIVº Certame de poesía María Soliño, que organiza o instituto do mesmo nome de Cangas. Un xurado formado por Iris Cochón, Anxo Angueira e Emilio Xosé Ínsua outorgoulle o primeiro premio da categoría A a Lucía López Pérez, do instituto “A Sangriña” da Guarda, e na categoría B a Xermán Labrador Méndez, do instituto “Valle-Inclán” de Pontevedra.

XXVIº Certame Literario **Minerva**

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 para escritores noveis pertencentes a ensinanzas medias. Consta de dúas modalidades, narrativa e poesía, nas que se conceden tres premios, dotados con 100.000, 60.000 e 40.000 pts., respectivamente, e tódolos accésit que o xurado considere oportunos. A data de presentación finaliza o 27 de marzo e o fallo tivo lugar o 8 de maio. Nesta edición presentáronse 256 orixinais. Os premiados no apartado de poesía foron Irene Cacabelos do instituto Ramón Cabanillas, pola súa triloxía *Da Fonte Serodia*, levou o primeiro premio (100.000 pts. e medalla). O segundo (60.000 e medalla) recaeu *en Círculos de xente* obra de Alejandro Roque Cameselle Capón, que estudia 3º de BUP no instituto San Paio de Tui, María Álvarez Sánchez, alumna de 3º de BUP do Colexio Manuel Peleteiro foi, con *Nós, con e sen lúa*, a gañadora do terceiro premio. (40.000 e medalla). Dentro desta modalidade foron concedidos ex aequo catro accésit, que foron para Sara Arias, Noelia Fernández -Albor, Borja Verea, todos eles do Peleteiro, e David García Díaz, alumno do I. B. de Nigrán. En canto ós premios de narrativa (dotados como os anteriores) resultou galardoado co primeiro premio *O estraño nome da flor do toxo*, do autor Samuel Solleiro González, alumno de 2º do instituto de San Paio. En segundo lugar quedou Alejandro Roque Cameselle Capón pola súa obra *O pausiñas*. Ademais foi distinguido co terceiro premio o relato *María,* do autor Germán Labrador Méndez, alumno de COU do Instituto Valle-Incl-an de Pontevedra. Os accésit recaeron en Laura Freire Domínguez e Germán Labrador Méndez (do anterior intituto), Sara Barreiro (do

Peleteiro) e Alberto Jurjo Costa (do Ramón Cabanillas de Cambados). O xurado estivo formado por Anxo Tarrío, Manuel Guede Oliva, Manuel Domínguez Lores, Manuel Quintáns, Francisco Mateo, Luis Alonso Girardo, Abuín de Tembra, Rafa Xaneiro, Xosé M. Sanabria e Xavier Ferreiro.

Referencias varias:

Avelino Abuín de Tembra, “Os líricos máis novos”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 10 maio 1998,
2.
Infórmase da publicación dos traballos gañadores do Certame Literario Minerva de 1997 baixo o título *Ti dormes como un anxo na auga* e con prólogo de Darío Xohán Cabana. Informa que, nesta ocasión, o primeiro premio foi para Irene Cacabelos Vieites por “Da fonte serodia”, o segundo recaeu en Alexandre Cameselle Cespón, autor de “Círculos de sangue” e o terceiro en María Álvarez Sánchez co poemario “Nós con e sen lúa”. Completan a nómina de autores premiados Sara Arias García, Noela Fernández-Albor Batallán e Borja Verea Fráiz.

-E. G., “Meu relato é sutilmente anticlerial e crítico”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1998, p. 12.

Entrevista con Samuel Solleiro González gañador do primeiro premio “Minerva” de Narrativa Xuvenil, co relato titulado “O extrano nome da flor de toxo”. O autor responde a preguntas referidas ó seu relato e declara a súa devoción por Manuel Rivas e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Certame Literario **“A Pipa 98”** da alta montaña luguesa

Organizado polo consello de redacción da revista A Pipa. Celebrouse no transcurso da *Noite poética* de Becerreá. A data límite para a presentación dos traballos é o vintedous de decembro. Cada participante pode presenta-los taballos que desexe en relato ou poesía, sempre que estean escritos en galego. Os orixinais deben enviarse baixo pseudónimo. O enderezo é revista *A Pipa*. Rúa Ancares, 57. 27640. Becerreá. Os galardoados na modalidade infantil de relato son Cristel Peláez, por *A aventura de Pelusín*; Estefanía Díaz, por *Recordando a Laura*; Jennifer Gago, por *Os Farois* e Xesús Álvarez Trabado, por *O rapaz da granxa.* En poesía infantil os gañadores son Mª Patricia Trevolle, polo poema *Estrela*, Sonia González, por *O Nadal* e Faia Díaz por *O paxaro carpinteiro*. En relato xuvenil o galardoado foi Nicolás Faria por *Still loving you* e Bibiana Cabo por *Espiúsesme o mundo.* En poesía, tamén resultou premiada Bibiana Cabo por *Amor da Terra*...e María do Mar Montosa polo poema *Son meus estes poemas*. Tamén se entregou un accésit para maiores de 18 anos en poesía a Ángeles Gregoriopolo poema Ireime.

XIº Premio de Narracións Xuvenís "**Rúa Nova**"

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establecen un primer premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen 18 anos. Estes traballos poden ter unha extensión de 25 a 125 folios, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, antes do 1 de marzo, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15.705 Santiago, Apartado de Correos 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O dictame do xurado deuse a coñecer o día 2 de abril, en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. O primeiro premio, dotado con 250.000 pts. e a publicación do libro na colección Nova 33, recaeu no mozo de 16 anos Alberto Santiago Loureiro, de Santiago, coa obra *Case unha cidade.* O xurado decidiu tamén facer dúas mencións de honra: a primeira para a obra *Fimose, un día na apocalipse*, de Óscar Manuel Sendón Olveira ; a segunda para Ramón Ramos Ríos coa obra *A morte do último romántico*. O xurado deste ano estivo composto por Fina Casalderrey, Xosé Antón Perozo, Paulino Novo, Inmaculada López Silva e Xosé Victorio Nogueira. Ó certame presentáronse 55 orixinais inéditos de menores de 18 anos, 20 en lingua galega e 35 en castelán.

Referencias varias:

D. P., “Premio ‘Rúa Nova 1998’ de Narraciones Xuveniles”, Diario de Pontevedra, 26 febreiro 1998, 12.

Informa da convocatoria do premio Rúa Nova de narracións xuvenís. A continuación, ofrece as bases do citado concurso.

-Ana Iglesias, “El joven compostelano Alberto Santiago, galardonado con el ‘Rúa Nova’en gallego”/ “Santiago Loureiro gaña o ‘Rúa Nova”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 3 abril 1998, p. 11/p. 40. Anúnciase que o gañador do XIº premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís, na modalidade de lingua galega, foi o compostelán Alberto Santiago Loureiro, cunha narración titulada *Gofre*. O xurado estivo composto polos escritores Fina Casalderrey e Xosé Antonio Perozo, Inmaculada López Silva -galardoada co citado premio na convocatoria anterior- o filólogo Paulino Novo e o director de Investigación da Fundación Caixa Galicia, Xosé-Victorio Nogueira. A continuación, cítanse as mencións especiais que obtiveron Óscar Manuel Olveira, pola obra *Fimose, un día na apocalipse* e Ramón Ramos Ríos, por *A morte do último romántico*.

-Ana Iglesias, “Los escritores del futuro”, *La Voz de Galicia*, 12 decembro 1998, p. 48.

Informa da entrega do premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís ó compostelán Alberto Santiago Loureiro, coa narración *Gofre*. Afirma que se presentaron corenta e sete traballos, cita os dous accésit que se outorgaron e dá o nome dos membros do xurado.

-J. M. García Iglesias, “A Colección Nova 33”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 30 decembro 1998, p. 3.

Breve comentario sobre a entrega do premio de narracións xuvenís Rúa Nova, na modalidade de lingua galega, ó mozo compostelán Alberto Santiago Loureiro. Cita, ademais, os membros do xurado.

Premio de Poesía **“Sete Naos”**

Convocado polo colectivo Poético Sete Naos e dirixido a estudiantes de Ensino Secundario da comarca do Salnés. A extensión dos orixinais non será inferior a vinte versos nin superior a cincuenta. Os orixinais presentaranse por triplicado antes do 1 de maio no I.B. Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, 16, 36630, Cambados. Irene Cacabelos resultu se-la gañadora polo seu *poemario Escolma de males, pecados e outros*; o titulado *Serpes en noite*, de Iria Peiteado, mereceu o segundo premio e os accésit recaeron en *A miña lingua*, de Mónica Domínguez, e en *Letras tristes e letras ledas*, de Roi Martínez. O xurado estivo formado por Bernardino Graña, Anxo Angueira e Iolanda Castaño e os premios entregaranse no marco das festas do Albariño.

VIIº Certame Municipal de **“Teatro infantil e xuvenil”** de Monforte

En Monforte celebrouse un concorrido acto de entrega de premios do VII certame municipal de teatro infantil e xuvenil para centros de ensino. Os premios á participación foron para os colexios de A Gándara, PP. Escolapios, Ferroviario e Sagrado Corazón e os Institutos Daviña Rey, A Pinguela e Río Cabe. A mención ó guión orixinal foi para Río Cabe; o premio a iluminación e montaxe musical, para Daviña Rei; a mellor caracterización e vestiario, A Pinguela; o mellor decorado, Sagrado Corazón; a orixinalidade, Río Cabe; mellor actriz infantil, Tania Cornide (Escolapios); mellor actor infantil, Antonio Pérez, (Ferroviario), mellor actriz xuvenil, Sonia Rodríguez (A Pinguela); mellor actor xuvenil, Santiago Defende (Daviña Rey); interpretación en xeral, A Gándara; mellor obra infantil, Sagrado Corazón, e mellor obra xuvenil, A Pinguela.

Premio “**Terra Cha**”, de Literatura e Debuxo Infantil

Organizado pola asociación Xermolos, de Guitiriz. No certame participaron alumnos de Lugo e A Coruña. No apartado de poesía , os galardóns recaen en Roberto Ferreiro, Rocío Trastoy, Patricia Vidal, Rodrigo Pavón, Vanesa López, María Luz Airado Bello, Lucía Guntín e Antía Baamonde, todos eles estudiantes de colexios chairegos. Na categoría de fóra da comarca hai premios para Beatriz Valcárcel, Artemisa Delmar, Miguel de Jesús Yáñez, María Reimúndez, Cristina Borges, Eva Fernández e Azahara, Iria e Fernando Caamaño. Na categoría de contos os gañadores chairegos son Benxamín Paz Hermida, Alberto Vázquez, Cristina Ramudo, Manuel López, Iván Pérez, Brais González, Tania Rebolo, Javier Campo, Ana Prado, María González, Efrén Edrosa e Carmen Falpeto. Nos colexios non chairegos, os gañadores foron Carla Suárez, Martín Ferreiro, Lorena Polo, Guzmán Figueira, Carmen Villalba, Tamara Dorado, Cristina Sieira e Sabela Ramos.

X. Premios

X. 9. Relación doutros premios escolares

Á parte dos xa citados, por coincidir con outros premios dos glosados anteriormente, sabemos da existencia dos que a continuación relacionamos:

-Certame Literario e Gráfico **sobre Os Ancares**

-Concurso de Contos do **Ateneo Santa Cecilia** de Marín

X. 9. Outros premios escolares

-Vº Certame de relato Curto **Antonio Fernández Pérez**

-IIº Certame literario **Benxamín Paz Cordal**

-IVº Concurso de Contos organizado polo colexio “ **A Pedra**” de Bueu

9. Outros premios escolares

-VIº Certame de Narración Curta e Vº certame de Banda Deseñada “ **Ben veñas, maio**”

-Iº Certame de **“Contos no Grove”**

Referencias varias:

-José Manuel Moldes, “I Certamen de Contos en O Grove”, *Diario de Pontevedra*, 14 abril 1998, p. 20.

Faise eco da convocatoria do certame organizado polo Consello Local da Cultura do concello grovense; recorda os destinatarios ó que vai dirixido, a dirección á que deben remiti-los traballos e os regalos que obterán.

-José María Moldes, “I Certamen de contos en O Grove”, *Diario de Pontevedra*, 8 maio 1998, p. 22.

Salienta que neste día remata o prazo de entrega dos traballos para o certame. Repasa as bases da convocatoria, os presentes que reparten ós concursantes e ós galardoados, ademais de lembrar que a entidade organizadora se reserva o dereito da publicación.

-Vº Premio Literario **“O Grelo-Amigos de Galicia”**

9. Outros premios escolares

-VIIº Premio Literario “ **Manolo Lado”**

-IV[os] Premios de **“Poesía na Escola”** da Asociación Amigos da Poesía do Baixo Miño

Referencias varias:

-J. Salgado, “Más de doscientos niños participaron en el IV Certamen de Poesía”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 24 decembro 1998, p. VIII.

Dá noticia da celebración do Certame de Poesía na Escola organizada pola Asociación de Amigos da Poesía “Baixo Miño”.

-XIº Certame de Contos “ **Repsol”**

9. Outros premios escolares

-IVº Certame de Contos **“Trapero Pardo”**

-Concurso literario “**Xaime Isla** de narrativa e poesía”

Referencias varias:

-R. R., “El concurso literario ‘Xaime Isla’ centra los actos del ‘Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 30 marzo 1998, p. 12.

Anuncia a convocatoria do concurso literario “Xaime Isla” dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas no Concello de Poio. Informa das bases e das entidades organizadoras do citado certame.

-R. R., “O xoves recolleranse os traballos do concurso literario ‘Xaime Isla”, *Diario de Pontevedra*, 28 abril 1998, p. 21.

Anuncio da celebración do Certame literario Xaime Isla, organizado polo Municipio de Poio, e informa das bases e das datas de celebración e a entrega dos premios.

-R. R., “80 trabajos optan al ‘Xaime Isla”, *Diario de Pontevedra*, 7 maio 1998, p. 23.

Comunícase a inminente decisión dos gañadores e gañadoras do premio Xaime Isla e a posterior convocatoria para a entrega de premios. A participación no certame foi elevada e o concelleiro de Cultura

de Poio, Xosé Martínez, valorou a colaboración dos profesores dos centros de ensino do lugar no afianzamento do concurso.

-Ramón Rivas, “Los premios del concurso ‘Xaime Isla’ se entregarán el próximo domingo”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1998, p. 21.

Nota sobre a entrega de premios no barrio de Raxó do certame dedicado ó galeguista Xaime Isla. Este premio está organizado por varias entidades, entre elas a Cultural Deportiva de Raxó e o Concello de Poio. Conta con dúas modalidades, poesía e narrativa, e varias categorías comprendidas entre os seis e os dezaoito anos. A nota informa de tódolos gañadores e gañadoras nestas categorías.

-IIIº Premio de relato curto “ **Varela Buxán**”

9. Outros premios escolares

-VIIIº Certame de Contos **Vila de Pontedeume**

XI. Literatura medieval

XI. 1. Monografías e libros colectivos

Brea, Mercedes e Pilar **Lorenzo Gradín**, *A cantiga de amigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, Historia crítica da literatura medieval, 1998, 284 pp. (ISBN: 84-8302-319-9).

O volume insírese nunha triloxía editada por Galaxia dentro da colección "Historia Crítica da Literatura Medieval" que tenta profundar nos tres xéneros maiores da lírica profana. Este traballo súmase así ós xa publicados en 1995 por Giulia Lanciani e G. Tavani sobre *As cantigas de escarnio* e por Vicenç Beltrán *A cantiga de amor*. Preséntase o libro cunha introducción na que se insire a cantiga de amigo no marco dunha canción de muller panrománica cun certo transfondo popular sen deixar de ser textos de autor. Esbózanse aquí algúns temas que serán amplamente tratados ó longo do estudio que segue, como as vías de transmisión manuscrita ou a cronoloxía, ó carón dun rápido apuntamento sobre os xéneros cultivados na lírica medieval galego-portuguesa. Nos sete capítulos que conforman o volume fálase da "Tradición manuscrita", na que se recolle información fundamentalmente de *B* e *V* ademais da mención a *N*; dos "Autores", da "Estructura narrativa" diversa que presentan os textos (dialogada, diexemática ou mixta); dos "Temas e motivos" que se recollen nas cantigas de amigo, entre os que destacan os temas do panexírico e do o amor cos seus tópicos e as súas simboloxías, e os motivos da "*sanha*" e de "*fazer ben*"; tamén se trata a "Poética de amigo", dando conta dos "símbolos" de referencia natural en xeral e

das “figuras” distinguindo entre as “figuras elocutivas”, as “figuras de supresión e de orde” e as “figuras de pensamento”. No penúltimo capítulo ocúpanse dos “Aspectos métricos-formais” definindo e amosando nos textos o paralelismo, a palabra perduda e palabra rima, e o dobre e mozdobre. Finalizando o estudio descríbense as “Modalidades xenéricas e interferencias de rexistro” fixando a atención na pastorela, na alba, no lai, na malmaridada, na cantiga de tear, na *chanson de change*, no escondit, na bailada, na cantiga de romaría, na mariña e nalgúns “tipos de hibridación”. O volume péchase coa bibliografía, que aparece dividida en “Textos”, onde se distingue por unha banda “Edicións”, e pola outra “Antoloxías e Estudios”.

Calvo-Manzano, Mª Rosa (dir.), *Alfonso X El Sabio Impulsor del arte, la cultura y el humanismo. El arpa en la Edad Media española*, prólogo de Emilio Lorenzo, Madrid: Arlu Ediciones, col. El Arpa. Opera Omnia, 1998, 367 pp. (ISBN: 84 92396-0-2).

Tras abri-lo volume cunha dedicatoria ó Rei Don Juan Carlos I de España, e logo do "Índice", María Rosa Calvo-Manzano asina, por unha banda, a "Justificación del proyecto", onde se explica como xurdiu e como se levou a cabo este traballo monográfico no 1992, e por outra, os "Agradecimientos" ós colaboradores e a aqueles que facilitaron as ilustracións que aparecen no volume; ademais fai unha mención especial a Filgueira Valverde, quen desgraciadamente non chegou a ver editado o volume e ofrécelle a presente publicación como "homenaje póstumo". De seguido, Emilio Lorenzo, membro da RAE, "A manera de prólogo", explica a orixe da voz 'arpa' e fai un estudio das grafías deste termo no castelán medieval. Antes de entrar en materia, ofrécese unha lista dos autores que traballaron neste libro por orde alfabética. Os contidos tratados aparecen estructurados en tres grandes bloques; na primeira parte recóllense oito artigos sobre o "Entorno histórico, económico, político y social" da época de Afonso X; na segunda, ó longo de once traballos, faise un estudio de diversos aspectos que teñen que ver co "Entorno musical" da producción afonsina, e para rematar, na terceira parte, despois de aclara-los criterios seguidos

na instrumentalización dalgunhas das *Cantigas de Santa María*, achégase unha versión destas para arpa feita por Rosa María Calvo-Manzano e unha adaptación para órgano de Jesús Guridi, ó carón de cadansúas reproduccións facsimilares das partituras recollidas nos manuscritos e da lectura editada por H. Anglés. O libro ilústrase con numerosas miniaturas tiradas dos códices medievais e con fotografías e deseños de arte románica. Ó tratarse dun monográfico sobre a arpa na Idade Media, describimos soamente aqueles artigos que tratan temas referentes á literatura galego-portuguesa medieval.

-Ángel Alcalá, “Doctrina teológica y leyendas pías en la *Cantigas de Santa María* de Afonso X El Sabio”, pp. 27-44.

A través da análise dalgúns aspectos presentes nas *Cantigas de Santa María* como son a doutrina mariolóxica, o principio rector moral ou relixioso que se transmite nelas, a distinción entre os conceptos de milagre e marabilla, as bases bíblicas destas *Cantigas*, o fundamento dogmático de *María Theortókos* e a doutrina sacramental e moral, exponse o tratamento que nesta obra se fai do contido teolóxico. Ademais, no artigo, faise referencia a outros temas tamén presentes nas cantigas e relacionados coa doutrina teolóxica como a recorrencia ás resurreccións na solución de problemas, a formulación da conveniencia da castidade, a tendencia a estimula-los fieis para dar cartos ós santuarios, o antisemitismo e a visión pesimista do mundo e da vida. Para finalizar propóñense catro familias de alegorías simbólicas nas que se concentra todo o entramado doutrinal exposto.

-Ana Domínguez Rodríguez, “Retratos de Alfonso X en sus manuscritos”, pp. 95- 107.

Analízanse as escenas de presentación dos códices nas que aparece o rei como sabio e autor ou como lexislador, e as ilustracións destes manuscritos nas que aparece Don Afonso como trobador, predicador ou sacerdote, poñendo en relación as actitudes e os comportamentos representados nestas miniaturas coa concepción do poder que tiña o monarca. O artigo ilústrase con reproduccións de miniaturas pertencentes ó Códice do Escorial.

-José Filgueira Valverde, “La lengua poética de Alfonso X”, pp. 109-110.

Reflíctese como na corte políglota e multicultural de Afonso X, a elección dun determinado romance relacionábase directamente cos xenéros cultivados. Así, mentres que o castelán foi a lingua escollida polo rei para substituí-lo latín nos textos históricos, xurídicos, etc., a composición das *Cantigas de Santa María*, seguindo criterios exclusivamente poéticos, faise na lingua propia da escola galego-portuguesa.

-María Rosa Calvo-Manzano, “Las Cántigas. La posibilidad de incorporar el arpa a su interpretación”, pp. 129-152.

Co fin de xustificar unha posible interpretación das *Cantigas de Santa María* coa arpa faise un percorrido músico-cultural ó longo do “humanismo” toledano da Baixa Idade Media, estudiando a figura do rei trobador, as relacións entre os xograres hispanoárabes e os trobadores de Occitania, e analizando o papel da arpa na música medieval xunto coa morfoloxía deste instrumento e a súa simboloxía, ademais de reflecti-la trama e xéneros da música da época.

-María Rosa Calvo-Manzano, “Las arpas en la obra de Alfonso X El Sabio. Análisis histórico y organológico”, pp. 153-186.
Dentro dun amplo traballo sobre a representación da arpa nas miniaturas dos códices medievais no que tamén se tratan temas referentes á historia e ó desenvolvemento da arpa medieval e española, insírese un apartado no que se estudian as “arpas y otros cordófonos en los códices de las *Cantigas*”, dando a localización e a descrición destes instrumentos nas miniaturas da obra mariana de Afonso X. Achéganse ilustracións tiradas de diversas fontes que fan referencia ó exposto no artigo.

-María Rosa Calvo-Manzano, “Los códices musicales alfonsíes. Piezas claves para trovadores y ministriles”, pp. 187-193.

Logo de contextualizar historicamente a orixe dos códices e a inclusión da arpa nestes, pásase a describir e ofrecer algúns apuntamentos de interese sobre os tres manuscritos musicais alfonsíes: o *Códice dos músicos*, o *Códice Rico* e o *Códice de Toledo*. O traballo ilústrase con dúas fotografías e un debuxo de arpas.

-María Victoria Chico, “Las miniaturas de las *Cantigas de Santa María* y la música”, pp. 195-199.

Partindo do sentido musical e rítmico globalizador que se presupón no método compositivo dos códices, analízase o esquema rítmico que presenta a situación da obra pictórica no *Códice Rico,* achegando exemplos gráficos dos métodos compositivos pictórico-narrativos que se explican no artigo.

-José Filgueira Valverde, “Las cortes musicales y poéticas durante el reinado de Alfonso X”, pp. 201-208.

Repásanse as cortes vixentes no tempo de Afonso X subliñando o caracter multicultural e políglota de cada unha delas falando do “Galaico-portugués en la Corte Alfonsí”, dos “Franceses y provenzales en la Corte portuguesa”, do “Provenzalismo de la Corte literaria Alfonsí” ou da “Lírica francesa en la Corte de Navarra”. Ademais faise referencia a cortes señoriais da zona catalana e galega. Para rematar establécese que parte da producción literaria afonsí pertence á autoría do propio rei e cal foi composta polo seu equipo.

-John Griffiths, “Laúdes y guitarras en las Cantigas de Santa María”, pp. 209- 224.

A partir das representacións de cordófonos nas miniaturas das *Cantigas de Santa María* proponse unha agrupación e clasificación destes instrumentos, e un estudio da técnica instrumental e da práctica musical da época. O traballo ilústrase con miniaturas tiradas do Códice do músicos.

Kremer, Dieter, (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, 2 vols., Vigo: Galaxia, 1998, 1138 pp. (ISBN Tomo I: 84-8288-231-7) (ISBN Tomo II: 84-8288-232-5) (ISBN Obra Completa: 84-8288-233-3).

Como xa anunciamos no apartado V. I. deste *Informe*, onde se describiron os traballos desta obra dedicados á literatura galega en xeral, describimos agora os correspondentes á literatura medieval:

-Ivo Castro, "O fragmento galego do *Livro de Tristan*", pp. 135-149.

Tras sinala-lo descoñecemento que en certos aspectos se ten sobre a entrada na Península Ibérica da materia artúrica, pásase a ofrecer un estudio do *Fragmento do Livro de Tristan* baseado en tres piares. O primeiro é a aproximación ó propio fragmento (quén o descubriu, características físicas, zona na que foi escrito, datación, etc.). O segundo afonda no texto do *Fragmento*, incide na dificultade de comprensión que presentan os textos transmitidos polo "*Fragmento de Madrid*", estúdiase a proximidade entre o fragmento conservado e a tradición francesa do manuscrito e exponse a posibilidade de que exista un texto intermedio entre o *Tristán* en prosa e o *Fragmento* galego. Neste sentido rexéitase inmediatamente tal posibilidade debido a que ningún texto contén os episodios que aparecen nese fragmento e á proximidade lingüística entre o fragmento galego e o orixinal francés. O último aspecto tratado é a lingua do *Fragmento*; trátase de distinguir se o texto foi escrito en territorio galego ou

portugués servíndose de criterios filolóxicos como a aparición das nasais en posición final absoluta e o cambio de 'u' por 'o'. Reflíctese a opinión de Pensado, quen opina que foi escrito ó sur do Miño, baseándose nos criterios anteriormente citados, e a de Ivo Castro que cre que non foi escrito en territorio portugués apoiándose nas grafías das consoantes palatais, apuntando ademais algunhas características morfolóxicas e fonolóxicas do *Fragmento* comparándoas coas da *Cronica Troiana*.

-Xosé Filgueira Valverde, "A remuneración do axente lírico na poesía galego-portuguesa medieval", pp. 185-198.

Aproximación ás figuras do trobador, do segrel e do xograr, que se diferenciaban segundo a súa remuneración económica por cantar diante dos señores. Ó longo de doce epígrafes desenvólvense "A xograría pedichona", "O xograr asalariado", "Limitacións e "padrón" nas cortes", "As "Doas", diversidade, calidade, contía", "Dons de maior contía", "No relixioso", "Servidume de amor e feudalidade", "Bos e malos xograres: premio e castigo", "Paga escasa e falsas promesas", "Perigos e molestias de hospedaxe" e "Cambio de señor". Ofrécense en cada un dos epígrafes composicións nas que se fai referencia ó aspecto tratado no mesmo.

-Isabel González, "A similitude na lírica amorosa galega da Idade Media. Semellanzas e diferencias coa italiana", pp. 199-213

Intenta sinala-las diferencias e semellanzas entre a lírica amorosa galega e a italiana en canto o uso do recurso da similitude e propón precisa-los límites deste procedemento retórico, englobándoo, xunto co símil e o "exemplum" dentro da comparación. Aborda a continuación a similitude na poesía amorosa

galego-portuguesa e na lírica amorosa medieval italiana, sinalando a especificidade de cada unha delas e ofrecendo as características que as individualizan. Establécense finalmente os aspectos nos que coinciden ámbalas dúas líricas, expresividade e claridade, e no que diverxen, segundo Isabel González, xa que "a lírica amorosa italiana ten máis variedade dende o punto de vista gramatical, literario e temático".

-Xosé María Gómez Clemente, "A manifestación do marabilloso de orixe cristiá no texto historiográfico", pp. 151-176.

Analízase a presencia do "sobrenatural" nun texto historiográfico do s. XIV: a traducción galega da *Cronica General* (tamén chamada *Cronica Galega*) e da *Cronica de Castela*, restrinxindo o traballo simplemente á aparición de seres sobrenaturais pertencentes ó imaxinario cristián. Tras contrapoñe-los conceptos de marabilloso e fantástico e de dar unha serie de razóns para comprende-la presencia do "marabilloso" nos textos historiográficos, fai o autor unha relación das fórmulas estereotipadas que aparecen nos textos sinalados indicando a función que estas teñen. Divídense en "positivas" e "negativas" as reaccións que a irrupción do sobrenatural no texto historiográfico pode causar. Trátanse a continuación os procedementos de delimitación do marabilloso e a súa integración no discurso historiográfico e conclúese o traballo explicando por qué aparece o elemento sobrenatural nos textos de tipo historiográfico.

-Xosé Bieito Arias Freixedo, "O motivo do "casamento da senhor" nas cantigas d'amor", pp. 123-134.

Preténdese, sobre a base da cantiga de amor de Roy Fernandez de Santiago *Se hom'ouvesse de morrer*, facer un percorrido polo motivo do "casamento da senhor con outro", tratando de establecer, ó mesmo tempo influencias recíprocas na obra dos trobadores que fixeron alusión directa a este motivo (Pay Soarez de Taveiros, Fernan Velho, Lourenço e o propio Roy Fernandez de Santiago). Tomando como punto de partida os trazos semánticos máis salientables, trátase de comprobar se Roy Fernandez tivo presente a cantiga de Pay Soarez de Taveiros *Meus olhos, aver uus Deus facer* e demostrar así a súa inclusión dentro do reducido grupo de trobadores que trataron este motivo. Chégase así á conclusión de que "o feito de non haber referencias explícitas ó motivo do casamento na cantiga de Roy Fernandez non é óbice para que non poidamos incluila neste subxénero".

XI. Literatura medieval

XI. 2. Actas

Alonso Girgado, Luis (coord.), *Actas das I[as] Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, 506 pp. (ISBN: 84-453-2272-9). ◆

Como xa anunciamos (apartado V.1) recóllense aquí as intervencións referidas á literatura medieval que se pronunciaron nas Xornadas das Letras Galegas, celebradas en Lisboa durante os días 25 e 30 de maio.

-Xosé Xabier Ron Fernández, “A lírica galego-portuguesa: novas reflexións sobre os problemas de sempre”, pp. 25-66.

Partindo da “reflexión epistemolóxica” á que a súa condición de investigador de poesía medieval o leva, o autor trata algúns dos problemas que, segundo el, aínda hoxe perviven no estudio desta poesía, e chega á conclusión de que “cómpre unha renovación do discurso científico sobre a escola galego-portuguesa”. Estructura esta conferencia en tres apartados: no primeiro pon en dúbida os límites cronolóxicos da lírica trobadoresca aceptados “por comodidade didáctica” que abranguen de principios do século XIII ó 1350; fai tamén un repaso á bibliografía que posuímos dende os precursores destes estudios (Carolina Michaëlis, José Joaquim Nunes e Manuel Rodrigues Lapa) ata hoxe, e refírese á ausencia de revisión crítica e á ideoloxización que, ás

veces, sofre a producción lírica deste período. Na segunda parte trata propiamente os problemas epistemolóxicos, focalizando o seu argumento nas periodizacións que ó longo da historia se teñen feito sobre a lírica trobadoresca. Para finalizar ocúpase da "ideoloxización na base dos conceptos teóricos da poesía trobadoresca galego-portuguesa" a través da análise da oralidade fronte á escrita, da lírica pretrobadoresca fronte á lírica trobadoresca e da cantiga de amigo fronte á cantiga de amor.

-Luz Pozo Garza, "O mar maior de Mendiño como conflicto", pp. 241-248.

Realiza unha análise, de corte freudiano, do texto de Mendiño, que se presenta aquí na súa "versión modernamente regularizada" polo Profesor Henrique Monteagudo. Concibe o texto como un xogo de "signos plurívocos" que acaban por converxer nun "signo único, unha chamada de auxilio. Funciona, pois, (todo o texto) como un S.O.S.". Para a súa análise baséase no "simbolismo de realidade ou lóxico" de Carlos Bousoño e na introducción de Hendrik M. Ruitenbeek á súa propia obra *Psicoanálisis y Literatura*, ademais do traballo de Sigmund Freud, *La interpretación de los sueños*. Deste xeito chega á conclusión de que "hai, pois, un evidente conflicto psíquico que enche de angustia o ánimo da rapaza (...). Hai tamén frustración e sentimento de culpabilidade e angustia". Finaliza coa aplicación dos mecanismos de defensa do "eu" propostos por Freud á voz protagonista.

-Ignacio Rodiño Caramés, “A lírica medieval e as novas tecnoloxías: *Lírica Profana Galega-Portuguesa*, o Proxecto Arquivo Galicia Medieval e a Base de Datos MedDB”, pp. 341-353.

Explica cómo os dous volumes da *Lírica Profana Galego-Portuguesa,* elaborados polo equipo de medievalistas do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades baixo a dirección de Mercedes Brea e Vicenç Beltrán, chegan a se converter nunha base de datos (MedDB) dispoñible a través da rede Internet. Explica que esta base de datos, á súa vez, está inserida dentro dun proxecto moito máis ambicioso: o Arquivo Galicia Medieval que se subdivide en Lírica Profana Galego-Portuguesa, Cantigas de Santa María, Prosa literaria e Prosa documental. Dá a coñece-la estructura interna da obra impresa, as fontes ás que recorreron para facela e os criterios que seguiron na súa construcción. Relata ademais a historia e vicisitudes do Arquivo Galicia Medieval, nomea a todos aqueles que colaboraron dalgún xeito co Centro Ramón Piñeiro en prol da creación de dito Arquivo facendo especial fincapé no traballo do equipo informático. Así mesmo explica polo miúdo cómo foi posible levar a cabo a codificación electrónica de texto e imaxe, dá os datos técnicos e fai referencia á utilización práctica do sistema e ás vantaxes que representa para os estudiosos de calquera parte do mundo.

-Antonio Rey Somoza, “Privados, mordomos e chanceleres na sátira galego-portuguesa”, pp. 355-370.

Traballo estructurado en tres partes, comezando por unhas “consideracións previas” que van dende a localización destes tres altos postos (privados, mordomos e chanceleres) dentro da pirámide social medieval, ata a lembranza do elemento satírico co que se vai traballar e os seus recursos literarios máis habituais. En segundo lugar, despois dunha presentación histórica da figura tratada, lévase a cabo a análise dos textos, “intentando supera-lo que sería unha parcial análise temática”. Para rematar tira as conclusións do exposto ata o momento.

Earle, T. F. (coord.), *Actas do Quinto Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas* (Tomo III), Oxford-Coimbra, 1998.

Nestas actas atópase o seguinte traballo referido á literatura medieval galego-portuguesa:

-Anne-Marie Quint, “O mar na lírica medieval galego portuguesa”, pp. 1321-1330.

Para levar a cabo a análise do motivo marítimo na lírica profana galego-portuguesa, faise unha delimitación do corpus das composicións, así como a selección da nómina dos autores que empregaron este tema. De seguido, a través dunha serie de exemplos ilustrativos tirados das propias cantigas, caracterízase o motivo do mar, e finalmente móstranse dous exemplos significativos da ambivalencia do mar na lírica dos cancioneiros a través da cantiga de Afonso X “Non me posso pagar tanto” —exemplo de mar amigo—, e de “Mendinho Seia-m’eu na ermida de San Simión” —na que o perigo que nela se reflicte non impide a interpretación simbólica. Ademais chégase á conclusión de que o tratamento do mar feito polos trobadores galego-portugueses demostra a súa familiaridade con esta realidade, xa que si se comparan cos antecedentes literarios universais pódese ver como nestes últimos o mar é sempre un dominio fantástico e terrible.

XI. Literatura medieval

XI. 3. Publicacións en revistas

Arias Freixedo, Bieito e Xosé María **Gómez Clemente**, “Publicacións sobre literatura medieval galega 1997”, *Anuario de estudios galegos 1997*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xullo 1998, pp. 187-194.

Ofrécese un corpus bibliográfico das publicacións do ano 1997 relacionadas coa literatura medieval galega. Comeza salientando o libro de Ricardo Polín*, Cancioneiro Galego-Castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, publicado polo Seminario de Estudos Galegos na colección “Galicia Medieval: Fontes”. Describe o seu contido dende o capítulo introductorio que precede o corpus poético, e vai apuntando os diversos temas que contén a obra, como son as modalidades ou xéneros poéticos utilizados na escola, os recursos predominantes ou a problemática do código lingüístico da poesía galego-castelán. O segundo libro comentado é *Cuarenta y cinco cantigas del códice rico de Alfonso el Sabio.Textos pictóricos y verbales*, de Luis Beltrán, do que se describe o Corpus das Cantigas que nel se recollen. A seguinte publicación citada, son as *Actas del VIº Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, publicado pola Universidad de Alcalá, no que se citan as comunicacións presentadas no Congreso que a citada Asociación realizou en Alcalá de Henares do 12 ó 16 de setembro de 1995 e se recolle o contido de cada unha delas: “Pero Goterres y la retórica de la impiedad: Alfonso X. Pero García Burgalés, Gil Pérez Conde y Vasco Gil”, de Vicenç Beltrán; “O

vocabulario bélico nas Cantigas de amor", de Esther Corral Díaz; "En torno al Mot-Equivoc en la cantiga de amor gallego-portuguesa", de Elvira Fidalgo; "Joam Soarez Coelho e a moda popularizante nas cantigas de amigo", de Yara Frateschi; "La pastorela gallego-portuguesa. Apuntes para el estudio de una estética propia", de Silvia Gaspar; "Sobre algunos rasgos epigramáticos en textos monoestróficos gallego-portugueses", de Fernando Magán Abelleira; "Cantigas de Santa María y sistema musical grecolatino", de Francisco Nodar Manso; "Elementos no cristianos en las cantigas satíricas gallego-portuguesas", de Antonio Rey Somoza; "Diogo Gonçaluez de Montemor-o Novo", de Ignacio Rodiño Caramés; "Unha cantiga de amor de Johan Fernandez d'Ardeleyro", de María del Carmen Rodríguez Castaño; "*Porque no mundo menguou a verdade*. As cantigas morais na lírica galego-portuguesa", de Xosé Xabier Ron Fernández; "Tradición satánica e pacto co demo: o miragre de Teófilo nas *Cantigas de Santa María* de Afonso o Sabio e nos *Milagros de Nuestra Señora* de Gonzalo de Berceo", de Joaquim Ventura; e finalmente "Un rimario de las *Cantigas de Amigo*", de A. Víñez. Remata o artigo citando dúas obras de carácter divulgativo as cales se adiantaron á celebración do Día das Letras Galegas do ano 98, dedicado ós tres poetas medievais galegos: *Os trobadores do Reino de Galiza. Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas*, publicada pola Editorial A Nosa Terra e *Meendiño, Martín Codax, Xoán de Cangas*, de Clodio González Pérez e publicada pola Editorial Toxosoutos.

Bello Rivas, María Xesús, “A *cantiga de amigo* na tradición lírica europea”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, “Notas”, 2º semestre 1998, pp. 63-73.

Sinala que a pesar da antigüidade e a consecuente tradición da etiqueta “cantiga de amigo” na lírica galego-portuguesa, a tradición lírica europea optou por toma-lo termo de “Frauenlied” para denomina-las cancións de amor onde a muller é a que canta. Refírese á orixe da creación destas composicións e mostra unha selección delas, tanto das existentes na Romania coma no mundo non románico, coa súa correspondente traducción ó galego, a través da cal se pretende achegalo seu verdadeiro significado ó lectorado. Ofrece ademais, unha breve información sobre as cantigas na que dá conta do seu autor, da súa data de composición ou do tema sobre o que versan.

Brea, Mercedes, “Mariñas e romarías na ría de Vigo”, *Revista Galega do Ensino*, nº 19, “Colaboracións especiais”, maio 1998, pp. 13-36.

Explica con detalle as características de dous tipos de cantigas de amigo: as “mariñas” e as “cantigas de romaría”. Para isto, parte das composicións dos tres trobadores medievais ós que se lle dedicou o Día das Letras Galegas e súmalle a figura doutro trobador, Nuno Treez, tamén relacionado con cantigas deste tipo. A continuación, céntrase na análise das “mariñas” ou “barcarolas”, nas que a presencia do mar adquire un significado moi especial e simboliza a imposibilidade de gozar da compañía do amigo. Así mesmo, o mar representa o lugar onde se realizan os “baños de amor”, é o espacio escollido polo cervo ferido para morrer, o lugar de encontro co amigo ou un elemento que atemoriza á amiga coas súas ondas sobre a area. Interpreta que o mar, polo tanto, aparece como elemento negativo, perigoso, e como lugar de ledicia e de encontro co amigo. Nas “cantigas de romaría”, pola contra, non aparece o mar como elemento fundamental senón que se substitúe polo topónimo Vigo. Ademais, neste tipo de cantigas atopamos, segundo a autora, a declaración do propósito de facer unha romaría a un santuario ou ermida; infórmase das actividades que se levan a cabo no día da romaría. Comenta que, normalmente, se programa unha cita co amigo, obxectivo real da romaría; case sempre existe algún obstáculo que dificulta o encontro dos amigos e, ó final, amósase a ledicia pola consecución do obxectivo ou a tristeza polo fracaso. A seguir, ofrece a súa propia conclusión sobre as

características das cantigas destes catro trobadores e as coincidencias existentes no contido das mesmas. Para rematar, presenta unha bibliografía complementaria.

_____, “Nuestra literatura”, *Proyecto Galicia*, nº 4, xullo 1998, p. 10.

Anuncia o tratamento que o “Proxecto Galicia” lle vai dar á literatura no volume dirixido por Darío Villanueva. Explica que esta serie pretende trata-la totalidade do fenómeno literario en Galicia, incluídos os autores de lingua castelá. Comenta que o primeiro volume vai recolle-la producción da Idade Media e dos Séculos Escuros e explica a súa estructuración por capítulos, dos cales o dedicado á lírica profana trobadoresca vai se-lo máis extenso. Remata destacando a accesibilidade da futura obra.

Corral Díaz, Esther, “Mercedes Brea (coord.). *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, “Libros”, 1º semestre 1998, pp. 148-150.

Comeza indicando que moitos dos baleiros pendentes na lírica galego-portuguesa veñen de ser cubertos coa publicación do libro *A lírica profana galego-portuguesa* (1996), realizado por un grupo de investigadores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que está dirixido pola profesora Mercedes Brea. Céntrase na análise deste volume, ó que lle recoñece o mérito de recoller tódolos textos desa literatura, comentando os seus criterios de reprodución, a orde na que presenta os trobadores, as introduccións biobibliográficas que realiza de cada autor e o estudio retórico e apéndice bibliográfico que amosa de cada peza en cuestión. Remata destacando tódalas virtudes que posúe este manual, que contará nun futuro cunha edición en soporte electrónico, aínda máis completa.

Nodar Manso, Francisco, “O teatro lírico galego-portugués do século XIII”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, nº 0, “Especial Letras Galegas”, maio-xuño 1998, pp. 22-24.

Achégase unha defensa da existencia da actividade teatral en galego-portugués no século XIII, afondando no descoñecemento xeral que existe sobre este tema, debido fundamentalmente á que a crítica lle negou á canción medieval a súa esencia dramática e a que os textos dramáticos primitivos foron perdidos. Propónse, de seguido, unha reordenación das sete cantigas de Martín Codax no *Pergamiño Vindel* co fin de non rompe-la “lóxica da acción dramática”, e ofrécese unha aproximación ó contido dramático das cantigas de Xoán de Cangas, o que nos leva a unha proposta de análise en clave dramática das cantigas destes dous compositores.

Pozo Garza, Luz, “O erotismo encuberto nas Cantigas de Amigo”, *A Xanela*, nº 5, 1998, p. 18.

Detecta un “simbolismo de tipo erótico” nas Cantigas de Martín Codax e Mendiño e noutros autores como Pero Meogo, Don Denis, Torneol, etc. A través de diferentes símbolos que son resultado da relación dun “significado patente, intelixible, asociado a un significado irracional, latente, simbólico” nace un símbolo heteroxéneo de marcada sensibilidade estética. Opina, contrariamente a Filgueira Valverde, que é normal rendirse a unha segunda e sensual lectura das cantigas. Para demostralo, cita como exemplo o “locus amoenus” ideal para o erotismo da cantiga *Quantas sabedes amar amigo*, de Martín Codax. Para finalizar, di que as composicións máis significativas son as que este autor e Mendiño sitúan no mar de Vigo, pois a ausencia do amigo acubilla un “erotismo subxacente” na imaxinación da mociña.

Villares Paz, Luis, “Un gran rei que recolle desastres”, *Poesía Galicia*, nº 14, “Anacos da Historia”, verán 1998, pp. 47-50.

Céntrase na figura de Alfonso X o Sabio indicando detalladamente datos biográficos e o contexto histórico no que viviu. A seguir destaca o seu papel como impulsor da prosa coa Escola de Traductores de Toledo, e comenta os usos lingüísticos da época. Incide logo no emprego do galego na producción lírica do rei, o que explica polo feito de que vivise en Allariz. Remata falando sobre as *Cantigas de Santa María*, que clasifica e analiza, e sobre as cantigas profanas, e dicindo que “as cantigas son un monumento da literatura galega”.

Reckert, Stephen, "*Las Cantigas de Pay Soarez de Taveirós*", *Bulletin of Hispanic Studies*, volume LXXV, nº 1, january 1998, pp. 541-542.

Recensión do traballo de Gema Vallín, *Las Cantigas de Pay Soarez de Taveirós* (1996), co que se inicia unha nova colección editada pola Universidade de Alcalá de Henares. Recórdase a prolífica producción deste trobador e as súas características fundamentais. Faise, ademais, a descrición do estudio e edición de Vallín que Reckert toma como exemplo para predicir un bo futuro a esta colección.

XI. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

XI. Literatura medieval

XI. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Arias, Xerardo Das, “O amor e a muller medieval”, *A Nosa Terra*, nº 830, “Guieiro Cultural”, 14 maio 1998, p. 35.

Partindo dunha breve introducción histórica e ofrecendo unhas notas aclaratorias sobre as características do amor cortesano que “toma a súa idea básica de conceptos relixiosos e dos valores xerárquicos da sociedade feudal”, Xerardo das Arias fala da muller nas cantigas de amor galegas, caracterizándoas como muller cortesana, muller vilá, loucas mulleres, soldadeiras etc., e ofrecendo datos temáticos desta poesía.

Blanco Rivas, M., “Poetas para unha etapa de esplendor”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 56, 16 maio 1998, p. 2.

Infórmase do éxito de *Os trobadores do Reino de Galicia* (1997), de M. Queixas Zas que vai pola quinta edición. Preséntanse as diferentes partes nas que está dividido o libro e que dan en conxunto unha visión global da historia medieval e do espectáculo trobadoresco de xeito claro e sinxelo. Ademais anúncianse os volumes *Cantigas do mar* (1998), editado pola Fundación Pedro Barrié de La Maza e *Tres poetas medievais da Ría de Vigo* (1998), da Editorial Galaxia. Do primeiro dáse a nómina dos críticos que colaboraron no volume explicitando o título do seu traballo, e do segundo expóñense os contidos tratados por cada un dos estudiosos en cada unha das tres partes do libro e o xeito de estructurar eses contidos a nivel xeral en toda a obra.

Nuñez Sobrino, Ángel, “Pay Soarez de Taveirós, la intimidad escrita”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7*”, 6 setembro 1998, p. VIII.

Comeza asociando a parroquia de Santiago de Tabeirós co trobador Pay Soarez de Taveirós e refírese o “mundo de atrevimientos e insolencias, de confidencias y de confianza, de audacias y de complicidades que se expresan en ocultamientos, como también de frustaciones y de desquites con verbosidad agresiva, de fascinaciones y de anhelos, de estados de “magia” amorosa, de tensiones amatorias y de envíos desesperados, de dolores de ausencia y de amargura y de refinamientos”, que se pode observar nas cantigas deste trobador. Relaciona aspectos da época medieval como a arte románica coa poesía dos cancioneiros, especialmente coa poesía de Pay Soarez destacando a presencia de sucesos interiores e achádegos antropolóxicos “muy interesantes”. Nomea tamén o estudio de Gema Vallín, *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós* (1996), ó que cualifica de “magnífico”.

XI. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

XI. Literatura medieval

XI. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Un editor: Alfonso o Sabio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 22 xuño 1998, p. 2.

Ademais de facer referencia a diversos aspectos da actualidade cultural galega, refírese a Alfonso X, O Sabio, como o “primeiro editor das Hespañas”. Destácase o seu papel reunindo escritores e convocando traductores. Pregúntase onde estarán os documentos de Galicia anteriores, contemporáneos e posteriores a Alfonso X. Considera que os seus dous exemplares das Cantigas son “libros no sentido moderno da palabra”. Alude finalmente ó moito que lle debe a lingua galega a Alfonso X aínda que entende que tamén lle fixo dano co seu apoio ó castelán.

Alonso Montero, Xesús, “Cincuentenario das “jarchas” mozárabes”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 8 maio 1998, p. 16.

Partindo de traballos de Samuel M. Stern, Dámaso Alonso e Emilio García Gómez pon en relación de filiación (Stern) ou de irmandade (Dámaso Alonso, Emilio García Gómez), as carxas mozárabes e as nosas cantigas de amigo.

Carro Otero, José, “Don Gaiferos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “A figura de hoxe”/“La figura de hoy”, 13 decembro 1998, p. 61/p. 77.

A partir do romance popular galego sobre Guillerme X de Aquitania, faise referencia á súa figura poñéndoa en relación cos seus antepasados. Fálase da producción literaria que a súa morte trouxo por parte do “anónimo redactor do romance” e de Ricardo de Poitou, e da onomástica relacionada co nome ficticio de Gaiferos de Mormaltán.

Manuel María, “Agardando á primavera”, *El Correo Gallego*, 17 marzo 1998, p. 3.

Louvanza do libro de Ricardo Polín, *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450)* (1997), no que se inclúen trobadores tan importantes como Garci Ferrandes de Gerena ou Macías o Namorado, segundo o autor “símbolo do amor puro e tráxico”. Tamén ten palabras eloxiosas para o autor do libro, de quen di que é “malia a súa xuventude digno sucesor de Ricardo Carballo Calero e de Filgueira Valverde”.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Alá u nasque la Torona”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 8 xuño 1998, p. 2.

Presenta as hipóteses establecidas a petición de Graça Videira Lopes para dilucidar cál pode sela orixe do topónimo Torona, que aparece nunha cantiga de D. García Méndes d’Eixo: “Alá u nasque la Torona”, a cal se encontra no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* ou *Colocci-Brancuti*.

Vázquez, Dora, “Gaiferos de Mormaltán”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 11 decembro 1998, p. 4.

Reproduce o romance de don Gaiferos de Mormaltán que atopou incompleto baixo o título *Cibdades nos tempos* nunha folla da revista *Faro* da Coruña de 1975, e na que se facía referencia á importancia que ía te-la pelegrinaxe no Ano Santo de 1976. Identifica, gracias ó suplemento de *O Correo Galego* do 27 de novembro de 1998 a figura de D. Gaiferos de Mormaltán como “Guillerme, duque de Aquitania, quen peregrinou a Santiago en 1137”.

XI. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

XI. Literatura medieval

XI. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

AGN, “Ricardo Polín compila por primera vez en el último siglo de lírica gallego portuguesa”, *El Progreso*, 4 febreiro 1998, p. 69.

Noticia da presentación na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela do volume *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia* (1997), de Ricardo Polín. Faise referencia ás propias palabras de Polín quen se referiu ó traballo recompilador de todo un século, xa que é un traballo iniciado por Henry Lang a principios de siglo e que intentou tamén Rafael Lapesa.

Carrera, Rosé, “San Bernardo e a invención do amor”, *Atlántico Diario*, 22 maio 1998, p. 12.

Comenta a participación de Basilio Losada, “Galego Egrexio” deste ano”, nunha mesa redonda sobre a lírica medieval, na que centrou o seu discurso na figura de San Bernardo, a quen destacou como fundamental no cambio da concepción do amor, porque este “implanta a advocación á Virxe María”. Ademais, aludiu ó concepto de muller nas cantigas de amor e de amigo.

G. M., “Celebración del ‘Día das Letras Galegas en La Habana”, *Galicia en el Mundo*, nº 269, 26 maio-1 xuño 1998, p. 26.

Informa dos actos celebrados no Centro Gallego de La Habana con motivo do Día das Letras Galegas. Entre outros, destaca unha conferencia do doutor Carro Otero sobre os trobadores medievais, a actuación de varios grupos folclóricos, a interpretación do poema rosaliano “Unha noite na eira do trigo”, etc.

Leis, Iván, “Cantigas medievais para beber albariño”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 47, 7 marzo 1998, p. 6.

Dá conta da gravación dun disco por parte do grupo de música antiga “Martin Codax” no mosteiro de Acibeiro (Forcarei) composto por quince temas que teñen ó viño como principal protagonista. O disco, que ten por título *O viño da vida*, inclúe cantigas de Santa María, cantigas profanas aínda que de forte contido relixioso e cantigas de escarnio. Explícase que é o segundo traballo do grupo, que está composto por nove persoas, cinco instrumentistas e catro voces masculinas e femininas, e que, xunto co Grupo de Cámara da Universidade de Santiago de Compostela, é a única formación que dun xeito estable recrea a música medieval.

Ruiz Guirado, José e Enriqueta **Otero Farto**, “Don Lopo Lías”, *Diario de Pontevedra*, “Cuadernos marinenses”, 17 maio 1998, p. 20.

Reprodúcese unha cantiga de escarnio e maldizer de Lopo Lías aproximándonos a certos datos sobre o topónimo Bagüin baseados nun traballo de Eligio Rivas Quintas.

Souto, Suso, “Mercedes Brea recordó a los trovadores Pero Vello y Soares”, *El Correo Gallego*, 21 xuño 1998, p. 22.

Dá conta da conferencia impartida pola profesora Mercedes Brea sobre os trobadores estradenses Pero Vello e o Pai Soares de Tabeirós organizada pola Asociación de Fillos e Amigos da Estrada. Saliéntase a comparación que a conferenciante fixo entre a lírica francesa, a provenzal e a galego-portuguesa.

Vidal, Carme, “Na Galiza descoñecíase a lírica medieval porque pertencía ao mundo cultural portugués”, *A Nosa Terra*, nº 832, “Guieiro Cultural”, 28 maio 1998, p. 29.

Recóllense palabras da estudiosa Luciana Stegagno Piccho quen lembra cómo comezou o seu interese pola literatura portuguesa e se refire á tradición italiana no estudio da lírica galego-portuguesa. Comenta ademais o entusiasmo que as cantigas espertaron en Roman Jakobson e indica a posibilidade de múltiples lecturas para estes textos medievais. Sobre a posibilidade de que as mulleres participasen na literatura medieval cre que houbo unha tradición feminina na Península Ibérica pero no ámbito da literatura oral. Refírese ademais ó seu achegamento á literatura brasileira e á literatura galega actual, da que cita a Casares e Méndez Ferrín.

Júdice, Nuno, *D. Dinis, Cancioneiro. Organização, prefácio e notas de...*, Lisboa: Editorial Teorema, 1998, 183 pp. (ISBN: 972-695-328-6).

Edición da producción trobadoresca do rei Don Dinis, segundo criterios divulgativos. O autor, renuncia ó aparato crítico, aínda que ofrece a localización de cada composición dentro dos cancioneiros. O volume ábrese cunha introducción na que se destacan as peculiaridades da escola lírica galego-portuguesa e a importancia que nela tivo Don Dinis e ofrécense unhas orientacións bibliográficas. Séguelle a edición dos textos organizada en catro grandes bloques xenéricos: cantigas de amigo –divididas, seguindo un criterio formal, en cantigas de refrán, de mestría e paralelísticas–, cantigas de amor, pastorelas e cantigas de escarnio. Pecha o volume un glosario e un índice de primeiros versos.

Keller, John E. e Annette **Grant Cash**, *Daily Life Depicted in the Cantigas de Santa María*. Lexington: University of Kentucky Press, 1998, 136 pp. (ISBN 0-8131-2050-0).¤

O presente traballo é a conclusión a unha senda investigadora aberta hai tempo por John E. Keller, que deu a coñece-las súas primeiras conclusións nun artigo publicado na revista*Speculum* no ano 1958 e que levaba por título “Daily Living as presented in the Canticles of Alfonso the Learned”. Na introducción explica a importancia das *Cantigas de Santa María* como fonte de información para reconstruí-la vida cotiá na España do século XIII, ó tempo que sinala como as súas fontes documentais máis importantes son os códice El Escorial (o Códice Rico) e, en menor medida, o de Florencia. O traballo está estructurado en vintesete apartados, ordenados alfabeticamente, que repasan os distintos aspectos da vida, dende a vestimenta ó amor e luxuria, pasando pola educación, a xeografía, o sobrenatural, a guerra, ou a muller e a infancia. Un detallado apéndice temático facilita moito o labor dos estudiosos, pois envía cada referencia á cantiga na que aparece a correspondente miniatura. O volume complétase coa traducción ó inglés de varias cantigas afonsíes.

Murguía, Manuel, *Los trovadores gallegos*, prólogo de Ignacio Cabano Vázquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), 1998, 52. pp. (ISBN: 84-453-2172-2). ¤

Contén este volume un prólogo, no que Ignacio Cabano Vázquez, considera a Manuel Murguía "figura destacada do rexurdimento galego" salientando a importancia que ten a súa obra, e dá conta de cal é a xénese do libro *Los trovadores gallegos*, indicando qué cancioneiros toma Murguía como base para expoñe-lo seu traballo. Fai o prologuista unha breve aproximación ó contexto no que se desenvolve a lírica galego-portuguesa, facendo fincapé no aspecto lingüístico e histórico e indicando cal é a consideración que Murguía ten deste periodo histórico. Remata o prólogo aclarando cal é o motivo polo que esta obra tivo unha tirada tan escasa. Pásase a continuación ó corpus do texto, que orixinariamente era unha conferencia dada por Murguía na academia de Belas Artes da Coruña o 22 de xaneiro de 1905. Comeza Murguía dando conta da importancia do Cancioneiro da Vaticana e do Colocci-Brancutti, que xunto co Pórtico da Gloria son "restos vivos de una grandeza pretérita", aludindo ó "Estado Celtico", ademais de facer referencia ós "fragmentos que posibilitaban la grandeza pretérita", dando unha aproximación á súa historia. Tendo en conta do elemento romano, do elemento suevo, dos godos e da posterior fusión entre ámbolos dous, pasa logo á invasión árabe facendo a continuación referencia ó século X, "que trae consigo el germen de los adelantos y esperanzas (...)", incidindo na importancia que este tivo dende o punto de vista intelectual, dando especial relevancia á igrexa como depositaria de "todos los elementos de cultura". Pásase logo ó século XII, no que na súa segunda metade sitúa Murguía "los primeros destellos de la poesía trovadoresca", facendo referencia ás súas orixes. Refírese tamén Murguía á posibilidade de que en Galicia houbese unha literatura épica propia á que a lírica reemplazaría ou eliminaría. Mostra as súas diverxencias con Menéndez y Pelayo con respecto á lírica galego-portuguesa e dá unha nómina de trobadores expoñendo os motivos que pr

súa orixe galega, con especial importancia para Johan Ayras. Para rematar, dá conta do declive da lírica galego-portuguesa ocupando a prosa o seu espacio e declinando Galicia ó mesmo tempo e, finalmente, fai unha “lista de los trovadores gallegos que tienen composiciones” en ámbolos dous cancioneiros mencionados, insistindo na súa inexactitude e no feito de ser incompleta.

Neves, Orlando, *Trovas medievais obscenas. Cantigas de mal dizer*, Lisboa: Matéria Escrita, 1998, 114 pp. (D. L.: 120150/98).

Escolma de carácter divulgativo de trinta e sete Cantigas de Maldizer, agrupadas polo seu marcado ton obsceno. O volume ábrese cunha breve introducción, na que se marcan as pautas que caracterizan ó xénero de Maldizer, séguelle a edición dos textos, adaptados ó portugués moderno, e péchase cunha sucinta nota biográfica dos vinte trobadores representados na escolma.

Reis, Carlos, *História Crítica da Literatura Portuguesa* (Vol. I: Aida Fernanda Dias, *A Idade Média*), Lisboa/São Paulo: Editorial Verbo, 1998, 473 pp. (D. L.: 127 836/98).

Primeiro volume dedicado á literatura medieval portuguesa, dunha Historia da Literatura Portuguesa proxectada en nove volumes. A intención desta obra é ofrecer unha escolma de fontes primarias, ou *doutrinárias*, acompañada dunha selección de traballos críticos. Deste xeito, os diferentes capítulos estructúranse segundo o seguinte esquema: introducción históricoliteraria xeral, bibliografía, fontes primarias e textos críticos. Para o estudio da Literatura Galega interesa especialmente o capítulo III, titulado "A poesía trovadoresca galego-portguesa. As *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X, o Sábio". Entre as fontes primarias inclúense a *Súplica* de Guiraut Riquier a Afonso X e a *Declaración* do monarca castelán, pasaxes da *Arte de trobar* do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, a definición que dá de *muwassaha* Ibn Sana' al-Mulk no seu tratado *Dar at-tiraz* e o prólogo ás *Cantigas de Santa María*. Pola súa banda, a sección dedicada ós traballos críticos ofrece extractos dos seguintes traballos: F. Rico, "Çorraquín Sancho, Roldán y Oliveros: un cantar paralelístico castellano del siglo XII", en *Homenaje a la memoria de D. Antonio Rodríguez-Moñino* (1975), onde se trata da antigüidade do recurso do paralelismo; S. M. Stern, *Les chansons mozarabes. Les vers finaux (kharjas) en espagnol dans les muwashshahs arabes et hébreux* (1964); M. Frenk Alatorre, "La lírica pretrovadoresca", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters* (1979); e A. D. Deyermond, *Historia de la literatura española. I. La Edad Media* (1981), todos eles dedicados ós xéneros das *kharyas* e das *muwassahas* e ás súas relacións coa lírica románica; L. Stegagno Picchio, "Para una nueva interpretación de la pastorela gallego-portuguesa", en *Actas do II*

Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Segovia, 1987) (1992), que se achega ó subxénero da pastorela dentro da lírica galego-portuguesa; H. L. Sharrer, "Fragmentos de sete cantigas d'amor de D. Dinis, musicadas -uma descoberta", en *Actas do IV Congresso da Associção Hispânica de Literatura Medieval* (1991), onde se describe o denominado *Fragmento Sharrer* e E. Gonçalves, *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (organización e coordenación de Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani) (1993), que aborda a obra poética do rei poeta portugués.

Parrilla, Carmen, Begoña **Campos**, Mar **Campos**, Antonio **Chas**, Mercedes **Pampín**, e Nieves **Pena** (coord.), *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, 2 vols., A Coruña: Universidade da Coruña, 1998, 739 pp. (ISBN Volume I: 84-95322-06-4) (ISBN Volume II: 84-95322-07-2) (ISBN Obra Completa: 84-95322-08-0). ¤

Damos conta agora das intervencións relacionadas coa literatura medieval galego-portuguesa, que se atopan nas Actas do “Primer Congreso de Jóvenes Filólogos”, das que xa se fixo referencia no apartado VIII. 1, deste apéndice.

Volume I:

- Alan Deyermond, “La edición de cancioneros”, pp. 41-70.

Consideracións sobre os problemas que xorden á hora de editar un cancioneiro. O autor adopta un enfoque xeralista, de tal maneira que as cuestións que suscita no seu traballo se refiren ás compilacións líricas medievais das literaturas europeas en conxunto. Sen embargo, todas elas son perfectamente aplicables á producción lírica galego-portuguesa nas súas vertentes profana (cantigas de amor, de amigo e de escarnio e maldizer) e relixiosa (*Cantigas de Santa María*). Tras recoñecer que as súas reflexións buscan propoñer problemas máis que buscar solucións, o autor cuestiona o concepto mesmo de cancioneiro e mesmo da pertinencia á hora de publicar compilacións dese tipo. Articula o traballo en dous grandes apartados: a definición e a tipoloxía dos cancioneiros e a tipoloxía das edicións. Conclúe desaconsellando a edición crítica dun cancioneiro colectivo.

- Manuel Calderón Calderón, “Las *cantigas d’escarnho* de Johan Velho de Pedrogaez”, pp. 123-133.

Edición das dúas cantigas conservadas deste trobador portugués, concibidas como cadanseu escarnio contra o estamento social dos infanzóns. A edición dos textos vai precedida de breves observacións sobre as técnicas retóricas empregadas por Johan Velho, adscribibles ó *ornatus facilis*; así como, xa dende un punto de vista temático e sobre a presencia nas composicións de elementos de tipo carnavalesco.

- Esther Corral Díaz, “A cantiga de amor B 468 de Alfonso X: un *contrafactum*”, pp. 177-192.

Partindo do texto literario como un producto aberto, inmerso nunha rede de conexións, a autora analiza a cantiga *Ben ssabia eu, mha senhor* de Afonso X e as súas relacións con composicións doutras escolas poéticas medievais. A análise do texto revela un esquema métrico único na lírica galego-portuguesa, o que, unido ós parámetros de repetición métrica e estrófica que caracterizan á devandita escola, impide pensar nunha innovación *ex nihilo* por parte do rei trobador. A autora atopa esquemas idénticos en seis pezas das líricas de *oc* e *oïl*: tres, obra de trobadores provenzais, Raimbaut de Vaqueiras, Sordel e Lanfranc Cigala, unha *tensó* atribuída a dous trobadores tamén occitanos chamados Vaquier e Catalan, e dúas debidas ó *trouvère* Moniot de Paris. As conclusións sobre cal deles influíu en Afonso X pertencen ó campo das hipóteses, pois, se ben é coñecida a presencia activa de varios trobadores provenzais na corte do rei Sabio, non se pode desbotar un empréstimo de orixe francesa. A autora conclúe que só un estudio detido dos aspectos temáticos e formais da cantiga afonsí proporcionará a solución correcta a esta cuestión.

-María Luzdivina Cuesta, “Problemas para la edición de las «traducciones» medievales de la “materia de Bretaña”, pp. 193-205.

A partir dos criterios medievais de traducción, que a miúdo fluctúan entre a fidelidade ó texto orixinal e a libre adaptación, a autora considera varios dos problemas que xorden arredor das obras artúricas peninsulares.

Neste conxunto de obras conflúen dous aspectos de sumo interese. Por unha banda, todos eles son traduccións de obras francesas, mentres que por outra os diversos criterios empregados á hora de traducilos repercuten na reconstrucción das súas relacións textuais entre eles e coas posibles fontes francesas. Entre os exemplos aducidos atópase o fragmento galego do *Tristán*, que a autora confronta co *Tristan en prose* francés, así como coas correspondentes versións castelás.

- Dulce María Fernández Graña, “Edición de cantigas de *Martin Padrozelos*”, pp. 253-260.

Edición de tres cantigas de Martin Padrozelos: *Por Deus, que vos non pes*, *Amig’, avia queixume* e *Deus, e que cuidei a fazer?*. O presente traballo é un extracto da Tese de Licenciatura que a autora defendeu en novembro de 1994 na Universidade da Coruña, consistente na edición da producción do devandito autor. A escolma destes tres textos ten en conta as súas peculiaridades e riqueza formais. Por outra banda, e a partir da localización de varias das súas cantigas en San Salvador de Valongo, propón como terra de orixe do trobador o lugar de Padrucelo, na parroquia de San Xoán de Lóuzara, pertencente ó Concello lugués de Samos.

- Eva María González González, “Edición y retórica: *A dona que eu vi por meu*, de Ayras Veaz, según el manuscrito A”, pp. 275-284.

Edición crítica da citada cantiga de Airas Veaz. O autor toma como *codex optimus* o Cancioneiro da Ajuda, pois, segundo opina, a súa lectura é a que mellor mantén a rede de artificios retóricos sobre a que se constrúe a composición. Entre estes destacan os que se basean na *repetitio*, como o *dobre* e o *mordobre*, que serven para darlle relevo ós dous núcleos temáticos da cantiga: o tópico do poeta infeliz porque non pode comtempla-la súa dona e o da coita de amor.

- Xoán Carlos Lagares Díez, “A edición das rúbricas explicativas dos cancioneiros medievais galego-portugueses: implicacións históricas e literarias”, pp. 351-359.

Consideracións sobre as rúbricas explicativas con que os cancioneiros encabezan algunhas das cantigas galego-portuguesas. O autor salienta a pouca atención que recibiron estes textos breves e apunta unha serie de causas para o seu esquecemento: a dificultade á hora de establece-lo momento en que foron engadidos ás respectivas composicións, as dúbidas que provoca a información contida neles ou a relativa escaseza dentro do corpus poético (a penas setenta e catro para máis de mil setecentas cantigas). Así mesmo, establece unha clasificación temática das rúbricas, entre as que distingue tres tipos: rúbricas chave, rúbricas contextualizadoras e rúbricas título. Dentro do primeiro grupo aínda establece unha subdivisión: as que acompañan as cantigas de seguir, as que fan observacións sobre os xéneros poéticos, normalmente para cuestionalos, e as que revelan a clave dalgún xogo verbal sobre o que se constrúe a cantiga. Como remate, e para exemplifica-la importancia das rúbricas na interpretación dos textos poéticos, analiza dúas composicións de Martin Soares, tendo presente a información ofrecida polas respectivas rúbricas.

Volume II:

-María Montserrat Muriano Rodríguez, “*En gran coita vivo, sennor* (A 68, B [181bis] / B 1451, V 1061) un posible caso de reelaboración en la lírica gallego-portuguesa”, pp. 479-491.

Estudio da relación existente entre unha composición de Nuno Rodrigues Canderey e outra de Joham de Gaya, que constitúen un caso de dobre atribución. A composición *En gran coita vivo, sennor* aparece transcrita con tres ou catro cobras, así estea atribuída a Nuno Rodrigues ou a Joham de Gaia. A autora ten en conta no seu estudio varios aspectos, como a cronoloxía de ambos trobadores, a métrica dos dous textos, a disposición nos cancioneiros e a producción literaria de Joham de Gaia. A conclusión á que chega é que este trobador serodio reelaborou a cantiga de Nuno Rodrigues, engadíndolle unha estrofa final, nun xogo de imitación propio dos ambientes literarios de corte.

- Carlos Pérez Varela, “Identificación de «Torona»”, pp. 539-543.

Interpretación dun verso de *Ala uuaz que la Torona* de Garcia Mendez de Eixo, a partir da palabra rima –“Torona”–, de significado equívoco. A palabra en cuestión podería considerarse tanto antropónimo como patronímico. No primeiro caso referiríase á muller do trobador, Dona Elvira, filla do conde de Toroño; no segundo enviaría a un lugar denominado Torroña, situado no Concello de Santa María de Oia, provincia de Pontevedra, de onde sería orixinario o poeta. O autor segue esta segunda interpretación, o que lle permite lela cantiga como unha evocación da terra do trobador. A partir desta lectura, aventura unha data de composición que se situaría entre os anos 1211 e 1217.

- Antonio Rey Somoza, “A obra de Diego Moniz”, pp. 551-566. Edición crítica das dúas cantigas que compoñen a producción conservada deste trobador. A pesar da escaseza de datos biográficos referidos a Diego Moniz, o autor aventura que as súas composicións deberían formar parte do denominado Cancioneiro de Cabaleiros. A partir deste dato e da localización xeográfica do apelido Moniz, deduce que o trobador sería galego e que debeu pertencer á primeira xeración poética da escola galego-portuguesa. Así mesmo, intenta explicar por qué a producción de Diego Moniz se conservou nun único testemuño textual, o Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa.

- Ignacio Rodiño Caramés, “Fernand’Eanes e a súa troba (V 387). Edición crítica”, pp. 565-581.

Edición crítica de *Do Port’ando e vou mudar*, única cantiga conservada de Fernand’Eanes. Trataríase dunha composición serodia, allea ó ambiente cultural da escola poética galego-portuguesa, pero que foi inserida *a posteriori* nun espacio en branco do folio 62r do Cancioneiro da Biblioteca Vaticana. O autor salienta as diferencias formais que afastan esta composición da escola galego-portuguesa, e que serven para achegala á poesía catrocentista portuguesa. En canto á identidade do autor, opina que tal vez se tratase dun cabaleiro do Porto mencionado nun documento de 1431.

- Xosé Xabier Ron Fernández, “Johan Jograr, morador en León. Edición crítica e estudio das súas cantigas”, pp. 583-606.

Edición crítica da producción poética deste xograr, composta por dúas cantigas. No estudio introductorio á edición propiamente dita, o autor salienta a orixinalidade deste xograr de quen se conservan un pranto e unha cantiga encomiástica. A ausencia de datos nos textos documentais impide a reconstrucción da súa identidade e biografía, polo que é preciso recorrer a datos indirectos. A colocación nos apógrafos italianos permiten supor que as súas cantigas foron engadidas no denominado Cancioneiro de Xograres Galegos nun momento serodio, posiblemente en tempos de Don Pedro, Conde de Barcelos. Igualmente, o autor parte de referencias contidas nas cantigas do xograr para aventurar unha posible relación con este personaxe e co rei castelán Alfonso XI.

- Lourdes Soriano Robles, “La edición del fragmento de la copia gallega del *Libro de Tristán*”, pp. 667-675.

Consideracións acerca da filiación do fragmento galego do *Tristán* respecto á súa fonte francesa. A autora estructura o traballo en tres apartados nos que ten en conta outras tantas cuestións textuais: a orde dos episodios contidos no fragmento, a delimitación do número de manuscritos franceses que conteñen estes episodios e diversas puntualizacións ó estudio da Profesora Patricia Michon, que así mesmo tentara filia-lo fragmento. A autora destaca o valor do estudio de Michon, pero considera que cómpre elaborar unha nova *collatio* do fragmento galego cos textos franceses para obter resultados máis concluíntes. Este labor, anuncia, foi xa realizado por ela mesma como parte do proxecto de investigación da súa tese de doutoramento.

Ashurst, David, “Humour in the *cantigas d’amigo*: Its Nature and Significance”, *Portuguese Studies*, vol. XIV, 1998, pp. 20-32.

Estudio dos elementos humorísticos contidos no xénero das cantigas de amigo, a partir das suxestións contidas nos traballos de Roger M. Walker e Frank Holliday. O autor destaca que o humor non foi tido en conta á hora de estudiar este tipo de composicións, situación que considera ata certo punto lóxica polo carácter marxinal que este aspecto ten no xénero de amigo. Seguindo a liña trazada por Walker distingue catro situacións tipo susceptibles de provocar comicidade: situacións ou elementos intrinsicamente humorísticos; presencia de caracteres campesiños que contrasten a súa inocencia coa sofisticación do público cortés; introducción de símbolos folclóricos con intencións sexuais; e presencia de termos de dobre sentido cargados, así mesmo, de contido sexual. Dos exemplos aducidos conclúe que moitos dos recursos empregados ó respecto se basean tanto na ruptura das convencións das cantigas de amigo como na caracterización esaxerada da muller, ata conseguilo efecto cómico, segundo a imaxe que dela se facían os consumidores deste tipo de textos, normalmente homes.

Blackmore, Josiah, "Locating the Obscene: Approaching a Poetic Canon", *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 9-16.

Consideracións arredor da idea do obsceno na lírica profana galego-portuguesa a partir da interpretación de cadansúa cantiga de escarnio desta escola, compostas por Afonso X e Pero da Ponte. O autor conclúe que cómpre revisa-las concepcións que se lle aplican á lírica galego-portuguesa, ó tempo que recomenda precaución para non confundi-las ideas que ó respecto tiñan os medievais coa que teñen os críticos do século XX, dispostos a considerar como reprehensible todo tipo de referencia sexual.

Brewer, Charles E., “The *Cantigas d’amigo* of Martin Codax in the Context of Medieval Secular Latin Song”, *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 17-28.

Estudio comparativo entre a música das cantigas de Martin Codax, a das *Cantigas de SantaMaría* e a da lírica mediolatina. O autor opina que o estilo melódico das sete cantigas de amigo pertence a unha tradición allea á da música galego-portuguesa de finais do século XIII, o que lle induce a cuestiona-la cronoloxía do xograr e propoñer unha data máis temperá para a época do seu florecemento. As composicións que analiza son *Ondas do mar de Vigo* de Martin Codax, *Santa Maria, strela do dia –Cantiga de Santa María*, nº 100–, e dúas pezas latinas: *Nisi fallor, nil receptum -o-*(B. N. Fr., latin 3719, f. 41r), de orixe occitana e composta a comezos do século XII, e *Veris dulcis in tempore*, conservada na compilación dos *Carmina Burana* e conservada nun manuscrito do século XI.

Filios, Denise K., “Jokes on *soldadeiras* in the *cantigas de escarnio e de mal dizer*”, *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 29-39. Análise do tratamento que recibe a soldadeira María Pérez Balteira nas cantigas de escarnio e maldizer. O autor observa como, xunto a composicións en que a soldadeira aparece integrada nos círculos masculinos da corte, noutras é excluída por causa-la perdición dos homes. A conclusión á que chega é que a linguaxe obscena e as burlas procaces deben interpretarse non como ataques ou censuras contra a Balteira, senón como síntomas da súa integración na corte, pois a través delas fáiselle partícipe dos xogos cortesáns. Para sustentar esta hipótese aduce pasaxes da *Segunda Partida* e dúas composicións da escola galego-portuguesa: *De qual enganoprendemos* de Vasco Perez Pardal e *Pero Ordonhez, torp’ e desembrado* de Pedro Amigo de Sevilla.

Giordano, Alberto, "*Lírica Profana Galego-Portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía*", *Revista de Filología de La Laguna*, vol. XVI, 1998, pp. 371-372.

O autor cualifica a obra de compacta e rigorosa, ó tempo que insiste no seu carácter provisional, habida conta que o traballo recollido nestes dous volumes será continuado nun arquivo informático. A metodoloxía empregada merécelle algún reproche, especialmente no que atinxe á ordenación dos textos, pois, como demostran as cantigas de Martin Codax, tal disposición afecta negativamente ós estudios macrotextuais da lírica galego-portuguesa. Polo demais, e segundo o autor, a decisión de adopta-los criterios de edición de múltiples críticos reflicte a falta de homoxeneidade da que adoece o conxunto dos estudios textuais sobre a devandita escola poética.

Guisán Seixas, João, “Apêndice: ainda contra a “nova lectura” de Tavani”, *Agália*, 1998, pp. 381-383.

Continuación de “Topónimos, antropónimos e outros tópicos antropomórficos. Discurso lido em Vigo, o 12 de Maio de 1998, com motivo do Dia das Letras Galegas, em que se distinguem claramente as maiúsculas das minúsculas”, discurso que o autor pronunciara nos actos organizados pola Associaçom Galega da Língua co gallo do Día das Letras Galegas de 1998 e que por motivos de espacio non puido ser incluído no número anterior da revista *Agália*. O autor remata a súa intervención coa andanada final dirixida contra a lectura que Tavani propuxera para a cantiga de Meedinho.

Liu, Benjamin, "*Risabelha*: a Poetics of Laughter", *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 41-48.

Consideracións sobre a denominada *cantiga de risabelha*, expresión que contén a Poética fragmentaria do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e que faría referencia a un xénero de cantigas de natureza burlesca. A partir da hipotética orixe do termo, o latín risabilia, o autor aborda os aspectos sociais derivados da risa e os divertimentos cortesáns, dentro dos que se incluiría este tipo de composicións.

López Castro, Armando, “El cancionero de Pero Meogo”, *Incipit*, vol. XVIII, 1998, pp. 81-105.

Análise das poesías de Pero Meogo, contempladas coma a reelaboración de elementos de procedencia tradicional nun ambiente culto, como o que contextualizaba a lírica cortesana galego-portuguesa. O autor comenta unha por unha as composicións deste trobador e destaca nelas o emprego da *inventio*, destinada a conseguir variacións formais en temas coñecidos, na que a repetición e a invención establecen unha relación dialéctica. Como conclusión salienta a importancia de cinco aspectos que dan unidade ó cancioneiro de Pero Meogo, ata o punto de facer del unha serie construída arredor dunha historia de amor: o eu lírico encarnado nunha muller namorada, o uso da forma paralelística, o simbolismo da natureza como elemento básico da linguaxe poética e o carácter fragmentario propio da canción tradicional.

Nobre, Cristina, "*D. Dinis, Cancioneiro. Organização, prefâcio e notas de Nuno Júdice*", *Colóquio Letras*, Julho-Dezembro, 1998, pp. 406-407.

A autora destaca a necesidade dun libro destas características, que aúne a divulgación co rigor, para, deste modo, dar a coñecer entre o público non especializado a obra do rei poeta. Así mesmo, anima a outros editores a emprende-lo labor de divulgación doutros trobadores da mesma escola lírica que ata o de agora só mereceron a atención dos medievalistas.

Paden, William D., “Contrafacture between Occitan and Galician-Portuguese”, *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 49-63.

Céntrase nas relacións literarias entre as líricas occitana e galego-portuguesa a través de diversos exemplos de intertextualidade entre ambas escolas poéticas. O autor comeza caracterizando a contrafactura na lírica provenzal, a súa vinculación co xénero do sirventés, así como os tres niveis de implicación textual que podía acadar. Tras unha análise comparada dos repertorios métricos occitano e galego-portugués, expón tres casos concretos de intertextualidade: a tensó bilingue entre Arnaldo e Afonso X, unha cantiga de Martin Moxa baseada en Arnaut de Mareuil e unha composición de Bonifaci Calvo que toma como modelo unha cantiga de Airas Moniz d’Asme. O artigo péchase cunhas consideracións arredor da *cantiga de seguir* galego-portuguesa, subxénero do que un estudio exhaustivo ha de revelar moitos máis testemuños dos que ata o de hoxe se teñen identificado.

Rosenstein, Roy, “The Voiced and the Voiceless in the *Cancioneiros*: the Muslim, the Jew, and the Sexual Heretic as *Exclusus Amator*”, *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 65-75.

Estudio do tratamento que os cancioneiros líricos galego-portugueses dispensan ós musulmáns, ós xudeos e ós homosexuais. A condición de marxinais que caracteriza a estes tres grupos sociais corrobora, segundo o autor, o carácter segregador dos cancioneiros, configurados como productos literarios fortemente xerarquizados e nos que se emprega unha dobre clasificación, por autores e xéneros, de gran rixidez. O proceso de marxinalización continuaría ata os nosos días, segundo demostra a figura paradigmática de Vidal, a quen as rúbricas atributivas dos cancioneiros destacaron pola súa condición de xudeo e que a miudo é excluído das edicións modernas por esa mesma causa. Esta concepción pechada dos cancioneiros permite ó autor establecer un paralelo co concepto de *paraclausithyron* empregado por F. O Copley, de tal xeito que o trobador alienado pola súa paixón amorosa e convertido en *exclusus amator* se erixiría en paradigma dunha característica extensible a toda a escola galego-portuguesa.

Souto Cabo, José António, “Documentos galego-portugueses medievais (II)”, *Agália*, 1998, pp. 217-225.

Edición de tres documentos redactados entre os anos 1504 e 1512, dos que se salienta o seu valor documental dende un punto de vista lingüístico, en tanto que exemplifican a substitución do galego polo castelán como lingua notarial. Os tres textos editados, xa que logo, virían a erixirse en colofón dun longo proceso substitutivo comezado douscentos anos atrás. A este respecto, o autor establece dúas etapas: dende o século XIII ata a primeira metade do XV, no que se aprecia nos documentos unha progresiva entrada de castelanismos, e dende o derradeiro tercio do século XV ata a segunda década do XVI, na que os documentos pesentan unha morfoloxía baseada na castelá ou mesmo unha lingua híbrida, froito do cruzamento entre ambos idiomas. O primeiro texto está depositado no Arquivo Histórico Nacional, Sección Clero, Pasta 511 nº 14, mentres que os outros dous atópanse na Colección Vaamonde Lores do Arquivo do Reino de Galicia, baixo os números 9 e 5, respectivamente. A primeira parte deste traballo foi publicada no número IL da mesma revista.

Wright, Janice, "The Galician-Portuguese Lyric: New Critical Approaches", *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 5-8.

Introducción ó monográfico que *La Corónica*, dedica á lírica galego-portuguesa. Despois de trazar unha panorámica da devandita escola poética moi sucinta e de carácter xeral, destinada a aqueles lectores da revista que se acheguen por primeira vez a ese ámbito de estudio, a autora desglosa os diferentes traballos recollidos no volume: William Paden, "Contrafacture between Occitan and Galician-Portuguese"; Janice Wright, "The Enemy Within: a Galician-Portuguese Dawn Song"; Denise Filios, "Jokes on *Soldadeiras* in the *Cantigas de Escarnio e de Mal Dizer*"; Josiah Blackmore e Benjamin Liu: "Locating the Obscene: Approaching a Poetic Canon"; Benjamin Liu, "*Risabelha*: a Poetics of Laughter?"; Roy Rosenstein, "The Voiced and the Voiceless in the *Cancioneiros*: the Muslim, the Jew, and the Sexual Heretic as *Exclusus Amator*"; e Charles Brewer, "The *Cantigas d'amigo* of Martin Codax in the Context of Medieval Latin Secular Song".

_____, “The Enemy Within: a Galician-Portu-guese Dawn Song”, *La Corónica*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 77-90.

Consideracións arredor das cantigas de amigo galego-portuguesas susceptibles de ser incluídas no subxénero das albas. Segundo a autora, dentro da producción desta escola lírica só dúas composicións poden considerarse albas: *Amad' e meu amigo* de Don Dinis e *Levad' amigo que,dormides as manhãas frias* de Nuno Fernandes Torneol. A análise dos caracteres deste xénero na lírica provenzal revela a posición liminal das dúas cantigas galego-portuguesas, xa que algúns dos seus trazos fican á marxe do disposto pola tradición occitana, en tanto que outros as sitúan de cheo no xénero das cantigas de amigo.

_____, “Reference Bibliography”, *La Coróni-ca*, vol. XXVI, nº 2, 1998, pp. 91-129.

Recompilación bibliográfica concibida coma complemento ós artigos que sobre lírica galego-portuguesa están recollidos nese número de *La Corónica*. Por este motivo, a autora incorpora as referencias bibliográficas espalladas polos diferentes traballos incluídos no volume monográfico. A presente recopilación estructúrase en seis grandes apartados: fontes primarias, estudios sobre outras líricas medievais, estudios sobre lírica galego-portuguesa, estudios específicos sobre os diferentes xéneros e sobre trobadores, estudios sobre a canción de muller nos ámbitos europeo e galego-portugués, estudios musicais e referencias bibliográficas de tipo xeral.

XII. Folletos de novidades editoriais

Galaxia

(D. L.: VG-262-1987).

A editorial Galaxia publicou o número 29 do seu Boletín, correspondente ó Outono de 1998. Recóllese unha entrevista, sen asinar, con motivo da concesión do Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa a Marilar Aleixandre por *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*. Ademais inclúense comentarios tamén sen asinar das seguintes obras publicadas en 1998: *A sombra dos teus ollos*, de Anxo A. Rei Ballesteros; *Guía da Galiza máxica*, de Víctor Vaqueiro; *O Alquimista*, de Paulo Coelho; *Mércores de cinza*, de Miguel Anxo Murado; *O vello e o mar*, de Ernest Hemingway; *Finísimo po nas ás*, de Xerardo Quintiá; *Río abaixo*, de Luís Bugarín Pereira; *Xeografía do medo*, de Francisco Duarte Mangas, *O asasino invisible*, de Xosé Durán; *A longa viaxe*, de Yuca; *Reencontro*, de Fred Uhlman; *Linguas longas*, de Xavier López Rodríguez; *Matar a Kerenski*, de Xosé Antonio Moreno; *A lagarada/O desengano do prioiro*, de Ramón Otero Pedrayo.

Xerais

(D. L.: VG-494-93).

En 1998 Edicións Xerais de Galicia publicou tres números do seu boletín de novidades: o número 32 (verán), o 33 (outono) e o 34 (nadal), nos que teñen especial protagonismo as notas referidas ós libros de recente aparición e ós Premios Xerais e Merlín. Os artigos, comentarios e entrevistas asinados son os seguintes:

-Alfaya, An, "O Merlín: Un premio cargadiño de bágoas de emoción", *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 8.

Sinala que consegui-lo Premio Merlín na edición de 1997 "supuxo un pulo e unha satisfacción persoal, un incentivo para continuar un proxecto, que empezou cando era unha nena e que espero se manteña vivo ó longo da miña vida, con ou sen premios". Declara tamén cómo xurdiu a obra, na que o verdadeiro autor-protagonista é o Sireno da Porta do Sol de Vigo, e a súa sorpresa cando atopou na prensa o título do seu libro entre os finalistas elixidos polo xurado.

-Barreiro, Manuel M., "*Territorio ocupado*. Fran Alonso", *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 2.

Para o autor da recensión de *Territorio ocupado* (1998), de Fran Alonso estamos ante "un libro trazado coa tenrura da solidariedade, para mostrar como os saharauís queren recuperar a súa terra e gañarse o

futuro. Un libro digno de figurar na maleta de todas e todos aqueles que, en calquera parte do mundo, ocupan a súa vida na loita pola dignidade dos pobos e as persoas". Nomea tamén a tódalas persoas que aparecen no libro ofrecendo as súas experiencias: Tasha, Saleh Nafe, Mulei, Ahmed Bubut, Aixa, Meimina, Omar, etc.

-Barreiro Rivas, Xosé Luis, "*Morning Star*: unha novela que gosta sen adovíos", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 9.

Como membro do xurado da XVª edición do Premio Xerais de Novela, Barreiro Rivas sinala que *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda que acadou este galardón, lle gusta de verdade porque resulta fácil de ler, capta a atención do lector e contén "personaxes, escenas, nós e desenlaces que, por obvios, poden resultar previsibles".

-Bragado, Manuel, "17 de maio, Día do Libro Galego", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 1.

Logo de aludir ó esforzo de dinamización feito este ano por Xerais ó redor do Día das Letras Galegas, céntrase na necesidade de que a data do 17 de maio acolla tamén a celebración do Día do Libro Galego. Entende que na sociedade globalizada o libro galego debe buscar un espacio de seu, "que acrisole a tradición dos nosos ourives líricos do século XIII cos retos das novas tecnoloxías de comunicación".

-Bragado, Manuel, "Xerais prepara a saída dunha nova colección de peto", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 6.

Logo de anuncia-la saída da colección “Peto” de Xerais e de explicar que se divide na serie “Literaria” e “De-liberacións”, cita algúns títulos de próxima publicación nesta colección e nas restantes de Edicións Xerais de Galicia.

-Bragado, Manuel, “Xerais ou a batalla pola lectura”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 1.

Anuncia a próxima reunión dos Premios Xerais e Merlín para o sábado 24 de outubro nas instalacións do Instituto Galego da Información. Valora tamén o cambio de propiedade de Edicións Xerais, que pasa a pertencer ó grupo francés de comunicación Havas, ó consideralo "un paso decisivo na consolidación do noso proxecto como empresa líder do proceso de normalización cultural e editorial en lingua galega que abrirá múltiples perspectivas de cara ó cambio de milenio". Sinala ademais que Xerais continúa a ser, como dende a súa fundación hai dezanove anos, "un proxecto de soñadores conscientes que libran a difícil batalla pola lectura en lingua galega".

- Caneda Cabreras, Mª Teresa, "*A guerra dos mundos*. H. G. Wells", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 4.

Comeza referíndose ó argumento de *A guerra dos mundos*, de H. G. Wells, traducida ó galego en 1998. Alude ó comentario feito por Bernard Bergonzi, quen comenta que a obra reflicte o sentimento de culpa ante o imperialismo británico e o medo da sociedade inglesa ante o perigo dunha invasión estranxeira. Refírese tamén á opinión de Rosslyn Haynes, que subliña o seu carácter profético e innovador. Seguidamente, explica que Wells se anticipou ás crónicas xornalísticas da Primeira Guerra Mundial e

indica a aparición da obra na colección “Xabarín” con motivo do centenario da súa primeira edición. Conclúe apuntando que a mensaxe de humildade e autocrítica de Wells segue en vixencia.

Capelán, Antón, “Dosinda Areses ou o compromiso dende a raíz”, *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998,

3.

Como prologuista e recompilador do volume *Dosinda Areses. Prosas completas* (1998), Antón Capelán lamenta a falta de atención á figura de Dosinda Areses (1914-1984) nos libros especializados e cita *De Pondal A Novoneyra*, de Méndez Ferrín e a monografía de Ramón Martínez López sobre a literatura galega do exilio. Sinala que o propósito do seu libro é “liberala da pesada mortalla de silencio en que ficou sepultada, mediante a recompilación da súa obra de intervención social, dada a coñecer nalgunhas publicacións de Vigo durante os anos da Reforma política”. A continuación, relata os episodios máis significativos da súa vida, facendo fincapé na súa militancia na Federación de Mocidades Galeguistas e no sector marxista e galeguista da FUE, a súa amizade con Luís Seoane, Francisco F. del Riego, Carballo Calero ou Martínez-Barbeito, a súa participación na campaña propagandística do Estatuto de Autonomía, o seu paso por Francia e o seu exilio a México a comezos dos anos cincuenta. Detense tamén na publicación da súa escolma *Poemas malditos de Antero de Quental* (1959) e na súa amizade con Méndez Ferrín e a socióloga Herminia Cons.

-Carballo, Lina, “*Upalás*. Rompente”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 2.

Nota sobre o volume *Upalás* (1998) na que se indica que contén poemas do grupo Rompente, promovido e integrado entre 1976 e 1983 por Manuel M. Romón, Alberto Avendaño, Alfonso Pexegueiro, Camilo

Valdeorras e Antón Reixa, seleccionados por Helena González e Iris Cochón a partir de *Silabario da Turbina*, a serie *Tres Tristes Tigres* e *A dama que fala*.

-Castro Erroteta, Xosé María, "*Tánata*. Antón Risco", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 2.

Comenta que Antón Risco lle contou que escribira *Tánata* (1998) despois de lle ser diagnosticada a enfermidade pola que morreu aínda que sinala que Ruco Lezcano sostén que foi escrita antes de ser coñecida a doenza polo autor. A continuación relata o argumento desta novela, do que salienta o seu carácter "totalmente anovador ata a transgresión". Apunta que o fondo real da novela é o encontro na liña final do amor e a morte e cualifica de excelente a novela e de difícil o equilibrio mantido na mesma. Ademais di que é unha obviedade falar de ritmos narrativos, temporalización e outros recursos narrativos na obra de Antón Risco. Cre finalmente que se publicarán máis obras deste autor falecido dada a cantidade de creación literaria inédita que se conserva.

-Cebreiro, Marcos, "Algunhas vaidades si van arder na fogueira que sempre pode ser unha novela", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 4.

Alfredo Conde cualifica a súa novela *O fácil que é matar* (1998) nesta entrevista como "a novela máis grande escrita na nosa fala" e recoñece nela como compoñentes significativas a ironía e o humor, tamén trazos definidores da nosa personalidade colectiva. Sinala que os seus personaxes son actuais e que espera que co paso do tempo o lector poida realizar identificacións cos persoeiros relevantes socialmente do futuro.

-Cid Cabido, Xosé, “Apunte sobre o panorama literario”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 5.

Reflexiona sobre o feito de que hai algúns anos se considerase como “un síntoma de normalidade a existencia de literatura menor ou literatura barata”, un obxectivo que, na súa opinión, hoxe está cuberto pola diversificación da producción e a creación de códigos recoñecidos xa como literatura de subxénero. Con este propósito considera que é o momento de lembrarlles ós escritores que sería bo procura-la consolidación cos lectores, para o cal ve imprescindible “que os escritores pensen máis no seu traballo creativo como unha prolongación moi persoal de si mesmos e un chisco menos no mercado e no éxito inmediato, un chisco menos no artificio e na corrección previsible e un moito máis no que realmente son e no que realmente teñen que dicir como seres humanos”.

-Cid Cabido, Xosé, “Quixen facer unha novela divertida, emocionante, áxil, rápida, que aferrolle ó lector e non o deixe escapar. Hai que gañar a batalla da lectura”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 9.

Xosé Miranda, Premio Xerais de Novela 1998 por *Morning Star*, fala do seu compromiso por traballar en tódolos xéneros da literatura: novela negra, fantástica, realismo, terror e, nesta ocasión, literatura oral. Sobre a relación entre ideoloxía e literatura, declara que, no seu caso, é un escritor monolingüe por ter unha certa conciencia pero que sobre todo escribe por pura necesidade. Apunta ademais que a súa pretensión foi crear unha novela divertida e áxil, baseada en feitos e datos reais que, segundo di, tomou fundamentalmente dos traballos da investigadora Beatriz López Morán, chea de aventuras que aparecen enlazadas nalgún caso con momentos destacados da historia de Galicia. Neste sentido sinala que a aparición da revolta do 46 responde a motivos ideolóxicos.

-Cochón, Iris, "*Ollos de sal*. Anxos Romeo", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 2.

Refírese a *Ollos de sal* (1998), de Anxos Romeo, poemario do que destaca que a figura da buscadora é central nun libro que trascende o biografismo a través de símbolos —a serpe, a casa, a fera—, e oposicións —interior/exterior, agora/antes. Sinala que estas claves permiten dar cabida á lóxica do aforismo, á sintaxe violentada e á puntuación ruda, procurando "negar ese persistente matiz dualista, que propón superar con fronteiras porosas, resonancias, fluidez".

-Cuba, X., X. Miranda e Antonio Reigosa, "Cabalo buligán: unha nova colección que pretende dar fe da vixencia do conto oral", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 3.

Os tres articulistas incardinan a literatura popular dentro do máis amplo marco da cultura e sinalan que toda a literatura provén dela. Lembra que, a pesar do seu carácter tradicional, a transmisión é primordialmente escrita e citan tanto os grandes clásicos hebreos ou árabes coma a especial atención que o tema atinxiu co espallamento dos ideais románticos. A seguir, compoñen unha caracterización do conto popular e opinan que a colección "Cabalo Buligán" pode cumpli-la función de amosa-la propia tradición a un público só infantil. Infórmase, ademais, que as fontes destes volumes son orais e escritas.

-Dobao, Antón L., "*Ferros e ameixas*. Carles Bellsolà", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 4.

Comentario sobre *Ferros e ameixas* (1998), de Carles Bellsolà. Define o contido do libro como "poesía da vida, poesía da contemplación amarga da vida desde a amargura das experiencias persoais máis íntimas, ás máis alegres e ás máis dolorosas". Refírese á sinxeleza aparente e tamén a unha aparencia

de distanciamento e desleixo que no fondo é compromiso. Considera que o libro paga a pena e cre que cómpre lelo dende o “distanciamento comprometido coa poesía, porque nos fala de vida, de sentimento e de razón”.

Fernández Paz, Agustín, "*Contos malvados*. Xurxo Borrazás", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, 2.

Comentario sobre *Contos malvados* (1998), de Xurxo Borrazás, no que comeza por apunta-lo lugar central do relato titulado "O poeta eu" dado que contén "unha aguda reflexión sobre o proceso creativo, sobre a escrita e a súa relación coa vida, sobre a distancia entre as palabras e o pensamento". Cre tamén que probablemente habería que ler primeiro, "ou ó remate", o titulado "Palabras outras" xa que considera que vén ser cómo unha poética peculiar na que Borrazás descobre as súas propostas narrativas. Fai referencia á recorrencia da violencia e pon de relevo a mestría narrativa do autor así como o carácter desacougante dos contos citando como exemplos "O mendigo" "Deserto", "A furna" e "Plusvalía".

Freixanes, Víctor F., "*Extintos básicos*. Xosé Manuel G. Trigo", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998,
2.

Refírese á obra de Xosé Manuel G. Trigo titulada *Extintos básicos* (1998) e cualifícaa de "subtil e delicadísima" a vontade de estilo que envolve a obra. Alude á madurez como lector do autor e salienta a construcción dun mundo orixinal, autónomo e cita outros elementos como a tenrura ou o humor. Considera que se trata dun libro para gozar e construído dende o pracer dos sentidos. Conclúe opinando

que un sistema literario debe reflecti-la variedade e non ser unidimensional porque a unidimensionalidade “é o máis parecido ó encefalograma plano”.

-García Bodaño, Salvador, “Xerais e a cultura galega”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 7.

Reproducción do discurso de Salvador García-Bodaño no acto de entrega dos Premios Xerais. García-Bodaño valora o acto como manifestación dunha realidade cultural importante e complexa. Lembra que a nosa cultura foi dende sempre “a dunha nación creadora” que recibiu “o influxo cultural doutros pobos europeos” e que cómpre manter este espírito polo que aposta dende hai anos a editorial Xerais cos seus premios, nun momento no que “a cultura galega ten, necesariamente, de saber para onde vai, de coñecer cara onde se encamiña, porque nunca máis do que agora tivemos de diante a posibilidade —acaso derradeira— de trazar con decisión o noso mellor camiño”.

-García Crego, X. M., “Recoñecido o labor de apoio do Instituto da Lingua Galega”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 10.

Destaca os méritos do Instituto da Lingua Galega para ser merecedora do Premio Xerais á Cooperación no Labor Editorial, entre os que cita o seu traballo investigador e docente, a fixación da norma e a categoría humana dos seus compoñentes. Lembra tamén que o ILGA sostívose sobre todo co autofinanciamento e que é unha institución “independente de poderes e libre de favoritismos, pero tamén aberta a todos os que traballamos e vivimos co galego, en galego”. Finalmente citan algúns dos títulos que ten publicado e declara que se trata dun xusto destinatario do premio.

-Iglesias, Mateo, “Negro de batea é a novela negra do vindeiro milenio”, *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 5.

Alude á revitalización da colección “Negra” de Xerais trala publicación de *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998), de Jaureguizar e *Á de mosca* (1998), de Aníbal Malvar. Refírese á boa acollida que tivera a obra *Fridom Spik* (1996), de Jaureguizar e ilústrao con cadanseu comentario de Xosé Manuel Eiré e Antón Reixa. Sobre *Comendo espaguetis diante da televisión* di que se trata dunha aposta desenfadada polo realismo discontinuo, pola novela negra non realista e logo de aludir ó argumento cualifícaa como “moi divertida”, “orixinal” e “desconcertante”. No tocante a *Á de mosca* pon de relevo á mestría de Malvar á hora de narrar e o acerto na construcción dos personaxes e a axilidade dos diálogos.

-Iglesias, Mateo, “Martín Codax, Johán de Cangas, Meendinho”, *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 7.

A propósito da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax, fai fincapé en que malia a concisión numérica de textos, as cantigas destes tres autores sorprenden pola súa aparente sinxeleza, pola vitalidade das referencias populares e tamén polo procurado esplendor técnico, o que demostra que estamos ante “tres ourives do xénero lírico”. Ademais entende que con esta dedicatoria se homenaxea ó conxunto da lírica galego-portuguesa. Céntrase a continuación no volume *Johán de Cangas. Martín Codax. Meendinho* (1998) publicado por Edicións Xerais e que conforma unha obra semellante á tradicional serie das “Fotobiografías”. Fai unha síntese dos traballos de Víctor F.

Freixanes, Carlos Barros, Xosé Ramón Pena e Mercedes Brea así como a unha bibliografía elaborada por Ramón Nicolás e do CD Audio que acompaña á obra.

-Iglesias, Mateo, “Bravú é a volta ó noso mundo nunha chea de historias, as máis e mellores posibles, contadas coa maior paixón que podemos”, *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 12.

Tras acada-lo Premio da Crítica no apartado de Iniciativas Culturais, Xosé Manuel Pereiro, director da revista *Bravú* fala nesta entrevista das intencións da publicación, que pasan por encher baleiros culturais a través de textos, fotos e debuxos. Ademais sinala que a revista está aberta a todo tipo de colaboradores e que intentan mestura-los “consagrados” coa xente nova. A seguir denuncia a falta de apoios que reciben e declara que se gastan “máis cartos en cursiños de composición de centros florais que nas asociacións que sobreviven contra vento e marea en moitas vilas e aldeas”. Sobre o premio que lles foi concedido sinala que o galardón foi en realidade ó movemento bravú concretado na revista e que “quizais llo deberan de ter dado a Xurxo Souto como animador ou fronte cultural unipersoal” ademais de que espera que se lles siga considerando politicamente incorrectos. Por último, fala das espectaculares presentacións de cada número que se organizan sempre intentando demostrar que a cultura non ten por qué ser aburrida. Para o próximo número anuncia que irá acompañado dun CD que contén un videoxogo, temas musicais de Antón Reixa, Os Skornabois e Coro dos Rozadores, ademais doutras sorpresas.

-Iglesias, Mateo, “A forza do Xerais: un premio clave na nosa novelística contemporánea”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 6.

Recupera a crónica da primeira edición dos Premio Xerais, creado no ano 1984, no que resultou gañador entre as vintenove obras participantes *Crime en Compostela*, de Carlos G. Reigosa, obra que se converteu nos oitenta no primeiro best seller da novela galega. Sinala que a partir desa edición o premio foise consolidando e hoxe ocupa un lugar transcendental no panorama cultural e que favoreceu a aparición de novos narradores como Lois Xosé Pereira (*As horas de cartón*, 1985), Francisco X. Fernández Naval (*O bosque das antas*, 1988), Darío Xohán Cabana (*Galván en Saor*, 1989), Xosé Carlos Caneiro (*O infortunio da soidade*, 1992) ou Manuel Seixas (*A velocidade do frío*, 1996), así como a recuperación de narradores maduros como Xoán Bernárdez Vilar (*No ano do cometa*, 1986) e Xosé Fernández Ferreiro (*Agosto do 36*, 1991) e a consolidación da traxectoria de escritores como Xosé Ramón Pena (*Para despois do adeus*, 1987), Alfonso Álvarez Cáccamo (*As baleas de Eduardo Reinoso*, 1990), Aníbal C. Malvar (*Unha noite con Carla*, 1995) e Xavier Manteiga (*Manancial*, 1997). Finalmente salienta que nestes anos aumentou a contía económica do premio ata chegar ós dous millóns de pesetas e que dende 1988 o xurado componse de lectores non profesionais.

-Iglesias, Mateo, “O Merlín: talismán da nosa literatura infantil”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 7.

Considera que a literatura infantil galega deu pasos de xigante dende a publicación de *Conto de guerra*, de Camilo Díaz Baliño en 1925, acadando o recoñecemento dentro e fóra do país gracias ó esforzo de autores e autoras e coa axuda do Premio Merlín dende 1986, “un dos motores máis destacados en impulsar este proceso”. Recolle a nómina dos autores e autoras premiados citando a Úrsula Heinze (*A casa abandonada*, 1986); Xosé Antonio Neira Cruz (*Ó outro lado do sumidoiro*, 1988); Agustín Fernández Paz (*As flores radiactivas*, 1989); Gloria Sánchez (*Fafarraios*, 1990); Fina Casalderrey (*Dúas*

bágoas por Máquina, 1991); Lola González (*Os mornias*, 1992); Marilar Aleixandre (*A expedición do Pacífico*, 1994); Ramón Caride (*Perigo vexetal*, 1995); Antonio García Teijeiro (*Na fogueira dos versos*, 1996) e An Alfaya (*¡Sireno, Sireno!*, 1997). Salienta que para todos eles o Merlín funcionou como talismán xa que de seguido lograron outros recoñecementos.

-Iglesias, Mateo, “Pretendo que os lectores rían co libro, pero que tamén sexan conscientes de que debaixo de todo humorismo hai unha grande dolor”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 13.

Nesta entrevista, Agustín Fernández Paz, di que *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998) naceu co propósito de ollar criticamente unha realidade que non lle gusta dende un enfoque humorístico. Define o personaxe do doutor como un fanático cargado de boas intencións e de trazos esperpénticos, que leva ó límite a súa lóxica perversa, e entre os atributos do libro destaca o ton do relato, que xorde da voz de Rosa, a axudante do doutor. Nega a convención de que os libros destinados á infancia e á mocidade deban estar protagonizados por persoas de idade semellante ó lector para favorece-la súa identificación e, a propósito da situación da literatura infantil e xuvenil en Galicia, declara que a segue a considerar un xénero invisible porque con esta denominación describe o feito de que case nunca merece a atención da crítica. Fala tamén da boa acollida que está a ter *Cartas de inverno* nas súas traduccións ó catalán, castelán e portugués, o que lle serve para ratificar que o que se fai en Galicia pode interesar noutros ámbitos e que cómpre favorecer iniciativas nese sentido. Por último anuncia que *Cos pés no aire*, co que acadou o Premio Raíña Lupa, é un texto moi traballado no que aborda “temas como a procura da identidade individual ou o dereito a sermos diferentes”.

-Jaureguizar, "*Á de mosca*: esta novela necesitará tratamento para a taraza", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 5.

Considera que falar das obras de Aníbal Malvar é empezar a falar dun protoclásico das letras galegas. Comenta o argumento de *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998) e fai fincapé na calidade estilística así como na detallada información e cre que o xeito de artella-los personaxes convértea en algo máis que unha boa obra literaria. Agoira que a obra resistirá o paso do tempo.

-López, Xosé, "*O doutor Livingstone, supoño*. Carlos González Reigosa", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 4.

En relación a *O doutor Livingstone, supoño* (1998), de Carlos G. Reigosa, comeza facendo fincapé en que o autor asumiu o reto de conta-las cousas cunha linguaxe cativante. Explica que Reigosa se adentra "nun xénero, a crónica de feitos de onte con proxección actual, que cultiva con mestría profesional da información avezado no retrato do detalle". Destaca ademais a facilidade para relacionar acontecementos e cre que supón a achega dun "periodista total" que combina con boas formas xornalismo e literatura.

-Malvar, Aníbal, "*Comendo espaguetis diante da televisión*: o mentiroso que dicía a verdade", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 5.

En relación ó escritor de novelas sitúa a combinación entre sentido da observación e capacidade de fabulación como o "combinado perfecto". Comenta ademais que na novela negra, por tradición e

devoción, adóitase chamar con máis insistencia os observadores que os fabulantes e no tocante a *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998), destaca o desapego da verosimilitude e di que se pode falar dun novo xénero, o "Jaureguizarismo" como a "fórmula narrativa consistente na violación sistemática de fórmulas, incluíndo o propio jaureguizarismo". Conclúe salientando o feito de que como os grandes escritores, Jaureguizar experimenta "con pólvora" fronte á tendencia dos literatos dende os anos vinte de experimentar "coa incruenta gasosa".

-Manteiga, Xavier, “Outra vez Xerais”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 8.

Destaca o significado do Premio Xerais que obtivo en 1997, tanto económico coma de satisfacción persoal polo deber cumprido e conta cómo nos días sucesivos “suceden unhas xornadas frenéticas nas que de súpeto a todo o mundo lle interesa a túa obra”. Remata animando os escritores a que se presenten a este premio que resolve un xurado de lectores.

-Martín Garzo, Gustavo, “Teoría do final feliz”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 14.

A propósito da publicación en 1998 de *Contos de Grimm* pola editorial Xerais, en traducción ó galego de Xabier R. Baixeras, Martín Garzo sinala como característica común ós contos dos irmáns Grimm que sempre rematan ben, ó contrario dos de Perrault e Andersen. Explica esta necesidade de final feliz atribuíndoa a que estaban destinados a ser contados ós nenos co propósito de que descubrisen o mundo e, á vez, os perigos que este agacha e que por iso os aconsellan os psicanalistas. Conclúe destacando que o final feliz ten unha función integradora da descuberta de conflictos básicos do ser humano e a superación deses conflictos.

-Neira Cruz, Xosé Antón, “Humorismo cargado de reflexión”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 23.

Referíndose a *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), de Agustín Fernández Paz, indica que se trata dun paso máis na súa longa e talentosa traxectoria narrativa, que caracteriza cos seguintes trazos: “sobriedade expositiva, facilidade para a evocación, enxeño na construcción das arquitecturas literarias, dominio dos rexistros e, nomeadamente, respecto cara á persoa que está ou vai estar sentada ó outro lado das páxinas escritas”. Sinala que esta nova historia prende a atención do lector e descobre, en clave humorística, o que pode haber na realidade detrás dos proxectos en aparencia mellor intencionados.

-Nicolás, Ramón, “*Orballo da media noite*. Roberto Blanco Torres”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 15.

Refírese á reedición do poemario *Orballo da media noite*, de Roberto Blanco Torres, elaborada por Miro Villar en 1998. Sinala que o traballo do editor no limiar benefíciase dun labor investigador arredor da figura do escritor homenaxeado no Día das Letras de 1999, axeitado tanto para un lector que descoñeza calquera dato sobre a súa figura coma para o estudioso da literatura galega. Destaca o interese do apartado biográfico, das páxinas que desvelan as claves da súa obra poética e, sobre todo, dos apartados que reparan na estructura, liñas temáticas e intertextualidade da obra, froito “dunha análise minuciosa” que favorece sitúa-la producción lírica de Blanco Torres no seu xusto lugar, “que lle foi negado, en xeral, nos estudios críticos e nas escolmas poéticas dos últimos sesenta anos”.

-Nogueira Barcia, Xosé Vitorio, “Engaiolantes historias de raíz popular”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 8.

A propósito de *Memorias dun raposo* (1998), de Antonio Reigosa, Premio Merlín 1998, salienta que se trata dunha historia de raíz popular “que achegará ós lectores adultos moitas reminiscencias e que será capaz de axudar a transmitir ás novas xeracións lectoras a abundancia e riqueza dun acervo que de ningún xeito debemos esquecer e (...) desprezar”. Destaca tamén o prestixio do premio ó longo das súas edicións.

-Noia Domínguez, Luis, “Un aire fresco que nos encheu de orgullo e ledicia”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 8.

Relata, a petición de Xerais, as súas impresións tras recibi-lo premio á Cooperación no Labor Editorial no ano 1997 en representación de Gráficas Numen. Sinala a satisfacción e a emoción que lle produciu recolle-lo premio xunto a Xavier Manteiga e An Alfaya e agradece a confianza dos integrantes de Xerais.

-Pato, Chus, “*Hipatia*: a narración do equilibrio e a catástrofe do poema”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 9.

Recensiona o poemario *Hipatia* (1998), de Alfonso Pexegueiro, destacando que se trata dunha obra que “une temporalidade, política e historia (...) e ó mesmo tempo unha intensa reflexión sobre o código poético e á vez unha erótica do corpo e da palabra”. Fala tamén da presencia da alegoría e da metonimia, da súa estructura dialogada e da ruptura de xénero que supón polo seu lirismo narrativo, así

como da presencia do desexo, do medo e da inocencia a través dunha lingua creativa e dunha trama de grande inventiva.

-Pérez, Helena, “*Memorias dun raposo* é un libro de fábulas, e como tal, posúe como ingredientes primordiais a brevidade e o humor”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 8.

Antonio Reigosa declara nesta conversa que decidiu presentar *Memorias dun raposo* ó Premio Merlín tomándoo como un reto para o libro e coa intención de conseguir que a literatura oral, da que se manifesta un apaixonado, sexa aceptada por tódolos lectores. Valora positivamente o feito de que o xurado estea formado por rapaces e rapazas e destaca que o libro contén fábulas que pretenden “ensinar divertindo tendo o humor como aliado” co fin de apostar pola riqueza e revaloración da tradición oral. Fala tamén da nova colección de Xerais, “Cabalo buligán”, da que é un dos seus co-directores e sinala que pretende poñer ó alcance dos lectores narracións universais en galego.

-Queipo, Xabier, “*O meu criado e mais eu*. Hervé Guibert”, *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 2.

Comentario sobre a traducción ó galego publicada en 1998 de *O meu criado e mais eu*, de Hervé Guibert que, segundo se indica, recolle dúas novelas curtas deste escritor francés morto da SIDA en 1991. A primeira, C*ytomegalovirus*, defínese como documento de gran crueldade sobre a decadencia do corpo que se presenta baixo a aparencia dun diario, mentres que a segunda, *O meu criado e máis eu*, cualifícase de parábola moderna sobre a SIDA na que o auténtico heroe/antiheroe non é o doente senón
o seu criado. Conclúe sinalando que se trata dun “libro honesto, dun escritor honesto”.

-Rivas, Manuel, "*Cando eu caia*. Ramón Sampedro", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 4.

Sitúa *Cando eu caia* (1998), de Ramón Sampedro, como un deses textos "que nos falan desde a profundidade da vida". Con respecto a esta obra refírese á presencia dun tapiz tecido pola libertade e a verdade e di que "entre a incompresión ruidosa e un humanitarismo mal entendido, Ramón Sampedro fai renacer o humanitarismo, acobillado nunha illa de melancolía e liberdade".

-Sabarís, Héctor, "Libros de Peto: á procura de novos lectores para a literatura galega", *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 4.

Informa da aparición dunha nova colección en Xerais que recolle libros de peto en galego distribuídos en dúas series "Literaria" (obras de creación) e "De-liberacións" (obras de pensamento), co obxectivo de recoller obras xa publicadas con anterioridade e agora reeditadas nun formato, deseño e prezo máis asequible para os lectores que ademais de se distribuír en librerías venderanse nos quioscos. Menciona ademais os títulos que saen ó mercado, todos eles esgotados en catálogo: *Land Rover*, de Suso de Toro; *Tráiler*, de Fran Alonso; *Sabor a ti*, de Miguel Suárez Abel; *A morte de Frank González*, de Xosé Fernández Ferreiro; *Un millón de vacas*, de Manuel Rivas; *Xa vai o Griffón no vento*, de Alfredo Conde; *Amor de tango*, de Mª Xosé Queizán; e *Ambulancia*, de Suso de Toro.

-Sabarís, Héctor, "*O estadio do espello*. María do Cebreiro", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 2.

Anuncia a publicación do poemario *O estadio do espello* (1998), de María do Cebreiro, facendo nota-la xuventude da autora, que naceu en 1976, e o seu futuro nas letras galegas pola solidez da súa proposta.

A seguir destaca que se trata dunha especie de biografía emocional da escritora e que nela se constrúen "os lugares sobre os nomes: os bárbaros da noite invaden o poema e os seus ollos traidores funcionan como múltiplos da subxectividade de María".

-Seixas, Miguel Anxo, "*Prosas completas*. Dosinda Areses", *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 2.

Anuncia a aparición no mercado do volume *Prosas completas*, de Dosinda Areses, editado por Antón Capelán, no que se recollen escritos publicados pola autora en *El Pueblo Gallego*, *Hoja del Lunes* e *A Nosa Terra*. Entre as virtudes desta obra, o recensionista nomea a visión da historia de Galicia no período comprendido entre 1979 e 1983 pola recuperación da nosa memoria histórica e o resultado estilístico que consegue Dosinda Areses nos seus escritos.

-Sobrino Manzanares, María Luísa, "*Hai suficiente infinito*. Xabier Seoane/Antón Patiño", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 2.

Cualifica o libro *Hai suficiente infinito* (1998), de Xabier Seoane e Antón Patiño, como "unha fermosa e profunda reflexión arredor do problema da creación artística no mundo actual". Destaca que estes artistas apostan pola creación como acto de liberdade e por conceptos como a sensualidade, a cartografía do corpo, a natureza e a mestizaxe.

-Torres Bouzas, Celia, "Esta é unha historia de amor, melancolía e liberdade. Escribina cun lapis de carpinteiro na orella", *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, pp. 8-9.

Entrevista con Manuel Rivas a propósito da publicación de *O lapis do carpinteiro* (1998). Explica o autor como se foi xestando a novela a partir da conversa co xa falecido Doutor Comesaña aínda que afirma que antes de escribi-lo libro xa existía o seu molde. Pon de relevo ademais a involución estética que supuxeron os feitos de 1936 e concibe o lapis de carpinteiro como "amuleto" e "conductor de memorias". Comenta ademais a concepción desta novela como a reivindicación dunha cultura descoñecida ou só parcialmente coñecida. Ademais indica que a preocupación da morte na súa obra responde á concepción do mundo como "un tear en marcha". No tocante á proxección exterior da súa obra e da doutros autores confesa que ó mesmo tempo que alegría sente un pouco de incomodidade por ser consciente de que "hai unha chea de mestres que non tiveron, por circunstancias históricas esas posibilidades de difusión que merecían con moita máis xustiza". Comenta ademais que non cre no dilema "Calidade" versus "Comercialismo" e mostra a súa simpatía polo toque "destemido, irreverente e libre de prexuízos do Bravú".

-Val, Marta do, "*Círculo* está feito de soño e de afán de verdade. Como noutros libros anteriores intentei aprehender que cousa é a vida", *Novidades Xerais*, nº 34, nadal 1998, p. 5.

Entrevista con Suso de Toro con motivo da saída do prelo do seu último libro *Círculo*. Primeiramente céntrase a conversa no evoluír da súa obra, dende os seus comezos no ano 1983 ata a actualidade cando xa ten numerosos lectores. A continuación explica as relacións entre *Polaroid* e *Tic-Tac* con esta súa nova entrega narrativa, sobre todo coa figura de Nano, do que intenta explica-lo seu significado como protagonista máis representativo de cantos ten creado e que "revive" outra volta en *Círculo*. Fala tamén de subdivisión editorial en catro partes: terra, aire, mar e fume, coas que pretende expresar unha "concepción da vida desde o aceptamento da morte". Finalmente o diálogo transcorre ó redor da función

dos escritores e del en particular, como persoas con proxección social a través das súas obras e das colaboracións na prensa diaria. Por último adianta que está a traballar nunha “novela de misterio relacionada co mito do sepulcro”.

-Vieites, Manuel F., “Reflexións sobre a natureza humana, a corrupción e a ética”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998, p. 3.

Recensiona os tres últimos títulos publicados na colección “Os libros do Centro Dramático Galego”: *A ópera de a patacón*, de Roberto Vidal Bolaño; *A cura en Troia*, de Seamus Heaney e *Macbett*, de Eugène Ionesco, que valora en conxunto como “tres excelentes oportunidades para analizar e estudiar as estratexias e técnicas dramatúrxicas presentes na escrita máis contemporánea”. Sobre a obra de Vidal Bolaño sinala que se trata dunha adaptación de dous textos de Bertold Brecht, *A Ópera de catro cartos* e a narración *A novela de catro cartos*, centrada nos supostos amoríos de Polly e Mackie, na que o autor utiliza un narrador múltiple para ir debullando unha historia que destaca fundamentalmente pola súa actualidade e o ton corrosivo e caústico. A propósito de *A cura en Troia*, indica que se trata da adaptación que Seamus Heaney realizou da obra de Sófocles, *Filoctetes*, traducida ó galego por Stéphanie Jennings e Manuel Outeiriño, na que recolle os elementos principais da traxedia grega, propoñendo ás veces unha lectura crítica de situacións e conflictos e condensando o esencial “o que implica un diálogo máis fluído e unha acción moito máis dinámica”. Sobre *Macbett*, de Ionesco, menciona que foi publicada en 1972 e que constitúe unha revisión da peza de Shakespeare variando os diálogos e facendo fincapé na ambición e desmesura dos personaxes. Conclúe salientando que se trata de “tres textos radicalmente diferentes, na súa concepción e formato, pero que constitúen tres interesantes

reflexións a respecto da natureza humana, da ética, da corrupción e do poder” e aproveita para reclamar traduccións ó galego de autores teatrais fundamentais.

-Vilavedra, Dolores, “*O lapis do carpinteiro*”, *Novidades Xerais*, nº 32, verán 1998, p. 9.

A propósito de *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas, fai referencia ó triunfo do poder trascendente da arte, da forza inmorrente do amor e do pulo indomeable da solidariedade. Subliña a situación do lector nesta obra, apreixado no límite entre a realidade e a ficción. Sinala que o autor rescata “o mellor da nosa memoria, aquelo que, pola súa propia condición, consegue vencer o paso inapelable do tempo”. Finalmente pon de relevo que a obra incide no “poder salvífico do amor”.

Villares, Ramón, “*Antolín Faraldo*. Francisco Fdez. del Riego”, *Novidades Xerais*, nº 33, outono 1998,

2.

Define o libro como unha biografía máis que como unha crónica e di que está escrito con galanura de estilo e que resulta de doada lectura. Seguidamente valora a importancia da figura de Antolín Faraldo, vencellada a tres feitos relevantes dende o punto de vista histórico: o espertar dunha xeración romántica e progresista, o inicio do provincialismo político e o levantamento de 1846. Conclúe destacando que gracias a este libro “agora non hai excusas para seguir mantendo a Faraldo no reino do esquecemento”.

Xerais. Fóra de Xogo. Catálogo 98-99.

(D. L. VG. 682-1998).

Catálogo relativo ás obras publicadas ata 1998 na colección “Fóra de Xogo”. A propósito da deserción da lectura por parte dos mozos, descarta o dilema entre cine e novela e cómic e conto xa que, calquera que sexa o soporte, só se trata de relatos, de historias para ser contadas. Así mesmo expresa a aposta da colección pola novela e pola diversificación de xéneros. O catálogo inclúe un resumo argumental de cada obra seguido dunha nota biobibliográfica do autor e algúns fragmentos que recollen as consideracións da crítica.

XIII. Páxinas Web

(www.finisterrae.com/batallon)

Páxina oficial do denominado Batallón Literario da Costa da Morte. Insírese dentro dunha web máis ampla que contén información económica e turística sobre a Costa da Morte. Nesta páxina pode verse a revista *Feros Corvos*, publicación oficial do grupo. Ademais poden atoparse dous libros tamén pertencentes a este grupo: *Nós*, (libro colectivo dos poetas do Batallón publicado en letra impresa en 1997) e *Mar por medio* (libro publicado en 1998 con mostras de poesía da Costa da Morte e Cuba).

(www.udc.es/dep/Lx/cac/sopirrait/)

Páxina presentada a modo de revista de pensamento, crítica, e creación en galego-portugués, promovida por Celso Álvarez Cáccamo. En 1996 saíu o número cero e en 1998 publicáronse as entregas que van do 53 ó 67. En relación coa literatura galega, no número 53, de xaneiro de 1998, recóllese en formato sonoro unha entrevista de Pedro Milhám-Casteleiro e Antom Malde a Ricardo Carvalho Calero, realizada a principios de 1990. No número 54, tamén de xaneiro, recóllese o artigo “Reflexões sobre uma literatura funambulista” publicado en soporte impreso no número 2, especial sobre a literatura galega, da Revista portuguesa *Anto*. Ademais no 56 publícase a versión galega de catro textos de Jenny Holzer por Celso Álvarez Cáccamo. Pola súa parte M. J. H. V. asina a traducción de tres poemas de Leopoldo María Panero no número 63.

(personal.redestb.es/iblagoas/lega98.htm)

Elaborada polo Departamento de Lingua e Literatura Galegas do Instituto de Ensino Secundario “As Lagoas”. Presentada como “Un feixe de respostas simples a preguntas simples sobre a lírica Galego-Portuguesa”. Cun enfoque divulgativo constéstase a cuestións relativas á orixe, época, e características da lírica galego-portuguesa. Así mesmo, acolle os textos das cantigas dos tres poetas medievais da Ría de Vigo homenaxeados en 1998 e unha fotografía do Pergamiño Vindel.

(www.escritoras.com)

Elaborada integramente en castelán e concibida como “Centro de servicios dedicado a la promoción de escritoras y sús obras”, nun proxecto levado a cabo por Sandra Pazos e Micky Mourelo. Está protagonizada integramente por literatura publicada por mulleres e conta con información de actualidade e de convocatorias de premios. Complétase cun índice de 150 autoras de tódalas épocas, das cales se recollen datos biobibliográficos. Neste índice figuran entre escritoras de distintos países as galegas Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Rosalía de Castro, Emma Couceiro, Luisa Castro, Marta Dacosta, Francisca Herrera Garrido, Margarita Ledo, María do Cebreiro, Marina Mayoral, Pilar Pallarés, Chus Pato, Luz Pozo, María Xosé Queizán, Xohana Torres, Pura Vázquez, Dora Vázquez e Helena Villar.

(web/jet.es/flix)

Web da Feira Internacional do libro Infantil e Xuvenil de Chantada na que se recolle información sobre este evento, o seu funcionamento, os editores participantes e inclúe notas biobibliográficas dos escritores que pasaron por ela. Do mesmo xeito aténdese a outras actividades creadas ó redor da Feira, entre elas ó Premio Rañolas de Literatura Infantil.

(www.eldorado.es/mariano2/fina.htm)

Web creada en maio de 1998 e centrada na escritora pontevedresa Fina Casalderrey. Componse de datos biobibliográficos e dunha lista de premios recibidos, contemplándose tamén a posibilidade de lle realizar á escritora unha ciber-entrevista.

(www.ctv.es/USERS/gnavaza)

Presentada como “gabinete virtuoso e virtual”, funciona dende 1996, da man de Gonzalo Navaza. Conta cun repertorio de palíndromos, relatos do propio Navaza, o “Dicicionario Ortopédico da lingua galega”, de F. Cameselle ou o “Panteón de lalinenses ilustres”. Ademais presenta un enlace chamado “Os Furabolos” que facilita o acceso a webs de poesía e literatura en inglés, italiano, francés, alemán, portugués, etc.

(www.editorialgalaxia.es/)

Páxina da editorial viguesa que conta cun apartado dedicado ás novidades editoriais xunto á ficha dos autores e un índice de contidos das revistas *Grial* e *InteresArte*.

(www.kalandraka.com)

Páxina desta editorial pontevedresa con información sobre as novidades editoriais e anuncios de próximas entregas así como o “Boletín Kalandraka” con información sobre a editorial e o mundo da literatura infantil galega.

(www.sansecus.usc.es/~ilgas)

Ó lado de apartados centrados na lingüística, na páxina do ILG, recóllese unha escolma de textos medievais galegos entre os que figuran *Os milagres de Santiago*, *Crónica Troiana*, *Libro de Tristán*, así como distintos textos do cancioneiro profano medieval.

(www.arrakis.es/~kikoneves/)

Elaborada polo propio escritor ponteareán. Ocúpase da súa biografía xunto unha escolma de textos dos poemarios *Taquicardia*, *Un poema de amor* (1998) e *O clube dos onanistas rutinarios*. Así mesmo ofrécese unha recompilación de prosas do autor publicadas en prensa e unha lista de recitais nos que leva participado.

(www.laiovento.com)

Dende 1997 está en funcionamento esta páxina da editorial, cun catálogo por coleccións cun breve comentario de cada libro publicado por Laiovento e un índice alfabético de autores.

(www.vieiros.com/galego.org/linguadascantigas/ index.html)

Coorganizado por Vieiros e galego.org, recibiu os relatorios e comunicacións dos especialistas no eido da literatura medieval entre os días 15 e 22 de maio de 1998. Os traballos máis relacionados co ámbito literario, que poden consultarse no enderezo sinalado, correspóndenlle a Ramón Lorenzo (“A lingua das cantigas trobadorescas”), Carlos Pérez Varela (“Identificación de Torona”), Xosé Ramón Pena (“Secuencias organizativas no ciclo do mar de Vigo”), Manuel Forcadela (“O papel da muller na literatura das cantigas de amigo”), Carlos Paulo M. Pereiro (“A deriva heterodoxa”), Xabier Ron (“Coordenadas históricas: tempo e espacio”), Yar Frateschi Vieira (“A soidade/suidade na lírica galego-portuguesa”), Américo Antonio Lindeza Diogo (Origens sem originalidade) María Teresa López (“Cancioneiros, cantigas e “neotrobadores” na Galiza contemporánea”)

(www.cirp.es)

Base de datos posta en marcha polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O equipo dirixido por Mercedes Brea e formado por Antonio Fernández Guiadanes, Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María Rodríguez Castaño e Mª Carmen Vázquez Pacho; axudados polo equipo de informáticos integrado por Fernando Magán Muñoz, Jesús Rodríguez Castro e José Carlos Sánchez Rivas. Permite acceder ó corpus da lírica profana galego-portuguesa a través de toda unha serie de buscas por números de cantiga, incipit, trobador, relacións interestróficas, etc.

(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm)

Recolle os textos poéticos de Manuel Romón do libro-CD *Nadir* publicado polo grupo Tinta en 1996 con música de Julián Hernández e debuxos de Alberto de Sousa.

(www.ctv.es/USERS/luz)

Páxina web presentada como “Páxinas da Asociación Cultural Saudades de Moneixas de Sidney. Elaboradas gratuitamente por BIOSBARDOS GALEGOS”.Ofrece un enlace para achegarase a algunhas das páxinas destacadas da literatura galega pero ademais conta cun servidor de textos galegos no que inicialmente se recolleron “O Fidalgo”, de Otero Pedrayo e “O pai de Migueliño”, de Castelao.

(www.crtvg.es)

A páxina da Compañía de Radio-Televisión de Galicia dispón dun apartado referido á literatura galega que en 1998 se cubriu con información relativa a Mendiño, Martín Codax e Xoán de Cangas, homenaxeados no Día das Letras Galegas. A este respecto recóllense os textos dos tres poetas xunto a traballos realizados por alumnos de ensino primario e secundario ó redor destas tres figuras. Pola súa parte, Francisco Fernández del Riego lembra como xurdiu a iniciativa do Día das Letras Galegas. Polo demais, acolle unha escolma de textos pertencentes a autores ós que xa lle foi dedicada a data do 17 de maio.

(www.geocities.com/Athens/Academy/9726/indice.html)

Impulsada por “Aga Eme Pe” e centrada integramente na poetisa padronesa. Estructúrase en diversos apartados como “Vida”, “Personalidade”, “Muller do seu tempo”, “Compromiso coa Nación” e “Significado”.

(www.corevia.com/teatrobruto/)

Informa da actividade desta compañía e inclúe “Editorial Virtual”, onde se publica o texto íntegro da representación da obra de teatro *Cachorros sen domesticar*, de Xavier Picallo xunto a un poemario de Rafa Villar titulado *Illa dentro*. Así mesmo ofrécese o texto crítico de Robert Bass sobre o teatro desta compañía compostelá baixo o título “Notas para o devocionario poético de Teatro Bruto”. Aínda se inclúen dous textos máis: *Ágape, a desaparición de Dora (parte segunda)*, de Chus Pato e a peza teatral de Manuel Lourenzo, *A conquista da cripta*.

(www.xerais.es)

Permite consultar en liña os catálogos de novidades editoriais xunto a un índice de autores e información sobre as distintas edicións do Premio Xerais de Narrativa e o Premio Merlín de Literatura Infantil.

(www.ctv.es/mforca/home.htm)

Revista virtual de literatura galega impulsada polo escritor e profesor Manuel Forcadela. Ademais dunha selección de cantigas de amigo recolle outras catro seccións. Así en “Textos” pódensse atopar unha mostra de Cantigas de Santa María e textos das Exequias da Raíña Margarida xunto coas obras *Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal; *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro; o manifesto “Máis alá”; *A torre da derrota*, de Gonzalo Navaza; poemas de Ramón Cabanillas, Amado Carballo, Avilés de Taramancos, Manuel Forcadela, Gonzalo Navaza, Manuel Outeiriño, Ramiro Fonte, Antón L. Dobao, Olga Novo e Beatriz Dacosta. A sección “Debates” ofrece o artigo de Manuel Forcadela “A literatura na era cibernética: unha reflexión socio-cultural”. En “Informes” preséntase unha páxina sobre Rosalía de Castro configurada a partir de textos de *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e o *Conto Galego* ademais de notas biográficas. Nesta mesma sección ofrécense traballos sobre Manuel Antonio, Ánxel Fole, Otero Pedrayo, así como os artigos “Os arquetipos femininos na literatura” e “Fundamentos de mitoterapia”, por Hermes Mirabel. O apartado “Crítica” recolle traballos de Manuel Forcadela sobre Pondal, Blanco Amor, Manuel Antonio; de Carlos L. Bernárdez sobre Amado Carballo, Vicente Risco e a poesía contemporánea. Pola súa parte achéganse comentarios de Xoán Carlos Domínguez Alberte sobre obras de Bento da Cruz e Román Raña, e de Begoña Eguizábal Gándara referente ó libro de Xosé Ramón Pena *Arte, Nacionalismo e vangardas* .

(www.xunta.es/conselle/cultura/index.htm)

Entre os diversos servicios que ofrece a páxina da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, atópase a posibilidade de poder acceder na rede á *Guía de teatro, música e danza* así como a un apartado específico do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais. Ademais, dispón dun arquivo que conserva información de anos anteriores e na que no ámbito literario se atopa a páxina preparada pola Xunta en 1997 con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Ánxel Fole.